
J. M. BÉRTOLO BALLESTEROS - LUÍS M. FERRO PEGO



TORRES, PAZOS E CASAS FIDALGAS DO CONCELLO DA ESTRADA

TORRES, PAZOS E CASAS FIDALGAS DO CONCELLO DA ESTRADA

José M. Bértolo Ballesteros- Luís M. Ferro Pego

Reservados todos los derechos.
Ni la totalidad ni parte de este libro puede reproducirse o transmitirse por ningún procedimiento eléctrico o mecánico, incluyendo fotocopia, grabación magnética o cualquier sistema de almacenamiento de información o recuperación, sin permiso escrito del editor.

© Torres, pazos e casas fidalgas do Concello da Estrada
© José M. Bértolo Ballesteros
© Luís M. Ferro Pego

ISBN: 978-84-09-21025-1
Depósito legal: C 666-2020
Primera edición, Junio 2020

Maqueta e impresión: Inversiones Carcor, S.L.
Impreso en A Coruña
España

TORRES, PAZOS E CASAS FIDALGAS DO CONCELLO DA ESTRADA

José M. Bértolo Ballesteros- Luís M. Ferro Pego

ÍNDICE

Presentación 7
Limiar 9
Prólogo 11
Prólogo 15

CASTELOS E TORRES

Castelo da Raneta 19
Fortaleza da Barreira 21
Torre de Guimarei e casa dos Marqueses de Aranda 29
Torre da Insua 67

PAZOS

Cervela. Valiñas 71
Correáns 83
Oca 105
Preguecido 163
Xerlís 183

CASAS FIDALGAS

Araúxo 207
Badía. Xerlís 227
Ballesteros. Ribela 233
Barcia. Cora 243
Bermúdez de Castro ou dos Sangro 257
Leira nos Muros 287
Maíndo 303
Mariño *(desaparecida)* 331
Mondragón en Vilasusán. Remesar *(desaparecida)* 343
Monteagudo 353
Mota (A) 367
Parada 391
Pereiras. Curantes 395
Piñeiro ou da Condesa 399
Quiñones ou dos Reimóndez Figueroa. Castrotión *(desaparecida)* 411
Recarei ou da Nugalla 437
San Ildefonso 457
Silva (A). Bendexa 463
Silva. Ribadulla (Arnois) 473
Vilancosta 491
Vilanova de Remesar 505

FONTES E BIBLIOGRAFÍA 513

Esta publicación é a crónica dun alumeamento anunciado. Un libro dedicado ás torres, pazos e casas fidalgas estradenses que se veu forxando a través de partos sucesivos que xa lle procuraron aos autores o Premio Reimóndez Portela de Xornalismo.

Dicía o poeta e historiador William Drummond que o que non quere razoar é un fanático; o que non sabe razoar, un necio; e o que non se atreve a razoar é un escravo. Luís Ferro e José Manuel Bértolo non se corresponden con ningunha destas descricións. Á meticulosidade dos seus razoamentos únense unha paixón, unha vocación e un compromiso coa difusión do noso patrimonio dignos do meirande eloxio.

Membros da Asociación de Estudos Históricos de Galicia, na que o de Soutelo exerce o cargo de presidente, os dous estudosos comparten a mesma febre investigadora polos temas históricos e artísticos. Unha paixón da que a Estrada e os estradenses se teñen beneficiado a través das súas achegas na Miscelánea Histórica e Cultural.

Dende a arquitectura fidalga ata a temática xacobea pasando por estudos de tipo xenealóxico e heráldico e a recuperación de destacados persoeiros da sociedade estradense, Ferro e Bértolo teñen feito da investigación histórica unha búsqueda rigorosa da verdade.

Nese afán por coñecer o pasado e de presentalo con rigor científico, os dous autores retrotráense á lonxana Idade Media e, avanzando dende ese marco temporal, van desfiando o nobelo dos distintos casais ergueitos ao longo do noso municipio afondando, de forma paralela, nas raíces xenealóxicas dos seus distintos propietarios.

Un traballo minucioso, un traballo ímprobo que, ademais de constituír un enorme legado para a nosa memoria como colectividade diferenciada, tamén conleva unha inevitable comparación histórica e un reencontro feliz co noso cimento identitario.

A demostración de que só aqueles pobos que aprenden do seu pasado, son quen de imaxinar e proxectar o seu futuro.

O alcalde da Estrada, José C. López Campos

Limiar

Por onde queira que un olle, a terra nobre, fidalga e ben labrada da Estrada espella a rica historia que atesouran. A paisaxe do Ulla e o Umia fica esmaltada de castelos e torres, pazos e casas fortes que salfiren estes eidos da beleza secular do granito.

Torres, pazos e casas fidalgas do Concello da Estrada é un exhaustivo percorrido pola historia e actualidade de tales edificacións, un meritorio estudo que debemos agradecer a José Manuel Bértolo Ballesteros e Luís Manuel Ferro Pego, que fatigaron arquivos e bibliotecas e andiveron ata o derradeiro recanto desta municipalidade para documentar cada pedra de valor.

As páxinas deste libro dan cumprida conta non só da fundación e feitos históricos de cada edificación, senón que, nalgúns casos, tamén se engaden informacións a propósito das súas lendas e tradicións, e mesmo da posible orixe de topónimos e outras cuestións de interese. Tan vasta compilación de datos vese complementada coas abondosas ilustracións coas que os diferentes capítulos se adornan, que axudan a se facer idea da magnificencia dos monumentos descritos ao tempo que convidan á súa visita.

Afondando no pasado destes castelos e torres, farturentos pazos e solleiras casas de fidalguía é doado descubrir a textura destas pedras cargadas de nobreza e brasóns, elegancia rexa que, en non poucos casos, agocha un pasado de loitas, batallas, foros e preitos pero tamén de refinados faladoiros de altura intelectual.

Unha das virtudes deste Torres, pazos e casas fidalgas do Concello da Estrada de Bértolo Ballesteros e Ferro Pego é pór de relevo a incomparable riqueza histórica e patrimonial que encerran as paraxes do antigo Tabeirós e do Val do Ulla. Visitar, poño por caso, a Fortaleza da Barreira ou a Torre de Guimarei, o Pazo de Oca ou a Casa de Vilancosta é saber dos insignes devanceiros que poboaron estas terras, tamén dos seus soños e devezos, daquilo ao que entregaron a vida e que nos legaron con ilusión, unha existencia identificada con estes montes e chairas, estes vales e corgas, estes bosques e terras de labor que son a esencia e o sangue mesmo que identifica ás e aos estradenses.

Como secretario xeral de Política Lingüística, mais, sobre todo, como conterráneo cordial destes eidos, non podo senón congratularme pola publicación da exemplar monografía Torres, pazos e casas fidalgas do Concello da Estrada, un ensaio que agradará por igual a estradenses (e non só) interesados no patrimonio e historia do concello e a estudosos e eruditos á procura de fontes documentadas e rigorosas sobre tan admirable herdo da noso pasado. Oxalá esta obra sirva para que a veciñanza da Estrada nos sintamos aínda máis orgullosos do todo o esplendor que, ao longo dos séculos, foi ofrecendo a Galicia e ao mundo e continúe a camiñar con firmeza polo vieiro do coidado e posta en valor de tan sobresaliente legado.

Valentín García Gómez

Secretario xeral de Política Lingüística

Prólogo

Na paisaxe rural de Galicia, recoñécese sen dificultade un tipo de arquitectura civil de trazos singulares e gran forza evocadora. Refírome, claro, ás residencias campestres da nobreza galega —moitos historiadores insisten en preferir o termo "fidalguía", o que é correcto, agás cando se entende só como unha parte ou sector daquela—, as cales só modernamente terminaron por identificarse na linguaxe común co termo "pazo". Aínda que é cousa probablemente ben sabida, non está de máis lembrar aquí que o devandito vocábulo deriva do substantivo latino palatium —o palatio ou paaço das linguas romances—, que suxería no seu propietario o exercicio dunha potestade xurídica ou fáctica. Deste xeito, aínda que a xeneralización do seu uso parece que lles deu carta de natureza a significacións novas, engadidas, máis ambiguas ou imprecisas, segue a ser pouco adecuada a súa utilización para abranguer a complexa realidade e a enorme variedade tipolóxica que cabe descubrir tras a característica arquitectura señorial galega dos séculos modernos.

Para uns, por exemplo, o termo "pazo" debería reservarse en exclusiva ás mansións singularmente luxosas, ou exactamente palacianas, mentres que para outros serviría para englobar todo ese nutrido e variado conxunto das casas nobres; isto é, a xeneralidade das edificacións brasonadas e mesmo—así o entenden algúns— as situadas nos propios espazos urbanos. Esta última acepción é xustamente a máis aceptada e común, con independencia dalgúns matices, todos de orde menor. Así o considerou sempre, por exemplo, Carlos Martínez Barbeito, autor dun dos máis acertados e completos estudos sobre a materia. Para el, en efecto, o concepto de pazo podería englobar sen dificultade todo "edificio levantado no campo con destino a residencia fixa ou temporal de familias nobres, de proporcións que superan notoriamente o resto das vivendas de cada aldea e que presenta trazos suntuarios, desusados nas moradas campesiñas". A partir de aí, por conseguinte, todas as precisións deberían adquirir, necesariamente, un carácter singular. Unha delas é a que se sintetiza no famoso dito popular "Capela, pombal e ciprés, pazo é", que acerta a resaltar tres trazos ben definitorios da posición social que distinguiu os que foron os seus propietarios; refírome, naturalmente, aos xa referidos fidalgos ou "señores medianeiros", que abandeiraron o vivir cotián da sociedade galega ata ben entrado o século XIX. A capela, en primeiro termo, porque expresa a súa clarísima preeminencia social, por ser un privilexio reservado para eles; o pombal, porque indica a súa propia supremacía económica ou, canto menos, o seu influxo sobre os campos e as terras cultivadas da contorna; o ciprés, xa por último, porque salienta o carácter eminentemente residencial ou pracenteiro deste tipo de mansións... Malia todo, como xa anticipei, este dito popular non pasa de ser un intento inútil por concretar un modelo de mansión señorial que desenfoca e mutila unha realidade, e máis cando esta última nunca foi nin puido ser homoxénea. A proba máis palpable á que convén remitirse está nos dous volumes do minucioso catálogo-inventario dos Pazos de Galicia, realizado na segunda metade dos anos oitenta do pasado século polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a Administración autónoma, a través da Consellería de Cultura, e publicado da man de José Manuel García Iglesias, do que xa só a súa introdución —xenerosa en consideracións de grande interese— resulta suficientemente clarificadora no que respecta a este e a outros moitos aspectos relativos ao asunto.

Porén, o que debe ser entendido na súa exacta dimensión, por ser o máis relevante ao meu parecer, é que o pazo dos séculos modernos foi sobre todo un referente inescusable na conformación e no desenvolvemento dos grupos familiares da nobreza. Exactamente como sucedera no período anterior coa denominada arquitectura militar, desde os grandes castelos e fortalezas ás pequenas torres e casas-fortes, sen esquecer as que non tiñan esa función primixenia, como as pousas ou os propios pazos da época. De aí, a supervivencia de moitas desas construcións do Medievo e a súa paulatina adaptación aos novos modos de vida, o que terminou por perfilar novas fórmulas construtivas, de aire arcaizante, caracterizadas pola presenza de elementos evocadores, tal como os grandes muros, os portalóns ameados —estratexicamente dispostos— ou as robustas torres de vella ou nova planta. Neste tipo de elementos adoitan recoñecerse, en contra do que sostivo Otero Pedrayo, algúns dos trazos máis característicos dos pazos, por máis que a imaxe literaria —idealizada— destes difira da que ofrece unha gran parte

desas residencias, onde a importancia ou o protagonismo de tales elementos pode ser moito menor ou mesmo mera circunstancia, case coma se fosen só unha resposta mimética que rende culto ao seu valor simbólico e non ao propiamente ornamental ou decorativo. O máis habitual, en suma, é que se trate de construcións de nova planta e que respondan, a pesar da diversidade de materiais e estilos, a uns criterios sociolóxicos e estéticos propios xa dos séculos modernos. Non debe esquecerse que un número apreciable deste tipo de moradas se levantou a partir da segunda metade do século XVI —á vez que se xeneralizaba a institución do morgado— e a maior parte durante as dúas centurias seguintes —cando triunfaba o gusto barroco—, sen esquecer nesta conta as máis postremeiras —propias do século XIX e aínda dos comezos do XX—, que se levantaron en paraxes verdadeiramente privilexiadas e xa cun exclusivo carácter residencial. O que veu despois é naturalmente outra cousa.

Así pois, deixando a un lado a singular seriedade dos testemuños sobresaíntes ou mesmo exactamente palacianos, que non son poucos nin irrelevantes, os esquemas arquitectónicos que predominan carecen de grandes pretensións, tenden cara a proporcións máis ou menos moderadas e ás veces advírtese un certo grao de sobriedade que oscila entre a falta de refinamento e o rústico. Os tipos que máis acusan esta preferencia adoitan ser, precisamente, os que aínda hoxe seguen designándose con expresións tan descritivas como casa-torre, casa-forte ou simplemente casa-grande. Non obstante, cómpre anotar de inmediato que as harmónicas proporcións e as liñas repousadas e sinxelas acostuman a conxugarse habilmente en case todos os casos con algún que outro trazo suntuario, oportuno pero illado, e con frecuencia non especialmente relevante. Por este motivo, aínda que en moitas ocasións a suma de todo iso non alcanza a lle proporcionar ao conxunto o nivel do que cabería entender xustamente por pazo, si logra facer patente unha certa posición de poder ou a simple calidade nobre de quen os levantou e transmitiu, e asemade expresa un certo grao de cultura e exquisitez. En suma, un estilo de vida diferente ou exactamente superior ao da súa contorna, do que son magníficos indicios as bibliotecas e arquivos familiares e tamén os consabidos comedores e salóns. De aí que, a pesar das diferenzas, poidan terse sempre como elementos inevitables ou imprescindibles as representacións heráldicas, que nunca sexan estraños os grandes muros e os portalóns, dispostos para delimitar e definir os conxuntos, e que mesmo tampouco resulten excepcionais os patíns e as solainas, ou as arcadas e as escalinatas, as balaustradas, as fontes e estanques, as grandes chemineas... E, xunto a estes e outros variados elementos de aire suntuario, non pode menosprezarse tampouco o valor real e simbólico dos xardíns, algúns deles amplos e abertos, outros pequenos e sinxelos ou mesmo solitarios, aínda que case todos coinciden en engalanarse con mirtos, loureiros e buxos —normalmente plantados á mantenta e con arte, como diría a condesa dona Emilia—, á vez que exhiben a acostumada e viva mestura cromática de hortensias e glicinias, camelias e magnolios, co fondo doutras varias especies arbóreas.

Polo demais, pero transcendendo agora toda esa materialidade física, debe entenderse tamén que a vixencia ao longo dos séculos modernos do concepto de pazo ou da vida e cultura palacianas, no seu sentido máis amplo, resultou ser un feito de natureza complexa, en tanto que nel confluían circunstancias de moi diverso carácter. Entre elas, en primeirísimo termo, figuran as que o definen como unha institución clave do réxime señorial galego, e non xa só como un tipo de morada máis ou menos suntuosa da nobreza daqueles séculos, debido a que a través del se canalizaban as relacións entre os distintos estamentos que tiñan na agricultura a súa base económica; é dicir, entre os propietarios rurais e os campesiños, a través fundamentalmente dos lazos forais e xurisdicionais. Compréndese, por iso, que a súa localización adoitase ser un punto estratéxico no medio da propiedade señorial, con preferencia—polas súas condicións climáticas, a súa beleza e a súa produtividade— polas suaves ladeiras ou polas proximidades dos ríos. E compréndese, así mesmo, a propia conformación dos chamados conxuntos ou espazos palacianos, onde o edificio principal —a residencia ou morada dos señores— acostuma a complementarse cunha variada serie de dependencias anexas, polo xeral carentes de valor artístico, como as vivendas dos caseiros e da servidume, o cortello, o celeiro, os alpendres de servizo, o pombal... O exposto coido que resalta e explica o verdadeiro sentido histórico deses valiosos conxuntos construtivos e, alén diso, a conveniencia de definilos nunha orde diferente, e non xa só como un tipo de arquitectura sumamente inconcreta e ambigua. É dicir, como verdadeiros centros de explotación agraria que tiveron, en efecto, unha época ascendente durante os séculos XVI e XVII, un momento culminante nas décadas centrais do XVIII e,

por fin, unha longa e triste agonía, que se iniciou coa crise do sistema foral —recordo a Real Pragmática do 11 de maio de 1763—, que se agudizou nas primeiras décadas do XIX, en particular en 1811, coa abolición polas Cortes de Cádiz dos señoríos e as súas prestacións e que rematou, xa definitivamente en 1820 e 1840, coa supresión dos morgados.

Estas poucas apreciacións de carácter xeral, necesariamente limitadas, creo que ilustran de maneira suficiente a clara intención e o rotundo acerto do rótulo que encabeza este espléndido volume: Torres, pazos e casas fidalgas do concello da Estrada, que é froito da amorosa dedicación dos seus dous autores, José Manuel Bértolo Ballesteros e Luis Manuel Ferro Pego, especialistas xa consagrados neste ámbito tan específico do saber histórico. O primeiro deles, natural de Soutelo de Montes (1949), ten ás súas costas un longo percorrido docente, como catedrático de Grego en ensino secundario ata a súa xubilación, no pasado 2011. Ao seu saber débense diversas monografías —publicadas coa colaboración de Matilde de Cal— sobre cultura clásica, tal como o texto escolar Grego (2000) ou Xenofonte. Antoloxía de textos gregos (2006), ademais dos tres volumes dedicados á Mitoloxía clásica en Galiza (2005-2006), que centrou respectivamente nos deuses do Olimpo, nas divindades menores e nos heroes. Na actualidade, José Manuel Bértolo é presidente da Asociación de Estudos Históricos de Galicia, entidade da que son parte como socio de honra e que, entre as súas regulares actividades, destaca a meritoria edición da revista Nalgures. O segundo dos autores, Luis Manuel Ferro Pego, natural da Estrada (1953), dedicou gran parte da súa vida ao servizo público nas filas da sempre querida e respectada Benemérita e, tras alcanzar o retiro por idade, comezou a dedicar o seu tempo aos estudos históricos e, de maneira específica —polo que aquí máis interesa—, ao cultivo das investigacións xenealóxicas. Estoutra dedicación, que lle foi recoñecida con diversos premios e distincións, levouno a colaborar de maneira activa e eficaz con diversas entidades culturais; menciono, a título só de exemplo, a Asociación de Xenealoxía Heráldica e Nobiliaria de Galicia ou a xa referida Asociación Estudos Históricos de Galicia, de cuxa directiva forma parte, ademais do Seminario de Estudos Locais da Estrada, do que é tesoureiro, ou do propio Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela.

Fai algo máis dunha década e media, polo ano 2006 exactamente, ambos os autores determinaron sumar os seus esforzos para estudaren de forma conxunta e de maneira sistemática a arquitectura señorial —torres, pazos e casas fidalgas— de Tabeirós e Terra de Montes, ao mesmo tempo que estendían o seu interese por outros monumentos e asuntos concernentes a estas comarcas, tal como as ermidas, as feiras, os camiños, os costumes etc. Ao longo de todos estes anos e a través de sucesivas entregas, ambos os autores publicaron o resultado de moitas das súas pescudas en diversas revistas culturais de cariz rexional e local. Entre as primeiras, e a modo de ilustración, lembro a trintena de artigos aparecidos no boletín Estudios de Genealoxía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia, que edita a asociación deste nome; na revista Nalgures, xa mencionada; no Anuario Brigantino, do concello de Betanzos e en A Estrada. Miscelánea Histórico e cultural, do Museo do Pobo Estradense. Entre as segundas, por outra banda, cómpre lembrar outra vintena longa de entregas na revista Metacios, da asociación cultural así chamada; na revista Capicúa, da Estrada; ademais das incluídas en diversos diarios, como Faro de Vigo, La Voz de Galicia ou El Correo Gallego. Dunha boa parte deste esforzo compartido e así anticipado son froito maduro, e sen dúbida máis que acertado, os textos que se seleccionaron para o presente volume, que ve finalmente a luz grazas á sensibilidade do propio concello da Estrada e da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que con tanto coidado e acerto dirixe Valentín García Gómez.

Como de inmediato poderá comprobar o lector, ao longo do medio milleiro de páxinas que seguen, os autores recompilan abundante información sobre case unha trintena de testemuños da arquitectura militar de orixe medieval —unha torre e dous castelos, un sen pegada nin localización precisa e outro só con escasos restos emerxentes— e da propiamente señorial —cinco pazos e vinte e unha casas fidalgas—, que se localizan dentro do actual municipio estradense. En cada caso e en lóxica correspondencia co caudal informativo recompilado, fan unha descrición e memoria do seu respectivo percorrido histórico, de xeito que enriquecen o relato con noticias circunstanciadas sobre as liñaxes que os levantaron e, máis en particular, sobre os sucesivos posuidores que os gobernaron e transmitiron. Non se trata, como facilmente pode comprenderse,

dun esforzo menor nin carente de interese, sobre todo se se ten presente que foron eles, precisamente, os verdadeiros protagonistas desa vida e cultura palacianas, á cal acertaron a lle imprimir o sentido e a consistencia necesarios para que puidese manterse vixente ao longo de varios séculos e sortear, xeración tras xeración, as vicisitudes non sempre doadas da continuidade xenealóxica.

Esta forma de historiar a arquitectura señorial é, na miña opinión, indubidablemente rendible e ten, ademais, un valor engadido que cabe apreciar polo seu máis que estimable interese, pois posibilita a necesaria contextualización dos testemuños materiais. O un e mais o outro xa foi ensaiado, claro, aínda que non coa frecuencia e co rigor que serían desexables, como pode comprobarse na abundante bibliografía que o asunto palaciano suscitou desde os comezos do pasado século. Por iso creo que é de xustiza salientar que esa orientación foi inaugurada con froitos hoxe aínda útiles por Manuel Vázquez Seijas, quen alcanzou a recompilar e historiar as Fortalezas de Lugo y su provincia (1955-1971), aínda que estendeu a súa atención —por natural contigüidade— cara a moitas das moradas nobres que naquelas terras se levantaron nos séculos modernos. Do mesmo xeito, tamén cómpre volver lembrar a xa mencionada obra, singular e por tantos motivos meritoria, de Carlos Martínez-Barbeito y Morás titulada Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña (1978) onde, tras unha longa e maxistral introdución —de lectura máis que recomendable, senón imprescindible—, se recompón a sucesión xenealóxica dun gran número de estirpes da nobreza galega ou especificamente coruñesa, se se prefire, e na que se entrelazan as incontables ramas e liñas familiares que contribuíron a levantar o complexo armazón parental que rexeu a sociedade dos séculos modernos. Lamentablemente, a envergadura das investigacións que este tipo de empeños require limitou a proliferación doutros estudos de conxunto con achegas de certo peso na orde xenealóxica. A pesar diso, non poden ignorarse aquí, pola súa innegable importancia, os outros repertorios de carácter provincial publicados nos anos setenta e oitenta: os ben celebrados sete pequenos tomos do Inventario de Pazos y Torres de la provincia de Pontevedra (1973-1985), preparados por Juan Manuel López-Chaves Meléndez e Grato E. Amor Moreno ao impulso da Asociación de Amigos dos Pazos, e o valioso estudo de doutoramento de María Teresa Rivera Rodríguez —dirixido por Antonio Bonet Correa— titulado Pazos orensanos (1981). Aos xa ditos sumaríase, como quedou relacionado ao comezo, o catálogo-inventario das catro provincias galegas (1989-1990) e tamén, xa en época moito máis recente, a obra de Antonio Benito Yebra de Ares sobre Pazos y señoríos de la provincia de Lugo (2000-2006), destacable aquí, ademais, porque nos seus tres volumes o peso da información de carácter xenealóxico volve recuperar o indubidable protagonismo que alcanzara nas dúas primeiras que deixei mencionadas.

Por fortuna, esta perspectiva histórico-xenealóxica mantívose vixente ao longo das dúas últimas décadas, de maneira que as achegas de idéntica orientación conforman hoxe unha nómina felizmente ampla. Como é natural, o sentido e o alcance destas páxinas fan de todo punto inoportuna calquera referencia pormenorizada, aínda que si hai unha que considero obrigada, e non en razón unicamente da súa proximidade xeográfica coa comarca de que se trata na obra que agora se publica. Refírome, por suposto, á asinada por Francisco Rubia Alejos e César Gómez Buján titulada Pazos y moradas hidalgas del Deza (2005), por canto o seu enfoque e formulación xeral pode entenderse moi ben como modelo que se ha seguir para este tipo de estudos. De feito, nun e noutro sentido, o presente volume mantén con ela un indubidable paralelismo.

Unha vez advertido isto, e tendo en consideración todo o que quedou indicado ata aquí, non é preciso que anticipe ou que lle desvele ao lector os detalles dun contido profuso ao que, como é natural, convido sen reservas a percorrer e a gozar. A partir de aí, por conseguinte, só me resta felicitar de maneira efusiva os autores deste xeneroso empeño, cuxo adecuado remate é un logro que se comprende ben meritorio e cuxa edición, consecuentemente, me comprace saudar con verdadeira satisfacción e cunha indubidable gratitude: valete et plaudite.

Eduardo Pardo de Guevara y Valdés
Director do *Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento* (CSIC-XuGa)

Prólogo

En el paisaje rural de Galicia se reconoce sin dificultad un tipo de arquitectura civil de rasgos singulares y gran fuerza evocadora. Me refiero, claro, a las residencias campestres de la nobleza gallega –muchos historiadores insisten en preferir el término hidalguía, lo que es correcto, salvo cuando se entiende sólo como una parte o sector de aquélla-, las cuales sólo modernamente han terminado por identificarse en el lenguaje común con el término pazo. Aunque es cosa probablemente bien sabida, no está de más recordar aquí que el antedicho vocablo se deriva del sustantivo latino palatium -el palatio o paaço de las lenguas romances-, que sugería en su propietario el ejercicio de una potestad jurídica o fáctica. De esta manera, aunque la generalización de su uso parece que ha dado carta de naturaleza a significaciones nuevas, añadidas, más ambiguas o imprecisas, sigue siendo poco adecuada su utilización para abarcar la compleja realidad y enorme variedad tipológica que cabe descubrir tras la característica arquitectura señorial gallega de los siglos modernos.

Para unos, por ejemplo, el término pazo debería reservarse en exclusiva a las mansiones singularmente lujosas, o exactamente palaciegas, mientras que para otros, por el contrario, serviría mejor para englobar a todo ese nutrido y variado conjunto de las casas nobles; esto es, para la generalidad de las edificaciones blasonadas, sumando incluso -así lo entienden algunos- las ubicadas en los propios espacios urbanos. Esta última acepción es justamente la más aceptada y común, con independencia de algunos matices, todos de orden menor. Así lo consideró siempre, por ejemplo, Carlos Martínez-Barbeito, autor de uno de los más acertados y completos estudios sobre la materia; para él, en efecto, el concepto de pazo podría englobar sin dificultad a todo edificio levantado en el campo con destino a residencia fija o temporal de familias nobles, de proporciones que superan notoriamente al resto de las viviendas de cada aldea y que presenta rasgos suntuarios, desusados en las moradas campesinas. A partir de ahí, por consiguiente, todas las precisiones deberían adquirir, necesariamente, un carácter singular. Una de ellas es la que se sintetiza en el famoso dicho popular capilla, palomar y ciprés, pazo es, que acierta a resaltar tres rasgos bien definitorios de la posición social que distinguió a quienes fueron sus propietarios; me refiero, naturalmente, a los ya dichos hidalgos o señores medianeros, que abanderaron el vivir cotidiano de la sociedad gallega hasta bien entrado el siglo XIX. La capilla, en primer término, porque expresa su clarísima preeminencia social, por ser privilegio a ellos reservado; el palomar, porque indica al tiempo su propia supremacía económica o, cuanto menos, su solo influjo sobre los campos y sembrados del entorno; el ciprés, ya por último, porque resalta el carácter eminentemente residencial o placentero de este tipo de mansiones... Pese a todo, como ya he anticipado, este dicho popular no pasa de ser un intento inútil por concretar un modelo de mansión señorial que desenfoca y mutila una realidad, más cuando esta última nunca fue ni pudo ser homogénea. La prueba más palpable a la que cabe remitirse está en los dos volúmenes del minucioso catálogo-inventario de los Pazos de Galicia, realizado en la segunda mitad de los años ochenta del pasado siglo por el Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia y la administración autónoma, a través de la Consellería de Cultura, y publicado de la mano de José Manuel García Iglesias, aunque su sola introducción –generosa en consideraciones de la mayor enjundia- resulta ya suficientemente clarificadora en lo que respecta a este y otros muchos aspectos relativos al asunto.

No obstante, lo que debe ser entendido en su exacta dimensión, por ser lo más relevante a mí parecer, es que el pazo de los siglos modernos fue sobre todo un referente inexcusable en la conformación y desarrollo de los grupos familiares de la nobleza; exactamente como en el período anterior había sucedido con la denominada arquitectura militar, desde los grandes castillos y fortalezas a las pequeñas torres y casas-fuertes, sin olvidar las que no tenían esa función primigenia, como las pousas o los propios pazos de la época. De ahí, la supervivencia de muchas de esas construcciones del medievo y su paulatina adaptación a los nuevos modos de vida, lo que terminó por perfilar nuevas fórmulas constructivas, de aire arcaizante, caracterizadas por la presencia de elementos evocadores, tal como los grandes muros, los portalones almenados -estratégicamente dispuestos- o a las robustas torres de vieja o nueva planta. En este tipo de elementos suelen reconocerse, en contra de lo que sostuvo Otero Pedrayo, algunos de los rasgos más característicos de los pazos, por más que la imagen literaria -idealizada- de los mismos difiera de la que ofrecen una gran parte de esas residencias, donde la importancia o protagonismo de tales elementos puede ser mucho menor o incluso mera circunstancia, casi como si fueran sólo una respuesta mimética que rinde culto a su valor simbólico y no al propiamente ornamental o decorativo. Lo más habitual, en

suma, es que se trate de construcciones de nueva planta y que respondan, a pesar de la diversidad de materiales y estilos, a unos criterios sociológicos y estéticos propios ya de los siglos modernos. No debe olvidarse que un número apreciable de este tipo de moradas se levantaron a partir de la segunda mitad del siglo XVI –al tiempo que se generalizaba la institución del mayorazgo- y la mayor parte durante las dos centurias siguientes -cuando triunfaba el gusto barroco-, sin olvidar en esta cuenta las más postreras -propias del siglo XIX y todavía de los comienzos del XX- que se levantaron en parajes verdaderamente privilegiados y ya con un exclusivo carácter residencial. Lo que ha venido después es naturalmente otra cosa.

Así, pues, dejando a un lado el singular empaque de los testimonios sobresalientes o incluso exactamente palaciegos, que no son pocos ni irrelevantes, los esquemas arquitectónicos que predominan carecen de grandes pretensiones y tienden en efecto hacia proporciones más o menos moderadas, advirtiéndose a veces un cierto grado de sobriedad, que oscila entre la falta de refinamiento y lo rústico. Los tipos que más acusan esta preferencia suelen ser, precisamente, los que todavía hoy siguen designándose con expresiones tan descriptivas como casa-torre, casa-fuerte o simplemente casa-grande. No obstante, cabe anotar de inmediato que las armónicas proporciones y las líneas reposadas y sencillas acostumbran a conjugarse hábilmente en casi todos los casos con algún que otro rasgo suntuario, oportuno pero aislado y con frecuencia no especialmente relevante. Por eso, aunque en muchas ocasiones la suma de todo ello no alcanza a proporcionar al conjunto el nivel de lo que cabría entender justamente como pazo, sí logra hacer patente una cierta posición de poder o la simple calidad noble de quienes los levantaron y transmitieron, expresando al propio tiempo un cierto grado de cultura y exquisitez; en suma, un estilo de vida diferente o exactamente superior al de su entorno: las bibliotecas y archivos familiares son magníficos indicios, al igual que los consabidos comedores y salones. De ahí o de todo que, a pesar de las diferencias, puedan tenerse siempre como elementos inevitables o imprescindibles las representaciones heráldicas, que nunca sean extraños los grandes muros y los portalones, dispuestos para delimitar y definir los conjuntos, y que incluso tampoco resulten excepcionales los patines y las solanas, o las arcadas y las escalinatas, las balaustradas, las fuentes y estanques, las grandes chimeneas... Y junto a estos y otros variados elementos de aire suntuario, no puede desdeñarse tampoco el valor real y simbólico de los jardines, algunos de los cuales son amplios y abiertos, otros pequeños y sencillos o incluso recoletos, aunque casi todos coinciden en engalanarse con mirtos, laureles y bojes o buxos –normalmente plantados adrede y con arte, como diría la condesa doña Emilia-, al tiempo que exhiben la sólita y viva mezcolanza cromática de hortensias y glicinias, camelios y magnolios, con el trasfondo de otras varias especies arbóreas.

Por lo demás, pero trascendiendo ahora a toda esa materialidad física, debe entenderse también que la vigencia a lo largo de los siglos modernos del concepto de pazo o de la vida y cultura pacegas, en su sentido más amplio, resultó ser un hecho de naturaleza compleja, en tanto que en él confluían circunstancias de muy diverso carácter. Entre ellas, en primerísimo término, figuran las que lo definen como una institución clave del régimen señorial gallego y no ya sólo como un tipo de morada más o menos suntuosa de la nobleza de aquellos siglos, puesto que a su través se canalizaban las relaciones entre los distintos estamentos que tenían en la agricultura su base económica; es decir, entre los propietarios rurales y los campesinos, a través fundamentalmente de los lazos forales y jurisdiccionales. Se comprende, por ello, que su ubicación acostumbrara a ser siempre un punto estratégico en medio de la propiedad señorial, prefiriendo -por sus condiciones climáticas, su belleza y su productividad- las suaves laderas o las cercanías de los ríos. Y se comprende, asimismo, la propia conformación de los llamados conjuntos o espacios pacegos, donde el edificio principal -la residencia o morada de los señores- suele complementarse con una variada serie de dependencias anejas, por lo general carentes de valor artístico, como las viviendas de caseros y servidumbre, el establo, el granero, los alpendres de servicio, el palomar... Lo dicho creo que resalta y explica el verdadero sentido histórico de esos valiosos conjuntos constructivos y, por añadidura, la conveniencia de definirlos en un orden diferente y no ya sólo como un tipo de arquitectura sumamente inconcreta y ambigua. Es decir, como verdaderos centros de explotación agraria que tuvieron, en efecto, una época ascendente durante los siglos XVI y XVII, un momento culminante en las décadas centrales del XVIII y, por fin, una larga y triste agonía, que se inició con la crisis del sistema foral -recuerdo la Real Pragmática del 11 de mayo de 1763- y se agudizó en las primeras décadas del XIX, en particular en 1811, con la abolición por las Cortes de Cádiz de los señoríos y sus prestaciones, y ya definitivamente en 1820 y 1840 con la supresión de los mayorazgos.

Estas pocas apreciaciones de carácter general, necesariamente limitadas, creo que ilustran de manera suficiente la clara intención y el rotundo acierto del rotulo que encabeza este espléndido volumen: Torres, pazos e casas

fidalgas do concello da Estrada, que es fruto de la amorosa dedicación de sus dos autores, José Manuel Bértolo Ballesteros y Luis Manuel Ferro Pego, especialistas ya consagrados en este ámbito tan específico del saber histórico. El primero de ellos, natural de Soutelo de Montes (1949), tiene a sus espaldas un largo recorrido docente, como catedrático de griego en Enseñanza Secundaria hasta su jubilación, en el pasado 2011, y a su saber se deben diversas monografías –publicadas con la colaboración de Matilde de Cal- sobre cultura clásica, tal como el texto escolar Grego (2000) o Xenofonte. Antoloxía de textos gregos (2006), además de los tres volúmenes dedicados a Mitoloxía Clásica en Galiza (2005-2006), que centró respectivamente en los dioses del Olimpo, las divinidades menores y los héroes. En la actualidad, José Manuel Bértolo es presidente de la Asociación de Estudios Históricos de Galicia, entidad de la que soy parte como socio de honor y que, entre sus regulares actividades, destaca la meritoria edición de la revista Nalgures. El segundo de los autores, Luis Manuel Ferro Pego, natural de A Estrada (1953), ha dedicado gran parte de su vida al servicio público en las filas de la siempre querida y respetada Benemérita y, tras alcanzar el retiro por edad, comenzó a dedicar su tiempo a los estudios históricos y de manera específica –por lo que aquí más interesa- al cultivo de las investigaciones genealógicas. Esta otra dedicación, que le ha sido reconocida con diversos premios y distinciones, le ha llevado a colaborar de manera activa y eficaz con diversas entidades culturales; menciono, a título sólo de ejemplo, la Asociación de Genealogía Heráldica y Nobiliaria de Galicia o la ya dicha Asociación Estudios Históricos de Galicia, de cuya directiva forma parte, además del Seminario de Estudos Locais da Estrada, del que es tesorero, o del propio Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela.

Hace algo más de una década y media, por el año 2006 exactamente, ambos autores determinaron sumar sus esfuerzos para estudiar de forma conjunta y de manera sistemática la arquitectura señorial -torres, pazos y casas hidalgas- de Tabeirós y Tierra de Montes, al mismo tiempo que extendían su interés por otros monumentos y asuntos concernientes a estas comarcas, tal como las ermitas, las ferias, los caminos, las costumbres, etc. A lo largo de todos estos años y a través de sucesivas entregas, ambos autores han venido publicando el resultado de muchas de sus pesquisas en diversas revistas culturales de impronta regional y local. Recuerdo entre las primeras, a modo de ilustración, la treintena de artículos aparecidos en el boletín Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia, que edita la asociación de este nombre, y en las revistas Nalgures, ya mencionada atrás, el Anuario Brigantino, del concello de Betanzos, y A Estrada. Miscelánea Histórico y cultural, del Museo do Pobo Estradense. Entre las segundas, por otra parte, me cumple recordar otra veintena larga de entregas en las revistas Metacios, de la asociación cultural así llamada, y Capicúa, de A Estrada, además de las incluidas en diversos diarios, como Faro de Vigo, La Voz de Galicia o El Correo Gallego. De una buena parte de este esfuerzo compartido y así anticipado son fruto maduro y sin duda más que acertado los textos que se han seleccionado para el presente volumen, que ve finalmente la luz gracias a la sensibilidad del propio concello de A Estrada y de la Xunta de Galicia, a través de la Secretaría Xeral de Política Lingüística, que con tanto cuidado y acierto desempeña Valentín García Gómez.

Como de inmediato podrá comprobar el lector, a lo largo del medio millar de páginas que siguen, los autores recopilan abundante información sobre casi una treintena de testimonios de la arquitectura militar de origen medieval –una torre y dos castillos, uno sin huella ni localización precisa y otro sólo con escasos restos emergentes- y de la propiamente señorial –cinco pazos y veintiuna casas hidalgas- que se localizan dentro del actual término municipal estradense. En cada caso y en lógica correspondencia con el caudal informativo recopilado, hacen descripción y memoria de su respectivo recorrido histórico, enriqueciendo el relato con noticias circunstanciadas sobre los linajes que los levantaron y, más en particular, sobre los sucesivos poseedores que los señorearon y transmitieron. No se trata, como fácilmente puede comprenderse, de un esfuerzo menor ni carente de interés, sobre todo si se tiene presente que fueron ellos, precisamente, los verdaderos protagonistas de esa vida y cultura pacegas, a la cual acertaron a imprimir el sentido y consistencia necesarios para que pudiera mantenerse vigente a lo largo de varios siglos y sortear, generación tras generación, las vicisitudes no siempre fáciles de la continuidad genealógica.

Esta forma de historiar la arquitectura señorial se me antoja indudablemente rentable y tiene, además, un valor añadido de un más que estimable interés, dado que propicia la necesaria contextualización de los testimonios materiales. Lo uno y lo otro ya ha sido puesto de relieve, aunque no con la frecuencia y rigor que serían deseables, como puede comprobarse en la abundante bibliografía que el asunto pacego ha suscitado desde los comienzos del pasado siglo. Pese a ello, importa mucho resaltar, que esta orientación fue inaugurada con frutos hoy todavía

útiles por Manuel Vázquez Seijas, quien alcanzó a recopilar e historiar las Fortalezas de Lugo y su provincia (1955-1971), aunque extendiendo su atención -por natural contigüidad- hacia muchas de las moradas nobles que en aquellas tierras se levantaron en los siglos modernos. Más atrás ha quedado mencionada, asimismo, la obra singular y por tantos motivos meritoria de Carlos Martínez-Barbeito y Morás sobre las Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña (1978), donde tras una larga y magistral introducción -de lectura más que recomendable, si no imprescindible- se recompone la sucesión genealógica de un gran número de estirpes de la nobleza gallega –o específicamente coruñesa, si se prefiere-, entrelazando las incontables ramas y líneas familiares que contribuyeron a levantar el complejo armazón parental que rigió la sociedad de los siglos modernos. Lamentablemente, la envergadura de las investigaciones que este tipo de empeños requieren ha limitado la proliferación de otros estudios de conjunto con aportaciones de cierto peso en el orden genealógico. A pesar de ello, no pueden ignorarse aquí, por su innegable importancia, los otros repertorios de carácter provincial publicados en los años setenta y ochenta: los bien celebrados siete pequeños tomos del Inventario de Pazos y Torres de la provincia de Pontevedra (1973-1985), preparados por Juan Manuel López-Chaves Meléndez y Grato E. Amor Moreno al impulso de la Asociación de Amigos de los Pazos, y el valioso estudio doctoral de María Teresa Rivera Rodríguez -dirigido por Antonio Bonet Correa- sobre los Pazos orensanos (1981). A los ya dichos se sumaría, como ha quedado relacionado al comienzo, el catálogo-inventario de las cuatro provincias gallegas (1989-1990) y todavía, ya en época mucho más reciente, la obra de Antonio Benito Yebra de Ares sobre Pazos y señoríos de la provincia de Lugo (2000-2006), destacable aquí, además, porque en sus tres volúmenes el peso de la información de carácter genealógico vuelve a recuperar el indudable protagonismo que había alcanzado en las dos primeras que he dejado mencionadas.

Por fortuna, esta perspectiva histórico-genealógica se ha mantenido vigente a lo largo de estas dos últimas décadas, de manera que el conjunto de las aportaciones de esta naturaleza conforma hoy una nómina felizmente amplia. Como es natural, el sentido y alcance de estas páginas hacen de todo punto inoportuna cualquier referencia pormenorizada, aunque hay una mención que considero obligada y no en razón de su sola proximidad geográfica con la comarca que es objeto de la obra que ahora se publica; me refiero, por supuesto, a la firmada por Francisco Rubia Alejos y César Gómez Buján sobre los Pazos y moradas hidalgas del Deza (2005), por cuanto su enfoque y orientación general puede entenderse muy bien como modelo a seguir para este tipo de estudios. De hecho, en uno y otro sentido, el presente volumen guarda con él un indudable paralelismo.

Advertido esto último y teniendo en consideración todo lo que ha quedado indicado hasta aquí, huelga que anticipe o desvele al lector los detalles de un contenido profuso y que, como es natural, invito sin reservas a recorrer y disfrutar. A partir de ahí, por consiguiente, sólo me resta felicitar de manera efusiva a los autores de este generoso empeño, cuyo adecuado remate es logro que se comprende bien meritorio y cuya edición, consecuentemente, me complace saludar con verdadera satisfacción y una indudable gratitud: valete et plaudite.

Eduardo Pardo de Guevara y Valdés
Director do *Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento* (CSIC-XuGa)

O CASTELO DA RANETA/RAVETA

Na "Historia Compostelana"[1] ou "Hechos de D. Diego Gelmírez, primer arzobispo de Santiago" cóntasenos que a comezos do século XII don Fernando, o fillo de don Pedro Froilaz de Traba, construíu un castelo "*en Tabeirós*" (II, 30) ou "*en tierra de Tabeirós junto a Raneta*" (II,84), "*y como este Fernando se oponía en algunas cosas a la iglesia de Santiago, fue destruido el castillo por el arzobispo*" Gelmírez.



Monte da Rabeta

Deste castelo non hai máis noticias, precisamente porque foi destruído e ao parecer non foi reedificado. Agora ben, ¿onde estaba ese castelo? ¿quedan vestixios del?

Aínda que non haxa vestixios arqueolóxicos nin tradición oral, o lóxico é pensar que pode habelos de tipo toponímico.

Para Fernando Cabeza Quiles[2] o topónimo *Renda*, na parroquia de Santeles, procede de *raneta, e polo tanto aquí estaría o castelo, quizais sobre un castro que hai neste lugar. De *raneta, sairía o topónimo castelán "Raneda".

Porén, se "raneta" ten o e tónico, o normal é que desaparecese o -n- intervocálico, de aí que a orixe de Renda/Rendo na nosa modesta opinión podería ser outra palabra, quizais < lat. *RENDITA, facendo alusión a unha forma de propiedade da terra, ou ben do antropónimo xermánico *Randus, do que procederían os topónimos Randa, Rande, Randín, Rante, Renda, Rendal, Rendar, Rendo, Rendos,…

Polo que propoñemos unha hipótese moi suxestiva. Vemos que na parroquia de Remesar existe o topónimo "Raveta". No texto latino escrito a man, tense interpretado Raneta, pero a grafía de

1 FALQUE REY, E. *Historia Compostelana*, ed. Akal, Torrejón de Ardoz, 1994. (II, 30 e II, 84)
2 CABEZA QUILES, F. *Toponimia da Estrada*, ed. RAG. 2018

n/u cando se escribe a man é fácil confundila, sobre todo cando non se ten outras referencias desa palabra.

O topónimo Raveta/Rabeta parece pertencer á familia de Rábade, Rábida, etc., que, procedente do árabe clásico, significa "lugar fortificado ou posto de vixilancia". Se nos achegamos á Rabeta, preto da casa onde vivía o cantante Juan Pardo, atopamos un lugar alto e escarpado pola zona norte, idóneo para unha fortificación ou posto de vixilancia pois desde alí se divisa un gran territorio. Percorrendo este lugar, non atopamos evidencias de que alí houbese un castelo, se ben é verdade que se fixo unha estrada e algunha edificación que puido eliminar eses posibles vestixios.

Por outra parte no lonxe desta elevación montañosa pasa un regueiro chamado *A Torre*, que desemboca no río de Oca, que tamén contribue a pensar nunha construción próxima ou recinto fortificado e non precisamente na fortaleza da Barreira, dada a súa situación máis lonxana.



Panorámica desde o monte da Rabeta

A FORTALEZA DA BARREIRA

Esta fortaleza, que foi levantada en torno ao ano 1.100, foi derruída e reconstruída varias veces. Levantábase esta fortaleza na parroquia de san Martiño de Riobóo sobre un pequeno outeiro cheo de penas e rodeado case por todos os lados do río Boo. Dito río labrou ao longo dos tempos un foso natural na pedra granítica que facía inaccesible achegarse á torre senón era polo sudeste, vindo do pazo de Oca.



Restos da Muralla da Barreira

1.- A FORTALEZA DA BARREIRA NO SÉCULO XII.

Segundo a "*Historia Compostelana*" esta fortaleza ou torre foi levantada en torno ao ano 1.100 polo fillo de Pedro Arias, Arias Pérez, quen se refuxiou nela cando se negou a prestar obediencia e vasalaxe ao rei Afonso VII. Alí foi sitiado polas tropas do arcebispo Gelmírez que, seguindo os desexos do rei, rodearon a fortaleza ata que conseguiron rendela, utilizando para iso unha máquina chamada *gato*, unha especie de parapeto móbil que facilitaba abater os muros sen poñerse en perigo antes as armas dos sitiados. A torre foi tomada e completamente destruída. Así nolo conta dita *Historia Compostelana* na versión en español[3].

3 FALQUE REY, E. o.c. páx. 466-7.

"*Muerta la reina doña Urraca*[4] *y elevado a rey e instruido ya en las artes militares su hijo Alfonso, muchos príncipes de Galicia temiendo perder, al quitárselos él, los señoríos reales que tenían, se rebelaron contra toda ley y derecho. No obstante, todos por la mediación y consejo del compostelano* (Gelmírez), *le rindieron homenaje y le prometieron fidelidad, excepto Arias Pérez, que había sido traidor y rebelde a la Reina y que había hecho prisionero a traición al propio rey siendo niño.*

Arias Pérez se atrevió a rebelarse contra el rey en el castro de Lobeira, que es real, con todo el territorio perteneciente a este castro y en otros, a saber, en San Juan de la Peña Corveira y en la torre de Tabeirós, que el mismo traidor allí había construído, y no se dignó rendirle homenaje o prestarle servicio alguno. [...]

Oídos los mandatos del rey y vistas sus cartas con los mensajeros, el señor compostelano y el mencionado conde[5] *tras deliberar decidieron unánimente que el compostelano asediase la torre de Tabeirós, después de reunir un gran ejército tanto de soldados de caballería como de infantería, hasta que la tomara y una vez tomada la destruyera por completo, y que el conde asediara la fortaleza de Lobeira, protegida por la naturaleza y por la técnica, y otras fortificaciones, de manera que no permitiera a nadie entrar o salir de allí o introducir alimentos o armas. El compostelano, pues, convocados todos sus caballeros y soldados de a pie, y tras advertir y ordenar también a todos los ciudadanos compostelanos que no dejasen de intervenir en este asunto,* asedió la torre de Tabeirós, rodeada de un muro y un foso*, y a hierro y a fuego la atacó duramente. Ordenó construir también una máquina de guerra, que se llama vulgarmente "gato", y llevada ésta hasta la torre, mandó que* la propia torre fuera socavada alrededor y que desde allí fuesen retiradas las piedras cuadradas de abajo. *Así con gran esfuerzo y gran dificultad finalmente tomó la torre y una vez tomada la destruyó por completo. Los caballeros rebeldes de Arias Pérez, que estaban dentro en número de treinta y seis, todos fueron capturados. Las armas, el trigo y lo demás, que allí se guardaba, todo sirvió de botín para los soldados."*

2.- A TORRE DA BARREIRA NO SÉCULO XIV.

En 1342 estando en Tordesillas o rei Afonso XI mandou ao cabaleiro Vasco Pérez que fixese "homenaxe" ao arcebispo de Santiago pola torre da Barreira, pois estaba en terras de señorío do arcebispo. Pero Vasco Pérez negouse e finxindo lealdade marchou a Alxeciras a servir ao rei Afonso XI, deixando na torre da Barreira a xente desalmada, que cometía todo tipo de tropelías. O arcebispo Martín II viuse obrigado a tomar unha resolución e comezou a asediar a torre. Porén o 24 de setembro de 1342 recibiu unha carta do rei ordenándolle que deixase as cousas como estaban. O arcebispo contestoulle que Vasco Pérez se negara a prestar a obrigada "homenaxe", como lle mandara o propio rei, e que deixara a torre en mans de xente malvada. E, aínda que non consta por escrito, Vasco Pérez foi despoxado da torre[6] e a partir de entón a torre da Barreira estará sempre en man do arcebispado.

4 Falecida entre o 8 e o 10 de marzo do ano 1.126.

5 Trátase do arcebispo compostelán Gelmírez e seguramente do conde de Montenegro don Gutierre Bermúdez.

6 LOPEZ FERREIRO, A., *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela,* Santiago, 1903. t.VI, cap. IV



Restos de muro da fortaleza e río ao fondo

Máis tarde cara o ano 1375 don Pedro Enríquez, conde Trastamara, Lemos e Sarria, nomeado Pertigueiro maior de Santiago polo arcebispo don Rodrigo de Moscoso, *apropiouse da torre da Barreira e a construíu de novo*, ao tempo que realizaba actos xurisdicionais na terra de Tabeirós, que era de señorío do arcebispo compostelán. O arcebispo Juan García Manrique denunciou estas usurpacións e ante a contumacia do conde ditouse unha sentenza no ano 1383 na que se destitúe ao conde do cargo de Pertigueiro e entre outros cargos, acusado de que "*tomó, tuvo y ocupó como no debía con favor del rey don Enrique, que Dios perdone, la tierra de Tabeirós que era de la Iglesia. Y edificó e hizo la* torre y casa de la Barreira *y apoderándose de ella, la cual ahora tiene contra Dios y contra derecho*". Pola súa parte o conde don Pedro, que a reedificara, negábase a devolvela ao arcebispo e alegaba que era súa por herdala de Pedro Yáñez Saraza, aínda que non podía xustificar que legalmente pertencera a dito Pedro Yáñez. Presentou tamén argumentos parecidos sobre a propiedade da fortaleza de Castro de Montes e sobre unhas casas na praza de Mazarelos en Santiago.

O asunto levou a un preito ante a Real Audiencia, que fallou o 17 de marzo de 1384 a favor do arcebispo en todas as cuestións, ordenándolle que nun prazo de 30 días tiña para devolver ambas fortalezas e as casas compostelás e condenándoo a pagar os gastos do preito. Sen embargo ao ano seguinte aínda non cumprira coa sentenza e o conde se resistía a cumprila. E así en 1385 o alcalde do rei Fernán Sánchez de León esixiu acatamento ao casteleiro da Barreira, como se a torre fose do poder real. Finalmente ambas partes nomearon a uns árbitros para chegar a unha concordia. Tal arbitraxe reuniuse a finais de 1388 e ditou nova sentenza afirmando que o conde don Pedro nunca tivo dereito sobre a torre da Barreira nin sobre a terra de Tabeirrós nin sobre a torre e terra do Castro de Montes, ordenando pois que se deixaran libres[7].

3.- A TORRE DA BARREIRA NO SÉCULO XV.

Pero a cousa non quedou aí. Pouco despois, en tempos do arcebispo don Lope de Mendoza, en 1402, e estando ao fronte da torre da Barreira don Gonzalo Ozores de Ulloa, o fillo do conde don Pedro Enríquez de Castro chamado don Fadrique, duque de Arjona, volveu a reclamala alegando que tanto a fortaleza da Barreira como a de Castro de Montes eran de seu pai. A reclamación apoiouna con ameazas de xeito que o arcebispo acabou por claudicar, e o 22 de xaneiro de 1424 o conde tomou posesión da Barreira e a súa xurisdición, que o arcebispo lla cedía en préstamo para que a amparase e defendese. E poucos días despois, o 2 de febreiro, tamén tomaba posesión da do Castro de Montes.

7 *Colección Diplomática de Galicia Histórica*. Tomo I, 1901, Santiago. Páx. 64 ss.

Pero dado que a cesión fora conseguida por ameazas, o arcebispo revocou dita cesión en documento privado. A prisión do conde polo rei Juan II e a confiscación de seus bens determinou que o arcebispo recuperase ambas fortalezas.

A mediados de século foi nomeado para a sé de Santiago don Rodrigo de Luna a petición do seu tío o condestable don Álvaro de Luna. Pouco despois o novo arcebispo nomeou para a tenencia da Barreira, o Castro de Montes e a fortaleza de Peñafiel a don Suero Gómez de Sotomayor, quen non tardou en inimistarse co arcebispo e este lle retirou tal poder. E así poucos anos despois en 1458 cando varios nobres se levantaron contra o arcebispo, un deles era don Suero, porén a fortaleza da Barreira que estaba en mans de don García de Camaño seguiu fiel ao arcebispo. Como recompensa o arcebispo deulle a don García en título de feudo o lugar de Arealonga, onde este fundou un pobo que leva o seu nome: Vilagarcía.

Pero a fortaleza da Barreira volveu a ser destruída nos anos 1465-67 polos Irmandiños e logo reconstruída, segundo se nos conta nun documento do Arquivo Catedralicio de Santiago "*Probanza, tasas periciales y concordia entre el prelado Sr. Tabera y su antecesor Sr. Fonseca, sobre la reparación de dichas fortalezas, 1526*"[8], do que o auditor e representante do arcebispo Fonseca era o dono da torre de Guimarei don Simón Rodríguez[9].



Arcebispo Tavera. O Greco

A gran guerra irmandiña tivo lugar nos anos 1467 a 1469. Gran parte da poboación galega uniuse nunha gran irmandade contra a nobreza (Andrade, Moscoso, Lemos, Ulloa, Sotomayor...) e o arcebispo de Santiago, debido ao seus abusos e enfrontamentos. Ante a acción dos irmandiños moitos nobres e o arcebispo de Santiago fuxiron cara a Portugal ou Castela. Durante estas revoltas provocadas polos Irmandiños a torre da Barreira sufriu os seus ataques que se acentuaron cando o arcebispo Fonseca II se enfrontou cos nobres galegos, especialmente contra Pedro Álvarez de Sotomayor, conde de Camiña, que se apoderou das terras de Tabeirós atacando as torres da Barreira e Castro de Montes.

8 RODRIGUEZ GONZALEZ, A., *Las fortalezas de la mitra compostelana y los "irmandiños", Serie Galicia Histórica* ed. Fundación "Pedro Barrié de la Maza conde de Fenosa", 1984

9 Cfr. Páx. 35 ss

Juan Besteiro, natural de Ribadulla de los Ballesteros [10] e veciño de Berres, cóntanos no ano 1526 o que pasou durante a revolta irmandiña: "*Podía haber sesenta años poco mas o menos que se llebantara una hermandad en este Reino e arçobispado de Santiago en la qual se ayuntara mucha gente, los quales traian sus alcaldes de hermandad con baras de justiçia e con sus quadrilleros, los quales binieran a derribar las fortalezas y casas fuertes del dicho Reino e arçobispado de Santiago e ansi binieran a la dicha fortaleza de la Barrera y la entraran e tomaran y la derrocaran e la bara de la casa la derrocaran por el pie porque la posieran sobre estacas e las quemaran e despues cayera e que derrocaran ansimismo las otras torres en la qual hermandad dize el dicho testigo que bido que benia en ella al tiempo de derrocar la dicha fortaleza el Comendador de Porto Marin con la gente de aquella comarca que no save su nombre del dicho Comendador e que benia con el dicho Comendador un escudero que se dexia Pedro Cacharron el qual posara en casa del padre deste testigo e que no conosçio otros mas de que bio las bonbardas y trabucos que traian los de Santiago e que a la dicha sazon estava en la dicha fortaleza por alcalde Alvaro Sanchez, alcalde que fue de la Rocha...*"[11].

Dito Juan Besteiro tamén nos di os cambios sufridos pola torre. Cóntanos que xunto á primeira porta había un pequeno baluarte feito cando estivo cercada a fortaleza e que veu "*sobre la puerta que se llama la puerta de Marina Carrera una torre de piedra labrada como agora esta e que entonçes se moraba y hestaba maderada e cubierta de colmo en que moraba al dicho tiempo a la contina un peon e que agora no mora nadie en ella por estar descubierta e no adereçada e que començaba desde la dicha puerta hasta bolber a ella el inçinto en derredor de la dicha fortaleza el debajo del qual hera de piedra e de la manera questa agora un pedaço de muro questa tras la torre parda e que ansimesmo bido que dicho inçinto un torrejon descubierto al rincon donde esta la hera ques a la mano derecha como entran en la dicha fortaleza por la dicha puerta de Marina Carrera, el qual era descubierto y almenado y con sus saeteras y troneras e con sus peituriles y que luego entrando en el dicho primero corral e entrada habia una otra puerta que se dezia la puerta de en medio que se çerraba con la dicha barbacana e inçinto de manera que quedaba de fuera el dicho corral primero entre las dichas dos puertas, la qual dicha puerta se çerraba con sus puertas de madera con su fechadura e zerrojos en la qual dicha puerta abia un otro caramachon e torre peiturilado e almenado sin cobertura e que iban a belar alli algunas bezes jado arrimado al muro entre la torre parda y la sala de abajo e que abia ansimismo una mina desde el corral donde esta la puerta de Marina Carreira, la qual ba por debajo de tierra hasta el rio, la qual bido abierta e limpia e que agora esta tapada de dentro de la torre e que no save si esta tapada de dentro o no...*" E que o primeiro alcaide da fortaleza que coñeceu foi García de Caamaño e despois a Álvaro Sánchez e outros moitos.



Restos de muro da Barreira

E tamén di que o que se reedificou foi á conta do arcebispo, se ben non tan ben como estaba antes: "*quel dicho Patriarca lo hiziera a su costa y mision con la serbentia de la tierra.... e que la dicha barbacana no esta tan bien echa con un terçio de que como hestaba antes que se derrocase porque lo allanaron hasta el suelo de la parte de dentro*. […]"*E que levanto la torre que llaman Redonda y la de sobre la puerta desdel señal y segun que se enxerga y señala lo biejo de lo nuebo e fiziera otros edifiçios e corrigiera la çerca e ençinto segundo agora está*".

10 Este lugar de *Ribadulla* en Arnois chamábase *Ribadulla de los Caballeros* no século XVIII.

11 RODRIGUEZ GONZALEZ, A., *o.c.* tomo II, páx. 335

Nos anos posteriores á revolta irmandiña, concretamente nos anos 1480 a 1483, estando de mordomo da Barreira don *Gómez de Canabal*, o servizo e alcabalas da Barreira deron un beneficio ao arcebispo de 12.790 marabedís de pares de brancas e as rendas supuñan 187,5 fanegas de trigo e millo, das cales 133,5 quedaron para a tenencia da Barreira, restando 54 fanegas que foron vendidas por 54.000 marabedís de pares de brancas. En 1486 o mordomo era *Aparicio Bordallo* e nos anos seguintes 1486-91 o alcaide da Barrera foi *Pedro Mecía*, que deses cinco anos lle entregou ao arcebispo 168.507 marabedís polas alcabalas de Tabeirós e a torre da Barreira, Ponteulla e Arnois.

4.- A TORRE DA BARREIRA NO SÉCULO XVI.

Durante a revolta dos Irmandiños, sabemos que quen apresou a seu líder Alonso de Lanzós foi Fernán Pérez Paragüés, señor de Parga, que estaba casado con Constanza das Mariñas, señora de Cillobre (Laracha). O seu fillo maior chamábase *Ares Pardo das Mariñas*, rexedor da Coruña, e estaba casado con *Teresa de Junqueras*, cuxo sarcófago e o dos seus pais podemos velos agora na capela do pazo de Oca. Dito Ares Pardo no seu testamento feito o 19 de setembro de 1537 di que foi quen "*se encargó de proveer de armas a los vecinos de Tabeirós para apoyar al arzobispo Fonseca. Este le dio 8.000 maravedíes para reparos de la fortaleza da Barreira, pero solo gastó 2.000*", e que o arcebispo tamén lle deu unha ducia de medias lanzas para a Barreira e un "*cosellar*"[12].



Sarcófago de Teresa de Junqueras. Pazo de Oca

Precisamente o seu fillo segundo, *Gómez Pérez de Junqueras*, era alcaide da fortaleza da Barreira en 1541, e foi el quen pagou ao mordomo do arcebispo Pedro de Mardones os gastos da reparación de dita fortaleza da Barreira[13].

Coñecemos tamén o nome de moitos máis alcaides desta fortaleza, tanto de antes da súa primeira destrución como de despois. Así por exemplo o 12 de outubro de 1574 don *Baltasar López Gallo*, deán da igrexa de Santiago, *tenente alcaide e comendador da fortaleza da Barreira*, nomeou a *Bartolomé Reimóndez (¿Figueroa?)*[14], veciño de dita cidade, como alcaide da mencionada fortaleza.


12 ARG. RA. 17981/10
13 ACS P 008 fol. 314
14 ACS P 47, fols 699r-700r. Cfr. *Casa de Quiñones ou dos Reimóndez Figueroa*. Páx. 411 ss

En febreiro de 1575 *Domingo Conde*, procurador de causas, veciño de Santiago, era o meiriño da fortaleza da Barreira e o que recollía as rendas do arcebispo de Santiago relativas a dicha fortaleza. Precisamente o interese da torre para o arcebispo era grande polas ditas rendas e alcabalas que aportaba, ademais do seu valor estratéxico.

5.- A TORRE DA BARREIRA NO SÉCULO XVII E SEGUINTES.

López Ferreiro na súa obra *Galicia Histórica* dános unha descrición dos restos da torre tal como el chegou a ver.

Sobre un outeiro rodeado de penas e polo río Bo, erguíase con planta trapezoidal reforzando os ángulos por unha banda con contrafortes rectangulares arrimados aos ángulos en forma diagonal, e no lado oposto uns cubos ou torreóns de planta circular que debían ter escaleiras de comunicación cos distintos pisos da fortaleza. A porta de entrada estaba nun corpo saínte que servía de protección á porta inferior aberta directamente no muro da fortaleza, comunicando coa planta baixa ou patio de armas. A vivenda estaba nun ángulo do patio, pechada polos muros exteriores polo sur e polo oeste, e polo norte e este aberta nos tres pisos con porta e pequenas fiestras que daban ao patio. A planicie onde se levantaba estaba minada en todas as direccións con camiños subterráneos que levaban ao río, para poder proverse de auga en caso de conflito. López Ferreiro di que algúns destes camiños tiñan unha amplitude que permitía o paso de carros e bestas de carga, que podían chegar ao interior sen entrar pola porta principal do muro exterior.




Reconstrución da torre do s. XVII

Pero co paso do tempo este baluarte foi perdendo importancia estratéxica e perdendo tamén a súa fisionomía, ata que logo coa desamortización do século XIX tamén o seu interese económico. De aí que a partir dese momento a súa destrución acelerouse e hoxe en día só podemos ver algún resto de muros pois moitos dos perpiaños foron aproveitados polos veciños para as súas casas e valados.

6.- A TORRE DA BARREIRA NA ACTUALIDADE

Actualmente case non quedan restos da fortaleza e edificios anexos, aínda que se poden ver algúns tramos de muralla a diversos niveis. Para achegarnos alí temos que acceder a través dun carreiro que sae da pista que vai cara á fábrica de papel, pois polos outros lados é case imposible acceder polo empinado do monte e a mesta vexetación. Pero todo o conxunto –como se pode comprobar na fotografía aérea- está poblado de carballos e outras especies arbóreas, de xeito que case nin se ve o río nin os muros, nin se pode apreciar a beleza do lugar que sen dúbida podería ofrecer.

Aínda que non se fixesen excavacións, con só limpar o lugar, podía ser un foco de atracción turística, dada a súa grande importancia e coñecemento que desta fortaleza se ten.



Vista aérea da Barreira

A TORRE DE GUIMAREI

Na contorna da Estrada hai moitos pazos e casas fidalgas pero só se conserva unha torre ou fortaleza, a **torre de Guimarei**, na que viviron auténticos nobres ligados aos grandes de España. Os donos da torre de Guimarei, como veremos, estiveron sempre emparentados con marqueses e condes, e eles mesmos acadaron o título de marqués.

I.- A TORRE E CASA DE GUIMAREI



Torre e pazo de Guimarei

A torre de Guimarei é unha edificación tardo-medieval que foi edificada sobre o ano 1480, é dicir, despois da guerra dos Irmandiños. Sabemos que en 1524 Simón Rodríguez, fundador do vínculo de Guimarei, aforou o" lugar y casal de la Torre también llamado de Outeiriño en Guimarei" por renda de vinte e catro celamíns de pan, dous capóns cebados e vinte marabedís. O feito de que convivan as dúas denominacións fainos pensar que deberon pasar dúas ou tres (ata catro) xeracións desde que foi erguida a torre, o que nos sitúa nas décadas dos 60 a 90 do século XV. Pero a falta doutros datos, pensamos que foi construída despois da guerra dos Irmandiños, cando se volveron a reconstruír as fortalezas do arcebispado e como reforzo do poder e prestixio social. En todo caso, debeu ser ergueita en tempos de Gonzalo López de Montenegro, rexedor da vila de Pontevedra que testou en 1491, e da súa esposa dona Inés Gómez, dos que falaremos a continuación, ou ben en tempos de Jácome Rodríguez, o pai de Simón Rodríguez, o fundador do vínculo e morgado de Guimarei.

Levántase sobre unha zona rochosa, construída con poderosos perpiaños de granito e rematada por gárgolas en forma de canón para alivio das augas da chuvia.

A torre é cuadrangular de 6,40 x 6,50 metros e o ancho dos muros é de 1,40 metros, polo que o seu interior é tan só de 3,60 x 3,70 m.

A cara Norte ten unha altura de 9,88 metros desde o seu arranque ata debaixo da gárgola. Na ringleira dezaoito e á altura do segundo piso atópase unha troneira e baixo esta unha non moi


profunda abertura na parede en forma de uve invertida, vestixio dun tellado alí apoiado, e que continúa ascendendo pola cara este.

Pola cara Sur é por onde mellor se aprecia a zona rochosa sobre a que se levanta a torre medieval. Na súa parte máis alta faltan varias ringleiras de perpiaños.

Na cara Este áchase a fachada principal, con porta de arco de medio punto que se abre a partir da sexta ringleira de perpiaños e que alcanza desde o chan unha altura de 1,80 m. A porta é abucinada, de 0,90 m. de ancho e 2,8 m. de alto na parte exterior, mentres que na súa parte interior alcanza 1,10 m. de ancho e a súa altura ascende ata os 2,30 m. Baixo a porta e a cada lado ábrese unha cavidade no muro para encaixar a escaleira que daba acceso ao interior. Sobre a porta e por debaixo dunha troneira hai unha abertura na parede en diagonal que baixa de esquerda a dereita ata unirse coa da cara norte.

Por último a cara Oeste, a más próxima ao pazo adxacente, do que tan só está separada por un estreito corredor, presenta moi próxima ao cume unha troneira, e no cume dúas gárgolas en forma de canón en cada ángulo, unha delas tan só suxeita por unha lousa que se encontra movida polas raíces dun loureiro en busca de substrato.

Por debuxos realizados hai un século polo fillo adoptivo da Estrada *Alfonso Rodríguez Castelao*, sabemos que a torre dispoñía de teito a dúas augas, defendida por ameas e en cada ángulo gárgolas en forma de canón, polo que a altura orixinal da torre superaba os dez metros. E por testemuñas dos veciños sábese que a torre interiormente constaba de tres pisos.



Torre de Guimarei, de Castelao. (Propiedade do Museo de Pontevedra)

Hoxe tan só permanecen as paredes desta emblemática torre, invadida pola vexetación, tanto na parte baixa, como nas paredes e no seu interior. Os loureiros son a vexetación máis abundante xunto a carballos e toxos na parte exterior, mentres no seu interior o que máis abunda son os sabugueiros, silvas, fentos e loureiros.

A torre de Guimarei foi declarada Ben de Interese Cultural e monumento de arquitectura militar en virtude do Decreto do 22 de abril de 1949, publicado no B.O.E. e recollido no DOG (16/07/1991) no inventario do patrimonio histórico artístico do concello da Estrada.



Caras norte e este da torre

Arrimada e integrada á torre, houbo **unha casa**, na que viviron os seus donos desde mediados do século XVI ata a morte do II marqués de Guimarei en 1758.

Na parede das caras norte e este da torre encóntrase unha fendedura en forma de uve invertida onde se apoiaba o tellado dunha construción en forma de L. E nas ringleiras sexta e sétima da cara norte hai ocos nas pedras da parede para encaixar nelas as vigas e pontóns que sostiñan o faiado de dita construción.

Segundo algunhas testemuñas[15], no ano 1756 a casa tiña un muro exterior que se franqueaba a través dun portalón que daba acceso ao curral, no que se encontraba a capela da casa. Na fachada principal da casa había varias *portas da entrada da sala* e outra que daba acceso ao piso superior onde estaba *un patín e corredor*. Na fachada posterior tamén había polo menos outra porta. E no interior da casa había un reloxo de carrillón, cuxas badaladas se podían oír no exterior.

A **capela**, que estaba xunto á casa, estaba dedicada a san Xosé e nela dicíase misa os festivos para os membros da familia, aínda que tamén acudían os veciños, de aí que na visita pastoral do bispo en 1703 se prohiba expresamente que acudan estes. Nesa visita infórmase da intención do marqués de desfacer a capela e facer un oratorio, polo que en 1716 se sinala a obrigación do marqués de ter dúas misas semanais no novo oratorio que, segundo se di, está *dentro da casa e fortaleza de Guimarei que corre a cargo de don Antonio Michael Mosquera, dono dela*. Sen embargo, a capela seguía en pé en 1756 en tempos do seu fillo José Antonio, o II marqués de Guimarei.

II.- PAZO DE GUIMAREI

Na segunda metade do século XVIII derrubouse a casa anexa á torre e construíuse o pazo que se ergue actualmente a seu carón. Por tradición oral dise que a antiga casa foi incendiada polos veciños[16], polo que o novo dono, o III marqués de Guimarei, fixo o pazo para dese modo mostrar o seu poderío e dominio ante os seus vasalos e colonos. Porén non consta que os seus donos vivisen nesta casa, así que sería morada dos seus administradores, como José María Paseiro Vilariño e trala súa morte en 1862 o seu fillo Juan Paseiro Andújar[17]. Logo a partir de 1919 o conxunto foi ocupado como granxa de experimentación agrícola e parada de sementais.

Ao longo do século XVIII fixéronse varios pazos na comarca, aos que se parece nalgúns aspectos canto á fachada. O pazo é de planta baixa e de forma en U cunhas alas en cada extremo pouco

15 ARG.RA. 1266/25

16 Fr. Martín Sarmiento na súa Viaxe a Galicia o día 25/5/1754 veu: "El palacio del Marqués (de Mosquera) quemado".

17 AHPPo. Protocolos de Pose Nabaza.

sobresaíntes. A fachada principal, que mira ao norte e está construída con perpiaños de granito regulares, ten a porta principal no centro, sobre a que está o escudo familiar enmarcado por un tímpano circular e sobre este había tres pináculos en forma de copa adornando o tímpano, pero que foron quitados en 1991 e non foron repostos.

A porta principal está flanqueada de dúas pequenas ventás e o resto do pano dos muros ten outras ventás máis grandes simetricamente dispostas, que se corresponden con outras nas alas dos lados. Tanto as portas como as fiestras están decoradas con molduras arredor. Toda a fachada remata por unha cornixa granítica, que daba paso ao teito, hoxe desaparecido.



Lar, forno, vertedoiro e retrete do pazo

Na parte posterior a construción tamén está feita en granito se ben aproveitando en parte a pedra da antiga casa, como se ve tras unha atenta observación. Unhas placas, ao estilo das de Fernández Sarela, adornan cada treito desta fachada.


Chama a atención que no seu interior todas as medianeiras e teito teñan sido construídas en granito, ao parecer para evitar os incendios. Dentro do pazo, ademais dos dormitorios, sala, cociña e dous retretes, tamén había cortes para o gando. Os retretes, un ao lado do vertedoiro da cociña, eran dobres.



Torre e casa de Guimarei

No exterior segundo fotografías antigas había dous hórreos e un pombal, pero non está claro que seguise levantada a capela, que acompañaba a construción anterior.

III.- O ESCUDO DO PAZO DE GUIMAREI




Escudo do pazo.
Por Javier García Gómez.

A labra heráldica, que preside a fachada do pazo, está formada por catro pedras graníticas.

Baixo a coroa de marquesado ten un escudo cuartelado en cruz. *Primeiro cuartel* tres barras en diagonal con dobre inscrición de "villar", dos **Villar**, *segundo cuartel* cinco cabezas de lobo sangrantes dos **Mosquera**, *terceiro cuartel* león rampante dos **Aranda** e *cuarto cuartel* os trece roeis dos **Sarmiento**. Na ábsida da igrexa da Somoza hai un escudo semellante.

IV.- IGREXA DE GUIMAREI



Escudo do campanario.
Por Javier García G.

A actual igrexa parroquial de Guimarei, levantada entre o 21 de marzo de 1708 e o 5 de agosto de 1709 e sendo o seu construtor un canteiro de Pedre, foi inaugurada ao día seguinte do seu remate, cantando nela a primeira misa. A igrexa ten acceso por unhas escaleiras franqueadas por dúas pequenas torres ou garitas incrustadas nos muros que dan protección á igrexa. Ten dúas capelas con padroado dos marqueses de Guimarei, onde foron enterrados os dous primeiros marqueses. O cura era de entrada á presentación do marqués de Guimarei e logo dos seus sucesores.

Áchanse nesta igrexa dúas pedras armeiras, que teñen relación coa casa e torre de Guimarei, a primeira delas sitúase no frontispicio, empolicada no máis alto do campanario e a outra na ábsida. A primeira pedra de armas, deseñada de xeito pouco común en Galicia, é rectangular redondeada en xefe e cadrada en punta. Cuartelada en cruz; primeiro, cinco cabezas de lobo sangrantes postas en sotuer: **Mosquera**; segundo cuartel, tres faixas: **Pimentel**; terceiro cuartel, tres bandas: **Villar**, e cuarto cuartel, cinco veneras: **Pimentel**.

A pedra armeira da ábsida presenta un escudo de estilo español, rectangular redondeado en punta, cuartelado en cruz e coas mesmas armas que o anterior. Ambos escudos pertenceron ao primeiro marqués de Guimarei don Antonio Micael Mosquera Villar e Pimentel.

V.- XENEALOXÍA DOS DONOS DA CASA E TORRE DE GUIMAREI

O 29 de xullo de 1366 foi asasinado o arcebispo compostelán Suero Gómez de Toledo por Fernán Pérez de Deza e **Afonso** (ou **Gonzalo**) **Gómez Gallinato**. *Afonso Gómez Gallinato*, casado con *Maior*

Pérez, outorgou testamento[18] o 26 de xullo de 1365 na Graña do Mato, un ano antes do asasinato do arcebispo don Suero[19], no que ofrece unha boa manda para o mosteiro de Melón coa condición de que o abade consigira o perdón dunha posible excomuñón, que puidera ter no momento da súa morte. Nel efectúa tamén unha manda a favor do convento de Acibeiro de "*quantos herdamentos e casas e coutarias e dereitos eu aio em toda terra de Taveiroos e no couto de San Xiao*" de Guimarei[20].

Poucos anos máis tarde e posiblemente fillo ou neto de dito Afonso, o escudeiro e rexedor de Pontevedra **Men Suárez Gallinato** era o señor do coto de San Xiao de Guimarei, polo que se lle pagaban seis celemíns de pan e dous marabedís por cada casa ou casar. Así o 4 de decembro de 1413 e ante o notario de Tabeirós e Ribadulla don Afonso Ballón[21], dito Men Suárez recibiu en doazón de *Teresa García* (veciña) *de Gudín* na freguesía de San Xiao de Guimarei a terceira parte de todas as casas, herdades e "*chantados*" que tiña no lugar de Gudín e que lle pertencían por herdanza de seus pais e avós ou por compras, así como outras que puidera ter en dita parroquia. A doazón é debida a que lle prace, á súa vontade e polas "*obras boas e ajudas*" que recibiu de dito escudeiro.

Men Suárez Gallinato testou en 1417. Foi o pai de **Leonor Suárez Gallinato**, de *Inés de Moldes* e de *Gómez Suárez Gallinato* quen debeu falecer sen sucesión, polo que herdou dito coto de Guimarei dona *Leonor*.

Leonor Suárez Gallinato[22] casou con **Ruy López de Montenegro**, que foron enterrados no convento de san Francisco en Pontevedra[23].

Foron pais de **Gonzalo López de Montenegro**, rexedor da vila de Pontevedra, que testou en 1491 e deixou por herdeira á súa esposa dona *Inés Gómez*, a cal consentiu que os seus cumpridores **Jácome Rodríguez** (*que segue*) e Tristán Francés, seguindo as súas instrucións e co obxecto de fundar dotes para cinco ou seis mozas pobres, vendesen a finais de 1492 o coto e señorío de San Xiao de Guimarei, o padroado dos beneficios de Santeles, o padroado de Lagartóns e certos bens na parroquia de Santa María de Portas, todo elo ao clérigo de Santa María de Mourente chamado *Lope Díaz*.

Logo Lope Díaz, sen dúbida un home de palla, aos poucos días fixo cesión do coto de Guimarei e dos padroados dos beneficios de Santeles e Lagartóns a favor do mencionado *Jácome Rodríguez*. A torre estará en mans de descendentes deste Jácome Rodríguez ata mediados do século XX.

Dito **Jácome Rodríguez**, rexedor da vila de Pontevedra, casou en primeiras nupcias con **Clara Sánchez**, quen testou en 1487 ante Francisco Fernández escribán de número de Pontevedra. Tiveron por fillos a:

1.- Simón Rodríguez (*que segue*)

2.- *Jácome Rodríguez o mozo*, que foi rexedor de Pontevedra e casou en segundas nupcias en 1512 coa súa criada Catalina Rodríguez, coa que xa tivera un fillo antes de casar. Testou o 27 de decembro de 1504 ante Francisco Fernández, notario de Pontevedra.

18 FERRO COUSELO, J. *A vida e fala dos devanceiros*, I, ed. Galaxia, 1967. páx. 94-97.

19 LÓPEZ FERREIRO, A., o.c. tomo VI, cap. VII

20 FENÁNDEZ CASTRO, J.J. *A Estrada nos seus documentos antigos*, Boletín *Miscelánea Histórica e cultural da Estrada*, nº 1

21 FERNÁNDEZ CASTRO, J.J., o.c.

22 A meirande parte da información sobre as orixes da Torre de Guimarei ata Simón Rodríguez atópase no arquivo do pazo de Rubiáns. Cfr. ACUÑA RUBIO, C. *Casa de Caamaño, Su historia. Patrimonio Cultural.* Deputación de Pontevedra. 2014. 2 vol.

23 VAZQUEZ CASAIS, J.A. *La heráldica de los enterramientos en las iglesias de Pontevedra*. Deputación de Pontevedra, 1998

3.- *Gabriel Rodríguez*, licenciado e clérigo da igrexa de Santa María de Iria e cóengo da catedral de Santiago. Herdou de seu pai, do veciño de Pontevedra Fernán González Sastre por testamento outorgado en 1543, e de dona Mencía García, viúva de Fernán González por testamento outorgado o 20 de setembro de 1547 ante Alonso Rodríguez.

En 1520 outorgou escritura de doazón e cesión a favor de seu irmán Simón Rodríguez dos bens e herdanza que lle correspondía polo seu pai Jácome Rodríguez, aínda que tivera un fillo e unha filla.

Cando en 1543 se fixo a escritura de dote para casar o seu sobriño Bartolomé, fillo de Simón, el foi unha das testemuñas. Gabriel xa tiña falecido cando seu irmán o licenciado Simón Rodríguez outorgou testamento en 1557.

Simón Rodríguez Sánchez naceu en Pontevedra na parroquia de San Bartolomeu. Desde o ano 1518 foi rexedor de Pontevedra en sucesión a seu pai por título concedido polo arcebispo de Santiago don Alonso Fonseca, foi tamén rexedor de Santiago en 1520 por título concedido por dito arcebispo e tamén asistente e xustiza maior de Santiago en 1525. Unha vez viúvo, foi cóengo de Santiago por bula da súa santidade o Papa Clemente VII.

Simón, como pertencía á parroquia de San Bartolomeu[24], o 12 de octubre de 1547 fundou nela e mandou facer en pedra a capela de Nosa Señora da Piedade, de San Cristovo e de San Martiño bispo, coa súa sancristía, reixa de ferro dourado, retablo con imaxes dourado e pintado, dotándoa de ornamentos e rendas para os capeláns ante o escribán pontevedrés Vasco Fernández. Ademais engadiu e vinculou á dita fundación o coto de Meira, que era da súa muller.



Igrexa de San Bartolomeu (PO), destruída en 1844

24 A súa igrexa foi destruída en 1844. A actual igrexa parroquial de San Bartolomeu foi construída para a Compañía de Xesús coa axuda de varios descendentes de Simón Rodríguez, como máis adiante se exporá.

Simón Rodríguez, dono por herdanza da casa e torre de Guimarei, en 1524 aforou "*el lugar y casal de A Torre también llamado de Outeiriño en Guimarei*" por renda de vinte e catro celamíns de pan, dous capóns cebados e vinte marabedís.

O 18 de febreiro de 1529 obtivo un privilexio[25] do rei Carlos I, polo que obtivo as alcabalas de peixe e viño na vila de Pontevedra que eran de gran importancia.

En 1534 mercou a Gregorio Louzán, clérigo de San Pedro de Quintillán (Forcarei), dous terzos enteiramente do lugar e casal de Gudín na freguesía de Guimarei, do que a outra terceira parte xa lle pertencía. En 1541 aforou un casal sito no lugar da Estrada da freguesía de Guimarei en renda anual de seis celamíns de centeo, un par de capóns cebados e vinte marabedís novos. En 1545 adquiriu o lugar e casal denominado O Francés sito en San Xiao de Guimarei, con todas as súas casas e herdades a montes e a fontes. En fin, ao longo da súa vida foi adquirindo outras moitas propiedades e dereitos tanto na freguesía de Guimarei e arredores como na bisbarra de Pontevedra.

O 7 de decembro de 1543 outorgouse escritura ante o escribán compostelán Macías Vázquez pola cal o señor conde de Altamira don Lope Osorio de Moscoso vendíalle a Simón Rodríguez o coto do Viso "*con su señorío y vasallaje, jurisdicción civil y criminal, mero, misto imperio, servicios, pechos, derechos, montazgos, luctuosas…*", sito nas freguesías de Santo Estevo de Lagartóns, San Lourenzo de Ouzande, Santo André da Somoza e Santiago de Tabeirós. Déuselle carta de pago o 3 de agosto de 1544 por Gonzalo Méndez de Sor, tesoureiro e apoderado do conde de Altamira, por valor de tres mil douscentos dez marabedís. Pouco despois o arcebispo de Santiago don Gaspar de Abalos puxo demanda contra Simón Rodríguez sobre a xurisdición de dito coto do Viso, pero o 16 de agosto de 1548 expediuse carta executoria da Real Audiencia de Galicia en favor de Simón.

Foi axudante de Alonso III de Fonseca, arcebispo de Santiago e de Toledo, onde lle serviu no seu Consello durante catro ou cinco anos e como vicario de Alcalá de Henares, e do que trala súa morte o 4 de febreiro de 1534 foi un dos testamentarios. A herdanza do arcebispo Fonseca recibiuna o Colexio de Santiago Zebedeo de Salamanca, lugar onde foi enterrado, e Simón, como testamentario, tivo que facer varias viaxes a Toledo, Valladolid e Salamanca, por cuxo traballo debía recibir 100.000 marabedís anuais durante os cinco ou seis anos que durou o proceso, sen embargo só cobrou o primeiro ano, aínda que confiaba recibir o resto.

O 26 de decembro de 1526 iniciouse un preito entre o arcebispo Juan Tabera e o seu antecesor o arcebispo Fonseca III, e que se resolveu o 28 de xaneiro de 1534, unha semana antes da morte do arcebispo Fonseca, polo que o arcebispo Tabera reclamaba unha indemnización millonaria polos danos sufridos polas fortalezas[26] da mitra en tempos do arcebispo Fonseca II e do seu fillo Fonseca III. Juan Bernal e *Simón Rodríguez* foron os letrados que arbitraron o litixio mediante unha auditoría que nos ofrece unha detallada información de como estaban as fortalezas do arcebispado antes e despois dos sucesos desta guerra, aportando datos directos ou mediante testemuñas propostos por Fonseca en número de 96 e de 87 por Tabera.

Se o arcebispo Fonseca III destacou pola súa cultura, Simón, que foi sen dúbida a súa man dereita, non foi menos. Unha mostra disto está nos diversos libros que deixou para a capela pontevedresa da Nª Sra. da Piedade. Recórdese que o primeiro libro impreso en Galicia foi no ano 1484, é dicir, máis ou menos cando el naceu, polo que os libros aínda tiñan que ser escasos. Os títulos dos libros eran: *Obras de san Gregorio, Obras de san Bernardo, Antiguo y Nuevo testamento, Summa silvestrina*, un breviario e un misal toledanos, etc.

25 O pergamiño de dito privilexio está copiado en ARG. RA. 17762/36. Nel xustifícanse as causas de por que os reis venden estes privilexios, expoñendo os gastos de guerras en que se viron expostos desde os Reis Católicos.

26 RODRIGUEZ GONZALEZ, A., o.c. Da fortaleza de Guimarei non se fala, pois non pertencía á mitra compostelá.

Entre 1545 e 1551 foi reitor do "*colegio nuevo y universidad del señor Santiago Alfeo que fundó y dotó en Santiago en Ilmo. Señor arzobispo D. Alonso de Fonseca*", sucedendo a Lope Sánchez de Moscoso, que pertencía á casa do conde de Monterrei.

Segundo o seu testamento escrito en Santiago o 26 de novembro de 1555 pola man de D. Antonio Pardo e presentado ante o escribán Alonso de Miradelo, o "*magnífico y muy reverendo señor el licenciado* ***Simón Rodríguez, señor de los cotos del Viso y Guimarey***" e "*canónigo en la Santa Iglesia de Santiago*", era o dono do "*coto de Guimarey con sus rentas, presentaciones, patronazgos y lo demás anexo*" así como do "*coto del Viso con sus rentas y señorío, jurisdicción civil y criminal y derechos y patronazgos a él anexos, junto con la presentación y patronazgo de San Andrés de Somoza*"[27], que comprou ao conde de Altamira.

Menciónase a torre de Guimarei no "*Memorial de toda la hacienda, muebles raíces dineros plata e deudas que dejo el señor Licenciado Rodríguez que santa gloria haya, primeramente dejó… el coto de san Xiao de Guimarei con* ***una torre, casa*** *e huerta tiene cuatrocientos treinta y cuatro celemines de todo pan…*"[28]

Vemos no seu testamento que tiña relación económica con persoas moi importantes, xa que o correxedor de Monterrei Álvaro Suárez de Deza debíalle nese momento 200 ducados e D. Rodrigo de Moscoso[29], fillo do Conde de Altamira, 68.999 marabedís, que lle prestara en 1550.

Vivía en Pontevedra nunha casa principal con outras casas secundarias e horta xunto á *fonte dos Tornos*[30], acompañado dunha ama, Marina de Viasque, e varios criados.



Fonte dos Tornos e casa dos sucesores de Simón Rodríguez en Pontevedra

Antes de ser sacerdote, casara con **Inés Sarmiento de Meira e Valladares**.

Inés *era neta de* Gregorio Valladares, *señor das casas de Valladares, San Román de Saxamonde e Meira, casado con María Rodríguez de Figueroa. Gregorio, que morreu a mans de Pedro Madruga, o conde de Camiña, testou o 8 de xaneiro de 1475. No testamento*[31] *–escrito en galego- pediu ser enterrado na igrexa de Sto. Domingo de Pontevedra, onde fora enterrado seu pai, Gregorio Vázquez. Tamén recoñecía un fillo bastardo, que tivo de Joana de Camba, e a seus dous fillos lexítimos:*

1.- Pedro Vázquez, que morreu sen sucesión lexítima
2.- ***Teresa de Meira e Valladares*** *(que segue)*

Teresa de Meira e Valladares *herdou de seu pai os casares de Camba, Pías, Mouriscados e o coto de Meira e Saxamonde, cuxas fortalezas foran derruídas polos irmandiños. Casou con* **García Sarmiento de Valladares***, o Vermello, dono da vila de Sobroso e da vila de Salvatierra.*

27 ARG. RA. 507/30
28 ARG. RA. 1464/45
29 Este, que casou con Isabel de Castro e Andrade, foi despois o V conde de Altamira.
30 Dita fonte do século XVI consérvase no interior do convento de Santa Clara, ao ser substituída por outra do século XIX de formas neoclásicas.
31 ARG. RA. 18723/1

Teresa de Meira outorgou testamento pechado o 13 de octubre de 1504 e foi aberto o 9 de maio de 1508 ante a xustiza de Vigo, deixando por cumpridor a seu marido e por herdeiros a os seus fillos Álvaro Sarmiento, García Sarmiento, Gregorio de Valladares, Juan Fernández de Sotomayor, doña Inés e doña Elvira. Pero a herdanza, mortos os outros irmáns reparteuse só entre tres:

1.- Juan Fernández Valladares. Sen sucesión, a herdanza pasou a seu irmán Álvaro.
2.- Álvaro Sarmiento de Valladares, quen casou con Elvira Prego de Montaos. Os seus descendentes alcanzaron en 1673 o marquesado de Valladares e o vizcondado de Meira.
3.- ***Inés Sarmiento de Meira e Valladares****, obxecto desta digresión.*

Simón tivo tres fillos lexítimos, pero ao falecer dous deles, herdou as dúas terceiras partes dos bens da súa muller. Simón tamén tiña un irmán cóengo chamado *Gabriel*, que morreu antes que el e a quen herdou por prescrición de seu pai, a pesar de que tiña un fillo e unha filla (ilexítimos). Por iso e aínda que non coñecía a seus sobriños, Simón deixoulles no testamento un legado e recomendou a seus herdeiros que lles valesen.

En 1522, morta xa a súa muller Inés e tamén a súa sogra Teresa, Simón chegou a un acordo co seu sogro García Sarmiento sobre a herdanza que lle correspondía a súa muller. Sen embargo trala morte de García Sarmiento iniciouse un preito[32] a causa da herdanza coa súa cuñada Elvira Prego e o seu sobriño Álvaro Sarmiento de Valladares, que en 1584 aínda os seus netos, Diego Suárez e irmáns, o continuaban e que concluirá o 5 de setembro de 1613 ao chegar a un acordo, como veremos, entre Pedro López Mosquera Pimentel e Luis Sarmiento Valladares.

Simón, viúvo e cóengo de Santiago, pediu no seu testamento ser enterrado en medio da capela de Nª Sra. da Piedade da igrexa de San Bartolomeu. Os seus bens abarcaban, ademais do coto do Viso e de Guimarei, a súa vivenda en Pontevedra, diversos casais en Campañó, Lourizán, a metade do coto de Mollabao (de foro do mosteiro de Acibeiro), outras posesións nos arredores de Pontevedra, o xuro de alcabalas en Pontevedra, e as 2/3 partes dos bens da súa muller Inés Sarmiento no coto de Meira e Morrazo e na facenda de Vigo. A isto hai que engadir a herdanza que deixara o seu irmán Gabriel. Deixoulle a mellora de terzo e quinto, ademais da lexítima, a seu neto **Álvaro Suárez Sarmiento**, a condición de que vivise na casa de Pontevedra, que coidase da capela que fundou e, como fixo vínculo da mellora, que non o puidese vender, nin transferir, nin trocar, etc., nin el nin os seus sucesores.

Ademais, "*para ayuda de casar o remediar mis nietas*", deixou unha arca con prata e cartos, na que mandou poñer outras cantidades, como a débeda que tiña Diego Bravo marido de Dª Mayor de Sotomayor. Esa arca estaba na casa do rexedor Juan López, pechada con tres chaves e cada unha delas en mans distintas: de Juan e de outras dúas persoas.

Ademais disto, no seu testamento deixou certos bens para diversas persoas e entidades. Así por exemplo, fixo unha doazón de dous mil marabedís para a igrexa de San Xiao de Guimarei, dous ducados para a de Santo André de Somoza e outros dous ducados para a de San Xoán de Santeles.

Pediuse abrir o seu testamento o 1 de xaneiro de 1557, que seguramente coincidía co día da súa morte, xa que era usual abrir o testamento o mesmo día do óbito.

Os fillos de Simón Rodríguez e Inés de Meira foron:

32 ARG. RA. 18723/1

1.- *Bartolomeu Rodríguez Sarmiento*. En 1530 obtivo do arcebispo de Santiago don Juan Tabera o cargo de rexedor da vila de Pontevedra, vacante por renuncia feita polo seu pai o rexedor Simón Rodríguez. Estivo na Corte co seu amigo Juan Mosqueira, de Tabeirós.

O 23 de maio de 1543 aceptou o dote ofrecido para casar con dona *María de Neira* (quen anos despois mercou o *pazo de Oca*), filla de Juan Otero e de Catalina Vargas. María[33] foi dotada ante Macías Vázquez con 15.000 marabedís de xuro sobre unhas rendas en Pontevedra, 50 cargas de pan pola medida de Pontevedra "*y ahora se usa en Tabeirós*" cos servizos de "*marranas, capones y vino y otras cosas*", 500 ducados en ouro ou en cartos ou outras prendas, a metade da casa principal en que vivía Juan Otero e os bens que quedaron de Catalina de Vargas, se ben Juan se reservaba o usufruto. Bartolomé morreu sen sucesión a principios de 1546.

2.- **Luisa** (*que segue*)

3.- *María*, que foi criada por Ruy Sánchez de Rioboo e a súa muller Margarita de Rivera, veciños de Santiago, seguramente pola morte temperá da súa nai. Morreu sen sucesión antes que seu pai.

Luisa Sarmiento de Meira. Foi dotada polo seu pai, Simón Rodríguez, que nese momento estaba de vicario en Alcalá de Henares, co coto de Meira, as posesións que tiña en termos do xulgado de Vigo (o lugar de Torre de Piñeiro, a casa de Bembribe,...), e mil ducados de ouro, que se pagarían nun prazo de seis meses con diversas bens, entre eles o privilexio real que obtivo en Pontevedra[34].

Casou con **Rodrigo Suárez de Tangil**, apelidado tamén de *Bentraces*, pois a súa familia ostentaba o señorío da casa de Bentraces (Ourense). A escritura de dote de Luisa fíxose o 29 de xuño de 1530, o mesmo día en que se celebrou a voda de mans do cóengo Fernando de Corneda, abade de Lérez. Fixeron as velacións ao día seguinte na capela da Corticela en Santiago, sendo os seus padriños Hernando de Castro e Teresa de Castro, e como testemuñas o correxedor de Monterrei Álvaro Suárez de Deza, o alcaide de Lobeira Gregorio Valladares, Lope Sánchez de Ulloa e Álvaro Sarmiento de Valladares, curmán da noiva e veciño de "*la villa de Vigo*", entre outros[35].

A historia dos Suárez de Tangil podemos retrotraela ata Lorenzo Suárez de Valladares Tangil, *señor da fortaleza de Tangil, situada no Condado de Valladares entre Melgaço e Monzâo no norte de Portugal. Lorenzo tivo unha filla chamada* Guiomar Lorenzo de Valladares Tangil *que casou con* Suero Alonso de Tangil[36].

Un bisneto destes foi D. Rodrigo Suárez de Tangil que vive xa en Bentraces. Rodrigo, "escudero" e rexedor de Ourense nos anos 1420 e seguintes, en 1434 estaba casado con Guiomar Méndez de Ambía[37], *filla de Esteban Yáñez de Ambía e de Catalina Rodríguez, quen fixeran foro[38] de terras do bispado en Loiro, Facheiros e Soutopenedo o 27 de agosto de 1414, foro que é recoñecido en 1560 polo seu tataraneto Rodrigo Suárez de Tangil e que será obxecto de disputa en 1752. Esteban tamén fixo outro foro en 1442*.

33 Cfr. Páx. 117

34 ARG.RA. 17762/36

35 ARG.RA. 17762/36

36 GONZALEZ ALVAREZ-MONTERO, M.L. *Genealogía y antroponimia en las doña Guiomar de Tangil*, en Estudios de Genealogía Heráldica y Nobiliaria de Galicia, nº 9, 2011, pág. 383 ss.

37 PARDO DE GUEVARA Y VALDES, E., *Mujeres con poder en la Galicia medieval* (s.XIII-XV), Anejos de Cuadernos de Estudios Gallegos, Santiago, 2017.

38 ARG. RA 1294/9

*Rodrigo Suárez de Tangil e Guiomar Méndez (que fixo testamento en Ourense o 30 de maio de 1484) tiveron por fillos a Rodrigo (*que segue*), a Beatriz, Afonso, Álvaro e outro, que foi proxenitor de Catalina Rodríguez.*

Rodrigo Suárez de Tangil (ou de Ribera) *foi meiriño maior do conde Ribadavia e meiriño de Sande (Cartelle) en 1482. Participou na guerra dos "Irmandiños", loitando contra o rei e a Irmandade, segundo recoñecía a súa nai ante o Concello de Ourense. En 1477 xunto coa súa nai renovou o foro do lugar das Pereiras, que antes tiña Esteban Yáñez de Ambía*[39]*. A súa nai no testamento mellorouno en terzo e quinto dos seus bens, incluíndo a* ***casa de Bentraces****. Casou con* Leonor Álvarez de Quiroga (ou de Losada), *filla de García Rodríguez de Quiroga, señor de Montefurado (Quiroga. Lugo) e de María Álvarez de Losada, filla do señor de Puebla de Sanabria*.

*Rodrigo e Leonor tiveron varios fillos: Álvaro (*que segue*), Alonso e Beatriz*[40].

Álvaro Suárez de Tangil *casou con* Dª Teresa de Ribadeneira[41] *quen tiña facenda en Terra de Lemos e era filla de Diego Alonso de Lemos e de Mayor Ulloa, señora dos castelos de Pambre e dos estados de Ulloa*[42]*. Foron os pais de* ***Rodrigo Suárez de Tangil****.*

Tanto Esteban Yáñez de Ambía como os seus sucesores máis directos foron sepultados na capela de san Antonio do convento de San Francisco en Ourense.

Trala morte de Luisa fixéronse as partillas da herdanza entre os seus fillos e o seu marido o 20 de xullo de 1577, quen recibiu 2/7 partes dos bens libres ao recibir o que lle correspondería ás súas fillas Mariana e Teresa que xa morreran.

Os fillos de Luísa e Rodrigo Suárez de Tangil foron:

1.- ***Álvaro Suárez Sarmiento*** (*que segue*)
2.- ***Diego Suárez de Tangil*** (*que segue*)
3.- *Inés de Castro*, casou con Diego Ozores de Sotomayor. Finou antes de 1594.
4.- *Catalina de Ulloa*, que casou con *Antonio Novoa*[43], señor da casa de Figueiroá (Ourense). Tiveron unha filla, ***Luisa Sarmiento***, (*que segue*) que será a sucesora do seu tío materno Diego, e un fillo chamado Diego Feijoo. Diego Feijoo fixo testamento no "*palacio y casa de Diego Suarez Tangil*" de Bentraces ante Rodrigo de Seara o 14 de agosto de 1591 no que nomea como herdeira á súa irmá Luisa, morrendo o día 16 e sendo enterrado o 17 na igrexa de Santa María de Sobrado[44].
Antonio Novoa foi sepultado en Santa Olaia de Parderrubias, pero a súa filla Luisa dispuxo no testamento que fose trasladado á capela de San Antonio no mosteiro de San Francisco de Ourense.

39 ARG. RA. 1284/9

40 OTERO PIÑEIRO MASEDA, P.-GARCIA G.LEDO, X.A. *Apuntes de los Ambía: linaje y parentelas* (siglos XII-XVI), Cuadernos de Estudios Gallegos, LVI, nº 122, 2009 (moitos datos desta xenealoxía sacámolos deste artigo, que se pode ler tamén en internet)

41 ARG.RA. 18723/1. AHN. Real Chancelería de Valladolid, Rexistro de executorias, caixa 355,32

42 LOPEZ POMBO, L. *La familia Lemos Pérez de Ribasaltas en tierras de Monforte de Lemos*, Boletín de Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia , nº 9, 2011, pág. 203

43 Antonio Novoa era fillo de Francisco de Alberos e de Berenguela de Novoa, que vivían na cidade de Ourense. O 1 de xaneiro de 1525 Francisco fixo foro do lugar de Parderrubias, na fortaleza de Villa de Sarria sendo testemuña Suero Feixoo, o seu sogro, alcalde e meiriño de Sarria, ante o escribán Diego de Vilachá. En 1560 é Berenguela quen renova dito foro, que ela recibira do seu marido como dote. Francisco e Berenguela tiveron por fillos, ademais de Antonio, a Juan Feixoo, Suero Feixoo, Pedro Vázquez, Susana de Puga, Catalina Enríquez e a Merencia de Novoa, quen casou con Álvaro González de Ribadeneira (ARG.RA. 1294/9).

44 ARG. RA. 1464/45

5.- *Simón Suarez de Tangil*. Trala partilla feita en 1577 dos bens da súa nai, Simón recibiu o xuro perpetuo da vila de Pontevedra, que logo vendeu. De solteiro tivo dunha muller solteira chamada Magdalena Rodríguez a seu fillo *Pedro Suárez Tangil*, e doutra tamén solteira chamada Eufemia as súas fillas *Apolonia* e *María Suárez*, nacidas sobre 1575 e 1577. Logo casou con *Magdalena de Ribera Valcárcel e Balboa* (ás veces se lle chama Magdalena Araújo Valcárcel) a quen deixou como herdeira universal no seu testamento[45] do 11 de decembro de 1578. Esta, irmá do tesoureiro da catedral de Ourense, casou de segundas con Lope García Varela, rexedor de Ourense.

Trala morte de Simón, Magdalena tivo un preito[46] contra os seus cuñados pola partilla dos bens dos seus sogros, que se resolveu en Valladolid, no que se deu unha provisión en 1587 pola que se lle mandaba pagar 100 ducados a seu fillastro Pedro, se ben é o 23 de marzo de 1593 cando se expide a executoria. O resultado foi que a Magdalena lle correspondía unha quinta parte dos bens libres que quedaron dos pais e avós do seu marido Simón. Pero antes diso, en 1589, o seu fillastro Pedro demandáraa[47] ao non recibir o pago estipulado, esixíndolle agora ante os tribunais 300 ducados anuais para ir estudar á Universidade de Salamanca, onde estaba matriculado, e un dote de 1.500 ducados para cada unha das súas irmás, pois dicía que a herdanza de seu pai estaba valorada en máis de 14.000 ducados.

En 1596 foi citada pola Xustiza xunto cos seus cuñados Diego e Álvaro, a fin de facer apeo das terras do bispo de Ourense, de que en parte eles eran foreiros desde 1414. No procedemento dise que os Suárez Tangil pagaban ao bispo polas terras do lugar das Pereiras 16 fanegas de trigo e 8 de millo, mentres que eles cobraban dos labregos 80 fanegas de pan (é dicir, trigo e centeo) e 2 de millo e ademais cinco carneiros, 5 touciños, 5 carros de leña e cinco de palla, se ben nos últimos 20 anos non pagaban o touciño por decisión dos Suárez.

6.- *Mariana*, que morreu antes que seu pai, sen sucesión. Outorgou testamento o 10 de setembro de 1560 ante Rodrigo Gato, deixando por herdeiro a seu pai e en segundo lugar a seu irmán Diego.

7.- *Teresa*, que faleceu antes que seu pai, sen sucesión, polo que a súa lexítima materna, ao igual que a de Mariana, pasou a seu pai.

Álvaro Suárez Sarmiento, señor da *torre de Guimarei* e de todos os bens que o seu avó Simón Rodríguez lle legou, así como señor dos bens de Bentraces pertencentes a seu pai. Foi veciño e rexedor de Pontevedra, se ben alternaba con estancias en Guimarei.

En 1593 recomendou a Diego o Mozo[48], cuñado do escribán Pedro Docasal Daleira, para obter o oficio e escribanía de Tabeirós e a do Viso. E en 1596 tivo un preito[49] acusado de desatender a administración dos bens dos fillos do rexedor de Pontevedra Francisco Pardo, de quen fora nomeado curador. El xustificábase dicindo que as casas se deterioraron porque os seus moradores morreran a causa da peste de 1570 e a xente non quería ocupalas porque temía "*infisionarse*".

Casou con *Susana de Puga*, filla de Gonzalo Rodríguez de Tasende e de Isabel Enriquez de Novoa[50]. Susana foi dotada por Ana de Castro e polo seu marido o almirante Luís

45 ARG. RA. 18723/1
46 ARG. RA. 1464/45
47 ARG.RA. 24600/5
48 Cfr. Páx. 165
49 ARG.RA. 11350/91
50 AHN. Rexistro de Executorias, Caixa 2103,34

Colón con 1.100 ducados. Tras cuarenta anos de casados, Susana fixo testamento[51] o 14 setembro de 1595 falecendo ao día seguinte en Guimarei, onde foi enterrada. Como o seu esposo estaba nese momento en Pontevedra "al servicio de S.M." o testamento non se abriu ata o 18, día en que chegou el. No testamento pedía ser enterrada, se era posible, en San Xoán de Barbadáns (OU) onde manda levantar unha capela con dotación de misas e deixa diversas mandas para as súas sobriñas Isabel e Ana Enríquez de Novoa, fillas do seu irmán Melchor Novoa.

Álvaro fixo un primeiro testamento en Santiago o 6 de outubro de 1595 ante Cristóbal Ramiro, e un segundo testamento o 18 de setembro de 1601 en Santiago ante o mesmo escribán, no que deixou recoñecida a súa filla natural *Luisa Sarmiento e Suárez*, que nacera en Guimarei en maio de 1599, froito dunha relación coa súa criada María López. Deixaba á súa filla Luisa como herdeira universal dos seus bens libres, mentres que os de morgado e vinculados pasaban a seu irmán Diego Suárez de Tanxil. Ante isto o seu irmán Diego pediu[52] a nulidade do testamento porque, aínda que Álvaro non o soubese, a nai da nena estaba casada desde había sete anos con Domingo Fernández, ambos veciños de Sarria, polo que a nena era adulterina. Exerceu como titor de Luisa *Juan González de Bentraces*, escribán de Santiago, nacido sobre 1550. Logo en 1606 Cristóbal Suárez de Ulloa, clérigo de San Xiao de Guimarei, -a quen Diego trata de irmán seguramente por ser familiar próximo, ao igual que a Juan González de Bentraces-, levou a nena ao mosteiro de San Paio de Antealtares, dotada dunha criada e de 50.000 marabedís a conta da súa herdanza e en cuxo convento seguía como monxa en 1618 e onde permaneceu[53]. Porén o seu tío Diego no seu testamento pedira que a casasen cun dos curmáns, fillos de Pedro Mosquera e Luisa Sarmiento.

O 18 de setembro de 1601 fixo tamén un codicilo no que pedía que se deixara libre a seus dous escravos, Jorge e Isabel, e que os casasen un co outro se querían, e deixáballes 20 ducados e roupa de cama para que Jorge tomase oficio e vivisen dalgunha industria.

Foi sepultado en Guimarei sobre o 26 de setembro de 1601, pero logo foi trasladado á capela de Nª Sra. da Piedade en Pontevedra segundo o seu desexo testamentario.

DIEGO SUÁREZ DE TANXIL

Sendo xa cóengo da catedral de Santiago, en 1563 Diego de Tanxil era tamén vicario do arcediagado do Salnés e logo en 1568 aparece como clérigo da ermida de Nª Sra. do Viso en Santo Estevo de Lagartóns (A Estrada) arrendando unha casa próxima á dita ermida. En 1577 foi un dos membros do cabido que decidiu facer o Hospital de San Roque en Santiago a carón da ermida de san Roque que se erixiu en 1517.

En 1578 recibiu dos mil douscentos reais por razón da herdanza do mestre Álvaro de Cadaval. Na década dos oitenta cobraba anualmente 90.000 marabedís das alcabalas das terras de Deza nas que tiña un cobrador[54].

51 AHUS. Protocolos de Diego de Castro. Antes fixera outro o 5 de xaneiro de 1593 no que deixaba o dote e bens gananciais a favor das súas sobriñas, pero seu irmán Melchor dicía que foi obrigada polo seu home, pechándoa nunha torre e sen comida, para que fixese outro. Tras un preito, en 1612 sentenciouse en Valladolid en contra de Melchor e sobriñas e a favor de Luisa Sarmiento e Pedro Mosquera, o seu marido. (AHN. Rexistro de Executorias, Caixa 2103,34)

52 ARG.RA. 18125/10

53 ARG.RA. 9058/4, 1464/45


54 AHUS. Protocolos de Vázquez Varela, 1589

Aos 50 días da morte do seu irmán Álvaro tomou posesión do morgado fundado polo seu avó, pois era o único irmán varón que quedaba, xa que tamén morrera Simón.

Aínda que posteriormente herdou os bens que seu pai tiña en Bentraces, Valgoma[55] cita unha escritura pola que Diego Suárez o 26 de outubro de 1562 comprou a vila e coto de Bentraces e a súa freguesía de Sobredo por 600.000 marabedís a María Sarmiento de Ribadeneira e Osorio e a seu esposo Gómez Pérez das Mariñas e Ribadeneira.

Diego ampliou[56] o palacio de Bentraces e tamén mandou construír unha torre de cantería con pontóns de madeira no coto de Figueiroá, de onde era o seu cuñado Antonio Novoa, que se debía terminar no ano 1600, pero no ano 1602, pouco antes de morrer Diego, os canteiros puxeron un preito[57] xa que non se lle pagara o que acordaran.

Aparece en varios preitos, normalmente reclamando o cobro de diversas rendas, e sobre todo no preito contra os Valladares a causa da herdanza que lle pertencía á súa avoa Inés de Meira, a muller de Simón Rodríguez, iniciado -como xa se dixo- en 1539 trala morte de García Sarmiento e que non se resolverá ata o 5 de setembro de 1613 por medio dun acordo entre o seu sobriño Pedro Mosquera Pimentel e Luis Sarmiento de Valladares[58].



Firma de Diego Suarez no testamento

Foi consiliario, visitador ordinario, vicereitor e reitor (ano 1600) da Universidade de Santiago[59], ademais de cóengo da catedral. Morreu o 3 de marzo de 1603, tras ter feito testamento o 16 de outubro de 1602 ante o escribán Pedro Díaz de Valdivieso[60]. Nel pedía ser enterrado na igrexa de San Bartolomeu –e así se fixo, aínda que finou en Santiago–, pero que se morría en Bentraces entón que o enterrasen no mosteiro de San Francisco de Ourense.

Deixou como sucesora á súa sobriña Luisa Sarmiento, se ben trala morte dela os bens debían repartirse en dous morgados da seguinte forma:

a) as casas e palacio de Bentraces coa xurisdición, rendas, viño, pardiñeiros, cotos demais bens no bispado de Ourense, e 190.000 marabedís que tiña de xuro en Lugo herdaríao o segundo

55 VALGOMA Y DIAZ-VARELA, D. *La condesa doña Emilia Pardo-Bazán y sus linajes*, Burgos, 1952
56 ARG.RA. 1464/45
57 ARG.RA. 18128/54
58 ARG. RA .1464/45
59 RODRÍGUEZ SUÁREZ, Mª Pilar, *La Universidad de Santiago en el siglo XVI,* Fundación Barrié de la Maza. 2 tomos, 1996.
60 AHUS. Protocolos de Pedro Díaz de Valdivieso e ARG.RA. 507/30

fillo de Luisa e Pedro, *Rodrigo Suárez de Tanxil*, xunto coa facenda de Terra de Lemos, que foi da súa avoa Teresa de Ribadeneira, que debía ir xunto coa facenda de Bentraces.

b) "*la hacienda del coto del Viso que heredé, compré y adquirí en tierra de Tabeirós y alrededor de Santiago y en tierra de Vigo, Morrazo y Meira y las más partidas de Caxamonde y anexos que heredé por mis abuelos de parte de mi madre Luisa Sarmiento de Meira ande toda junta en un cuerpo y vínculo e incorporado al mayorazgo que dejó el licenciado Simón Rodríguez mi abuelo con todo lo de Pontevedra, sus casares, viñas, huertas y coto de Mollabao sin exceptuar cosa alguna con los 136.000 maravedíes de juro situado en la alcabala de la villa de Pontevedra, y todo lo de la capilla fundada por D. Simón,[...] y que encomendó a Álvaro Suarez mi hermano, que Dios perdone, y este vínculo y hacienda con la* ***torre y coto de Guimarei*** *patronazgos [...] lo posea mi sobrina Dª Luisa Sarmiento de Meira y a su muerte nombro como sucesor y mayorazgo a Diego Suarez de Tanxil, su hijo y de Pedro Mosquera...*".

c) E entre outros legados tamén deixou 600 ducados para facer un retablo de madeira dourada na capela do Colexio Maior de Santiago Alfeo da Universidade de Santiago, así como unha cantidade de diñeiro para os pobres de Santeles, onde tiña unha casa.

Luisa Sarmiento e Suárez (ou de Meira), filla de Catalina de Ulloa e de Antonio Novoa foi "*señora de la granja de Nogueiroá y de la Villa y Casa de Bentraces, y de Guimarei, cuyos ascendientes todos era hijosdalgo y caballeros*".

En vida do seu tío o cóengo Diego Suárez xa recibira a posesión da casa de Bentraces, que el lle legou. Como herdeira do seu tío, tamén disputou co titor de Luisa, a filla do seu tío Álvaro, polos bens libres que este lle deixara. Ademais herdou os bens do seu irmán Diego Feijoo.

Foi dotada polo seu tío Diego con 150 ducados de xuro anuais, ademais da herdanza, mediante escritura feita en Bentraces o 3 de maio de 1588, casándose con **Pedro López Mosquera Pimentel** quen, sendo aínda menor e baixo a tutela de Juan Suárez de Somoza, herdou o señorío do Coto de Paio Muñiz (Cruz de Merca) coas súas xurisdicións e terras que se estendían ata as ribeiras do Sil.



Estado actual da casa dos Mosquera en Vilar de Paio Muñiz

As orixes da casa de Villar Muñiz están nun privilexio que en 1364 o Infante Felipe, fillo de Sancho el Bravo, fixo a favor de Rui Lorenzo de Villar[61].

Poucos anos despois, o dono do coto de Paio Muñiz, de Taboadela e outros coas súas xurisdicións civil e criminal chamábase Alonso Vázquez del Villar, casado con Mencía ou Violante López Mosquera, que foi sepultado na igrexa de San Pedro de Allariz[62].

61 ARG. RA. 1464/45.
62 ARG. RA.3723/28

Sucedeulle o seu fillo Galaor Mosquera, casado con Ana Docampo e Vaamonde, que foi sepultado xunto a seu pai. Galaor tivo por sucesor a seu fillo:

Antonio Mosquera, o avó de Pedro, que fixo testamento o 3 de xullo de 1527 ante Vasco Fernández, escribán do mosteiro de Ribas de Sil e do Concello de Ourense[63]*. Vivía en Santa Marta de Belle coa súa esposa Leonor Pimentel, quen aportara ao matrimonio 200.000 marabedís. De casados compraron moitos bens, por exemplo en Seixalbo. Deixou a mellora a seu fillo Alonso o primoxénito, se ben tiña outros fillos: Luis, Francisco, Rodrigo, Nuno e Beatriz Mosquera Pimentel. Mandou ser sepultado na igrexa de San Pedro de Allariz xunto a seu pai e avó, se ben era patrón de diversas igrexas, como a de San Breixo de Queiroas, Sta. Comba de Gargantós, Santa Rosa de Golpellas, etc.*

Sucedeulle o seu fillo Alonso Vázquez Mosquera (ou Lopez Mosquera, aínda que en realidade é xa o primeiro ***Mosquera Pimentel****). Alonso casou con Leonor Valcárcel Ojea. Como se volveu tolo, os seus bens foron administrados polo seu irmán Rodrigo, ata que este marchou a servir a S.M., pois era capitán*[64]*. Alonso foi enterrado na capela de san Antonio do convento de san Francisco onde pediu ser enterrado tamén o seu fillo Pedro Mosquera Pimentel, suxeito desta digresión.*



Escudo dos Mosquera Villar. A Merca

Pedro fixo unha paneira e monte de piedade en Vilar de Paio Muñiz para axudar aos pobres, o cal provocou queixas entre os seus vasalos, polo que acabou cerrándoa e gastando o diñeiro nunha cruz de prata e nunha ermida que mandou facer en Paio Muñiz –hoxe A Merca- en advocación do Espírito Santo, na que se poden ver as armas dos *Mosquera e Villar*.

Tamén tivo varios preitos para defender as súas rendas e xurisdicións. Así por exemplo, en 1586, sendo aínda menor, tivo que defender[65] os dereitos do seu señorío na zona de Parderrubias contra o bispo de Ourense, Juan de San Clemente, e contra o Alcalde Maior de Ourense. Tamén a partir de 1595 tivo que defender[66] a propiedade dun lote grande de terras en San Salvador de Loña contra os monxes de Ribas de Sil, pois os monxes dicían que eses bens eran seus segundo un privilexio real de 1447, mentres que Pedro presentou o testamento do seu avó Antonio Mosquera no que se facía relación dos seus bens. E en 1599 tivo un preito[67] contra os que entraron abusivamente a cobrar unhas bulas no lugar de Matosiños, que dependía del por ser señor do coto e xurisdición de Paio Muñiz.

Tralo seu matrimonio dise[68] del que tiña rendas por valor de 7.000 ducados anuais e ademais "*mucha cantidad de vasallos y jurisdicción civil y criminal y el coto y jurisdicción civil y criminal de Bentraces*".

63 ARG. RA. 3723/2
64 ARG. RA. 4708/59
65 ARG. RA. 798/37
66 ARG. RA .3723/28
67 ARG. RA. 1221/87
68 ARG. RA. 18125/10

En 1604 o matrimonio tivo que defender[69] uns bens de propio dominio no lugar de Donelle, Gundivós (Lugo), que Luisa herdara do seu tío D. Diego, pois había dezaseis anos que os foreiros non pagaban as rendas.

Como señores de Bentraces tiñan dúas sepulturas na capela maior de Sta. Mª. de Sobrado e tiñan unha granxa e viñas en Río de Caldelas (Castrocaldelas), que tiñan aforadas e polas que tamén terán un preito cos foreiros[70]. Dito preito saíu en 1607 a seu favor pero non se executou, polo que en 1683 o retomará seu neto Melchor Mosquera Pimentel.

Vivían con certa regularidade en Guimarei, de aí que se levasen para Guimarei certa cantidade de viño que recollían en Bentraces, en concreto da viña chamada "Moscatel de Ousande"[71].

Luisa fixo testamento seguindo as instrucións que deixara o seu tío Diego, polo que deixou a seu fillo Diego os bens de Guimarei xunto cos de Pontevedra e a Rodrigo os de Bentraces, pero permitindo chegar a un acordo entre Diego e Antonio para que este se quedase cos de Guimarei, sempre e cando atendese ás obrigacións que iso levaba consigo. Este acordo realizouse como se recoñece no testamento de Pedro.

O 5 de setembro de 1613 Pedro con poder da súa esposa chegou a un acordo con Luis Sarmiento Valladares e con Constanza Niño de Castro como titora da súa filla Juana Sarmiento, dando fin a un longo preito iniciado por Simón Rodríguez e continuado polo seu neto Diego Suárez Tangil a causa da herdanza de García Sarmiento e Teresa de Meira.

O óbito de Luisa tivo lugar nun dos días de maio de 1614 en Guimarei, sendo enterrada na súa igrexa parroquial[72].

Pedro, ao quedar viúvo, casou de segundas con *Juana de Oca Sarmiento*[73], filla de Álvaro de Oca e de Mariana de Lemos (da casa de Sober), neta por vía paterna de Diego de Oca e de Leonor de Zúñiga, que era sobriña do conde Benavente, e por vía materna de Antonio de Lemos e Ulloa, señor da casa de Ferreira e Sober, e da súa primeira muller Constanza de Saavedra, señora da casa de Saavedra. Pedro dotou a Juana o 20 de agosto de 1617 con dous mil ducados en diñeiro, máis outros dous mil que aportou o irmán de Juana, chamado Diego, señor da casa de Celme, que chegou a ser Virrei de Nápoles[74] e que estaba casado con Vianira Ordóñez. Pero pouco despois Juana renunciou ao dote, foi para a casa de seu irmán e logo para un convento en Zamora, onde morreu.

Pedro o 11 de outubro de 1636 ditou testamento ante o escribán de Ourense Pedro Álvarez, no que declara que todas as súas posesións da contorna de Allariz, Taboadela e Ourense son de morgado. Morreu ao día seguinte[75]. De acordo co seu desexo testamentario, foi enterrado, ao igual que seu pai e o seu fillo Alonso, na capela de San Antonio do convento de San Francisco en Ourense, e así se asegura en varios documentos[76], polo que o sepulcro pétreo, que se atopa na igrexa de Villar de Paio Muñiz edificada en 1610, seguramente é un cenotafio[77]. Trátase dunha escultura que mostra a un cabaleiro coa súa espada e aos pés un can, e sobre a parede as armas dos *Mosquera-Villar*.

69 ARG. RA. 21504/49
70 ARG. RA. 19040/112
71 ARG. RA. 9058/4
72 ARG. RA. 10340/56.
73 Ver a súa xenealoxía en: GALLEGO DOMÍNGUEZ, O.- FARIÑA BUSTO, F., *Unha dama e tres liñaxes ourensáns implicados nun homicidio*… Boletín Auriense, nº 30, ano 2000.
74 DE LA GANDARA, F. *Armas e triunfos hechos heroicos de los hijos de Galicia*. Edición-facsímil de Nova Galicia Ed., Vigo páx. 398
75 ARG. RA. 3723/28.
76 ARG. RA . 3723/28 e 20005/56.
77 Un estudio da Universidade de Santiago para a web de Turgalicia di que é o sepulcro de Pedro.



Cenotafio de Pedro Mosquera. Igrexa de Vilar de Paio Muñiz

Pedro e Luisa criaron aos seus fillos:

1.- ***Antonio*** (*que segue*)

2.- *Rodrigo Suárez Sarmiento e Tanxil*, segundo fillo de seus pais, sucesor[78] do vínculo e morgado que fundou seu tío cóengo Diego Suárez de Tanxil, entrou en posesión da herdanza trala morte da súa nai en 1614, polo que foi señor das casas e palacio de Bentraces coa xurisdición, rendas, viño, pardiñeiros, cotos e o máis do bispado de Ourense, e 190.000 marabedís que D. Diego tiña de xuro en Lugo, xunto co patrimonio de Terra de Lemos, que foi de Teresa de Ribadeneira.

Logo estivo 28 anos fóra do reino (de Galicia) ao servizo do Rei. Ao estar tanto tempo fóra e térselle morto o mordomo puxo preito ao rexedor de Ourense para cobrar as rendas atrasadas.

Señor do hábito de Santiago en 1622, foi "*factor de las provisiones del ejército de este reino por nombramiento del rey Felipe el grande y superintendente de todas las rentas reales*" e casou con *Estefanía Jacinta Gómez de la Riguera e Villaquirán*, filla de Catalina de Castro e Villaquirán. Estefanía fora "*dama de la reina de Francia Dª Ana María Mauricia de Austria infanta de España hermana de Su Majestad el rey*".

Tiveron unha filla, Baltasara Petronila Suárez Arce e Mosquera, que casou con Fernando Arce Reinoso e Dávila, nacido en Zalamea de la Serena (Badaxoz), da Orde de Alcántara, alguacil maior da Inquisición do reino de Toledo, sobriño do bispo Diego de Arce e Reinoso, e que morreu o 16 de setembro de 1677. Estes tiveron por filla única a *Baltasara Petronila Arce Reinoso e Suarez*

78 AHUS Protocolos de Pedro de Valdivieso. 8/6/1614.

Mosquera, que casou con *Juan de Morales, Arce e Reinoso, I conde de Arce*[79], os cales en 1701 nomearon a Facundo de Puga e Novoa, Alcalde Maior da vila e as súas xurisdicións e avogado da Real Audiencia de Galicia, como gobernador e administrador do morgado da casa e palacio de Bentraces.

Rodrigo Suárez obtivo do rei D. Felipe IV o 25 de febreiro de 1652 o privilexio de timbrar con coronel o escudo de armas, pois segundo o documento "*descendía de don Fruela de León*". Disputou[80] contra o convento de San Francisco de Ourense ao ser patrón da capela de san Antón, onde a familia tiña dúas sepulturas. Mercara tal prerrogativa o 3 de marzo de 1649 ao Administrador Provincial Francisco Calderón, coa aprobación do Capítulo do convento o 8 de abril do mesmo ano, ofrecendo para elo grande cantidade de diñeiro tanto en efectivo como en rendas e en obxectos preciosos, como un sagrario feito en concha de carei recuberto de prata ou unha cruz de prata maciza cos seus escudos, e pedindo a cambio certos privilexios como patrón. Pero opúxose Alonso de Lanzós[81], vizconde de Laiosa e señor de Maceda, que tiña alí dúas sepulturas e dicía que o padroado o comprara a súa nai, Aldonza Novoa, mediante escritura no ano 1639. Rodrigo mandara pintar as súas armas e uns retratos da súa familia, que colocou tanto na capela como no refectorio e no "de profundis", ao mesmo tempo que pintaba as paredes do convento e facía arranxos diversos. Sen embargo os monxes borráronllos. Antes de terminar o preito, que parecía que ía a saír a seu favor, deu por nulo o acordo, apartouse do litixio e renunciou ao padroado, pois "*ya tenía ajustada la fundación de otro de monjas de dicha ciudad de Orense*", polo que retirou todos os seus ofrecementos pecuniarios, sen pedir indemnización pola pintura e os arranxos que fixera. Pero o 15 de xaneiro de 1654 presentou un memorial de todo o que entregou e se lle había de devolver.

Tivo algúns problemas con algúns foreiros que non lle querían pagar uns censos, dicindo que os redimiran[82]. Logo máis tarde en 1664 tamén tivo outro preito[83] contra unha veciña de Bentraces, esixíndolle o pago dunha lutuosa.

3.- *Diego Mosquera*, cabaleiro da orde de Santiago en 1628, casou con *Inés de Villamarín e Vaamonde*, filla de Juan López Vaamonde, natural de Regodeigón (Ribadavia), e de Ana de Villamarín, polo que será señor da casa e fortaleza de Vilamarín, preto de Ourense. O 12 de decembro de 1628 foi proposto pola "Junta del Reino de Galicia" para a escuadra como cabo do distrito de Allariz.

---


79 *Título de conde, 7-9-1692: "Don Carlos por la gracia de Dios Rey de Castilla (…) en atenzion a la Conocida calidad, lustre y nobleza, de Vos D.* ***Juan de Morales Arce y Reynoso****, Caballero del horden de Alcantara, hixo lexitimo de D. Juan de Morales Mesia Caballero que fue del horden de Santiago, Alguacil mayor de las Inquisiziones de Toledo y Llerena Poseedor de la Casa y Maiorazgo de Candalixa y del de los Mesias. Dueño de Casarente, y de Dª Maria de Arce y Reynoso, su muxer, hermana entera de D. Fernando de Arce Caballero del Orden deAlcantara Comendador de Belbis y Navarra Alguazil mayor de la Inquisicion de Toledo y de mi Consexo, y sobrina de D Diego de Arce y Reinoso, Obispo Ynquisidor Jeneral de mi Consexo de Estado. Nieto de D Juan Antonio de Morales Vro. Abuelo, Poseedor que fue de la Casa y Maiorazgo de Candalixa, y de Dª Ysabel Mesia de Bera Portocarrero, su muxer, dueña de la Casa y Maiorazgo de Casarente, hixa de D Diego de Bera y Mendoza y Dª Sara Portocarrero, su muxer, de las Casas Ylustres de Merida (…) y Dª* ***Baltasara Petronila de Arce, Suarez y Mosquera****, vra.muxer es hixa unica y unibersal heredera de D fernando de Arze, poseedor, que fue, de las Casas de Arze y Garro en el Valle de Carriedo, y de Dª Baltasara Antª Suarez y Mosquera, su muxer, dueña de la Casa y* ***Villa de Bentrazes****, Nogueroa y Cotos de Ginço Texugueiras Higueroa y Rias en el mi Reino de Galizia, la cual fue hixa unica y heredera de D Rodrigo Suarez Sarmiento y Pimentel. Cavº del orden de Santiago, del Consexo y Contaduria maªª de Cuentas y de Dª Estefania Jazinta de Reguera. Dama que fue de la Xptianisima Reina de Francia Dª Ana de Austria, hallandose la dha. dª Baltasara. Vra. Muxer heredera de los seruª del dho D Fernando de Arze su padre, qª me sirvio desde Collegial de Cuença en las plazas de Alcalde, de Hixosdalgo, Oidor de Granada, Fiscal y Consexero de Ordenes, y del de Castilla…"*

80 ARG. RA. 20005/56

81 RIVAS QUINTAS, E. *Notas de Nobiliaria da Alta Arnoia*, en Estudios de Genealogía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia, nº 7, páx.253.

82 ARG. RA 10340/56

83 ARG.RA.17763/73



Sinatura de Diego Mosquera Sarmiento, 1621

O seu tío Diego deixáralle o coto do Viso, o de Meira e as máis partidas de Caxamonde e anexos, e o vínculo que deixou o licenciado Simón Rodríguez con todo o de Pontevedra, e o vínculo e facenda coa **torre e coto de Guimarei**, pero logo tras un acordo co seu irmán Antonio quedouse co de Vigo e con rendas no arcebispado de Santiago. Tiveron un fillo, *Juan Mosquera Villamarín*, que casou con *Leonor de Trelles Villamil*. Antes de morrer e como non tiña descendencia, legou diversos bens nos cotos de Meira e Caxamonde a favor da súa sobriña Antonia, filla de Antonio Mosquera e de María A. Pimentel. Trala súa morte acaecida en abril de 1667, iniciouse un preito[84], pois a viúva obtivo unha sentencia en Madrid a seu favor sobre os bens ou parte deles que deixaba Juan de Villamarín en Meira e Caxamonde, debido a que ela aportara como dote 12.000 ducados e ademais dicía que o seu marido a deixara como herdeira.

4.- *Pedro*. En 1636 era estudante e seu pai deixouno ao coidado dos seus tres irmáns maiores. En 1653 cando seus irmáns Antonio e Rodrigo chegan a un acordo no reparto da herdanza, tanto Pedro como os seus outros irmáns Álvaro e Alonso xa morreran.

5.- *Álvaro*. En 1636 era colexial no colexio de Santa Cruz en Valladolid. Foi do Consello de S.M. e alcalde de Fillosdalgo de Valladolid.

6.- *Alonso*. Foi capitán e morreu antes que seu pai, sendo enterrado na capela de San Antón do mosteiro de San Francisco en Ourense.

Antonio Mosquera Villar Sarmiento de Sotomayor, cabaleiro do hábito da Orde de Alcántara[85] en 1638 e señor das fortalezas de Vilar de Camba (por parte da súa muller), Vilar de Paio Muñiz e de Guimarei e coto do Viso, foi bautizado na parroquia da Santísima Trinidade en Ourense o 29 de xuño de 1589.

Ao morrer a súa nai en 1614, seu pai deixoulle libre a torre e casas de Guimarei para que tomase posesión delas ante o escribán Fernán Alonso de Castro, do pazo de Xerlís: "*Y se paseaba y paseó por las dichas casas y cerró las puertas de ellas con las llaves las cuales en su mano y en su nombre dio y encargó a Jerónima de Bermúdez Hurtado, dueña… para que las tuviese y diese cuenta de ellas*". Tamén lle deixou "*lo que es de Allariz y su contorno, y Taboadela con lo que le toca a la redonda y todo lo de Orense alrededor, todo es de mayorazgo*".

O 19 de xaneiro de 1617 seu pai deulle como dote a mellora de terzo e quinto que se habería de engadir ao morgado da casa de Vilar de Paio Muñiz, xunto coa lexítima materna que lle pertencía a Antonio, ante Gregorio López de Cárdenas para casar con ***Constanza de Lemos e Camba***, filla de *Antonio Yáñez de Novoa e Lemos*, señor da casa e fortaleza de Maceda e Laiosa, e de *Constanza de Lemos e Camba* (ou *Saavedra*)[86]. Constanza era sucesora de

84 ARG.RA. 507/30
85 AHN. OM Cabaleiros Alcántara, Exp.1026
86 ARG.RA. .3370/94

D. García de Camba Ozores e Sotomayor, señor da fortaleza de Seoane de Camba e a súa xurisdición en Rodeiro, trala morte do seu irmán Alonso en abril de 1621. E a nai da noiva, que estaba viúva, na escritura de dote da súa filla tamén fixo mellora de seus bens que se engadirían ao morgado de Vilar de Paio Muñiz en favor do fillo maior (ou filla, se era o caso) que resultase do matrimonio. Porén tanto Pedro como Constanza reservábanse o usufruto dos bens obxecto de mellora. O matrimonio tivo lugar en 1617 e en maio de 1624 tivo lugar o pasamento de Constanza en Pontevedra sen testamento.



Teito de cantería do pazo

Tiveron por filla a *Bernardina Villar Lemos e Camba*,[87] señora da casa de Vilar e o seu morgado e xurisdicións, veciña de Pontevedra, quen casou primeiro co seu tío paterno *Álvaro* e logo en 1639 en Pontevedra con *Rodrigo de Mendoza*, señor de *Vista Alegre e Barrantes*. Máis tarde casou co maestre de campo e cabaleiro de Calatrava *Fadrique Villar e Valladares*, fillo segundo de Gonzalo de Valladares, primeiro vizconde de Fefiñanes, e de María Ozores Silva, da casa de Teanes.

Bernardina tivo un preito en 1638 e un acordo en 1639 co seu pai pois este tiña dereito ao usufruto dos bens da súa esposa en terras de Camba e Paredes. E trala morte do seu pai pediu facer as partillas dos bens tanto da súa nai como de seu pai[88].

87 O avó de Bernardina, Antonio Novoa, señor de Maceda (ás veces dise *Manzaneda*), dono do coto de Asadur, de Villarino del Campo, parte do de Piñeira de Arcos, etc., casou primeiro con *María Moscoso*, filla de Alonso Ordoñez e Brianda das Feixas. Casado con *Constanza de Lemos e Camba* tivo unha filla de igual nome, a nai de Bernardina, quen quedou como herdeira universal trala morte de Antonio Novoa ocorrida en setembro de 1615 e a de seu irmán Alonso en abril de 1621. Antonio Mosquera como pai da súa filla iniciou un preito en 1629 contra a súa tía Aldonza Novoa, señora da fortaleza de Maceda de Limia, casada con Juan de Lanzós, por non pagar 1.000 ducados prometidos, pois Aldonza cobrara unhas rendas que non lle pertencían. O preito proseguiuno (ARG.RA.3370/94) en 1662 contra Bernardina un neto de Aldonza, Bernardino de Lanzós e Novoa, fillo de Alonso de Lanzós, conde de Maceda desde o 30 de agosto de 1654, e de María de Córdoba.
No preito fíxose memorial de bens, onde a diferenza cos memoriais que encontramos dos pazos é notoria: aquí cítanse todo tipo de xoias, armas, colgaduras, gran cantidade de diñeiro en metálico, etc.

88 ARG.RA. 26134/50

Fadrique e Bernardina tiveron polo menos dous fillos: Baltasar e *Gaspara Catalina*, que casou con Pedro Analso de Miranda, se ben estivera polo menos prometida co seu tío Gaspar, o fillo maior de Antonio Mosquera, o seu avó[89].

Antonio logo casou en 1629 con ***María Antonia Pimentel Sotomayor***, nacida en San Martiño da Mezquita o 25 de marzo de 1610.

*María Antonia Pimentel era filla de **Baltasar Sarmiento Pimentel**, señor da vila de Mezquita, e de **Teresa de Sotomayor (Moscoso)**, da casa de Sotomayor, e irmá de Fernán Yáñez de Sotomayor que foi o pai de Dª Francisca Luisa Sotomayor, señora de dita casa, vizcondesa de Creciente e marquesa de Tenorio.*

Baltasar tiña unha tía, María Sarmiento, monxa no convento de Santa Mariña de Cámara na cidade de Zamora e un irmán, Antonio, chantre de Sevilla, quen deixou para a casa máis de 4.000 ducados.

*Teresa de Sotomayor era descendente de **Pedro Madruga**, pois o seu fillo **Álvaro de Sotomayor**, II Conde de Camiña, tivo por filla a **Teresa Sotomayor** que se casou con Fernando de Andrade y Ulloa, sendo pais de **Pedro Sotomayor e Andrade** quen casado con María de Urquijo tivo a dita **Teresa de Sotomayor.***

Baltasar Sarmiento e Teresa de Sotomayor tiveron varios fillos:

1.- Melchor Cadórniga Sarmiento Pimentel, da casa e morgado da vila de Mezquita. Casou con Mª Josefa de Prada e Cadórniga. En 1647 eran pais de dous fillos. Segundo o seu cuñado Antonio, Melchor percibía más de 6.000 ducados anuais, pois tiña rendas na Mezquita, en Prados (Portugal), a sinecura de Valdeciervos, e alcabalas e censos en Viana e en Villardeciervos.

2.- Ana María, casada con Gabriel Afonso de Losada, cabaleiro do hábito de Calatrava.

3.- Francisca Sarmiento, casada con Pedro Montenegro.

4.- Juana Sarmiento, que en 1646 estaba viúva de Duarte Fernández, cabaleiro do hábito de Santiago.

*5.- **María Antonia Pimentel**, obxecto da nosa atención.*

Tras un primeiro compromiso o 26 de novembro de 1628, D. Baltasar Sarmiento o 10 de xaneiro de 1629 ante o escribán Gabriel Jiménez deu poder á súa muller para facer a escritura de dote para a súa filla María. Así o fixo ela o 2 de febreiro de 1629 por cuxa escritura se ofrecían 4.000 ducados a pagar sobre os froitos do morgado dos anos 1630 e 1631. Pero como non tiñan efectivo, o 16 de xaneiro de 1631 tomaron a censo os 4.000, poñendo por fiadores a Melchor Salgado, fillo de Francisco Salgado de Araújo e a outros. Antonio Mosquera tras levar cinco anos sen cobrar demandou[90] en 1643 á súa sogra, xa viúva, e aos seus fiadores esixíndolles ademais 1.000 ducados de intereses dos censos, e que en 1651 serían 1.400. Ante isto Dª Teresa, aínda que aportara 12.000 ducados de dote ao matrimonio, dicía que ela non tiña nada e que vivía en casa de Diego de Prada (¿o seu consogro?), cabaleiro da Orde de Santiago, na xurisdición do Conde de Rivadavia, e que quen debía pagar era seu fillo Melchor por ser o herdeiro. Vendo que non lle pagaban, Antonio pediu para eles a excomuñón e que se lles ameazase cunha "*paulina*" do tenor seguinte:

89 No museo de Pontevedra consérvanse dous escudos que pertencían a esta familia.

90 ARG.RA.511/14

> *"Malditos sean ellos desde la planta del pie hasta la cima de la cabeza. Amén. Malditos sean ellos en el comer y en el beber, vestir y calzar. Amén. Malditos sean ellos y todos aquellos que favor y ayuda les dieren en público y en secreto. Amén. Huérfanos y mendigos antes se vean sus hijos y mujeres viudas. Lagartos y culebras les coman sus tripas y asaduras. Y si muriesen en tal estado no los entierren en sagrado. Sean quemados y abrasados en los infernales el día del Gran Juicio como el traidor de Judas, Amén"*

Noutro preito[91] paralelo dos anos 1640-46 entre Antonio e o seu cuñado Melchor, herdeiro do morgado da Mezquita, Antonio deu unha carta de poder o 14 de outubro de 1641 na *fortaleza de Guimarei* ante o escribán Juan Rodríguez de Leira, para reclamar o dote de 4.000 ducados que se lle prometeu ao casar, pero que non recibiu. O cuñado alegaba que tiña poucos medios, a causa sobre todo da guerra con Portugal e porque tiña moitas obrigacións, e que sen embargo o seu cuñado Antonio era "*el más adinerado de todo el reino*". Pola súa parte Antonio obxectaba que o morgado da Mezquita tiña bens en Sevilla, Torquemada, Ourense, Zamora, Viana, Villar de Ciervos e rendas en Portugal entre outros.

Por outro lado Antonio Mosquera tamén reclamou[92] a seu cuñado os 1.500 ducados que D. Antonio Pimentel, o chantre de Sevilla, deixara para cada unha das súas sobriñas se casaban, xa que se profesaban como monxas entón só lles legaba 1.000 ducados. O preito que tamén empezou sobre 1640 terminou en 1648 a favor de Antonio.

Antonio e María vivían en Pontevedra na casa familiar da praza principal da vila. Aínda hai un escudo, que lle pertenceu, con armas dos Mosquera, Villar, Pimentel, Sotomayor, Camba, Zúñiga e Novoa, hoxe colocado no paramento do Museo Provincial e outro nas ruínas de Santo Domingo que sen dúbida procede da capela de Nosa Señora da Piedade da antiga igrexa de San Bartolomeu, onde había dous sepulcros: "*esta capilla está cerrada con su reja de hierro y en las paredes de ella hay dos nichos y en cada uno un sepulcro de piedra en uno de estos sepulcros hay un letrero que dice así:* 'Aquí yace el licenciado Simón Rodríguez primer fundador y dotador de esta capilla falleció y murió en el año de 1557' *y en medio de dicho sepulcro está un escudo con las armas siguientes: en un cuarto del escudo hay un Castillo que dicen son las armas de los Villares, y en otro cuarto del escudo un león atravesado con una lanza que son las armas de los Rodriguez Suarez y Tangiles, y en otro cuarto del escudo están las armas de los Valladares que son unos escaques dorados en campo rubio, y por la orla del escudo están trece roeles en campo rubio que son las armas de los Sarmientos y dos cruces que son las de los Meiras, y seis roeles en campo azul que son las armas de los Castros, más otros siete escaques azules en campo de oro que son las de los Montaos.- Y en otro nicho de dicha capilla un letrero que dice lo que sigue* 'D. Antonio Mosquera Villar y Pimentel, quinto sucesor de esta capilla y vínculo por cabeza de su madre Dª Luisa Sarmiento, edificó este arco y sepulcro para los huesos de sus sucesores Álvaro Suarez Sarmiento, el canónigo Diego Suárez de Tangil y dª Luisa Sarmiento que está aquí, y también los de Dª Constanza de Lemos, su primera mujer, año de 1639' *y en medio de este sepulcro está un escudo que tiene las armas siguientes: cinco cabezas de lobos que son las armas de los Mosqueras y de la otra parte cinco conchas de oro en campo verde que son las armas de los Pimenteles, tiene más este escudo un castillón con dos medas que son las armas de los Cambas y trece roeles revueltos que son las de los Lemos, y a otra parte las barras blancas y negras que son las de los Sotomayor e a otra parte una cabeza de lobo que son las de los Moscosos todo lo cual consta de los escudos de dicha capilla"*[93].

Continuou un preito[94] que iniciara seu pai en 1595 e que se prolongou polo menos ata 1645 sobre o lugar de Outeiro (comprendía moitas propiedades) en San Salvador de Loña (Ribas de Sil). A cousa complicouse porque en 1632 incorporouse ao preito o mosteiro de Ribas de Sil, dicindo

91 ARG.RA. 1800/27
92 ARG.RA. 3413/98
93 AHN. OM-Cabaleiros de Santiago, Exp.4922.
94 ARG. RA. 3723/28

que esas terras eran súas e presentando un privilexio real do ano 1447 polo que se facía doazón de todas as terras próximas ao mosteiro.

Tivo un preito co seu irmán Rodrigo a causa da herdanza. Tras un primeiro intento de concordia, ao fin chegaron a un arranxo amigable en xullo de 1653 tras ter elixido a uns avogados para que dirimisen as diferenzas que os enfrontaban[95].

Antonio, como "*Administrador General por Su Majestad de la real Fábrica de Salinas del Reino de Galicia y del Principado de Asturias*", xunto coa súa muller fundou e dotou o 31 de marzo de 1655 ante Agustín de Castro a instalación do Colexio da Compañía de Xesús en Pontevedra ofrecendo "*mil ducados anuales de renta situados sobre todo lo libre de juros, salinas y todo lo más, mientras no se le compraren de renta*", cousa que en 1655 estaba tratando en Madrid a través do seu factor. Tamén deixou para o Colexio as bibliotecas que tiña tanto en Guimarei como en Pontevedra, reservando 50 exemplares á elección da súa muller, así como unha dotación anual de 20 ducados para libros e non para outra cousa.



Escudo fachada
San Bartolomeu (PO)

Antonio fixo o seu *último* testamento ante Francisco Rodal o 10 de maio de 1656, onde di que fundou unha capela en Guimarei en advocación de Nª Sra. da Concepción e que en Paredes (Paio Muñiz) edificou unha ermida. Cando morreu en "*uno de los días de mayo de 1656*", foi sepultado[96] na igrexa do Colexio da Compañía de Xesús de Pontevedra, da que era patrón[97].

Antonia, viúva, xunto cos seus fillos realizou o mandato do seu esposo para coa Compañía de Xesús. O 19 de decembro de 1661 cedeu ao Colexio un xuro de 817.933 marabedís de renda situado nas salinas ante Marcos Prego de Montaos.

Morreu Antonia sobre 1664.

Nun preito[98] do ano 1670 dise que Antonio deixou a súa morte: a) *a casa e fortaleza de Guimarei coas súas xurisdicións e rendas*. b) Unha casa na praza principal de Pontevedra, onde tiñan tamén censos e rendas de pan en San Mamede de Moldes, Marcón, en Galiana (Campañó) e Salcedo. c) diñeiro que se pagaba na administración de salinas a D. Melchor Mosquera por importe anual de máis de 30.000 reais. d) fábricas de salinas en Noalla, Grove, Carnota, Betanzos e noutras partes (Arousa, Conchido,...) "*de las que se saca mucho dinero*". E no preito[99] que inicia o seu fillo Gaspar tamén se citan as alcabalas de Lira e Bendaña.

Fillos do matrimonio son:

1.- *Pedro Luís Mosquera Pimentel*, bautizado en Monforte de Lemos o 20 de xullo de 1632 por un crego da Compañía de Xesús, sendo a madriña a súa media-irmá Bernardina Josefa de Lemos e Camba. Morreu de neno.

95 ARG.RA. 1464/45
96 ARG.RA .26134/50
97 Trátase da actual parroquia de San Bartolomeu. Na fachada están os escudos dos Mosquera Villar Sarmiento Sotomayor.
98 ARG.RA. 10315/84
99 ARG.RA. 26134/50

2.- *Francisca Antonia Mosquera Pimentel*, recibiu o bautismo en San Bartolomeu de Pontevedra o 28 de novembro de 1633, sendo os seus padriños Cristóbal Mariño de la Sierra e Antonia de Camudio. Faleceu de nena.

3.- *Baltasar Gregorio Mosquera Pimentel*, recebiu o seu primeiro sacramento en San Bartolomeu o 2 de maio de 1635, sendo os seus padriños Domingo de Villa e Francisca de Aguilar "*pobres de solemnidad*". El e os seus irmáns Gaspar, Melchor e José estudaron en San Xoán de Poio e en Santiago, e logo na Compañía de Xesús en Monforte de Lemos, onde se atopaba en 1646 co seu preceptor e criados. Faleceu adolescente.

4.- *Gaspar Francisco Mosquera Pimentel*, con bautismo en San Bartolomeu o 25 de novembro de 1636, tivo por padriños a dous "*pobres de solemnidad*". En 1646 estudaba en Monforte de Lemos na Compañía de Xesús co seu preceptor e criados. Trala morte de seu pai, Gaspar pediu facer as partillas dos bens libres en 1658.

En Pontevedra o 8 de xuño de 1661 ante o escribán Gaspar Cabral a súa nai "*hizo escritura de mejora del tercio y quinto de todos sus bienes con gravamen de vínculo y mayorazgo perpetuo a favor del Sr. D. Gaspar Mosquera Villar y Pimentel su hijo mayor y señor que es de la dicha casa de Guimarey y su mayorazgo antiguo, por cuya causa y porque al de presente está tratado de que el Dicho Sr. D. Gaspar Mosquera se case con la señora Dª. Gaspara Cathalina de Lemos y Valladares, hija legítima de los señores Maestre de Campo D. Fadrique de Villar y Valladares y Dª Bernardina del Villar y Lemos sus padres". Dita mellora sinálase "en la parte que le toca de las salinas de Noalla y su distrito, Carnota y Betanzos; y más en toda la parte que le toca de los juros que el dicho señor D. Antonio Mosquera su marido compró a su Majestad y están cargados y situados en las salinas de este reino de Galicia especialmente en el que se compró a Castelín de Oria de que están los privilegios en cabeza de dicho señor su marido y asimismo en los juros que tiene sobre el servicio ordinario y extraordinario de la ciudad de Santiago; y asimismo señala dicha mejora sobre los bienes de su dote, y gananciales, y arras, que le ofreció el dicho su marido…" E a cambio debía entregar á súa nai 1.000 ducados anuais para as súas necesidades "durante los largos días de su vida*".

Gaspar, que foi como seu pai cabaleiro da Orde de Alcántara, finou en 1667, polo que, ao reclamar[100] os seus irmáns unhas rendas que lle pertencían, estaban presentes ou representados Melchor, Luís, Antonio e Pedro, todos veciños de Pontevedra, polo que hai que concluír que, ademais de Gaspar, Baltasar e José tamén faleceran.

3.- ***Melchor Mosquera Pimentel de Sotomayor***, recibiu as augas bautismais en San Bartolomeu de Pontevedra o 16 de setembro de 1637.

"Caballero de la Orden de Santiago" o 21 de febreiro de 1667, nese mesmo ano tivo lugar o óbito de seu irmán Gaspar e do seu curmán Juan Mosquera Villamarín, polo que herdou o vínculo familiar.

En 1670 estaba en Madrid cando preiteou[101] co seu irmán Luís. Foi Administrador Xeral da Fábrica de Salinas, "*Mayordomo de su A. el serenísimo señor D. Juan de Austria*", e en 1678 era "*poder habiente de la Junta del Reino de Galicia para las diligencias por el patronato único del Apóstol Santiago*"[102] e deputado de Santiago na Corte. Tras ser deputado en 1677-79, demandou[103] á "*Justicia y Regimiento de Santiago*" esixindo a paga dos seus servizos, pois a cidade de Santiago lle dera poderes para resolver certas cuestións de impostos na Corte, que ao parecer non resultaron satisfactorios.

100 ARG. RA. 10766/101
101 ARG. RA. 10315/84.
102 FERNANDEZ-VILLAMIL ALEGRE, E. *Actas de la Junta del Reino de Galicia*, ed. Instituto de Estudios Políticos, 1962
103 ARG.RA. 10762/31

Como sucesor de Pedro Mosquera Pimentel, tiña en foro unhas casas coas súas hortas na praza do Ferro na cidade de Ourense, de aí que en 1684 tivo un preito,[104] sendo representado polo seu administrador de Guimarei.

Casou dúas veces, a primeira con ***María de San Vitores Carrillo de Mendoza***, filla de *José de San Vítores de la Portilla*, alcalde maior de Burgos, procurador en Cortes, vizconde de Cabra do Santo Cristo, marqués da Rambla e correxedor de Jaén e de Jerez de la Frontera, e de *Ana Garcés Carrillo de Mendoza*, filla dos condes de Priego, e neta por vía paterna de *Gerónimo de San Vítores* e de *Francisca Alonso Maluenda.*

De María San Vítores tivo dous fillos, **Antonio Miguel Diego Mosquera San Vitores**, (*ver I Marqués de Guimarei, páx. 43*) e *Luis Diego*, bautizado por Pedro de Vera e Moscoso en San Bartolomeu o 7 de outubro de 1674, sendo o seu padriño in solidum Pedro Mosquera, o seu tío.

Casou logo con *María Josefa de la Mata*[105].

Ante as dificultades económicas que tiña o Colexio da Compañía por non poder cobrar todo o xuro que se lle cedera, o 16 de setembro de 1692 Melchor tras unhas disputas deu ao Colexio os beneficios de San Xoán de Santeles e San Estevo de Lagartóns, ademais de 300 ducados de renda situados na Fábrica de Salinas.

O 21 de xaneiro de 1693 entraron na súa casa de Paio Muñiz, pois estaba illada e deshabitada, e roubáronlle todo o seu arquivo e intentaron prender lume á casa. De aí que tivo que pedir ante a Xustiza facer novos documentos das súas propiedades, polo que se puxo en contacto con todos os arrendatarios que normalmente non puxeron reparos. Nese preito[106], de gran interese toponímico, detállanse minuciosamente todas as propiedades que lle pertencían nas freguesías de Vilar de Paio Muñiz, Parderrubias, San Mamede de Vilas, San Miguel de Cañedo, Allariz, Ourense, etc., se ben será o seu fillo Antonio Miguel (ou Michael, como aparece moitas veces) o que vai rematar dito preito. En efecto, o 1 de xuño de 1702 Melchor emancipou a seu fillo dándolle a propiedade dos bens de Vilar de Paio Muñiz así como as salinas do Grove.

4.- *José Antonio*, que foi bautizado en San Bartolomeu o 7 de abril de 1639. En 1646 estudaba en Monforte de Lemos na Compañía de Xesús. Cando morreu seu irmán Gaspar en 1667, non se cita como herdeiro, polo que hai que supoñer que xa morrera.

5.- *Antonia Luisa Pimentel de Sotomaior*. Seu pai deixoulle ademais da lexítima mil ducados "*para una joya, por lo mucho que la quiero*". En 1658 xa estaba casada co maestre de campo *Benito Mariño de Lobera (ou Ulloa)* sarxento maior en Vigo, fillo do capitán de cabalos Cristóbal Mariño de Lobera, natural de Pontevedra, e de Teresa de Balboa e Andrade, natural de Cambados.

Benito tivo un preito[107] en 1670 a causa dos cotos de Meira e Caxamonde, que foron de Juan de Vilamarín, veciño e rexedor de Ourense, onde se di que estivo 16 anos no exército primeiro de soldado, logo capitán e maestre de campo dun terzo de infantería, estando na toma das prazas de Salvatierra, Monção e Capela. Benito o 20 de marzo de 1671 estaba no castelo de San Antón (A Coruña).

104 ARG.RA. 2714/58

105 CARDENAS PIERA, E. *Memoriales de títulos nobiliarios e hidalgos para obtener facultad y consignar renta e viudedad*. ed. Hidalguía, Madrid, 1989

106 ARG.RA. 24033/85

107 ARG.RA. 507/30

O seu fillo Juan Antonio Mariño de Lobera foi cabaleiro de Santiago[108] en 1668.

6.- O capitán ***Luis María Mosquera Pimentel de Sotomayor***, bautizado en Guimarei o 14 de setembro de 1642, casou en Pontevedra o 18 de xaneiro de 1668 con ***Leonor de Vera e Mendoza***, nacida en Rianxo o 27 de setembro de 1648, filla única de Pedro de Vera, alcalde de Pontevedra e en 1650 de Noia, e de María Mendoza, natural de Noia. Tamén Luís foi alcalde, reconstrutor da ponte do Burgo en 1674 e xuíz ordinario nomeado polo arcebispo Monroy en 1689.

En 1694 fixeron apeo ante o escribán Francisco A. López Fariña de moitos das rendas que aportaba Dª Leonor por herdanza de seus pais. Tais bens estaban repartidos nas parroquias de Sto. Tomé de Piñeiro, Lourizán, Vilaboa, Bértola, Tomeza, Marcón, Mourente, Almofrei, Tenorio, Viascón, San Xurxo de Sacos, Sta. María de Sacos, Rebordelo, Alba, Campañó, Romai, e contorna e vila de Pontevedra. Estas rendas serán cuestionadas ao longo do tempo, tendo que litigar por elas o seu fillo Gaspar, seu neto Luís, e súa bisneta Mª Josefa Mosquera de Novales.

Luís preiteou[109] contra seu irmán Melchor pola herdanza, onde se cita como testemuña á súa media-irmá Bernardina Villar Lemos e Camba.



Torre e vista posterior do pazo de Guimarei

108 AHN. OM-Expendientiños, N. 4007
109 ARG.RA. 10315/84

Tiveron numerosa prole, bautizados todos na parroquia de San Bartolomeu:

A) *María Manuela Mosquera de Vera*, bautizada o 9 de xaneiro de 1669, sendo os seus padriños Pedro de Vera e Inés de Mendoza Sotomayor.
B) *Sebastiana Josefa Mosquera de Vera*, bautizada o 26 de xaneiro de 1670.
C) *Cristóbal Francisco Mosquera de Vera*, con bautismo o 9 de agosto de 1671, sendo seu padriño Pedro de Vera y Moscoso. Faleceu seguramente de neno.
D) *Francisca Antonia Mosquera de Vera*, bautizada o 12 de novembro de 1672, sendo os padriños os seus tíos Benito Mariño de Lobera e Antonia Pimentel. Foi monxa.
E) *Gaspar Antonio Mosquera de Vera*, recibiu o bautismo o 12 de abril de 1674, foi capitán de granadeiros en Santiago e rexedor de Ourense, así como xuíz en Pontevedra e seu alcalde ordinario, sendo el quen en 1714 inaugurou o colexio da Compañía de Xesús, fundado polo seu avó. En 1715 herdou a casa de Bentraces tras vencer nun preito[110] a Andrés de Temes. En Xirasga (Beariz) tiña unha neveira[111] chamada de Santo Domingo, para aprovisonarse de xeo no verán, pois producía cen cargas de neve.

Casou con *María Teresa de Aranda e Mendoza*, 2ª marquesa de Aranda, filla de Josefa Basadre Mendoza (1664-1725) e de Francisco Aranda Quintanilla, 1º marqués de Aranda, alcalde Maior da Audiencia de Galicia (1687-1690), conselleiro de Indias en 1697 e segundo presidente da Xunta do Reino de Galicia en 1714.

Gaspar e Mª Teresa xeraron a:

a) - *Antonio Suarez de Tangil Mosquera Pimentel e Sotomayor*, que chegou a ser "*dueño y señor del palacio de Bentraces, torre de Figueiroa con sus jurisdicciones y de las de Pías, Jinzo, Figueiras, Losende y Sanguñedo*" (segundo a partida de casamento), e que casou na parroquia compostelá de Salomé o 22 de xullo de 1764 con *Mª Josefa Pardo de Ribero y Sarmiento*, filla de Juan Pardo de Ribero Pumariño Guzmán e de Benita Antonia Sarmiento Mariño de Lobera, "*donos da casa de Pumariño e de Codesido, patróns do convento da Purísima Concepción de la villa del Ribero.*"
b) **Luís Francisco III marqués de Guimarei**, (que segue)
c) ***Manuel Mosquera e Aranda***, (1730-1790), veciño de Pontevedra, tenente de navío e dono da casa da Hermida e señor de Xinzo, Pías, Figueroa, Cantoña, Teixueiras, Sanguñedo e Tosende entre outras, ao morrer a súa muller, *Josefa Arias Teijeiro y Ulloa*, filla de Enrique Arias Conde e de Luisa Mendoza e Lemos, da casa da Hermida.

O **pazo de Bentraces** pertenceu a Manuel, posiblemente trala morte do seu irmán Antonio, e a seus sucesores da maneira seguinte:

A Manuel Mosquera sucedeulle o seu fillo ***Gonzalo Mosquera Aranda*** (Pontevedra, 11/1/1775- A Coruña 5/11/1836), coronel de Milicias Provinciais, que casou en 1800 con *Joaquina de Ribera e Pardo Osorio*[112] (A Coruña 1805-4/6/1849, con testamento ante Agustín Rey Bermúdez España), filla de Diego e de Teresa Vicenta, señores das casas de Cañás, Baldomir e outras. Vivían na cidade vella da Coruña, trasladándose en 1816 á rúa Tabernas, nº 22, á casa onde vivira a marquesa de Viance, Ana Ramona

110 Referencias en ARG.RA. 1464/45, pero dá máis datos VALGOMA, o.c.
111 Arquivo Xeral de Simancas,DGR,1RE,1181,13
112 "Pequena e regordeta… era a criatura máis bondadosa que existía, aínda que prominentemente boba". Cfr. "*La trágica muerte de Joaquina Mosquera Ribera, abuela de Doña Emilia. Un secreto familiar desvelado*" en La Tribuna. Cadernos de Estudos da casa-museo Emilia Pardo Bazán, nº 8, páx. 17

Savedra. A súa filla *Luisa Mosquera Ribera*[113] casou[114] en 1823 na Coruña con *Nicolás de Muzquiz Chaves*, fillo do 1º conde de Torre-Muzquiz Luis Antonio de Muzquiz Aldunate e de Mª Josefa Martin de Chaves, e sobriño do arcebispo de Santiago. O seu fillo *Luís Muzquiz Mosquera*, nacido sobre 1830, foi avogado fiscal da Audiencia Territorial de Cáceres, tenente Fiscal da Audiencia de Burgos, e logo Presidente da Audiencia de Vitoria. Casou con *Rita de Tejada*, e tivo por filla a *María Concepción Muzquiz de Tejada*, IV condesa de Torremuzquiz e señora da vila de Bentraces, quen casou con Severo de Aguirre Miramón e Elósegui, inspector xeral do Corpo de Enxeñeiros de Montes e senador do Reino. Foron seus fillos: *María Luisa* e *José Manuel de Aguirre Miramón e Muzquiz*, V conde de Torremuzquiz. Este casou con *Aurelia de Aguirre e Fernández-Mediavilla*. Logo a comezos do século XX o pazo é adquirido pola familia de Leopoldo González. Agora está dedicado a hotel de turismo rural e banquetes de voda.

d) *Francisca Javiera Mosquera e Aranda*, que casou o 28 de xuño de 1755 con Francisco Javier Quiroga Losada, fillo de Pedro Quiroga Losada e de María Jacoba Lobera Saavedra, veciños de Villafranca do Bierzo.
e) *Ana Josefa Mosquera e Aranda* que casou o 15 de agosto de 1744 co fidalgo do rei de Portugal D. Leonel de Abreu Lima e Noroña (actuando como o seu apoderado o Marqués de Sierra, D. Fernando Pablo Mariño de Lobera)
f) *Mª Teresa Mosquera e Aranda*, que casou o mesmo día que a súa irmá co fidalgo do rei de Portugal D. Diego de Moura Coutiño.

F) *Pedro Luis Mosquera de Vera*, bautizado o 8 de novembro de 1675 e de padriños Juan del Castillo, "gobernador de las armas de este reino", e Josefa de Oca.
G) *Ana Teresa Micaela Mosquera de Vera*, bautizada o 14 de novembro de 1678, sendo seus padriños Antonio Miguel Mosquera e a súa nai María San Vítores.
H) *José Ignacio Mosquera de Vera*, bautizado o 13 de febreiro de 1680, tendo por padriño Cristóbal Mosquera Pimentel.
I) *Josefa Eusebia Mosquera de Vera*, bautizada o 31 de decembro de 1682, sendo os seus padriños Juan Antonio de Vera e Mª Luisa de Vega e Mendoza.
J) *Rosa Teresa Luisa Mosquera de Vera*, bautizada o 17 de abril de 1684, tendo por padriños a seus irmáns Gaspar e María Manuela.
K) *Bernardo Mosquera de Vera*, recibiu o bautismo o 13 de outubro de 1686, sendo o padriño o licenciado Domingo de Gando. Foi sarxento maior reformado do rexemento de Mariña, ingresando na Orde de Calatrava[115] o 20 de abril de 1717. Tamén alcanzou a encomenda de Piedrabuena.

113 Irmás de Luisa eran Mª del Carmen, que casou con José Mª Bermúdez de Castro, señor das casa e fortalezas de Xeve, Gondar, Misericordia, etc., e Joaquina, bautizada o 24/4/1805 e que casou na Coruña o 13/12/1821 con Miguel **Pardo Bazán** (Cambados, 5/8/1805 - Coruña, 9/1/1839), sendo os avós paternos da condesa Emilia Pardo Bazán

114 As capitulacións matrimoniais tiveron lugar o 16/11/1823. O pai de Nicolás ofrecía acollelos na súa casa e, de non querer, daríalle 2.000 ducados anuais. Cando morresen o pai ou a nai da noiva, ela sería a sucesora dos morgados, polo que Nicolás daría en cada ocasión 10.000 ducados a cada irmá da noiva, por todos os dereitos á herdanza, se ben logo había de descontarse o que recibira cada irmá como dote.(ANC. Protocolos de Agustín Rey Bermúdez España).

115 AHN. OM-Cabaleiros Calatrava, Exp.1736



Placas da fachada posterior do pazo

7.- *Pedro Mosquera Pimentel de Sotomayor*, bautizado en Guimarei o 14 de setembro de 1642, foi nomeado o 4 de marzo de 1678 visitador das minas e tesouros do reino de Galicia, en sucesión de seu irmán Melchor, que fora nomeado en 1672. Tamén foi Gran Prior de Castela na Orde de San Xoán e se lle entregou o título de Marqués de Guimarei en 1716, que cedeu a seu sobriño Antonio Micael Mosquera Villar San Vítores (Cfr. *I marqués de Guimarei, a continuación*).

8.- *Antonio Jacinto Mosquera Pimentel de Sotomayor*, que casou con *Juana de Caamaño e Valladares*, señora de Nebra, filla de Juan de Caamaño Sotomayor e de Antonia Valladares Sarmiento e Ozores, filla dos condes Fefiñanes. Fixo testamento en 1693 e foi enterrado na igrexa parroquial de Noia xunto á súa esposa. Con sucesión: Juan Antonio, Mª Tomasa e Benita Antonia[116].

VI.- O marquesado de Guimarei

O marquesado de Guimarei foi outorgado a Pedro Mosquera e Pimentel de Sotomayor, porén o primeiro titular foi seu sobriño.

O **I marqués de Guimarei** foi *D. Antonio Miguel Diego Mosquera San Vitores*, que foi bautizado en san Bartolomeu o 19 de maio de 1672, fillo de Melchor Mosquera e Pimentel e da súa esposa María San Vítores Carrillo de Mendoza.

Tratou de casarse coa filla de *Jacinto Gregorio de Pazos Figueroa e Sotomayor*, señor das Torres de Oca, e de *María de Prado e Estrada*, da casa de Torre de Friol (Lugo), polo que seu pai lle prometeu mediante escritura os bens pertencentes á casa de Villar de Paio Muñiz, sen embargo non chegou a casarse. De aí que foi en 1702 cando seu pai lle deu eses bens por escritura ante Juan Ambrosio Montenegro de Sotomayor, escribán da xurisdición de Vea.

116 ACUÑA RUBIO, C., o.c.

Casou con *María Teresa de Cadórniga e Strata, Sarmiento, Sotomayor, Pimentel, Garcés de Mendoza*, señora da Mezquita e filla da marquesa de Robledo. Este matrimonio foi concertado entre seu pai Melchor e unha tía de María Teresa, a condesa *De La Fuente,* quen recibiría unha substanciosa compensación económica. María Teresa, que tiña 12 anos, non quería casar e non chegou a consumar o matrimonio, polo que pouco despois pediu a nulidade matrimonial "*por defecto notorio de su voluntad*".

Finalmente casou con *Mariana Alvarez de Andrade e Pardo de Figueroa*, filla de Pedro Álvarez de Reinoso e Argiz, señor da casa e fortaleza de Quindós, e de Francisca Ventura Pardo de Andrade e Figueroa (1688-1717), I marquesa de San Sadurniño e vizcondesa de Cerdido.

Mariana por parte de pai descendía de Pedro Álvarez de la Cruz e Argiz*, fillo de Juan de la Cruz e de María Rodríguez, que fixo mellora, vínculo e morgado*[117] *no lugar de Freixendo e que en 1636 volveu a facer mellora dos seus bens e da súa muller, cun xuro de viño nas freguesías de Mugares, San Bartolomeu de Alongos e outras, que recibira por testamento do seu fillo Rodrigo, que foi cóengo en Ourense. Pedro, casado con Inés Pungín, tivo dous fillos: Francisco* (que segue) *e Rodrigo.*

Francisco Álvarez de la Cruz e Argiz *casou con Antonia Reinoso e Gaioso*, *que era de Monterroso, sendo os pais de* Pedro Álvarez Reinoso, *que casou con* Francisca Ventura Pardo de Andrade, *pais entre outros de MARIANA.*

Por parte materna, remontámonos a Fernando de Andrade[118]*, que solicitou licenza de S.M. a raíña Juana o 15 de xuño de 1515 para facer vínculo e morgado dos seus bens. Casou dúas veces tendo doce fillos da súa primeira esposa e cinco da segunda. Da súa primeira muller,* Inés de Castro *(a segunda chamábase Berenguela) tivo como primoxénito a* Juan Freire de Andrade*, a quen no seu testamento do 17 de maio de 1526 nomeou como sucesor no vínculo e morgado do seus bens e casares de San Sadurniño coa súa xurisdición e vasalaxe, así como do coto de Cerdido e da parte que tiña nos cotos de Ferreira, Losada, San Martiño de Piño, etc.*

Juan Freire de Andrade casou con María Losada (ou Valcárcel) *e no seu testamento de 1554 engadiu as sinecuras e beneficios de Santa María de Regua, Santo André de Teixido e outros, con gravame de misas no convento de santo Domingo do coto de San Sadurniño. Juan tivo dous fillos:* Pedro (que segue) e Luís*, que foi señor do coto de Buzmayor, casou con Antonia Osorio, tivo descendencia e morreu en setembro de 1571 en Villafranca, de onde eran os seus sogros.*

Pedro de Andrade *casou con* María Osorio *e tiveron por fillos a Antonio, que morreu sen sucesión, e a* Diego Osorio*, quen casou con* Mariana de Arrojo e Valcárcel*. Mariana en 1615 preiteou co bispado de Mondoñedo polo vasalaxe do coto das Somozas e fixo testamento en 1634 deixando por herdeiros a seu marido e a seu fillo maior* Pedro de Andrade Bermúdez de Castro*. Este casou con* Francisca Pardo Figueroa*, e foron pais de Diego, Mariana, Josefa, Bernardino, José (casado e sen sucesión), Catalina, María, Francisca, Ana Antonia e* Francisca Ventura (que segue)*, que vai herdar de seus irmáns ao morrer estes sen sucesión. Pedro de Andrade faleceu en 1652, e o primoxénito, Diego, en 1655, polo que o 28 de agosto de 1655 fíxose o memorial dos bens.*

117 ARG.RA. 1827/58
118 ARG.RA. 1827/58

Francisca Ventura Pardo de Andrade casou con Pedro Álvarez Reinoso, que foi o I marqués de San Sadurniño, tendo varios fillos, entre eles:

1.- Pedro Francisco, único varón, que morreu en setembro de 1730 sen descendencia, polo que os seus dous sobriños José Jacinto Quindós, fillo de Rosa María, e José Mosquera Sotomayor, fillo de Mariana, iniciaron un preito polo morgado de San Sadurniño.

2.- Rosa María, a maior das irmás e polo tanto herdeira do vínculo trala morte de seu irmán, casou con Álvaro de Quindós Bolaño. Tiveron a José Jacinto Quindós Andrade e Figueroa, II marqués de San Sadurniño, casado con Josefa Cayetana Pardo de Moscoso, V Señora de Baltar, filla de Pedro Pardo de Andrade, IV Señor de Baltar, e de Mª Antonia de Cora e Moscoso. Con descendencia.

3.- María Andrea, monxa en san Paio de Antealtares.

4.- MARIANA, *obxecto desta digresión.*

En 1705 Antonio Miguel Mosquera, que vivía en Betanzos, era rexedor perpetuo e máis antigo da cidade de Ourense e patrón da capela do Espírito Santo sita en Allariz. Para a administración dos seus bens na comarca de Paio Muñiz tiña como "poder habiente" ao escribán do coto de Paio Muñiz o señor Nicolás Gómez Suárez. Como seu pai don Melchor, arrendara en 1699 por seis anos a un veciño de Ourense uns vasalaxes por 6.500 reais anuais, Antonio en xullo de 1704 reclamou a súa finalización, o que provocou un preito[119] a causa dun malentendido, aínda que "*cualquier persona con buena intención lo entiende*": As rendas pagábanse a posteriori, polo que as rendas de 1704 pagábanse en xaneiro de 1705, e resulta que Antonio pretendía cobrar as rendas de 1704 que en realidade pertencían ao veciño ourensán.

Neste ano volveuse tolo polo que se fixo cargo da administración a súa muller, ata que ela morreu sobre o 1 de marzo de 1713, data en que a súa sogra Francisca Ventura tomou as rendas ata a súa morte en 1717, se ben para levar a administración da casa e torre de Guimarei delegara no presbítero don Ignacio Pastoriza. Logo a partir de do 24 de febreiro de 1724 foi seu fillo –que ata ese momento tiña como titor ad litem a Pedro Teijeiro cura de San Breixo de Queiroás– quen obtivo da Xustiza poder para administrar os bens do morgado a pesar de que aínda non cumprira os 20 anos. Por iso será seu fillo José Antonio o que inicia en 1728 un preito contra S.M. para liberarse da paga de "lanzas e media anata", é dicir, do imposto que gravaba o nomeamento do título de marqués de Guimarei[120].

Faleceu aos cincuenta e oito anos o 22 de xaneiro de 1730 e foi sepultado na capela maior de Guimarei coa asistencia de 48 sacerdotes. Sen testamento, deixou sucesor o morgado a seu único fillo:

O **II marqués de Guimarei** foi ***Jose Antonio Mosquera Sotomayor***, que naceu en Betanzos o 27 de xullo de 1705, onde foi bautizado na igrexa de Santiago dous días despois cos nomes de *José Antonio Caetano Francisco Pantaleón Melchor Ignacio Ramón* tendo por padriño a Álvaro de Quindós, que estaba casado coa tía do bautizado, Rosa María, e por madriña á súa avoa materna.

Viviu habitualmente na súa casa torre de Guimarei, aínda que tiña propiedades en Pontevedra e Ourense. No Catastro do Marqués de Ensenada cítase como dono do muíño de Louzán alias Levoso no lugar de Campos, que tiña aforado por 12 ferrados de centeo e millo e un par de capóns; e tamén se di que podía elixir ao mordomo pedáneo.

119 ARG.RA. 8594/19

120 AHUS. Protocolos de Domingo A. Gutiérrez, 20/2/1728.

O marqués, a quen lle gustaba levantarse tarde segundo os veciños (despois das oito da mañá), parece un señor débil de carácter, segundo se deduce polo seu modo de actuar e mesmo, grafoloxicamente, pola súa firma. Trala morte de seu pai moitas das rendas pertencentes ao marquesado deixaron de cobrarse durante toda a súa vida. Ademais sempre se negou a tratar coa Xustiza, non só se era demandado, senón tamén cando se lle pedía que se presentase para defender as súas propiedades[121].

Así cando o conde de San Juan en 1755 lle reclamou saldar un préstamo de 18.000 reais, deixou que lle embargaran diversas rendas sen querer recibir aos executores xudiciais, aínda que finalmente liquidou a débeda e os gastos cunha xoia, "*un petillo de dama de oro cubierto de varias chispas de diamantes y piedras de hesmeralda, su valor a parecer del que responde, de veinte y quatro a veinte y seis mil reales*"[122].

Sen embargo, cando morreu seu tío Pedro Francisco Álvarez Reinoso, iniciou un preito[123] contra o novo marqués de San Sadurniño, José Jacinto Quindós Andrade e Figueroa, reclamando primeiro o morgado de San Sadurniño e logo os seus dereitos que lle correspondían pola súa nai, ao mesmo tempo que reclamaba as xoias maternas xa que a súa avoa se quedara con elas. Chegaron a un acordo firmado o 19 de setembro de 1732 en Ferrol ante o escribán Pedro López, contentándose José Antonio coas xoias da súa nai e avoa, unha terceira parte da prata labrada, 83.685 reais que se lle debía pola expropiación feita en 1719 das salinas, 18.333 reais que pagaba de censo o marqués de Relas e os bens de Freixendo, se ben estes bens reverterían na casa de San Sadurniño se José Antonio morría sen sucesión.

José Antonio morreu, asasinado segundo tradición oral, o 5 de marzo de 1758. Achouse o seu corpo na "*congostra do Souto*", no herbal próximo ás casas da aldea da Torre. Enterrouse ao día seguinte na capela maior, ao lado da epístola, da igrexa de Guimarei nunha das sepulturas que tiña alí a "*casa de la torre*".

Ao non ter descendencia e morrer sen testamento, nos bens de vínculo e morgado sucedeulle o seu curmán Luís Francisco, pero dos bens libres pasaron á súa tía materna Mª Andrea Pardo, monxa en S. Paio de Antealtares, que llos cedeu a súa sobriña Josefa Cayetana, viúva do marqués de San Sadurniño Pedro Francisco Álvarez, e ás dúas fillas desta, Josefa e María Antonia. Pero Josefa Cayetana en 1758 presentou unha reclamación xudicial[124] e trala súa morte[125] en xaneiro de 1762, os fillos (José Javier, o vínculeiro, Juan, Pedro e as dúas irmás xa citadas) seguiron o preito e foron compensados en 1771, recibindo unha cantidade en concepto de herdanza e gastos de xuízo.

O **III marqués de Guimarei** e de Aranda foi ***Luis Francisco Mosquera e Aranda***, fillo de *Gaspar Mosquera Vera* e de *Teresa de Aranda Basadre*, segunda marquesa de Aranda de Quintanilla, filla de *Francisco Aranda Quintanilla* (1649-1724), e de *Josefa Jacoba Antonia Basadre*[126] *e Mendoza Abraldes* (1664-1725). Foi bautizado en San Bartolomeu en Pontevedra o 17 de agosto de 1719. Estudou na Universidade de Oviedo e de Ávila e foi Cabaleiro da Orde de Carlos III.

121 ARG.RA. 1294/9

122 ARG.RA.1266/25

123 ARG.RA. 1827/58

124 Neste preito, ARG. RA 1464/45, faise unha verdadeira historia da familia aportando os testamentos principais desde Simón Rodríguez en 1555 ata ese momento.

125 Outorgou testamento o 19/5/1747 ante Juan Antonio Montero de Luaces e un codicilo o 5 de xaneiro de 1762 ante Diego Clemente Toledo. (Cfr. ANC. Protoc. José Benavides, 26/6/1763)

126 Os fundadores do morgado dos Basadre teñen a súa sepultura e escudo na capela do Bon Xesús en San Fiz de Solovio, edificada en 1626.

En 1758 cando herdou o marquesado e os bens do seu curmán José Antonio, o II marqués de Guimarei, Luís Francisco era do Consello de S.M. fiscal na Real Audiencia de México. De aí que fose seu irmán Antonio, veciño de Pontevedra, quen o representou, pois antes de embarcar para América déralle un poder feito en Cádiz.

Nese momento seguíase falando da "*casa y torre de Guimarei*", pois o pazo actual seguramente foi mandado facer poucos anos despois por Luís Francisco como signo de poder e para vivenda do seu mordomo. De feito ningún dos seguintes marqueses viviu en Guimarei nin sequera temporalmente.

Luís Francisco casou con ***Francisca de Paula Moscoso Baena***, marquesa de Aranda (en 1795 estaba viúva)[127], filla dos condes de Carpio. Tiveron polo menos tres fillos: **Mariano** (que segue), Luís e Manuela.

O **IV marqués de Guimarei** e de Aranda foi ***Mariano Rafael Mosquera Moscoso***, nacido en 1773. Outorgou testamento ante Francisco Fariña e foi sepultado na igrexa pontevedresa de San Bartolomeu o 26 de xullo de 1800. Sen sucesión.

O **V marqués de Guimarei** e de Aranda foi o seu irmán ***Luis Francisco de Paula Mosquera Quintanilla Moscoso e Baena***, nacido en 1774, que chegou a tenente coronel, e casou con ***Mª Rafaela Novales e Trelles***.

Para levar os asuntos de Guimarei tiñan como administrador a Pedro Andrés García, que vivía en Pontevedra. Como dito mordomo pretendeu que os rendeiros lle pagaran en Pontevedra e a prezos da capital, que eran superiores aos que había na xurisdición de Tabeirós, os rendeiros promoveron un preito[128] en 1809. Dito preito orixinou outro semellante que leva acabo a súa filla Josefa Mosquera e non se resolverá ata 1835. Os bens aforados estaban en Santo Tomé de Piñeiro, Lourizán, Vilaboa, Bértola, Tomeza, Marcón, Almofrei, Tenorio, Viascón, San Xurxo de Sacos, Santa María de Sacos, Rebordelo, Carballedo, Berducido, Alba, Campañó, Romai e Pontevedra. Todos estes bens, dos que se fixera apeo en 1694, eran da herdanza de *Leonor de Vera e Mendoza*, como xa vimos.

O matrimonio faleceu en Madrid antes de marzo de 1818. Tivo dous fillos: *José María* (que finou antes que seus pais) e ***Josefa Mosquera Novales***. Os dous eran menores á morte de seus pais[129], polo que vai ser o seu titor legal D. Gonzalo Mosquera e Aranda (o outro titor, Ramón Gímenez de Velasco, renunciou), por desexo testamentario de Luís Francisco ante o escribán militar Custodio Enríquez. Gonzalo puxo como fianzas os seus bens vinculares e libres, que tiña en Bentraces, Castillones (Pantón), S. Salvador de Pazos (Bergantiños) e Santa Eulalia de Cañás (Betanzos), sendo valorados os bens libres en 522.000 reais[130].

A **VI marquesa de Guimarei** e VII marquesa de Aranda, Vizcondesa de Quintanilla, dona dos vínculos e morgados dos Vera e Mendoza, de Guimarei, das torres de Cereixo, de Merca e outras, "*y residente de recreo en la parroquia de Sta. Mª de Guísamo*"[131] chamábase ***Josefa Mosquera Novales*** quen, nacida o 19 de abril de 1814 en Madrid, contraeu matrimonio o 12

127 ARG. RA. 1313/30
128 ARG. RA. 5348/33
129 ARG. RA. 12072/20
130 ANC Protocolos de Agustín Rey Bermúdez, ano 1821.
131 ARG. RA 23.934/4

de setembro de 1827 na capela do pazo de Baldomir (Bergondo) con ***Juan Ozores Valderrama***[132], que logo sería o cuarto señor da casa de Rubiáns, con Grandeza de España que fora concedida en 1761.

Juan, nacido en Santiago o 1 de decembro de 1809, era fillo de José Ramón Ozores e Calo de Villafañe, cabaleiro maestrante da Real Orde de Granada, coronel en Compostela e dono da casa do Rial, Torreblanca e outras. Foi presidente do Senado o 30 de outubro de 1851 e logo senador vitalicio. Foi tamén presidente do Consello de Administración da compañía concesionaria do primeiro ferrocarril galego, que inicialmente se denominaba "*Ferrocarril Compostelano de la Infanta Dña. Isabel*", que unía a antiga estación de Santiago (Cornes) coa antiga de Vilagarcía (Carril), e que se inaugurou o 15 de setembro de 1873. Precisamente en Vilagarcía hai unha rúa que estivo dedicada á súa persoa, aínda que agora se lle chama a rúa da Baldosa, polo seu peculiar chan.

Josefa tivo como titor a seu tío Gonzalo Mosquera. A marquesa faleceu o 26 de maio de 1835 en Santiago e o seu marido , que otorgou testamento en 1849 e codicilo en 1860 ante Manuel Felipe González, o 13 de xullo de 1870 en Lugo, se ben tamén foi sepultado en Santiago. Froito do matrimonio foron:

1.- *María del Carmen Ozores Mosquera*, nacida en Santiago en 1829, casou en 1850 con Vicente Pablo Calderón e Oreiro, conde de San Juan.

2.-***Jacobo Ozores Mosquera*** *(que segue)*,

3.- *Luís José Ozores Mosquera*, nacido en 1831, finou de neno.

4.- *Concepción Ozores Mosquera*, veu a luz en 1848 e casou co seu curmán José María Prado e Ozores, segundo marqués de San Martín de Hombreiro, fillo do rexedor de Lugo don José Mª Prado e Neira, marqués de San Martín de Hombreiro, e de Ramona Ozores Valderrama.

5.- *Felisa Joaquina Mª Mercedes Ozores Mosquera*, bautizada na Coruña o 24 de setembro de 1834, uniuse en matrimonio en 1869 con Manuel Aguirre de Tejada O'Neal e Eulate (Ferrol, 28/12/1827- Madrid, 9/4/1911), 1º conde de Tejada de Valdosera en 1875, avogado, político e ministro.



Cara oeste e sur da torre

O **VII marqués de Guimarei** e de Aranda foi ***Jacobo Ozores Mosquera***, nacido en Santiago o 18 de outubro de 1830, e que casou con *Corina Saavedra Cueto*, nacida o 28 de decembro de 1833 en Villanueva de la Sagra (Toledo), filla dos duques de Rivas don Ángel María Saavedra Ramírez de Baquedano (Córdoba, 1791-Madrid, 1865) e María de la Encarnación Cueto Ortega (Sevilla, 1806 - Madrid, 1885).

En 1851 reclamou ante o Estado a metade dos desmos de Santa Eulalia de Tines, que lle correspondían, polo que se liquidou a seu favor[133].

Jacobo, que estudou Dereito na Universidade Central entre 1847 e 1855, foi elixido senador en Cortes o 13 de abril de 1867. Tiña bens no só en Pontevedra, con casa na rúa Real nº 31 e 33, e Ourense, senón tamén en

132 DE LA PEÑA VIDAL, C. *Ozores do Pazo de O Rial*, en Estudios de Genealogía Heráldica y Nobiliaria de Galicia, Boletín nº 9. 2011.

133 BOP da Coruña, 30/4/1851

Madrid, Badaxoz e outros lugares da Corte, xa que herdou da súa tía Isabel Moscoso, marquesa viúva de Casas de Saltillo por testamento feito en 1848.

A casa e torre de Guimarei era administrada por José María Paseiro Vilariño, e trala súa morte polo seu fillo Juan Paseiro Andújar, que foi nomeado[134] por Jacobo Ozores o 28 de setembro de 1862.

Jacobo finou o 20 de novembro de 1901 e foi enterrado no cemiterio de S. Isidro (Madrid). Os títulos repartíronse entre os seus fillos:

1.- **Gonzalo Ozores Saavedra** *(que segue)*
2.- *María Aurora*, que recibiu o título de ***marquesa de Guimarei.***
3.- *Lucía* casou con Baltasar de Losada Torres, XV conde de Maceda e XII vizconde de Fefiñanes.

VII.- A torre e pazo de Guimarei na actualidade

Gonzalo Ozores Saavedra (3/12/863 a 19/12/1958) recibiu o título de señor da Casa de Rubiáns e ademais os bens da **torre e casa de Guimarei**. Tivo da súa primeira esposa, *Beatriz Saavedra Salamanca*, varios fillos, entre eles a ***Alfonso Ozores Saavedra***, quen herdou os bens de Guimarei e casou en 1930 con **Dolores Urcola Zuloaga** (Madrid, 1902 – Vilagarcía, 12/8/2007), filla dos bilbaínos Ignacio de Urcola e Rufina de Zuloaga.

O 19 de setembro de 1919 Gonzalo Ozores Saaavedra arrendou ao concello da Estrada por 500 pesetas a finca de Guimarei mediante contrato por dez años renovables para a instalación dunha granxa de experimentación agrícola e parada de sementais. O 26 de febreiro de 1934 a Federación de Labradores da Estrada solicitou ao concello a incautación de dita finca por estar comprendida na Lei de Confiscación, polo que se tramitou dita petición propoñendo que, se procedía, se lle entregase ao concello. Meses máis tarde, o 4 de xuño, Alfonso Ozores, fillo de Gonzalo Ozores, solicitou a elevación da renda ou no seu caso a rescisión de contrato, cousa que o concello rexeitou. Por último, o 15 de xullo de 1954 Alfonso Ozores presentou un "quinto escrito" pedindo que se lle entregue a finca, xa que considera que está vencido o contrato.

Alfonso e Dolores foron os pais de **Gonzalo**[135], **Beatriz**[136], **Dolores**[137], **Fernando**[138] e **Alfonso Ozores de Urcola**[139].

En xuño de 1991 a familia Ozores Urcola, residente no palacio de Rubiáns (Vilagarcía) mandou quitar o escudo da porta principal do pazo poñendo outro máis pequeno no seu lugar. O 19 de xuño advertido a tempo o concello, mandou descargar do camión Pegaso as pezas que se recolleran e fíxose un informe fotográfico. Entón o 8 de xullo Gonzalo Ozores Urcola pediu permiso ao concello para facer traslado do escudo, polo que o día 11 o concello solicitou á Xunta de Galicia

134 Juan era tío de Segundo Paseiro Andión, administrador do pazo de Preguecido. (AHPPo. Protocolos de Pose Nabaza.)
135 Gonzalo casou no pazo de Vilaboa en agosto de 1967 con Paloma Rey Fernández-Latorre, filla de Emilo Rey Romero e de Mª Victoria Fernández Latorre (filla do fundador de La Voz de Galicia), entre os invitados estaba Carmen Polo de Franco coa súa filla. Gonzalo finou o 10/11/2006.
136 Beatriz casou con José Mª de Rotaeche e Velasco, marqués de Unza del Valle. Con familia numerosa.
137 Dolores (1933-2003) casou en Vilagarcía o 17 de marzo de 1958 con Manuel Muñoz Agullar.
138 Fernando casou no pazo "La pastora" de Vigo o 10 de xullo de 1966 con Teresa Leyun Ozores, filla de Francisco e Lila. Con descendencia.
139 Alfonso casou con Blanca Henríquez de Luna e Peñalvá. Finou en 2003.

que actuase, e así o fixo ao cabo duns meses mandando restituír o escudo á posición inicial. A familia argumentaba que o facían para que non fose espoliado. Finalmente foi restituído.



Escudo do pazo de Guimarei

Por testamento de Gonzalo Ozores outorgado o 3 de marzo de 1961 ante o notario de Vilagarcía D. Alberto Barreras López os seus fillos recibiron entre outros bens os do pazo e torre de Guimarei cos terreos anexos.

Por último, os cinco irmáns Ozores de Urcola o 11 de xuño de 1999 venderon a ***Luís Carlos Boullosa Gastañaduy***, veciño de Pontevedra e rexistrador mercantil, e á súa esposa ***Celina Mirelis Otero*** a torre, o pazo colindante e os terreos anexos dunha superficie de máis de 9 hectáreas por valor de 60.000.000 pts. (360.000 euros) ante o notario José Ángel Dopico Álvarez.

Dita venta foi rexistrada o 28 de agosto de 1999, polo que o concello da Estrada en sesión plenaria do 8 de outubro de 1999 acordou solicitar da Consellería de Cultura o exercicio do dereito de retracto a favor e a conta de dito concello. Pouco despois, o 9 de marzo de 2000 a Xunta a través da Consellería de Cultura iniciou o proceso para exercer o dereito de retracto.

Esta decisión foi recorrida ante o TSXG que ditou sentencia o 13 de febreiro de 2002 dándolle a razón á Administración, polo que o señor Boullosa decidiu acudir ao Supremo. De todos modos o TSXG só lle deu a razón respecto á torre, e o concello parece que non está demasiado interesado na adquisición, se non está incluído o pazo.

A día de hoxe, tendo falecido xa o señor Boullosa, a torre e pazo de Guimarei descansa no esquecemento, sendo corroído pola vexetación que case o tapa das miradas dos curiosos.

TORRE DA INSUA

Pertence aos termos da parroquia de Cora, en palabras de Pedro Varela, "*un illote no río, no que houbo unha fortaleza coñecida antigamente co nome de 'Torre dos mouros', e dela aínda se conservan os alicerces. A cantería labrada do forte pasou a servir de material de construción para algunhas casas de Cora. Ao pé do illote ten o río unha profundidade enorme e a fantasía popular di que se comunicaban subterraneamente os habitantes da Torre cos do Pico Sacro […] O illote ten un tres ferrados de extensión superficial, está poboado por árbores e chámanlle hoxe Torre da Insua*"[140]. En efecto, actualmente quedan pouco restos desta torre e o que queda está cuberto pola vexetación.



Canle da Insua

Que as pedras da Torre da Insua foron aproveitadas polos veciños de Cora, tamén nolo di Juan Barcia Caballero ao falar precisamente da Torre de Cora: "*Muchas veces en medio de mis infantiles juegos solía trepar por unas enormes canterías que yacían en uno de los ángulos del corral; y más de una me detuve a contemplar las extrañas figuras que tenían esculpidas. Un monstruo inverosímil, de esos que solo se ven en los desvaríos heráldicos, con cabeza de águila y cuerpo indefinible; árboles con más copa que tronco, arabescos caprichosos y enigmáticos jeroglíficos; y en medio de todo esto, uno como esbozo de la figura de un hombre, he aquí el rarísimo decorado de aquellos restos. Ostigado por la curiosidad preguntaba de donde vnieran tan extraños objetos y me contestaban invariablemente: Da torre d'a Insua. […] Hace muchos años veíase en ella una alta torre cuadrada vetusta ya y medio en ruinas*"[141].

Porén hoxe en día a casa dos Barcía en Cora está moi abandonada e non se ven esas inscricións que dicía Juan Barcia, sexa por que as tapan as edras ou sexa que se esvaeron

140 VARELA CASTRO, P. *A Estrada*, (reedición) Deputación de Pontevedra, 2017, páx. 148
141 BARCIA CABALLERO, J. *A Torre d'a Insua*, revista El Heraldo Gallego, Ourense, 30/4/1879.

co paso do tempo. Tan só atopamos unha inscrición xunto a unha cruz, pero que parece moi posterior.

Pero é Henrique Neira Pereira que ten feito[142] a historia desta Torre, que nós resumimos aquí.

Desde os primeiros tempos a torre aparece vencellada ao arcebispado de Santiago. "Os sucesivos arcebispos nomeaban os casteleiros da torre, que directamente eles mesmos ou indirectamente a través dun terceiro se deberían dedicar, xunto cos homes baixo o seu mando, a garanti-la seguridade da zona de influencia da torre e en especial dos camiños e pontes máis próximos a ela, facilitando a circulación de persoas e bens cara Santiago e dende alí cara outros lugares e protexéndoos de eventuais bandidos.

Durante anos foi así, e sabemos que a finais do século XIV e principios do XV tiña a 'concesión' do señorío da Torre a familia Núñez de Isorna. Así, cara ó ano 1400 era señor da torre o escudeiro Xoán Núñez de Isorna".

Dito Xoán Núñez de Isorna no seu testamento feito o 10 de xullo de 1400 di: "mando as minas casas fortes da Ynsoa et de Rodeiro a meu fillo don Alvaro Nunes obispo de Mondoñedo". E di máis: "mando mays a mina moller dona Maria a mina parte de toda a herdade casas et chantados que eu et ella conpramos a Sancha Vaasques Saraça moller de Roy Garcia de Padron em terra de Vea por razon do perfeito que lle perteesce da casa da Ynsoa".

É por isto que Álvaro Núñez de Isorna pouco despois, en 1402, lle ofrece preito homenaxe por esa fortaleza ao arcebispo de Santiago Lope de Mendoza.

No ano 1403 dito arcebispo pretende visitar a torre e reunirse co seu casteleiro Gonzalo Rodríguez de Reino, familiar de Álvaro Núñez de Isorna e señor do pazo do Outeiro de Maíndo (Couso). Pero xurde un conflito pois se nega a recibilo, mesmo belicosamente, aínda que o señor da torre é realmente o arcebispo. Gonzalo, pois, e o bispo de Mondoñedo son acusados de traizón e rebelión, e o arcebispo procede xudicialmente contra eles. O asunto debeuse solucionar, xa que en 1410 Arias Vázquez de Vaamonde, sobriño de Álvaro Núñez de Isorna, no nome de seu tío realiza novo preito homenaxe pola fortaleza da Insua ante o arcebispo Lope de Mendoza.

Trala morte de Álvaro Núñez a torre queda en mans do seu curmán Juan Freire e logo en mans de Sueiro Gómez de Soutomaior, que estaba casado coa nai de dito Juan Freire. Logo dito Sueiro, ao quedar viúvo, casou con Xoana de Luna, curmá do arcebispo compostelán, que nese momento era Rodrigo de Luna, conseguindo que o arcebispo lle doase os dereitos sobre os territorios da Ulla. "*Nun documento do 10 de setembro do 1456 cítanse varias parroquias, entre elas a de San Miguel de Cora e López Ferreiro indica que a Torre da Insua lle foi doada 'inter vivos' a Xoana de Luna probablemente nese mesmo ano 1456*."[143]

Uns meses máis tarde o arcebispo pide que se derrube a fortaleza e Xoana renuncia a todo dereito sobre ela. Pouco despois a torre está de novo en mans de Sueiro Gómez, pero o casteleiro que dispuña da torre parece que se dedicaba a rouba-la xente en vez de protexela. "Por iso, non é de estrañar que a Torre da Insua fose un dos obxectivos dos irmandiños, os membros da chamada Irmandade Fusquenlla que ó longo do ano 1467 se dedicaron a derrubar diversas fortalezas feudais en toda Galicia."

142 NEIRA PEREIRA, H. *Sobre a Torre da Insua de Cora*, A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural, nº 10, 2007
143 NEIRA PEREIRA,H. o.c.

E así, no preito Tabera-Fonseca[144] lemos: "*que podra aber çincoenta años mas o menos queste testigo vido andar la gente comun desta çiudad de Santiago y de la tierra alrrededor della y de Pontevedra y Ria d'Aroça y de azia la Cruña y Betanços junta que le paresçe que serían hasta diez o doze mil ombres, los quales andaban armados con sus armas y se andaban ansi juntos diziendose en boz de hermandad en que vido que traian consigo sus alcaldes de hermandad que traia baras de justiçia e cadrilleros que ansimismo traian las dichas baras de justiçia e andando ansi juntos dize este testigo que dezian que se juntaban contra los caballeros y las fortalezas de la Insoa de Vea, que hera de Suero Gomez de Sotomayor y la çercaran y estubieran tres semanas hasta que la tomaron por el pie*".

A torre foi desfeita polos irmandiños, pero semella que foi reconstruída por Sueiro Gómez, quen o 14 de febreiro de 1470 lle fai preito homenaxe ao arcebispo Alonso III de Fonseca por mans do fidalgo Estevo de Xunqueiras. No seu testamento do ano 1485 o de Soutomaior deixáballe esta fortaleza e as de Rianxo e Lantaño á súa filla María de Mendoza.

E aínda que no ano 1568 o rei cobraba unhas rendas relativas á administración da torre da Insua, a propiedade da torre da Insua parece que seguiu en mans dos sucesivos herdeiros e herdeiras de Sueiro Gómez de Soutomaior ata que mediados do século XIX pasou a mans dos marqueses de Montesacro, que estaban emparentados cos Soutomaior, polo que se conclúe que a torre nunca volveu ás mans da Igrexa compostelá.

Pedro Varela sinala que "*Por tal torre pagábase renda ao marqués de Monte Sacro, e un ano de fame, o de 1852, como os de Cora non puideron pagala, anticipouna Francisco Touceda, e así se constituíu en dono do dominio útil*". Hoxe en día, a propiedade da Insua segue a ser da familia Touceda, pero a causa da vexetación non se pode albiscar os restos desta torre.

144 RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A. o.c. páx. 340

PAZO DE CERVELA. VALIÑAS (CALLOBRE)

O **"Pazo de Cervela - Baliñas, Callobre"** (DOG, 16/7/1991) pertence ao patrimonio cultural do concello da Estrada no apartado de construción civil.

O edificio, cuxa descrición vemos máis adiante, está situado nun lugar delicioso, termos de Vilar, nas inmediacións do río Liñares xunto a ponte que comunica esta parroquia coa de Lagartóns. Unida á casa hai unha capela advocación a San Bieito, hoxe pechada ao culto, e a seu carón un gran hórreo. Diante do pazo chama a atención unha enorme sobreira que alcanza os 21 m. de porte e uns 20 m. de copa, e que, como veremos, seguramente acaba de cumprir os trescentos anos. Está incluído no Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia. A poesía composta a esta árbore por Ramón Cervela Arias-Teixeiro, en 1851, contribuíu de maneira decidida a seu coñecemento e posta en valor.

Diante do pazo hai dous escudos, traídos de Goián (Pontevedra) por Francisco Novoa Álvarez, tío materno de José Álvarez Novoa, o marido de María da Concepción Cervela Lira.



Escudo en Valiñas

XENEALOXÍA

O pazo de Valiñas foi construído polos señores do *Pazo de Preguecido*[145] na freguesía de Aguións, o matrimonio **Baltasar Ribera e Sotomaior**, fillo de Juan Rodríguez de Ribera e Sotomaior e de Teresa Mera Ulloa, e a súa segunda esposa **Isabel Teresa Fernández de Deza Taboada e Mondragón** (ou *Taboada Soutomaior* segundo algúns documentos, como os libros sacramentais de Callobre), filla de Andrés Fernández de Deza, veciño de Cervaña, e de Juana de Mondragón e Castro, natural de Santiago e irmá do I marqués de Ribadulla.

A familia de Isabel Teresa vivía en Cervaña onde herdaran o padroado da capela de Nosa Señora da Piedade na igrexa parroquial de Cervaña que fundara sobre 1570 o vicario ***Pedro Fernández de Deza****, finado a finais dese século. O vicario posuía terras que mercou sobre 1563*

145 Cfr. Páx. 163 ss.

na parroquia de San Martín de Negreiros (en Gudiz, Gudife, Mantergal, Areado, Rioboo e San Lourenzo) e noutros lugares como Olives, Ponteulla, etc., así como censos, xuros e bens mobles, que logo sinalou no padroado.

O vicario foi pai de Antonio Fernández*, que foi cura de Santa María de Abades e de San Cristovo de Martixe (preto de Bandeira), e de* **María Fernández***. Esta casou co escribán* Pedro das Seixas *e tiveron por fillo a* **Pedro Fernández de Deza** *que en 1601 era menor, polo que primeiro tivo como titor a seu tío Antonio e logo a seu sogro Francisco Martínez Cervela, secretario do Santo Oficio*[146]*. Tras varios preitos pola herdanza do vicario entre o cura Antonio Fernández, testamentario do vicario, e o seu sobriño Pedro, subscribiron unha concordia o 8 de abril de 1600 pola que Antonio lle entregou 800 ducados en metálico co compromiso de darlle deseguida as escrituras do vínculo, diversas pezas de prata, e 1.100 ducados antes do 1 de xaneiro de 1601. E así o 14 de abril fixose a carta de pago das diversas pezas de prata labrada, que se describen con detalle, e diversas escrituras, entregando o resto o 21 de xaneiro de 1601. É de subliñar un libro onde o vicario tiña anotado máis de 50 vacas vinculadas á capela de Cervaña. Pero como moi pouco despois morreu dito Antonio Fernández, Pedro púxolle preito aos seus sucesores pedindo facer reconto dos bens, dicindo que lle quedara a deber moitos cartos e que ademais tiña dereito á herdanza. O cura nomeara herdeiro universal ao seu parente (¿fillo?) Gregorio Fernández de Deza.*

Pedro casou con ***María das Seixas*** *e foron pais de:*

Andrés Fernández de Deza, *nacido en Cervaña, quen casou en Santiago o 24 de outubro de 1661 con* ***Juana de Mondragón e Castro***, *bautizada en Santiago (Salomé) o 18 de xaneiro de 1643, filla de Juan Mondragón Abraldes e Eremuzqueta e de Isabel de Castro e Sotomayor. Juana era, pois, irmá de Andrés de Mondragón, o I marqués de Santa Cruz de Ribadulla (8-3-1683) e parente do cóengo de Santiago don Juan de Mondragón, que en 1541 era o patrón da capela da Piedade na catedral de Santiago*[147].

Andrés fixo testamento o 2 de setembro de 1699 ante o escribán de Ponteulla don Andrés López Peralta e morreu o 28 de marzo de 1707.

Andrés e Juana tiveron por fillos a:

1.- D.ª Margarita Fernández de Deza e Taboada, bautizada en Cervaña o 27 de xullo de 1668, afillada por D. Juan de Mondragón e D.ª Isabel de Castro Sotomayor, veciños de Santiago. Faleceu sen sucesión.

2.-Alejandro Andrés Fernández de Deza Mondragón (Cervaña, 27/7/1669-Santiago,2/12/1742), o primoxénito, declarado incapaz por estar tolo. Alejandro e o seu irmán Juan gozaron das prebendas do cóengo Abraldes Feijoo para estudar, que logo deixaron[148] *para que as gozasen os seus irmáns Pedro e Bernardo.*

3. Frei Dionisio Fernández de Deza y Taboada, bautizado o 4 de marzo de 1670 en Cervaña, tendo por padriños a Felipe de Nogueira e Catalina de Temes, veciños de Santiago. Profesou nalgunha orde relixiosa.

4.- Juan Francisco, Foi bautizado en Cervaña como Juan Alonso o 2.2.1672. Logo exerceu como cura de San Vicente de Oubiña, que trala morte de Bernardo foi nomeado patrón

146 ARG.RA. 14972/11, 5610/67

147 DE LA PEÑA VIDAL, C. *Capela da Nosa Señora da Piedade, fundación dos Mondragón, unha familia de prebendados*, Rev. Nalgures X. Asociación de Estudios Históricos de Galicia. 2016.

148 AHUS. Protocolos de Pedro Vázquez, 1696.

da capela da Piedade o 3 de setembro de 1722 xunto co seu cuñado Juan Antonio Caamaño e o fillo primoxénito deste.

5.- María Rosalía, nacida en Cervaña o 28 de febreiro de 1673, casou en Santiago o 24 de maio de 1692 co capitán José Antonio Caamaño Bermúdez, nacido en S. Miguel de Treos (Vimianzo) o 21 de xuño de 1666, fillo de Antonio Pérez Caamaño, señor de Xora, e de Josefa Bermúdez de Lobera, señora da casa do Aprazadoiro en S. Simón de Nande en Laxe[149].

Rosalía testou en Santiago o 7 de xullo de 1757 ante José Antonio Neira. Foron pais de:

a) Bernardo Ignacio Caamaño Taboada, o primoxénito, veciño de Cervaña, administrador da casa e torre de Sande e do padroado da capela de Cervaña a partir de 1722.

b) Rosalía Taboada Camaño, que casou con José Antonio Aguiar, veciño de Laxe. Este pediulle a seus sogros un dote de 6.000 ducados pois dicía que eran ricos e que el non tiña suficiente para alimentos.

c) José Antonio, que casou con Antonia Díaz de Aza Díaz Gallego, natural de Benavente, sendo pais de María Ana, que casou o 22 de febreiro de 1755 con José Antonio de Armada e Mondragón, IV marqués de Ribadulla.

d), e) f) Outros fillos foron Ignacio, Francisca e Juan Francisco.

6.- Pedro Francisco Andrés Fernández de Deza, bautizado en Cervaña o 21 de xaneiro de 1677, foi apadriñado por Vasco Taboada e Catalina Alvarez de Valenzuela, veciños de Losón. Solteiro, foi patrón da capela de Nosa Señora da Piedade en Cervaña ata a súa morte o 26 de decembro de 1719. Tiña unha casa con pórtico e o seu capelán chamábase Mauro Mendoza[150].

7.- Bernardo Andrés Fernández de Deza, bautizado en Cervaña o 20 de agosto de 1683, que era cura de Xestoso e a partir de 1719 cura de Cervaña, onde morreu en 1722. Testou ante Bernardo García Taboada, veciño de Escuadro.

8.- ***Isabel Teresa*** *(obxecto desta digresión)*

9.- *Juana*, relixiosa.

O lugar de Valiñas pertencía a Baltasar, pero xunto coa súa esposa Isabel Teresa fixo diversas compras de terras limítrofes. Baltasar mellorou á súa esposa co quinto dos seus bens, deixándolle o pazo de Valiñas cos seus dilatados bens que producían uns beneficios de 200 ducados anuais, así como a granxa do Carregal no Ribeiro de Avia que producían outros 200 ducados (a viúva dicía que non valía nada) e outras moitas rendas que daban máis de 1.000 ducados anuais.

Isabel Teresa quedou viúva o 31 de xaneiro de 1715 e como o morgado de Preguecido quedou en mans de Mª Jacinta, filla de Baltasar e da súa primeira esposa Isabel Ibáñez Sarmiento de Pazos, foise do pazo de Preguecido ao de Valiñas.

Nun preito dise que Baltasar e Isabel Teresa "*durante a súa vida en Preguecido fabricaron unha casa no lugar de Valiñas co seu alto e o seu baixo e que trala morte do seu marido Isabel finalizou, fabricando o alto da cociña e a súa cheminea e outras cousas, a súa cerca, portada e unha capela contigua advocación do patriarca san Bieito co seu retablo, imaxes e ornato, e unha muralla moi alta cercando a horta de catro ferrados*"[151]. A casa fabricouse "*a cimentis*", é dicir, "*sen que houbese fábrica algunha máis que soamente o terreo limpo*". Fíxose de cantería e cachotaría cos obreiros da freguesía de San Miguel de Arca, un deles chamado Alberte, e a

149 ACUÑA RUBIO, C. *Casa de Caamaño*, Dep. Pontevedra, páx. 237
150 ARG.RA. 16761/44
151 ARG.RA. 17633/64

pedra tróuxose do monte de Ferreiros por carreteiros de Callobre. Tamén fixo un gran corredor de madeira na fachada principal.

Cando morreu Baltasar os terreos estaban aínda incultos, polo que, para realizar as obras da casa, as plantacións, traída de augas para a rega e adecuación dos terreos para unha maior explotación, Isabel Teresa contou coa axuda dos seus irmás Pedro Francisco, solteiro, que era o que gozaba do morgado, e de Bernardo, abade de Xestoso e logo de Cervaña.

Tamén fixo un gran plantío de árbores froiteiras en torno á casa e outro nos saídos sobre todo de carballos e castiñeiros. Unha destas árbores seguramente é a sobreira corpulenta e centenaria, contigua ao pazo, que Ramón Cervela cantou en belísimas estrofas no ano 1851 con dedicatoria para a poetisa ullana dona Avelina Valladares.

Por último, como dicía que a igrexa parroquial quedaba lonxe, mandou levantar a capela dedicada a San Bieito dándolle todos os ornamentos necesarios e dotándoa o 2 de outubro de 1717 ante o escribán Francisco de Nodar con rendas, que non se poderían transferir, consistentes en 29 ferrados de centeo anuais que se pagaban en Ribela, Parada e Olives, estando de testemuñas Antonio Pulleiro cura de Vinseiro, Martín Bermúdez de la Peña e o presbítero Antonio Porto.

Isabel Teresa como dona pagaba de pensións anexos a estes bens un total de 65 ferrados de grans e 56 reais. Ditas pensións recibíanas Andrés Gayoso, do pazo de Oca, o marqués de Guimarei e o cura e a igrexa de Callobre. Por outra parte, tamén lle daba aos seus cinco caseiros a metade da semente, "*segundo estilo do país*", e a cambio recibía a metade da colleita.

En 1730 tivo preito contra os seus irmáns Bernardo e Mª Rosalía polas partillas dos bens dos seus pais[152].



Vista xeral do pazo de Cervela

Por outra parte, os novos donos do pazo de Preguecido, Jacinta Ribera, a sucesora no vínculo e morgado de Preguecido e filla maior do primeiro matrimonio de Baltasar, xunto co seu esposo Luis de Acevedo e o seu fillo José Francisco de Acevedo Ribera, vendo que non lles chegaba para alimentarse segundo a súa calidade -ou polo preito que tiveron por mor do morgado-, ofreceron ante o escribán Juan de Castro e deron corenta e nove fanegas de

152 AHUS. Protocolos de Simón Rodríguez

centeo anuais a Isabel Teresa e ás súas fillas "*mentres non alcanzasen estado*". Sen embargo, Isabel en 1744 cando xa morrera a súa filla Josefa e casara a outra filla, chamada Micaela, demandou á súa sogra, que acababa de ser nomeada titora dos netos, para que lle pagase dita renda na súa totalidade. A xustiza deulle a razón a Teresa de la Vega de que só debía pagar unha terceira parte, a que correspondía a Isabel.

Isabel Teresa morreu en Callobre sen testamento e foi enterrada o 23 de xaneiro de 1758 en sepultura dotada da capela maior.

Baltasar e Isabel Teresa foron pais de:

1.- **María Micaela Ribera Taboada e Sotomayor** *(que segue)*
2.- *Josefa Juana Cayetana*, que foi bautizada en Aguións o 30 de outubro de 1709. Morreu o 26 de abril de 1723, polo que a súa herdanza pasou á súa nai.
3.- *Rosalía Antonia*, que recibiu o bautismo en Aguións o 20 de febreiro de 1711 e foi sepultada solteira e sen testamento o 30 de xaneiro de 1755.
4.- *Vicente*. Naceu o 24 de agosto de 1714 e foi bautizado polo seu tío materno, o cura de Santa María de Xestoso don Bernardo Fernández de Deza. A súa morte tivo lugar uns catro meses despois que o seu pai, se ben non aparece rexistrada nos libros parroquiais por ser un neno.

Mª Micaela Baltasara Ribera Taboada e Sotomaior foi bautizada o 2 de outubro de 1707 en Aguións sendo o padriño o seu tío materno Pedro Francisco Fernández de Deza, veciño de Cervaña.

Casou en Callobre o 10 de marzo de 1728 con **José Casimiro Cervela Taboada**, fillo de Antonio Hipólito Cervela Teixeiro (Valcarce), e de Gregoria Taboada Mariño de Lobera, señores da casa de Arriba en Pazos de Arenteiro, cuxas rendas superaban os 2.000 ducados anuais[153] pois foi herdeiro non só dos seus pais e avós, senón tamén do seu primo Antonio Taboada, comisario do Santo Oficio e abade de Rozamonde, e do seu tío Francisco López Cervela, abade de san Miguel de Carballeda[154]. Foron testemuñas da voda Pablo de Mera, veciño de Padrón, Bernardo Camaño Taboada, veciño de Cervaña e curnán de Mª Micaela, e Manuel Ribera, cura de Aguións.

José Casimiro estudara durante oito anos en Santiago á conta do seu pai, facendo tres cursos en Artes e cinco en Xurisprudencia ata que se graduou. Porén, ao parecer Antonio Cervela trataba a seu fillo, sendo este un rapaz, de xeito desaborido e non lle deixaba saír da casa nin facer unha vida propia da súa idade e condición, aínda que el era correcto co seu pai. Por iso, o cura de Preguecido D. Ignacio Fernández de Vaamonde, estando en Pazos de Arenteiro na casa de Antonio Cervela con quen tiña certos negocios, ao ver esta situación, invitou a José a ir á súa casa unha temporada. E alí ao cabo duns meses concertouse o casamento de José Casimiro con María Micaela coa intervención do seu tío materno Gonzalo Taboada Mariño e co beneplácito do seu pai.

Trala voda e coa invitación de Antonio Cervela para que fosen para a súa casa[155], ao cabo duns meses marcharon para Pazos de Arenteiro onde foron ben recibidos polo seu pai, pero aos poucos días as relacións seguiron tensas, pois non deixaba que se sentaran á mesa nin

153 Véxase a ascendencia dos Cervela en: DE LA PEÑA VIDAL, C., *Unha familia da encomenda de Pazos de Arenteiro: os Cervela*, Boletín de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia, nº 5.

154 ARG. RA. 17385/2

155 Antonio reedificou a súa casa en 1706 con canteiros de Cerdedo, sendo mestre de obra Antonio Sieiro, parente de Magdalena Sieiro, quen tivo un fillo co cura de Cerdedo D. Francisco Ogando Ribera.

permitía que a nora participase no goberno da casa. Ante esta situación o fillo, como era o primoxénito e por tanto o sucesor no morgado, pediulle a seu pai que lle dese unha pensión por alimentos. Ante a súa negativa, pois alegaba que José podía dispor dos bens do seu sogro, púxose a cuestión en mans da Xustiza[156]. Saíu a favor de José, tendo que darlle seu pai 200 ducados anuais, dez moios de viño e cen ferrados de centeo, pero seu pai aínda lle puxo bastantes dificultades á hora de cobrar.

Non obstante, aínda que Antonio Cervela tiña poucas persoas que o defenderan, non se portou tan mal co fillo. Ademais de terlle pagado a José os estudios en Santiago, deulle uns 4.500 reais con motivo da voda e 2.000 máis para unha cruz de ouro con diamantes para a noiva, segundo acabou recoñecendo José Casimiro.

A partir de 1730[157] José Casimiro viviu en Callobre na casa de Valiñas vivindo dos alimentos que lle daba seu pai sen poder administrar ningunha das rendas paternas, ata que Antonio morreu o 28 de setembro de 1749.

As rendas de seu pai e que logo en grande parte herdará José Casimiro son enumeradas no citado preito:

a) *Rendas de gran*, en Cameixa, Xubencos, Astureses, Banga, Midelos, Corneda, Santa Mariña do Campo, Dozón, Sello, Goiás, Lodeiro, Mandriñán, Soutolongo e Alvarellos, en total uns 200 ducados de renda. Tamén tiña rendas na provincia de Tui, en Guillarei, Mosende, Valadares, Cela e Abelenda das Penas.

b) *Moitos censos* ao 3%, que tamén se enumeran.

c) *Rendas de viño*, en Pazos, Banga, Serantes, Lebosende, Cameixa, Albarellos, Varón, Osmo, Beade e Carballeda por valor doutros 200 ducados. A granxa de Carballeda recibíraa do seu tío Francisco Cervela, abade de Carballeda.

Así, pouco despois da morte do seu pai, José tivo que defender os seus dereitos en Mandriñán, onde non lle querían pagar as rendas. Tamén disputou contra as súas tías maternas e outros familiares por mor do importante vínculo que creou o seu curmán Antonio Taboada, abade de Rezamonde, e que sinalou en seu pai. A súa avoa Ángela Teixeiro, como titora dos seus fillos, artellara un concurso de acredores e unha poxa dos bens de Antonio Taboada, de maneira que quedou cos bens que non eran de vínculo. Seu pai non fixo nada sobre isto porque ao meterse monxa a súa irmá Inés, quedou igualmente dono de todo. O problema xurde cando a súa segunda esposa reclama para as súas fillas parte dos bens que fincaron de Antonio Taboada e que se consideraban libres. A pesar de que o preito o inicia José Casimiro en 1749 e remata en 1759, o seu fillo apelará a Valladolid até que se expide executoria en 1788.

José e Mª Micaela criaron numerosos fillos, nacidos todos en Callobre:

1.- *Ana*, que naceu no ano 1729 segundo aparece no citado preito[158].

156 ARG. RA. 17633/64

157 Antonio Hipólito, seu pai, asinou o 15/10/1730 un compromiso matrimonial ante Simón Rodríguez para casar con Antonia Francisca de Porras Figueroa Gayoso, filla de Juan Porras, da *casa de Raíndo*, e de Antonia Mª Gayoso, do *pazo de Oca*; e casou o día 26 en San Miguel dos Agros en Santiago. E mesmo pouco despois volveu casar o 3 de setembro de 1735 con Clara Antonia Novoa e Puga.

158 ARG. RA. 17633/64. Non aparece nos libros parroquiais, polo que debeu morrer de nena. Tampouco aparece a morte dunha filla que morreu o 7 de setembro de 1742 e dun fillo dous días máis tarde (ARG. RA.20249/40), que por exclusión foron Josefa Antonia e Bartolomé.

2.- *Baltasar José Ignacio Francisco*, naceu o 5 de agosto de 1730 e bautizado ao día seguinte, sendo a madriña a súa tía Rosalía. Finou en Roma o 30 de xullo de 1790.

3.- *María Caetana da Purificación*, naceu o 8 de agosto de 1731 e bautizada ao día seguinte, sendo os padriños o cura de Berres e a súa avoa Isabel Teresa. Foi monxa carmelita en Santiago onde faleceu o 10 de maio de 1769.

4.- *Agustín Manuel Antonio Francisco Javier*, naceu o día 22 de outubro de 1732 sendo o padriño o cura de Callobre. O seu deceso foi en Roma o 28 de agosto de 1780.

5.- *Juana Antonia Narcisa*, naceu o 10 de xaneiro de 1734 e foi bautizada dous días despois sendo os padriños Juan Antonio Gómez de Castro, cura de Olives (da familia do pazo de Xerliz), e a súa avoa Isabel Teresa. Faleceu en 1741.

6.- *Josefa Antonia*, naceu o 10 de maio de 1735 e bautizada o 13. Finou o 7 de setembro de 1742.

7.- *Antonio Ramón Bernardo*, naceu o 20 de agosto de 1736, e foi bautizada o 22 sendo o seu padriño Juan Antón Gómez de Castro. Ingresou na Compañía de Xesús e o seu pasamento tivo lugar en Fano (Italia) o 1 de xaneiro de 1788.

8.- *Bartolomé Luis Vicente*, naceu o 24 de agosto de 1738 e bautizado ao dia seguinte. O padriño foi o seu irmán Baltasar. Morreu o 9 de setembro de 1742.

9.- **José Casimiro Eusebio** *(que segue)*

10.- Ana Isabel, naceu o 2 de xuño de 1741 e bautizada ao día seguinte. O seu óbito tivo lugar o 10 de outubro de 1811.

11.- *Benita Clara Luisa Antonia*, naceu o 11 de agosto de 1742 e recibiu as augas bautismais ao dia seguinte sendo o padriño Antonio Luis Acevedo e Abraldes, do *pazo de Preguecido.* O seu deceso tivo lugar en Callobre o 30 de outubro de 1811. Deixou os seus bens a seu sobriño Ángel María.

12.- *Joaquín María Ignacio de Loyola,* naceu o 1 de novembro de 1743 e bautizado ao día seguinte. Foi freire franciscano.

13.- *Ignacio Antonio Baltasar Francisco Javier*, naceu o 3 de abril de 1745.

14.- *Francisco Javier María Luis Gonzaga Estanislao de Kostka*, naceu o día 3 de setembro de 1748, faleceu novo.

15.- *Teresa Antonia*.

José Casimiro Eusebio Cervela Ribera, naceu en Callobre o 5 de marzo de 1740, contraeu matrimonio coa súa parente (media irmá de seu pai) **Hipólita Cervela** en Pazos de Arenteiro o 4 de outubro de 1772.

Hipólita outorgou testamento o 7 de xuño de 1817 ante o escribán de Beade don Benito Antonio Vázquez mellorando a seu fillo Ángel. Faleceron ámbolos dous en Pazos de Arenteiro, José o 5 de xuño de 1808 e Hipólita o 27 de agosto de 1822.

A súa descendencia:

1.- *José Hipólito Cervela Cervela*, naceu en Ribadavia, o 18 de febreiro de 1762, dez anos antes de que os seus pais contraesen matrimonio. A súa morte foi en Pazos de Arenteiro o 15 de agosto de 1789.

2.- *Ana Benita*, nacida en Pazos de Arenteiro o 17 de maio de 1773.

3.- *María Josefa*, naceu o mesmo día que a anterior, falecendo ás poucas horas.

4.- *Joaquín María Ignacio de Loyola Tomás Francisco de Asís*, naceu en Pazos de Arenteiro o 22 de decembro de 1774. Contraeu nupcias con Dolores Bermúdez de Castro e Leis en Santa María do Sar o 10 de maio de 1814, filla de Francisco Bermúdez de Castro e Barba Figueroa e de Luisa de Leis Santián. Recibiu de herdanza entre outras cousas o lugar de Carregal no Ribeiro de Avia. Joaquín faleceu en Pazos de Arenteiro o 23 de decembro de 1824.

5.- *Manuel María Juan Benito*, naceu o 8 de febreiro de 1776, contraeu matrimonio en San Xoán de Sadurnín (Cenlle) o 9 de abril de 1825 con Manuela María Josefa Arias Toubes, nacida nesa parroquia o 23 de outubro de 1785.

6.- *Ignacio María*, veu a luz en Pazos de Arenteiro, o 25 de setembro de 1778 e faleceu o 7 de outubro 1778.

7.- *María Francisca*, chegou a este mundo en Pazos de Arenteiro o 3 de outubro de 1779, o seu óbito tivo lugar en Compostela o 3 de xaneiro de 1867.

8.- ***Ángel María Benito***, *(que segue)*

9.- *Jerónima María*, nacida en Pazos de Arenteiro o 1 de outubro de 1784, finou pronto.

Ángel María Benito Cervela Cervela, naceu en Pazos de Arenteiro o 28 de febreiro de 1782 e celebrou os esponsais con *María Teresa Arias Teixeiro de Castro*, nacida en Santa Baia de Banga (Carballiño) o 15 de outubro de 1785, filla de Raimundo Arias Teixeiro e de María Micaela Cándida de Castro e Salgado, veciños do lugar de Cabanelas en Santa Baia de Banga.



Valiñas, parte posterior

Mª Teresa foi dotada polo seu irmán maior Antonio con 50.000 reais, "*además de otros cincuenta mil (o menos) que para aumento de su capital la dio, y tambien (...) de su precitada madre, de su tío el Excmo. Señor Dn. Fr. Beremundo Arias Teixeiro Arzobispo de Valencia, de su hermano el Dr. Don Manuel Arcediano de Alcira en dcha. Santa Iglesia,y del predicho su hermano Don Antonio por razón del tercio y quinto en que la ha mejorado su difunta madre*", segundo o testamento de Ángel.

Ángel, profesor en Leis na Universidade de Santiao, alternaba a súa residencia entre Callobre, Pazos de Arenteiro e Santiago, onde en 1825 era subtenente de Realistas en Santiago así como Depositario da Subdelegación de Policía en Santiago e en 1826 exercía como Tesoureiro da Subdelegación Especial da Policía na Coruña.

A súa nai, viúva, deulle plenos poderes o 12 de setembro de 1811 ante o escribán Manuel Vázquez para levar a administración dos seus bens. E en outubro de dito ano a súa tía Benita Cervela deulle como legado dúas casas en Santiago fronte ao convento das Madres Mercedarias e a metade da casa de Valiñas cos seus anexos e a outra metade a seu irmán o coronel don Manuel, coa condición de que non puxeran obxeccións. Porén, Manuel opúxose e Ángel iniciou un preito contra seus irmáns Joaquín e Manuel, xa que ao opoñerse Manuel, debíaselle quitar o usufruto de tal herdanza.

O 15 de febreiro de 1825 mercoulle a Manuel Yáñez Vaamonde, marido de Tomasa Villalpando Valladares[159], unha casa con horta no barrio de Mazarelos fronte ao convento das Mercedarias en Santiago, aínda que o dominio útil era do conde de San Juan, José María Calderón, cunha renda de 24 ducados anuais, mentres que o dominio principal era dos Abraldes, a quen o conde tiña que lle pagar un canon. Manuel Yáñez na súa opinión debíalle ao conde a renda de oito anos que pagou Ángel, pero como ao parecer a débeda era meirande, entón iniciouse un preito que saíu a favor de Ángel[160].

Ángel faleceu en Callobre o 1 de xuño de 1836 tendo outorgado testamento o 8 de xaneiro de 1836 ante Francisco de Oca. Deixou como testamentaria e curadora dos fillos á súa esposa e, de faltar ela, a seu cuñado Antonio, e sucesivamente ao fillo de este, don José, oidor da Real Audiencia.

Tiveron cinco fillos:

1.- *Jesusa María Josefa Ramona Francisca de Paula Cervela Arias Teixeiro*, nacida en Moldes o 29 de marzo de 1816. Foi monxa beneditina en Santiago no convento de San Paio co nome de Gertrudis.

2.- *Mª de la Concepción Ramona*, contraeu matrimonio en Santa María de Sar o 9 de febreiro de 1842 con Joaquín Santiago Santos, veciño de Ourense. Finou en Callobre o 28 de setembro de 1870.

3.- **Ramón Manuel Eduardo María da Merced**, *(que segue)*

4.- *María del Carmen Javiera Benita*, casou co licenciado Gabriel Gómez Álvarez, fillo de Manuel e Isabel e veciño de San Mamede de Sarga (Celanova) e tiveron descendencia, como *Mª del Carmen Aurora*, nacida en Callobre o 16 de xuño de 1854 e bautizada ao día seguinte.

5.- *José Raimundo Marcos María de la Merced*, nacido en Santiago, celebrou os esponsais en Callobre o 12 de outubro de 1874 con *Pilar Paseiro Vidal*, filla de Eusebio Paseiro Cadavid, xuíz municipal, natural e veciño de Callobre, e de Ana Vidal, natural da cidade de México e veciña de Callobre.

Faleceu José o 27 de maio de 1878 aos corenta e oito anos no pazo de Valiñas, onde naceron os seus fillos:

a) *Julia María del Pilar Rosa da Inmaculada Concepción Pura Cervela Paseiro*, naceu o 30 agosto de 1875.
b) *Ángel José Ramón Rafael María de la Concepción*, nacido o día 18 de xaneiro de 1877. Morreu en Pazos o 18 de outubro de 1881.
c) *María de la Concepción Leocadia Valeria Gertrudis de Jesús María e José Cervela Paseiro*, nacida o 9 de decembro de 1877.

159 Tomasa tivo como titor ao célebre arquitecto Miguel Ferro Caaveiro e como quedou descontenta co seu labor, tivo un preito contra o seu herdeiro e sobriño, o avogado Francisco Ferro Caaveiro.

160 ARG.RA. 23967/45

Ramón Manuel Eduardo María de la Merced Cervela Arias, nacido en Callobre o 22 de outubro de 1824, contraeu matrimonio con **Mercedes Malvar Taboada**, filla de Julián Malvar e Malvar, de Salcedo, e de María Josefa de la Trinidad Juana Teresa García Taboada Tejeda Andrade, de Deiro (Pontevedra). Mercedes, procedente do pazo da Carballeira de Gandarón en Salcedo (sede desde 1928 da Misión Biolóxica de Galicia) aportará ao patrimonio familiar rentas procedentes das casas de Vilerma e Eiroas, na provincia de Ourense, Toiriz, na provincia de Lugo, Touza, na de Pontevedra e Noia e Xaias na da Coruña.

Vivían en Santiago, pero Ramón, avogado e propietario, que tamén foi xuíz de paz no Caballiño, faleceu viúvo en San Martíño de Callobre o 4 de marzo de 1871, sendo sepultado en Santiago o día 6. Non outorgou testamento. Tiveron por fillos:

1.- *Jaime Santiago Cervela Malvar*, naceu o 27 e recibiu o bautismo o 29 de novembro de 1856 en Carballiño. Cando morreu o seu pai en 1871, xa non vivía.

2.- *Concepción Cervela Malvar*, naceu en Santiago o 6 de xaneiro de 1859 e celebrou o matrimonio en Callobre o 26 de xullo de 1883 con Laurentino Espinosa Valladares, natural de Berres, fillo de Bernardo Espinosa Salgado, natural de Escuadro, e de Luisa Valladares Núñez, natural de Berres. Tiveron sete fillos[161].

3.- **Julián Cervela Malvar**, *(que segue)*.

4.- *Teresa Cervela Malvar*, nacida en Santiago o 20 de febreiro de 1861, uniuse en matrimonio na igrexa de Callobre o 24 de setembro de 1879, con *Manuel Ramón María das Mercedes José Gregorio Diéguez Arias*, avogado, fillo de Ramón Diéguez e de Ramona Arias, de San Mamede de Moldes (Boborás). Obtiveron dispensa de impedimento de terceiro grao de consanguinidade dobre e foron testemuñas da voda os seus irmáns Filomena Diéguez e Julián Cervela Malvar, e mailo seu curmán Eduardo Gómez Cervela. Con descendencia.

5.- *Bernardino Jerónimo José María de la Concepción*, naceu en Santiago o 16 de marzo de 1862, solteiro, militar de profesión, alcanzou o grao de comandante da Arma de Enxeñeiros.

6.- *Rafael Antonio Francisco de Borja María de la Concepción,* naceu en Santiago o 10 de outubro de 1863 e finou solteiro en Madrid o 30 de marzo de 1909. Militar de profesión, ao igual que o seu irmán alcanzou o grao de comandante na Arma de Enxeñeiros. Prestou servizo como capitán da "4ª Compañía del Batallón de Ferrocarriles de la isla de Cuba" no ano 1897.

Julián Cervela Malvar, naceu na parroquia compostelá de San Miguel dos Agros o 5 de decembro de 1859.

Estudou dereito desde 1877 ata 1881 e logo terminou os estudos na universidade de Madrid obtendo sobresaíntes en case todas as materias.

Celebrou o seu matrimonio na igrexa de San Francisco da Orde Terceira en Santiago de Compostela o 14 de novembro de 1883 con **Visitación Lira Fernández**, nacida na vila de Noia o 2 de xullo de 1859, filla de José Lira Castro, natural de Noia e de Froilana Fernández, natural da cidade de Lugo.

Vivían no seu pazo de Valiñas, onde tivo lugar o deceso de Julián o 12 de maio de 1899.

161 Cfr. *Casa de Vilancosta*, páx. 491



Capela de san Bieito. Valiñas

O matrimonio criou a seus fillos:

1.- *Carmen Cervela Lira,* naceu en Noia. Uníuse en matrimonio con Cándido Pérez Deza en novembro de 1908. Finou en Valiñas a primeiros de marzo de 1950. Sen descendencia.

2.- *Mercedes Cervela Lira*, naceu en Santiago e celebrou os esponsais en xaneiro de 1906 co avogado *Floriano Arias Reguera*, natural de Vilanova dos Infantes, fillo de Camilo Arias Armesto, natural de Monforte, e de Bernardina Reguera Malvar, natural de Meis, señores de casas en Remesar, Cambados, e Rivas de Sil en Ourense. O pasamento de Floriano tivo lugar en Santiago o 30 de maio de 19311 e Mercedes finou en Celanova.

Tiveron por fillos a Julián, Floriano, Carmen (Riobó, 6/9/1909), Silveria (Callobre, 1/11/1910), Mercedes Arias Cervela (Riobó, 12/2/1913), Manuela (Santiago, 17/7/914) e Camilo (Riobó, 18/9/1916, que casou o 9/9/1940 en Barbadáns con Adelina Baradela Cid, filla de Manuel e Ana).

3.- *José Cervela Lira*, naceu en Callobre o 12 de novembro de 1887, médico da Mariña mercante, e faleceu célibe no pazo de Valiñas o 6 de xullo de 1956.

4.- **María de la Concepción Cervela Lira**, *(que segue)*

5.- *Ramón Rafael*, naceu o 1 de febreiro de 1892 no pazo de Valiñas, onde finou solteiro o día 5 de febreiro de 1968.

6.- *María de la Visitación Ramona Isabel*, naceu en Valiñas o 21 de novembro de 1893. O 27 de maio de 1910 foi emancipada pola súa nai ante o notario de Santiago don Jesús Fernández Suárez.

7.- *María de las Ermitas*, naceu en Valiñas o 9 de marzo de 1896. O 27 de maio de 1910 foi emancipada pola súa nai ante o notario de Santiago don Jesús Fernández Suárez.

María de la Concepción Cervela Lira, naceu en Valiñas o 8 de novembro de 1889. Celebrou os esponsais no oratorio familiar, oficiando a cerimonia o coadxutor de Sar, o 8 de decembro de 1919 con *José Álvarez Noboa,* natural e veciño de Salcidos onde nacera o 13 de decembro de 1888, fillo de Leonardo Álvarez Vicente, natural de Salcidos e de Adriana Noboa Álvarez, natural de Goián (Tomiño). Médico de profesión como o seu pai, exerceu na Garda (Pontevedra).

O deceso de José tivo lugar na Garda o 14 de marzo de 1959 e o de María de la Concepción no pazo de Valiñas o 1 de febreiro de 1974.

O matrimonio coidou dos seus fillos:

1.- *José María Leonardo Julián Álvarez Cervela,* nacido na Garda o 21 de setembro de 1922. Casou con *Genoveva González Pena* e deste matrimonio quedaron dous fillos, José Julián, avogado, que reside en Porto Rico, e Luis Gerardo, médico, que reside en Estados Unidos.

2.- **Luis Ramón Rafael Adrián Álvarez Cervela**, que naceu na Garda o 20 de maio de 1924. Era médico cando casou na igrexa coruñesa de S. Xurxo con *María del Rosario Roberes Álvarez,* filla do presidente da Sala da Audiencia Territorial José Samuel Roberes García, fixando a súa residencia en Vigo, onde naceron seus fillos: María Cristina, María José, María del Rosario e Luis Álvarez-Cervela Roberes.

3.- **María del Carmen Teresa Josefa Álvarez Cervela**, nacida na Garda o 15 de outubro de 1925 e casada en San Lourenzo de Salcidos o 16 de xullo de 1952 con *Román Pereiro Miguéns*, médico urólogo en Vigo. Foron pais de María del Carmen, Manuel, Genoveva e Beatriz, xa falecida.

4.- **Ana María de la Visitación Ramona Álvarez Cervela**, naceu na Garda o 19 de febreiro de 1927, solteira.

5.- *Álvaro María José Leonardo del Corazón de Jesús,* naceu na Garda o 2 de xuño de 1931. Dedicado profesionalmente ao comercio en Vigo, desposouse na igrexa de santa Mariña do Rosal o 31 de agosto de 1963 con *María Rosa Rodríguez Martínez*, nacida en Pancenteno (O Rosal) o 4 de agosto de 1934, filla de Feliciano e de María. Faleceu viúvo o 11 de abril de 2007 en Vigo onde foi incinerado. Deste matrimonio quedaron dous fillos: **Álvaro** e **José Ramón**.

Actualmente, como José María Álvarez Cervela vendeu a súa parte, o pazo pertence a seus irmáns Luis, Mª del Carmen, Ana María e, por falecemento, aos fillos de Álvaro.

PAZO DE CORREÁNS

A finais do século XVI un escribán de apelido Leira, ou máis concretamente "*docasal daleira*" estableceuse na parroquia de Santa Cristina de Vinseiro, onde se acha o *pazo de Correáns*, e pouco despois membros da súa familia fundaron a casa dos *Muros*[162] e a *Casa Grande*[163] en Parada. Posteriormente, no primeiro terzo do século XX a familia desfíxose das súas propiedades para vivir noutros lugares, exceptuando os habitantes da Casa Grande de Parada que, aínda que xa non manteñen o apelido Leira, son descendentes directos de dita familia.

1.- **O APELIDO LEIRA**

Os apelidos utilízanse para identificar mellor ao seu usuario, polo que a partir do s. XIII ademais do patronímico se utiliza sobre todo o apelido derivado do lugar de orixe. Ese lugar pode ser un pobo, un accidente de terreo ou ben simplemente un casal. Así entre estes atópase "do casal daleyra", un dos primeiros apelidos relacionados con este pazo. En efecto, achamos no século XVI a Pedro "docasal daleira", que procedía de San Salvador de Leiro, e a súa muller María "salgada daleira", veciños de San Martiño do Porto en Cabanas (cerca de Pontedeume), onde é moi abundante este apelido, o cal nos fai pensar que a súa orixe está nun lugar próximo. Preto de San Salvador de Leiro, en efecto, está o lugar de *A Leira* –tal como se lle coñece aínda-, na parroquia de San Pedro de Perbes (Miño), polo que sen dúbida aí está a orixe de dito apelido.

Nos documentos que temos manexado, os apelidos ofrecen certas características:

a) Até o s. XVIII os apelidos escríbense habitualmente en letra minúscula.

b) Os apelidos que se transmiten son os de máis prestixio, polo que se poden recibir os dous apelidos do pai e/ou da nai, ou ben un de cada pero na orde que interese, ou mesmo os apelidos dun avó ou da persoa de quen vai herdar. Por exemplo, *María Rodríguez de Castro e Soutomaior* é filla de Fernán Alonso e de Inés *Rodríguez de Castro*, e bisneta de Urraca Arias de *Soutomaior*. É máis, a nai de Inés, que se chamaba Gracia Rodríguez e estaba casada con Diego de Castro, no seu testamento nomea a seus fillos, todos do mesmo pai, apelidándoos a uns como De Castro e a outros como *Rodríguez*. Por outra parte vemos que o cura de Vea, Bautista *López*, impón os seus apelidos a quen o herde polo que María Rodríguez Daleyra tamén é nomeada como *María López Centeno*.

c) A grafía depende da época e da cultura do escribán, polo que podemos encontrar "cassal/casal", "Viso/Bisso/Biso", Muxía/Mugía, Somoça/Somoza, Marza/Marca, etc.

d) Hai un proceso diacrónico de castelanización polo que achamos vacilación entre o galego e o castelán nos apelidos, como "da Pena/de la Peña", Feixoo/Feijoo" ou topónimos como "Peñafrol" onde o primeiro elemento está en castelán e o segundo en galego. Este proceso de castelanización pódese ver tamén nun preito[164] do ano 1643 no que é obxecto de análise a firma dos irmáns Juan e Clemente, xa que se di que o primeiro firma "deleyra" e o segundo "dealeyra". En efecto, vemos[165] que se vai evolucionando desde **daleira>dealeira>deleira>leira**, quizais porque, ao utilizar o castelán habitualmente nos documentos, prefírese a preposición **de**,

162 Páx. 287 ss
163 Páx. 391 ss
164 ARG. RA.11983/22
165 ARG. RA. 606/38

eliminando a contracción galega **da**, pasando de daleira a dealeira, e logo a deleira ao suprimir o artigo galego, para pasar finalmente a "*leira*", polo que en 1696 xa se cita a Antonio Rodríguez Daleira como o "Doutor Leira", obviando ademais o apelido Rodríguez. E así a partir do século XVIII úsase soamente "Leira" ou "Leira Castro", que será o que utilizaba, entre outros, Antonio Leira Pose cando probou a súa fidalguía en 1796 baixo o reinado de Carlos IV.

1. O PAZO DE CORREÁNS.

No inventario do patrimonio histórico-artístico do concello da Estrada (DOG 16-7-1991) atópase catalogado o *pazo de Corréans*, que está situado na parroquia de Santa Cristina de Vinseiro.



Pazo de Correáns

É un pazo pequeno e austero na súa fachada con varias edificacións auxiliares e un hórreo na súa contorna. De planta rectangular, na fachada principal érguese un piso, a modo de bufarda, da mesma altura que a torre-pombal, que se acha colocada na esquina esquerda. As ventás de cada piso son do mesmo tamaño e están á mesma altura, que xunto cunhas trazas de construción uniforme nos fai pensar que a casa se fixo nun único momento, aínda que hai que exceptuar unha alta cheminea que se levanta á dereita, que por o tipo de aparello construtivo seguramente foi refeita posteriormente, ao igual que o arco que sostén un corredor detrás do pombal. Nos extremos do piso superior baixo unha cornixa ten uns remates ou placas, remates que se utilizan no barroco compostelán de mediados do século XVIII, introducidos por Simón Rodríguez, a quen segue Fernández Sarela. Estas placas teñen un pequeno cilindro debaixo, detalle que aparece en varias obras de Simón Rodríguez, que as empeza a usar xa desde as súas primeiras obras como na igrexa de San Fiz de Solovio.

A referencia do pazo de Correáns podería ser o pazo Bendaña da praza do Toural en Santiago que fixo Simón Rodríguez, pois a concepción da fachada é moi similar empregando esa especie de tímpano circular para enmarcar o escudo da casa, ademais de ditas placas nas esquinas. No noso caso a organización é moito máis sinxela pero claramente está traballando coa mesma estrutura, incluída a aparición da cheminea alta e sinxela. Sería, pois, un discípulo ou seguidor moi próximo de Simón Rodríguez ao que lle encargarían a construción do pazo, xa que se fose

obra de Simón Rodríguez estaría documentada, pois ao ser arquitecto da catedral levábase toda a súa obra escrupulosamente detallada.

A súa datación pódese situar a mediados do século XVIII a partir de 1740, dentro da estela de Simón Rodríguez e por suposto dentro do barroco de placas compostelán. É importante considerar que é en torno a estes anos cando en Galicia hai unha grande actividade construtiva de casas señoriais en parte pola bonanza económica do momento.

A labra heráldica, que coroa a fachada, está formada por dúas pedras, a superior de menor tamaño co seu helmo e plumachos, e a segunda de maior tamaño, onde se sitúa o escudo de armas. Escudo cuartelado en cruz. *Primeiro cuartel*, un castelo. Armas do apelido **Leira**. *Segundo cuartel*, do corazón do escudo sae unha man armada dun sable nu cuxa punta se incrusta no extremo do cantón destro do xefe; tres flores de lis postas unha no cantón sinistro do xefe e as outras dúas unha en cada cantón da punta. A saber. *Terceiro cuartel*, seis roeis postos en pau tres e tres. Armas do apelido **Castro**. *Cuarto cuartel*, un castelo. A saber. Escudo rodeado de lambrequíns vexetais. Timbrado dun helmo empenachado que mira á destra.

As armas do segundo e cuarto cuartel e atopámolas nun escudo da casa de Serantes en Moraime (Muxía) e como Clemente de Leira e de la Puebla casou en San Xiao de Moraime (Muxía) en 1712 con María Ana de Pazos Castro e Lema de Mesura, e o pazo debeu ser edificado uns anos despois, concluímos que deben representar as armas da familia de Mª Ana.

3.- XENEALOXÍA DO PAZO DE CORREÁNS

Lope Gómez de Leira, *segundo a documentación da familia*, sería o primeiro da saga e meiriño maior entre o Miño e o Douro, señor da casa de Picoña, en Salceda de Caselas (Pontevedra) e que serviu ao rei Juan I. Pero o pazo de Picoña pertenceu aos *Lira*, non aos *Leira*.

Fernan(do) de Leira sería o sucesor de Lope Gómez de Leira. Foi o primeiro secretario do Real Hospital de Santiago nomeado polos Reis Católicos e deixou os seus bens ao hospital mediante unha fundación que subsistía en 1700[166]. Morreu sen sucesión.

Gregorio (ou **Salvador**) de **Leira**, será o sucesor e secretario do Real Hospital, que tivo por fillo a:


Juan de Leira, tamén secretario do Real Hospital desde o 12 de abril de 1560 ata o 24 de maio de 1584 en que sentíndose vello deixa o oficio a favor de seu fillo Tomé[167]. Ás veces é nomeado como escribán en vez de secretario, como na acta da "*Visita que hizo al Hospital Real de Santiago dicho Pedro Enríquez*" en 1570, dise que deron "razón de oficial a Juan de Leira, escribano de dicha casa"[168] e tamén se di que Juan Leira non cumpría coa obrigación de residir no hospital, ausentándose até dous ou tres meses ao ano para atender os seus propios asuntos. Fundou a casa

166 En 1457 o xuíz de Villestro e vicario do deán compostelano chamábase Fernando de Leira. Ignoramos se se trata da mesma persoa. (LOPEZ FERREIRO,A., *D. Rodrigo de Luna*, Santiago, 1884)

167 AHUS: Protocolos de Gregorio Vazquez Giráldez, 1584, páx. 528.

168 Revista *Compostellanum*, 2004, págs. 686 e 693.

de Modias en Cabanas (preto de Pontedeume) e casou con **Constanza Aguilar e Teixeiro**[169].



Escudo do pazo. Debuxo de Javier García Gómez.

Os seus fillos foron :

1.- **Pedro do Casal Daleira** *(que segue)*

2.- *Tomé de Leira*, escribán, en quen seu pai deixa o oficio de secretario do Real Hospital pois traballara con el desde neno.

3.- *Sebastián de Leira*, racioneiro da igrexa de Santiago. Tivo unha filla ilexítima, *María Sarmiento* (ou *María de Leira*), que se quedou coa herdanza do seu pai tras un litixio, pois corresponderíalle ao irmán de Sebastián, Pedro.

Outorgou testamento[170] o 15 de xuño de 1601 e un codicilo o 8 de xullo de 1606, morrendo dous días despois. Nel déixalle a granxa de Puentes á súa parenta Inés de Aguiar, monxa en San Paio, polos días da súa vida e despois á súa sobriña María de Leira. Di que dotou á súa "parienta" María Leira para casar con Andrés Gómez de Parapar. Tamén di que herdou de seu pai a granxa de Modias en San Martiño do Porto. E deixa a unha moza orfa, que está ao coidado da súa parenta María Leira, 200 ducados para que case ou se faga monxa. Tamén cita á súa sobriña María Leira, que parece outra persoa distinta á "mi parienta", e a quen lle deixa 50 ducados.

Pedro Docasal Daleira era veciño de San Salvador de Leiro, do coto de Leiro, pero logo vive en Cabanas. Dado que tanto seu pai como seu fillo foron escribáns, cabe a posibilidade que el tamén o fose, se ben a seu fillo o insultaron chamándolle "*fillo dun ruín tecedor*". En 1585, pouco antes de morrer, casou "*por palabras de presente que fixeran verdadeiro matrimonio*" con **María Salgada Daleira**, nacida sobre 1522 e veciña de San Martiño do Porto (Cabanas), aínda que xa antes vivían como matrimonio posto que tiñan un fillo nacido sobre 1550. En 1588 María Salgada estaba viúva, tiña 66 anos e estaba tollida dunha perna, non obstante neses momentos aparece en dous preitos: no primeiro[171] acusada polo xuíz meiriño que meteu na cadea tamén a seu fillo de proferir unha blasfemia, polo que foi ao cárcere máis de catro meses; e no segundo[172] contra os acredores do seu marido Pedro, para poder quedarse cos bens dotais que restaban e ter con que sustentarse, xa que seu marido tiña "gastado, consumido e dilapidado os bens do matrimonio". Seu fillo chamábase tamén:

Pedro Docasal Daleira, que naceu sobre 1550 en san Salvador de Leiro. Pedro estivo na cadea entre 1585 e 1587 acusado[173] de non pagar unhas alcabalas e ter inxuriado ao xuíz meiriño de Leiro, Francisco Palacios, quen, como acabamos de ver, tamén meteu no cárcere á súa nai. Pedro acusou a dito xuíz meiriño de que tiña nunha casa un cárcere secreto e que abusaba da xente esixíndolles traballar gratis para el e roubándolles: "*siendo de los vasallos*

169 Segundo documentación facilitada por *María Luisa Leira Eiriz*, este matrimonio e descendencia constaba na proba de *Limpeza de sangue* do seu bisneto Juan Rodríguez Casal Daleira, notario do santo Oficio e escribán de número e xulgado na xurisdición de Tabeirós, e fundador da casa dos Muros en Parada. *A partir deste momento os datos ofrecidos están sacados de arquivos oficiais.*

170 AHUS. Protocolos de Pedro Díaz de Valdivieso.

171 ARG.RA. 3726/56

172 ARG.RA. 23533/6

173 ARG.RA. 3726/56

de dito coto los montes propios que a cada uno pertenecen y teniendo el pan mediado se fue de noche a dichos montes con sus carros y bueyes y criados y otras gentes que llevaba amenazados… y llevaba el pan de las medas a los dichos labradores y amanecía con el fuera y aunque algunos labradores iban detrás de el dando voces…"; polo que o conde de Monterrei trala acusación de Pedro do Casal meteu na cadea a dito xuíz meiriño.

Debeu ser un home de carácter, xa que entre outros preitos nos que se ve envolto, en 1591 denunciou a Simón de Escalona, xuíz de Tabeirós, a quen meten preso por ameázalo gravemente de palabra e de obra[174].

Despois de ser escribán de número na xurisdición de Montes, os seus futuros sogros *Fernán Alonso* e a súa esposa *Inés Rodríguez de Castro*[175] ofrecéronlle, como dote da súa filla María Alonso, a metade do Oficio e escribanía do xulgado de Tabeirós e a do Viso mediante documento feito en Xerliz en maio de 1587 ante Alonso de Soto co compromiso de matrimonio en maio de 1588, que oficiaría o seu tío o cóengo *Aníbal Rodríguez*. E así o 7 de agosto de 1587 obtén do arcebispado o título do Oficio e escribanía de Tabeirós e do coto do Viso.

Pero foi o 3 de xuño de 1590, poucos días despois da morte do escribán Fernán Alonso, cando casou con **María Rodríguez de Castro e Sotomayor** (só nun documento aparece como María Alonso de Castro). Viviron en Correáns, como tamén vemos nun preito de 1616 no que se cita a seu fillo Clemente[176].

Trala morte de Fernán Alonso, o seu fillo Diego o Mozo, que non chegaba entón á maioría de idade, obtivo o título do arcebispo D. Juan de Sanclemente para desempeñar o oficio e escribanía de Tabeirós e a do Viso, como sucesor de seu pai e grazas á recomendación de Álvaro Suárez Sarmiento, dono da Torre de Guimarei. Orixinouse así un conflito porque Diego dicía que Pedro non tiña dereito á metade do oficio e escribanía do Viso, só á de Tabeirós. Ante as ameazas de morte de Diego contra Pedro, iniciouse un preito[177] que vai desde 1593 (ano en que Diego colle a escribanía) até 1608. Logo hai un tempo de tregua até que en 1614 morre Diego, momento en que Pedro retoma o preito agora contra a viúva, Beatriz Álvarez, titora de dúas fillas menores, María e Paula, e veciña de Valiñas en San Martiño de Callobre, e contra o escribán sucesor, Pedro de Brei. O preito termina a favor de Pedro Casal de Leira.

O 2 de setembro de 1615 o matrimonio mercou á súa cuñada Inés Rodríguez de Castro, viúva de Fernán Alonso, do pazo de Xerlís, unhas terras en Piñoi.

Pedro foi patrón da capela dedicada a san Antonio de Padua en Correáns (da que non temos máis noticias). Tanto Pedro como María outorgaron testamento[178]. El fíxoo o 7 de xullo de 1626 en Correáns, morrendo pouco despois xa que o día 27 xa se executou o testamento. Enterrouse na capela maior da igrexa de Santa Cristina de Vinseiro co hábito de san Francisco ao lado da súa sogra Inés Rodríguez de Castro. Deixou á súa muller como usufrutuaria e a mellora da súa herdanza a seu fillo Clemente, pois xa emancipara a seu fillo Juan. Tamén, entre outras cousas, deixou rendas de ferrados de trigo para as confrarías de Nª Sra. de Riamonde, de Sta. Cristina de Vinseiro, de San Xurxo de Cereixo, San Xiao de Guimarei e Nª Sra. da Consolación.

174 ARG.RA. 18620/29
175 Cfr. Ascendencia en *pazo de Preguecido*.páx. 165 ss
176 ARG.RA. 36334/50
177 ARG. RA. 5771/32
178 ARG. RA. 6106/6

María Rodríguez fixo o seu testamento o 4 de xaneiro de 1652 ante o escribán Antonio Rodríguez de Castro, veciño de Tabeirós. Como lle *tiña moito aprecio a seu fillo Clemente pois durante eses 26 anos de viúva coidáraa e sostivera,* deixoulle a mellora. Os seus bens mobles deixoullos a súa filla Catalina e a súa neta Mariana, filla de Clemente. Deixou tamén rendas a súas netas Mariana e Juana, fillas de Clemente, e a seu neto Juan Reimóndez, fillo de Juana, para que puidera seguir estudios.

No testamento de Pedro cítanse cinco fillos por esta orde, María, Juan, Clemente, Catalina e Juana:

1.- *María Rodríguez Daleira*, que casou co escribán *Gregorio Riobóo*, veciño de San Salvador de Laro. Seu pai deixoulle en herdanza un lugar de Entrecastelos.

2.- *Juan Rodríguez Casal Daleira*, fundador da *Casa de Leira nos Muros*[179], notario do santo Oficio, que casou con *Isabel do Campo Gulías*, e que seu pai emancipou coa *notaría e escribanía de seu uso* por escritura pública ante Pedro de Brei, ademais da lexítima.

3.- **Clemente Rodríguez Daleira**, *(que segue)*

4.- *Catalina Rodríguez Daleira*, casada en Foxo de Corvelle.

5.- *Juana María Rodríguez Daleira*, que en 1626 estaba prometida con *Esteban Reimóndez de Figueroa Méndez*, avogado da Real Audiencia, patrón da capela do santuario de Nª Sra. de Castro en San Estevo de Oca e sucesor no morgado da súa casa. Ao casar foise vivir a Oca. Esteban era fillo de Juan Reimóndez Figueroa e de *Catalina Méndez, se ben moitos descendentes soen conservar os apelidos "*Reimóndez Figueroa"[180].

Clemente Rodríguez Daleira naceu o 11 de decembro de 1600. Seu pai mandouno a estudiar a Santiago e a Salamanca -chámaselle sempre Bacharel- para que fose sacerdote, pero sen éxito, aínda que logo o será de viúvo.

Casou con ***Francisca Lopez Miranda***, que moitas veces aparece como Francisca Núñez[181] e mesmo *Francisca López Centeno*. Francisca era filla do cura Bautista López Centeno ou Núñez. En realidade a nai de Bautista chamábase María Núñez e os seus irmáns Miguel e Catalina (casada con Gil de Valenzuela, o meiriño da fortaleza de Cira e logo de Vimianzo), sen embargo nunca aparece o seu segundo apelido, pero dado que el quere que o patrón da súa fundación tome os apelidos "*López Centeno*" cremos que estes deben ser os que utilizaba e que pertencerían a seu pai.

Clemente e Francisca casaron pouco antes de 1625, posto que Bautista López, cura e fundador da capela de San Cosme e Damián en Santo André de Vea e arcipreste de Tabeirós, cítaos no seu testamento feito o 2 de marzo de 1625, onde se di que o matrimonio ten un fillo, Jácome, ao que nomea o seu herdeiro. Tamén se di que Clemente tiña un irmán escribán, Juan, e que eran fillos de Pedro do Casal.

Bautista López dotou a Francisca con 800 ducados, -400 en diñeiro e resto en gando, alfaias e vestidos-, pois servíralle durante máis de nove anos. Tamén pouco antes da súa morte aforou[182] en 1625 a Francisca e a seu marido Clemente unha horta e un muiño no lugar de Ramiráns en Santo André de Vea.

179 Cfr. *Casa dos Leira dos Muros*, páx. 287 ss
180 Cfr. *Casa de Quiñones ou dos Reimóndez Figueroa*, páx.411 ss
181 ARG.RA. 10716/27
182 ARG. RA. 5064/27

Clemente, cando quedou viúvo, fíxose *clérigo presbítero* e exercía en Vinseiro. Logo fixo testamento[183] o 31 de agosto de 1666 ante testemuñas entregándoo despois en sobre cerrado ao escribán de Tabeirós don Andrés Gómez del Villar, no que deixaba mellorado no terzo e remanente de quinto, ademais de certos bens mobles, a seu fillo Antonio, a condición de que lle dese á súa irmá Jacinta 200 ducados. A seu fillo Francisco non lle deixou nada "*por ter gastado en darlle estudios máis do que lle correspondería*". Ademais deixou ás súas fillas Mariana, Juana e Jacinta diversas cantidades a recibir en rendas anuais.

Tamén deixaba recoñecidos aos seis fillos lexítimos que vivían nese momento:

1.- *Jácome Rodríguez Daleira*. Aparece citado no testamento do cura de Vea, Bautista López, onde se pide que o que sexa patrón da súa fundación cambie de apelido e colla o de *López Centeno*. Morreu cando tiña dous anos, polo que logo non se cita á morte de seus pais e será o seu irmán Antonio o herdeiro.



Pazo de Correáns

2.- *Mariana Rodríguez Daleira* ou *María López Centeno*, naceu o 20 de maio de 1627, día da morte do cura Bautista López, e cambióuselle o apelido por esixencias do testamento de dito cura para poder herdalo. De todos modos esa herdanza motivou diversos preitos, un[184] deles en 1629, porque don Bautista tiña nomeado en primeiro lugar a Jácome, que morreu antes que el, e a seguinte chamada a herdalo, María, precisamente naceu o día da súa morte, polo que Antonia Núñez preiteou xa que pretendía a herdanza para seu fillo.

183 ARG. RA. 6106/6
184 ARG. RA. 10716/27

Mariana casou co capitán *Domingo Patiño Salgado*, sendo o 24 de agosto de 1653 cando se lle entregou o dote[185]. Vivían na parroquia de Aguións e tiveron por fillos: *Jacinta*, bautizada en Salomé (Santiago) o 6 de xuño de 1658, *Carlos*, que foi cura, *Cristina* que casou con Domingo Antonio Fernández de Castro, sen sucesión, e a *Fabiana*, que a casou o cura Francisco Reimóndez Figueroa en Aguións o 15 de xaneiro de 1677 con Domingo Antonio Fernández Castro, fillo de Alonso de Castro e de María Fernández, veciños de Negreiros, e que morreu nova.

Vivía Mariana en Santa María de Aguións, seguramente na aldea de Codeso e alternativamente na cidade de Santiago, no barrio das Hortas, parroquia de San Froitoso.

Fixo testamento o 1 de setembro de 1694 ante Juan do Couto, deixando a herdanza a seus fillos Carlos e Cristina (os outros xa morreran), pero se estes non tiñan descendencia, a herdanza pasaría a seu irmán Antonio, como así foi[186]. Morreu sobre o ano 1698.

3.- *Isabel Rodríguez Daleira*. Uniuse en matrimonio primeiro con Juan Ferrón, que firmou o escrito de recepción do dote, 680 ducados, o 4 de febreiro de 1650, e logo casou con Francisco Quibeo Monteagudo, vivindo no lugar de Arcapedriña en san Miguel de Arca. De Francisco tamén quedou viúva sobre 1690.

Isabel e a súa irma Mariana, xa viúvas, reclamaron[187] en 1696 a seus irmáns Antonio e Juana que se repartise a herdanza libre entre os catro irmáns, primeiro ante a xustiza ordinaria en Santiago e logo en 1697 ante a Real Audiencia da Coruña. A esta herdanza pertencían as leiras chamadas Chouso, Horta, Loureiro, Veiga grande, Trigueira, Veiga do Outeiriño, Cantalarrana, Leira longa, Decoita, Carballal, Penacoba e Cerrada do Enxido. No preito entra o xenro de Juana, Antonio Bermúdez de la Peña, xa viúvo, porque recibira como dote unha parte procedente da herdanza[188]. No preito están de testemuñas o seu curmán Juan Rodríguez de Leira e Castro e o seu sobriño Teodoro, fillo de Antonio.

Do segundo matrimonio son fillos *Pedro*, *Juana* e *Benito Quibén de Leira Monteagudo*. Benito, oriundo de Santiago de Morillas (Campo Lameiro), recibiu as ordes de prima e Grados en 1693. O seu tío Antonio deulle un empréstito, primeiro para estudar no colexio de Sanclemente e facerse cura, e logo para pagar as bulas polos beneficios de Xanza e Setecoros. Pagou o censo –seu tío perdooulle algúns réditos- o 7 de febreiro de 1713 ante o escribán Simón Rodríguez.

4.- *Juana Rodríguez Daleira* foi prometida o 18 de abril de 1662 con *Alonso López Pulleiro*, ao mesmo tempo que a súa irmá Jacinta era prometida a Juan, o irmán de Alonso. Estes eran fillos de Pedro López Pulleiro e de Catalina López Gundín, e neto de Alfonso López Pulleiro e María Cao, da casa de Marza en San Miguel de Oleiros (Silleda).

Alonso era catro anos máis novo que Juana e casaron en 1662, sendo o 2 de setembro de dito ano cando recibiu o dote, que consistía entre outras cousas na casa da súa avoa María Rodríguez. Cando morreu seu pai Clemente, o matrimonio xunto coa súa filla Marian e o seu xenro Antonio Bermúdez de la Peña viviron no pazo de Correáns un tempo co beneplácito do seu irmán Antonio. Logo viviron en Marza (San Miguel de Oleiros). Tiveron por fillos a:

a) *Mariana Pulleiro Rodriguez de Leira,* que casou *a troco* (xunto con Lucía) con Antonio Bermúdez de la Peña, nacido en Santiago o 9 de febreiro de 1660, fillo de Blas de la Peña e de Inés Bermúdez de Castro (que casaran o 12/1/1657 en San Miguel dos Agros), e netos de

185 AHUS. Potocolos de Domingo Leirado
186 ARG. RA. 12342/17
187 ARG. RA. 6106/38
188 ARG. RA. 18519/13

Domingo de la Peña e de Inés do Porto, veciños de Santa Cristina de Vinseiro, e por liña materna de Domingo Blanco da parroquia compostelá de San Miguel dos Agros. Mariana recibiu como dote 800 ducados e unhas terras, e viviu co seu marido na casa de Vinseiro.

Mariana outorgou testamento en Vinseiro o 18 de marzo de 1692 ante o escribán Bartolomé Reimóndez Figueroa, declarando que se lle morreron os fillos, polo que deixa un terzo a seu marido e os resto a seus pais, e a roupa déixalla á súa irmá Catalina.

Antonio e seu irmán Martín foron mellorados polos seus pais o 8 de xuño de 1682 ante Andrés de Nodar co lugar de Vinseiro do Carballo en Sta. Cristina de Vinseiro, se ben Antonio recibiu tamén a lexítima de seu irmán Pedro..

Logo Antonio casou o 7 de outubro de 1696 con *Mª Jacinta Reimóndez Figueroa*[189], filla de Bartolomé Reimondez Figueroa e de María de Lis Castroverde, sendo pais de *Domingo* e *Bartolome Bermúdez de la Peña*[190].

b) *Lucía*, que casou con Martín, fillo de Blas De la Peña e de Inés Bermúdez de Castro. Fixeron a escritura de dote ante Andrés de Nodar o 8 de xuño de 1682. De acordo con dita escritura, Lucía e Martín foron vivir á casa de Blas e Inés. Tiveron por filla polo menos a Mª Jacinta, que casou con Alejandro Martínez.

c) *Catalina Leira Pulleiro ou López Pulleiro Rodríguez de Leira*, que casou con *Gregorio Sánchez Somoza* e *Oxea de Albán*, da casa de Campo de Silleda e por elo descendente das casas de Oirós, Cercio e Donfréan. Foron pais de:

- *Rosa Sánchez Pulleiro* que casou en 1719 con Andrés de Verea e Castro escribán en Carboeiro.
- *Carlos Sánchez Pulleiro*, cura de Vinseiro, foi herdeiro de seu tío cura Antonio Pulleiro pero morreu antes que seu pai, que foi o seu herdeiro.
- *Juan Sánchez Pulleiro*, avogado e veciño de Oleiros (A Coruña).
- *Antonio Sánchez Somoza* que foi o sucesor dos bens do seu tío Antonio e que casou con *Rosa Gil Taboada*. Estes foron pais de José Sánchez Pulleiro (1744-1790) que casou con María Sánchez López, da casa de Rielo. O seu fillo Francisco casou o 3 de marzo de 1814 con María Benita Cervela, filla de Benito Cervela Soto e Robleda, de Pazos de Arenteiro. Sucedeulle Juan Manuel Sánchez Cervela casado con Dolores Cervela Pardo e pais de Francisco Javier Sánchez Cervela, licenciado pola Universidade de Salamanca, que impartiu diversas materias no Instituto de Pontevedra até que ganou a cátedra de matemáticas no Instituto de Ourense e que casou con Hortensia Cantón Alvarado, veciña de Castro Caldelas, pais de *Francisco J. Sánchez Cantón*.

Francisco Javier Sánchez Cantón (1871-1971), recoñecido historiador e crítico de arte, que ostentou entre outros importantes cargos o de director do Museo del Prado, do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, da Real Academia da Historia e membro da de Belas Artes. Doutor en filosofía e catedrático de Historia da Arte exerceu nas Universidades de Granada e Madrid, sendo distinguido con numerosas condecoracións españolas entre as que destaca a Gran Cruz de Alfonso X El Sabio e tamén estranxeiras. Foi patrón fundador do Museo de Pontevedra ao que legou o seu arquivo e biblioteca persoal, e a cidade do Lérez onde nacera distinguiuno coa súa medalla de ouro e púxolle o seu nome ao instituto, agora IES Sánchez Cantón.

189 Cfr. *Casa de Quiñones ou dos Reimóndez Figueroa*. Páx. 426 ss

190 Testamento de Domingo Antonio en AHUS. Protocolos de Domingo Antonio Sánchez, 1754, páx. 12

d) *Antonio Leira Pulleiro*[191] , ao que se debe a construción da actual *casa de Marza* en San Miguel de Oleiros, naceu en Santa Cristina de Vinseiro o 14 de febreiro de 1664. Estudiou en Santiago, foi colexial e reitor do Colexio de Pasantes Sanclemente. Ordenouse en 1693. En 1700 sendo bacharel en "Cánones" presentouse á Licenciatura. Despois verificou o grao de Doutor e recibiu o grao (28 de outubro de 1700) que, por acordo dalgúns claustrais, fíxose a pé e non a cabalo, como se dispuña por Constitución, o que provocou a protesta dun grupo de claustrais. Opositou varias veces ata que a gañou o 11 de marzo de 1709, e á que renunciou o 16 de decembro de 1709 para tomar posesión dos curatos de Vinseiro e Cereixo. O 3 de setembro de 1716 outorgou testamento en Vinseiro ante Francisco de Nodar no que deixa á súa sobriña Rosa 200 ducados que se sumarían aos que lle deixaba o seu pai Gregorio Sánchez para que puidera tomar estado acomodado, tamén deixa vinculados uns bens que mercou en Deza e deixa á súa irmá Catalina como herdeira universal. Logo o 1 de xaneiro de 1720 fixo doazón á súa sobriña Rosa, que acababa de casar, dos lugares de Costoia e Merín en San Martiño de Fiestras.

O 3 de xuño de 1729 estando de cura en Santa Cristina de Vinseiro denunciou a un veciño de Callobre porque lle matara as pombas que tiña no seu pombal.

O 15 de setembro de 1729 Francisco de Leira, cura de Muxía, con poder da súa cuñada Ana de Pazos arrendoulle a Antonio todos os bens que tiña, excepto a casa de Correáns, por 2.000 reais anuais e durante 6 anos.

O 7 de xullo de 1730 nunha escritura outorgada[192] na reitoral de Santa Cristina de Vinseiro e na que se presenta como "*Abogado Titular Rebisor por el Santo Oficio de la Inquisición de este Reino*", Colexial e Reitor que foi no Colexio de Pasantes da cidade de Santiago e catedrático de Leis da Universidade, fixo doazón de todos os seus bens, que vincula, a seu sobriño Andrés Antonio Sánchez Somoza e López Pulleiro, reservándose o usufruto para el e para súa irmá e seu marido. Os bens comprendían a casa que fixo en Marza con todas as propiedades que tiña nesta freguesía, a casa, lagar e viñedo de Xubín (Razamonde. Ourense), as rendas de Arines, un censo en Lagartóns, así como a lexítima que tiña en Oleiros por sucesión de seu pai Alonso López Pulleiro, que era a metade e tres partes da outra metade, pertencentes á súa irmá Catalina, por ter asistido nos estudios e dado estado á súa costa a Rosa Sánchez Pulleiro, ao P. Frei Manuel Sánchez e ao licenciado Carlos Sánchez Pulleiro, sen que se pai gastase cousa algunha, polo que gastou máis do que representaba ditas lexítimas. E dado que vincula todos os seus bens chama á sucesión en primeiro lugar a seu sobriño Andrés Sánchez Pulleiro e sucesores, e a continuación a seus sobriños Juan Antonio, Rosa, Antonio –que acabou sendo o sucesor- e por último á fabrica da parroquia de Vinseiro.

Acordou deixarlle o usufruto dos bens do beneficio de Vinseiro a seu sobriño e cura de Cereixo don Carlos Sánchez Pulleiro, fillo de Catalina, pero logo en 1732 arrendounos por 1.800 reais. Porén, o 2 de xuño de 1736 fixo doazón de todos os bens a dito Carlos ante Francisco Nodar Blanco.

5.- **Antonio Daleira López Miranda** *(que segue)*.

6.- *Francisco Rodríguez Daleira*. Foi bautizado en Vinseiro o 10 de novembro de 1642, tendo por padriño a Gregorio de Sanxiao, quen xa o bautizara antes por necesidade e perigo de morte do neno[193].

191 Unha nota biográfica súa está incluída na monografía sobre o referido Colexio, tese doutoral de Sebastián González e García-Paz, traducida ao galego por Antonio Fraguas, e editada en 1993 polo Consorcio e a Universidade de Santiago.


192 AHUS. Protocolos de Domingo Antonio Gutiérrez de Castro.

193 AHDS.

Ordeado de tonsura en 1663, en 1673 cedeu a súa herdanza a seu irmán Antonio ante Juan do Couto, como agradecemento por terlle dado estudios e sustento trala morte de seus pais e se seu irmán Antonio non tivese fillos lexítimos a herdanza recaería nos seus irmáns. E como era só clérigo de Evanxeo e veciño de Vinseiro, reservouse o uso de usufruto até obter un beneficio eclesiástico. En 1699 xa morrera.

7.- *Jacinta Rodríguez Daleira*, casou con Juan López Pulleiro, irmán de seu cuñado Alonso. Ao igual que a súa irmá recibiu como dote dous bois, dúas vacas, varias pezas de prata, manteis, artesas, diversas fincas e rendas. Seu pai deixoulle en herdanza 200 ducados a maiores. Morreu antes de 1699.

Antonio Rodríguez Daleira,"*neto de Pedro Casal Daleira e de María Rodríguez*" naceu pouco despois de 1625 (non aparece citado no testamento de Bautista López de 1625) e casou en san Miguel dos Agros o 10 de xuño de 1665 con **Catalina de la Puebla e Susavila**.



Firma Catalina de la Puebla, 1688

Antonio Daleira ou Leira, nomeado a miúdo como *Doutor Leira*, vivía normalmente en Santiago, onde naceron varios dos seus fillos. Foi avogado da Real Audiencia[194], Xustiza Maior, Alcalde Maior do mosteiro de San Martiño Pinario e as súas xurisdicións, e de viúvo provisor e vicario xeral do arcebispado de Santiago e cura de Sta. Cristina de Vinseiro[195].

Fundou a capela do Santo Anxo en 1680. E sobre estas datas tamén fixo arranxos e ampliación da *casa de Correáns*. Fixo o corredor e patíns de pedra que estaban na entrada, así como dous cuartos na entrada da casa cara ao Norte e outro cara abaixo, para o cal ocupou un anaco do territorio da cortiña antiga que tiña dita casa, e ao lado do vendaval (ao sur) da casa fixo unha solaina e patio que tamén subía para dita casa. Así mesmo fixo dúas casas pequenas, unha para o gando e outra para o caseiro. Tamén cercou a horta e fixo un pombal en Veigavella. Por outra parte comprou un terreo a Juan de Castrelo para facer a capela do Santo Anxo coa autorización eclesiástica, que data do 17 de outubro de 1680. Dotou esta capela de rendas suficientes para que tivera capeláns que dixesen alí misas, como as que a causa do vínculo tiña a obrigación de encargar a favor do seu avó e de seu pai.

Antonio aforou o prado do muíño a Miguel Rozados por 85 reais anuais, o cal segundo os seus herdeiros causou un grande prexuízo á casa, porque ademais de ser unha renda escasa lles privou do muíño. Pero mercou moitas propiedades nas décadas dos 70 e 80, segundo vemos nos protocolos de Bonifacio Paseiro.

194 ARG. RA.19446/51
195 ARG. RA. 14740/15

En 1680 aparece como Consiliario do Claustro da Universidade de Santiago nun preito[196] polo arrendamento dunhas terras en Laíño, no que intervén tamén Gonzalo de Villar Monteagudo, dono da *casa de Monteagudo* en Codeseda. En 1706 era tamén cofrade de Nª Srª del Rosario en Sto. Domingo de Bonaval en Santiago[197]. Morreu o 23 de xaneiro de 1714.

Catalina de la Puebla, que entre outras cousas herdara de seu pai Miguel un viñedo en Ourense, morreu antes de 1697, xa que nese ano Antonio é presbítero e polo tanto viúvo.

Segundo os arquivos da familia, os bisavós maternos de Catalina foron ***Germán de la Puebla****, casado con María Román, que procedían de Madrid, pero que fixeron vínculo e morgado da casa García Sánchez, no partido de Deza. Tiveron por fillos a:*

1.- Juana de la Puebla Román, que casou con Andrés Diez Guitián, escribán do Hospital Real, natural de San Cosme de Fiolledo. Foron pais de María de Guitián Losada que foi dotada o 2 de novembro de 1633 e casou o 26 de febreiro de 1634 con Andrés Arias Somoza. Con descendencia.

2.- ***María de la Puebla Román****, herdeira do vínculo, celebrou os seus esponsais con Jorge Fernández, fillo de Antonio Baqueriza e de María Susavila. Jorge e María foron os pais de* Francisca Fernández de la Puebla. (que segue)

Francisca Fernández de la Puebla *casou con* Miguel Susavila*, fillo de Domingo Susavila e de Isabel Fernández, e neto de Gabriel Fernández e de María García. Francisca e Miguel procrearon a:*

1.- ***Catalina Baltasara de la Puebla****, que se uniu en matrimonio con Antonio Leira.*

2.- Francisco de la Puebla *que casou con Bernarda de Araso/Heraso, filla de Miguel Vazquez Araújo e de María Heraso, veciños de Sta Uxía de Eiras (OU), o 3 de xaneiro de 1691 en san Miguel dos Agros, onde bautizaron a seus fillos Isidoro, Caetano (en Indias), a Francisca, monxa en Santa Clara, a María Antonia (13/1/1692) e a José (22/4/1693, que tivo por padriño a seu tío José Vazquez de Araso, veciño de Eiras).*

Antonio de Leira e Catalina de la Puebla tiveron numerosa prole:

1.- *Teodoro Rodríguez de Leira* (que firmaba "Theodoro deleyra"), bautizado en San Miguel dos Agros o 23 de novembro de 1667, viviu a súa infancia en Santiago cos seus pais, onde recebiu a tonsura en 1681, estudou na Universidade que lle outorgou os graos de Bacharel en "Cánones" (12 de agosto de 1687) e Leis (4 de febreiro de 1689). En 1690 opositou a Vésperas de Leis pero non obtivo a praza. Foi dotado o 13 de outubro de 1691 ante Andrés de Nodar coa mellora dos bens mobles e dos raíces con gravame de vínculo situados sobre unha casa na rúa do Rego en Santiago, esquina coa rúa Nova, e a metade da casa de Correáns, para casar coa súa prima *Ana Leira Porrúa*, de Parada[198].

En 1712 tivo un preito como marido de Ana Leira por unhas rendas no lugar de Transmonte en San Martiño de Barbude[199] e en 1714, cando morreu seu pai, tivo outro preito[200] a causa dunhas rendas dun foro en Vinseiro cuxa antigüidade se remontaba a seus bisavós Pedro Docasal e María Rodríguez. E mesmo tivo outro preito en 1720 xunto co seu irmán Clemente contra o herdeiro

196 ARG. RA. 857/80
197 ARG. RA. 11129/1
198 Cfr, *Casa de Leira dos Muros*, páx. 292 ss
199 ARG. RA.19443/35
200 ARG. RA. 14740/15

do arcebispo José Jaspe Montenegro polo espolio do arcebispo cando Antonio de Leira, seu pai, foi provisor e vicario xeral do arcebispado.

Fixo testamento ológrafo o 11 de novembro de 1721 e morreu en Correáns o 12 de setembro de 1722, sen sucesión, polo que o morgado pasou a seu irmán Clemente.

2. *Francisco Rodríguez de Leira*, bautizado na parroquia de santo André en Santiago o 15 de maio de 1670. Ordenouse de tonsura en 1683 e logo aos 17 anos, ao tomar o hábito eclesiástico o 13 de xuño de 1687, renunciou co beneplácito de seus pais aos seus dereitos de herdanza, incluíndo unha sepultura na igrexa de Santiago de Tabeirós, a favor dos seus irmáns. Logo trala morte da súa nai e sendo cura en Muxía e no seu anexo Berdullas, como seu irmán Teodoro non tiña descendencia, Francisco cedeu o 29 de abril de 1703 os seus dereitos ante Silvestre García Caballero a seu irmán Clemente, que vivía tamén en Muxía ou en San Xiao de Moraime[201].

Pero ao morrer seu pai iniciou un preito contra seus irmáns, pedindo facer "*amigablemente*" as partillas, polo que se valoraron todos os bens da familia, cuxo vínculo procedía de Pedro Casal de Leira e de Bautista López (por parte da súa avoa), e pide que se inclúa unha casa que había en Santiago de costas ao Colexio de S. Xerónimo, que lle fora legada o 4 de setembro de 1711 a Clemente polo seu curmán e cura Agustín Sánchez de Leira, de familia de prateiros[202]. Ao parecer Francisco tamén levara consigo de Correáns algúns mobles e roupa. Finalmente fixéronse as partillas[203]. As posesións que deixaban seus pais, Antonio e Catalina, abarcaban casas en Santiago -xunto á fonte do Sequelo e outra en Santa Catarina xunto á torre da Atalaia-, a de Correáns valorada en máis de 2.000 ducados, bens raíces en Codeso (parroquia de Santa María de Aguións), en Quintáns de Parada, en San Xurxo de Cereixo, Santa Baia de Vedra, San Martiño de Aríns, Sta María de Sar, Santo André de Vea, etc., e viñas –por parte de Catalina- preto de Ourense, en Xubín (preto de Laias) e Erbedelo nas ribeiras do Miño. En Correáns collíanse máis de 60 cargas de froito por valor de 8.000 ducados anuais. Tamén cabe destacar un moble que había en Correáns e que lle venderon a un cóengo de Santiago por 200 ducados. Na casa había, ademais, cartos, prata, etc.

Cando morreu seu irmán Clemente foi el quen levou a administración do que deixaba, xa que os fillos eran menores. En 1729 cobrou 500 ducados por gastos derivados da súa actuación. Francisco morreu en 1730 en Muxía.

3.- *Josefa María Leira de la Puebla*[204], que foi bautizada na parroquia de Salomé en Santiago o 26 de novembro de 1673.

4.- *Ignacio Rodríguez de la Puebla*, recibiu as augas bautismais na parroquia compostelá de Salomé o 31 de xullo de 1674.

5.- *Ignacio Caetano Rodríguez de Aleira e de la Puebla*, recibiu o bautismo na parroquia de Salomé o 31 de xaneiro de 1677. Non tivo descendencia.

6.- *Juana Francisca Rodríguez de Aleira e de la Puebla*, bautizada na igrexa de Salomé o 29 de xullo de 1678. (Quizais sexa ela unha Juana Leira casada con Francisco Ventoxo, de Marcenlos, que morreu o 29 de agosto de 1752 en Codeseda)

7.- *Luis Antonio Rodríguez de Aleira e de la Puebla*, bautizado na parroquia de Salomé o 16 de agosto de 1679.

8.- *Ana María Rodríguez de Aleira*, bautizada en Salomé o 29 de xullo de 1681.

9.- **Clemente de Leira e de la Puebla** *(que segue)*

201 ARG. RA. 6400/12

202 Sobre esta familia fálase logo a propósito da *Casa dos Muros*, páx. 291 ss.

203 ARG.RA. 15160/32

204 A diversidade nos apelidos non é un erro, senón que así aparece nos Libros Sacramentais.

10. *Antonia Rodríguez de Leira*, monxa en Belvís. A 12 de febreiro de 1692 renuncia ás lexítimas a cambio do pago de 1000 ducados de dote e demais gastos[205].

11.- *Luisa Rodríguez de Leira* monxa en Belvís. Seu irmán Clemente pagáballe 20 ducados anuais, ao igual que á súa outra irmá.

Clemente de Leira e de la Puebla[206], naceu o 24 de decembro de 1682 en Vinseiro. Logo de mozo pasou a vivir co seu irmán cura Francisco en Muxía, onde casou o 26 de decembro de 1712 con **María Ana de Pazos Castro e Lema de Mesura**, filla lexítima de D. Juan de Pazos de Castro e Dª Clara Mesura Ybarra e Lema.

O pai de Ana, Juan de Pazos Castro*, de Muxía, casara primeiro con María Alonso Porrúa, da que tivo dous fillos[207] e en segundas nupcias con* Clara Mesura Ibarra de Lema*, de quen naceron:*

*1.- **Ana Pazos**.*

2.- Juana de Pazos, que casou con Ignacio de Dios Oreiro de Leis e morreu en 1774. Tiveron dúas fillas, Francisca e Ignacia.

Ana e Juana, tras un preito en 1729, repartíronse o vínculo fundado por Domingo Estévez Castro, comisario da Inquisición e cura de Muxía, herdado polo seu pai Juan de Pazos sobriño do fundador. Posteriormente os herdeiros de ambas, Francisca de Dios Pazos e Antonio Leira, fixeron novo reparto.

Clemente viviu uns anos en Muxía onde tivo a seus fillos, pero logo en 1725 pasou a vivir a Parada, pois a casa de Vinseiro ocupábaa un administrador, o avogado Antonio Queijo Romero, ao que acusou de administrar mal, de estragar as *carballeiras* do Carballal, os prados e mesmo a casa, vender o froito a baixo prezo, así como de non pagarlle o estipulado, polo que lle esixe[208] que deixe a casa e a administración, repare os estragos e pague as débedas. Ademais do administrador tiña a Antonio do Porto e a Blas Otero como "caseiros" a medias.

As rendas dunha granxa e viñas en Xubín (Cenlle, Ourense), que estaban ao lado dunha viña de D. Miguel de la Puebla, maxistral de Ourense, deixáranlla seus pais a seu primoxénito Teodoro, quen lla cedeu a seu irmán Clemente por unha escritura de concordia o 15 de febreiro de 1714 trala morte de seu pai. Logo Clemente arrendounas por 1.200 reais por un periodo de seis anos ao cura de Vinseiro, Antonio Leira Pulleiro. Dita granxa en 1720 estaba abandonada polo que só producía tres *canados* de viño.

Trala morte de Clemente o 17 de outubro de 1728 en Vinseiro, a viúva foi vivir a Muxía xunto a seu cuñado cura, e para pagar as débedas deu poder a seu cuñado o 2 de febreiro de 1729 para que vendese distintas posesións ou rendas, como uns ferrados de trigo en Aríns, preto de Santiago, e a granxa e viñas de Xubín. Ditos bens foron mercados en 3.300 reais polo seu parente Antonio Leira Pulleiro, cura de Vinseiro, quen se apartaba así dun preito que tiña pola cuarta parte dos bens dos seus avós Clemente Leira e Francisca López[209]. Todos estes bens foran comprados por Antonio Leira e a súa muller Catalina de la Puebla en 1680[210].

Ana Pazos morreu en Vinseiro o 19 de decembro de 1756.

205 AHUS Protocolos de Pedro Vázquez.
206 Na partida de casamento aparece como Clemente Leira Castro Sotomayor de la Puebla.
207 ARG. RA. 22160/20
208 ARG. RA. 22600/44
209 AHPPo. Protocolos de Francisco Nodar
210 ARG. RA. 6400/12

Clemente de Leira tivo de solteiro un fillo (*Cfr. Apéndice*) e coa súa muller, Ana de Pazos, outros cinco fillos, que eran menores cando en 1728 morreu seu pai:

1.- *Leonor de Leira e Pazos*, que foi bautizada en Muxía o 24 de xuño de 1714. Foi padriño de bautismo o reitor de Muxía, doutor don Francisco de Leira. Morreu solteira o 21 de maio de 1792 en Vinseiro, sendo sepultada na capela maior.
2.- *Teresa de Leira*, con bautismo o 19 de abril de 1719.
3.- ***Antonio de Leira e Pazos*** *(que segue)*
4.- *José Ignacio Leira e Pazos*, bautizado o 14 de outubro de 1725
5.- *María Ignacia Leira*, recibiu as augas bautismais o 15 de agosto de 1728.

Antonio de Leira e Pazos, que foi bautizado o 8 de xuño de 1721 cos nomes de *Clemente Antonio Manuel*, tendo por padriño ao presbítero don Francisco Mesura de Lema. Antonio engádese o apelido Soutomaior no bautizo dos seus fillos pero, ao igual que seus parentes dos Muros, normalmente utilizaba os apelidos "*Leira Castro*"[211] e de feito firmaba "*Antonio de Leyra y Castro*".

De rapaz vivía en Muxía e a partir dos 18 anos é el quen arrenda os bens que tiñan en Correáns. Arréndallos a seu parente Carlos Sánchez Pulleiro, cura de Cereixo ante Francisco de Nodar o 14/9/1737 e logo o 30/7/40.

Casou en Santa Cristina de Vinseiro o 24 de xullo de 1750 coa súa parente ***María Ventura de Leira e Castro Raxoi***, que foi dotada dous días antes ante Francisco Nodar polo seu pai Baltasar Leira cun vestido, dúas camas (2 colchóns, 4 cobertores, 4 sabas, 4 almofadas e 2 sobrecamas), 12 fanegas de pan, o lugar de Razamonde no Ribeiro coa súa casa, cubas e lagares, e o vínculo fundado pola súa tía Ana de Leira trala súa morte; porén, mentres vivise seu pai, Mª Ventura debía darlle sete moios de viño (6 de branco e 1 de tinto), pagando Baltasar o transporte.

O matrimonio vivía en Correáns se ben Mª Ventura pertencía á casa dos *Muros*, en Parada, onde nacera o 15 de xullo de 1731, pois era filla de Baltasar de Leira Castro e de Constanza Estévez Rajoy, *a quen tratamos ao falar da casa dos Muros*[212].



Escudo en Correáns.

O pazo de Correáns actual seguramente foi edificado por este matrimonio e dado que o primeiro e terceiro cuartel do escudo fai referencia a *Leira* e a *Castro*, o segundo e cuarto cuartel posiblemente faga relación á súa nai: Pazos Castro e Lema de Mesura, pois esas mesmas armas atopámolas no pazo de Serantes en Moraime (Muxía).

En 1774 Antonio tivo un preito[213] contra o seu parente Carlos Sánchez Pulleiro. Como temos visto, a súa nai ao quedar viúva dera poder a seu irmán, o cura de Muxía, para que vendese unhas rendas en Aríns e

211 ARG. RA.15840/6, 1945/30 e no rexistro do seu enterro.
212 Cfr. páx. 296 ss.
213 ARG. RA. 6400/12

unha granxa e lagar en Xubín (cuxa propiedade pertencía ao Conde Ribadavia, que vivía en Madrid). Comprounas o seu parente e cura de Vinseiro, Antonio Leira Pulleiro, a quen en 1720 xa llas tiña aforado Clemente antes de morrer. Pero Antonio pide que o herdeiro de Antonio Pulleiro llas restitúa pois di que el era menor e polo tanto non as podían vender. Aínda que se alega que se venderon para pagar débedas e que ademais esas posesións melloráranse moito, a Xustiza deulle a razón.

En xaneiro de 1777 foi elixido pola xurisdición de Tabeirós Procurador Síndico Xeral. Enseguida tivo un preito[214] co xuíz de Tabeirós D. Manuel de Ogando Rivera e meses despois outro[215] ao presentar as contas trala súa dimisión, debido aos moitos problemas en que se viu envolto.

Tamén tivo un preito en 1796 polo padroado da capela de san Damián e san Cosme na parroquia de Santo André de Vea, que fundara Bautista López[216]. O preito terminou en 1801, pero Antonio xa morrera en Vinseiro o 23 de novembro de 1798, polo que o terminou seu fillo Felipe. Antonio fixera testamento xudicial e foi enterrado na capela maior.

Mª Ventura tivo que continuar un preito[217] en 1753 por uns pagos dun foro en viño, iniciado xa por Ana de Leira Porrúa, de quen foi herdeira. Morreu en Parada o 7 de maio de 1814.

Tiveron por fillos, nacidos en Vinseiro, a:

1.- ***Felipe Antonio Leira e Leira*** *(que segue)*
2.- *Carlos Baltasar*, que naceu o 18 de xullo de 1753.
3.- *Mª Ignacia Antonia Lourenza*, recibiu o bautismo o 11 de agosto de 1755.
4.- *Mª Ignacia Juana*, bautizada o 4 de setembro de 1757.
5.- *Mª Antonia*, con bautismo o 1 de febreiro de 1760, morreu o 25 de maio do mesmo ano.
6.- *Mª Teresa Tomasa*, bautizada o 3 de abril de 1761, finou o 25 de maio de 1763.
7.- *Carlos*, sepultado o 10 de febreiro de 1763.
8.- *Antonio Francisco Clemente Leira*, bautizado o 7 de xuño de 1763.
9.- *Juan Antonio*, foi bautizado o 16 de marzo de 1765 e morreu solteiro o 9 de outubro de 1793, sendo sepultado na capela maior.
10.- *Manuel Ramón de Jesús*, recibiu as augas bautismais o 3 de xuño de 1767.
11.- *Joaquina Ana María*, bautizada o 20 de agosto de 1769.
12.- *José Benito*, con bautismo o 9 de marzo de 1772.

Felipe Antonio de Leira e Leira, nacido o 1 de xullo de 1751, foi bautizado o mesmo día por Teodoro Leira, sendo os seus padriños Felipe Antonio Leira Raxoi e Leonor Leira Pazos, seus tíos.

O 19 de novembro de 1762 o seu pai e a súa tía Leonor fixéronlle unha doazón ante J. Antonio Picáns dunha casa, horta e herdades para que situara como cura, se ben unha vez situado ou ao fin dos seus días eses bens debían quedar libres para os herdeiros dos outorgantes. Pero non pasou de clérigo e estudou dereito.

Casou en San Miguel dos Agros o 9 de febreiro de 1780 con *María del Socorro Neira Casas*, filla de José Antonio de Neira e Mª Manuela de Casas Navarrete.

214 ARG. RA. 1945/30
215 ARG. RA. 15849/6
216 ARG. RA. 5064/27
217 ARG. RA. 3108/24

En 1783 foi nomeado polo arcebispado escribán e xuíz de residencia de Codeseda, para substituír a seu tío-avó Francisco Ignacio Monteagudo, se ben como era veciño de Santiago atopouse coa oposición dos veciños[218]. Neste preito aparece un "*Auto de bo goberno*" proposto o 27 de maio de 1783 por Felipe Antonio que nos dá idea da sociedade do momento:

1.- Prohibido blasfemar. Castigarase con máximo rigor.
2.- Prohibido levar armas prohibidas ou andar en cuadrillas facendo alboroto en feiras e romarías, baixo pena de presidio.
3.- Ninguén viva independente e só, que se poña a servir ou vaia para outra familia, baixo pena de desterro.
4.- Ninguén consinta concorrencias de xentes de ambos sexos, so pretexto de fiadas ou outros labores nocturnos, baixo pena de dez días de cárcere.
5.- Non se consinta que as fillas ou criadas pasen as noites nos muíños, por motivo ou urxencia algunha, baixo a mesma pena.
6.- Que se prendan aos desertores.
7.- Ninguén compre nin permita cobrar a servinte e domésticos.
8.- Ninguén deixe soltas cabalerías, cabras nin outros gandos nos campos de día nin de noite, aínda que sexan coas patas atadas, e que se encarguen a persoas que as garden para impedir danos.
9.- Ningún mozo concorra aos muíños e outras paraxes privadas nas que haxa mulleres.
10.- Non se corten árbores sen licencia da Xustiza.
11.- Os muiñeiros e outros oficios públicos presenten as súas cartas de gravame e se non as teñen concorran para a súa obtención.
12.- Os que teñan romanas, pesas, balanzas, varas e medidas para comprar e vender concorran a conferilas e selalas.
13.- Os pedáneos fagan limpar as congostras e camiños poñéndoos transitables, limpar as fontes e cerrar os muros.

De 1803 é a data da expedición do seu título de notario do Reino con asignación á xurisdición de Tabeirós.

Felipe aparece en diversos preitos como o iniciado polo seu pai a causa dos bens do vínculo feito polo arcipreste de Vea, Bautista López. E en 1801 noutro por unhas rendas de 30 ferrados de pan mediado no lugar de Subión en San Xurxo de Vea.

Era patrón da capela de San Cosme e San Damián na igrexa de santo André de Vea, de aí que en 1817 fose el quen presentou para capelán a Eusebio Paseiro, que era de Callobre.

Casou en segundas nupcias sobre 1802 con ***Dolores Isabel Pardo Montenegro***, de San Xoán de Vilanova (Lalín). O matrimonio viviu no pazo de Correáns.

O terceiro avó de Dolores Isabel era Gaspar Pardo e Aguiar*, da casa de Aranza (Meira, Lugo), casado con* Antonia Montenegro*, quen tiveron por fillo a:*

Antonio Pardo Montenegro *que casou con Inocencia Novoa e Taboada, filla de Antonio de Novoa e de María Rodríguez de Castro.*

218 ARG. RA. 9199/26

Estes tiveron por fillo a José Pardo Novoa*, quien casou con* Benita de Prado e Ulloa*, filla de Antonio de Prado e de Ana Bernarda Ulloa, da casa do Batán, en Novelúa (Monterroso), onde se pode ver o escudo dos Ulloa.*

Estes tiveron a Ramón Pardo Prado *que casou con* Josefa González Taboada*, veciños de san Xoán de Vilanova (Lalín), e que foron os pais de dita Isabel Pardo González. Isabel ao igual que seu pai e seu avó usaba os apelidos "Pardo Montenegro", segundo aparece nos libros sacramentais.*

Morreu Felipe Antonio o 30 de xaneiro de 1820 en Correáns e a súa muller, Isabel Pardo, o 16 de xaneiro de 1828, tendo feito ela testamento ante Bonifacio Paseiro, escribán e veciño de Callobre, e sendo enterrada o 17 dentro da igrexa na capela maior coa asistencia de 19 sacerdotes.

Os fillos de Felipe e Isabel naceron en Vinseiro:

1.- *José Benito Antonio*, nacido o 24 de outubro de 1803.
2.- *María Josefa*, naceu o 4 de agosto de 1807 e casou con *Agustín Porto Pulleiro*, fillo de Juan e de Francisca, veciños de Callobre. Viviron na *Casa Grande de Parada*[219]. Mª Josefa foi sepultada en Parada o 5 de agosto de 1862.
3.- *Antonia*, nacida o 2 de xuño de 1809.
4.- ***Felipe Antonio de Leira e Pardo*** *(que segue)*
5.- *Manuel Ramón Ignacio*, nacido o 22 de outubro de 1811, o seu óbito ocorreu o 4 de outubro de 1812 en Vinseiro.

Felipe Antonio de Leira e Pardo, veu a luz en Vinseiro o 3 de decembro de 1810. Uniuse en matrimonio con **Prudencia Sánchez de la Peña** na parroquia de Santiago de Taboada (Silleda) o 23 de setembro de 1833.

A familia de PRUDENCIA está relacionada cos ARAUJO do seguinte modo:

Gonzalo Rodriguez Araújo[220] *, cabaleiro en Portugal, vasallo do rei Fernando, quen lle deu as terras en Lindoso e Villar de Bacas, procedía da familia do conde Rodrigo Velloso -casado coa condesa De Lambert da familia real francesa-, fillo de Velloso o Sancho Velloso, fundador da casa de Cabrera e Ribera, e descendente do rei Ramiro III de León.*

Gonzalo Rodríguez tivo por fillo a ***Pedro Yañez de Araújo****, vasallo do rei Xoán I de Portugal. E este tivo por fillo a:*

Payo Rodríguez Araújo*, embaixador de Xoán I de Portugal. En Galicia tiña o castelo de Sande e foi pertigueiro de Celanova, e en Lobios (Ourense) aínda hai un pazo con armas dos Araújo. Casou con Leonor Barbudo, con quen tivo a:*

Alonso Rodríguez*, que casou con María Rodríguez, sobre o ano 1600. Tiveron por fillo a:*

Fernando Rdez. Araújo*, que casou con Inés Vázquez, que tiveron a*

Alonso Rodríguez de Araújo*, que casou con Antonia Araújo, que tiveron a:*

Ana Rdez Araújo *que casou con Francisco Gómez, que tiveron a:*

Antonio Gómez Rdez Araújo*, que casou o 22 de novembro de 1689 en Gomariz con Bernarda Novoa, e que morreu en San Clodio o 4 agosto de 1743. Tiveron once fillos, entre eles a:*

Prudencia Gómez Rdez. Araújo*, que casou o 14 de marzo de 1718 con Carlos Suárez Noguerol, de Freáns (Maside), que tiveron a:*

219 Cfr. *Casa grande de Parada*, páx. 391 ss

220 Esta xenealoxía está tomada de notas da familia Leira. Parte dela tamén se expón en *Os González de Soto…* de Carlos de la Peña (Boletín 6, páx. 64, de *Estudios de genealogía, heráldica y nobiliaria de Galicia*), coa que coincide.

***Valentina Suarez Noguerol**, bautizada en Sta. María de Freá (Toén) o 10 de febreiro de 1724 e que casou co seu parente Juan de la Peña, que tiveron a:*

***Manuela de la Peña Noguerol**, que casou con Francisco Sánchez López Gil, veciños de San Xoán de Palmou onde estaba a súa casa de Rielo. El era tamén dono da casa de Biñoa en Santa María de Soutolongo, así como de outras en San Clodio, en Freáns (Maside), no Ribeiro do Miño e en Lobáns no Avia[221]. Tamén aparecen como veciños de Santiago de Taboada, onde casou a súa filla. A súa muller ultimamente vivía en San Clodio no Ribeiro. Foron os pais de dita **Prudencia Sánchez de la Peña**.*

Logo, a punto de cumprir 60 anos, casou en segundas nupcias o 26 de novembro de 1870 en San Salvador de Pazos de Arenteiro con **Ramona Ogea Bernedo**, nacida o 2 de decembro de 1834 en Serantes, filla de Juan de la Cruz Ogea Quiroga, veciño de San Miguel de Lebosende (Leiro) e de Bríxida Bernedo e Quiroga, de San Tomé de Serantes (Leiro), onde exercía o seu irmán cura D. Luis Bernedo[222] e neta por vía paterna de José Ogea e Manuela Quiroga e por vía materna neta de Pedro Bernedo e María Vasco Ulloa, naturais de Doncos (Salamanca). Fixeron as velacións en Vinseiro o 31 de agosto de 1871, téndose casado civilmente –pois así o esixían as leis do momento- o 27 de agosto de 1871. Felipe Antonio -ou Antonio, como era coñecido comunmente- morreu en Leiro o 8 de xuño de 1876.

Viviron unha época de decadencia xa que as novas leis estatais foron acabando co sistema de foros e morgados, e por outro lado deixaron de posuír a escribanía que dependía do arcebispado, xa que agora pasaron todas a depender do Estado.

Ao quedar sen herdeiros a *casa dos Muros* foi el quen se fixo cargo da propiedade.

Antonio, en 1875, tivo un preito contra uns veciños de Matalobos por unha renda atrasada polo foral de Moldes, cuxa sentenza lle saíu favorable, pero que non tivo tempo de pagar ao procurador Antonio Mª Paseiro ao sobrevirlle a morte. O procurador demandou aos seus herdeiros os gastos do xuízo, pois non se poñían de acordo en que cantidade correspondía a cada un, xa que algún xa herdara unha parte, e dous dos seus fillos, José e Mariano, estaban en paradoiro descoñecido.

Felipe Antonio e Prudencia tiveron a:

1.- **Manuel Ramón María de la Soledad Leira Sánchez**, que naceu o 22 de novembro de 1834 e que se foi vivir aos *Muros*, xa que seu pai deixou a herdanza de Vinseiro aos fillos da súa segunda muller.

2.- *José Leira Sánchez*, que casou con Elvira Benítez en Porto Rico e se enterrou en Parada o 6 de setembro de 1882.

3.- *Juan Antonio Sinforoso Prudencio Leira Sánchez* que naceu en Correáns o 7 de abril de 1843 e morreu en 1855.

4.-*Maria de las Nieves Teresa Ramona Leira Sánchez*, que naceu en Correáns o 5 de agosto de 1846 e foi coñecida como Teresa. Previa autorización notarial ante Manuel Santamarina o 10 de xuño, casou o 19 de setembro de 1864 co capitán do Provincial en Santiago don *Antonio Vidal Tredis*, veciño de Pontevedra e fillo de Jorge e de Francisca, veciños de San Xurxo de Sacos. Antonio reclamou o dote de Teresa a seu sogro en 1872, que tras un preito se valora en 11.250 pts., ademais de 4.000 pts dos froitos atrasados desde 1864. Entón Antonio entregoulle

221 ARG. RA. 25220/39
222 ARG. RA. 11520/4

unha casa en Nogueira (Leiro) cos seus anexos valorada en 2.200 pts., unhas rendas en Santiago de Corneda por valor de 500 pts. e ademais déixalle a lexítima sen descontos.
Trala morte de seu pai, Teresa deu a súa lexítima a seu irmán Manuel a cambio de 15.000 pts., menos as 2.500 pts en que valoraba o lugar de Nogueira no Ribeiro que seu pai lle entregara.

5.- *Mariano Agustín Leira Sánchez*, naceu en Correáns o 12 de xaneiro de 1849.

Por outra parte, Filipe Antonio e a súa segunda muller, Ramona Ogea, tiveron a:

1.- **Brígida Leira Ogea**, que casou con José María Vallejo, veciño de Riobóo, municipio de Cenlle (Ribadavia), onde tivo varios fillos.

2.- **Electa Adelaida María de la Concepción Leira Ogea**, nacida en Vinseiro o 18 de setembro de 1871.

3.- **Antonio María Agustín Leira Ogea**, nacido en Vinseiro o 17 de xaneiro de 1874, pero asentado no Rexistro Civil da Estrada o 8 de xullo de 1885, cando xa morrera Antonio. Viviu en Leiro (Ribadavia), foi avogado e casou en Santiago o 1 de xuño de 1920 con Luisa Fernández García.

Os *Leira Sánchez*, fillos da primeira muller, pasan pois aos *Muros*, mentres que os *Leira Ogea* son os que herdaron os bens de Vinseiro. Estes foron vivir a Leiro, de onde era a súa nai, polo que venderon as propiedades de Vinseiro.

Bríxida Leira Ogea vendeu a súa parte o 10 de marzo de 1934 ante o notario de Villamarín don Salvador Freijedo Sainz a **Manuel Mato Castro** e **Manuela Franqueira Rodriguez**, veciños de Vinseiro. E o 16 de outubro de 1935 tamén o seu irmán *Antonio Leira Ogea* lles vendeu a súa parte, que consistía nunha eira, parte dun hórreo e un monte, que lindaba coas posesións dos novos donos. Estes, herdeiros de Ángel Franqueira, tiñan xa moitas posesións que lindaban en ocasións coas novas adquisicións.

Todas estas propiedades pasaron en herdanza á súa filla **Alicia Mato Franqueira**, a actual propietaria, que casou con **José Requeijo Martínez**, contratista estradense. E foi este matrimonio quen o 3 de marzo de 1984 comprou a Benjamín Lois García, mestre xubilado, a Benjamín Lois Rial, médico, e a José-Benjamín Lois Cachafeiro o resto dos bens dos Leira, que *Electa Leira Ogea* vendera anteriormente aos herdeiros de Benjamín Lois (Benxamín Lois e Lois, casado con Anuncia García, fora avogado e en 1921 deputado provincial).

O matrimonio José Requeijo e Alicia Mato teñen un fillo, **Manuel Requeijo Mato**, industrial.

APÉNDICE

Clemente Leira e de la Puebla[223] tivo de María Pérez, solteira, a **José De Leira** *(que segue)*

José De Leira naceu o 2 de maio de 1712 en San Cibrán de "Villaestoso"[224] (Muxía), e foi recoñecido polo seu pai o 18 de xaneiro de 1714. Este José de Leira casou primeiro con *Juana de*

223 Cfr. Páx. 96-97

224 Parroquia coñecida actualemente por Vilastose. Cfr. MARTÍNEZ LEMA, P. *Sobre algunos nombres de posesor en la toponimia de la comarca de Fisterra (Galicia)* Anuario Estudios Filológicos, 2013.

Pazos de Dios e Oreiro o 27 de decembro de 1741 e logo o 2 de xaneiro de 1746 en Corcubión con *Ignacia Posse Bermúdez de Dios de Castro*, nacida en 1722. José morreu en Corcubión en 1770 tras ter outorgado testamento.

Estes tiveron por fillos:

1.- **Antonio de Leira** *(que segue)*

2.- *Francisco de Leira*.

3.- *María del Socorro de Leira*, que casou con Mario Quintana.

4.- *María Salomé de Leira*, que casou con Manuel Isidoro del Molino Valladar e que morreu antes que seu pai.

Antonio De Leira Castro, coñecido de mozo como *Antonio Leira Pose*, naceu en Muxía o 12 de novembro de 1751 e foi rexedor perpetuo de Corcubión, proveedor de víveres e Vice-cónsul da Nación Británica.

Casou con ***Simona de Lago e Leira***, quen herdou de seus pais terras na zona de Duio, Sardiñeiro, Rebordelo, Serantes, etc.

En 1791 xa aparece involucrado nun preito[225] pois a súa nai Ignacia ao quedarse viúva pediu xunto con Antonio, que nese momento tiña 19 ou 20 anos, un préstamo de 4.000 reais por dez anos sobre a súa casa e herdades para pagar as débedas do seu marido, recoñecidas no seu testamento. Ao pasar o tempo e non poder pagalo, preitean alegando que el era menor e que a súa nai non podía hipotecar a herdanza do pai. Ao final tivo que pagar a súa parte.

Tras un preito iniciado en Valladolid[226] en 1795 Antonio probou a súa fidalguía segundo Real Célula e Provisión expedida polo rei Carlos IV o 16 de decembro de 1796. Por certo, Antonio sempre se considerou pertencente á familia Leira de Correáns.

Antonio Leira comerciaba, entre outras cousas, con cacao que lle enviaba seu fillo Jerónimo desde Cumaná (Venezuela): "*se recibió en Vigo de mi cuenta en julio del año once (1811) del Capitán de la Goleta "Barbarroja" que conducía desde Cumaná trescientas noventa y siete libras de cacao que me remitía mi hijo Jerónimo y beneficio en dicha plaza a quince reales la libra que importan 5.955 reales*".

Por outra parte parece que Antonio Leira, forzado polas circunstancias, destacou na loita contra os franceses en 1809, conseguindo que os ingleses lles deran armas e municións. Pero logo, cando se acercaron os franceses, escapou coa familia de Corcubión a Vigo.

Antonio de Leira Castro morreu en Corcubión e 3 de agosto de 1832 e foi enterrado dentro da igrexa parroquial en sepultura dotada, mentres que a súa muller, Simona Lago, foi enterrada no cemiterio o 24 de novembro de 1837.

Tiveron varios fillos, dos que só dous vivirán de maiores en Corcubión[227]:

1.- *Bernardino Leira Lago*, que casou en Uruguai con Asunción Mair.

2.- *Andrés Leira Lago*, que casou con *Andrea Rodríguez*, tendo por fillo a José, que casou con Juana Eiranova.

225 ARG. RA. 15840/7

226 AHN. Sala de Fillosdalgo, Caixa 1012,2

227 Os arquivos parroquiais de Corcubión foron queimados polos franceses, que queimaron casas e mataron a moitos dos seus habitantes, polo que é dificultoso conseguir datos máis precisos.

3.- *Francisco Leira Lago*, que casou o 4 de xullo de 1838 con *Inés Canosa de Caamaño*, filla de Salvador Canosa de Caamaño e de Jacinta de Puente, e viviu en Corcubión. El morreu en Corcubión o 2 de setembro de 1854.

Tiveron por fillo a Andrés Leira Canosa, que casou con María Díaz, que tiveron varios fillos: María, que casada morreu o 20 de xullo de 1896, Maximino que morreu aos 24 anos o 28 de setembro de 1889. Andrés, que era alguacil do xulgado de Corcubión, morreu aos 66 anos o 6 de setembro de 1883, mentres que a súa esposa morreu o 5 de maio de 1897.

4- *Jerónimo Leira Lago*.

5.- *Antonio Leira Lago*.

6.- *Juan Leira Lago*.

7.- *Manuel Leira Lago*.

8.- *Josefa Leira Lago*, que casou con *Ángel Escaja*, oriundo de Villafáfila (León) e tiveron varios fillos: *Rosa*, que morreu solteira aos 26 anos en Santiago sendo enterrada no cemiterio de Santo Domingo o 12 de outubro de 1851, *Gumersindo* que morreu o 14 de agosto de 1852, *Fernando* que morreu solteiro o 15 de decembro de 1852, *Segunda* que morreu solteira aos 77 anos o 20 de xullo de 1883, e *José* que morreu solteiro o 21 de marzo de 1874.

Josefa demandou a seu pai en 1825 enviándoo á cadea ao reclamarlle o dote que lle prometera o 6 de marzo de 1804. Antonio Leira, o pai, dicía que xa lle tiña pagado, é máis, que seu xenro aínda lle debía diñeiro. D. Antonio tiña moitas posesións, entre elas unha casa en Corcubión queimada polos franceses en 1809, outras en Lires, unha fábrica de curtidos sita no Areal de Quenxe na parroquia de Redonda, outra de sardiñas e moitas terras –que se detallan no preito-, se ben cando se inicia o preito di que é "vello e pobre". Cando o meten na cadea a súa muller pide que o seu dote non sirva para pagar as débedas que se lle reclaman a Antonio, e detalla que tiña terras recibidas de seus pais en S.Vicente de Duio, Sorriba, Sardiñeiro, Rebordelo, Serantes, etc[228].

Ángel Escaja morreu o 18 de xullo de 1852, polo que Josefa continúa un preito iniciado polo seu marido esixindo o pago dun préstamo por valor de 13.000 reais. Curiosamente, primeiro Ángel e logo ela postúlanse como "pobres", xa que pagaban así menos impostos. Josefa morreu aos noventa e tantos anos o 7 de abril de 1877.

228 ARG.RA. 25782/47

PAZO DE OCA

A uns 14 quilómetros da Estrada e preto do río Ulla atopamos na parroquia de San Estevo de Oca un dos pazos mellor conservados de Galicia, o magnífico *pazo de Oca*, declarado Monumento Histórico-Artístico por real decreto (BOE, 24-3-1982) e chamado o "*Versalles galego*" pola importancia dos seus xardíns.

Situados diante da extensa praza de Oca, impresiónanos un conxunto arquitectónico con personalidade propia e sen parangóns, formado polas fachadas principais do palacio coa súa torre maciza e a igrexa-capela unida ao pazo por un arquitectónico pasadizo de espléndido balaústre.



Pazo de Oca

Pasando pola rúa que está á beira da praza chegamos fronte a entrada principal do pazo. Un camiño empedrado, que se bifurca á dereita, lévanos cara ao cruceiro coas imaxes do Crucificado e da Dolorosa, outro camiño á esquerda lévanos directamente á igrexa, e seguindo de fronte imos á entrada principal do palacio. Intramuros temos un recinto amurallado no que se acha un conxunto de edificios, xardíns, hortos e prados, que de xeito harmónico sufriron unha serie de transformacións ao longo do tempo. Ten tamén un entorno agroforestal formado pola *Fraga da Cerrada*, *Carballeira de Ouriles* e os *prados de Subatán e Badoucos*, regados polos ríos Boo e Mao, que serven de contrapunto á intervención humana.

1.- O PALACIO.

A maior parte do frontal do pazo fíxose a partir de 1701 baixo o patrocinio de Andrés de Gayoso[229] Ozores e Sotomayor e a súa dona Constanza Arias de Ulloa. Trátase dun edificio de dúas plantas, no que destaca a entrada principal con balconada no piso superior. A cada lado ábrense

229 No s. XVII e comezos do XVIII o apelido aparece moitas veces como Gaioso, despois normalmente como Gayoso.

tres amplas ventás na parte inferior que se corresponden con outras rachadas no piso superior, das que a do medio ten balcón. E na parte dereita érguese unha torre ameada de planta cadrada de grosos muros, que no exterior ten un oco nas dúas plantas inferiores e dúas na planta superior, mentres que no interior ten unha escaleira de pedra para subir á segunda planta a partir da cal se pode subir polo exterior até as ameas que a coroan. Nas ameas catro mastros coas bandeiras de España, Galicia e as dos Gayoso e Camarasa ondean cando está no pazo algunha persoa da familia propietaria. Unha cornixa baixo as ameas e apoiada en grandes ménsulas adornan a torre que tamén ten cara á praza un escudo pétreo coas armas de Andrés Gayoso e da súa muller Constanza Arias (os escudos coméntanse ao falar dos seus propietarios).



Prosiga 1746

A obra continuouna o seu fillo Fernando Gayoso Ozores Sotomayor facendo entre outras a capela, galería, dormitorios e cociña, gastando máis de 16.000 ducados segundo confesa no testamento que fixo por el a súa muller. Na ala sur do palacio sobre o último perpiaño don Fernando mandou colocar un brazo esculpido en pedra cunha man sinalando cara o Este e unha inscrición que di "*Prosiga 1746*", pois o plan moi ambicioso consistiría en continuar o edificio ata pechar un patio cadrado no seu interior, que foi o que en parte se fixo pero con construcións secundarias e de menor porte. Non obstante hai que sinalar que a ala norte do pazo tamén pertence á primeira época, se ben só se chegou a facer a primeira planta.

En novembro de 1751 ao facer inventario do pazo[230] trala morte de Fernando Gayoso noméanse todas as dependencias de que consta dito pazo: cuarto da torre no primeiro e segundo piso, salón grande, tres dormitorios ao saír do salón, antesala ou cuarto de entrada, cuarto do reloxo, outro cuarto cara vendaval xunto ao do reloxo, cuarto da galería (cara á horta), cuarto da obra nova ou dos señores, dormitorio das señoritas, e no piso baixo estaba o dormitorio das criadas, a dos paxes, o cuarto da roupa branca, o cuarto novo do gabinete e tres cuartos da mordomía, o cuarto novo baixo o gabinete, o cuarto da torre vella, as cortes para os cabalos, cociña, despensa da cociña, soto debaixo da cociña e ante-cociña, patio, soto e tullas debaixo da torre, o cuarto e soto dos" truques" (onde tiñan a mesa de billar e accesorios), bodega, cuarto da leña, miradoiro da horta, casa dos muíños así como a capela nova coa súa sancristía.

E cando se fai outro inventario[231] en marzo de 1765 trala morte Francisco Javier Gayoso, menciónanse outras dependencias menores: dúas cortes para cabalos e mulas, outra para gando vacún, outra "*la antigua*" e separada do palacio onde teñen tres "*cochinillos de indias*", outra para ovellas, outra para "*cerdosos*", un galiñeiro onde tiñan pavos reais, gansos, parrulos, galiñas e galos, un pombal e outra corte onde tiñan a palla.




Vista aérea do pazo de Oca

230 ARG. RA 1336/66
231 ARG. RA 1336/66

Segundo ambos inventarios as distintas estancias, todas moi ben amobladas, estaban adornadas con grande cantidade de cadros con retratos de membros da familia -dos que aínda se conservan algúns, como veremos-, do rei e da raíña, así como con imaxes de santos.

Seguramente sobre os anos 1785-90 en tempos de *Domingo Gayoso de los Cobos* o corpo principal foi ampliado duplicando a súa superficie, sobre a que logo Manuel Fernández de Henestrosa a finais do s. XIX reconstruíu a galería, escaleira principal e a escaleira de medio punto que accede á entreplanta. Esta galería, que podemos admirar desde o xardín interior, posúe dez ventás acristaladas, separadas por estreitas pilastras, e descansa sobre cinco arcos de pedra sobre grosos piares.



FARO DE VIGO

DIARIO DECANO DE LA PRENSA DE GALICIA Y EL DE MAYOR CIRCULACIÓN

Año 82 — Fundado por Angel de Lema y Marina — N.º 20.593

NÚMERO SUELTO 10 CENTIMOS — Martes 7 de agosto de 1934 — OFICINAS Y TALLERES: COLÓN, 28

INFORMACION DE ESPAÑA Y DEL EXTRANJERO

Una dolorosa catástrofe en el palacio de Oca

Durante un "lunch" en honor de los miembros del Congreso de Ciencias, se hundió el piso y resultaron un muerto y 48 heridos, algunos de ellos de gravedad.-De toda Galicia se reciben en Santiago testimonios de pésame por tan lamentable desgracia.-En Vigo se suspendieron las fiestas, por dos días, en señal de duelo.-Un periódico dice que en breve se entrevistarán Lerroux y Gil Robles para tratar de la formación del nuevo Gobierno, añadiendo que este será presidido por Melquiades Alvarez.-"El Socialista" dice que todo está preparado para que hasta Octubre no ocurra nada.-"El Sol" comenta la actitud de rebeldía en que se han colocado los Ayuntamientos de Guipúzcoa y Vizcaya.-Hoy emprenderá su anunciado viaje a Galicia el Presidente de la República, acompañado de los ministros de Instruccion, Trabajo y Agricultura.

Durante a república o 6 de agosto de 1934 tivo lugar un desgraciado accidente con motivo da visita ao pazo duns congresistas, pois cedeu unha viga do salón da torre do homenaxe, morreu unha persoa e houbo corenta e oito feridos. Con posterioridade substituíuse a estrutura de madeira por unha de formigón.



Portada principal

Nos últimos anos a Fundación Casa Ducal de Medinaceli está a ter diversas actuacións de mantemento, conservación e acondicionamento tanto no pazo como nos seus xardíns recuperando así para todos os visitantes esta xoia estradense.

Nos anos 2012-13 rebaixouse o nivel da praza deixando á vista a base do pazo, dos arcos e da capela-igrexa así como todos os chanzos do cruceiro.

O acceso ao interior realízase a través dunha portada singular de pedra, baixo un gran balcón de ferro, que dá a un amplo vestíbulo, con dúas portadas renacentistas unha a cada lado cos escudos dos Neira e dos Luaces, que dan unha ao salón das tullas e a outra a dependencias de traballo e almacén.

E noutra estancia saíndo cara os xardíns podemos admirar *á esquerda* un gran banco pétreo rematado por dous escudos ovalados e ao timbre coroa de marqués, e *a dereita* unhas escaleiras que nos levan ao piso superior, onde en primeiro lugar está o *salón de armas*, pois nel se poden ver espadas, un mosquetón (con chave de chispa), pistolas, un casco de ferro e outras armas, e que está adornado cunha cadeira de transporte sobre andas así como con diversos retratos dos séculos XVII a XIX, a saber, do conde de Ribadavia, de Gonzalo Neira e da súa muller María Pardiñas, de Frai Juan Arias Ozores, de Constanza Arias e dos marqueses de Camarasa don Jacobo Gayoso de los Cobos e Téllez de Girón e da súa muller Ana María de Sevilla.



Baltasar C. Sarmiento de Mendoza, conde de Ribadavia, 1662, no salón de armas



Reliquias de san Ramón. Oratorio de Oca

Logo atravesando o salón dos Continentes pasamos ao salón vermello ou dos escudos, pois está adornado con diversos reposteiros, coas armas familiares e no salón seguinte sobre o teito un fermoso escudo policromado coas armas de Fernando Gayoso e da súa muller Mª Josefa de los Cobos e Bolaño, semellante ao que xa vimos na capela. Nunha esquina o oratorio en honor a san Antonio, coa súa imaxe tallada en madeira, un relicario cun oso de San Ramón Nonato, avogoso das parturientes[232], e un estandarte coas armas do pazo, entre outras cousas.

Os seguintes salóns son o da biblioteca onde sobre a cheminea hai dous escudos, o salón comedor –desde onde se pode saír cara a capela-, unha habitación e un baño, unha impresionante lareira e un segundo comedor máis pequeno.


As dependencias da torre así como todas as da planta baixa están reservadas e non son visitables.

2.- OS XARDÍNS.

Se para Andrés Gayoso e señora a construción do pazo era un signo de ostentación da súa condición señorial baseada no seu poder xurisdicional e no foro, o xardín era unha peza máis que complementaba esa ostentación, xa que se pasa dun aproveitamento utilitario das terras a un proxecto predominantemente estético e poético.

Constitúese pois un espazo botánico no que no entorno máis inmediato do palacio o xardín é meramente ornamental, pasando logo a un espazo hortícola e medicinal, ata chegar a un espazo agrícola no que as árbores froiteiras, viñedo e cereais preceden ao arboredo que está máis afastado do palacio.


232 Na veciña capela da *casa de Silva* (Arnois) había no século XVIII-XIX un relicario deste santo, agora desaparecido, polo que quizais se trate do mesmo.



Vista aérea

Nos primeiros tempos neste xardín a carón do palacio predominaba o buxo, situado sobre todo ao longo dos estanques e recortado en formas de cubos ou de ameas. Logo, segundo Martínez Corrocher, "*había plantación de navicol, tirabeques, brécol morado y blanco, cohombros, cebollino, berza gallega, chirivías, fresas, espárragos y veinte hortalizas más. El jardín de Oca fue una hermosísima huerta, delicada y palaciega, con un propósito dual de utilidad y belleza, verdadero ideal dieciochesco. Su dimensión de huerta ornamentada se la proporcionaban los perfiles de plantas medicinales que contorneaban los perfiles de plantas medicinales que contorneaban las plantaciones alimentarias, que eran de romero, santolina, tomillo, salvia, mostaza, hisopo, guardarropas, murta y menta, que son cuidadosamente trasquiladas y adornadas a veces con bordados de tomillo, romero, abrótano y hasta de fresas (...) Hubo una gran colección de frutales en Oca, que era un jardín frutal, casi todos cultivados en espaldera, como en la llamada carrera del Espaller, clara deformación de la palabra francesa "espallier". Así, había parras, perales, manzanos, avellanos, nogales, castaños, pinos, albérchigos, guindos, cerezos, membrillos, melocotoneros, higueras, ciruelos, frutos de la Pasión y, muy especialmente, naranjos y limoneros de los que aún subsisten algunos ejemplares*."[233]

No espazo agrícola e segundo o inventario que se fixo en 1765 recolleuse na horta do pazo -que se traballaba mediante criados, xornaleiros e "a medias"- uns 67 ferrados de trigo, 72 ferrados de maínzo, 6 ferrados de fabas, 25 moios e 2 canados e unha ola de viño entre a viña do pazo e a da Ulla, así como algo de liño e froita, mentres que as castañas dos sotos se arrendaron por 20 ferrados de castañas secas.


Orthografía exterior meridional de Oca ou Plano de Peinador, 1805

A súa distribución nestes tempos debía ser semellante á que podemos ver no Plano de Peinador de 1805, mandado facer por Joaquín Gayoso de los Cobos e que está colgado nunha parede da cociña-lareira. "*El dibujo reproduce fielmente el jardín de aquel tiempo que, por la muralla enmarcante, la retícula de los paseos, la distribución ordenada de cuadros poligonales, mayormente destinados a cultivos agrícolas, viñedo y maíz; la existencia de un recinto reservado a jardín, la presencia de elementos arquitectónicos (lavadero, molino, estanques y barcas, sistema de canalización, casita-mirador, hórreo, arqueta, escalinatas,etc.) y vegetales (cinturón de bojes y alineaciones arboladas), a pesar de que denota un claro predominio del componente agrícola, deja ver a las claras que el jardín está ya presente*"[234] .

233 RODRIGUEZ DACAL, C.-IZCO, J. *El jardín de los pazos gallegos*. Universidade de Santiago. 1994.
234 RODRIGUEZ DACAL, C.-IZCO, J. o.c.

Outro plano, titulado "*Posesión de los Excmos. Sres. Marqueses de San Miguel das Penas*", realizado en 1879 en tempos de Ignacio Fernández de Henestrosa e Ortiz de Mioño, mostra unha nova intervención de estilo paisaxista. Froito desa intervención vemos o paseo dos tileiros e o chamado xardín de Vié.

Actualmente o xardín mantense coas directrices dadas polo actual marqués de Camarasa e presidente da Fundación Casa Ducal de Medinaceli, Ignacio de Medina e Fernández de Córdoba respectando a súa evolución en todos os estilos que con tan formidable harmonía conviven en Oca e conservando o dobre carácter de xardín ornamental e de horta produtiva que tivo sempre na súa dilatada historia.

Para percorrer os xardíns pasamos desde o hall de entrada ao patio principal que ten no centro unha fonte de pedra rodeada de sebes de buxo. Logo, situado nun nivel inferior e separado por unha escaleira de pedra, está o *patio de labor*, onde destacan o hórreo e a porta de saída ao campo, traída desde a torre de Cillobre e rematada por un gran frontón curvo de pedra que alberga un gran escudo coroado.

No lateral esquerdo do patio de labor hai un pequeno xardín cerrado, formado por un labirinto vexetal, protexido en dous dos seus lados por galerías porticadas que serven de viveiro.

Continuando nese lateral e antes de pasar aos xardíns a través dun portalón vemos una fonte de trazas barrocas que foi escollida por Castelao para una das súas láminas co título de "fonte da marquesiña".

A continuación disponse os elementos máis monumentais e característicos deste xardín. O seu ordenamento, disposto sobre unha ampla superficie rectangular, está orixinado polo principal motivo artístico do xardín: a auga, que procede dos ríos Boo e Mao e se recolle nun gran estanque rectangular, e que despois a través de dúas canles, se distribúe por todo o xardín a partir do Lavadoiro, construción de arquitectura popular formada por unha especie de pavillón aberto en todos os seus lados.

Detrás da capela e xunto ao gran estanque hai unas sebes formando as cruces das ordes relixiosas: cruz de Malta, cruz de Calatrava e a cruz de Santiago.

Nesta zona podemos admirar una grande variedade de árbores e plantas, como o cinamomo multifloro, as draceras Wellintonianas, un impresionante *Liriodentron tulipefera*, etc., e entre todas detrás da capela destaca unha *camelia reticulata* declarada monumental pois sobresae sobre todas as coñecidas pola súa talla, tanto en altura como perímetro xa que pasa dos 12,50 m. x 1,6 m. e que segundo o experto Von Velde, propietario dos famosos viveiros dese nome, esta camelia sería a máis antiga de Europa.

O estanque superior con forma rectangular ten no seu fronte superior unha ponte erixida sobre arcos de pedra, sobre o que se acha un muíño con dúas rodas onde se ergue un escudo colocado nos últimos anos e que mira cara os estanques.

Desde aquí pódese admirar a gran perspectiva acuática e vexetal do estanque, no centro do cal hai unha illa con forma de barca de pedra plantada con hortensias, en cuxa proa se atopa a escultura en pedra do barqueiro, que constitúe a imaxe máis coñecida do Pazo de Oca. Na popa da embarcación outra escultura tamén de pedra representa a un grumete.



Muiño



Estanque superior

Este estanque está separado do inferior por unha ponte de pedra, adornado con bancos nos laterais e columnas, sobre as que se situou un emparrado. A auga deita no estanque inferior a través dun gran cano de auga, que brota da cabeza dunha serpe, que é soportada pola escultura en pedra dun xigante. A forma deste estanque é similar ao superior e ten tamén unha pequena illa central con forma de barca e dúas esculturas en popa e en proa, que representan uns animais soportando uns escudos, seguramente anteriores á realización do estanque.

De forma paralela a ambos estanques dispóñense pequenos xardíns, camiños emparrados e os hortos, que son regados por unha das dúas canles, que parten do estanque superior.

Preto do estanque atópanse dúas fontes, a primeira coñecida como *fonte das troitas* e a segunda como *fonte do monumento*, ambas cun escudo timbrado de coronel coas armas dos Gayoso.

Neste sector destacan unha glorieta con bancos e unha escaleira que da acceso ao Paseo dos Tileiros, enorme extensión de terreo con 150 m. de longo, realizada por Fernández de Henestrosa en 1920 para dedicala a carreiras de cabalos. Os tileiros como conxunto están incluídos no *Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia*, igual que os buxos que rodean os estanques, ademais da citada *camelia reticulata* e unha *criptomeria elegante*[235].



Paseo dos Tileiros

3.- A CAPELA.

A finais do século XVI María Neira, segundo o seu testamento, [236] fundou en Oca un oratorio dedicado a san Antonio de Padua.

O 9 de xuño de 1682 Juan Gayoso e a súa muller Urraca de Mendoza fundaron a confraría de San Antonio "*cuya capilla de su nombre y advocación tienen junto a su misma casa y de que son dueños y patronos*". Os confrades, toda a xente importante da zona e algúns veciños, tiñan que pagar 4 reais ao ano, a cambio celébranse doce misas ao ano polos confrades defuntos

235 De 28 x 4'30m., está no xardín xeométrico, en posición centrada e próxima á porta que dá ao patio.
236 ARG. RA 5539/56

e púñase a cera nos enterros. E en 1729 Andrés Gayoso obtén unhas bulas do Papa para gañar indulxencias plenarias perpetuas para os confrades que visiten a capela o día de san Antonio[237].

Cando Fernando Gayoso continuou a facer o pazo, cumprindo o desexo de seu pai tamén construíu a actual capela e fundou o 14 de novembro de 1751 unha capelanía, sendo el o primeiro patrón.

De tamaño dunha igrexa e suntuosidade barroca, a capela ten una planta de cruz grega, na súa fachada as imaxes de san Antonio e de Santa Bárbara e dous escudos pétreos iguais, así como unha balaustrada sobre a porta principal.

Os seus tres retablos foron contratados por D. Fernando Cancela Varela e Mariño apoderado de D. Fernando Gayoso en 1750 ao mestre Luís Parcero por 8.731 reais (6.708 polo maior e 2.023 polos laterais) e a maior parte das imaxes foron realizadas por José Gambino, que o 11 de xullo de 1750 se obrigou a facer 35 figuras, entre as de vulto redondo e os relevos, en 2.675 reais, que estarían feitas en maio de 1.751 e serían revisadas por Fr. Manuel de los Mártires, mestre de obras de Santo Domingo en Santiago e por outra persoa nomeada polo Conde. No contrato con José Gambino, daquela pouco coñecido, seguramente influíu seu pai o xenovés Jacobo Gambino, xefe da fábrica de papel de Arnois e que vivía en Riobó moi preto do pazo.



San Antonio

De acordo con dito contrato no camarín do medio habíase de colocar *a imaxe de San Antonio* e "*en el segundo cuerpo de arriba ha de llevar un Santísimo Christo y dos historias de ánimas*", que son as que se atopan no altar do lado do evanxeo.

Porén, entre esculturas e relevos hai un total de trinta e oito imaxes en vez de trinta e cinco conforme o que se especificaba no contrato, polo que hai diversas opinións sobre a verdadeira obra de José Gambino. Opina a experta Milagros Álvaro[238] –opinión que nós apoiamos- que algunhas imaxes, sobre todo os relevos, son obras do taller e non del, e que a imaxe de *San Antonio*, de grandes proporcións e que ten a seus pés dous anxiños, é foránea, seguramente italiana, mentres que Marica López[239] cre que todas as esculturas saíron das mans de José Gambino.

O san Antonio distínguese das imaxes de Gambino en moitos aspectos. A súa postura inclinada e en escorzo polo que se abre un diálogo co neno Xesús e non co espectador –Gambino presenta posturas máis clasicistas-, os pregues amplos do seu traxe talar e sen grecas ou outros adornos dourados que vemos en todos os hábitos das demais imaxes da capela, a valoración das veas nas mans, e mesmo o seu tamaño que excede con moito os hábitos gambinianos, fan pensar unha autoría allea e non de Gambino. Ademais sería moi raro que, despois de conseguir unha imaxe tan perfecta e de tanta sona, non fixera algunha outra imaxe de san Antonio semellante, e por outra banda vemos que as imaxes que fixo de san Antonio por exemplo para o convento de Herbón, para o do Carme en Padrón ou para a capela de Mondragón na catedral compostelá ningunha ten o máis mínimo parecido co da capela de Oca.

237 Arquivo Diocesano de Santiago. Libro da confraría. Parroquia de Oca.

238 ALVARO, M. *José Gambino* (1719-1772), edit. Galaxia, Vigo, 1997.

239 LOPEZ CALDERON, M. *Lenguaje, estilo y modo en la escultura de Francisco de Moure y José Gambino*, edit. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de C., 2009. Neste artigo faise unha descrición haxiográfica pormenorizada das imaxes destes retablos, da que somos debedores.



O retablo maior está presidido, pois, por san *Antonio de Padua*, patrón da capela. Nas fornelas laterais están dun lado san *Francisco de Paula* e sobre el san *Francisco de Asís* mentres que doutro lado vemos a *santa Teresa de Xesús* e a santo *Domingos de Guzmán*. San Francisco de Paula é representado como una persoa moi vella, pois morreu nonaxenario, vestido co hábito da orde e con sandalias e un báculo na man. San Francisco de Asís tamén viste o hábito da súa orde –de cor gris como era entón habitual- e mira cara á súa man que porta unha cruz.

Da outra banda está na fornela inferior a imaxe de *santa Teresa de Xesús*, da orde das carmelitas descalzas. Como foi escritora, ten sobre a súa cabeza unha pomba, representación do Espírito Santo que a inspiraba, e na man dereita unha pluma e na esquerda un libro.

Na fornela superior, *santo Domingo de Guzmán* con hábito da orde ten un libro nunha man e un báculo rematado en cruz flordelisada, emblema da súa Orde, e a seus pés, un can cunha vela acesa na boca.

Na parte superior do retablo hai tres fornelas. A central acolle unha imaxe da *Inmaculada Concepción*, vestida de branco e azul, cunha coroa de doce estrelas sobre a cabeza e pisando cos seus pés a cabeza dunha serpe a carón dunha media lúa coas puntas cara riba.

E nas fornelas laterais están as imaxes de *san Sebastián*, traspasado nas súas carnes por unhas frechas, e a de *san Roque* con traxe de peregrino e ensinando unha chaga por riba do xeonllo (e en contra do que é habitual, sen can).

Presidindo o conxunto hai un relevo coa imaxe de *Deus Pai* e baixo as fornelas superiores uns relevos, no centro un santo monxe, quizais se trata de *san Bernardo de Claraval* e aos lados outros dous santos, o da esquerda *san Pablo* cun libro e unha espada e o da dereita *san Pedro* cunhas chaves na man.

E na parte inferior, a carón do sagrario, ao lado dereito un relevo de *san Bieito* co seu libro e báculo, e do lado esquerdo *san Brais*, vestido de bispo levándose a man á gorxa en recordo do rapaz que salvou cando tiña unha espiña cravada na gorxa.

Finalmente, hai que mencionar tres pequenas imaxes das virtudes teologais, dispostas en torno ao Sagrario: *Fe, Esperanza* e *Caridade*, representadas cos seus atributos usuais, a Fe cun cáliz, a Esperanza cunha áncora e a Caridade cun neno.



O retablo lateral do Evanxeo leva presidindo o conxunto un relevo de *Santiago Apóstolo*, no corpo superior un *Santísimo Cristo* e unhas *ánimas do purgatorio* a cada lado, mentres que nas tres fornelas do corpo principal puxéronse as imaxes de *María Dolorosa*, na fornela central, e a *Magdalena* e *san Xoán*, nas laterais.

O Cristo ofrece novidades respecto ao que se facía ata entón en Compostela, como é que os brazos se eleven para dar sensación de que está pendurado, o pano que lle tapa está anoado sen corda do lado dereito e colgando sobre o lado esquerdo, e o cabelo, tratado de xeito asimétrico, servíndolle de apoio no lado dereito mentres que doutro lado está recollido cara atrás permitindo ver a súa orella.

Debaixo destas imaxes aparecen varios relevos representando a *Virxe do Carme* e dous xesuítas a cada lado, un, o seu fundador *san Ignacio de Loyola* con sotana negra e manteo e portando na súa man esquerda o libro da Regra, e o outro quizais sexa san *Lois Gonzaga*, a quen lle faltan os atributos usuais. *A Virxe do Carme* é unha talla bastante imperfecta, polo que cremos que está feita por un membro do taller.



O retablo da Epístola está dedicado ao mercedario *san Ramón Nonato*, co hábito branco propio da súa orde e sombreiro e muceta púrpuras por ser cardeal, coa custodia do Santísimo Sacramento na man dereita e a palma de martirio con dúas coroas na esquerda.

A seu lado está a imaxe de *san Xosé* cunha vara de flores, acompañado do neno Xesús camiñando a seu carón, e ao outro lado na fornela esquerda a imaxe de *san Fernando*, rei de Castela e León, con vestiduras rexias e cunha espada nunha man e a esfera do mundo baixo una cruz na outra.

Na parte superior preside o retablo desde a fornela central a imaxe do apóstolo das Indias, o xesuíta *san Francisco Xabier*, cun libro aberto na man esquerda e unha palma de martirio na outra. Realízase así en parte o desexo testamentario de don Andrés Gayoso -o pai de don Fernando- de colocar no retablo principal "*al patriarca san José con el niño, san Joaquín y santa Ana y los que en de ellos se pueden acomodar excepto san Javier, que es mi intención colocarlo en un lateral al lado de la epístola. Y en otro al del evangelio a Nuestra Señora de la Soledad...*"[240].

240 AHUS. Protocolos de Simón Rodríguez, ano 1733.

A ambos lados áchanse os relevos do arcanxo *san Miguel* e do *Anxo Custodio*, e presidindo o conxunto o de santo André coa súa cruz en forma de X e un libro na outra.

Baixo o conxunto hai outros tres relevos que representan a *santa Bárbara*, na parte central, cunha palma de martirio na man e a seu carón unha torre, e a ambos lados *santa Lucía* que ademais da palma leva nun prato os seus ollos, e *santa Catarina* que porta a espada con que foi degolada e ten a seus pés a cabeza do emperador Maxencio.

Todo este conxunto danos idea dos santos obxecto de devoción a mediados do século XVIII polo menos entre a xente nobre do momento.

José Gambino e o seu fillo Tomás acudiron a Oca tamén en decembro de 1751 trala morte de Fernando Gayoso, nomeados como peritos para avaliar os obxectos artísticos da igrexa e mencionan os tres altares, a lámpada de latón e bronce co seu vidro colgada dunha cadea de ferro, seis candelabros, etc.

Estaba tamén na capela unha imaxe de San Antonio –agora no oratorio do pazo- que se saca o día de festa en procesión e que cremos obra de *Diego de Sande*, escultor natural de Noia, a quen Andrés Gayoso lla tiña encargado[241] en 1724 e da que en 1751 se di que ten "*una diadema y un ramo de azucenas de plata, además de una capa de griseta con su hilo de plata*".



San Antonio. Diego de Sande

4.- OS SARCÓFAGOS.

Dentro da capela e en cada un dos brazos hai uns sarcófagos de pedra que foron traídos de Xobre (Poboa do Caramiñal). Un pertence a *Esteban de Junqueras* e o outro á súa muller *Teresa Vázquez de Sotomayor* e a súa filla *Teresa de Junqueras*. Foi Teresa xunto co seu home Ares Pardo das Mariñas quen fundou os morgados Parga-Cillobre e Xunqueiras (*segundo veremos máis adiante*).

Do lado do evanxeo está o sepulcro de Esteban: un cabaleiro xacente, con dous escudos de traza gótica na parte frontal, rodeados dunha coroa de loureiro cada un, coas armas dos JUNQUERA: un feixe de xuncos atados cunha cinta; dos SOTOMAYOR; faixas xaqueladas separadas cada dúas por un cinguidor; dos ISORNA: cuartelado, con cinco cintos con fibela; dos ALDAO-CAHARINO: cinco flores de lis; e dos MARIÑAS: ondas.

O cabaleiro viste armadura completa e sobre ela un corto tabardo, con casco que trae a súa viseira aberta deixando ver o rostro. Os brazos algo flexionados, ten a man esquerda sobre o pomo da espada e a dereita sobre a guarnición da espada. Un anxo de xeonllos cun libro nas mans ao lado esquerdo da cabeza do cabaleiro. Os seus pés descansan sobre un can que torna a cabeza cara ao seu amo.



Esteban de Junqueras

241 AHUS. Protocolos de Simón Rodríguez

Unha inscrición rodea o frontal do sarcófago:

AQUÍ YACE ESTEBAN DE JUNQUERAS HIJO DE MARTIN RES. DE JUNQUERAS Y DE Dª. INES GOMEZ DE SOTOMAYOR QUE FALLECIO AL DE HEBRERO.




O sepulcro ao lado da epístola repite os escudos do outro sepulcro. Trátase dunha figura feminina envolta nun amplo manto, coas mans xuntas sobre o peito en actitude pregaria e unha toca na cabeza. Un anxo de xeonllos cun libro nas mans ao lado dereito da cabeza e aos pés un can.

A inscrición di:

AQUÍ YACE TAREIA VAZQUEZ MUJER QUE FUE DE ESTEBAN DE JUNQUERAS Y Dª TAREIA DE JUNQUERAS SU HIJA DE ELLOS MUJER QUE FUE DE AIRES PARDO DE LAS MARIÑAS. FALLECIERON TARESA VAZQUEZ EN EL AÑO M.D. E Dª TARESA EN EL AÑO MDXXI

5.- XENEALOXÍA

Segundo o P. Frei Felipe de Gándara, en tempos do rei Pedro de Castela achamos ao cabaleiro **Juan Pérez de Oca**, señor do castelo e terras de Oca. Foi el quen fixo matar ao rei Pedro de Aragón en Zaragoza e foi embaixador do rei de Castela. A primitiva fortaleza de Oca comporíase moi posiblemente de dúas torres unidas por un corpo intermedio todo ameado. Tivo dous fillos: ***Suero de Oca*** (que segue) e *Álvaro de Oca*.


ARMAS,
I
TRIVNFOS
HECHOS HEROICOS,
DE LOS HIjOS DE GALICIA.
ELOGIOS DE SV NOBLEZA, I DE LA MAIOR de Eſpaña, i Europa.
RESVMEN DE LOS SERVICIOS QVE ESTE Reino à echo à la Mageſtad del Rei Felipe IV. nueſtro Señor.
Con quatro Indices de las materias que aquí ſe tratan.
ESCRIBELOS
El Padre Maeſtro Frai Felipe de la Gandara, de la Orden de San Agueſtin, Coronifta General del miſmo Reino.
93.
CON PRIVILEGIO:
En Madrid. Por Pablo de Val. Año de M.DC.LXII.
A coſta de Antonio de Riero, Mercader de libros, y vendeſe en ſu caſa, en la carrera de San Geronimo, à las quatro Calles.
NOVA GALICIA EDICIONS-VIGO

Suero de Oca, señor do castelo de Oca, con motivo da sucesión á coroa de Castela, apoiou ao poderoso arcebispo de Santiago Alonso de Fonseca na causa da princesa Isabel, a futura Isabel a Católica, contra o conde de Camiña, D. Pedro Álvarez de Soutomaior, alias "Pedro Madruga", que era partidario da filla de Henrique IV, Juana a "*Beltraneja*". Suero combateu en Pontevedra contra o conde a carón do arcebispo de Santiago, do conde de Monterrei, de Diego de Andrade e outros, pero sen éxito. Tras varios episodios Ladrón de Guevara, o enviado do rei, comezou a sospeitar do Mariscal de Galicia, Suero Gómez de Soutomaior, que era primo do conde Camiña e cuñado de Suero de Oca, polo que pensou que ambos eran da mesma opinión que o conde de Camiña. E así o arcebispo de Santiago Alonso de Fonseca, axudado polas tropas do conde de Monterrei, atacou a casa forte de Oca e Suero de Oca sorprendido e sen poder facerlle fronte escapou cara a Ourense, deixando á súa muller e familia na casa entendendo que serían respectadas. Pero non sucedeu así. O arcebispo prendeu a muller de Suero de Oca, que se chamaba

María Gómez de Sotomayor e fíxoa levar a Santiago, onde morreu aos tres días e foi enterrada na Quintana do convento de Santo Domingo con esta lápida:

Aquí Yaze la Noble Señora D. María Gomez
De Sotomayor, Hermana de Suero Gómez
De Sotomayor, Mariscal. Y Mujer de
Suero de Oca, Dios perdone su alma.

Quedouse o arcebispado coas terras e casa de Oca e posuínas ata 1564 en que o Papa concedeu abadengos ao Rei Felipe II para que os vendese.

Puido *Suero de Oca* volver ás súas terras pero non quixo e casou en Ourense con *Eugenia de Deza*, filla de Fernando Arias de Deza Varela, señor en Deza, tendo por fillos a ***Álvaro de Oca*** (que segue) e a *Elvira de Oca*. Pero pouco despois do matrimonio, Suero de Oca quedou viúvo, polo que decidiu facerse monxe e entrar no mosteiro de Oseira. En 1485 foi investido como abade de dito mosteiro e desde o primeiro momento tentou de recuperar as terras (coto de Marín, Cea e Pedrafita) que moitos nobres galegos, como o conde de Altamira, lle tiñan usurpado ao mosteiro. En 1486 foi recibido en Santiago polos Reis Católicos, quen lle deron todo o seu apoio. En 1512 morreu Suero de Oca despois de estar 28 anos como abade.

Álvaro de Oca casou con *María Sarmiento de Ribadeneira* e os seus descendentes emparentaron coas grandes familias de entón, como coa do conde Lemos e mesmo emparentaron cos da *torre de Guimarei* ao casar en 1617 Juana de Oca con Pedro Mosquera Pimentel, viúvo de Luisa Sarmiento[242].

MARÍA DE NEIRA.


"*En 1586 Felipe II en virtud de breve que tuvo de su Santidad mando nombrar la feligresía de Oca del arzobispo, y en compensación le dio este las alcabalas de Santiago, según celula dada en el Pardo el 5 de noviembre de 1586 siendo arzobispo Velázquez. Y por otra célula en dicho año se dio posesión a María de Neira y a su hijo Juan Neira de Luaces ante Jacome de Esmoris escribano*"[243]. **María de Neira** pagou 199.775 marabedís polas terras coa súa xurisdición e casa de Oca, no que se incluía os beneficios ou padroados de San Cristovo de Remesar e de San Martiño de Riobó. Para iso María subscribiu dúas obrigas por valor de 107.120 marabedís ao xenovés Baltasar Lomelin ante o escribán de Santiago don Juan Rodríguez Moiño "*el beintiocho de junio del pasado año de quisº y ochenta y cinco y en beinte y siete de agosto de quisº ochenta y seis de la venta de la fra. de san esteban doca y otra sobre la venta de la fra. de rriobo que paso ante dcho escrivano en veinte y cuatro de enero de quisº y ochenta y siete*"[244].

María xa coñecía bens as terras de Oca, posto que o 29 de xuño de 1569 recibira do arcebispo de Santiago Gaspar Zúñiga de Avellaneda o foro dun casal e lugar en Oca por 42 ducados e pensión de 20 celemíns de pan mediado[245] .

María de Neira, da que en 1751 había un retrato no pazo de Oca, era filla do rexedor de Santiago don *Juan Douteiro de Neira* e de *Catalina de Vargas*, fundadores da capela da igrexa de Sta. Mª do Camiño. O 22 de setembro de 1541 fixeron vínculo e morgado dos seus bens mediante

242 Cfr. *Torre de Guimarei*, páx. 46
243 AHUS. Casa Ducal de Medinaceli, cd 19
244 ACS 103. Fol.503 ss
245 AHUS. Casa Ducal de Medinaceli, cd 19

testamento ante Pedro Fiel escribán de número en Pontevedra. E por ser María neta por liña paterna de *Diego de Neira*, foi ela quen pediu que os seus descendentes levasen o apelido *Neira*.



Sinatura de María de Neira (ACS)

Tamén tiña María unha tía paterna chamada Inés Fernández de Neira, casada con Gregorio ou Gonzalo de Pígara, pais de *Diego de Neira* (pai de Juan e Pedro de Pigara e Neira), que foi nomeado por María Otero como sucesor, se os seus fillos non tivesen sucesión.

María, ademais de ser favorecida polo seu pai mediante un vínculo e morgado, foi dotada[246] o 20 de maio de 1543 para casar con *Bartolomé Rodríguez Sarmiento*, fillo do dono da torre de Guimarei e rexedor de Pontevedra o licenciado Simón Rodríguez e de Inés Sarmiento de Meira. O dote consistía en 15.000 marabedís de xuro sobre unhas rendas en Pontevedra[247], 50 cargas de pan pola medida de Pontevedra "*y ahora se usa en Tabeirós*" cos servizos de "*marranas, capones y vino y otras cosas*", 500 ducados en ouro ou en cartos ou outras prendas, a metade da casa principal en que vivía seu pai e os bens que quedaron da súa nai Catalina de Vargas, se ben seu pai se reservaba o usufruto. Pero por se Juan Otero tiña máis fillos –como así foi- melloraba á súa filla sobre os seus bens gananciais.

Logo foi dotada de novo o 26 de agosto de 1546 para casar co rexedor e comerciante **Gonzalo Otero de Luaces "o mozo"**, que levaba ano e medio viúvo, fillo de *Gonzalo de Luaces "o vello"* e de *Inés de Luaces*.



Escudo dos Luaces. Hall de Oca

En efecto, Gonzalo tiña casado primeiro con *Marina Pérez*, filla do rexedor e veciño de Santiago don *Alonso Pérez* e da súa primeira muller *Ginebra Alonso*[248]. Marina fora dotada con 700 ducados ante o notario Pedro Lourenzo de Ben, dos que 300 foron entregados en diñeiro e o resto cunha casa na Quintana ademais do enxoval e vestidos propios de Marina. A casa da Quintana foi ampliada por Gonzalo cun vestíbulo, escaleiras, cociña, cheminea francesa e diversas salas, e nela viviu o matrimonio ata a morte de Marina, vivindo despois nela o pai de Gonzalo.

Morreu Marina en decembro de 1544 e Gonzalo fixo inventario dos seus bens, xa que pertencían aos fillos, que foron dous: *Francisco*, que foi freire da Orde de San Francisco, e *Inés*, monxa en San Paio de Antealtares.

246 AHUS. Protocolos de Macías Vázquez.

247 Juan Douteiro conseguira estes xuros en diversas ocasións. Detállanse en páx. 12 dos protocolos de Pedro Vázquez en 1694 (AHUS)

248 Xunto cos Abraldes tiñan o dereito de presentación do beneficio de Remesar (AHUS, Casa Ducal de Medinaceli, cd 20).

Cando Gonzalo pensou en mudar de estado por segunda vez, elixiu a seu sogro Alonso Pérez como titor de Francisco e Inés, pois eran os seus netos. Alonso morreu a principios de 1558 e ao parecer sen dar conta da súa titoría.

Frei Francisco Luaces, o fillo de Gonzalo, fixo testamento[249] no mosteiro dos franciscanos en Salamanca ante o escribán Jerónimo Arnego de Pedrosa o 15 de outubro de 1567. Nel deixa bens a diversas persoas sobre todo parentes, como os seus tíos Diego de la Torre, veciño de Santiago, Catalina Suárez de Santa Cruz, monxa en Belvís, Pedro de Luaces, que vivía na casa da Quintana propiedade de Francisco, e Antonio das Pereiras a quen, como fora o seu amo de cría, lle deixa medio casar en Ribadulla, pero nomea como herdeira universal a súa madrasta María de Neira.

Agora ben, Alonso Pérez, o primeiro sogro de Gonzalo, casara despois con Catarina Pérez Vallo, da que tivo varios fillos:

1.- *Antonia Pérez Vallo*, que casou co avogado Gonzalo Regueira Freijomil.
2.- *Mayor*, que casou con Rodrigo Yáñez do Campo, veciño de Xanza (Padrón), e que morreu sobre 1580.
3.- *Catalina*, que casou con Gabriel López, pais de *Felipa Vallo*, casada con Juan González e pais de Fernando González de Lañas casado na Coruña.
4.- *Antonio*, que casou con Elvira Valladares.
5.- *Isabel*, que casou co doutor Mateo Luis de Erbón.
6.- *María*, casada co rexedor Benito González de Villar, pais de Catalina Vallo.

E así, trala morte de frei Francisco a finais de 1570, comezou unha serie de preitos entre María Neira e os descendentes de Alonso Pérez e da súa segunda muller Catalina para dilucidar a herdanza que correspondía a Francisco de Luaces por parte da súa nai e avós. María de Neira non só pide facer partillas dos bens, senón que tamén pide as rendas e froitos que eses bens produciron desde a morte de Alonso Pérez. Os preitos foron moi amplos no tempo e moi custosos, pois a disputa pola herdanza motivou diversos preitos con executorias en Valladolid en 1584 e en 1600. No primeiro deles María Otero confesa que gastou máis de 900 ducados. Un dos últimos preitos sobre esta cuestión rematou en 1613 litigando xa os seus descendentes e saíndo a favor dunha filla de Catalina chamada Antonia Pérez Vallo e en contra de Gonzalo Neira Luaces, polo que lle embargaron diversos bens en San Fins de Bixoi (Bergondo. A Coruña) por valor de 23.888 reais.

A familia Luaces vivía en Compostela na parroquia de Santa María do Camiño, onde tiña unha casa na rúa de Casas Reais co seu escudo, se ben estaba afincada na rúa Algalia de Abaixo, transversal da "*rúa do Camiño*". No solar da Algalia construirase posteriormente o palacio dos marqueses de Amarante.

En dita casa é onde testa e morre Gonzalo de Luaces o 7 de setembro de 1561 o mesmo día en que fixo o testamento[250] ante Macías Vázquez. No testamento manda que fose enterrado xunto a capela de Santa Mª do Camiño en Santiago, "*la cual hizo, fundo y edifico Juan Douteiro vecino y regidor que fue de esta ciudad*" e onde estaba enterrado. A capela á que se refire o testamento permanece aínda en pé, construída en estilo gótico oxival tardío. Nos seus primeiros tempos funcionou como sancristía, pero María Otero deixou encargado a seu fillo para que fixera unha sancristía para deixar libre a capela, deixándolle 100 ducados con este fin se realizaba a obra e 200 ducados se eran os fregueses os que edificaban a sancristía.

249 ARG. RA. 23927/8
250 ARG. RA 1336/66

Nesta igrexa pode verse formando parte do lousado, a lápida sepulcral de Gonzalo, feita en granito e que conserva unha inscrición en parte repicada, na que pode lerse con certa claridade:

TIAGO:MVRIO A 7DE SET:DE:156[…]
I DE SVA MVGER […]
[…]IA DE NEIRA
[…] MO

Gonzalo, trala la célula real de 7 de xullo de 1561, tamén fundaba no seu testamento un morgado sobre 150.000 marabedís de xuro que tiña en Noia e Pontevedra, e deixaba poder á súa muller e ao avogado para engadir cláusulas a este morgado, sinalando como sucesor ao fillo que tiñan en común, Juan de Neira. E así foi como María Neira o 16 de xaneiro de 1562 ante Gonzalo Puñal engadiu a cláusula de que os sucesores tiñan que engadir ao morgado o terzo dos bens libres antes dun ano de ter herdado.





Por outra banda, María levantou o oratorio de San Antonio de Padua no seu pazo de Oca e dotouno para que o cura dixera nel catro misas ao ano. Tamén fixo obras no pazo, por iso entrando pola porta principal, no vestíbulo do pazo, hai uns escudos de armas, pertencentes a este matrimonio, e que son os máis antigos do pazo. O escudo da dereita, cunha caldeira sobremontada dunha cruz floreteada, armas dos **Neira**, e o da esquerda, unha estrela sobremontada dun crecente ranversado e acompañado de catro estrelas, unha en cada ángulo, armas dos **Luaces**. En efecto María no seu testamento di que os seus sucesores leven sempre as armas e brasón dos Neira, "*que es una cruz negra con sus cabos de flores de lis, como las cruces de Calatraba, en campo colorado y debajo de ella una caldera*".

Desta época data tamén unha fonte coroada co escudo dos Neira, que se atopa extramuros do pazo pero que pertencía ao pazo ata principios do XX en que foi doada xunto cos terreos, en que estaba enclavada, a Tomás Paíno, administrador do pazo nas primeiras décadas do s. XX, se ben coa servidume de que a auga que manaba continuase cara as instalacións do pazo.

Morreu María o 26 de xaneiro de 1600, día en que o seu fillo Juan pediu que se abrise o testamento que fixo María o 18 de abril de 1594 ante Domingo Cabaleiro, escribán de número e do cabido de Santiago[251]. María pedía no seu testamento ser enterrada na capela da igrexa de Santa María do Camiño, onde estaba enterrado seu pai e seu marido, e que puxeran no sepulcro o seu nome e as súas armas e quitasen as do seu xenro Pedro de Avellaneda, "*pues en ella no se va enterrar*".

251 ARG.RA. 5539/56, 1336/66. Tamén en AHUS nos protocolos de Pedro Vázquez, 4 xaneiro 1694.

Tamén especifica os bens e as débedas que deixou seu marido e os bens que vincularon seus pais. Os bens de vínculo dos seus pais comprendían:

- 1.500 marabedís do xuro vello mercado a S.M.
- Casa grande na rúa do Camiño, da que a metade llela deu en dote á súa filla Catalina de Vargas e a seu marido Antonio Ozores de Sotomayor, polo que compensaba ao morgado coa metade da casa da Algalia de Abaixo na que viviu e mercou co seu home Juan de Luaces, xa que este vinculara a outra metade.
- Herdades preto de Noia, Frades (Subión de Arriba e de Abaixo), San Xurxo de Vea, Santeles, San Paio de Figueroa, San Xoán de Vea, San Breixo de Arcos, Matalobos, Callobre, Meavía, Remesar, Castrovite, San Xiao de Piñeiro, Orazo, Vedra, Santa Cruz e San Mamede de Ribadulla, Sarandón, Lestedo, Piloño, Combarro, etc.
- Casas en Santiago de Compostela (unha en Porta Faxeira, dúas dentro das murallas e nove fóra da cidade).




Escudo dos Neira. Xardíns de Oca

María funda un novo morgado no que entra o seu "*Señorío e Casa de Oca*" e no que se incluían os vínculos dos seus pais e os do su marido, deixando fóra os bens que Gonzalo deixou no seu testamento a seu fillo Francisco. Os bens do seu marido eran:

- 100.000 marabedís de xuro en Noia e en Pontevedra.
- 25.000 marabedís de xuro sobre as alcabalas en ambas vilas e que mercaron os dous durante o matrimonio.


Declara como primeiro sucesor a seu fillo Juan e despois deste a seus lexítimos herdeiros, esixindo que levasen os seus apelidos e armas.



María de Neira e Gonzalo de Luaces tiveron por fillos a:

1.- **Juan Neira de Luaces** (*que segue*)

2.- *Catalina de Vargas*, que foi aleitada por Catalina Rodríguez, segundo o testamento de María de Neira, e que tras ser dotada o 16 de xaneiro de 1575 casou con *Antonio Ozores de Sotomayor*, fillo de *Fernán Yáñez e Soutomaior*,[252] veciño da Garda e señor da torre de Sobrado e da casa de Salcidos, e de *Gimena*, natural de Salamanca[253]. Antonio, que foi mordomo do Hospital Real, era sobriño de Álvaro Ozores de Soutomaior, clérigo e abade do beneficio de San Lourenzo de Salcidos, na diocese de Tui, quen lle deu como dote cen ducados de renda perpetua, e que dous días antes de morrer no seu testamento do 25 de agosto de 1628 ante Pedro de Valdivieso o nomeou herdeiro do vínculo que fundou en dito testamento[254]. Antonio tamén era curmán do 1º conde de Priegue.



Sinatura de María de Neira, a súa filla e xenro

Catalina mediante escritura do 17 de decembro de 1574 recibiu como dote de parte da súa nai María de Neira 100.000 marabedís, 50.000 ao casar e o resto en catro anos, pero renunciando aos dereitos que puidera ter sobre outras herdanzas. O dote foi sinalado sobre bens que tiña María

252 Fernán Yáñez de Sotomayor, era fillo de Vasco Ozores, señor de Teáns (fillo de Juan Rodríguez de Novaes, o novo, señor de Teáns, e de Isabel Rodríguez de Caldas e Sousa) e de Ana Páez de Sotomayor.

253 ACS 064/965ss.

254 AHUS. Protocolos de Pedro de Valdivieso.

en Noia e en Sigrás ("*Sigráns cerca de Coruña*"), así como a metade da casa en que vivía María "*saliendo por la puerta del Camino*" en Santiago, con cargo de dúas misas semanais en Sta. Mª do Camiño, onde era freguesa.

Antonio fundou unha capela dedicada a seu santo patrón San Antonio xunto á súa casa de Alcabra (Salvaterra do Miño) en 1598, o mesmo ano en que o matrimonio outorgou testamento ante Gregorio Vázquez, escribán compostelán.

Os seus fillos foron:

A) Fernando Ozores, "*mayordomo del gran Hospital Real del señor Santiago y cabo de la gente de milicia desta ciudad*" que casou[255] en 1605 con *Isabel de Castro e Guisamonde*, filla de Diego Álvarez de Sotomayor Carballido[256] e de Urraca de Moscoso Bermúdez e Lamas[257], dona do morgado fundado en 1540 polo seu avó Álvaro Núñez de Lamas[258]. Foi rexedor e procurador de Santiago, e tamén administrador do Hospital Real, como seu pai e seu irmán Andrés a quen sucedeu no posto. Desde o ano 1606 o seu pai Antonio foi o patrón do beneficio de Salcidos ata 1614, en que llo cedeu a Fernando, por iso aparece como señor da casa de Sobrada en Salcidos. Foi capitular na Xunta do Reino en 1625 e representante do Reino na Corte. E en abril de 1628 pediu ante Bartolomé Giraldez que se lle deixara libre o oficio de rexedor en Santiago para cederllo a seus fillos Diego ou Antonio Ozores, ou ben a Diego de Lamas Sotomayor.

Tiveron por fillos polo menos a:

a) *Diego Ozores*, "gentilhombre de Felipe IV", mordomo do Hospital Real e rexedor e capitular por Santiago na Xunta do Reino, que casou por poderes en 1626 con *Isabel Sequeiros Ozores e Sotomayor*, filla do *1º conde de Priegue* e capitán don Baltasar Sequeiros Sotomayor e da súa muller Cristina Correa. Diego e Isabel, que faleceu o 5 de xullo de 1658 sendo condesa de Priegue, foron pais de Mariana Sequeiros Ozores que casou co seu primo Antonio Alvite Ozores, fillo de Lope Alvite Mosquera e de Inés Ozores Soutomayor. Mariana morreu 4 de maio de 1694 con testamento[259] deixando por fillos a Mauro e a Diego, colexial de Salamanca (que foi bautizado o 2 de abril de 1669) (*Cfr. Esquema, páx. 103*).

b) *Ana*, que casou con Benito Tavares de Tavora Castro Quirós e Velasco, sendo pais de Constanza Catalina, Fernando, Micaela Evangelista, Benita e Antonio Félix Tavares Ozores de Sotomayor, o sucesor, que casou con Mariana Josefa Gago de Mendoza Oca e Ordóñez, unha das familias máis destacadas de Pontevedra. En 1728 volveu a unirse esta familia coa de Oca.

c) *Andrés*, que foi administrador do Real Hospital.

d) *Antonio*, a quen seu pai ofrece a posibilidade de ser rexedor. Foi inquisidor do Santo Oficio en Galicia. Ab intestato finou solteiro[260].

---

255 ACS P 168/6 fols. 111r-112v . O 5 de xuño de 1605 Antonio Ozores e Catalina de Bargas asinaron unha obriga de 3.000 ducados para o casamento de Fernando con Isabel de Castro.

256 ACUÑA RUBIO, C., *Casa de Caamaño. Su historia. Patrimonio Cultural.* Deputación de Pontevedra, 2014. T. I. Páx.504

257 Filla de Inés Bermúdez e neta de Lope Bermúdez e de Urraca Rodríguez.(AHUS Protocolos de. Juan Outeiro, 1629, páx.23)

258 Álvaro Núñez de Lamas, era fillo Antonio Graíño e de Constanza López de Lamas, que morreu en Zas en 1504, e neto por liña materna de Gonzalo López de Lamas, veciño de Noia, e de Urraca Ares de Señoráns. Álvaro fundou o morgado dos Lamas en Zas en 1540. A pesar de ser solteiro tivo fillos de varias mulleres, se ben deixou como sucesores do seu morgado aos tres fillos que tivo de Aldara de Zas. O vinculeiro foi Pedro Graíño de Lamas que casou con Inés Fernández Moscoso Bermúdez (filla de Lope Bermúdez de Castro Rioboo, da Penela e Anllóns, e de Urraca Rodríguez Moscoso), pais de **Urraca Moscoso Bermúdez** ou Osorio de Moscoso (cfr. Esquema páx. 100).

259 AHUS. Protocolos de Pedro Vazquez, 4/5/1694, páx. 102

260 AHUS Protocolos e Juan de Quintana, 1668, páx.208 ss.

e) *Elena*, que ingresou no convento de Belvís en 1668, sendo dotada polos súas irmás Urraca e Ana e pola súa sobriña Mariana Ozores.

f) **Urraca Moscoso**, que casou con **Juan Gayoso**[261], do pazo de Oca.

B) *Ana Ozores* que casou, ao mesmo tempo que seu irmán, con *Diego Álvarez Lamas de Sotomayor*, señor da casa de Zas. Diego era irmán de Isabel de Castro, a muller de Fernando, pois ambos eran fillos de Urraca Osorio de Moscoso e de Diego Álvarez de Sotomayor[262]. Ana outorgou testamento ante Juan Martínez de Cea escribán de S.M. o 4 de outubro de 1658 mellorando á súa neta Juana de Mondragón. E Diego fixo testamento o 10 de maio de 1656 ante Domingo de Leirado, deixando como sucesor do vínculo fundado por Álvaro Núñez de Lamas a seu fillo José.

Diego e Ana bautizaron en San Miguel dos Agros a seus fillos:

a.-*José de Lamas Ozores Sotomayor*, bautizado o 19 de marzo de 1615, foi cóengo en Compostela, e como herdeiro dos vínculos que levaban seus pais, mediante testamento ante Pedro Vázquez o 19 de agosto de 1692 os incorpora aos vínculos de seu sobriño Francisco de Lamas, dono da casa de Lamas.

b.-*Diego*, bautizado o 15 de febreiro de 1624.

c.- *María*, bautizada o 13 de setembro de 1625.

d.-*Isabel Ozores Sotomayor*, que cun dote de 1500 ducados en cartos e 2000 en rendas casou na parroquia de Salomé en Santiago o 4 de outubro de 1638 con *Juan de Mondragón*, fillo do patrón da capela de Nª Sra. da Piedade da catedral de Santiago don Juan de Mondragón (falecido en 1637) e de *Isabel Abraldes* (1599-1636), filla esta de Diego Galos Feixoo[263] e de Isabel Abraldes Teixeiro[264]. Isabel e Juan foron os pais de once fillos, entre eles *Andrés* (1645-1709), *I marqués de Santa Cruz de Ribadulla*.

e.- *Antonio Lamas Sotomayor*, rexedor de Santiago, alguacil maior do Santo Oficio, señor dos morgados de Zas e Carballido, casou en San Miguel dos Agros o 16 de febreiro de 1637 con *Leonor de Zúñiga e Sotomayor*, natural de Santa Mª de Salceda (Tui), filla de Alonso Correa Ozores e de Ana de Zúñiga Sotomayor, señores da casa de Pegullal, en Salceda, filla esta de Rodrigo Sequeiros Silva e Sotomayor e de Magdalena de Acevedo e Zúñiga, señores da casa de San Tomé de Freixedo (pais do 1º conde de Priegue). Antonio finou en 1663 e Leonor o 30 de abril de 1690. Bautizaron a seus fillos en San Miguel dos Agros:

- *Diego Lamas*, bautizado el 2 de decembro de 1637, matriculouse o 1 de outubro de 1652 en Dereito na Universidade de Santiago aproveitando a paga dunha Obra Pía fundada por Frei Francisco Sequeiros, bispo de Quito, o seu tío-avó. Casou con *Mayor Sarmiento de Valladares*, (falecida o 24/7/1704 e testamento ante Juan Camaño) tendo por fillos a José Antonio (4/4/1669) e outros.

- *Ana*, bautizada o 29/3/1639 tendo por padriños a Juan Mondragón e a Isabel Ozores a súa muller, foi dotada polo seu pai e seu tío Diego con 4.000 ducados para casar con Antonio José Caamaño, veciño de Sta. Mª de Trasmonte ante Juan Vidal de Lamas, pagando[265] o dote en 1658. Finou en Ames.

- *Francisco de Lamas* que, bautizado na parroquia de San Miguel en Santiago o 10 de outubro de 1648, foi colexial de Fonseca e patrón in solidum do beneficio de San Martiño de

261 Cfr. Páx. 130 ss

262 ACS P 168 /6 fols. 111r-112v

263 Fixo testamento o 29 de xullo de 1609 (ARG. 26118/19) e morreu o 10 de agosto de 1610 sendo sepultado no Colexio do Santus Spiritus. A súa muller, Isabel Abraldes morreu o 28 de abril de 1632 e foi enterrada na capela dos Mondragón na catedral de Santiago.

264 Testamento ante Pedro Valdivieso. AHUS páx. 123

265 AHUS Protocolos de Juan de Quintana.

Olveira, cabo de milicia de Santiago, e que casou con *María Tomasa Josefa de Caamaño Mosquera e Sotomayor*, señora de Nebra, filla única de Juan Caamaño de Sotomayor[266], enlazando así coa familia dos marqueses de Guimarei. Francisco foi sepultado en Santiago o 24 de xaneiro de 1723. E o seu fillo José Diego casou o 5 de marzo de 1717 con Mª Benita Bermúdez de Castro e Sangro (1699-1732), enlazando así coa *casa grande dos Bermúdez de Castro*[267] en San Paio de Figueroa, e logo en segundas nupcias con *Josefa María Cisneros Figueroa*, que citaremos na torre do Couso ou casa de Maíndo[268].

- Tamén bautizaron alí a *Antonio* (6/9/40), que foi prior de san Martiño da Coba, *Alonso* (11/3/42), *Baltasar* (3/1/46), Josefa (28/3/47), *Francisco* (1/10/48) e *Mª Jacinta* (23/11/50).

C) *Inés Ozores*, que casou co licenciado e rexedor compostelán Lope Alvite Mosquera, cabaleiro de San Estevo e falecido[269] o 25 de abril de 1635 en Sta. Mª do Camiño. Foron os pais de Lope, Mayor, *Antonio*, Pedro, Gómez, Juan[270], Jerónimo e María.

O seu fillo *Antonio Alvite Ozores* ao casar con *Mariana Sequeiros Ozores*, foi conde de Priegue consorte. Antonio Alvite tivo un preito e un convenio co seu primo Juan Gayoso Mendoza, que herdou o señorío de Oca, pola morte de Juan de Neira. Mariana morreu 4 de maio de 1694 con testamento[271] deixando por fillos a Mauro, o sucesor, e a Diego Antonio.

3.- *Juana*, filla de María Neira e Gonzalo de Luaces, que foi dotada en 1564 ante o escribán Antonio Rigueira con 5.000 ducados, ao igual que a súa irmá. Casou con D. *Pedro de Avellaneda, "alcalde y justicia mayor de Santiago*"[272], que era de Villanueva del Río (Palencia) do pazo de Nogareda[273] natural de Peñaranda do Douro –onde está o palacio dos Zúñiga e Avellaneda e o mosteiro ao que foron dúas das súas fillas- e familiar do arcebispo de Santiago Ilmo. Gaspar Zúñiga e Avellaneda. Juana recibira en dote a metade da casa de Santiago en que vivía María Otero, pero trala morte reverteu na súa nai. Juana fixo testamento en 1571 ante Álvaro García. Tiveron varios fillos:

a) *Diego*. Veciño de Valladolid, en 1593 vendeulle un xuro, que herdara da súa nai, á súa avoa María de Neira[274].

b) *Jerónima*, monxa en San Paio de Antealtares, que foi dotada polo seu irmán con 3.000 marabedís anuais.

c) *María de Avellaneda*, monxa tamén en San Paio, a quen a súa avoa María de Neira Otero lle deixou dez ducados anuais de renda.

d) *Antonia Avellaneda*, monxa no mosteiro de Peñaranda (Burgos).

e) *Isabel Avellaneda*, monxa tamén no mosteiro de Peñaranda.

Juan Neira de Luaces, que primeiro se apelidaba Otero e logo Neira á petición da súa nai, probou a súa fidalguía en Valladolid en 1594.

266 ARG.RA 26734/62
267 Cfr. Páx. 272-3
268 Cfr. Páx. 318
269 Testamento o 17 de abril de 1632 e codicilo o 10/3/1633 ante Pedro Valdivieso (AHUS, páx.239ss).
270 Juan fixo testamento o 12/8/1691 ante Domingo Vázquez Varela (AHUS)
271 AHUS. Protocolos de Pedro Vázquez
272 AHUS. Protocolos de Gonzalo Reguera
273 AHUS Protocolos de Gregorio Vázquez Giráldez, 1581, pax.92
274 AHUS. Protocolos de Gregorio Vázquez Giráldez, 1592, páx. 138 ss.

Casou en 1584 con **María de Mendoza**, filla do capitán de infantería *Pedro Bermúdez de Castro* (morto en xaneiro de 1593) e de *Antonia de Parga*. María era, polo tanto, irmá do capitán Pedro Bermúdez, do clérigo Nuno e do capitán Francisco Bermúdez de Castro, señor do coto de Nogueira en Bergantiños.

As armas de Juan de Neira e da súa esposa María de Mendoza pódense ver no lintel dos portais do pazo sobre os pináculos e ameas, labrados nas dúas caras, que se repiten nos dous portais de acceso ao xardín desde o exterior do pazo. Isto fai pensar nunha antiga horta, xerme do xardín posterior.



Pináculos e ameas con escudos. Oca

Primeiro pináculo, en campo do escudo unha estrela, sobremontada dun crecente ranversado e acompañado de catro estrelas, unha en casa ángulo dos **Luaces**. *Primeira amea*, en campo do escudo, cuartelado en aspa 1 e 4 unha banda cargada dunha cortiza; no 2 letras de *ave maria* e no 3 *gratia plena*, dos Mendoza. *Segunda amea*, no campo do escudo unha caldeira, sobremontada dunha cruz floreteada dos **Neira**. *Segundo pináculo*, escudo partido, 1º xaquelado de 3x5 quince pezas, dos **Bermúdez**; 2º seis roeis colocados 3 e 3, dos **Castro**.

Juan morreu en 1608. Froito do seu matrimonio naceron:

1.-*Inés de Mendoza*, quen, como era habitual, renunciou a todo o seu dereito ao morgado que instituíra seu pai a favor do seu irmán Gonzalo, a cambio de que este cubrise o dote, propinas e o máis necesario para que ela entrase como relixiosa e profesa no convento de Santa Clara a Real de Santiago. Foi dotada con 600 ducados en cartos, unha alfombra, seis toallas e 65 ducados de propinas ante Pedro Díaz Valdivieso. Logo o 28 de xaneiro de 1614 o seu irmán Gonzalo entregou 430 ducados ao mosteiro ante Pedro das Seixas pois ía facer a profesión, declarando que entregaría o resto trala profesión, así como doce ducados anuais e vitalicios que sinalaba no arrendamento dunha casa na rúa do Camiño.

2.- **Gonzalo de Neira e Luaces Bermúdez de Castro** (*a continuación*)

3.- **Catalina de Mendoza** (*que segue*).

4.- *Antonio de Neira e Mendoza*, bautizado o 25 de xuño de 1607 en San Miguel dos Agros, tendo por padriños a Diego Álvarez de Sotomayor e a Inés Ozores de Sotomayor. Foi reitor e colexial do Colexio Maior de Fonseca en Salamanca.

Gonzalo de Neira e Luaces Bermúdez de Castro, señor do coto e casa de Oca, capitán de infantería, veciño e rexedor de Santiago, do que en 1751 se conservaban dous cadros co seu retrato.

Casou con ***María Pardiñas Villardefrancos***, señora de Villardefrancos, filla de *García Pardiñas*, señor da fortaleza de Villardefrancos, e da súa muller *María Noguerol*, que fixeron mellora e agregación a favor do seu fillo García Pardiñas o 14 de outubro de 1598.

Os bisavós de María Pardiñas foron García Pardiñas e María Hernández de Caión que fundaron un vínculo o 30 de maio de 1525 e con cláusula de que os sucesores se chamaran García Pardiñas. O seu fillo e vinculeiro Alonso Gómez de Vilardefrancos tomou posesión do morgado en vida dos seus pais en 1530, seguramente trala súa voda con María Pereira. Sucedeulle no morgado García Pardiñas que casou con Aldonza de Romay e que morreu no asedio inglés na Coruña en 1589. A este sucedeulle outro García de Pardiñas, o pai de María, que fixo testamento en Cambrelle o 14 de outubro de 1598 ante Bastián Martínez, morrendo dez días máis tarde. No testamento deixaba como titora dos seus fillos García Pardiñas e María Pardiñas á súa muller María Noguerol pero, se esta casaba, a titora sería a súa avoa Aldonza. En efecto, María Noguerol casou con Baltasar de Pazos Figueroa e Andeiro e tivo por fillo a Gregorio Pazos de Andeiro. Entón fixo unha escritura na que o menor García Pardiñas, nacido en Sofán en 1591, renunciaba ao morgado en favor da súa nai, polo que cando morreu en 1619 se iniciou un preito. O morgado dos García Pardiñas pretendíao Gregorio Pazos como fillo de María Noguerol, pero María Pardiñas, denunciou que seu irmán era menor dos 25 anos cando segundo María Noguerol renunciara ao morgado, ademais de dicir que a escritura fora feita con enganos. E en efecto o preito saíu o 10 de novembro de 1627 a favor de María Pardiñas.

Nos protocolos de 1611 a 1613 de Sebastián de Torres Patiño[275] a maior parte das escrituras son censos e tamén foros e arrendamentos de Gonzalo de Neira Luaces. Hai decenas. Curiosamente nas tapas dos protocolos hai pintadas a man -como se fose un entretemento- os escudos dos Luaces, dos Bermúdez de Castro e dos Gayoso.

Gonzalo conseguiu tres cartas de privilexios reais, unha o 10 de outubro de 1612, outra o 20 de maio de 1613 e a terceira o 17 de setembro de 1622.



Gonzalo de Neira e Luaces, 1602



María Pardiñas, muller de Gonzalo

María fixo testamento o 2 de marzo de 1633 –segundo o seu home, se ben non ante escribán pois este, chamado Antonio Sánchez Pulleiro, non quixo facelo cando se lle chamou- e deixou ao seu home os seus bens libres e como usufrutuario dos morgados. Pero pouco despois, xa viúvo, tivo que apelar en

275 ARG. Protocolos.

Valladolid[276] pois en primeira instancia se lle deu a herdanza de María a seu irmán por parte de nai don Gregorio de Pazos Figueroa, veciño de San Breixo de Oza (Carballo), avogado na Real Audiencia da Coruña. Gonzalo dixo que a súa muller morrera tendo feito testamento deixándolle os bens libres, polo que se negou a darlle ditos bens e ademais dicía que había familiares máis próximos e polo tanto con máis dereito sobre os morgados dos Villardefrancos que Gregorio. E así aparece Francisca de Leyes, viúva de Rodrigo de Figueroa, que contradí a Gregorio. Como testemuña do testamento presenta a Diego Lamas Soutomaior –seu curmán-, que di que fixo testamento pero non ante escribán porque "*no pudo ser habido*". Tamén foi testemuña Diego Ozores Soutomaior, o mordomo de Gonzalo e outros.

No testamento pedía ser enterrada na capela de don Bernardino Cisneros do mosteiro de San Francisco onde estaba enterrada a súa nai e a súa avoa e que deixaba como usufrutuario de todos os seus bens a seu marido Gonzalo a quen tamén lle deixaba os bens libres, e que cando morrera os bens pasasen a alguén da súa liña.


Gonzalo e María Pardiñas non tiveron fillos lexítimos, pero o 4 de xullo de 1627 naceu en Arnois unha nena chamada Juliana, filla de Dominga Batallán, solteira, e de "*don Gonzalo de Neira*".

A Gonzalo de Neira Luaces sucedeulle a súa irmá *Catalina de Mendoza*:

Catalina de Mendoza foi confirmada en 1605 na parroquia da Virxe do Camiño –daquela recibían a confirmación sendo nenos-. Foi dotada ante Pedro de Seijas e casou o 8 de agosto de 1626 con **Juan de Gayoso Noguerol e Prado Montenegro** quen deu poder para levar a cabo a cerimonia a seu irmán Jorge Arias Noguerol, consultor do Santo Oficio, colecial de Salamanca e Oidor de Sevilla.

Juan Gayoso, rexedor e alférez maior de Ourense, familiar do Santo Oficio, cabaleiro de Santiago en 1629, cabo e capitán da cidade de Ourense e o seu partido, era fillo de *Alonso de Gayoso Noguerol* e de *Elvira de Prado Montenegro*, e era tataraneto por vía paterna de Juan Gayoso Osorio, señor de Lodeiro, e Teresa Afonsa Noguerol, señora de San Miguel das Penas. E por vía materna neto e de Aldonza de Prado e Deza e de Rodrigo Gato, bisneto de Fernando Ares de Ramuín Deza e de Elvira de Prado, e tataraneto de Vasco Fernández de Deza Ramuín e de Berenguela Alonso Temes, señores de Armariz e Ribasdesil.

En Ervedelo (Ourense) hai unha casa chamada do conde de Amarante e que en 1626 pertencía a Juan Gayoso Noguerol e Prado, cuxos apelidos aparecen no 4º, 2º e 1º cuartel, mentres que no 3º leva as flores de lis e a lenda Deza avante, dos Deza.



276 AHN. Arquivo da Chancelería de Valladolid. Pr. Civís,Pérez Alonso (F),Caja 2244,3

En efecto, descende dos Deza, pois seu pai é tataraneto de Vasco Fernández de Deza e Ramuín. E así en 1672 cando morreu sen sucesión Manuela de Deza e Andrade disputaron por un bens de vínculo, fundado pola nora e tres netos de Vasco Fernández de Deza don Juan Gayoso Mendoza -fillo de Juan Gayoso Noguerol-, Gabriel Mosquera e Francisco López de Deza. Porén, se ben gañara o preito en Valladolid, logo perdeuno no Consello e Sala 1500[277].

> *Sobre o apelido Gayoso existe unha lenda familiar sobre a orixe das troitas no seu escudo heráldico. Esta lenda fala dun cabaleiro de San Miguel que foi loitar contra os musulmáns. Di a historia que estando nun campamento fronteirizo, nas vésperas dunha gran batalla, o rei reuniuse a cear con todos os capitáns do seu exército, entre os que se encontraba este cabaleiro. O menú consistía nuns espetos de troitas e durante a comida o rei dixo: de tantas como comedes, tantas me traeredes. O cabaleiro entendeu a mensaxe tan ben, que na seguinte xornada e tras volver do campo de batalla, presentouse na tenda real con tres cabezas de xefes mouros, tantas como troitas comera a noite anterior. De aí as tres troitas que engalanan o escudo. Este cabaleiro lendario logo entroncou cos Gaudioso na Idade Media e as súas troitas engalanaron os escudos das diferentes casas de Gayoso.*

Juan herdou o vínculo do seu tío Benito de Prado Montenegro, que estaba casado con Antonia Valcárcel, mediante testamento que fixo na súa casa ante o escribán Pedro Mosquera de Toubes o 17 de febreiro de 1615, morrendo dous días máis tarde[278].

E en 1620 o cabido da catedral de Ourense cedeulle a Juan Gayoso o padroado da capela de Santa Mª Magdalena que pertencía a unha antecesora súa, dona Damiana de Salcedo e Mingolla, casada con Jorge Arias Noguerol do consello de S.M. e oidor na Audiencia de Sevilla, onde este morreu en 1632. Máis tarde o seu irmán Juan trasladou os seus osos ata a catedral de Ourense, segundo se di na sepultura deste.

Juan outorgou testamento o 2 de marzo de 1637 ante Antonio González González e Catalina o 6 de abril de 1652 ante Juan Pacheco.



Sepultura de Juan. Capela da Madalena. OU



Sepultura de Catalina. Capela da Madalena. OU

As súas sepulturas están na capela da Madalena da catedral de Ourense. Sobre elas cada seu escudo. O de Catalina coas armas dos *Mendoza* e dos *Bermúdez de Castro* e o de Juan coas armas dos *Noguerol, Prado, Gayoso e Deza*, baixo a coroa a inicial dos *Montenegro* e acolada a espada de Santiago.

277 AHUS. Protocolos de Pedro Vázquez (27/3/1691), segundo Domingo Recarey, administrador e testamenteiro de Juan Gayoso e Mendoza.

278 ARG. RA 9867/59

Os fillos de Juan Gayoso e de Catalina de Mendoza naceron en Ourense:

1.- *Elvira Gayoso e Mendoza*, bautizada na parroquia de Santa Eufemia-Centro o 1 de setembro de 1627.

2.- *Jorge Arias Gayoso e Mendoza*, cardeal do cabido de Ourense, que fundou un morgado coas fincas de Meixide, Aroca e Repostería en terras de Ulloa.

Tivo unha filla chamada Agustina Arias Gayoso que casou en Oca o 10 de agosto de 1684 co escribán Manuel Montero, fillo de Baltasar Montero e de Marina de Barrio, veciños de Ourense.

3.- **Juan de Gayoso e Mendoza**.(*que segue*)

Juan de Gayoso e Mendoza, naceu en Ourense o 16 de maio de 1633. De mozo estivo nas guerras de Flandes e Portugal. En 1670 era señor de Oca e Loimil, "*rexedor e alférez maior por S.M. da cidade de Ourense e de Santiago, residente en Santiago, sucesor nos vínculos e morgados que fincaron de don Gonzalo e don Juan de Neira seus tíos defuntos*". "*Dentro dos palacios de Oca*" asinou moitas obrigacións e foros de terras na zona de Oca ante o escribán Andrés de Nodar, por exemplo, o 6 de agosto de 1670 fixo foro do lugar de Rosendo sito en San Cristovo de Remesar a Juan da Silva familiar do Santo Oficio e á súa muller María de Nodar, veciños de San Xiao de Arnois e tíos de Ánxela Mª Reimóndez, de quen tivo un fillo.

Juan era patrón de diversas capelanías perpetuas e colativas como a da igrexa de Santiago de Allariz, que fundou D. Jerónimo Pérez de Figueroa, cóengo de Sevilla.

Tamén era patrón da memoria que deixou fundada Jorge Arias Noguerol, oidor na Real Audiencia de Sevilla e a súa dona Damiana de Salcedo e Mingolla na capela de Sta. Mª Magdalena da catedral de Ourense, polo que constan diversos cobros de rendas na década dos sesenta e setenta, así por exemplo o 3 de maio de 1673 deu poder ao reitor da Compañía de Xesús de Madrid para cobrar 600 ducados de principal de dita memoria. E unhas salinas en Murcia que pertencían a esta fundación trocounas por outras en Galicia, que en 1689 rendían 62.500 reais anuais, polo que encargou a Juan Valexo Varela, familiar do Sto. Oficio, para que as cobrase. En 1679 quen se encargaba destes cobros e rendas e xuros era o seu curmán Juan Ulloa e Losada[279], residente en Madrid, alcaide da torre e fortaleza de Sarria, e axente principal dos negocios do conde de Lemos.

Desde 1672 ata 1685 administrou as rendas da casa de Nogueira, que era de seu curmán o marqués de Cañizar, don José de Bardaxi Bermudez.

Casou coa súa parente[280] ***Urraca María de Moscoso Ozores e Sotomayor***, bautizada no Hospital Real de Santiago, filla de *Fernando Ozores de Sotomayor*, administrador do Hospital Real de Santiago, e de Isabel de Castro. Urraca foi dotada en 1657 ante Juan Mosquera.

Con 40 anos Juan tivo un fillo de Ángela María Reimóndez[281], bautizado co nome de *José* o 16 de agosto de 1673, estando "*solteros*" segundo o párroco, aínda que en realidade el estaba casado -xa tiña tres fillos lexítimos, polo menos, e unha nena nacera un mes antes-. Morreu Ángela María poucos días despois, xa que foi enterrada o 30 de dito mes. José, aleitado seguramente no pazo, chegou a ser brigadier e tenente-xeneral de Artillería, e o 23 de xaneiro de 1718 foi nomeado cabaleiro de Calatrava unha vez lexitimado[282] mediante a dispensa papal de Pío XI. José Gayoso morreu no sitio de Xibraltar o 25 de outubro de 1727 deixando por herdeiro ao rei don Filipe V.

279 AHUS. Protocolos de Pedro Vázquez, 22/8/1679

280 Cfr. Esquema en páxina 103.

281 Filla de Antonio Reimóndez Figueroa.: *Casa de Quiñones ou dos Reimondez Figueroa*. páx. 429-30 ss

282 AHN Consello de Ordes. OM-Expedientiños, N.11905

Morreu Juan Gayoso en Santiago o 27 de marzo de 1691 "*entre las ocho y las nueve de la noche*" con testamento feito o día anterior ante Pedro Vázquez[283], que recolle o seu fillo Andrés "*siendo las nueve dadas de la noche*" dese día. Ante o mesmo escribán figura a continuación as débedas que deixaba, segundo o seu administrador Domingo Recarey Abelenda. Foi enterrado en Sta. Mª do Camiño, e dona Urraca, que pertencía á parroquia de San Miguel dos Agros, foi sepultada na capela "*que hizo de sancristía*" na igrexa de Nª Sra. do Camiño o 5 de outubro de 1703.

Descendentes deles foron:

1.- *Catalina de Gayoso Ozores de Sotomayor*. Foi bautizada en Ourense (Sta. Eufemia) o 15 de novembro de 1664 tendo por padriños ao licenciado Alonso Morenza e María Figueroa.

O 4 de marzo de 1687 foi dotada ante Andrés de Nodar con 44.000 reais (11.000 a contado, 11.000 en prata, e o resto sobre as alcabalas de Santiago e en rendas en Pontevedra) para casar con *Benito Antonio Araújo Ulloa e Temes*, señor da casa de Madarnas (Ourense) e a súa xurisdición, que foi representado polo abade de Arnois don Jacinto Antonio Araújo e Ulloa. Benito era fillo de Baltasar Araújo e de Ana Mosquera de Baamonde. A cerimonia nupcial tivo lugar na igrexa de Oca o 5 de abril de 1687. No testamento de seu pai mándase que se lle pague o que falta do dote.

2.- *Juan Antonio Gayoso*. Morreu antes que seu pai en Santiago o 18 de outubro de 1681, tendo outorgado testamento[284].

2.- **Andrés Gayoso de Ozores** (*que segue*).

3.- *Magdalena Gayoso*, bautizada en Ourense o 2 de xullo de 1673, tendo por padriño ao racioneiro Jerónimo González. Debeu morrer de nena, xa que en 1691 seu pai non a cita no testamento.

4.- *Antonia Gayoso Ozores de Sotomayor*, natural da parroquia de Santa Eufemia de Ourense, casada con *Juan de Porras Figueroa*, rexedor máis antigo de Santiago, quen foi designado pola súa sogra ou polo seu cuñado Andrés como o seu representante en diversos preitos[285]. Juan era fillo do rexedor compostelán Gonzalo de Porras e de Catalina de Álvarez ou de Argiz, natural de San Bernabé de Valenzana, e neta por parte paterna de Juan de Porras Figueroa e de María Ojea, descendente da casa de Lamela. Juan de Porras era pois irmán de María de Porras, casada con Antonio Varela, que vivían na *casa de Raíndo en Piloño*, que como non tivo descendencia, no seu testamento ante Andrés de Nodar deixou como herdeiros a Juan da maior parte, e á súa sobriña Catalina de Porras Ozores Soutomaior dunha quinta parte. Antonia, viúva, foi enterrada en Santiago sobre 1726 co testamento ante Domingo Quintela.

Juan Gayoso, o pai de Antonia, di no testamento que Juan Porras se porta moi ben con el polo que pide que o seu sucesor lle axude xa que ten unha familia moi ampla.

Foron pais entre outros de:

a.- *Gonzalo Fernando*, bautizado en Piloño (Vila de Cruces) e sucesor e dono da casa de Raíndo, casou na parroquia compostelá de Salomé o 27 de xuño de 1726 con Mª Francisca Calderón e Andrade, filla de Francisco Calderón e de Juana García Valdés.

b.- *Catalina de Porras Gayoso*.

c.-*María Jacinta*, que velaron o 19 de febreiro de 1713 en Eiras con Juan Antonio Toubes Salgado, da casa e coto de Eiras en Carballiño[286]. Ela finou o 22 de decembro de 1738 e el o 7

283 AHUS. Protocolos de Pedro Vázquez.

284 AHUS. Protocolos de Domingo Álvarez de Castiñeiras

285 AHPPo. Protocolos de Andrés Nodar.

286 DE LA PEÑA VIDAL, J.C., *A liñaxe dos Toubes*, Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia, nº 3, 2004, páx. 70-71

de decembro de 1759. Tiveron varios fillos, Pablo Antonio, o sucesor, Antonio, que foi cóengo en Santiago, Jacinto, Jacinto Antonio e Rosalía.

d.- *Urraca de Porras Gayoso*, que foi dotada polos seus pais con 1200 ducados en 1712 para entrar como monxa no convento compostelán de Belvís, ademais de 120 reais anuais, e a cambio ela renunciaba ás lexítimas que lle podían corresponder[287]. Ademais seus irmáns Gonzalo e Andrés prometen darlle 2000 reais, que ela necesitaba para ser procuradora e sancristana en dito convento.

e.- *Andrés Jerónimo*, bautizado o 30 de novembro de 1688 en Santa Mª de Piloño (Lalín), foi racioneiro prebendado na catedral de Santiago.


f.- *Juana Benita* quen, dotada o 24 de abril de 1727 ante Simón Rodríguez con 33.000 reais, casou cinco días despois en San Miguel dos Agros con *Pedro Agustín Sánchez de Lanzós e Berbetoros,* fillo de Jerónimo Lanzós Losada e de Josefa Benita de Torres e Camba, veciños de Noia.

g.- *Antonia Francisca*, a quen prometeron o 15 de outubro de 1730 ante Simón Rodríguez 33.000 reais por dote e lexítimas para casar con *Antonio Hipólito Cervela Teixeiro*, veciño de Pazos de Arenteiro e viúvo de Gregoria Taboada Mariño de Lobera, que ofreceu 32 cavaduras de viñedo, casando logo o día 26 en San Miguel dos Agros[288]. Logo Antonio Hipólito, viúvo, volveu casar o 3 de setembro de 1735 con Clara Antonia Novoa e Puga.

h.- *Isabel*, que casou o 21 e xuño de 1730 con José Antonio Montenegro e Miranda, veciño de Mondoñedo, dono da casa de Paredes. Outorgaron testamento ante Juan Varela o 13 de abril de 1740.

j.- *Margarita Josefa*, que foi dotada polos seus pais con 1400 ducados en 1712 para entrar como monxa no convento compostelán de san Paio e a cambio ela renunciaba ás lexítimas que lle podían corresponder. O seu irmán Gonzalo, o vinculeiro, comprometeuse ademais a darlle 100 reais cada ano[289].

Andrés de Gayoso Ozores de Sotmayor, foi bautizado en Ourense (Sta. Eufemia) o 14 de setembro de 1670, tendo por padriño ao cardeal Jorge de Gayoso.



Partida de bautismo de Andrés Gayoso, 14-9-1670

Pouco despois de morrer seu pai, presenta os privilexios reais que ten como sucesor nos vínculos e polos que cada ano cobra 168.200 marabedís de xuro e rendas[290].

287 AHUS. Protocolos de Pedro Vázquez, 20-12-1712.
288 Cfr. *Pazo de Valiñas*, páx. 76, nota 152
289 AHUS. Protocolos de Pedro Vázquez, 12 de decembro de 1712.
290 AHUS. Protocolos de Pedro Vázquez, 4 xaneiro 1694.

O 18 de xaneiro de 1704 mediante un pago de 720 reais chega a un acordo[291] para poñer unha reixa á capela que tiña a familia na igrexa da Virxe do Camiño en Santiago, pois ata agora servía de sancristía e agora a igrexa tiña unha sancristía nova.

Sendo xa señor de Oca, Andrés casou en San Xoán de Camba (Rodeiro) con ***Constanza Arias Ozores Lemos e Ulloa***, dama de honor da raíña Isabel de Farnesio. Días despois, o 12 de marzo de 1693, recibiron as bendicións nupciais na igrexa de Oca, sendo os padriños Pedro Arias Ozores e Urraca María Ozores.

Constanza, nacida en Lugo o 15 de abril de 1669, era filla de *Sancho Arias Conde e Taboada, marqués de San Miguel de Penas* e señor de San Esteban da Mota e Moreiras, e da *condesa de Amarante dona Juana de Ozores López de Lemos*, que foi sepultada o 5 de marzo de 1713 na capela de don Andrés Gayoso na igrexa de Santa Mª do Camiño en Santiago.



Constanza Ozores, 1726. Pazo de Oca

Na dormitorio dos señores do pazo de Oca conservábanse en 1751 dous cadros cos retratos de Andrés e Constanza respectivamente. Actualmente podemos ver en Oca o de Constanza, no que tamén observamos un escudo coas súas propias armas: escudo cuartelado e timbrado de coronel, 1º cuartel, xaquelado, dos **Arias**, 2º cuartel, león rampante sostendo nas súas gadoupas dianteiras unha espada, dos **Ozores**, 3º cuartel, trece bezantes colocados en tres paus 4-5-4, dos **Lemos**, e 4º cuartel, tres faixas, cargada dun cinguidor de sable, dos **Sotomayor**.

*A familia de **Constanza** ten unha orixe moi antiga, pero imos ver só as últimas xeracións, con datos tomados principalmente do Arquivo do Reino de Galicia[292] .*

*A finais do século XVI o señor de FERREIRA, SOBER, e AMARANTE, era **Diego de Lemos**, que loitou contra Drake na Coruña e casou con Jerónima Novoa, filla de Juan de Novoa, señor de Maceda. Era*

291 AHUS. Protocolos de Pedro Vázquez.
292 ARG. RA 18215/46, 49/26, 1279/71.

sucesor dos vínculos fundados o 23 de maio de 1512 polo seu tataravó Diego de Lemos, casado con Isabel González Noguerol, para o seu fillo Lope Sánchez de Ulloa.

*Sucedeulles o seu fillo **Alonso de Lemos**, cabaleiro de Calatrava, 1º conde de Amarante no ano 1646, que casou con Juana de Acuña, filla do conde Gondomar don Diego Acuña e Sarmiento e de Constanza Acuña Avellaneda a súa muller. Estando no exército en Cataluña morreu xunto co seu fillo Diego. Foron pais de:*

1.- Juan, 2º conde de Amarante, serviu ao exército en Flandes desde 1631 até 1636 e logo en Milán. Estivo prisioneiro en Piemonte, polo que para rescatalo seus pais pediron facultade para facer un censo de 6.000 ducados, pero non foi preciso pois nesas quedou libre. Logo sendo comisario xeneral de cabalería en Badaxoz, licenciouse e veuse para a casa en xaneiro de 1643. Morreu sendo tenente coronel en Ronches. Casou con Clara Ocón e Coalla, filla de Pedro González Ocón, señor de Villar de Olmo, e de María Coalla e Córdoba, señora da casa de Coalla en Madrid. Clara Ocón estaba viúva de Antonio Hurtado e era nai de Clara Matía que como vemos a continuación casou con Pedro, o seu inmediato sucesor como conde de Amarante. Sen descendencia sucédelles o seu irmán Pedro.

2.- Diego, xunto co seu pai morreu no exército en Cataluña.

3.- José, capitán de cabalos, loitou en Flandes e morreu en Breceli.

*4.- **Pedro de Lemos**, casado con Mª Francisca Ocón Hurtado de Mendoza, marquesa de Miranda, filla de Antonio Hurtado e Clara Matía de Ocón, e que aportou de dote 3000 ducados. Foi o 3º conde de Amarante ao suceder a seu irmán Juan. Fixo testamento o 16 de xuño de 1661 en Monforte, deixando como herdeira á súa muller. Sucedeulle no morgado e título de conde o seu sobriño García, fillo da súa irmá Constanza, pois aínda que Pedro tivera un fillo, José, non fora recoñecido e figuraba como fillo do seu irmán Diego.*

*3.- **Constanza de Lemos** (*que segue*).*

4.- María, que casou con Alvaro de Losada Ribadeneira, señor da casa de Freiría.

***Constanza de Lemos** casou con **Fernando Ozores**, señor de TEANES, fillo de García Ozores de Soutomayor (que estivo no exército de S.M.) e de Inés de Camba Ozores que tiveron tamén por fillos a Pedro e Benito, que foi abade.*

Constanza e Fernando foron os pais de:

1.- Garcia López de Lemos. Estivo como soldado de infantería e logo nomeado o 21 de xuño de 1661 capitán de don Fernando Valladares en Baiona. Sucedeu a seu tío Pedro e foi 4º conde de Amarante.

2.- José, fiscal en Valladolid, sen sucesión.

3.- Baltasar, capitán de cabalos, sen sucesión.

4.- Alonso, colexial maior en Salamanca.

*5.- **Juana** (*que segue*).*

Trala morte de García sucedeulle a súa irmá **Juana Ozores Acuña e Lemos**, *condesa de Amarante, que casou con don **Sancho Arias Conde Ulloa e Taboada**, nacido en S. Miguel das Penas en 1638, fillo de Pedro Arias e Elvira Ulloa, do lugar de Moreiras na parroquia de Fontecuberta (Lugo), neto por liña paterna de Arias Conde Taboada, de S.Miguel das Penas, e de María de Ulloa, de Noia, e por liña materna de Arias Conde de Monterroso e de Iseu de Taboada, natural da fortaleza de Trebolle da freguesía de Santiago de Paramo (Lugo) . Señor de SAN MIGUEL DAS PENAS, A MOTA e MOREIRA, foi nomeado cabaleiro de Santiago en 1660*[293].

*Foron **marqueses de San Miguel das Penas**.*[294]

293 AHN. OM-Cabaleiros Santiago, Exp.592.

294 Está publicado que o marquesado de San Miguel se inicia con Constanza Ozores, pero consta documentalmente Pedro Arias, irmán de Constanza, como marqués, e no retrato do seu irmán Frei Juan Alonso aparece escrito que era fillo dos marqueses de San Miguel don Sancho Arias e dona Juana Ozores.

Sancho outorgou testamento o 6 de decembro de 1677 ante Antonio de Castro e Parga[295], no que pedía ser enterrado nunha capela do convento de san Francisco en Lugo e que debía ser dotada convenientemente para que fose exclusiva. Juana foi sepultada o 5 de marzo de 1713 na capela de don Andrés Gayoso na igrexa de Santa Mª do Camiño en Santiago tendo feito testamento[296] ante André de Moreda o 21 de marzo de 1713 no que deixaba mellorada á súa filla Constanza.

Sancho e Juana foron os pais de :

1.- ***Fernando Arias Conde Taboada****,[297] colexial maior do arcebispo, alcalde do crime de Valladolid, mestre de campo do Tercio de Lugo e que morreu solteiro en Poboa de Sanabria. O seu sucesor foi o seu irmán Pedro.*

*2.- Frei Juan Alonso Arias Conde Taboada, tomou o hábito relixioso en San Pedro de Alcántara en 1696 e morreu aos 31 anos no convento de San Antonio de Ávila o 27 de setembro de 1706 con "*opinión de santidad*".*


3.- ***Pedro Arias Conde Taboada****. A partir de 1708 era* ***marqués de San Miguel****, vizconde da Mota, conde de Amarante, brigadier e mariscal de campo[298]. "*En veinte y seis de Junio de mil setecientos y diez y ocho murió en el castillo de Sn Antón el Mariscal de Campo Dn Pedro Ossores Conde de Amarante, habiendo recibido el Viático; hizo testamento cerrado, que otorgó, y se abrió por ante Felipe Santiago de Castro Reçetor: Enterrose en San Francisco, Cruzada y más mandas forzosas, a quatro reales de plata*", segundo se pode ler no Libro sacramental da parroquia coruñesa de Santiago.*

*4.-****Constanza Ozores Ulloa*** (obxecto desta digresión), que sucedeu a Pedro.

5.-Mª Jacinta Ozores Ulloa, dama de honor da raíña.

6.- Juana Rosa Ozores Ulloa, relixiosa no convento de San Paio en Santiago.

7.- Francisca Ozores Ulloa.



Frei Juan Alonso fillo de Sancho e Juana, marqueses de San MIguel

Constanza tiña unha irmá chamada *Francisca Ozores Ulloa*, que casou primeiro co Manuel Abreu, veciño de Portugal, e logo con Manuel Pallares Ulloa[299], dono da casa do Tellado, quen casou de segundas con Beatriz Somoza Andrade, do pazo de Ferreiroá. Francisca, fixo testamento o 7 de setembro de 1716 nomeando a seu marido herdeiro universal, pero non ante notario. Andrés, como marido de Constanza, pediu entón a invalidación do testamento, -dicía que pola súa enfermidade na derradeira semana de vida non podía falar e ademais uns días antes votara fóra ao escribán que trouxera o seu marido- e que a herdanza de Francisca lle dese á súa irmá Constanza[300]. Pola súa parte Manuel Pallares demanda a Andrés pedindo a parte dos bens libres das casas de Ferreira, Sober, Cobelo e outras que levara Constanza. A sentenza do 2 de maio de 1722 saíu a favor de Andrés polo que Manuel alegou a Valladolid que lle deu a razón. Andrés interpuxo recurso de apelación e entón por morte de Andrés e de seu fillo Fernando e logo por morte de Manuel o preito quedou suspenso. Finalmente os seus netos e sucesores, Manuel José Pallares Correa, 1º conde de Pallares,

295 ARG 18215/46

296 AHUS. Protocolos de Andrés Moreda.

297 No testamento do seu pai, aparecen os irmáns cos apelidos *Arias Conde Taboada*, e as irmás como *Ozores Ulloa*. E Andrés Gayoso no seu testamento tamén nos dá moitos datos sobre os seus cuñados.

298 ARG.RA. 92/26

299 Ver xenealoxía en : *Casa do Piñeiro ou da condesa*. páx. 402 ss

300 ARG. RA 18215/46

dunha parte e Domingo Gayoso da outra, retomaron o conflito e por indicación do tribunal chegaron a unha concordia, asinada o 23 de decembro de 1788 ante Mateo González, pola que o conde de Amarante lle daba ao conde de Pallares a casa e rendas de Moreira valoradas en 3.127 ferrados de centeo, 205 capóns e outras menudencias. Pero entón continuou o preito pois Manuel J.Pallares dicía que 46 ferrados de centeo non eran seguros polo que finalmente por sentenza do tribunal o 22 de agosto de 1797 Domingo Gayoso tivo que indemnizalo cos 46 ferrados, máis outros 30 para pagar unhas misas semanais anexas ao coto de Ribadavia[301]. Pero prosegue o preito en Valladolid a partir de 1806 e entón sae a favor de Joaquín Gayoso, marqués de Camarasa, polo que o conde de Pallares ten que devolver a casa de Moreiras e os seus froitos acumulados. Pero non acaba aí, en 1827 unha irmá do conde chamada María, viúva de José María Taboada, e que será a IIª condesa de Pallares, é quen reclama porque di que non se lle citou cando en 1818 se fixeron as partillas[302].

Andrés e Constanza comezaron as obras do actual pazo no emprazamento dos antigos "*palacios de Oca*"[303]. A obra de cantería débese case na súa totalidade aos mestres Estevo Ferreiro "*o vello*"[304] e o seu fillo homónimo, nomeado "*o mozo*", ambos da freguesía de Moimenta (Campolameiro). En efecto, o contrato[305] para dita obra fíxose o 18 de marzo de 1701. "*En el piso de la torre cuatro puertas rasgadas, dos hacia la plaza con dos balcones de diez por seis palmos y en el alto de la torre cuatro ventanas con sus mainels, y al lado que pareciere el archivo para los papeles ingerido en la pared. La torre con sus remates y escaleras de la hechura que tiene Antonio Feliz Tabares[306] en Castrelo (Vigo) que el maestro ha de ir a ver. La obra por dentro de mampostería excepto la que se viere desde la plaza y en lo alto de la torre, que está todo lo que quede fuera de los tejados. Y ha de hacer un crucero con cinco escalones, cuatro esquinas con un crucifijo y Nuestra señora de la Soledad al otro lado. Y un escudo de armas de cinco palmos por siete de alto con una corona abierta que se ha de poner en medio de la ventana y puerta de la torre que mira a la plaza*". Habíalle de dar 800 ducados e 300 ferrados de centeo en tres veces, ao principio, no medio e ao final da obra, "*además de dos moyos de vino, casa y cama para los oficiales y verdura para hacer la olla*". De ai que lle entregue neste acto dous dobróns de ouro, equivalente a 480 reais. Andrés poñerá o transporte para a obra e o barro que se necesite e "*Esteban ha de deshacer la obra hecha hasta los cimientos y reconocer si está firme*".



Escudo da torre

301 ARG. RA 4882/7
302 ARG. RA 332/30, 332/32, 328/40
303 ARG. RA. 21381/35
304 Santa María de Moimenta está situada no concello de Campo Lameiro. Esteban Ferreiro estaba casado con María de Ventoso, e foron pais de Ana María e de Esteban Ferreiro de Ventoso que casou con María Antonia de Paredes Barros. Os Ferreiro traballaron tamén no xardín barroco do Pazo.
305 AHPPo. Protocolos de Andrés de Nodar.
306 Era o seu curmán. En 1707 Andrés deulle poder para cobrar as rendas das salinas.

A labra da torre consérvase perfectamente. Escudo cuartelado: 1º león rampante sostendo nas súas gadoupas dianteiras unha espada, dos **Ozores**; 2º, xaquelado, dos **Arias**; 3º, tres faixas, cargada dun cinguidor de sable, dos **Sotomayor**; 4º, trece bezantes colocados en tres paus 4-5-4, dos **Lemos**; sobre o todo escusón con tres faixas e entre faixa e faixa unha troita, dos **Gayoso**. Por tenantes, dous dragóns alados suxeitando o escudo e unidas as súas colas na parte baixa do mesmo formando un lazo. Ao timbre un coronel.

Pero a súa obra máis importante foi o deseño e construción dos estanques, "*dignos*", segundo Otero Pedraio, "*dunha vila cardealicia*", e que aínda hoxe seguen constituíndo o eixe central en torno ao cal se ordena o espazo dos xardíns do Palacio de Oca.

A esta época pertencen dous escudos, que se complementan e que están actualmente sobre as barcas do estanque dos xardíns de Oca coas diversas armas dos antepasados de Andrés. Están soportados por dúas figuras de animais, que Andrés e o canteiro pretendían que foran leóns. Un deles perdeu co tempo a coroa que sen dúbida tamén portaba.





O primeiro escudo, timbrado de coronel e cuartelado en cruz, 1º, xaquelado 4x3 de doce pezas,dos **Bermúdez**, 2º, cuartelado en aspa 1 e 4 unha banda cargada dunha cotiza; 2 con letras *Ave María* e 3 *Gratia Plena*, dos **Mendoza**, 3º, estrela surmontada dun crecente ranversado e acompañada de catro estrelas unha en cada ángulo so escudo, dos **Luaces** e 4º, caldeira con asas levantadas, surmontada dunha cruz floreteada, dos **Neira**. Flanquean o escudo dous dragóns coas colas enlazadas baixo a punta, dos **Gayoso**.

O segundo escudo está cuartelado en cruz: 1º, seis roeis postos 3 e 3, dos **Castro**; 2º, unha cruz da *orde de Calatrava*[307]; 3º, tres faixas e entre faixa e faixa unha troita, dos **Gayoso**; 4º, xaquelado posiblemente dos **Sotomayor** (eran Sotomayor tanto por Andrés como por Constanza).

Tamén fixo arranxos na capela da Madalena en Ourense, e como tiña intención de construírlle a sancristía, reixa de ferro, lámpada de prata e retablo, encarga ao sucesor que o faga. A esta capela pertencía unha tapicería con Marco Antonio e Cleopatra, ademais dun cáliz e dúas fontes sobredouradas entre outras cousas.

En 1713 cedeu e traspasou de xeito vitalicio o oficio de rexedor e alguacil maior de Ourense a Juan Salgado, cabaleiro de Santiago, dono das xurisdicións de Borraxas e Parada, veciño de Ourense.

307 O seu medio-irmán *José Gayoso*, como xa vimos, foi cabaleiro e comendador na Orde de Calatrava.

En 1716 como Constanza pensa en herdar a seu irmán Pedro Arias de Lemos, *conde de Amarante e marqués de San Miguel*, pois está solteiro e sen descendencia, dá poder[308] a seu medio-irmán José Gayoso e Mendoza, brigadier dos exércitos de S.M. e residente en Madrid para que pida de S.M. o recoñecemento dos bens do conde.

Uns días antes da morte do seu irmán Pedro, Constanza tivo noticias de que estaba moi mal, polo que Andrés fixo un poder o 22 de xuño de 1718 para que Domingo Recarey, familiar do Santo Oficio e veciño de Santiago, fose a Coruña co fin de, se era o caso, facer o enterro de Pedro, asistir a abertura do testamento e aceptar a herdanza con beneficio de inventario, e mandar se fixese o inventario xudicial dos seus bens. Pedro foi enterrado o día 26 de xuño e Constanza foi a herdeira dos seus bens e dos seus títulos.


En 1731 seguía cobrando os xuros, un de 50.000 marabedís e outro de 76.000 das alcabalas que lle pertencían por privilexios en cabeza de don Gonzalo de Neira[309].

Andrés e Constanza obtiveron célula real o 19 de decembro de 1732 e mediante escritura ante o escribán Simón Rodríguez o 21 de xaneiro seguinte desligaron do morgado as sinecuras de San Pedro de Sindrán, San Xoán de Toldaos e San Estevo de Refoxo do Val de Lemos para alimentos vitalicios da súa filla Manuela que estaba demente.

Andrés tiña feito testamento o 9 de decembro de 1731 en sobre pechado que entregou o día 21 a Simón Rodríguez, pero consta nos protocolos[310] deste escribán o 11 de outubro de 1733 cando, morto Andrés, se pide que sexa aberto.

No seu testamento di: "*Antes de ahora hice venir de Roma un buleto de indulxencias para la cofradía de San Antonio que se fundo en la capilla de Oca y por ser la capilla corta y estar dentro de la misma casa tengo deseo de hacerla mudar de sitio más acomododado y apropósito con tribuna en ella, su retablo principal, colocando en el los santos que al principio llevo interpuestos por mis sucesores y abogados y al patriarca san José con el niño, san Joaquín y Santa Ana y los que en de ellos se pueden acomodar excepto san Javier, que es mi intención colocarlo en un lateral al lado de la epístola. Y en otro al del evangelio a Nuestra Señora de la Soledad, encargo al sucesor lo haga, si no tengo tiempo, con la mayor presteza posible*". Foi seu fillo Fernando quen cumpriu o seu desexo. Tamén di que deixa os libros que tiña en Santiago e en Oca incorporados ás ditas casas "*para uso y diversión de mis sucesores*".

Andrés morreu de repente o 8 outubro de 1733 e foi enterrado na capela da Circuncisión (igrexa de Sta.Mª do Camiño) e a súa esposa foi enterrada no convento de San Agostiño o 8 de febreiro de 1738. Os dous enterros constan na parroquia de San Miguel dos Agros, onde eran veciños.



Condesa de Amarante 1713

308 APPo. Protocolos de Andrés de Nodar
309 AHUS. Protocolos de Simón Rodríguez.
310 AHUS. Protocolos de Simón Rodríguez.

Constanza tamén outorgou testamento na casa da Algalia de Abaixo o 29 de maio de 1735 ante o mesmo escribán Simón Rodríguez. Nel deixa para a capela de Oca un crucifixo grande e un san Miguel en marfil que lle remitira de Nápoles o seu fillo Vicente, e mellora a Manuela e encarga ás súas outras fillas que coidaran dela. Trala súa morte houbo preito e convenio entre os irmáns segundo se especifica a continuación ao falar de cada un.

A maioría dos seus fillos naceron en Oca, pois era onde residían habitualmente:

1. *Rosa María Arias Ozores*, bautizada en San Miguel dos Agros o 10 de outubro de 1694, tivo como padriño a seu tío Pedro Arias Ozores.

Casou con don *Álvaro Antonio de Losada Prado e Soutomaior*, señor de Pol (Santa María de Baamorto) e Friol. Tiveron nove fillos, dos que dous eran varóns, *Juan Alonso* (1714-1776), o sucesor e que casou en 1741 con Josefa Teresa Antonia Garza e Sarmiento, señora de Tor e da Torreforte da Candaira, e *Andrés*, membro do tribunal da Inquisición de Santiago e que casou con Rosa Freire Andrade, sen sucesión; os demais fillos eran mulleres, unha das cales se chamaba Mª Ignacia a quen a súa avoa Constanza lle deixou un legado de 2.000 ducados e outra, María, que foi a nai de Manuel Carrete Losada, herdeiro do morgado de *Camareiro* de seu tío Andrés por testamento que fixo este o 8 de maio de 1787 ante Antonio Lodeiro Parada. Nesa herdanza ía incluído un censo de 220.000 reais que Ándrés Losada fixo a Mª Josefa de los Cobos e a seu fillo Francisco Javier Gayoso do que se falará máis adiante.

O 27 de setembro de 1738 ante o escribán de Monforte don Manuel Fernández, Álvaro, viúvo de Rosa, chegou a un acordo co seu cuñado Fernando polo que este lle daba 2.000 ducados para que se apartase da herdanza que lle puidese tocar por parte dos Gayoso.

2.- *Juana Ignacia Andrea Constanza Antonia* foi bautizada en Oca o 9 de xaneiro de 1696, tendo por padriños a Juan de Porras, veciño de Piloño, e á súa avoa Urraca Ozores. Casou o 14 de setembro de 1728 en San Miguel dos Agros co seu primo don *Fernando Evaristo Gago de Mendoza Tavares*, veciño de Pontevedra, o cal morreu en 1768 sen sucesión[311].

O 2 de outubro de 1738 Fernando Evaristo acordou co seu cuñado Fernando, ante o escribán de Pontevedra don Benito Antonio de Torres, coidar da súa cuñada Manuela a cambio de 400 ducados anuais e deixando libres as tres sinecuras coas que a súa sogra Constanza mellorara a Manuela.

3.- *Mª Rosa Ventura*, bautizada en Ourense (Sta. Eufemia) o 31 de maio de 1698, contraeu nupcias en San Miguel dos Agros o 20 de outubro de 1719 co seu curmán don *Juan Antonio Caamaño Varela Mendoza e Lamas*, rexedor de Santiago e señor das casas de Romelle e fortaleza de Leboráns, fillo de Juan Antonio Caamaño Mendoza e Lamas e de Aldonza Varela Mariño de Goyanes, neto por liña paterna de Antonio José Caamaño Mendoza e de Ana de Lamas e Ozores de Sotomayor, irmá de Francisco Lamas alguacil maior da Santa Inquisición, e neto por liña materna de Juan Varela Mariño, señor de Goiáns, Quindimil e Carreira e da illa de Sálvora, e de María Arias de Ulloa, da casa de San Miguel das Penas e A Mota. A escritura de capitulacións matrimoniais fíxose ante Andrés de Nodar o 5 de outubro de 1718. Juan Antonio estivo representado polo seu tío fillo Juan Antonio Varela Mariño de Goyanes. Os noivos eran parentes en cuarto grao, polo que a dispensa foi a cargo do noivo. A noiva aportou, ademais de 1000 reais que herdou do seu tío Pedro Arias Ozores López de Lemos, 5.000 ducados (55.000 reais) que lle deu seu pai como dote.

311 RODRIGUEZ FDEZ-BOULLÓN, R. *Los Tavares. Nuevas aportaciones*, en : http://pdf.depontevedra.es/ga/103/JskhkanEPL.pdf

Tiveron varios fillos entre eles a Jorge, cabaleiro da sagrada relixión de Malta, a *Mª Ignacia Teresa* (a quen a súa avoa Constanza lle deixou 1000 reais), a *Vicente*, a *Fernando* que foi nomeado o 19 de xaneiro de 1734 pola súa avoa Constanza como capelán da obra pía de San Miguel das Penas, a *Ramón* e a *Antonio Felipe*, ámbolos dous cabaleiros da Orde de San Xoán.

O 31 de maio de 1740 fixeron un convenio[312] polo que recibirían do seu irmán Fernando, o sucesor dos morgados, 2.000 ducados por unha vez a cambio dos 1.000 reais que deixara á súa filla Mª Ignacia Teresa a súa avoa Constanza e pola renuncia ás lexítimas que podían corresponderlle a Ventura. Tamén lles daría 400 ducados anuais por atender a Manuela, en caso de que esta sobrevivise á súa irmá Juana Ignacia, e de non ser así tamén lles daría 6000 reais por unha vez.

Ventura debeu ser unha rapaza moi popular, xa que o seu nome tivo moita aceptación entre a xente de Oca, de xeito que entorno ao ano 1715 case todos os nenos e nenas da parroquia levaban o nome de Ventura como primeiro ou segundo nome.

4.- **Fernando Gayoso Arias Ozores** (*que segue*)

5.- *Andrea María* foi bautizada en Oca o 20 de febreiro de 1700, tendo por padriño a Andrés López Boán, abade de Berres. Profesou como monxa a finais do ano 1716 no convento de Santa María a Nova en Lugo. Seu pai nomeou a seu fillo Fernando o 27 de outubro ante Andrés de Nodar para que asistira á cerimonia e admitira a renuncia de Andrea aos seus dereitos da herdanza a cambio dun pago anual vitalicio. Morreu relixiosa dominica antes que seus pais.

6.- *Manuela*, que recibiu o bautismo en Oca o 28 de decembro de 1702 cos nomes de *Manuela, María, Antonia, Josefa*, tendo por padriños a Andrés Rodríguez Baamonde, abade de Remesar, e Rosa María, irmá da bautizada. Estivo demente, polo que nin casou nin foi relixiosa. O 22 de xaneiro de 1733 os seus pais consignáronlle unha pensión por alimentos[313] con célula real do 19/12/1732 do rei D. Felipe. En 1735 estaba ao coidado de Juan Antonio Andrade segundo o testamento da súa nai, no que Constanza pediu que fose a súa filla Rosa a que se encargase de Manuela e se faltaba Rosa fose Juana Ignacia. E así foi, trala morte de Rosa en 1738 foi vivir a Pontevedra á casa de Juana Ignacia. En 1751 había en Oca un retrato seu.

7.- *José Antonio Francisco*, que tamén foi bautizado en Oca o 4 de xuño de 1704, tendo por padriños a Francisco Vello de Mera, abade de Oca, e Rosa María, irmá da bautizada. Non chegou á idade adulta.

8.- *María Jacinta*, que foi bautizada en Oca o 20 de agosto de 1705, tendo por padriños ao escribán de S.M. Andrés de Nodar, veciño de Arnois. En 1751 había no pazo de Oca un retrato seu.

O 17 de abril de 1731 seu pai Andrés deu poder[314] a Tomás de los Cobos marqués de Parga, o seu consogro, para facer as capitulacións matrimoniais[315] para casar a Mª Jacinta con don *Fernando Verdes Montenegro*, cabaleiro de Calatrava, natural de San Xoán de Sistallo, no bispado de Mondoñedo[316], fillo de Francisco Verdes Montenegro e de Antonia de Castro Baamonde (falecido o 19/3/1700), natural de San Mamede de Oleiros neste arcebispado, e neto por vía paterna de

312 AHUS. Protocolos de Simón Rodríguez.

313 AHUS. Protocolos de Simón Rodríguez.

314 AHUS. Protocolos de Simón Rodríguez.

315 AHN. OM-Casamento Calatrava, Exp.298

316 Fernando naceu en Sistallo o 23 de abril de 1682, sendo o padriño don Fernando López cura de Villapene. Foi cabaleiro da orde de Calatrava e desempeñou postos no Consello de Indias, na Contaduría de Rendas e como Tesoureiro maior do Reino de Valencia. Substituíu a Iturralde en 1740 ao fronte da Secretaría de Estado e do despacho universal de Facenda, cargo que desempeñará ata a súa morte en Madrid o 11 de agosto de 741.

Bartolomé Verdes (falecido o 16/9/1666), señor da casa de Pacio (Sistallo), natural de Santa María de Villapene, e de Juana Sanjurjo Montenegro, natural de Villamartín, en San Jorge de Rioabeso, tenencia do arcebispado de Santiago, e neto por parte materna de Pedro de Castro Basanta, de San Mamede de Oleiros, e de Inés Tenreiro de Lago e Baamonde, natural de Santiago de Felmil do arcebispado de Mondoñedo. Por dote e arras Andrés Gayoso ofreceu 12.000 ducados. En efecto, casaron poucos días despois, o 8 de maio dese ano en San Miguel dos Agros (Santiago).

O 27 de marzo de 1737 renunciou á lexítima contentándose co dote ante José Francisco Aurión, escribán de Madrid.

Foron pais de:

a.- *Joseph Verdes Montenegro*. Foi cabaleiro da Orde de Santiago en 1745 e llegaría a ser oidor da Real Chancelería de Valladolid.

b- *Antonio*. Foi cabaleiro da Orde de Santiago en 1745.

c.- *Pedro Verdes Montenegro* que casou con Mª Josefa Baca de Guzmán Romero e Tejada, natural da vila de Orgaz, con sucesión. Foi cabaleiro da Orde de Santiago.

9.- *Vicente*. A súa nai deixáralle como herdanza a casa de Moreiras e a sinecura de Fuentecubierta coas rendas de Cartelle. Faleceu pouco tempo despois que a súa nai, solteiro e sen herdeiros lexítimos. En 1751 no salón grande do pazo de Oca había un retrato del.

Fernando Gayoso Arias Ozores, foi bautizado en Oca o 1 de marzo de 1697 cos nomes de *Fernando, Francisco Antonio, Ignacio*, sendo o seu padriño o racioneiro don Francisco de Armesto.

Foi conde de Amarante, marqués de San Miguel, señor de Oca e de Teanes, rexedor perpetuo de Santiago, rexedor e alférez maior de Ourense.

O 28 de agosto de 1719 tivo un fillo en Oca de Andrea de Rendo, sendo ambos solteiros, que se chamou *Vicente Manuel*.

En 1719 loitou en defensa do porto de Vigo e mandou unha compañía de Nobres para loitar contra os ingleses comisionado polo concello de Santiago.

Participou activamente na defensa militar do Reino de Galicia durante a Guerra de Sucesión, servindo baixo as ordes do marqués de Risbourg —o capitán xeneral— e do seu lugartenente don Tomás de los Cobos, do cal chegou a ser xenro.

En efecto, Fernando Gayoso en 1729 casou por poderes –designou a dito Tomás de los Cobos para facelo- con ***Mª Josefa de los Cobos e Bolaño***, a segunda filla[317] de Tomás de los Cobos e de Mª Josefa Bolaño, e neta por vía paterna de Manuel de los Cobos e Luna, IV Marqués de Camarasa, IX conde de Ribadavia e III de Ricla, e de Isabel Portocarrero e Luna -filla esta dos condes de Montijo-, e neta por vía materna de José Bolaño, marqués de Parga e señor de Torés, Xunqueiras, Cillobre, etc., e de Inés de Castro Pimentel.

Mª Josefa de los Cobos aportou diversos morgados que se foron unindo desta maneira :

Se nos remontamos á época dos irmandiños, sabemos que quen apresou a seu líder Alonso de Lanzós foi Fernán Perez Paragués, señor de Parga, que estaba casado con Constanza das Mariñas, señora de

317 A súa irmá Isabel casou na parroquia coruñesa de Santiago o 2 de abril de 1729 con Joaquín José de Luján Robles de Guzmán, 3º conde de Castro Ponce, de Guaro e de Arco, fillo de José Nicolás e Mª Isabel Nieto de Silva, condesa de Guaro.

*Cillobre (Laracha). O fillo maior de Fernán chamábase **Ares Pardo das Mariñas**, rexedor da Coruña, casado con Teresa de Junqueras, filla de Esteban Junqueras e Teresa Vázquez de Sotomayor. Ares Pardo fundou dous morgados, o de **Parga -Cillobre** e o de "**Junqueras**", en Xobre (Poboa do Caramiñal). En efecto, Ares Pardo no seu testamento[318] feito o 19/9/1537 ante Rui Lavora escribán da Coruña con célula real asinada en Toledo o 30 de xuño de 1525 deixou a Fernán Pérez Parragues, o seu fillo primoxénito, un morgado que comprendía principalmente os bens das casas de Puebla de Parga e Cillobre, e con outra célula real do 7 de agosto de 1537 fundou o morgado de "Junqueras" para o seu segundo fillo Gómez Pérez de Junqueras. De non ter descendencia pasarían os morgados aos outros fillos, a saber, Berenguela, casada con Fernán Diáz de Ribadeneira e falecida na Coruña o 3 de decembro de 1549, e Inés (a quen o seu avó lle deixara os bens da casa de Xunqueiras pero que ao meterse monxa renunciou en seu pai) e Constanza que eran monxas, e de non ter estas descendencia pasaría a seus irmáns Juan, Ginebra, Violante ou Berenguela.*




Pazo de Junqueras. Debuxo en Oca

Ares Pardo no seu testamento tamén di que foi quen "se encargó de proveer de armas a los vecinos de Tabeirós para apoyar al arzobispo Fonseca. Este le dio 8.000 maravedies para reparos de la fortaleza da Barreira, pero solo gastó 2.000". O arcebispo tamén lle deu unha ducia de medias lanzas para a Barreira e un cosellar. Precisamente o seu fillo segundo Gómez Pérez de Junqueras foi alcaide da fortaleza da Barreira a partir do 20 de decembro de 1541.

Por outra banda, un irmán de Ares Pardo chamado Juan López Pardo de Haro estaba casado con Beatriz de Castro Ribadeneira e Bolaño, señora de Torés, filla de Fernán Díaz Ribadeneira e María Pimentel, neta esta do conde de Benavente. Beatriz foi quen fundou[319] o morgado de Torés en Santiago o 18 de xaneiro de 1549 ante Pero Alonso e Domingo Ramos con licenza real dada en Toledo o 21 de xullo de 1525. E aínda que logo o revocou o 1 de agosto de 1553, trala súa morte unha executoria dada en Valladolid o 18 de xullo de 1561 deulle a posesión de todos os bens á súa filla chamada tamén Beatriz de Castro Bolaño, tomando posesión nas Nogais o 17 de decembro de 1561 de mans do Alguacil Maior de Reino don Diego de Ribera quen " mandó a los vecinos y vasallos acudiesen con sus frutos y rentas, pechos y derechos y portazgos que en esta jurisdicción se pagan" e en sinal entregoulle unha vara de Xustiza a Álvaro González Ribadeneira, o marido de Beatriz[320].

*Este Álvaro Gonzalez de Ribadeneira era fillo de Berenguela, irmán de Juan López de Haro, é dicir, eran curmáns. Tiveron un fillo chamado **Pedro Bolaño** en quen recaeu non só o morgado de Torés, senón tamén os de Parga, Cillobre e Xunqueiras, por morte de Diego das Mariñas Parragues, fillo de Gómez Pérez das Mariñas, que tiña o morgado de Xunqueiras e por morte do seu irmán sen sucesión o de Parga e Cillobre. Este Diego das Mariñas, cabaleiro do Hábito de Santiago, foi moi ilustre na súa época e o que mandou fortificar a cidade da Coruña para poñela a salvo dos inimigos, lembrando o ataque de Drake.*

318 ARG. RA. 17981/10
319 ARG. RA. 17981/10
320 ARG. RA. 22145/89


TORÉS
Álvaro González de Ribadeneira
Teresa Fernández
Fernán Díaz Ribadeneira
Mayor Baamonde
Pedro Bolaño Ribadeneira
Beatriz de Castro
Fernán Díaz Bolaño
María Pimentel, neta de Juan Afonso Pimentel, conde de Benavente
Beatriz de Castro
Juan López Pardo de Haro
Fundación o 21-7-1525 do morgado de TORÉS
Beatriz de Castro
Álvaro González de Ribadeneira
Pedro Bolaño Ribadeneira
Francisca Osorio y Estada
Francisco Bolaño
Isabel Acevedo Baamonde
Benito Antonio Bolaño Ribadeneira
Sen *sucesión*
Condes de Lemos : *Pedro Álvarez Osorio e Beatriz de Castro*
Mariscal **Pedro Pardo de Cela**
Isabel de Castro
Fernán Pérez Paragués
Constanza das Mariñas,
Ares Pardo das Mariñas e Teresa Vázquez de Junqueras. Ares fundou o morgado de PUEBLA DE PARGA 20-9-1537 e o de Junqueras
PARGA
CILLOBRE
Diego das Mariñas, señor de JUNQUERAS, que herda o bisobriño
Pedro de Castro Bolaño (+1657)
María Esquivel Ponce de León
José Bolaño ***1º Marqués de Puebla de Parga***
Inés Castro Pimentel
Mª Josefa de Castro Bolaño, *2ª Marquesa*
Tomás de los Cobos
Mª Josefa de los Cobos Bolaño,
Fernando Gayoso Arias Ozores

Pedro Bolaño, que casou con Francisca Osorio e Escada, foi o avó de José Bolaño, quen en 1679 pediu e conseguiu o título de marqués de la Puebla de Parga. A súa filla Mª Josefa de Castro Bolaño, 2ª marquesa de Puebla de Parga, casou con ***Tomás de los Cobos****, irmán do 5º marqués de Camarasa, conde de Castrojeriz e de Ricla, e irmán tamén do 10º conde de Ribadavia, cuxos títulos pasaron logo a seu neto Domingo Gayoso de los Cobos, sobre o que nos deteremos proximamente.*

Cando Fernando ía casar, seus pais cedéronlle[321] o 20 de outubro de 1729 as casas de Ourense, Ervedelo e coto de Troncoso así como, por parte da nai, as casas de Sober e Ferreira con todas as súas rendas, xurisdicións e regalías, e tamén as sinecuras de Refoxo e Toldaos, todo o cal estaba regulados en 3.000 ducados de renda anual. E nomearon a Gregorio Agustín Luaces Mariño de Lobera, conde de Mariño e deputado en Cortes do Reino de Galicia para facer as capitulacións nas que podería ofrecer ata 11.000 reais por viuvez.

Mª Josefa levou de dote 12.000 ducados segundo consta nas capitulacións do 22 de novembro de 1729 ante o escribán madrileño José Francisco Aurión. En dita escritura tamén se estableceu que de quedar viúva se lle daría 1.000 ducados anuais, o triplo do que se autorizara e que logo Fernando subiu[322] a 2.000 o 2 de marzo de 1749. Tamén, máis adiante, ela aportou ao matrimonio a herdanza dos seus pais.



Escudo procedente de Cillobre

Precisamente desde Cillobre trasladouse en 1930 a porta exterior de medio punto, situada agora nos xardíns fronte ás galerías, e que leva un escudo. As súas armas: 1º tres faixas con dúas ordes de xaquelados separados por un cinguidor dos **Soutomayor**. 2º cabeza de lobo degolada

321 AHUS Protocolos de Simón Rodríguez.
322 AHUS Protocolos de Simón Rodríguez.

dos **Moscoso**; tres faixas dos **Paragüés**, en punta estrela de seis puntas dos **Mariñas**; orla de veros que é **Pardo**, en representación dos **Pardo das Mariñas** e **Pardo de Cela**; timbrado de coroa de marqués e baixo ela helmo afrontado e empenachado; rodeando ao escudo, fermosos lambrequíns.

Fernando Gayoso e Mª Josefa establecéronse na cidade de Santiago no "palacio" que habitaran os pais de Fernando na rúa da Algalia. Nesa rúa tiña outras oito casas que tiña alugadas e enfronte da casa principal outra onde vivía o mordomo que levaba as contas de todos os seus morgados e que arranxou gastando 5.000 ducados. Nesta casa de mordomía era onde tiñan o arquivo familiar a partir de entón, pois antes estaba na torre do pazo de Oca. Tamén arranxou as casas de San Miguel, A Mota, Meixide, a de Amarante coa súa capela, etc.



Capela de Oca, levantada por Fernando Gayoso

Fernando fixo fabricar a capela de Oca coa súa galería e retablos, o dormitorio e cociña correspondente en que gastou máis de 16.000 ducados, e tamén fixo reedificar de novo o xardín (segundo se di no testamento que fixo a súa muller).

Tanto na capela como no salón vermello aparecen as armas do matrimonio. A capela ten dous grandes escudos iguais no alto da súa fachada exterior. Escudos cuartelados: 1º xaquelado e en xefe unha cruz, dos **Arias**; 2º un año pasante, sobremontado dun bolo de pan, dos **Bolaño;** 3º un león rampante, sostendo entre as súas gadoupas unha espada, dos **Ozores**; 4º cinco leóns coroados postos en aspa, dos **Cobos**; e sobre o todo escusón con tres faixas e entre faixa e faixa unha troita, dos **Gayoso**. Por tenantes dous dragóns alados, que suxeitan a pedra de armas e unidas as súas colas na parte baixa do escudo formando unha lazada. Timbrada de coronel.



Escudo salón vermello

E no teito do salón vermello o escudo é policromado e coas mesmas armas que o escudo da capela, se ben na parte superior ten un cáliz de ouro sumado de hostia de prata, e ao timbre coroa de marqués coa inscrición PRIMVS FIDEI.

O 1 de agosto de 1745 Fernando pagou 6.448 reais pola confirmación do título de Amarante, que quedara pendente en 1710.

Fernando e a súa esposa, que herdara o marquesado de Parga en 1749 trala morte da súa nai, trasladáronse a unha casa-palacio, que formaba parte de dito marquesado, en Valladolid, onde se libraban diversos preitos. O 21 de xuño de 1751 Fernando deu poder á súa muller para facer testamento e morreu en Valladolid o 28 de outubro de 1751 sendo enterrado no convento de Santa Teresa Carmelitas descalzas onde tiña enterro Leonor de los Cobos, curmá da marquesa. Logo fíxose inventario de todos os seus bens das distintas casas[323]. Sería o 18 de febreiro de 1752 cando a súa muller outorga testamento manifestando a vontade do seu marido. María Josefa de los Cobos morreu en Madrid o 28 de agosto de 1767.

Tiveron catro fillos:

1.- **Francisco Javier Gayoso Arias Ozores** (*que segue*).

2.- *Antonia Vicenta: "En la parroquial iglesia de la Villa del Caramiñal a seis días del mes de enero año de mil setecientos y treinta y dos yo don Joseph Bolaño Ribadeneira cura propio de estos beneficios, puse los santo óleos a una niña que se llamó* ***Antonia Vicenta Jabiera, Isavel, María, Josepha, Rosa, Francisca, Saturnina****; que nació en quatro del mes de diciembre del años pasado de mil setecientos treinta y uno, la qual en dicho día la bauticé y eché el agua en la Casa y fortaleza de Junqueiras. Hija lexítima y de lexítimo matrimonio del su señoría el señor don Fernando Gayoso conde de Amarante; y de su mujer su señoría doña María Josepha Bolaño Cobos y Luna, condesa de Junqueiras, veciños de la feligresía de Santa María del Jobre; fueron sus padrinos su señoría don Nicolás de Castro vezino de la ciudad de Coruña residente al de presente en dicha fortaleza; y su excelencia la señora doña María Josepha Bolaño Ribadeneira Castro y Mariñas, marquesa de Parga y abuela de dicha niña [...]"*[324].

Morreu solteira. Seu pai deulle en vida xoias de diamantes de forma privativa, sen que entrasen á hora de facer o reparto da herdanza.

323 ARG 1336/66

324 AHDS. Libros sacramentais da parroquia do Caramiñal.

3.- *María Josefa Gayoso dos Cobos*, que, sendo menor de idade, casou en Madrid en 1759 co marqués de Escalona don *Joaquín de Acuña e Prado*, tamén menor de vinte e cinco anos. Recibiu xoias de seu pai, como a súa irmá maior, e tamén da súa avoa materna. Esta ademais lles deixou ás dúas irmás "*el residuo de los sueldos que S.M. está debiendo por vencidos de D. Tomás de los Cobos, marqués de Parga, que son 140.00 reales*" ou o que puideran cobrar, a repartir entre as dúas. Sen sucesión.

4.- **Domingo Gayoso dos Cobos**, (*que segue despois de Francisco Javier*).

Francisco Javier Gayoso Arias Ozores foi conde de Amarante, Marqués de Fuensagrada e de San Miguel das Penas, vizconde de Fureira, Mota, señor de Oca, etc. Estivo baixo a tutela da súa nai ata alcanzar a maioría de idade en 1757, ano no que contraía matrimonio coa condesa de Eril, dona María Cayetana de Eril Roser e Moncaio, "*dama de la Llave de Oro de la augustísima emperatriz serenísima doña Mª Teresa reina de Hungría*". En Madrid ante Domingo Antonio Garrido fixéronse as capitulacións matrimoniais o 3 de abril de 1757 pola que se lle daba por arras 6.000 ducados á noiva e de casada 100 pesos mensuais para "*gastos de cámara y alfileres*". E de quedar viúva cobraría 4.000 ducados de renda anuais mentres non mudase de estado[325].

Casou por poderes o 29 de maio de 1757 e logo velaron no oratorio privado de Madrid o 15 de agosto dese ano segundo consta na parroquia de San Sebastián. Francisco Javier foi a Figueres para buscar a noiva acompañado de capelán, dous criados, cociñeiro, reposteiro, mordomo, axuda de cámara, dous soldados e coche alugado[326]. Os gastos da voda foron suntuosos pois ascenderon a 486.243 reais e deixarán á familia con graves problemas económicos. Por iso en Santiago o 18 de outubro dese ano o seu curmán Andrés Losada prestoulle 220.000 reais cuns réditos de 11.000 reais cada seis meses, débeda que será reclamada a partir de 1878 polos seus sucesores e aos que a Xustiza lles dará a razón en 1903.

A noiva como regalo recibiu da emperatriz de Alemaña unha caixa de ouro e outra esmaltada para tabaco, da súa sogra unha copa de ouro para beber e unha pía de auga bendita en prata e vidro para o dormitorio, do conde de Villamiranda un anel con rubís, etc.

Francisco Javier ao casar deixou de residir xunto á súa nai para trasladarse coa súa esposa á cidade de Santiago nunha casa da rúa Nova, a onde se levaron dous baúis con xoias e enxoval que a condesa mandou traer de Alemaña, vía Turín, Xénova, Barcelona, Chaves, Ourense e Oca intervindo no traslado familiares, mordomos e militares.



Portada con escudo dos Taboada en Amarante (LU)

325 ARG. RA. 1336/66
326 ARG. RA. 1337/1

En 1763 compareceu ante o escribán Plácido Vallexo Castro como patrón da abadía de Santa Mariña de Covelo (diocese de Tui) pois o abade nomeado por seu pai trocara o posto cun sobriño, e noutra ocasión para reclamar que lle pagasen as lutuosas en Pedrafurada (diocese de Tui) e nomeando como mordomo para Ourense ao cóengo José Fernando Montenegro e Páramo. Sen embargo, este estaba en Santiago o día en que morreu, traballando como mordomo.

A inicios de 1765 sufriu un grave accidente que acabou coa súa vida o 25 de febreiro dese ano e, como non deixaba descendentes lexítimos e morreu sen testamento, a sucesión recaeu en mans do seu irmán Domingo.



Cadeira de man. Oca

Cando morreu e quedaba o cadáver na cama, a viúva marchou para casa do seu tío político Álvaro de Losada nunha *cadeira de man*. Os criados e o mordomo aproveitaron para roubar gran cantidade de prata, que despois se viu nalgunhas tendas, segundo nos conta un capelán castrense amigo do matrimonio. Este capelán chamado Francisco Pastor tiña grande cantidade de cartas do conde de Amarante e da súa esposa dos anos 1761-64 nas que podemos ver a gran preocupación que tiña Francisco Javier polas súas finanzas, xa que con tanto preito, os gastos de voda, censos, etc., a súa economía estaba moi mal. A condesa entre outras fala das empanadas, chocolate, lampreas, da abstinencia durante a coresma -que non respectaba-, etc.[327]

Francisco Javier foi enterrado o 26 de febreiro na súa capela da parroquia de Nª Sra do Camiño. Os gastos de enterro subiron a 20.703 reais, que pagou o seu curmán Juan Alonso Losada e Prado quen logo llo reclamou ao sucesor don Domingo.

Nos días seguintes fíxose inventario dos seus bens tanto nas súas casas compostelás en rúa Nova e na Algalia, así como nas diversas casas das que era señor: Oca, Ferreira, Sober, Xunqueiras, etc. Na casa da rúa Nova quedaba prata que pesaba unhas 400 onzas, así como moitos outros tarecos entre os que destacamos dúas pistolas, unha espada e un bastón con remate de ouro. Tamén tiña un gran número de libros, a metade en francés e algún en latín, de temática histórica a meirande parte, pero tamén algúns sobre educación ("*Instrucción de un padre a su hijo*"), relixión, literatura (Molière, Esopo, Mme. Lambert, P. Feijoo...) e outras. Na casa principal da Algalia ademais de mobles de moito valor destacamos unha "*litera con su guarnición y arreos correspondientes*" valorada en 4.000 reais e unha "*silla de mano a la francesa y varas*" valorada en 800 reais. Entre os obxectos que nos poden parecer curiosos e que había no pazo de Oca destacamos "*una cabeza de palo para componer pelucas*", "*una marca de la confección de medidas deste coto*", unha mesa de billar no "*salón de los truques*", etc. [328]

Pola súa parte a súa muller tiña ademais dun amplo enxoval varias xoias de diamantes, rubís, perlas así como un reloxo de ouro, un escarvadentes tamén de ouro[329] e un anteollos de longa vista feito en nácar e guarnecido en ouro.

327 ARG. RA 1336/66

328 ARG. RA 1336/66

329 Para os máis novos hai que dicir que se trata dun palillo exclusivo para limpar os dentes e que antigamente se usaba habitualmente en vez de cepillo, polo que a xente ben situada utilizaban un de ouro ou prata en vez de madeira.

A súa viúva casou en segundas nupcias con don Antonio Félix de Silba Arenberg, que en 1770 era "*gobernador del cuarto de Su Alteza Real el Serenísimo Sr. Infante D. Luís*".

A Francisco Javier sucedeulle o seu irmán Domingo.

Domingo Gayoso dos Cobos, nacido o 3 e bautizado o 6 de outubro de 1735 na igrexa da Poboa do Caramiñal cos nomes de "***Domingos, Francisco, Joseph, Miguel, Antonio, Vizente, Cándido***; *fue su madrina la Excma. Sra. Doña María Josepha Bolaño Castro y Mariñas, marquesa de Parga, vizcondesa de Junqueras, señora de Torés y de otras jurisdicciones y casas fuertes, abuela de dicho niño*".

Cando morreu o seu irmán Francisco Javier, Domingo Gayoso de los Cobos era alférez na compañía de Gardas Reais Españolas en Madrid, polo que deu poder o 20 de marzo de 1765 para tomar posesión de todos os bens dos morgados. Trala morte da súa nai o 28 de agosto de 1767, Domingo fixou a súa residencia na cidade de Santiago pois ata ese momento residía habitualmente en Madrid.



Domingo Gayoso

Sucedeu a seu tío segundo Diego Sarmiento de Mendoza, 11º conde de Ribadavia e "adelantado mayor del Reino"[330], que morreu a finais de 1776 sen sucesión. E a finais de 1791 ao falecer sen sucesión a súa tía segunda Baltasara Gómez de los Cobos chegou a ser XI marqués de Camarasa, conde de Ricla e conde de Castroxeriz. É por isto que tivo que traspasar o condado de Ribadavia a seu fillo Joaquín por ser incompatible co marquesado de Camarasa (Joaquín fará o mesmo cando accede a ser conde de Camarasa). Ademais foi conde de Amarante, marqués de Parga e San Miguel, alférez maior perpetuo de Ourense, e rexedor perpetuo de Ourense e Santiago.

Como conde de Ribadavia tivo un preito[331] en 1781 sobre o portádego que se cobraba ao longo dos séculos e que se negaba a pagar o mosteiro compostelán de San Martiño. Cítanse varios ascendentes do conde e detállase o que se cobraba de portádego por cada mercancía.

Casou en Viveiro o 8 de xuño de 1771 con **Ana Gertrudis Bérmudez de Castro e Taboada**, nacida en Betanzos o 3 de febreiro de 1742 e residente no convento da Purísima Concepción da vila de Viveiro, filla de Diego Luís Bermúdez de Castro, señor da fortaleza de Gondar e do pazo de Montecelo, e de Mª Ignacia Taboada Mariño de Lobera, veciños de Betanzos.

Mantiveron a súa residencia habitual en territorio galego, aínda que en tres casas distintas: o palacio de Santiago, o pazo de Oca —que visitaban case todos os veráns— e unha casa na Coruña, na rúa Herrería. Tamén consta que pasou os veráns dos anos 1768, 1770 e 1779 na casa

330 *Garci Fernandez Sarmiento* foi o primeiro "adelantado mayor" desta familia pois foi nomeado en 1420 mediante célula real. A este sucedeulle *Diego Pérez Sarmiento*, conde de Santa Marta. O seu fillo *Bernaldino Pérez Sarmiento*, *1º conde de Ribadavia*, tamén recibiu o título de "adelantado mayor" en 1465 por parte do rei D. Enrique, fillo do rei D. Juan. E en 1488 obtivo un privilexio real para cobrar os portádegos no seu condado. Os condes de Ribadavia seguintes foron tamén nomeados "adelantado mayor" e en 1781 seguían co dereito de cobrar os portádegos. (ARG. RA 100/20)


331 ARG.RA 100/20

da Xunqueira en Xobre (Poboa do Caramiñal). Logo a partir de 1797 viviron en Madrid na rúa Hortaleza ata a súa morte.

Sendo veciño da Coruña, tiña como secretario de cámara a Miguel José Gonzalez Soldado, a quen lle dá poder en 1775 para levar todos os seus preitos e administre as súas rendas[332] .

Domingo foi demandado pola súa curmá segunda Mª Manuela Navia. Esta era neta de Josefa Rosa Bolaño, que casou o 28 de novembro de 1698 con Antonio Navia Bolaño e tiveron entre outros a Francisco José, bautizado na parroquia de Santa Mª da Barca de Navia (Asturias) o 9 de novembro de 1711, quen casado con Joaquina de Caso e Miranda, foi o pai de Mª Manuela. Esta, casada xa con Joaquín Velarde e Queipo, dicía que se Domingo non tiña descendencia lle correspondía a ela o marquesado de Parga, polo que tiña dereito a unha paga por alimentos de acordo coas escrituras de fundación dos morgados de Xunqueiras e Torés.

Domingo queixábase da mala situación económica que lle deixara a súa nai e o seu irmán. Dicía que os bens do marquesado de Parga estaban gravados de 80.000 ducados a seu primo D. Andrés Losada a quen debía contribuír co 2,5 % de réditos, e debía un censo ao convento dos PP Agostiños de Santiago, polo que tras pagar aos mordomos quedáballe só o xusto. Ademais por sentenza do Supremo da Inquisición debíalle 130.000 reais ao referido Andrés de Losada dos réditos do predito censo. E ultimamente, o 18 de setembro de 1772 obrigáraselle a pagar 135.000 reais por razón de alfinetes á condesa de Eril e tiña outro preito na Real Audiencia polos bens libres. Dicía tamén que gastara en manter a casa de Xunqueiras máis de 15.000 reais e necesitaba gastar outro tanto na de Torés e 7.000 reais na da Coruña, e **as obras que fixo en Oca excederon dos 40.000 reais** e nas de Santiago máis de 80.000 reais e aínda sen rematar, ademais a casa de Amarante reducírase a cinzas nun incendio e tiña outras moitas casas nas que gastou moitos reais e outras que estaban deterioradas e necesitaban de reparos[333]. En efecto, fixándose en detalles construtivos –as prolongacións das molduras das fiestras-, pensamos que foi el quen duplicou a superficie do corpo principal do pazo de Oca, de aí esa cifra tan alta da inversión que fixo en Oca.



Ampliación do pazo de Oca

332 ANC. Protocolos de Nicolás A. Barral.
333 ARG.RA. 17981/10

O 30 de outubro de 1792 mandou facer un apeo de todas as posesións que tiña en Oca, do que dá conta o seu capelán e administrador don Manuel Morciego Población[334].

E foi Domingo quen sobre 1786 comezou as obras do novo palacio da Algalia de Abaixo en Santiago dirixidas polo mestre de obras Juan López Freire. Tamén mandou construír a casa que esta enfronte e que ten o escudo coas armas dos Gaioso (tres bandas alternadas con tres troitas raiadas) e dos Cobos (cinco leóns rampantes).

Ana morreu en Madrid o 30 de decembro de 1799. Domingo fixo testamento en Madrid o 2 de setembro de 1802 e finou o 4 de setembro de 1803 tamén en Madrid sendo inhumado na igrexa de san Luís, xunto á súa esposa e o seu fillo Benito.

Tiveron por fillos, bautizados en Sta. María do Campo na Coruña, a:

1.- *Mª del Pilar Gayoso de los Cobos*, que foi bautizada o 2 de marzo de 1777 cos nomes de *Mª del Pilar Bentura Antonia de Padua Benita de Palermo Joaquina Josefa Micaela Rafaela Ramona Lucía Rosa Antonia Abad*. Foi dama de honor de S.M. e casou en Madrid o 27 de outubro de 1804 con Miguel Gayoso e Mendoza Caamaño e Lemos, marqués de Aranda e señor de Rubiáns, morto en 1837 e da que non tivo descendencia.

Pilar renunciou á súa lexítima o 21 de xaneiro e 1805 a cambio dunha pensión vitalicia de 10.000 ducados máis unha compensación por unha vez en razón dos bens libres, se ben unha vez casada revocou o acordo anterior e chegou a un acordo por 11.000 ducados vitalicios.

Pero a causa da guerra da Independencia o seu irmán Joaquín deixou de pagarlle en outubro de 1808 ata 1812, período en que Pilar e o seu home estiveron en Francia, polo que tiveron que reclamar xudicialmente. En efecto o 22 de maio de 1808 Miguel foi arrestado en Madrid e levado dous días despois a Dijon en calidade de refén, e Pilar o 19 de setembro conseguiu permiso para se reunir con el e alí estiveron ata mediados de 1812. Segundo Joaquín a súa irmá seguiu cobrando certas cantidades a costa dos seus bens que foran confiscados. O preito acabou a principios de 1813, pero en 1821 tiveron que volver a preitear pola mesma cuestión pois Joaquín debíalle os pagos dun ano. O preito acabou co embargo de diversas casas en Santiago taxadas en 197.022 reais. As casas estaban cinco na rúa Entremuros, dúas en Casas Reais e nove na Algalia de Abaixo. Porén en 1850 Pilar, xa viúva, tivo que volver a reclamar xudicialmente dita pensión.

2.- **Joaquín** (*que segue*)

3.- *Domingo*, bautizado o 5 de novembro de 1779 cos nomes de *Domingo Mª de los Dolores Benito de Palermo Bentura Antonio de Padua Antonio Abad Ramón Nonato José Miguel Rafael Francisco de Asís Joaquín Roque Bernardo Zacarías*.

4.- *Benito*, nacido e bautizado o 30 de novembro de 1780 cos nomes de *Benito de Palermo Nª Sra. de las Ermitas Buenaventura Ramón Nonato Rafael Antonio de Padua Fernando Domingo de Guzmán Francisco de Asís Joaquín José Roque Ignacio Bernardo Antonio Abad Miguel Andrés*. Morreu en 1802.

Joaquín María de la Concepción Gayoso de los Cobos e Bermúdez de Castro, naceu na Coruña o 4 de agosto de 1778 na rúa Herrería. No lugar da casa en que naceu levantouse logo o que vai ser o primeiro instituto de bacharelato da Coruña a partir do 13 de novembro de 1862 e actualmente alberga unha escola de primaria, o "Colexio Montel Toucet".

334 AHUS. CD 19. Cfr. *Casa de Vilancosta*, páx. 497

A acumulación de títulos e o entronque con outras familias importantes das que seu pai fai ostentación pódese ver na escritura de capitulación matrimoniais que se fixeron para casar a *Joaquín* con *Josefa M. Téllez*, filla dos duques de Osuna e duques de Benavente. Esta escritura feita en Madrid o 19 de agosto de 1800 comeza así:

"Los exmos. señores Don Domingo Francisco Gómez dos Cobos, Gayoso, Manrique, Luna, Coscón, Zúñiga, Arias Ozores, Bolaño Ribadeneira, Pimentel, Parragues de las Mariñas, Junqueras, Vaamonde, Valcarcel, Maldonado, Osorio, Castro y Balboa, López de Lemus, Noguerol, Pardo de Andrade, Díaz de Cadórniga, Saabedra, Sotomayor, Camba, Ulloa, Sarmiento, Mendoza, Toledo, Córdova, y Acuña, Marqués de Camarasa, Puebla de Parga e San Miguel de Penas; conde de Ricla, Amarante y Castroxeriz: señor de todas las villas, lugares y jurisdiciones de los estados referidos, y del de Sabiote, Gormaz y Morón, y de las villas de Vilazopeque, Belbimbre, Astudillo, Cordovilla, Matanza, Balveni, Belliza, Torres, Fontillonga, Cubells, Caramiñal, Chaguazoso, Santigoso, Esculqueyra y Nogales; señor de la Torre de Martín González, de los doscientos nobles de Cancelada, y de las casas solares de Ferreira, Junqueras, Sober, Cillobre Teanes, Torés, Cobelo y Oca, con todas sus fortalezas y cotos de Pacios, Gaybor, Villasuso, Villarino, Bocacarreyra, Sindrán, Toldaos, Guián, Meyxide, Mota, San Pedro de Sto. Andrés en tierra de Páramo Randufe,Martín, Santa María del cabo de Currubedo en la costa del mar Océano, Coroño, Burés, Villanustre, Omaño, Valeyra, Fuentefría, Roupar, Anafreyta, Cedofeyta, Cillobre, Vilar de Alón, Agualada, Verdeogas, San Xoán de Seoane de Laxe, Castro de Soengas, Castromayor y Carteyre; patrono único de la sacra Iglesia del Salvador en la ciudad de Úbeda, y de la insigne colegiata de Castroxeriz, conventos de Carmelitas Descalzos y del de la Vitoria de Valladolid, y Padrón, y el de el Santo Angel de la ciudad de Granada, y del Hospital de Nª Sra. de la O en la villa de Carrión, Alférez mayor perpetuo de la ciudad de Orense, regidor así mismo de ella y de la de Santiago, contador mayor de la de Granada; Grande de España de primeira clase, Gentil-hombre de Cámara de S.M. con exercicio; y don Joaquín Gómez de los Cobos, conde de Ribadavia, su hijo primogénito y de la excma. sra. doña Ana Bermúdez de Castro, marquesa y condesa que fue de los propios títulos, ya difunta, de una parte, y de la otra los excmos. señores don Pedro de Alcántara Téllez Girón y Pacheco..."[335]

Así pois, contraeu matrimonio en Madrid o 21 de decembro de 1800 con **Josefa Manuela Téllez Girón e Pimentel**, nacida en Barcelona o 17 de agosto de 1783, filla dos duques de Osuna e condes de Benavente don Pedro e Alcántara Téllez-Girón e Mª Josefa Pimentel Téllez-Girón, que dotaron ásúa filla con 2.000.000 de reais, ademais dos regalos que con motivo da voda recibise. Pola súa parte o marqués de Camarasa entregaríalle a súa nova esposa 10.000 ducados a conta da décima parte dos seus bens libres, e logo 48.000 reais anuais para "*alfileres e gastos da súa recámara e tocador*"[336].



Armas de Cobos, Gayoso e Tellez de Girón

En Oca podemos ver algún escudo coas armas deste matrimonio. Escudo partido e medio cortado. 1º cuartel, traen en campo de azur, cinco leóns de ouro posto en aspa, dos **Cobos**. 2º e 4º cuartel, medio partido e cortado; 1º partido, en campo de gules trae unha torre de ouro, 2º en campo de prata trae un león rampante de gules, 4º cuartel trae en campo de ouro tres xiróns de gules; bordura xaquelada de ouro e gules, en tres ordes, cargada con oito quinas de Portugal, dos **Téllez Girón**. 3º cuartel, en campo de prata, tres faixas de azur, e entre faixa e faixa unha troita rallada, a do centro contornada, dos **Gayoso**. Como soportes dous dragóns alados suxeitan o escudo.

335 AHN. OSUNA,C.29,D.30-34

336 Xunto coas capitulacións matrimoniais, descríbense no mesmo arquivo diversos regalos de voda.

Ao timbre cáliz de ouro, sumado de sagrada forma de prata, divisa coa lenda PRIMVS FIDEI surmontado de coroa de marqués.

Dedicouse á vida militar, retirándose como tenente coronel de Infantería. Viviu a abolición dos señoríos xurisdicionais e foi o último Señor de Oca e o seu primeiro propietario.

Joaquín "*Al invadirnos los franceses se marchó de Madrid para Cádiz abandonando sus estados y riquezas antes de seguir la causa justa de la Patria, y así escapando de Madrid con su familia despues de haber servido en el ejército de donde se retiró por sus indisposiciones, se estableció y está actualmente en la ciudad de Cádiz; sabedores de esto los enemigos como es público le declararon por proscripto con pena de la vida, y decretó el intruso José se le confiscasen todos sus bienes y rentas. En efecto así se verificó en todas las de los dichos reinos y provincias excepto en las de Galicia*"[337] de onde xa foran expulsados os franceses.

Trala guerra volveu a Santiago, onde en 1814 con motivo da festividade de san Fernando (30 maio) se celebraron dous días de festa en honor do rei Fernando:

> *"El Excmo. Sr.marqués de Camarasa que había costeado el magnífico carro triunfal, con los niños y la música, presentó un retrato del Rey en su casa, adornada de colgaduras, e iluminada las dos noches con 44 hachas de cera; y en la de San Fernando dió un gran bayle, y cena de 40 cubiertos muy suntuosa y dos veces cubierta, con asistencia de la música de la catedral y la militar; y entregó 10.000 reales para calzado al regimiento de Lugo".* (Estafeta de Santiago, 10/6/1814)

Logo pasaron a vivir á Coruña, onde Josefa morreu vítima dunha "*fiebre gástrica dinámica*" o 11 de novembro de 1817 e foi sepultada en Santiago na igrexa de Sta. María do Campo. No fronte do sepulcro hai esta inscrición:

> VENERANDAE MEMOR[IAE] JOSEPHA EMM.[ANUELA] GIR.[ON] PIM.[ENTEL] JOACH.[IM] GAIOSO MARCH.[IONIS] CAMARASIAE COMITIS AM[A]RANTES. / HISP.[ANUS] PROCER OPT[IMUS] CONJ.[UX] HIC SITA E:[ST] VIX.[IT] AN.[NOS] TANT.[UM] XXXIV. M.[ENSES] II. D[IES] XXIV. OBIIT III ID[US] NOV.[EMBRIS] AN[NO] MD[C]CCXVII.[338]

Reedificou a capela maior da igrexa de Xobre pagando 8.000 reais, segundo consta en escritura do 18 de outubro de 1829 ante Alonso Martínez, escribán de Porto do Son.

Joaquín tamén foi sepultado o 6 de maio de 1849 na igrexa compostelá de Sta. María do Campo. Trala súa morte, os seus fillos fixeron as partillas o 17 de maio de 1854 ante Claudio Sanz e Barca. De acordo coas leis desvinculadoras os títulos e propiedades principais pasaron a mans de Francisco de Borja e o resto, a metade das propiedades, aos seus irmáns. Estes repartiron os bens o 17 de marzo de 1860 polo que a casa de Parga pasou a mans de Encarnación, Teanes para Jacobo, Cillobre e parte de Torés foi para Joaquina, a outra parte de Torés para Mª Josefa, a administración de Torés e Guián para Ángela e os bens de Santiago, Oca e Ourense foron para Mª del Pilar.

337 ARG. RA. 1313/41

338 *De venerable memoria, Josefa Manuela Girón Pimentel, esposa de Joaquín Gayoso, Marqués de Camarasa, Conde de Amarante, prócer óptimo hispano, aquí xace. Viviu tan só 34 anos, dous meses e vinte e catro días. Faleceu tres días antes dos idus de novembro do ano 1817.*

O censo de Carrete, mencionado anteriormente, foi divido á metade, unha metade para Francisco e a outra para Mª del Pilar e trala súa morte a súa filla Isabel Cristina Queipo de Llano.

Joaquín Gayoso e Josefa Girón tiveron seis fillos:

1.- **Francisco de Borja Gayoso dos Cobos**, (*que segue*)

2.- *Mª Josefa Gayoso de los Cobos*, nacida o 31 de xaneiro de 1803, duquesa de Tamames, casou primeiro en Madrid en 1824 con Lazzaro Fernando Brunetti e Salvioni, conde de Brunetti, tendo tres fillos pero estes sen sucesión. Logo uniuse en matrimonio con Fernando María de Nieulant e Sánchez-Pleités, marqués de Perijáa, sen sucesión.

3.- *Ángela Andrea Baldomera*, bautizada en Santiago o 27 de febreiro de 1815 na parroquia de San Miguel dos Agros. Casou en Madrid o 12 de xuño de 1852 con José Messía del Barco e Pando, III Duque de Tamames, sen sucesión.

4.- *María del Pilar Anastasia* (Madrid, parroquia de San Luís, 26/12/1803 – Oviedo, 1/11/1858), chegou a ser Dama da Raíña e da banda de María Luisa. Casou[339] en Madrid o 5 de xaneiro de 1831 con *Luis Carlos Sánchez Pleités e García de la Peña*, XII Marqués de Villamagna, fillo dos marqueses de Sotomayor.

Logo casou na parroquia madrileña do Salvador o 10 de maio de 1835 con *José María Queipo de Llano e Ruiz de Sarabia,* VII conde de Toreno, alférez maior de Asturias, Gran Cruz de Carlos III, Grande de España, secretario de Estado e procurador a Cortes[340], fillo de Jose Marcelino Queipo de Llano e de Mª Dominga Ruiz de Saravia, e que faleceu exiliado en Paris o 16 de setembro de 1843, sendo pais de cinco fillos chegando a adultos:

a.- *Isabel Cristina* (1836-1899), condesa de Superunda e marquesa de Bermudo ao casar 28 de abril de 1858 con José María Manso de Velasco e Chaves, que recibíu os bens de Santiago así como o censo de Carrete que seguíu pagando polo menos ata 1873.

b.- *Francisco de Borja* (Madrid, 8/11/1840-31/1/1890), VIII conde de Toreno, que recibíu en herdanza o de Oca, e que foi escritor, alcalde de Madrid, diputado a Cortes e ministro de Fomento con Antonio Cánovas del Castillo.

c.- *Álvaro*, IX conde de Toreno, (Florencia, 3/8/1842 - Cuenca,16/6/1912). cabaleiro da Orde de Santiago. Recibíu como herdanza materna as posesións de Ourense. Casou o 24 de novembro de 1860 con Mª del Carmen Fernández de Córdoba e Alvarez de Bohorques, bautizada en Notre Dame (Burdeos) o 21 de maio de 1843, filla de Joaquín Fernández de Córdoba, marqués de Povar, e de Mª del Carmen Álvarez de Bohorques, condesa de Santa Isabel. O seu fillo Álvaro, bautizado o o 20 de maio de 1864 na parrqoquia de San Marcos casou o 25 de xaneiro de 1888 con Mª del Rosario Álvarez de Bohorques, nacida o 6 de febreiro de 1866[341].

Mª del Pilar outorgou testamento[342] o 9 de xuño de 1856 ante o notario Mariano García Sancha. Finou en Oviedo o 1 de setembro de 1858 sendo enterrada en Madrid o día 15.

5.- *Mª Encarnación Florentina Andrea,* bautizada ao día seguinte de nacer na parroquia de San Miguel dos Agros o 27 de marzo de 1813. Foi a 8ª marquesa de San Miguel das Penas e A Mota. Casou con ***Manuel Fernández de Henestrosa Santisteban***, nacido en Madrid o 30 de xuño de 1822 e finado en 1889, fillo de Diego Fernández de Henestrosa e Montenegro e de María Dolores Santisteban Horcasitas, VII Marquesa de Villadarias.

339 Capitulacións matrimoniais o 2 e 4 de decembro de 1830. AHN. Toreno,C.4,D.85-86
340 AHN, Estado-Carlos III, exp.2280-2
341 AHN. Arquivo Histórico da Nobreza, Toreno, C.46,D.73
342 AHN, Toreno,c.4,D.71

Donos do pazo de Oca, fixeron obras de ampliación nel. A eles fai referencia unha pedra de armas situada na construción anexa ao lateral da torre. Trátase de dous escudos acolados.



Escudo xunto á torre



Estandarte. Oratorio de Oca

Primeiro escudo ovalado, cortado. 1º dous lobos pasantes postos en pau, en orla seis estrelas de seis puntas, dos **Henestrosa**; 2º león rampante no interior dun losanxe acompañado de catro cruces flordelisadas en cada ángulo, dos **Santisteban**. Segundo escudo ovalado, cortado; 1º tres faixas e entre faixa e faixa unha troita, dos **Gayoso**; 2º medio partido e cortado, 1º castelo; 2º león rampante, 3º tres xiróns, dos **Téllez de Girón**. Ao timbre coroa de marqués. Conformado por fermosos lambrequíns vexetais con ramas de rosas.

Tamén podemos admirar un estandarte bordado coas mesmas armas no oratorio do pazo. E sobre o banco de pedra que está ao pasar o hall principal achamos outra pedra armeira máis sinxela. Dous escudos ovalados e acolados coas armas dos **Henestrosa** e dos **Gayoso**. Ao timbre coroa de marqués.



Escudo no banco de pedra dos Henestrosa e Gayoso

E o 4 de novembro de 1885 o concello da Estrada acordou propoñelos ante a Deputación como fillos adoptivos da provincia.

Mª Encarnación morreu en Madrid o 7 de xuño de 1891, sen descendencia, polo que a herdanza e títulos pasaron á súa sobriña Francisca de Borja, filla de Jacobo.

6.- *Joaquina* morreu solteira en 1860 e sen sucesión. Manuel Fernández de Henestrosa, o seu testamentario, fixo inventario dos bens o 15 de novembro de 1860. Os bens de Cillobre, valorados en 564.835 reais, e os de Torés, valorados en 137.649 deixounos por disposición testamentaria para a súa irmá Encarnación, os de Santiago e as casas da praza de Oca para a súa sobriña Isabel Cristina Queipo de Llano e para o conde de Toreno respectivamente (dos que logo vendeu algúns a José Ferreiro, de Oca), e os de Ourense para o conde de Mayorga[343].

343 ARG Audiencia Territorial, 143/5

7.- **Jacobo Gayoso dos Cobos**, (*que segue despois de Francisco de Borja*).

Francisco de Borja Gayoso dos Cobos e Téllez Girón, nacido en Madrid o 27 de xaneiro de 1805, XIII marqués de Camarasa, Gentil Hombre de Cámara, sucesor como conde de Ribadavia o 2 de decembro de 1849, foi o sucesor dos títulos e propiedades principais. En 1834 tomo posesión como senador, pero non chegou a ir a ningunha sesión pois deuse conta que non cumpría con todos os requisitos. Máis tarde, en 1845 sí foi senador vitalicio ata a súa morte o 22 de febreiro de 1860.

En 1853 a súa irmá Pilar prestoulle 850.000 reais ao 6% por dous anos, hipotecando a casa de Madrid na rúa real do Barquillo e unhas devesas en Zaragoza.

Sen sucesión (lexítima), deixou todos os seus bens a seu irmán ***Jacobo***, excepto un quinto que llo legou a seu fillo natural *Francisco Gayoso Larrúa*, polo que se lle asignaron os bens de Teanes.

Jacobo Gayoso de los Cobos e Téllez Girón, nacido en Santiago o 14 de setembro de 1816, pertenceu na súa xuventude ao corpo diplomático. Foi senador por dereito propio a partir de 1861.

Conde de Ribadavia, sucedeu a seu irmán nos títulos de Marqués de Camarasa, con grandeza de España de primera clase, Marqués de la Puebla de Parga, Conde de Amarante, Conde de Castrojeriz e Conde de Ricla.

Casou con **Ana María de Sevilla Villanueva**, filla do capitán de navío José Mª de Sevilla e León Meléndez, III marqués de Negrón, e de Mª Francisca de Villanueva Zaldívar.



Jacobo Gayoso de los Cobos, 1856, por Reveroy. Pazo de Oca



Ana María de Sevilla e Villanueva, 1861. Pazo de Oca

Tiña bens e rendas en San Martín de Valvení (Valladolid), en Astudillo (Palencia), en diversas localidades da Coruña, Lugo, Pontevedra, no pobos ourensáns de Manzaneda, Póboa de Trives, Carballeda, Petín, Rúa, Rubiana e Villamartín, posesións en Baeza, Ubeda, Marmol, Begijar, Lupion, Rus, Canena e Sabiote (Jaén) tamén en Calatorao, Alfamen, Muel e Villafeliche (Zaragoza).

Ana María morreu en Madrid o 12 de abril de 1861 e Jacobo en París o 20 de decembro de1871.

Tiveron tres nenas que, ao quedar axiña orfas, pasaron longas temporadas en Oca baixo a custodia da súa tía María Encarnación. Como eran tan novas, as partillas dos bens do pai non se fixeron ata o 14 de outubro de 1891. Chamábanse:

1.- **Francisca de Borja** (*que segue*)

2.- *María Josefa Gayoso de los Cobos Sevilla*, nacida en Paris o 19 de marzo de 1855. Foi a XIII condesa de Amarante e casou en Madrid o 1 de maio de 1880 con Narciso Antonio de Heredia e Saavedra, III Marqués de Heredia (1856 - 1917). Recibiu en herdanza a casa de Xunqueiras, valorada en 224.872,50 pts. e que vendeu o 18 de xuño de 1890 a Eduardo Gasset[344].

Tamén se lle asignou o censo de *Carrete*, é dicir, a débeda que se arrastraba desde 1757, a cambio de darlle os bens e foros da Peroxa e 42.350 pesetas, polo que lle quedaban líquidas 16.765 pts. Sen descendencia, morreu o 28 de decembro de 1908.

3.- *Maria del Pilar Gayoso de los Cobos Sevilla* nacida en Paris o 3 de decembro de 1856. XVI Duquesa de Plasencia, casou en 1882 con Juan Quiñones de León e Francisco-Martín, VI Marqués de Montevirgen (1856-1930). Morreu despois de 1895 sen descendencia. Recibiu en herdanza a casa de Sober valorada en 75.758,30 pts., que vendeu o 31 de maio de 1892 a José Neira Gasset.

Francisca de Borja Gayoso de los Cobos Sevilla, nacida en Nápoles o 12 de abril de 1854, herdou de seu pai a casa de Amarante valorada en 292.758,30 pts e a da Mota valorada en 56.350 pts. Recibiu tamén a casa de Camarasa e o título de XV marquesa de Camarasa e condesa de Castrojeriz, e herdou da súa tía Encarnación o pazo de Oca.

Francisca ("*Paca*", como lle chamaba o seu marido) casou en Madrid na igrexa de San Xosé o 10 de abril de 1877 co seu curmán **Ignacio Fernández de Henestrosa e Ortiz de Mioño**, VIII conde de Moriana del Río e marqués de Cilleruelo, cabaleiro de Calatrava, maestrante de Sevilla, nacido en Madrid o 7 de xullo de 1851, fillo de Ignacio Fernández de Henestrosa e Santisesteban, VII conde de Moriana, e de Rafaela Ortiz de Mioño e Urra, marquesa de Cilleruelo, e neto de Diego Fernández de Henestrosa e Montenegro e de María de los Dolores Santiesteban e Horcasitas, marquesa de Villadarias e de Vera, condesa de Moriana. Os Henestrosa procedían de Castroxeriz (Burgos).

Francisca de Borja finou en Madrid o 2 de abril de 1926 e o seu home o 18 de abril de 1934 en Salies de Bearn, a onde se trasladara por mor dun incendio en Caresse (Francia) en agosto do 33. Foi enterrado en Caresse onde estaban sepultados os seus pais e o seu fillo Manuel.

Tiveron varios fillos entre os que se repartiron algúns dos títulos da familia:

344 ARG Audiencia Territorial, 143/5

1.- *Ana María* (1879-1938) que casou en Madrid o 5 de xuño de 1911 con *Luís Jesús Fernández de Córdoba e Salabert*, XVII duque de Medinaceli. Foron os pais de **Victoria Eugenia** (*que segue*), e de *Mª de la Paz*.

2.- **Ignacio Fernández de Henestrosa e Gayoso**, (*que segue*)

3.- *Rafaela*, nacida en Las Fraguas (Santander) o 16 de decembro de 1882. Duquesa de Mandas e *IX marquesa de Puebla de Parga*, casou en Madrid o 18 de abril de 1912 con Ricardo de la Huerta e Avial (1882 - 1979), con sucesión. Morreu en San Sebastián o 16 de xaneiro de 1979.

4.- *Casilda* (1887-1983), VIII marquesa de san Miguel das Penas.

5.- *Cristina*, nacida en Carrese o 16 de novembro de 1890, XIV condesa de Ricla.

6.- *Mª Josefa*, nacida en Caresse o 16 de maio de 1893, casou con Pablo Martínez del Río. Morreu en México D.F. o 10 de setembro de 1986.

7.- *Mª de la Concepción*.

8,9,10.- *María, Manuel e Filomena,* que morreron de nenos.

Ignacio Fernández de Henestrosa e Gayoso dos Cobos. Naceu en Madrid o 30 de abril de 1880 e comezou os seus estudos no colexio dos xesuítas de Vaugirad (París) e logo licenciouse en Dereito na Universidade de Valladolid.



Conde de Ribadavia en 1887 por falecemento do seu avó o conde don Jacobo Gayoso de los Cobos e Téllez Girón, herdou os títulos de IV marqués de Camarasa, conde Moriana del Río, marqués de Cilleruelo, cabaleiro da Cruz de Carlos III, etc.

Casou en Madrid o 7 de xullo de 1918 con **Blanca Pérez de Guzmán e Sanjuán**, nacida en Sevilla o 14 de abril de de 1894.

Dono de Oca, Ignacio deu traslado en 1930 ata o fondo xardín do hórreo o portal cun escudo que se atopaba na portada de acceso ás torres de Cillobre.

En agosto de 1929 estivo no pazo de Oca o xeneral Miguel Primo de Rivera coas súas fillas e o 20 de setembro de 1930 chegou a Oca para pasar varios días S.A. Afonso de Borbón e Battenberg, fillo primoxénito do rei Afonso XIII, polo que o concello da Estrada organizou un especial recibimento para o que se contratou ao grupo de "*Gaiteiros de Soutelo*" e a dous bailaríns. Ademais recoñécese a intervención do marqués de Camarasa no pazo de Oca que "*sin reparar en cuantiosos gastos, viene hace tiempo restaurando y hermoseando el castillo de Oca radicante en este Ayuntamiento y los preciosos parques y jardines que le circundan [...] y con ello ha conseguido que los que antes eran contados turistas que nos visitaban hayan aumentado en número verdaderamente grande*"[345]



Na biblioteca do pazo hai a ambos lados da cheminea dous escudos coronados un coas armas de **Henestrosa** e outro coas de **Guzmán**.

E subindo ao salón de armas podemos admirar un reposteiro onde sobre campo azul aparecen os escudos das familias que habitaron o pazo de Oca ata o momento, armas de Henestrosa, Bolaño, Gúzmán, Téllez de Girón, Sarmiento, Cobos e Gayoso.

Ignacio morreu en Los Ángeles (California) o 9 de novembro de 1948 e o pasamento de Blanca tivo lugar en Lausanne (Suiza) o 13 de outubro de 1975. Como non tiveron descendencia, as propiedades e títulos da Casa de Camarasa pasaron en 1948 á súa sobriña *Victoria Eugenia Fernández de Córdoba*.

Victoria Eugenia Fernández de Córdoba e Fernández de Henestrosa, naceu en Madrid 16 de abril de 1917. Casou en Sevilla o 12 de outubro de 1938 con *Rafael de Medina e Vilallonga*, (Bilbao, 1905-Sevilla, 28/07/1992), fillo de Luis e Amelia, fixando a súa residencia na Casa Pilatos. El foi fora alcalde da cidade hispalense entre 1943 e 1947.

A duquesa ostentaba os títulos de duquesa de Alcalá de los Gazules, marquesa de Camarasa e Tarifa, e condesa de Los Molares. Dedicou boa parte da súa vida ao labor cultural e de recuperación do patrimonio, ademais de social e educativo, polo que recibiu a Medalla de Ouro da "Cruz Roja" en 1963.

345 Actas do concello da Estrada, 13/9/1930.



Victoria Eugenia, 1924, por F. Álvarez de Sotomayor

A duquesa deixou un extraordinario labor patrimonial coa Fundación Casa Ducal de Medinaceli, aprobada por orde ministerial o 20 de outubro de 1980. O seu obxectivo é o de conservar, restaurar, reintegrar, estudar, promover e difundir o patrimonio histórico tanto material como inmaterial, vinculado á súa familia.

Victoria Eugenia morreu en Sevilla o 18 de agosto de 2013 e os restos mortais foron trasladados tralo funeral á cripta do Hospital de San Xoán Bautista de Toledo, onde foi enterrada.

Foron pais de:

1.- *Ana Medina*, (2/5/1940 – 7/3/2012) IX condesa de Ofalia. Casou na catedral en Sevilla o 3 de xuño de 1961 con *Max Enmanuel von Hohenlohe Iturbe* (Viena, 3/10/1931- 1/12/1994), do que tivo tres fillos: *Marco, Pablo* e *Flavia*.

Divorciouse en 1985 e logo voltou a casar en Madrid, o 14 de outubro de 1985, con Jaime de Urzaiz e Fernández del Castillo (1929-2003), sen sucesión. Faleceu 7 de marzo de 2012, enterrada na cripta do palacio de Tavera.

O seu fillo **Marco Juan de Dios Jorge Hohenlohe Medina**, nacido 8 de marzo de 1962 en Buenavista de Madrid, *duque de Medinaceli* (BOE 2/6/2014), sucedeu no título á súa avoa a través da súa nai. Casou en primeiras nupcias en Santa Mª del Monte Carmelo en Madrid con Mª Luisa José Benito e Ozores, filla de Enrique e Mª del Carmen, nacida en Burgos o 24 de febreiro de 1961. E en segundas nupcias o 31 de mayo de 1996 en Ronda con *Sandra Deborah Schmit-Polex* (20/12/1968), con quen tivo a **Victoria Elisabeth**,[346] nacida o 17 de marzo

346 http://www.elmundo.es/loc/2016/04/09/5707d4a8ca4741960f8b4608.html

de 1997 en Málaga, que é a nova ***duquesa de Medinaceli***,[347] e a Alexander Gonzalo, nacido en Marbella o 9 de marzo de 1999 e XIII marqués de Navahermosa. Finou o 16 de agosto de 2016 en Sevilla e foi enterrado en Alcalá de Guadaira (Sevilla).

2.- *Luis Medina e Fernández de Córdoba*, nacido 2 de xullo de 1941, casou o 1 de decembro de 1985 con *Mª Mercedes Conradi Ramirez*, nacida en Sevilla o 20 de outubro de 1955, filla de José Domingo e Manuela. Morreu en Sevilla o 9 de febreiro de 2011 sendo enterrado en Toledo. Duque de Santiesteban e veciño de Sevilla, foi o pai de: *Victoria Francisca*, 4/10/1986 e *Casilda*, 16/5/1989.

3.- *Rafael Medina e Fernández de Córdoba*, nacido en Cádiz o 10 de agosto de 1942. Casou o 29 de xaneiro de 1977 na ermida do Rocio en Almonte con *Mª de la Natividad Abascal e Romero*, nacida o 1 de abril de 1943, filla de Domingo e Natividad. Rafael, duque de Feria, faleceu en Sevilla o 4 de agosto de 2001 e foi enterrado en Toledo.

4.- *Ignacio Medina e Fernández de Córdoba*, XX duque de Segorbe, nacido o 23 de marzo de 1947, casou o 1 de setembro de 1974 **na capela de san Antonio do pazo de Oca** con *Mercedes Maier e Allende* nacida en Las Arenas (Viscaia) o 29 de agosto de 1945, filla de Enrique e Mercedes. Este matrimonio foi anulado en 1976 por tribunal eclesiástico en Nova Iorke.

Logo voltou a casar en Sevilla o 24 de outubro de 1985 con *Mª de Gloria de Orleáns-Braganza e Borbón*, nacida en Petrópolis (Brasil) o 3 de decembro de 1946 filla do príncipe Pedro Gastón de Orleans-Braganza, e de Mª Esperanza de Borbón-Dos Sicilias.

Ignacio Medina mantén unha fluída relación coa Estrada a onde adoita acudir especialmente no verán, presidindo todos os anos a festa do Sagrado Corazón de Xesús que se celebra en Oca.

Está ao fronte da Fundación Casa Ducal de Medinaceli como presidente. E desde a fundación ten dedicado no *pazo de Oca* importantes recursos en diversas intervencións de reparación e renovación, orientadas a que en esencia nada cambie e dentro dun planificado mantemento periódico. Así nos interiores fixéronse traballos contra os insectos e fungos xilófagos, arranxo ou cambio de elementos deteriorados, renovación da instalación eléctrica, etc., mentres que no xardín se buscou a conservación do dobre carácter de xardín ornamental e de horta produtiva que sempre tivo este pazo. E ultimamente sacou ao mercado unha liña de perfumes e velas co aroma dos xardíns de Oca e abriu o pazo ao público en xeral para que poida achegarse non só aos xardíns senón tamén a diversas estancias do pazo, esperando deste xeito conseguir emolumentos suficientes para o sostén do pazo.



Escudo ducal sobre o muíño do pazo de Oca

347 BOE 22 /5/2017, por Orde de 8 de maio, foi nomeada duquesa trala norte do seu pai.

Tamén se cambiou o escudo que estaba sobre o muíño poñéndoo na barca do estanque e poñendo no seu lugar o escudo da *casa ducal de Medinaceli*: Escudo cuartelado, 1º e 4º armas de Castela e León. 2º e 3º as flores de lis de Francia; como tenantes dous anxos querubíns, timbrado de coroa de marqués. O vélaro de ouro que cingue o escudo fai referencia aos dereitos de realeza dos seus primeiros señores, xa que "*Fernando el de la Cerda*" era o fillo primoxénito de Alfonxo X rei de Castela e León.

Como ornato do hall principal hai catro bancos de madeira, cos escudos das últimas familias, como son os Guzmán, Lemos, Cobos e Sanjuán.

Tamén cabe destacar a colección de reposteiros dispostos para ornato do *salón das Tullas*. A maior parte son das familias que tiveron relación directa co pazo, mentres que outros son de familias que integran o actual ducado de Medinaceli.



Salón das tullas

O PAZO DE PREGUECIDO

O pazo de Preguecido da parroquia de Aguións forma parte do patrimonio cultural do concello estradense no apartado de arquitectura civil (D.O.G. 16-7-1991). Atópase a unha distancia relativamente curta do casco urbano da vila da Estrada, pero nun medio campestre idílico.

Xa a comezos do século XVI había en Preguecido "*unha casa e torre de moi boa manufactura que tiña dous escudos, semellantes aos que había na súa casa de Santiago, con armas dos Rioboo, Villardefrancos, Soutomaior e outros*"[348]. Tales escudos pertencían aos seus primeiros moradores, Gómez Rodríguez de Soutomaior Rioboo e o seu cuñado Jacobo Paseiro Pose Vilardefrancos.



Vista xeral de Preguecido

O pazo actual, en forma de L e con dúas plantas, está protexido por unha gran muralla, con cancela de forxa que da acceso aos xardíns e á entrada principal da vivenda. Tres arcos fan destacar a súa fachada principal. Baixo os arcos catro peldaños permiten pasar ao interior pola porta principal que accede á planta baixa. Xa no interior atopamos un hall amplo desde onde arrinca a escaleira até a planta alta do pazo. Un amplo e nobre salón á man esquerda e á destra a porta de servizo, fronte á cal unha pequena sala moi acolledora espera aos invitados. Ao fondo do corredor está a cociña cunha enorme lareira onde o eco dos contos de inverno parecen sonar en toda a estancia. Na planta superior están os dormitorios, baños e biblioteca así como un corredor que se atopa sobre os soportais con catro ventás pola que penetra unha grande luminosidade, e ao fondo deste corredor unha porta que nos conduce ao oratorio onde os habitantes do pazo oían a santa misa. Unha robusta cheminea fai cimbrar o vento desde o máis alto do conxunto arquitectónico nos días de inverno. Á destra do pazo unha capela en honor de San Amaro, pechada ao culto desde hai máis de medio século. No extremo sinistro do pazo, un reloxo de sol colocado en esquina co seu gnomon moi desgastado polo paso do tempo marca a hora solar. Na súa parte traseira a arquitectura rural do pazo fai presenza cun hórreo de oito claros, un pombal octogonal e o alpendre para gardar os apeiros do campo. Moi próximo áchase o xardín con camelias, xasmíns rododendros e palmeiras.

348 ARG.RA. 24341/19



O conxunto actual está presidido na súa fachada principal por unha pedra de armas que dá testemuña do seu esplendor, escudo escotado en xefe e rematado en punta. Partido e medio cortado. Primeira partición cuartelada 1º e 4º, un lobo rampante; 2º e 3º, unha árbore (acevo) arrincada, que son as armas da liñaxe **Acevedo**. Segunda partición; xaquelado de cinco por oito ordes, **Abraldes**. 4º cuartel, oito ondas da liñaxe, **¿Mariño?**. Armas pertencentes na nosa opinión a Francisco Acevedo e á súa esposa Melchora Abraldes, que casaron en 1725.

XENEALOXÍA

A comezos do século XV vivía en Aguións **Juan Rodríguez de Castro e Riobó** "o vello", do que se di que en 1511 era "*escudeiro*"[349].

Juan era irmán do cóengo de Lugo don Gabriel Rodríguez de Casal de Raros, que tivo de María Criada[350] a *Aníbal Rodríguez*, tamén cóengo. Por iso o cóengo Gómez Rodríguez, fillo de Juan, considérao o seu curmán. Tamén tiña como irmá a Teresa Rodríguez, que xa estaba viúva en 1506 con catro fillos: Afonso, Rodrigo, Xácome e María.

Dito Juan Rodríguez casou primeiro con ***Constanza Rodríguez*** e logo en segundas nupcias con dona ***Urraca Arias de Sotomayor***. Urraca, que antes de casar con Juan foi a segunda muller de Fernán Álvarez de Casantoña, era filla de Pedro Bermúdez de Castro e Aldao e de Catalina de Sotomayor, señora de Vilar de Ferreiros e outros, e polo tanto curmá de Inés Álvarez Bermúdez que casou en San Paio de Figueroa.[351]

Constanza Rodríguez morreu antes de 1524, ano en que aparece[352] Urraca mercando un bens para seu fillo ou fillastro o cóengo Gomez Rodriguez. Porén foi o 18 de abril de 1532 cando a súa filla Leonor en Santiago e ante Alonso Rodríguez de Saavedra deu carta de pago a seu irmán o cóengo Gómez Rodríguez polos bens mobles que quedaron da súa nai.

Por outra parte, Juan e Urraca morreron antes do 18 de setembro de 1550, data na que a súa filla Inés tamén deu carta de pago ante Rodrigo Devén a seu irmán o cóengo Gómez polos bens mobles de seus pais. Destas escrituras despréndese con bastante seguridade que Juan tivo do primeiro matrimonio a Leonor e a Gómez Rodríguez, e do segundo matrimonio a Teresa e a Inés. Os fillos de Juan Rodríguez foron pois:

1.- **Gómez Rodríguez de Soutomaior e Rioboo**. (*que segue*)
2.- *Leonor Rodríguez Varela*, que casou con *Tristán Patiño*, e do que en 1548 estaba viúva. Foron pais de[353]:

349 Dito Juan pode ser o mesmo Juan Rodríguez de Casal de Raros, escudeiro en Aguións que se cita nalgúns documentos deste momento (Mosteiro de Sar).
350 Gabriel tamén tivo de María Criada a Isabel Rodríguez, que foi dotada pola súa nai e polo seu padrasto Pedro de Prado para casar co escribán Pedro Núñez Monteagudo. Ver páx. 493.
351 Cfr. *Casa grande dos Bermudez de Castro*, páx. 258.
352 Fundación Penzol. PLA-04/229
353 ARG.RA 24508/49

A) Gómez Rodríguez, segundo deste nome, a quen seu tío o cóengo Gómez lle deixou 2.000 reais.

B) Antonia Patiño, que casada tivo descendencia:

a) Juan Torres Patiño, casado con Inés de Moreira, tiveron un fillo, Francisco, que viviu en Pousadela.

b) Magdalena Torres Patiño, que casou con Antonio González.

c) Sebastián Torres Patiño, escribán[354] de S.M., veciño de Aguións, que casou con Catalina de Covas e tiveron a María, que casou con Lucas Abelleira veciño de Rubín.

C) Catalina Patiño, veciña de Aguións, a quen seu tío o cóengo Gómez lle deixou 1.000 reais, e que casou con Juan Barcala.

3.- *Inés Rodríguez*, que contraeu matrimonio con J*acobo Paseiro Pose e Vilardefrancos* e que en 1553 eran veciños de Barbude[355]. Segundo o testamento da súa filla Gracia, estaban enterrados en Lagartóns. Procrearon a:

A) *Juan Paseiro Gómez Pose*, veciño de Barbude, vivía nunha casa da súa irmá Gracia, de quen foi testamentario. Os seus irmáns acusárono de quedarse con certas pezas de prata dos seus pais. Era receptor da Real Audiencia de Galicia. En 1568 cobraba as rendas do cardeal de Santiago D. Juan de Mondragón "o vello" pola tenencia de Codeseda, Vea, Cuntis e Tabeirós. Non tivo descendencia.

B) *Gracia Rodríguez* (1536-1593) que, dotada polo seu tío o cóengo Gómez, casou con *Diego de Castro*, escribán. Diego era irmán de Jácome, cura en Lagartóns, e fillo de Juan Castro, casado ao parecer en Cabanas, que foi xuíz na vila de Baños, onde morreu, e que era curmán do cóengo Juan de Castro, consultor do Santo Oficio e natural de Lagartóns, que estaba sepultado na catedral de Santiago co escudo dos Castro. Sen embargo púñase dúbida sobre a orixe do avó de Diego, xa que se dicía que procedía de Segovia da "*rúa del Puerco*" e que cando se viñera tamén o fixeran moitos xudeus. Segundo o testamento de Gracia, feito o 13 de decembro de 1593, vivían no lugar de Barral (aínda existía en 1846-50, segundo Pascual Madoz) en San Estevo de Lagartóns. Encargou no testamento unha misa por Juan Rodríguez Rioboo, pero como non se especifica, podía referirse a seu avó ou ben a seu curmán Juan Rodríguez "o mozo" (do que se fala máis adiante), que morrera doce anos antes. Tiveron varios fillos:

a) *Inés Rodríguez de Castro e Sotomayor*, nacida en 1554, casou con Fernan(do) Alonso, escribán de Tabeirós e do Viso, e vivían en Lagartóns.
Tiveron por fillos a Diego el Mozo (veciño no Galiñal en Callobre, escribán de Tabeirós e o Viso, casado con Beatriz Álvarez e pai de María, Paula e Gracia -que morreu sendo nena-), a *Fernando*, do pazo de Xerlís,[356] e a María quen casou con Pedro Casal de Leira, do *pazo de Correáns*[357].

Inés outorgou testamento en 1616 ante Juan López Ventosiños.

b) *Juan*, escribán en Callobre e que casou o 1 de xaneiro de 1585 con Ana Corneda, filla do cóengo Fernando Corneda, aportando 400 ducados de dote. Logo votouna fóra da casa pois ao parecer estaba "*tola e mentecata*". Morreu o 12 de marzo de 1597 e ela en xaneiro de 1598. Tivo un fillo ilexítimo chamado Diego.

c) *Gracia Rodríguez*, veciña de Caldas de Reis onde acolleu á súa tía María de Corneda, e que recibiu da súa nai como dote 30 ducados para casar con Gregorio González escribán da xurisdición de Penafrol.

d) *Maior Rodríguez* que casou con Marcos Bermúdez de Figueroa, da *casa grande dos Bermúdez de Castro*[358]. Déronlle un dote de 240 ducados.

354 Algúns dos seus protocolos, de 1611 a 1613, están no Arquivo da Real Audiencia da Coruña
355 ACS P007
356 Cfr. *Pazo de Xerlís*, páx. 185 ss.
357 Cfr, *Pazo de Correáns*, páx. 87.
358 Cfr. Páx. 265 ss.

e) *Francisca de Castro* que casou con Francisco Montesinos de Romai, escribán de Vilanova de Arousa. Levou de dote 130 ducados.

f) *Elvira de Castro* levou de dote 300 ducados e casou con Martín Varela, veciño de Guimarei. Foron pais de:

- *Diego de Castro Varela*, quen casado con Inés López Durán, filla de Alonso Durán e de María Núñez, vivía en Lagartóns.

-*Inés Varela,* que casou con Álvaro Vázquez Bermúdez de Castro, de San Paio de Figueroa.

- *Martín Varela de Piñeiro*, escribán de San Xiao de Guimarei, que casou en 1627 con Juana Docampo Gulías, da casa de Lerce (preto de Forcarei), e que tivo unha filla natural, Francisca de Castro, esposa de Baltasar de Picáns.

C) *Antonio*, pai de Diego que morreu en 1586 sen descendencia e a quen seu curmán Aníbal lle deixara no testamento 200 ducados.

4.- *Teresa Rodríguez*, que casou con Rodrigo de Ruzgaia, sendo pais de Alonso Rodríguez de Sandelle. Eran veciños de San Xiao de Vea. A Teresa aforoulle en 1548 o seu irmán o cóengo Gómez unhas casas e terras en Pousadela e Mamuela na parroquia de San Pedro de Ancorados.

Gómez Rodríguez de Soutomaior e Rioboo, cóengo da catedral de Santiago.

Desde 1515 ata 1556, ano en que morreu, fixo numerosísimas compras de casas e terras sobre todo na zona da Estrada, Cuntis, Caldas e Santiago, concentrándose a maior parte das compras nos últimos anos. Nalgunha das escrituras aparece xunto coa súa madrasta Urraca Ares[359].

O 26 de xuño de 1547, como non estaba clara a propiedade dunhas rendas en Pousadela da parroquia de San Pedro de Ancorados e outras en Callobre e en San Miguel de Moreira, chegou a un acordo cos curas de San Paio de Figueroa sobre a súa posesión a cambio dunha carga de pan no lugar de Vilar en San Paio de Figueroa. Unha das testemuñas era Aníbal Rodríguez.

O 15 de xaneiro de 1556 fixo testamento[360] e **fundou o vínculo e morgado de Preguecido** ante o escribán de número de Cabido de Santiago don Gonzalo de Puñal. Os bens que comprendían o vínculo estaban sinalados en Moreira, Matalobos, Guimarei, Arcos, Cuntis, San Mamede de Piñeiro, nas Veas (Gondomar, Rabeáns dos Labradores, Rabeáns dos Cabaleiros, "Sebión", "Aldea de Pescara de Lampreas de San Xurxo de Vea",...), Aguións, Santeles, Figueroa, Cereixo, Lagartóns, Lamas, Padrón, Berres, Ouzande, Trazo, Santiago de Compostela..., ademais de gando vacún e eguas. Deixou como sucesor primeiro ao seu neto Juan Rodríguez e en segundo lugar -por se non tiña descendencia- a seu sobriño Alonso Rodríguez, fillo de Teresa, e en terceiro lugar a Gómez Rodríguez, o seu sobriño e fillo de Leonor.

Deixou no testamento cartos para a igrexa de Cesullas (Bergantiños) e para a de Berdoias (Vimianzo) ademais das da contorna de Aguións. Así que posiblemente estaban relacionados co pazo de Vilardefrancos (Carballo) que ten escudo coas armas dos Riobóo, Pardiñas, Moscoso e Figueroa, igual que o escudo que a comezos do XVI había en Preguecido.

359 Museo do Pobo Estradense. Arquivo da casa do Preguecido.

360 ARG.RA 24508/49 e Museo do Pobo Estradense, Arquivo da Casa do Preguecido.

Morreu o 22 de febreiro de 1557, data[361] en que Aníbal Rodríguez pediu ao escribán do Cabido que abrise o testamento do cóengo. Está enterrado na capela de San Bartolomeu na Catedral de Santiago – a súa lápida está agora un pouco borrosa –, se ben era fregués de Santa María Salomé de Santiago.

No testamento recoñece que xerou a **Juan Rodríguez de Castro e Rioboo e Sotomayor**, que vivía nunha casa da rúa Nova na que pouco antes de morrer lle fixo unha cheminea nova baixo a supervisión do mestre de obras da catedral. Segundo o testamento do cóengo casou con *Sancha Marina*, e en decembro de 1565 xa morrera.

O cóengo Gómez Rodríguez obtivo do Rei a facultade de deixarlle a seu fillo mil ducados polo que lle deixou en usufruto diversos bens, entre eles "*a miña Casa e Torre de Preguezido [...], que vale de renda en cada un ano dez cargas de pan*" así como terras e rendas en Aguións.

Tivo de *Inés Alonso*, sendo ambos solteiros, un fillo chamado igual que o seu proxenitor, don **Juan Rodríguez de Rioboo e Sotomayor** "***o mozo***", (*que segue*) ao que o cóengo nomeou como seu herdeiro.

Juan Rodríguez de Rioboo e Sotomayor "o mozo" criouse na casa do seu avó. Como era moi novo cando quedou orfo, tivo como titor a Benito Méndez de Andrade, rexedor de Santiago, quen o 31 de marzo de 1566 arrendou todas as terras que Juan tiña en Tabeirós. Puntualmente pagaba as cen misas polo seu avó que este encargara no testamento.

Casou con dona ***Mayor Suárez de Vilar***. Juan morreu en 1580 deixando por fillos a:

1.- **Gómez Rodríguez de Soutomaior e Rioboo** (*que segue*)
2.- *María Ortiz.*

Gómez Rodríguez de Sotomayor e Riobó, que foi capitán, era veciño de Santiago aínda que tamén pasaba tempadas en Aguións. En 1587 tiña por titor a Gil Varela, segundo uns documentos nos que aparece como testemuña o cóengo Diego Suárez de Tangil (da casa e torre de Guimarei) e nos que consta o pago das misas cantadas e rezadas a celebrar na capela de San Bartolomeu da catedral pola ánima de cóengo Gómez Rodríguez de Riobóo, obrigación que tiña por ser o seu herdeiro. Hai outro documento semellante de 1594 no que aparece a súa sinatura.

Do ano 1608 é unha testemuña expedida polo capitán xeneral do Reino de Galicia a instancia de Pedro Mosquera[362], contra Gómez Rodríguez de Rioboo, capitán da xente de milicias de Terra de Vea, polo que se advertía a todos os veciños e vasalos do coto do Viso e xurisdicións de Guimarei e Tabeirós de que era dono Pedro Mosquera, para que estivesen desagregados da compañía de dito capitán Rioboo, e só estivesen ás ordes de dito Pedro Mosquera, "*para que con ellos y los más vasallos de los cotos y jurisdicciones de que era señor concurriese al servicio de su majestad, y por no haber obedecido dicho capitán Rioboo se le mandó arrestar y conducir ante el excelentísimo capitán general y que devolviese las armas que había sacado a los vecinos de dicho coto de O Viso y las cantidades que les había exigido en pena de no haber concurrido a los alardes, comisionando para todo a Pedro Saco de Novoa, quien arrestó a dicho capitán Gómez e hizo devolver a dichos vasallos del coto de O Viso las armas y dinero extraídos*".

361 ARG.RA 24508/49
362 Señor da torre de Guimarei, páx. 44 ss

Casou con ***Elvira Ribera e Sotomayor***, filla de Diego de Ribera, "*Alguacil mayor del Reino de Galicia*", natural de San Salvador de Cecebre, e da súa segunda esposa, María Álvarez de Sotomayor, da casa de "*Nebra junto a Noia*".

Na segunda metade do s. XVI vivía en Cecebre ***Diego (de la Torre) Ribera****, fillo de Diego de la Torre e de María de Ribera, que foi enterrada no convento de San Francisco na Coruña.*



Escudo no pazo de Cecebre

Diego casou primeiro con ***Marina Rodríguez****, de quen tivo a:*

1.- Isabel de Ribera, que casou con Rodrigo Suárez Castro e Reino, fillo do alférez Rodrigo Suárez Castro e de María Suárez de Reino[363]*.*

2.- Álvaro González de la Torre e Soutomaior, que sucederá ao pai no oficio de "alguacil maior do Reino". Casou con Ana de Romai, e foron pais de Carlos de la Torre, bautizado en Dodro o 27 de abril de 1648, e foi cabaleiro da orde de Santiago.

3.- María Ribera, que casou con Vasco de Prado, pais de Constanza. (seguidamente)

Logo casou con ***María Álvarez de Soutomaior****, filla de Gonzalo (Pérez) Mariño de Camaño, da casa de Nebra (Noia), e de María Álvarez de Soutomaior, señora do coto de Dodro. Foi dotada polos seus pais ante Pedro Catoira, escribán da R.A da Coruña, e de Fernán Núñez con 1.000 ducados e outros 100 en vestidos.*

O 21 de outubro de 1575 como aínda lle debían 500 ducados do dote máis 100 ducados que Diego lles prestara para o preito que tiveron e gañaron ante a Chancelería de Valladolid contra os vasalos do coto, pois non lle querían pagar os tributos, véndenlle por 900 ducados o coto de Dodro coa súa xurisdición civil e criminal coas súas rendas e lutuosas, etc. O coto pertencía a María (a sogra de Diego) por herdanza do seu pai Juan Mariño de Goianes que estaba casado con Sancha Oanes[364]*. E María era neta por parte paterna de Marcos Mariño e por parte materna de Juan Mariño, de Rianxo, e de X Prego, que ademais de Juan tiveron a Ana Romero e a Elvira Prego, muller do escudeiro Juan de Dios.*

Deste segundo matrimonio naceron:

4.- Sancha Oanes. Citada así no testamento da nai, pero no do pai aparece como Ana Soutomaior (Na árbore xenealóxica adxunta ao testamento identifícase como a mesma persoa).

5.- ***Antonio González de la Torre / Ribera de la Torre*** *(que segue)*

6.- ***Elvira de Ribera*** *ou* ***Prego*** *-no testamento da nai- ou Soutomaior Camaño* (obxecto desta digresión)

Diego de Ribera, que en 1577 estaba residindo no casal da Trinidad de Ourense e reclamando unha casa que lle deixara o fiscal na rúa Valporto[365]*, normalmente aparece como veciño de Santiago, onde tiña agros e unha casa na que en 1575 mandou facer unha "cheminea francesa". En 1578 mercou unha viña*

363 Non está citada no testamento dos pais, pero aparece na árbore xenealóxica que está xunto cos testamentos (AHUS. Hospital Real. Testamentos, nº 43). Cfr. *Casa de Maíndo*, páx. 306 ss.

364 Sancha Oanes aportou ao matrimonio unha filla chamada Teresa González de Soutomaior que casou con Antonio Gómez de Reino Vilardefrancos. Sancha e Juan Mariño, ademais de Teresa, tiveron por fillos a Juan Mariño "o mozo", a María Mariño e a Inés Goianes, que casou con Jorge Varela.

365 ARG. RA. 18455/10

na parroquia de San Salvador de Cecebre, onde posuía o palacio e granxa do Castro[366]*, que tiña unha capela en advocación de Nª Sra. Santa María de Agosto, e que lindaba con terreos de D. Antonio Pardo de Andrade, veciño de Betanzos, e de Juan Belo. En 1575 mercou un xuro situado sobre as alcabalas reais en Betanzos, e o casal de Vilarvello en Mesía. Tamén mercou as xurisdicións eclesiásticas de Dodro e Lestrove, que eran de titularidade do arcebispo de Santiago.*

Fixo vínculo dos seus bens de Cecebre (casa e viñas, cortiñas, agra da Aldea de Arriba, monte das Rías, etc.), de Dodro, de Lestrove e de Mesía.

María outorgou testamento[367] *o 24 de marzo de 1581 e Diego de Ribera o 6 de decembro de 1604 ante Antonio González*[368] *e foi aberto o 23 de xaneiro de 1605, trala súa morte.*

Sobre 1605 Gómez Rodríguez demandou[369] aos fillos da súa prima Antonia Patiño, a filla de Leonor Rodríguez, por non pagar as rendas de Pousadela e Mamuela dos anos 1602-04, polo que se puxo en venta o dereito e perfectos de dito lugar e se rematou en Domingo Rodríguez o 16 de xaneiro de 1606 por uns corenta ducados, quen un mes despois llelo cedeu a Gómez Rodríguez, tomando posesión del o 24 de xaneiro de 1608 ante o escribán Juan Rodríguez de Costa. Deste modo, tendo despoxado aos seus parentes destas rendas, deixóullelas como colonos pero quedando extinguido o dereito do foro. Logo en 1610, ao morrer o seu sobriño Sebastián Torres, deulle en arrendo esas terras á viúva, Catalina de Covas, e prometendo que se unha das súas fillas casaba habíalle de rebaixar á metade esas rendas, o que fixo ante escribán en 1621.

Ao longo dos anos fixo moitos arrendos de terras e foros, que engadiu ao morgado. Morreu sobre 1634-39. Tiveron varios fillos:

1.- **Alonso Rodríguez de Ribera e Sotomayor** (*que segue*)
2.- *Ignacio de Ribera e Sotomayor*, nacido en 1619, foi cura de Aguións nos anos corenta e cincuenta e logo de San Fiz de Lougares na diocese de Tui. Morreu sen testamento aos 44 anos e foi sepultado o 3 de abril de 1663 na capela maior de Aguións.

Alonso Rodríguez de Ribera e Sotomayor, capitán como seu pai, en 1639 xa estaba casado con ***María Álvarez de Castro***. Aparece facendo arrendos de terras entre 1639 até 1650 como sucesor no morgado. Xeraron a:

1.- **Tomás**. Herdou o morgado, pero morreu moi pouco despois, polo que herda o seu irmán Juan sobre 1651.
2.- **Juan Rodríguez de Ribera e Soutomaior**, (*que segue*)
3.- *Diego de Ribera e Sotomayor*. En 1651 era estudante e vivía en Preguecido. Aparece moitas veces como testemuña nas vodas que oficiaba o seu tío cura. Logo vive en Frades onde casou sobre 1553 con *Juana Miranda Valenzuela*[370], filla de Rodrigo López de Miranda e de

366 *"El antiguo pazo de Cecebre se viste de espesísimos matorrales, zarzas y yedra. La estancia está totalmente derrumbada y solo es posible apreciar los viejos muros, de los que resaltan dos escudos, encogidos y abrazados, temerosos de su próximo fin. Al lado del pazo, la ermita se encuentra en parecidas condiciones"* en FERNANDEZ FLOREZ, W. Obras completas, Ed. Aguilar, 1945.

367 AHUS. Hospital Real, Testamentos, nº 43, pax. 1 ss. Fíxose na Coruña ante Fernando García, escribán da Real Audiencia.

368 AHUS. Hospital Real, Testamentos, nº 43. páx. 5 ss

369 ARG.RA 24508/49

370 Diego Ribera e Juana Miranda Valenzuela foron pais de ***Gómez de Ribera Soutomaior***, o seu único fillo, bautizado o 12 de xaneiro de 1654 polo seu tío-avó Ignacio de Ribera cura de Aguións, tendo por padriños aos seus tíos Juan Rodríguez de Ribera e á súa muller Teresa de Ulloa. Gómez de Ribera casou con *Margarita Fernández Varela de Rioboo*, veciña de Ledesma, e foron pais de Marcela, Benita, María, Mª Pascuala, Juana e Rodrigo. ARG.RA 8943/16

Antonia Valenzuela, veciños de Frades, os cales fundaron vínculo e morgado en 1651 sobre os seus bens de Subión a favor da súa filla.

Juana era irmá de Juan Bautista Miranda Valenzuela, cura de San Xiao e de Santo André de Vea e logo de San Bartolomeu en Pontevedra, onde morreu o 27 de novembro de 1667, deixando como herdeira a súa irmá Juana e a seu sobriño Gómez mediante testamento feito o 19 de setembro dese ano[371].

Diego de Ribera, Juana Miranda e o seu fillo Gómez tiveron un preito[372] en 1679 pois algúns veciños querían que tamén pagaran tributos, mentres que eles alegaban que eran fidalgos, e polo tanto tiñan o privilexio de non "*contribuír cos tributos que paga a xente de común peiteira nin de ser empadroados nos padróns e repartimentos que adoitan facer de ditas peitas e tributos, e de servir a S.M. nos seus exércitos con armas e cabalos cos demais fidalgos que foron chamados e convocados*".

Un século máis tarde algúns dos seus descendentes tiveron o mesmo problema.

4.- *Jacinto Ribera*, cura de San Fiz de Longares na diocese de Tui, sucedendo a seu tío Ignacio. En 1679 chegou a un acordo con diversos veciños ante o escribán Andrés de Nodar para facer unha presa desde o muíño de Domingo Gulías no río da Fervenza que baixa por Callobre para levar a auga ata o lugar de Valiñas. Asumía el os custos e nomearon a unhas persoas para controlar a obra, entre eles o escribán Benito Gómez de Villar, veciño de Xerlís.



Capela de Preguecido

Juan Rodríguez de Ribera e Soutomaior, ou *Juan de Rioboo Sotomayor*, nacido en 1637 foi militar con grao de capitán da Milicia de Santiago, segundo a partida de defunción. Casou con dona ***Teresa de Mera e Ulloa***, da casa da Granxa de Santa Cruz de Herbón, filla de Juan de Mera e Carbajal e de Isabel García de Ulloa, e neta por línea materna de Fernán López Varela e Ulloa e de Beatriz García de Benavides, veciños de Padrón.

En 1657 iniciou un preito[373] contra os que tiñan uns bens aforados polo cóengo Gómez Rodríguez en Pousadela e Mamuela. Juan morreu aos 38 anos sen testamento e foi sepultado o 3 de novembro de 1675 na igrexa de Aguións do lado da epístola. E Teresa foi sepultada o 25 de novembro de 1705 na capela maior da igrexa de Aguións ofrendándose pola súa alma catro canados de viño e catro carneiros.

Os seus fillos foron:

1.- **Baltasar Rodríguez de Ribera e Soutomaior** (*que segue*)

2.- *Juan*, que en 1679 aínda era estudante e que logo en 1685 era cura de San Mamede de Rois.

Baltasar Rodríguez de Ribera e Soutomaior, nacido en 1655, militar, celebrou os esponsais sobre 1675 con *Isabel Ibáñez Sarmiento de Pazos*, filla de Fernando Ibáñez e Carvajal, "*alcalde de Tui* –desde 1636-[374] *e subdelegado del Auditor General del Ejército de este reino*", e de

371 ARG. RA. 16044/84, 7298/1

372 ARG. RA. 24341/19

373 ARG.RA. 24508/49

374 FERNANDEZ-VALDES COSTAS, M. *Familias antiguas de Tuy*, 1958, Pontevedra.

María de Pazos Sarmiento. Isabel tiña dúas irmás, *María Ibáñez* (nunha ocasión engádeselle o apelido Figueroa), que casou en 1663 con Esteban Sotelo Prego de Montaos, fillo de Antonio e Francisca Moscoso, veciños de Redondela, e Ángela que casou con Antonio Ponce de León, xuíz ordinario de Tui.[375]

Foi este matrimonio o que o 21 de setembro de 1686 ante o escribán Juan Ambrosio Montenegro de Sotomayor, veciño de San Paio de Figueroa, *fundou a capela do pazo de Preguecido* en advocación de san Amaro, para oír misa os días festivos toda a familia, alegando que a casa quedaba distante da igrexa parroquial e a vellez da nai de don Baltasar (Teresa de Mera).

Tiñan como capelán e mordomo a Juan de Castro Patiño. En 1691 foi quen lles representou nun preito por unas rendas en Aguións, Lestedo e Souto, que en 1551 comprara o cóengo Gómez Rodríguez de Rioboo, contra a Confraría da Nosa Sra. do Rosario incluída no convento de Sto. Domingo en Santiago.

Isabel Ibáñez foi enterrada o 21 de xuño de 1705 no coro da igrexa de Aguións. Deste matrimonio quedou unha filla, **María Jacinta Ribera Sarmiento e Sotomayor**.

Baltasar casou de novo con *Isabel Teresa Fernández de Deza Mondragón ou Taboada Soutomaior*, filla de Andrés Fernández de Deza, veciño de Cervaña, e de Juana de Mondragón e Castro, veciña de Santiago e irmá do *I marqués de Santa Cruz de Rivadulla*. Cando quedou viúva, Isabel xunto coas súas fillas foise vivir ao *Pazo de Cervela. Valiñas*[376], onde continuou a descendencia.

Baltasar fixo testamento ante o escribán Juan de la Peña e foi sepultado o 31 de xaneiro de 1715 na capela maior da igrexa de Aguións aos sesenta anos non cumpridos, ofrendándose pola súa alma 24 ferrados de centeo, 4 canados de viño e 4 carneiros.

A herdanza vincular de Baltasar foi para o seu neto *José Francisco*, fillo da citada ***María Jacinta Ribera Sarmiento e Sotomayor***, bautizada o 7 de setembro de 1678, sendo os padriños o matrimonio Esteban Sotelo e María Baños de Carvajales, veciños de Redondela e tíos maternos.

María Jacinta casou o 25 de febreiro de 1694, sendo testemuñas Juan Ribera e José Mosquera, co coronel ***Luis Acevedo e Lira***, bautizado en Ramirás (Arrabaldo. Ourense) o 14 de decembro de 1644, fillo de Antonio Acevedo Lira e de Escolástica Mosquera Acevedo e Soutomaior, que fundaron o vínculo e morgado de Ramirás neste fillo, e neto por vía paterna de Rodrigo de Acevedo Castro e de Isabel Pereira Troncoso.



Escudo. de Preguecido. Debuxo de Javier García G.

O avó materno de Luís foi Pedro Acevedo Paredes e Lira, señor de Covas e de Godáns, fillo de Pedro (ou Bartolomé) Vázquez de Acevedo e Lira e de Lucía Rodríguez de Castro, veciños de Tui, casado en 1625 con Juana Mosquera Soutomaior*, filla do capitán Antonio Mosquera Sandoval, señor da torre de Castrelo na freguesía de Trasalba, e de Beatriz Suárez de Ribera e de Castro (filla de Juan Suárez Somoza)*[377].

375 ARG.RA.15532/4
376 Cfr, *Pazo de Cervela. Valiñas*, páx. 71 ss.
377 ARG.RA.11937/22

Pedro reclamou[378] o dote prometido mediante escritura feita ante o escribán Juan González o 15 de xullo de 1625. O dote de 1.000 ducados sinalouse sobre o lugar de Pousa en ***Ramirás*** *coas súas casas, hortas, viñas, montes, etc., e outros bens en Godas de Río, Formigueiro en Trasalba, Castelo en Alba, Pereiro en Palmes, Carreiras da Torre, etc., así como vestidos e alfaias que se detallan no memorial. De todo elo facíase vínculo e coa condición de que o novo matrimonio vivise en Ramirás con eles, pois de non ser así deberían escoller só unha granxa, a de Ramirás ou a de Carreira da Torre. Viviron con eles menos de cinco anos, polo que quedaron coa granxa de Ramirás, pero querían a metade da outra. O seu sogro, Antonio Mosquera, que era fillo de Vasco de Puga e Sandoval e de Violante Mosquera, veciños de Tui, tiña tres fillos: Jerónima Sandoval, a maior e casada con Juan Vaamonde, Juana Sotomayor e Luísa Mosquera. Por isto, Jerónima e Luísa opuxéronse a tal demanda xa que os bens prometidos eran de vínculo e correspondían a Jerónima, e ademais a nai desta, Beatriz, tiña aportado un dote de 1.700 ducados, cos que adquiriron moitos bens, polo que a súa filla Luísa debíalle dar a lexítima.*

Non obstante, Isabel Teresa, a segunda esposa de Baltasar, como tivera un fillo varón, *Vicente*, que vivía á morte do seu marido, pediu o vínculo e morgado da casa de Preguecido para o seu fillo e, como este morreu en agosto de 1716, ano e medio despois da morte de Baltasar, solicitou que se sinalase nela tal morgado e logo nas súas fillas. O que conseguiu foi que lle desen certas rendas para as súas fillas mentres non alcanzasen estado. Ao aceptar que a herdeira fose Jacinta por ser a filla maior, tivo que entregar todos os documentos do morgado, que foron contabilizados e descritos polo escribán. Esta tarefa ocupouno desde o 24 de xaneiro ata o 5 de febreiro de 1717, non só por ser moi numerosos senón tamén porque había pergamiños e papeis desde o ano 1400 o que representaba dificultades para describilos.

Luís e Jacinta foron pais de **José Francisco** (*que segue*), *Juan Antonio, José, María* e *Baltasar*.

Logo Lois Acevedo casou o 27 de xullo de 1702 con ***Gabriela Mosquera de Mera***[379], natural de Vilariño (Piñor), filla de Gabriel Mosquera Andrade e de María de Mera García de Ulloa. Froito deste matrimonio foron:

1.- *Josefa Acevedo Mosquera*, bautizada en Ramirás o 25 de decembro de 1702 e que casou o 24 de maio de 1725 con Pedro Manuel de Toubes e Salgado, de San Miguel de Osmo, tendo sido dotada e apartada da herdanza.

2.- *María Jacoba*, bautizada en Ramirás o 27 de xaneiro de 1707 e que morreu solteira o 13 de decembro de 1730.

3.- *Gabriel Acevedo*. Bautizado o 3 de febreiro de 1709, en 1747 marchou a Madrid onde faleceu solteiro o 13 de setembro de 1770, tendo feito testamento o 21 de agosto de 1770 ante o escribán Juan de Ribera e deixando como herdeiro ao seu sobriño Antonio Luís[380].

4.- *Antonio José Acevedo*, bautizado o 25 de marzo de 1711.

José Francisco de Acevedo e Rivera, foi en quen recaeu o vínculo, despois do preito con Isabel Teresa, tomando posesión o seu pai Luis Acevedo, como titor, o 7 de decembro de 1716.

José Francisco foi militar e, igual que o seu pai e o seu avó, ostentaba o grao de coronel de milicias da cidade de Santiago. Señor de Preguecido e Ramirás, casou na parroquia compostelá

378 ARG.RA. 8841/51

379 DE LA PEÑA VIDAL, C, *A liñaxe dos Toubes*, Boletín de Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia, nº 3, páx. 54-55.

380 ARG.RA. 3461/7

de Santo André o 4 de decembro de 1725 con ***Melchora Abraldes de la Vega***[381], filla de Juan Abraldes de Mendoza e de María Teresa de la Vega Portocarrero e Altamirano, veciños da citada parroquia e donos da casa e fortaleza de Guimaráns no coto de San Mamede de Ribadulla, da casa de Ponte Sarandón, de Merín, coto de Cazorras e Lamela entre outras.

Fixérase escritura de dote o 17 de novembro de 1725 en Ribadulla[382]. José Francisco de Acevedo mandou como representante ao seu cuñado Pedro Manuel Toubes e Salgado e por parte de Melchora estaban os seus pais e o seu irmán segundo Juan Abraldes, quen ofreceron 5.000 ducados, a metade en moeda e a outra metade en rendas en Guillar e en San Cristovo de Allo na xurisdición de Camba, bispado de Lugo. Foi testemuña entre outros Juan Fernández de Deza Taboada e Mondragón, abade de San Vicente de Oubiña e Francisco Quiñones de Puga e Araúxo, veciño de San Clodio.

Como lle pasou a outros donos desta casa, ao tomar posesión dos bens, tivo problemas cos que levaban as terras. Tivo pois algún preito que, como sucedía a miúdo, estendeuse tanto no tempo que case non lle viu o fin. Tiñan rendas de terras[383] en Arines, Sergude, Prevediños, Portomouro, Villestro, Laraño, Bastabales, Lestedo, Vedra, Ribadulla, Santeles, Tabeirós, Arca, etc, etc., e casas arrendadas na cidade de Santiago na rúa do Villar, rúa do Franco, Orfas, San Bieito do Campo, Santa Clara, Algalia de Arriba, Pitelos, Mazarelos, Hórreo, etc.

Aínda que hoxe en día poida sorprender, José Francisco declaraba nunha carta que tiña dificultades para escribir, pois tiña sarna nas mans. Por outra parte nas súas cartas menciona a Antonio López que, como era usual neses tempos, ademais de capelán da casa era o administrador.



Interior do pazo

Melchora Abraldes morreu o 11 de decembro de 1738, sen testamento, e foi enterrada na capela maior do lado do evanxeo da igrexa de Santa Cruz de Arrabaldo en sepultura dotada da casa de

381 O seu irmán Juan Antonio Abraldes casou con Teresa Nicolasa Becerra Monroy, da casa dos marqueses de Monroy, e a súa irmá Dª María Josefa Abraldes contraeu matrimonio en 1736 con Luis Antonio José Nicolás Saco Quiroga Miranda Pimentel e Acevedo, da casa de Cedrón (Lugo), fillo de Andrés Saco de Quiroga (de Vilafranca do Bierzo) e de Juana de Acevedo (de Ramirás).

382 ARG.RA. 15147/31

383 ARG.RA. 15147/31

Ramirás. E o 8 de agosto de 1741 deuse sepultura a José Francisco na igrexa de Aguións, tendo acudido 40 sacerdotes. José Francisco non fixera testamento nin recibiu os santos sacramentos por "*non ter dado lugar a enfermidade*". O seu irmán Gabriel encargoulle 1.000 misas rezadas.

Trala súa morte disputaron pola titoría dos fillos (ou máis ben, dos seus bens) a súa avoa materna Teresa da Vega e o seu tío paterno Gabriel Acebedo, entrando en liza tamén José Casimiro Cervela, dono do *pazo de Valiñas*, quen tivo durante meses na súa casa aos menores. O 24 de agosto de 1742 acudiu a Valiñas un xuíz acompañado de soldados para recoller aos nenos e levalos a Preguecido, pero –segundo José Casimiro- Antonio, que tiña nove anos, escapou e refuxiouse nos brazos de Isabel Teresa, sogra de José Casimiro, berrando: " *Ai, Virxe santísima, ai, o noso san Antonio de Padua, valédeme*" (sic, en galego), pois no quería marcharse de alí. Entón Gabriel recorreu a Valladolid, mentres se lle apremaba con fortes multas[384].

Os fillos de José Francisco e Melchora foron:

1.- *Baltasara Agostiña Melchora Acevedo Abraldes*, que se bautizou o 22 de febreiro de 1732 na igrexa de Aguións, sendo o seu padriño o cura da parroquia Agostiño Calvelo.

2.- **Antonio Luís Acevedo** (*que segue*)

3.- *José María Gabriel Benito Acevedo*, naceu en Santa Cruz de Arrabaldo o 15 de setembro de 1737 e recibiu as augas bautismais tres días máis tarde, sendo o padriño o seu tío Gabriel Acevedo.

4.- *María Teresa Acevedo*, nacida en Santa Cruz de Arrabaldo, foi dotada[385] con 3.000 ducados o 5 de xullo de 1749, para casar con Manuel de Oliveira e Abreu y Lima, fidalgo da casa de S.M. superintendente da Aduana do Tabaco e alcalde maior de Ourense, veciño de Lisboa.

Antonio Luís Acevedo e Abraldes, naceu en Santa Cruz de Arrabaldo o 28 de marzo de 1733 e foi bautizado o 10 de maio de dito ano, sendo o padriño o seu tío Gabriel Acevedo.

Trala morte dos seus pais, José Francisco e Melchora, Antonio, xunto coas súas irmás e co seu curador ad litem o seu tío Luis Antonio Saco[386], puxo preito en 1845 contra o seu tío Juan Abraldes a causa do dote que segundo dicían non cobraran os seus pais. Cando casaron, entregóuselles a metade do dote e a outra metade, aínda que se lles tiña entregado, no preito non se xustificou debidamente nin no seu debido momento, polo que Juan Abraldes, fillo segundo, tivo que pagarlles os 2.500 ducados en rendas, aínda que logo recorreu en Valladolid. E en 1751 pediulle a seu titor e tío Juan Abraldes e á súa nai lle "soltasen" a administración dos bens e rendas do morgado e desen conta da súa titoría. E como dicía que non se cumprira todo por mor da morte do Capitán Xeneral, o 10 de agosto de 1761 solicita o cumprimento íntegro ante Ángel de la Fuente.

Ao igual que os seus antecesores, tiña ao capelán como mordomo e apoderado xeral, neste caso chamado Francisco Antonio Otero.

Foi militar co mesmo grao que o seu pai e casou en 1751 con ***María Ana Francisca de Yebra Oca e Pimentel***, nacida en Láncara en 1721, filla de Pedro Isidro de Yebra Pimentel e Suárez de Deza e de María de Oca Ulloa e Pimentel Cadórniga, o primeiro do pazo de Láncara en Neira de Xusá (Lugo) e a súa esposa do pazo de Mariñán en Bergondo (A Coruña). María Ana Francisca tiña nove irmáns, José Joaquín, o maior dos varóns, Manuel José, arcediago da Trinidad

384 ARG.RA. 20249/40

385 AHUS Protocolos de Pedro de la Peña.

386 LOPEZ POMBO, L., *Pazo de Saa, en la feligresía de Santiago de Cedrón, Láncara*. Boletín del Museo Provincial de Lugo. E tamén, RUIZ DE BUCESTA, M.L.-BUERES, A. *Benardo Rodríguez de Arango y Murias Mon "El indiano"*, Estudios de Genealogía,…boletín nº 9, páx.577.

da catedral de Ourense, Andrés, Francisco Javier, que estudou en Oviedo[387], Mª Magdalena, que casou con Juan Antonio Albraldes de Monroy (vivían en Santiago, con sucesión), así como a Mª Francisca, Mª Jacinta, Beatriz e Francisca Paula.

Viviron en Porriño alternando con Preguecido, do que eran donos, así como dos "*cotos de Cobas, da Torre de Castrelo, Godás, Ramirás, Budiño e outras nas provincias de Santiago, Ourense e Tui*"[388]. En Porriño tiñan como *paxe* a Juan Fernández, veciño de San Martiño de Cornoces, quen tivo un fillo o 17 de xaneiro de 1756 en Preguecido dunha caseira de Antonio Luis Acevedo chamada Juana de Puga, e que recoñeceu como fillo ante o párroco o 12 de xuño de 1758.

Antonio Luis fixo testamento que entregou ao escribán de Santiago don Bernardo Pose, veciño de Santeles, e foi sepultado en Aguións aos 59 anos o día 29 de decembro de 1791.

Tiveron oito fillos, entre eles:

1.- *María Manuela Baltasara Luisa Acevedo e Yebra*, bautizada o 7 de outubro de 1755 en Aguións, sendo os padriños Manuel Enríquez e a súa tía Baltasara Agustina Acevedo Abraldes. Contraeu matrimonio con Antonio Patiño de la Chica, IV duque de Patiño, veciño de Sanxenxo, viúvo de María Francisca Andrea Arias e Saavedra Zeta, e que foi enterrado o 10 de outubro de 1802 na igrexa parroquial de Padriñán (Sanxenxo).

2.- **Ramón Benito Acevedo de Yebra** (*que segue*)

3.- *Antonio Acevedo e Yebra*, nacido en S. Pedro de Láncara (Lugo) en 1759. Foi garda mariña[389].

4.- *Pelaya Acevedo e Yebra*. En 1795 vivía xunto coa súa irmá Antonia e a súa nai na casa do Carballo en Porriño. Ambas irmás estaban solteiras.

5.- *Carmen Acevedo e Yebra*, que estando residente no colexio das Orfas en Santiago casou na parroquia de Salomé o 18 de novembro de 1799 con José Losada García, fillo de Jacinto Benito e Mª Ignacia, veciños de San Fiz de Lois, tendo por testemuña ao rexedor Juan Mª Abraldes.

6.- *Antonia Acevedo e Yebra*.

Ramón Benito Acevedo de Yebra celerou esponsais con ***María Jerónima Bermúdez Ribadeneira Navia e Bolaño***, filla de José María Bermúdez Pardiñas e Villardefrancos e de María Jerónima Ribadeneira Navia Bolaño, veciños de Ferrol e donos da xurisdición de Xubia, Carranza, Santa Cecilia, cotos de Castelo, Villardefrancos, e neta de Pedro Bermúdez de Mandiaa (finado en 1741) e de Antonia Pardiñas Varela e Vecerra (falecida en 1733), quen ademais de José María tiveron por fillos a Mª Micaela Jerónima, reclusa en Santa Clara en Santiago, e a Ángela[390].

María Jerónima foi dotada polos seus pais con 12.000 ducados e mailos vestidos e xoias persoais na escritura de compromiso feita o 26 de abril de 1785 ante o escribán Pedro Antonio Pérez, excluíndo os gastos de voda que corrían por parte do noivo. Mentres que Ramón Benito en dito acto e con poder do seu pai feito en Preguecido o 11 de dito mes e ano –o seu pai non acudiu a Ferrol pois padecía de gota, o que lle dificultaba para viaxar- dixo que aportaba 900 ducados anuais sobre as rendas de Ramirás e unha casa enfronte da catedral de Tui. Porén o seu pai ao día seguinte de dita escritura revocouna ante o mesmo escribán rebaixando o dote a 500 ducados e máis a casa, pois dicía que tiña sete fillos máis que debía atender. Dita segunda escritura, na que constaba a firma de Ramón Benito, fíxose o día 12 pero levouse ao rexistro o día 2 de

387 ARG. RA. 23761/30
388 ARG. RA. 3461/7
389 VALGOMA-FINESTRAT, *Real Compañía de Guardias Marinas y Colegio Naval*, Edit. Instituto Histórico de G. Marina, Madrid, 1945-1956.
390 ARG. RA. 15431/30



Horreo de Preguecido

maio de 1785. Seis meses máis tarde Ramón Benito demandou ao seu pai xudicialmente para que cumprise o compromiso inicial, polo que en 1787 seu pai lle cedeu unhas rendas en Rouzós, Sta. Cruz de Arrabaldo, Parada (Amoeiro) e outras.

Tamén disputou cos seus foreiros tanto na zona da Estrada, como de Ourense (en Palmes, Rouzós,..), pois pediu facer neles uns rateos que comezou a executar o escribán Andrés Antonio Romero, residente en San Miguel de Canedo, pero que non finalizou pola morte de Ramón. O escribán fixo o rateo con pouco rigor, anexionando terras como de propio dominio que eran en realidade do mosteiro de Celanova, non incluíndo a algúns levadores polo que outros debían pagar máis, etc. Como curiosidade e interese, neste preito[391] dísenos o prezo do centeo nos anos 1802 a 1817, que oscilou entre os 7 reais e 17 marabedís en 1809 e os 20 reais en 1810 e 1811.

Ramón Benito foi capitán do rexemento provincial de Tui, pero vivía normalmente en Porriño ou en Santiago, parroquia de Salomé. Morreu sobre 1808-9.

Froito do matrimonio foron:

1.- *Mª del Carmen Benita Ramona Antonia Josefa Rafaela Jerónima Francisca de Borja de la Santísima Trinidad*", que naceu o 10 de outubro de 1786. Supoñemos que morreu de nena, e por iso ao ano seguinte a nova filla puxéronlle un nome parecido.

2.- ***Mª del Carmen Josefa Ramona*** (*que segue*).

3.- *Josefa Mª del Carmen Antonia Ramona Jerónima Ana Francisca de Borja Benita Simona de Roxas, Teresa Ventura Felicia de las Ánimas Salvadora*, nacida o 21 de febreiro de 1790, actuando como padriño o cura Baltasar de Acea en nome dos seus avós maternos. Casou con ***Pablo de la Puente Aranguren***, capitán do 4º escuadrón de Artillería Lixeira, natural de Ribadeo, fillo de Miguel Fernández de la Puente, xefe de escuadra na Real Armada en Granada e de Gertrudis Aranguren, natural de Ferrol.

(Vemos máis adiante que a súa filla *Mª del Carmen* casou co seu primo *Ramón Bermudez Acevedo*, pais de *Mª del Carmen Bermudez de la Puente*, que chegará a ser condesa de Ramirás).

4.- *Rafaela Mª del Carmen Ramona Benita Simona de Rojas Micaela de los Ángeles Ventura de las Ánimas Claudia Jacoba de la Santísima Trinidad Jerónima Antonia Teresa de todos los Santos*, nacida e bautizada o 31 de outubro de 1792, actuando como padriño o cura Baltasar de Acea en nome do avó do bautizado José María Bermúdez.

5.- *Jacoba Mª del Carmen Josefa Ramona Benita Simona de Rojas Rafaela Micaela de los Santos Teresa Andrea Avelina Nicolasa de la Santísima Trinidad Jerónima Antonia de las Animas Demesia*, nacida o 19 de decembre de 1798 e bautizada na casa do cirurxián por necesidade.

6.- *Juan Nepomuceno Ramón Luciano Luis Antonio Vicente Jerónimo Pedro*, bautizado na parroquia compostelá de Santa María do Camiño o 9 de xaneiro de 1802, tendo por madriña á condesa de Priegue dona Petronila Espada.

391 ARG. RA. 13886/9

A Ramón Acevedo sucedeulle a súa filla **María del Carmen Acevedo e Bermúdez**, que cando foi bautizada ao día seguinte de nacer na parroquia de Salomé o 9 de novembro de 1787 puxéronlle os nomes de "*Mª del Carmen Josefa Ramona Benita Rafaela Simona de Rojas Jerónima Jacoba Antonia Ventura de la Santísima Trinidad*" e tivo de padriño a seu avó materno.

Casou en 1810 co seu tío o "*graduado de capitán do Rexemento de Voluntarios de Santiago*" ***Pedro Bermúdez Ribadeneira Pardiñas e Vilardefrancos***[392], maestrante da Real de Ronda e señor de Castelo, nacido en 1773 en Trasancos, pero veciño de Santiago, fillo de José Mª Bermúdez Pardiñas e de Jerónima Ribadeneira Navia de Bolaño e Castro, donos entre outros do pazo e torre de Vilardefrancos en Razo (Carballo).

O 4 de agosto de 1809 Mª del Carmen e a súa nai Mª Jerónima, xa viúva, nomearan a Pedro como administrador xeral dos seus bens con plenos poderes para continuar un preito iniciado por Ramón Acevedo, a causa dun rateo que executou o escribán Andrés Antonio Romero. Ao parecer dito escribán e administrador da casa de Ramirás, e que ao mesmo tempo era o executor, abusaba á hora de percibir as rendas cobrando outros salarios. Os que traballaban as rendas queixábanse de que *en vez de cobrar en agosto-setembro, cobraba en decembro, pedíndolles que pagasen ao prezo dese momento que é máis caro, pois teñen menos grao para comer, de modo que lles pide 24 reais en vez dos 10 reais que se pagaban en agosto*, pois ademais non lles quería cobrar en especie, esixíndolles diñeiro, alegando que o gran non estaba limpo, ou que a manteiga e as galiñas non valían. E así mentres os foreiros dicían que o gran ía a 6 reais en 1808 e a 10 en 1809, o escribán e administrador dicía que en maio-xuño chegara a 32 reais.[393]



Arcada do pazo Preguecido

En Preguecido tiñan un mordomo chamado Pedro de Cal, que morreu o 22 de abril de 1819. Nese ano dito Pedro era alguacil maior do Santo Oficio da Inquisición.

María del Carmen morreu en 1825. Tiveron varios fillos na parroquia de Salomé en Santiago:

392 Pedro, ademais da súa irmá e sogra María Jerónima Bermúdez , tiña como irmán a *Joaquín* que casou o 1 de xaneiro de 1785 con *Mª del Carmen Armada Mondragón*, filla do **marqués de Santa Cruz de Ribadulla** Juan Armada Mondragón e de Marina Caamaño, veciños da parroquia de Salomé en Santiago.

393 ARG. RA 22156/26

1.- *Josefa*, que naceu e foi bautizada na casa por necesidade o 1 de maio de 1811. Morreu o 25 de abril de 1812 en San Vicente de Berres.

2.- **José María Bermúdez Acevedo**, que foi bautizado o 3 de maio de 1813, ao día seguinte de nacer, cos nomes de *José Mª del Carmen Atanasio de la Cruz Pedro Pablo Jerónimo Antonio Buenaventura Juan Nepomuceno*. Tivo por padriños a Pablo de Puente Aranguren, marido de Josefa Acevedo, e Mª del Carmen Armada, viúva de Joaquín Bermúdez, ambos tíos da bautizada.

Cabaleiro maestrante de Ronda e rexedor perpetuo de Ferrol, casou o 28 de agosto de 1831 coa III Condesa de Ximonde ***Jacoba Cisneros Puga e Ulloa***, nacida en San Miguel de Sarandón en Vedra no pazo de Ximonde o 7 de xaneiro de 1813, filla do II conde Ximonde e vizconde de Soar don Pedro Mª Ambrosio Cisneros de Castro Ulloa e de Agustina de Puga Cisneros Sarmiento Araúxo e Puga, veciños de Santiago.

José María morreu en 1855 e ela, que fixo testamento o 16 de febreiro de 1856 ante Ruperto Suárez, morreu en Santiago (rúa Preguntoiro) o 7 de abril de 1860. Sen sucesión lexítima[394], os bens de José María pasaron a seu irmán Ramón, pero os bens de **Preguecido** pasaron a **Mª del Socorro**, mentres que Jacoba repartiu os seus bens entre os seus parentes máis achegados.

3.- **Mª del Socorro Bermúdez Acevedo**, (*que segue*)

4.- *Mª del Carmen Josefa Francisca Casimira Ramona Antonia Juana Nepomucena de los Dolores*, que foi bautizada o 4 de marzo de 1816, ao día seguinte de nacer, tendo por padriños a Francisco García, abade de Santo André de Vea, e Josefa Acebedo Bermúdez de Puente, tía da bautizada.

5.- *Mª de los Dolores Ignacia Hermenexilda Jerónima Antonia Ramona Ventura*, nacida e bautizada o 13 de abril de 1819.

6.- *Pedro José María de la Merced Ciriaco Antonio Ramón Buenaventura Jerónimo Pablo*, bautizado o 8 de agosto de 1822, tendo por padriño a seu irmán José María e a súa tía Josefa Acevedo Bermúdez de Puente, muller de Pablo Fernández de Puente Aranguren.

7.- *Ramón Mª de la Merced Ildefonso Antonio Francisco Bermúdez Acevedo*, foi bautizado o 23 de xaneiro de 1824.

Casou coa súa prima *Mª del Carmen de la Puente Acevedo*, filla de Pablo Fernández de la Puente Aranguren, brigadier de artillería e cabaleiro de San Fernando e San Hermenexildo, natural de Ribadeo, e de Josefa Acevedo, natural de Santiago.

Viviron na Coruña, onde tiñan unha casa na rúa Tabernas, e tiveron tres fillos: **José María Bermúdez de la Puente** (*que vemos seguidamente*), *Helena*, nacida en 1855 non casou, e *Mercedes* nacida en 1852[395], que casou co comandante capitán de artillería Joaquín Becerra Armesto e foron veciños de Ferrol[396].

Trala morte de Ramón, os fillos fixeron as partillas o 14 de xullo de 1879, tendo que pagar e subscribir diversos empréstitos, mesmo hipotecando os bens que tiñan en Ramirás.

Mª del Socorro Bermúdez Acevedo, que foi bautizada na parroquia de Salomé o 26 de marzo de 1815 cos nomes de *Mª del Socorro Braulia Andrea Jerónima Ramona Antonia Juana Nepomucena Petra Josefa del Carmen*.

.394 Cfr. *Casa de Maíndo*, páx. 324 ss.


395 Testamentos de Helena e Mercedes en 1880 ante Jesús Fernández Suarez (AHUS)

396 ANC. Notario Devesa Gago, ano 1881, Número 10113, protocolo 715.

O 20 de abril de 1838 foi dotada[397] con 12.000 ducados ademais de vestidos e importantes xoias con **Joaquin Cagide Reinoso**, fillo do brigadier José Caxide e de Josefa Reinoso Taboada, veciños de san Cristovo de Martixe. Joaquín, dono da casa e torre de Merza, finou o 26 de marzo de 1839 e aínda que ela estaba embarazada, non chegaron a ter descendencia.

Casou o 3 de marzo de 1844 co ex-deputado en Cortes *José Varela Cadaval Fernández de Tejada e Correa*, fillo de Ramón Varela de Villar Fernández de Tejada, coronel dos Reais Exércitos, deputado en Cortes e gobernador militar da praza de Tui e do forte de Amorín, e de Francisca Cadaval Correa Soutomaior.

José foi o primeiro **conde de Ramirás** (ou "*Ramiranes*" segundo Real Decreto de 5 de xullo de 1875), efectuando o pago de 10.640 pts polos dereitos o 1 de setembro de dito ano.Foto 102



Escudo en Ramirás (Arrabaldo)

Ao parecer foron eles os que fixeron (ou refixeron) o pazo de Ramirás, que ten dous escudos enfrontados. Un dos escudos é cuartelado coa cimeira volta ao destro, flanqueado por dúas serpes que camiñan cara o xefe do escudo. As armas son as dos Puga no primeiro cuartel, dos Mosquera no segundo, dos Varela no terceiro e Bóveda no cuarto. O outro escudo partido e medio cortado, no destro ten unha aguia dos Aguilar, o cuarto de enriba unha cabra rampante e abaixo cinco flores de lis en sotuer.

Morreu ela o 29 de decembro de 1853 e el o 3 de decembro de 1885.

Tiveron dous fillos: ***José María Varela Bermúdez*** e ***Mª del Carmen*** (*que seguen*).

José María Varela Bermúdez naceu o 22 de abril de 1847 e morreu o 2 de setembro de 1884 ab intestato polo que seu pai foi quen herdou. E como este morreu ao cabo dun ano, a nova dona de Preguecido foi María del Carmen.



Casa do conde de Ramirás. Rúa Nova. Santiago

María del Carmen Varela Bermúdez, a nova condesa de Ramirás, casou co seu primo ***José María Bermúdez de la Puente***, que naceu o 22 e foi bautizado o 27 de xullo de 1849 na parroquia coruñesa de Santiago cos nomes de *José María de la Merced Pedro Pablo Ramón e Pantaleón*, tendo por padriños a seus tíos José, conde de Ximonde, e Mª del Socorro Bermúdez, condesa de Ramirás.

Viviron na rúa Serrano en Madrid, se ben ás veces aparecen como veciños de Santiago e residentes en Preguecido ou en Porriño.

397 ARAG. Caixa 335/10

Como neste momentos en España se estaba a debater sobre a redención ou mesmo abolición dos foros (Montero Ríos, Basilio Álvarez,...), foi ela quen a partir de 1906 comezou a vender e redimir censos e foros, encargándollo a partir de 1920 a **Segundo Paseiro Andión** (*que segue*), quen acabou comprando a meirande parte dos bens.

Así con data 18 de marzo de 1925 Segundo Paseiro comprou como censo privativo por 1.000 pesetas anuais a finca chamada Preguecido, valorada en 40.000 pts., *composta de casa principal con dous corpos ou pisos, unha capela, celeiro, hórreo, cortes e outras dependencias, máis cinco casas rústicas de planta baixa que serven de morada aos colonos, un muíño fariñeiro de catro rodas, dedicado á moer o millo, coñecido co nome de muíño das Canizas, e por último todo o terreo que circunda dita casa... a súa superficie total de 39 hectáreas, 72 áreas e 29 centiáreas, equivalentes a 631 ferrados segundo a medida do país*[398]. Entre as condicións que pon a condesa está que mentres non se redimira puidera utilizar o piso alto do pazo durante dous meses do verán.

O censo foi adxudicado en 1929 ás dúas fillas da condesa, que recibían as 1.000 pts. Pero Preguecido foi redimido o 23 de setembro de 1946 tras pagar Segundo as 40.000 pts. á filla e aos netos da condesa, Mª Socorro Bérmudez Varela, casada con Joaquín González-Conde e García, e Mª del Pilar e Gerardo Manresa Bermúdez de la Puente, como donos pro-indiviso do censo privativo.

Segundo Alfredo Antonio Manuel Paseiro Andión nacera na Estrada o 17 de xaneiro de 1883 e casou o 9 de novembro de 1907 con ***María Cid Guede***, veciña de Xunqueira de Ambía (Ourense), que foi mestra en 1897 en Muiños, logo na Peroxa, Allariz, O Irixo e en 1904 en Xunqueira de Ambía, todos na provincia de Ourense.

*Da ascendencia de **Segundo Paseiro Andión** podemos dicir que o seu bisavó paterno foi o escribán Bonifacio Antonio Paseiro Andújar, casado a principios do século XVIII con **Mª Ignacia Cadavid Nieves**.*

*Dito Bonifacio Antonio Paseiro era fillo de **Alberte Paseiro Cortes**, casado con **Mariana Vilariño** (viúva de Andrés González), que foi dotada con bens en Sigrás polo seu tío cura Antón Vilariño; e neto de **Jacobo Paseiro de Vila e Miranda**, veciño de Callobre, que casou primeiro con María Vázquez e logo con **Ignacia Cortes Fernández**, filla de Lope de Cortes, avogado da Real Audiencia, e de Catalina Fernández de Senra, da casa da Senra e veciños de Escuadro*[399].

*Por outra banda, **Mª Ignacia Cadavid** era filla de José Cadavid, veciño de San Paio de Figueroa, e de Josefa de Nieves, neta por liña materna de Domingo Antonio de Nieves Álvarez, caixeiro de Tabacos en Soutelo de Montes e logo na Estrada, e de Jerónima de Arén Losada*[400], *natural de Folgoso, e neta por liña paterna de Francisco Antón Cadavid, escribán e veciño de Cerdedo, e de Josefa (Fernández) de Godas, veciña de Laxas (Ourense).*

*O avó de Segundo foi **José María Paseiro Vilariño**, administrador dos bens e rendas da torre de Guimarei, que casou con **María Andújar Padín**, de San Breixo de Lamas, pais de **Domingo Paseiro Andújar** e de Juan, que en 1862 sucedeu a seu pai na administración da torre de Guimarei*[401].

398 Museo do Pobo Estradense. Arquivo da casa do Preguecido.
399 Cfr. https://xenealoxia.org/linaxes/pontevedra/2130-casas-fidalgas-forcarei-v-casa-senra-escuadro
400 Cfr. *Pazo de Xerlís*, páx. 181-2. E tamén BÉRTOLO BALLESTEROS, J.M. *Pedro de Arén, arquitecto de Terra de Montes* (*c.1635-1699*) A Estrada Miscelanea Histórica e Cultural, 19 (2016)
401 AHPPo. Protocolos de Pose Nabaza.

Domingo Paseiro Andújar casou con Olivia Andión Tato, filla de José Vicente Andión e María Tato, naturais e veciños de Santiago. Tiñan diversos negocios de terras, gando e carnicerías. Domingo morreu aos 83 anos. Tiveron doce fillos e un deles foi o mencionado Segundo Paseiro Andión.

Segundo, que emigrou a Arxentina, en 1928 foi recadador municipal de Lalín, sendo un dos moitos que contribuiron pro monumento a Loriga. Xunto cos seus irmáns (José[402], Ramona –incapacitada-, Perfecto[403], Mercedes, Carmen, Anuncia, Concepción -casada en Caldas con Pedro Pereira Fontán-, Abelardo -casado en Pontevedra con Elisa Pazos Nión e emigrado á Arxentina-, Alfredo -emigrante en Arxentina-, María -casada co industrial Pedro Campos Rozados e finada o 6/11/1958- e Teresa -casada con Ángel Méndez Somoza-), disputou coa súa irmá Teresa pola propiedade dunha finca xunto á rúa Serafín Pazo, chamada *A Revolta*. No Boletín Oficial de Pontevedra (3/5/1950) recoñécese a propiedade dos irmáns.

María Cid faleceu o 7 de maio de 1927 e Segundo Paseiro, que outorgou testamento o 30 de decembro de 1926, finou no seu pazo de Preguecido o día 4 de setembro de 1957. Deste matrimonio quedaron catro fillos:

1.- *Carlos Paseiro Cid*, que no ano 1948 era veciño de Madrid.
2.- **María Esther**, (*que segue*)
3.- *Mercedes Paseiro Cid*, natural da parroquia de san Nicolás de Bari en Bos Aires, que casou aos 19 anos na capela de Preguecido con Isaac Campos Paseiro, parente en segundo grao de consanguinidade, fillo de Pedro e María. Sendo veciños de Ponteareas venderon en 1934 aos señores Porto e Saborido unha parte da finca de Preguecido para facer un embalse e un canal, así como para a colocación das máquinas necesarias para producir enerxía eléctrica.
4.- *Raúl Paseiro Cid*.



Interior do pazo de Preguecido

402 Avogado e fiscal na Estrada.
403 Perfecto casou na Estrada o 18 de xullo de 1938 con Marina Cobián Otero, filla de Jesusa Otero.

María Esther Paseiro Cid, nacida en 1915 en Belgrano (Bos Aires), contraeu esponsais á idade de trinta e tres anos con ***Marcial Diz Garrido***, de vinte e seis anos, natural de Budiño no concello de Porriño, fillo de Emilio Diz Alfaro e de Herminia Garrido Quinteiro. A cerimonia relixiosa foi oficiada na capela do pazo de Preguecido polo tío do noivo D. Marcial Garrido o día 20 de xaneiro de 1948. Manuel exerceu a súa profesión de farmacéutico nas Neves (Pontevedra), de onde foi declarado fillo adoptivo en 1993. Era presidente do PP das Neves. Marcial finou aos 72 anos en Santiago o 23 de decembro de 1994 e foi inhumado na Estrada. E Mª Esther finou na Estrada o 24 de xullo de 1995.

A herdanza de Segundo Paseiro e da súa esposa repartiuse, pero Mª Ester mercou ao seus irmáns as particións que lle correspondían con respecto ao pazo de Preguecido, facéndose con toda a herdanza.

Foron pais de dous fillos:

1.- **María Cruz de la Esperanza Diz Paseiro**, que naceu o 18 de decembro de 1948 e foi bautizada o 6 de xaneiro de 1949 na parroquia de Aguións, tendo como padriños aos seus tíos maternos Carlos e Mercedes Paseiro. Casou con *Jesús Pena Puente.* É copropietaria do Pazo de Preguecido.

2.- **Marcial Ramón Segundo Diz Paseiro**, que naceu na Estrada o día 26 de setembro de 1951, de profesión farmacéutico ao igual que o seu pai. Contraeu matrimonio na capela do pazo de Preguecido o día 25 de setembro de 1977, con ***María Jacoba Emilia Millán Acosta***, nacida en Santiago o día 14 de febreiro de 1956, filla de Francisco Millán Sánchez e de Emilia Acosta Monterroso, de profesión letrada. Vivían en Santiago na rúa de San Pedro de Mezonzo. Faleceu Marcial na cidade do Apóstolo o día 15 de outubro de 2010.

Deste matrimonio quedou unha filla chamada **Esther Diz Millán**, nacida en Compostela o día 24 de xaneiro de 1979, que ao igual que a súa nai exerce de letrada en Santiago, dándose a curiosidade que é a única nai e filla avogadas en dita cidade. Na actualidade é copropietaria do Pazo de Preguecido.

O pazo xunto coas terras anexas, que son moi extensas, nalgún momento estivo á venda.

PAZO DE XERLÍS


O lugar de Xerlís (Gereliz/Jereliz ou Gerelis/Jerelis nos documentos dos séculos XVI-XIX), pertenceu á parroquia estradense de Santiago de Tabeirós até 1875 aproximadamente e actualmente pertence á de San Xiao de Guimarei.

No Inventario do Patrimonio Cultural do Concello da Estrada, Arquitectura Civil, Casas e Pazos (DOG 16-7-1991) recóllese o Pazo de Xelliz (por Xerliz e sen indicar poboación).

A principios do século XVII pertencía á familia de Fernando Alonso de Castro. Logo en 1664 pasou a mans do seu xenro Andrés Gómez del Villar, quen enseguida construíu o pazo de Xerlís pois onde vivía Fernando Alonso "*la casa y botica tenían malas y viejas paredes y maderas, y que Andrés Gómez las deshizo y en ellas edificó una casa buena de la manera que al presente está de cantería con su sobrado y poniendo la solaina que está viento de dicha casa y abrió la puerta que va a para ella y edificó el sobrado de dicha torre…e hizo también la palleira que está en dicho corral hacia el poniente*"[404].



Capela e pazo de Xerliz



Escudo. Debuxo de Javier García G

Na actualidade un portal ameado ábrenos paso cara ao pazo. Tras pasar o portal vemos o pazo en forma de L, construído en cantería, con baixo e piso. Na parte central da fachada situase o escudo familiar, semellante ao da casa contigua. Ao lado esquerdo unhas escaleiras, tamén en cantería, que nos dirixía antigamente á cociña, mentres que na parte posterior hai tamén unhas escaleiras que nos levan a unha fermosa solaina desde a cal se pode contemplar a finca que o rodea cunha extensión de corenta áreas e un fermoso paisaxe que dá ao río.

Tamén ten a seu carón unha construción destinada a cortes e pallar, que foi construída como vivenda dos caseiros. Diante da casa e preto do muro que circunda toda a propiedade, ademais dun pozo hai un hórreo de granito substituíndo o orixinal.

404 ARG. RA. .23114/39

O escudo do pazo está posto sobre unha cartela con volutas, timbrado de helmo con penachos, que mira á destra, no seu campo cuartelado, un e cuarto *unha torre*, **Gómez**; *dous* e tres *seis roeles*, **Castro**.

O *pazo de Xerlís* foi restaurado en 2011-12.

1.- CAPELA DE SAN XOÁN.

Xunto ao pazo de Xerlís áchase unha pequena construción que ten inscrito no lintel a data de 1714 e que foi unha capela. En efecto, o 23 de maio de 1714 a propietaria do pazo de Xerlís, Antonia de Castro, presentou un escrito ante o párroco de Tabeirós para facer unha capela en honor de *san Juan Bautista*, pois dicía que, como era anciá, a igrexa "*le quedaba lejos con algunas cuestas que lo hacen molesto sobre todo en invierno*" e ademais tiña que atravesar unha ponte non moi segura, que o río arruinou varias veces. O cura trasladou esta petición o 2 de xuño, informando favorablemente ante o provisor do arcebispado. O provisor contestou o 11 de xuño invitando a facer ante notario a dotación para dita capela. O 4 de xullo do mesmo ano Antonia acudiu ao notario para dotar a capela de rendas para o seu ornato, limpeza e misas. Dotouna coas rendas do lugar de Pazos (Olives) polo que se pagaban 34,5 ferrados de centeo e dous capóns, a casa en que vivía e todo o anexo, e o seu fillo Baltasar engadiu o lugar de Mesadoiro polo que se pagaban 13 ferrados de centeo. Nomeouse patrón a Baltasar e a seus sucesores, en primeiro lugar á súa filla Mª Josefa, filla do seu primeiro matrimonio, a continuación á súa outra filla chamada Francisca e logo aos seus sobriños, xa que polo momento no tiña fillos varóns. Era obrigación do patrón pagar unha misa rezada o día de san Xoán, non poder vender nin dividir nin transferir as rendas da fundación, e manter o ornato e limpeza da capela, e se algo sobrase sería para o patrón. Tralo documento notarial e o novo informe do párroco no que confirma que ditas posesións pertencen a Antonia e a seu fillo Baltasar, o provisor de Santiago dá o seu permiso o 24 de xullo de 1714. Seguramente polas súas pequenas dimensións e simpleza de construción foi feita enseguida, xa que debeu terminarse nese mesmo ano, como consta sobre o lintel. Nuns preitos[405] menciónanse diversos ornamentos sagrados, como o cáliz e patena de prata, pertencentes naquel momento á capela, pero non sabemos nada do seu posible retablo. Hai unha imaxe que posúe o seu anterior dono, ao parecer procedente desta capela.



O pazo en 2010

405 ARG. RA. 20945/37 e 2169/1

2.- XENEALOXÍA DO PAZO DE XERLÍS.

Como sucede na maioría dos casos cos pazos ou casas fidalgas durante os séculos XVI-XIX, o pazo de Xerlís foi a vivenda dunha familia de escribáns, cuxos beneficios eran incrementados cos bens dos clérigos da familia e que por outra parte dispuñan dunhas terras aforadas que eles á súa vez volvían a aforar, o que lles permitía obter unhas rendas seguras.

Os primeiros donos e habitantes coñecidos do que vai ser co tempo o pazo de Xerlís foron **Fernando Alonso** e a súa muller **Inés Rodríguez de Castro**.

Inés Rodríguez era filla de *Gracia Rodríguez* (1536-1593) do *pazo de Preguecido*[406], e de *Diego de Castro*, escribán, fillo de Juan Castro, casado ao parecer en Cabanas, que foi xuíz na vila de Baños, onde morreu, e de ascendencia xudía.

O 22 de xullo de 1600 o prior do mosteiro de Sar, Francisco Valles, fixo foro por tres voces ante Pedro das Seixas a Inés Rodríguez, viúva, de "*un molino en el río Mollarrabo abajo del puerto de Mollarrabo con más la heredad que está junto al río y molino hasta donde se juntan los ríos de Pernabia y Sanjurjo, que hasta ahora habéis poseído de mano del monasterio por renta de siete ferrados en carga y seis en anega, tres en rapada, y dos gallinas*". Sen embargo, como alí vivía Domingo de Quintas, en 1604 aínda o seu fillo non tomara posesión de dito foro.

Inés Rodríguez o 2 de setembro de 1615 vendeu por 20 ducados un terreo de 18 ferrados de pan "*por juro de heredad a vos Pedro de Casal Daleira*[407] *, escribano de número y juzgado de Tierra de Tabeirós que estáis presente, que compráis para vos y María Rodríguez de Castro vuestra mujer y herederos"…"el terreno y leira que se dice de Piñoi, sita en el lugar de Sandá (Tabeirós) que yo y mi marido Fernando Alonso hemos comprado a María de Tosar, viuda que fincó de Rodrigo de Tosar y la dicha escritura pasó ante el escribano Alonso de Souto*"[408].

Sucedeulles o seu fillo:

Fernando Alonso Rodríguez de Castro casou con **Alberta Vázquez Desevil**, filla de *Simón Vázquez*[409]. E o 7 de novembro de 1624 ambos compraron a Urraca Paseiro, viúva de Alonso de Tosar e veciña de Tabeirós, a terceira parte do lugar de Tosar sito en Tabeirós (muíños, devesas, augas, soutos, etc.) que tiña por herdanza do seu fillo Juan de Tosar, defunto. Ademais vendeulle a veiga de Mixinde, a horta do Rego en Tosar, a herdade de Albán, así como as casas vellas e cortes en Tosar, todo elo por 50 ducados.

Anos máis tarde, Simón de Rubalcava, o administrador do mosteiro e priorado de Santa María de Sar e de San Xoán da Coba o seu anexo, fixo foro en Ponteulla o 21 de febreiro de 1636 a Fernando Alonso e a Alberta por tres vidas e tres voces dos seguintes bens:

-unha casa terreña na que vivía Domingo de Quintas cunha "cortella" e leira de medio ferrado, que estaba á porta de la casa.

-unha herdade chamada Mollarrabo e parte dela labradía e outra a monte, e o muíño que estaba no río Mollarrabo preto da herdade e a un tiro de pedra do río Grande.

-unha casa, con eira e muíño en San Xurxo de Cereixo, de nome Mollarrabo, que o levaba *Fernando Alonso* como herdeiro e fillo de *Inés Rodríguez de Castro*, e que antes se apeara por Alexos Vázquez o 2 de setembro de 1574 (Os seus netos discutirán se estas propiedades

406 Cfr. *Pazo de Preguecido*, páx. 165 ss
407 Cfr. *Pazo de Correáns*, páx. 86 ss
408 ARG. RA.12342/7
409 ARG. RA. 23114/39

pertencían só a Fernando, que fixera testamento mellorando a un dos seus fillos, ou tamén a Alberta, que non mellorara a ningún).

E aforouse todo en canon anual de oito ferrados de centeo e dúas galiñas, "*el centeno limpio y seco de polvo y paja*" medido pola medida de Ávila. E en setembro de 1637 Fernando Alonso tomou posesión destes bens, que nestes tempos se describe así: "*para la posesión el escribano le entregó tierra y piedra, barro, teja y madera y por dichas insignias se le dio la real posesión, y entró en la casa y abrió sus puertas… y luego tomo tierra y hierba y paseó por sus heredades… tomando posesión pacífica y ante testigos*".

Alberta Vázquez, a súa muller, aportara ao matrimonio como dote 1.000 ducados, cos que Fernando comprou o oficio de escribán e arranxou varias casas da súa propiedade. Foi, pois, escribán de S.M. e de número de Tabeirós e logo renunciou tal oficio no seu fillo Diego, pero que se perdeu trala súa morte. En 1673 a escribanía estaba valorada en dous mil ducados.

Fernando Alonso fixo testamento o 12 de marzo de 1647 ante Pedro Gómez de Villar, escribán de Codeseda, facendo mellora de terzo e remanente de quinto de todos os seus bens en seu fillo *Diego*, que chegou a tomar posesión deles. Sen embargo trala morte de Diego, Fernando, se ben se reservaba o usufruto, volveu a facer escritura de mellora no seu fillo *Jerónimo* o 3 de marzo de 1657, o cal loxicamente ía crear conflitos.



Fachada sur e solaina. Ano 2010

Fernando Alonso morreu en maio de 1659, dous anos despois da súa muller[410]. O 14 de xuño de 1659 pídese que se faga reconto dos bens raíces e mobles, xa que moitos estaban en mans de Jerónimo. Polo que un mes máis tarde o escribán Pedro Rodríguez de Leira cita aos irmáns Antonio e Jerónimo, e ao sobriño Antonio del Corral, fillo de Catalina de Castro, para facer o inventario, facendo reconto do que había na casa principal e na que había ao lado, onde vivía Jerónimo. Ademais de distintos bens mobles que se citan como unha artesa de amasar, huchas para gardar o gran e diversos utensilios de cociña, enuméranse 20 ovellas, 16 cabras e cabritos, 5 vacas e unha becerra, valorado dito gando en 62 ducados, así como 13 eguas e 2 poldros.

410 ARG. RA. 16632/14

Antonio, cura de Olives, tomou posesión do lugar de Mollarabo, pero aos cinco años foi despoxado por Andrés Gómez del Villar, o seu sobriño político, de quen se fala a continuación.

Fernando e Alberta tiveron cinco fillos:

1.- *María de Castro*, que casou o 13 de xuño de 1642 con *Gregorio Gosende*, que tiña sido nomeado polo arcebispado escribán de Cerdedo o 20 de xullo de 1641. Gregorio era seguramente fillo do capitán Alonso Gosende e da súa muller María Quinteiro.

O pai de María fixera escritura de dote a seu favor o 27 de xullo de 1640, ante o escribán Agustín de Castro, na que se ofrecían 500 ducados, dos cales 100 serían en cartos, 200 ducados en rendas en Vinseiro, Cerdedo, Tosar e Vilarchán, e outros 200 ducados en diversos bens: vacas, cabras, ovellas, alfaias de casa e roupas, a satisfacción de dous homes nomeados por cada parte. O diñeiro debía entregarse a metade o día da voda e o resto o día de Nadal próximo. De feito pagáronse 40 ducados o 13 de xuño de 1642, 29 ducados o 22 de agosto e 32 ducados o 20 de setembro do mesmo ano, segundo consta nos recibos.

Tras terse separado, María demandou a Gregorio en 1651 polos bens dotais, esixíndolle 300 reais[411]. Gregorio que nese momento estaba tullido e encamado, segundo se di no preito, foi expropiado polo Alcalde Maior duns bens "a menor prezo", a pesar de que el non fora citado e polo tanto non puidera defenderse, é máis, el dicía que non recibira o dote xa que non existía carta de pago.

Tiveran por fillos a *Inés Gosende* que casou con Bartolomé Gómez Touriño, a *Andrés* e a *José Gosende*, que casaron en Cuntis con Dominga e Lucía Núñez Durán, fillas de Sebastián Núñez de Cardecid e María Durán, e netas do tamén escribán de Cuntis Domingo Núñez de Cardecid e de María do Campo Gulías, natural da casa de Lerce (Forcarei).

Pero Gregorio tivera unha filla de María Suárez estando ambos libres e solteiros, que se chamaba Madanela, á que Gregorio dotou ante Juan de Quintillán o 8 de febreiro de 1645 con 400 ducados. E en marzo de 1652 ante Juan de Quitillán fixo unha doazón entre vivos dunha casa xunto á fonte de Cerdedo e da herdade de Carballás xunto a ponte de Madeiros a favor da súa neta Jacinta, filla de Madanela e Bartolomé Monteagudo.

O 1 de xullo de 1655 Gregorio deulle plenos poderes a seu irmán Alonso para administrar os seus bens, pois el estaba tolleito e na cama. Alonso nos días seguintes ante Francisco Darriva vendeulle a seu fillo Bartolomé moitos dos bens de Gregorio, que logo máis tarde lle cedeu a seu pai.

María morreu en xaneiro de 1653 e Gregorio faleceu o 20 de xaneiro de 1656 con todos os sacramentos.

Trala súa morte, tanto Alonso Gosende como Madalena Gosende foron demandados polos fillos lexítimos de Gregorio –quen en distintos documentos dicía que non tiña fillos-, que pediron e conseguiron no só os bens de seu pai Gregorio, senón tamén o valor dos froitos desde que morrera seu pai[412].

2.- **Diego de Castro** (*que segue*)

3.- *Antonio de Castro*. Foi bautizado o 7 de marzo de 1638 na parroquia de San Xoán Apóstolo de Santiago, aínda que o reitor certifica que non atopou a súa partida de bautismo,

411 ARG. RA. 16014/6

412 ARG. RA 19245/78

pero que lle consta que foi bautizado alí. Foi ordeado de maiores en 1661 e 1662 e foi cura de Olives e de Pardemarín.

4.- *Catalina de Castro*, que recibiu como dote o lugar de Nogueira (Callobre) e casou en 1633 con Amaro Sueiro del Corral, escribán, e tiveron en 1644 un fillo, Antonio, que foi cura de Olives, e a María, que casou con Luís Feijoo Araújo, veciño de Santiago de Anllo (Ribeiro de Avia) sendo pais de Beatriz, Ignacio, Pedro e Juan Antonio, abade de Sta. Mª de Liber. Ela morreu pouco antes que seu pai, é dicir, antes de 1659.

5.- *Jerónimo de Castro*, nacido en 1629, casou en Cuntis cunha cuñada dos seus sobriños Andrés e José Gosende chamada María Núñez Durán, veciña de Cuntis, e que casara primeiro con Alberte de Ameixeiras. Jerónimo tivo varios preitos, en 1671, en 1673 e logo outro en 1676, pois non estaba de acordo coas partillas que se fixeron dos bens dos seus pais, xa que dicía que os bens da súa nai, que morrera sen testamento, debían repartirse en partes iguais, sen ter en conta o morgado.

Diego de Castro casou **Inés López Durán**. Inés, filla de Alonso Durán e de María Núñez, casara primeiramente con *Diego de Castro Varela*, veciño de Lagartóns, fillo de Martín Varela de Piñeiro, veciño de Guimarei, e da súa esposa Elvira de Castro[413], veciña de San Estevo de Lagartóns, filla esta de Diego de Castro e de Gracia Rodríguez[414] .

Diego, escribán de número de Tabeirós como seu pai, foi dono de parte do lugar de Xerlís onde vivían os seus proxenitores, así como dos lugares de "*Mollarrabo y Cerdedo con sus casas, montes y refríos, árboles y los más bienes anexos, juntamente con otros más muebles raíces*".

Seu pai prestoulle 40 ducados para casar, cuns réditos de dous ducados ao ano, que antes de morrer recoñeceu en escritura do 5 de febreiro de 1650 ante o escribán Bartolomé Touriño, marido da súa sobriña Inés Gosende.

Diego e Inés, unha vez casados, posuíron e foron donos do lugar de Mollarrabo, Rebordiños, Campo da Vella, O Salgueiral, a metade da Mamoa e Chouso de Medio, o Alargo de Souto e a herdade que está xunto á ponte de Xerlís.

Diego fixo a casa de Xerlís onde logo viviu a súa viúva. Morreu antes que os seus pais, en 1650, polo que a herdanza dos seus pais pasou directamente ás súas fillas.

Froito do matrimonio foron:

1.- *Jacinta de Castro*, que casou sobre 1675 con *Benito Gómez del Villar*, natural de Codeseda e que tamén era escribán de S.M. El era fillo do xa citado Pedro Gómez del Villar, escribán "*propietario in solidum*" do coto de Codeseda e da súa xurisdición, que en 1628 xa casara con María Quintillán, filla de Juan Quintillán e de Catalina Gago, esta filla de Pedro Gago. Benito era irmán de Andrés, Juan e Pedro, que eran escribáns, e de Francisco, cura vicerreitor de Santo André de Souto e de San Miguel de Arca.

O 6 de marzo de 1689 os irmáns Francisco e Benito Gómez del Villar instituíron a capelanía Padroado de Legos en advocación de San Antonio de Padua, en Codeseda, con carga e pensión de seis misas rezadas cada ano, ante o seu curmán e escribán real Gonzalo del Villar, dono do *pazo de Monteagudo* en Codeseda.

413 Martín e Elvira tiveron por fillos, ademais de *Diego de Castro Varela*, a *Inés Varela*, que casou con Álvaro Vázquez Bermúdez de Castro, de San Paio de Figueroa, e a *Martín Varela de Piñeiro*, escribán de San Xiao de Guimarei, que casou en 1627 con Juana Docampo Gulías, da casa de Lerce, e que tivo unha filla natural, Francisca de Castro, esposa de Baltasar de Picáns. Diego e Martín en 1654 tiveron un preito (ARG. RA.8486/103) contra a súa irmá Inés a causa das partillas.

414 ARG. RA. 19443/35

En 1671 Benito tivo un preito[415] con Pedro Blanco del Villar e irmáns, fillos de Gregorio, pois este lle vendera a Benito a metade da herdade da Gandaroa en Insuela (Codeseda) e os seus fillos querían recuperala reintegrándolle o importe.

Jacinta, aínda que era filla e esposa de escribán, non sabía firmar. Vivía xunto co seu marido Benito en Xerlís na que se chamará *casa de Badía*[416], que lindaba coa da súa irmá Antonia.

En 1721 cando casou a súa filla Isabel xa faleceran Benito e Jacinta. Froito do seu matrimonio tiveran por fillas a:

a) *Agustina Gómez de Castro*, que casou con *Pedro Antonio de Valiñas*, escribán, e vivían en Santiago de Compostela. Nos anos 1708-12 tiveron un preito contra o matrimonio Teodoro e Ana de Leira, naturais de Correáns e de Parada respectivamente, por unhas rendas en Barbude, pois Agustina dicía que esas rendas eran vinculares e que non se poderían vender e que, sen embargo, en 1656 Francisca de Castro, que como temos visto era fillastra de Inés López (a avoa de Agustina), vendéraas por oitenta ducados a Pedro Rodríguez de Leira, o pai de Ana Leira.

En 1727 Agustina vivía en Trasmonte (Barbude) e estaba casada con *Pedro Arén Losada*[417]. O 27 de xaneiro dese ano vendeulle por 75 ducados a seu curmán e cura de Olives don Juan Antonio unha casa en Villarderrabo e o chouso contiguo, que herdara de seus pais.

b) *Isabel Gómez de Castro*, casou o 30 de marzo de 1721 con *Ignacio Araúxo Pedrosa*, fillo de Francisco e Ana, veciños de Sta. Cruz de Castrelo, e irmán de Antonio Benito cura de San Miguel de Regueira (Xove. Lugo). Vivían en Xerlís onde tiñan arrendadas terras do marqués de Guimarei polas que pagaban 3,25 ferrados de trigo e dous capóns.

Ignacio foi sepultado o 18 de agosto de 1756, sen ter feito testamento, e Isabel foi enterrada en Tabeirós o 14 de agosto 1774.

Tiveron unha filla, *María Luisa*, que foi bautizada o 21 de novembro de 1731, pero morreu nova, e a *José de Araújo Pedrosa* a quen a súa nai 5 de setembro de 1767 ante Ángel de la Fuente nomea herdeiro, pois era o seu único fillo.

c) *Liboria Gómez de Castro*, que casou con *Francisco Araúxo Pedrosa*, o mesmo día que a súa irmá Isabel xa que, como os seus pais, casaron as dúas irmás con dous irmáns (matrimonio "a troco", moi habitual nestas terras naqueles tempos).

d) *Antonio Gómez de Castro*. Sucedeu a seu tío Francisco Gómez del Villar como patrón da capela de san Antonio en Codeseda. Era o vinculeiro, pero como era cura fixo un vínculo cos seus bens (casa en Xerlís e terreos en Xerlís e Cereixo) o 4 de setembro de 1716 ante Simón Rodríguez, reservándose o usufruto e nomeando como sucesor a seu irmán Francisco, clérigo de menores, ata que chegase a ter suficientes rendas ou morrese, e en segundo lugar deixaba como sucesor ás súas irmás Liboria e Isabel, aquela que vivise na casa paterna, e a falta dela a Agustina, ou se non a Mª Rosa, e a falta deles a seu curmán Baltasar e por último a Gonzalo Gómez del Villar rexedor e tesoureiro do Santo Oficio.

e) *Francisco*, que en 1716 era clérigo de menores.

f) *Gaspar*, que fixo testamento ante Francisco Nodar en favor do seu irmán cura Antonio, e que morreu antes de 1716.

g) *Rosa Gómez de Castro*, que casou en San Cristovo de Couso.

2.- **Antonia de Castro** (*que segue*)

415 ARG.RA. 4160/99

416 Páx. 227 ss

417 BERTOLO BALLESTEROS, J.M. *O arquitecto Pedro Arén,…* o.c

Antonia de Castro casou en 1664 con **Andrés Gómez del Villar**, escribán, un dos dous de número e audiencia de Tabeirós e coto do Viso.

A nai de Antonia, xa viúva, xunto ao seu tío Antonio Castro, fixeron escritura de dote o 28 de maio de 1664 ante o escribán Juan de Castro, veciño de Nigoi, e como testemuñas figuran Andrés López Durán, veciño de San Andrés de Somoza e o clérigo Francisco Gómez del Villar[418]. Antonio ofreceulle a súa parte nos bens raíces en Xerlís, que recibira dos seus pais, así como os froitos dun ano do beneficio de Santa Baia de Pardemarín e os años que se recollesen de dezmo. Mentres que a súa nai Inés ofreceu a parte e quiñón que tiña en Xerlís, a metade de todos os seus bens mobles incluídos os gandos maiores e menores, así como unha casa e cinco fanegas e media de pan de centeo de renda no lugar de Pazos en Olives co seu dereito de propiedade e co dereito de presentación do beneficio de Santa María de Olives -se ben debía compensar a súa irmá Jacinta con outras cinco fanegas de pan no lugar de Trasmonte-, e outras rendas no lugar de Loureiro de Arriba (Portomarín) onde vivía Pedro Durán e doce ferrados que se lle pagaba en Tabeirós. Tamén lle deixaba libre e desocupada toda a lexítima e bens raíces que lle tocaban por herdanza do seu pai.



Restaurando no ano 2012.

Andrés Gómez del Villar tomou posesión do dote coas cerimonias pertinentes o 20 e 21 de outubro de 1664 en Olives e en Xerlís, uns días máis tarde no lugar de Casanova en Tabeirós e, meses máis tarde, tomou posesión da doazón que lle fixera o tío cura D. Antonio, trala aprobación do provisor de Santiago (22 de novembro de 1664), que se retrasou ata marzo do 65 xa que o cura puxo algúns impedimentos.

Logo o 2 de novembro de 1666 compraron por cen ducados a Jerónimo de Castro a parte e quiñón dos lugares de Xerlís e Mollarrabo, que era de foro do Mosteiro de Sar, excepto a herdade de Campo da Vella, que era de foro da capela de Nª Sra. da Piedade da fortaleza de Guimarei, "*con las cargas y pensiones que se pagan a dichos señores del directo dominio*".

418 ARG. RA. 23114/39, 14973/210

Andrés era irmán de Benito quen, como temos dito, casou posteriormente con Jacinta, a irmá de Antonia. Vivían na súa casa principal de Xerlís "*con sus salas, apartadizos, suetano, cocina, caballerizas, solana, corrales con su aira y guertta y un prado que todo está junto a dicha casa…que todo está marcado y amojonado y confina con el mas lugar que en tiene* [Dª Antonia] *y con el de los herederos d Dª Jacinta de Castro que dicha aira guerta y prado lleva una sembradura quitado dicha casa de diez ferrados de zenteno poco más o menos*". Pero alternaban esta residencia con Santiago.

O matrimonio fixo vínculo de varios bens raíces e alfaias de prata, que serán obxecto de disputa máis adiante. Andrés fixo o testamento[419] o 15 de decembro de 1702 ante Jacinto de Fonte, onde declaraba como lexítimos a seus cinco fillos e deixaba a mellora a seu fillo Baltasar deixándoo como "*patrón de los beneficios curados de Santa María de Olives y Sta. Eulalia de Pardemarín su anexo de que nos hallamos únicos presenteros y patronos para que haya y lleve dicho tercio y quinto de bienes y patronato desde nuestros fallecimientos,… a condición de que no se ha de repartir ni dividir ninguno de ellos ni trocarse,…y han de andar siempre juntos e incorporados con dicho patronato en una sola persona, …y que si en contrario se hiciesen por nuestros hijos y sucesores en dicho vínculo no surtan efecto en juicio ni fuera del….y con la obligación de dar y poner en estado a sus hermanos y hermanas conforme a su calidad, y no haciéndolo pase a Pedro…*" e se non a Helena e se non a Jacinta.

Antonia finou o 6 de agosto de 1728 en Olives, onde levaba catro anos co seu fillo Juan Antonio, con testamento ante Amaro Fernández, escribán de san Miguel de Bendoiro.

Xeraron a:

1.- **Baltasar Gómez de Castro** (*que segue*)

2.- *Juan Antonio Gómez de Castro*, que foi bautizado o 28 de xuño de 1671 tendo por padriños a Pedro Romero de Acosta reitor de San Xiao de Guimarei e Santo André da Somoza e a Jacinta López de Castro. Recibíu as ordes sagradas entre 1687 e 1698 a título da capelanía de San Roque da parroquia de Santo André de Souto. Logo foi cura e reitor de Santa María de Olives e de Pardemarín o seu anexo, para cuxa igrexa comprou unha imaxe da Virxe xunto cos seus fregueses.

Juan Antonio adquiriu de Mª Jacinta Gómez das Seixas, viúva, un dos oficios de escribanía de Tabeirós e coto de Viso por escritura que pasou ante Antonio Vaamonde, escribán de Codeseda. E o 13 de novembro de 1725 ante o escribán Francisco Nodar cedeulle a escribanía a seu irmán Baltasar por 750 ducados que lle custara dito oficio máis 400 reais anuais de renda. A cesión é en realidade un usufruto pola súa vida, pero se falecía primeiro Juan Antonio dita escribanía quedaba para Baltasar.

Legou á súa sobriña Jacinta cincuenta ducados e obxectos de prata entre outras cousas, pero é a Baltasar a quen deixa como herdeiro da lexítima, con licenza da súa nai, e do padroado de Codeseda mediante documento feito o 15 de novembro de 1706. Tamén agregou diversas rendas á fundación da capela de san Xoán Bautista. E á súa criada, Francisca de Brea, deixoulle mentres vivise un prado en Castrelo (Pardemarín) por terlle servido a el e a seu antecesor D. José Clemente Gómez de Castro.

Finou en Olives o 29 de agosto de 1750, con testamento ante Domingo Antonio Rodríguez de Fraga, escribán de Tabeirós.

3.- *Pedro Gómez de Castro*, que en 1714 aínda era só clérigo de Ordes menores e que logo foi cura en San Pedro de Quintillán. A herdanza que lle correspondía deulla a seu irmán Baltasar. Finou en Olives o 23 de febreiro de 1720.

4.- *Helena Gómez de Castro* que casou con *Gabriel Torrente e Torres*, veciños de santa Baia de Dena (Meaño. Pontevedra), cuñado do seu irmán Baltasar. Ao morrer seus pais e tamén

419 ARG. RA. 2169/1

os seus sogros, fixéronse as partillas, e ela recibiu o lugar de Figueiras, o de Insuela co pombal e a metade da casa, o lugar de Villarrabo e algunhas rendas, todo o cal importaba 7.289 reais, que é o que lle tocaba pola lexítima.

Tiveron por fillos a Manuel Francisco, colexial de Fonseca, e a Jacinta Benita que casou en 1722 en Dena con Alonso Becerra e sobre 1740 con Jacobo José González Gutiérrez, de San Román de Santiso (Lalín),

5.- *Jacinta Gómez de Castro* que casou con *Mauro Antonio Gutiérrez del Río*, e que foron veciños de San Miguel de Bendoiro.

Baltasar Gómez de Castro, escribán de número da xurisdición de Tabeirós e coto do Viso, veciño de Xerlís, casou primeiramente con ***Teresa Jacinta Torrente e Torres***, filla de Gabriel de Torrente Rivas, que tiña os seus bens en Dena e en Noalla (Pontevedra), e de María de Torres, que tiña bens en Quintáns (Codeseda).

Foron pais de:

1.- *María Josefa Gómez de Castro*. Foi dotada[420] o 24 de xaneiro de 1727 polo seu tío cura Juan Antonio, para casar con *Alonso Soto e Cortés*, da casa de Hermosende en Millerada (Forcarei), que á súa vez foi dotado polo seu irmán cura Sebastián Soto. Tiveron por fillos a:

a) *María Ignacia de Soto*, nacida en Millerada o 24 de agosto de 1731 e bautizada polo tío-avó Juan Antonio Gómez de Castro, cura de Olives e Pardemarín, casou con *Alonso Varela Recimil*. Vivían en Vilar (Millerada).

b) *Sebastián Francisco de Soto*, que naceu o 8 de maio de 1737 (posiblemente morreu de neno ao igual que o seu seguinte irmán xa que máis tarde hai outro Sebastián).

c) *Sebastián de Soto*, que naceu o 23 de decembro de 1738.

d) *Manuela Vicenza de Soto*, que se bautizou o 26 de agosto de 1741.

e) *Francisco Antonio Ventura de Soto e Cortes*, que será o patrón da casa de Hermosende en Millerada.

f) *Sebastián Antonio Baltasar de Soto*, nacido o 25 de outubro de 1744.

2.- *Manuela Francisca Gómez de Castro*. Casou con Pascual Valladares, fillo de Fernando Valladares e de Froilana del Río e Rozas, do lugar da Somoza en Olives. Foron pais de Bernardo Valladares que casou con María Gómez, os avós paternos do escritor Marcial Valladares Núñez[421].

En 1714 Baltasar agregou rendas no lugar de Mesadoiro en Pardemarín á capela dedicada a san Xoán Bautista, da que era patrón, deixando á súa filla maior, Mª Josefa, como sucesora en primeiro lugar, pero se tivese fillos varóns, lle sucedesen estes.

Como a súa esposa morrera o 21 marzo 1718 -e sepultada no coro da igrexa parroquial-, o 14 de xaneiro de 1724 decidiuse facer as partillas dos bens dos seus pais así como dos seus sogros, estando de acordo as partes implicadas[422]. Por parte dos seus sogros, que tiñan catro fillos (Teresa, a súa muller, Francisca que tamén casou, Antonio que era maxistral en Tui e Gabriel, o marido da súa irmá Helena Gómez de Castro), Baltasar recibiu como pai das súas fillas os bens que María de Torres tiña en Quintas (Codeseda). Logo o 5 de marzo de 1724 firmaron un convenio polas partillas Baltasar e seu cuñado Gabriel ante Nicolás de Ortega.

420 AHUS. Protocolos de Simón Rodríguez
421 Cfr. *Casa de Vilancosta*, páx. 491 ss.
422 AHUS. Protocolos de Francisco Nodar.

Por parte dos seus pais, valoráronse os bens, sitos en Xerlís, Castroramiro (Santo André de Somoza), Villarrabo (S. Xurxo de Cereixo), Insuela e Filgueiras (Codeseda), así como rendas en diversos sitios valoradas en 12.727 reais, todo o cal importaba 68.137 reais, sen contar as casas en que vivía Antonia, a fundación feita por Fernando Alonso de Castro (casas, muíño, horta, etc.) e a fundación feita polo seu tío D. Francisco Gómez del Villar, presbítero, do lugar de Insuela. Dado que Baltasar tiña a mellora, segundo o testamento do seu pai, e ademais a lexítima do seu irmán cura Juan Antonio, adxudícaselle todo o de Xerlís, o de Castrorramiro e o padroado de Santa María de Olives. Ademais o seu outro irmán, Pedro, tamén lle lega a súa lexítima, polo que a súa irmá Helena se queda co lugar de Filgueiras, Insuela e Villarrabo.

Logo o 5 de marzo de 1721 casou na parroquia compostelá de Nª Sra. do Camiño con ***Francisca Fabiana de Quiñones e Andrade***, filla de José Quiñones (que fixo testamento o 17 de xuño de 1738) e de Benita Andrade.

Fabiana morreu o 2 de setembro 1739 e foi sepultada na capela maior da igrexa. Para os gastos das enfermidades de Francisca e para os funerais, Baltasar vendeu en 1741 ante Francisco Nodar vinte ferrados de pan no lugar de Fraíz, que eran da súa muller, por 180 ducados. Baltasar fixo testamento cerrado en poder de Juan Calvelo, escribán de número de S.M en Guimarei, e foi sepultado o 30 agosto 1750 asistindo ao enterro 24 sacerdotes.

A descendencia de Baltasar e Francisca:

1.- **Manuel** (*que segue*)
2.- *Baltasara Gómez de Castro*.[423]
3- *Jacinta Antonia Vicenza Gómez de Castro e Quiñones,* que foi bautizada o 5 de maio de 1727 en Xerlís sendo o seu padriño Sebastián Soto e Cortes, reitor de San Amedio de Millerada e construtor do *pazo de Hermosende*. Casou con *Manuel Piñeiro Reimóndez*, bautizado 4 de febreiro de 1726, fillo primoxénito de Alonso Piñeiro Reigosa e de Manuela Reimóndez de Figueroa, veciños de Santa Mariña de Ribeira. Os seus pais prometéronlle un dote mediante documento realizado ante o escribán de San Martín de Barbude (pero natural de Castrelo) Pedro de Arén e Losada o 14 de febreiro de 1747, logo casaron o día 24 de xuño de 1747, e o 11 de decembro do mesmo ano firmaron a liquidación de entrega de todo o dote ante seu tío cura Juan Antonio Gómez Castro. O dote dos seus pais consistía en 3.300 reais, dúas vacas, así como mobles, roupas e xoias, e ademais seu irmán Manuel, da renda que lle tocaba pola súa nai, dotouna con rendas de centeo e millo en San Miguel de Curantes, en San Breixo de Lamas, en Barbude, Berres, etc. Pero en caso de falecer sen herdeiros debíaselle devolver a Baltasar, a Manuel ou a seus herdeiros.

Manuel Piñeiro en 1756 tivo un preito[424] coa súa nai polos bens do morgado. Foi acusado de maltratala e de votala da casa. Pero chegaron a un convenio[425].

O 10 de decembro de 1758 ante Pedro Antonio Domínguez vendeu a Juan Otero[426], veciño de Riobó uns bens que eran de Jacinta por herdanza materna e que tiña en preito en Valladolid contra Rosendo Mariño e outros.

En 1762 recibiu en foro unhas terras situadas en Vilancosta de parte de Manuel Jacinto Núñez de Monteagudo Valcarcel Miranda como dono do vínculo fundado por Garcia Núñez e a súa esposa Beatriz Núñez[427].

423 Cfr. *Casa de Badía*, páx. 227 ss
424 ARG.RA. 14283/34
425 ACS P 213/2 fols. 7r-8r
426 Da *casa da Mota*, cfr.: páx. 369 ss
427 ARG. Protocolos de Pedro Antonio Domínguez . Cfr. *Casa de Araúxo* e *Casa de Vilancosta*.

Uns bens en Olives, que pertencían a Jacinta por herdanza da súa nai e por dote, vendéronos a Juan Otero da *casa da Mota* (Riobó) por 24.606 reais.

Tiveron por fillos a Josefa, que antes de casar estivo de "doméstica" na casa do seu primo cura Pedro Andújar en San Breixo de Lamas, e a José Francisco, nacido o 21 de xullo de 1749 en Ribeira, que foi receptor da Real Audiencia e que iniciou un expediente de fidalguía[428].

Precisamente Jacinta tivo un preito contra seu fillo José Francisco, para recuperar os seus bens dotais así como o legado que lle fixera o seu tío cura, xa que vivía a expensas do seu xenro *Pascual da Pena*, veciño de San Xiao de Guimarei.

A familia de Manuel Piñeiro podemos retrotraela ata ***Alonso Piñeiro*** *casado con* ***Gracia Rodríguez****, cuxo sucesor foi* ***Gregorio Piñeiro****, que fixo vínculo de seus bens que herdarán os vinculeiros e que casado con* ***Catalina Rebola*** *tiveron a:*

Rodrigo Piñeiro *casado con* ***Antonia Outeiro****, pais de:*
Frutuoso Piñeiro de Campos *que casou con* ***Dominga Piñeiro****. Esta tiña un irmán, Gregorio de Piñeiro, que casou con Magdalena de Gosende, de Cerdedo, dona dun lugar en Raposeiras (Cerdedo) cuxas rendas tiñan un valor de 45 ferrados de pan (que logo venderá Alonso Piñeiro, o pai de Manuel). Como Gregorio e Magdalena tiveron un fillo, Gregorio, que morreu de neno, o pai fixo vínculo e morgado dos seus bens e dos que pertencían a seu fillo, legándoos á súa irmá Dominga Piñeiro.*
Frutuoso e Dominga tiveron como fillo e sucesor a:
Domingo Piñeiro *casado con* ***María Juana Piñeiro****, que tivo a:*
Manuel Piñeiro e Campos *casado con* ***Ana Eufemia de Reigosa****, filla de Gregorio Reigosa e Mariana Gamallo, irmá de Alonso e de Madalena Reigosa, veciños de Garellas en Millerada. Ana Eufemia faleceu o 22 de marzo de 1698. Bautizaron a seus fillos en Cora:*

1. Mª Magdalena, bautizada o 30 de agosto de 1685.

2. Gregorio, bautizado o 4 de setembro de 1686 sendo padriño Gregorio Otero, o vicerreitor, e Constanza Núñez, filla de Jacobo, escribán de Cora. Morreu de neno.

3.- Rosa Ignacia, bautizada o 6 de marzo de 1688 sendo os padriños o presbítero Diego Núñez Varela e a súa sobriña Micaela (filla de Isabel Núñez Varela e do escribán Jacobo Núñez[429]). Casou o 11 de febreiro de 1714 con Rosendo Mariño, fillo de Antonio e Catalina Vázquez, veciños de Padrón. Rosendo, con testamento ante Nicolás de Barcia, foi enterrado o 9 de maio de 1762 e Rosa o 16 de maio de 1771 con testamento ante Bernardo Pose, escribán de Santeles. Pais de:

a) Ana María que casou en Cora o 10 de agosto de 1750 con Francisco Antonio, fillo de Andrés Fernández Taboada e de Tomasa Reimóndez Figueroa, veciños de San Mamede de Castro.

b) Juana, que casou o 8 de maio de 1755 con José Varela, viúvo e ministro do Real Hospital de Santiago.

c) Manuel, que finou solteiro o 29 de marzo de 1794 con testamento ante Nicolás de Barcia.

d) Eugenia, bautizada o 19 de novembro de 1714, faleceu solteira o 13 de xuño de 1750.

4.- Josefa, bautizado o 17 de maio de 1689.

5.- Juan Antonio, bautizado o 12 de agosto de 1690, foi enterrado o 10 de outubro de 1710, estando xa seus pais defuntos.

6.- ***Alonso Piñeiro Reigosa e Castro****, (*que segue*)*

428 AHN Sala de Fillosdalgo, caixa 1166,62
429 Cfr.: Casa de Barcia. Cora. Páx, 244 ss.

7.- Mecía Francisca, bautizada o 7 de abril de 1692, sendo a madriña Mecía Francisca Pimentel, veciña de Sta. Mariña de Ribeira. Finou o 19 de outubro de 1703.

***Alonso Piñeiro Reigosa e Castro**, bautizado o 20 de decembro de 1691, sendo o padriño seu tío don Alonso Reigosa, veciño de Garellas (Millerada. Forcarei). Casou en Lagartóns o 7 de setembro de 1716 con **Manuela Reimóndez de Figueroa e Lis**, filla do escribán Bartolomé Reimóndez e María de Lis[430], foron veciños do lugar de Piñeiro.*

Tiveron numerosa prole pero varios morreron de nenos: Juan Antonio Baltasar (bautizado o 8/1/1718), Juan (29/12/1718), Juana Isabel (21/11/1721), Juan Antonio Micael (8/5/1722) e Francisca María (26/9/1723). Os que chegaron á idade adulta foron:

*- **Manuel Antonio Piñeiro Reimóndez**, (obxecto desta digresión)*

- Andrea Piñeiro Reimóndez.

- María Antonia Piñeiro Reimóndez, bautizada o 18 de decembro de 1729, que xunto con Clara e Eugenia traballaban de criadas en casa do avogado Francisco Santiso, veciño de Ribeira.

- Clara Piñeiro Reimóndez.

- Eugenia Antonia Piñeiro Reimóndez, bautizada o 10 de decembro de 1731 tendo por padriño a Francisco Reimóndez, vicario de Santeles. Foi dotada en Ribeira[431] o 9 de outubro de 1764 para casar con Pedro de Andrade y Freire, viúvo de Mª Antonia Martínez, e fillo de Mateo e Eugenia Freire, realizando a voda en Santa Mariña de Ribeira o 16 de maio de 1765.

- Rosendo Piñeiro Reimóndez, bautizado un día de outubro de 1736 e que de rapaz marchou a Santiago onde traballaba de paxe para pagarse os estudos.

4.-Josefa Dorotea Gómez de Castro, filla de Baltasar e Francisca, naceu en Xerlís o 4 de xaneiro de 1731, bautizada dous días despois, tendo por padriño ao II marqués de Guimarei don José Mosquera e Sotomaior, solteiro.

Manuel Gómez de Castro e Quiñones, que casou con ***Francisca Rodríguez de Barcia*** (*Rodríguez Martínez ou Martínez de Soto*, segundo outros documentos), filla de Marcos Rodríguez de Soto e de María Antonia Martínez de Barcia, esta irmá do racioneiro compostelán Alonso Martínez, fundador da capela de San Ildefonso[432] da igrexa de San Xiao de Guimarei e da que en 1832 seguían a ser patróns os membros desta familia[433].

Manuel tivo moitos problemas económicos -entre outras causas por ser avalista do seu criado- polo que ao longo do ano 1757, de 1758 e mesmo en 1760 vendeu distintas propiedades e rendas ao cóengo Juan Antonio Valladares e Somoza, que tiña casa en Curantes[434]. Con todo veuse obrigado a facer concurso de acredores o 4 de febreiro de 1758, ano en que tamén o fixo Baltasar de Leira e Castro, dono da casa dos Muros en Parada.

No memorial do "concurso de acredores" podemos ver[435] no só quen lle reclamaba débedas senón tamén os bens mobles e raíces que Manuel, un home ben situado de entón, posuía. Este declarou "*Y pª mi decencia aDmás de las ropas que tengo vestidas, tengo dos casacas negras, una desegovia y otra de camellón, quatro chupas de lana y seda de diversos colores, quatro calzones de lo mismo, una bata de paño, dos jaquetillas también de paño, una capa dePardo monte usada y*

430 Cfr, *Casa de Quiñones ou dos Reimóndez Figueroa*, páx. 425 ss
431 ARG. Protocolos de Plácido Vallexo Castro e de Pedro Antonio Domínguez.
432 *Casa e Capela de San Ildefonso*, páx. 457 ss
433 AHPP. Protocolos de Mariano Paseiro
434 Cfr. *Casa de Recarei ou Nugalla*, páx. 443 ss.
435 ARG. RA. 20945/37

otra de Segovia negra con su aforro de Damasco, tres pares de medias de diferentes colores, seis camissas, cuatro calzoncillos, cuatro almillas de lienzo, seis pares de calzetas, tres armadores, dos de satín y uno de Damasco, y aunq^, ay otras ropas de vestir de mi muger y mas familia no las debo yncluir" Y prosigue con los bienes de labranza: "*dos cerdos pequeños, tres bacas, tres jubencos, una jubenca, un potro de año y medio, onze ovejas, y cuatro carneros, que esto tengo entregado a Antº Fern´. mi casero, a qn también tengo entregado los aparejos de labranza como son tres carros, dos ferrados y uno lampo, dos grades, dos arados,… cuarenta y cinco colmenas pobladas, y bacias dieciséis,… también tengo a la puerta de la casa una capilla la q^ tiene los ornatos correspondi.es su calix y patena de plata si se deviesen incluir los señalo*".

En canto aos bens raíces, ademais da casa e bens que en 1757 adquiriu coa súa muller no lugar de Mollarabo en San Xurxo de Cereixo (polo que a metade era da súa muller), "*también es poseedor del vínculo y mayorazgo que han fundado D. Andrés Gómez de Villar y Dª Antonia de Castro, mis abuelos, y D. Juan Antonio Gómez de Castro mi tío difuntos en que incluen las casas donde vivo, y todos los bienes raíces que poseo en el lugar de Gereliz y sus cercanías*" así como diversas rendas en Tabeirós, en Olives, en Pardemarín e en Guimarei.

Debía diñeiro a unhas vinte e catro persoas, entre elas a:

-A súa muller Mª Francisca Rodríguez, a quen debía 5.000 reais, que lle tocaron da lexítima, ademais dos bens que aportou ela ao matrimonio, como son dúas vacas, dous bois, unha mula, un macho, unha egua galega, un porco cebado, así como tres arcas, dous colchóns, catro cobertores, catro mantas, seis manteis cos seus panos de mesa, un pote, etc., etc.

-Ao *señor marqués de Guimarei* debíalle 55 ferrados de centeo e outros froitos, e dous pares de capóns, da pensión dos dous últimos anos.

-Ao *marqués de Santa Cruz* trinta e seis ferrados e dous pares de capóns, pola mesma razón.

-Ao *cura de Santiago de Tabeirós* setecentos reais polo enterro do seu pai Baltasar, así como pola débeda deste á confraría de dita freguesía.

-A D. *Luis Vicente Pereira*, avogado, 250 reais.

-A D. *Juan Antonio Valladares*, cóengo, 18.000 reais.

-A D. *José Bermúdez* da casa de San Paio de Figueroa, 100 reais.

Poucos días despois foi denunciado pois tiña moitos máis bens, que non figuraban no memorial, repartidos en casas de varios veciños nas parroquias limítrofes. Así por exemplo na casa de Domingo Fernández da parroquia de Ouzande deixara varias arcas con centeo, algunha roupa, dúas pistolas, varios caldeiros, etc. Por todo isto e por ter obrado con malicia foi levado ao cárcere de Santiago, onde estivo varios meses, e ademais impúxoselle unha multa.

En 1749 Baltasar Gómez, pai de Manuel, por un codicilo deixara á súa nora Francisca Rodríguez un legado[436] consistente na granxa de Lodeiro en Santa Cruz de Arrabal (Ourense) a pesar de que estaba considerado un ben vincular. Francisca tamén dicía que seu sogro lle dera dúas partes da propiedade de dous muíños e un batán no lugar de Mollarrabo (Cereixo), como acreditaba o testamento ou codicilo. Todos estes bens foron vendidos por Manuel.

Francisca de viúva vivía na casa de Xerlís co seu fillo Andrés, segundo un preito de 1790. Ela foi inhumada o 19 de outubro de 1792.

O matrimonio tivo varios fillos:

1.- ***Andrés Marcelino Gómez de Castro*** (*que segue*)

436 ARG. RA.5043/1

2.- *María Jacinta Gómez de Castro* que naceu o 28 de febreiro de 1747, sendo os seus padriños Caetano de Quiñones e Vicenta Gómez de Castro, el de Baión e ela de Xerlís.

3.- *María Teresa Baltasara Gómez de Castro*, naceu o 11 de setembro 1748. Foron os seus padriños o avó paterno Baltasar Gómez e a súa avoa materna María Antonia Martínez de Barcia, viúva de Marcos Rodríguez de Soto.

4.- *Baltasar Antonio Gómez de Castro*, naceu o 29 de novembro de 1751. Foron os seus padriños Domingo Antonio López de Fraga e a súa filla Baltasara, veciños de Santo André de Somoza. Tivo un fillo, Juan, que casou con Mª Francisca de Arceo e Cadórniga, veciña de Santiago e irmá de Josefa, quen como veremos tivo un preito con Andrés Marcelino.

Andrés Marcelino Gómez de Castro, naceu o 24 abril de 1745. Foron os seus padriños Juan Antonio Gómez de Castro, reitor de Olives, e Baltasara Gómez, veciños de Xerlís. Casou con ***Susana de Nieves Arén***, veciña de Santiago, nacida en Soutelo de Montes e bautizada o 18 de marzo de 1745, sendo os padriños o seu primo segundo Alonso de Soto, de Millerada, e a súa tía Susana Arén, veciña de Folgoso.

Susana era filla de Domingo Antonio de Nieves Álvarez e da súa esposa Jerónima de Arén Losada[437]*, veciños de Folgoso. En 1741 o mosteiro de Acibeiro fixolles foro dunha casa en ruínas e outras propiedades en Soutelo de Montes, a onde se trasladaron a vivir. Domingo refixo a casa e foi dono da Administración de Tabacos de Soutelo e logo da Administración da Estrada, xuíz por un período na xurisdición de Montes e posteriormente mordomo do Real Hospital de Santiago. Foron pais tamén de:*

a.- Josefa de Nieves Arén, nacida en Folgoso sobre 1732 e casada con José Cadavid, fillo de Francisco Cadavid, escribán de Cerdedo, e de Josefa Fernández de Godas. Viviron en San Paio de Figueroa, -pois Domingo empregou a seu xenro José na Administración de Tabacos da Estrada-, onde tiveron catro fillos, entre eles a Mª Ignacia Cadavid Nieves, que casou co escribán Bonifacio Paseiro Andújar.

b.- Teresa de Nieves Arén.

c.- Gonzalo de Nieves Arén, bautizado en Soutelo de Montes o 18 de outubro de 1741 sendo seu padriño Gonzalo Arén e Losada. Foi cura en Santiago.

d.- María Francisca de Nieves Arén, naceu o 19 de novembro de 1743, e bautizada dous días despois en Soutelo sendo os seus padriños Francisco e Francisca de Arén. Casou en Ouzande o 6 de xuño de 1764 con Ignacio Aguayo Aldemunde, fillo de Ventura e de Antonia Jacinta e bautizado o 11 de maio de 1730 na parroquia de San Fiz de Solovio en Santiago, de familia de impresores.

Pouco despois casou na parroquia compostelá de San Froitoso, o 27 de xaneiro de 1765, con Jacobo Vicente Arceo-Cadórniga Neira, de quen tivo cinco fillos: María Tomasa (1767), María Gaspara (1769), Juan Ramón (1772) María Francisca e María Josefa. Viviron en Santiago e en Sergude (Boqueixón), onde foi bautizado seu fillo Juan Ramón.

O 22 de abril de 1768 seu pai Domingo demandou ao seu novo marido, Jacobo de Arceo, pola oferta dotal que se supón lle ofreceu[438]*.*

e.- Mª Ignacia Josefa de Nieves Arén, que foi bautizada en Soutelo o 14 de xullo de 1748, tendo por padriños á súa irmá Josefa e ao escribán Alonso Varela Vaamonde.

En 1765 recibiu por herdanza do seu bisavó José Quiñones os lugares de Baliño, Armo e Doego coas súas rendas e casas e máis bens.

437 BÉRTOLO, J.M. *Pedro de Arén, arquitecto de Terra de Montes* (c. 1635-1699), *e a súa descendencia*, A Estrada Miscelanea Historica e Cultural Num 19 (2016)

438 AHUS Protocolos de José A. Verea

Sendo moi novo, iniciou un preito[439] en 1771 contra José Recarei[440], como marido de Benita de Pazos Valladares sobriña e herdeira do citado cóengo Juan Antonio Valladares, e contra Isabel Gómez de Castro, prima do seu avó Baltasar, por bens en Santa María de Olives, en Xerlís, en Pardemarín, etc., pois, aínda que eran bens vinculares, foran vendidos tanto polo seu pai como polo seu avó.

Pouco despois pediu[441] o embargo de distintos bens, sobre todo rendas de foros sitos en Baión (Paderne), de José Quiñones, fillo de Cayetano Quiñones (este era fillo do seu bisavó José Quiñones), casado con Tomasa Pérez Nateiro, e veciño de San Pedro de Tea, que foron puxados e adxudicados a seu cuñado o presbítero Gonzalo de Nieves por valor de 1500 reais.



Entrada pola cociña. Ano 2010

En 1782 tamén iniciou outro preito[442] contra Teresa Moscoso e Miranda[443], da casa dos Bermúdez de Castro en San Paio de Figueroa, e outros, pois dicía que se quedaran con parte do vínculo fundado polos seus bisavós (Como temos visto, serviran para pagar as débedas do seu pai).

Andrés sobre 1788 comprou ao presbítero Pedro Pérez Varela unha casa coa súa horta anexa na rúa Inferniño, no barrio do Pombal de Santiago, que logo pretendeu ampliar cun dormitorio e balcón, enfrontándose por elo co seu veciño[444].

E en 1802 tamén aparece como dono doutra casa en Santiago na rúa detrás do Colexio de Sanclemente, na que cobraba certas rendas polo lugar de Andújar en Rivadulla[445]. A esta casa facíase levar leña e viño desde Tabeirós, mediante os *arrieiros* José Rivas, veciño de Nigoi, e Andrés Rodríguez, veciño de Ribela.

439 ARG. RA. 2169/1
440 Cfr. *Casa de Recarei ou da Nugalla*. Páx, 445 ss.
441 ARG. RA. 2174/5
442 ARG. RA. 5043/1
443 Cfr. *Casa dos Bermudez de Castro ou dos Sangro*. Páx. 276 ss.
444 ARG. RA 18992/50
445 ARG. RA. .2079/61

Susana fixo testamento ante Bonifacio Paseiro, escribán de Callobre, e morreu dous días despois o 16 de decembro de 1805. Foi atendida nos seus últimos días e na súa casa de Xerlís polo médico e profesor da Universidade de Santiago Dr. José de la Vega, que estaba casado con Mª Josefa Aguayo Nieves, sobriña de Susana. Días despois pasoulle a minuta ao viúvo, quen iniciou un preito ao parecerlle excesiva (tres onzas de ouro). No preito[446] foi axudado polo seu sobriño Ramón José Sánchez de Quiñones.

Logo entre 1813 e 1819 tivo outro preito[447] contra a súa sobriña política Josefa de Arceo e Cadórniga, viúva de Manuel Velasco, a causa dunha egua, propiedade de Josefa e que vendeu a Andrés, segundo el, e que lle deixou en parcería segundo ela.

Froito do matrimonio entre Andrés e Susana foron:

1.- *Baltasara Antonia Gómez de Castro e Nieves*, naceu o 29 de abril de 1768. Foron os seus padriños Domingo Antonio Andújar e Baltasara Gómez a súa muller veciños de San Breixo de Lamas.

2.- *Manuel Bruno*, que foi bautizado o 5 de outubro de 1769 tendo por padriño a don Manuel José de la Cruz provisor. Foi cura de Santa Mª de Olives.

3.- *María Gabriela Jacoba*, que naceu o 25 de xullo de 1771. Foron os seus padriños José Nogueira escribán e Gabriela Moreira a súa muller, veciños de Santa María de Rubín. Casou o 24 de xuño de 1794 con Fernando Carballido, fillo de Diego Carballido e de Bernarda Taboada, veciños de Berres.

4.- *José Gonzalo* que naceu o 31 de xaneiro de 1773, sendo padriños Gonzalo de Nieves, cura ecónomo de San Pedro de Deiro, o seu tío materno, e Teresa Cadavid, veciña de San Paio de Figueroa. José aparece varias veces citado nun preito de 1789 vivindo cos seus pais. En 1798, como era bacharel en leis pola Universidade de Santiago, solicitou o exame de avogado.

5.- ***Benardino Gómez de Castro e Nieves*** (*que segue*)

6.- *Benita Antonia*, que naceu o 13 de xuño de 1777, sendo os seus padriños, Benito Bermúdez cura de San Martín de Callobre e Teresa de Nieves a súa tía materna.

7- *Ignacio Francisco Gómez de Castro e Nieves* que naceu o 21 de febreiro de 1779. Foron seus padriños Ignacio de Aguayo e Francisca de Nieves a súa tía materna, veciños da cidade de Santiago. Pretendeu a tonsura en 1789, pero logo morreu no exército.

8.- *Manuel Esteban Gómez de Castro e Nieves* que naceu o 23 de decembro de 1780, sendo o seu padriño Estevo de Rivas, cura párroco da freguesía de San Xiao de Guimarei. Foi cura en Sta. Mª de Olives, onde a campá pequena da igrexa ten a inscrición de ter sido fabricada mentres el era o párroco, pois a partir de 1825 fixo a igrexa coas dádivas dos veciños, do bispado que dou a 1/3 parte do custe total e del mesmo, que aportou 6.000 reais. Morreu en Olives e os seus sobriños queixáronse de que a herdanza que deixou era moi pequena.

9.- *Juan Antonio*, que naceu o 2 de marzo de 1782, sendo padriños seus tíos José de Cadavid e a súa muller Josefa de Nieves, veciños de San Paio de Figueroa. Foi presbítero e capelán do colexio de Sancti Spiritus en Santiago, e vivía no Real Hospital. Morreu en Xerlís o 28 de xuño de 1818, sendo enterrado dous días despois.

10.- *Manuela Teresa*, que naceu o 23 de decembro de 1783, sendo o seu padriño Manuel de Castro, presbítero e veciño de San Martín de Callobre. Casou o 20 de abril de 1804 con *Andrés Díaz Rodríguez*, fillo de Benito e de Rosalía, veciños que foron de Garavellos (Bande), bispado de Ourense.

11.- *Josefa Benita*, nacida sobre 1785, casou en 1814 con *Ignacio Isidoro de la Campa*, cadete da Escola Militar Externa de Santiago, que era algo máis novo que ela.

12.- *María (Mónica) Francisca* que naceu o 2 abril de 1788. Foron seus padriños Francisco Sanxurxo, presbítero, veciño de San Mamede de Puga, bispado de Ourense e Manuela Gómez veciña da freguesía de Tabeirós.

446 ARG. RA. 12617/19
447 ARG. RA. 2095/44

Benardino Gómez de Castro e Nieves, que naceu o 23 de xullo 1775. Foi seu padriño Gonzalo de Nieves, cura reitor de Santa María de Olives, tío materno.

Sendo avogado da Real Audiencia, casou o 25 de xuño 1806 con ***María Díaz Alonso*** na freguesía de Santa María de Beade (Ourense).

Os pais de María foron o escribán *Juan Bautista Díaz* (que morreu o 19 de xuño de 1812) e *Teresa Alonso*, que tiveron tamén a *José María,* pai de Crisanto, a *Andrea,* casada con Antonio Vilariño, e a *Josefa*, casada con José Andrés Formoso. Acordaron a voda e o conseguinte dote no mes de agosto do ano 1804, pola cantidade de 8.000 ducados de vellón. Deuse como adianto a cantidade de 58.000 reais, en catro partidas e baixo recibo, e o día da voda entregouse o resto, é dicir, a cantidade de 30.000 reais en moedas de ouro usuais, dando recibo e carta de pago aos seus sogros, firmado por Bernardo e Juan, e non por Teresa por non saber.



Casa dos caseiros. Ano 2012

Nos anos 1815 e 1816 Bernardino fixo unha casa ao lado da do seu pai, con canteiros da zona, como Pedro Ribeira, Antonio González e Manuel Batán, que traballaron na construción de dita casa (excepto desde decembro ata marzo por causas meteorolóxicas). Trátase da casa que está a carón e na que logo vivían os caseiros.

O 3 de outubro de 1822 don Francisco Mariño, apoderado da casa dos Sangro, arrendoulle as rendas da casa de Figueroa por 5.900 reais anuais ante Mariano Paseiro.

En 1823 o seu parente Juan Francisco Omaña e Rodríguez, reitor de Sta. María de Cela, deulle a Bernardino e á súa muller unhas rendas na parroquia de Xavestre e Arines, cerca de Santiago, unha casa na Piolla e as alfaias de prata que tiña, mesmo os cálices e ornamentos sagrados e outros bens mobles.

Fixo testamento ante o escribán de Callobre don Bonifacio Antonio Paseiro o 14 de xullo de 1823 no que expresaba o seu desexo de enterrarse na capela da Virxe das Dores da súa parroquia e no que recoñecía que a súa muller levara ao matrimonio 183.000 reais, ademais dalgúns bens mobles, entre dote e herdanza. Así mesmo dicía que seu pai lle deixara a herdanza vincular, pero

que no caso de que dito vínculo non puidese pasarllo ao seu primoxénito a causa das Leis que en 1820 decretaron as Cortes, entón mellorábao en terzo e quinto para que o levase unido á súa lexítima, e que había de gozar da casa que construíu unida á principal durante o seu matrimonio. Agora ben, hai que fixarse –como o fará o seu fillo Paulino- que lle deixa o morgado a seu fillo primoxénito, José, pero non di nada de que lle suceda o seguinte en caso de que este falecese.

Na freguesía de San Fiz de Varón no Carballiño (Ourense) o 20 de agosto de 1823 deuse sepultura eclesiástica dentro da igrexa, na capela que chaman do Ribeiro e Lobeiras, ao cadáver de Bernardo Gómez de Castro, que faleceu indo desde a súa casa de Xerliz cara aos Baños de Cortegada.

Trala súa morte abriuse o "*Libro do Lcdo. Bernardino Gómez de Castro en que se comprenden algunhas débedas e gandos en parcería e outras cousas*". Nel constátase que tiña en parcería 22 cabezas de gando vacún por valor de 6.050 reais, así como que lle debían diversos veciños cantidades cuxo montante ascendía a 5.154 reais. Por outro lado achábase na súa casa títulos de propiedade de casas, terreos e rendas que mercara nos últimos vinte años. Destaca unha casa coa súa horta na rúa do Hórreo en Santiago que comprou por 10.000 reais, outra casa na rúa Mazarelos ou do Mercado por valor de 48.000 reais, e parte dunha casa que pertencía a seu pai na rúa do Inferniño por 19.800 reais. Tamén comprou, sobre todo en 1818, rendas e moitos terreos na chamada Veiga de Torrevella, Veiga do Monte e Rebordiños todo elo en Guimarei.

María Díaz finou o 11 abril de 1846. Outorgou testamento ante o escribán de Callobre don José Paseiro o 10 de xullo de 1845, onde pedía ser enterrada no cemiterio da parroquia. No testamento María deixou a Manuel e a Paulino o terzo e quinto de tódolos bens tomando como parte desa mellora a casa da rúa do Mercado ou Mazarelos en Santiago, e o censo da casa da rúa do Hórreo. Dicía tamén que os bens de Antonio se inverteron nos funerais e en pagar 3.960 reais de débeda a seu irmán Manuel, que llos prestou para mandar á Habana. Tamén di que a egua de Paulino é da súa propiedade e que, entre outras cousas, "*la vinculación de esta casa de Gerliz y más bienes y rentas a mayorazgo quiero que en esta parte se cumpla lo dispuesto por mi difunto marido en su testamento según los expresa la cláusula literal que en el se contiene sobre dicho particular*" e encargou a Manuel e a Paulino facerse cargo dos fillos de Joaquín, se o necesitaban.

Seus fillos foron:

1.- *José Gómez Díaz*. Como seu pai morreu antes que el, recibiu o morgado íntegro. El faleceu o 2 de xuño de 1827 sendo estudante en Compostela, dándose sepultura a seu cadáver ao día seguinte na igrexa conventual de san Agustín. Asistiron ao enterro sete sacerdotes e a comunidade de san Agustín.

2.- ***Manuel Gómez Díaz*** (*que segue*)

3.- *Paulino Valentín Gómez Díaz*. Estudou na Universidade de Santiago, pagando os gastos o seu irmán, xa que trala morte de seu pai exercía como dono e administrador da casa. En Xerlís tiña un cabalo andaluz e unha egua, que eran coidados polos criados da casa baixo a súa exixente supervisión.

Apoiando a Manuel Otero do casa da Mota, participou como testemuña falsa nun xuízo contra uns acusados de pertencer a unha banda carlista, polo que foi multado e embargáronlle unha casa. Logo en 1850 trala morte de seus pais denunciou a seu irmán Manuel por non estar de acordo cos bens que se habían de repartir, pois seu pai morrera baixo as Leis que aboliran os bens vinculares. Na disputa Manuel acusouno, entre outras cousas, de quedarse con diversos bens que trouxera seu irmán Antonio de América. E como Paulino neste preito se presentara como pobre, D. Manuel denunciouno dicindo que tiña bens máis que suficientes, pois estaba disfrutando das casas e rendas que tiña D. Manuel en Santiago e arredores, excepto a casa do Mercado, onde vivían a muller e fillas do finado Joaquín.

O preito entre Manuel e Paulino prolongouse até a morte de ambos. Paulino morreu en San Paio de Figueroa 20 de outubro de 1854, e como dito preito orixinaba moitísimos gastos, a viúva de Paulino, *Petra Vega*, veciña de Santiago, acabou por renunciar ás lexítimas paterna e materna.

4.- *Joaquín Gómez Díaz*. Casou con *Carmen Cerdeira*, (Ferrol, 1816) filla de Juan Antonio Cedeira e Andrade e de Mª Juana Dolores de Penas Santalla.

Tiveron catro fillas: Emilia, Carolina, Benigna e Julia (esta morreu sendo nena).

Tamén se veu envolto nunha causa xudicial, polo que todo o gando que había na casa de Ouzamerxe foi puxado xudicialmente "por virtude dun alcance que resultara contra D. Joaquín". Morreu en 1841 e entón a súa esposa Carme demandou[448] en 1844 ao seu cuñado Manuel e á súa sogra reclamando no só a súa parte dos bens libres -Manuel dicía que seu pai non os tiña-, senón tamén a súa parte da metade dos vinculados por "*pasar á clase de libres en virtude da Lei de Desvinculación do 11-10-1820*" (Esta lei estivo vixente ata o 1-10-1823 e Bernardino morrera o 19 de agosto de 1823. Porén, novas leis en 1836 e 1851 limitaron de novo os morgados).

5.- *Antonio Deogracias Gómez Díaz*, que naceu o 22 de marzo de 1817. Emigrou á Habana. Cando regresou, pediulle a seu irmán Manuel 3.950 reais, para envialos á Habana, polo que, segundo consta no testamento da súa nai, a parte que lle correspondía da herdanza serviu para pagar dita débeda e os seus funerais, pois morreu en Xerlís, solteiro, o 9 de novembro de 1843.



En restauración, ano 2012

Manuel Gómez Díaz casou con ***Concepción Romero Bedoya***, nacida en 1817 en Alba (Pontevedra) e filla do coronel Antonio María Romero Bermúdez de Castro, señor do pazo de Vista Alegre, e de Socorro Bedoya Abona, naturais de Aldán. Concepción era neta por vía paterna do capitán de milicias José Romero Bermúdez (natural de Pontevedra e morto en marzo de 1828) e de Mª Micaela Movilla Arias, natural de Santiago e falecida en 1813, e por vía materna neta de José Bedoya e de Joaquina Abona, natural de A Coruña.

Manuel Gómez foi deputado a Cortes en 1844-45 e en 1847 conselleiro provincial en Pontevedra, de aí que se lle pediu a súa influencia na resolución dalgún expediente contra algún sospeitoso de carlista. En 1849 ao presentarse tamén a deputado en Cortes, houbo un alboroto na Consolación, onde tivo lugar a votación, pois se sospeitou que algún quería votar dúas veces.

448 ARG. A.T. preitos 47/3 bis

Cando morreu a súa nai, María Díaz, en 1846, Manuel non acudiu ao enterro pois estaba en Pontevedra exercendo os seus labores políticos segundo un preito, aínda que en realidade co motivo das revoltas carlistas escapara a Portugal, onde estivo un mes ata que se lle permitiu volver, pois participou como testemuña falsa nunha acusación que formulara Manuel Otero, dono do pazo da Mota. Manuel Otero acusara a certas persoas como cómplices nas mortes violentas de Eduardo Otero, Gonzalo Arén e outros, executados na noite do seis ao sete de abril de 1836. Por este motivo foi condenado en 1862 ao pago de oito ducados e en caso de insolvencia a un mes de cárcere. Seu irmá Paulino tamén estivo inculpado nunha causa.

Pouco despois, en 1850 e seguindo os pasos do seu avó, tivo un preito contra os médicos que atenderon a súa nai durante os seus últimos nove meses, porque lle pedían uns honorarios de 18.000 reais. Ditos médicos, os irmáns Agustín e Ignacio de Porto, o primeiro titular en San Pedro de Parada e o segundo de San Miguel de Moreira, atendían aos seus paisanos por un ferrado anual de trigo ou millo (ou de varios ferrados, segundo eles). A María atendérana con moita dedicación, "*mediante sangrías, sanguijuelas, vegigatorios que estuvieran largo tiempo en supuración y fricciones*" Ao parecer María caera no balcón da súa casa producindo unha conmoción interna na cabeza e no tronco, se ben logo lle diagnosticaron unha apoplexía. Para chegar a un acordo Manuel ofreceulles 4.800 reais, que eles estiveron de acordo en recibir, pero non chegaron a un acordo nos prazos. Finalmente o tribunal taxou a débeda en 1.600 reais.



Pazo de Xerliz

Manuel herdou dos seus pais os bens que tiñan en Xerlís e en Parada, mentres que seu irmán Paulino e a viúva de Joaquín recibían 7.000 pesos en rendas. Sen embargo, estes non estaban de acordo coa herdanza e demandárono. O enfado entre os irmáns foi maiúsculo, pois chegaron a agredirse e mesmo Manuel acusou a seu irmán Paulino de estar detrás dun incendio intencionado que carbonizou os portais da súa casa[449]. As acusacións de quedarse con diversos bens mobles, alfaias e gando foron mutuas, pois non se fixera inventario de maneira inmediata trala morte da súa nai. A sentenza deixou a Manuel a metade dos bens vinculares e as súas rendas, e da outra metade máis os bens libres fixéronse tres partes para Manuel, Paulino e as fillas de Joaquín. E dos bens dotais da súa nai, uns 20.000 ducados entre dote e herdanza, quedou o terzo e quinto a repartir entre Manuel e Paulino, e o resto a

449 ARG. A.T.2125/4

dividir entre estes e os herdeiros de Joaquín, tendo en conta certas débedas que tanto Paulino como Joaquín contraeran e satisfixera Manuel.

O 26 de xuño de 1856 a Manuel derrubóuselle una casiña que tiña no monte Lodoso, preto dos lugares de Tosar e de Cepetelo. Aínda que os peritos dixeron que se caera por estar en malas condicións de conservación, el botoulle a culpa aos habitantes destes dous pobos, dicindo que a destruíran por vinganza -tiveron que pagarlle o arranxo dunha granxa da súa propiedade uns meses antes- ou porque se correra a voz de que esa casa se ía a dedicar a lazareto, pois había nese momento unha peste de febres tifoideas na comarca[450].

En 1862 tivo un preito a causa da reedificación dun estanque no río Limo (ou Fervenza), chamado Pozo dos Mouros, e da limpeza da presa ata Xerlís. A edificación do estanque debíase a que os veciños quitaran do río unha roca que facía rebordar a auga cara á canle, polo que el non quería pagar a metade de dicha reedificación -que lle correspondía por ser dono da metade da auga que se extraía-, aínda que estaba disposto a contribuír como calquera outro veciño. Na puxa feita polo xulgado reparouse a obra en 2.200 reais. Debía pagar a metade Manuel Gómez Díaz e José Badía e a outra metade.

Manuel morreu[451] ab intestato o 24 de febreiro de 1870, sendo enterrado con hábito de san Francisco no cemiterio de Tabeirós o día 26.

Mª Concepción xunto cos seus fillos fixeron as partillas dos bens, que deixaba Manuel, o 11 de xullo de 1874 ante Manuel Santamarina. Tiña bens en Xerlís, Somoza, Parada e Ouzamerxe e rendas en todas as parroquias da contorna e en Santiago. Os bens foron valorados en 376.215 reais, dos que o pazo "*coas súas casas de caseiros, forno, curral, portada principal, escaleiras de cantería, solaina, paredes, tella,.... que limita ao este con casa de José Badía*" tiña un valor de 20.000 reais. Fixéronse 5 lotes iguais de valor, un para a viúva e os outros para os fillos. No inventario de mobles e alfaias da casa aparece un número considerable de libros, que se repartiron. Había libros de agricultura, leis, historia, relixión, filosofía, literatura, como por exemplo "*Historia de Galicia*" de M. Murguía, as obras de Jovellanos, "*Historia de Inglaterra*", "*Fray Gerundio de Campazas*", dúas edicións do Quixote, etc.

Manuel e Concepción tiveron como fillos a:

1.- *Obdulia Concepción Manuela Gómez Romero* que naceu en San Cibrán de Alba (Pontevedra) o 28 de febreiro de1841, e faleceu en Aldán (Cangas do Morrazo) o 8 de abril de 1927. Casou con Joaquín Rodal Bermúdez de Castro, fillo do escribán Manuel Rodal Giráldez e de Josefa Bermúdez de Castro, sen descendencia.

2.- *Marina Gómez Romero*, que naceu en 1847 e morreu, aos 22 anos en Xerlís, solteira, o 26 de agosto de 1869.

3.- *Graciana Gómez Romero* naceu o 3 de decembro de 1852, e foi bautizada o 7 na parroquia de san Bartolomeu de Pontevedra. Casou con *Manuel Pumariño Leal*, posiblemente en Santa María a Real de Sar polo ano 1873-74. Graciana finou en Aldán o 3 de xaneiro de 1938. Tiveron un fillo chamado *Narciso Pumariño Gómez*.

4.- ***Natalia Elvira Ana Petra María da Concepción Gómez Romero*** (*que segue*)

5.- *Senén Restituto Manuel Peregrino Gómez Romero*, naceu en Xerlís o 24 de outubro de 1863 e finou en Aldán entre 1884 e 1885. Foi militar e cando faleceu ostentaba o grado de tenente médico.

450 ARG. A.T.2135/5
451 ARG. RA.17201/28

Natalia Elvira Ana Petra María de la Concepción Gómez Romero, naceu o 26 de xullo de 1857 sendo bautizada na igrexa parroquial de San Bartolomeu.

Casou o 31 de outubro de 1878, na igrexa de san Pedro mártir, anexa a Santa María a Real de Sar (Santiago) con ***Juan de la Cruz Blanco Mouriño***, fillo de José María Blanco Pérez e de Joaquina Mouriño Blanco, empregado do concello de Vilagarcía de Arosa, onde faleceu. Natalia, dona do *pazo de Xerlís*, morreu o 2 de setembro de 1934. Seus fillos foron:

1.- *Arminda Blanco Gómez* naceu o 30 de outubro de 1880 en Vilagarcía, onde finou solteira o 8 de xaneiro de 1964. Era a propietaria do Pazo de Xerlís. No seu testamento deixou como herdeiros do *pazo de Xerlís* aos seus sobriños *José María e Juan Blanco Maneiro*, fillos de Celso.

2.- *Concepción Blanco Gómez* naceu o 21 de xaneiro de 1883 en Vilagarcía, onde faleceu o 28 de decembro de 1943.

3.- ***Celso*** (*que segue*)

Celso Blanco Gómez, naceu o 23 de setembro de 1887 en Vilagarcía, onde finou o 29 de marzo de 1960. Por ser varón herdou os bens de Vista Alegre.

Casou en Enfesta (Santiago de Compostela) con ***Margarita Maneiro Domínguez***, e foron veciños de Vilagarcía. Margarita, naceu na parroquia de Xobre, no lugar de Garita na Poboa do Caramiñal o 28 de xullo de 1897, filla de Juan Maneiro Gómez, mariñeiro, e de Encarnación Domínguez García, neta por liña paterna de José Maneiro e de Cristina Gómez e pola materna de Ramón Domínguez e de Benita García, todos veciños de Xobre. Faleceu o 28 de novembro de 1975 na Poboa do Caramiñal. O matrimonio, que logo se separou, tivo os seguintes fillos:

1.- ***José María Senén Blanco Maneiro***, que naceu en Vilagarcía o 13 de novembro de 1935, casou en Pontevedra o 15 de xullo de 1968 con ***Saladina Martínez Araújo***, nacida en Pontevedra o 15 de xullo de 1933, filla de Policarpo e de Saladina. Sen descendencia.

2.- ***Juan de la Cruz Natalio Celso Blanco Maneiro***, que naceu en Vilagarcía o 28 de abril de 1939, onde casou o 9 de agosto de 1964, con ***Felicidade de la Fuente González***, nacida en Vilagarcía o 30 de xaneiro de 1940, filla de Valeriano de la Fuente Alemparte e de Josefa González Sosín. Faleceu Juan o 17 de xuño de 2009. Tiveron por fillos:

a.- *Margarita Blanco de la Fuente*, naceu en Vilagarcía o 21 de setembro de 1965 e casou na mesma cidade o 15 de agosto de 1990 con *Andrés López Torres*. Teñen dous fillos que naceron en Vilagarcía: *Andrés López Blanco* que naceu o 4 de decembro de 1991 e *Ana López Blanco* que naceu o 15 de maio de 2000.

b.-*Juan Valeriano Blanco de la Fuente*, naceu en Vilagarcía o 8 de setembro de 1968. Ten un fillo recoñecido chamado Santiago Blanco Patiño.

Os irmáns José María e Juan de la Cruz Blanco Maneiro venderon en 1973 a propiedade de Vista Alegre aos Pérez Armada, condes de Canalejas e señores da Torre de Aldán, se ben na actualidade o dono é D. Ramón Gil González de Careaga, descendente da casa marquesal de Figueroa[452].

José María xunto cos seus sobriños Margarita e Juan tamén venderon o pazo, a capela e finca anexa de Xerlís a **Ramiro Abelleiro Rey** o 9 de decembro de 2009, quen en 2012

452 Cfr. FDEZ-BROULLON, R. *Las hidalguías del Morrazo*, ed. Deputación de Pontevedra, 2000.

rematou as obras de recuperación e renovación de ditas propiedades para dedicalas á restauración.

Ramiro Abelleiro Rey, natural de san Miguel de Castro, era fillo de Ramiro Abelleiro Lago quen comezou a súa andadura empresarial polo ano de 1959. Foi o fundador da Sala Gradín da Estrada como sala de festas, que posteriormente se utilizou como salón de vodas e banquetes. Polo ano 1978 Ramiro Abelleiro Rey ("Chucho") xunto coa súa esposa tomou as rendas do negocio familiar, levándoo ao máis alto da industria hostaleira da Estrada. Tamén rexentaban a cafetería Nicol's e a discoteca Lennon.

Ramiro casara na Estrada o 26 de xaneiro de 1963 con Mª Guadalupe Cusidó Mollet ("Lupita"), tendo por fillos a Montse, Amadeo (falecido), Lupi, Antonio e *Adriana*. Mª Guadalupe finou o 3 de xaneiro de 2016 e Ramiro o 11 de agosto de 2019 aos 82 anos.

Na actualidade esta prestixiosa firma de hostalería estradense rexéntaa a súa filla **Adriana Abelleiro Cusidó**, elevando esta sociedade hostaleira á cúspide da hostalería comarcal, onde se celebran todo tipo de eventos, convites, homenaxes, vodas, despedidas, e calquera celebración que se prece. O pazo de Xerlís ten así un aproveitamento económico e social, ademais de conservar e poñer en relevo o patrimonio cultural da Estrada.



Comedor. Xerlís

CASA DOS ARAÚXO. A PONTE. RIBEIRA

No lugar da Ponte na parroquia de Ribeira está a *Casa dos Araúxo*, coñecida tamén como *pazo de San Bieito*, que forma parte do patrimonio cultural do concello da Estrada baixo o epígrafe "Casa dos Araújo. A Ponte. Ribeira" (DOG 16-7-1991).



Casa dos Araúxo

Trátase dun edificio de cantería de planta cadrada con baixo e piso e con dous escudos, un sobre a porta de entrada da fachada principal e outro, máis moderno, na fachada lateral.

O pazo está amurallado e cun portalón na entrada rematado por unha cruz. Cabo del hai un muíño, un hórreo e unha capela, dedicada a san Bieito e con retablo de cantería, da que hai noticias documentadas desde 1665, fundada por Benito Campelo e a súa dona Ana de Castro a comezos do XVII.

O escudo da porta principal está cuartelado en cruz. Primeiro cuartel, tres faixas; segundo e cuarto, unha torre; e terceiro, un león rampante.



Escudo do pazo de san Bieito

XENEALOXÍA

Temos que remontarnos ata finais do século XVI para atopar a primeira dona do que logo será o pazo de San Bieito. Trátase de *Julia de Castro*.

Julia de Castro era filla, seguramente adoptiva, de *Juan Ballesteros Rubalcava* e de *Catalina Rodríguez de Rivera*, veciños de Santiago. Juan era coñecido tamén como Ballesteros *del Mazo*, xa que procedía do lugar cántabro de "El Mazo", no val de Meruelo, onde había moitos campaneiros, oficio que trouxo a Juan Ballesteros a estas terras, facendo por exemplo en 1563 unha

campá para a igrexa de San Xoán de Sabardes en Carnota[453]. Juan e Catalina tamén foron os pais de *Antonio Ballesteros del Mazo*, fundador dun vínculo xunto coa súa muller María Cardama, e de quen descenden os Ballesteros da casa de Sesto (Ribela), de Monteagudo (Codeseda), de Laíño (Dodro), do pazo da Golpilleira (Vilagarcía), etc.



El Mazo

Julia de Castro casou en 1562 con *Bartolomé de Rivas* escribán de Terra de Quintá, sendo dotada o 25 de abril dese ano con 300 ducados e vestidos polo cóengo Juan López de Sanjuán e polo prior Pedro García, que eran os testamentarios doutro cóengo chamado *Tomás de Castro*, falecido en 1553. Así que se ben figura como filla de Juan Ballesteros, recibe o apelido do cóengo, sexa por ser filla de Tomás *de Castro*, sexa por esixencias para recibir o dote[454]. Ademais, que case cun escribán é sinal de que seus pais pertencen a unha clase privilexiada, que quizais Juan Ballesteros, campaneiro, aínda non tiña.

Unha vez viúva e unida en matrimonio co rexedor de Santiago ***Pedro Núñez Monteagudo***, viúvo de Isabel Rodríguez[455], o 7 de novembro de 1579 reclamou[456] o pago do seu primeiro dote a Bartolomé Pérez de Sanjuan, sobriño e herdeiro do cóengo Juan López de Sanjuán.

Pedro Núñez[457] faleceu en Santiago a finais do verán de 1584. Como Pedro tiña dous fillos do primeiro matrimonio chamados García Núñez Monteagudo e Juana Rodríguez, estes tiveron un preito con Julia trala morte de Pedro ata que chegaron a unha concordia en 1590, se ben logo o asunto alongouse ata 1593 porque García Núñez non quería dar fianzas polos bens da súa irmá, dicindo que era o seu herdeiro, pois Juana non tivera sucesión, e ademais alegaba que a escritura de concordia non era válida pois el tiña entón menos de 25 anos[458].

Julia, que tiña fillos menores deste segundo matrimonio, en 1592 estaba xa casada con *Luís Bermúdez de Castro e Aldao*, da "*casa grande dos Bermúdez de Castro*"[459] en San Paio de Figueroa, que seguramente tamén estaba viúvo, xa que cada un ten fillos pero non en común: O 9 de agosto de 1595 Diego Bermúdez, fillo de dito Luis, di que "*habiendo el dho Luis Bermudez ynbiado a Ana de Castro hixa de Julia de Castro su mujer al su lugar de la* **Puente Sarandón** *a coger y beneficiar el pan que tenía y en su compañía a Dominga das Carballas su criada [...] es venido a mi la noticia que Bartolomé Núñez[460] vecino de dho lugar de la Puente de Sarandón [...] a la sobredha con una espada que llevaba en la mano*

453 ACS, 032/1

454 Rosalía de Castro recibe, pois, o apelido de Tomás *de Castro* e non do terceiro marido de Julia chamado Luís Bermúdez de Castro. Cfr. BERTOLO,J.M.-FERRO, L., *O apelido "de Castro" de Rosalía*, Rev. Nalgures, nº XII, 2016

455 Isabel Rodríguez foi dotada o 31 de decembro de 1558 para casar con Pedro Núñez (ACS P 026 fol. 242). Tiveron dous fillos (ARG. RA. 25052/48). Cfr. *Pazo de Preguecido*. Páx, 164, nota.

456 ARG. RA. 25419/6

457 Cfr. *Casa de Vilancosta*, páx. 493 ss

458 ARG. RA 25052/48 .No preito tamén intervén como avogado o licenciado Antonio Ballesteros, o irmán de Julia.

459 Cfr. páx. 262

460 Bartolomé era irmán de Pedro Núñez, marido de Julia de Castro. Máis adiante fálase dos Núñez porque ademais de veciños volven a emparentar en 1712.

le dio una gran herida en la cabeza muy peligrosa..."[461] polo que pediu ao xuíz investigar dita agresión contra a criada.

Luís e Julia tamén aparecen ambos xunto co seu xenro Benito Campelo nun documento de concordia dun preito pola escribanía de terra de Quintá e Cordeiro.

Julia fixo testamento e morreu a mediados de agosto de 1617 deixando diversos bens, entre outros, en *Ponte Sarandón*.

Tivo de Pedro Núñez[462] a:

1.- ***Ana de Castro***, (*que segue*).
2.- *Andrés de Castro* (ou *Núñez de Castro*[463]) que foi cura de San Miguel de Arca e de Santo André de Souto, cuxo beneficio pertencía á casa de Gondar (Xeve), é dicir, aos Bermúdez de Castro, a cuxa familia pertencía o seu padrasto Luís.
3.- *María de Castro*, que casou con Domingo González Trabada, prateiro en Santiago. Os seus curmáns Juan Núñez[464] e María da Regueira, veciños de Sta. Mariña de Ribeira, arrendáronlles en 1617 unha casa e outros bens sitos na citada parroquia, durante trinta años e por unha renda anual de dous ducados ou nove ferrados de centeo.


Cando quedou viúva, María seguiu ao fronte do negocio do seu home, así por exemplo en 1632 fixo unha cruz de prata para a parroquia de San Xoán do Campo (Ordes). Foron pais de *Domingo de Trabada*, clérigo[465], estudante na Universidade de Santiago, a quen lle deixaron una casa fronte ao colexio de Orfas en Santiago, un lugar en San Tomé de Ancorados, e varias rendas de pan[466]. E pais tamén de *Jacinta de Castro*, que casou co escribán compostelán Domingo Pardeiro e logo con Juan Gutiérrez, comerciante[467], e de novo viúva outorgou[468] testamento en 1643.

Ana de Castro. Uniuse en matrimonio co escribán de Quintá don Miguel de Ribas, tendo unha filla chamada *Juana de Castro Ribas*, quen casada con X Salgueiro tivo por fillos, entre outros, a Domingo Salgueiro Ribas, cura de Vilarmaior (Mondoñedo), e a Miguel Salgueiro, escribán de Padrón.[469]

Logo sobre o ano 1603 **Ana de Castro** casou co boticario e home de negocios **Benito Campelo**, veciño de Santiago, que estaba viúvo primeiro de Ana da Graña e logo de María de Montaos.

Benito aprendera o oficio de boticario da man de Alonso da Graña, quen o 18 de abril de 1589 ofreceu ensinarllo, ademais da metade da botica ou 300 ducados, para que casara con Ana da Graña, a súa filla e de María de Medina. Sen dúbida o fixo, xa que aprendeu o oficio e máis tarde, xa viúvo de Ana, o 18 de agosto de 1596 Benito e Alonso da Graña fixeron o inventario[470] de toda a botica para realizar ese mesmo día a súa venda por 5.870 reais, que Benito pagaría en catro pagas: o día de Santiago e de Nadal dos anos 1597 e 1598.

461 AHUS Protocolos de Diego de Castro
462 ARG. RA 25052/48. Os fillos aparecen documentalmente co apelido da nai, se ben Andrés aparece algunha vez como Núñez de Castro (ACS) e o seu neto Benito aparece como Núñez de Castro.
463 ACS. P 144 fols 372r-373r
464 Cfr. *Pazo de Vilancosta*. Páx. 494
465 ACS P 179 /4 fol. 298r-298v
466 ACS 165/598-9
467 ACS P 165 fols. 645r-646r
468 ACS P 180 /1 fols. 477r-479r
469 AHUS. Protocolos de Francisco Núñez Monteagudo, ano 1660.
470 AHUS: Protocolos de Gregorio Vázquez Mosquera, 1596. Cfr, BÉRTOLO, J.M. *A botica compostelá de Benito Campelo. Ano 1596*, en http://www.estudioshistoricos.com/?page_id=1264



Sinatura de Alonso da Graña e de Benito de Campelo. 1589

Benito Campelo fixo en 1594 as probas de limpeza de sangue[471] para ser familiar do Santo Ofi-cio, nas que se nos di que era natural de San Mamede de Berreo (Trazo. Ordes), fillo de Gabriel Campelo, veciño de San Estevo de Trasmonte (Oroso) e de María Fagúndez, veciña de san Mamede de Berreo, neto por parte paterna de Bartolomé Campelo e de María de Burgas, veciña de Trasmonte "*a tres leguas de Santiago*", e por parte materna de Juan Fagúndez e de María Fagúndez, veciños de san Mamede de Berreo, "*a dos leguas de Santiago*".

Tiñan a súa residencia nunha casa na praza do Campo en Santiago que alugaron ao conde de Altamira por 350 reais que, como era habitual, pagaban en dous prazos, polo San Xoán e por Nadal, ademais do compromiso de retellar a casa, arranxar a solaina, repoñer algunhas portas e outras pequenas cousas. Nesta casa era onde tiñan a botica. En efecto, nun preito[472] do seu xenro Juan Gosende dise que escapou, por temor de que fora atacado por unhas xentes, e se agachou na botica que estaba na praza do Campo e polo tanto fronte ao Hospital de san Roque.

Quince días despois de morrer Julia de Castro, a nai de Ana de Castro, os tres irmáns fixeron as partillas en partes iguais ante Pedro Díaz de Valdivieso. A herdanza consistía en diversos bens na Ponte, unha casa na rúa Nova de Santiago, rendas en Pontevea e os votos que se recollían en San Breixo de Foxán, San Lourenzo de Pousada e Sta. María de Oural.

Pouco despois, en decembro de 1617, Benito e Ana quedaron mediante escritura[473] coa parte que lle quedara a seu irmán Andrés en pago dunha débeda de 7.192 reais que este tiña con eles. Ao quedarse Benito e Ana con 2/3 partes dos bens de Sarandón, tamén quedou co dereito á rega durante catro días da semana, cousa que se debaterá cento cincuenta anos máis tarde.



Interior da capela de san Bieito

471 AHN Inquisición,1397,Exp.18
472 ARG.RA. 2864/53
473 AHUS Protocolos de Pedro Díaz de Valdivieso

Foron eles os que fundaron a capela adicada a san Bieito na Ponte fixeron vínculo e morgado dos seus bens, entre os que se contan os da Ponte, Vea, Santiago e un lugar chamado Argunte, en Ribadulla, que seguía en mans da familia 200 anos despois.

Das actividades económicas de Benito hai abundantes documentos no Arquivo Catedralicio de Santiago. Destacamos unha venda de mulas a Bernardino Sarmiento Sotomayor, da *casa grande dos Bermudez de Castro*, que era quen coidaba das cabalerías de S.M. E en 1639 Benito e Ana cedéronlle a seu xenro o rexedor *Andrés García de Seares*, casado con *María Castro*, unha viña en Ponte Sarandón, que mercaran a Gonzalo Núñez e á súa esposa Helena Bouza.

Ana de Castro e Benito Campelo, que morreu o 21 de maio de 1656, procrearon a:

1.- ***Jacinto Campelo Castro*** (*que segue*)

2.- *Julia de Castro*, casou primeiro con Francisco González, fillo de Elena Méndez Varela, a primeira esposa de Andrés García de Seares, o seu cuñado, de quen falamos a continuación. Julia o 25 de novembro de 1646 recibiu 12.000 marabedís como dote fundado polo cóengo Aníbal Rodríguez (parente de Pedro Núñez Monteagudo, o seu avó).

Tiveron unha filla, *María Escolástica*, bautizada en Padrón o 16 de febreiro de 1648, tendo por padriños a seus tíos Andrés García de Seares e María de Castro. Precisamente seu tío Andrés deixoulle un legado de 200 ducados, que María de Castro amplía en 40 ducados máis. Cando morreu Escolástica, Benito Núñez de Castro quixo pagar os gastos de enterro pois non se lle dera tal legado, pero Julia opúxose. Vivían en Padrón.

Casou tamén con *Antonio Miranda Valcarce*, pai de Pedro Salvador Miranda Valcarce, que casou con *Ana María Jacoba Campelo de Castro*, (*que vemos logo*) neta de Jacinto Campelo.

3.- *Juana de Castro*, que casou con Alonso López de Corbelle. Foron pais de Pedro López de Castro.


4.- *María Benita de Castro Bermúdez*, que casou primeiro con *Juan Gosende*, viúvo de María González[474], fillo do capitán Alonso Gosende[475] e de María Núñez e polo tanto curmán do capitán Alonso Gosende, fundador do pazo de Raposeiras. Tiveron por fillos[476]: a *Benito*, a *Jacinto* e a *Catalina*, que morreu antes que ela, así como a *Gregorio* que foi bautizado en Cerdedo o 3 de marzo de 1617. Juan Gosende morreu en Santiago o 23 de abril de 1635, polo que Benito e Jacinto foron titorados polo seu avó Benito Campelo, como aparece na escritura dun foro en 1656 na freguesía de Cerdedo.[477]

474 María González, filla de Miguel Mariño e de Antonia González de Villaquemada e sobriña do racioneiro compostelán Amaro González, foi dotada para casar con Juan Gosende o 6 de marzo de 1614 ante Pedro de Seixas.

475 Houbo varios "Alonso Gosende". Hai un, seguramente este, que é fillo de Juan Gosende o vello, e hai outro que é sobriño seu e que casou con María Quinteiro. Este segundo, o capitán Alonso Gosende, e mailo seu pai Juan sería, segundo o P. Martín Sarmiento, o que participou en Santiago e na Coruña contra o intento de invasión de Galicia polos soldados de Isabel I de Inglaterra comandados por Drake e que terminou coa súa derrota en maio de 1586 na Coruña. O P. Sarmiento estaba moi orgulloso disto.

476 Rodríguez Fraíz no artigo "Los ascendientes del Padre Martín Sarmiento en Cerdedo" cita outros moitos fillos, pois, entre os moitos erros que atopamos, confunde a este Juan Gosende con outro de Cabenca, casado con María Castro.

477 AHPPo, protocolos F.da Riva



Esquema xenealóxico

Dito Jacinto, capitán da compañía de Cordeiro, casou con *Mariana Perrúa Vaamonde*, veciña de Padrón, filla de Francisco Perrúa[478] e Ana Yáñez Vaamonde, e foron pais de *Florentina Margarita Bermúdez de Castro*[479], bautizada en Padrón o 11 de decembro de 1667, tendo por padriños a Fernando e Juana Porrúa, e que casou o 21 de agosto de 1695 con Alonso Andrés Romero Figueroa. Jacinto, que utilizaba o apelido Campelo, e Mariana vivían en Padrón nunha casa de foro do conde Priegue.

Logo María Castro casou con *Andrés García de Seares*, veciño e rexedor de Santiago e contador do Santo Oficio, fillo de Juan García Agrafoxo ou de Seares e de María Freire, e neto de Alberte García Blanco e de Dominga Freire, veciños de Urdilde.

Andrés, que levaba arrendada a tenencia de Aníbal Rodríguez, tiña seis irmáns chamados Pedro, Alberte, Juan, María (casada con Jácome de Lueiro), Catalina (casada con Juan de Gorgal) e Dominga (casada con Domingo Basante), e a un medio-irmán, chamado Juan Cao, fillo de primeiro matrimonio de María Freire con Pedro Cao.

Andrés que era o primoxénito recibiu a mellora dos seus pais e a herdanza do seu tío Alberte, polo que aportou ao matrimonio unha boa fortuna.

478 Ver a súa ascendencia en *Pazo de Monteagudo*. Páx. 355 ss
479 Cfr. *Casa de Mondragón en Vilasusán. Remesar.* Páx. 346 ss



Escudo do pazo de Arretén

Cóntanos Andrés no seu testamento que "*yo poseo las casas y granxas de la Retén donde vivo que he echo y edificado de nuebo durante el segundo matrimonio y las compre y adqueri el sitio a diferentes personas y en el tengo echo una capilla abocacion del espiritu santo que dejo fundada y dotada y señalada la dotacion en la dha casa y granxa y otros vienes*"[480]. Tamén nos di que en dita casa tiña un escudo coas súas armas, pero non as describe[481]. E o 16 de decembro de 1655 o matrimonio fixo vínculo e fundación do pazo e capela de Arretén, ante Antón de Castro e Jaspe, escribán de Santiago e do cabido.

Catro días despois, o día 20 dese mesmo mes e ano, Andrés outorgou testamento e faleceu cinco días máis tarde. Mentres que María outorgou testamento en Santiago ante Juan de Quintana o 26 de decembro de 1662 e seguramente morreu o 23 de abril de 1663. Pedía ser enterrada no convento de San Lourenzo pero que logo fosen trasladados os seus osos á igrexa de Iria Flavia, onde estaba sepultado o seu marido. Deixaba como herdeiros a seus únicos fillos vivos: Jacinto e Benito.

Andrés estivera casado con *Helena Méndez Varela*, que tiña doutros matrimonios catro fillos: *Juan*, veciño de Santa Comba de Louro, e *Mateo Castaño*, *Amaro e Francisco González*. Mateo casou en Zaragoza, Amaro foi "cordonero" e Francisco foi prateiro e –como xa vimos- casou con Julia de Castro.

Andrés e Helena tiveron por fillos en común a:

A.- *Juana Freire de Seares*, que ante o escribán Domingo Leirado levou o 5 de agosto de 1646 un dote de 550 ducados e outros bens para casar con Lorenzo Rodríguez de Perrúa, veciño de Muros.

B.- *María Freire de Seares*, que ante Domingo Leirado levou o 6 de agosto de 1646 un dote de 400 ducados e outros bens para casar con Roque de Martín Patiño, veciño de Cee.

C.- *Álvaro García de Seares*, que casou coa súa prima Gregoria de Ponte e Andrade, filla de Jacinto e Isabel, como veremos a continuación. Morreu sen sucesión e foi enterrado no convento de San Francisco en Vigo, se ben seu pai pediu que trouxeran os ósos para Iria Flavia, xunto á súa nai, ou para Laraño. Álvaro pedira á súa muller que de viúva se metese monxa.

480 ARG.RA. 2387/4

481 No escudo do pazo de Arretén preséntanse as armas dos Castro e dos Bermúdez, quizais porque a familia dos Bermúdez de Castro tiña moita sona, aínda que Luís propiamente non era ascendente da familia.

D.- ***Helena García de Seares***, que casou en 1651 con **Benito Núñez de Castro, fillo da súa madrasta** María Castro e do escribán Juan Gosende.

Benito, estudante na Universidade de Santiago, foi mellorado pola súa nai, co terzo e cuarto de todos os seus bens[482].

Helena recibiu de seu pai o 29 de abril de 1651 ante Domingo de Leirado un dote de 2.000 ducados, rendas en san Mamede da Pena e o lugar de Ferreiros en San Miguel de Cora. E Benito, que era estudante da Universidade de Santiago, recibiu da súa nai María, ademais do dote, a mellora dos seus bens. Logo Benito foi a Salamanca para graduarse, recibindo do seu sogro os cartos para os gastos, quen tamén lle pagou diversas débedas por valor de 9.750 reais.

Helena e Benito tiveron moitos bens en Padrón e bisbarra que se enumeran no inventario que se fixo trala súa morte[483], no que se cita –entre 75 propiedades– a casa grande de Arretén, a súa capela e a granxa anexa, outras casas en Padrón, hortas, un dos oficios de escribán en Padrón, o coto civil e criminal de San Vicente de Pousada e obxectos de prata e ouro.

Faleceu Benito en 1670 e Helena o 20 de xullo de 1681, ambos en Padrón. Ao morrer Benito, nomeouse o 14 de outubro de 1670 como titor dos seus fillos ao escribán Pedro Miguel Salgueiro Rivas, que era curmán de Benito. Cando morreu Helena fíxose reconto dos seus bens ante Jacinto Gómez de Cancela.

Benito e Helena tiveran por fillos nacidos en Padrón:



Escudo do pazo de Arretén

a.- *José Antonio de Castro e García de Seares*, bautizado como *José* o 17 de novembro de 1653, foi mellorado polos seus avós que lle deixaron un vínculo sobre a capela do Espírito Santo en Arretén valorado en 53.653 reais. Marchou moi novo para o exército e morreu sobre o ano 1682 nun hospital en Amberes, polo que o vínculo da familia pasou a Andrés Francisco.

b.- *Andrés Francisco de Castro*, bautizado o 4 de febreiro de 1657, tendo por padriños a Jacinto de Castro e Ana de Perrúa. Cando morreu seu pai estaba ausente de Galicia. Casou logo con *Micaela Calderón* e, ao quedar esta media cega, en 1684 trasladáronse de Arretén a Padrón na casa de Travanca, fronte á ponte que dá á igrexa de Santiago en Padrón. Fixo reformas e ampliacións na casa grande de Travanca, facendo a solaina e oratorio e poñéndolle o escudo que aínda podemos ver na súa fachada.

Casou logo con *Catalina Sánchez Vaamonde*. Foron os pais, entre outros, de *Pablo Francisco Castro de Seares*, señor do pazo de Arretén, que casou con Josefa Salgado Moscoso, tendo por fillo a *José de Castro Salgado* que xunto coa súa muller Josefa Abadía Taboada foron os avós maternos de *Rosalía de Castro*, a nosa poetisa, quen en "*Como chove miudiño*" nos di:

482 ACS P 194 fols. 216r-217v
483 ARG.RA 2387/4

E tamén vexo enloitada
Da Arretén a casa nobre
Donde a miña nai foi nada,
Cal viudiña abandonada
Que cai triste ó pé dun robre.




Rosalía de Castro

c.- *María Josefa*, bautizada o 28 de abril de 1658, tendo por madriña á súa avoa María de castro. Foi monxa en Santa Clara en Pontevedra e logo en San Paio na cidade de Santiago. Foi dotada o 30 de maio de 1675 con 15.000 reais ademais do hábito, manto e alfaias.

d.- *Juan Antonio*, nacido o 24 de febreiro de 1663, estivo desde mozo no exército, e que o 10 de xuño de 1690 vendeu ao seu irmán Francisco Andrés a súa herdanza por 367 reais ante Bartolomé López de Andrade. Pero Juan Antonio en 1714 promoveu un preito[484] pedindo facer as partillas dos bens dos seus pais, dicindo que fora enganado polo seu irmán, e a xustiza deulle a razón.

Casou en Bruselas con Juana María Aquermanes, filla de Juan de Aquermanes e de Florencia de Ocampo, e que foi dotada con 3.000 floríns equivalente a 1.700 ducados. Tiveron dous fillos, *Juana* e *Carlos*, que reclamaron os bens dotais da súa nai tralo seu falecemento.



Sinatura de Juan Antonio Bermúdez de Castro, 1702

e.- *Benito*, nacido sobre 1665 marchou da casa aos 13 anos e ingresou no exército en Alacante, logo embarcou cara a Italia e morreu na praza de Alexandría.

f.- *Francisca Antonia*, bautizada o 2 de maio de 1661 e que cando morreu seu pai vivía en Cee coa súa tía María Freire.

g.- *Álvaro*, nacido sobre 1666. Estaba en Padrón cando morreu súa nai. Xunto co seu irmán Benito marchou para o exército e morreu en Cádiz de enfermidade.

h.- *Ana María de Castro*, bautizada o 27 de setembro de 1654 tendo por padriños ao capitán de Alberto García de Seares e María Calvo a súa muller. En 1670 estaba no convento compostelán de Orfas. Casou co rexedor, notario e familiar do Santo Oficio don *Silvestre Martínez Araújo*, fillo de Pedro Martínez e de Margarita Montero de Araújo, naturais de Padrón, dando carta de pago de dote o 1 de outubro de 1673. O dote foi de 1.300 ducados entre diñeiro, alfaias e propiedades, sete hortas en Luáns e a casa na que logo viviron sita en Padrón xunto Pescadería. Tralo preito[485] contra a súa cuñada Catalina Sánchez, quedou coa casa de Travanca.

484 ARG. RA 2387/4
485 ARG. RA. 2387/4

Silvestre morreu en Iria o 5 de novembro de 1703 con testamento ante Jacinto Gómez. Tiveron por fillos a:

- *Mª Josefa Araújo*, bautizada o 19 de xuño de 1674, foi mellorada pola súa avoa Elena, pero fíxose monxa no convento de Vista Alegre renunciando á herdanza en favor dos seus pais.
- *Fadrique Martínez de Castro*, cóengo en Iria Flavia.
- *Juan Bautista Martínez Araujo*, bautizado o 5 de maio de 1675.
- *Pedro Antonio Martínez*, bautizado o 7 de marzo de 1677. Debeu morrer de neno, igual que Juan Bautista, pois despois non se fala deles.
- *Helena Martínez Araujo*, bautizada o 3 de abril de 1678.
- *Jacinta Martínez de Castro*, natural de Padrón, casou con José González de Córdoba, fillo de Bartolomé González de Insua (fillo do rexedor Juan González e de Ana Fernández de Figueroa), rexedor de Rianxo, e de Agustina de Córdoba e Arellano (filla de Alonso de Córdoba e de Polonia Vázquez, veciños de Santiago), e foi declarada herdeira universal por Pedro Gil Taboada, de Bendoiro.
- *José Martínez de Castro*, bautizado na igrexa de Santa María de Iria o 28 de febreiro de 1694, de nome completo Matías José Benito. Nacera o día 24 do mesmo mes. Foi seu padriño un tal don Bieito Salgado. Foi colexial en Fonseca.
- *Josefa Teresa Martínez*, bautizada o 8 de xullo de 1698, tendo por padriño a seu irmán Fadrique.

Jacinto Campelo Castro, tamén boticario como seu pai Benito, confrade de Nª Sra. do Rosario e veciño da cidade compostelá, casou con *Isabel de Ponte Andrade*, irmá do cura de Cardama don Lucas de Ponte e Andrade e de Jacinto (casado con Catalina de Caamaño) e sobriña do cóengo Juan Rodríguez de Ponte[486]. Tiñan bens en Deixebre e en Carballido.

O avogado de Santiago don *Mateo Ballesteros del Mazo*, sobriño de *Julia de Castro*, deixou a Jacinto como segundo herdeiro, de non ter descendencia o seu fillo natural, pero recoñecido, Antonio, e en terceiro lugar a Juan de Gosende, cuñado de Jacinto, e a súa muller María Castro pois eran os seus parentes máis achegados. Jacinto chegou a preitear sen éxito pola herdanza con Antonio Ballesteros precisamente por ser fillo natural.

Fixo o testamento o 25 de novembro de 1652 ante Domingo Leirado[487] e o seu óbito tivo lugar o 7 de xullo de 1653 sendo enterrado na igrexa de san Bieito do Campo. A súa muller Isabel de Ponte foi sepultada o 1 de xaneiro de 1666.

A súa prole:

1.- *Gregoria de Ponte Andrade*, a quen dotaron o 5 de agosto de 1651 para casar con *Álvaro García de Seares*, fillo de Andrés García de Seares e da súa primeira muller Helena Méndez. Recibiu 520 ducados de dote, en metálico e en alfaias para a casa, así como os bens en Deixebre e en Carballido, e a facenda sita en Ribeira e Ponte Sarandón que seu pai Jacinto herdara do seu tío Domingo de Trabada, cura do colexio do Sancti Spiritus. E por se esta facenda saía incerta, tamén se lle ofreceu a cambio unha casa xunto a porta da Algalia de Arriba, chamada de San Roque, que estaba arrendada en 13 ducados cunha pensión de 15 reais. E un primo da súa nai, o cóengo Pedro Pardo de Andrade, ofreceulle 200 ducados para os vestidos e o seu tío o cura de Cardama don Lucas de Ponte Andrade tamén lle ofreceu outros 200 ducados que lle daría en dous anos[488].

2.- *Benito Campelo e Castro*.

3.- *Isabel de Ponte e Campelo*, casou con Martín de la Vega, e tiveron un fillo chamado Pedro Antonio, bautizado o 18 de xuño de 1685. Isabel morreu o 4 de agosto de 1687.

486 Na igrexa de Codeseda unha inscrición fai referencia a uns arranxos feitos por dito cóengo en 1619.
487 ACS P 193 fols. 302r-311v
488 ACS 194 fol. 420r-421 v.

4.- *Ana María*, bautizada na parroquia de San Bieito o 22 de xaneiro de 1641
5.- *Antonia*. Xunto coa súa irmá María son citadas no testamento do seu pai.
6.- ***Jacinto Campelo e Castro, "o mozo"***, (*que segue*)

Jacinto Campelo, bautizado en Santiago (S.Bieito) o 22 de agosto de 1634, foi capitán e familiar do Santo Oficio.

Ao quedar orfo de pai e sendo menor de idade (22 anos) pediu[489] titor en 1656 para reclamar o morgado que fundaran os seus parentes (tíos-bisavós) o prateiro Domingo González Trabada e María de Castro.

Celebrou o seu enlace matrimonial sobre 1667 con *María Ballesteros del Mazo Pimentel*, natural de Laíño, filla de Antonio Ballesteros del Mazo e de Leonor Pimentel Ribadeneira, neta de Mateo Ballesteros e tataraneta pois do xa citado Juan Ballesteros Rubalcava ou del Mazo.

En 1670 disputou con Francisco Núñez Monteagudo, escribán e pai de Benito e Juan, pola propiedade dunha solaina sita en Ponte Sarandón que principiaba na casa de Francisco e continuaba pegada á casa de Jacinto, e polos dereitos de rega dunha auga que viña desde Curuxeiras a través das terras de Jacinto por mor do camiño francés que ía até Soutelo de Montes[490].

Os seus fillos foron bautizados en Ribeira e levaron o apelido do pai:

1.- ***Ana Jacoba María Campelo de Castro***, (*que segue*)
2.- *Jacinto Campelo*, que foi bautizado o 28 de xullo de 1671 aos quince días de nacer, tendo como padriños a Filipe de Robles, cura de Teo, e a Antonia Taboada[491] (herdeira do vínculo fundado polo seu avó Andrés López Boado, cura de Xanza), veciña de Laíño, que era a primeira muller de Diego Ballesteros, tío da bautizada.
3.- *Benita Antonia Campelo,* bautizada o 24 de xuño de 1672, tendo como padriños a Bartolomé da Rigueira e a Mª del Carmen Rodríguez veciños de Santa Baia de Vedra.
4.- *Jacinto Campelo*, bautizado o 25 de xuño de 1673, tendo como padriño Gabriel Pereira cura de Paradela. (Repítese o nome por morte do seu irmán Jacinto).
5.- *Mariana Campelo*, bautizada o 6 de agosto de 1674, tendo como padriño ao cura de Berres D. Andrés López. Casou co escribán Jacinto (Martínez) Buceta Señoráns, veciño de Padrón.
6.- *Juana Bernardina Campelo*, bautizada o 11 de xuño e 1676 tendo como padriño a Bernardino Cisneros, veciño de Santiago e dono da *casa de Maíndo*.

Ana María Jacoba Campelo de Castro (non utiliza o apelido Ballesteros, nin "Ribadeneira e Pimentel", que son os da súa avoa, aínda que si o fará o seu fillo Pedro). Foi bautizada o 4 de agosto de 1669, aos oito días de nacer, tendo como padriño a Fernando das Seixas, cura de Matalobos.

Casou en Ribeira o 5 de outubro de 1692 con *Pedro Salvador Miranda Valcarce*, fillo do escribán e alcalde ordinario de Padrón don Antonio Miranda Valcarce, que vivía nunha casa preto da igrexa de Santiago en Padrón que mercou nunha poxa e que será obxecto de preito desde 1676 até 1710[492].

489 AHUS Protocolos de Domingo Vazquez Sobreira.
490 ARG. RA. 24078/63, 24831/79
491 Era filla de María Taboada Monteagudo, dona da casa-torre de Merza, e de Andrés López Boado.
492 ARG. RA. 1816/29

Logo Ana desposou o 23 de abril de 1703 con *Fernando Figueroa*, veciño de San Fiz de Sales, fillo de Fernando Figueroa Moscoso e Castro[493] e de Francisca Antonia de Sanmiguel e Pedriza, irmá do racioneiro prebendado da catedral de Santiago don Pantaleón.

Ana, en 1716 estando viúva de Fernando, renovou co mosteiro de Sar o foro dunha casa na rúa do Vilar.

Como era a primoxénita, foi a herdeira do morgado, pero tivo un preito coa súa irmá, até que o 9 de xuño de 1708 firmaron unha concordia na que actuaron de testemuñas o rexedor Francisco Conles Monteagudo -xenro de Gómez de Ribera Soutomaior, que era veciño de Frades pero nacido no pazo de Preguecido- e mailo seu curmán Antonio Ballesteros, veciño de Laíño.

Ana mercoulle ao seu tío Martín de la Vega unha sepultura na igrexa de Ribeira, aínda que a familia xa tiña outra. Fixo testamento ante o escribán de San Mamede de Vedra don Benito Antonio Carnota e morreu o 2 de marzo de 1720 sendo enterrada na igrexa de Ribeira.

Do primeiro matrimonio descenden:

1.- *Jacinto Salvador Miranda Campelo*, bautizado o 24 de maio de 1694, tendo como padriños a seu tío-avó Martín de la Vega e á súa avoa María Ballesteros, que neste momento vivía en Santiago. Fíxose relixioso da orde de San Agostiño en Santiago.

2.- ***Pedro José Antonio Miranda***. (*que segue*)

3.- *Benita Rosalía Miranda Campelo*, que casou o 4 de xaneiro de 1712 con Benito Núñez Monteagudo, fillo de Benito Núñez Monteagudo[494] e de María das Seixas, veciños de Ribeira.

Benito fixo testamento ante o escribán Gabriel Martín de Castro, veciño de Bamio (Vedra) e morreu o 20 de outubro de 1747, mentres que Benita fixo testamento ante Benito Jerónimo de Villa e Valenzuela escribán de S.M. e de Santiago e máis un codicilo ante Pedro Antonio Domínguez escribán de S.M. e veciño de Berres, e foi sepultada en Ribeira o 20 de outubro de 1766.

Benito e Benita vivían tamén en Ponte Sarandón (ao lado do pazo de san Bieito) onde naceron os seus fillos:

a) *Manuel Jacinto Núñez Miranda*, o primoxénito, bautizado o 17 de decembro de 1714, sendo o padriño Marcos Ponte e Andrade, vicario de Santeles. Manuel en 1762 aforou a *Manuel Piñeiro Reimóndez*, veciño de Ribeira, unhas terras situadas en Vilancosta como dono do vínculo fundado por García Núñez e a súa esposa Beatriz Núñez[495].

Casado con Manuela Gómez de Pazos[496], foron eles os que construiron a *casa de Vilancosta*.

b) *Pedro Antonio*, bautizado o 19 de xuño de 1715.

c) *Mª Francisca Margarita*, bautizada o 15 de agosto de 1717, sendo o padriño Francisco Gómez Ribadulla, veciño de Berres. Casou en Padrón con Baltasar Cidras e tivo un fillo chamado José. Ela xa morrera cando en 1767 os seus irmáns e marido trataban sobre as partillas de seus pais.

d) *Baltasar Francisco Vicente*, bautizado o 15 de outubro de 1719, sendo a madriña Ana Campelo, veciña de Ribeira.

493 Segundo ARG.RA. 1940/26, os pais de Fernando eran Juan Figueroa e Francisca Moscoso. Francisca fundou a capelanía das Neves xunto á casa de Ramil en Lestedo, a cuxo título se fixo cura seu fillo Juan.

494 A ascendencia dos Núñez pode verse en *Casa de Vilancosta,* páx. 493 ss.

495 ARG. Protocolos de Pedro Antonio Dominguez

496 Manuela era filla de Tomás de Pazos e de María Gómez, que era filla de Francisco Gómez Ribadulla e de Ana Besteiro, señores da casa de Vilancosta en Berres.

e) *Benito Antonio Núñez das Seixas*, nacido o 25 e bautizado o 29 de maio de 1721, sendo os padriños o cura Antonio Pardo e a súa tía-avoa Mariana Campelo e Castro, veciña de Padrón. En 1741 fixo foro dunhas terras (Mouteira e Pousada) herdadas e era veciño de Sarandón

f) *Pedro Antonio*, bautizado o 16 de novembro e 1722.

g) *Alonso Antonio*, bautizado o 18 de abril de 1724, sendo o padriño o cura de Moreira don Alonso de Silva. Foi escribán de S.M. en Pontevedra. Tivo poder de seu irmán Pedro e do seu cuñado Baltasar Cidras para levar a cabo as partillas de seus pais[497].

h) *Benito Jacinto*, bautizado o 20 de abril de 1726, sendo o padriño Jacinto Buceta escribán de Padrón.

i) *Pedro Salvador*, bautizado o 14 de novembro de 1728, sendo os padriños os seus tíos Pedro Miranda e Rosa Rivera a súa muller, veciños de Ribeira. Pedro e o seu irmán Alfonso disputaron en 1767 con seu irmán Manuel por mor das partillas[498]. Tivo que vender unha herdade a don Juan Otero, do pazo da Mota, para pagar os gastos de cabodano da súa nai, se ben antes tratou de que lla comprara o seu irmán Manuel. En 1768 estaba solteiro.

Fillos de Ana e Fernando Figueroa:

4.- *Ana Teresa Cayetana Figueroa Campelo*, bautizada en Ribeira o 10 de abril de 1704.

5.- *Josefa María Bernardina Figueroa Campelo*, bautizada o 23 de xaneiro de 1706 tendo como padriño a seu medio irmán Jacinto. Casou con Manuel José Domínguez Bermúdez Sotomaior, veciños de San Simón de Ons (Cacheiras).

6.- *Luisa Gabriela Juana Figueroa Campelo*, bautizada o 18 de febreiro de 1709, tendo como madriña a Juana Figueroa Reimóndez, residente en Ribeira.

7.- *Fernando Ramón Pedro Jacobo Figueroa*, bautizado o 28 de xuño de 1712, que foi o sucesor nos vínculos que tiña seu pai. Precisamente a súa nai tivo un preito[499] reclamando os bens de vínculo que fundara Isabel González Figueroa, viúva do escribán Jacome Pérez de Sollozo, o 7 de agosto de 1587 con diversas propiedades como a granxa de Ribadulla ou de Ramil en Lestedo, diversas casas en Santiago e outros.

Pedro José Antonio Miranda Campelo (Farfán), recibiu o bautismo en Ribeira o 21 de abril de 1701.

O 11 de outubro de 1722 tivo un fillo de Benita Carballa, moza solteira.

Casou primeiro con *Rosa Rivera Losada e Pardo e Ulloa* na encomenda de Portomarín, facendo as velacións en Ribeira o 12 de xuño de 1726.

Viúvo e sen descendencia, casou de novo o 18 de abril de 1730 en presenza do secretario de número de Vea don Juan Francisco de Andrade e coas bendicións da Igrexa o 17 de xuño de 1730 con *Mª Felipa Sanxurxo Montenegro Bermúdez de la Peña Sotomayor*, filla do escribán Juan Ambrosio Sanxurxo Montenegro de la Peña Sotomayor, defunto, e de Isabel Mª Núñez de Castro Varela de Vaamonde, natural de Cora da "*casa de Barcia*" e veciños de San Paio de Figueroa, neta por vía paterna de Antonio Montenegro Sanxurxo de la Peña e de Antonia Bermúdez de Castro e Sangro[500] e por vía materna de Jacobo Núñez de Castro, escribán, e de Isabel Núñez Varela de Vaamonde, veciños de Cora. Felipa foi enterrada en sepultura dotada da familia o 20 de xullo de 1742.

497 ARG Protocolos 3458
498 ARG. Protocolos 3458
499 ARG.RA. 1940/26
500 Cfr. *Casa grande de Bermudez de Castro*, páx. 262 ss.

Pedro José, sendo naquel momento xuíz da xurisdición, casou en terceiras nupcias o 19 de marzo de 1743 con *María Rosa Palomo Salgado*, veciña da parroquia de San Bartolomeu en Pontevedra, filla de Bartolomé Palomo de Paredes e de Catalina Carmen Carnero Salgado Sarmiento Pimentel e Bervetoros.

Foi xuíz en Pontevedra e logo en Vea, e era o dono da casa de Ponte Sarandón ou pazo de San Bieito. No portal da casa en 1756 podía lerse:

"*Portal y murallas mandaron hacer D. Pedro Joseph Miranda, Valcarce, Valboa, Farfán de los Godos, Vermúdez, Castro y Ruibalcaba, Campelo, Núñez, Pimentel, Ribadeneira y Dª María Rosa Palomo de Paredes, Carnero, Salgado, Sánchez de Quiroga, Sarmiento y Bervetoros su mujer, año 1756." "Y sigue la décima que su tenor es el que se verá*:"

"Blasones son míos todos,
los que arriba se verán,
y también pongo Farfán,
que desciendo de los Godos,
no debo ni deudo nada,
de nobles esta alcabala,
esta honra debo a Dios,
y a mis pasados la gala,
de tenerla y conservarla,
y así me río de todos".

Preiteou[501] coa súa irmá Benita por unha leira preto da casa, que era do dominio directo do mosteiro de San Martiño e que Pedro cedera por un ano ao seu cuñado Benito para que sementara liño, xa que dispuña doutra leira contigua. Pero como Pedro estivo durante tres anos en Pontevedra, plantaron sabugueiros no medio da leira, anexionando parte dela. Trala morte de Benito en 1747, a viúva dicía que a leira era toda súa.

A nai de Rosa Palomo, dona Catalina, viviu os dous últimos anos coa súa filla en Ribeira, onde morreu o 27 de decembro de 1760, mentres que Rosa fixo testamento ante o escribán Francisco López Ansede, veciño de Santa Olalla de Vedra e morreu o 24 de decembro de 1781.

Pedro fixo testamento ante Pedro Antonio de la Peña Montenegro e Pardiñas, receptor da Real Audiencia e residente en San Pedro de Villanueva, e o seu óbito tivo lugar o 18 de agosto de 1773. No seu testamento fixo agregación e vínculo do terzo e quinto dos seus bens libres que tería efecto trala morte da súa esposa e con gravame dunha misa rezada anual en devoción de san Xosé e de santa Rosa a celebrar na capela da súa casa. Asistiron ao seu enterro 12 sacerdotes e 8 relixiosos entre eles dous fillos do defunto.

Presentouse un memorial dos bens que deixaron Pedro e Rosa na que constan 35 herdades[502]. Destacan:

-casa principal en Ponte Sarandón con cociña, bodega, corte de cabalos, lagar e curral.
-unha granxa con pombal contigua a dita casa circundada de 40 ferrados, que confina ao vendaval con camiño que baixa de Vilar á Ponte e ao norte co prado chamado Rosal.
-un muíño pegado á muralla do curral por fóra.
- unha casa con horta en rúa Pilar, nº 4, en Santiago e outra no nº 5 con tenda.
- diversas leiras chamadas: Novais, Samil, Barreiro, Rosal, Cachón, Pereira, etc.

Por fillos da súa segunda muller ***Mª Felipa Sanxurxo Montenegro*** tivo a:

501 ARG. RA. 8691/64
502 ARG. RA. 19311/22

1.- *Antonio Jacinto Benito Anselmo*, nacido o 21 e bautizado o 23 de abril de 1731, tendo de padriños a Antonio Jacinto Montenegro Bermúdez e Isabel Mª Núñez e Castro, tío e avoa do bautizado, da casa dos Bérmudez de Castro en San Paio de Figueroa, pero veciños de Caldas de Reis, onde Antonio Jacinto estaba de cura.

2.- *Mª Juana Ventura*, bautizada o 29 de xuño de 1733, sendo os padriños o cura de Ribeira don Ventura Vallo de Porras e Juana de Silva.

3.- *Álvaro José*, bautizado o 29 de xaneiro de 1737, sendo o padriño José Bermúdez de Sangro da casa dos Bérmudez de Castro.

4.- *Fernando Luis Andrés Ramón*, bautizado o 6 de decembro de 1741, tendo por padriños aos irmáns Fernando e Luisa Figueroa, veciños de Ramil en San Fiz de Sales.

Fillos con **María Rosa Palomo** tivo a:

5.- *Isabel María Antonia Cayetana Miranda Palomo*, bautizada en Ribeira o 29 de novembro de 1745 tendo por padriños a Antonio Jacinto Montenegro Sanxurxo Bermúdez, cura de San Cristovo de Reis, e dona Catalina Carnero Salgado, avoa da nena e veciña da parroquia de San Bartolomeu en Pontevedra.

6.- ***Felipe Juan Ventura Jacobo Miranda Palomo*** (*que segue*)

7.- *Mª Francisca Antonia*, bautizada o 12 de novembro de 1747, sendo os padriños Francisco Alejandro de Silva e Isabel Mª de Artiaga, veciños de Santiago.

8.- *Benito Francisco María Ulpiano Isidoro Vicente*, bautizado o 5 de abril de 1749, sendo o padriño Francisco Carbón, cura de Ribeira.

9.- *Josefa Mª Justa Fernanda Miranda Palomo*, bautizada o 30 de maio de 1750, sendo o padriño José Santiso de Ulloa.

10.- *Mª Ana Joaquina Francisca de la Asunción Miranda Palomo*, bautizada o 20 de naio de 1751, sendo os padriños Gabriel Andrés Piñeiro de Ulloa, xuíz de Vea, e a súa muller Mariana Taboada.

11.- *Rafael Ramón Pedro José Miranda*, bautizado o 4 de xullo de 1752 tendo por padriños a Manuel José Domínguez Bermúdez Sotomayor e Mª Josefa Figueroa Campelo e Prado, a súa muller, veciños de San Simón de Ons. Casou con *Juana Salgado Losada*, sendo pais de *Manuel María*, de *Antonio* e de *Manuela Miranda Salgado*. Antonio e Manuela morreron despois do seu pai pero antes que a súa nai, polo que a súa herdanza pasou a súa nai.

Juana Salgado (e logo o seu fillo Manuel María) e o seu sobriño Antonio María, o fillo de Felipe, tiveron un preito[503] pois en 1828 aínda estaban sen facer as partillas dos bens dos seus pais. A cousa acabou en Valladolid e ditouse executoria en 1831.

12.- *Mª Antonia Miranda*, bautizada o 17 de abril de 1754, sendo o padriño Gregorio Matalobos, cura de San Paio de Figueroa.

13.- *Josefa Rita Antonia Ramona Miranda*, nacida o 24 e bautizada o 26 de maio de 1755, sendo o padriño José Laña, cura de Aguións.

14.- *Fernando Jacobo Miranda Palomo*, bautizado o 25 de maio de 1756, sendo os padriños Fernando Ramón de Figueroa e Teresa Suárez de Puga a súa muller, veciños de San Fiz de Sales.

15.- *Bernardo Antonio Miranda*, bautizado o 7 de novembro de 1757 tendo por padriño ao cura de Ribeira Bernardo Cuervo Araúxo. Trala morte do seu pai e sen ter feito as partillas, vendeu a Juan Otero, procurador xeral da xurisdición de Tabeirós, e a seu fillo Jacobo Otero, da *casa da Mota*, uns bens. A súa nai Mª Rosa pediu a nulidade e rescisión da venda, e Jacobo Otero acabou renunciando en 1777.

16.- *Manuela Magdalena María de los Dolores*, bautizada o 4 de marzo de 1759, sendo o padriño o cura de Viduído Manuel Varela.

17.- *Francisco Tomás de Aquino*, bautizado en Ouzande o 8 de abril de 1760.

18.- *José Bernardo Miranda*, bautizado o 29 de abril de 1761. Morreu o 24 de agosto de 1763.

503 ARG. RA. 2114/30

19.- *Ana Teresa Francisca de Borja*, nacida o 6 e bautizada o 11 de outubro de 1763, padriño Fernando Figueroa veciño de San Fiz de Sales.

20.- *Lourenzo Miranda Palomo*, que foi freire en Sobrado dos Monxes.

Felipe Juan Ventura Jacobo Miranda Palomo, foi bautizado o 12 de novembro de 1746, sendo o padriño o cura de Ribeira don Ventura Vallo de Porras.

Casou na parroquia de Salomé en Santiago o 28 de maio de 1781 con *Isabel da Concepción de Castro Patiño*, filla de Bernardo de Castro Luaces e de Margarita Suárez Pose Patiño Vilardefrancos, veciños de San Xiao de Osedo, e velaron en Ribeira o 8 de outubro de 1798.

Isabel recibira como dote 4.000 ducados en metálico por escritura ante Cristóbal Rodríguez de Lagoa, escribán e veciño da parroquia de San Xoán en Santiago. Con parte do dote mercaron unha casa en Ponte Sarandón ao lado da súa e outra casa coas súas leiras anexas a carón da ponte.

Felipe fixo testamento ante Cayetano Nicolás Vidal, escribán de Tabeirós e morreu en Ribeira o 27 de decembro de 1806. E ela, que de viúva vivía en Santiago na parroquia de Santa Susana fixo testamento o 2 de marzo de 1816 ante Gregorio Domingo Baamonde, onde mostra o seu desexo de mellorar en terzo e quinto da metade do seu dote a súa filla Vicenta Ramona, ademais da lexítima. Froito do matrimonio foron:

1.- ***Antonio María Miranda***, (*que segue*)

2.- *Mª Antonia Isabel Ramona Ana Josefa Miranda*, bautizada en Ribeira o 10 de decembro de 1786.

3.- *Vicenta Ramona Miranda*, veciña de Ribeira, que casou primeiro con Florencio Piñeiro Bermúdez de Cisneros, sen sucesión, que morreu o 19 de decembro de 1815 sen testamento pero tendo declarado "infinitas débedas". Despois casou con José Cereixo, quen demandará[504] en 1825 ao seu cuñado para facer as partillas e cumprir coas cláusulas do testamento da súa sogra Isabel. Vicenta morreu o 2 de febreiro de 1826 deixando como herdeiro a seu único irmán Antonio María.

4.- *Josefa Francisca Antonia*, recibiu as augas bautismais en Ribeira o 9 de agosto de 1794, sendo os padriños o seu irmán Antonio María e a súa tia paterna dona Francisca.

Antonio María Miranda de Castro Palomo Farfán de los Godos, natural da parroquia de Santa Susana en Santiago, capitán nos Reais Exércitos do Rexemento Provincial de Betanzos, veciño da Coruña.

Casou con ***Irene Gil de Santalices***, natural de San Xoán de Porto Rico, "*unha das Antillas españolas*".

En 1825 disputou coa súa irmá Vicenta polos bens que lle deixaran seus pais.

Tiveron por fillos a:

1.- *María Miranda Gil*, que casou con Juan González Villar, pais de Ramón María que naceu en Ribeira o 8 de xaneiro de 1852.

2.- ***Carmen Miranda Gil*** (*que segue*)

504 ARG. RA. 19311/22

Carmen Miranda Gil, natural da cidade de Santiago de Compostela, casou co avogado **Manuel Luces Gómez Reloba**. Manuel, nacido na Vila de Muros o día 11 de outubro 1817, era fillo de Bartolomé Luces, piloto e oficial de mariña, e de María Antonia Gómez de Reloba, ambos naturais da Vila de Muros, e neto por liña paterna de Ángel Luces e de Tadea Hermida e pola materna de Domingo Antonio Gómez e Josefa Estévez.

A Manuel fóiselle expedido o título de avogado na Real Audiencia o 15 de xullo de 1841, en 1843 foi secretario do concello e o 4 de xaneiro de 1864 tomou posesión do Rexistro de propiedade na Estrada, que empezara a funcionar un ano antes.

En 1853 Manuel era arrendatario de consumos do concello da Estrada. Como o gobernador mandou vender a carne a seis cuartos a libra castelá, Manuel adaptou o prezo, xa que na Estrada a carne dispensábase por libras galegas, polo que foi denunciado e mandado prender polo tenente alcalde do concello, que tamén era letrado.

Carmen en 1842 tivo un preito contra a súa nai Irene Gil por un cabalo e dúas vacas tralas partillas que fixeran. Faleceu en Ribeira o 21 de outubro de 1870.

Manuel, tras quedar viúvo, casou na igrexa de Moreira o 20 de setembro de 1872, cando contaba 55 anos, con *María Josefa Porto e Leira*[505], natural de San Pedro de Parada, onde nacera o 18 de setembro de 1842, filla do médico Agustín Porto Pulleiro, natural de san Martín de Callobre, e de María Josefa Leira, natural de Santa Cristina de Vinseiro (*pazo de Correáns*), neta por liña paterna de Juan Porto e Francisca Pulleiro, de Callobre, e pola materna de Felipe Leira e de Isabel Pardo.

Carmen Miranda e Manuel tiveron por fillos, entre outros, a:

1.- *José Luces Miranda*, nacido sobre 1838, marchou a La Habana, onde en 1893 recibiu un préstamo ao 6% en moedas de ouro de José Mª Puente Núñez, veciño da Estrada. En 1898 tiveron as súas diferenzas á hora de facer as contas, pois ese día non houbo cotización oficial do ouro e cada un fixo unha valoración distinta.

Era colaborador da revista semanal *El eco de Galicia* con artigos nos que loaba á Estrada e recordaba lendas da bisbarra.


2.- *Agustina Luces Miranda*.

3.- *Claudia Luces Miranda*, que xunto co seu irmán Ricardo foron confirmados en Ribeira o 9 de xuño de 1845, sendo os padriños de confirmación Miguel Rofiñac e a condesa de Ximonde e vizcondesa de Soar dona Jacoba Cisneros.

4.- *Ricardo Luces Miranda*. Foi escribán na Estrada desde 1877 até 1887 e tamén xuíz. Casou con Mª del Socorro Blanco Valladares, filla de Antonio Blanco e de Jacoba Valladares Núnéz, que era irmá do escritor Marcial Valladares. Logo casou de segundas con Carmen Blanco Valladares, irmá de Mª Socorro[506].

Tivo dez fillos da súa primeira muller (Herminia, Jaime cura de Paradela, Laura, Isaac, Ricardo, Mª Nieves, Mª Carmen, José, Vitorino e Javier) e algún fóra de matrimonio. Un dos seus fillos lexítimos, Javier Luces Blanco, casou con Ceferina Gil Baños, pais á súa vez de Javier Luces Gil que casou con Paulina de Velasco, con descendencia. Un dos seus netos é Javier Barreiro Luces, erudito en gastronomía galega antiga.

505 Cfr. *Casa de Parada*, páx. 392 ss.
506 Cfr. *Casa de Vilancosta*, páx 499.



Libro de Javier Barreiro Luces

O 11 de setembro de 1871 tamén participaron nas partillas dos bens de José Dionisio Valladares e Mª Núñez Murciego, avós de Mª del Socorro, que se fixeron ante Manuel Santamarina.

5.- ***Laura Encarnación María del Carmen Salvadora Luces Miranda***, (*que segue*)

6.- *María Esclavitud*, que naceu o 15 de xullo de 1845 e morreu aos catro días.

7.- *José Domingo Antonio Luces*, que naceu en Ribeira o 14 de marzo de 1846,

8.- *Lucrecia Luces Miranda*, que naceu en Ribeira o 31 de xullo de 1848 e bautizada ao día seguinte, sendo o padriño o seu irmán Ricardo.


9.- *Clara Lucrecia* nacida e bautizada o 18 de agosto de 1853 en Ouzande, sendo os padriños os seus irmáns José e Agustina, faleceu o 27 de setembro dese mesmo ano.

10.- *Antonio Luces Miranda*. En 1873 con máis de 25 anos atópase como residente en Madrid para rematar os estudos de xurisprudencia e notariado, polo que seu pai mándalle un poder feito ante Manuel Santamarina para facer unhas xestións e el á súa vez dálle poder para resolver amigablemente as partillas dos bens da súa nai.

11.- *Beatriz Luces Miranda*, que ao igual que Antonio, vivía cando morreu a súa nai en 1870.

Laura Encarnación María do Carme Salvadora Luces Miranda, foi bautizada na parroquia de Ouzande o 28 de agosto de 1843, sendo o padriño Manuel Feixoo e Taboada, solteiro e veciño da Estrada.

Contraeu esponsais con **Maximino Araújo Gómez**, natural de San Vicente de Rodeiro (Pontevedra), fillo de Francisco Javier Araújo e de Gertrudis Gómez, naturais de Santa Mariña de Gomariz, no concello de Leiro (Ourense). O apelido de Maximino é o que dá actualmente nome ao pazo de san Bieito.


Estrada
Laura hija del Sr. D. Manl Luces Reloba y Dª Mª del Carmen Miranda.

Dentro de la Parroquial Yglesia de San Lorenzo de Ouzande a veinte y ocho dias del mes de Agosto año de mil ochocientos cuarenta y tres Yo D. Felipe Faló Presb. Veciño y Patrimonista de la misma con espresa licencia del Señor D. Juan Manuel Fonterda Cura propio de ella bautice solemnemente y prese los Santos Oleos a una niña que salió a luz el dia de ayer a la una de la noche hija legitima del Sr. D. Manuel Luces Reloba Secretario del Ayuntamiento de Estrada y vecindo de Mugor y de su legitima Consorte Dª. Maria del Carmen Miranda vecinda de la Coruña hoy avecindados en el Pueblo de Estrada la

Maximino foi procurador en Caldas de Reis, polo que primeiro en 1871 e logo a principios de 1873 tivo que garantir o oficio hipotecando unha finca ante o escribán Manuel Santamarina e tendo como fiador a seu sogro. Tamén foi secretario do Concello da Estrada e vivía na rúa Consolación da Estrada e logo na rúa Ulla.

Faleceron ambos esposos na Estrada, ela o 17 de abril de 1924 e o seu esposo o 28 de agosto 1933.

O seus fillos naceron na Estrada:

1.-***José Buenaventura Araújo Luces***, (*que segue*)
2.-*Laura Encarnación María del Carme Salvadora Araújo Luces*, naceu na rúa Consolación, o 25 de marzo de 1875 e faleceu célibe no seu domicilio da rúa Calvo Sotelo da Estrada o día 17 de xuño de 1937.
3.-*María de la Concepción Josefa Araújo Luces*, naceu o 9 de decembro de 1876 e faleceu viúva na Estrada o 27 de agosto de 1964.
4.-*Gaspar José Juan Araújo Luces*, naceu na rúa Ulla da Estrada o 5 de xaneiro de 1880.
5.- *Pilar Josefa Araújo Luces*, naceu o 15 de xuño de 1881 e faleceu solteira na casa da Ponte en Ribeira o 4 de agosto de 1946, sendo sepultada no cemiterio parroquial de Ribeira.
6.- *Rodrigo de la Cruz Araújo Luces*, naceu o 2 de maio de 1884. Faleceu cando contaba seis anos o 12 de decembro de 1890.

José Buenaventura Araújo Luces, nacido na Estrada o 8 de outubro de 1873, foi de profesión médico e contraeu matrimonio en Orazo o 29 de xuño de 1900, con *Carmen Ulloa Villar*, nacida en Orazo o 11 de xaneiro de 1876, filla de Faustino Ulloa Estévez e de Juana Villar Ulloa, ambos do partido de Lalín, el natural de Moneixas e ela de Donramiro.

José, que tamén era forense, atendeu desde principios de maio de 1923 á *marquesa de Casa Pardiñas*, Mª Luisa Mayo Araújo, filla de Hermelinda Araújo López, que era parente súa e viñera para Ouzande para repor a súa saúde, e cando morreu, o 27 de setembro dese ano, José embalsamouna para ser traslada ao cemiterio de Vilaxoán, lugar onde o seu home o xeneral de brigada Ramón Sanxurxo Neira tiña casa principal. Logo tivo que chegar a un preito contra os herdeiros, pois non lle querían pagar os seus honorarios[507].

José faleceu na Estrada o 19 de marzo de 1946 e a súa esposa o 8 de setembro de 1956.

Deste matrimonio quedaron dez fillos nacidos no seu domicilio da rúa Riestra da Estrada:

1.- *Maximino José Araújo Ulloa*, naceu o 30 de xuño de 1901. Médico de profesión, tivo un fillo chamado *José María Araújo López*, médico dentista, quen atendía habitualmente ao xeneral Franco cando viña de vacacións a Galicia.
2.- *María del Carmen Araújo Ulloa*, nacida o 1 de novembro de 1903, morreu célibe na Estrada o 31 outubro de 1986.
3.- *María del Pilar Pura Emilia Araújo Ulloa*, naceu o 19 de abril de 1905. Faleceu célibe na Estrada o 21 de abril de 1988.
4.- *Cesáreo Araújo Ulloa*. Naceu o 27 de novembro de 1906 e finou solteiro na Estrada o 9 xaneiro de 1960. (Tiña unha minusvalía psíquica.)
5.- ***María de la Concepción Josefa Juana Araújo Ulloa***, (*que segue*)
6.- *Laura María de los Dolores Ramona Araújo Ulloa*, naceu o 30 agosto de 1910 na Estrada, onde faleceu solteira o 9 de agosto de 1980.

507 ARG. A.T. preitos, 580/10

7.- *Gaspar Araúxo Ulloa*, naceu o 24 de xaneiro de 1914, casado con Pilar Gil Sotres. Era empregado do Banco Pastor e o seu óbito tivo lugar no seu domicilio da rúa Vega de Armijo da Estrada o 15 de maio 1985. Foron os seus fillos: Gaspar José María e Laura Patricio.

8.- *José María del Rosario Araúxo Ulloa*, naceu o 5 de outubro de 1915. Médico pediatra con exercicio na Estrada, faleceu solteiro no seu domicilio da rúa San Pelaio o 7 de novembro de 2001.

9.- *María Araújo Ulloa*.

10.- *Juana María de la Concepción Lucía Araújo Ulloa*, nacida o 9 de decembro de 1917, finou solteira en Vigo o 23 de setembro de 2006.

Trala morte dos seus pais, estes irmáns fixeron as partillas baixo a man de Gaspar, de xeito que Mª del Carmen, Pilar, Laura, Juana e Cesáreo foron copropietarios dunha casa de tres pisos na rúa Marqués de la Vega. No baixo da casa había dous locais destinados a Escola de nenos nº 1 e nº 3, que cando quedaron libres en 1957 quixeron ocupar, pero atoparon a oposición do Concello, que non llelos quería desocupar.

María de la Concepción Josefa Juana Araújo Ulloa, naceu na Estrada o 6 de outubro de 1908. Contraeu matrimonio con Manuel Puente Matalobos, e foron pais de oito fillos:

1.- ***María del Carmen Puente Araújo*** (*que segue*)

2.- *Manuel Puente Araújo*, casado con Genoveva Veiga, ambos falecidos, vivían na Coruña e tiveron tres fillos María José, Manuel, e Miriam.

3.- *María José Puente Araújo*, solteira vive en Redondela.

4.- *José Luis Puente Araújo*, casado con Carlota Lamparte, viven en Paxariñas (Sanxenxo) e teñen dous fillos: José Luis e Javier.

5.- *Laura María Puente Araújo*, casada con Lois Cedrón, residen en Vigo, onde teñen dúas fillas: Laura e María.

6.- *Miriam Puente Araújo*, casada con Delfino Álvarez, reside en Vigo, e teñen un fillo, Juan.

7.- *María Lourdes Puente Araújo*, solteira, reside en Rande.

8.- *Juan Puente Araújo*, ten unha filla chamada Helena e vive en Pontecaldelas.

María del Carmen Puente Araújo, casou na finca familiar *Villa Concepción* en Redondela o 26 de xullo de 1954 con José Luis Estévez, catedrático da Universidade de Santiago e premio Castelao. Compráronlles a seus tíos a casa de Sarandón.

José faleceu en Pontevedra o 23 de maio de 2009, sendo pois Mª del Carmen **a actual propietaria** do pazo de San Bieito ou casa dos Araúxo.

CASA DE BADÍA


No Inventario do Patrimonio Cultural do Concello da Estrada, Arquitectura Civil, Casas e Pazos (DOG 16-7-1991) figura a *casa de Badía* en Guimarei. Trátase dunha casa, que a principios do s. XVII pertencían á familia de Fernando Alonso de Castro, pero o apelido que dá nome á casa data de mediados do s. XIX, pois nela viviu José Badía Martínez, veciño de Santiago, ao casar con *Andrea Andújar Padín*, dona da casa e prima segunda de Manuel Gómez de Castro, dono do pazo de Xerlis.



Casa Badia

A **casa de Badía** está ao lado do pazo de Xerlís. Ten un portalón, que da acceso ao interior do curral, e sobre o lintel do portalón levántase unha cruz de pedra acompañada de dúas falsas ameas. Nada máis traspasar o portal vese, na parede destra e subido no máis alto tocando o aleiro do tellado da fachada principal da casa, un escudo. Na planta baixa da casa, un corredor que parte da porta de entrada, cruza toda a casa dando saída á eira e horta. Nesta planta atópase a cociña.

O escudo da casa de Badía é semellante ao do pazo de Xerlís, porque teñen unha orixe común. Cada escudo está posto sobre unha cartela con volutas, timbrado de helmo con penachos, que mira á destra, no seu campo cuartelado, un e cuarto *unha torre*, **Gómez**; dous e tres *seis roeles*, **Castro**.



Escudo. Debuxo de Javier García Gómez

XENEALOXÍA

Xa temos visto no *Pazo de Xerlís*, que a finais do século XVIII vivía no pazo *Baltasar Gómez de Castro*, escribán de número da xurisdición de Tabeirós e coto do Viso, veciño de Xerlís, que casou de segundas con *Francisca Fabiana de Quiñones*. A súa segunda filla foi:

Baltasara Gómez de Castro, casou o 24 de xuño 1747 con *Domingo Antonio de Andújar Novoa*, fillo de Benito Andújar Pereira e de Jacinta Novoa, e neto por vía paterna de Matías Andújar e Isabel Pereira, cuxa casa familiar estaba en Sobrado na parroquia de San Breixo de Lamas. Domingo Antonio tiña ademais varios irmáns: Tomás, que como estaba solteiro vivía na casa de Domingo rexentando os bens e comandando aos criados e domésticos, Pedro, Bartolomé, cura, e Lorenzo, que era cura de Sar.

O matrimonio Domingo e Baltasara alternaban a súa residencia en San Breixo de Lamas coa de Civela (Gres), onde Domingo pide ser enterrado, mentres que a súa esposa Baltasara prefire Lamas. Adquiriron durante o matrimonio bens en Sarandón e en San Mamede de Ribadulla.

No Catastro do Marqués de Ensenada cítase a Domingo como dono da escribanía que arrendara a Antonio Rodríguez da Fraga por 240 reais anuais, se ben dita escribanía a herdara Baltasara do seu tío Juan Antonio Gómez de Castro.



Portal da casa Badía

Tiñan terras e un muíño xunto á ponte en Xerlís que eran do marqués de Guimarei, a quen en 1755 debían as rendas de seis años[508]. Polo muíño pagaban 12 ferrados de pan mediado.

Domingo Antonio recibiu a herdanza vincular composta de bens en Lamas e en Parada (Pardemarín) do seu tío cura D. Leonardo, veciño de San Breixo de Lamas, mediante escritura feita o 9 de maio de 1745. Tamén recibiu a herdanza de seus pais mediante testamento feito o 9 de maio de 1747 ante o escribán Antonio Fraga. E seu irmán Bartolomeu, cura de San Breixo, deixoulle a Domingo diversos bens e a seu irmán Tomás outros en Santeles (Vea), que serían trala la morte de Tomás para Andrea Rosa, filla de Domingo.

Domingo fixo testamento o 3 de outubro de 1784 ante o escribán de Cira don José Núñez Espantoso, se ben ao mes seguinte fixo algunhas matizacións.

Tiveron varios fillos:

1.- *Pedro Andújar*, cura en San Breixo de Lamas, aínda que residente en Santiago, quen recibiu a mellora, pero que trala súa morte debía pasar a seu irmán Juan. Na mellora ía incluída a escribanía que estaba vinculada e que herdou Baltasara de seu tío Juan Antonio Gómez de Castro, e que debía desempeñar alguén da familia.

2.- *Manuela Rosa Andújar*, que casou co escribán Cayetano Nicolás Vidal de Limia. Ao morrer seu pai e antes de facer as partillas venderon a Jacobo Otero, da casa da Mota en Riobó, unhas rendas en san Breixo de Lamas e en Pardemarín por 8.385 reais. Parte destes bens eran propios e outros aforados pertencentes ao marqués de Montesacro e ao cabido de Santiago.

3.- *Andrea Rosa Andújar*, que casou con José Reimóndez, de San Salvador de Escuadro. Seu tío Bartolomé deixoulle uns bens vinculados en Santeles a recibir, se tiña descendencia, trala morte do seu tío Tomás.

4.- *Andrés Andújar*, frade no convento de San Agostiño en Santiago.

5.- ***Juan Andújar Gómez de Castro***. (*que segue*)

508 ARG. RA. 1266/25

6.- *Mª Benita Andújar*, que tivo unha filla natural chamada Rita Andújar, a quen o seu tío cura Pedro lle deixou, "*si tomaba estado*", 4.400 reais. Casou co xuíz de Tabeirós D. Manuel Vázquez, que estaba viúvo. Seu pai deixoulle unha casa e bens en Xerlís, que foran do cura Juan Antonio Gómez de Castro, tío de Baltasara. Outorgou testamento ante Bonifacio Paseiro en 1800.

Juan Andújar Gómez de Castro, veciño de San Breixo de Lamas, aínda que alternando con Xerlís, avogado da Real Audiencia e cabaleiro maestrante de Ronda, durante a guerra de Independencia foi elixido polo pobo, xunto co tamén avogado José Núñez, como caudillo e comandante "*en la justa sublevación y defensa de nuestra sagrada religión, de nuestro rey Fernando VII, ...*", pero logo marchou para Santiago xunto cos franceses, pois dicía en público que era unha barbaridade opoñerse aos franceses.

Casou a finais de 1800 con *María do Rosario Paadin Ribas*, filla de Domingo e de Agustina, e neta por vía paterna de Domingo Antonio Paadin e de María Josefa Carballido.

Tivo un preito en 1826 contra uns parentes da súa muller a causa da herdanza de María de la O Padín, prima da súa muller.



Escudo da casa Badía

En 1793 Juan denunciou a seu curmán Andrés Marcelino Gómez de Castro, do *pazo de Xerlís*, porque este, aproveitando que unha crecida destruíra a ponte sobre o río de Xerlís, mandara construír a ponte un pouco máis arriba, facendo o camiño a través dunha carballeira de Juan e por outra parte facendo un muro na canle para incorporar terreo á súa propiedade a costa de reducir a canle do río, o que podía provocar inundacións. En efecto, pouco despois e como ese inverno foi especialmente chuvioso, a nova ponte quedou inservible, polo que a sentenza[509] obrigou a Andrés Marcelino a facer de novo a ponte no seu sitio e a pagarlle a Juan 650 reais polos gastos.

En 1797 foi Andrés quen denunciou a Juan, como dono duns muíños[510]. En 1735 José Araujo fixera un muíño e un batán no Salgueiral, arriba de outro que era de Andrés, e para o seu servizo fixera unha "*presa con pared maestra en la que paraban las aguas y después por una balsa adelante hecha a obra por su mismo terreno e introducirlas en el molino y batán*" e desde alí pasaban as augas ao de Andrés e isto se fixo sempre co consentimento de Andrés, e como o muíño era más útil que o batán, destruíron este e fixeron outra roda de muíño no seu lugar. Como a crecida levou por diante a parede, Andrés opúxose a que os canteiros renovasen dita parede, inutilizando, pois, os muíños.

Nun preito[511] faise relación de terras, cuxos foreiros "*han pasado los bienes a favor de terceros poseedores en virtud de varios contratos de rentas, permutas, suforos, partijas, dotes y otras enajenaciones, omitiendo acaso su dominio y el imponerles la pensión a que estaban afectos, de lo cual se sigue que se obscurece la identidad para lo subcesibo*" en prexuízo de Juan Andújar. Este tiña terras de propio dominio en Casanova, Lamas de Abaixo, Lamas de Arriba, en Vis e en Cornado, e terras do arcebispado que aforara a diversas persoas en San Cibrán de Chapa, San Martín de Rellas, en Santa Cristina de Vinseiro (lugares de Mogueiras e Portovinseiro), en Curantes (lugares de Porto e Nogueira), en Pardemarín (Mesadoiro) e en Civela (Santiago de Gres).

509 ARG. RA 10114/2
510 ARG. RA 14534/54
511 ARG. RA.13799/42

Trala súa morte os seus catro fillos fixeron as partillas o 23 de marzo de 1830 ante o escribán Felipe Peña e Leira. Descríbense e taxan polo miúdo todos os bens –que eran moitos e importantes- nunhas 40 follas. En Xerlís deixaban unhas 34 propiedades nas que se inclúe a casa que coa súa aira, curral e corte antiga se valora en 6.437 reais.

Juan e Mª del Rosario, veciños de S. Breixo de Lamas, tiveron descendencia:

1.- ***Andrea Andújar Padín***. Vivía na súa casa de Xerlís e contraeu matrimonio o 28 de decembro de 1833 con José Badía Martínez, sen descendencia.

Por testamento ante o escribán de Callobre Francisco Antonio Álvarez, feito o 20 de agosto de 1842, Andrea deixou a metade da súa herdanza ao seu marido e da outra metade nomeouno usufrutuario e con poder para deixar ditos bens a favor dunha das súas irmás, Tomasa ou María, ou dos seus descendentes. Por iso o 27 de agosto de 1859 José Badía fíxoo a favor de Carmen, a filla de María, e que ademais era a súa nova esposa.

2.- *José María*, bautizado en Barbude o 20 de marzo de 1827, pero que morreu de neno.

3.- *Tomasa*, quen en 1830 estaba casada co tenente coronel retirado Pablo Rubido e vivían en Trobe.

3.- ***María Andújar Padín***, que casou co escribán *José María Paseiro Cadavid,* de Callobre, onde viviron. José era o fillo primoxénito do escribán *Bonifacio Antonio Paseiro Andújar* e de *Mª Ignacia Cadavid Nieves*, como temos visto ao falar de Andrés Marcelino Gómez de Castro e da súa muller Susana de Nieves Arén[512]. José tivo oito irmáns, que se estenderon polas parroquias veciñas.

Tiveron unha filla chamada ***Carmen Paseiro Andújar*** (*que segue*)

Carmen Paseiro Andújar, nacida sobre 1823-5, foi a segunda esposa de *José María de las Mercedes Antonio Santiago Badía Martínez*, ao casar en Callobre o 16 de maio de 1846.

José María[513] naceu en Santiago e foi bautizado ao día seguinte en San Fiz de Solovio o 17 de setembro de 1811, fillo de *Joaquín Badía*, natural de Aceuchal (Badaxoz) e de *Isabel Martínez*, natural de Murcia, e neto de *Joaquín Badía* e *Isabel Fernández*, por parte de pai, e de *Salvador Martínez* e *Inés Martínez* por parte materna.

José na década dos 40 cobraba as contribucións do distrito[514] e o 28 de setembro de 1865 substituíu ao alcalde, que renunciara, e permaneceu na alcaldía ata outubro de 1868. Tamén foi xuíz segundo de paz en Tabeirós.

En 1865 José comezou a facer un hórreo na súa eira pero a dous metros dunha fiestra do pazo do seu veciño Manuel Gómez Díaz. Trala disputa chegaron a un acordo polo que fixeron algúns trocos de leiras -o muíño do Salgueiral pasou tamén a José-, de xeito que ambos puideron facer entre as súas propiedades un muro de separación de 17 cuartas de alto. Á muralla poderían arrimar calquera obra (alpendre,...) sempre que non sobrepasase a altura da muralla. José tivo que desfacer o hórreo, pero foi compensado con 350 reais.

O 5 de novembro de 1875 ambos esposos outorgaron testamento ante Francisco Javier Silva legándose mutuamente un quinto dos seus bens para levar como considerasen conveniente e podendo mellorar o que sobrevivise ao fillo que quixera.

512 Cfr. Páx. 197 ss

513 José María tiña como irmáns a Antonio, oficial de 2º na administración militar, veciño da Coruña e casado con Vicencia Barreiro, a Juan que finou en Santiago ab intestato o 31/7/1863, e a Rosa.

514 ARG. RA. 24680/48

Faleceu José Badía na súa casa de Xerlís -pertencente xa á parroquia de Santiago de Tabeirós- o 18 de maio de 1876 e foi enterrado no cemiterio de San Xiao de Guimarei previo acordo entre os curas de ambas parroquias. A súa esposa finou en Xerlís o 18 de xaneiro de 1919.

Tiveron oito fillos dos cales dous morreron de nenos:

1.-*María del Carmen Josefa Margarita Badía Paseiro*, que naceu en Xerlís o 24 de febreiro de 1847.

Casou eclesiasticamente o 14 de decembro de 1871 con Eugenio Paseiro Paseiro, veciño da Estrada, que nacera o 17 de setembro de 1833 en San Xiao de Arnois, fillo do escribán Mariano Paseiro Taibo, natural de Andalucía, e de Teresa Paseiro Cadavid, veciña de Callobre, e neto por liña paterna de José Paseiro e María Concepción Taibo, naturais da Estrada, e por liña materna de Bonifacio Paseiro e de María Ignacia Cadavid. Logo casou civilmente o 8 de setembro de 1872, xa que así o pedían as novas Leis.

2.- *Teresa Amalia Badía Paseiro*, naceu o 27 de abril 1849 e faleceu o 29 agosto de 1875.
3.-*Joaquín Badía Paseiro*, naceu o 7 de novembro de 1850 e emigrou á Habana.
4.-*Ricardo Badía Paseiro*, nado o 7 maio de 1852, faleceu en 1883 no mar.
5.-*Luciano Badía Paseiro*, nacido o 8 de xaneiro de 1855, emigrou a América.
6.- ***Atilano Badía Paseiro***, (*que segue*)
7.- *Juan Badía Paseiro*, naceu o 23 de xullo de 1861.
8.- *Adelaida Helena de la Cruz Badía Paseiro*, nacido o 22 de febreiro de 1866, faleceu o 26 de marzo de 1869.

Atilano Badía Paseiro, nacido en Xerlís o 21 de febreiro de 1857. En 1875 segundo o testamento do seu pai estaba en Ultramar.

Propietario, casou o 30 de marzo de 1889 en San Martiño de Callobre con *Matilde Paseiro Budiño*, natural de Callobre, nacida sobre 1864, filla de Antonio Paseiro Andújar (procurador) e de Cándida Budiño Arias, ambos naturais e veciños de Callobre.

Foron veciños de Xerlís, onde faleceu Atilano o 17 de abril de 1932 e a súa esposa o 19 de marzo de 1930. Este matrimonio tivo dous fillos:

1.-***José Antonio Badía Paseiro***, (*que segue*)
2.- *Carmen Dolores*, nacida o 12 de abril de 1892 e que morreu o 26 de maio do mesmo ano.

José Antonio Badía Paseiro, naceu en Xerlís o 13 de outubro de 1890. Contraeu matrimonio con *Filomena Campos García*, natural de Pena de Vilabar, parroquia de Troáns, pertencente ao concello de Cuntis, nacida o 21 de outubro de 1893, filla de Jesús Campos Rodríguez e de María Juana García.

Filomena faleceu en Xerlís o 12 de outubro de 1922 e o seu esposo en Vigo nos años sesenta.

Deste matrimonio quedaron por fillas:

1.- ***María Amparo Badía Campos***, que naceu en Xerlís o 25 de setembro de 1915, e contraeu matrimonio en Guimarei o 22 de abril de 1945 con *Ramiro Pose Blanco*, natural de Moreira (A Estrada), nacido o 8 de setembro de 1913, fillo de Antonio Pose Barreiro e de María Blanco Mato. Emigraron a Bos Aires no ano 1951 e regresaron en 1979. Ramiro faleceu o 9 de xuño de 1983 e a súa esposa o 16 de abril de 1990.

Froito deste matrimonio houbo un fillo chamado *Gumersindo Pose Badía*, nacido en Xerlís o 15 de xaneiro de 1946, e que contraeu matrimonio en Bos Aires o 20 de xullo de 1974, con *Marta Ventura Gentini*, natural de Bos Aires, nacida o 5 de xullo de 1952, filla de Prudencio Ventura Bueno e de Delia Gentini Venturi. Son propietarios do restaurante *Argentinos Burguer*, especializado en cociña italiana e mexicana, sito na Estrada, que rexentan desde o ano 1980.

Son pais de: *Guillermina* que naceu en Bos Aires o 3 de marzo de 1977 e *Gonzalo* que naceu en Santiago de Compostela o 18 de marzo de 1982.

2.- ***Arminda Badía Campos***, que naceu en Xerlís o 13 de marzo de 1917 e casou en Guimarei o 23 de maio de 1943 con *Francisco Valcárcel Rey,* natural de Figueroa (A Estrada), nacido o 27 de setembro de 1928, fillo de Francisco Valcárcel Sangiao e de Carme Rey Cortés. Faleceu Arminda en Santiago o 31 de agosto de 2004, sendo enterrada na Estrada, e o seu esposo o 1 de febreiro de 1984.

Fillo seu é *Francisco José Valcárcel Badía*, nacido na Estrada o 15 de marzo de 1944 e que casou con *Mª Josefa Constela Moreno* na Somoza o 16 de marzo de 1974, tendo dúas fillas, *Mª José*, nacida o 20 de xaneiro de 1975, e *Mª del Carmen*, nacida o 24 de xuño de 1981. Francisco Valcárcel Badía é o xerente de "Muebles Hermanos Valcárcel Rey" sita na rúa Serafín Pazos da Estrada, unha das últimas moblerías onde os ebanistas fabrican os mobles de forma artesanal.

3.- ***Ernestina Badía Campos*** naceu en Xerlís u 12 de outubro de 1919, casada en Guimarei o 16 de setembro de 1945 con *Gumersindo Puente Durán*, natural de Tabeiros, nacido o 8 de febreiro de 1915, fillo de José Puente Díaz e de Pilar Durán López.

Emigraron a Caracas no ano 1949 deixando dous fillos, que naceron na Estrada, *Antonio José* o 15 de maio de 1947 e *Gumersindo* o 3 de xaneiro de 1949. Dito Gumersindo Puente Badía casou con Aida Violeta Lengster e son pais de Zurishaddai.

Ernestina faleceu o 30 de xaneiro de 2004 e o seu esposo Gumersindo faleceu o 20 de xaneiro de 2014.

4.- ***Helena Avelina Carmen Matilde Badía Campos***, naceu en Xerlís o 16 de setembro de 1922. Contraeu matrimonio con *José Esmoris Puente* e reside en Bos Aires. Sen descendencia.

En escrito de data 23 de abril de 1951, **José Antonio Badía Paseiro** vendeu a propiedade ante o notario da Estrada Sr. Azurza e Oscoz, a ***María Sexto Agra*** veciña da parroquia de Ollares no concello de Cruces. E esta xunto co seu marido ***Rodrigo Boado López***, vendeuna ante don Ignacio Nart Fernández, notario do Colexio da Coruña, con data 8 de setembro de 1952 a ***Ángel Otero Santiso***, casado con ***Aurora Fernández Fernández***, propietarios e veciños da parroquia de Guimarei.

Na actualidade vive nesta casa ***Aurora Fernández Fernández*** xunto á súa filla ***Lucita Otero Fernández***, nacida en Touro (A Coruña) o 1 de maio de 1950, que casou o 7 de xullo de 1977 con ***Manuel Pisos Rey,*** nacido en Arcos de Furcos (Cuntis) o 3 de febreiro de 1945. Deste matrimonio naceron dúas fillas chamadas:

1.- *Silvia Pisos Otero*, que naceu en Xerlís o 23 de xuño de 1977. É traballadora do SERGAS e membro do CIG-Saúde. Está casada con *Jaime Picallo*, sendo pais de Sarela, nacida o 13 de novembro de 2009.

2.- *Elisa Sabela Pisos Otero*, que naceu en Xerlís o 19 de xuño de 1978 e está casada con *Eugenio García*, sendo pais dun neno chamado Uxío que naceu o 27 de novembro de 2007.

CASA DOS BALLESTEROS. RIBELA

Preto da igrexa parroquial de Santa Mariña de Ribela, no lugar de Sesto, atópase a casa grande coñecida como a dos Ballesteros. Construída toda con perpiaños, esta casa destaca pola súas grandes dimensións, xa que ten máis de 300 metros cadrados, con seis portas e once ventás, e tellado a tres augas. Está rodeada por unha finca dunha extensión de dezaoito mil metros cadrados, protexida do exterior por unha gran muralla de pedra.



Escudo de Ribela

Na fachada principal de dita casa áchase subida no alto da porta principal unha pedra armeira con coronel. Trátase dun escudo partido. *Primeiro cuartel:* tres mesas ou paus recortados; bordura con oito caldeiras, dos **Taboada**. *Segundo cuartel*: unha torre, superada de tres estrelas de oito puntas, sinistrada dun león rampante asido a ela, dos **Gil**. Ten o escudo forma francesa e acompáñao unha bordura pola que se deslizan os lambrequíns vexetais. Ao timbre unha coroa. Esta podería facer alusión ao titulo de Conde de Taboada, concedido con data 20 de outubro de 1683 a Dª María Teresa de Taboada e Castro, Figueroa e Vilamarín.

A casa foi restaurada nos anos 80, polo que o estado da casa así como do escudo é excelente.

XENEALOXÍA

A liñaxe dos Gil-Taboada provén de terras do Deza, da casa de Barcia, que se ramificou estendéndose por todo o Deza nas casas de Carballeda, de Berganzos, Des e outras. Unha rama pasou a Ribela a través de **D. Leonel**, cura desta parroquia e como poderemos comprobar pouco dado a respectar a lei do celibato. Pódense destacar nesta liñaxe dous ilustres personaxes, *D. Felipe Antonio Gil Taboada*, nacido en Berganzos en 1668 e falecido en Sevilla en 1722, que foi bispo de Osma e arcebispo de Sevilla e *D. Cayetano Gil Taboada*, nacido en Barcia 1688 e falecido

en Santiago en 1751, que foi bispo de Lugo e arcebispo de Santiago. Leonel era curmán de D. Felipe e tío de D. Cayetano.



Cayetano Gil Taboada

A saga dos Gil-Taboada comeza con **Antonio Gil Taboada**, fillo de Gregorio Gil Varela e de Margarita Taboada, herdeiro dos bens e vínculo da casa de Barcia, en terras do Deza (concello de Lalín), casado con **Antonia de Camba Ribadeneira**. Faleceu Antonio o 18 de novembro de 1692 e a súa esposa o 17 de xullo de 1703, ambos en Barcia.

Tiveron por fillos:

1.- Clara Gil Taboada
2.- Antonia Gil Taboada
3.-Margarita Gil Taboada
4.- Gregorio Taboada e Camba
5.- Beatriz Gil Taboada
6.- Pedro Gil Taboada
7.- **Leonel Gil Taboada** (*que segue*)
8.- Juana Gil Taboada

Leonel Gil Taboada foi cura párroco de Santa Mariña de Ribela e de seu anexo San Xoán de Meavía no concello de Forcarei. Tomou posesión do seu cargo en 1672, sendo presentado polo mosteiro de Acibeiro mediante unha escritura de Andrés de Casal Vaamonde de data 7 de agosto de 1670.

Sabemos que faleceu o 21 de xuño de 1710 na casa parroquial por unha escritura de presentación ao beneficio vacante, outorgada polo mesmo mosteiro de data 9 de setembro de 1710 e autorizada por Amaro Fernández.

D. Leonel tivo varios fillos:

1.- **Ignacio Gil Taboada** (*que segue*)

2.- *Bernarda Gil Taboada*, habida con María Rodríguez, e que casou en Banga o 9 de marzo de 1711 con Jerónimo de Castro Reigosa. A súa filla Rosa de Castro casou con Andrés Mosquera, sendo dotada con 33.000 reais o 27 de xuño de 1742 polo cura de Ribela don José Zerracin Arrocha Montealvar, irmán da muller de Ignacio Gil.

3.- *Antonio Gil Taboada*, habido de Catalina Vilaverde, e que contraeu matrimonio o 7 de outubro de 1711 con Margarita Cerdeira Martínez. (Non se cita no testamento de D. Leonel).

4.- *Domingo de Nodar.* No testamento D. Leonel pedíalle a Ignacio Gil Taboada que se encargase de proporcionar estudios a Domingo *ata darlle estado a costa dos meus bens*. Que sexa mencionado no testamento e sexa receptor dun beneficio, xunto con Bernarda e Ignacio, fai supoñer que tamén é fillo seu.

D. Leonel fixo testamento en Ribela ante Domingo Vázquez Vaamonde o 16 de xuño de 1710, e dado que seus fillos eran ilexítimos e para evitar posibles preitos –de feito a súa irmá Antonia reclamou esta herdanza, baseándose no principio do dereito Romano: *mater semper certa est, pater incertus*- deixou un legado de 400 ducados para Bernarda Gil Taboada *en pago dos servizos*

que lle fixera, e designou como usufrutuario de por vida de tódolos seus bens a Ignacio Gil Taboada, e como herdeiros aos *fillos lexítimos e de lexítimo matrimonio* deste *preferindo o maior ao menor e o varón á muller.*

Ignacio Gil Taboada contraeu matrimonio o 7 de outubro de 1711 con J*osefa Zerracín de Arrocha Montealbán*, natural da vila de Carvajales, bispado de Zamora, e irmá do cura de Ribela don José.

Ignacio era avogado da Real Audiencia e seguramente foi o artífice do testamento do seu pai.

Faleceron ambos en Ribela, o marido o 8 de xaneiro de 1743 e a súa esposa o 2 de febreiro de 1769. Josefa xa viúva vendeu en 1748 xunto co seu fillo Caetano unha casa que tiñan en Carracedo. Os seus fillos naceron en Ribela:

1.- *Ignacio Antonio Gil Taboada*, bautizado en Ribela o 2 de marzo de 1717 e falecido no mesmo lugar o 1 de decembro de 1730.

2.- *José Gil Taboada*, bautizado o 21 de decembro de 1718 e finado o 12 decembro 1724.

3.- *Cayetano Gil Taboada*, bautizado o 23 de abril de 1721, En 1743 recibiu a primeira tonsura, e o subdiaconado e diaconado en 1757 a título de bens patrimoniais sitos en Codeseda e en Ribela. En 1758 solicitou o presbiterado e foi cura de Goiás, onde faleceu o 24 de xaneiro de 1816.

4.- *José Benito Gil Taboada*, bautizado o 7 de novembro de 1723, en notas a marxe figura que morreu.

5.- *Francisco Fernando Gil Taboada*, nacido o 30 de maio de 1726 e bautizado dous días despois. Recibiu as sagradas ordes entre 1759 e 1760 sendo presbítero. Faleceu en Ribela o 14 de xaneiro 1799

6.- **José Gil Taboada** (*que segue*)

7.-*María Gil Taboada*, que morreu solteira.

José Gil Taboada, contraeu matrimonio o 28 de outubro de 1799 en Santa Cristina de Vinseiro con *María de las Nieves Otero e Leira*.

María de las Nieves era filla de Domingo Otero Sar e de Tomasa Leira Castro[515], veciños de Santiago, e foi o seu padriño o seu tío Felipe Leira Castro, cura de Sta. Cristina de Vinseiro.

José Gil Taboada, que faleceu en Ribela o 18 de maio de 1809, outorgou testamento ante Cayetano Nicolás Vidal o 5 de marzo de 1809 a favor das súas tres fillas "*María, Josefa e Juana*", poñendo como testamenteiros á súa muller, á súa irmá María e ao párroco de Ribela D. Felipe. Nel declárase que vive e fai o testamento na súa "*casa pazo de Fondevila en Santa Mariña de Rivela*". E dado que o seu avó Leonel di que fai o testamento na casa parroquial, temos que supoñer que a casa pacega foi feita seguramente por Ignacio –quen querería expoñer e referendar ante o pobo a súa pertenza á liñaxe dos "Gil Taboada" e polo tanto a súa condición de "cabaleiro"-, ou ben polo mesmo José Gil Taboada, nalgún momento do século XVIII.

515 Cfr. *Casa dos Muros*, páx. 299



María de las Nieves Otero, dado que os seus cuñados uns morreron novos e outros eran curas, pretendeu incapacitar ante o provisor de Lugo a seu cuñado o sacerdote D. Cayetano, pero non o conseguiu, e este testou a favor da súa irmá María. Sen embargo, María, como era solteira, o 19 de maio de 1809 nomeou herdeira á súa cuñada Mª de las Nieves, que quedara viúva a véspera, concentrando nela a herdanza de Ignacio Gil Taboada e fillos, mentres que pola súa parte recibiu a herdanza dos seus pais en terras de San Pedro de Parada e outros lugares.

As súas fillas:

1.- **Mª Josefa Felipa Juana Cayetana Gil Otero** (*que segue*)
2.- *Juana María Cayetana Gil Otero*, bautizada en Ribela o 18 de abril de 1802 casou en 1825 con Manuel Ballesteros Gil, -irmán do seu cuñado Alejandro- e morreu en 1843.
3.- *Cayetana María Luisa Gil Otero*, bautizada en Ribela o 28 de agosto de 1804 casou en 1821 con José de Castro Taboada, natural de Cuntis, e viviron en S. Miguel de Brandariz.


As tres irmás levaban ben ao principio ben intercalado o nome de Caetana, en honor do arcebispo de Santiago D. Cayetano Gil Taboada, para engrandecer por parentesco o seu estatus social de "cabaleiros".

A partir deste momento entra en escena a liñaxe da familia **BALLESTEROS**, que dará nome, perpetuándose aínda hoxe, á casa soar, a un muíño e a outras moitas terras das que foron posesores.

María Josefa Felipa Juana Caetana Gil Otero, naceu en Ribela o 5 de febreiro de 1801. Aos 18 anos contraeu matrimonio en Ribela o 10 de xuño de 1819 con *D. Alejandro Francisco Manuel Silvestre Ballesteros Vaamonde*, de 37 anos, oficiando a cerimonia Frei Rafael Otero Leira, gardián do convento de San Francisco de Betanzos e tío da noiva.

D Alejandro fora bautizado o 26 de decembro de 1781 en Santa Olalla de Codeso (Boqueixón. A Coruña), fillo de D. Ramón Ballesteros Castro Villar e Pimentel e de Dª Ana María Vaamonde e Cortes, natural de Codeseda. Os seus avós paternos foron Francisco Ballesteros Castro, veciño de Codeso e rexedor de Santiago, e Dª Casilda do Villar Porrúa, pertencente á *casa dos Monteagudo* (Codeseda)[516], e os seus avós maternos Enrique Vaamonde e Luisa de Cortes, ambos de Codeseda.

516 Cfr.: Casa de Monteagudo, páx. 353 ss


Documento onde di que tanto os Ballesteros como os Gil teñen de "de empleo *caballeros*.."

Libro sacramental

Ambas familias tiñan "*de oficio, caballero*", segundo consta nos libros parroquiais. Vivían no lugar de Matelo (Codeso), pois compartiu a herdanza co seu irmán Manuel, que viviu ata os 102 anos en Ardesende (Codeso) do concello de Boqueixón onde foi alcalde. Sen embargo, Alejandro e María Josefa alternarán a súa residencia pasando temporadas na súa casa pacega de Ribela, onde D. Alejandro faleceu o 25 de setembro de 1848. Antes outorgara testamento en Boimorto (Arzúa) ante o escribán Manuel Taboada.

Froito deste matrimonio foron:

1.- ***Ramón Manuel María Ballesteros Gil***, (*que segue*)

2.- *Carmen*, nacida en 1822 e casada en Codeseda o 19 de xullo de 1852 con *José Castro e Cortes,* propietario e comerciante. Ela morreu o 14 de decembro de 1872. Deixou por fillos a:

a.- Cándido Castro Ballesteros (1857-),

b.- Manuel Castro Ballesteros (1858-18/5/1935). Recibiu as ordes sacras entre 1875-80 a título de patrimonio. Foi ecónomo de Anllóns en 1885, párroco de Laíño en 1886, de Santa Cruz de Castrelo (Cambados) en 1892, de Cuntis en 1899, cura en Caldas en 1914 e logo alcipreste, e en San Miguel dos Agros en 1921, onde sucedeu a seu curmán Manuel Ballesteros Gil que morrera seis meses antes. Estando de cura en Cuntis, en 1908 reclamou o dereito inmemorial das augas das burgas para os veciños e para a casa parroquial, gañando o preito que durou ata decembro de 1915. Finou o 17 de maio de 1935.

c.-Mercedes Castro Ballesteros (1860-),

d.- José Castro Ballesteros, que finou na Habana en 1898 aos 29 anos.

e.- Juan Castro Ballesteros (1863-) Foi mestre desde 1886. Exerceu en san Isidro de Montes durante 30 anos onde, casado e cun fillo, finou o 12 de xaneiro de 1927.

3.- *Francisca Ballesteros Gil*, nacida en 1825, morreu en 1848 solteira.

4.- *Juan María Dolores Pedro Ballesteros Gil,* nacido en 1826, morreu o 12 de novembro de 1919. Casou con Francisca Ferreiro mestra en Lestedo.

Un fillo seu, Jesús, casou con Manuela Martínez Neira, sendo pais de Carmen Ballesteros Martínez (1911-2011, casada con Manuel Freiría Mareque), de Jesús, Carlos, Juan, María, Santiago, Luís, fotógrafo, e de Alejandro.

5.- *María del Socorro Ballesteros Gil*, nacida en 1827.

6.- *Joaquín Froilán María Ballesteros Gil*, nacido en 1829, morreu en 1897. Casou con Mercedes Castro Rosendo, de Cumieiro, filla de Ignacio e de Mª Carmen. Viviu un tempo en Ribela, onde tivo catro fillos, e logo en Ardesende. Os seus fillos foron:

a) *Adolfo*, nacido o 7 de xaneiro de 1870 casou con María Roca Ferreiro, filla de José e Antonia, de Ribela, tendo en 1923 unha filla, Graciana Ballesteros Roca. Adolfo foi nomeado fiscal de Boqueixón en novembro de 1908.

Graciana en 1949 casou con Ángel Rey Vázquez (1921-) e tiveron unha filla e dous fillos, un dos cales foi o escritor **Anxo Rey Ballesteros** (1952-2008), autor das novelas "*Dos anxos e dos mortos*", "*Loaira*", etc.

b) *Amalia Petra* naceu o 13 de maio de 1871 e casou con Jesús Carnero Boo o 23 de novembro de 1918 en Ponte-Ulla.

c) *Isolina Juana Amalia* naceu o 7 de febreiro de 1874.

d) *Jesús*, nacida en 1877, morreu en 1896.

7.- *Antonia Joaquina Ballesteros Gil*, nacida en 1831.

8.- *Pedro Pablo Ballesteros Gil*, nacido en 1833, morreu tras unha moi longa enfermidade en 1916. Foi cura párroco en Lestedo durante 57 anos.

9.- *Santiago Policarpo de los Dolores Ballesteros Gil*, nacido en 1836.

10.- *Juana Ballesteros Gil*, nacida en 1838, morreu en 1919. Casou con Andrés de la Torre e tivo unha filla, *Mercedes*, que viviu en Engas e que casou con Manuel Fernández Méndez, veciño de Foxáns (Touro). Estes tiveron unha filla *Mª Victoria Fernández de la Torre* que foi esposa do médico e alcalde da Estrada don ***Manuel Reimóndez Portela***, "o médico dos pobres".

11.- *Tomás Manuel Ballesteros Gil*, nacido en 1841, cura de Codeso onde fixo a igrexa parroquial, segundo consta nunha inscrición sobre a porta principal da igrexa. Estivo de cura de Codeso desde 1875 ata a súa morte, o 11 de decembro de 1930.

12.- *Manuela Ballesteros Gil,* nacida en 1843.

13.- *Ricardo Ballesteros Gil*, nacido en 1846. Trala morte dos seus pais, os fillos repartíronse a herdanza, aínda que Ricardo, solteiro, estaba ausente en América. Ao volver veu que había un error na súa contra de 879 pts., polo que llo comunicou a seus irmáns, e entón estes en 1883 cedéronlle as rendas de Ribela que os irmáns Rosende, de Matalobos, non quixeran pagar. Ricardo aceptou e puxo demanda por esas rendas exhibindo copia do contrato de foro que databa de 1690 feito polo priorado de Sar a Domingo Vázquez Vaamonde. Pero perdeu o preito.

Ramón Manuel María Ballesteros Gil, naceu en Ribela o 21 de xullo de 1821 e aos 46 anos contraeu matrimonio o 31 de marzo de 1864 na parroquia de Santa María de Fonsagrada (Lugo) con *Inocencia Curiel Osorio*, natural de Fonsagrada e filla de Manuel, veciño de Cereixal (Becerreá) e de Ramona, veciña de Doncos (As Nogais).

O 20 de marzo de 1846 foille expedido o título de avogado tras estudar na Universidade de Santiago. En 1850-1 foi "*individuo de la Junta Estadística*" do distrito de Boqueixón. En 1852-3 foi concelleiro de Boqueixón, o 22 de maio de 1855 "*delegado de los caminos vecinales del distrito de Boqueixón*" e nomeado "*presidente de la Municipalidad*" desde agosto de 1854 a 30 de xullo de 1856, sendo a partir do 1 de xaneiro de 1857 xuíz de paz.



Entrada e escudo

O 28 de maio de 1862 solicitou ser rexistrador da propiedade coa recomendación de don Juan Armada, marqués de Santa Cruz, e foi nomeado o 27 de setembro de 1862 rexistrador da propiedade en Fonsagrada, onde casou. Logo estivo en Cambados a partir do 9 de febreiro de 1875 e en Lugo a partir do 11 de marzo de 1878 "por ser o máis antigo dos aspirantes". Cando estaba en Cambados, foi multado o 31 de agosto de 1875 con 150 pts. por irregularidades detectadas en Fonsagrada[517].

Como non vivían en Ribela, a súa casa foi utilizada un tempo polo seu irmán Joaquín Froilán.

Ramón morreu o 19 de outubro de 1884 ao parecer a causa dunha gangrena. A súa descendencia:

1.- *Manuel María José Cándido Carlos Ballesteros Curiel*, nacido en Fonsagrada o 28 de xaneiro de 1864, dos meses antes de casar seus pais.

D. Manuel, solteiro, fíxose cargo de seus irmáns máis novos, Ramón e Julio, ao morrer seus pais. Foi secretario do concello en diversos lugares como Forcarei, Antas de Ulla (1925), Boborás (desde febreiro de 1926 ata o 20 de setembro de 1927) e Lalín, a partir de 1927. No ano 1922, despois de que o alcalde de Forcarei se pasase ao bando do Marqués de Riestra, a Corporación destituíu a Manuel Ballesteros como secretario por ser sospeitoso de roubar unhas actas e documentos. Seguramente a causa real da destitución foi que el non cambiara de bando e seguía sendo socialista e republicano. Esta é tamén a razón pola que durante a Guerra Civil, a pesar da súa idade, tivo que se exiliar tralo oportuno aviso do seu irmán Julio, xa que estaba incluído na lista de xente que os mandos entregaron ao capitán Julio para que lles aplicase a lei. Díxose que Manuel morrera en Vigo (tiña xa 72 anos) ou que quizais pasara ao estranxeiro, seguramente a América. Antes vendera a súa casa de Forcarei aos Pichel.

2.- *María del Socorro Cándida*, naceu en Fonsagrada o 29 de xuño de 1866. Os seus padriños foron seus tíos maternos Cándido e Carlota Curiel Osorio.

517 AHN. FC-Mº Xustiza Re. Propiedade, 343, Exp.73

3.- *Pío Manuel Ramón Ballesteros Curiel*, naceu en Fonsagrada o 28 de xuño de 1867. Foron os seus padriños Manuel Barreiro, farmacéutico, e Manuela Crespo, veciños de Fonsagrada.

4.- *Ramona Ballesteros Curiel* naceu en Fonsagrada o 5 de marzo de 1869. Seus padriños foron a súa avoa Ramona Osorio e o seu tío Manuel Curiel.

5.- *Amalia Ballesteros Curiel*, naceu en Fonsagrada o 22 de abril de 1870. Os seus padriños foron a súa avoa Ramona Osorio e o seu tío Manuel Curiel.

6.- *Eulalia Ballesteros Curiel*, naceu en Fonsagrada o 6 de abril de 1873. Os seus padriños foron seus tíos Socorro e Manuel Curiel Osorio.

7.- *Ramón María Justino Julián Ballesteros Curiel* nacido en Cambados o 29 de xaneiro de 1877, contraeu matrimonio con Ramona Gutiérrez Pérez (Soutelo, 1889 – 1970) en Soutelo de Montes o 23 de setembro de 1909, onde faleceu o 10 de setembro 1931. A súa viúva vendeu a herdanza que lle correspondera ao marido, situada no lugar de Carracedo, moi próximo de Ribela.



Ramón Ballesteros Curiel

8.- ***Julio Ballesteros Curiel*** (*que segue*)

Julio Ballesteros Curiel, nacido o 22 de xullo de 1882 na cidade de Lugo, contraeu matrimonio aos 45 anos o día 5 de decembro de 1927 en Cortegada con *Celsa Ramona Castro Carpintero,* de 27 anos, filla de Ladislao e Emilia, veciños de Cortegada de Baños (Ourense). Faleceron en dita vila, Julio o día 25 de xaneiro de 1952 e Celsa o 20 de setembro de 1981.

No ano 1910 Julio era sarxento de Infantería en Ferrol e logo participou na guerra que houbo no Protectorado Español en África, onde obtivo varias medallas. Sendo tenente retirouse o 7 de febreiro de 1927 co grado de capitán, pero uns meses antes xa se integrara no Corpo de Seguridade de Pontevedra como tenente-xefe. Ao proclamarse o Alzamento Nacional, presentouse inmediatamente como voluntario e incorporouse ao Rexemento de Infantería Zaragoza nº 30, prestando servizos de Campaña desde o 1 de setembro de 1936 ata o 21 de febreiro de 1937 en que foi ferido por metralla sobre todo na perna esquerda, con rotura de tibia, en

Lubrios del Naranco (Asturias). Aos poucos días de ser ferido e ante a falta de oficiais, o seu heroísmo e valentía fíxolle pedir ao director do hospital que lle dese o mando dunha zona de Oviedo e que "*si no hay coche, que me lleven en una silla o en brazos al puesto de trincheras*". Foi condecorado con dúas Cruces de Guerra, tres Cruces Roxas e a Medalla da Campaña, e retirouse como comandante.



Julio Ballesteros Curiel

Outra mostra do seu carácter cóntaa nunha carta manuscrita Cándido Curiel de Fonsagrada que o visitou no Sanatorio de Oza (A Coruña): "*Me preguntó que cual era el objeto de mi visita. Como es natural, puse en su conocimiento que acaba de ser movilizado y que no me vendría mal (como buen gallego) que esperaba su valiosa ayuda con miras a eludir 'dar el pecho'.- Su reacción me dejó frío y más o menos consistió en lo siguiente: 'con gallinas coma tú, será imposible salvar la patria'. Regresé a casa, como se suele decir con el rabo entre las piernas*".

A pesar da súa fidelidade ao bando nacional, seguramente por ter acollido a seu irmán ou simplemente por ser seu irmán, caeu en desgraza e foille conxelado o seu retiro para sempre, tanto a el como á súa viúva.

Colaborador da *Voz de Galicia*, *Vida Gallega*, *Diario de Galicia, El diario de Pontevedra*, etc., Julio ten asinado interesantes artigos de divulgación cultural e crítica artística, por exemplo, "Bujados y Asorey" (16/1/1915), onde mostra a súa vasta cultura e o seu fino espírito crítico. Tamén deu conferencias en Madrid e en Pontevedra[518].

Amigo de Bouza Brei, con quen colaboraba, tamén era investigador e escritor, pois ten publicados varios libros utilizando o pseudónimo de O´Juliel Becuri. As súas obras máis destacadas son: *Cervantes, rector de Colegio. Pedagogía del Quijote* (1919), *Memorias*

518 Diario de Pontevedra 11/5/1727

de María Luisa. Como piensan las solteras desde los 14 a los 48 años (1920), *Triunfo de Marte*, e *Verbo de los Arginas*. *Jerga-latín de los canteros* (1930). Esta obra supúxolle ser o pioneiro no estudio de dita fala, pois aínda que non era filólogo profesional destacaba pola súa cultura.

Froito do matrimonio foron:

1.- *Julio Ballesteros Castro*, avogado, foi delegado comarcal de Sindicatos de Foz. En 1968 recibiu a Cruz de Cabaleiro da Orde de Cisneros. Casou con Palmira Andrade en Vilaronte (Foz), onde finou o 5 de marzo de 2004. Tiveron dous fillos: Paula, profesora de Ensino Secundario, e Julio, presidente de Novas Xeracións do PP de Foz en 1993-95.

2.- *Jesús Ballesteros Castro*.

3.- *Mariucha Ballesteros Castro*.

4.- *Emilio Ballesteros Castro*, nacido en Vigo en 1929, médico, casado con Josefa Baños Ríos, mestra, tivo dous fillos: Emilio e Julio.



Emilio Ballesteros Castro

Desde 1975 viviu en Nava (Asturias) onde foi elixido alcalde polo PSOE (1979), sendo posteriormente Conselleiro de Interior e Administración Territorial do Principado de Asturias (1987-1991).

Herdou de seu pai a valentía e firmeza nos seus principios. Cando tivo noticia da intentona golpista de Tejero en 1981, presentouse no cuartel da Benemérita, repartiu uns puros e advirtiu: "*La máxima autoridad, conferida por el pueblo, soy yo. De aquí no se mueve nadie*". De aí foi cara ao concello, onde celebrou un pleno e emitiu un comunicado en defensa da democracia. Finou aos 87 anos o 16 de agosto de 2017.

Tamén seu fillo Emilio en 2011 foi elixido alcalde de Nava por APN (*Asturianistes por Nava*).


5.- *Celsa Ballesteros Castro*, solteira.

D. Julio Ballesteros Curiel foi o último morador desta liñaxe na casa de Sesto. Vendeu por 120.000 pts todas as terras, muíño e a casa de Sesto en Ribela sobre o ano 1946 a **Manuel González**, o seu caseiro, e este en 1957 vendeu a casa coa finca que a rodea por 90.000 pts a **Ramón Iglesias Montero**, veciño de Moalde no concello de Silleda, sendo a actual propietaria a súa filla **Pilar Iglesias Mato** e o seu esposo *D. Adelino Rivas Pomares*, que teñen unha filla e dúas netas.

CASA DE BARCIA. CORA

A "casa de Barcia", como aínda se coñece, áchase no lugar de Piñeiro na parroquia de San Miguel de Cora. Leva deshabitada máis de cen anos, pero foi utilizada como escola desde 1945 até 1975 aproximadamente. De tamaño superior ás casas do seu entorno, ten planta en L e antigamente tiña as cortes na planta inferior e a cociña, forno e demais habitacións na superior.


Sobre o lintel da porta que dá acceso á planta baixa, hai unha fornela que daba acubillo a unha figura feminina feita en granito, e que agora se conserva fora do seu sitio. Trátase dunha figura orante que de algunha maneira rogaría polo benestar dos habitantes da casa (ao estilo dos lares e manes clásicos). Leva unha gargantilla punteada en torno garganta, o que nos leva a unha figura de importancia, claramente feminina. Chama a atención as flores-conchas da súa parte inferior.



Orante, da casa de Barcia

Ao lado da casa hai un lagar e a "horta dos Barcia" de 21 ferrados cerrada toda ela con muro de pedra.

Na súa fachada ten un escudo que nos remite a unha familia fidalga, quizais aos "*Fernández de Ávila y la Cueva*" pois esta familia, que habitou un tempo esta casa, probou a súa fidalguía no século XVI e no XVIII, e dado que a súa orixe está en Ayllon (Segovia) polos *Fernández*, e en Xerez da Fronteira polos *De Ávila y la Cueva*, ten sentido que no escudo apareza un brazo matamouros.



Escudo da fachada. Debuxo de Javier García Gómez

Trátase dun escudo rectangular no que podemos apreciar un brazo vestido, empuñando unha espada núa, posta en xefe e a súa punta remata no cantón destro do xefe. Tres cabezas de rei moro deitadas, unha arrimada ao brazo, outra baixo a man e a terceira baixo a punta da espada, no cantón destro do xefe, no cantón destro da punta un can pasante; no flanco sinistro unha árbore terrasada.

1.- FAMILIA NÚÑEZ

Na segunda parte do s. XVII vive en Piñeiro don **Jacobo Núñez de Castro**, escribán da xurisdición de Vea, e a súa irmá *María Núñez de Castro* que casou con *Gabriel de Gosende*[519], escribán de Cerdedo, con descendencia.

Eran fillos do escribán *Domingo Núñez de Cardecid* e de *María do Campo Gulías*, netos por vía materna do escribán *Domingo do Campo Magán* e de *Juana Gulías* da casa de Lerce en Santa Mariña de Castrelos (Forcarei), e neto por vía paterna de Pedro Núñez de Cardecid e de *Helena Alonso*, veciños de Cuntis, e bisneto por vía paterna de *Nuno de Cardecid* e de *María Castro*.

Os Núñez procedían, pois, do lugar de Cardecid en Cuntis, pero Jacobo pasou a vivir en Cora ao casar con *Isabel Núñez Varela de Vaamonde*, filla de Miguel Núñez, veciño do lugar de Piñeiro en Cora, e irmá do cura da parroquia D. Diego Núñez Varela de Vaamonde, que nacera en 1623, e de quen trala súa morte en 1701 vai ser herdeira. Tamén vivía en Cora outro irmán de Isabel e de Diego chamado Domingo.

Jacobo foi sepultado o 16 de maio de 1688 con testamento ante Domingo Martínez, veciño de San Pedro de Sarandón, e Isabel foi enterrada o 2 de xaneiro de 1705 con testamento ante o escribán Bartolomé Reimóndez.

Jacobo e Isabel tiveron ampla descendencia, se ben cando morreu Jacobo só quedaban oito fillos:

519 María finou en Cerdedo o 7 de xullo de 1666 con testamento ante Francisco Gómez Gundín, escribán da xurisdición de Montes, e Gabriel foi sepultado o 12 de maio de 1691 tamén en Cerdedo.

1.- ***Pedro Núñez Varela de Vaamonde*** (*que segue*)

2.- *Gregorio*, bautizado en Cora o 4 de abril de 1656, tendo por padriños ao capitán Juan Ribera, veciño de Aguións, e a Juana do Campo, de Lagartóns.

3.- *María Ana*, bautizada o 28 de xullo de 1658. Casou o 16 de outubro de 1679 con Domingo Sánchez Refojo, veciño da parroquia de santo André de Santiago.

4.- *Francisco Antonio*, bautizado o 16 de maio de 1660.

5.- *Juana*, recibiu o bautismo o 2 de xaneiro de 1664, sendo padriño don Juan de Miranda, cura de Santo André de Vea.

6.- *Isabel María Núñez de Castro*, bautizada o 26 de setembro de 1665 e que casou o 15 de maio de 1684 con *Juan Ambrosio de la Peña Sotomaior*, fillo de Antonio de la Peña Sanxurxo Montenegro e de Antonia Bermúdez Soutomaior, veciños de San Paio de Figueroa[520].
Tiveron catro fillos:

a) *Antonio Jacinto de la Peña*, cura de Caldas de Reis.

b) *Juan Antonio de la Peña*, cura de Ouzande.

c) *Luisa Teresa de la Peña*, que casou con Juan Sánchez de Andrade, escribán de Altamira e veciños de San Fiz de Brión.

d) *Mª Felipa de la Peña*, que casou con Pedro José Miranda Valcarcel Farfán, dono do pazo de San Bieito[521] ou Casa dos Araúxo en Ponte Sarandón.

7.- *Bernarda Núñez de Castro*, bautizada o 26 de agosto de 1666. Casou con Alonso Calvelo de Puga, familiar do Santo Oficio e escribán de número na xurisdición de Vea, quen en 1691 chegou a unha concordia coa súa sogra polos bens que quedaran do seu sogro[522]. Foi el quen quedou coas escrituras de todos os escribáns anteriores, como os de Francisco Núñez Monteagudo[523].

8.- *Micaela María Núñez de Castro*, bautizada o 22 de agosto de 1668, tendo por padriño a Diego Núñez de Castro, clérigo. Seguramente morreu de nena pois máis tarde houbo outra nena chamada igual.

9.- *Constanza Benita Núñez de Castro*, bautizada o 27 de novembro de 1669, tendo por madriña a Benita Constanza Bermúdez, veciña de Santiago. En 1684 aparece como madriña dun bautizo.

10.- *Micaela Núñez de Castro*, que naceu en Cora o 11 de marzo de 1674.

11.- *María Núñez Varela*, que casou con *Antonio de Castrigo Sanmamed*, do lugar de Castrigo en Ortoño. Foron os pais de *Mariana*, casada en Arnois con Andrés de Silva Fernández[524], e de *Rosa*, casada co doutor Ignacio Pereira Moscoso, natural de San Salvador de Cristiñade (Pontareas).

Pedro (Antonio) Núñez Varela de Vaamonde, que foi como seu pai escribán na xurisdición de Vea e veciño do lugar de Piñeiro.

Casou o 15 de maio de 1701 con *Benita Rivera Sotomaior*, nacida o 25 de marzo de 1676, filla de Gómez de Ribera Soutomaior e de Margarida Fernández Varela de Rioboo, veciños de Frades, e neta por liña paterna de Diego de Ribera e Soutomaior, natural de Aguións[525], e de Juana Miranda, veciña de Frades e filla de Rodrigo López de Miranda e de Antonia Valenzuela, da *casa dos Miranda* en Subión (Frades).

520 Cfr. *Casa grande dos Bémudez de Castro*, páx. 263
521 Cfr. Páx. 219 ss.
522 AHUS Protocolo de Pedro Vázquez, a 27 de outubro de 1691.
523 ARG.RA 16757/3
524 Cfr. *Casa de Silva. Arnois*. Páx. 482 ss.
525 Cfr. *Pazo de Preguecido* Páx. 169 ss

Benita foi dotada o 5 de decembro de 1700 ante Bartolomé Reimóndez Figueroa con cinco cargas de centeo e unha paga de 500 ducados á conta e satisfacción dos legados que deixou seu tío Domingo Fernández Varela, cura de San Xiao e Santo André de Vea, ademais dunha egua e unha mula. O 21 de febreiro de 1708 celebraron a cerimonia da velación matrimonial.

Benita finou o 26 de xullo de 1712 tendo outorgado testamento ante Juan de la Peña, veciño de San Paio de Figueroa, e o seu marido Pedro morreu de repente e foi inhumado o 6 de abril de 1727, tendo feito tamén testamento. Foron pais de:

1.- *Baltasar Antonio Caetano*, bautizado o 3 de xullo de 1704, sendo os padriños Baltasar Ribera Soutomaior e a súa muller Isabel Ibañez Sarmiento, veciños de Aguións, donos do pazo de Preguecido. Morreu de neno.

2.- *Juan Antonio Núñez de Rivera Varela de Vaamonde*, que naceu o 27 de decembro de 1708 e foi bautizado o 31 na igrexa de san Miguel de Cora, sendo o seu padriño D. Juan de Castro[526], cóengo en Santiago. Foi veciño de Santa María de Frades e no Catastro do Marqués da Ensenada en 1753 aparece como escribán da xurisdición de Cora. Pero antes tivo un preito a causa de dita escribanía contra Juan Francisco de Barcia e Andrade, o novo marido da súa madrasta, e que ao falar deste máis adiante se expón. Casou con *Rosa de Torres*, veciña de Subión (Frades). O seu tío materno Rodrigo de Rivera, como non tiña fillos, deixouno como herdeiro dos seus bens e do vínculo e morgado que fundara o seu avó Rodrigo López de Miranda e o que fundara o seu tío cura Juan Bautista Miranda Valenzuela.

Tiveron tres fillos que morreron solteiros, *Juan* que morreu moi novo, *Francisco* que morreu o 8 de setembro de 1793 e *José* que fixo testamento o 18 de marzo de 1794, e morreu ao día seguinte, deixando a súa "alma" como herdeira, é dicir, para misas. Estes irmáns, Francisco e José, xunto cos seus parentes Juan Antonio Miranda, veciño de Santeles, e Antonio Luis Acevedo, do pazo de Preguecido aparecen incluídos nunha certificación de 1775 na que se di quen son nobres na xurisdición de Vea.

3.- *Francisco Antonio Núñez de Rivera Varela de Vaamonde*, que naceu o 13 de decembro de 1710 no lugar de Piñeiro e que foi bautizado o día 21 de dito mes e ano. Foi o seu padriño D. Francisco Rodríguez de Baltar, cura de Carracedo. Dise del no Catastro do Marqués da Ensenada que tiña arrendado os dereitos da feira. Viviu en Corga na parroquia de san Xurxo de Vea e en 1792 pasou a vivir ao lugar de Torriña en san Xiao de Vea, onde era xuíz.



Casa de Barcia

526 Nesta parroquia e nestes tempos o nome do padriño e ás veces do cura que bautiza adoita aparecer no nome –normalmente composto- do bautizado.

Logo Pedro Núñez casou en segundas nupcias con **María Inés Fernández de Ávila e de la Cueva** o 6 de agosto de 1713, velándose en San Miguel de Cora o 8 de febreiro de 1714. Para iso presentou un escrito do notario de Poio (Pontevedra), o cal fai pensar que era desa zona. Preto de alí, en Noalla (Sanxenxo), Mª Manuela Valladares Paadín casou con Alonso Xacinto Fernández de Ávila e de La Cueva. Posiblemente este era irmán de Mª Inés e fillo de Alonso Ignacio Fernández de Ávila e la Cueva e da súa muller María Barbeito, segundo consta nun preito de 1721. Porén un preito de fidalguía sitúa a esta familia en San Pedro de Parada (Nigrán).

Curiosamente no rexistro da confirmación dos fillos de Pedro, Inés aparece baixo o nome de *Inés de Castro e Sarmiento* (¿unha confusión?).

Tiveron por fillo a *Pedro Antonio Bernardo Núñez e Fernández de Ávila*, que naceu e foi bautizado o 2 de febreiro de 1716, sendo o seu padriño Bernardo Gutiérrez, cura de santa Cristina de Vea e vicario de san Miguel de Cora. Faleceu Pedro Antonio Bernardo en Piñeiro e foi enterrado en sepultura dotada o 5 de maio de 1741.

Pedro Núñez Varela de Vaamonde faleceu de repente na súa casa de Piñeiro e foi enterrado en sepultura dotada o 6 de abril de 1727 na igrexa de san Miguel de Cora.

2.- FAMILIA BARCIA

Inés Fernández de Ávila, a muller de Pedro Núñez Varela, sete meses máis tarde de ter quedado viúva, o 26 de novembro de 1727 contraeu novas nupcias en San Miguel de Cora co novo escribán de S.M e de número da xurisdición de Vea **Juan Francisco de Barcia e Andrade**, fillo de *Domingo de Barcia* e de *Úrsula Pérez de Andrade*, veciños de santa María de Dordaño (Cesuras, A Coruña), sendo testemuñas da cerimonia os fillastros de María Inés, Juan Antonio e Francisco Antonio.

Vivían na casa de Piñeiro que a partir deste momento e ata a actualidade será coñecida co nome de *Casa de Barcia*. No Catastro do Marqués da Ensenada dise que era escribán de S. M. e que tiña un pombal para uso propio.

Juan Francisco obtivo a escribanía do arcebispado mediante un pago de 2.000 ducados e unha renda de 400 reais anuais ao tesoureiro das rendas e efectos do arcebispo Jacinto Noriega Escudero segundo consta en documento feito o 18 de xuño de 1727, co que acudiu ao Consello de Castela que lle aprobou dito nomeamento en Madrid o 5 de novembro de 1727, quince días antes da súa voda.

En 1741 ante o escribán Andrés Mosquera e sendo testemuña Domingo Antonio Barcia e Andrade, Juan Francisco de Barcia vendeulle por 18.000 reais os dereitos da escribanía a Juan Antonio Núñez Rivera, o fillastro da súa muller, pero logo denunciouno por exercer dita escribanía, pois alegaba que a escribanía era vitalicia. Pero nun preito[527] de 1745 resolveuse que Juan Francisco tiña que renunciar á escribanía.

Faleceu Juan Francisco no lugar de Piñeiro sendo sepultado dentro da igrexa de San Miguel de Cora o 6 de agosto de 1757 en sepultura dotada de 12 reais. E Inés Fernández de Ávila finou na súa casa de Piñeiro sen facer testamento e foi sepultada na mesma igrexa o 19 de abril de 1770.

Juan Francisco de Barcia e Inés Fernández de Ávila tiveron por descendencia a:

1.- *Bernardo Jacinto Benito de Barcia Fernández de Ávila*, nacido no lugar de Piñeiro, foi bautizado polo reitor de san Cristovo de Reis (Teo) don Antonio Jacinto Montenegro de

527 ARG. RA 20877/38

Soutomaior o 20 de novembro de 1728 na igrexa de Cora, sendo o seu padriño Bernardo Gutiérrez de Higuera e Arredondo reitor de santa Cristina de Vea e vicario de Cora. Morreu solteiro e enterrouse o 5 de marzo de 1756 en sepultura dotada na igrexa de San Miguel de Cora.

2.- *José Antonio Caetano de Barcia*, que naceu o 11 de abril de 1731 e foi bautizado dous días máis tarde. Foi o seu padriño José Antonio Caetano Mosquera de Soutomaior e Sanvitores, II marqués de Guimarei.

3.- ***Nicolás José Juan Francisco de Barcia Fernández de Ávila*** (*que segue*)

Nicolás José Juan Francisco de Barcia e Fernández de Ávila, naceu no lugar de Piñeiro o 6 de novembro de 1732 e foi bautizado o 12 de dito mes, sendo o seu padriño José Bermúdez de Castro e Sangro[528]. De novo foise vivir a Santiago onde chegou a ser escribán para o cal fixo expediente de limpeza en 1758.

Logo exerceu como escribán de S.M. en Rianxo, onde contraeu matrimonio o 1 de agosto de 1764 con *Rosa Ferraces Pastor e Torrado*, filla de Francisco Antonio García Ferraces e de María Josefa (ou Antonia, nalgún documento) Pastor e Torrado, veciños de Rianxo.

Nicolás morreu o 12 de novembro de 1816 e Rosa o 26 de maio de 1824, tendo feito ambos testamento o 17 de maio de 1814 ante José Garrido, escribán de Cerdedo.

Tiveron varios fillos nacidos uns en Rianxo e outros en Cora:

1.- *María Inés de Barcia Ferraces*, que naceu en Rianxo o 9 de xullo de 1765 e que morreu de nena, segundo a anotación que aparece á marxe no libro parroquial.

2.- ***Juan Ramón de Barcia Ferraces*** (ver apartado 4)

3.- *José Francisco de Barcia Ferraces*, que naceu en Rianxo o 10 de novembro de 1769, sendo o seu padriño José Vázquez Pastor.

4.- *Nicolás Antonio Vicente María das Angustias*, que naceu no lugar de Piñeiro o 28 de febreiro e bautizado o 1 de marzo de 1772.

5.- *María Inés del Carmen de Barcia Ferraces*, nacida o 22 de febreiro de 1774 e bautizada ao día seguinte na igrexa de Cora, sendo o su padriño Pedro de Torres.

6.- *Roque Antonio de Jesús de Barcia Ferraces*, que naceu o 31 de decembro de 1776 e foi bautizado ao día seguinte, sendo o padriño o seu irmán Juan Ramón.

7.- *Rosa Gabriela de Barcia Ferraces*, que naceu no lugar de Piñeiro o día 13 de febreiro de 1779 e bautizada ao día seguinte, sendo o padriño o seu irmán José.

8 e 9 .- *Ana Antonia e Bárbara Juana de Barcia Ferraces*, que naceron no lugar de Piñeiro e foron bautizadas o 25 de febreiro de 1782, sendo o padriño de Ana Antonia D. Bonifacio Carballido, veciño de San Xurxo de Vea, e o de Bárbara Juana o seu irmán Juan Ramón. Ana Antonia morreu de nena.

10.- *Joaquina Ana María Manuela de Barcia Ferraces*, naceu no lugar de Piñeiro o 14 de agosto de 1784 e foi bautizada o mesmo día, sendo os seus padriños José Pastor, veciño de Rianxo, e a irmá da bautizada Mª del Carmen. Morreu solteira o 12 de outubro de 1872 aos oitenta e oito anos, deixando a seu sobriño Juan Barcia como encargado das súas últimas vontades.

12.- *María Josefa Dominga de Barcia Ferraces*, naceu no lugar de Piñeiro o 17 de marzo de 1787 e foi bautizada dous días máis tarde, sendo os seus padriños Domingo González, veciño de Santa Cristina de Vea, e María Fernández, muller de Manuel de Barcia, veciños de Santiago. Casou en Cora o 30 de outubro de 1822 con *José Antonio Limeses*, fillo de Mateo Limeses e Antonia Daval, veciños da vila de Pontevedra. Morreu Josefa o 7 de xuño de 1831.

528 Cfr. *Casa grande dos Bermúdez de Castro*, páx. 273 ss.

Tiveron varios fillos:

A.- Andrés Limeses, que naceu en 1823. Morreu o 23 de novembro de 1849 dous meses despois de terse caído desde un castiñeiro.

B.-José Gabriel Limeses, que naceu o 2 de xaneiro de 1829.

C.-Josefa Limeses que naceu el 4 de decembro de 1825. Casou o 6 de abril de 1852 con *Sebastián Verde Porto*, fillo de Antonio e de María. Sebastián morreu aos 65 anos o 26 de marzo de 1890. Sebastián e Josefa tiveron varios fillos:

a).- *María Josefa Verde Limeses*, que casou o 8 de abril de 1889 con *Francisco Touceda Lorenzo*, fillo de Francisco e Juana.

b).- *José Verde Limeses*.

c).- *Francisco Verde Limeses*, que naceu e foi bautizado o 10 de abril de 1859 e que faleceu o 16 de novembro de 1936. Casou con Rosa Carneiro Carneiro, veciña de Cacheiras, e tiveron varios fillos[529].

d).- *Antonio José Verde Limeses*, que naceu en 1860 e faleceu aos 22 anos o 25 de setembro de 1882.

e).- *Rosa Verde Limeses*, que naceu o 2 de xaneiro de 1862 e foi bautizada ao día seguinte, sendo o seu padriño o seu avó materno. Morreu o 6 de setembro de 1863.

f).- *Antonia Verde Limeses*, naceu e foi bautizada o 22 de maio de 1864. Casou con *Benigno Lorenzo Varela*, veciño de San Salvador de Baloira, fillo de Antonio e Francisca.

13.- ***Rosa de Barcia Ferraces***, (*que segue*)



Lagar da casa de Barcia

3.- A casa de Barcia desde 1800 ata hoxe

A Nicolás Barcia Fernández de Ávila e a Rosa Ferraces sucedeulles a súa filla:

Rosa de Barcia Ferraces, que naceu no lugar de Piñeiro en 1788 e casou en Cora o 28 de febreiro de 1810 con *Andrés Martínez Calvelo*, fillo de Bonifacio e de Manuela, veciños de santa Cristina de Vea.

529 Os seus fillos: - *Antonia Verde Carneiro*, que naceu o 17 de marzo de 1892 e que a súa vez casou o 28 de outubro de 1915 con *Peregrino Otero Riveira*.
- *Manuel Verde Carneiro* que naceu o 12 de xullo de 1894 e foi bautizado ao dia seguinte. Casou en Sta. Cristina de Vea con *Josefa Porto Neira* o 24 de xuño de 1915.
- Jesusa Verde Carneiro que naceu o 6 de febreiro de 1900 e foi bautizada ao día seguinte. Casou con *José Barcala Linde* o 9 de abril de 1921.

Vivían no lugar de Piñeiro, na *casa de Barcia*, aínda que a partir de agora o apelido principal dos seus habitantes será Martínez.

Morreu Rosa aos 87 años o 1 de agosto de 1875, tendo feito testamento o 20 de xaneiro de 1845 ante o escribán José Mª Paseiro, aínda que logo fixo un codicilo o 25 de outubro de 1864 ante o escribán Manuel Santamarina. Foi enterrada no cemiterio, pois entón xa estaba prohibido enterrar dentro da igrexa.

Tiveron os seguintes fillos:

1.- *Gabriela Martínez de Barcia*, naceu o día 5 de decembro de 1810 en Piñeiro e foi bautizada ao día seguinte na igrexa de san Miguel de Cora, sendo o padriño o seu avó Nicolás Barcia.

2.- ***José Ramón Martínez de Barcia*** (*que segue*)

3.-*Rosa Martínez de Barcia*, naceu en Piñeiro o día 28 de setembro de 1815, bautizado o mesmo día, sendo os padriños os seus avós maternos Nicolás e Rosa.

4.- *Nicolás Martínez de Barcia*, naceu en Piñeiro o día 3 de novembro de 1818, bautizado o mesmo día. Fíxolle funeral o día 4 de febreiro de 1852, se ben faleceu en Pamplona sendo militar e solteiro.

5.-*Rita Martínez de Barcia*, naceu en Piñeiro e bautizouse o mesmo día, o 17 de abril de 1820. Casou o día 1 de agosto de 1864, con José Vázquez Rey, viúvo de Juana Loureiro e fillo de Ramón e Juana, veciños de San Xiao de Vea. Faleceu Rita o 27 de novembro de 1908 viúva.

José Ramón Martínez de Barcia, naceu en Piñeiro o día 28 de xullo de 1813, bautizado na igrexa de san Miguel de Cora o mesmo día, sendo os padriños o seu avó paterno Bonifacio e a súa avoa materna Rosa.

Casou con *Dominga Salgado Herbojo*, filla de José e Alejandra, veciños de Cora e naturais de San Xurxo de Vea. Foron labradores.

Faleceu Dominga Salgado o 3 de outubro de 1893 aos 75 anos na casa de Piñeiro (Cora) e o seu esposo José Ramón o día 5 outubro de 1896, aos 83 anos, tendo feito testamento o 16 de agosto de 1882 ante o notario da Estrada D. León Tornadijo.

Tiveron por fillos:

1.- ***Ramón Martínez Salgado*** (*que segue*)

2.- *José Martínez Salgado*, a quen aos 26 anos e solteiro se lle tributan honras fúnebres o 22 de decembro de 1881, pois, segundo seu pai, falecera en Bos Aires.

3.- *Andrés Ramón Martínez Salgado* que naceu o 18 de maio de 1859 e bautizado ao día seguinte, sendo o padriño o seu irmán Ramón.

Ramón Martínez Salgado, que casou con *Antonia Carballo Gómez*, filla de Sebastián e de Manuela, veciños de Santa Cristina de Vea.

Ramón que vivía en Piñeiro e era labrador morreu o 2 de marzo de 1920 aos 78 anos. Tiveron os seguintes fillos:

1.- *José Ramón María Martínez Carballo*, que naceu en Piñeiro o día 12 de marzo de 1868, bautizado na igrexa de san Miguel de Cora, ao día seguinte.

2.- *José María Martínez Carballo*, que naceu o 1 de novembro de 1869 e se bautizou ao día seguinte.

3.- *Ramona Martínez Carballo*, que naceu o 2 de outubro de 1871 e foi bautizada o mesmo día. Casou o 24 de outubro de 1891 con José Godoy Piñeiro, fillo de Juan e de Francisca veciños de San Xiao de Vea.

4.- ***Manuel José María Martínez Carballo*** (*que segue*)

5.- *María Dolores Martínez Carballo*, naceu o 22 de febreiro de 1875, bautizada ao día seguinte. Faleceu en 1950.

6.- *Lorenzo Martínez Carballo*, naceu o 8 de decembro de 1876

7.- *Rita Martínez Carballo*, naceu o 1 de abril de 1881.

Manuel José María Martínez Carballo, naceu en Piñeiro o 12 de marzo de 1873 e foi bautizado o mesmo día.

Casou con *Francisca Porto Neira*, filla de Miguel, natural de Santa Cristina de Vea, e de Benita, natural de Santo André de Trobe, pero veciños de Vea.

Froito do matrimonio foron:

1.- *María del Consuelo Martínez Porto*, que naceu en Piñeiro o 15 de xullo de 1900 e se bautizou o mesmo día. Casou con *José Riveira Iglesias*, labrador, que naceu entre 1896-97. Vivían no lugar de Sieiro onde María faleceu o 19 de decembro de 1929. Tiveron dous fillos, *José* e *Manuel Riveira Martínez*.

2.- *María Mercedes Martínez Porto*, que naceu en Piñeiro e se bautizou o mesmo día o 29 de abril de 1902. Casou con Manuel Cora Coto, o 7 de decembro de 1927, que naceu sobre 1901, fillo de Manuel Cora Carbia e Francisca Coto Bustelo.

3.- *Elvira Martínez Porto*, faleceu solteira o 18 de outubro de 1947.

4.- *Manuel Martínez Porto*, solteiro, finou en Argentina.

5.- ***Dolores Martinez Porto*** (*que segue*)

6.- *Carmen Martínez Porto*, nacida en Piñeiro o 27 de decembro de 1910, casou con Francisco Basteiro Iglesias, nacido o 4 de abril de 1900, natural e veciño de Currelos (Codeseda), a onde se trasladaron a vivir.

O óbito de Francisco tivo lugar en Codeseda o 14 de decembro de 1986 e o de Carmen o 12 de xaneiro de 2007. En Currelos tiveron os seus fillos:

a) *Manuel Basteiro Martínez*, que naceu en Currelos o 17 de xaneiro de 1940 e casou en Caracas con Mercedes Ramos, de cuxo enlace hai dous fillos varóns Carlos e Vidal. Tiña un negocio de materiais de construción en Macaracuay (Caracas), onde foi asasinado o 3 de marzo de 2008.

b) *Francisco Basteiro Martínez*, que naceu o 19 de novembro de 1941 e casou en Venezuela con Doris Castro. Deste matrimonio hai tres fillas, Isabel, Mª del Carmen e Pilar.

c) *José Luis Basteiro Martínez*, naceu o 21 de decembro de 1944, solteiro. Reside en Canadá.

d) *Ramiro Basteiro Martínez*, nacido o 10 de xuño de 1946 e casado en Zaragoza, onde reside, con Mª del Carmen García Corro, tiveron dous fillos, Rosa-Carmen (falecida) e Ramiro.

e) *Dolores Basteiro Martínez*, nacido o 6 de novembro de 1948 e casada con Manuel Frade Varela, vive en Codeseda. Teñen un fillo chamado Pablo.

f) *Vidal Basteiro Martínez*, nacido o 20 de xullo de 1951 e casado en Venezuela con Elvirina Rina Urdaneta, teñen un fillo chamado David. Residen en Suíza.

7.- *Amalia Martínez Porto*, naceu no lugar de Piñeiro o 25 de marzo de 1922 e faleceu solteira de pulmonía en Piñeiro o 15 de agosto de 1947.

Dolores Martínez Porto, que naceu en Santiago o 17 de xuño de 1907 e casou con *José Basteiro Iglesias*, irmán do seu cuñado Francisco, mestre de profesión, natural de Codeseda. Faleceu o 25 de xuño de 1990 e o seu esposo en 1963. Os seus descendentes son:

1.- ***María Elvira Basteiro Martinez*** (*que segue*)

2.- *Ilda Fanny Basteiro Martínez*, que naceu o 27 de marzo de 1938, casou o día 12 de novembro de 1972 con José Rey López, nacido o 1 de setembro de 1935, veciño de Baloira, e ten dous fillos: Natalia que naceu o 19 de setembro de 1974, e Alberte José que naceu o 23 de maio de 1976.

3.- *Elías Alonso Basteiro Martínez*, que nacido o 14 de setembro de 1934 e residente en Venezuela, ten dous fillos da súa compañeira Felipa Santiaga:

a) *Mirian Josefina*, que naceu o 26 de marzo de 1960 e casou con *Donald Huskey*, nacido o 10 de xaneiro de 1957, con que ten tres fillos: *Werner Alexander* que naceu o 6 de maio de 1986, *Nikola Virginia* que naceu o 19 de xullo de 1989 e *Brigitte Carolina* que naceu o 21 de novembro de 1994.

b) *Elías José* que naceu o 7 de marzo de 1962 e que da súa primeira parella ten unha filla chamada *Eliana Betzahi*, nacida o 15 de abril de 1992, e da súa segunda compañeira sentimental ten tres fillos: *Elías José* que naceu o 26 de xuño de 1997, *Andreus José* que naceu o 21 de abril de 1999 e *Eliangel José* que naceu o 13 de setembro de 2004.

Maria Elvira Basteiro Martínez, naceu o 24 de xuño de 1936. Casou o 5 de decembro de 1965 con *Jesús Codesido Lorenzo*, nacido en Souto de Vea o 12 de xuño de 1933, fillo de Ramón e Mercedes, de profesión industrial. Jesús faleceu o 11 de agosto de 1992. Tiveron os seguintes fillos:

1.- *Orlando Codesido Basteiro*, nacido en Piñeiro o 2 de febreiro de 1967, casou con Margarita Bernárdez, natural de Pazos (Silleda).

2.- *María Jesús Codesido Basteiro*, nacida o 9 agosto de 1969.

3.- *José Ramón Codesido Basteiro*, nacido o 9 de outubro de 1977.

María Elvira é a actual propietaria da *Casa de Barcia* e polo tanto descendente de Francisco de Barcia Andrade e de María Inés Fernández de Ávila e de la Cueva. No ano 2010 o seu fillo José Ramón iniciou as obras de restauración de dita casa, agora xa rematadas.

4.- OS BARCIA, EMINENTES MÉDICOS NEURÓLOGOS.

Un dos Barcia, Juan Ramón de Barcia Ferraces, trasladouse a finais do século XVIII a Santiago onde estudiou medicina, inaugurando unha xeración de **médicos** chamados ***Juan Barcia*** que se prolongou ata o día de hoxe (sete xeracións), a maioría deles profesores de Universidade e dedicados ao cultivo das ciencias neurolóxicas, unha circunstancia pouco común que fixo que a familia figure no libro de Guiness dos Récords.Trátase dos personaxes seguintes:

D. Juan Ramón de Barcia y La Cueva (1767-1840)
D. Juan Ramón de Barcia y Nalda (1825-1902)
D. Juan Barcia Caballero (1852-1926)
D. Juan Barcia Eleicegui (1877-1946)
D. Juan José Barcia Goyanes (1901-2003)
D. Juan Luis Barcia Salorio (1929-2001)
D. Juan Antonio Barcia Albacar (n. 1962)

Aínda que colaterais á lista, tamén debe citarse a Demetrio Barcia Salorio, fillo de Juan José Barcia Goyanes, catedrático de Psiquiatría e primeiro catedrático de Neurocirurxía de España, e a Inés Mínguez Duato, bisneta de Juan Barcia Goyanes, especialista en Xinecoloxía.

Juan Ramón de Barcia Ferraces. (1767-1839)

Naceu en Rianxo o 20 de outubro de 1767 e foi bautizado ao día seguinte, sendo seu padriño Pedro Antonio García e Caamaño. Firmaba como **Barcia e de la Cueva**, tomando este apelido da súa avoa. Obtivo o título de médico en 1792. Foi nomeado procurador xeral da cidade de Tui a onde se trasladara en 1799 por ter sido nomeado médico titular do Hospital.

En 1808 armou a súas expensas unha tropa que tomou parte no asedio dos franceses. Tras un desterro en Portugal e en Dinamarca, opositou e obtivo a praza, pero trala chegada dos liberais foi desprovisto de dita cátedra e do cargo de médico titular no Hospital de Santiago.

En 1825 fíxoselle información de limpeza de sangue para ser médico do Hospital Real de Santiago[530]. Quizás a súa aportación máis interesante foi ter introducido a vacina de Jenner, pouco despois de ter sido creada por este autor e ter vacinado á poboación do Sur de Galicia e Norte de Portugal.

Casou con *Prisca Nalda e Vinuesca* e morreu aos 69 anos en Santiago o ano 1839 deixando á familia en situación económica precaria. Foi fillo seu:

Juan Ramón Barcia e Nalda (1825-1902).

Licenciouse en Medicina en 1848 coa tese titulada *La medicina moral empleada en el tratamiento del histerismo periódico*. Foi médico do Hospital Real, que era o Hospital Universitario, onde foi profesor de Medicina xeral. Foi fillo seu:

Juan Barcia Caballero (1852-1926)

Naceu en Santiago. Estudou medicina e axiña se distinguiu no só como médico senón tamén como escritor. Foi médico titular do Seminario diocesano e de todos os conventos de clausura de Santiago. Dirixiu o hospital de San Roque para Sifilíticos e o manicomio de Conxo. Foi catedrático de Anatomía e no campo da medicina escribiu entre outras *Anatomía práctica e De Re Phenopática*.

530 AHUS. Hospital Real, leg. 53, exp. 1.732



Juan Barcia Caballero. Rev. Café con gotas

Escribiu poesía, novela e ensaio facéndoo tanto en castelán como en galego. En 1883 publicou unha obra bilingüe, en prosa e en verso titulada *Mesa revuelta. Ensayos literarios* e en 1891 *Rimas*.

Cultivou a poesía relixiosa toda a súa vida. Versificou unha lenda baixo o nome de "*A Virxe d'Aranzazu*" que ten por tema o feito acaecido en 1742 na parroquia de Sta. Cristina de Vea, cerca da capela desta advocación, "Alá preto de Cora, lugar risoño da galega terra", e do que é testemuña un cruceiro alí erixido.

Temendo que unha nena tivese sido vítima dun lobo, os pais acudiron á Virxe e logo encontrárona viva e sá acariciando un lobo que estaba morto aos seus pés:

"E n'o alto d'o camino
Que leva â carballeira,
N'o cabo d'a toxeira
O lobo apareceu.
E un año…non…¡un neno!
Levaba n'as queixadas
Y-en duas palancadas
N'a chouza se perdeu.

E chichean e marmullan
Hastra que todos escraman:
"Vamos a rezar â hermida;
Quezais a Virxe nos valla"
E alá van…
¡Dio-l-os axude!
¡Válalles a Virxe Santa!
…
Na chanzada d'a Gándara, por diante
D'o pórteco d'a eirexa
Hay un bulto qu'as sombras e a distancia
Reconocer non deixan.
Hay alí un corpo negro estirricado
Cal si morto estivera;
E á carón una cousa que buliga
E de lonxe branquéa.
…
E chegan â chanzada c'os fachuzos
As sombras aluméan
¡Y-era o bulto qu'estaba alí deitado
O lobo e mais a nena!
E d'o montón una muller sahindo
De contra o seo a aperta;
E ¡milagre! ¡milagre! berran todos
¡Qu'o lobo estaba morto e sana a nena!



Cruceiro e capela da Virxe de Aránzazu

E no ano santo de 1920 compuxo o himno oficial ao Apóstolo Santiago, que comeza *Santo Adalid patrón de las Españas,* con música de Soler Palmer, e que é o himno que se canta habitualmente na catedral. Morreu o 10 de outubro de 1926.

Tivo por fillo a:

D. Juan Barcia Eleicegui (1877-1946).

Naceu en Santiago onde terminou medicina en 1898. Ingresou no Corpo de Sanidade Militar, estivo en África e ao triunfar a república retirouse do Exército. Pero en 1937 volveu ao servizo activo e foi nomeado Director do hospital Militar de San Caetano. Finalizada a guerra ascendeu a xefe dos Servizos Sanitarios da rexión e xubilouse en 1940 co grado de Coronel, trasladando a súa residencia a Santiago.



Timoteo Sánchez Freire e disculos, practicando unha cesárea. (Juan Barcía Eleicegui, o segundo á dereita)

Herdou de seu pai o gusto e a mestría pola literatura, cultivando a poesía, a novela e escribiu varios traballos de tipo médico. Foi coautor xunto co seu pai das novelas *Dos almas* e *El señor Nin*. Tamén consta que en 1929 fixo un donativo de libros para a Real Academia Galega.

Tivo por fillo a:

D. Juan José Barcia Goyanes (1901-2003).

Naceu en Santiago onde estudou medicina terminando aos 20 anos e lendo a tese doutoral aos 25. Logo foi profesor na Universidade por oposición primeiro en Santiago e logo en Salamanca. Despois traballou en Praga, en Lovaina e en Valencia onde ocupou aos 28 anos a cátedra de Anatomía, ao mesmo tempo que traballaba no Hospital Xeral.

Ao comezar a Guerra Civil trasladouse á Coruña, onde tiña a familia. Alí transformou o Hospital de Labaca en Hospital Neuroquirúrxico. Al terminar a Guerra Civil volveu a Valencia e alí continuou a súa actividade até a súa morte en xullo de 2003.

Acompañara a seu pai médico militar destinado no Norte de África, o cal lle permitiu iniciarse no árabe, que logo perfeccionou. Tamén chegou a dominar o español, galego, valenciano, portugués, alemán, francés, inglés, italiano, sueco, danés, ruso, grego moderno e polaco, e tamén coñecía o grego clásico, latín, hebreo, sánscrito e persa ate o punto de publicar na maioría destes idiomas. Segundo o seu neto Nacho Duato, "*De niños nos hacía leer la Biblia y nos daba una peseta por cada parte del cuerpo que encontrábamos mencionada: hígado, sien, codo… A él le servía para buscar después esas palabras en hebreo y empezar a tirar de ahí*"[531].

Ao crearse o Consello Superior de Investigacións Científicas, foi nomeado Xefe da Sección de Neuroloxía do Instituto Cajal que incorporou ao Servizo de Neuropsiquiatría e Neurociruxía.

Foi decano da Facultade de Medicina desde 1945 até 1964 e Reitor da Universidade en 1965 até a súa xubilación en 1971.

531 XL Semanal, 14/3/2020

Publicou *El mito de Vesalío* (1994), *Cinc segles i un dia* (2000), *Onomatología anatómica nova: historia del lenguaje anatómico* (1978), etc. E seguindo a estela do seu avó e de seu pai tamén foi amante da poesía e xa ancián publicou varios libros de poesías, *Canto de Cisne* (1988), *Aún no se ha muerto el cisne* (1989) e finalmente en 2001 publicou *Como el eco*.

Casou na parroquia coruñesa de Santa Lucía o 8 de decembro de 1927 con **María da Encina Salorio Suárez**, filla de Demetrio Salorio, coa que tivo catro fillos:

1.-*María de la Encina Barcia Salorio*, nacida en 1928, que é a nai do coñecido bailarín Nacho Duato e ten unha neta, por tanto bisneta de Barcia Goyanes, Inés Mínguez Duato tamén médico.

2.- ***Juan Luis Barcia Salorio***, (*que segue*)

3.- *Demetrio Felix Barcia Salorio*, nacido en 1931, foi profesor universitario en Valencia, en 1972 accede como catedrático de Psiquiatría á universidade de Santiago de Compostela e logo en Murcia.

4.- *María de los Ánxeles Barcia Salorio*, que é relixiosa das Escravas do Sagrado Corazón, e foi a que atendeu a seu pai nos últimos catorce años da súa vida, ao quedar viúvo.

Juan Luís Barcia Salorio (1929-2001).

Doutor en Medicina pola Universidade de Valencia (1962), profesor agregado de cirurxía: Neurocirurxía (1973), catedrático de Neurocirurxía (1980), académico numerario da Real Academia de Medicina de Valencia, premio Rei Jaime I (1997) en Medicina Clínica, premio Fabrikant da Sociedade Internacional de Radiocirurxía Estereotáctica (1997) e o primeiro catedrático de Neurocirurxía de España.

En Valencia formouse no Servizo de Neurocirurxía de Barcia Goyanes. Posteriormente traballou en Friburgo con Richer e en Estocolmo con Lecksell onde se iniciou en Cirurxía esterotáxica e Radiocirurxía, da que foi logo un destacado especialista polo que obtivo un recoñecemento internacional e foi galardoado co premio da Sociedade Norteamericana de Neurocirurxía e o premio de Investigación Xaime I o Conquistador. Aparte das súas numerosas achegas á neurocirurxía especialmente en Cirurxía da dor, da enfermidade de Parkinson, dos trastornos circulatorios, etc., interesa en Psiquiatría por ser un dos iniciadores en España da Psicocirurxía esterotáxica.

Juan Antonio Barcia Albacar (1962-)

Fillo maior do anterior, seguiu os pasos dos seus ascendentes. Concluíu os seus estudos de medicina en 1986 cun brillante curriculum o cal fai esperar que continúe poñendo no máis alto das ciencias médicas o seu apelido. Actualmente é neurocirurxián e profesor titular desta especialidade no Hospital Xeral Universitario de Valencia.

CASA GRANDE DE BERMÚDEZ DE CASTRO. SAN PAIO DE FIGUEROA

Na parroquia de San Paio de Figueroa está situada unha casa inventariada no patrimonio cultural do concello da Estrada (DOG 16/7/1991) coa denominación de "*Casa grande de Bermúdez de Castro*"[532], aínda que tamén se coñece por *casa dos Sangro*. Lamentablemente a casa necesita unha boa recuperación e posta en valor.



Casa grande dos Bermúdez de Castro

Sobre o ano 1700 este lugar chamábase "*Vista de Dios*"[533] e estaba formado por diversas casas onde vivían varias familias todas pertencentes aos *Bermúdez de Castro*. Ás casas accedíase a través dunha portada que remataba nun arco e sobre el un escudo con dúas figuras de pedra aos lados a modo de cabezas, unha eira grande daba servizo ás casas e outro escudo campaba na fachada da casa principal.

Pero en 1718 José Bermúdez de Castro e Mera, dono dunha parte, fíxose con todo o conxunto: *Como José Bermúdez ten a súa casa dentro do curral grande deste dito lugar coas súas cortes para cabalos e máis saídos pertencentes, e dentro do mesmo curral e circunvalación tamén ten outra casa Juan Ambrosio Montenegro coas entradas e saídas así polo portal grande de cantería onde desde tempo inmemorial a esta parte está un escudo de armas en que están esculpidos os brasóns dos Figueroa Bermúdez de Castro Arias e Aldao dos que proveñen ambos outorgantes por liña e descendencia de don Juán González de Figueroa e Inés Álvarez Bermúdez de Castro Arias e Aldao, os seus maiores e causantes, e como a unha e outra parte lle convén facer o troco […] A casa componse dun cuarto e sobrado antigo co seu faiado, unha porta con linteis de cantería que sae fronte ao camiño real que pasa á vila de Padrón e outras partes e no mesmo sitio e para o mesmo camiño hai outro portal de cantería que sae do soto de dito cuarto e ademais*

532 Esta casa foi estudada por Carlos Martínez Barbeito en T*orres, Pazos y Linajes de la Provincia de La Coruña*, ed. Diputación de A Coruña, 1978. Pero está equivocado ao situar preto de Pontedeume esta casa, debido a que algún topónimos como *Figueroa* ou *Callobre* tamén se repiten alí.

533 ARG. RA. 4372/109

pegado a este cuarto hai outro faiado que antes de agora estivo cuberto e agora descuberto cunha porta e ventá no alto e outro portal tamén de cantería que un e outro sae ao camiño real. O faiado de 27 cóbados dentro das paredes está contiguo a dito cuarto alto e torre da casa referida pola parte de vendaval por onde confina tamén coa horta de José Bermúdez... e dito faiado remata na cociña...que corre ata outra casa de dito José Bermúdez, así pola horta como polo dito curral en igualdade en alto e ancho á torre...[534] O troco fíxose por outra casa e anexos no lugar da Estrada que tiña no portal o *escudo dos Figueroa* e que pertencía a partes iguais a José Bermúdez e a Mª Margarita Bermúdez Maldonado de Figueroa e a seu home o marqués de Mos, por seren descendentes de Juan González Figueroa e de Inés Álvarez Bermúdez de Castro.



Escudo. Casa grande de Bermúdez de Castro

Actualmente a casa principal de Figueroa ten un escudo, que está sobre unha cartela, acolado coa cruz de Santiago[535]. Cuartelado en cruz; 1º) xadrezado de 3x9 e un castelo sobre ondas, dos *Bermúdez de Castro e Prego e Montaos*. 2º) seis roeis postos tres e tres, dos *Castro*. 3º) cortado, primeiro cinco follas de figueira postas en sotuer, dos *Figueroa*, segundo 1 e 4 unha puga ou espora, 2 e 3 unha caldeira, dos *Puga*. 4º) tres faixas con dúas ordes de xadrezados, separados por un cinguidor, dos *Soutomaior*. Sobre o todo, escusón cargado de cinco flores de lis postas en aspa, dos *Aldao-Maldonado*. Timbrado de helmo empenachado, que mira á destra.

Un escudo moi parecido a este, pero feito en mármore, pódese ver tamén na igrexa de Sumio (Carral. A Coruña) sobre o sepulcro do capitán de navío don *Francisco Jacobo Tomás Bermúdez de Castro e Sangro*, falecido o 24 de marzo de 1818, pois vivía no pazo de Vilasuso en Sumio, pero que era o dono desta *casa grande* en San Paio de Figueroa.

XENEALOXÍA

Juan González de Figueroa, señor de Callobre e de San Paio de Figueroa, familiar do Santo Oficio, era fillo de *María González Figueroa*, a patroa do beneficio de San Lourenzo de Ouzande, *que era moi nobre e moi rica* e que chegou a unha idade moi lonxeva, e de *Pedro Figueroa*.

Juan, que pertencía a unha familia de escribáns e letrados, foi escribán en San Paio de Figueroa, intervindo nalgunhas vendas de propiedades que fixo o cóengo e dono da *pazo de Preguecido* don Gómez Rodriguez Riobó entre os anos 1521 e 1541.

Casou con **Inés Álvarez Bermúdez**, que era filla de *Luis Bermúdez de Castro*, (Xeve, 1470-1555, e enterrado no convento de Santo Domingo en Pontevedra) e de *María Siso Ibias*, neta por liña paterna de *Pedro Arias Aldao* (ou *Aldabo*, en documentos máis antigos) e de *María Bermúdez*, e neta por liña materna do rexedor *Pedro Siso* e de *Inés López de Ibias*. Era polo tanto curmá de Urraca Arias de Sotomayor, que casou con Juan Rodríguez de Castro e Riobó, "o vello", señor do pazo de Preguecido.

Luis Bérmudez, o pai de Inés, en 1540 foi atacado na súa fortaleza de Gondar polo gobernador e alcaldes de Pontevedra con cincentos homes armados e como non se resistiu, levárono encadeado

534 ARG. Protocolos de Domingo Gómez de Ensán, o 25 de marzo de 1718.

535 Pedro Bermúdez de Castro foi *cabaleiro de Santiago* en 1643 e o seu fillo José o 1-1-1670 (AHN. OM-Caballeiros Santiago,Exp.1021).

a cárcere de Pontevedra xunto co seu fillo *Juan Siso*, por disputas sobre a xurisdición civil e criminal no coto de Xeve[536].



Escudo da fortaleza de Gondar. Xeve

Precisamente Inés xunto co seu home tivo un preito a partir de 1567 contra este, é dicir, contra o seu irmán Juan Siso Bermúdez de Aldao, señor de Gondar, pois pretendían herdalo ao non ter fillos lexítimos. Segundo as testemuñas do preito, Juan tivo unha filla lexítima de Antonia de Gusmán[537], con quen casou pero que logo deixou por presións do seu pai, (aínda que máis tarde chegou a acusala de adulterio). A filla chamábase María Siso (ou Bermúdez de Castro[538]), que casou primeiro co escribán de Viascón Juan Gil de Santabaia, e logo con Pedro García de Armesto. Pero Juan tivo tamén un fillo, *Pedro Siso*, de Teresa Vázquez, muller ao parecer casada con Juan Fidalgo. Juan Siso quería deixarlle a súa herdanza e morgado a este fillo, por iso, tanto Inés Álvarez e Juan González de Figueroa, como tamén María Siso acudiron aos tribunais. Finalmente a sucesora foi María Siso.

Como proba da fidalguía do matrimonio unha testemuña di que "*Juan González mientras estuvo vivo por muchas veces salió a cazar en un caballo castaño con su lanza en la mano con sus monteros y perros que tenía para dicho efecto de caza de jabalíes y ciervos, y algunas veces vió que lo acompañaba doña Inés Álvarez Bermúdez de Castro su mujer que iba a caballo con una lanza y puesta una montera en la cabeza*"[539].

Juan testou[540] o 12 de xaneiro de 1589 na súa casa de San Paio ante o cura de San Paio de Figueroa don Antonio Salcedo, se ben a instancias do xuíz levouse o testamento ante Francisco Núñez, escribán do lugar de Piñeiro en Cora. Morreu aos poucos días, xa que se abriu o testamento 6 de febreiro. E antes de 1596 morreu a súa muller.

No testamento mandou refacer a ermida do Sancti Spiritus e xunto a ela construír unha casa para acoller aos peregrinos que viñeran a Santiago, na que tamén se puxo o escudo familiar. A ermida estaba situada no campo da feira da Estrada, é dicir, onde agora está a praza de Galicia, e foi derribada en 1842.

Juan no seu testamento cita nove fillos, aínda que nas partillas dos seus bens xa só se fala de seis herdeiros:


1.-*María Siso Bermúdez de Castro* casou (en 1566 xa casara) con *García Núñez*[541], veciño de Santiago.Tamén preiteou con Juan Siso Bermúdez de Aldao, señor da casa de Gondar. García Núñez morreu en 1567-68, e ela sobre 1591.

Tiveron por fillos a:

a.- *Inés Bermúdez*. Casou en 1593 con *Feliciano Salgado e Novoa*. Inés morreu en 1615 e Feliciano, que casou de novo con Inés Taboada, morreu en xaneiro de 1626. Tiñan bens en Vilasusán (Berres), dos que Feliciano deixou como usufrutuaria á súa segunda muller pois

536 ARG. RA.1222/23
537 ARG. RA.18690/91
538 ARG. RA. 25093/52, 1222/123
539 AHN. OM-Cabaleiros Santiago,Exp.1021
540 AHN. OM-Caballeros-Santiago, exp.1023, páx. 136
541 Cfr. *Casa de Vilancosta*, páx. 493 ss.

aportara 200 ducados como bens dotais, polo que o seu fillo Diego a demandou[542] esixíndolle os bens do seu pai. Tiveron por fillos polo menos a Diego Bermúdez, nacido en 1595, e a Rosendo Salgado nacido en 1601, ambos estudantes na universidade de Santiago.



Sinatura de Diego Bermúdez e Rosendo Salgado nun contrato con Benito Campelo

b.- *Diego Bermúdez*, cardeal. Cedeu a súa lexítima da herdanza dos seus pais como dote para a súa irmá Inés, dándolle poder o 16 de xuño de1592 ao padrasto (Pedro Vázquez) para facer a escritura.

María Siso casou de segundas en 1581 con *Pedro Vázquez de Puga*, veciño e rexedor de Santiago. Fundaron a ermida de San Antonio en Santa Mariña de Ribeira, mandando ela no testamento que o seu marido a dotase cunha carga de pan. Tiveron por fillos a:

c.- *Berenguela Enríquez de Novoa*. Casou con don *Bernardino Sarmiento Soutomaior*, fillo de Diego Sarmiento e de Ana Pimentel Sotomayor. Coidaba as cabalerías da raíña e residía en Madrid. Nunha ocasión Benito Campelo, dono do pazo de San Benito en Ponte Sarandón e parente dos Bermúdez de Castro, vendeulle unhas mulas. En 1608 recibiron unha doazón de cen ducados do seu irmán e cuñado o cardeal don Diego.

Foron pais de *Catalina Sarmiento* (Mos, falecida o 2/8/1690), que casou con *Gabriel Sarmiento de Quirós*, natural de Mos, (falecido o 24/8/1660), señor de Mos, cabaleiro de Calatrava en 1653, fillo de Bernardino Quirós de Soutomaior, natural de Plasencia, e de Violante de Sousa e Meneses. Catalina e Gabriel tiveron como fillo a *Gabriel Sarmiento de Quirós* (Mos, 1645-1714) I marqués de Mos, que casou con Mª Bernarda de Bezu/Bossu.

A II marquesa de Mos foi a súa filla *Catalina Josefa de Sarmiento de Quirós*, que casou con Alonso Correa Cortes de Mendoza, conde de San Bernardo, e tivo un preito en 1709 co seu parente Juan Ambrosio Montenegro -de quen falamos logo-, veciño de San Paio de Figueroa, a quen lle reclamaban as contas que o seu irmán Antonio, cura de Ouzande e administrador do marqués de Mos, non entregara[543].

d.- Catarina Enríquez, monxa en Redondela.

Trala morte de María Siso en 1590 e do seu segundo marido en 1601, os seus catro fillos xunto co avogado Álvaro de Prado fixeron en 1611 as partillas[544] de mutuo acordo, Berenguela como cesionaria da súa irmá de Catalina Enríquez, e Inés como cesionaria do cardeal Bermúdez, o seu irmán. Tiñan bens en Santiago, Ribeira, Sarandón, Figueroa, Berres, etc.

542 ARG. RA. 10878/61
543 ARG. RA. 4372/109
544 ACS. P. 143 - 285ss

En 1602 Diego e as súas irmás Berenguela e Inés, como eran patróns do beneficio de San Lourenzo de Ouzande presentaron para dito beneficio a Juan Bermúdez de Figueroa, clérigo de menores, "*nieto de Juan González y de Inés Álvarez Bermúdez*"[545] e fillo de Marcos e Maior Rodríguez.

2.- *Constanza Bermúdez de Castro*, que casou con *¿Manuel? Pereira*, tendo por fillo polo menos a Simón Pereira, despois casou sobre 1590 con *Alonso Vázquez de Trebolle* (e Ribadeneira), que morreu en abril de 1598. Logo aos poucos meses casou co campaneiro *Lope de Ballesteros*[546], con quen fixo levantar un cruceiro en San Paio de Figueroa segundo podemos ler na inscrición que hai nos catro laterais do seu pedestal: IHS M - *lope de ballesteros i su mujer costanca berm _ r se hizo*. Constanza morreu en 1635.



Inscrición no cruceiro.
Foto de Juan Andrés Fernández.

En 1596 pediu facer as partillas dos bens dos seus pais e en 1598, como estaba viúva, pediu un titor para seu fillo *Alberte Trebolle* para proseguir o preito.

Outro fillo, *Alonso Vázquez Bermúdez de Castro*, tivo como titor a seu tío Marcos e este deu poder en 1599 para cobrar e arrendar os bens de Alonso[547] a Lope Ballesteros, que neste momento xa era o seu padrasto.

Alonso, veciño de Santiago, segundo a escritura de dote do 16 de agosto de 1616, casou coa súa prima –necesitaron dispensa- *Inés Varela de Dubra*, filla de Martín Varela de Piñeiro[548] (de Casalnovo) e Elvira de Castro nacida en Largartóns e esta filla de Diego de Castro e Gracia Rodríguez. Logo en 1645 aparece como veciño de San Paio de Figueroa[549]. Inés Varela, que en 1665 vivía no barrio de Mazarelos en Sar coa súa filla *María* e o seu xenro *Jacinto Valmaior*, tivo un preito[550] en 1654 por partillas cos seus irmán Diego e Martín, e outro[551] co seu fillo *Martín Bermúdez de Castro*, que vivía en Arcos, pois cando este quixo casar con *Isabel Álvarez Vaamonde*, filla de *Bartolomé de la Peña* e de *Isabel Álvarez*, veciños de san Pedro de Vilanova (Vedra) e donos da casa de Raxoi, dotouno mediante escritura do 1 de marzo de 1641 coa metade dos bens dotais, pero logo Martín tivo que renunciar a eses bens obrigado polos seus pais que fixeran unha concordia a favor de Juan Bermúdez, cura de Olives, e de Francisco Bermúdez, cóengo en Santiago. (A causa foi que seu pai quedara con certos bens da súa tía Isabel dos que foi usufrutuaria a súa nai Constanza. Tralo preito que gañou Juan Bermúdez pediuselle que restituíra os bens e os froitos recollidos desde 1635 a 1641).

En 1710 un fillo de Isabel Álvarez chamado José Bermúdez tamén acudiu aos tribunais porque os foreiros non querían levarlle as rendas ata súa casa de Arcos[552].

545 ACS. P 171/35

546 Fixo campás para o mosteiro de san Martiño, para a parroquia de san Bieito, etc. (ACS)

547 ACS P 123 fol 273r

548 Martín e Elvira tiveron por fillos, ademais de *Diego de Castro Varela*, a *Inés Varela* que casou con Álvaro Vázquez Bermúdez de Castro, de San Paio de Figueroa, e a *Martín Varela de Piñeiro*, escribán de San Xiao de Guimarei, que casou en 1627 con Juana Docampo Gulías, da casa de Lerce, e que tivo unha filla natural, Francisca de Castro, esposa de Baltasar de Picáns. Diego e Martín en 1654 tiveron un preito (RAC.8486/103) contra a súa irmá Inés a causa das partillas.

549 ACS 187/387

550 ARG. RA. 8486/103

551 ARG. RA. 15660/31

552 José Bermúdez, que vivía na súa casa de Cornado en san Breixo de Arcos, foi sogro de *Antonio Loriga Labora*, veciño de Sigrás. Cfr. BÉRTOLO,,J.-FERRO,L. *A saga dos Loriga*, Nalgures XIV. 2018

3.- *Isabel Bermúdez de Castro*, que foi dotada o 12 de agosto de 1582 polo seu pai con varias propiedades na freguesía de San Breixo de Arcos para casar con *Juan Varela de Dubra*. E o 1 de xullo do ano seguinte firmaron a escritura de pago do dote.

Dun matrimonio anterior Juan Varela tivera unha filla, María Varela de Soutomaior, con quen Isabel preiteou por unha casa en Santiago e gañou, se ben logo no testamento a deixou para ela.

En 1589 estaba viúva pero logo casou con *Bernabé López de Deza*, viúvo de María González e fillo de Jácome López de Brandariz e de Cecilia González. Vivían en San Breixo de Arcos e como en 1601 xa estaba de novo viúva, fixo testamento o 3 de xullo de 1602 ante Gregorio Núñez, escribán de Caldas. Era moi rica e deixou moitos cartos para misas, para os criados e para algúns irmáns e sobriños. En concreto deixou como usufrutuarios duns bens na zona de Arcos a súa irmá Constanza e a seu sobriño Simón Pereira e logo como sucesores aos seus sobriños Antonio e Catalina, fillos do seu irmán Pedro Siso.

Isabel morreu o 9 de xaneiro de 1618 e xa morreran antes os nomeados como sucesores, trala morte en 1635 de Constanza que era a última usufrutuaria, iniciouse un preito por ditos bens, pois no testamento dicía que os bens pasarían logo "*de grado en grado*". O preito rematou en 1642 nomeando como herdeiros aos fillos de Marcos, irmán de Isabel, seguramente por ter morto Diego e Luis, e ser considerado con dereito ao morgado. Sen embargo cincuenta anos máis tarde volveuse e retomar dito preito, pois dicían que Marcos era menor que Pedro Siso, polo que os herdeiros debían ser os descendentes de Pedro. A Chancelería de Valladolid deixou todo igual en1702.

4.- *Diego*. Diego e Luis seu irmán foron mellorados no testamento do seu pai co terzo e quinto dos bens, sinalándoos en San Paio de Figueroa e en Moldes (Santa Baia de Matalobos).

5.- *Luis*, a quen a súa irmá Isabel deixa como usufrutuario dun muíños en Paradela. En segundas nupcias, casou con *Julia de Castro*[553], filla do campaneiro Juan Ballesteros Rubalcaba ou del Mazo e de Catalina Rodriguez de Rivera, veciños de Santiago. Tivo por fillo do seu primeiro matrimonio a:

Diego Bermúdez, que casou coa súa prima *Mariana Varela de Soutomaior*, filla de Juan Varela de Dubra e de Isabel Bermúdez, e neta por parte paterna de Vasco de Mera e María Rodríguez de Leis, veciños de Santiago. Foron veciños de San Paio de Figueroa e en 1632 Mariana estaba viúva. A súa tía Isabel deixárao como usufrutuario da metade dun foro do mosteiro de Sar. *Diego* e *Mariana* foron os pais de:

A) *Luis Bermúdez de Castro e Soutomaior*, capitán de cabalos coirazas, gobernador da Barca de Goián. Tivo polo menos unha filla, chamada María, que casou con José Rodríguez Arienza, veciño de Barrantes.

B) *Juan*. Aparece nun preito iniciado pola súa nai, que non sabía firmar, esixindo unha rendas de viño en San Mamede de Puga (Ourense), que mercaran os seus avós. Neste preito[554] aparece unha escritura de venda desas rendas que data de decembro de 1560, feita sobre pel de vitela e cunha letra moi fermosa.

C) *Antonia Bermúdez de Castro* que casou con *Antonio de la Peña Sanxurxo Montenegro*, que **vivían en San Paio de Figueroa** nunha das casas que conformaban o pazo. El era irmán, entre outros, de María, casada con Juan Antonio de Castro Alvarado, veciños de Raxoi en Vilanova (Arcos).

553 Cfr. *Casa dos Araúxo,* páx. 207 ss
554 ARG. RA. 17254/72

Trala morte do pai os fillos chegaron a unha concordia pola que Juan Ambrosio quedou coa casa principal de Figueroa. Logo a nai, Antonia, testou en San Pedro de Vilanova o 19 de abril de 1679 deixando a mellora para o seu fillo Juan Ambrosio, sinalándoa primeiramente sobre a casa principal do lugar de Figueroa, *que fai frontispicio pola parte de abaixo ao camiño francés que vai por dito lugar para a vila de Padrón e outras partes, por onde ten portas e fiestras e entrada coas súas saídas, usos e costumes; e a herdade do Reiro con horta e aira que están pegadas a ela e todo fronte á casa e camiño referido e xunto a outra herdade que é de dona Catalina Sarmiento de Soutomaior. Tamén os prados de Rabo de Gato, chouso e herdade da fonte de San Paio, o lugar e casas do Río dos Sapos, o lugar de Pazo de Ouzande e de Rendo,... Tamén o dereito de presentación do beneficio curado e sinecura de Callobre e de Ouzande, que quere que ese dereito ande sempre nunha soa persoa e unido e agregado a dita mellora por vía de morgado*.

Pero trala morte de Antonia os fillos, mediante unha concordia feita o 3 de agosto de 1689, reduciron esta mellora e lexítima á metade dos bens de Figueroa. Logo venderon algúns bens libres, lugar e casas do Río dos Sapos (chamado tamén Pedregal) a José Bermúdez de Castro e Mera o 7 de xuño de 1692 , e nove días máis tarde outros bens ao convento de Belvís. Pero José Bermúdez saíu ao retracto e tras un longo preito conseguiunos en 1715. Foron os pais de:

a.- *Juan Ambrosio Sanxurxo Montenegro*, escribán. Casou o 15 de maio de 1684 con Isabel Núñez, veciña de Cora, filla de Jacobo Núñez de Castro, escribán da xurisdición de Vea, e de Isabel Núñez Varela de Vaamonde[555]. Vivía en "Vista de Dios" (na casa principal dos Bermúdez) na freguesía de San Paio.

En 1709 queixábase de padecer de gota, cando foi denunciado polo II marqués de Mos, dicindo que Antonio Sanxurxo, cura de Ouzande e administrador do I marqués, non rendera contas e que como Juan fora o herdeiro, se aceptaba a herdanza, tiña que facer fronte ás débedas que deixara.

O 25 de marzo de 1718 fixo unha permuta da súa casa con José Bermúdez e o 25 de febreiro de 1726 tamén lle vendeu outros bens, como o Campo Redondo en Ouzande, que se presentaron como libres ante o escribán Pedro Núñez Varela Vaamonde.

Juan Ambrosio faleceu o 4 de abril de 1726, deixando como herdeiros a seus catro fillos, pois Mª Josefa e Mª Juana morreran de nenas. Tivo por fillos a:

- *Antonio Jacinto Sanxurxo Núñez*, bautizado o 24 de xuño de 1698. Foi cura en Caldas de Reis.
- *Juan Antonio Sanxurxo Núñez*, bautizado o 24 de xuño de 1698. Foi cura de Ouzande e finou o 22 de febreiro de 1729.
- *Luisa Teresa Sanxurxo Núñez*, bautizada o 10 de outubro de 1701 tendo por padriño a Luis de Acevedo, señor de Ramiráns. Casou con Juan Sánchez de Andrade, escribán de Altamira. Vivían en Goldres, en San Fiz de Brión. En 1748 disputou con José Bermúdez dono da casa de San Paio de Figueroa por bens que dicía que eran de vínculo. Aparece cita no Catastro do M. da Ensenada como dona dun muíño en Figueroa.
- *Mª Felipa Sanxurxo Núñez*, que casou con Pedro José Miranda Valcárcel Farfán, dono do pazo de San Benito[556] en Ribeira.
- *Mª Josefa*, bautizada o 20 de abril de 1704. Morreu de nena.
- *Mª Juana*, bautizada o 19 de maio de 1708 tendo por padriños ao cardenal Juan de León e a Mª Benita Bérmudez de Castro e Sangro. Morreu de nena.

555 Cfr. *Casa de Barcia*. Cora, páx.244 ss
556 Cfr. *Casa dos Araúxo,* páx. 220

b.- *Antonia Sanxurxo Montenegro*, casada con *Domingo da Graña Valverde*, ausente do Reino de Galicia, o 5 de outubro de 1716 ratificou unha venda[557]. Faleceu o 10 de maio de 1718.

c.- *Mariana Sanxurxo Montenegro*, casada con José Marques do Couto, faleceu o 16 de agosto de 1721 e José o 2 de xullo de 1726.

A súa parenta Tomasa Armesto de Sangro prestoulle 250 ducados e ao non pagar os réditos embargáronlles diversos bens. Algúns destes bens foron mercados polo cura de Sta. Cristina de Vea, pero logo o 13 de marzo de 1713 recobraron ditos bens ante o escribán Alonso González de la Torre. Tiveron por fillas a Benita e a Mª Antonia Marqués.

d) *Margarita Sanxurxo Montenegro*, cun dote de 1.200 reais casou con Pedro Valle Ocampo.

e) *Inés Bermúdez de Montenegro e Soutomaior*, que casou con Pedro Bermúdez, e foron pais de Francisco. Morreu o 29 de novembro de 1710.

f) *Antonio Bermúdez de la Peña Montenegro*, cura de Ouzande e administrador do I marqués de Mos. Foi el quen fixo o muíño de *porto a Toedo* e plantou a devesa do *cruceiro de arriba*.

O 18 de abril de 1681 incorporou os seus bens á mellora que fixera súa nai a favor de Juan Ambrosio. Logo fixo testamento ante Juan de Carrera, de Santo André de Vea, o 28 de abril de 1690, onde pide ser sepultado na igrexa de Ouzande onde están enterrados os seus maiores e confirma a mellora a favor de Juan Ambrosio.

6.- *Pedro Siso Bermúdez de Castro*, procurador da Real Audiencia, casou con Teresa Álvarez de Luna, que morreu sobre 1592, filla de Gonzalo e Rosa. Segundo o seu fillo Gonzalo, Pedro deixou a cada fillo unha herdanza por valor de 2.074 reais e Teresa unha herdanza de 6.762 reais (a casa no barrio de Santa Clara en Santiago valorouse entón en 2.200 reais). Tiveron seis fillos, se ben Pedro casou outra vez tendo outros dous fillos[558]:

a) *Antonio Bermúdez de Castro*, procurador da Real Audiencia, que casou en Salomé o 28 de novembro de 1601 con *María Figueroa e Vilagra*, señora da casa Roncesvalles (Brexo. Cambre). De viúva, María casou de novo con *Bernardo Maldonado*,viúvo de Catalina de Leis, señor da fortaleza da Val de Veiga (Sta. Mª de Celas). Antonio fixo testamento o 14 de abril de 1607. Con descendencia.

b) *Inés Bermúdez de Castro*, que se meteu monxa no convento de Santa Clara en Santiago. Inés o 13 de xaneiro de 1599 renunciou á súa lexítima tanto dos pais como da súa tía Mª Rosa Freixomil (que morreu en 1601). Pero ese mesmo día tivo que revocar esa escritura, xa que a abadesa se negaba a recibila no convento. Por iso, o 15 de febreiro do mesmo ano chegaron a un acordo cos seus irmáns polo que renunciaba á lexítima a cambio de 500 ducados que recibiría o día da profesión e 24 ducados máis e outras cousas cando recibira o hábito. Por certo, firmaba "*Doña Inés de Figueroa*".

c) *Catalina Álvarez Bermúdez de Castro* que casou con Juan López de Ventosiños, procurador da Real Audiencia e rexedor da Coruña, onde vivían. En 1601 fixeron as partillas a partes iguais co seu irmán Antonio dos bens da súa tía Mª Rosa Freixomil, que casara co escribán de Santiago don Juan Rodríguez de Moíño. Juan López casou de segundas con *Francisca de Ardeleiros*, viúva do médico e rexedor de Betanzos *Juan Aba Romero Figueroa*.

Catalina morreu sobre 1608 e Juan morreu en Moruxo (Bergondo) o 1 de decembro de 1637. Deixaron cuantiosos bens en Lugo e outras partes. Tiveron sete fillos, aínda que logo herdaron só dous, *Francisco*, que quedou con case todo, e *Catalina*. E logo os netos promoveron varios preitos co obxecto de facer as partillas dos bens que tiñan *nas mariñas de Betanzos, Santiso, Pombo, Berreo, Bergantiños, Santiago, Ribadulla* e en *Lugo*. Con descendencia.

557 ARG. Protocolos de Antonio González de la Torre.
558 ARG. RA. 20211/29

d) *Gonzalo Bermúdez de Castro*, que casou con Teresa. O 6 de setembro de 1607 fixo unha escritura de concordia e partilla coa súa cuñada María Figueroa. Gonzalo quedouse cunha casa en Santiago xunto ao mosteiro de santa Clara, o lugar e torre de Caldevila en San Paio de Figueroa e diversas rendas. Gonzalo o 31 de marzo de 1610 vendeu esa casa ao cóengo Domingo Gil Taboada, pero pouco despois o seu cuñado puxo preito polas partillas e pediu a anulación desa venda, cousa que conseguiu.

e) *Domingo Bermúdez de Castro*, que debeu morrer novo polo que non chegou a herdar.


f) *Mª Rosa Freixomil*, que casou con Pedro López Taboada, veciños de Breixa[559]. Cando morreu os seus bens repartíronse entre os seus irmáns Antonio e Catalina.

7.- *Fernando Bérmudez*. Estaba presente cando se abriu o testamento do seu pai, ademais de ser citado no propio testamento.

8.- *Juan González de Figueroa*. En 1577 foi presentado como clérigo de Aguións. En 1581 arrendou para el unha casa en Santiago, se ben en 1590 aínda seguía en Aguións. En 1589 e segundo o testamento seu pai deixoulle o padroado de San Marcos na igrexa de Ouzande. Tamén o deixou a cargo da ermida do Sancti Spiritus e do edificio para peregrinos, usufrutuando as rendas que deixaba na Estrada. Tivo por fillo a Fernando.

9.- **Marcos Bermúdez de Castro**. (*que segue*).

Marcos Bermúdez de Figueroa (ou González de Figueroa, que é como asina algunha vez[560]) aparece citado no testamento do seu pai despois de Diego, Luis e Pedro.



Sinatura de Marcos Bermúdez de Castro

Casou con **Mayor Rodríguez de Castro**, veciña de Lagartóns, filla de *Diego de Castro e Gracia Rodríguez*[561], que vivían no lugar de Barral en San Estevo de Lagartóns e que foi dotada con 240 ducados. Seu pai, Diego, irmán de Jácome cura en Lagartóns, era fillo de Juan Castro, casado ao parecer en Cabanas e que foi xuíz na vila de Baños, onde morreu, e era curmán do cóengo Juan de Castro, consultor do Santo Oficio e natural de Lagartóns, que estaba sepultado na catedral de Santiago co escudo dos Castro. E ambos eran "deudos" do Conde de Lemos. Sen embargo púñase dúbida sobre a orixe do avó de Diego, xa que se dicía que procedía de Segovia da "rúa del Puerco" e que cando se viñera tamén o fixeran moitos xudeus. Gracia, pola súa banda, era natural de Trasmonte en Barbude.

Viviron durante quince ou dezaseis anos no lugar do Sisto en Lagartóns, onde Marcos exerceu como xuíz da xurisdición de Tabeirós, e logo foron a vivir a San Paio de Figueroa, pois tralas partillas dos bens dos seus pais el quedou cos bens de San Paio.

Foron os pais de:

559 ARG. RA. 20211/29
560 ACS 125/113v
561 Cfr. *Pazo de Preguecido*, páx. 165

1.- *Juan Bérmudez de Castro*, licenciado, reitor de Olives e de Pardemarín. Durante os dez últimos anos non estaba ben de xuízo e morreu sobre 1646. Como era o maior herdou certos bens da súa tía Isabel, que logo lle quedaron a seu irmán Pedro. Dito Pedro e o seu sobriño Francisco Bermúdez, cóengo en Santiago, disputaron pola administración dos seus bens, pero chegando a unha concordia[562] o 12 de xuño de 1646.

2.- *Antonio Bérmudez de Castro*, que era cóengo e consultor do Santo Oficio e que morreu en febreiro de 1640. Fixo probas de limpeza de sangue[563] en 1629 .

3.- **Pedro Bermúdez de Castro** (*que segue*)

4.- *Inés Bérmudez de Castro*, a quen a súa tía Isabel lle deixou como herdanza a metade dun foro do mosteiro de Sar e a outra metade trala morte do seu curmán Diego, fillo de Luis. Seguramente era a nai do cóengo Francisco Bermúdez, nacido sobre 1620 e que foi administrador dos bens do seu tío Juan. Tivo outro fillo, *¿Luis?*, que pelexou cun veciño, polo que este puxo atrancos para que lle desen o hábito de Santiago a Pedro.

Pedro Bermúdez de Castro e Figueroa, nacido o 16 de xullo de 1595 en Lagartóns, -ou segundo algunhas testemuñas, sobre 1598- pois aínda que seus pais vivían en San Paio de Figueroa estaban alí por ser un sitio máis fresco escapando da peste que nese momento había pola comarca. Ao morrer seus pais, como tiña uns oito anos, o seu parente Juan López Ventosiños levouno a Santiago para a casa do seu tío Diego, que o tratou moi ben e lle puxo un criado para traelo e levalo á escola da Compañía de Xesús. Sobre os 13 anos levárono para Madrid, primeiro na casa de Rodrigo Suárez Sarmiento, da casa de Guimarei, logo na casa da súa curmá Berenguela Bermúdez de Novoa, que estaba ao servizo da raíña e era a muller de Bernardino Sarmiento, e finalmente ao servizo do conde de Olivares e marqueses de Carpio.

En 1642 estaba en Madrid e dise que era "*criado de S.M. en los papeles de estado y secretario de la excma. Sra. condesa duquesa de Sanlúcar la Mayor mi señora, camarera mayor de la Reina Nª. Sra. casa de sus Altezas*". Tamén foi señor de San Paio de Figueroa, cabaleiro de Santiago en 1643 e familiar do Santo Oficio.

Casou con **Helena de Mera e Castro** (ou **Puga**), nacida na parroquia de San Bartolomeu en Pontevedra o 23 de xaneiro de 1616, e que foi dotada polo seu pai o 31 de decembro de 1644 en Santiago. Era filla de *Pedro de Mera e Araúxo*[564] (que era fillo de Isabel Araúxo), avogado do Fisco da Santa Inquisición e consultor do Santo Oficio, e de *Constanza de Pereira e Castro*, (ou de *Castro e Sandoval* ou *Castro e Novoa,* que é como aparece no seu testamento feito o 30 de xullo de 1650 –morreu 30 de maio de 1655-) veciños de Pontevedra e logo de Santiago. Era neta por vía materna de *Alonso Pereira de Castro*, natural de Pontevedra da casa de Oporto na diocese de Tui, avogado, consultor do Santo Oficio e que morreu na guerra en Guipúscoa sendo capitán de infantería, e de *María Novoa e Puga*, que descendía da casa de Maceda, que en 1669 tiña Bernardino de Lanzós e Novoa, conde Maceda.

Helena recibiu o nome pola súa tía Helena de Castro e Sandoval quen antes de ser monxa en Belvís estaba viúva de Íñigo de Arguello, que foi cando fixo un foro en 1622 –no que está como testemuña o bacharel Pedro de Mera e Araúxo- e di que era filla do licenciado Alonso Pereira de Castro e neta de Álvaro de Lemos. Esas terras aforadas pasaron logo á súa sobriña Helena e a seu home Pedro Bermúdez de Castro e foron obxecto de litixio[565] en 1792.

562 ACS P 188 fols. 259r-262v

563 AHN Inquisición, 1375, Exp.14

564 Os Mera e Araúxo tiñan bens na zona de Baiona e Tui, e pertencían a unha familia de rexedores,"*señores de la casa y fortaleza de Mera en la plaza de Monterreal, donde los reyes Juan II y Enrique les encargaron la reedificación y prefectos de las murallas de esta fuerza*". Pedro de Mera morreu en Santiago (S. Bieito) o 27 de novembro de 1666 sendo sepultado no convento de Santo Domingo.

565 ARG. RA. 9380/1

Tiña tamén Helena un tío materno, Alonso[566], que foi reitor de San Bartolomeu en Pontevedra, unha irmá chamada Magdalena bautizada o 3 de abril de 1630 en San Miguel dos Agros, e dous irmáns, o chantre Alonso e o cóengo José[567]. Estes debíanlle cartos a seus pais que gastaron para poder situarse. Alonso recoñeceuno no seu testamento pero José non só dicía que non debía nada senón que lle reclamou á súa nai e a seu sobriño Juan os froitos e sinecura do beneficio simple de San Martiño de Callobre. Juan acusouno de entrar na súa casa e roubar as escrituras das débedas, aproveitando que non estaba na casa e que a súa muller estaba enferma dun mal parto.

En 1626 recibiu unha doazón[568] do seu curmán Francisco Bermúdez de Castro, avogado da Real Audiencia, casado con Jacinta de Ardeleiros, fillo de Catalina Álvarez Bermúdez de Castro, neto de Pedro Siso Bermúdez de Castro. A doazón consistía no beneficio e sinecura de Callobre coa súa xurisdición e rendas.

O 6 de agosto de 1643 Pedro prestoulle a seu sobriño Luís Bermúdez 800 reais, ademais dos 100 ducados que lle prestara para ir a Italia con hipoteca dos seus bens tanto en Figueroa como en Tomiño. Como morreu seis anos máis tarde, Pedro reclamoulle a débeda á súa viúva, Beatriz de Sousa, filla de Amaro Méndez de Abreu e de Blanca de Sousa Pereira, señores do coto de Lamamá en Tomiño (Pontevedra), e nai de dúas fillas, Blanca e Mariana. O preito durou varios anos pois ninguén da familia quería ser curador das nenas[569].

O seu irmán Juan en 1642 gañou un preito por certos bens como herdanza da súa tía Isabel, no que o xuíz de apelacións de Santiago e do arcebispado era Pedro de Mera e Araúxo (posteriormente sogro de Pedro), aínda que tamén se apelou a Valladolid. Morto Juan, e como xa falecera o seu outro irmán Antonio, Pedro foi quen herdou ditos bens.

En 1650 Pedro Bermúdez estaba en Madrid, polo que a súa muller é quen se fai cargo dos arrendamentos en Callobre, en Olives e en Pardemarín.

Fixo testamento o 25 de outubro de 1660 e morreu poucos días despois sendo enterrado en Santiago no convento de Santo Domingo.

Elena, que vivía habitualmente na rúa compostelá da Algalia de Arriba, parroquia de San Miguel dos Agros, finou o mesmo día en que outorgou testamento[570], o 6 de agosto de 1689, no que pide ser enterrada xunto a seu marido na capela de san Pedro mártir do convento de santo Domingo e mellora a seu fillo Juan. E vincula dita mellora con bens en Santiago, Pontevedra e contorna á vínculo fundado polo seu pai Pedro de Mera, consultor do Santo Oficio. Tamén conta Elena que o exército portugués lle queimou a casa de Val Miñor polo que levou diversos mobles para A Estrada e para Santiago. Deixa como testamentario a seu irmán José de Mera e Castro, cóengo en Santiago e inquisidor do Santo Oficio en Valladolid.

Froito do matrimonio foron:

1.- *José Carlos Bermúdez de Castro e Mera*, bautizado en San Miguel dos Agros o 15 de novembro de 1645, sendo o compadre o cóengo don Juan de Figueroa e Junqueiras. Non aparece citado como fillo no testamento da nai, seguramente por ter morto de neno.

566 En 1651, cando tiña 55 anos, foi xulgado polo tribunal da Inquisición porque, namorado dunha moza e seguindo o consello dunha bruxa, botou uns polvos ou sementes por onde ía pasar ela para que "le quisiese bien". A moza toleou e el foi condenado cunha multa de 6.000 marabedís para o Tribunal. Cfr.: BARREIRO, B. *Brujos y astrólogos de la Inquisición de Galicia*. (facsímil) Ed. Arealonga, 1973.

567 Ambos foron colexiais do colexio de Pasantes de San Clemente e Alonso foi Inquisidor de Granada. GONZALEZ GARCIA-PAZ, S. *O colexio de S. Clemente de Pasantes de Compostela*. Consorcio de Santiago, 1993.

568 ANC. Protocolos de Francisco Pulleiro.

569 ARG. RA. 26398/84

570 AHPPo. Protocolos de Bartolomé Reimóndez Figueroa

2.- **Juan Antonio Bérmudez de Castro** (*que segue*)
3.- *Constanza María*, bautizada o 27 de xuño de 1649. Finou de nena.
4.- *Constanza Benita Bermúdez de Castro e Mera*, nacida o 27 de setembro de 1653, foi bautizada en Santiago polo cóengo don Francisco Bermúdez de Castro, sendo un dos seus padriños don Joseph de Mera e Castro.


Casou con *Jacinto Lis Caamaño* cun dote de 8.000 ducados ante Pedro Fonseca, dos que 4.000 se gastaron en conseguir para Jacinto "*una mercede de hábito*". Os bens de Constanza, sen sucesión, pasaron a seu irmán Juan Antonio.

5.- *Alonso Francisco Bermúdez de Castro e Mera*, que foi bautizado o 17 de xullo de 1655 en Santiago, sendo o padriño o reitor de San Bartolomeu de Pontevedra don Alonso de Castro e Puga, tío-avó do bautizado.

Juan Antonio Bérmudez de Castro e Mera. Foi bautizado na parroquia de San Miguel dos Agros en Santiago o 29 de marzo de 1647 polo seu tío Alonso de Mera, cóengo en Santiago, sendo os padriños o tamén cóengo Francisco Bernúdez e Benita de Castro e Puga.

Foi señor de Callobre, nomeado cabaleiro de Santiago o 1 de xaneiro de 1670, clérigo de menores, pero logo casou con **Tomasa de Armesto Ron e Sangro**, veciña de Lugo e filla de Bernardo Armesto Valcarce e de Mª Manuela Sangro Pigara e Aguiar, quen fixo a escritura de dote para casar á súa filla o 21 de novembro de 1682 ante o escribán de Lugo don Juan de Cabana Pillado e Dineros, dándolle 6.000 ducados, 5.000 en rendas de pan no partido de Candai e 1.000 en xoias e galas, a cambio de renunciar á lexítima do seu pai. Xa casados, este dote foi sinalado en rendas en Martul (Outeiro de Rei) o 23 de xuño de 1683. Velaron na parroquia de S. Miguel dos Agros o 10 de maio de 1683 oficiando o cura de Santiago de Canda (Lugo) don Andrés de Armesto.

O nome de Tomasa, así como doutros moitos descendentes chamados Tomás ou Tomasa, ten a súa razón de ser en que eran descendentes da familia de Santo Tomás de Aquino, como imos ver. A ascendencia de Tomasa por liña paterna podémola retrotraer ata: (Ver esquema)



Diego Quiroga Gil**, fillo de Pero Gil enterrado en Meiraos do Courel, que casou con **Leonor Losada ou Mazariegos**, veciños de Vilafranca do Bierzo tiveron catro fillos: Luís Gaspar, Juan, **Milia (que segue) *e María. Diego fixo testamento en Meiraos do Courel o 23 de marzo de 1598 e deixou a mellora vinculada en primeiro lugar no seu fillo Luís, deixando rendas en Lamas de Valcarcel, casas en Vilafranca e máis os bens que deixara o seu irmán Jerónimo, cura de Noceda do Courel.*

*A súa filla **Milia Quiroga Losada** casou primeiro con **Gil Armesto**, fillo de Matías Armesto e de Inés Fernández Santalla, e tivo un fillo chamado Antonio que morreu antes que ela, polo que herdou os seus bens, logo casou con* **Antonio Pallares Vaamonde**, *fillo de* **Pedro Fernández Pallares** *(viúvo de Ana de Andrade e Montenegro, cunha filla chamada María) e de* **María Vázquez Vaamonde**, *veciños da vila de Sarria (Lugo). Milia que morreu o 22 de decembro de 1616 fixo testamento dous días antes, no que pide ser enterrada en Sarria e deixa como herdeira á súa filla **Constanza Pallares e Vaamonde*** (que segue). *Tamén Antonio fixo testamento en Sarria o 9 de abril de 1618 deixando como herdeira á súa filla pero deixando un titor pois tiña menos de doce anos.*

Constanza Pallares Vaamonde *que casou en 1624 con* **Antonio Armesto Valcárcel**, *fillo de Gonzalo Armesto e de Ana de Valcarcel, señores de Veiga de Forcas, e sobriño de Gil Armesto, o primeiro marido da súa nai Milia. Como había un preito polos bens de Gil Armesto entre Gonzalo e o titor de Constanza, fixeron unha concordia o 31 de xullo de 1623 pola que Gonzalo pagaba 1300 ducados se casaban Constanza e Antonio. Foron testemuñas Vasco Sánchez de Ulloa Ribadeneira, señor do coto de Noceda de Doncos, e Fernán Saco Quiroga, dono do coto de Cedrón. Foi ratificada o 17 de outubro de 1624, seguramente trala voda.*

Constanza e Antonio foron os pais de:

1.- **Bernardo Armesto** *que casou na parroquia de Santiago en Lugo o 12 de maio de 1666 con Mª Manuela de Sangro Pigara e Aguiar, pais de* **Tomasa**. *Mª Manuela Sangro testou en 1701.*

2.- **Andrés Armesto**, *abade de San Vicente de Candai, quen en 1680 donou a súa lexítima a súa sobriña Constanza Armesto, filla de Bernardo.*

Por outra banda, por liña materna, os bisavós de Tomasa foron:
***Juan de Pigara e Aguiar**, correxidor e alcalde de Monforte de Lemos, casou primeiramente con María de Rois Ocampo e logo con **María de Balboa e Quiroga** (ou Díaz Guitián), filla de Lope López Gutián e de María Álvarez de Balboa, da casa de Pallares en Bamorto. María casara primeiro con Alonso de Ulloa Ribadeneira, señor de Bendaña e da fortaleza da Barreira.*

Juan herdou do seu tío o cóengo Juan Ares de Aguiar varias casas en Lugo e rendas e diversos lugares, que foron vinculados. Morreu Juan o 25 de xaneiro de 1619. Tiveron unha filla:

***María Pigara Balboa**, que fixo unha cédula de compromiso matrimonial do 30 de xaneiro de 1632, para casar con **Carlos de Sangro**. Logo o 4 de agosto dese ano a súa nai María de Balboa e máis ela fixeron escritura de vínculo dos bens tanto de Juan Pigara como de María de Balboa por ser María Pigara a única filla.*

*Por interesante convén deterse na vida e ascendencia de D. Carlos de Sangro. Remontándonos a seus ascendentes, unha irmá de Santo Tomás de Aquino, chamada Teodora, casou con Ruggiero, príncipe de San Severo. Foi ela quen en 1288 mandou exhumar o corpo do santo, que se atopaba incorrupto, para cortarlle unha man. Dous séculos despois, o seu descendente e príncipe de San Severo D. **Pablo de Sangro**, cabaleiro do Toisón de ouro de España en 26 de maio de1617, do colexio colectoral de S.M. do reino de Nápoles, tivo un fillo natural, ao que se lle chamou **Carlos de Sangro**, "*de unha señorita de grandes circunstancias que por su honor no se le dio nombre, estando ambos solteros y que podían contraer matrimonio, y como tal hijo lo bautizó, lo crió y educó el dicho Príncipe y Adriana Carafa duquesa

de Torremaior madre de este y abuela de D. Carlos, hasta que lo entregaron al Conde de Lemos para que lo llevase a Sicilia al servicio de S.M., como lo hizo, y le concedió el ser capitán de una compañía de Infantería"[571]. *Pero acudindo ao expediente do seu nomeamento como Cabaleiro da Orde de Santiago podemos saber que a súa nai se chamaba* ***Camila Montalto****, filla de Fabricio Montalto, natural de Castelnovo, e de Julia Espina, natural de Bará no reino de Nápoles, e que seu avó paterno se chamaba Francisco de Sangro, duque de Torremaior.*

¿Pero por que veu D. Carlos Sangro a Galicia? O Virrei de Nápoles, que nese momento era o seu parente o conde de Lemos, tróuxoo a Galicia e á súa casa porque a vida de D. Carlos corría perigo. Este matara "nun galanteo dunha señorita de igual título por celos ao fillo maior da casa de Salermo, e os pais e parentes do defunto clamaban vinganza e xustiza por unha parte e por outra parte querían asasinar por traizón ao dito D. Carlos de Sangro".

En 1629 ingresou como Cabaleiro da Orde de Santiago[572]*, e para casar con María Pígara recibiu o 5 de xullo de 1632 do seu parente o Conde de Lemos D. Francisco Fernández de Castro Legnano Gatinara e de Castro, a freguesía e coto de Santa María de Tuimil (Bóveda) ante o escribán monfortino Juan de Araúxo.*



Sepulcro de Carlos Sangro

D. Carlos non volveu a Italia, aínda que seus pais morreron ambos en marzo de 1637[573]*. Sen embargo a familia seguiu tendo relación coa de Italia, mesmo en 1750 recibiron a visita do último principe de San Severo, por mor de non ter descendencia que continuase o título.*

María Pigara fixo testamento o 23 de outubro de 1634 estando preñada de máis de oito meses, que ratificou en parte con outro o 29 de xuño de 1639, pouco antes de morrer. Carlos morreu cinco anos máis tarde, tendo feito testamento ante Juan Sanxurxo Aguiar, escribán e veciño de Lugo. Na catedral de Lugo no enterramento que hai nun muro da capela de San Xoán lese: ESTE ENTIERRO MANDO / ACER EL CAPITAN D. CARLOS / DE SANGRO CAVALLERO DEL AVI / TO DE SANTIAGO PA(RA) SI I SV MVJER / DOÑA MA(RIA) DE PIGARA I AG(V)IAR I BALBOA I SVS HEREDEROS AÑO 1636.

Dita María e Carlos tiveron dous fillos, dos que quedou como curadora a avoa María de Balboa o 3 de setembro de 1644.

Os fillos foron:

1.- **Froilán***, nacido en novembro de 1634, preiteou varias veces coa súa irmá, quen o demandou*[574] *pedíndolle a metade da herdanza dos pais e logo o acusou de estar tolo. Casou coa filla dun oidor da Coruña, pero "por ser fatuo, declarouse o matrimonio nulo" e morreu sen sucesión.*

571 ARG. RA. 11852/14

572 AHN. OM-Cabaleiros Santiago. Exp. 7589-6

573 O 29 de marzo de 1637 o conde de Lemos escribiu desde Monforte esta a carta de pésame dirixida a D. Carlos Sangro: "*Por cartas que llegaron de Italia esta semana supe como 20 días despues que murió la señora princesa de San Sebier, llevó Dios también al Príncipe con lo cual viene a ser doblado mi sentimiento así por ellos que tampoco se lograron en este mundo como por tener perdido dos parientes de quien yo hacía tanta estimación, y se acrecienta mi dolor considerando el poco arrimo con que queda su casa por la poca edad de los hijos que quedaron. Y pues a ti te toca tanta parte de este trabajo, démonos el pésame esperando en Dios que estarán en carrera de salvación.Por acá gracias a S.M. salud tenemos. A tu gente darás mi besamanos, y a todos guarde Dios como deseo.*
P.D. Me dice o P. Bernabeu que apenas tiene pariente que pueda cuidar de la tutela de los niños, digo que por muy próximo le toque, Dios sea bendito por todo, tenga en el cielo al Príncipe, y a ti te dé consuelo. El Conde. A D. Carlos de Sangro".(ARG.RA. 11852/14)

574 ARG .RA. 2146/95

2.- **Manuela de Sangro***, que foi bautizada na igrexa de San Pedro en Lugo o 29 de decembro de 1636 e casou na parroquia de Santiago (Lugo) o 12 de maio de 1666 con* **Bernardo Armesto Ron e Valcarcel***, señor de Cesar e Pape e dono dos morgados dos Pallares en Sarria.*

Manuela o 21 de outubro de 1681 revocou a mellora que fixera en favor da súa filla Constanza, deixando ás súas tres fillas por igual.

Bermardo morreu sobre 1680 e Manuela sobre 1701, despois de facer testamento en Ferreira o 16 de marzo de 1701. Foron os pais de Constanza, ***Tomasa*** *e Mª Andrea, das que se falará posteriormente.*

O 30 de maio de 1668 Juan Bermúdez, cando aínda estaba solteiro pois era "clérigo de menores ordes", recibiu da súa nai, que estaba viúva, unhas terras que estaban na freguesía de Mañufe en Baiona e que mercara en 1651 o pai de Helena de Mera. En 1669 Juan pediu tomar posesión das terras, pero tivo que poñer un preito a un veciño para poder recuperalas[575]. O preito rematou en 1727 en tempos do seu fillo José.

De xeito parecido, Pedro de Mera, o seu avó, reclamou en 1613 unhas rendas en Vilanova (Baiona, Pontevedra), que Juan en 1678 volveu a reclamar e aínda que saíu a seu favor non se executou porque estivo fora do Reino. En 1704 reiniciou o preito porque ademais lle roubaron os documentos que tiña na súa casa de Mañufe en Val Miñor, lle abateron árbores e ocultaban moitas rendas. Foi por iso que reclamou ante o bispo de Tui unha "pauliña", que xa había impresa, e que dicía o seguinte:

Nós... (el obispo de Tui) ... Que todos los domingos y festas de guardar ante el pueblo de vuestras iglesias y monasterios a altas voces con campanas repicadas teniendo en vuestras manos candelas de cera encendidas, y matándolas en agua bendita, y echando tal agua y candelas fuera de lugar sagrado, diciendo el responso Rebelabunt coeli iniquitatem Iudae*, y la antífona* Media Vita *y el psalmo* Deus laudem meam netacueris*, porque Dios Nuetro Señor dé a los de Sodoma y Gomorra, Datán y Abirón, que la tierra sorbió vivos por sus grandes y enormes pecados, diciendo estas palabras:*

Malditos sean ellos de la maldición de Dios Padre Todopoderoso, creador del cielo y de la tierra, y de Jesucristo su único hijo un sólo señor nuestro, y de Nuestra Señora su bendita madre, con todos los santos y santas de la Corte del cielo. Amén. Malditos sean con todas sus riquezas y haberes que tuvieren. Amén. Malditos sean ellos y los cuatro elementos del mundo les sean contrarios fuego, agua, tierra y aire. Amén. Malditos sean ellos desde la planta del pie a la cima de la cabeza con trescientas sesenta y seis juntas y conjuntas y Dios Nuestro Señor en ellos puso y formó a su semejanza. Amén. Malditos sean ellos sus manjares se vuelvan veneno. Amén. Los campos y caminos, por donde anden, se sequen. Amén. Malditos sean ellos en comer y beber, vestir y calzar y se vayan todas sus cosas menguando como la correa en el fuego. Amén. Malditos sean ellos y todos aquellos que favor y ayuda les den, así en público como en privado. Amén. Huérfanos y mendicantes se vean sus hijos y mulleres viudas. Amén. Sean quemados y abrasados como el traidor Judas en los fuegos infernales en el día del Gran Juicio. Amén. Bajo dicha pena de excomunión mayor mando cualquier clérigo, cura o capellán de este dicho obispado que con esta Paulina fuese requerido, la lea, y publique en sus iglesias y capillas los días de domingo y fiestas de guardar. Dado en la ciudad de (Tui)…


Trala lectura da pauliña nas igrexas, nos días seguintes acudiron moitos veciños xunto ao cura para dicir o que sabían.

Tamén tivo un preito contra seu tío materno José Mera e Castro. Tanto José, que era cóengo en Santiago e inquisidor en Valladolid, como seu irmán Alonso Mera, chantre en Santiago, debían

575 ARG. RA. 17447/53

certas cantidades importantes a seus pais. Como eran curas non os urxiron a pagar xa que ao final todo quedaría na familia. Estas débedas recoñecíaas Alonso no seu testamento do 21 de maio de 1655, ademais de recoñecer que tiña un escravo que lle deixaba ao seu irmán José e que tivera unha filla, chamada Helena de Mera, bautizada en Sta. Mª a Maior en Pontevedra e habida de Jacinta Bermúdez de Castro, filla dun capitán de infantería que estaba na Coruña, a quen deixa como herdeira e aos seus sucesores, se os tivese, e en segundo lugar, a súa irmá Helena.

Tamén o pai de Juan Antonio don Pedro Bermúdez Castro no seu testamento do 25 de outubro de 1660 di que seu cuñado José lle debe moitos cartos, dos que hai documentos, e quere que se lle cobre. Porén, despois e na década dos oitenta José demandou á súa nai Helena e a seu cuñado Juan Bermúdez pedíndolle 18.000 reais do importe dos froitos e sinecura do beneficio simple de San Martiño de Callobre, que cobraba a súa nai. E trala morte da súa nai Helena, o preito, que en primeiro lugar saíu a favor de José, foi apelado por Juan en Valladolid. Juan dicía que lle roubaran as escrituras das débedas, que o importe do froito se fixera con valores do ano 1690 e que estes eran moi superiores aos anos demandados e presentou os testamentos do seu cuñado e do seu sogro onde se fala das débedas que tiña José. Este foi enterrado o 21 de setembro de 1694 no claustro da catedral.



Sinatura de Tomasa Armesto Sangro e do seu fillo José

Con testamento ante Pedro Rodríguez, Juan foi sepultado o 8 de setembro de 1714 sendo enterrado na igrexa de Santo Domingo en Santiago. Tomasa viviu na Estrada, outorgou testamento o 22 de outubro de 1719, faleceu o 23 de novembro de 1720 e foi inhumada na igrexa de Figueroa nunha sepultura con armas xunto ao arco da capela maior. Os seus sucesores levaron sempre o apelido **Sangro** por ser condición que puxo a nai de Tomasa para herdar os importantes morgados da súa familia.

Juan Bermúdez de Castro e Tomasa Armesto e Sangro foron pais de:

1.- **José Bermúdez de Castro e Mera** (*que segue*)

2.- *Mª Benita Josefa*, bautizada o 25 de marzo de 1699 en Aguións polo seu párroco, pois "dicen que está muriendo", se ben os pais pertencían á parroquia de San Miguel dos Agros en Santiago. Foron os seus padriños o seu irmán José Bermúdez de Castro e Mera e Isabel Ibáñez Sarmiento de Pazos, a primeira muller de Baltasar Ribera, señor do pazo de Preguecido.

Despois de denunciar a seu futuro esposo pois este non quería cumprir coa súa palabra, casou en san Miguel dos Agros o 5 de marzo de 1717 con *José Diego de Lamas e Caamaño*[576], fillo de Francisco Lamas Carballido Sotomayor (1648-) e de Mª Tomasa Josefa de Caamaño, donos do morgado de Zas fundado por Antonio Núñez de Lamas en 1540. Fixeron as velacións en Ouzande o 6 de abril de 1717.

Tiveron por filla a *Mª de la Merced Vicente Josefa de la Concepción*, bautizada en san Miguel dos Agros o 5 de xuño de 1724, que faleceu de nena.

576 Era irmán de Antonio que cedeu o morgado a José, cóengo, e este o cedeu a José Diego. Tamén era irmán de Isabel de Lamas que casou con Juan Mondragón, pais do I marqués de Ribadulla.

Benita foi sepultada o 27 de febreiro de 1732 na Quintana de mortos en Santiago tendo feito testamento ante Andrés Mosquera. Sen sucesión, os bens de Mª Benita pasaron a seu sobriño Francisco Bermúdez de Castro e Sangro.

José Diego de Lamas casou logo con Mª Josefa Cisneros e o seu óbito tivo lugar o 29 de abril de 1738 tendo dado poder ao marqués de Amarante para testar ante Bartolomé Fandiño. Por iso o seu testamento data do 5 de xullo de 1738, onde di: "... *y a doña Benita Antonia Mosquera y Caamaño, que esta se halla al de presente en el convento de Santa Clara de la villa de Pontevedra, por tanto quiero, y es mi voluntad que a la dicha doña Benita Antonia mi hija se le dé, además y allén de su legítima trescientos ducados de vellón para ayuda de una buena joya de oro*..."

José Bermúdez de Castro e Mera foi bautizado na parroquia de San Miguel dos Agros en Santiago o 12 de febreiro de 1687. Rexedor perpetuo da cidade de Santiago, casou por poderes sendo representado por Pedro Pardo de Ulloa, señor de Baltar, o 6 de febreiro de 1714 con **Dorotea Teixeiro e Pardo de Andrade**, filla única de *Pedro Teixeiro Ponce de León*, dono da casa de Piñeiro en San Vicente de Camouco, e de *Dorotea Pardo e Andrade*.

O pai de Dorotea, Pedro Teixeiro, descendía doutro Pedro Teixeiro, fillo de Juan Baiolo e de Marina López Teixeiro e herdeiro do vínculo que fundou o seu irmán Juan Baiolo o 26 de maio de 1627 ante o escribán Pedro de Lago. Juan Baiolo mandou a seu sucesor que fixera e dotara unha capela, da que sería patrón, dentro da igrexa de Caamouco en honor de San Xoán Bautista e da Virxe da O. En 1729 José Bermúdez iniciou un preito reivindicando unas rendas que pertencían a ese vínculo.

Os preitos por rendas non recoñecidas tivo a José moi ocupado, xa que tiña bens na zona de Baiona-Tui (onde tiña a casa de Fontán), na zona de Pontevedra (Campañó, Xeve, Tomeza, Mourente e Salceda), na zona de Pontedeume e na Estrada. Así antes de 174 tivo polo menos os seguintes preitos: ARG.RA. 13936/39, 17447/53, 20470/32, 9307/24, 20043/6, 18368/25, 17679/24, ... E entre 1740 e 1746 tiña outros sete preitos na Real Audiencia da Coruña. Un deles contra Teresa de la Vega, do *pazo de Preguecido*, e outro[577] que comezou contra unha señora da zona de Pontedeume pero que acabou sendo contra o seu mordomo e capelán don Francisco Antonio de Otero. Neste preito preséntanse as contas feitas polo mordomo os anos 1740-44 onde se di polo miúdo canto cobraba e gastaba en casa sitio, e mesmo aparece o prezo do gran (trigo, centeo, millo e millo miúdo) que se pagaba en Tui e en Pontevedra nos anos 1739-46.

O 25 de marzo de 1718 José fixo unha permuta ante o escribán Domingo Gómez de Ensán co seu parente Juan Ambrosio Montenegro Bermúdez, que tamén vivía en San Paio de Figueroa. A casa principal de San Paio, onde vivía José, compartía coa casa de Juan Ambrosio o curral e *o portal grande de cantería en onde desde tempo inmemorial a esta parte está un escudo de armas en que están esculpidas os brasóns dos Figueroa, Bermúdez de Castro, Arias, Aldao, dos que proveñen ambos*. Por iso permutan eses bens por outros na Estrada que tiña José por herdanza, que constaba de terras e casas, e na que nunha delas había o escudo dos Figueroa. José tamén lle mercou a Juan Ambrosio outros bens o 25 de febreiro de 1726, como o Campo Redondo en Ouzande, que se presentaron como libres ante o escribán Pedro Núñez Varela Vaamonde.

En 1718 fixo foro do lugar de Marcelos (Codeseda) anexos ao vínculo e morgado, pero ao non lle pagar tras demanda en 1727 acabou en despoxo en 1737.

Consta que algunhas veces ía ata a súa casa de Figueroa, onde segundo o *catastro do Marqués da Ensenada*, tiña un pombal para consumo familiar, unha casa arruinada na aldea de Figueroa

577 ARG. RA. 14483/57

(seguramente unha das que formaban o conxunto), outra en Figueroa de Arriba e outra na "*aldea da Estrada*", así como o *muíño do medio* con auga do regato do Agroeiro.

Seguiu preiteando por rendas non recoñecidas ata o ano da súa morte en 1770, polo que seguirá a súa muller un preito contra uns de Baiona[578].

José e Dorotea fixeron testamento conxunto o 27 de marzo de 1754 na súa casa de Figueroa ante o escribán de Cora don Juan Francisco de Barcia e Andrade no que deixa a mellora a seu fillo primoxénito. Nel tamén pedía ser enterrado na igrexa de san Paio nunha sepultura dotada onde estaban as armas da súa familia ou no convento de Santo Domingo, se morría en Santiago.

Dorotea faleceu en San Paio de Figueroa o 3 de xuño de 1754 mandando dicir 1.000 misas pola súa alma, e o seu esposo, José, foi sepultado na igrexa de San Paio o 26 de decembro de 1758. Foron pais de:


1.- **Francisco Alonso Bermúdez de Castro e Sangro** (*que segue*)

2.- *José Miguel Ventura Bermúdez de Castro e Sangro*, bautizado o 3 de decembro de 1723 (o padriño foi Miguel Ferreiro, veciño de Berres, e o que o bautizou foi Ventura Pedrosa cura de Santo André de Vea). Foi ordenado de prima en 1751 e logo foi abade de Santa Uxía de Fao.

3.- *Benito María Bermúdez de Castro e Sangro*. Ordeado en 1764 a título do beneficio curado de San Martiño de Callobre, do que foi abade. Outorgou testamento o 29 de novembro de 1781 deixando 100 ducados para as dúas fillas de Ricardo de Castro "mi pariente" e de Josefa Calvelo e outros tantos para a súa criada Josefa, sobriña do seu parente Cayetano Quiroga Montenegro, e deixa o resto da herdanza para a igrexa de Callobre. O 14 de otubro de 1790 fixo outro testamento ante Bonifacio Paseiro, que foi modificado mediante codicilo ante o mesmo escribán en 1791 e en abril e decembro de 1792. No codicilo do 4 de abril mandou facer unha nova sancristía e erguer na vella unha capela en advocación de Nª Sra. da Expectación.

4.- *Tomasa Josefa Micaela Vicente*, bautizada en san Miguel dos Agros o 8 de maio de 1724. Seguramente morreu de nena.

5.- *Tomasa Dorotea Luisa Bermúdez de Castro e Sangro*. Bautizada o o 26 de decembro de 1726 tendo por padriño ao cardeal Luis Bermúdez de Castro Fajardo e Andrade. Seu pai deixoulle "*uns pendentes e una cruz de diamantes e esmeraldas engarzados en ouro*". Dotada segundo o testamento do seu pai con 3.000 ducados, casou con *José Benito Mondragón e Córdoba*, dono das casas de Vilasusán e Bacelo, fillo de Pedro Mondragón e de Josepha de Córdoba e Castro, señora da Casa solar de Ruanzo.



Voda de Tomasa Bermúdez con J.Benito Mondragón

578 ARG. RA. 4258/37

Froito do matrimonio foi:

María Nicolasa Mondragón Córdoba Bermúdez e Sangro, que casou o 27 de xuño de 1783 con *Francisco Taboada e Gil Mosquera*, da casa de Liñares (San Martiño de Prado. Lalín) do solar de Brenzos, torre da Medoña, e outras, señor do Castelo de Vilaboa e a súa xurisdición de Gandufe civil e criminal, Coronel do Rexemento Provincial de Santiago, Rexedor perpetuo desta Cidade de Santiago, fillo de José Antonio Taboada e Mosquera, coronel dos Reais Exércitos, e de Rosa Vicenta Gil Taboada Teixeiro Soutomaior, descendente da casa de Barcia, e neto por liña paterna de Alonso Taboada Mosquera señor da Casa de Liñares, e de Dª Andrea Taboada e Gil, dona da Casa solar de Brenzos, e pola materna de Gregorio Gil Taboada e de Mariana Teixeiro, señora da casa de Recimil.

Nicolasa faleceu sen testamento o 26 de maio do 1795 en Santiago, e foi sepultada na citada capela de San Francisco. Tiveron nove fillos, bautizados na parroquia de Santo André en Santiago de Compostela, entre os que destacamos a *José Taboada de Mondragón* (21/12/1785-), que segue a liña de Liñares, e a *Rosa Taboada* (20/1/1792-27/12/1873) que casou con Antonio Loriga Reguera (27/12/1782-9/11/1855), gobernador civil e primeiro presidente da Deputación da Coruña.[579]

6.- *María Josefa Bermúdez de Castro e Sangro*, que dotada con 3.000 ducados casou en xaneiro de 1740 con *Juan Bernardino Basadre Zúñiga Figueroa e Mendoza*, fillo de Juan Benito Basadre Figueroa e Andrade, natural de Sigrás, e de Angela Rosa Zuñiga e Ribera, (filla de Luis Zúñiga[580], defunto, e de Margarita Ribera Villamarín, señores da casa do Mato no Ribeiro de Avia). Juan Bernardino era dono da xurisdición de Meirama, Ramil, Cidrás, Basadre e outras[581]. A María Josefa seu pai deixoulle uns pendentes e unha cruz de ouro. Foron pais entre outros de:

a. *Juan Benito Basadre Bermúdez Sangro*, que casou o 18 de febreiro de 1769 coa súa prima *Ana Ramona Saavedra Suárez de Deza e Sangro*, **marquesa de Viance**. Ana Ramona, embarazada, outorgou testamento o 21 de xullo de 1770 ante Domingo Antonio Sánchez, quizais porque daquela ser nai supuña un risco. En 1784 tamén tiveron un fillo, Juan Bernardo, pero morreu axiña. En 1794 foi convocado para servir no exército de Navarra. Sen descendencia, polo que o morgado familiar o herdará o seu sobriño *Diego María Basadre Abona*, fillo de Eliseo.

b.- *Eliseo Basadre Zúñiga Bermudez de Castro e Sangro*, capitán do Real Corpo de Artillería, casou con *Josefa Abona Sánchez*, natural da "villa da Graña", filla de Manuel Abona Goicochea Galíndez/Abona Barroeta Galíndez Aurrocoechea (con proba de fidalguía en Valladolid) e de Rita Sánchez de la Cruz, "moradores" na cidade da Coruña. Foi marqués de Viance. Vivían na Coruña. Tiveron sete fillos, sendo o herdeiro dos morgados *Diego María Basadre Abona*[582].

c.- *Melchor Basadre Bermúdez de Castro*. A partir de outubro de 1758 estudou en Santiago tres anos filosofía na Escola Escotista e logo Leis e Cánones, obtendo o título de licenciado en Leis o 7 de decembro de 1768 e de doutor o 26 de novembro de 1769. O 4 de marzo de 1767 tomou posesión dunha beca de Xurista no Colexio Maior Fonseca, do que foi reitor dúas veces e no que tivo outros cargos. En 1790 foi nomeado alcalde do crime da Real Audiencia de Estremadura en Cáceres, que se creaba nese momento. E en 1792 era o Ministro do Crime de dita Audiencia e alcalde maior de Molina de Aragón nos anos 1793-94. E en 1794 concedéuselle unha coenxía en Santiago pero conservando os honores de Ministro do Crime da

579 Cfr. Casas de *Mondragón en Vilasusán* e *Vilanova de Remesar.*

580 Fillo de Lorenzo Parcero de Zúñiga e de Antonia María de las Alas Villamarín.

581 ARG.RA. 8737/58. Os Basadre tiñan, entre outros, o vínculo fundado en 1614 por Bartolomé López de Basadre e a súa muller. A súa sepultura e escudo podémola ver na capela lateral de San Fiz de Solovio.

582 Cando morreu Diego María en 1855, ao estar abolidos os morgados, a enorme herdanza repartiuse entre a súa irmá Josefa e a súa sobriña Mª Dolores Basadre Neira, muller de Diego López-Ballesteros.

Audiencia de Estremadura, cargo que continuou exercendo ata que en 1796 foi destinado á Real Audiencia de Galicia.

Casou en Santiago (Solovio) o 20 de abril de 1779 con *María Ignacia Gutiérrez*. Finalmente foi cóengo de Santiago.

d.- *José Ignacio Basadre Bermúdez de Castro*, seu pai deixoulle rendas por valor de 2.928 reais ata que chegara a subtenente, e 2200 reais ata chegar a capitán. Casou con Francisca Menéndez, filla de José Menéndez e Bernarda Casanova. Vivían en Santiago onde tiveron descendencia.

e.- *Antonia Basadre Bermúdez de Castro*.

f.- *Mª Ignacia Basadre Bermúdez de Castro*.

g.- *Francisca Basadre Bermúdez de Castro*.

7.- *Isabel Bermúdez de Castro e Sangro*, nacida o 12 de maio de 1727 e bautizada o 20 tendo como padriños a Miguel Ferreiro, de Berres, e a Isabel Teresa Fernández de Deza e Mondragón, dona do pazo de Valiñas (Callobre). Solteira e un pouco tola[583]. Púxolle preito a seu irmán Francisco en razón de alimentos. Non quería vivir na casa de ningún irmán nin en convento, polo que pedía 600 ducados anuais por alimentos e 1.000 de "litis". A súa nai o 16 de xullo de 1769 a propósito dunha das súas escapadas escribe nunha carta: "*a ela nada lle falta senón sarna, que se a tivera estaría máis divertida en rascala*". Ao final metérona nun convento. Foi sepultada en San Paio de Figueroa o 2 de agosto de 1772.

Francisco Alonso Bermúdez de Castro e Sangro, naceu o 29 de xaneiro e foi bautizado o 4 de febreiro de 1720 tendo por padriño a Alonso de Moray, cura de San Martiño de Figueroa. Foi ordenado de menores en 1732, señor da casa de San Paio de Figueroa, rexedor de Santiago e alcalde Santiago en 1761.

Casou en Viveiro e fixo as velacións en Caamouco o 4 de abril de 1768 con *Teresa Moscoso Omaña Miranda de Navia*[584], filla de Antonio de Moscoso Omaña e Lemos e de Bernarda de Miranda Navia e Vivero, veciños de Foz, esta filla do capitán Alonso Antonio Miranda de Vivero, veciño de Santiago de Abres en Vegadeo[585], -onde está o Palacio do Pividal, que ostenta armas dos Miranda, Osorio, Moscoso e Castrillón-, señor das casas de Vivero, Miranda e Villar (Asturias), e de Bernarda Mª Osorio Vigil e Quiñones, da casa de Marqués de Santa Cruz de Marcenado (Asturias).

Francisco vivía habitualmente na súa casa de Piñeiro, en Ares. Segundo a súa irmá Isabel, a súa facenda producía máis de 6.000 ducados anuais. Nun preito dise que tiña "un paxe chamado Cándido", ademais de administrador e criados.

Trala morte do seu pai axiña tivo que defender ante os tribunais as súas rendas. Así en xaneiro de 1759 iniciou un preito contra uns veciños de Outeiro de Rei onde tiña as rendas que lle foran dadas como dote á súa avoa Tomasa Armesto Sangro.

Francisco morreu entre 1771 e 1777. Francisco e Teresa foron pais de:

1.- ***Francisco Bermúdez de Castro e Sangro*** (*que segue*)

2.- *José Fernando de san Deogracias*. Bautizado en Caamouco o 28 de marzo de 1770, tendo por padriño José Moscoso párroco de Santiago de Mondoñedo. En 1785 acreditou a súa nobreza xunto co seu irmán Francisco para ser gardamariña.

583 ARG. RA.13844/30 e Chancelería de Valladolid

584 Irmá de Lourenzo Moscoso Omaña, señor de Ferreira, casado con de Juana Andrea Pardo de Lemos.

585 ARG. RA.19443/32


3.- *Manuela Josefa Antonia Vicenta Teresa*, bautizada aos tres días de nacer en Caamouco o 18 de marzo de 1771, sendo os padriños Gaspar Vicente Maldonado e a súa muller Manuela Josefa Quiroga, veciños de Pontedeume.

4.- *Tomasa de Aquino, Manuela, Bernarda, Prudencia Catarina de Siena* que naceu o 28 de abril de 1772 e foi bautizada dous días despois en Caamouco.

Francisco Jacobo Tomás Bermúdez de Castro e Sangro. Naceu o 30 de decembro de 1768 en San Vicente de Caamouco, onde foi bautizado ao día seguinte. Sendo tenente de navío da Real Armada, casou con *Mª Jacoba de Páramo Santiso e Sangro* o 21 de outubro de 1798 na capela da casa de Vilabade en Castroverde, onde fixeron as velacións oito días máis tarde, "*non obstante o cuarto grao de consanguinidade que tiñan ditos contraentes tendo impetrado e obtido breve de S.Santidade N.M.S.P. Pío 6º, dispensóuselles*". Estaban presentes José Benito Montenegro, pai de Jacoba, e a súa segunda muller Mª Ángela de Oya, así como Benito de Prado e Lemos, rexedor e alférez maio de Lugo, e o capelán da casa de Vilabade don Antonio Valcarce, entre outros.

María Jacoba, filla de *José Benito Páramo Montenegro* e de *Mª del Carmen Santiso Riego Moscoso Vilardefrancos*, foi bautizada na parroquia de San Pedro (Lugo) o 26 de xaneiro de 1780 cos nomes de *María Jacoba Benita Josefa Antonia Hilaria Juana Sebastiana Manuela*, sendo os padriños Benito de Prada e Mª Josefa de Neira.

Mª Jacoba descendía de ***Andrea Armesto Sangro****, a filla menor de Bernardo Armesto e Mª Manuela de Sangro Pigara e Aguiar.* (Ver esquema)



Andrea*, nacida o 30 de novembro de 1668 e bautizada na parroquia de San Pedro (Lugo) o 17 de decembro, casou o 25 de xullo de 1692 na súa parroquia con* ***Cristóbal Somoza****, bautizado o 12 de xullo*

de 1652 en Ferreira, fillo de Juan Losada e Catalina Somoza,que casaran en Ferreira o 12 de febreiro de 1649, señores da xurisdición de Buxán e de Goián en Ferreira de Pantón, e neto por liña paterna de Francisco Saco e Somoza e de María Losada, e neto por liña materna de Diego Sánchez Somoza e de Leonor Puga Suárez de Deza, do coto de Buxán.

*A súa filla **Mª Benita Francisca Antonia Bernarda Somoza Armesto**, bautizada o 9 de xullo de 1696 casou en Ferreira de Pantón o 10 de xullo de 1725 con **Manuel Páramo Montenegro**, bautizado o 17-10-1696 en Bolaño, fillo de Juan Páramo Montenegro e de Isabel Mariana Osorio Santiso (Castroverde, 1-5-1678), veciños de Pobra de Burón. Era neto por liña paterna de Pedro Páramo Montenegro (que era neto de Pedro Páramo, señor das casas de Páramo, torre da Barreira en terras de Páramo, e onde son os Montenegros na xurisdición de Adai) e de Isabel Neira Santiso (que era filla e Pedro Vázquez de Neira e Santiso e de Catalina Muñiz Vaamonde e Aguiar, do lugar de Pousada en Neira). E era neto por liña materna de Juan Pardo Osorio Ulloa (1-7-1636, fillo de Pedro Gómez da Cancelada e Ulloa e de María Pardo Osorio, veciños de Gedunde en Burón) e de María Quiroga Santiso, (30-7-1642, filla de Gómez Yáñez Riomol e Quiroga e de Catarina Aguiar e Santiso, da casa de Quiroga e Santiso en Asturias). Tiveron dous fillos:*



Lápida de Antonio José Páramo

*1.- **José Benito Páramo Montenegro*** (que segue)

2.- Antonio José de Páramo Somoza, nacido en Ferreira o 10 de outubro de 1731, foi cardeal en Santiago, administrador do Real Hospital, reitor da Universidade, cabaleiro da Orde de Carlos III . Home cultísimo e reformista de carácter ilustrado, fundou a Sociedade de Amigos del País en Santiago que vai funcionar ao longo de todo o século XIX.. Chegou a ser bispo electo de Lugo o 19 de decembro de 1785,aínda que non foi consagrado pois morreu o 8 de marzo do ano seguinte. A súa sepultura está na capela do Salvador da catedral de Santiago e en seu honor o 26 de abril dese ano o racioneiro don Pedro Sánchez pronunciou a oración fúnebre[586].

***José Benito Páramo Montenegro**, bautizado en Ferreira de Pantón o 22 de xaneiro de 1727, era rexedor de Lugo, alguacil maior do Santo Oficio en Santiago, señor de Buxán, Goián e Fonteita e dono do pazo de Vilabade. Casou en Sumio (Carral) o 31 de maio de 1771 con Mª del Carmen Santiso Riego Moscoso e Vilardefrancos, da casa de Vilasuso en Sumio, nacida sobre 1753, filla segunda de Antonio Bernardo Santiso Moscoso, dono do pazo de Vilasuso*[587] *onde mandou facer unha nova igrexa parroquial, e de Mª Manuela Riego Queipo, da casa de Sanguñedo na freguesía do mesmo nome en Asturias, neta por parte paterna de José Clemente Santiso e de Juana de España Figueroa Soutomaior e Sarmiento, de Palavea, e por parte materna de Carlos del Riego, de Sanguñedo, e de Sabela Queipo. Foron veciños de Lugo onde naceu a súa filla Mª Jacoba Páramo e Santiso, obxecto desta digresión.*

586 *Colección de los escritos del Dr.D. Pedro Antonio Sánchez canónigo de S.I.M Santiago*, Madrid, 1858.

587 Cando morreu Antonio o 25 de agosto de 1765, a viúva mandou facer reconto dos bens que deixaba. Dito documento é moi interesante para coñecer a historia da familia, das súas propiedades e dos seus intereses (RAC. 27213/287). Aparece a escritura da fundación de Juan Santiso e Moscoso, que foi gobernador de Tucumán (Perú) de onde trouxo unha moi importante cantidade de cartos, cos que mercou entre outras cousas os estados de Carpio e Monterrei, na terra da Ulloa, aos duques de Alba. Cfr. BÉRTOLO, J.-FERRO, L. *Pazo de Vilasuso. Sumio*. Rev. Nalgures, XI, 2015



Cristo da Humildade. Capela de san Antonio. Sumio

Francisco en 1808 puxo demanda para suceder en diversos morgados á marquesa de Viance dona Ana Ramona Saavedra[588], pois non tiña descendencia. Enfrontouse José Pallares Correa, casado con María Vázquez e veciño de Lugo, pero saíu a favor de Francisco o 10 de decembro de 1811. Os morgados que ía herdar eran os fundados por Diego Quiroga e a súa muller Leonor Mazariegos, por Juan Pigara e María Balboa e por Pedro Fernández Pallares e María Vázquez Vaamonde. Logo levou a cabo un contrato co presbítero Andrés Valcárcel, para que lle administrase estes bens.



Francisco Bermúdez de Castro e Sangro

588 A marquesa de Viance descendía de **Constanza Armesto e Sangro**, a filla maior de Bernardo e de Mª Manuela. Constanza naceu o 1 de abril de 1664 e foi bautizada o 15 na parroquia de San Pedro en Lugo. Casou con *Carlos Oca Prado e Losada*, fillo de Antonio Oca e Sarmiento, señor de Saavedra e Baamorto e *fillo segundo do conde de Montezuma, gobernador e capitán xeneral de Nova Vizcaia*, e de Mª Antonia Prada e Losada, señora de Outarelo e Rionegro, marquesa de Viance.
Tiveron tres fillos: Antonio Bernardo –que casou en san Miguel dos Agros o 26/1/1713 con Ana Francisca, filla de Francisco Lamas Sotomayor e de Mª Teresa Mosquera- e Francisco, dos que se extinguiu a súa descendencia, e máis **Constanza Oca Armesto**, que casou con *Gregorio Suárez de Deza*, fillo de Juan Ángel Suárez de Deza Ron e Quiroga e de María Armesto Varcálcel e Ron (tía do xa citado Bernardo Armesto). Foron pais de Carlos Manuel, Juan Francisco, Mª Rosa e **Nicolasa de Oca Suárez de Deza** quen casou *Pedro Ramón Saavedra Novoa*. A súa filla **Ramona Saavedra Suárez de Deza**, que casou *Juan Benito Vasadre Bermúdez de Castro e Sangro*, chegou a ser *marquesa de Viance*, despois de varios primos e un tío cóengo todos sen sucesión. Ramona fixo testamento ante Domingo Sánchez o 21-7-1770 estando embarazada pero logo, aínda que tivo outro fillo, morreu sen sucesión.

D. Francisco B. de Sangro ao comezo da Guerra da Independencia foi enviado a Londres pola Xunta do Reino de Galicia, segundo carta:[589]

> *Exmo. Sr.*
>
> *El Reino de Galicia congregado en la ciudad de La Coruña por medio de sus representantes ha reasumido en si la Soberanía y toda la autoridad Suprema por ausencia y retención en Francia de su Rey el Sr. D. Fernando 7º, habiéndose declarado independiente el actual Estado en Madrid; quedan con las armas en las manos sus hijos, y envía al caballero D. Francisco de Sangro como su enviado para los objetos que V.E. será instruído. Este caballero y el teniente de navío don Joaquín Freire que lo acompaña, tal vez necesitarán algún dinero en ese país que no puede en la actualidad proporcionarles por letras, en cuya virtud ruega a V.E. se sirva proporcionárselo en caso de que lo pidan, quedando el reino obligado a su satisfacción cuya gracia espera merecer de V.E. y su carácter generoso.*
>
> *Coruña, 15 de junio de 1808*
> Firma*: El Conde de Gimonde.*
> *Excmo. Sr. Secretario de Estado de S.M. Británica*

E xa o 18 de xuño o propio Francisco de Sangro embarca e escribe unha carta a bordo do Defiance e o día 29 escribe outra desde Londres na que dá conta dos seus contactos cos ministros británicos e de que "*el emperador de Rusia reconoció a Fernando 7º*".

Francisco tivo moitos preitos para poder cobrar as rendas, para asegurar as súas propiedades ou mesmo para facer algún despoxo, xa que tiña rendas en moitos sitios debidos a que herdou moitos morgados. Tivo un preito por exemplo contra 136 veciños da zona de Burón e Castroverde para poder cobrar unhas rendas[590], outro para despoxar duns prados a un labrego de Castroverde pois quería criar cabalos neles, e outros preitos en Lourizán, en Romai, Pontevedra e Baiona.

Desde 1816 tivo como mordomo da casa de San Paio de Figueroa a Francisco Antonio Mariño Cobas, quen foi cura de Callobre a partir de 1826 e continuou ao servizo de dona Jacoba ata 1828, ano en que morreu dito Francisco.

Testou[591] o 22 de marzo de 1818 e faleceu na Coruña dous días despois. No libro parroquial de Sumio número 10 escrito polo seu abade e capelán da casa de Vilasuso dise textualmente: "*El 25 de marzo de 1818 se dio sepultura en camposanto de la ciudad de La Coruña al capitán de navío da Real Armada a Francisco Bermúdez de Castro e Sangro, embajador que fue en el Reino de Galicia a la Corte de Londres en el año 1809, elegido para ese ministerio por los mismos gallegos que peleaban con esfuerzo contra la Nación Francesa que en aquel año ocupan Galicia, de la que fueron expelidos por el mucho auxilio que así de armas como de víveres, pudo conseguir de aquella Nación Británica; fue posteriormente elegido por Diputado a Cortes en la ciudad de Cádiz, cuyo encargo desempeñó con la mayor brillantez, sin ser asalariado para el desempeño de este ministerio; fue marido de la señora doña María Jacoba de Páramo Santiso y Sangro, de los que quedaron cuatro hijos llamados don Francisco, don José María, doña Mª Jacoba e doña Manuela; en la actualidad eran señores y posesores de las casas de Vilasuso, Piñeiro, Vilabade, Goián, Figueroa, Val Miñor, Pontevedra, Lugo, Sarria y Noceda, y de los cotos de Buxán, Cesar e Pape; y el 25 de marzo de 1819 se quitaron los huesos de dicho señor del referido camposanto de La Coruña y colocados en un cajón de plomo se trasladaron en el mismo día con la lápida que tenía a esta iglesia de Santiago de Sumio, cuyos existen n la capillla de san Miguel de dicha iglesia. Sus funerales non sólo se hicieron en dicha ciudad de*

589 AHN. Estado, 71, B.
590 ARG. RA. 12955/4
591 ARG. Protocolos de Antonio Suárez

La Coruña, sino también en todas las casas ya referidas y para memoria a lo sucesivo de que fue tan generoso señor amante de su patria, pongo esta que firmo el 25 de marzo de 1819. José Vivero". Dentro da igrexa de Santiago de Sumio nun lateral está o seu túmulo exento de mármore con escudos e símbolos militares tanto enriba como no fronte.



Pazo de Vilasuso

Mª Jacoba púxolle un preito a seu fillo Francisco, pois o seu marido tomou posesión dos bens da marquesa de Viance, pero ao quedar viúva e ver os documentos, deuse conta que podía ser ela a herdeira de tales morgados. A cuestión era que a súa tataravoa Mª Manuela Sangro Pigara e Aguiar no testamento deixou como herdeira a súa filla Constanza, a maior, e a falta dela ou descendentes, a Tomasa e descendentes, e senón a Mª Andrea. O seu marido descendía de Tomasa e ela de Mª Andrea, pero segundo os libros da parroquia de San Pedro da cidade de Lugo Mª Andrea foi bautizada o 17 de decembro de 1668 e Antonia Bernarda –que non Tomasa Antonia- en 1670, e na parroquia non constaban máis fillas e no testamento dicía que tivera tres fillas, polo que ela supoñía que Antonia Bernarda era en realidade Tomasa Antonia. O preito saíu a favor do fillo en 1826.

Mª Jacoba de Páramo de viúva casou con *José Vilar Río Soto*, da que tivo unha filla, *Antonia*, que foi sepultada aos 5 anos na capela familiar de Sumio o 3 de febreiro de 1826.

Mª Jacoba, que era dona das casas de Vilasuso, Vilabade, Goián e Burón, fixo testamento[592] o 13 de xuño de 1839 e morreu de mal do fígado aos 59 anos e medio na parroquia de Salomé en Santiago o 30 de setembro dese ano, sendo sepultada o 3 de outubro no campo santo de Sumio levado o seu cadáver en *dúas caixas, a exterior forrada con chumbo con dúas chaves*. Logo o 21 de outubro de 1842 trasladáronse as cinzas ao panteón familiar dentro da igrexa parroquial xunto coas da súa filla Antonia.

Francisco e Mª Jacoba viviron no palacio de Damas, 11, da Coruña, onde tiveron varios fillos, se ben cando morreron os pais só vivían catro. Nos seus nomes podemos apreciar o uso repetido do nome de "Tomás" de Aquino a partir de 1808, iniciado xa o preito contra a marquesa de Viance e sabedores do parentesco que tiñan con santo Tomé de Aquino. É máis, Francisco asina desde entón como "*Francisco de Sangro*" e algúns dos seus sucesores despréndense tamén do apelido Bermúdez de Castro e poñen como primeiro o de Sangro:

1.- J*osé María Napoleón Jorge Alejandro Bermúdez Montenegro*, que foi bautizado na parroquia coruñesa de Santiago o 7 de maio de 1805, sendo os padriños o seu avó Benito Mª de

592 ANC. Protocolos do notario Pelayo Iglesias Carvajal

Prado, cabaleiro maestrante da Real de Sevilla e Mª Ángela Oya, a súa segunda muller, veciños de Lugo. Morreu novo, polo que pasou o morgado a seu irmán Francisco.

2.- ***Francisco de Asís Luciano Tomás de Aquino Bermúdez*** (*que segue*)

3.- *Mª Joaquina Tomasa Josefa Bermúdez Montenegro*, nacida e bautizada o 15 de novembro de 1810, sendo os padriños don Gonzalo Mosquera Arias, señor do palacio de Bentraces, e a súa muller Joaquina Ribera Pardo, dona da casa de Cañás e natural de Betanzos. Morreu antes que seu pai.

4.- *María Jacoba Eulogia Francisca* ***Sangro e Páramo***, nacida o 9 de marzo de 1812 e bautizada o 11 sendo o padriño o cura de Sumio. Casou en 1828 con Juan Quiroga e Souer, veciño de Lugo, sendo pais de *Juan José Quiroga* que casou en 1860 na Coruña con Teresa Losada e Gros. A Mª Jacoba quedoulle en herdanza unha casa na rúa Real, nº 54 na Coruña.

5.- *José María Alejandro Tomás de Aquino Francisco de Asís* ***Sangro e Páramo***, nacido o 4 de decembro de 1815 e bautizado o 7 na parroquia coruñesa de Santiago, foi ordenado clérigo de primeira tonsura en 1827 e pretendía a capelanía de Nosa Señora sita na capela de Vilabade en Santiago de Vilariño (Lugo), pero logo dedicouse á carreira militar. Morreu en 1845.

6.- *Mª Circuncisión (ou Manuela)* ***Sangro e Páramo***. Foi dotada pola súa nai, casada xa con José Villar, mediante escritura[593] o 8 de agosto de 1837 con 10.000 ducados e unha casa na Coruña na rúa Amargura para casar con *Javier María Melchor Zarate Murga e Piñeiro*, bautizado en Cambados o 3 de decembro de 1811, fillo do marqués de Montesacro Vicente Zarate Murga e de Mª del Socorro Piñeiro Cárdenas. Casaron na Coruña o 12 de febreiro de 1838, actuando como testemuñas o conde de Priegue e Miguel Pardo-Bazán, avó da escritora-condesa.

Javier, que era o herdeiro do marquesado de Montesacro, morreu asasinado o 10 de decembro de 1844, en vida do seu pai, de aí que non chegara a herdar o título.

Tiveron unha filla chamada *María Jacoba Zarate Sangro*, bautizada o 15 de febreiro de 1838 en Sta. Mariña de Dozo (Cambados) cos nomes de Mª Jacoba Socorro Manuela Javiera Vicenta Josefa Valbanera Francisca Lorenza Jaquina e Antonia. Como, cando morreu o seu avó o marqués de Montesacro, xa cambiara a lexislación sobre bens vinculares, Jacoba recibiu o 15 de marzo de 1851 os vínculos e morgados de Bazán e de Borralo, mentres que o vínculo e título de Montesacro os recibiu a súa tía Mª Balbanera Zárate. Logo preitearon á hora de facer as partillas polo bens libres e as súas rendas que ascendían a 56.000 reais anuais, pois a Jacoba correspondíalle un terzo deses bens[594]. Mª Jacoba casou o 11 de de xullo de 1864 na parroquia de Sar co seu curmán Lorenzo Izquierdo e Zarate.

Manuela tivo varios fillos de *Luis José Fraga*, veciño de Nantes ou de Vilariño (Cambados) se ben logo casou con el. Fillos deste matrimonio foron Manuel e Luis José Fraga Sangro, que se ordenaron de primeira tonsura en 1864 e 1865.

Francisco de Asís Bermúdez de Castro Sangro e Páramo, naceu o 2 e bautizado o 4 de maio de 1808, sendo o padriño o cura de Sumio, que era o capelán da familia.

Cabaleiro da Gran Cruz de Carlos III, casou na parroquia coruñesa de Santiago o 5 de decembro de 1828 con ***Mª Manuela de Rueda Esteban***, natural de Sta. Mª a Real Almudena de Madrid, filla de *Francisco Miguel de Rueda* e de *Manuela Esteban Marín*, veciños de Buendía na Alcarria. Foron veciños da Coruña, vivindo na rúa Damas, nº 6.

593 ANC. Protocolos do notario Pelayo Iglesias Carvajal.
594 ARG.AT. Preitos civís, 10/2, 11/5



Francisco de Asís Sangro e Páramo

En 1833 tiña como administrador dos bens de San Paio de Figueroa a Manuel Domingo Rodríguez, cura de Callobre, e en 1851 nomeou ao presbítero Felipe Tato, veciño de Figueroa.

Manuela morreu de accidente o 10 de xuño de 1851 sendo sepultada no cemiterio de Sumio o día 12 en nicho da casa de Vilasuso, sendo despois colocadas as súas cinzas na capela de san Miguel, onde están as da familia. O seu marido, Francisco fixo testamento e morreu en Madrid o 11 de marzo de 1852. Tiveron descendencia:

1.- *María Luisa Jacoba Saturnina Bermúdez Rueda*, nacida o 28 de novembro de 1829 e bautizada tres días despois na parroquia de Santiago na Coruña, sendo o padriño o seu tío Luis Antonio Rueda, gobernador militar e político desta praza.

2.- *Francisco de Asís Alexandro Bermúdez Rueda*, nacido o 26 e bautizado o 28 de febreiro de 1831, sendo o padriño seu tío Lois Antonio Rueda.

3.- *Francisca Bermúdez Rueda*, naceu en 1833 e morreu accidentalmente en Santiago na parroquia de San Miguel dos Agros o 31 de xaneiro de 1850 aos 17 anos. Foi sepultada en Sumio na capela familiar de san Miguel onde estaban as cinzas do seu avó paterno e as dalgúns do seus irmáns.

4.- *Lino Bermúdez*, que naceu o 24 de setembro de 1843 e morreu o 14 de setembro de 1845, "ao votar os caíños na cara", sendo sepultado en Sumio.

5.- ***Eugenía Bermúdez Rueda*** (*que segue*)

6. *Josefa Bermúdez Rueda* casou en 1867 co comandante *Celestino de Castro Figueroa*. Viviron en Ferrol. Tiña bens no partido de Outeiro de Rei. Celestino, unha vez viúvo, casou de novo.

7.- *Melchor Bermúdez de Castro Sangro Rueda*, nacido na Coruña o 6 de xaneiro de 1841 e bautizado o día 9 na parroquia de Santiago. Era menor de idade cando morreu a súa nai. Estudou na Universidade Central e foi avogado, Senador Vitalicio e Ministro Plenipotenciario, Conselleiro de Estado, Gran Cruz de Sabela a Católica e Xentilhome de Cámara con exercicio e servidume.



Melchor Sangro Rueda

Casou en Madrid na parroquia de San Xosé o 28 de maio de1865 con *María Antonia Ros de Olano e Quintana*, nacida o 3 de novembro de 1843 e falecida en Madrid o 17 de maio de 1915, filla de Antonio Ros de Olano (Caracas, 1808 - Madrid, 24 de xullo de 1886), que foi *escritor romántico* e tenente xeneral do exército, ministro plenipotenciario, marqués de Guad El Jelú, conde de Almina e vizconde de Ros, e de María do Carme Quintana e Romo,

Dama da Orde de María Loisa, filla do xeneral Félix Quintana. María Antonia foi a segunda Marquesa de Guad El Jelú e Condesa de Almina.

Faleceu Melchor en Madrid o 30 de xaneiro de 1909. Foron pais de:

a) *Gonzalo Sangro y Ros de Olano*, nacido en Madrid o 1 de abril de 1868, terceiro Marqués de Guad El Jelú por cesión da súa nai en 1914, e Xentilhome de Cámara con exercicio e servidume. Contraeu matrimonio o 10 de marzo de 1901 en Madrid, con *Luísa María de Prado e Lisboa*, Dama da Raíña e filla dos sétimos marqueses de Acapulco. Morreu en 1929. Sen sucesión.

b) *Santiago Sangro e Ros de Olano*, tenente de infantería que morreu en Mariel, en Cuba, o 24 de xullo de 1896 aos 24 anos.

c) *Pedro Sangro e Ros de Olano*, (29/6/1878 a 11/7/1959), profesor da Real Academia de Xurisprudencia e Lexislación, fundou a "Sociedade Española para o Progreso Social" en 1930. Cando desempeñaba a xefatura do Servizo Internacional de Traballo, foi nomeado ministro de Traballo no Gabinete Berenguer (28/1/1930 a 14/2/1931). En 1936 era o director xerente do Instituto de Crédito das Caixas Xerais de Aforro. Por falecemento do seu irmán, asumiu o título de Marqués de Guad Ed Jelú. Publicou máis de trinta obras sobre especialidades de dereito e doutrina social, historia e política, e foi tamén conferenciante, por exemplo, en 1929 deu unha conferencia sobre o cine. Ten representado a España en varios congresos e misións de carácter social e católico.




Pedro Sangro Ros

Casou en Madrid o 17 de xuño de 1900 con *Julia Torres e Calderón*, bautizada en San Xurxo da Coruña o 14 de novembro de 1878, filla de José Marcial Torres Krus e de Jacoba Calderón Ozores, neta por vía paterna de Marcial de Torres de Adalid e de Josefa Krus Pacheco, e por vía materna de Vicente Calderón Oreiro, IV conde San Xoán, e de Carmen Ozores e Mosquera, veciña da Coruña. Entre os seus fillos destacamos a *Melchor Sangro Torres*, o primoxénito, tenente de navío, que morreu en acto de servizo o 28 de outubro de 1938 aos 32 anos en Mallorca cando acompañaba ao comandante Nicolás Franco, e a *Ignacio Sangro Torres*, alumno da escola de Enxeñeiros Agrónomos que morreu aos 22 anos en Somosierra o 22 do xullo de 1936, polo que lle dedicaron a el e a seu irmán Melchor, o coto forestal "*Hermanos Sangro e Torres*" en Fuentidueña. Outro fillo foi *Santiago*.

d) *María Victoria Sangro y Ros de Olano*, 3ª condesa de Almina, que casou con Carlos Taboada Bugallo. Foron país de Carlos Taboada e Sangro, 4º conde de Almina que casou con María del Carmen Sangro e Torres.

Eugenia Bermúdez Rueda, que casou na capela da Purísima Concepción en Vilasuso (Sumio) o 26 de xuño de 1862 co comandante *Enrique Valentín Jiménez Cruz e Peña Carrillo*, natural de Santo Tomás na provincia de Salamanca, comandante de artillería, capitán do corpo de Estado Maior do Exército, fillo de don Pedro Antonio Jiménez Cruz e Torras, comandante de Infantería, natural da vila de Mora na provincia de Toledo e de dona Pascuala Peña Carrillo e Casanova, da cidade de Valencia. Cando contrae matrimonio xa faleceran seus pais. Foron testemuñas do enlace matrimonial, o Excmo. Sr. don Francisco Javier García de Parada e Losada, mariscal de campo dos exércitos nacionais, don Pedro Antonio Jiménez e don Melchor Bermúdez de Castro Sangro e Rueda.



Eugenia Bermúdez Rueda

Eugenia faleceu aos 28 anos dunha tise tuberculosa na súa casa coruñesa na rúa Campo da Vitoria o 11 de setembro de 1863 e foi sepultada o día 13 en Monelos.

Deste matrimonio quedou unha nena chamada **Enriqueta Eugenia** que faleceu a causa da dentición aos 17 meses e 20 días de idade o 8 de setembro de 1864, sendo enterrada no cemiterio xeral da Coruña ao día seguinte.

Ao morrer os pais de Eugenia, Francisco Sangro e Manuela Rueda, fixéronse as partillas entre os fillos que vivían, Jacoba, Melchor e Enrique como pai de Enriqueta. A parte da herdanza que lle correspondía a Enriqueta foille adxudicada a seu pai o 13 de novembro de 1865, aparecendo neste quiñón a **casa grande dos Bermúdez de Castro** en San Paio de Figueroa, bens, rendas, dereitos, etc.

Pouco despois Enrique tivo un preito xunto co marqués de Mos pola propiedade do *Campo da feira* na Estrada, pois aproveitando a ausencia dos donos uns veciños venderan esta propiedade en 1801.

Enrique Jiménez fixo foro de moitas propiedades na década dos setenta ata que en 1892 vendeu as propiedades que tiña en San Paio de Figueroa a don **Luis Pastor Sieiro Gayoso** e á súa dona.

Luis Pastor Sieiro Gayoso, natural de Vilagarcía, ingresou na Universidade de Madrid no curso 1864-65, chegando a ser doutor en dereito civil e canónico, exerceu de xuíz municipal na Estrada e despois de notario público en Sanxenxo. Era fillo do doutor Manuel Sieiro Varela, natural de Sanxurxo de Sacos (Cotobade) e veciño de Santo Tomé de Quireza (Cerdedo), e de Vicenta Gayoso, natural de San Miguel de Quindimil en Palas de Rei (Lugo).

Contraeu matrimonio aos 25 anos en Santiago (S. Fiz) o 21 novembro de 1872 con **Herminia de la Riva Junquera**, de 19 anos, natural de Santiago de Compostela, filla de Enrique de la Riva, natural de Ortigosa de Cameros (Logroño), e de María Junquera, natural de Villar de Ciervos (Zamora). A voda celebrouna seu tío, o cura de Quireza, Manuel Sieiro Varela.

Faleceu Lois Pastor o 20 de maio de 1899 recibindo sepultura no cemiterio de Figueroa (A Estrada) e María o 27 de febreiro de 1909, tras outorgar testamento o 16 de agosto de 1906 ante o notario Jesús Fernández Suárez.

Foron pais de dez fillos: María Raquel, Héctor Ricardo Luis Pastor, Enma Alejandrina Peregrina, Henrique Constantino Quintiliano, Luis Jesús María y José, Helena Ángela Josefa, Aquiles José Ángel, Herminia Jacoba Pastora, Nilo Felipe de las Mercedes e Siro Benxamín Sieiro de la Riva[595].

Unha vez viúva dona Herminia vendeu a propiedade á súa irmá *Justa Pastora* o 15 de marzo de 1907. Con data de 4 de xullo de 1911 fíxose unha permuta, pasando a propiedade de novo a Herminia, quen vendeu a casa grande de Figueroa e anexos o 4 de decembro de 1922 a don ***Vicente Méijome Moreira*** (*que segue*) ao parecer por 35.000 pts.

Vicente Meijome Moreira natural de Silleda, nacido en 1880, fillo de *José* e de *Joaquina*, casou con ***Pilar Bravo Ferradáns***. José outorgou o seu último testamento na Estrada ante Ramón Ferreiro o 31 de maio de 1941 sendo unha das testemuñas o dono do pazo de Ribela don Julio Ballesteros Curiel.

Foron pais de:

1.- *José*, que emigrou a Bos Aires.
2.-*Purificación*, que casou con Manuel García Barcala.
3.-***Manuela Méijome Bravo***, (*que segue*)

Manuela Méijome Bravo, casou con ***Jesús López Caramés***, que era garda civil. Recibiu do seu pai a mellora que se sinalou na casa grande "*cos seus saídos ou resíos ata a carreteira*".

O actual dono da casa grande é o seu fillo **José Antonio López Méijome**, que está casado con María Luz Louzao Arca, e son pais de *Olga* e *José Manuel*.

595 Eran figueroistas, polo que recibiron axudas para o estudo. Algúns chegaron a licenciarse na Universidade.

CASA DE LEIRA NOS MUROS

A casa soarega dos Muros está situada no lugar do mesmo nome na parroquia de San Pedro de Parada. Dita casa está catalogada no inventario do patrimonio do concello da Estrada, publicado no DOG de 16 de xullo de 1991.

Actualmente as edificacións que conforman o pazo están situadas sobre unha finca única, cunha extensión aproximada de 20 hectáreas, cerrada por un gran muro e no lintel do portal de entrada unha serea que nos dá a benvida. Ao rebasar o portal encóntrase o patio típico dos pazos cun coidado xardín onde se levanta unha fonte coroada por unha figura mitolóxica que coas súas patas dianteiras suxeita unha pedra armeira na que se acha labrada unha torre moi degastada dos **Leira**.



Escudo da capela

Moi próxima á casa encóntrase un hórreo todo en sillería, así como unha capela que ten unha espadaña dun só van. Sobre o lintel da capela hai unha inscrición que di "*hizo esta capilla Juan R. dealeira y castro y dona Maria prado y gayoso año de 1688*". E enriba hai un escudo de forma rectangular, cuartelado por unha cruz flordelisada, 1º cuartel, unha torre: **Leira**; 2º cuartel, nove roeis: **Castro**; 3º cuartel, unha palma; 4º cuartel, unha espada. A cruz que o cuartela, xunto coa palma e a espada son armas que representan ao **Santo Oficio** da Inquisición, pois como veremos Juan era notario do Santo Oficio.

A casa é de planta rectangular co tellado a dúas augas, con baixo e unha planta.



Escudo de Os Muros



Escudo en Sobradelo

O portalón de entrada adintelado está coroado por un escudo. A súa forma é circular encadrado baixo unha voluta, cuartelada por unha cruz flordelisada. 1º cuartel, unha M coroada: **Montenegro**; 2º cuartel, unha banda engolada en cabeza de dragantes: **Andrade**; 3º cuartel, unha torre da que saen unhas silvas: **Prado**; 4º cuartel, tres faixas e entre faixa e faixa unha troita: **Gayoso**.

Pertencía sen dúbida á familia de Josefa Prado Gayoso, que casou sobre 1688 con Juan Rodríguez de Leira, pois en Sobradelo, de onde era dita Josefa, hai escudos semellantes tanto na igrexa como no pazo.

A casa, xunto cos escudos, foi restaurada hai poucos anos polo que o estado de conservación é excelente.

XENEALOXÍA

Pedro Do Casal Daleira e *María Rodriguez de Castro e Sotomayor*, que casaran o 3 de xuño de 1590 e dos que se fala no *Pazo de Correáns*, compraron o lugar e casa dos Muros en San Pedro de Parada a Amaro Rodríguez de Celanova, tutor duns herdeiros do doutor Estévez defunto.

O seu fillo ***Juan Rodríguez Casal Daleira*** foise vivir alí con permiso de seus pais, quedándose con este capital como herdanza, ademais de quedarse co oficio e a escribanía de Tabeirós e do Viso, que era de seu pai e que dependía do arcebispado de Santiago.

Juan Rodriguez Casal Daleira, que outras veces aparece simplemente como ***Rodríguez de Leira***, foi notario do Santo Oficio e escribán de número e xulgado na xurisdición de Tabeirós. Para ser notario do Santo Oficio tivo que facer a proba de limpeza de liñaxe, onde ao parecer se citaba a casa de Modias (Cabanas) do seu bisavó. Casou con **Isabel Do Campo**, da casa de Lerce en Santa Mariña de Castrelo na xurisdición de Montes.

*ISABEL DO CAMPO era filla do escribán **Domingo Do Campo Magán** e de **Juana Gulías**, veciños de Santa Mariña de Castrelos, da casa de Lerce (que en 1662 se valorou en máis de 3.000 ducados) e donos de bens en Baladelo e Framil. Domingo xa exercía como escribán en 1602, pois foi el quen deu fe do apeo feito polo xuíz meiriño D. Pedro de las Landeras sobre os bens da fortaleza de Montes e dos que alí pertencían á dignidade arcebispal. Domingo e Juana entre 1634 e 1641 viviron en Parada e en Liripio.*

*O matrimonio fixo testamento conxunto o 3 de setembro de 1644, pouco antes de morrer Domingo, en que se di: "*e mandamos que se ofrendan por nosos corpos por cada un unha fanega de centeo e por cada un unha carga de viño do novo porque o vello é caro*" "*e que o día de noso enterro e honras se dé de comer e beber aos pobres que se acharen, das persoas de porte se lles dea aparte e os traten ben*"*[596].

Tiveron varios fillos[597], a saber:

1.- Pedro do Campo*, cura de Santa María de Tomonde (Cerdedo), quen deixou a herdanza á súa irmá Isabel. Seu pai quedáralle a deber 800 reais por terse quedado cos bens do seu avó materno Pedro Gulías.*

2.- O bacharel Agustín do Campo *que, fiador de Clemente Leira nunha ocasión, casou con Francisca de Soto, de Pazos de Arenteiro (Boborás), que estaba viúva e era filla de Francisco González de Soto e de María Rodríguez Falcón. Morreu moi novo o 6 de febreiro de 1648, deixando orfos a dous*

596 ARG. RA 3310/22
597 ARG. RA. 22986/17 e 2322/47

fillos moi pequenos xa que un tiña 18 meses e a pequena 6 meses[598]*, chamados* ***Lourenzo*** *e Ánxela, que se comprometeu en 1671 con Pedro Mariño de Lobera, fillo do capitán Juan Mariño de Lobera e de María Miranda Valenzuela, veciños de Escuadro, sen embargo casou o 26 de agosto dese mesmo ano con José Vázquez de Puga e Araúxo, veciño de Osmo.*

3.- Susana do Campo *casada co escribán da xurisdición de Montes D. Andrés Casal Vaamonde (orixe dos Rivas da casa de Siador), fillo de Pedro Casal de Moncada, veciño de Arzúa. Vivían en Castrelos. Tiveron por fillos a: Pedro (avogado casado con Ana Pimentel, da casa de Vilar de Ferreirós), Andrés (cura de Silleda), María, Eufemia (casada co avogado Manuel Paz Barreiro) e outro que foi freire. Pedro Casal outorgou testamento ante Lucas de Casal sobre 1683 mellorando ás súas fillas con gravame de vínculo chamando á sucesión ás fillas máis novas. A súa filla María Vaamonde casou co escribán Antonio Darriba, un dos escribáns de Montes, dono da casa de Cobas (Folgoso) e tiveron a Juan Patricio (casado con Jerónima de Seijas Bolaño), Antonio (cura de Xirazga) e Feliciana Rivas Vaamonde que casou con Gonzalo Arén*[599]*, vivindo na casa de Pumar en Folgoso e tendo seis fillos, entre eles, Bernarda, que casou con Juan Seoane e herdou as herdades de Framil pois era a filla máis nova.*

4.- María do Campo *que casou co escribán Domingo Núñez de Cardecid, natural de Cuntis, que tiveron a María Núñez, quen casou co escribán de Cerdedo Gabriel de Gosende e a Jacobo Núñez escribán e veciño de san Miguel de Cora (A Estrada), que casou con Isabel Núñez Varela de Vaamonde, sendo donos da casa coñecida por "*casa de Barcia*".*

5.- Juana do Campo*, que casou en 1627 con Martín Varela de Piñeiro, escribán e veciño de san Xiao de Guimarei, fillo de Martín Varela e de Elvira de Castro, veciña de San Estevo de Largantóns e neto por liña materna de Diego de Castro e Gracia Rodríguez.*

6.- **Isabel do Campo***, obxecto da digresión.*

7.- Catalina Do Campo *que casou co escribán Pedro Gómez*[600]*, e tiveron por fillo ao tamén escribán Francisco Gómez Gundín. Catalina non se cita no testamento do seus pais.*

Trala morte en 1626 de seu pai Pedro Casal de Leira, Juan, que xa era escribán de Tabeirós, tivo varios preitos reclamando rendas que por herdanza lle correspondían, como o preito contra Juan Becerra polo pago dunha lutuosa polo lugar da Torre[601]. En 1632 interviu noutro preito no que participan a súa nai María e seu irmán Clemente a causa dunha herdade[602].

En 1633 tivo outro preito xunto coa súa nai a causa da "*levada de agua do Porto a Pazos para a herdade da Trigueira e outra en Lovelle*".

Tamén en 1632 Juan saiu como fiador do seu irmán Clemente que tomara en arrendo unhas rendas en Tabeirós de propiedade arcebispal. Pero trala morte de Juan en 1643, a viúva Isabel do Campo demandou a Clemente para que lle pagase 1731 reais que lle adebedaba porque tivera que pagalas Juan como fiador[603]. Clemente di que xa lle pagara a Juan o 18 de outubro de 1640 con diversas rendas e mostrou o recibo asinado por Juan e polo seu fillo Pedro, pero ela di que é falso e que Juan firmaba "Leira" e non "Aleira" e ademais mostrou o testamento de Juan en que dicía que seu irmán Clemente lle debía ese diñeiro. No xuizo móstranse diversos documentos asinados por Juan –adxuntos no preito-, algúns de préstamos de Juan a seu pai Pedro, no que se pode apreciar que firma "Juan de Aleira" e varios "Joannis de Aleira". Ademais o testamento está feito polo pai de Isabel do Campo e non consta a sinatura de Juan, é máis, curiosamente no testamento ademais da profesión de fe habitual só di: "*Item digo que el licenciado Clemente Rodríguez y su mujer me deben mil setecientos y tantos reales por obligación ante Agustín de*

598 ARG. RA. 16255/5
599 Cfr.: BERTOLO, J.M. *Pedro de Arén, arquitecto de Terra de Montes* (c. 1635-1699). A Estrada, Miscelanea histórica e cultural, nº 19, 2016
600 ARG. RA. 3513/66
601 ARG. RA 23484/105
602 ARG. RA. 5662/21
603 ARG. RA.11983/22

Castro escribano", e non hai ningunha outra disposición. A solución está noutro preito[604] do ano 1648 no que se mostra o verdadeiro testamento de Juan, feito o 7 de setembro de 1643, que neste caso sí está asinado por Juan e no que entre outras disposicións fala da súa herdanza paterna ("*mi padre me mejoró por escritura ante Pedro de Brei escribano y confirmó por testamento con que murió*") e do litixio coa súa nai, a quen tivo que recompensar con unhas rendas xa que dicía que seu marido lle deixara só a escribanía e non a notaría do Santo Oficio, e ademais nomea e recoñece a seus fillos lexítimos. E ademais "*dejo como testamentario a D. Antonio Mosquera y Pimentel, señor de la torre y casa de Guimarei, y a Isabel do Campo… a Pedro do Campo…y a B. Clemente Rodríguez Leira, mi hermano*".

Analizando pois as diversas actuacións de Juan, préstamos de diñero frecuentes a seus pais, acordos económicos coa súa nai, deixar como testamentario a seu irmán, etc., parece un señor cabal e non merecedor da inquina da súa nai. Sen embargo, no testamento da súa nai do ano 1652 tamén se acusa a Juan de que trala morte do seu pai non quixo entregar os papeis das posesións de Parada a fin de facer as partillas. Por iso litigaron e Clemente gastou máis de 600 ducados, razón pola que María Rodríguez no lles lega nada aos herdeiros de Juan, xa defunto, e di que, se queren entrar nas partillas, teñen que aportar ditos papeis aínda non atopados.

Juan tamén era patrón e administrador da capela de Nª Sra. da Presentación, inclusa na parroquia de San Estevo de Oca, así como fundador da capela de Nª. Sra. da Asunción da igrexa de Parada.

Tiveron por fillos a:[605]

1.- *Maríana Rodríguez de Leira*, coñecida habitualmente por *Mariana de Castro*, nacida sobre 1625. O 12 de marzo de 1643 foi prometida en matrimonio a *Pedro Fariña Soutomaior*, veciño de Cambados, mediante documento no que se valoraba o dote en 1.400 ducados, a saber, 400 ducados en rendas de centeo, 100 ducados en utensilios de prata labrada, 200 en gando vacún e o resto en diñeiro, ademais de vestidos e axuar (cama, colchón, mantas, sábanas, mesa e catro sillas, arca grande, caldeiro de cobre, pichel de estaño e sartén). Mariana morreu no lugar de Pedreira, na parroquia de San Adrián de Vilariño (Cambados), o 23 de abril de 1644 a causa dun mal parto, no que a nena ao parecer naceu morta. Ao non ter sucesión, a súa nai Isabel en marzo de 1645, xa viúva, esixe mediante preito[606] a devolución do dote. Pedro, sen embargo, di que lle corresponde a terceira parte do dote e da herdanza por testamento de Mariana feito ante testemuñas o 20 de marzo, un mes antes de morrer. O fallo foi a favor de Isabel.

2.- *María Antonia Rodríguez de Leira*, que naceu sobre 1627. Tras ser dotada pola súa nai o 8 de agosto de 1644 con 1600 ducados, o cura de Tabeirós casouna en Santiago o 30 de novembro de 1644 con *Lucas Feijoo Araujo*, veciño de san Miguel de Astariz na xurisdicción de Milmanda (preto de Celanova). Lucas era criado do marqués de Tabar, o gobernador e capitán xeneral de Galicia, e tamén foi xuíz da xurisdición de Melide (ao pouco de casar) e escudeiro da Real Audiencia.

Pouco despois da voda Lucas reclamou o pago que lle debía do dote, pero Isabel do Campo negábase diciendo que se concertara a voda baixo ameazas e que o matrimonio non facía vida marital nin el sustentaba a casa pois dicía que non se sabía onde vivía, non obstante en 1646 xa tiñan unha filla e el era xuíz en Melide, polo que procedeuse a embargar varios bens a Isabel en diversas parroquias.

Lucas faleceu en 1675 e entón Mª Antonia casou co seu cuñado o capitán Baltasar, tendo por filla a Josefa, que casou en Codeseda con Diego Soteliño Ballesteros. Mª Antonia faleceu en 1692.

604 ARG. RA.15908/36)
605 ARG. RA.15908/36. Neste preito dísenos a idade de cada fillo.
606 ARG. RA. 3379/83

Do primeiro matrimonio naceron dúas fillas:

a.- *María*, que naceu en agosto de 1645 e que solteira viviu en Santa Baia de Castro coa súa irmá Estefanía.

b.- *Estefanía Feijoo* casou sobre 1683 co famoso *mestre arquitecto Pedro Monteagudo*, veciño de Santa Baia de Castro, que finou en 1700 deixando seis fillos menores, entre eles Francisco Ignacio que naceu en 1697-8, foi escribán en Codeseda e que –como se ve a continuación- casou en 1731 coa súa parenta Leonarda de Leira.

3.-***Pedro Rodriguez Leira e Castro*** (*que segue*).

4.- *Francisca Rodríguez de Leira*, que naceu sobre 1632 e casou sobre 1661 con Juan Sánchez, de profesión prateiro, en Santiago. Foron pais de:

a) *Agustín Sánchez Leira* bautizado en Santo André o 25 de agosto de 1662, e que de maior foi capelán e confrade de Nª Sra. da Concepción inclusa na catedral. Por unha última vontade de Agustín, unha casa que había en Santiago, de costas ao Colexio de San Xerome, deixoulla a María, a súa filla, pero que figuraba como filla lexítima do seu irmán Antonio e da súa esposa Jacinta Estévez. Isto orixinará un preito pois no seu testamento ante Simón Rodríguez deixáralle a María 60 ducados e como herdeiro a seu primo Clemente, de Correáns.

b) *Antonio Sánchez Leira*, bautizado en Santo André o 18 de octubre de 1668, casou con Jacinta Estévez e seguiu a profesión de seu pai.

c) *Francisco Sánchez Leira*, bautizado en Santo André o 8 de maio de 1670.

d) *Ignacio Sánchez Leira*, bautizado en Santo André o 2 de xuño de 1672. Foi procurador en Noia con licenza do arcebispo, se ben o 23 de febreiro de 1713 renunciou ante Simón Rodríguez, pois vivía en Santiago.


e) *Juan Sánchez Leira*, que de maior tamén foi prateiro[607].

5.- *Antonio Rodríguez de Leira*, que naceu en 1634.

6.- *Juan Rodríguez de Leira*, nacido sobre 1642[608].

7.- *María Rodríguez de Leira*, que naceu en febreiro de 1644. No testamento de seu pai (7 de setembro de 1643) dise que Isabel do Campo estaba preñada e que Juan recoñecía como lexítima a criatura que nacese.

Pedro Rodríguez Leira e Castro, naceu sobre 1628 e casou sobre 1658 con **Francisca Perrúa Yáñez Vaamonde**, filla de Francisco Perrúa Valdivieso e de Ana Yáñez Vaamonde[609].



Sinatura de Pedro Rodríguez Daleira, Os Muros, 1653

607 ARG. RA.18519/13
608 ARG. RA 11983/22
609 Cfr. A súa ascendencia páx. 355 ss.

Pedro Rodríguez de Leira aparece nun preito de 1662 pedindo que se fixesen as partillas dos seus avós maternos, donos de bens en Lerce, Baladelo e Framil na xurisdición de Montes. Nese preito[610] Pedro asina "dealeyra", porén é nomeado como "de Aleira" (separado).

Segundo outro preito[611] do 22 de outubro de 1665 Pedro vendeulle a seus sogros, Francisco Perrúa Valdivieso e Ana Yáñez Vaamonde, bens por valor de 33.000 reais, que estaban aforados, en Parada, Ribela,Vinseiro, Nigoi e Cimáns (Tabeirós).

En 1673 tivo outro preito xunto coa súa nai Isabel contra Juan de Mondragón, veciño de Remesar, e logo contra seu fillo Andrés, que era rexedor e alcalde maior de Santiago, a causa dunha granxa coas súas terras.

En 1677 fundou o vínculo do lugar dos Muros en Parada, para que se edificase a capela do Santo Anxo Custodio e celebrar nela misas.

En 1681 dise[612] que Francisca estaba viúva de Pedro Rodríguez de "Aleira" e Castro, escribán de número da xurisdición de Tabeirós, que eran veciños do lugar dos Muros en San Pedro de Parada, e dela dise que era "rica e poderosa" e que sobre 1681 fixo unha viaxe ao Riveiro de Avia. Neses documentos soe aparecer como Francisca Perrúa Vaamonde, pero tamén como Francisca Yáñez Vaamonde ou mesmo Francisca Yáñez Perrúa Baamonde, poñendo pois a énfase no "Yáñez Vaamonde".

O 9 de agosto de 1684 Francisca e o seu fillo Juan firmaron unha concordia[613] pola herdanza do seu marido e pai respectivamente. Francisca dicía que lle correspondía a metade de todos os bens por seren gananciais mentres que Juan pedía facerse cargo de todo por seren de vínculo e morgado segundo o testamento de seu pai. Francisca ademais pide a lexitima dos seus fillos Manuel, Pedro e Isabel por morreren despois de seu pai. Juan queda por esta concordia coa metade do lugar dos Muros, a escribanía, e da outra metade a cuarta parte de todos os bens (os bens mobles detállanse polo miúdo).

Por outro preito[614] no que se cita a seu fillo Juan, sabemos que Francisca aínda vivía en 1696. Tiveron por fillos a:

1.- *Manuel Rodríguez de Leira*, que renunciou aos seus dereitos sobre o vínculo en favor de seu irmán Juan o 11 de xullo de 1679, a cambio de que lle dese 2.000 reais anuais para seus estudos e mentres non obtivese unha renda eclesiástica da mesma cuantía. Morreu sen sucesión.

2.- ***Juan Rodríguez de Leira e Castro Porrúa***. (*que segue*)

3.- *Pedro*. Sen sucesión.

4.- *Isabel*. Sen sucesión. Ao igual que Pedro, morreu en torno ao ano 1680.

5.- *Ana Leira Porrúa*, que foi dotada o 13 de outubro de 1691 ante Andrés de Nodar para casar co seu primo *Teodoro Leira*, sen sucesión.

Ana tivo un preito[615] por unhas obrigas de pago de viño branco anual no lugar de Razamonde (Cenlle, Ourense) e en Santa Uxía de Eiras (San Amaro). Pero trala súa morte volveuse a deixar de pagar polo que a súa herdeira tivo que iniciar un novo preito.

610 ARG. RA. 2322/47
611 ARG. RA. 3886/21
612 ARG. RA. 16812/69
613 AHPPo. Protocolos de Andrés de Nodar
614 ARG. RA. 9103/40
615 ARG. RA. 3108/24

En 1734 nun preito contra o dono da casa veciña a causa das molestias que lle causaba por ter a cheminea rota e verter augas fecais ante a súa porta, dísenos que a súa casa de Santiago estaba xunto ao mercado de grans da praza do Campo preto da igrexa de san Bieito do Campo.

O 28 de marzo de 1703 fixo co seu marido unha doazón mutua de bens. E logo Teodoro no seu testamento ológrafo con data 12 de novembro de 1721 dicía que fose a súa muller a que elixise herdeiro entre os irmáns dela, se ben deixaba unhas rendas para seu propio irmán Clemente, ademais do morgado.

Ana, viúva, outorgou testamento o 10 de abril de 1738 deixando en usufruto ao capelán Antonio Ocampo Lavandeira a casa de Santiago, rendas e gran cantidade de mobles, o cal será motivo de preito[616], e fixo vínculo de todos os seus bens (a "*Casa Grande de Parada*", granxa de Razamonde, etc.) para os fillos do seu sobriño Baltasar, *primando a muller sobre o varón*, (o cal é digno de ser destacado), e que se Baltasar non tivese descendentes lle quedaría aos fillos da súa sobriña Paula ou, no seu caso, de Leonor ou de Feliciana ou por último á familia dos Porrúa. No testamento tamén pedía que se morría en Santiago fose enterrada xunto á pía de auga bendita da porta principal do convento de Nª Srª da Cerca, xa que estaba próximo á súa casa, pero morreu na casa de Parada, sendo enterrada o 14 de setembro de 1739.

Juan Rodríguez de Leira e Castro Porrúa, naceu en 1660 e foi bacharel en Salamanca, logo escribán e de viúvo presbítero.

O 9 de xullo de 1679 ante o escribán Andrés de Nodar tratou o dote con Bartolomeu de Castro Sancibrán, capitán da compañía de Tabeirós, e de María Mondragón Bermúdez[617], veciños de San Breixo de Lamas, para casar coa súa filla *Bernarda Bermúdez de Castro Mondragón*. O dote consistía en 3.000 ducados a pagar en tres anos ademais de vestidos e outro enxoval. Por iso dous días despois a súa nai e o seu irmán Manuel cederon e traspasáronlle os seus dereitos sobre o vínculo do lugar dos Muros e do oficio e escribanía de Tabeirós e o Viso. Pero ou non casaron ou ela morreu sen descendencia.

En 1687 pediu licencia ao Provisor para facer nos Muros a capela do Santo Anxo e en 1688 xa se edificara. Recordemos que en 1677 seu pai xa mostrara o seu desexo de erixila e que en 1680 en Correáns seu primo tamén fixera outra capela coa mesma advocación.

Logo casou sobre 1687 con **Josefa Fernández de Prado e Gayoso**, filla do licenciado *Antonio Fernández Durán*[618] e de *Antonia de Prado e Gayoso*, veciños de San Salvador de Sobradelo (Vilagarcia) do coto de Sobrán, neta por liña paterna do cura de Sobradelo don Pedro Fernández Durán, fundador en 1656 dun vínculo do que Antonio e Antonia foron usufrutuarios, e por liña materna do escribán de Vilagarcía don Ciprián de Prado e de María Ardía Villamoure (que casou en segundas nupcias con Lourenzo Villamoure Mariño).

En 1692 Juan estaba rexentando a vara de alguacil da xurisdición de Tabeirós con título de xuíz dela, onde era escribán de número[619]. A escribanía arrendáralla a Andrés de Nodar, pero recuperouna cando este conseguiu ser escribán de S.M[620].

Josefa foi enterrada o 28 de marzo de 1715 no coro da igrexa de Parada. Seu esposo Juan Rodríguez de Leira, o 3 de abril de 1721 renunciou ante o escribán Francisco de Nodar ao oficio de escribán nos seus fillos Teodoro e Balatasar aínda que de momento o retiña en si. Logo o 15 de maio dese ano e

616 ARG. RA. 2927/19
617 Cfr. *Casa de Mondragón en Vilasusán. Remesar*, páx. 343 ss
618 Irmán de Josefa era Ciprián de Prado, o sucesor, que casou con Juliana Benavides, pais de cinco fillos.
619 ARG.RA. 9103/40
620 AHPPo. Protocolos de Bartolomé Reimóndez Figueroa.

ante o mesmo escribán quixo facer un censo de tres centos ducados sobre os seus bens libres coa idea de acomodar ás súas fillas Leonarda, Paula, e Francisca. Fixo testamento cerrado o 8 de decembro de 1716 nunha casa que tiña en Vilar (Callobre) e entregouno a Francisco Nodar para ser aberto trala súa morte, no que nomea as súas débedas e os nomes dos seus fillos. Foi enterrado o 20 de maio de 1721 na capela maior, deixando en ofrenda 12 ferrados de pan, 2 canados de viño, 2 carneiros e un becerro.

Como Juan deixou á súa morte unha débeda de máis de 4.000 reais, os irmáns o 30 de decembro de 1721 deron poder a Baltasar para vender unhas leiras sobre todo as que tiñan en Cuntis, cousa que fixeron en febreiro de 1722 ante Francisco de Nodar.

Trala morte do matrimonio, os seus fillos tiveron un preito en 1731 polas partillas pois acusaban a Baltasar, a Teodoro e ao home de Florentina de quedar intrusos nos bens[621].

Seguindo a enumeración que fai Juan no seu testamento os fillos foron:

1.- **Baltasar De Leira e Castro** (que segue)

2 - *Juan Teodoro de Leira,* cura de Vinseiro. Tivo unha filla, Mª Antonia, o 27 de novembro de 1714 de Susana de Souto, solteira, veciña do lugar de Paredes, e que recoñeceu no libro de bautizados da parroquia o 22 de decembro de 1728.

En 1741 estivo varios meses de cura ecónomo en Codeseda. En 1748 cedeu as súas lexítimas a seu irmán Baltasar a cambio da metade dos 700 reais e os seus réditos que tiñan que pagar a súa irmá Leonarda de Leira trala partilla dos bens de seus pais, feita polo receptor da Real Audiencia Juan de Albor e Eiras. En 1758 seu irmán Baltasar di deberlle 6.000 reais.

Morreu o 20 de abril de 1776, celebrando as exequias o arcebispo de Santiago Ilmo. Caetano Gil Taboada (con quen emparentará a familia en 1796 ao casarse unha sobriña-neta de Juan Teodoro).

3.-*Leonarda de Leira*, casou o 16 de abril de 1731 con *Francisco Ignacio Monteagudo Feijoo*, fillo do famoso arquitecto Pedro Monteagudo e de Estefanía Feijoo Rodríguez de Leira, veciños de Sta. Baia de Castro da xurisdición de Montes, neto por liña materna dos xa citados Lucas Feijoo Araujo e María Antonia Rodríguez de Leira. Eran pois parentes en terceiro grado. Francisco foi escribán de número en Codeseda, onde vivían, e aparece en moitos dos preitos da familia pois exerceu durante 53 anos, deixando o cargo aos 83 anos cando estaba xa cego.

Francisco Ignacio, estando solteiro, foi acusado de estupro no ano 1726 por Isabel Moreiras veciña de Sabucedo.

Leonarda e Francisco Ignacio fixeron testamento ante o seu veciño Jacinto de Ribas, veciño de Santo André de Souto, o 23 de xaneiro de 1759. Como non tiñan sucesión, Ignacio deixou os bens raíces á súa irmá Melchora, e Leonarda á súa irmá Paula (ou, ás súas fillas) coa condición de que lle deran a Tomasa e Rosalía, fillas de Baltasar, 100 ducados. Canto ao resto dos bens, ambos deixáronse mutuamente facultade para deixalos aos sobriños que quixesen.

Francisco morreu en Parada aos 86 anos o 26 de abril de 1786 e Leonarda foi enterrada tamén en Parada o 22 de decembro de 1792.

4.- *Paula Leira Castro*, que casou con *Benito de Villa Valenzuela* e se enterrou en Parada o 6 de marzo de 1789, o mesmo ano que seu marido. No catastro do Marqués de Ensenada aparece Benito como veciño de Santiago e propietario dun batán no río dos Muros, que tiña

621 ARG. Protocolos, 3402

arrendado a Domingos do Porto. Paula outorgou testamento en 1772 ante Jacinto Rivas, escribán de Codeseda. Tiveron varios fillos:

a) *Juana Francisca Faustina*, nacida en Parada o 9 de setembro de 1733. Foi enterrada en Parada o 23 de maio de 1811.

b) *Mª Ignacia Caetana* que naceu en Parada o 12 de decembro de 1735 e morreu o 29 de agosto de 1737.

c) *Leonor Feliciana Francisca* que naceu en Parada o 7 de xaneiro de 1737. Foi madriña a súa tía Feliciana. Casou con Filipe de Folgar, avogado e veciño de Caldas de Reis.

d)*Vicente Francisco Ignacio* que naceu en Parada o 6 de abril de 1740. Os seus padriños foron Ignacio Monteagudo e Leonarda Leira. Os seus pais querían que fose cura e mandárono a Santiago a estudar, pero el casou contra a vontade dos seus pais e tivo unha filla chamada Josefa. Morreu novo.

5.- *Francisca de Leira*, que casou con *Juan de Castro e Seijas*. Vivían nos Muros. Tiveron a *María Juana Antonia* o 27 de decembro de 1731, e a *Mª Ignacia Manuela Antonia* o 25 de decembro de 1732, sendo a madriña a súa tía Feliciana e Ignacio Monteagudo.

A súa filla *Mª Ignacia* casou con *Pedro Bazán Ojea e Mendoza* (1726-1788), señor do coto de Vigo, do solar de Cores e do pazo e vínculo da Calzada en Cambados, alcalde do Castelo de Rianxo, rexedor de Cambados, fillo de Benito José Bazán de Mendoza e de Ángela Antonia de Ojea Rojas e Sandoval.

Ignacia foi sepultada na igrexa do Hospital de Cambados. Tiveron varios fillos:

a- *María Gaspara Bazán Leira*, que casou con *Antonio Julián Zarate e Murga* e foron os *marqueses de Montesacro*. Pais de *Vicente María Zarate*, que foi bautizado en Cambados o 24 de xaneiro de 1779. E avós de Javier Zarate, que morreu asasinado aos 33 anos sen chegar a ser marqués e que casara en 1838 con *Mª Manuela Sangro e Páramo*, da *casa grande dos Bermúdez de Castro*.

b- *Mª Ángela Antonia Bazán Leira*, (1753-1776) que casou con *Joaquín Medrano*, fillo de Joaquín de Medrano Luján e Colón, conde de Torrubia, marqués de Villamaior e barón de Purroy, e foi enterrada na igrexa do hospital de Cambados.

c- *Pedro Pablo Bazán Leira*, nacido o 22 de xaneiro de 1758, foi avogado e catedrático da Universidade de Santiago. Morreu no desterro por ser "afrancesado". Traduciu[622] a *Henriada*, de Voltaire en 1816.

d- *Mauro Bazán Leira*.

e- *Luisa Bazán Leira*, nacida en Cambados o 26 de agosto de 1759, casou o 11 de xaneiro de 1788 en Dozo de Cambados con Juan Pardo de Lama e Pardo de Cela, cuxa familia foi recoñecida co título de conde o 19 de setembro de 1787. *Foi avoa da condesa Emilia Pardo Bazán*.



Emilia Pardo Bazán

622 Cfr. *Enciclopedia Gallega,* e tamén: BARREIRO SOMOZA,J. *El movimiento de los afrancesados gallegos*, Rev. Compostellanum 17, 1992.

f- *Josefa Bazán Leira*.
g- *María Benita Bazán Leira*, nacida en 1755, casou con *Antonio Pardo de Lama*.

6.- *Feliciana de Leira Prado*, morreu solteira en Codeseda, en cuxa igrexa foi enterrada o 10 de febreiro de 1781. En Parada celebrouse unha misa xa que "era veciña de Parada". Tiña feito testamento o 1 de xaneiro de 1781 ante Jacinto Rivas deixando como herdeiros polos días da súa vida á súa irmá Leonor e ao seu esposo Ignacio Monteagudo, que entón tiña xa 82 anos e estaba case cego, e logo á súa irmá Paula ou ás fillas desta, a condición de darlle a Tomasa, filla de Baltasar, 100 reais.

7.- *Félix Leira Castro*, que foi abade en Santa Comba de Gargantós, (San Cibrán das Viñas, Ourense), a quen seu irmán Baltasar di deberlle 1000 reais. Sendo estudante tivo un fillo en Parada, José Antonio, o 6 de febreiro de 1734 de Dominga de Nodar, solteira, "*segundo se me dijo a mí como cura, averiguando la raíz y causa del escándalo que esta mozuela causa a mis ovejas, sin poderlo yo remediar*" (Libro de bautizados). En 1729 cunha idade entre 20 e 25 anos, vendeu unhas rendas de pan que tiña por herdanza de seu pai[623]. En 1745 sendo cura presbítero estaba nos Muros.

8.- *Casilda de Leira e Gaioso*, a filla máis nova nacida sobre 1708, casou o 10 de setembro de 1735 co escribán *Agustín Lodeiro Gómez*, de Cuiña (Betanzos) fillo de Juan Lodeiro e de María Gómez Bermúdez. Agustín xunto coa súa cuñada Feliciana era copropietario dun batán no río dos Muros, onde vivían, se ben en 1761 aparecen vivindo en Santiago. Tiveron por fillos a:

a) *Mª Jacinta*, que foi bautizada o 1 de xullo de 1736 e casou con Matías Moscoso e Novoa, da casa do Casal de Munín (Boimorto), e xa viúva outorgou testamento o 2 de febreiro de 1818 ante Pedro Pérez López, de Santiago. Unha das súas fillas, Vicente Moscoso e Leira, casou con José Francisco Bermúdez Torrado, emparentando así coa famila da que descende o escritor **Ramón María Valle-Inclán**.
b) *María Vicenta*, que casou con José Naveira.

9.- *Florentina de Leira* que foi dotada ante Juan Ambrosio de la Peña e casou con *Luís Antonio Fernández Boán*. Vivían no lugar de Outeriño en Guimarei.

Florentina fixo testamento o 15 de agosto de 1723 ante Francisco Nodar, deixando a seu marido como herdeiro e deixándoo tamén usufrutuario dos bens herdados de seus pais en Santo André de Somoza. Destes bens deixa como herdeira a unha das súas irmás, a que seu marido dispoña, coa obriga de mandar dicir dúas misas en Guimarei, polo que tamén deixa hipotecadas a casa e lugar de Castrorramiro para que sempre se digan estas misas.

Luís de viúvo volveu casar, polo que renunciou aos bens dotais a favor da súa cuñada Casilda o 14 de marzo de 1733. Ese mesmo día Casilda vendeu ditos bens.

Baltasar De Leira e Castro, naceu o 18 de maio de 1699 e casou sobre 1724 con *Constanza Estevez-Raxoi de Ribas*.

En 1723 Constanza e a súa irmá Ana, fillas de Salvador Estévez Raxoi e de Ana María Rodríguez Rivas Méndez, recibiran da Universidade de Santiago como compensación 200 ducados para ampliar o seu dote, debido a que ambas non podían suceder no cargo a seu pai, reitor da Universidade, cargo que era hereditario, e porque ao estar solteiras tampouco podía recaer dito cargo nos seus posibles maridos.

623 AHUS. Protocolos de D.A.Gutiérrez.



Alonso de la Peña Montenegro

A ascendencia por parte da súa nai podemos retrotraela até o rexedor ***Alonso Fabeiro*** *que casou con Francisca De Ribas Creo que tiveron a:*

1.- J. Fabeiro, que casou con F. de la Peña Montenegro, sendo pais do ***bispo de Quito*** *Alonso de la Peña Montenegro (Padrón, 27/4/1596 a 12/5/1688) quen mandou facer a capela de San Ildefonso en Iria en 1669*[624]*.*

2-. María Fabeiro De Ribas que casou con Juan Rodriguez De Ribas, que tiveron a:

a.- Antonio Rodríguez Rivas y Fabeiro (que segue)

b.- Domingo, que casou con María Cardama.

c.- Catalina, que casou con Juan de Abalo.

d- María, que casou con Pedro Rodríguez de Saamil.

e.- Francisco, que casou coa irmá da súa cuñada, Salomé Méndez Garcia de Seares (sen sucesión). En 1665 recibiu unha carta do seu primo o bispo de Quito, da que se conserva copia, onde se expresa o desexo de facer en Iria a capela dedicada a san Ildefonso, que xa iniciara o seu avó o rexedor Alonso Fabeiro, e onde se lle pide que coa súa axuda e de outros parentes se dote dita capela das rendas necesarias.

Antonio Roriguez Rivas e Fabeiro*, que foi reitor da Universidade de Santiago a partir de 1667 ao tempo que o seu cuñado Jacinto era secretario da mesma, casou sobre 1662 con Jacinta Méndez Garcia De Seares. Jacinta era filla de Jacinto Méndez, secretario da Universidade de Santiago, e de Catalina García de Seares, a súa esposa, que tiveron por fillo, ademais de Jacinta, a Salomé Méndez García de Seares que casou con Francisco Rodríguez de Rivas*[625]*, e a Jacinto, que foi secretario da Universidade de Santiago. Os avós paternos de Jacinta eran Basco Méndez de Montaos e de María Perez Ribas, que tiveron outros fillos: Beatriz, que casou con Pedro Resgada? Torrado, contador do conde de Altamira; e Francisco, receptor en Padrón.*

Antonio, que morreu en 1704, e Jacinta tiveron catro fillos, dous dos cales naceran antes de 1665, segundo se di na carta do bispo de Quito.

1.- ***Ana María****, (*que segue*)*

2.- Luisa, casada con Jacobo González Zaldívar.

3.-Manuela Rosa, casada con Rodrigo Falcón de Ulloa, secretario da Universidade de Santiago, fillo de Antonio González e de María Zaldívar. Rodrigo tiña catro irmáns, un cóengo de Santiago, outro cura de Taragoña e Ana María casada con Jacinto Fuciños de Vendaña. En principio debía ser Rodrigo o sucesor do seu sogro no cargo de Reitor da Universidade, pero renunciou a favor do seu cuñado Salvador, que reclamara o cargo.

4.- Antonia, casada con Benito Camaño.

Ana María Rodríguez Rivas Méndez*, que casou con Salvador Estévez Raxoi, fillo de Gregorio e de Dominga, e que sucedeu a seu sogro como Reitor da Universidade de Santiago*[626]*. Salvador morreu en xullo de 1723. Tiveron a*

1.- ***Constanza Estevez de Ribas Raxoi****.*

2.- Ana Estévez Raxoi, que casou con Andrés López de Seixas, este en segundas nupcias, fillo de Martin López Raposo e de Bernarda Seijas, e neto de Andrés López Raposo e de Inés López Mata.

624 Nesta capela, construída por Melchor de Velasco, fixo dous panteóns, un para a familia e otro para el coa súa estatua orante. A mediados do s. XX o concello de Padrón coa axuda económica de Arturo Soto Membiela, parente do bispo, tratou de traer os seus restos para o panteón, pero morreu o parente sen terse rematada dita empresa.

625 ARG. RA. 4766/59

626 Cfr. BARREIRO FERNANDEZ, J. R. *Historia de la Universidad de Santiago de Compostela*, vol. I, 2000

Tiveron a Juan Francisco López de Seijas e Ribas, avogado en Santiago pero dono da casa da Tieira e veciño de Cabrui (Sobrado), que morreu celibato en maio de 1796, deixando mediante testamento ante Antonio Buján Gómez a seu curmán Felipe Antonio Leira, cura de Vinseiro, os bens que lle correspondían por parte materna[627] *e da parte paterna a seu curmán Francisco de Cortes e Seijas, fillo de Josefa Alvarez Seixas, cuñada de Ana Estevez Raxoi, e de Frutuoso Cortes, veciño do lugar da Carballeira en Muniferral. Pero este quería a herdanza completa.*

En 1752 Baltasar como xuíz ordinario do coto e xurisdición de Codeseda interveu nun preito entre Agustín e Ramón Ballesteros, este da casa de *Monteagudo*.

No catastro do Marqués de Ensenada de 1753 aparece como "escribán de número de Tabeirós e o Viso propio da casa renunciable por título da Dignidade arcebispal" polo cal se lle regula de utilidade ao ano en 1.650 reais. En dito catastro tamén aparece como dono dun viveiro, dun muíño sito na "presa de Leira" e un batán no río dos Muros.

Baltasar en 1758 fixo concurso de acredores[628] porque dicía que tiña débedas por valor de 70.000 reais que non podía pagar. Dicía deberlle á súa esposa 10.000 reais por ter vendido a súa herdanza en Santiago e en Padrón a seu cuñado e procurador Andrés López de Seixas. Ademais debía a seus irmáns Juan Teodoro, cura de Vinseiro, e Félix, abade en Santa Comba de Gargantós, e tamén ao cura de Tabeirós Juan Rodríguez Reimóndez e aos veciños de Tabeirós. Os veciños adiantáranlle diñeiro para pagar á Administración e non o fixo. Os seus bens comprendían a casa dos Muros co seu muíño, batán e horta, a *Casa Grande de Parada* con devesas, toxais e herbais, outra casa tamén en Parada chamada do Monte, a escribanía de Tabeirós se ben xa a pasara a favor do seu fillo Felipe Antonio, e moitas rendas de pan e centeo, pero dicía que eses bens estaban vinculados, polo que non podía pagar con eles as débedas, só cos bens libres, que supoñían 451 ferrados de centeo e 188 reais. Loxicamente os veciños dicían que era unha artimaña para non pagarlles, pois a maior parte das débedas eran coa súa muller e irmáns.

Constanza, muller de Baltasar, foi sepultada o 13 de xaneiro de 1772 e Baltasar o 22 de xuño de 1779, ambos en Parada. O matrimonio tivo a seus fillos en Parada:

1.- *José Benito Leira Castro*, nacido o 23 de abril de 1726 e bautizado o 25.

2.- *Felipe Antonio Leira Castro e Raxoi*, nacido o 18 de abril de 1729. Cura de Vinseiro e do seu anexo San Xurxo de Cereixo, cedeu o vínculo de Teodoro a seu irmán Manuel. Foi padriño dunha sobriña en 1757.

En 1800 tivo un preito[629] co seu primo Francisco de Cortes e Seijas, veciño de San Martiño de Cabrui (Mesía), a causa dunhas partillas pois ambos eran herdeiros do seu primo-irmán Juan Francisco de Seixas, avogado. Felipe facultou a seu irmán Manuel Ramón para que o representase.

Morreu en Vinseiro o 27 de abril de 1802 e foi enterrado dentro da igrexa.

3.- *Ventura Leira Castro e Raxoi*, naceu o 15 de xullo de 1731, tendo padriño a seu tío cura Teodoro, e casou en Parada o 24 de xullo de 1750 con *Antonio de Leira*, da *casa de Correáns*. Xa viúva de Antonio Leira, morreu repentinamente en Parada o 7 de maio de 1814.

627 ARG. RA 27209/270
628 ARG. RA. 13362/60
629 ARG.RA. 4820/5

4.- *Tomasa Rosa Leira Castro e Raxoi*, nacida o 20 de decembro de 1733 sendo seu padriño Ignacio Monteagudo. Foi madriña de bautizo dunha filla da súa irmá Ventura (de Correáns) o 3 de marzo de 1761.

Casou "por poderes" o 11 de febreiro de 1764 con *Ignacio Otero Sar*, fillo de Juan e de Juana, da parroquia de Santo André na cidade de Santiago, onde vivían e bautizaron a seus fillos:

A) *Francisco Otero Sar de Leira e Castro*, bautizado o 3 de decembro de 1764.

B) *Rafael Otero Leira*, bautizado o 29 de xullo de 1766. Foi fraile gardián do convento de San Francisco en Betanzos.

C) *María de las Nieves Otero Leira*, bautizada o 6 de agosto de 1768, casou en Vinseiro o 28 de outubro de 1799 con José *Gil Taboada*[630], de Ribela, dos cales houbo tres fillas:

a) *Juana María Caetana Gil Otero*, bautizada en Ribela o 18 de abril de 1802, casou o 8 de xaneiro de 1825 con *Manuel Ballesteros Vaamonde*, e viviron en Codeso (Boqueixón) e eran donos da casa de Monteagudo en Codeseda.

b) *María Josefa Felipa Juana Caetana Gil Otero* nacida en Ribela o 5 de febreiro de 1801 e que casou o 10 de xuño de 1819 con *Alejandro Ballesteros Vaamonde*, donos da *casa dos Ballesteros* en Ribela.

c) *Caetana María Luisa Gil Otero*, bautizada en Ribela o 28 de agosto de 1804, casou en 1821 con *José de Castro Taboada*, natural de Cuntis.

D) *Felipe Otero Leira*, bautizado o 5 de setembro de 1771.

E) *Benito Otero Leira*, bautizado o 21 de marzo de 1773. Posiblemente se trata dun cura que morreu en 1825.

F) *Juana Otero de Leira*, bautizada o 26 de xuño de 1776.

5.- *Rosalía Leira Castro e Raxoi*, que naceu en Parada o 23 de xullo de 1739 sendo o padriño seu tío cura Teodoro. Casou en Parada o 5 de xaneiro de 1780 con *Juan Antonio Moraña*, viúvo de Mª Rosa de la Peña de Figueroa, veciño de San Paio de Figueroa. Juan Antonio foi enterrado en Parada o 4 de maio de 1812 e Rosalía o 8 de marzo de 1819.

6.- *José Leira*, morreu en Parada solteiro e foi enterrado o 8 de marzo de 1743.

7.- ***Manuel de Jesús Ramón Antonio***, (*que segue*)

8.- *Mª. Ignacia de Leira*, solteira, que foi enterrada o 5 de setembro de 1825. Ao seu enterro acudiron 36 sacerdotes.

Manuel de Jesús Ramón Antonio Leira e Castro, naceu en Parada o 1 de xuño de 1740. Casou con *Mª Vicenta de la Peña Montenegro e Valenzuela*.

Fixeron as velacións (de matrimonio) en Vinseiro o 28 de outubro de 1799, se ben eran veciños de Parada. En 1777 aparece nun preito do seu cuñado Antonio Leira como "*Graduado de Theniente Capitán de Caballería agregado da Plana Maior da Plaza de Tui*". Morreu en Tui en 1808 e ela en 1811, segundo datos da familia[631].

Sen descendencia –el casou xa maior-, a casa dos Muros pasou a mans dos seus irmáns, como é lóxico, do *pazo de Correáns*. De feito, a irmá de Manuel Jesús, chamada Ventura que casou con *Antonio de Leira*, dono da casa de Correáns, aínda que parece que de forma fortuíta, morreu en

630 Cfr. *Casa de Ribela*, páx. 235 ss.

631 No Arquivo parroquial de Tui non aparece a súa defunción.

Parada en 1814, e a súa irmá Rosalía, veciña de Parada e sen descendencia, morreu tamén en Parada en 1819, ao igual que Mª Ignacia, solteira, en 1825.



Casa de Os Muros

A propiedade pasou, pois, a mans de **Felipe Antonio de Leira e Pardo**, dono da casa de Correáns, quedando a casa e a capela abandonadas e as terras en mans dun caseiro. Foi el quen lle escribiu ao arcebispo de Santiago pedindo a redución da súa contribución ao mantemento da capela dos Muros, xa sen teito, pois dicía que as rendas mermaran moito, a escribanía que até 1828 estaba arrendada deixara de lle pertencer pois pasou á autoridade estatal, e polo tanto, ao non poder facer fronte aos gastos pedía reducir as súas obrigacións co arcebispado mandando dicir todas as misas na capela de Vinseiro até que a dos Muros fose reedificada.

Por último foi seu fillo **Manuel Ramón Leira Sánchez**, da casa de Correáns, o dono da casa de Parada.

Manuel Ramón María Leira Sánchez, nacido en Correáns o 22 de novembro de 1834, foi avogado e casou en Millerada o 12 de abril de 1863 con ***Dolores Juana María Ogando Soto***, nacida o 13 de maio de 1845 en Millerada (Forcarei), da *casa de Hermosende*, filla de Manuel Ogando Toxo, natural de San Salvador de Escuadro, (Silleda) e de Joaquina Soto, de Bieite (Leiro, OU). Os seus avós paternos foron Manuel e Francisca, de Escuadro, e os seus avós maternos foron Alonso de Soto e Isabel Charlon (solteira), esta de Bieite (OU).

Entre os anos 1867 e 1869, xa casado, exerceu de notario eclesiástico en Millerada. Logo viviron na casa dos Muros en Parada, onde tiveron por fillos a:

1.- *Prudencio Leira Ogando*, que morreu o 3 de xaneiro de 1870 sendo neno.
2.- *Aurea Leira Ogando*, nacida o 7 de junio de 1868 e bautizada o 9.
3.- *Herminia Indalecio Marta Leira Ogando*, que foi bautizada o 29 de xuño de 1870. Estudiou maxisterio e en xaneiro de 1890 foi destinada como mestra en Pardesoa, cun soldo de 250 pesetas anuais. En 1931 aparece como dona dunha parte do pazo de Correáns.
4.- *Concepción María Manuela Leira Ogando*, que foi bautizada o 30 de agosto de 1872. Casou en febreiro de 1910 con Alfredo Martínez Cerecedo, farmacéutico de Leiro (Ribadavia).

5.- *Gerardo Leira Ogando*, nacido en 1875, casou e viviu en Santiago. En 1921 recibiu unha carta do cura de Laxe, Antonio Leira, pedíndolle como parente unha recomendación, dado que Gerardo mantiña o dereito de propoñer ante o arcebispado unha terna para o nomeamento de párroco en Vinseiro, e onde lle recorda que en 1893 lle dera clase de latín a seus irmáns Ricardo e José María. Pero non fixo caso e presentou a outros. En 1927 seguía exercendo este dereito de presentación.

6.- *Mª Gumersinda Joaquina Leira Ogando*, nacida o 18 de xullo de 1876. Casou na capela dos Muros o 26 de novembro de 1911 con Francisco Freire, médico de Sanxenxo, a onde foron vivir. Como testemuña do noivo asistiu Manuel Ballesteros, secretario do concello de Forcarei.

7.- *Manuel Leira Ogando*, que foi bautizado o 25 de marzo de 1878. Foi médico e finou en Valle de Goñi (Navarra) o 12 de xuño 1909.

8.- *Ricardo Manuel María Leira*, bautizado o 8 de abril de 1880. En 1905 foi nomeado xuiz municipal da Estrada e finou en agosto de 1907.

9.- ***José María Antonio Leira Ogando***, (que segue)

Dolores moreu o 18 de febreiro de 1923 en Parada e na partida de defunción non aparecen citados nin Aurea, nin Manuel, nin Ricardo, sinal de que xa morreran.


José Maria Antonio Leira Ogando, nacido o 20 de novembro de 1882 en Parada, onde morreu o 31 de xullo de 1939.

Estudiou farmacia e logo medicina, profesión que exerceu en Parada. En 1920 foi presidente da *Asociación Amigos da Montaña*, que a formaban veciños das parroquias de Codeseda, Parada, Ribela, Liripio, Sabucedo, Souto e Arca.

José Mª Leira, dono da *casa dos Muros*, actuou como delegado do xuíz o 28 de marzo de 1928 na última celebración que tivo lugar na capela da casa, unha voda entre dous veciños, José Porto Durán e Manuela Porto Fraíz.

Tiña un pazo en Lebosende, onde se aprovisonaba de viño.

Casou na parroquia de San Bartolomeu de Pontevedra o 11 de xaneiro de 1930 con ***María Excelsa Cándida Eiriz Fernández***, que naceu o 22 de abril de 1894 en Vilasante, concello de Saviñao (Lugo), filla de Antonio Eiriz Taboada (Parada, +15/10/1937), comerciante de tecidos, natural de Chantada, e de Anunciación Fernández Quevedo, de Sta. María de Marrube (Saviñao).



†

ROGAD A DIOS EN CARIDAD

POR EL ALMA DEL SEÑOR

Don José Leira Ogando

MÉDICO

que falleció en su casa de "Los Muros"
(San Pedro de Parada-Estrada),
el día 31 de Julio de 1939,
confortado con los Santos Sacramentos
y la Bendición de Su Santidad.

E. P. D.

Su desconsolada esposa D.ª Celsa Eiriz; sus hijos, José Antonio, Ana María, María Luisa y Celsita; sus hermanas D.ª Herminia, D.ª Gumersinda y D.ª Concepción, viuda de Cerecedo; hermanos políticos, D. Francisco Freire, D.ª Consuelo y doña Virginia Eiriz: tíos; tíos políticos, sobrinos, sobrinos políticos, primos y demás familia;

Suplican una oración por su eterno descanso.

Exhaló el último suspiro con la misma tranquilidad que si hubiese entrado en el más dulce sueño. La muerte del justo es un paso para el Cielo.

(San Juan Crisóstomo).

Recordatorio de José Leira Ogando

Vivían na rúa Manuel Quiroga, 31 de Pontevedra, onde ela morreu o 25 de decembro de 1967. José finou en Parada o 31 de xullo de 1939,

Froito deste matrimonio foron:

1.- *José Antonio Luis Fernando Leira Eiriz*, nacido en Pontevedra o 5 de febreiro de 1931. Foi Inspector de Entidades de Crédito e Aforro (Banco de España) e casou en Madrid con

Mª del Carmen Velasco Garcia-Muñoz, madrileña nacida o 10 de xaneiro de 1931, filla de Pelaio Velasco Sánchez de la Nieta e de Antonia García-Muñoz Sobrino.

Tiveron por fillo a *José Antonio Leira Velasco*, que nacido en Barcelona o 13 de outubro de 1962, é enxeñeiro de Camiños e casou en Madrid o 7 de maio de 1990 con *Mª Jesús de la Viuda Fernández de Heredia*, nacida en Madrid o 22 de xuño de 1959, filla de Manuel de la Viuda Marijuán e de Petra María del Carmen Fernández de Heredia Adanes.

2.- *(Anunciación) Ana Mª Leira Eiriz*, que nacida en Pontevedra o 7 de febreiro de 1932 casou o 2 de maio de 1960 na igrexa parroquial de Salcedo con Luis Chamosa Sarandeses, nacido en Silleda o 20 de xullo de 1932. Os seus fillos naceron en Pontevedra;:

A) *Luis Fernando Chamosa Leira*, nacido o 24 de abril de 1961, casó con *Fabiola Pino Pérez*, nacida o 1 de outubro de 1960, e teñen por fillos:

a) *Víctor*, nacido en Pontevedra o 17 de setembro de 1995.
b) *Silvia*, nacida en Pontevedra o 28 de outubro de 1997.

B) *José Chamosa Leira*, nacido o 21 de novembro de 1962.
C) *Javier Chamosa Leira*, nacido o 3 de decembro de 1963.

3.- *Maria Luisa Leira Eiriz*, naceu en Pontevedra o 21 de outubro de 1933.
4.- *Celsa Leira Eiriz*, nacida en Parada o 16 de xaneiro de 1935 –a única dos irmáns que naceu nos Muros-, casou en Salceda o 7 de setembro de 1959 con José Muñoz Figueroa, que teñen cinco fillos nacidos en Pontevedra:

a) *Azul Enrique Muñoz Leira*, nacido o 21 de xullo de 1960.
b) *María Muñoz Leira*, nacida o 6 de abril de 1962.
c) *Celsa Muñoz Leira*, nacida o 2 de decembro de 1963.
d) *Virginia Muñoz Leira*, nacida o 5 de maio de 1965.
e) *Diana Muñoz Leira*, nacida o 15 de abril de 1971.

Os irmáns LEIRA EIRIZ venderon a casa dos Muros a **Manuel Fernández Ferradás** e á súa esposa **Mª Dolores Barreiro López**, natural de Acibeiro, filla de Manuel Victoriano Barreiro Doval e de Clarisa López Salgueiro. Este matrimonio á súa vez vendeuna no ano 2000 aos actuais propietarios **Miguel Antonio de Castro Rivas** e **María Vitoria Rey Castedo**.

O conxunto foi totalmente reconstruído no ano 2003, baixo proxecto e dirección do estudio do arquitecto don Jesús María Brei González.

PAZO DO OUTEIRO DE MAÍNDO

A *Casa-forte de Maíndo* ou *Torre de Couso*, construída dentro dun recinto amurallado, é unha pequena fortaleza que foi ampliada ao longo dos tempos. As diversas ampliacións son patentes ao observar o sistema construtivo, xa que nunhas partes domina uns ben formados perpiaños de cantería, noutras perpiaños máis irregulares e noutras a cachotería.



Pazo Maíndo

A nosa hipótese é de que a parte máis antiga sería unha torre, da que se conserva só a planta baixa, e á que se accedía a través da porta que ten un arco apuntado, típico en Galicia no entorno do s. XIV, e que ten sobre unha doela un escudo con seis roeis en tres pales de dous e sobre eles unha figura, agora esvaecida, escudo dos *Bendaña*.

Detrás desta parte hai pegado un gran edificio rectangular de planta baixa e un piso, cunha porta baixo un arco de medio punto co escudo dos *Bendaña* na doela clave, e na parte posterior ou fachada meridional con dúas portas de acceso. Nesta fachada hai vanos rectangulares e outro escudo, que nos remite ao século XVI, adornado con grilandas e fitas cuartelado en cruz, cuarteis 2 e 3 coas armas dos *Reino*[632]: unha espada fixada e rodeada de seis roeis colocados en pal, tres a cada flanco; e cuarteis 1 e 4 coas armas dos *Isorna*: tres flores de lis e correas[633].



Escudo no arco apuntado



Escudo s. XVI

632 "un estoque dorado en medio de seis bollos dorados" polos Reino. PARDO DE GUEVARA, E. o.c. páx. 197.

633 CENDÓN FERNANDEZ, M., *El sepulcro del arzobispo D. Alvaro de Isorna en la catedral de Santiago*. http://estudiosgallegos.revistas.csic.es/index.php/estudiosgallegos/article/viewFile/262/266
Pero serían armas dos *Mariño*, segundo: PICALLO FUENTES, H. *Maíndo (A Estrada-Pontevedra): Espacio xeográfico e humano na ascendencia do condado de Ximonde*. A ESTRADA Miscelánea Histórica e Cultural, Museo do Pobo Estradense M.R.P. nº 5 e 6, 2002 e 2003.

O pazo de Maíndo foi vivenda habitual da familia dos Reino durante o século XVI, pero a partir de entón xa coa familia Cisneros decae a favor das vivendas de Santiago ou do pazo de Ximonde, polo que estivo en mans de mordomos ata que nos últimos tempos volveu a ser utilizada pola familia propietaria, agora de apelido *Lissarregue*.

OS REINO

Aínda que "*Maíndo xa existía anteriormente a 1393 e, ó mellor, unha centuria atrás (aínda que con distinta complexión constructiva, seguramente)*"[634] a primeira referencia ao pazo de Maíndo está nun foro sobre "*o paaço do Outeiro […] na vila de Meyndo da fligresya de Sancta Mar de Couso*" concedido o 21 de xaneiro de 1393 polo deán do cabido compostelán Gonzalo Rodríguez de Bendaña a **Gonzalo Rodríguez de Reino**. Pouco despois, este vai estar de casteleiro na fortaleza da Insua de Vea, posto polo bispo de Mondoñedo don Álvaro Núñez de Isorna e Bendaña.

"*En tempos igualmente de D. Álvaro Núñez de Isorna e Bendaña (e xa termando este o báculo metropolitano de Santiago), fai presencia outra persoa de marcado interese para as nosas metas; era el un dos seus escudeiros, chamábase* ***García de Reino*** *e facía proclama de ser –ao igual que o nomeado Gonzalo Rodriguez de Reino- parente deste Isorna-Bendaña*"[635].

Dito **García de Reino**, fillo de *Nuno González* e de *Teresa Sánchez*, era orixinario, como os demais parentes, do lugar de Reino en Trasmonte (Ames), onde foron sepultados moitos dos seus ascendentes.

Tiña como irmáns a *Alonso González* e a *Rodrigo Suárez de Reino*, pai de *Gonzalo de Reino o mozo* e de *Sueiro Gómez*.

García de Reino finou o 24 de outubro de 1444, polo que o día 30 dese mes presentouse *Rui Suarez de Reino*, *vasalo do Rei*, e como testemuña o *escudeiro Gonzalo Suárez* ante Álvaro de Sampayo, xuíz de terra de Nemancos, dicindo que *seu curmán* García de Reino outorgara testamento e que pedía que se abrise.

En efecto, García de Reino outorgara testamento[636] o 12 de setembro de 1440, deixando como sucesor en primeiro lugar á súa *filla menor*[637] *Leonor*, en segundo lugar a seu sobriño *Gonzalo de Reino o mozo*, e en terceiro lugar a un irmán de Gonzalo chamado Sueiro e, se estes non tivesen sucesión, deixaba ao cabido de Santiago como sucesor.

Tamén manda que a súa filla sexa atendida durante cinco anos pola muller de Ares Sánchez e que despois estivese na casa do citado Gonzalo de Reino ata que casase. Ademais cita a outra filla chamada ***Teresa*** e outros parentes: os sobriños Gonzalo de Albite, Rui Suárez, Alonso Guillerme de Noia, Elvira Moura e a súa curmá Teresa Sánchez.

García de Reino foi enterrado en Santa María de Trasmonte, onde xacían outros familiares, pero encarga dicir misas en moitas igrexas da cidade de Santiago.

634 Para completar este estudio, ver os artigos que se citan e que aquí se complementan: PICALLO FUENTES, H. o.c.

635 PICALLO FUENTES, H, o.c., boletín nº 6, páx. 175.

636 ARG. RA. 23227/41

637 Varios dos seus descendentes tamén nomean como herdeira á filla menor.

Todos os sucesores que nomeou seguramente morreron sen descendencia porque en 1474 o cabido compostelán, como sucesor de García de Reino, dá en foro unhas terras en Pegariños, citadas no seu testamento.

Porén o 29 de marzo de 1514 preséntase ante o cabido **Martín de Reino** e reclama ditas herdades.

Dito **Martín de Reino**, que era fillo de *Teresa Sánchez* (e quizais do escudeiro cuntiense Gonzalo Méndez)[638] e neto do citado *García de Reino*, estaba casado con Constanza Vázquez de Veiga.

Segundo os citados artigos de Héitor Picallo, tiña como irmá a *María Suárez de Reino*, cuxa lápida estaba na igrexa de Couso (agora no pazo) co epitafio: IAZ/MA XUAREZ DE REINO MVGER QUE/FUE DE RO SVA/REZ BREMUNDEZ FALECIO ANO/DE 1530. O escudo desta lápida ten as armas de: 1º cuartel. 1A). Seis bezantes en tres pales de dous, dos *Bendaña*. 1B) catro barras *dos Varela*. No 2º e 3º cuartel as armas dos *Reino*, unha espada fixada e acostada de seis bezantes colocados en pal, tres a cada flanco. E no 4º cuartel, 4A) armas dos *Bendaña*, 4b) armas dos *Varela*. Por timbre helmo empenachado.



Lápida de María Suarez


Martín de Reino outorgo testamento[639] o 14 de xuño de 1526 deixando como herdeira á súa *filla menor* ***María Suárez de Reino*** (*que segue*) e en segundo lugar a seu sobriño *Gregorio de Reino*, a quen deixa como cumpridor, xunto coa súa muller Constanza. Deixa tamén algúns bens á súa sobriña Cristina de Reino.
Foi enterrado na igrexa de Santa María a Nova en Santiago.

María Suárez de Reino casou en primeiro lugar co seu curmán *Roi* ou *Rodrigo de Reino*, alférez da Capitanía do Reino de Galicia.

En efecto, Roi de Reino era fillo do mencionado *Gregorio de Reino Mariño e Soutomaior*[640] e de *Isabel Álvarez Bermúdez de Castro e Aldao* (ou *Suárez de Castro*)[641], filla esta de Luís Bermúdez de Castro e Aldao (Xeve, 1470-1555) e de María Sisso de Ibias, donos da fortaleza de Gondar en Xeve[642].

María Suárez de Reino (que non sabía asinar) e o seu home, que vivían no pazo de Maíndo e con casa tamén en Santiago, fixeron unha escritura[643] o 26 de marzo de 1556 ante o escribán Fernando de Ruanova pola que fundaban un vínculo e morgado e facían doazón dos seus bens a seu fillo único Rodrigo. O motivo da doazón, argallada por Roi de Reino e Frutuoso Gallos, rexedor de Santiago, era que querían casar a Rodrigo, que tiña 7 anos, con Inés Abraldes, filla de Frutuoso e Isabel Monteser, que tiña 15-16 anos. Estes, poucos días despois de morrer Rodrigo, quixeron que María ratificase e aprobase dita escritura ante o mesmo escribán.

638 PICALLO FUENTES, H. o.c. nº 6, páx. 217
639 ARG. RA 23227/41
640 Gregorio, "xuíz das xurisdicións de Caldas de Reis, Caldas de Cuntis, Moraña e os coutos de San Isidro (tal vez de Montes) e de san Xoán de Poio […] foi a casa-pazo das Xilgadas, sita na vila caldense, a súa habitual residencia". PICALLO FUENTES, H. o.c.
641 AHN. Registro de executorias, caixa 1182,35.
642 Cfr, *Casa grande de Bermúdez de Castro*, páx, 258 ss.
643 ARG. RA 16757/3



Ares Fdez de Miranda, 1580

Moi pouco despois de quedar viúva, o 4 de xuño de 1558 María entrega, para casar de novo, os seus bens dotais que tiña do seu primeiro marido a *Ares Fernández Miranda*, fillo de Rodrigo López de Villar de Miranda e de Teresa González[644], veciños de Santiago pero con raíces en Miranda no concello de Pontenova na diocese de Mondoñedo[645]. E mes e medio máis tarde fixeron inventario e reconto dos bens para a súa voda. Meses antes, Ares recibira de María un foro nas proximidades de Cuntis e mesmo actuara de procurador dela no traspaso dunha casa na rúa do Villar.

Seis meses máis tarde, o 11 de decembro de 1558, María pediu aos xuíces que considerasen nula a escritura de doazón dos seus bens e fundación de vínculo porque, segundo dicía, fora feita con enganos e ameazas, "*amenazas que dho su marido había hecho y eso era público y notorio*".

En 1568 deuse carta executoria en Valladolid sobre un preito entre o cabido compostelán e María xunto co seu marido Ares, como titores do fillo de María no seu primeiro matrimonio, que se chamaba Rodrigo Suárez de Castro.

María outorgou testamento[646] o 4 de xuño de 1578 ante Antonio López, de Santiago, e finou o 10 de xuño de 1580. Deixaba ao seu segundo marido un quinto dos seus bens, situándoos no pazo de Couso e anexos, así como outros bens que quixese ata completar esa quinta parte. O resto quedaba para o fillo do seu primeiro matrimonio ***Rodrigo Suárez de Castro*** (que segue)

Pouco despois, en 1584, Ares Fernández inicia un preito –dos moitos que seguirán ao longo dos tempos- contra uns veciños que trataban de facer unha pesqueira nos seus dominios de Couso[647].

Rodrigo Suárez de Castro (que de novo se facía chamar *Roi Gómez de Aldao*), nacido sobre 1549, non quixo casar con Isabel Abraldes senón que casou con Isabel de Ribera[648], filla de Diego de Ribera, alguacil maior do Reino, e cuñada de Gómez Rodríguez de Sotomayor e Riobó, o señor da *casa de Preguecido*.


644 ARG. RA 25425/11

645 Un fillo de Ares, chamado *Rodrigo López de Miranda*, foi dono do lugar de **Pearo**, sito na parroquia de san Xoán de Santeles, que seu pai mercou en 1578 e onde está a casa brasonada dos Miranda.

646 ARG. RA 23227/41

647 Arquivo particular dos donos da *casa de Maíndo*.

648 Véxase a súa ascendencia en *Pazo de Preguecido*, páx. 168 ss



Xenealoxía de Isabel Ribera (AHUS. Protocolos del Hospital Real)

Roi demandou á súa nai e aos Gallos-Monteser pois, aínda que non casou con Inés Abraldes, pedía que se cumprira o contrato, é dicir, que se validara a fundación do vínculo, no que se incluían os bens de seus pais e tamén os do seu tío Nuno Vázquez de Aldao[649].


Logo, o 11 de abril de 1577 fixo unha escritura en Santo André de Vea ante Francisco Núñez, escribán das xurisdicións de Vea e Barcala na que fai doazón á súa filla Apolonia de "*todos los bienes y rentas, casas, casares, heredades, soutos, devesas, molinos, ríos, riberas, a montes y a fontes que le pertenecen por escrituras que sus padres hicieron según pasó delante de Fernando Ruanova*"[650].

E *ao día seguinte*, dito Rodrigo aconsellado polo seu sogro Diego de Ribera chegou a unha concordia coa súa nai e co seu padrasto Ares Fernández de Miranda, estando presente o avogado da Real Audiencia Pedro Cisneros. Ares Fernández mercara unhas rendas a un comerciante chamado Francisco Correa, que as comprara a María durante o seu primeiro matrimonio. Ademais había outros bens que eran propiedade do mosteiro de Santa Clara dos que María perdera os dereitos por non pagar o canon e que agora tamén tiña dito Ares. Roi consideraba que súa nai non podía vender ditas rendas nin deixar perder os seus dereitos por ser de vínculo.

Por medio desta concordia quedaba para María e Ares Fernández o pazo de Maíndo coas súas herdades e xurisdición anexas, a canle da Barxa e a pesqueira das Reas do río Ulla, o muíño do río Vea, diversas rendas en Barcala, Couso, Sta. Cristina de Vea e Santeles, así como os bens gananciais do matrimonio. Mentres que Rodrigo quedaba con todo o demais, como as casas de Santiago, diversos padroados, a canle das Brañas (Couso), as canles e pesqueiras de Travesela, as de Furado e de Freixo no Lapido, os cotos e xurisdicións de Soar, de Frades, de Barcala, diversas herdades en Ortoño, Frades, Santo André de Vea, San Breixo de Arcos, etc., así como o que lle deron de dote cando casou con Isabel de Ribera. Por outra banda María e Ares podían gozar do usufruto de diversos e importantes bens.

649 ARG. RA 16757/3
650 ARG. RA 16757/3

Pero trala morte de María comezan unha serie de preitos[651] entre Rodrigo e Ares. Aínda que a Ares lle correspondía o usufruto do pazo de Maíndo e das casas de Santiago, Rodrigo, que era o xuíz de Baños, presentouse no pazo con soldados armados de arcabuces e lanzas e, como os criados de Ares pecharon as portas, botáronas abaixo a machadazos co fin de levar o enxoval, que segundo Rodrigo lle pertencía. Ares entón denunciou a Rodrigo e este foi preso no cárcere de Santiago. Rodrigo negou a escritura de concordia e ratificábase en que todos os bens eran de vínculo pois dicía que a súa nai non tiña dereito sobre o vínculo, polo que a concordia debía declararse nula. E di que se a súa nai revocou a escritura de vínculo, foi contra a súa vontade e a petición de Ares Fernández. E así o 25 de outubro de 1580 chegaron a outra concordia polo que Ares podía levar a metade das rendas, pero que tampouco foi respectada.



Roi Suárez de Castro, 1580

En 1580 un foreiro renunciou en Rodrigo Suárez de Castro e Reino ás pesqueiras e brañais das Reas, da Barce e da Braña[652].

O 16 de maio de 1682 Rodrigo pediu e tivo efecto a posesión dos seus bens vinculares. A validez da fundación do morgado será obxecto de diversos preitos, -mesmo chegou á Chancelería de Valladolid-, nos anos 1634 por Bernaldino Cisneros, e en 1690 e 1701 polo seu neto de mesmo nome[653].

Rodrigo finou en abril[654] de 1601 e foi enterrado, como a súa muller Isabel Ribera, xunto a sancristía na capela vella do convento de Santo Domingo en Santiago (logo trasladáronos á capela do Rosario).
Foron pais de:

1.- ***Apolonia de Castro Ribera***. (*que segue*)
2.- *María de Castro*. Aparece citada polo seu pai nun preito[655] contra Ares Fernández de Miranda.

Apolonia de Castro Ribera, nacida sobre 1569, casou con ***Pedro González de Cisneros***, veciño de Santiago, como vemos *a continuación*.

651 ARG. RA 941/70, 604/41, 606/6
652 ARG. RA. 941/70
653 ARG. RA 16757/3
654 ARG. RA 23227/41
655 ARG. RA 941/70

OS CISNEROS

Dito **Pedro González de Cisneros** era bisneto doutro *Pedro de Cisneros*, rexedor de Santiago, un dos primeiros da familia en vivir en Santiago.

Pedro Cisneros, natural da vila de Saldaña (León) foi alcalde desta vila sendo nomeado o 8 de marzo de 1490 polo Duque do Infantado. Era descendente dos señores de Campo Redondo[656], polo que era fidalgo e tiña brasón e armas dos antigos Cisneros. A súa muller Leonor González era tamén de Saldaña, filla de Pedro González que foi alcalde de Saldaña durante 48 anos, e irmá de María Rodríguez Méndez, a muller de D. Carlos Enríquez, fillo doutro de igual nome, capitán xeneral do Reino de Galicia.

Foi el quen defendeu ao arcebispo Tavora contra o bispo Fonseca, representado por Simón Rodríguez, dono da torre de Guimarei, no preito que tiveron polo arranxo das fortalezas que destruíran os Irmandiños.
Sucedeulle o seu fillo:

Alonso González de Cisneros, coñecido como o *doutor Cisneros*, pois era avogado da Real Audiencia.

Casou con *Mayor Pérez de Monreal e Moscoso*, irmá do cóengo Diego Rodríguez de Moscoso, e xuntos fixeron un vínculo[657] dos seus bens a 8 de abril de 1551 ante Macías Vázquez, nomeando como primeiro sucesor ao bacharel Pedro, o seu fillo maior, e segundo lugar a seu fillo Andrés, e logo ao resto dos irmáns e irmás. Os bens estaban situados en casas que tiñan xunto á praza do Campo en Santiago, outras no barrio de Santa Clara, uns casares en Ponte Albar (Trazo), en Teo e outros, ademais de dous xuros, de 11 e 12.000 marabedís de renda, un en Baiona e outro en Villalón.

O vinculeiro tería a obriga de dar estudos a seus irmáns, dotar ás irmás, deixarlle a casa principal a seu irmán e cóengo Antonio, pagar unhas misas na súa capela de san Ildefonso na igrexa compostelá dos franciscanos, así como engadir ao vínculo un terzo dos seus bens, tanto el como os seus sucesores.



Escudo dos Montreal, pintado polo II conde de Ximonde

Dita capela de san Ildefonso fora cedida en 1541 polos franciscanos aos Cisneros. Pero xa antes da cesión había unha inscrición, esculpida en pedra en medio de dous arcos onde estaban os nichos, que dicía: "*Esta capilla es de doña Mencía Cisneros, hija de Dª Mencía Cisneros y de Garcilaso de la Vega, casó con D. Pedro Enriquez, hijo del conde don Tello, es de los srs de Campo Redondo que están en septimo grado con el señor rey D. Alfonso que murió sobre Gibraltar*"[658]. A capela tiña un enreixado de ferro e os nichos tiñan esculpidos os escudos dos seus señores.

656 Os Cisneros descendían de María de Cisneros, señora de San Román de Hornija, filla de Gonzalo Gómez de Cisneros e de Urraca de Guzmán, señora de Vilafrechos, que casou con Pedro Téllez de Castilla (1370 - ¿?), I señor de Camporredondo. Este era fillo natural e lexitimado de Tello de Castilla, e polo tanto neto do rei Afonso XI de Castela.

657 ARG. RA. 1197/4. Tamén escritura pero incompleta en: ANH, Inquisición, 2033, exp. 4 (páx. 327s).

658 PEREZ CONSTANTI, P. Boletín da Real Academia Galega, nº 140, páx. 286, ano 1921.

O xuro de Baiona, que se baseaba sobre as rendas e alcabalas de S.M. neste pobo, tíñano mercado o 22 de xaneiro de 1550 por 330.000 marabedís ao rexedor Antonio de Salamanca e Mayor Fernández Varela, a súa esposa, cando estes quixeron dotar á súa filla Beatriz. En 1584 Beatriz reclamou[659] a Pedro Cisneros o xuro, pois dicía que era de vínculo.

Alonso unha vez viúvo fíxose presbítero, polo que no seu testamento[660] pide ser enterrado co hábito de sacerdote e ser enterrado na capela de san Ildefonso do convento franciscano. Tamén pedía que seus fillos non levasen loito por el. Finou o 14 de decembro de 1565.
A descendencia de Alonso e Mayor foi:

1.- *Pedro González Cisneros*, avogado da Real Audiencia, que casou con Violante Enríquez de Cadórniga[661], filla de Rui Díaz de Cadórniga e Antonia de Maceda, veciños de Ourense, e que foi dotada, entre outros bens, cunhas rendas de viño en San Cibrán das Viñas[662]. Seguramente non tiveron descendencia xa que, aínda que era o maior dos irmáns, o vínculo aparece despois no seu sobriño Pedro, fillo de Andrés.

2.- ***Andrés González de Cisneros*** (*que segue*)

3.- *Antonio González de Cisneros*, cóengo. Xunto co seu irmán Francisco trata de comprar en 1580 a xurisdición de san Miguel de Sarandón e agregan os seus bens ao vínculo de seus pais. Non é citado na escritura da fundación de vínculo de seus pais, porque o vinculeiro non podía ser ni freire nin crego. En 1585 xa morrera, herdando o seu irmán Pedro.

4.- *Francisco de Monreal*, aínda que en 1551 aínda non debía ser crego, xa que é citado na escritura de fundación, en 1567 aparece como cóengo da Colexiata da Coruña e ao ano seguinte da catedral de Santiago. Foi clérigo das sinecuras de santa Uxía de Ribeira e de Santa Eulalia de Arca (preto de Lavacolla).

En 1580 xunto co seu irmán Antonio presentou unha petición ante S.M. para poder comprar os vasalos e freguesía de San Miguel de Sarandón[663]. E ao ano seguinte ambos os dous incorporan os bens que herdaron do seu tío o cóengo Diego Rodríguez de Moscoso ao vínculo fundado por este no lugar de Ximonde na freguesía de San Miguel de Sarandón[664].

E, en Ximonde, Francisco de Monreal mercou outras rendas e lugares e mandou fabricar unha "*torre e edificio*" (consta que alí xa había unha torre), así como muros, pozos de auga e un estanque, que todo o uniu ao vínculo, que deixa por testamento a seu irmán Pedro e a seu fillo Alonso.

Outorgou testamento[665] o 1 de xaneiro de 1597 ante Gregorio Vázquez Giráldez deixando como testamentarios a seu irmán Pedro, a seu sobriño o arcediago Antonio Cisneros e ao freire gardián de san Francisco, e foi sepultado o día 7 dese mes e ano na capela de San Ildefonso do convento de San Francisco[666] onde estaban enterrados seus pais (se ben el pide que se lle faga unha sepultura nova).

Tivo polo menos un fillo que se chamou como el, Francisco Monreal. Este foi avogado e reclamou en 1613 a súa lexítima, aínda que seu pai deixara á súa alma como beneficiaria[667]. Porén o cóengo Monreal deixaba no testamento "*a Francisco mi nieto cien ducados por una vez*".

659 ARG. RA 1197/4
660 AHUS. Protocolos de Diego Fariña, 5/12/1565.
661 Violante era irmá de Leonor, Aldonza e Alonso. AHN Registro de Executorias, Caixa 1715,40
662 ARG. RA 18031/32
663 ACS..P 74, fol 409r-410r.
664 ACS.P 82, fol 663r-665v.
665 AHUS Protocolos de Gregorio Vázquez Giráldez, páx. 686.
666 ACS P 157, fol 291r-293r
667 ACS P 151, fol 672r-672v

5.- *Alonso González de Cisneros*. Foi citado como posible vinculeiro na fundación de seus pais, pero logo foi crego e reitor de San Salvador de Freixo (Ourense)[668]. Máis tarde foi cóengo e hai constancia de que en 1594 xa finara deixando como testamentario a seu irmán Francisco.

6. 7. 8.- *Felipa, María* e *Ángela*, que se citan na escritura de fundación de vínculo e no testamento do pai. Foron monxas as tres. Felipa e María foron dotadas co usufruto de certos bens, a primeira ante Rodrigo de Ben e a segunda ante Gonzalo Puñal. A Ángela seu pai non lle deu nada, polo que pide que o seu sucesor lle dea 3.000 marabedís anuais para alimentos.

9.- *Justa Cisneros*. Estaba solteira cando testou o seu pai. Casou con *Gómez Suárez de Figueroa*, señor do castelo de Mirón e Anzobre. Gómez outorgou testamento en Armentón o 15 de xaneiro de 1608, Os seus fillos foron *Isabel de Figueroa*, (que casou en 1581 con Juan López e outorgou testamento en Sigrás o 20 de setembro de 1616 ante Francisco Miranes), *Constanza, Gonzalo* colexial de Osuna e *Francisco Figueroa*, que foi o sucesor. (Unha descendente desta familia únese de novo cos Cisneros en 1654).

Andrés González de Cisneros, avogado, casou en 1558 (ou algo despois) con *María González Falcón*[669] ou de Bandín[670], filla de Gregorio de Bandín[671], bacharel, veciño de Santiago, e de María González Falcón, e sobriña do bispo de Trípoli e cardeal na catedral de Santiago *Pedro Gil Falcón* (finado en 1550), de quen herdará o vínculo fundado por este o 5 de xullo de 1540 ante Juan de Casal, escribán de Santiago. Porén en setembro de 1565 reclamaron que se fixese un apeo dos bens do bispo, pois había xente intrusada neles. Os bens estaban en terras de Ribadulla, Tabeirós e Vea.



Escudo dos Falcón, pintado polo II conde de Ximonde

Como era avogado traballou como asesor para dona Isabel de Castro e Portugal, condesa de Altamira, cobrando 6.000 marabedís anuais[672]. Curiosamente un fillo da condesa, chamado Álvaro, casou sobre 1548 con Isabel *Cisneros*[673], probablemente da familia de Andrés, pois tamén outros membros tiveron relación económica cos condes de Altamira.


Andrés en 1568 tiña terreos xunto a "torre de Ximonde"[674] e en san Xurxo de Cereixo, entre outros, polo que encargaba a seu criado Juan González de cobrar todas as rendas. En 1565 vivían nunha casa da rúa da Moeda Vella, co seu curral e laranxeiras[675], que tiñan en foro da freguesía de Sta. Mª Salomé.
Os seus fillos foron:

1.- ***Pedro González de Cisneros***, (*que segue*)

668 ACS. P 69, fol 564r-565r
669 ARG.RA 16757/3
670 Era neta de Gonzalo do Cabo e de María González Falcón, e irmá de Juan de Bandín, Gregorio de Bandín, reitor de San Sebastián de Serramo, Pedro Gil Falcón (seu pai non o cita no testamento) e Constanza Gil.
671 Gregorio outorgou testamento o 16 de marzo de 1558 ante Antonio López. Parroquiano de Salomé, deixaba a casa principal á súa filla María como dote para casar.
672 ACS P 43 fol 737r
673 ARG. RA. 3700/9, 3701/14
674 ACS.P 42, fol 453r-454v. Porén xa hai referencias en 1544 da "torre de Ximonde".
675 ACS.P 37, fol 546r-550v.

2.- *Antonio de Cisneros*[676], arcediago e cóengo da catedral de Santiago, finado ab intestado o 7 de xaneiro de 1635. Os seus bens herdounos o seu irmán Andrés, pois nese momento era o único dos irmáns que vivía.

Como testamentario do seu tío Francisco de Monreal mandou mercar en 1618 un xuro situado sobre as alcabalas de Santiago, Lugo e Ourense, así como sobre as salinas e almacéns do sal do Reino[677] que se incorporarán ao vínculo dos Cisneros. Os xuros situados nestas salinas significaban 102.000 marabedís anuais[678].



Firma de Antonio e Andres Cisneros. 1627

3.- *Andrés Cisneros*, cura de San Miguel de Gándara (Oroso) e de Santo André de Villarromariz. Xunto co seu irmán Antonio uniu uns bens en Santiago e Padrón e nomeou sucesor a Alonso de Cisneros, o seu sobriño, fillo maior do seu irmán Pedro de Cisneros, reservando o usufruto mentres vivise algún deles.


De maior enfermou e estaba "faltoso de xuízo" polo que foi tutorado primeiro polo seu irmán o arcediago Antonio e, trala morte deste, polo seu sobriño Bernaldino, vivindo na casa deste ata á súa morte. Foi sepultado o 23 de abril de 1639.

4.- *María de Cisneros Moscoso*, muller de Juan Abraldes de Puga. María tamén agregou os seus bens ao vínculo de seus avós[679].

Pedro González de Cisneros, que casou con *Apolonia de Castro Ribera*, descendente dos Reino, *como xa vimos na primeira parte*.

Apolonia nacida sobre 1569, sendo menor reclamou en 1581 contra a concordia de seu pai e Ares Fernández, pois pedía que se lle entregara o que se lle prometeu o día antes de dita concordia. Porén cando ía casar fixo renuncia ao usufruto dos bens que lle pertencían a favor de seus pais.

Pedro González Cisneros sucedeu a seu pai nos seus vínculos, nos que entraba o citado privilexio[680] real do ano 1585 sobre os almacéns de sal de Betanzos e salinas do reino de Galicia[681].



Pedro Cisneros, 1580

676 ACS. P 138 fol. 435r-435v. AHUS. Protocolos de Becerra Mosquera, ano 1627
677 ACS P 158 fol 76r
678 ACS P 164 fol. 269r-269v
679 AHUS. Protocolos de Domingo Vázquez Sobreira, 26/2/1657.
680 AHUS. Protocolos de Domingo A. Caamaño, 1687.
681 ACS P 150 fol. 300r-300v.

En 1603 tivo un preito[682] contra o cabido de Santiago polos lugares de Pegariños e Marcomiráns en Santa María de Trasmonte (Ames). Eses lugares que o cabido aforou aos Reino foron motivo de discordia moitas veces, pois xa Ares Fernández de Miranda preiteara en 1593 e seguirán preiteando os sucesores en 1657. Este preito é interesante porque nel faise relación de cando se fixeron os foros e preséntanse o testamento de García de Reino feito o 12 de setembro de 1440, o de Martín de Reino, do 4 de xuño de 1526 e outros, que serven para precisar a xenealoxía dos Reino.

En 1599 sendo *señor de Ximonde e Sarandón*, como sucesor no vínculo fundado polo cóengo Diego Rodríguez de Moscoso, arrenda unhas terras en Ximonde e, curiosamente, entre as cláusulas que pon, dispón que todo o pescado que se colla alí debe ser entregado a el ou a seu fillo Alonso.

Tamén disputou contra seu tío Pedro e seu irmán Antonio, testamentarios do cóengo Monreal, pois lle reclamaba bens e froitos do vínculo de Ximonde. Chegaron a unha concordia o 23 de marzo de 1599 da man de Gómez Suárez Figueroa, pero logo en 1613 disputou con Francisco de Figueroa e Castro e o tenente correxedor de Betanzos, pois dicía que a súa actuación fora arbitraria[683]. A partir de agora o pazo de Maíndo pasa a ser unha residencia secundaria, xa que será Ximonde o seu lugar preferido despois de Santiago.

En 1613 presentou, en nome dos seus fillos Bernadino e Catalina como herdeiros de Apolonia de Castro e Reino, ao presbítero Andrés Cisneros do beneficio de san Martiño de Laxe, en Moraña[684].

Apolonia finou o 22 de marzo de 1612 sen facer testamento, mentres que Pedro outorgou testamento o 3 de maio de 1615 ante Gabriel Romero[685]. Nel di que recibiu un legado de 3.000 ducados do seu tío Francisco Monreal co que mercou o lugar onde fixo as casas en que vive, ademais de mercar bens en torno á casa de Ximonde. Valora os bens mobles e prata que ten na casa en 6.000 ducados. Á súa filla déixalle 4.000 ducados, ademais das lexítimas. A Bernardino déixalle a mellora que incorpora ao vínculo que fundou o seu avó e que lle corresponde por ser primoxénito. Deixa como testamentarios, entre outros, á súa sogra Isabel Ribera e a seus irmáns Antonio e Andrés.

Pedro tivo unha filla natural chamada *Isabel Cisneros*, a quen seu pai lle deu en dote unha renda de 48 ferrados de centeo para casar con Pablo Pillado, con sucesión. Precisamente en 1699 os seus descendentes van ter un preito[686] por esas rendas.
Pedro e Apolonia tiveron varios fillos, chegando a adultos só tres[687]:

1.- *Alonso Cisneros Cadorniga*, era o fillo maior nacido antes do 1 de xaneiro de 1597, xa que o cóengo Monreal lle deixa nesa data o vínculo de Ximonde. Finou o 16 de agosto de 1607.

2.- **Bernardino Cisneros** (*que segue*)

3.- *Catalina Ribera e Castro*, bautizada o 30 de novembro de 1604, tendo por padriños a Andrés Cisneros, clérigo, e á súa avoa María González. Para casar, seu tío e curador o arcediago Antonio Cisneros ofreceulle o 23 de outubro? de 1620 ante Pedro Díaz Valdivieso 6.000 ducados de dote, 3.000 á conta dos bens do pai e os outros 3.000 do seu peculio, coa obriga de renunciar ás lexítimas. Habíanse de pagar 4.000 ducados nos catro anos seguintes e os 2000 restantes quedaban para pagar a dispensa pontificia xa que eran curmáns. Casou con *Diego Saavedra e*

682 ARG. RA 23227/41
683 ACS P 145 fols. 367r-368r , P 150, fol 357r-357v. e ARG.RA 24189/41
684 ACS P 150, fol 357r-357v.
685 AHN Inquisición 2003, exp.4, páx. 217ss e 331ss
686 ARG. RA 21564/13
687 ACS. P 150 fol 357r-357v.

Cotón, que a partir de 1628 reclamou contra seu cuñado Bernaldino facer partillas, pois dicía que os bens libres do sogro valían máis de 20.000 ducados, ademais reclamaba o pago total que se lle ofrecera a Catalina en testamento. Aínda que, segundo executoria[688] de 22 de xullo de 1634, non se lle recoñeceu ao dereito aos bens vinculares, Bernaldino tivo que pagar 18.081 reais pola débeda e os seus réditos[689].
Tiveron por fillo a *Antonio Saavedra Sotomayor*, que casará con súa curmá Aldonza e foron pais de Diego Saavedra e Cisneros.

4.- *Antonio Cisneros*, bautizado o 21 de xuño de 1606 na parroquia de Salomé, tendo por madriña á súa avoa María. Finou antes que seu pai.

Bernaldino Cisneros, nacido seguramente sobre 1598.

Finados seus pais e sendo o señor de Ximonde, o 4 de decembro de 1618 deu poder a Alonso de Mendoza Guevara (que ía ser seu sogro) e a Diego de Palacio, mozo (coidaba os cabalos) do arcebispo de Santiago don Juan Beltrán de Guevara para casar con *Valentina de Guevara Mendoza e Moscoso*, que vivía en Badaxoz, filla de Alonso de Mendoza Guevara e de Aldonza de Silva, e bisobriña do arcebispo.

Os seus descendentes seguiron enlazando matrimonialmente sempre con familias adiñeiradas de xeito que, como o di o estudoso desta casa Héitor Picallo, "*todas estas unións sacramentais que se foron producindo no decurso dos tempos e que ligaron principalmente aos Reino cos Ribera e Cisneros, e logo estes cos Mendoza, Figueroa e Sarmiento sempre resultaron, a cada cal mellor, favorables e favorecedoras do tronco señorial*"[690].


Foi alcalde e deputado por Santiago da Xunta do Reino de Galicia, cargo que terán os seus descendentes. Tamén foi familiar do Santo Oficio[691].

Foi sucesor do morgado e vínculos que fundou Pedro Gil Falcón, bispo de Trípoli e cardeal na catedral de Santiago, e dos que fundaron os seus bisavós o doutor Alonso González de Cisneros e Mayor Pérez de Monreal[692].

Era señor do coto de Ximonde, onde seu tío Antonio, arcediago en Santiago, fundou e "labrou" a igrexa e a capela de Nª Sra. do Rosario no lugar de Ximonde, dotándoa de bens (a metade da sinecura de Santa Mariña de Ribela e outros) para o mantemento da capela e para pagar un capelán que dixera dúas misas semanais nela[693]. Por iso seu tío nomeouno como o seguinte patrón de dita capela e tras el o que ostentase os morgados que sustentaba. A capela tiña unha confraría e os seus confrades tiñan indulxencia plenaria se visitaban a capela o día da súa festa. E como seu tío esgotou os seus caudais ao facer a capela, foi Bernardino quen pagaba os reparos e culto da capela.

Tiña na súa casa como criada a unha señora de Maíndo, á que lle deixa vivir na casa de servizo de Maíndo para que coide dela e das viñas, deixándolle a metade do seu froito. Pero en caso de que se lle quitase a labranza da casa de Couso, manda que lle dese catro cargas de pan mentres viva. Esta casa de Maíndo proporcionáballe uns mil ferrados de pan de rendas anuais.

688 AHN, Inquisición, 2033,Exp.4 – páx. 37
689 ARG. RA 16757/3
690 PICALLO, H. *Maíndo*... o.c.
691 AHUS Protocolos de Juan Quintana, 1645, pax. 5
692 AHUS Protocolos de Antonio Becerra Mosquera, ano 1627, páx. 22ss.
693 AHUS Protocolos de Antonio Becerra Mosquera, ano 1627. páx. 22ss.



Firma Bernardino Glez Cisneros, 1623


Como era señor de diversas xurisdicións, cando en setembro de 1651 morreu o seu parente Rodrigo López de Miranda, veciño de Frades e neto do citado Ares Fernández de Miranda, esixiu que se lle pagara a lutuosa, "*la mejor presa de cuatro piés*", pero os seus fillos negáronse porque Rodrigo era veciño de Santiago e non de Frades, aínda que morrera aquí, e porque era fillodalgo, como se dicía nun documento de xaneiro de 1650 firmado polo rexedor de Santiago don Antonio Alvite Ozores Sotomayor, para que non se lle incluíse nos repartimentos de tributos[694].

Valentina foi sepultada na capela de san Ildefonso do convento de san Francisco o 27 de xaneiro de 1636 (parroquia de Salomé) A súa sepultura e logo a do seu marido estaba baixo o altar maior de dita capela. Polas súa obrigas con dito convento pagaba anualmente don Bernaldino 616'5 reais.

Bernardino ao quedar viúvo fíxose clérigo presbítero. Señor tamén da xurisdición de Soar e familiar do Sto. Oficio, outorgou testamento o 22 de novembro de 1652 ante Domingo Vázquez Sobreira[695] e finou uns días despois. Nel pide ser enterrado coas roupas de presbítero xunto á súa muller na capela de san Ildefonso da igrexa compostelá de san Francisco, onde tiña dúas sepulturas co seu escudo de armas, e que pide se recubra con azulexos, como a capela dos Luaces. No testamento deixa moitas misas, cartos para pobres, para *un cura que fose pobre pero honrado,* para pagar débedas como ao seu boticario Jacinto Campelo, para confrarías, etc. A María Rodríguez, que tivo como criada e coidadora de seus fillos déixalle en usufruto polos días da súa vida unha casa no barrio de Santa Clara. Tamén menciona os moitos preitos que tivo e os gastos que supuña. Deixa como testamentarios a seu fillo e a seu sobriño/xenro Antonio Saavedra Sotomayor, señor de Trasmonte, entre outros.
Os seus fillos foron:

1. ***Antonio Cisneros de Mendoza*** (*que segue*)
2.- *Aldonza Cisneros Mendoza*, bautizada o 29 de marzo de 1626, tendo por padriños a Francisco Figueroa, mestrescola da catedral, e a Constanza de Ribera (recórdese que a bisavoa da bautizada era tamén da familia Ribera). Trala morte da súa nai, foi educada no colexio de Orfas en Santiago. Seu pai déixalle a metade dos bens libres e alfaias. Foi dotada[696] o 22 de decembro de 1652 polo seu irmán (acababa de morrer seu pai) para casar co seu curmán *Antonio Saavedra Sotomayor*. Como dote había de pagarlle a licenza para casar, 1.000 ducados en cartos e 2.700 ducados máis cando don Antonio puidese darllos, pois de momento ía pagarlle os réditos desa cifra en rendas que sinala. Pola súa parte Aldonza debía renunciar ás lexitimas que lle se debían.

694 ARG. RA. 16759/18
695 AHUS. Protocolos de Domingo Vázquez Sobreira
696 AHUS Protocolos de Domingo Vázquez Sobreira. En 1651 xa se estaba tramitando a dispensa: AHUS. Protocolos de Domingo Leirado, 21/2/1651.



Firma de Antonio e Aldonza Cisneros e Antonio Saavedra Sotomayor , 1652

Foron pais de Diego Saavedra Cisneros, señor de Trasmonte, que casou con Bernarda Cotón e Sarmiento, natural de Vigo, filla de Alonso Cotón e Sarmiento (parente dos marqueses de Valladares) e de María Ana Arines.

3.- *María Cisneros Mendoza*, bautizada o 1 de maio de 1627. Non vivía cando seu pai fixo testamento.

4.-Tamén tivo de muller solteira e el libre a *Cristóbal de Moscoso*, a quen recoñeceu como fillo coa disposición do nuncio para que fose eclesiástico, e pide que o arcebispo de Toledo ou o de Xaén o colla a seu servizo.

Antonio de Cisneros Mendoza, bautizado na parroquia de Salomé o 20 de setembro de 1622 tendo por padriños a seus avós maternos Alonso Mendoza e Aldonza de Silva.

Como seu pai, foi rexedor, capitán, alcalde e deputado por Santiago na Xunta do Reino de Galicia. Casou o 14 de setembro de 1654 con *Juana Bernarda de Figueroa e Castro*[697], nacida a finais de 1634-principios de 1635, filla única[698] de Juan Figueroa, **señor de Anzobre**, (fillo de Francisco Figueroa[699] e de Luisa Bermúdez de Saavedra, filla única do rexedor de Santiago don Domingo Bermúdez de Saavedra e de María Fernández Patiño), e de Jacinta de Castro Osorio[700] (filla do señor de Neda don Antonio Castro Osorio, bisneto da casa de Lemos[701]), veciños de Santiago, onde Juan era rexedor. Eran parentes en cuarto grado polo que necesitaron dispensa. Logo velaron, tamén en S. Fiz de Solivio, o 21 de xuño de 1655.

Como señor de Anzobre, os seus vasalos pagábanlle cada ano "un real de vellón" e un día de traballo por razón de vasalaxe[702].

Trala morte do seu pai, unha das primeiras cousas que fixo foi outorgar poder para cobrar os réditos do xuro e privilexio real outorgado a Pedro de Cisneros das salinas de Galicia que representaban 40.316 marabedís anuais.

En 1648 renunciou ao oficio de rexedor. E en 1649 afora unhas posesións en Lestedo que tiña seu pai polo vínculo que herdou de seu bisavó. As rendas que había de recibir por ese foro tiñan que pagarllo na súa granxa de Ximonde[703].

697 AHUS Protocolos de Juan Quintana, 1668, páx. 133

698 Cando Juan, cabo do distrito de Bergantiños, redacta en Lugo o seu testamento, o 2 de setembro de 1634 ante Gregorio Varela, non tiña fillos pero Jacinta a súa muller estaba embarazada.

699 ARG. RA 26539/34. Tiñan terras en san Xoán de Riba (A Baña), Laracha, Arteixo e bisbarra.

700 ACS P 198, fol 251r-254v.

701 MARTÍNEZ BARBEITO, C. o.c. páx. 56

702 ARG. RA. 8529/4

703 AHUS Protocolos de Juan Quintana, 1645, pax. 361

En 1654 chegou a unha concordia coa súa sogra, polo que lle ía dar 500 ducados de rendas anual, se ben logo esta debía deixar todos os seus bens á súa filla única Juana Bernarda.

Vivían na rúa do Preguntoiro, onde Antonio outorgou[704] testamento en 1663 e finou o 5 de novembro de 1673, sendo enterrado na capela de san Ildefonso da igrexa de san Francisco ao día seguinte. No testamento recoñece como seus fillos lexítimos a Bernardino, o vinculeiro, Mateo, Francisco, Antonio Vicente, Juan Antonio e María Brígida, e nomea como testamentarios á súa muller, á súa sogra, a seu curmán Antonio de Saavedra, señor de Trasmonte, e a outras persoas importantes. Curiosamente di que non o asina por "estar valdado de las manos".
Bautizaron a seus fillos en San Fiz de Solovio, excepto ao primeiro:

1.- *Antonio Benito Cisneros e Castro*, bautizado en Salomé o 22 de xullo de 1655, tendo como padriños a seus tíos Aldonza Cisneros e a Pedro de Castro. Seguramente morreu de neno pois o vinculeiro vai ser o seguinte.

2.- **Bernaldino Bartolomé** (*que segue*),

3.- *Mateo Antonio*, bautizado o 8 de outubro de 1657 tendo por padriños a Pedro de Brinas e a súa avoa Jacinta de Castro. Foi cura de San Simón de Ons.

4.-*Bernaldino* ***Francisco Antonio***, recibiu os santos óleos e o crisma o 28 de outubro de 1658. Foi cóengo en Badaxoz e Toledo e foi promovido a bispo de Teruel pero non aceptou.

5.- *Mª Juana*, que recibiu as augas bautismais o 20 de outubro de 1659 tendo por padriños a Juan Abraldes e Catalina Mendoza, a súa muller. Non é citada no testamento do pai, seguramente por ter finado.

6.- *Juan Antonio*, bautizado o 8 de novembro de 1661 tendo por madriña á súa avoa Juana de Castro. Foi cura de san Fiz de Freixeiro (Santa Comba).

7.- *Antonio Vicente Anastasio*, bautizado o 31 de xaneiro de 1663 tendo por padriños ao cóengo Antonio Zaldívar e a Margarita Mendoza Abraldes e Sotomayor, a muller de Bartolomé Basadre.

8.- *María Brígida*, que é mellorada polo seu pai con 1/3 e 1/5 dos seus bens libres.

9.- *Francisca Gregoria*, bautizada o 18 de marzo de 1664 tendo por padriños a seu irmán Bernardino e á súa avoa Jacinta. Non se menciona no testamento do pai, pois aínda non nacera, igual que o seu seguinte irmán.

10.- *Pedro Antonio Anastasio*, bautizado o 10 de maio de 1665, tendo por padriño a Antonio Saavedra, veciño de Lugo, e a Ana Chacón.

Bernaldino Bartolomé Cisneros e Figueroa Castro, nacido o día de san Bartolomeu, o 24 de agosto, e bautizado o 3 de setembro de 1656, tendo por padriños a José de Mera e a Jacinta Mendoza, viúva de Benito Abraldes.

Casou por poderes o 26 de xuño de 1699 en Santa María Reboreda (Redondela) con *Baltasara Sarmiento Soutomayor*[705], natural de san Xurxo de Ribadetea, filla de Diego Sarmiento de Sotomayor e Abraldes[706], natural de san Fiz de Margaride (Lugo) e de Antonia María Sotelo[707], natural de Redondela, señores da casa de Petán.

Bernaldino tiña un xuro das memorias que fundou o licenciado José Rodríguez Cota polo que cobraba de intereses cada ano máis de 80.000 marabedís[708].

704 AHUS Protocolos de Domingo Bugallo Salmonte. Ano 1673, páx. 192 ss.
705 Tiña un irmán chamado Fr. Antonio, que foi bispo de Mondoñedo.
706 Era fillo de Francisco Sarmiento Sotomayor e de Ana Abraldes Teixeiro (irmá do cóengo compostelán Juan Abralldes).
707 Filla de Antonio Sotelo, cabaleiro da Orde de Alcántara, e de Francisca Suarez Moscoso, natural de Monçao, en Portugal.
708 AHUS. Protocolos de Domingo A. Caamaño, 1697, páx. 3

Tamén era sucesor nos vínculos e morgados fundados polos seus ascendentes e, como tantos vinculeiros, tivo numerosos preitos para poder cobrar as rendas dos foreiros e arrendatarios[709] ou por intrusión nos seus bens.

A 21 de agosto de 1698 iniciouse o seu expediente de información de nobreza e limpeza de sangue[710]. Foi deputado por Santiago na Xunta do Reino de Galicia.

Finou o 30 de maio de 1716 deixando testamento ante Andrés Quintela, no que deixa encargadas 2.000 misas pola súa alma.
Foron pais de:

1.-*Mª Juana Cisneros Sarmiento*, bautizada en Santiago o 24 de maio de 1700 e que casou o 19 de febreiro de 1722 en san Miguel dos Agros con *José Álvaro de Puga*, mestre de artes e colexial de Fonseca, fillo de Enrique de Puga e de Manuela Rosa Araújo, veciños de San Cibrán de Merens (OU).

Esta rama entronca de novo coa familia Cisneros no casamento do II conde de Ximonde, pois un fillo deles, Felipe Manuel de Puga Cisneros, finado en xuño de 1799, foi o pai[711] de Agustina Puga, que como veremos, casou con *Pedro María Ambrosio de Cisneros de Castro e Ulloa*.

2.- ***Antonio Ramón Cisneros de Castro e Sarmiento*** (*que segue*)

3.-*Francisco Jerónimo Antonio Cayetano Ramón*, bautizado o 1 de outubro de 1708, tendo por padriños a seus irmáns Antonio Ramón e Mª Juana.

En 1725 Juan Sánchez Vaamonde, arcediago de Nendos, renunciou en seu favor, polo que para pagar as bulas de S.S. pediu prestados cartos a seu irmán Antonio Ramón, que este lle deu do dote da súa muller e dun préstamo que pediu á Tesourería Xeral da Cruzada (ao 8%). Foi arcediago de Mendos e cóengo en Santiago.

Acusárono de ser mal administrador tanto dos seus bens particulares como dos da igrexa, cando pelexou por ser titor do seu sobriño Joaquín de Lamas Cisneros. Tamén foi titor dos fillos do seu irmán Antonio Ramón.

Tiña unha casa na rúa Nova e outra en Piadela (Bergondo). O 25 de xuño de 1740, estando enfermo, deu poder a Francisco Antonio Barros para facer testamento, pero este non o fai ata 1750, cando se inicia un preito[712] entre os irmáns do defunto e o seu sobriño Juan Antonio, fillo de Antonio Ramón, por considerar eles que morrera sen testamento.

4.- *Josefa María Cisneros Sarmiento*, bautizada en Sarandón o 4 de abril de 1715 cos nomes de Josefa María Manuela Juana Bernardina Cayetana Ramona Baltasara.

Casou primeiro con *José Diego de Lamas Caamaño Sotomayor*[713], viúvo de Mª Benita Bermúdez de Castro[714], señor de Nebra e que finou o 27 de abril de 1737, tendo dado poder para testar cinco dias antes ante Bartolomé Fandiño a Fernando Gayoso, do *pazo de Oca* e nomeado como

709 ARG. RA. 8529/4, 8529/8, 21564/13, 21358/59, 5305/25, 16757/3, 17379/57, 5305/24, etc. AHN Inquisición, 2033,Exp.4

710 AHUS. A.M. 507, Exp. 5

711 Tivo por fillos tamén a Melchor, o vinculeiro, a Baltasar, a Ana, a Juana e a Javiera.

712 ARG. RA. 4930/20

713 Cfr. *Pazo de Oca*. páx, 106. José Diego era fillo de Francisco de Lamas Carballido, señor das casas de Lamas (Zas), Brandomil e Carballido, e de Mª Tomasa Josefa de Caamaño Mosquera, señora de Nebra.

714 Cfr. *Casa grande dos Bermúdez de Castro*, páx. 272-3

testamentarios a dito Fernando, ao seu cuñado o Marqués de Viance Bernardo de Oca e Prado[715], a Juan Antonio Caamaño, señor de Romelle, e a Juan Bernardino Basadre, señor da xurisdición de Basadre, Outeiro e Ramil. Tiveron tres fillos, *José, Joaquín* e *Francisco Vicente*, se ben só o segundo chegou á idade adulta, pois os outros morreron en 1738. O marqués acusaba da súa morte a Francisco Jerónimo Cismeros, que os tiña na súa casa, porque téndolles dado unha untura contra a sarna, saíron á horta nun día de tempo calamitoso e ademais lles proporcionaba leite e outras comidas e bebidas prexudiciais. Todos os testamentarios, o seu tío Francisco Jerónimo, un irmán "natural" do defunto, así como a viúva menor de idade pero con célula real para ser titora, loitaron por exercer a titoría do herdeiro, xa que o morgado de Nebra era moi apetecible, pois excedía dos 5.000 ducados de rendas anualmente.

Ao ano seguinte Josefa María casou con *Antonio Saavedra Cotón*, dono de Trasmonte, do que tivo polo menos dúas fillas, *Mª Lourenza*, que vai ser a herdeira, e *Joaquina* que morreu sobre 1748. Dito Antonio morreu sobre 1742 e a viúva tivo un preito, pois pretendía que lle desembargasen todas as rendas[716].

O seu fillo *Agustín de Lamas Cisneros*, que foi bautizado en Zas o 21 de xullo de 1735, foi señor de Nebra, Carballido, Guisamonde (Muxía) e outras. Casou con Mª Josefa Montenegro e Saavedra, pero finou sen sucesión. Trala súa morte e despois dun preito os morgados pasaron a *Juan José Caamaño*, señor de Romelle (neto de Ventura Gayoso, do *pazo de Oca*).

5.- *Manuela Cisneros Sarmiento*, que casou con Pedro Álvarez Monreal, sarxento maior do Rexemento de Milicias de Santiago.

Antonio Ramón Cisneros de Castro e Sarmiento, bautizado en Sarandón o 21 de xullo de 1702 cos nomes de *Antonio Ramón José Cayetano*, tendo por padriños a seus tíos Juan Antonio Cisneros e Constanza Sarmiento. Foi rexedor de Santiago e xefe nos terzos que vixiaban a costa galega en tempos de Felipe V.

Casou en Escuadro (Silleda) o 20 de xaneiro de 1724 (velacións en San Fiz de Solovio o 27 de outubro dese ano) con *Mª Rosa de la Barrera e Sánchez Vaamonde*, filla de Blas Antonio de la Barrera[717], señor de san Xoán de Vilaronte e san Martiño de Mondoñedo, e de Margarita Sánchez Vaamonde. Mª Rosa, natural de Santiago de Foz, aportaba ao matrimonio 47.000 reais de dote.

En 1734 acusou[718] ao cura de Couso de picarlle e borrar o escudo que tiña sobre unha sepultura a carón da porta da igrexa. Segundo Antonio Ramón o escudo tiña os roeis dos Castro e outras armas, semellante ao que estaba no presbiterio xunto á porta da sancristía. Nesas sepulturas enterrárase o mordomo de Maíndo e o seu irmán, pero non había acordanza de que se enterrara alguén da familia dos Cisneros.

Antonio Ramón finou o 31 de outubro de 1740. Deixou como titor de seus fillos, todos menores, a Francisco Antonio de la Barrera. Pero o seu tío Francisco Jerónimo Cisneros, o arcediago de Nendos, solicitou levar a tres sobriños con el, polo que o titor apartouse e entregoulle todos os bens que constaban no inventario que se fixo, tanto da casa de Ximonde como da de Anzobre. Ao parecer o arcediago non coidaba dos sobriños, aproveitábase das rendas que cobraba e arramplou

715 Antonio Bernardo de Oca era rexedor de Lugo, alférez maior, marqués de Viance, señor do coto de Outarelo e vilas de Rionegro e Momboi, e das xurisdicións de Goián, Páramo e outras, casou en san Miguel dos Agros o 26/1/1713 con Ana Francisca de Lamas, a irmá de José Diego de Lamas. Antonio Bernardo tiña un preito con José Diego pois quería quitarlle un dos vínculos e morgado.

716 ARG. RA 14479/17

717 Era fillo de Antonio de la Barrera Navia e Castrillón e de Mariana Ponce de León e Saavedra.

718 ARG. RA. 4987/47

con todo o que había na casa do Preguntoiro, pero Juan Antonio, que era o maior dos irmáns, non quería denuncialo porque lle prometera a prebenda a seu irmán Francisco e ademais o ameazara de queimarlle todos os papeis. E pouco antes de morrer o arcediago (1749?), este dispúñase a darlle a Juan Antonio a metade dos seus bens como dote de matrimonio e facelo herdeiro de todos os seus bens trala súa morte.
Os seus descendentes son:

1.- ***Juan Antonio Bernaldino Cisneros de Castro*** (*que segue*)

2.- *Mª Antonia Francisca Benita Manuela Cayetana Cisneros de Castro*, bautizada en Santiago o 12 de xullo de 1726 tendo por padriño a seu tío Francisco Jerónimo. Estivo no mosteiro de Santa Clara, pero logo saíu. O seu irmán dáballe 640 reais, 36 ferrados de trigo e 12 de centeo anualmente.

8.- *Josefa Justa Cisneros de Castro*, bautizada en Sarandón o 9 de agosto de 1727. Estivo dous anos de noviza en Santa Clara pois o seu tío o arcediago non lle pagaba o dote. Unha vez profesa, o seu irmán dáballe 100 ducados anualmente.

3.- *Francisco Javier*, bautizado o 25 de xaneiro de 1729.


4.- *Jorge Jacobo Benito Francisco Cisneros de Castro*, bautizado o 23 de abril de 1730. Foi cóengo na catedral de Mondoñedo e seguramente de Santiago. Hai un documento de 1783 no que Jorge pide a seu sobriño Pedro Martín Cermeño, gobernador de Galicia, que arranxe o camino que ía de Santiago a Cortegada de Baños, pois así "podrán transitar con menos incomodidad los peregrinos, passageros..."[719].

5.- *Jacobo Segundo Antonio*, recibiu o bautismo o 1 de xuño de 1731.

6.- *Antonio Vicente Benito Ramón Manuel Jorge Juan*, bautizado o 26 de xuño de 1732.

7.- *Roque Vicente Cisneros de Castro*, con bautismo o 14 de maio de 1738.

Juan Antonio Bernaldino Cisneros de Castro, I conde de Ximonde, nacido o 30 de maio de 1725 e bautizado ao día seguinte en San Miguel de Sarandón, casou con *Dª. Manuela de Ulloa Cadórniga Losada Pardo e Ribadeneira*, señora das xurisdicións de Queirogás, Novás e Monasterio, filla de Lorenzo de Ulloa Losada e de Rosa Luísa Cádorniga e Añel (filla de Nicolás Cadórniga e Marina Añel Mondragón), señores da casa de Abertezga na Peroxa (Ourense).



Escudo condes de Ximonde. 1820

Foi cadete, polo que o 14 de setembro de 1765 iniciouse o seu expediente de información de filiación, nobreza, fidalguía e limpeza de sangue[720].

Tras ser vizconde de Soar foi nomeado **conde de Ximonde** o 17 de decembro de 1765. Era tamén cabaleiro da Maestranza de Granada.

Juan Antonio ademais de rexedor e alcalde maior de Santiago, era un amante das letras e das artes, e un xenealoxista a quen o enxeñeiro Luís de Lorenzo, radicado en dita cidade, dedicou a súa obra *Tentativa de un arte español de Arquitectura*.

719 (Voz de Galicia, 26/11/2019) Neste artigo dise que o camino pasaba por Ponte Sarandón. Jorge Cisneros tiña interese persoal en que o camino pasase por Sarandón, xa que a familia Cisneros tiña casa en Ximonde. Iso non impide que o camino Miñoto tivese unha desviación por Codeseda e A Estrada, onde había un hospital de peregrinos xunto á capela de Sancti Spiritus, mandados construir ambos polo fundador da "casa grande dos Bermúdez de Castro" (Cfr. páx. 259.).

720 AHUS. Expedientes de información de filiación, nobreza, hidalguía e limpeza de sangue:507/45

O seu morgado producía anualmente 4.085 ferrados de trigo, 2.039 de centeo, 804 de millo groso, 703 de millo miúdo, 54 moios de viño e 7.628 reais en cartos[721]. Igual que os seus ascendentes, tivo diversos preitos para defender os seus bens vinculares, así por exemplo, cando en Lestón (Laracha) quixeron facer un muíño nun río que el consideraba de propiedade da súa casa de Anzobre[722].

Manuela entregou o seu testamento[723] pechado o 2 de decembro de 1773 ao escribán Jacobo Ferro e faleceu o 2 de febreiro de 1782, sendo enterrada no convento de san Agostiño. Juan Antonio finou tamén en Santiago o 20 de decembro de 1798.
Pais de:

1.- **Pedro María Ambrosio Cisneros** (que segue)

2.- *María del Carmen Cisneros*, bautizada en Santiago o 16 de abril de 1757, casou o 27 de marzo de 1781 con *D. Pedro Martín Cermeño García de Paredes*, nacido en Melilla o 26 de marzo de 1722, fillo do enxeñeiro, arquitecto e tenente xeneral Juan Martín Cermeño, natural de Ciudad Rodrigo, e de Antonia García de Paredes, natural de Málaga. Logo velaron no seu palacio da Coruña catro días máis tarde. Era natural de Cidade Rodrigo, da Orde de Alcántara, enxeñeiro militar, tenente xeneral dos exércitos, Gobernador de Orán, Capitán Xeneral de Galicia e Presidente da Real Audiencia (1778-1784) e autor do proxecto das *Casas de Paredes* na Coruña, sendo un dos maiores expoñentes do dezaoito no ámbito das arquitecturas civil e militar, grazas a seus estudos de enxeñería e arquitectura. O seu retrato xunto ao do seu pai foi colocado na galería de enxeñeiros célebres da antiga Academia de Enxeñeiros militares de Guadalaxara (Boletín do Exército de 1844).



Casas Paredes. A Coruña

Foron pais de *Juan Pedro María Antonio Manuel*, bautizado na colexiata coruñesa o 19 de outubro de 1784, e de *Santiago/Jacobo Cermeño*, que estaba incapacitado intelectualmente, polo que se lle nomeou como tutor a seu tío Manuel Cisneros.

Pedro Martín finou o 15 de decembro de 1790.

A Mª del Carmen súa nai deixoulle unas xoias e 1000 ducados, ademais da lexítima. Outorgou testamento, viúva, o 7 de xuño de 1819, que entrega pechado ao escribán Pedro Sánchez Vaamonde seis meses despois, deixando como herdeiro a seu fillo, en segundo lugar a seu irmán Manuel e logo a Pedro María, e pedindo que logo se unisen eses bens ao vínculo dos Cisneros. Morreu na Coruña en marzo de 1823.

721 ARG. RA. 4930/20.
722 ARG. RA 18738/1
723 AHUS. Protocolos de Pedro de la Peña, 1782, páx. 27 ss. Nel hai unha relación da cuantía dos bens.

3.- *Manuel Francisco Javier*, bautizado en Sarandón o 18 de xaneiro de 1763. Foi titor da súa sobriña Jacoba.

4.- *Ambrosio Juan Bautista Mª de la Cerca Benito Mª de los Dolores Bernardino Isabel Ramon Lorenzo*, bautizado en Santiago o 6 de marzo de 1765, tendo padriño ao cura de Cuntis.

O 11 de abril de 1778 iniciase o seu expediente de información de filiación, nobreza, fidalguía e limpeza de sangue[724].

5.- *Juana María*, nacida o 2 de xaneiro de 1769 e bautizada en Sarandón tres días despois. Tiña un defecto nunha perna, polo que súa nai deixoulle 3.000 ducados, ademais da lexítima.

O **II conde de Ximonde** foi o seu fillo ***Pedro María Ambrosio de Cisneros de Castro e Ulloa***, nacido en San Miguel de Sarandón, o 1 de decembro de 1760 e bautizado ao día seguinte, tendo por padriños ao abade de Cuntis e á súa avoa Rosa Luisa Cadórniga.

Home ilustrado, filántropo, fundador dunha escola de debuxo inaugurada en febreiro de 1805, interesado polo progreso da agricultura, etc. Foi o mecenas do arquitecto Melchor de Prado e do seu irmán o escultor Manuel de Prado, do pintor Plácido Fernández e doutros artistas galegos da súa época.



Escudo condes de Ximonde.

En 1808, como era rexedor de Santiago, entrou a formar parte da Xunta Suprema de Defensa do Reino de Galicia durante a Guerra de Independencia, tamén participou na organización do exército para activar o levantamento do Reino de Galicia e para axudar á economía do Estado decidiu entregar 8.000 reais "*de pronto, y perdonar la mitad de las rentas y pensiones a sus caseros que sirvan en el ejército*"[725]. Tamén formou parte con Jovellanos e Valdés, entre outros, da comisión da Xunta Central que se encargou de preparar o Regulamento das Cortes de Cádiz.

Escribiu en febreiro de 1809 un "*Reglamento de las alarmas*", para que os pobos se organizasen contra os franceses. Así no seu artigo primeiro di: "T*odas las jurisdicciones que con corta diferencia lleguen a 1.200 vecinos [...] nombrarán un Comandante o Jefe de Alarma General que sea sujeto de la mayor confianza y patriotismo...*"

Foi el quen, tras comprobar a eficacia das augas termais de Cuntis, entregou uns 25-30.000 reais para construír uns baños pechados e cubertos, pois ata ese momento só había uns pozos rústicos ao aire libre. Tamén fixo melloras no "*hospitalillo*", que existía desde tempo inmemorial, onde os pobres, que acudían ás augas medicinais, recibían unha cunca de caldo e cama. Ademais reconstruíu a igrexa de Cuntis, que fora destruída polos franceses. Precisamente estando en Cuntis o 25 de setembro de 1810 outorgou poder para iniciar un preito[726] por rendas de 47 herdades na bisbarra da Peroxa (Ourense), preito que logo continuou en 1824 a súa viúva.

Interesouse pola xenealoxía, sendo autor dunha obra destacada sobre a materia, o "*Libro de los escudos de armas*". O orixinal, que ten a primeira parte en moi mal estado, é propiedade dos actuais dono da casa de Maíndo.

724 AHUS.
725 La Voz de Galicia, 16/11/1893
726 ARG. RA. 21722/45

Casou coa súa parente *Agustina de Puga Araújo*, filla de Felipe Puga Cisneros e Benita Araújo, da casa ourensá de Meréns.

A súa casa de Meréns está brasonada por dous escudos.



Escudo en Merens. Armas dos Araújo



Escudo condes de Ximonde. Merens

Un dos escudos vai timbrado con cimeira volta á destra e coas armas dos Araúxo: tres flores de lis en xefe e o castelo coa torre de homenaxe, o sol e as estrelas e un falcón devorando unha perdiz.

O outro é unha figura rectangular con orla de roleos e dobre timbre composto por cimeira volta á sinistra baixo a coroa de marqués. Esta dividido en dezaoito particións, distribuídas en seis filas de tres columnas. 1º Cuartel: Armas de Araúxo; 2º, Brazo armado dos Noguerol ; 3º, Tres faixas dos Ribera. 4º, Armada; 5º, Roeis dos Castro; 6º, Seis estrelas en pau; 7º, Puga; 8º, Feixoo; 9º, Tres farallóns coroados de ortigas ¿dos Faxardo?; 10º, Cabezas de lobo dos Mosquera; 11º, Axadrezado dos Cisneros (no centro do escudo por ser o principal); 12º, Castro; 13º, Figueroa; 14º, Cinco escudetes en sotuer; 15º, Novoa; 16º, Sarmiento; 17º, Aguia empinada a un árbore; 18º, Luaces.

En 1795 o pai de Agustina, que era o seu titor, arrendou[727] por 70'50 ferrados de centeo unha morea de terras en San Nicolás de Novás (Xinzo de Limia), que lle pertencían como sucesora nos vínculos da súa nai. O centeo tíñano que levar á tulla que tiña en Xinzo, pero os arrendatarios venderon algunhas partidas, polo que pediu que fosen declaradas nulas esas vendas.

En 1845 os condes de Ximonde tiñan na súa casa do Preguntoiro secretario, axuda de cámara, criados e criadas, mozo de cabalos, axudantes de cociña, etc. E ao pé do convento de Belvís tiñan un picadeiro para a doma de cabalos.

Esta casa está adornada cun escudo coas armas da familia. Trátase dun escudo posto sobre unha cartela, sostido de tenantes, acolado coa cruz florlisada da Santa Inquisición que divide o campo en catro cuarteles. 1º, cinco follas de figueira postas en aspa dos *Figueroa*; 2º, seis roeis postos

727 ARG.RA 330/7.



Escudo na rúa Preguntoiro

en pau tres e tres dos *Castro*; 3º, cuartelado en aspa, un e catro de sinople, unha banda de gules perfilada de ouro; segundo e terceiro de ouro, lenda Ave-María dos *Mendoza*; 4º, cabeza de lobo dos *Moscoso*. Timbrado de coroa, sumado dun escudo xaquelado de quince pezas de ouro e gules e como soportes dous cisnes, armas dos *Cisneros*.

Pedro, segundo os libros parroquiais de san Fiz de Solovio, fixo testamento o 27 de xuño de 1823 ante Francisco de Oca e finou en Santiago o 12 de xullo de 1824, sendo enterrado na igrexa de san Agostiño.

Agustina faleceu dunha pulmonía aos 79 anos o 7 de outubro de 1852 ás 12'45 h. na súa casa do Preguntoiro, tendo feito testamento[728] ante Domingo Manuel Romero o 1 de outubro de 1852 no que declara testamentaria e herdeira de todo á súa única filla ***Jacoba Cisneros***, (*que segue*) e no que di que non quere que se lle faga panteón, senón só unha placa co seu nome, idade e data de defunción.

Jacoba Cisneros Puga e Ulloa, bautizada en San Miguel de Sarandón no pazo de Ximonde o 7 de xaneiro de 1813 cos nomes de *Jacoba Mª del Carmen, y de la Cerca, Manuela Baltasara, Melchora, Gaspara, Agustina, Josefa, Mª de los Dolores*, tendo por padriños a seus tíos Manuel e Mª del Carmen Cisneros, veciños da Coruña.

Trala morte do seu pai, foi enviada ao convento de Nª Sra da Ensinanza en Santiago. Tivo como titores á súa nai e a seu tío Manuel Cisneros por dilixencia feita o 24 de xullo de 1824 ante o escribán Ángel Rodríguez e ante Joaquín Pinillos o 17 de marzo de 1825. Precisamente foron eles os que levaron un despoxo de bens, baseándose que os arrendatarios non estaban ao día nos pagos nin coidaban dos bens que Jacoba tiña na comarca de Mondoñedo, pertencentes á casa de Vilaxoán.[729]

Ambos titores tamén tiveron que defender en 1825 a pescaría do pazo de Maíndo que lles pertencía desde tempo inmemorial. En efecto, en 1580 un foreiro renuncia en Rodrigo Suárez de Castro e Reino ás pesqueiras e brañais das Reas, da Barce e da Braña "*donde se mueren reos, lampreas y sábalos y andorinos y otros pescados, sitos en el río Ulla, anexos e pertenecientes al dicho lugar y casal del pazo de Maíndo*"[730]. Eran donos do río Ulla desde o convento franciscano de Herbón ata Santa María de Couso, onde tiñan unha presa para os muíños e unha canle para pescar. Aos veciños de Freixeiro en S. Cristovo de Reis permitíranlle facer unha presa para un muíño, segundo escritura do 13 de novembro de 1821 ante o escribán de Padrón José Mª Rodríguez. Pero estes veciños aproveitando a morte do conde de Ximonde fixeron outro muro moi cerca da pescaría do pazo impedindo a subida dos salmóns. Trala denuncia, rectificaron, pero pouco despois en febreiro de 1826 puxeron redes e trallos para impedir a pesca na canle. Tras unha nova denuncia, os veciños acusaron ao cura de san Cristovo de Reis de contratalos para iso[731].

728 AHUS. Protocolos de Manuel Domingo Romero
729 ARG.RA 12637/8
730 ARG. RA. 941/70
731 ARG. RA 27278/56. En 1935 as autoridades prohibiron poñer redes e outros aparellos para coller salmóns nos cotos de Couso e Ximonde, pois xa se notaba a falta destes peixes. Había xente que collía os salmóns para vender logo en Santiago.

Os seus titores tiveron outros diversos preitos para defender as rendas dos morgados. Así por exemplo en 1829 denunciaron[732] por non pagar ou por atrasos a foreiros de Armentón, Larín, Coiro, Noicela, Razo, Sofán, Chamín, etc.

A condesa tiña un tocador estilo Luís XV, dourado, de ménsulas douradas a fogo, encaixado nos lenzos e cornixas da sala. O tocador aínda se conservaba en 1925.

Casou o 28 de agosto de 1831 cun membro do *pazo de Preguecido*[733], *José Mª Bermúdez Acevedo Pardiñas e Villardefrancos*, cabaleiro maestrante de Ronda e rexedor perpetuo de Ferrol, fillo de Pedro Bermúdez Ribadeneira Pardiñas e Vilardefrancos e de María del Carmen Acevedo e Bermúdez.

O matrimonio destacou polo seu comprometido apoio e axuda aos carlistas.

Tiveron unha filla e un fillo. A nena foi bautizada en san Fiz de Solovio o 1 de xuño de 1833 cos nomes de *Mª del Carmen Josefa Petra Jacoba* e o neno o 18 de abril de 1834 cos nomes de *Pedro Mª del Carmen Antonio Eleuterio Perfecto*, que finou o 4 de maio de 1834 e do que o 21 de febreiro de 1835 trasladaron os restos a un novo panteón que erixiron no cemiterio dos PP. Franciscanos.

Foi herdeira universal do seu curmán Jacobo Cermeño Cisneros.

Desde 1845 un parente en cuarto grado chamado José Bernardo Reino, cuñado de Baltasara Bárbara de Puga, puxo un preito[734] para ser declarado sucesor dos morgados da condesa. E en 1853 demanda que se nomee curador da condesa, que di que está incapaz mentalmente a partir dun ataque, que logo se repetiu, e polo quedou hemipléxica. En marzo de 1856 fíxose valoración do seu estado no que intervén a súa amiga Juana de Vega, condesa de Espoz e Mina, e o seu médico Hipólito Otero (da *casa da Mota*), que din que aínda que débil e con certas dificultades está mellorando e non está incapaz. O preito continuou o ano seguinte pero resultou en contra de José Bernardo. Este apelou, pero non continuou os trámites, polo que considerando que abandonara o preito, a quince días despois da morte da condesa, Manuel María Puga pide que se lle considere lexítimo sucesor nos morgados. En 1837 as leis sobre os morgados cambiaran, polo que o sucesor só tiña dereito á metade do vínculo, por isto tras unhas poucas transmisións os morgados desapareceron.

José María outorgou testamento, ao igual que a súa esposa, en Madrid o 20 de abril de 1853 ante Gabriel Santiso de Quevedo deixando por testamentario ao avogado madrileño Juan Porto. Nel deixaba 12.000 reais anuais pagadoiros por trimestres ás súas fillas Josefa e Antonia, fillas de María Pazos Añón, veciña da Coruña, con quen tiña unha relación amorosa desde 1848. Mesmo criaba a estas fillas na súa casa de Madrid, pois a relación coa súa esposa era nula. Porén María Pazos tería un preito porque o avogado e testamentario non lles pagaba esa manda, poñendo todo tipo de trabas, e iso aínda que non esixía que as nenas fosen recoñecidas como fillas de José María.


José María morreu o 3 de abril de 1855, polo que ese ano Jacoba perdoou as rendas atrasadas ata o día da morte de José María, que lles debían en Abertezga e Xinzo de Limia, rendas que eran do morgado de Ramirás[735].

732 ARG. RA 18842/26
733 Cfr. páx. 178.
734 ARG. RA 27193/194
735 ANC. Protocolos de Ruberto Suarez, 19/11/1855

Jacoba o 24 de novembro dese ano[736] atopándose enferma e ao coidado do seu médico Hipólito Otero fixo un codicilo ante Ruperto Suárez, modificando o testamento anterior, que entregara pechado, e no que deixaba toda a súa fortuna a seu avogado en Madrid e asesor (e "mi protector y amigo") don Juan do Porto, polos infinitos servizos que lle fixo como "***el restablecimiento de la paz matrimonial***, *el arreglo de ambas casas, el anticipo de varias cantidades sin intereses de ninguna especie*", etc. No codicilo deixáballe a este avogado todos os bens mobles que hai na casa da Coruña, incluída "*la caja de fierro y cuanto en ella se contenga*".

Pero o seu avogado en febreiro de 1856 apoiou a opinión de que Jacoba debía ser declarada incapaz, polo que esta, magoada, despediu ao asesor, e fixo un novo testamento[737] o 16 de febreiro de 1856, no que beneficiaba a seus primos o coronel graduado Manuel e a Pedro Puga Sarmiento, que eran irmáns, así como a outros parentes.

Pero o seu último testamento[738] data do 22 de outubro de 1856 feito en Ximonde ante o escribán de Ponteulla Manuel Núñez Espantoso. Nel deixa importantes cantidades para centros de Beneficencia de Santiago, A Coruña e Ourense, para conventos de monxas, así como para criados, pobres e parentes. Nomea como herdeiro universal a Manuel María Puga Araújo, e en segundo lugar a seus fillos, se morrese antes que a testadora. E como "*por ley le corresponde la mitad del vínculo al heredero que debe sucederle*" (pois aínda non rematara o preito que puxo José Bernardo Reino), deixa a Manuel María a casa e vínculo de *Anzobre* e anexos, nos que está englobado a herdanza da Coruña, que recibiu como herdeira universal do seu curmán Jacobo de Cermeño. Tamén lle deixa a metade dos bens libres de Ximonde e 500 ferrados de centeo de renda, e a metade dos bens en Xinzo de Limia e en Abertezga.


Nº3984440

Partida de defunción da condesa de Ximonde

A Pedro Puga Sarmiento, irmán de Manuel María, déixalle a metade libre da casa e vínculo de Abertezga (Ourense) e 500 ferrados de renda ou o valor de 50.000 reais en bens a elección de Manuel María. Logo confirma a escritura[739] do 15 de marzo na que nomeaba como curadores a Manuel María, Teófilo Vamonde e Antonio Rodríguez Vamonde. Por último revoca todos os

736 ANC. Protocolos de Ruberto Suarez.
737 ANC Protocolos de Ruperto Suárez.
738 AHUS Protocolos de Manuel Núñez Espantoso, 22/12/1856
739 ANC Protocolos de Ruperto Suárez.

testamentos e codicilos anteriores, e asina o testamento xunto coas testemuñas, entre as que está o médico Juan Ramón de Barcia, de S. Miguel de Cora.

Morreu en Santiago a súa casa da rúa Preguntoiro[740] aos 47 anos a consecuencia dunha "epilipsia" o 7 de abril de 1860 sendo sepultada dous días despois. Aos seus funerais asistiron 56 sacerdotes e a escolanía da catedral, e aplicáronselle ese día 28 misas rezadas.

Manuel María Puga Feijoo, natural de san Verísimo de Celanova (19/5/1817- Arteixo, 4/10/1879), foi coronel graduado comandante de infantería e "*fervoroso carlista en cuyas filas luchó durante más de cinco años hasta que, en 1839, se acogió al famoso Convenio de Vergara siéndole revalidado su empleo de Capitán por las autoridades isabelinas*"[741].

En 1851 era tenente graduado de infantería e estaba na Coruña. Nos dous últimos anos estivo estudando no colexio de Notariado, polo que pediu varios préstamos a un veciño de Ourense ata a cifra de 2.000 reais, polo que se compromete ante notario a entregar mensualmente un terzo do seu soldo ata liquidar a débeda[742] .

Casou con *Carmen Blanco Castro e Marquina*, natural de Proente, filla de José Antonio Blanco Sarmiento, natural de Proente, e de Benita Castro Marquina, natural de Santa Mª de Pau (Ourense).

Vivindo na súa casa da rúa compostelá do Preguntoiro[743], ambos esposos outorgaron un codicilo[744] o 4 de agosto de 1869 ante Ángel Astray Fernández, de Padrón, no que se nomean reciprocamente como testamentarios e no que se di que entregaron un testamento pechado a dito escribán. Carmen finou en Santiago o 20 de xuño de 1872, aos 64 anos.

Logo Manuel, xa viúvo, o 26 de novembro de 1875 ante Francisco Ramos Vázquez redacta outro testamento, no que deixa 2.500 pts para pobres, así como outras semellantes cantidades para diversas asociacións benéficas. Tamén reparte os bens mobles e alfaias, sobre todo os que había na casa do Preguntoiro, entre os fillos, fillos políticos e netos, e deixa a seus cinco fillos como herdeiros a partes iguais.

A 23 de outubro de 1877 Manuel María "mayor de 63 anos" dona[745] diversos bens a seu fillo Luciano, como son: na Coruña, unha casa na praza da Constitución e sete terreos de labradío; en Oza, unha casa e un terreo; en Arteixo, a casa principal de Anzobre, outras dúas casas e máis de 20 leiras, etc. E uns días máis tarde dálle poder para vender todos os inmobles que tiña en Xinzo de Limia. E logo dálle ás fillas diversos bens como dote e herdanza.
Foron os pais de:

1.-*Luciano Puga Blanco*[746]. Naceu en Santo André de Proente (A Merca) o 30 de decembro de 1842 e bautizado catro días máis tarde. Foi avogado, alcalde de Santiago, profesor de Universidade, tres veces Deputado, dúas Senador, Gobernador do Banco Español de Cuba, Vocal da Xunta Superior de Prisións, Fiscal del Tribunal Supremo e señor de Anzobre. Seu pai

740 Este pazo dos Ximonde foi sé do Circulo Mercantil e logo saíu en puxa o 21 de decembro de 1906.
741 BLANCO REY, M., *D. Luciano Mª Puga Blanco (1842-1899): un personaje rescatado del olvido.* Anuario Brigantino, 1999, Betanzos
742 ANC Protocolos de Ruperto Suárez.1851.
743 A casa, de tres pisos, estaba ricamente amoblada e adornada con esculturas, óleos, imaxes no oratorio, etc., segundo se describe no testamento de Manuel María Puga.
744 AHUS Protocolos de Angel Astray Fernández
745 ANC Protocolos de Devesa e Gago.
746 BLANCO REY, M., *o.c.*

deixoulle como mostra de cariño o seu reloxo de ouro con caixas de esmalte adornadas de diamantes, perlas e rubís, así como a cadea de ouro.

O 10 de Febreiro de 1868 contrae matrimonio en Santa María Salomé de Santiago con Juana Parga Torreiro, filla de Ramón Parga Chans[747], de Santiago, e de Rita Torreiro, natural de S. Paio de Breixo (Cambre).

Foi o pai do famoso "*Picadillo*", Manuel Mª José Luciano Anselmo Puga e Parga (Santiago, 23/4/1874 – 1918), de Mª del Carmen, de Luciano e de "Mariquiña" -Mª Concepción (1876-1897)-, á que Curros dedicou uns versos cando a familia ía embarcar para A Habana:

Como ti vas para lonxe
I eu vou para vello
Un adiós, Mariquiña,
Mandarche quero,
Que a morte é o diaño
I anda rondando as tellas
Do meu tellado. (…)



Manuel Puga alias Picadillo

2.- ***Gumersinda Puga Blanco***. (*que segue*)

3.- *Ramona Puga Blanco*. Vivía na rúa de San Francisco nunha casa que pertencía a seu pai e que logo herdará. Segundo seu pai tiña unha bondade irreflexiva, polo que podía poñer en risco a sorte dos seus fillos. Por iso seu pai manda que se lle quite un terzo e quinto do seu quiñón para que o leven directamente os fillos de Ramona, aínda que ela será usufrutuaria. Finou aos 78 anos o 13 de marzo de 1911, viúva de Ramón Belisardo Pumpido. Pais de Manuela e outros.

4.- *Ermitas Puga Blanco*, natural de Santo André de Proente, casou en Santiago o 13 de outubro de 1870 con José Pérez-Dávila e González, natural de Madrid, fillo do coronel de infantería Juan Pérez Dávila, natural de Málaga, e de Mª del Carmen González, natural da Coruña.

5.- *Elisa Puga Blanco*, natural de Proente, onde naceu en 1850, casou aos 20 anos en Santiago o 5 de xaneiro de 1871 con *Perfecto Conde Fernández* (Celanova, 1846-Santiago 1903), fillo de Juan e Carmen, licenciado en medicina, e máis tarde catedrático de Histoloxía da Facultade de Medicina. Vivía no primeiro piso da casa familiar da rúa do Preguntoiro, que lle quedara en herdanza. Sen sucesión, outorgou testamento o 4 de agosto de 1890 ante Jesús Fernández Suárez, deixando ao marido como único herdeiro, pero en caso de que este non lle sobreviva, deixa os seus bens a seus irmáns. Foi inhumada en Santiago o 17 de febreiro de 1895 e o seu home, tendo feito testamento o 14 de xaneiro de 1892 ante Jesús Fernández Suárez, deixou este mundo o 2 de decembro de 1903 aos 57 anos. Sen descendencia.

Gumersinda Puga Blanco, naceu en 1845 en san Verísimo de Celanova, vivía na Rúa Nova, 26, en Santiago (parroquia de San Fiz de Solovio) onde casou o 2 de decembro de 1868 co comandante Antonio López Reguera, de 35 anos, viúvo de Dolores Valenzuela Ozores, fillo de Lorenzo López, natural de San Miguel de Monseiro (Lugo), e de Vicenta Reguera, da Coruña. Antonio López finou o 27 de setembro de 1871. Tiveron dous fillos: *María López Puga*, que finou sendo nena despois de seu pai, e *Antonio López Puga*, que foi avogado e viviu en Arxentina[748].

747 Ramón finou o 25 de agosto de 1853 e a súa muller en 1855. A partilla dos seus bens fíxose en 1858.

748 Antonio recibiu a herdanza paterna ante Jesús Castro en 1891 e ratificada en 1893. E Dolores, filla do primeiro matrimonio de Antonio López Reguera, recibiu a súa parte en 1876 e ratificada en 1892 ante o notario de Vilagarcia Ramón Carril.

E en segundas nupcias casou no convento de san Francisco o 1 de agosto de 1875 con **Jesús Novoa López**, solteiro, catedrático de medicina, nacido o 17 de xuño de 1840 en Santiago, fillo de Antonio Novoa Varela, de Santa Eufemia de Ourense, e Genoveva López España, natural de Vimianzo. Jesús aportou ao matrimonio 5.000 pts. Vivían na rúa da Conga, nº 7.

O 29 de decembro de 1877 recibiu[749] de seu pai diversos bens, como pacto de mellora ou ben como dote. Foi ela quen herdou de seu pai o pazo de Maíndo con todo o anexo, como a cal e pesqueira do pazo "*que hace de largo 380 varas castellanas y 3 varas castellanas de ancho, dando principio de Gerimbao a la parte del norte y concluyendo por el sur en el vivero del bosque nacional de dicho Couso, cuyo canal se aprecia en 1.500 pts*" (do ano 1877).

Este matrimonio reedificou a casa do Preguntoiro (nº 19 e logo 23), gastando 97.340 reais e na finca de Couso edificou un lagar gastando 28.000 reais.

Jesús outorgou testamento a 19 de febreiro de 1895 ante Jesús de Castro e finou en Santiago o 14 de maio de 1911. Gumersinda fixo o testamento o 1 de xuño de 1915 ante Jesús Fernández Suárez e faleceu na parroquia compostelá de Salomé o 26 de abril de 1920.

Jesús e Gumersinda foron os pais de:

1.- *Hermitas Novoa Puga*, nacida en 1876? casou en 1892 con José Calderón, conde de san Juan. Finaron ambos ao ano seguinte.

2.- *Jesusa Novoa Puga*, naceu en Santiago o 20 de marzo de 1877, e finou solteira en Maíndo o 14 de outubro de 1955. Seu pai deulle xa de nena diversas alfaias que non entraron no reparto de herdanza. Como estaba solteira, a súa nai deixoulle, ademais da lexítima, todos os bens mobles gananciais que tiña do segundo matrimonio, nos que se inclúen diversas alfaias con diamantes, esmeraldas e brillantes. Tamén mostrou o desexo de que Jesusa escollese os bens que ía herdar. Foi propietaria da *casa de Maíndo* ata que lla pasou a seu sobriño Salvador.

3.- *Agustín Novoa Puga*. Nacido en Santiago en 1878. Aportou 3.500 pts. ao matrimonio con *Mercedes Golpe Túñez* e viviu en Coristanco. Foi médico e logo vivía na rúa compostelá de Santo Domingo. Finou no seu domicilio o 26 de novembro de 1959, deixando catro fillos: *Agustín, Mercedes, Jesús* e *Antonio Novoa Golpe*.

4.-*Ramón Eleuterio Novoa Puga*, nacido el 18 de abril de 1881. Finou antes que seus pais.



Casa dos Condes de Ximonde. Santiago

5.- *Manuel Zacarías Novoa Puga*, bautizado ao día seguinte de nacer na parroquia compostelá de Salomé, o 6 de novembro de 1882. Foi médico.

6.- ***Carmen Novoa Puga*** (*que segue*)

Carmen Novoa Puga veu a luz o 1 de febreiro de 1884 en Santiago, onde contraeu matrimonio o 2 de xaneiro de 1909 na parroquia compostelá de Salomé co capitán do Rexemento de Zaragoza **Salvador Lissarrague Molezún**, fillo do comandante de infantería Salvador Lissarrague e de Adelaida Molezún.

Salvador durante a Guerra Civil estivo un ano preso no cárcere de Madrid e logo no Reformatorio de adultos de Alacante. Finalmente foi rehabilitado en outubro de 1939. En decembro de 1944 por oposición foi nomeado catedrático de Filosofía do Dereito en Oviedo e logo en 1955 catedrático de Filosofía Social na Universidade Central de Madrid.

749 ANC. Protocolos de Manuel Devesa e Gago.



Salvador Lissarrague

En 1965 Salvador, representando ao arciprestado de Vea na súa peregrinación a Santiago, realizou a invocación ao Apóstolo. E non era a primeira vez. En 1951 pediu autorización para a instalación dunha liña de transporte a 10.000 voltios e caseta de transformación, para o funcionamento dun grupo electro-bomba no pazo de Maíndo e subministro de enerxía eléctrica para a parroquia de Couso.

A Carme súa nai deixoulle unha pulseira de ouro coas súas iniciais, así como un piano. Foron os pais de:

1.- *Jose María Lissarrague Novoa*, nacido en Santiago o 28 de xaneiro de 1913, finou en Madrid o 15 de xuño de 1986. Coronel de Artillería, casou o 29 de novembro de 1946 en Segovia con María del Pilar García-Gutiérrez Redondo, tendo por fillos a María del Pilar, Mercedes, José Ramón e Manuel Lissarrague García-Gutiérrez.

2.- *Alfredo Lissarrague Novoa*, nacido en Santiago o 17 de xullo de 1916, morreu en Madrid o 30 de decembro de 2000. Foi coronel de Infantería de Marina. Casou con *María Antonia Zaforteza Socías* (descendente dos condes de Orgaz e parente dos condes de Olocau), nacida en Palma de Mallorca. Os seus fillos son: Salvador, Mateo, Alfredo e José María Lissarrague Zaforteza.

3.- ***Mª Carmen Lissarrague Novoa*** (que segue)

4.- *Salvador Lissarrague Novoa*, nacido en Santiago o 25 de xaneiro de 1910. Foi catedrático de Filosofía do Dereito en Oviedo, inspector de Traballo, e catedrático de Filosofía Social na facultade de Ciencias Políticas en Madrid. Director do Ateneo de Madrid, foi autor de diversos libros, como "*El poder político en la sociedad*". Finou ceibe en Madrid o 14 de marzo de 1967 e foi enterrado no cemiterio da Almudena. Era moi amigo e compañero de carreira de Manuel Fraga.

Nos anos 50 perdeu a propiedade sobre a pesqueira de Couso que, como xa vimos, foi motivo de preitos moitas veces[750].

Propietario do pazo de Maíndo, cedeullo á súa irmá Carmen.

Carmen Lissarrague Novoa, nacida en Santiago o 28 de decembro de 1914. Casou o 15 de abril de 1948 en Madrid con *Pelayo Redondo*, fillo de Juan José Redondo, conde de San Javier e casa Laredo, e de Carmen Piquengue. Pelayo, que foi coronel de Infantería e Cabaleiro mutilado pola Patria, finou en 1991.



Familia Lissarrague

Carmen, que foi propietaria de Maíndo, acudía a miúdo ao pazo coa súa familia. Finou en Madrid o 7 de xullo de 2011. Os seus fillos son *Carmen, María Jesús, Paloma* e *Pelayo Redondo Lissarrague*, actuais donos da casa de Maíndo.

750 ARG. RA 27278/56 e arquivo particular da casa de Maíndo.

CASA DOS MARIÑO NA VILA DA ESTRADA

Unha casa que se achaba na rúa da Peregrina nº 4 da Estrada era coñecida no século XIX polo alcume de *casa dos Mariño*, debido ao apelido familiar, aínda que, como co paso dos anos os costumes adoitan variar, no século XX coñecíase como a *casa das Mariñas*.

Foi don **Francisco Antonio Mariño Cobas**, cura de Callobre, quen a partir do ano 1820 construíu esta casa cunha adega na parte de atrás e que en 1826 aínda estaba sen rematar. A edificación tiña baixo comercial e dúas plantas de vivendas con paredes de excelente perpiaño, mentres que no seu interior os pisos e divisións, así como as fiestras eran de madeira.



Vista da rúa Peregrina no ano 1915, a segunda casa da dereita é a dos Mariño. Na primeira planta o escudo

Pouco despois e por ser unha casa nova e ben acondicionada foi o lugar escollido polo concello de Cereixo para celebrar nela as súas sesións. "*El 14 de enero de 1837 el ayuntamiento constitucional de Cereixo celebró sesión en* ***casa Mariño*** *de la aldea de la Estrada. Esta casa es hoy propiedad de D. José Puente y radica en la* ***calle de la Peregrina****. El 28 de enero del mismo año celebró una nueva sesión el Ayuntamiento, y en el encabezado del acta se lee: '*En la casa nombrada de **Mariño** del lugar de La Estrada, donde, por razón de las circunstancias celebra sus sesiones el Ayuntamiento, etc.*'. Huyendo los munícipes de la revolución carlista, tuvieron que retirarse de Cereijo.*"[751]

En 1852 na planta baixa había un cortello para porcos debaixo da escaleira. Esta chegaba ás plantas superiores, onde tres portas balconadas daban á fachada na primeira planta e con balcón corrido na segunda accedendo a este por medio de dúas portas. Na primeira planta atopábase empolicado un escudo, entre a primeira e a segunda porta balconada. En 1862 como a casa pertencía a dúas persoas ergueuse unha parede medianeira.

751 VARELA CASTRO, P., *La Estrada*. El Eco de Santiago, 1923

A casa tiña unha horta á que se podía acceder por unhas escaleiras que baixaban desde o primeiro piso ou ben desde a bodega. Nun preito por unha disputa dun terreo no ano 1876 entre as irmáns Concepción e Isabel Mariño Ribeira, descríbesenos os seus lindes. "*Terreno a huerta a la espalda de la casa...a inmediaciones de la iglesia de esta Villa cuyo terreno llevará en sembradura como siete cuartillos, que confina por el Norte, Miguel Porto, Este, casa predicha, Sur y Oeste, camino o calle que dirige al crucero.*"

No pasado século o baixo albergaba a tenda do señor José de Bedelle, o que podiamos chamar un ultramarinos con panadería. Vivían nela Pepe de Ramón e Elisita, a familia González, e no segundo andar aloxábase un xastre.

Compraron a casa no ano 1978 o matrimonio formado por Josefina Neira Chao e Manuel Cartimil, edificando un novo edificio de tres plantas. Na actualidade no seu baixo os propietarios rexentan a xoiaría reloxería Cartimil.

O escudo da casa foi recollido por dona **Celia Juana Rey Puente**, cando foi derrubada a casa, e entregado dito escudo o 2 de maio de 2011 ao concello da Estrada. Na firma do protocolo de cesión estaban presentes o Excelentísimo Señor Alcalde do Concello e Presidente da Fundación Cultural da Estrada don José Antonio Dono, acompañado por don Juan Andrés Fernández Castro, Director do Museo do Pobo Estradense "Manuel Reimondez Portela".

HERÁLDICA



Escudo casa dos Mariño, depositado no Museo do Pobo Estradense

Pedra armeira, que polas características se sitúa a finais do XVIII ou principios do XIX, polo que coincide coa data da construción da casa. Conforma un bloque monolítico que mide 57 centímetros de largo por 38 de ancho, con un groso de 21 centímetros. Nela atópase labrado un fermoso escudo rematado en punta e escotado en xefe. Escudo partido e cortado de dous, no primeiro cuartel, trae tres aneis mal ordenados; no segundo trae oito rombos; no terceiro trae dúas flores de lis postas en faixa; no cuarto catro paus, dos **Quiroga**; no quinto unha torre; no sexto ondas, dos **Mariño**. Sobre o todo un escusón, moi desgastado, no que non se aprecian as armas. Rodea o conxunto unha follaxe barroca, asomando polos flancos dous estandartes, o destro cruz floronada e o sinistro cruz patada. Como tenante a serea dos Mariño, asomando medio corpo en xefe e en punta a cola, vai timbrado de coronel.

XENEALOXÍA

Remontámonos ata finais do século XVI en que vive en Santa Uxía de Ribeira **Jácome de Santiago Axeitos** "o maior" e **Constanza Arias de Sotomayor**, que foron pais de:

Jácome de Santiago Arias Mariño de Sotomayor "*o menor*", que foi capitán e casou con **Catalina Cobrana**, veciños de Santa Uxía de Ribeira.
Xeraron a:

Diego Arias de Sotomayor[752] (ou *Mariño de Goianes*), que foi gobernador na cidade de Lima en tempos do rei Carlos II en remuneración dos servizos prestados ao rei na guerra de Flandes.

Capitán de mar e terra, casou con **Petronila de Orellán e Mariño** (ou *Torrado Soutomaior*), filla do capitán don Esteban Torrado de Orellán, da casa de Asadelos en Asados (Rianxo), e de Francisca **Mariño**. Entre outros foron fillos seus:

1.- **Carlos Arias Mariño** (*que segue*)
2.- *Florencio Arias Mariño*, que morreu ao servizo de S.M. en Indias.

Carlos Arias Mariño e Sotomayor, foi bautizado o 10 de outono de 1657 na parroquia de Santa Uxía de Ribeira, sendo os seus padriños Juan Varela, veciño de San Xián de Artes, e María de Vaamonde, veciña de San Paio de Carreira. Confirmouse o 23 de novembro de 1659.

Contraeu matrimonio con **María Antonia Benavides e Sequeiros**, natural de Pontevedra, filla de Diego Benavides Sotomayor e de Lucia Aldao (ou Saure Bermúdez)[753] veciños de Sobrán no porto de Vilaxoán.

Finou Carlos entre 1731 e 1734 e a súa dona foi enterrada en Ribeira o 6 de marzo de 1746. Procrearon a varios fillos, entre eles:

1- **José Manuel Benito Antonio** (*que segue*)
2.- *Pedro Arias Mariño e Sotomayor*, que foi administrador de rendas provinciais en Rianxo, Puebla, Noia, Muros, Caldas de Reis, Cambados, Sto. Tomé do Mar, O Grove e partido de Peñaflor. Tamén tomou persoalmente as rendas de "*Millón, del Pescado, las siete rentillas y otras*".

Casou con *Rosa Rosales Figueroa*, filla de Juan Rosales Figueroa e de Jerónima de Araújo Ozores. Deste matrimonio houbo polo menos un fillo chamado *Pedro Pío Arias Mariño de Sotomayor,* presbítero, e dúas fillas. Unha delas chamada *Juana* casou co escribán Francisco Coello e Torrado, fillo de Francisco Antonio Coello e de María Antonia Araújo e Rodríguez.

Pedro acudiu coas súas armas e cabalo a Pontevedra e a Vigo en 1719 para loitar baixo as ordes do marqués de Resburg contra o inimigo inglés.

En 1728 deulle 150 reais a Gregorio Rodríguez, arrieiro de Santa Mariña de Ribela, para traer viño do Ribeiro. Acompañaba a Gregorio un taberneiro a quen Pedro encomendara a compra do viño, pero no Paraño o taberneiro baixou na venta e o arrieiro continuou pois dicía que non lle paraban as mulas e non quería perdelas xa que levaba nelas 750 reais que eran de seu. Este dixo logo que o asaltaran uns emboscados e que a coiteladas lle quitaran os cartos, polo que malparado estivo dous meses baixo coidados médicos. Don Pedro non lle deu creto pois dicía que o Paraño non era perigoso, pero o arrieiro alegaba que aos poucos días mataran alí a un home.

752 En 1744 unha testemuña de Pedro Arias Mariño di que os pais de Diego foron J*uan Varela Mariño de Goianes e María Rodríguez de Vimieiro*.
753 Ou de *Diego Bermúdez e de Benita de Sá*, segundo unhas testemuñas do preito de fidalguía de 1793.

En 1744 ás seis da tarde do 9 de agosto, día de San Lourenzo, chegaron os ingleses en tres navíos corsarios con bandeira de paz (francesa, di un) ao porto de Ribeira, e como non había defensa oficial Pedro alertou aos veciños, pero deseguida "*guindaron*" as bandeiras polas de Inglaterra e comezaron a disparar a súa artillería e a xente escapou. Pedro levou á súa muller e dúas fillas solteiras ao monte de San Alberte e logo acudiu ao monte para buscar homes que loitaran e deulle armas, pero deseguida "*cobardes me desampararon, con que montando con armas y caballo corrí las poblaciones inmediatas a convocar los paisanos, y con los que pude conseguir puestos en orden bajé animándolos al acometemiento que reconocido por el enemigo ciento tocaron de abondo su campana: disparan un cañón... y estando un piquete de ellos apoderado de mi casa desde el tiempo del desembarco asta la retirada teniendo prisioneros en tierra y abordo algunos paisanos de estos tomaron informe que era yo el que convocaba y mandaba la gente, como el que era el administrador del rey y recogía sus caudales...*" por lo que mandaron a un prisioneiro para que se presentase don Carlos ante os seus xefes ou queimaban todo o pobo. O pobo xa estaba saqueado en especial a súa casa pois era a máis rica e onde tiña 40.000 pesos que eran da recadación das rendas reais. E ante a súa negativa de entregarse e a súa decisión de seguir loitando, queimaron o "*Palacio del caballero Mariño*", entre outras, quedando só as paredes limpas, polo que perdeu non só os bens e caudais propios senón tamén os reais, así como os títulos que o proclamaban nobre.

Por iso o 12 de agosto acudiu ao Procurador Xeral para confirmar a súa nobreza e dar conta dos feitos acaecidos, demandando copia dun documento do ano 1737 ante o escribán Juan Antonio Sanz que o proclamaba nobre (pero que nunca chegou a aparecer). Fíxose un novo expediente e foi recoñecido fidalgo.

José Manuel Benito Antonio Arias Mariño de Sotomayor, bautizado en Santa María de Paradela de Meis o 28 de setembro de 1695, tivo por padriños a Benito de Fontenla, veciño de San Fiz de Lois (Ribadumia) e dona Antonia Ventura Barba Figueroa, veciña desta parroquia, descendente das casas solares e torres de Goiáns, Nebra e Asados entre outras.

Na súa xuventude José Manuel tivo un fillo natural chamado **Gregorio Arias Mariño de Soutomayor** (*que segue*) de dona *Manuela González*[754], veciña da freguesía de San Pedro de Muro (Porto do Son), "*a una legua de Ribeira*", cando ambos eran solteiros, e que logo recoñeceu como fillo.

José celebrou os esponsais o 16 de abril de 1729, oficiándoos o xuíz Lázaro, con "*María Bentura de el Castillo, hija de Juan Antonio de el Castillo y de Alfonsa Rosales, vecinos de la villa de Pontevedra*".

Viviu en Pontevedra onde procreou a **Tomás Arias de Sotomaior**, que foi recoñecido oficialmente en Pontevedra como fidalgo ao igual que seu pai. Tomás foi cadete do rexemento de Milicias de Pontevedra, en 1795 era veciño de Noia. Casou con *María Vicenta Micaela de la Vega Enríquez Colón de Portugal*, bautizada en San Bartolomeu de Pontevedra o 9 de abril de 1729 e finada o 28 de xullo de 1790?. Foron pais de dous fillos chamados un *Melchor* e o outro *Tomás* e unha filla chamada *María*. Esta filla, *María Arias Mariño de la Vega*, da súa relación con *Vicente Gil*, sarxento do "*Regimiento de la Princesa*" en Pontevedra, tivo por filla a *Vicenta Gil Arias-Mariño de la Vega e Colón de Portugal*, "La Aldonza", bautizada en Pontevedra o 30 de outubro de 1801 e finada en 1860. Presumiu de ser a única descendente viva de Cristóbal Colón, aínda que non foi crida e morreu na máis absoluta miseria.

754 Aparece case sempre como Gómez, pero na partida de bautismo de Gregorio aparece como González.

José Manuel Arias exercía no ano de 1747 como administrador das rendas provinciais de Cambados, pero logo retirouse e foi vivir a Pontevedra, morrendo en 1782 seguramente na parroquia de San Bartolomeu.

Gregorio Arias Mariño de Sotomayor está asentado no libro de bautizados ano de 1725 na parroquia de San Pedro do Muro, pertencente ao concello do Porto do Son, onde se le:

"*En diez y nueve de noviembre de este año de 1725, como cura propio de esta feligresía de San Pedro de Muro, bautice solemnemente a un hijo de Manuela González, soltera, púsele por nombre Gregorio y dijo su madre era hijo de don José Mariño vecino de Santa Eugenia de Ribeira, fue su padrino Andrés de Sieira soltero vecino de esta feligresía y lugar de Carballosa, advertile la obligación que tiene de enseñarle la doctrina cristiana y el parentesco espiritual que había contraido y lo firmo*".

Este cativo foi criado e educado na casa dos avós paternos. Retornaba de Santiago polo ano de 1747, cando a seu paso pola vila de Padrón foi detido polo alguacil para formar a leva de soldados da dita vila. Permaneceu detido en Santiago a onde tivo que acudir o seu pai con documentos e cartas que demostraran que era o seu fillo e polo tanto un nobre, e que non podía estar de soldado nunha leva.

Foi nomeado xuíz ordinario por tres anos da xurisdición de San Tirso de Portocelo (Xove) na diocese de Mondoñedo polo Deán e Cabido con data de 13 de maio de 1761 e ratificado polo bispo José Francisco de Losada e Quiroga o 16 de agosto de 1762.

A partir do 1 de xullo de 1765 foi tenente xuíz e xustiza ordinaria da xurisdición de Tabeirós, vivindo de pousada no lugar do Viso (San Xurxo de Cereixo) onde se veu implicado na denuncia de Juan Otero, do pazo da Mota, ao xuíz José Araúxo e Pedrosa, natural de Tabeirós pero que vivía en Viveiro. A razón da denuncia foi que o xuíz nomeara como seu suplente a Gregorio, tenente administrador, que segundo Juan Otero e máis veciños actuaba "*ciega y atrapalladamente*", excedéndose nos cobros polos seus servizos sen axustarse aos aranceis habituais[755].

Precisamente neste preito é onde se nos informa de que Gregorio era escultor. En efecto, en 1783 das súas mans saíu tanto o retablo de dous corpos da igrexa de San Xiao de Guimarei como a imaxe de San Xiao. Trátase dunha figura realizada en madeira e policromada, un tanto desproporcionada e realizada para ser posta a grande altura. Ten nunha man a palma de mártir mentres que a outra repousa no seu peito e está vestido con túnica curta, calzón ata o xeonllo e e un gran manto vermello, volteado sobre o ombreiro esquerdo, de pregado miúdo, aristado e plano. En 1787 tamén fixo uns altares e catro imaxes para a igrexa de Bastabales.

Logo foi xuíz da xurisdición de Tabeirós ata marzo de 1789, momento en que lle acusa de nomear como tenente a un cuñado. O 28 dese mes e ano foi nomeado como novo xuíz don José Ortiz Cascallana e Cornejo, veciño de San Vicente de Aro, xurisdición de Barcala, non sabemos se por ter morto Gregorio.

Contraeu esponsais o 14 de xuño de 1767 en Santa Cristina de Vea con dona **Josefa de Cobas Gutiérrez de la Higuera**, veciña de dita parroquia.

755 ARC.RA. 18783/51

*Sobre a familia de **Josefa de Cobas** sabemos que seu pai, **Domingo Andrés**, escribán de S.M. e fillo de Gregorio de Cobas e Alejandra Martínez, contraera esponsais en Santa Cristina de Vea o 21 de novembro de 1735 con Inés Isabel Margarita Gutiérrez de la Iglesia, filla de Simón Gutiérrez e de Dominga González. Faleceu Inés o 25 de xuño de 1748. Os seus fillos naceron e foron bautizados na parroquia de Santa Cristina de Vea:*

*1.- **Josefa Rosa Antonia Bernarda de Cobas e Gutiérrez de la Iglesia**, nacida o 12 de maio de 1738 (obxecto desta digresión).*

2.- Tomás Antonio Bernardo, nacido o 19 de setembro de 1740. Contraeu matrimonio en Sta Cristina de Vea o 13 de maio de 1771 con Catalina Rey Expósito.

3.- Josefa Antonia Bernarda, nacida o 2 de setembro de 1742.

Domingo Andrés casou logo en segundas nupcias en Santa Cristina de Vea o 5 de xaneiro de 1752, con dona Bernarda Antonia Villaverde de Barro, filla de Andrés e de María, nacida en Santa Cristina de Vea e bautizada o 3 de maio de 1721. Os seus fillos naceron en Santa Cristina de Vea foron bautizados cos nomes de Ignacio (novembro de 1749), Mª Teresa (10/11/1752), Juana Mª Antonia (13/11/1754), Mª Rosa Francisca (25/7/1756), Candido Antonio e Josefa Vicentea Leocadia (9/12/1758) e Mª Manuela Antonia (2/6/1761).

Faleceu Domingo Andrés en Santa Cristina de Vea o 28 de xaneiro de 1764 e Bernarda Antonia, o 16 de xaneiro de 1788. No momento do óbito da súa segunda esposa só vivían os seus fillos Ignacio, Teresa e Rosa.

Mantivo un preito[756], que comeza no ano de 1782 e remata co Real Despacho da Sala de Fillosdalgo do ano de 1793. Declara ser nobre pois, segundo unha testemuña, compartía "*las distinguidas circunstancias que gozaron y gozan sus hijos y descendientes por serlo de las casas solares e torres de Goianes, Nebra, Asados y otras, guardándoles el privilegio y excepciones de hidalgos notorios que por lo mismo se conservan en la casa, en que murió el dho Pedro Arias Mariño en esta feligresía y puerto y habita su hijo Pedro Pío Presbítero, el **escudo de armas gravado** en su frontis*". Outra testemuña di: "*provienen por los Mariño casa de Goianes, la de Nebra por los Caamaños y Vecerras, y que la de los Benavides proviene y está en la provincia de Asturias, la de Vermudez en el coto de Jeve*". Unha das testemuñas que presentou foi o conde de Priegue, José Ozores Silva Sequeiros, señor das casas e torres de Silva e Santomé, cabaleiro rexedor de Santiago, coronel do 1º Rexemento de Milicias da cidade de Santiago e a súa provincia.

Saíu favorablemente e por iso, a instancias do xuíz da xurisdición de Vea Tiburcio Vázquez Sotelo, o 10 de novembro de 1793 o concello e veciños de Sta. Cristina de Vea recoñeceron oficialmente como nobre a Gregorio Arias Mariño, polo que nos anos 1794 e 1795 aparece xa como fidalgo nos padróns desta xurisdición.

Gregorio e Josefa, que faleceu en Santa Cristina de Vea o 16 de febreiro de 1796, tiveron por fillos:

1.- *María Josefa Arias Mariño Cobas*, que naceu no lugar de Casa Nova en Santa Cristina de Vea, o 19 de marzo de 1768 e foi bautizada por perigo de morte polo seu tío Tomás Antonio de Cobas e ao día seguinte na parroquia, tendo por padriños ao escribán Francisco de Ansede e a Mª Inés de Cobas, a súa muller e tía carnal da bautizada, veciños de Santa Eulalia de Vedra. Faleceu o 6 de novembro de 1769.

756 AHN Sala de Fillosdalgo, Caixa 1006,5

2.- *María da Concepción Cecilia*, que naceu no lugar das Gándaras[757] en Santa Cristina de Vea o 22 de novembro de 1771, tendo por padriños a Pedro Torres e María Patiño, veciños do lugar de Trascesto desta freguesía. Finou tres días despois.

3.- *Juan Manuel*, que naceu no lugar das Gándaras o 9 de decembro de 1772. Foi incluído no sorteo de soldado miliciano no ano de 1791, polo que o seu pai aportou a documentación necesaria para excluílo de dito sorteo. Polo ano de 1793 atopábase ausente na cidade de Cádiz e o 10 de novembro do mesmo ano o seu pai aportou documentos que falan de excepcións e privilexios que como tal corresponden por ser el e o seus fillos fillosdalgo notorios.

4.- **Francisco Antonio**, (*que segue*).

5.- *Gregorio Antonio*, que herda do seu irmán a casa dos Mariño na Estrada. *(que segue)*.

6.- *Rosalía María del Carmen Mariño*, que naceu no lugar das Gándaras o 1 de decembro de 1779 tendo por padriños a Rafael Leis Somoza, veciño de Pontevedra, e a Rosalía Tallón veciña de Santa Cristina. Contraeu matrimonio con *Manuel González Rosende*, fillo de Juan e de María, veciños de Santa Eulalia de Vedra, en xaneiro de 1805.

Tiveron aos seus fillos no lugar de Ribadevea na freguesía de Santa Cristina de Vea, chamados Francisca Dominga (2/5/1806), Sebastián (1810–1815), Gregorio Juan (1812-1816), María (1815-1816), Manuel Domingo (1816-17), Juan Braulio (16/4/1818) e María Francisca das Dolores no lugar das Gándaras (18 /10/1783). Esta en 1816 con 33 anos estaba solteira e era veciña de San Paio de Figueroa.

Francisco Antonio Mariño Cobas, naceu no lugar das Gándaras o 22 de febreiro de 1775, sendo bautizado o mesmo día. Foi apadriñado por Francisco Buela, veciño do lugar de San Xurxo de Vea e por Juana de Castro, desta freguesía.

En 1803 vivía en Santiago e en 1816 e desde uns anos antes actuaba como mordomo da *casa grande dos Bermúdez de Castro*[758]. A dona de dita casa dona Mª Jacoba Páramo, viúva de Francisco Bermúdez de Castro e como titora do fillo Francisco, o 10 de abril de 1818 propuxo en segundo lugar a Francisco Mariño "*clérigo tonsurado y residente en la casa y parroquia de Figueroa*" como capelán de Santiago de Saa de Páramo (Sarria) e dos seus anexos. Ordenouse de grado e epístola en 1826 desempeñando o cargo de capelán en Callobre, logo foi ordenado presbítero en 1827 continuando como reitor da parroquia de San Martiño de Callobre ao mesmo tempo que seguía como mordomo e administrador dos bens da *casa grande dos Bermúdez de Castro* ata o momento do seu óbito, feito acaecido en San Martiño de Callobre o 8 de marzo de 1828. Como administrador dos Sangro foi quen arrendou o 3 de outubro de 1822 a Bernardino Gómez de Castro, dono do pazo de Xerlís, as rendas da casa de Figueroa por 5.900 reais anuais ante Mariano Paseiro.

Foi el quen mando construír esta casa, que se chamou a ***casa dos Mariño*** polo seu apelido e dos seus sucesores.

Outorgou testamento ante don Bonifacio Antonio Paseiro o 7 de marzo de 1828: "*dejo a mi hermano **Don Gregorio** el usofruto de la casa que tengo en el lugar de La Estrada con su circundado y todas sus oficinas y agregados que sirve de bodega y para siempre jamás también le mando y legato a las dos hijas del sobre dicho y mis sobrinas Dª Francisca y Dº Josefa las que le hayan lleven después de la muerte de su padre por iguales partes*". Nomeou testamenteiros a María Jacoba Páramo e Sangro e a Manuel Gómez de Castro (do *pazo de Xerlís*), cura de Santa María de Olives.

757 Nos séculos XVIII e XIX aparece normalmente como *As Gándaras*, logo como A Gándara.

758 Os mordomos adoitaban ser cregos, pois o seu cargo de cura supuña máis autoridade á hora de cobrar para o pazo ou casa soarega.

Catro días despois da súa morte fíxose inventario dos bens que deixaba na súa casa, no que destacamos "*un relox de campanilla con su caja,... dos escopetas viejas, ...un brasero de cobre con su caja de madera...una baca y un buey que balerán seiscientos reales y en el aira en un horrio de baras como unos doscientos y cinquenta ferrados de maíz en espiga de los que reclama el Dn. Gregorio treinta y dos cestas*". Sinálanse tamén diversos bufetes, arcas, cadeiras, pipas de viño e garrafóns na adega, roupas e utensilios de labranza. Entre os papeis e libros que deixaba, destacan os recibos e libros de contas da mordomía da casa de Figueroa, xa que levaba as rendas "*nos partidos de Figueroa, Pontevedra e Balle del Miñor*", así como diversos títulos de tipo relixioso como *Luz de la fe y de la Ley*, *David perseguido*, *Catecismo del Santo Concilio de Trento*, *Catecismo Ponget*, *Práctica de visitar los enfermos,* un breviario, etc. Tamén se menciona que tiña un billar e mobles nun café en Pontevedra, así como algunhas roupas nunha posada de Santiago.

Mª Jacoba Páramo deulle poder a don José Vivero, cura de Sumio, para levar a cabo o labor de testamenteiro. Porén as cousas non se fixeron nada ben. Non se fixo inventario ante unha autoridade competente dos bens que deixaba, non tomou parte o outro testamenteiro, non se levou conta do que se vendeu, apareceron varias persoas reclamando débedas aínda que sen suficiente xustificación, entre elas a dita Mª Jacoba –debedora e pagadora ao mesmo tempo-, e entón para pagar estas débedas vendeuse a casa da Estrada o 23 de decembro de 1828 por valor de 8.948 reais. Pero o 5 de xaneiro seguinte reverteu de novo a casa en José del Villar Riosoto, o segundo marido de Mª Jacoba, e este logo vendeulla a Francisco Ferrín. Gregorio que tiña dereito de usufruto da casa demandou xudicialmente esta actuación e a venda da casa foi declarada nula despois de varios anos.

Gregorio Antonio Mariño Cobas, o irmán de Francisco Antonio, naceu no lugar das Gándaras (Santa Cristina de Vea) o 5 de xuño de 1777, sendo bautizado o mesmo día.

Gregorio tivo un fillo fóra do matrimonio cunha veciña de Ouzande cuxa certificación de bautismo di: "*En treinta y uno de octubre año de mil ochocientos y doce nació y bautice a un niño hijo natural de Buenaventura Riveira hija de Benito Riveira y Juana Blanco y pusele por nombre José y fueron sus padrinos José Sanmartín y Antonia Blanco. Aunque la madre no nombra al padre según voz pública se tiene por padre de dicho niño D. Gregorio Mariño. Por lo que pueda importar así lo anoto y firmo como cura de esta parroquia de San Lorenzo de Ouzande".*

Casou na parroquia de Santa Susana en Santiago o 3 de decembro de 1800 con **Juliana de Ponte Rodríguez**, filla de Juan e de Teresa, labradores e veciños de Santa Cristina de Vea, pero ela natural da parroquia de Santa Susana.

Viviron un tempo na rúa do Inferniño en Santiago. Era tal a penuria de Gregorio que desde o ano 1838 en diante ten por oficio o de carpinteiro e vivían na Estrada. Faleceu Juliana o 24 de decembro de 1841 e Gregorio o 22 de abril de 1853 sen facer testamento, ambos enterrados no cemiterio de San Paio de Figueroa.

Deste matrimonio quedaron por fillos:

1.- *Francisco Nicolás Mariño de Ponte*, segundo a partida bautismal da parroquia de Santa Susana:

"En seis de diciembre de mil ochocientos y tres; yo D. Francisco García teniente cura de San Fructuoso de la ciudad de Santiago por don Antonio María Souto González [...] bapticé solemnemente en ésta a un niño que nació en el día antecedente a quien puse nombre Francisco Nicolás, hixo de lexítimo matrimo-

nio de don Gregorio Arias Mariño, natural de Santa Christina de Vea, y de Juliana de Ponte vecinos del Inferniño Parroquia de Santa Susana. Nieto por parte paterna de don Gregorio Arias Mariño, natural de la villa de Pontevedra, y dª Josefa de Cobas natural de dicha parroquia de Santa Christina de Vea, y por la materna de Juan de Ponte y Teresa Rodríguez de Santa María de Lestedo. Fue su padrino don Francisco Arias Mariño, vecino de san Miguel dos Agros [...]".

Veciño de Callobre até que finou o seu tío cura, pretendeu a capelanía de San Francisco de Asís en Santo Amedio de Mañente, na diocese de Lugo.

Casou con *Francisca Riveira Baños*, filla de Francisco e de Rosa, veciños de Figueroa de Abaixo, e exercía de alguacil no xulgado.

En 1846 Francisca fixo unha demanda de tercería contra o seu marido. Dicía que en 1837 recibira de herdanza de seus pais 5.939,17 reais, así como outras cantidades de seu primo Francisco Ribera Verde e da súa avoa materna e outras partidas que sumaban 8.482,17 reais. Polo que para evitar que o seu marido a deixase na ruína pide a acción de tercería, que se lle reintegre os seus bens dotais e se secuestre os bens do seu marido.

O pasamento de Francisco acaeceu o 4 de agosto de 1848, tendo feito testamento ante Benito Paseiro, e a súa muller morreu o 16 de xullo de 1886. Cando morre Francisca deixaba os seguintes fillos nacidos na parroquia de San Paio de Figueroa: *Concepción, Isabel* e *Miguel*, pois *José, David* e *Rosa* tamén xa finaran.

a) *María Concepción Estrella*, naceu e foi bautizada o 3 de agosto de 1834. Estando solteira tivo un fillo natural chamado José David Porto de don Juan Porto Rodríguez, que estaba casado con dona María Ortello, traballando María Concepción como moza de servizo na súa casa. Unha vez viúvo don Juan casou con ela e tiveron por fillos, ademais de José David, a Laura, Rosa, Jesús, Enrique, Tomás e Juan. O pasamento de Juan Porto Rodríguez dátase o día 22 de xaneiro do ano de 1874, sendo enterrado no cemiterio de Ouzande.

b) *Isabel Mariño*, que foi bautizada o 24 de xuño de 1836 ao día seguinte de nacer, sendo os seus padriños Francisco Rodríguez e Isabel Puente, veciños de San Xiao de Guimarei. Casou con *Ramón Constela Carbón*, que era carpinteiro. Outorgou testamento ante Miguel Losada e morreu viúva o 14 de setembro de 1909 na rúa da Praza na Estrada, deixando tres fillos: Eduardo, Aurora e Pastor.

c) *José María Mariño*, naceu e bautizouse o 15 de setembro de 1838.

d) *María Rosa Mariño*. Foi o 16 de xaneiro de 1841 cando naceu e se bautizou, tendo por padriños a seus avós maternos.

e) *Miguel*, naceu o día 21 de marzo de 1843 e foi bautizado ao día seguinte. Foi para ultramar traballando de conserxe da deputación Provincial da Habana. No ano de 1878, ten un preito co seu cuñado Ramón Constenla Carbón, que lle prestara 3.000 reais de vellón cando regresou da Habana. Faleceu solteiro e sen outorgar testamento na Estrada, rúa Peregrina, o 7 de agosto de 1895. Fixéronselle os funerais que pagou a súa tía Josefa Mariño e foi enterrado no cemiterio parroquial.

f) *David*, naceu e foi bautizado o 3 de xuño de 1847 tendo por padriños a José Couceiro e María Baños, a súa muller, veciños de San Paio de Figueroa. Morreu de neno.

2.- *Francisca Mariño Ponte*, nacida no lugar das Gándaras o 11 de outubro de 1808, foi bautizada o mesmo día, sendo os seus padriños Francisco de Cobas, desta freguesía, e dona Francisca Mariño, a súa tía e veciña de San Paio de Figueroa, pero natural de Santa Cristina de Vea.

Casou con *José Durán*, fillo de Andrés Durán Ferradáns e de Josefa Souto. Vivían na parroquia de Figueroa, onde eran labradores, aínda que tamén tiñan algunha propiedade en Matalobos. Faleceu viúva e pobre (non levou ningún hábito) o 9 de xullo de 1836.

Deixou un fillo chamado *Luís Durán Mariño,* que naceu o 25 de febreiro de 1830 e foi bautizado ao día seguinte, tendo por padriño a seu tío Francisco Mariño e a Luisa Pernas. Casou con *Antonia Trigo* e vivían na rúa Consolación. Luís outorgou testamento ante José Losada, morrendo poucos días despois, o 14 de setembro de 1907, na rúa de Bedelle da Estrada. Luís Durán e Antonia Trigo tiveron dous fillos:

a) *Ramón Durán*, casado con *Juana García Baloira*. Tivo dez fillos, Juan, Alfonsina, Consuelo, Carmen, Josefa, Ramón, Antonio, José, Cándido e Manuel Durán García. Finou Ramón o día 22 de marzo de 1906.

b) *María Durán*, casada con *Manuel Trigo Tato*, foron pais de tres fillos: Jesusa, Severino e Dolores Trigo Durán. María finou o 19 de xullo de 1895 na rúa Consolación, enterrada ao día seguinte no cemiterio parroquial de San Lourenzo de Ouzande.

3.- *María Antonia Mariño Ponte*, naceu no lugar da Gándara o 21 de maio de 1811. Foron os seus padriños Domingos Antonio Pinto, da freguesía de San Pedro de Toedo, e Francisca Mariño, a súa tía e veciña da freguesía de San Paio de Figueroa.

4.- **Josefa Mariño Ponte**, (*que segue*)

5.- *Felipe Mariño Ponte*, que naceu e foi bautizado o 6 de decembro de 1816, tendo por padriños a Felipe Trigo de Ouzande e a súa tía paterna Josefa Mariño.

Josefa Mariño Ponte, naceu e foi bautizada o día 23 de abril de 1814 na freguesía de San Paio de Figueroa.


Casou con **José da Riva**, natural de Ouzande, que traballaba como carpinteiro polo que foi declarado pobre para cuestións xudiciais. Josefa, viúva e sen descendencia, finou o 17 de novembro de 1897 aos 83 anos na casa da rúa Peregrina da Estrada.

Dado que Josefa ocupaba só unha vivenda desta casa, a outra tíñaa con inquilinos polo que en 1851 lle pasaron un recibo de contribución por esta razón. Xunto con outros veciños acudiu á Xustiza que determinou que non era procedente por ser A Estrada unha aldea e polo tanto un pobo rural.

Non se levaba moi ben co seu sobriño Luís Durán a quen acusou de levarlle un caldeiro de cobre en 1854.

Trala morte de Gregorio, o seu xenro José da Riba en nome da súa muller Josefa Mariño denunciou en 1857 a Francisco Ferrín que se metera na casa apoiado en certos contratos co señor da *casa grande dos Bermudez de Castro* e non quería pagar o aluguer. O 10 de xullo saíu a favor dos demandantes, e aínda que se puxo recurso de alzada foi ratificada a sentenza o 13 de xullo do ano seguinte. Sen embargo, José del Villar Riosoto non se deu por vencido e en nome dos fillos da súa muller, puxo preito contra Josefa Mariño e o seu sobriño Luís Durán, como herdeiros de Francisco Mariño, polas débedas que este tiña contraídas e que don José eleva a 14.890 reais. Nesta demanda ponse de manifesto as propiedades que posuía Francisco Antonio Mariño, manifestando os familiares que era moi rico, mentres que os seus demandantes afirmaban que era pobre. A sentenza, que sae o 8 de xullo de 1861, é favorable a Josefa Mariño e o seu sobriño Luís Durán. Non quedan dúbidas no preito, de que moitas facturas aportadas polas partes demandantes eran falsas, isto verificado por dous peritos calígrafos.

O 26 de febreiro de 1895 fixo dúas escrituras ante o notario da Estrada Miguel Losada Losada. Unha recoñecendo unha débeda de 5.240 pts. por préstamo con José María Puente Núñez e cun 6% de interese. E outra na que Josefa fai un convenio con dito José María pola que ela lle entrega a propiedade da súa casa, que ten baixo e dous pisos, coa horta anexa de 6,34 áreas na rúa Peregrina, así como a veiga de Fonte de Mora de 4,37 áreas a cambio dunha renda vitalicia de 2,50 pesetas diarias, poder habitar a segunda planta da casa gratuitamente e de que el se fixera cargo dos gastos de enterramento e funerais incluíndo un trintenario de misas gregorianas pola súa alma.



Sinatura de Josefa Mariño e José María Puente.

O 30 de novembro de 1895 outorgou testamento na Estrada ante o notario Francisco Javier Silva Castroverde, declarando herdeiro a dito José María Puente coa obriga de costear os funerais e demais sufraxios que deixou sinalados. Tamén manda se lle dea aos herdeiros do seu sobriño Miguel Mariño Ribeira una cartos que este lle mandara desde A Habana.

José María Puente Núñez, natural de Vinseiro, era fillo de Vicente Puente Martínez e de Josefa Núñez Sanjiao. De solteiro estivo en Cuba onde deixou uns intereses a uns amigos aos que lle dá poder o 11 de setembro de 1873 ante Francisco Javier Silva para que teñan representación legal.

Contraeu esponsais con **Carmen Picáns Brea**, natural da mesma parroquia, filla de Enrique Picáns Rodríguez e de Juana Brea Caramés. José María era irmán de *Juana* casada con *Andrés Gómez González*, pais de oito fillos, e de *Carmen* casada con *José Sanmartín Porto*, comerciante e natural de Tabeirós, pais de seis fillos, que vivían na rúa Riestra, nº 14.

Domiciliado na rúa Riestra, nº 20 na Estrada, faleceu don José María aos 80 anos de idade o 1 de xuño de 1922. Foron pais de *José, Carmen, Enrique*, ***Concepción*** (que segue), *Francisco* e *Vicente*.

Concepción Puente Picáns naceu na rúa Ulla da Estrada o 1 de agosto de 1893. De profesión mestra nacional, contrae matrimonio na igrexa parroquial de Santa Cristina de Vinseiro o 9 de febreiro de 1918 con **Francisco Rey Durán**, natural de Cereixo, nacido o 29 de xaneiro 1884, fillo de Francisco Rey Vinseiro, natural de Rubín e que morrera o ano anterior, e de Manuela Durán, natural de Cereixo.

Vivían na rúa Fiestra, nº 20 onde naceron os seus fillos. Faleceu Concepción na rúa Porto Verdura nº 20-2º da Estrada o 21 de agosto de 1934 e o seu esposo o 8 de febreiro de 1961. Tiveron por fillos nacidos na Estrada a:

1.- *Raúl Francisco Vicente Manuel*, naceu o 10 de decembro de 1921, falece na mesma vila o 14 de novembro de 1963.

2.- *María Esther* naceu o 18 de marzo de 1924 e faleceu na mesma localidade o 28 de novembro de 1943.

3.- *José María Enrique*, naceu o 21 de maio de 1925.

4.- *Amelia Manuela Concepción*, naceu o 29 de outubro de 1926, finou en Vigo o 14 de setembro de 2006.

5.- **Celia Juana** (*que segue*).

6.- *Antonio José Francisco*, naceu o 19 de marzo de 1932, contrae matrimonio en San Pablo (Brasil) o 25 de xuño de 1960 con Alice Pereira de Barros.

7.- *María Jesús*.

Celia Juana Rey Puente, naceu na Estrada o 25 de novembro de 1929. Contraeu esponsais en San Pablo (Brasil) o 20 de outubro de 1962 con **Manuel Aparicio Martín Romo**.

Foi Celia que ten entregado o escudo da casa dos Mariño o 2 de maio de 2011 ao concello da Estrada.

CASA DE MONDRAGÓN EN VILASUSÁN. REMESAR

Aínda que a casa dos Mondragón que tiñan en Vilasusán non se conserva, preséntase a xenealoxía desta familia, dado que está ligada a outras casas importantes tanto da bisbarra da Estrada como doutras zonas de Galicia.

Os **Mondragón** aparecen en Galicia a finais do século XV. O máis famoso é *Juan Ibáñez de Mondragón*, natural de Mondragón (Arrasate, en vasco), que veu para Galicia sobre os 11 anos[759]. Foi mestrescola da catedral de Tui e a partir de 1520 cóengo cardeal da catedral de Santiago.

Entre entre 1521 e 1525 mandou facer na catedral de Santiago **a capela de Nª Sra. da Piedade**[760]. A capela foi dotada coa *casa, horta e viñas de Ortigueira* en Ribadulla[761], e terras, entre outras, na maioría das parroquias de Tabeirós, Montes, Salnés e Morrazo.



Capela dos Mondragón. Catedral de Santiago

Os patróns da capela de Nª Sra. da Piedade foron sempre da súa familia e a finais de século XVI o patrón era *Martín Mondragón Eremuzqueta*. En 1587 para levar tanto en Santiago como na Coruña os temas xurídicos que pertencían á capela tiña a seu servizo a seu sobriño **Andrés de Mondragón Zubieta**, con quen se inicia a ***casa de Vilasusán***.

Andrés de Mondragón Zubieta fillo de Pedro de Zubieta e de Águeda de Echevarría, naceu no domicilio paterno na casa de Zubieta en Santa Águeda de Guesalibar (Mondragón/Arrasate).

Estando en Santiago ao servizo de seu tío Martín Mondragón, patrón da capela de Nª Sra, da Piedade, casou[762] en 1587 coa súa curmá **María Esteban de Cela**, natural tamén de Mondragón,

759 Datos que el nos da como testemuña na arbritaxe que houbo entre os arcebispos Tabera e Fonseca III.
760 DE LA PEÑA VIDAL, C. *Capela da Nosa Señora da piedade, fundación dos Mondragón, unha familia de prebendados*. Rev. Nalgures, X. Asociación Estudios Históricos de Galicia, 2014.
761 Onde está o pazo dos marqueses de Santa Cruz de Ribadulla.
762 AHUS. Protocolos de Gregorio Vázquez Giráldez, 1587, páx. 34 ss.

que veu de alí cos seus tíos Martín de Mondragón e a súa primeira muller, Marina de Zarauz[763], polo que vivía na súa casa en Santiago, cando Andrés obtivo dispensa papal para casar con ela.

Andrés era moi apreciado polo seu tío Martín, polo que no seu testamento do 15 de outubro de 1596 deixou a Andrés como titor do seu fillo **Antonio** que tiña 24 anos e polo tanto menor. Pero dito Antonio morreu o 19 de maio de 1603 e pouco despois a viúva denunciou a Andrés Mondragón, que xa vivía en Vilasusán, dicindo que tiña que dar as contas da titoría. A Andrés metérono na cadea en Santiago, se ben el dicía que non aceptara dita curaduría.

Andrés e María Esteban viviron en Vilasusán onde tiñan máis de 20 vacas, 80 ovellas e cabras, etc. Foron pais de:

1.- *Juan Mondragón Zubieta*, arcipreste de Montes e cura de San Martiño de Figueroa.
2.- **Andrés Mondragón Zubieta**. (*que segue*)

Andrés Mondragón Zubieta, nacido en Vilasusán, casou con **Juana Bermúdez de la Maza e Aldao**, veciña de Sanxenxo, que recibiu de dote 1100 ducados en cartos e en rendas. Juana era filla de *Alonso de la Maza*, escribán da Lanzada, e de *Sancha Bermúdez de Lobera*, da casa de Gondar. E neta por parte paterna de *Juan de la Maza*, rexedor de Pontevedra, e de *Jerónima Carión*, e neta por parte materna de *Juan Bermúdez de Aldao*, fillo de Luís Bermúdez señor da casa de Gondar, Aldao e cotos de Berducido e Xeve, e de *Francisca Pereira de Castro*, natural de Ponte Lima en Portugal.

Juana era irmá de *Francisca*, *Lucas*[764], *Francisco* (presbítero), *Gregorio* (veciño de San Xoán de Dorrón) e *Antonio*, escribán en Sanxenxo.

En 1628 Juana pediu a seus irmáns que se fixeran as partillas dos bens que deixaran seus pais, aínda que segundo eles ao aceptar o dote apartárase da herdanza dos pais segundo escritura ante Juan de Saa.

E en 1649 Juana trala morte do seu irmán Lucas e como cesionaria dos seus irmáns Francisco e Francisca pediu tres partes de cinco herdeiros. (Tiña dous sobriños chamados Clemente e Juan Antonio Bermúdez de la Maza, que casou con María Prado).

Juana fixo testamento ante o escribán de Tabeirós Juan Gómez del Villar, veciño de Somoza, na súa casa de Vilasusán o 16 de xullo de 1675. Nel pedía ser enterrada na sepultura dotada que tiñan na igrexa de Remesar. Deixou cartos tanto para a igrexa de Remesar como da Dorrón. Dicía que os seus fillos María, Jerónima, Luisa, Antonia e Benita *están xa acomodadas e a todas se lles pagou o dote*, excepto a Benita que se lle debían 500 ducados. Encargaba a seus fillos Andrés, Rafael e Benito que lle desen estado e acomodasen a Juan Francisco e a Francisca, e deixaba liberdade a seu marido para que lle deixase a mellora en quen quixese.

Morreu ela o 21 de xullo de 1675, polo que o día 31 de dito mes e ano acudiron ao mesmo escribán Andrés e os seus fillos Rafael e Andrés para nomear sucesor e mellorar a Juan Antonio. E ao día seguinte e ante o mesmo escribán os irmáns Andrés, Rafael, Benito e María engadiron ao vínculo as súas lexítimas. Andrés morreu o 22 de febreiro de 1681 e foi enterrado tamén en Remesar.

Andrés Mondragón e Juana Bermúdez foron pais de:

763 Andrés casou logo na parroquia de Salomé o 28 de agosto de 1588 con *Beatriz Caamaño*, filla do licenciado Antonio Vázquez Camaño, e foron pais de *Marina de Caamaño Mondragón*.

764 En 1629 era subdiácono e estudante na universidade de Santiago. Morreu en 1647, ab intestato e sen descendencia, deixando casas en Sanxenxo e outros bens, dos que se apoderaron os seus irmáns Antonio e Gregorio.

1.- *Andrés Mondragón Bermúdez*, clérigo presbítero. En 1675 como tiña poucos ingresos o seu pai deixoulle o usufruto das rendas que tiña Juana en Dorrón.

2.- *María Mondragón Bermúdez*. Casou con Bartolomé de Castro Sancibrián, veciño de San Pedro de Donas. Foron pais de:

a) *Bernarda*. O 9 de xuño de 1679 seus pais fixeron en San Breixo de Lamas a escritura de dote ante Andrés de Nodar para casar a Bernarda con Juan Rodríguez de Leira e Vaamonde, escribán e dono da *casa dos Muros* en Parada por un valor de 3000 ducados ademais do axuar. Debeu morrer ela pronto, porque uns oito anos máis tarde Juan uniuse en matrimonio con María Prado Gayoso, natural de Sobradelo (Vilagarcía).

b) *Baltasar*, bautizado en Remesar o 25 de xaneiro de 1666, tendo por padriño a Benito Mondragón, asistente da parroquia de Remesar. Ordeado de tonsura en 1690.

3.- *Rafael Mondragón Bermúdez*. Naceu o o 23 de xaneiro de 1633 e foi bautizado o 6 de febrero, tendo por padriños ao licenciado Bernardo de Cortes e á señora Magdalena Vázquez, vecinos de San Breixo de Lamas. En 1658 e ante o escribán M. Núñez Espantoso como seu pai tiña bens en Godos, Alba, Tenorio, Lantaño, Arealonga, Arosa e outras partes por compra ou por herdanza de Andrés de la Maza, fixo doazón e vínculo dos bens de Godos a Rafael, que entón estaba como estudante en Salamanca, para axuda do estudos. Recibiu ordes maiores en 1659 a título do beneficio curado de Beluso, onde logo exerceu. Morreu en 1677.

4.- **Luísa Mondragón**. Casou con ***Antonio Regueira Freixomil***.

5.- **Jerónima Mondragón**. Casou con ***Gregorio Regueira Freixomil***. (*Cfr. Luisa e Jerónima Mondragón en Casa de Vilanova de Remesar.*)

6.- *Antonia Mondragón*. Casou o 9 de xuño de 1658 en Remesar con *Domingo Romero de Figueroa*, viúvo de Inés Valenzuela, fillo do capitán Juan G. de Luaces e de Catalina Romero de Figueroa, veciños de San Mamede de Alborés. Antonia de viúva ingresou no convento de Santa Clara en Santiago, dándolle seu irmán Juan Antonio 200 reais anuais vitalicios. Faleceu en Agar. Foron pais de:

a.- *Juan Andrés Romero de Mondragón*, que antes de ir servir ao Rei deixou a súa lexítima incorporada á do seu pai por se non volvía, como en efecto sucedeu, pois morreu en Sevilla en 1709.

b.- Unha, que faleceu seglar no convento de Santa Clara.

7.- *Benito Mondragón*. Foi bautizado polo seu tío Juan de Mondragón o 20 de xuño de 1640. Recibiu as ordes sagradas entre 1659 e 1665 a título da capelanía de San Xoán Bautista de Barbude. Foi cura vicerreitor en Remesar e logo reitor de San Martiño de Figueroa (Cerdedo) e finalmente estivo de reitor en Beluso desde 1681 ata a súa morte, que tivo lugar en Godos o 18 de novembro de 1706. Fixera testamento ante Pedro Álvarez e codicilo ante Baltasar de Silva, escribán de san Xiao de Romai.

Recibiu do seu tío Juan Mondragón a metade das casas e lugar de Vilasusán, que eran de foro da capela de Nª Sra. da Piedade.

Tivo un fillo en Remesar de Marina do Porto, bautizado o 23 de setembro de 1671 co nome de Gregorio, pois foi padriño da criatura Gregorio Rigueira, cuñado de Benito. Pero tivo máis fillos en Beluso, como Antonio Mondragón, fillo de Marina de Lago, que casou en Godos o 10 de xaneiro de 1724 con María Alfonsín. Antonio e María tiveron descendencia e moitos dos Mondragón actuais que viven en Godos descenden deles.

8.- **Juan Antonio Mondragón Bermúdez** (*que segue*)

9.- *Benita Antonia Mondragón*, que cun dote de 1500 ducados casou con *Antonio Romero Figueroa*, veciño de Sarandón, fillo de Domingo Romero Figueroa e de Inés Valenzuela (que era sobriña de Gil Valenzuela, cura de Santo André e San Xiao de Vea).

O 24 de xaneiro de 1706 Benita fundou a capelanía de San Ildefonso no colateral do lado da Epístola da parroquial de Agar e a dotou co lugar de Sorribas, segundo copia de escritura conservada nos fondos parroquiais:

> *"por quanto siempre ha tenido, y tiene intención y decisión de fundar una Capilla de advocacion del Glorioso San Ildefonso, que sea titular, y colativa de Patronato de legos, para que a título de ella se puedan ordenar clérigos siendo ya de menores órdenes, y puedan ascender a las maiores, y digan las misas que avajo irán declaradas, por su ánima, y mas a quien tuviere obligación..."*.

Antonio outorgou testamento[765] o 27 de outubro de 1671, onde pide ser enterrado na igrexa de san Miguel de Sarandón, deixando os bens a seus dous fillos a partes iguais e como usufrutuaria á súa muller. Tiveron a:

a) *Alonso Romero de Figueroa*, que casou en Iria Flavia o 21 de agosto de 1695 con *Florentina Bermúdez de Castro*[766], filla de Jacinto Bermúdez de Castro e de Mariana Perrúa Vaamonde.

No 1792, una neta de Alonso Romero, dona Magdalena Lousada Romero (viúva do tenente coronel don Froilán Ribadeneira) pediu ao Fiscal Xeral Eclesiástico a nulidade das misas alegando que *"dª Benita Mondragón [...] en el año pasado de mil seiscientos noventa y cinco, hizo mexora de tercio y quinto de todos sus vienes, á favor de su hixo don Alonso Romero, abuelo de mi parte [...]: Posterior a ello [...] discurrió fundar una Capellanía en la Yglesia Parroquial […] cuio echo da motivo al cura actual para que a pretesto de aquella disposición de la dª Benita, nula é ineficaz, quiera hacer cumplir a mi parte con mandar decir las misas, y convertir lo gracioso en obligación"*.

b) *Gabriel Romero de Figueroa*, bautizado en Santa María de Agar o 24 de novembro de 1674. O 10 de outubro de 1697, xa colexial e Bacharel en Cánones, presentouse para efectuar o mesmo grao de Leis. Foi doutor en cánones e en 1714 era cóengo da Igrexa Colexiata de Iria. Eran sobriños seus Álvaro e Domingo Romero, o primeiro cóengo en Santiago e o segundo en Padrón.

Logo Benita, viúva, foi de novo dotada o 2 de maio de 1674 ante o escribán Andrés de Nodar para casar con *Antonio Vázquez de Castro*, veciño de Trasariz en Ribadavia. Do seu segundo matrimonio tivo a Ánxela Vázquez de Castro, que casou en 1702 con José Taboada Mosquera.

Ao ano seguinte de casar, Antonio en nome da súa muller Benita disputou contra seus fillastros pola herdanza paterna, pois dicía que a Benita se correspondía por testamento a 1/5 parte do usufruto e a ¼ parte dos bens libres[767].

O corpo de dona Benita de Mondragón, veciña do lugar de Gonxar (Agar), foi sepultado o 8 de abril de 1722 con asistencia de 40 sacerdotes nunha das máis sobranceiras mostras de manierismo barroco que se viran na parroquia.

Juan Antonio Mondragón Bermúdez, bautizado o 12 de xuño de 1630 e que foi dotado o 29 de marzo de 1678 ante o escribán Andrés de Nodar para casar con ***Beatriz Gil Taboada de Camba***

765 AHUS Protocolos de Fco. Núñez Monteagudo
766 Cfr. *Casa dos Araújo*, páx. 212.
767 AHUS. Protocolos Fco. Núñez.

Ribadeneira[768], bautizada o 16 de xaneiro de 1661[769], filla de Antonio Gil Taboada e Antonia Camba Ribadeneira, veciños de San Estevo de Barcia, e neta por parte paterna do escribán de Cristimil don Gregorio Gil Varela e de Margarita Taboada, natural de San Estevo de Barcia, e por parte materna do bacharel Pedro Camba Ribadeneira e de Antonia González. O dote consistía en rendas de viño por valor de 800 ducados, rendas de centeo e unha cantidade de cartos.

Juan e Beatriz foron tíos do bispo de Lugo e Santiago don Caetano Gil Taboada, e curmáns do bispo de Osma e de Sevilla don Filipe Antonio Gil Taboada.

Juan Antonio recibiu as agregacións ao vínculo que fixeron os seus irmáns Benito, Andrés e Rafael tanto das súas lexítimas como dalgunha cousa máis, con cargo de facer unha capela no Bacelo (Sta. Mª de Godos) na que se dixesen misas por eles. No testamento Juan Antonio confesa que fixo a capela pero que non lle deu tempo de facer o retablo e ornato, polo que pide que se faga.

Outorgou testamento ante o escribán Andrés de Nodar o 10 de novembro de 1683, do que se pediu copia o 26 de maio do ano seguinte, trala morte de Juan Antonio, no que deixa a mellora a seu fillo Leonel en xeito de agregación ao vínculo e morgado feito polos seus pais e irmáns. No testamento pide ser enterrado xunto a seu pai na igrexa parroquial. Tamén di que ten unha obriga (un fillo ilexítimo) ao que lle deixa 50 ducados para axuda dun oficio. E pide a seu cuñado Leonel Gil, cura de Ribela[770], que mire que os fillos tomen estado conforme á súa calidade. Foron os pais de:

1.- **Leonel Mondragón** (*que segue*)
2.- *Clara Rosa Mondragón*, bautizada en Remesar o 29 de marzo de 1680, tivo por madriña á súa tía Benita Antonia Mondragón. No testamento de seu pai, este di que Leonel halle dar 3000 ducados de dote se renuncia á lexitima, e se non, 2000 ducados.

Leonel Mondragón, bautizado o 17 de febreiro de 1679 tendo por padriño a seus tíos don Leonel Gil Taboada, cura de Ribela, e a Jerónima Mondragón.

Casou en Arcos o 7 de abril de 1679 con Mª con **María Varela Mariño de Lobera**, bautizada en Caldas o 3 de abril de 1675, natural de Arcos da Condesa e filla de Benito Varela do Salnés[771], señor da *casa de Piñeiro de Casalnovo*, e de María Buceta Camaño e Castro da casa de Somonte e Curuxal en Caldas de Reis (filla de Francisco Buceta de Caamaño e de Francisca López). Vivían na casa de Vilasusán.

María finou o 29 de agosto de 1718, despois de facer un testamento ante testemuñas. Leonel outorgou testamento o 26 de maio de 1741 ante José Vázquez Fraguío escribán de Santiago, deixando o lugar de Vilasusán onde vivía coa porción de renda que tiña en Deza con todo o referente por razón de alimentos a seus fillos Ramón, Jacinta, Josefa e Cándida ademais das correspondentes lexítimas, ao parecer pola influenza do seu xenro José López Ballesteros. Morreu o 29 de dito mes e ano e foi enterrado dous días máis tarde na capela maior da igrexa parroquial con licenza do conde de Amarante.

Tiveron oito fillos que viviron en Remesar, excepto Pedro e Juana que marcharon trala súa voda:

768 DE LAPEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, Anuario de Estudios *Descubrindo Deza*, 2004.
769 AHN, Estado-Carlos III, Exp.1684 . Páx. 59
770 Cfr. *Casa dos Ballesteros. Ribela*, páx. 234
771 Ou Pedro Benito, fora bautizado o 21 de abril de 1630, fillo de Pedro Varela de Dubra e de Inés Mariño de Lobera e Salnés. Pedro Varela dotou (ARG. RA. 19329/8) a capela de san Xurxo e un nicho na igrexa de Caldas o 28/2/1667.

1.- **Pedro Ignacio Mondragón Varela** (*que segue*)

2.- **Beatriz Mondragón Varela**, bautizada o 15 de maio de 1700 tivo por padriño a Pedro Gil Taboada e Camba, veciño de San Amaro de Barcia. Casou o 24 de setembro de 1722 co seu curmán **Alexos Reguera**, que vemos na casa de *Vilanova de Remesar* (páx 514).

3.- *Josefa Mondragón Varela*, casada o 5 de xuño de 1729 con Alberto Antonio García Monterroso, veciño de Lantaño, viúvo de Marina Romero Navia e Mariño, fillo de Benito García e de Mayor Rodríguez.

4.- *Jacinta Mondragón Varela*, bautizada en Godos o 11 de xaneiro de 1711 celibata.

5.- *Benito José Andrés*, bautizado o 26 de febreiro de 1705. En 1731 recibe a tonsura, pero morreu pouco despois.

6.- *Juana María Mondragón Varela*, nacida o 25 de xuño de 1706 e bautizada catro días despois en Remesar, onde casou[772] o 28 de novembro de 1728 con *José López Ballesteros*, bautizado en Arealonga o 30 de novembro de 1688 tendo por padriño a Miguel de Navia, reitor de San Estevo de Saiar, e que era fillo de José Luis López Ballesteros e de Jacinta de Navia, e neto de Antonio López Caneda e Antonia Ballesteros Pimentel Ribadeneira, veciña de Laíño.

Juana e José foron pais de ***Diego***, *José, Francisco Javier* (confirmado en Remesar en 1737), *Juan Crisóstomo*, rexedor e capitán das milicias de Santiago, *María Josefa, María Rosalía*, que casou con José Vázquez Betanzos, veciño de Rubiáns (con descendencia[773]) e *Teresa*[774].

***Diego** López-Ballesteros Mondragón* (Vilagarcía, 17/5/1731- 11/9/1786), casou no salón da casa da Buzaca o 12 de outubro de 1775 con *Mª Vicenta Antonia Varela e Verea Mariño de Lobera* e tiveron como fillos a *José María* (1775-1781), **Luís** (1782-1853, dono do pazo de Golpilleira en Vilagarcía, que foi ministro de Facenda durante o reinado de Fernando VII e casou en Carril o 14 de novembro de 1802 con *Josefa Pérez Santamarina*, con descendencia[775]) e *Diego* (nacido en 1783, finou no Real Sitio de san Ildefonso o 20 de setembro de 1809, servindo no Corpo de Gardas de Corps).



Escudo do pazo de Golpilleira

7.- *Ramón Tomás Antonio Mondragón Varela*. Foi bautizado o 18 de setembro de 1715 tendo por padriño a don Juan Antonio Varela Seixas, de San Xoán de Baión. Recibiu as ordes sagradas entre 1736 e 1740 e logo foi cura en San Miguel de Foxas (Touro), racioneiro do co-

772 José Lopez Ballesteros deulle poder a Pedro Ignacio Mondragón para que o representase na voda.

773 O seu fillo Pedro foi do Consello de S.M. e Oidor da Real Audiencia de Aragón e cabaleiro da Orde de Carlos III. Outros, como José e Baltasar, dedicáronse á política. Pedro e José probaron a súa fidalguía en 1817 e 1824. Nos seus expedientes aparece a súa ascendencia paterna e materna. (AHN. Estado-Carlos_III, Exp.1684 e Exp.1842).

774 ARG.RA 14169/35

775 Os seus fillos: Ramón (1803-25), Diego (1804-69), Joaquin (1805-35), Nicolás (1807-75), Modesta (1808-24), Marcelina (1809-), Teresa (1810-), Romualdo (1812-), Rafael (1813-72), Benigno (1817-45), Vicente (1819-69) e Ana (1824-).

lexio do Sancti Spiritus e capelán e mordomo do arcebispo Cayetano Gil. Foi o padriño da súa sobriña Rosalía, filla de José López Ballesteros e de Juana María.

8.- *Cándida Agustina Mondragón Varela*, bautizada en Godos o 19 de xaneiro de 1710. Casada e sen descendencia, a herdanza de Cándida e da súa irmá Josefa recaeron en Luís López-Ballesteros, señor da Golpilleira, por vontade do seu tío Francisco Javier[776].

9.- *Casilda Teresa Mondragón Varela*, bautizada o 14 de abril de 1714.

10.- *Manuel Domingo Salvador Mondragón*, bautizado o 4 de agosto de 1718.

Pedro Ignacio Mondragón Varela. Bautizado en Remesar o 20 de xaneiro de 1699 tivo por padriño ao cura de Santa María de Gonsar. Vivía na casa brasonada de Bacelo do Monte en Santa María de Godos. Recibiu o vínculo, pero logo en 1743 denunciou aos irmás pois dicía que os bens que lle quedaban valían só 250 ducados e os dos seus irmáns 400 ducados e que moitos deles eran de vínculo. E alegaba que, cando fixo testamento seu pai, aceptou as súas disposicións porque estaba morrendo e non quixo molestalo.

Casou con ***Josefa Rosa de Córdoba e Castro***, (ou González de Córdoba Bermúdez de Castro), bautizada en Rianxo o 8 de novembro de 1711, filla de José González de Córdoba, rexedor de Rianxo, e de Mª Jacinta Martínez de Castro, veciña da vila de Rianxo, señora da Casa solar de Ruanzo.

En 1744 aparece como veciño de Godos[777].

Pedro morreu o 17 de maio de 1746 tendo feito testamento ante Juan Villlamarín, escribán de Vilagarcía. Entón a viúva foi vivir á casa paterna, onde en 1785 deixou para a igrexa parroquial diversos bens. Foron os pais de varios fillos, dos que chegaron á idade adulta só catro:

1.- *Ángela Rosa Juana Benita*, bautizada o 2 de marzo de 1734, tendo por padriños a Leonel Mondragón e Josefa de Córdoba, avó e tía da bautizada.

2.- **José Benito Mondragón e Córdoba** (*que segue*)

3.- *Benito Mondragón e Córdova*, que foi cura de San Lourenzo de Ousande. Logo en 1791 foi presentado como cura de Beluso polo 3º marqués de Santa Cruz, quen o nomeou como titor e curador da súa filla natural Teresa. Tras ter outorgado testamento ante José Benito Aris, morreu en Beluso o 2 de outubro de 1827, sendo sepultado diante da porta principal da igrexa.

4.- *Teresa de Jesús*, bautizada en Godos o 21 de xullo de 1736.

5.- *Mª Josefa de la Exclavitud*, bautizada o 9 de outubro de 1737,

6.- *Juan Francisco*, que bautizado sobre en 1739-40 morreu de neno.

7.- *Teresa Lorenza Josefa Benita* bautizada o 10 de agosto de 1741.

8.- *Benito Mauro Eugenio*, bautizado o 15 de novembro de 1742.

9.- *Francisco Javier Benito Nicolás Mondragón e Córdoba*, bautizado o 16 de febreiro de 1744 ao día seguinte de nacer, tendo por padriño a Francisco Javier de Córdoba, veciño de Rianxo. Foi auditor da Mariña e casou con *Marta de Dios e Saavedra*. O 24 de xuño de 1788 o marqués de Santa Cruz deulle poder para que o representase pois era avogado. Finou o 25 de abril de 1800. Con descendencia en Rianxo, onde vivía.

José Benito Mondragón e Córdoba, foi bautizado en Godos o 14 de maio de 1735 cos nomes de *José Pedro Benito*, tenpo por padriños a José de Córdoba e Jacinta de Castro, avós do bautizado.

Casou o 6 de setembro de 1762 con *Tomasa Bermúdez de Castro e Sangro*, dotada con 3.000 ducados, filla de *José Bermúdez de Castro Mera* e de *Dorotea Teixeiro Pardo de Andrade*, da "*casa*

776 AHUS. Protocolos de Manuel Felipe González. 26/12/1837. Testamento de Luis López Ballesteros.

777 ANC. Protocolos de Andrés Alonso Gil.

grande dos Bermúdez de Castro"[778] en San Paio de Figueroa, oficiando a cerimonia o seu tío o cóengo de Padrón don Nicolás de Córdoba Bermúdez de Castro e sendo testemuñas entre outros o cabaleiro da cidade de Santiago don Juan Bernardino Vasadre Zúñiga.

O 25 de marzo de 1670 fixo foro[779] dunhas terras en Remesar a Juan Otero, da *casa da Mota* en Riobó, por dous ferrados de centeo a pagar na casa que tiña en Vilasusán.

José Benito trala morte do seu pai iniciou un preito, continuación do que comezara seu pai, contra todos os que tiñan bens que eran de vínculo, polo que se viron afectadas moita persoas, normalmente familiares, tíos e primos.

Foi filla súa **María Nicolasa Mondragón Córdoba Bermúdez e Sangro**, bautizada en Godos o 19 de outubro de 1763 cos nomes de *Mª Teresa Nicolasa Tomasa*, teno por padriño a seu tío o cóengo Nicolás González de Córdoba.

Casou[780] en Santa María de Godos o 27 de xuño de 1784 con ***Francisco Taboada e Gil Mosquera***[781], da casa de Liñares (San Martiño de Prado. Lalín) "*do solar de Brenzos, torre da Medoña, e outras, señor do Castelo de Vilaboa e a súa xurisdición de Gandufe civil e criminal, Coronel do Rexemento Provincial de Santiago, Rexedor perpetuo desta Cidade de Santiago*", fillo de José Antón Taboada e Mosquera, coronel dos Reais Exércitos, e de Rosa Vicenta Gil Taboada Teixeiro Soutomaior, descendente da casa de Barcia, e neto por liña paterna de Alonso Taboada e Mosquera señor da Casa de Liñares, e de Andrea Taboada e Gil dona da Casa solar de Brenzos, e pola materna de Gregorio Gil Taboada e de Mariana Teixeiro, señora da casa de Recimil.

Mª Nicolasa faleceu en Santiago o 26 de maio de 1795 e Francisco o 5 de maio de 1831 con testamento outorgado o 1 de outubro de 1828 ante Francisco Antonio García.

Tiveron por fillos, bautizados na parroquia de Santo André en Santiago de Compostela, excepto o último que o foi en Salomé:

1.-***José María Taboada Mondragón***, (*que segue*)

2.- *Carlos Jacobo Melchor Andrés María de Guadalupe*, bautizado o 5 de novembro de 1786, tendo por padriños a Melchor Taboada, cóengo de Santiago e a Andrea Taboada.

3.- *Mª de la Exclavitud Nicolasa*, bautizada o 14 de xaneiro de 1788 e que como di a partida de bautizo era filla de "*don Francisco Luis Taboada y Xil, dueño de la casa y pazo de Liñares, de la de Brenzos, torre da Medoña y otras, señor de castillo de Vilaboa su jurisdicción de Gandufe civil y criminal, coronel del Regimiento Provincial de Santiago, Rexidor perpetuo de esta ciudad y de Dª Mª Nicolasa Mondragón Córdoba Bermúdez de Sangro, descendiente de las casas solares de Villasusán, Bacelo y Figueiroa, nieta por parte paterna del Caballero don Joseph Antonio Taboada Mosquera coronel que ha sido de los Reales Exércitos y del Regimiento Provincial de Compostela, y de Dº Rosa Vicenta Gil Teyxeyro descendiente de la casa solar de Barcia; bisnieta por la misma línea del Caballero don Alonso Taboada y Mosquera señor de la casa solar de Liñares y de doña Andrea Taboada y Gil dueña de la casa solar de Brenzos; y de don Gregorio Gil señor de la casa solar de Barcia y de Dª Mariana Teyxeyro señora de casa de Rezimil; y por la materna nieta del Caballero don Joseph Benito Mondragón y Córdoba dueño de las casas de Villasusán y Bacelo y de Dª Thomasa Bermúdez de Sangro y Teyxeyro descendiete de la casa solar de Figueiroa. Bisnieta por la línea materna del Caballero don Pedro Mondragón y de dª Josepha de Córdoba y*

778 Cfr. Páx. 273 ss

779 ARG. Protocolos de Pedro Antonio Domínguez

780 Sen publicar as monicións coa autorización datada o 16 de xuño de 1784 de Melchor Benito Taboada Mosquera, cóengo de Santiago e tío do noivo.

781 GOMEZ BUXÁN, C., *Os Taboada de Deza. A casa de Brenzos*. Cuadernos de Estudios Gallegos, LIII, 2006

Castro dueña de la casa solar de Rianjo y de Don Joseph Bermúdez de Sangro señor de la casa de Figueroa y Piñeiro y de Dª Dototea Teyxeyro".

4.- *Tomasa Manuela Josefa*, bautizada o 3 de marzo de 1789. Foron os padriños Melchor Taboada, cóengo de Santiago, e Andrea Taboada.

5.- *Jacobo Melchor Baldomero Ramón Benito Antonio*, nacido o 27 de febreiro, foi bautizado o 2 de marzo de 1790.

6.- *Melchor Julián Ramón Santiago Benito*, bautizado o 16 de febreiro de 1791, actuando como padrino de bautismo don José Moscoso en nome do seu tío o cóengo don Melchor Taboada.

7.- *Rosa Taboada Mondragón*, bautizada o 20 de xaneiro de 1792 cos nomes de *Rosa Sebastiana Ramona Jacoba Benita Antonia Josepha*, casou en Santo André de Santiago o 27 de marzo de 1815 con *Antonio Loriga Reguera*, nacido no Grove o 27 de outubro 1782, fillo de Domingo Antonio Loriga e de Josefa Reguera Valladares (que casaron tres anos despois de ter a Antonio, o 19/8/1785), da casa de San Martiño de Meis, neto de *Juan Vicente Loriga Bermúdez de Castro*, capitán das Milicias Urbanas, e de *Inés Vicenta Romero e Caamaño*, da casa de Follente, bisneto de *Antonio Loriga* e de *Josefa Bermúdez de Castro Montenegro e Mosquera*, do pazo de Cornado de San Breixo de Arcos.



Escudo dos Loriga-Labora. Pazo de Sobrecarreira. Sigrás.

Rosa foi sepultada o 27 de decembro de 1873, deixando nese momento catro fillos: Francisco, Juana, Joaquín e Jacoba *Loriga Taboada*[782].

8.- *Santiago*, bautizado en Salomé o 13 de xuño de 1793, finou o 10 de outubro de 1810.

José María Taboada Mondragón, bautizado o 21 de decembro de 1785, dous días despois de nacer, tendo por padriños ao seu avó materno e á avoa paterna.

Foi tenente coronel de infantería, condecorado con varias cruces militares de distinción, "*dono das casa-pazo de Liñares, Brenzos, Torre de Gondulfe e dos vínculos e morgados de La Puebla, Cambados, Bacelo, Remesar e casa de Padrón*". Precisamente, como dono da *casa do Bacelo*, en 1842 propón facer un prorrateo para que lle pagasen un censo que outorgara o seu tío-avó Benito Mondragón, cura de Beluso[783].

Viviu na rúa coruñesa de Tabernas, nº 16, sendo o xefe da Administración Civil. José outorgou testamento o 25 de maio de 1863 ante Francisco Chaves, e un codicilo o 18 de decembro de 1867 ante Francisco Ramos Vázquez, deixando bens que reportaban 48.300 reais (4.830 escudos) netos anuais. As casas principais estaban en Santiago (rúa Nova, 12), Liñares, Cambados (r/ San

782 Cfr. BERTOLO, JM -FERRO, L., *A saga dos Loriga*, Rev. Nalgures, XIV, Asociación de Estudios Históricos de Galicia, 2018

783 AHPPo. Protocolos de Pose Nabaza.

Francisco, 1) e Godos, con rendas en Cambados, O Grove, **Remesar**, Rivadavía, Lalín, Padrón, Rianxo, Poboa do Caramiñal, etc. Morreu aos 84 anos o 5 de febreiro de 1870 na Coruña, se ben os seus restos foron levados a Losón en 1885.

José casara con *María de los Dolores Rada Gutiérrez Rubalcaba* (1/11/1792-5/4/1862), natural de San Fernando, filla do capitán de navío José Fermín de Rada e de Mª Dolores Gutiérrez Rubalcaba.

Foron pais de:

1.- *Francisco Taboada Rada* (Madrid, 18/12/1819 – A Coruña, 19/11/ 1867), finou solteiro pero con tres fillos naturais de Josefa Ramos Peña, natural de Cambados: Esperanza (9/4/1865), Francisco (25/1/1866) e José (5/6/67), a quen José Taboada lles ofreceu como herdanza certas cantidades, se non reclamaban a herdanza que lles podía corresponder, e que eles declinaron.

2.- *José Taboada Rada* (18/2/1822 - 2/8/1849).

3.- **Carlos Taboada Rada** (*que segue*)

4.- *Amalia Taboada Rada*, que casou con *Fernando Torres de Adalid*, fillo de Martín de Torres Moreno e de Josefa del Adalid Loreto, e polo tanto irmán do famoso compositor musical Marcial.

Foron veciños de Santiago con descendencia: Álvaro, Eduardo (casado con Asunción Sanjurjo Flores[784], filla dos condes da Torre Penela, con descendencia) e Mª Dolores. Amalia finou o 3 de outubro de 1859 e Fernando, que finou o 8 de abril de 1883, outorgou testamento ante Eugenio Mallo o 19 de xullo de 1851 deixándolle á muller o usufruto dun quinto de seus bens. Pódese ver a memoria testamentaria en maio de 1859 no notario Ramos Vázquez.

5.- *Fernando Taboada Rada*.

Carlos Taboada Rada (Cádiz, 29/11/1829 - 4/7/1903), o sucesor, casou con Ramona Bugallo Eiroa, nacida en 1847.

Foron os pais de *Esperanza Taboada Bugallo*, nada en Málaga o 28 de xuño de 1867, que se uniu en matrimonio o 8 de setembro de 1892 con *Eliseo Loriga Parra*, III conde do Grove.

Esperanza finou o 5 de marzo de 1943 e Eliseo en Madrid o 16 de novembro de 1959. Foron os pais do famoso aviador *Joaquín Loriga Taboada* e de *María Araceli Loriga Taboada*, IV condesa de O Grove.



Monumento a Joaquín Loriga, de Asorei. Lalín.

784 DE LA PEÑA VIDAL, C. *O Condado de Torre de Penela*, Rev. Nalgures XV, 2019.

CASA DE MONTEAGUDO. CODESEDA

Na parroquia de Codeseda encóntrase o pazo ou "*Casa de Monteagudo, Codeseda*", segundo a catalogación feita polo Patrimonio de Galicia, (D.O.G. 16-7-1991) na lista de "Arquitectura Civil, Casas e Pazos".

Pola estrada que vai de Codeseda a Campo Lameiro, PO-222, a uns dous quilómetros, no lugar de Xubrei, unha pista a nosa esquerda condúcenos ata a entrada de dita casa.



Casa Monteagudo en ruínas, ano 2005

A primeira descrición que temos da *casa de Monteagudo* atopámola nun documento[785] do 28 de abril de 1722 en que a propósito dunhas partillas se fai a súa valoración: "*Por las partes para la tasa y regulación de las casas que hay y fabricó en dicho lugar* (de Monteagudo) *cercas y cerraduras y más de su cercanía* ***D. Gonzalo del Villar Monteagudo*** *petrucio, (...) habiendo visto y reconocido la casa principal se halló tener 56,5 brazas de pared de pizarra y barro en que se incluye la pared que divide la cocina, considerándose haberse arrancado la piedra en el paraje de donde se fabricó y no tener coste de carreteo le tasan cada uno de ellas en 14 reales a todo coste importan 876 reales; habiendo mirado la cantería de dicha casa así de ventanas, perpiaños, escalera y puertas y cornisa y sobrepenas se halla tener 156 carros y por no tener que carretarse solo arrancar y manufactura se tasa cada una a 4 reales importan 624 reales y habiendo visto y reconocido el* ***escudo de Armas*** *que se halla en el frontispicio de dicha casa y tener mucha obra regulado su manufactura cantería del carretaje y arrancadura le tasan en 300 reales a todo coste, y pasado a reconocer el trepadizo de dicha casa, bigas, pontones, tablas y barrotes y dado el valor de cada cosa importó uno y otro 412 reales, y (...) que juntas dichas partidas de dicha casa importan 4.076 reales de vellón"*. A continuación describe dúas casas e cortes de cabalos que forman parte do conxunto, así como o muro que o rodea: "*Y habiendo mirado la cerca que cierra la puerta de junto a la casa principiando en ella hasta otra que sirve para la aira y desde ella hasta volver a dicha casa principal y desde dicha casa hasta la en que vive Domingo Fragoso que cierra el corral y lo principal del uno y del otro de pizarra y barro se halla tener uno y otro ochenta y una brazas y a todo coste por ser alta se tasa a nueve reales cada una importan 729 reales y habiendo asimismo visto la puerta principal con sus almenas y otra que sale hacia un agro de dicha casa con otra para la huerta se halló tener 27 carros de cantería y a tres reales cada uno importan 81 reales que juntas dichas partidas importan 810 reales.*"

785 ARG. RA. 3886/21

1.- O ESCUDO:



Labra heráldica da casa de Monteagudo: escudo cuartelado por unha cruz flordelisada, que representa ao Santo Oficio, ao que pertencía o señor da casa, e que prestaba os seus servizos de Tesoureiro Receptor do Santo Oficio da Inquisición deste Reino.


1º cuartel.- Unha cadea posta en aspa, e en orla só en xefe e en punta, un e dous sen armas; dous e tres, dez panelas, postas en banda, catro, tres, dos e unha. Pertencente á liñaxe *Mendoza*.
2º.- Cuartelado 1º e 4º un castelo; 2º e 3º catro bandas; bordura cargada de oito aspas. Pertencente á liñaxe *Porrúa*.
3º.- Unha banda engolada en cabezas de dragantes, acompañada no cantón sinistro do xefe dunha estrela de cinco puntas e no cantón destro da punta dunha flor de lis. Pertencente á liñaxe *Villar*.
4º.- Xaquelado de quince pezas, bordura con sete peixes, timbrado dunha M coroada; dúas serpes por tenantes, que suxeitan o escudo. Pertencente á liñaxe *Vaamonde*.

Escudo sobre cartela, timbrado de helmo empenachado, con brazo destro alzado e armado. A cartela decórana lambrequíns vexetais.

O conxunto está formado por dúas pedras armeiras, a que soporta a cartela onde se acha situado o escudo mide 136 x 136. Mentres a pedra co helmo é menor cunhas medidas de 58 x 79.

2.- A CAPELA DE SAN ANTONIO.

Fronte á *casa de Monteagudo* encóntrase situada en advocación a San Antonio de Padua unha pequena ermida de nave única e planta rectangular, en perpiaños de granito de grande regularidade, cunha soa porta e fachada lintelada, espadana cunha campá, rematada nun pináculo. Esta ermida foi ampliada nos anos 60 coa pedra da capela de San Roque, sita no lugar de Quintas. Diante da ermida atópase enclavado un fermoso cruceiro de pedra con base de tres chanzos e pedestal en forma cuadrangular, e un fuste circular en que se esculpiu a figura dun monxe franciscano coa palma de mártir, seguramente unha interpretación de "san Antonio" que foi franciscano, santo, pero non mártir. No anverso da cruz áchase Cristo crucificado e no reverso a Virxe das Angustias.



Unha inscrición no interior da capela di que foi fundada por Francisco Gómez en 1670, sen embargo segundo consta no libro de Fábrica da parroquia de San Xurxo de Codeseda, foi o 6 de marzo de 1689 cando os irmáns Francisco e Benito Gómez del Villar instituíron a capelanía Padroado de Legos en advocación de San Antonio de Padua, con carga e pensión de seis misas rezadas cada ano, ante o escribán real *Gonzalo del Villar*.

3.- XENEALOXÍA

Gonzalo del Villar Monteagudo é, segundo a descrición da casa que temos visto, o que a edifica ou amplía, quizais antes de construírse a capela de san Antonio, é dicir, pouco antes de 1670. E falamos de ampliación, pois o pon de manifesto tanto a estrutura da casa como o aparello dos seus muros.

Da ascendencia de Gonzalo, que foi escribán e rexedor sabemos que debeu pertencer á familia dos irmáns Gómez del Villar, fundadores da capela de san Antonio e contemporáneos seus, xa que ademais de facer estes a capela diante do pazo, son veciños, comparten o apelido e son escribáns como el. Polo libro de fábrica da parroquia de Codeseda tamén sabemos que a súa nai se chamaba Magdalena, que morreu sobre 1680, facendo D. Gonzalo o necesario para que se puidera enterrar tanto ela como a súa descendencia na capela de santa Lucía da igrexa parroquial. Neste documento aparece citado como testemuña Diego Díaz de Perrúa Vaamonde, que era seu cuñado.

En 1680 Gonzalo estaba casado e era escribán de número en Padrón e rexedor[786] o que se confirma tamén nun preito de 1688 a causa do foro[787] de dúas casas na rúa Larga de Padrón que el comprara en 1674 data en que parece que xa estaría casado. En 1694 aparece en Santiago como escribán e logo en 1702 como rexedor, desempeñando tamén o oficio de tesoureiro receptor do Santo Oficio da Inquisición do Reino de Galicia.

Casou en Padrón con **Juana Perrúa Vaamonde**, filla de Francisco Perrúa Valdivieso e de Catalina de Perrúa. Trala morte de Francisco Perrúa en xaneiro de 1681, Gonzalo demandou á súa sogra e ao seu cuñado Juan para facer as partillas dos bens do seu sogro[788].

Gonzalo e Juana serán "donos das *casas e lugar de Monteagudo* e nos lugares de Insuela, Campos, Fornos e Xubrei e máis bens raíces e censos do coto de San Xurxo de Codeseda e da xurisdición de Tabeirós e coto do Viso". Ademais destas posesións, tamén tiñan casa na rúa do Toural en Santiago, onde vivían habitualmente.

Por iso cando morreu D. Gonzalo, o 7 de abril de 1719, déuselle sepultura dotada na capela da Soidade da igrexa de Santa Mª Salomé en Santiago e a súa muller foi sepultada o 4 de marzo de 1721 tamén na mesma capela. Ambos fixeran testamento ante Juan López Raposo. Ademais da súas riquezas en terras, tamén tiñan un importante capital mobiliario, por iso, ao morrer Dª Juana, os seus xenros, Mauro e Francisco, repartíronse o diñeiro e alfaias que había na casa.

Trala morte de Gonzalo o cargo de tesoureiro receptor do Santo Oficio quedoulle á súa muller, quen delegou no seu administrador persoal, ata que tres anos máis tarde é nomeado novo tesoureiro.

4.- ASCENDENCIA DE JUANA PERRÚA VAAMONDE.

Juana, a muller de Gonzalo, pertencía tamén a unha familia fidalga. Seu pai, **Francisco Perrúa Valdivieso** era, como Gonzalo, rexedor e veciño de Padrón, escribán na xurisdición de Quinta, e fillo de Francisco Perrúa e Catalina Díaz de Valdivieso, veciños de Fisterra ao igual que os

786 ARG. RA. 8572/80
787 ARG. RA. 3258/80
788 ARG. RA. 9328/3

seus avós Diego Díaz de Valdivieso, escribán en Santiago a comezos do século XVII, e Catalina de Perrúa.



Casa de Monteagudo

O apelido aparece nestes momentos como "Perrúa", unha vulgarización de Porrúa, que é como aparecerá en anos moi posteriores. Trátase dun apelido toponímico, que fai referencia ao pobo asturiano de Porrúa, de onde era orixinaria a familia.

Seu pai **Francisco Perrúa Valdivieso** casara con **Ana Yáñez Vaamonde**, quen puidera estar ligada á familia dun cardeal e racioneiro da catedral, Fernando *Yáñez Vaamonde*, morto en 1639, e cuxa familia vivía por terras de Mesía e Xanceda. (Precisamente un herdeiro do racioneiro, D. Pedro, tiña unha filla chamada Ana Yáñez Vaamonde, que en 1652 era considerada menor de idade).

Foron fillos seus:

1.- *Francisco*, bautizado en Padrón o 21 de agosto de 1650, tendo por padriños ao cóengo Vallejo e a Antonia Rubia, muller do rexedor Juan de Campaña.

2.- *Diego Díaz de Perrúa Vaamonde*, que vivía en Cee. Aparece como testemuña en Codeseda nun documento polo que o seu cuñado Gonzalo compra os dereitos dunhas sepulturas dentro da igrexa parroquial, como xa temos dito, así como nalgún outro preito. A súa descendencia continúa por terras de Fisterra, como se pode ver en preitos do século XIX.

3.- *Francisca Perrúa Vaamonde*, que casará nos Muros[789] da parroquia estradense de San Pedro de Parada con Pedro Rodríguez Leira y Castro, fillo de Juan Rodríguez Leira e Isabel do Campo.

Pedro Rodríguez Leira vendeu a seu sogro Francisco Perrúa Valdivieso o 22 de outubro de 1665 os bens de Domingo Fuentes escribán e veciño de Santiago, a saber, rendas por valor de 800 ducados, nos lugares de Parada, Ribela, Santa Cristina de Vinseiro, Godoi (Vinseiro), Nigoi e Cimáns (Tabeirós). Estas rendas serán deixadas en testamento a favor da súas fillas.

4.- **Juana Perrúa Vaamonde**, obxecto desta digresión.

5.- *Fernando Perrúa Vaamonde*. Natural de Iria Flavia, foi cura de Villestro, recibindo as ordes menores en 1663. Sendo estudante e vivindo na casa de Trabanca (Padrón) do seu irmán Diego, tivo dúas fillas en Beltrona Rodríguez:

789 Cfr. Páx 291 ss

A- *Magdalena Perrúa Vaamonde*, que primeiro casou co escribán de Quinta e alcalde ordinario de Padrón don Juan Núñez Vallo[790] e logo con *Estevo González*. Os seus fillos naceron en Padrón:

a.- *Pablo Pedro González de Perrúa e Vaamonde*, bautizado en Padrón o 29 de xaneiro de 1698. Casou con María Becerra Raposo, tendo por fillas a Ana, Benita Josefa e Luisa Benita.

b.- *Manuela González Porrúa*, monxa en san Paio, outorgou escritura o 25 de abril de 1661 a favor das súas tres sobriñas, fillas de Pablo.

c.- *María Josefa*, monxa en Vista Alegre de Vilagarcía da orde de san Agustín. Renunciou ás súas lexítimas a favor de seu pai, pero este morreu antes.

d.- *Florencia González Porrúa*, bautizada o 22 de febreiro de 1691, casou en Iria o 13 de setembro de 1716 con Domingo Antonio Ferreiros de Villar, fillo de Alberto e de Mª Josefa Sánchez de Boado, veciños de Sta. Comba de Louro. Pais de *Catalina Ricarda* (29/4/1719) que casou con Francisco Vigo Toubes, da casa-torre de Merza, de *Josefa Benita* (12/5/1721), de *Domingo Antonio* (25/5/1722) e de *Manuela Ferreiros*.

e.- *Juan Ignacio González Porrúa*, cura de Santiago e Sta María de Godos.

f.- *Luisa González Porrúa*, que casou na parroquia compostelá de santo André o 6 de abril de 1745 con Leonardo Porrúa, fillo de *Mauro Pérez Perrúa* e de *Leonarda del Villar Perrúa*, esta filla de Gonzalo del Villar e Juana Porrúa, do pazo de Monteagudo.

B.- *María Porrúa del Castillo*. (Aínda que uns din que a nai foi Gregoria del Castillo, quizais porque herdou dela), que casou en Padrón con José Fernández Sarmiento. Tiñan unha casa na rúa das Hortas xunto ao bario do Gaio extramuros, onde coidaban do seu curmán e cura de Villestro, Federico, fillo de Gonzalo del Villar e Juana Perrúa. Morreu en Santiago pouco antes de 1761.

6.- *Mariana Perrúa Vaamonde*, casada co capitán Jacinto Bermúdez de Castro[791], fillo de *María Castro Bermúdez* e de *Juan Gosende*. Foron pais de Florentina Bermúdez de Castro que casou con Alonso Romero de Figueroa, fillo de Antonio Romero Figueroa, veciño de Sarandón, e de Benita Antonia Mondragón, veciña de Remesar, e neto por liña paterna de Domingo Romero e Inés Valenzuela (sobriña de Gil Valenzuela, cura de Vea).

6.- DESCENDENCIA DE GONZALO DEL VILLAR E JUANA PERRÚA.

Gonzalo e Juana tiveron por fillos a:

1.- *Ventura Federico del Villar Perrúa*, bautizado en Padrón o 22 de xullo de 1675, tivo por padriños aos seus avós maternos. Foi cura en Villestro, parroquia que rexera o seu tío paterno D. Fernando Perrúa. Vivía en Santiago na rúa das Hortas, no barrio do Gaio de Extramuros, onde a súa prima María Perrúa, muller de José Fernández, o atendía. Fixo testamento e a súa lexítima engadiuna ao vínculo da súa irmá Casilda e deixou como sucesor a seu sobriño Ramón. Cando morreu tiña na súa casa un bolsillo con 50 dobróns de sesenta reais cada uno. Os seus cuñados Mauro e Francisco repartíronse trala súa morte o diñeiro e alfaias que había na casa. Foi enterrado en Santiago o 9 de agosto de 1719 na capela da Soidade da igrexa de Santa Salomé, xunto a seus pais.

790 ARG. RA. 13559/10, 23694/7

791 Cfr. *Casa dos Araúxo*, páx. 212 ss.

2.- *Agustín del Villar Perrúa*, foi capitán dun rexemento de granadeiros, e proposto en 1705 para sarxento maior nun dos oito terzos de infantería.

Foi inhumado nunha sepultura na capela da Soidade da igrexa de Salomé. O 21 de setembro de 1707 seus pais fixeron unha fundación dunha sepultura en dito lugar, onde logo serían sepultados eles e os seus descendentes. En dita sepultura había de poñerse as súas armas e brasóns.

3.-**Casilda del Villar Perrúa Vaamonde**, (*que segue*)

4.-*Leonarda del Villar Perrúa*, que casou con *Mauro Pérez Perrúa*, de Cee, onde viviron. Era fillo de Francisco Pérez Perrúa, familiar do Santo Oficio, e de Catalina Bermúdez de Castro. Os seus avós paternos eran Francisco Pérez e María Alonso de Perrúa (Nuns documentos familiares aparecen estes como seus pais) e os seus avós maternos García Lois de Lema (de Berdoias) e de Lourenza Bermúdez (de Torre de Penela). A herdanza de Mauro levouna unha filla que tivo fóra do matrimonio.

Leonarda cando morreu, entre outras cousas, deixou a seus fillos 50 libras galegas en prata. Os seus fillos, ambos sen sucesión, foron:

a.- *Félix*, morto en 1782.

b.- *Leonardo*, que casou na parroquia compostelá de santo André o 6 de abril de 1745 coa súa parenta Luisa Benita González Becerra, filla de Pablo González Porrúa e María Becerrra Raposo. Leonardo, xuíz de Cee, en 1763 estaba detido no cárcere do castelo de san Antón na Coruña, acusado pola súa muller de maltrato de palabra e de obra e de "estar distraído con cierta moza soltera"[792]. El alegou que sempre a tratou ben e que estaba a disposto a seguir vivindo con ela na casa de seu pai Mauro, maior de 80 anos, e na casa en que viviron os seus antepasados desde había 800 anos. Ademais necesitaba vivir con ela pois necesitaba da súa contribución económica. Leonardo morreu entre 1785 e 1786.

5.- *María Manuela*, bautizada o 2 de xuño de 1681. Non chegou á idade adulta.

Casilda del Villar Perrúa Vaamonde, bautizada en Padrón o 17 de setembro de 1676 tendo por padriño ao rexedor Francisco López de Fonseca, foi dotada con 3.500 ducados (2.000 en bens raíces e o resto en cartos) en Santiago polos seus pais mediante un documento de data 25 de decembro de 1701 para casar con **Francisco Antonio Ballesteros Castro**, rexedor de Santiago. A voda tivo lugar en Codeso o 6 de xuño de 1704, cando xa tiñan unha filla de ano e medio, Juana Lucía Agustina.

Francisco era fillo do capitán Luís Ballesteros del Mazo Pimentel[793] e de Agustina Baltasara González Castro e Tineo, defuntos, que viviran no Valado (Ardesende) da parroquia de Santa Eulalia de Codeso (Boqueixón), e neto de Antonio Ballesteros del Mazo e de Leonor Pimentel Ribadeneira, do pazo de Tarrío en San Xiao de Laíño (Dodro).

O 26 de setembro de 1710, en Santiago, Gonzalo del Villar e Juana Perrúa fixeron mellora de terzo e quinto e facultade de todos os seus bens con gravame de vínculo a favor as súas dúas fillas a D. Federico para que puidese engadir a súa lexítima a unha ou outra parte, -e fixoo segundo testamento na persoa do seu sobriño Ramón, fillo de Casilda-, e coas cláusulas habituais para poder herdar: "*que os sucesores desta mellora sexan varóns ou femias non han de casar con varón ou femia que sexa notado de descendentes de xudeus, mouros ou herexes, nin reconciliados nin novamente convertidos aínda que sexa co transcurso de milésima xeración e baste para proba*

792 ARG. Protocolos de Fernando Blanco.

793 Luis era irmán de *Diego*, dono do *pazo de Tarrío* en san Xiao de Laíño (Dodro), de *Antonia*, que inicia a familia López-Ballesteros, donos do *pazo da Golpilleira* en Vilagarcía; e de *Mariana*, que enlaza co pazo de *San Bieito* (ou *casa dos Araúxo*) na Ponte.

de calquera destes defectos a pública voz e fama do pobo ou parte del ou as declaracións de dúas testemuñas que declaren de dita fama e a teñan na república nin tampouco han de poder casar con descendentes de persoa que tivera oficio vil na república ata os bisavós ou teñan sido gafos (leprosos) *e estean dotados de tal nela*".

Nos anos 1713-16 Francisco Ballesteros tivo un preito sobre o morgado vacante do seu tío Diego Ballesteros del Mazo Pimentel[794] contra Antonio, quen tomou o apelido Ballesteros ao empezar o preito, e que era fillo de María de Agrafoxo, solteira, e de Diego. Como o preito chegou á súa última instancia, a Valladolid, Francisco pediu a seu cuñado Federico varias cantidades de diñeiro en catro ocasións, cuxa suma importaba 20.000 reais. Ao morrer Federico, a súa nai que quedou como herdeira en primeiro lugar é quen cobra a débeda, quedando documentado ante escribán o 23 de novembro de 1720, aínda que máis tarde o seu fillo Ramón Ballesteros reclamará esa cantidade –ao facer as partillas cos seus irmáns- pois dicía que lle correspondía por ser o herdeiro de Federico, e que seu pai "ocultou este desfalco", así como a metade do diñeiro dunha venta feita polo seu tío Mauro e seu pai Francisco por valor de 1.000 reais dunha devesa chamada Golpilleira, en Villestro, citada no testamento de Federico como da súa propiedade.

O 28 de abril de 1722 as dúas irmás (cos seus maridos) fan partillas taxadas de todos os bens de seus pais por valor de 177.285 reais (dotes incluídos). Francisco, como marido de Casilda, recibe a *casa principal de Monteagudo* e seus anexos, propiedades en Insuela (casa, devesas e muíño), casa de Nigoi e anexos, foros de Ribela, Parada, Nigoi, Santaballa de Pardemarín, Vinseiro, Tabeirós e Ponte-Ulla, así como os 6.500 reais do dote e as alfaias que había na *casa de Codeseda*.

Morreu Casilda o 31 de xullo de 1734 e Francisco o 22 de novembro de 1750, quen fixera testamento o 9 de setembro de 1743 en Santiago deixándoo cosido e cerrado. Foron enterrados ambos na igrexa de Santa Eulalia de Codeso.

Francisco no seu testamento di que gastou moito diñeiro por un preito do seu sogro D. Gonzalo contra o prior dos relixiosos de San Agostiño ante o tribunal da Inquisición, así como en arranxar a casa de Codeseda.

Casilda del Villar Vaamonde (que sabe firmar) e Francisco Ballesteros Castro vivían en Codeso onde tiveron varios fillos:

1.- *Juana Lucía Agustina* que naceu seguramente a comezos de 1704, foi bautizada na parroquia de Santa Susana en Santiago e morreu en Codeso o 18 de agosto de 1726, aos 22 anos.

2.- **Agustín Ballesteros Villar** (*que segue*)

3.- *Manuela Antonia Ballesteros Villar*, que naceu en Codeso o 23 de decembro de 1709 e morreu solteira o 12 de outubro de 1752 en Codeso.

4.- *Andrés Marcos Ballesteros Villar*, que veu a luz en Codeso o 6 de xullo de 1710 e morreu aos 16 anos o 8 de setembro de 1726, é dicir, vinte días máis tarde que a súa irmá Juana.

5.- *Gonzalo Martín Raimondo Ballesteros Villar*, nacido en Codeso o 12 de xaneiro de 1715. Xa morrera cando seu pai fixo testamento.

6.- **Ramón Antonio Ballesteros Villar** (*que segue*)

7.- *Demetria Leonarda Ballesteros Villar* que foi bautizada o 21 de xuño de 1717 en Codeso, onde finou solteira o 18 xaneiro de 1753.

794 Diego foi quen construiu o pazo de Laíño (Dodro), segundo manifesta no seu testamento.

6.- SUCESORES DE CASILDA DEL VILLAR E FRANCISCO BALLESTEROS

Agustín Ballesteros Villar, nacido sobre 1707 seguramente en Codeseda, vivía co seu pai na casa nova de Ardesende, mentres que na casa vella que estaba ao lado vivían as dúas irmás solteiras, Manuela e Leonarda. Porén, o seu irmán Ramón tamén resídía por temporadas en Codeseda e en Santiago.

Trala morte de seu pai as dúas irmás piden facer as partillas da herdanza. Nomearon uns homes bos para que as fixesen pero por culpa de Ramón non se chegou a un acordo, polo que acudiron ante a Xustiza. Pouco despois elas morreron sen que se tivese feito o reparto, Manuela sen testamento e Leonarda deixando todo para seu irmán Ramón en testamento ante Andrés Isidoro Lamas.

No preito que estaba aberto polas partillas, Ramón acusa a seu irmán de demente, pois tiña ataques epilépticos que entón se lle chamaba "gota coral", polo que pide facerse cargo de toda a herdanza materna e paterna. Tamén o acusa de deixar que se deteriorase a súa facenda, se ben parece que era o propio Ramón quen soltaba gando cabalar nas fincas de Agustín para que estragasen as viñas. Pola súa parte Agustín acusa a seu irmán de entrar na súa casa o día en que morreu seu pai, aproveitando que el saíra a Santiago, e roubar a prata e papeis que estaban nunha arca, violentando a cerradura e logo deixándoa como se non a tivese forzado. É máis, cando saíu da casa chamou ao mordomo e criados para que comprobasen que non se levaba nada, polo que Agustín di que é culpable xa que *se te escusas de algo que non te pediron, acúsaste*.[795]

Seu pai Francisco no testamento deixou a lexítima e terzo ás súas fillas a repartir, así como as roupas e alfaias que tivesen. A Ramón que se quedase co de Codeseda pero dando a seus irmáns certos ferrados de renda segura, e a Agustín para que se quedase co vínculo pedíalle que se fixese cargo da débeda contraída por el, a causa do preito que tivera ante a Inquisición co convento de san Martiño polo troco que se fixera pola casa e bens do Valado a cambio doutros bens en Xallas (Sta Cristina de Marcelle) herdados do seu pai Luís.

Agustín tivo de solteiro unha filla, ***Mª Antonia Luisa***, de *Josefa Bustillo Guinarte*, filla de José e Elena, veciños de Sabucedo, e sobriña de Francisco Bustillo, cura de Sabucedo entre 1721 e 1737. Seguramente Josefa foi durante vinte anos a súa criada, pero logo casou o 5 de setembro de 1754 con Agustín, que xa estaba moi enfermo. (Púxolle impedimento de voda a Agustín, Andrea Tasende, veciña de Santiago, sobre palabra de casamento, pero resolveuno o provisor o 10 de agosto do 54). No testamento Agustín recoñeceu a Mª Antonia Luisa como filla e lexítima herdeira. Agustín morreu o 18 de xaneiro de 1758.

Moi pouco despois, o 24 de marzo de 1755, **Mª Antonia Luisa Ballesteros Bustillo** casou en Codeso con Rafael Antonio de Villa e Neira, fillo de Alejandro de Villa e de Josefa Rei e Neira, veciños de Santa Mariña de Sucira, e será este quen continuou o proceso xudicial[796] contra Ramón Ballesteros. Rafael e Mª Antonia entre 1755 e 1768 tiveron varios fillos: Rafael, Mª Antonia, Agustín, Manuela, Josefa Antonia, Pedro Antonio, Mª Josefa e Alejandro Manuel Antonio Villa Ballesteros. Morreu Rafael o 28 de novembro de 1802 e Mª Antonia o 6 de agosto de 1810, cando –ao igual que seu pai- xa non se achaba no seu san xuízo.

795 ARG. RA 3886/21
796 ARG. RA 22037/43, 6695/4

Ramón Ballesteros Villar (aparece ás veces como Ballesteros Castro Villar e Pimentel ou Ballesteros González Castro), nacera sobre 1716 seguramente en Codeseda. Contraeu matrimonio aos 62 anos en Codeseda o 30 de agosto de 1778 con **Ana María Vaamonde e Cortes**, de 19 anos, nacida en Codeseda o 2 de marzo de 1759, filla de don Henrique Vaamonde, de Codeseda, e de Dª Luisa Cortes, natural de Escuadro.

En 1747 Ramón aparece como Procurador Xeral da xurisdición e coto de Codeseda[797]. De solteiro vivía xa na casa de Monteagudo cos seus criados e caseiros como propietario dela e das terras que pertenceran á súa nai Casilda, -cando morre a súa nai e herda o dela e o do seu tío Federico, tiña 28 anos- co beneplácito de Agustín, o seu irmán primoxénito, e de seu pai Francisco, polo que se supón que así se estipulara entre eles.

En 1750 tivo un preito[798] contra Agustín Lodeiro e o seu cuñado Francisco Ignacio Monteagudo Feixoo, escribán e marido de *Leonarda Leira e Castro*, dos Muros (Parada), por unhas taxas da copia dun preito por valor de 89 reais.

Ramón pasou a vivir a Codeso trala herdanza que recibiu da súa irmá Leonarda en 1753, aínda que alternando temporadas en Codeseda. Fixo testamento do seu puño e letra, tal como consta na partida de defunción, deixando entre outras vontades, cinco mil reais para a capela que tiña feito xunto á súa casa no Valado en Codeso. Deixaba mellorado en terzo e quinto a seu fillo primoxénito Pedro Ramón Antonio Liborio.

Produciuse o óbito de Ramón o 23 de maio de 1784 na súa casa do Valado. Ana María volveu a contraer novas nupcias co licenciado Julián Francisco Seoane, do que non tivo descendencia. No seu testamento, feito ante Pablo Cereixo, Ana María deixou repartidos os bens entre os seus dous fillos, Manuel e Alejandro, xa que o primoxénito, Pedro, morrera á idade de 11 anos, e entre outras vontades a de ser enterrada xunto a seu primeiro esposo na sepultura que se achaba xunto ao coro. Faleceu o 11 de marzo de 1822 en Codeso.

En 1788 contra Ana María Vaamonde puxo preito Rafael Antonio de Villa e Neira, marido da xa mencionada Mª Antonia Luisa Ballesteros Bustillo, porque Ana pretendía quedarse co vínculo que correspondera a Leonarda do Villar Porrúa en terras de Padrón e demais, pois morreran os seus fillos sen sucesión. Os argumentos de Ana eran que Mª Antonia Luisa nacera fóra de lexítimo matrimonio, e ademais Federico, irmán de Leonarda deixou a súa herdanza a Ramón Ballesteros e por último, este era o propietario do vínculo de Codeseda e o lóxico era que se uniran ambos vínculos. O resultado sen embargo foi que Ana perdeu o preito primeiro na Coruña e logo ante a Chancelería de Valladolid.

Froito do matrimonio son:

1.- *Pedro Antonio Ramón Liborio Ballesteros Vaamonde*, que naceu o 29 de xuño de 1779 e faleceu o 2 de novembro de 1790 en Codeso.


2.- **Manuel Miguel José Enrique Ballesteros Vaamonde** (*que segue*)

3.- *Alejandro Francisco Manuel Silvestre Ballesteros Vaamonde*, bautizado o 19 de abril de 1783 en Codeso e que finou o 25 de setembro de 1848 na casa de Ribela[799].

Manuel Miguel José Enrique Ballesteros Vaamonde, natural de Codeso (Boqueixón), bautizado o 26 de decembro de 1780, contraeu matrimonio en Ribela o 8 de xaneiro de 1825 con

797 ARG.RA. 3887/22
798 ARG.RA. 15941/37
799 Cfr. Casa dos *Ballesteros. Ribela*. Páx. 236

Juana María Cayetana Gil Otero, nacida en Ribela o 18 de abril de 1802, filla de José Gil Taboada e de María de las Nieves Otero e Leira. Tanto unha familia como a outra teñen emprego de cabaleiros.



Partida de bautismo de Juana Mª Gil Otero

Manuel foi alcalde de Boqueixón en tempos do xeneral Espartero de 1841 a 1842 e de novo entre 1854 e 1856.



Escudo dos Ballesteros-Gil. Propiedade de Jesús Sendón Ballesteros

Aproveitando a Lei de Desamortización, o 20 de outubro de 1855 solicitou a redención do foro dunha casa, sita en Rúa do Vilar, nº 21 en Santiago pola que pagaba 204 reais anuais, 104 ao Cabido e 100 á Confraría de Nª Sra. del Rosario. Aceptóuselle a súa petición en 1860, pero tendo que pagar 2.040 reais en dez anos, polo que en 1861 xa pagou os dous primeiros prazos.

Residían no lugar de Ardesende en Santa Eulalia de Codeso, onde faleceron, Juana á idade de 41 anos o 6 de outubro de 1843 e Manuel o 27 de marzo de 1883, personaxe lonxevo ("*morreu de debilidade*" dise na partida de defunción), xa que alcanzou a idade de 102 anos.

Fixo testamento ante D. Manuel Vázquez Taboada, notario do distrito de Arzúa, o 18 de novembro de 1853. No testamento confesa acharse posesor do morgado fundado por Gonzalo de Villar e a súa esposa Juana Porrúa ao que pertence a casa de Monteagudo en San Xurxo de Codeseda, e o máis que resulta de dita fundación. E por parte da súa nai, tamén herda un vínculo fundado polo capitán José Vázquez Vaamonde, sito no antigo Coto de Codeseda.

Tiveron por fillos:

1.- *Antonio Francisco Manuel Alejandro del Socorro*. Naceu en 1827 e morreu solteiro o 18 de xuño de 1895. Foi alcalde de Boqueixón entre 1875 e 1877.

2.- *José Mª Cayetano Ballesteros Gil*, nacido o 29 de xullo de 1828, avogado, que casou con Mercedes Casal Rodríguez, nacida o 12 de outubro 1852, de Sardiñeiro (Corcubión), filla de Manuel Casal Figueroa e de Mercedes Pilar Rodríguez, neta por parte de pai Juan Manuel Casal Patiño e de María Figueroa Porrúa, e bisneta de Antonio Casal Seoane e de Antonia Patiño Porrúa. José María morreu en Corcubión o 17 de marzo de 1893. Tiveron seis fillas :

a) *Mercedes Ballesteros Casal* (28/8/1881 a 1961) casou con Arturo Ramón Carrera (1882-1961), e tiveron por fillos: Francisco Ramón, Mercedes Josefa (20/8/1913), Antonio Paulino (4/5/1915 a 1978), Carlos Jacinto (8/11/1916 a 2004, casado con Mª Jesús Moar Viqueira), Carmen Lidia Antonia (27/3/1918), Dolores (27/5/1919), José María (20/5/1921 a 1983), Ramiro Abelardo (7/4/1922 morreu de neno) e Consuelo (1923-).

b) *Josefa Ballesteros Casal* (16/9/1885 a 1974)

c) *Dolores Ballesteros Casal* (1873-) casou con Patricio Ripoll. Seus fillos: Gloria, Manuel, Mercedes, Carlos e Anxélica Ripoll Ballesteros.

d) *Carolina Ballesteros Casal* (Corcubión, 1875 – Roma, 1957), casou en 1903 con Jacinto García Rodriguez. Seus fillos: Pilar, Carolina, Mercedes e Alejandro.

e) *Consuelo Ballesteros Casal* (1879-1973), que casou con Jesús Castro Rey (1868 a 1944), e tiveron varios fillos: Carmiña, José María, Jesús, Mercedes e Juan.

f) *María Ballesteros Casal* (1888-1963) casou en 1913 co médico Manuel Sendón Amado (+1956), e tiveron cinco fillos: José, Cándido, Pedro, Jesús e Gloria.

3.- *Alejandro Ramón*, nacido en 1829
4.- *Josefa Ramona*, nacida en 1830, morreu solteira o 30 de outubro de 1918.
5.- *Manuel de Jesús e María*, nacido en 1833, cura de Saiar (Caldas de Reis)
6.- *Teresa*, nacida en 1837. Morreu solteira.
7.- *Dolores*, nacida en 1839. Morreu solteira.
8.- **Vicente Fernando Ballesteros Gil** (*que segue*)

Vicente Ballesteros Gil foi bautizado o 22 de maio de 1840 na parroquia compostelá de Santa Susana, sendo seus padriños Alejandro Ballesteros Vaamonde, tío paterno, e súa esposa Josefa Gil, tía materna, veciños de Santa Eulalia de Codeso.

Contraeu matrimonio con **Manuela Ramona Felisa Antonia Pía Fernández Ferrer**, bautizada o 24 de novembro de 1859 na parroquia de Sta. Mª de los Ángeles de San Vicente da Barquera (Santander), filla de José Fernández Mosquera, doutor en medicina, e de Luisa Ferrer Ibáñez, veciños da Barquera e naturais de Santiago. Manuela era neta por vía paterna de Manuel Jacobo Fernández Mariña de Sta Uxía de Ribeira e Josefa Mosquera Taboada de Caldas de Reis e por vía materna de José Ferrer Varela, natural de Santiago, e María Ibáñez de Andrés García, natural e veciña de Santiago.



Cubertería do pazo de Montegaudo. 1930-40

Vicente exerceu de avogado e residían en Caldas de Reis, se ben eran os donos da casa de Monteagudo, seguramente por herdanza

(a lei desvinculadora de 1837 abolira os morgados), xa que seu irmán maior Antonio morreu solteiro e José María herdou as posesións de Codeso.

Os seus fillos foron:

1.- *María de la Asunción Luisa Josefa Ramona Patricia Ballesteros*, que naceu en Caldas de Reis o 16 de marzo de 1887.
2.- *Carmen Ballesteros*, nacida en Caldas de Reis o 23 de marzo de 1890.
3.- *Pilar Ballesteros Fernández*.
4.- **José María Manuel Ballesteros Fernández** (*que segue*)

José María Manuel Ballesteros Fernández, naceu en Caldas de Reis o 28 de febreiro de 1899. Os padriños do bautizo foron seus tíos José de Castro e Cayetana Gil. Contraeu matrimonio en Corcubión o 17 de xullo de 1934 coa súa curmá **Carmen Castro Ballesteros**, nacida o 13 de outubro de 1899 e natural de Corcubión, filla de Jesús Castro Rei e de Consuelo Ballesteros Casal, veciños de Corcubión, e neta por liña paterna de Domingo Castro e Concepción Rei e neta por liña materna de José Mª Ballesteros e Mercedes Casal. Deste matrimonio non quedou descendencia.

José María era doutor en medicina, otorrinolaringólogo, fundador do sanatorio da Merced de Santiago, ingresou o 1 de xaneiro de 1922 na Confraría do Rosario de Santiago de Compostela, á que a familia Ballesteros pertencía xa desde 1600, é máis, en 1628 Mateo Ballesteros del Mazo comprou por 500 ducados un nicho dentro da capela da Confraría, onde xa estaba enterrado seu pai Antonio Ballesteros del Mazo.


Inauguración do sanatorio da Merced

José María diante do pazo e coa colaboración do concello levantou unha nova fonte, con lavadoiro y abrevadeiro, que estaría timbrada dunha imaxe tallada en pedra coa efixie de San Brais. A fonte que mandou construír José María está situada baixo a muralla na cara norte e foi construída polo mestre canteiro José Picallo Souto e o seu fillo José Picallo Picallo. Este último labrou a imaxe de San Brais que hai sobre a fonte, así como outra imaxe do mesmo santo tallada en madeira que se custodia na ermida.

Faleceu José María na súa casa na rúa Virxe da Cerca en Santiago o 20 de febreiro de 1945 aos dous días de ter un accidente automobilístico en Ordes, sendo enterrado no cemiterio da Real e Ilustre Confraría do Rosario desta cidade. Na nota necrolóxica, ademais da súa esposa, irmás e nai política cítanse a seus oito sobriños "Riaza Ballesteros".


José Mª Ballesteros e a muller en Santa Tecla

A súa esposa, Carmen, pasou en venda a herdanza de Monteagudo ao Seminario Conciliar de Santiago de Compostela, segundo escritura realizada ante o avogado e notario da Coruña don José María Álvarez Martínez-Taladrid de data 7 de outubro de 1948. Logo ingresou no convento das

Madres Reparadoras, primeiro de novicia en Madrid, pasando logo a Santander e finalmente en Valladolid, onde falecerá o 25 de setembro de 1982.

Foron, pois, os últimos posesores da liñaxe Ballesteros da casa solar de Monteagudo. Ademais do xa dito a propósito do cerre da finca e da capela de san Brais, José María construíra unha porta na parede norte baixo o escudo e no lintel da mesma fixo gravar as súas iniciais J. B. F., que o destino quixo que se correspondesen coas do actual propietario.

7.- SITUACION ACTUAL

No ano 1984 os esposos Ángel Bastida e Estrella Freijedo compraron a *Casa de Monteagudo* ao Seminario Conciliar de Santiago, ao parecer por tres millóns de pesetas, sendo os propietarios ata o ano 1988 en que a venden a José Fernando Pérez Oya.

O 14 de abril de 1999 **José Blanco Fondevila** e **Sofía Santos Pérez** compran a propiedade, que se encontraba nun estado ruinoso. A familia Blanco-Santos, segundo a documentación facilitada por dita familia, encargou o proxecto de rehabilitación das ruínas ao prestixioso arquitecto Juan Navarro Baldeweg[800] (Santander, 1939). Dadas as características do lugar, realízase un proxecto arquitectónico integral, restaurando e adecuando as edificacións existentes ao uso de vivenda unifamiliar, dentro do respecto total polas construcións existentes e catalogadas de interese histórico-artístico.



Rehabilitación da casa de Monteagudo

800 **Juan Navarro Baldeweg** (Santander, 1939), Premio Nacional de Artes Plásticas 1990, Medalla ouro Tessenow 1998, Medalla ouro ao Mérito en Belas Artes 2007. Algunha das súas obras vense en Palacio Festivais en Santander, Palacio de Congresos e Exposicións en Salamanca, Pabellón Entrenamento Villa Olímpica Barcelona, Recinto Ferial Silleda, Museo e Centro Cultural Salvador Allende en Santiago de Chile, Instalación Pabellón Italia 9ª Bienal, Venecia-Italia, etc.

Así mesmo, o escultor alemán Ulrich Rückriem[801] (Düsseldorf, 1938) ten realizado un proxecto específico para o lugar, intervindo a paisaxe mediante a instalación dun conxunto de catro esculturas, unha estela, unha columna, un cubo e un relevo de chan, realizadas en granito rosa-porriño, e situadas en distintas localizacións da finca: preto da carballeira, á marxe do camiño do prado, na zona das penas e diante do pallar. Trátase de pezas cunha mínima intervención na materia, sen unha soa concesión anecdótica que interfira na contemplación.

O conxunto escultórico reflexa unha manifesta atemporalidade, articulando o espazo nunha relación harmónica co entorno. Como di o crítico suízo Max Wechsler, "*Las esculturas de Ruckriem fascinan justamente por su sencillez elemental que hace comprensible de manera visual cada paso del proceso de trabajo, de manera que la percepción de la figura se convierte -no en última instancia- en un placer intelectual. A ello se añade toda la paleta de estímulos sensoriales que descansan tanto en la composición natural de la piedra como en la constitución específica de las superficies originada por la intervención técnico-artesanal. A partir de este vocabulario elemental de gestos artísticos se desarrolla un rico juego visual entre el conocimiento del bloque y la percepción de su estructura.*"



Esculturas de Ulrich Rückriem

801 **Ulrich Rückriem** (Düsseldorf, 1938) Profesor das Academias de Arte de Hamburgo e Düsseldorf. A súa obra expúsose nas máis prestixiosas galerías e Centros de Arte do mundo. Asimesmo forma parte da colección dos museos máis importantes. As súas intervencións con carácter definitivo atópanse nos proxectos máis sobresaintes de arte pública en Francia, Irlanda, Bélgica, Alemania, Suiza, Luxemburgo, Reino Unido e España. Hoxe en día o artista está considerado como un dos máximos expoñentes da escultura europea de vangarda.

CASA DA MOTA

A "**casa da Mota ou dos Oteros**" no lugar da Mota na parroquia de San Martiño de Riobó forma parte patrimonio cultural do concello da Estrada no apartado de arquitectura civil (DOG 16 xullo 1991). E no mesmo DOG aparece citada a "*casa dos Otero*" e a "*casa e capela de Cobián*" na parroquia de Ribeira, que pertenceu a mesma familia que era dona da *casa da Mota*.

A casa da Mota, aínda que non ten a antigüidade doutras casas nobres nin ten escudo de seu, é considerada un pazo por ter algunhas das calidades propias do que se considera un pazo.



Casa da Mota

A casa da Mota atópase situada nun outeiro, desde onde se divisa a val do Ulla e ao fondo o orgulloso Pico Sacro, vixiante do camiño xacobeo e sentinela destas fértiles terras. Ten unha superficie construída superior aos 900 metros cadrados. De planta en L e con dous pisos destaca nel a súa enorme galería, a solaina á que se accede por unhas escaleiras antes de madeira e agora de pedra, unha adega con bóveda de pedra na que se fai viño, e na cociña unha campá de cheminea que se asenta sobre piares de pedra. O pazo conserva mobles centenarios en caoba e nogueira que enchen e adornan, entre outras cousas, os once dormitorios que curiosamente comunican entre si sen corredores.

Ten unha capela anexa ao lado sinistro da edificación con retablo neogótico e con entrada interior e pola fachada principal. Diante da capela érguese un ben labrado cruceiro duns cinco metros de alto, cunha plataforma de tres chanzos de base cuadrangular con zócalo, fuste circular con diámetro que diminúe en altura, no que hai esculpida a imaxe de san Antonio, e sobre el un capitel circular rematado en cadrado con volutas nas esquinas e catro querubíns en cada cara. A súa cruz é latina, redonda e espiñosa co Cristo crucificado no anverso con cabeza reclinada sobre a dereita. No reverso ten a imaxe da Inmaculada

Concepción. En 1771 o fundador do vínculo da Mota encargoulles aos seus sucesores que coidasen deste cruceiro.



Escudo. A Mota

Ao pasar o portal e na parte posterior sobre unha fonte destaca unha pedra de armas, traída doutro lugar, de grandes proporcións cun escudo rematado en punta, cortado, primeiro cuartel: unha cadea posta en orla e no seu campo un xinete con lanza en riste, brochante de dúas cabezas de moro no extremo posterior e outra baixo as patas dianteiras do cabalo, armas da liñaxe **Gundín**. Segundo cuartel: cinco paus recortados, orlados de oito caldeiras, armas da liñaxe **Taboada**. Ao timbre helmo con grandes penachos que mira cara a destra, rodea o escudo unhas volutas e uns lambrequíns vexetais á altura do helmo.

Un enorme hórreo de dez claros, agora en desuso, chama a nosa atención nas proximidades do xardín.

XENEALOXÍA

Podémonos remontar na xenealoxía desta casa estradense ata:

Simón Armas, casado con Juana de Castro, veciños de Riobó.

En 1647 Juan de Milmanda, procurador na Audiencia Arcebispal de Santiago, fíxolle foro a Simón Armas dunhas terras en Riobó por unha renda anual de nove ferrados de centeo e un par de capóns[802].

Simón morreu o 30 de maio de 1673. Foron os pais de:

Margarita Armas, veciña de Riobó, que celebrou os esponsais con **Domingo Pesqueiras**, fillo de Amaro de Pesqueiras e de Dominga de Castro, veciños de San Fiz de Lois (Ribadumia). Margarita faleceu o 5 de outubro de 1706.

Xeraron a:

1.- *Mariña Pesqueiras*, que casou o 4 de xuño de 1705 con *Domingo Montoiro*, fillo de Benito e María Tata, veciños de Santa Baia de Pardemarín.
2.- **Cristina Pesqueiras Armas**. (*que segue*)

Cristina Pesqueiras Armas tivo o seu enlace matrimonial en Riobó o 5 de febreiro de 1708 con **Domingo Otero García**, fillo de *Domingo Outeiro Dapena* e de *Catalina García*, natural de Arnois. Domingo fixo testamento ante Bartolomé Pesqueira, escribán de Santa Baia de Pardemarín e finou o 31 de outubro de 1744.

A súa descendencia:

802 ACS P 189 fol. 8r-8v

1.- *Roque Antonio Otero Pesqueiras*, bautizado en Riobó o 5 de xullo de 1708, sendo o padriño Roque Douteiro. Morreu solteiro o 12 de outubro de 1720.

2.- *Dominga Otero Pesqueiras*, bautizada o 28 de abril de 1710, casou o 7 de xaneiro de 1734 con Andrés Dafonte Piñeiro, fillo de Lourenzo e de Mariña, veciños de Barbude. Casaron "a troco", como di Juan Otero no seu testamento, pois casou Dominga e o seu irmán Juan cos irmáns, Andrés e Mª Antonia Dafonte respectivamente, capitulando que Dominga non había de pretender os bens fincabeis dos seus pais nin Mª Antonia os bens dos seus.

Dominga e Andrés tiveron varios fillos:

a) *Jacobo Dafonte Otero*, que veu a luz en marzo de 1736, tendo por padriños a Jacobo e Cristina Pesqueiras, veciños de Riobó.

b) *Mª Antonia*, bautizada en Riobó o 26 de abril de 1739, tendo por padriños a Juan Otero e a Josefa da Silva, veciña de Paradela.

c) *José*, nacido e bautizado en Riobó o 2 de xaneiro de 1744.

d) *Pío*, que recibiu o bautismo en Riobó o 30 de maio de 1747.

3.- **Juan Otero Pesqueiras** (*que segue*)

Juan Otero Pesqueiras, foi bautizado o 13 de xaneiro de 1716, sendo o padriño Jacobo de Armas, estudante.

Foi o herdeiro do seu tío cura de Riobó don Jacobo Pesqueiras e da súa tía Antonia Otero casada con Juan de Cartelle. Mordomo do marqués de Santa Cruz, en 1764 era procurador xeral da xurisdición de Tabeirós "*electo e aclamado polos seus vasallos*", que entre outros asuntos se ocupaba do sorteo de quintas, e como tal denunciou[803] ao xuíz D. José Araúxo e Pedrosa, natural de Tabeirós pero que vivía en Viveiro. A razón da denuncia foi que o xuíz nomeara como seu suplente a un tenente administrador chamado Gregorio Arias Mariño de Soutomaior[804] que actuaba *cega e atrapalladamente*, excedéndose nos cobros polos seus servizos sen axustarse aos aranceis estipulados.

Durante as décadas dos 60 e 70 vemos nos protocolos do escribán Domingo Antonio Domínguez[805] que Juan fai numerosísimas obrigas, así como trocos, compras, ventas, foros, etc., de xeito que desde o ano 1762 ata 1771 o seu patrimonio se multiplicou por cinco. Ao morrer dito escribán, Juan levou os protocolos ante autoridade competente pero ao parecer fixo algunhas modificacións. E así o 4 de outubro de 1780 presentou ante o xuíz un memorial extensísimo de acredores xunto coas escrituras notariais, o que provocou moitos altercados cando se executou o embargo.

Juan xunto co seu fillo Jacobo mercou o 17 de maio de 1771 o "prado dos Xaneiros" xunto con outros bens en Santa Mariña de Ribeira a Bernardo Cernadas e a Benita Sánchez a súa muller, filla de Alberte Sánchez procurador de Santiago. Ao empezar a traballalo con xornaleiros, foi denunciado[806] polo cura da parroquia por excederse non límites, pois o terreo non estaba limitado con chantos. Ao final déronlle a razón a Juan, xa que había unha árbore que servía de chanto. Neste preito do ano 1774 menciónase que había feira en Codeseda os días 14 e en Rubín (Foxocorvelle) os 15.

803 ARG.RA. 18783/51
804 Cfr.: *Casa dos Mariño*. páx. 335 ss
805 ARG. Protocolos, 3465
806 ARG. RA. 11173/74

Era "sisero" na taberna chamada da Pica en San Miguel de Moreira, onde tiña diversos bens. Disputou contra os veciños de Moreira e os de Callobre, a causa da auga da fonte do Toxal de Moreiras, onde había un muro separando a fonte chamada de *maceiras* e a de *coruxas*, que os veciños querían xuntar[807].

Juan outorgou testamento ante Pedro Antonio Domínguez o 24 de decembro de 1771, e outro ante José Barros, escribán e veciño de San Miguel de Arca, fundando ***o vínculo e morgado da Mota***. Os bens que deixa vinculados eran de propio dominio excepto a herdade de Balcón de Besada, que pertencía á freguesía, e a herdade de Besada e Prado, que eran da Tenencia da Veiga. Entre as obrigas do vinculeiro ademais de coidar da casa principal e os seus anexos, de agregar ao vínculo a quinta parte do seus bens libres, estaba velar polo cruceiro que estaba xunto ao portal da casa. Foi sepultado na capela maior da igrexa de Riobó o 15 de xullo de 1799.



Lareira da casa da Mota

Casou o 7 de novembro de 1734 en Barbude con ***Mª Antonia Dafonte Piñeiro***, filla de Lourenzo e de Mariña, veciños de Barbude. Mª Antonia outorgou testamento o 26 de abril de 1765 ante Domingo Antonio de Cortes mandando vincular os bens que ía herdar o seu fillo Jacobo. Morreu pouco despois.

Procrearon a:

1.- *Juan Otero Dafonte* (ás veces aparece como *De la Fuente)*, bautizado en Riobó o 5 de decembro de 1735. Foi presbítero e en 1778 tivo un preito[808] contra os veciños de San Miguel de Moreira a causa da paga duns réditos de censo, pois D. Juan era o capelán da capela e aniversario fundada en Santa Mª de Ribeira por D. Juan Bermúdez de Castro. Este, natural de Santa Mariña de Ribeira e veciño de Madrid, mandou no seu testamento fundar un aniversario de misas na parroquia, elixindo patróns e deixando cartos e bens para elo. Un dos patróns foi Dª Beatriz de Silveira, baronesa de San Quintín, viúva do barón Jorge de Paz e Silveira, quen tomou a censo redimible a metade, (polo que preiteou o capelán Miguel de Soto Bermúdez), e deu poder a Fernando Bello e a José Festa, capelán de Paradela, que executaron a redención. Os bens aforados, que pertencían ao arcebispado e ao mosteiro de Acibeiro, comprounos Juan Otero.

807 ARG. RA.. 18827/85
808 ARG. RA. 22047/2

Axudaba a seu pai a levar os asuntos xudiciais e mesmo actuaba da súa orde como recadador das rendas en Ouzande, Cervaña e Piñeiro do marqués de Santa Cruz, de quen Juan era o mordomo. Por iso seu pai di no seu testamento que ademais da lexítima debía dárselle unha parte do ganancial, e ademais deixoulle "*el cuarto nuevo de esta casa con su bodega, caballerizas a su escoger, parte de la cocina y porción de leña para que la usufructe durante su vida y no más. Y se le han de dar tres moyos de vino de la casa anualmente*".

2.- ***Jacobo Agustín Otero Dafonte***. (*que segue*)

3.- *Dominga Otero Dafonte*, que foi bautizada o 11 de outubro de 1739 sendo os padriños o seu avó Domingo e a súa tía Dominga Otero. Fixéronse as capitulacións matrimoniais de Dominga e do seu irmán Jacobo o 8 de agosto de 1762 ante o escribán Ángel de la Fuente para casar a troco con *Manuel e Mariña Pazos Callobre*, fillos de Francisco e Mariña, veciños de Berres. Nas capitulacións interveu tamén o presbítero don Cristóbal de Pazos, tío de Manuel e Mariña. Dominga casou en Riobó o 11 de agosto de 1762, pasando a vivir a Berres, mentres o seu irmán e cuñada foron a vivir a Riobó.

Manuel o 8 de agosto de 1758 fíxose cargo da sisa de San Martiño de Riobó. E trala morte da súa muller en febreiro de 1768 propúxolle matrimonio a Jacinta Piñeiro, solteira e veciña de Moreira pero residente en Berres, e como eran parentes Manuel prometeu pagar os gastos da dispensa, pero como non chegou a pedir a dispensa Jacinta tomou ela a iniciativa ante o Provisor de Santiago[809].

Os fillos de Manuel e Dominga, trala morte de esta, pasaron a vivir a Riobó co seu avó Juan Otero, pois ao parecer seu pai "*por su ninguna aplicación al trabajo*" non facía caso deles. Juan púxolles ama de cría e mestres para a súa educación. Os fillos chamábanse:

a.- *Juan Jacobo Otero Pazos*. Veciño de Berres, o 2 de outubro de 1793 o seu tío don Juan Otero, cura de Cervaña, ofreceulle ante Bonifacio Paseiro 600 ducados, que lle daría trala partillas dos bens do seus pais en forma de vínculo, para que casara con Mª Ana Paseiro.

b.- *Manuela Otero Pazos*. O seu avó no testamento mandou que se lle dese, cando tomase estado, dous bois e unha vaca parida. Manuela no ano 1800 estaba casada con José Rodríguez Ribadavia e era veciña de Moreira.

Jacobo Agustin Otero Dafonte foi bautizado o 28 de agosto de 1737, sendo os padriños o cura de Riobó don Jacobo Pesqueiras e a súa tía Dominga Otero.

En 1760 deulle unha malleira ao escribán de Tabeirós don Baltasar Jacobo Gómez Flores, de S. Pedro de Parada. Jacobo ao parecer era un mozo brouco, dito en palabras da época "*un quimerista, fundado en que seu pai é rico e ninguén se atreve a litigar con el*"[810]. Ademais xa tivera outras "quimeras", como a que tivo co cura de Ribeira, D. Bernardo Cuervo. Ao ser denunciado, seu pai tivo que saír de fiador, polo que lle embargaron bens por valor de 400 ducados, a saber, un par de bois, unha mula, un macho, catro porcos, cen fanegas de millo groso e algúns bens mobles.

Mercou uns bens a Juan Neira Infanzón[811] situados en Pousada (Curantes) que o 28 de xaneiro de 1800 subforou a Andrés Recarei[812], e posteriormente en xuño Andrés subforou uns bens a Jacobo en Riobó pola mesma cantidade, o que supuña un troco, pero que non se realizou como tal por seren algúns bens vinculares. Este feito creo un preito en 1843 entre os seus sucesores cando os Recarei foron despoxados xudicialmente deses bens.

809 ARG. Protocolos 2462.
810 ARG. RA. 21863/1
811 Cfr.: *Casa de Quiñones ou dos Reimóndez Figueroa. Castrotión*. Páx. 424 ss.
812 Cfr.: *Casa de Recarei ou da Nugalla*, páx. 446 ss.



Sala da casa da Mota

A súa voda tivo lugar en Berres o mesmo día que a súa irmá Dominga (casaron "a troco") o 11 de agosto de 1762, con **Marina Pazos Callobre**, filla de Francisco e de Mariana que xa falecera o 6 de outubro de 1742. Deste matrimonio naceu **Cristóbal Vicente Otero Pazos** (*que segue*)

Pero Marina morreu en 1769 ou en 1770 e Jacobo casou en segundas nupcias con **Antonia González Taboada**, natural de Carboeiro.

Antonia outorgou testamento ante Caetano Nicolás Vidal e foi sepultada en Riobó o 26 de xaneiro de 1792, mentres que Jacobo morreu en Riobó o 30 de decembro de 1800.

Fillos deste segundo matrimonio foron:

A.- *José María Ramón Otero González*, nacido o 5 e bautizado 6 de xullo de 1775 na Mota, tendo por padriños a Rosa Francisca González Taboada e a Antonio Sueiro de Andrade, veciños de Carboeiro. Foi licenciado e en 1840 vivía no lugar de Outeiro en Carboeiro.

B.- *Juan Antonio Andrés Otero González*, que naceu o 11 e foi bautizado o 21 de maio de 1780, tendo por padriño a seu avó Juan Otero. Vivía en Santa Mariña de Ribeira. Morreu solteiro o 28 de maio de 1858, outorgando testamento o 23 de marzo de 1852 ante Ildefonso Fernández e Ulloa a favor do seu sobriño Ramón María Cobián. En realidade, o 14 de maio de 1850 Juan xa recoñecera ante o escribán Francisco de Oca que lle debía a seu sobriño 16.000 reais a cobrar de seus bens cando morrese.

C.- *María Antonia Otero González*, bautizada o 28 de abril de 1773 tendo por padriño a seu avó Juan Otero. Casou en Riobó o 10 de febreiro de 1800 con *Ventura Cobián Cueto*, fillo de Juan Cobián e Manuela Cueto, veciños de Padrón. Ventura (ou Buenaventura) era comerciante en Padrón e noutros lugares. Aparece en varios preitos, e nun deles por mor de vender ao fiado unha carga de liño.

En 1801 o seu irmán Vicente pediulle tempo para pagarlle a lexítima que lle correspondía pola morte dos seus pais.

María, estando viúva, outorgou testamento en 1844 ante Mariano Paseiro e o seu óbito tivo lugar o 17 de marzo de 1851. Foron os pais de:

a.- *Jacobo Victorio Ramón Cobián Otero*, que naceu o 18 de novembro de 1800 e foi bautizado dous días despois. Na partida de bautismo hai unha nota que di que s*e ausentou para Portugal e ignórase o paradoiro 30 anos despois*. No testamento da súa nai tamén se di que esta "*ausente, fuera del Reino, sin saber de él*".

b.- ***Ramón María Ventura Cobián***, que foi bautizado en Riobó o 5 de agosto de 1806, tendo por padriños a Manuel Fernández e Rita Cobián, veciños de Trove.

Ingresou moi novo na Milicia Urbana, que logo pasou a denominarse Milicia Nacional. En 1827 foi proposto polo 2º comandante do Batallón de Tabeirós de Voluntarios Realistas don Francisco de Oca para o emprego de sarxento de brigada. Un ano despois en 1828, a Xunta de oficiais nomeouno secretario da Xunta de Cualificación. Foi nomeado abandeirado do batallón da milicia o 20 de xullo de 1835, permanecendo en servizo ata o 15 de setembro de 1837 en que foi nomeado segundo comandante do batallón da Milicia Nacional de Tabeirós, emprego que ocupou ata abril de 1840. O 19 de marzo de 1844 foi nomeado polo Intendente desta provincia Administrador de Rendas estancos da Estrada. Foi agraciado co título de Cabaleiro da Real e distinguida Orde de Calos III, que mereceu a felicitación de don José Valladares desde Vilancosta o 30 de xuño de 1847. En febreiro de 1854 o Gobernador da provincia nomeouno vocal da Xunta de sanidade do distrito e vocal da Xunta Inspectora de Camiños. Un amplo certificado do Capitán Xeneral de Galicia, a petición de don Ramón, para unha solicitude de soldo polo tempo prestado en servizo de armas, relata os servizos máis distinguidos en que participou don Ramón María Cobián Otero.

Ramón casou con **Josefa Budiño Arias**, que fora mellorada cunha casa na rúa Pitelos polos seus pais, o licenciado Manuel Budiño Rodal, veciño de Callobre, e Javiera Arias, veciña de Ribeira onde morreu o 20 de xuño de 1868 tras outorgar testamento ante José Ribadavia.

Ramón Cobián tivo moitos negocios con Ramón Otero da casa da Mota de quen se fala máis adiante. Así por exemplo o 17 de xaneiro de 1850 ante Francisco de Oca vendeulle uns bens por valor de 5.100 reais, que previamente comprara en venda xudicial.

Ramón morreu en Ribeira o 17 de xuño de 1890, tendo feito testamento en Santiago ante Ildefonso Fernández Ulloa o 23 de marzo de 1852 e outro o 10 de decembro de 1883. Cando morreu vivían os seus fillos *Albina*, nacida en Ribeira o 10 de xuño de 1857, que casou co avogado Vicente Vázquez Rubio, viúvo de Mª Amparo Velón Valladares[813], e finou 29 de marzo de 1940 sen descendencia; e ***José Valentín Cobián Budiño***, que –como veremos máis adiante- casou con Carmen e Jesusa Otero García, *da casa da Mota*.

c.- *Mª Engracia Juana Cobián Otero*, nacida en Riobó e bautizada ao día seguinte o 26 de novembro de 1811, tendo por padriños Juan Otero (o seu tío) e María Maquieira. No testamento a súa nai deixoulle unha casa cos seus anexos que mercara en 1803 e diversas leiras ("Trasdacerca, Outeiriño,...), se ben xa lle dera en 1841 outras propiedades ante Fermín Campaña.

d.- *Manuel Cobián Otero*, que viviu en Trobe (Vedra). O 13 de xuño de 1852 ante o escribán Ildefonso Fernández chegou a un acordo cos seus irmáns Ramón María e Vicente cos que mantiña un preito polas lexítimas, e así Manuel quedou con todas as propiedades a cambio de darlle 500 reais a cada un. Casou con *Ramona Fernández*, e a súa filla *Mercedes* casou en 1856 con Juan Antonio Cobián, comandante de cabalería graduado e retirado en Padrón.

813 Cfr.: *Casa de Vilancosta*, páx. 501.

e.- *Vicente Cobián Otero*, natural de San Mamede de Ribadulla, en 1840 estaba no "*Servicio Nacional*". Capitán retirado e viúvo, o 17 de abril de 1870 casou en Santiago (S. Fiz) aos 61 anos con Antonia Alcalde Larruga, de 41 anos, filla de José e Agustina, natural de Nebra.

Cristóbal Vicente Otero Pazos, recibiu o bautismo en Riobó o 16 de setembro de 1764, sendo os padriños Cristóbal Pazos, veciño de Berres e residente en Loimil, e Dominga Otero, a súa tía.

Vicente, como era coñecido, foi avogado e xuíz en Tabeirós. Casou con **María del Carmen Maquieira Pazos** (ou Ana María Maquieira e Malvar, segundo o testamento de Vicente), filla de *Antonio Maquieira*, da parroquia de San Bartolomeu de Pontevedra, e de *Josefa Pazos*, da parroquia de Sta. Mª Maior de Pontevedra.

Aparecen ás veces vivindo en **Ribeira**, sen dúbida na coñecida como "*casa dos Otero*", e outras na Mota onde tiña dúas casas cos seus bens anexos.


Vicente outorgou testamento o 30 de decembro de 1816 ante Felipe Pena, escribán de Rubín, no que deixa os bens a repartir en partes iguais entre os seus fillos, excepto os bens do morgado fundado polo seu avó Juan Otero, a condición de que sigan estudos. Tamén pide que, mentres non o enterren, o depositen na igrexa parroquial e logo o enterren no adro da igrexa na sepultura do seu avó. Foi sepultado en Riobó o 15 de xuño de 1822 coa presenza de 44 sacerdotes. Ao parecer cando morreu pensaba en emigrar.

Os seus descendentes foron:

1.- **Eduardo Otero Maquieira** (*que segue*)
2.- **Esteban Manuel Otero Maquieira**, (*que segue*)
3.- *Ventura María Otero Maquieira*, bautizado o 3 de agosto de 1809 en Riobó tendo por padriños aos seus tíos Ventura Cobián e María Otero, veciños de Riobó. Ao igual que o seu irmán Hipólito estudou medicina en Santiago e logo foron xuntos en 1830 para o Real Colexio de Medicina e Cirurxía de San Carlos tendo feito as probas de limpeza de sangue. As testemuñas pra estas probas foron, entre outros, o comandante de Voluntarios Realistas don Mariano Paseiro, o capitán de Granaderos don Eusebio Paseiro e José Valladares, avogado e capitán de infantería retirado, veciño de Berres.
4.- *Hipólito Otero Maquieira*, bautizado o 11 de febreiro de 1811 en Riobó ao día seguinte de nacer, foi alumno do Real Colexio de Medicina e Cirurxía de San Carlos, onde se fixo doutor. Curiosamente presentou unha partida de nacemento, que di que naceu o mesmo día pero tres anos antes, en 1808, xa que doutro modo non lle permitían entrar no Colexio por ser de menor idade (Se fose correcta, dous meses despois nacería o seu irmán Manuel).

A finais de 1843 presentou unha memoria titulada "*Consideraciones y teoría sobre las fístulas*", que foi aprobada por unanimidade. Era o propietario xunto co seu irmán Manuel das dúas barcas sobre o río Ulla en Ponte Sarandón que arrendaban para a súa explotación. Así o 8 de outubro de 1855 arrendárona por 11 reais diarios.

Como doutor na Coruña atendeu a xente moi principal, como a Jacoba Cisneros Puga, condesa de Ximonde ou a Juana de Vega, condesa de Mina, de quen suscribiu o seu óbito.



Nº3984440

Mil ciento veinte.

D.n Hipolito Otero. Dr en medicina y en Cirujia

Certifico que la Exma Sra Dª Juana Mª dela Vega Condesa de Lyon y viuda de 64 años de edad, natural de esta Ciudad, vecina dela misma calle de Arebedo Nº 46, ha fallecido a consecuencia de una enfermedad del corazon alas Diez dela mañana del dia de hoy. y para que asi conste doy la presente la firmo a veinte y dos de Junio de mil ochocientos treinta y dos.

D. Hipolito Otero

Partida de defunción de Juana de Vega

Casou na parroquia coruñesa de san Xurxo o 18 de marzo de 1850, aos 39 anos, con *Carolina Garrido Matos*, de 23 anos, filla do comerciante Andrés, natural de Ferrol, e de Andrea, natural da Coruña, pero con propiedades en Arteixo, Chamín e Lestón[814]. Vivían na rúa Luchana, nº 27, da Coruña, e xa viúvo en r/ Rego de Auga, 50. Tivo por fillos a *Luis Otero Garrido*, a *Carolina* nacida en 1852, e a *Vicente*, nacido en 1859 avogado, que casou en Santiago aos 36 anos o 5 de maio de 1895 con Dolores Valderrama Otero, filla de Vicente e Mª del Carmen.

5. *Mariano Salvador Otero Maquieira*, nacido o 4 e bautizado o 5 de agosto de 1812, tendo por padriños Juan e María Otero. Morreu de neno, xa que seu pai xa non o cita no testamento feito catro anos despois.

6. *José Benito Otero Maquieira*, foi bautizado o 19 de agosto de 1814 en Riobó ao día seguinte de nacer, sendo o padriño José Benito Maquieira, cura de Trava (Bergantiños). Alumno do Real Colexio de Medicina e Cirurxía de San Carlos, foi médico en Valencia, para o que tivo que facer a proba de limpeza de sangue.

Esteban Manuel Otero Maquieira e Malvar, pero coñecido como ***Manuel Otero***, naceu e foi bautizado o 8 de maio de 1808 na igrexa de Riobó, sendo o padriño o cura de Ribeira chamado Esteban. Casou sobre 1858 con ***Benita Vinseiro Gamallo***, nacida en 1828, filla de Manuel Vinseiro Gómez, natural de Ribeira, e de María Gamallo, natural de San Mamede de Ribadulla.

Viviron na Mota e partir de 1852 en Ribeira. Tivo por fillos a *Genaro* e *Manuel* - que foron xuíces municipais na Estrada- , *Vicente, Carmen* e *Ramona Otero Vinseiro*.

814 ANC Protocolos de José Pérez Porto (26/4/1884)

A súa vida seguiu o mesmo curso que a política nacional, sendo apoiado ou defenestrado segundo estivesen no poder as forzas progresistas ou conservadoras.



Hórreo. A Mota

Estudou para avogado obtendo o título o 12 de xuño de 1833. Neste mesmo ano foi nomeado alcalde (preconstitucional) da Estrada e, ao comezo da guerra carlista, comandante da Milicia Urbana de Tabeirós, que xunto ao xuíz Cristóbal Sánchez apresou a guerrilla carlista capitaneada por Gorostidi. "*Organizó la Guardia Nacional de Tabeirós, la informó y pagó a su costa a los espías para saber los movimientos de aquel infame, a cuyas determinaciones fue víctima él con ocho de sus secuaces, y que de no haber sido esto se tendría comprometido la suerte de Galicia*"[815].

En represalia a casa da Mota foi asaltada o 27 de xuño de 1835 pola facción mandada polo seu xefe López, proferindo insultos contra don Manuel. Ao non encontralo no seu domicilio por ter saído á festa do apóstolo en Santiago, saquearon a casa levando diñeiro, alfaias, roupas e víveres, e destruíndo o mobiliario que non puideron levar. Calculáronse os danos en 24.000 reais.

Pero os carlistas regresaron á casa da Mota o 7 de abril de 1836. "*Por estos y otros servicios se graneó el odio y cruel saña de los enemigos del bien público y de S.M. por lo que el jefe López le saqueó la casa destruyendo los muebles de consideración e interesantes títulos de posesión, llegando a tal ferocidad que ya que no pudo coger al exponente, lo hizo con un hermano suyo* -Eduardo Otero- *y un cuñado de este* –Gonzalo Arén-, *siendo arrancados de la cama el 7 de abril de 1836 y conducidos ambas víctimas, descalzos y en camisa hasta el pueblo de La Estrada, donde fueron sacrificados con bárbaro furor, haciendo presenciar esta escena sangrienta a la esposa del primero*".

"*Consta por documentos las muchas salidas que comandante hizo contra los facciosos,...y de haber recibido tres balazos*". Como alcalde e comandante perseguiu a banda de facciosos que mataron a seu irmán, colléndoos en Soutelo de Montes. A causa das molladuras que soportou durante catro anos de persecución dos rebeldes carlistas, padecía do fígado, polo que consta que en 1869 acudiu aos baños en Cuntis para remedio da súa enfermidade.

815 AHN, FC-Mº Xustiza Mag. Xuíces,4663, Exp.5767

Logo participou no proceso xudicial contra os facciosos, buscando ao parecer testemuñas falsas polo que foi multado e amoestado. Neste proceso veuse incurso tamén Manuel Gómez, dono do pazo de Xerliz.

En 1840 foi elixido deputado en Cortes pola provincia de Pontevedra. En 1842 antes de ir para Madrid deixou poder ante Mariano Paseiro a don Ramón María Otero, o novo marido da súa cuñada Ramona Arén, para que levase os seus asuntos económicos.

Ante o pronunciamento no que triunfou Narváez, Manuel reuniu na súa casa ao xuíz e fiscal de Tabeirós e convocou mediante os pedáneos unha concentración armada de todos os nacionais licenciados na Estrada o 2 de novembro de 1843. Presentouse alí ese día Manuel "*a caballo con trabuco, sable y pistolas proclamando la Junta Central y República*". Desde alí dirixiuse cos concentrados cara Soutelo de Montes, cometendo moitos asoballamentos, pero ante as noticias adversas os homes dispersáronse. Entón collendo as armas levounas a Pontevedra poñéndoas a disposición da autoridade competente, como se fose esa a súa intención. Porén foi acusado en 1844 de rebelión contra os conservadores, polo que foi multado e desterrado en Mallorca durante dous anos.

En recompensa polo seu labor contra os carlistas e como deputado a Cortes foi nomeado xuíz de 1ª instancia de Pontevedra o 18 de abril de 1856 e cesado moi pouco despois ante os informes que sobre del deu o Capitán Xeral de Pontevedra. En efecto, o 28 de xullo dese ano Manuel escribiu unha carta ao ministro explicándolle os abusos que cometía o gobernador militar, quen o destituíu como xuíz o 2 de agosto, alegando ser irmán de Hipólito Otero, deputado demócrata e segundo el por non estar capacitado para o cargo, e porque "*fue uno de los corifeos de la deputación, el cual los días 18, 19 y 20 apuró todos los medios de concitar al desorden y a la rebeldía", "pues es enemigo del goberno de S.M.*". O gobernador militar tamén argumenta que de 27 deputados demócratas, 7 son da provincia de Pontevedra, de aí que interveña de inmediato. Por iso, se ben o 12 de agosto Manuel é reposto polo Capitán Xeral de Galicia, volve a ser suspendido o día 18 por mor dos informes recibidos do Capitán Xeral de Pontevedra, que tamén o acusaba de persoa ignorante, de pouca intelixencia, pero perigoso por ser arrichado.



Casa da Mota

Pero cos novos cambios políticos, e dicir, tralo derrocamento da raíña Sabela II, foi nomeado de novo xuíz o 4 de novembro de 1868 para Pontevedra, logo o 25 de maio do 70 para A Coruña, se ben por incompatibilidade é trasladado a Albacete onde toma posesión o 21 de xaneiro de 1871 e trasladándose a Oviedo, a petición súa, tres meses despois. Alí estivo ata o 8 de marzo de 1875, en que é declarado cesante.

Disputou pola escribanía que levaba José María Paseiro con **Ramón Otero Estévez** (*que segue*), casado coa viúva do seu irmán Eduardo, Ramona Arén, e que tiña o usufruto dos seus bens, polo que vivían tamén na casa da Mota.

De aí que para evitar as discusións e preitos, Manuel vendeulle a dito Ramón Otero Estévez a casa da Mota e demais capital ante o escribán Francisco de Oca o 15 de novembro de 1852 por 60.000 reais, ademais doutros 4.000 por diferenzas sobre os contratos da compañía. "*Que como Manuel é dono non só do vínculo fundado polo seu bisavó Juan Otero que nos seus días posuíu Eduardo o seu irmán, e polo que pode dispoñer da metade libremente, así como don Manuel é herdeiro da metade de toda a lexítima e herdanza de don Eduardo sen prexuízo do usufruto que deixou a viúva, para evitar disputas sobre as cobizas do usufruto, lindeiros e habitación da casa principal e outras vende a herdanza de seu irmán, tanto na casa principal da Mota, as súas oficinas, currais, casas de caseiros, horta con todos os bens e rendas do lugar de A Mota, así como os de Berres, Remesar, San Pedro e Santo Tomé de Ancorados, Arnois, San Xiao de Guimarei, San Xurxo de Codeseda, Agar, Rubín, sen outra excepción que a renda de 24 ferrados de centeo e 2 capóns que se cobran en Olives coa parte do Souto da Revolta, e vende con todos os dereitos de rega, servidumes, pensións e demais gravames na cantidade de 60.000 reais*"[816]. A cantidade debíase entregar en seis anos, pero se non pagaba a tempo, debíase facer cargo dun 6% de réditos. Por outra banda, recórdase a don Ramón que debe respectar o usufruto da súa esposa. Anos máis tarde, en 1870, laiábase de malvender a casa pois dicía que valía o dobre.

En outubro de 1880, como xa era maior, deu poder a seu fillo avogado Genaro e que vivía con el, para levar a administración da casa.



Comedor da casa da Mota

Ramón outorgou testamento ante Filipe Pena Leira sobre o ano 1828 e outro ante José Ribadavia o 13 de marzo de 1857 onde di que tivo dous fillos naturais de Benita Vinseiro, a Genaro e a Julia Escolástica Ramona, a quen di ter recoñecido nos libros bautismais e aos que volve non só a recoñecer senón que os nomea os seus herdeiros universais. Pero o último outorgouno ante Ricardo Luaces Miranda o 17

816 AHPPo. Protocolos de Francisco de Oca.

de febreiro de 1883. Morreu na súa casa de Ribeira aos 75 anos o 9 de xullo de 1883. No testamento[817] despois da profesión de fe e dos actos eclesiásticos, pide que *se dea pan cocido a domicilio a persoas verdadeiramente necesitadas, pois é un desgraciado costume gastar en festíns impropios nos días de loito, e prohibe terminantemente toda comida extraordinaria nos mesmos sexa cal sexa o pretexto*. Tamén recoñece os seus cinco fillos, aclarando que se ben Genaro foi procreado antes do matrimonio, cre que foi lexitimado, e se non o foi, declárao lexítimo. E di que Genaro, avogado, ten 26 anos, Manuel, avogado, 24 anos, Vicente que estuda medicina ten 20 anos, Carme 18 e Ramona 14, todos solteiros.

As partillas da herdanza deixounas feitas xa no testamento, deixando a mellora ao primoxénito, sinalándoa sobre a casa amurallada en que vivían que daba ao norte coa vía pública da Barca de Sarandón. Ás fillas deixoulle 10.000 pts a cada unha e aos outros fillos diversos bens (casas, leiras, montes...) no igrexario e en Berres.

Eduardo Otero Maquieira, que era o primoxénito e polo tanto dono do morgado, foi bautizado o 28 de decembro de 1806, sendo o padriño José Benito Maquieira, cura de Traba (Bergantiños). Casou o 31 de agosto de 1829 en Folgoso (Cerdedo) con **Ramona Arén Seoane**, filla do escribán Gonzalo Arén Losada e de Ignacia Seoane Arén, veciños de Santa María de Folgoso de Montes, e neta de José Arén Losada[818] e de Mª Josefa de Rivas. Entre as testemuñas da voda estaba José María Arén, presbítero e veciño de Castrelo.

Eduardo testou o 6 de xuño de 1831 ante o escribán don Benito José Paseiro, escribán da xurisdición de Montes. Nomeaba usufrutuaria dos bens libres á súa muller Ramona e deixaba o vínculo a seu irmán Esteban Manuel e descendentes, sempre e cando non fose contra o por el disposto, xa que en tal caso herdaría o seu outro irmán, Hipólito.

A Eduardo matárono, como xa vimos, na Estrada o 7 de abril de 1836 e foi enterrado dous días despois no adro diante da porta principal da igrexa de Riobó. En Folgoso, de onde era a súa muller, celebrouse un funeral por Eduardo "muerto desgraciadamente", segundo se di no Libro Sacramental.



Capela da casa

817 AHPPo. Protocolos de José Ribadavia e de Ricardo Luces Miranda.

818 José Arén Losada ou Leiro, era fillo ilexítimo de Gonzalo Arén Losada e polo tanto neto do mestre arquitecto Pedro de Arén e de Manuela Losada Cadórniga. Pedro de Arén traballou na catedral de Ourense, Santiago, etc. Cfr. BÉRTOLO, JM, *Pedro de Arén, arquitecto de Terra de Montes* (c.1635-1699) *e a súa descendencia*, en: A Estrada, Miscelánea histórica e cultural, ed. Museo do Pobo Estradense, nº 19, 2016

Ramona Arén volveu casar logo en Riobó o 19 de decembro de 1841, cando xa tiña 44 anos con ***Ramón Otero Estévez*** (*que segue*), de 23 anos, sendo testemuña o licenciado don Manuel Otero.

Ramona Arén e Ramón fixeron testamento o 23 de abril de 1865 ante Manuel Santamarina notario da Estrada[819]. Ramona morreu de pulmonía en Riobó o 25 de xaneiro de 1868 aos 71 anos.

Ramón Tomé Otero Estévez, foi bautizado ao día seguinte do seu nacemento na parroquia de Alvarellos (Boborás) o 19 de xaneiro de 1819, tendo como padriños ao seu avó Tomás Estévez e a súa tía Dolores Santiago. Era fillo de *José Otero Santiago* e *María Estévez Munín*[820], e neto por vía paterna de *Pedro* e *Jacinta*, e por vía materna de *Tomás* e *Teresa*.

Casou, como xa se dixo, en Riobó o 19 de decembro de 1841 con *Ramona Arén Seoane* que era a usufrutuaria dos bens libres da casa da Mota. Tendo tratado o matrimonio o 23 de maio de 1841 Ramona dixo que contaba con 33.000 reais de dote ademais de roupas e enxoval, polo que lle deu a Ramón 23.000 reais cos que Ramón pagou a dispensa pois eran parentes, e tamén pagou ao cabido de Ourense 10.500 reais para recuperar os bens do seu defunto pai don José Otero, así como a seu irmán Bernardo Otero a quen lle deu 2.150 reais por uns bens en renda. E logo, xa casados, o 13 de abril de 1842 Ramona entregoulle ante Antonio Montenegro os 10.000 reais restantes.

Logo en 1842 ante o escribán Juan Manuel Taboada, veciño de Santa Cruz de Ribadulla, e tamén o 15 de agosto de 1848 ante Benito José Paseiro, Ramona outorgou escrituras de doazón dos seus bens a favor do seu marido.

Ramón María ao pouco de casar mercou a fábrica de papel, que estaba preto da torre da Barreira[821]. Deseguida fixo a súa aparición no mundo da política chegando a ser alcalde da Estrada durante o ano 1842, logo en 1843 foi comandante do 2º batallón da Milicia Nacional do partido da Estrada, en 1855-6 concelleiro e síndico do concello da Estrada e en 1873 foi vocal do comité alfonsino da Estrada.

A súa nai María Estévez, agora viúva do segundo marido Ignacio Orcullo e residente en Riobó, vendeulle a Ramón diversos bens en Cameixa ante Mariano Paseiro. E o 8 de febreiro de 1847 ante o escribán Francisco Andión[822] deulle para sempre a Ramón, apartando aos seus outros fillos de todo dereito, os cartos que levara da casa e que gastara en mercar bens e casas.

A partir de primeiros de ano de 1852 exerceu como recadador das contribucións directas do distrito da Estrada, para o que tivo que facer en garantía unha hipoteca o 30 de decembro de 1851 ante Francisco de Oca e outra posterior o 14 de xaneiro de 1852 pois na anterior non estivera presente a súa dona Ramona, que tamén tiña que asinar.

Como xa vimos, o 15 de novembro de 1852 mercoulle a Manuel Otero a casa da Mota xunto con todos os bens do morgado, pero seguiu tendo moitas máis relacións económicas con el. Así o 31 de decembro de 1861 comproulle por 10.400 reais unhas casas, leiras e rendas en Folgoso, que Manuel mercara dez días antes nunha puxa xudicial froito dun embargo[823].

Ramón en 1861 tamén aparece como dono dunha empresa de fundición e dunhas minas de estaño en Santa Eulalia de Losón (Lalín) chamadas "A filla ausente" e "San Antonio".

819 APPo. Protocolos de Manuel Santamarina.
820 Un irmán de María, Pedro, casou o 12 de maio de 1813 en Castrelo (Forcarei) con Ignacia Arén, filla de José Fco. Aren Casal e Vaamonde, da casa de Lerce, e de Josefa Balboa Cadavid, veciña de Alvarellos.
821 A fábrica de papel fora levantada en 1738 por Andrés de Silva, da *casa de Silva*. Cfr. Páx. 475 ss.
822 AHPPo. Protocolos de Francisco Andión.
823 AHPPo. Protocolos de Manuel Santamarina.



Lápida de Ramón Otero Estévez

Expresou as súas últimas vontades o 23 de abril de 1865 ante Manuel Santamarina e morreu aos case 84 anos na Mota o 26 de novembro de 1903, sendo enterrado no adro de San Martín de Riobó dous días máis tarde, asistindo 40 sacerdotes.

O 17 de agosto de 1848 fixo recaer os bens recibidos da súa muller Ramona Arén en 1842 "*en dos hijos naturales de Juana García Centeno*[824]*, Gumersindo y Mª da Concepción,* ***habidos de don Pío Otero****, para sostén de los pupilos y siempre que estos lo necesitasen y se hiciesen acreedores a ello por sus buenas cualidades en su vida pública y privada*"[825]. Tamén fixo doazón dos seus bens presentes e futuros, facultando a Juana para administrar os bens doados mentres ela siga solteira, pois en caso contrario pasaría aos fillos directamente. Estaba claro que Ramona estaba de acordo e que xa non esperaban ter fillos de seu, pois Ramona pasaba dos 50 anos.

Esta doazón foi referendada por Ramón Otero e a súa esposa Ramona Arén nas súas últimas disposicións de 1865, poñendo Ramona a condición de que levasen primeiro o apelido Otero e que non herdasen os bens da súa nai, pois esta tiña outra filla natural chamada Carmen. Non obstante esta última condición foi retirada por Ramona nun codicilo o 21 de xaneiro de 1868.

En efecto, **Juana García Centeno**, veciña de Merza, tivo dous fillos ilexítimos de *Pío Otero* e logo outra filla, Carmen, de pai descoñecido.

Juana (*Cfr. Apéndice*) nacera en Pazos de Arenteiro o 9 de setembro de 1816, filla de Gonzalo García Centeno, natural de Salamanca, e de Francisca Mª Portela, natural de Breixa, e neta do administrador da Encomenda de Pazos don Antonio García Sánchez (Aldearrubia, 6/2/1734-Pazos, 6/10/1805) e Mª Antonia Centeno Centeno Maldonado e Coca (Salamanca 16/6/1752-Pazos, 16/3/1781), veciños de Pazos de Arenteiro, e por vía materna de José Carlos Portela, do pazo de Fares en Breixa, e de Isabel Álvarez de Barcia e Ribera, natural de Merza.

Alterna o seu lugar de residencia entre Merza e Pazos. En 1858 vive en Reboredo (Merza) en compañía doutras dúas irmás.

Morreu de apoplexía o 21 de abril de 1869 en Riobó, tendo feito testamento ante Manuel Santamarina o 5 de agosto de 1867, deixándolle a seu irmán José, que era maxistrado, os bens que tiñan en Salamanca por herdanza dos seus pais.

Juana foi a nai de:

1.- **Gumersindo Otero García**, (*que segue*)

2.-*Blandina Concepción Otero García*, nacida en decembro de 1846 e bautizada ao día seguinte en Breixa, sendo a madriña a súa tía materna Dolores. Uniuse en matrimonio en Riobó o 22 de febreiro de 1875 con *Antonio Sanjurjo Badía*, fillo de Antonio e Manuela, veciños de Sada, onde naceu o 8 de xuño de 1837. Os seus avós paternos foron Manuel Sanjurjo, natural de Cañás, e María Álvarez Becerra, natural de Cerceda, pero veciños de Paleo. Os avós maternos

824 Juana era irmá de Mª Dolores, cuñada de Ramón Otero, pois estaba casada con Francisco Otero Estévez.
825 AHPPo Protocolos de Eugenio Andrés Parcero.

chamábanse Victoria López, veciña de Sada, e Pablo Badía, que foi o padriño do bautizo e era natural de Santiago de Franza.

Antonio era industrial e fundou unha importante industria metalúrxica en Vigo, así como a primeira liña de autobuses entre Santiago e A Coruña. Tiveron cinco fillos:

a.- *Antonio Sanjurjo Otero*, estudou enxeñería naval en Inglaterra. Fíxose cargo do estaleiro e da empresa *La Industriosa*. Casou con Paz Cantero Villamil e finou en marzo de 1918.

b.- *Carmen Sanjurjo Otero*, casada con Francisco Lorente Armesto, enxeñeiro mecánico e militar, que figurou entre os fundadores da Sociedade Filarmónica viguesa. Logo viviron en Pontevedra aínda que tiñan casa en Arnois. Francisco chegou a ser tenente coronel de Artillería.

c.- *Ramona Sanjurjo Otero*, casada con Ramón López Guitián.

d.- *Manuel Sanjurjo Otero*, cursou enxeñería mecánica en Alemania e estivo ao fronte da empresa de autobuses La Regional. Casou en 1907con María Aranaz Elices, con descendencia.

e.- *Fernando Sanjurjo Otero*, estudou enxeñería química, pero finou en 1903 vítima da tuberculose.

3.- *Carmen*, de pai descoñecido.



Gumersindo Otero

Gumersindo Otero García, naceu en Breixa o 9 de decembro de 1845 e foi bautizado tres días máis tarde, sendo madriña a súa tía materna Mª das Dores. Casou en Riobó o 9 de abril de 1871 coa súa prima Dolores García Espinosa, natural de San Cosmede de Cusanca, Irixo (Ourense), filla de José García Centeno[826], avogado, natural de Santiago de Breixa, e de Jesusa Espinosa Salgado[827], natural de San Salvador de Escuadro (Silleda) e domiciliados en San Cosmede de Cusanca. Foron testemuñas Pío e Amalia García Espinosa, veciños de Cusanca,

Na partida de casamento de Gumersindo dise que era "*fillo de Ramón Otero*", seguramente por suposición do cura ao ter sido declarado herdeiro de Ramón Otero.

No ano 1880 encontrábase ao fronte da fábrica de papel de Riobó, que mercou seu pai adoptivo Ramón Otero e fora fundada en 1740 por Andrés de Silva, veciño de Arnois. A fábrica pasou despois a outras mans segundo consta en documento de venda de 23 de maio

826 *Jose Garcia Centeno* (Pazos,17/2/1818). Herdou a casa e bens en S. Cosme de Cusanca. Casou o 12 de maio de 1848 en Cascaxide con Jesusa Espinosa Salgado e irmá da súa cuñada Nicolasa, casada con Antonio García Centeno.
Foi fiscal en Lalín (1851-52), Xuíz de 1ª instancia na Estrada (1851), Allariz (1853), Ribadavia (1857), A Cañiza, Salas de los Infantes (1872), Pola de Laviana, Pontedeume, Xinzo de Limia, Arzúa, Ortigueira, Tabeirós, Algeciras, Sevilla, Plasencia, finalizando a súa carreira xudicial como maxistrado en Ourense. Na Estrada onde exercía como xuíz, outorgou testamento o 14/9/1868, ante Manuel Santamarina, mellorando a súas fillas Amalia e *Dolores* en mil escudos. Nomea testamentario a seu irmán Antonio e, en defecto, a José Cervela Pardo, de Pazos, a quen encarga "*gran moderación en sus funerales*".

827 Jesusa Espinosa Salgado, nacida o 9/7/1825 en Escuadro, era una dos 14 fillos de Benito (Fdez.) Espinosa Varela e de María Salgado Vaamonde, neta por vía paterna de José Fernandez Espinosa e Josefa Varela e Verea de Aguiar (dos Varela do pazo de Buzaca), e por vía materna de Benito Salgado, veciño de Soutolongo, e Juana Vaamonde, de Brántega, que casou en segundas nupcias con José Mª Rivas Taboada, veciño de Siador (Sobre José Mª Rivas ver *Historia Genealógica de Fco. Mª de Rivas Taboada y Vaamonde*, en Boletín nº 4 de Estudios de Genealogía Heráldica y Nobiliaria)

de 1940. Dentro do edificio da fábrica a comezos do século XX funcionaba "*un muíño de maquía, un taller de torneiro e unha centraliña hidroeléctrica*", segundo nos conta J. Fernández Casal. [828]

Seguindo os pasos do seu pai entrou no mundo da política sendo alcalde da Estrada en dúas lexislaturas, desde o 1 de marzo de 1877 ao 1 xullo 1881, e de novo desde o 6 de setembro de 1886 ata o 25 de maio de 1887, que a petición propia e alegando problemas de saúde cesou no cargo.



Lápida de Gumersindo Otero

Continuou no mundo da política sendo deputado provincial en 1888, 1892, 1896, 1901 e 1909. En 1898 e 1902 foi elixido presidente da Deputación de Pontevedra e tamén alcanzou o cargo de gobernador civil de Ourense.

Foille concedido a Gran Cruz de Isabel a Católica, polo que o concello da Estrada en sesión do 16 de xaneiro de 1901 tamén acordou por unanimidade nomealo "*Hijo predilecto del País*".

O óbito de Gumersindo tivo lugar o 12 de novembro de 1914 na súa casa da Mota. Ao enterro de Gumersindo asistiron varios deputados a Cortes, como Raimundo Riestra Calderón, o presidente da Deputación de Pontecedra, o alcalde da Estrada, etc., etc.

Cando finou Dores, o 26 de setembro de 1936, tan só vivían seis fillos, José, Jesusa, Gumersindo, Gonzalo, Martín e Purificación.

Esta familia xunto cos seus primos descendentes de Concepción Otero e Antonio Sanxurxo Badía fixeron unha primeira peregrinación a Santiago no ano 1923 e que aínda agora seguen a facer os seus descendentes.



Oterada 1923

Gumersindo e Dores tiveron na súa casa da Mota unha numerosa descendencia:

1.- *Ramona Otero García*, naceu o 14 de abril de 1872 e faleceu célibe na Mota o 15 de xaneiro de 1929.

828 FERNANDEZ CASAL, J. *Breve aproximación ós muíños da parroquia de Riobó*. Miscelánea Cultural de A Estrada nº 5. Ed. Fundación Cultural de A Estrada. Museo.M.R.Portela, 2002

2.- *María de la Purificación Jesusa Amalia Otero García*, naceu o 30 de marzo de 1873. Sen descendencia.

3.- *Ramón Gonzalo Antonio Otero García*, viu a luz o 16 de febreiro de 1875. Finou aos poucos meses o 16 de decembro de 1876.

4.- *José Otero García*, casado con *María de Castro-Figueroa López*. Tivo tamén numerosa prole: Gumersindo, José Manuel (pai do eminente médico neurocirurxián vigués José Manuel Otero Vich), Celestino, María, Dolores, Martín, Antonio, Gonzalo, Ramón e María Luisa. Tiña a súa residencia en Pontedeume, no pazo do Piñeiro onde en 1936 os republicanos asaltaron o pazo e asasinaron ao seu primoxénito e ao presbítero do pazo. Anos despois os maquis queimaron o pazo.

5.- *Pío Carlos Eliseo Otero García*, naceu o 26 de outubro de 1877. Célibe e sen profesión, finou aos 46 anos na casa da Mota o 9 de setembro de 1924.

6.- *María del Carmen Josefa Otero García*, naceu o 12 de setembro de 1879 e foi bautizada en Riobó ao día seguinte. Casou con *Valentín José Cobián Budiño*, nacido o 27 de maio de 1865, licenciado en medicina e cirurxía, natural de Ribeira, fillo de Ramón María Cobián Otero e de Josefa Budiño Arias. (*ver anteriormente*)

Faleceu Carmen en Riobó o 13 de agosto 1907 sen outorgar testamento e o seu esposo contraeu novas nupcias coa súa cuñada Jesusa Otero. Valentín José morreu o día 16 de xuño de 1917 aos 50 anos e a súa segunda esposa o 20 de xullo de 1960.

Foron veciños de Ribeira onde naceron algúns dos seus fillos:

a) *Ramón José Cobián Otero*, nacido en Ribeira o 14 de abril de 1899 e finado na Coruña o 2 de setembro de 1951. Casou con *Herminia Varela Neira* (fimada o 11/3/1962), viviron na Coruña, onde tiveron dezasete fillos, polo que en 1948 tivo o Premio Nacional á Natalidade: César, Mª Carmen, José Luís, Ramón, Herminia, Socorro, Dolores, Teresa, Gonzalo, Mª Jesús, Fernanda, Javier, Mª Hermitas, Mª del Pilar, Camila e Antonio. Médico pediatra, académico da Real Academia de Medicina de Galicia e Asturias (1949), presidente do Colexio de Médicos da Coruña (1938), médico dos Servizos da Cruz Roxa, da Casa Cuna, da Protección Tutelar de Menores e director do *Sanatorio Modelo*, que fundou en 1946.

Desde o ano 1955 o seu fillo Ramón Cobián Varela, médico anestesista, ocupou a dirección do Sanatorio Modelo durante corenta anos. En 1995 produciuse o relevo xeracional, ocupando o cargo o seu fillo Jorge Cobián Casares.

b) *Mª de los Dolores Gumersinda*, nacida o 26 de febreiro de 1901. Casou no oratorio da Mota o 13 de maio de 1928 con Jacobo Harguindey e Salmonte, de 27 anos e natural de Santiago, fillo de José e Rita. Dolores finou viúva na Coruña o 12 de xuño de 1987. Sen descendencia.

c) *Mª Teresa Jesusa*, nacida o 21 de setembro de 1902.

d) *Marina*, naceu na parroquia de Ribeira pero logo foi veciña de Riobó, onde a casou o cura de Curantes Costantino Neira Baloira o 18 de xullo de 1938 co apoderado do Banco Pastor na Estrada don *Perfecto Paseiro Andión*, natural da Estrada e fillo de Domingo e Olivia. Logo o 22 de marzo do ano seguinte inscibiron o matrimonio no Rexistro Civil. Finou Marina o 20 de decembro de 1940.

e) *Gumersindo José Laurentino* nacido o 1 de xullo de 1904 e casado con Ana Mª Salgado Peñarredonda, tiveron cinco fillos. Finou casado en Pontevedra o 4 de maio de 1975. A súa filla Mª del Carmen (A Mota, 29/1/1939-22/2/1940)

f) *María del Carmen Gumersinda Isabel*, nacida o 8 de xullo de 1906, casou na capela da casa da Mota o 20 de marzo de 1936 co comandante de artillería retirado Fernando Botana Rose, fillo de Joaquín Botana Cadaval e neto por vía materna de cidadáns ingleses. Viviron en Pontevedra e foron pais de Jesús María, con descendencia.

7.- *Jesusa Otero Otero García*, nacida o 29 de novembro de 1880, casou na parroquia compostelá de San Miguel dos Agros o 5 de maio de 1909 co seu cuñado *Valentín José Cobián Budiño*, viúvo de Mª del Carmen. Jesusa morreu o 20 de xullo de 1960.

Vivían en Riobó onde tiveron seis fillos varóns:

a) *José Gerardo Ramón Cobián Otero*, que naceu o 30 de xullo de 1910 e casado morreu en Riobó o 9 de xuño de 1978. *José*, casou en Vigo con *Mª Aurora Villanueva Martínez*. Pais de Mª Jesús, José Victor e Marina.

b) *Leopoldo Cobián Otero*, nacido en Ribeira o 9 de setembro de 1911 e casado con Mª Loisa Vázquez Campos, era veciño de Guitiriz. Finou en Riobó o 26 de abril de 1975.

c) *Gonzalo Jesús Esteban Cobián Otero*, nacido o 26 de decembro de 1913 (pero rexitrado en 1916) e casado no oratorio da Mota o 24 de setembro de 1945 con *Mª Amelia Llamas Saco*, natural da Coruña, filla de José Llamas del Corral e de María Saco e Arce, veciña de León. Finou viúvo na Coruña o 18 de maio de 1985 aos 71 anos. Con descendencia: Amelia, José María, Mª Jesús, Gonzalo e Margarita.

d) *Fernando Cobián Otero*, nacido o 26 de outubro de 1915 e casado con Mª Rosa Valenzuela Ulloa. Tiveron cinco fillos. Aínda que veciño de Vigo, morreu en Riobó o 22 de decembro de 1967.

e) *Jesús* e f) *Ventura Cobián Otero*. Foron xemelgos nacendo o 19 de xullo de 1917 e morrendo ámbolos dous de "gripe española" o 22 de outubro de 1918.

8.- *Dolores Otero García*, nacida o 7 de decembro de 1882, casou con *Gerardo Valenzuela Ulloa*, fillo de Gerardo e Mauricia, veciños de Santiago. Os seus fillos foron: Elvira, bautizada o 19 de agosto de 1904, e Alfonso Faustino Marcos, bautizado o 19 de novembro de 1906.

Logo Dolores ao que dar viúva casou co seu cuñado José Valenzuela Ulloa, médico en Bandeira (Silleda) e propietario do Pazo da Viña, tendo por fillos a Margarita, José Manuel, Ramón (escritor e político galeguista), Dolores, Antonio, Fernando e María Jesús. De Alfonso é neto o actual vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda Valenzuela.

9.- *María Otero García*, naceu o 12 de febreiro de 1884 e faleceu célibe o 10 de abril de 1918.

10.- *Gumersinda Otero García*, naceu o 18 de setembro de 1885 e casou con Ventura Villar Grangel. Foron pais de Marina, Vicente, Ventura, Rita, Gumersindo, María Dolores, José María, Domingo e Luis.

11.- **Gonzalo Juan Faustino Otero García**, (*que segue*).

12.- *Ramón Otero García*, naceu o 3 de xaneiro de 1890, médico de profesión, estaba casado con *Carmen Calderón Fernández*, natural e veciña de Santiago de Compostela, sobriña dos condes de San Juan e dos marqueses de Riestra. Tiveron por fillos María Teresa e Ramón. Faleceu na casa da Mota o 16 de outubro de 1918.

13.- *Martín Javier Manuel Otero García*, naceu o 13 de xaneiro 1892. Casou con María Fernández Otero, sendo os pais de Martín, María Dolores, Elisa, Josefa, Gumersindo, Ramón, Lita, Carmela, José Antonio e Teresa.

14.- *Purificación Otero García*, naceu o 25 de xullo de 1896. Casou con *Rafael Espinosa Cervela*, tendo dous fillos, Rafael e María Dolores.

Gonzalo Juan Faustino Otero García, naceu o 6 de outubro de 1886, avogado e segundo o Rexistro Civil "de profesión propietario". Casou con **Mercedes Llamas del Corral**, natural de Lugo, onde naceu o 4 de maio de 1885, filla de Cayo Llamas Bustamante e de Paulina del Corral Flores, naturais el de León e ela de Sahagún (León) e domiciliados na cidade de Santiago de Compostela, onde Cayo era director do Banco de España.

Faleceu Gonzalo o 8 de setembro de 1954 e a súa esposa o 14 de setembro de 1977, óbitos que tiveron lugar na súa casa da Mota. Deste matrimonio quedou unha única filla:

María Mercedes Otero Llamas, naceu o día 5 de abril de 1922 en Santiago de Compostela, pois alí vivían os seus avós maternos, na rúa Pescadería Vella.

Casou con **Saturio de la Calle Sáenz**, que naceu o 24 de maio de 1909 na Praza principal da Estrada, fillo de *Vicente de la Calle Íñigo*, natural de Ortigosa de Cameros (Logroño) e de *María del Carmen Sáenz de Torres*, natural da Estrada e ambos veciños desta vila, onde eran propietarios dun comercio de telas, se ben Vicente chegou a ocupar o cargo de oficial do xulgado e xuíz de paz suplente. Os seus avós paternos foron Policarpo de la Calle Torres e Braulia Iñigo García, veciños de Ortigosa de Cameros, e os seus avós maternos foron Saturio Saenz Torres[829] e María Torres Pérez, igualmente veciños da referida vila.

D. Saturio foi doutor en medicina e cirurxía e fundou xunto a seu irmán Manuel o *sanatorio Nuestra Señora del Carmen* que foi inaugurado o 16 de xullo de 1944 concebido principalmente para atención de enfermos de pulmón.

Faleceu don Saturio na casa da Mota o 20 de outubro de 1986 e a súa esposa na Estrada na rúa Manuel García o 12 de febreiro de 2002, ambos enterrados no cemiterio de Riobó.



Sanatorio Nª Sra do Carme

829 Saturio, fillo de Eusebio Sáenz Arenzana, veciño de Ortigosa de Cameros (Logroño) e de Juana Torres González concertou o seu matrimonio o 22 de setembro de 1875 ante o escribán Francisco Javier Silva con María Torres Pérez, de 30 anos, filla de Tomás e de Valentina, veciños de Ortigosa.



D. Manuel de la Calle, 1955

Viviron na avenida da Fonte na Estrada onde tiveron varios fillos:

1.- *Gonzalo de la Calle Otero*, que naceu o 4 de xuño de 1942 e casou con Mª Vitoria Otero Álvarez, nacida o 6 de maio de 1945. Fillos: Loreto e Mª Vitoria.

2.- *Saturio de la Calle Otero*, naceu o 5 de xaneiro de 1944. Casou 12 de setembro de 1970 na capela do pazo de Oca con Carmela López Vilariño, nacida en Santiago o 1 de maio de 1945, filla de Ramón e de María. Fillos: Eva, Lucía e Ana.

3.- *José Ignacio de la Calle Otero*, naceu o 1 de febreiro de 1949. Contraeu matrimonio en Ourense con Serafina Portela Fernández o 17 de xuño de 1973. Tiveron dous fillos nacidos en Santiago de Compostela, Ignacio o 17 de febreiro de 1979 e Marta o 25 de xaneiro de 1983.

4.- *María Mercedes Guadalupe del Rosario de la Calle Otero*, naceu o 8 de maio 1951. Ten unha filla, Alba Sobrados de la Calle, que naceu en Santiago de Compostela o 1 de novembro de 1982.

5.- *Alfonso de la Calle Otero*, naceu no Sanatorio Nosa Señora do Carme da Estrada o 26 de maio de 1952. Casou na Baña (A Coruña) o 2 de maio de 1981 con María Dolores Hortensia Reino Martínez. Sen sucesión.

6.- *María Eugenia Lucía de la Calle Otero*, naceu no sanatorio Nosa Señora do Carme o 13 de decembro de 1956. Casou na capela da casa da Mota, (na igrexa parroquial, segundo o Rexistro Civil) o 29 marzo de 1981 con José Freiría Rouco, nacido el 21 de xaneiro de 1956, fillo de José e de Sara, natural de Conxo (Santiago) e de profesión empregado de banco. Tiveron por fillos, nacidos en Compostela, a José o 22 de setembro de 1981 e a Pablo.

Con María das Mercedes Otero Llamas chegamos ao momento da variación do apelido **Otero**, polo apelido do seu esposo **de la Calle**, que desde agora entra a reforzar a estirpe da casa da Mota. Será desde este momento cando se celebren grandes acontecementos familiares da familia *de la Calle* na capela da casa, como as vodas da súa filla menor María Uxía Lucía ou a da sobriña de don Saturio dona *Concepción de la Calle Blanco*[830], médico forense, que casou con *Ángel López Pereira* o 19 de xullo de 1986, e que posteriormente bautizou na mesma capela a seus fillos, *Ángel* en 1989 e *María* en 1992.

830 Era filla de Manuel de la Calle Sáenz (A Estrada, 30/3/1911) e de Carmen Blanco (Cuntis, 17/10/1919), que casaran o 15 de maio de 1944.

APÉNDICE.

ASCENDENCIA DE JUANA GARCIA

A ascendencia de Juana García Centeno e Portela podémola retrotraer ata[831]*:*

- ***Alonso Garcia**, nacido sobre 1536, casou con María e viviron en Aldearrubia (Salamanca), onde naceu seu fillo:*

- ***Alonso Garcia**, nacido o 22/7/1560, casou con Isabel De Mella. Fillo deles foi:*

- ***Esteban Garcia**, (Aldearrubia, 6/10/1584-) casou con Catalina de Cabo (falecida en 1652). Pais de:*

- ***Esteban Garcia**, (Aldearrubia, 5/5/1609 - 15/4/1678). Fixo testamento ante Francisco Rodríguez de Sanabria. Esteban casou con Lucia de Sordos. Xeraron a:*

- ***Pedro Garcia Sordos**, (Aldearrubia, 3/3/1658 – 2/1/1729). Casou en 1679 con Bernarda Garcia del Pozo (Aldearrubia, 1659-1716) filla de Pablo e de Águeda. Outorgou testamento ante Antonio Durán. Fillo destes foi:*

- ***Pedro Garcia** (Aldearrubia 11/7/1683 a 1714), que casou en 1699 en Aldearrubia con Ana Sánchez del Pozo (Aldearrubia, 1680), filla de Andrés Sánchez e Isabel del Pozo. Testamento ante Martín Pinto. Fillo de Pedro e Ana foi:*

- ***Antonio Garcia Sánchez Del Pozo** (Aldearrubia 23/9/1709) casou en 1731 (La Orbada) con Catalina Esteban (Pitiegua, 1710), filla de Francisco Esteban e de Isabel de Sordos. Fillos destes foron:*

1.- Manuel Domingo García Sánchez (Aldearrubia,1743). Trasladouse en 1772 a Pazos de Arenteiro (Ourense) onde xa vivía seu irmán Antonio. Posteriormente como secretario, familiar e mordomo de D. Gonzalo Valledor Trelles, bailío e comendador da Orde de San Xóan, trasládase a Ribadeo (Lugo), onde chega a ser Deputado Noble en 1775, Deputado do Común en 1776 e Mordomo Maior en 1780 e 81. Inicia preito de fidalguía na Chancelería de Valladolid en 1786, que lle foi concedida en 1792. Casou en Ribadeo en 1782 con Juana Cenzano Sánchez, filla de Juan Francisco e Teresa. Tiveron unha filla: María Teresa García Sánchez Cenzano.

2.- ***Antonio García Sánchez*** (*que segue*).

***Antonio García Sánchez**, (Aldearrubia, 6/2/1734 – Pazos, 6/10/1805). Cabaleiro de San Xoán, en setembro de 1764 xa estaba en Pazos de Arenteiro como secretario, familiar, apoderado e mordomo do bailío D. Gonzalo Valledor e Trelles, comendador da Encomenda de Pazos. Posiblemente gardaba algún parentesco con dito comendador que en 1771 lle arrenda a Antonio a administración da Encomenda por 60.000 reais anuais durante tres anos. Desde o palacio da Encomenda de Pazos (actual casa reitoral), Antonio administra os bens da Orde Hospitalaria de San Xoán.*

Antonio casou en 1775 en Salamanca con Maria Antonia Centeno Maldonado e Coca (Salamanca, 16/6/1752 – Pazos, 16/3/1781) deixando tres fillos de curta idade.

831 Datos aportados polo doutor Jesús García Tobío.

Antonio faleceu de accidente. Non fixo testamento. Seu fillo dispuxo que asistisen ao enterro cincuenta sacerdotes. Sucedeulle o seu fillo:

***Gonzalo García Centeno**. (Pazos o 15/7/1778 – Breixa, 13/12/1830) Tivo por padriño de bautizo a D. Gonzalo Valledor e Trelles, comendador, de aí o seu nome. Sucede a seu pai como administrador da Encomenda –que renova cada 3-4 anos ata 1808 que non llo renovan- e como posesor do vínculo familiar.*



Escudo de Gonzalo García. Pazos de Arenteiro (igual ao de Fares)

Gonzalo contrae matrimonio en Salvador de Pazos o 21 de abril de 1806 con Francisca María Portela Álvarez de Barcia, natural e veciña de Santiago de Breixa, filla de José Carlos Portela (do Pazo de Fares) e de Isabel Alvarez de Barcia e Ribera, natural de Merza, neta por liña paterna de Francisco Portela e Negreiros e bisneta de Antonio Portela, escribán, da casa de Fondevila-Donsión e María Antonia Fernández de Negreiros.

Durante os anos seguintes, Gonzalo compra e administra terras en Pazos, San Cosme de Cusanca e Merza. Alterna a súa residencia tanto na casa de Reboredo (Merza) como na de Fares "en la casa de Quinta" (Breixa)

Gonzalo non fixo testamento e Francisca Portela fixoo en Breixa o 6 de setembro de 1832 ante o escribán Javier Souto, deixando o vínculo a seu fillo Manuel, o primoxénito. Fillos de Gonzalo García e Francisca Portela son:

1.- Manuel García Centeno e Portela, (Pazos, 23/12/1809) Avogado. Sobre 1843 casa con Dolores García-Caballero Fernández, nacida en 1815 en San Fiz de Navío (San Amaro, Ourense), filla de Félix García-Caballero López e de Francisca Fernández Vázquez, e neta de Ruperto García Caballero (falecido en S. Fiz o 14/5/1791) e Josefa López Sotomayor, e neta por liña materna de Luís Fernández e Antonia Vázquez.

Manuel viviu administrando as súas propiedades de Breixa e Navío. O 19/6/1887 fixo testamento en Navío e faleceu pouco despois. Con descendencia.

2- Maria Ramona García (Pazos, 15/4/1812) casou en Pazos o 3 de setembro de 1831 con Vicente Antonio Limia Álvarez, nacido en Villaza (Monterrei), onde ten un bonito pazo e numerosas propiedades. Con descendencia.

Ramona faleceu na "Plazuela de la Sal" de Ourense o 30/10/1855 aos 43 anos, nunha epidemia de cólera morbo. Foi enterrada ao día seguinte en Ourense por estar prohibido o traslado de cadáveres debido á epidemia.

3- Antonio Garcia Centeno e Portela (Pazos, 22/2/1814 - Carballiño, 14/5/1892). Avogado, casou o 29 de abril de 1845 en Escuadro (Silleda) con Nicolasa Espinosa Salgado (Cascaxide, 1825), do pazo de Cascaxide.

*4- **Juana Garcia Centeno e Portela**, nacida en Pazos o 9/9/1816. Alterna o seu lugar de residencia entre Merza e Pazos. En 1858 vive en Reboredo (Merza) en compañía*

doutras dúas irmás. O 5 de agosto de 1867 na Estrada fai testamento ante o notario Manuel Santamarina.

5- Jose García Portela (Pazos, 17/2/1818) Avogado e xuíz en Lalín, A Estrada, Ourense e outros, e fiscal en Lalín (1851-52). Herda a casa e bens en S. Cosme de Cusanca, O 12 de maio de 1848 casa en Cascaxide con Jesusa Espinosa Salgado (Cascaxide,9/7/1825 - San Cosme, 1860).



Aldearrubia (Salamanca))

6- Purificacion Garcia Portela (Breixa, 15/5/1821 – Carballiño 13/8/1857).

7- Mª Dolores Garcia Portela, nacida en Breixa o 25/9/1823. O 18 de abril de 1857 casa en Merza con Francisco Otero Estévez, irmán de Ramón, dono da casa da Mota. Testamento o 4 de outubro de 1858 ante José Rivadavia.

8- Mª Socorro Garcia Portela, nacida en Merza entre 1824-1829. En 1851 casa en Pazos con Javier Arias Gil, de San Fiz de Amarante (Antas de Ulla) lugar a onde se traslada a vivir.

9- Maria Fernanda (Breixa, 21/10/1830). Vive en Pazos e desde 1844 en Merza. O 25 de xaneiro de 1871 casa en Merza con José Ponte Vaamonde, veciño de Barbeito (Vilasantar).

CASA GRANDE DE PARADA

A *Casa Grande de Parada* é tamén coñecida como *Casa do Gordo*, como cariñosamente os veciños chamaban ao bisavó da actual propietaria a causa da súa corpulencia.

Situada na praza da igrexa, ten un valado que a protexe do exterior e mantén un coidado xardín, unha horta e un alpendre para gardar os aparellos propios do campo. A casa é de planta cadrada, con tellado a catro augas e cuberta de tella, e na fachada principal presenta unha pedra armeira.



Escudo da Casa Grande de Parada

A pedra armeira está escotada en xefe, nos flancos e en punta. Escudo cuartelado, 1º cuartel, unha palma e unha espada; 2º cuartel, unha cruz flordelisada (1º e 2º armas do **Santo Oficio**); 3º cuartel, un castelo (**Leira**); 4º cuartel, seis roeis postos en pau de tres en tres (**Castro**).

XENEALOXÍA

Ana Leira Porrúa de quen falamos ao tratar sobre a *casa dos Muros*, foi a primeira dona coñecida desta casa, xa que a cita no seu testamento do 10 de abril de 1738. Deixoulla en herdanza aos fillos do seu sobriño Baltasar, *primando á muller sobre o varón*. Baltasar, como xa vimos, volve a citar dita casa ao facer concurso de acredores en 1758. Pasa logo a propiedade á súa filla Ventura, que casou en Correáns, e finalmente aparece vivindo nela a súa neta *Maria Josefa Leira Pardo*.

Maria Josefa Leira Pardo era filla de *Filipe Antonio Leira e Leira* e de *Dolores Isabel Pardo González*, donos do pazo de Correáns.

Nacera en Correáns o 4 de agosto de 1807 e casou co médico ***Agustín Porto Pulleiro***, fillo de Juan Antonio e de Francisca, veciños de Callobre. Vivían na casa Grande de Parada segundo

podemos constatar na partida de bautismo dos seus fillos. Agustín morreu o 8 de setembro de 1861 e ela o 5 de agosto de 1862. Os seus fillos fixeron as partillas o 20 de xaneiro de 1866 ante o escribán Manuel Santamarina.

Fillos do matrimonio foron:

1.- *José María Porto Leira*, que naceu o 5 de xullo de 1827 e foi bautizado ao día seguinte. Foi médico en Carbia.

2.- ***Dolores Porto Leira*** (*que segue*)

3.- *Joaquín Porto Leira*, que casou con Petra Romero Varela, e tiveron por fillos a Estrela, José e Dolores. Joaquín fixo testamento ante Manuel Santamarina o 8 de agosto de 1862.

4.- *Ignacio Porto Leira*, bautizado en Parada o 7 de abril de 1833, morreu novo.

5.- *Mª del Carmen Francisca Porto Leira*, bautizada en Parada o 8 de novembro de 1834, foi monxa no convento da Ensinanza en Santiago, polo que se lle deu un dote de 12.000 reais, pois ela renunciou en 1863 á lexítima[832].

6.- *Jacobo Porto Leira*, bautizado en Parada o 13 de abril de 1837, foi cirurxián e profesor de Fisiología na Universidade de Santiago de Compostela.
Casou en Santiago con *Esclavitud Vázquez Moure*, filla de Manuel Vázquez Acebo e de Josefa Moure Castro. Tiveron varios fillos bautizados en S. Fiz de Solovio: Mª Esclavitud Jesusa (30/1/1871-), Jesus José (19/1/1873-), Luis (23/6/1879-) e Manuel Porto Vázquez (26/6/1882-).

7.- *Mª Josefa Porto Leira*, bautizada en Parada o 18 de setembro de 1842. Casou na igrexa parroquial de Moreira o 20 de setembro de 1872 con *Manuel Luces Gómez*, viúvo de Carme Miranda[833], que era secretario do concello da Estrada. En 1881 aparece xa como viúva e nai de dúas fillas: *Carmen* e *Jesusa*. Morreu ela no lugar de Devesa, en Moreira, o 19 de xaneiro de 1891.

8.- *Mª Luisa Pilar Porto Leira*, foi bautizada en Parada o 6 de xullo de 1845 e morreu solteira en Parada o 2 de xuño de 1883. Pouco antes, o 31 de marzo fixo unha memoria testamentaria ante Ricardo Luces para entregar no xulgado.

9.- *Julián Antonio Porto Leira*, foi bautizado en Parada o 8 de xaneiro de 1849.

10.- *Antonia Mª Juana Porto Leira*, foi bautizado en Parada o 4 de xuño de 1851.

11.- *Manuel Porto Leira*, que estivo emigrado en Cuba e morreu o 30 de xuño de 1882 en Parada, facendo testamento verbal a favor da súa irmá Dolores.

Dolores Porto Leira naceu en Parada o 20 de xaneiro de 1831, sendo bautizada ao día seguinte. Contraeu matrimonio o 12 de decembro de 1864 con ***José Rodríguez Arias***, de 27 anos, viúvo de Ignacia Díaz e fillo de Manuel Rodríguez, natural de San Cosme de Abeancos (Arzúa) e de Dominga Arias, natural de San Xiao de Lendo.

No Rexistro Civil aparecen como propietarios e labregos, ao igual que algúns dos seus descendentes. Trala morte dos seus pais, recibiu como herdanza a metade vincular (de acordo coa Lei desvinculadora), a mellora e a lexitima, sinalada na casa principal con todo o anexo (alpendres, forno, muíño do fondo da cerrada, etc) así como 106 propiedades máis, valorado todo en 127.827 reais.

En 1873 redimiron unhas rendas no lugar do Pereiro, que herdara Dolores pero das que non tiña título. Tiveron por fillos a:

832 AHPPo. Protocolos de Manuel Santamarina. a. 1866.
833 Cfr. *Casa Araúxo*, páx. 223.

1.- *Albino Rodríguez Porto*, que naceu sobre 1865 e casou sobre 1897 con Socorro Taboada Rivas, filla de Caetano M. Taboada Sotelo, de Codeseda, e de Magdalena Rivas, da casa de Siador (Silleda).

2.- ***Agustín Rodriguez Porto*** (*que segue*)

3.- *Filomena Mª Jacoba Rodríguez Porto*, nacida en Parada o 7 de febreiro de 1871.

Agustín Rodríguez Porto naceu sobre 1867 e casou con **Mª Josefa Antonia Couceiro Carballeda**, nacida en Ribela o 19 de febreiro de 1875. María Josefa era filla de José Couceiro Míguez, veciño de Ribela, e de Manuela Carballeda, natural de Liripio. Os seus avós paternos eran Manuel Couceiro e Josefa Míguez, e os maternos Simón Carballeda e María Vilaboa, veciños de Liripio.

Morreu Agustín o 11 de decembro de 1936 e ela o 30 de maio de 1932. Tiveron por fillos a:

1.- ***Manuel Lino Rodriguez Couceiro*** (*que segue*)

2.- *José Rodríguez Couceiro*

3.- *Anuncia Rodríguez Couceiro*



Casa Grande de Parada

Manuel Lino Rodríguez Couceiro naceu en Parada o 23 de abril de 1897. Casou en primeiras nupcias con *María Goldar*, da que tivo como fillos a:

1.- *José Rodríguez Goldar*, que naceu en Parada o 16 de novembro de 1920. Casou o 14 de xaneiro de 1950 con *María Herminda Cabaleiro Gulías*, nacida o 27 de decembro de 1926. Faleceu José en Filgueira, Callobre, o 19 de setembro de 2007. Teñen unha filla chamada *María*

del Carmen que nacida o 6 de abril de 1954 casou con *José Tato*, e teñen dous fillos: *Pablo* e *Silvia*.

2.- *Carmen Rodríguez Goldar*, que naceu en Parada o 15 de xullo de 1923 e casou o 27 de decembro de 1944 con *José Brea Louzado*, nacido o 28 de agosto de 1918. Viven no lugar de Paredes (Parada) onde tiveron dous fillos, *Manuel* que naceu o 8 de xullo de 1951 e é empregado de banca, e *Juan Luis* que naceu o 18 de maio de 1955, de profesión biólogo, e que casou con *María José Carballal Hogaza*, natural de Pontenova (Lugo) e que é licenciada en matemáticas.

Manuel Lino Rodríguez Couceiro logo casou en segundas nupcias en Parada o 6 de novembro de 1937 con ***Carmen Bértolo Filloi***. Carmen que nacera en Ribela o 31 de marzo de 1915 foi recoñecida como filla o 13 de agosto de 1930 por *Manuel Bértolo Valiñas*, natural de Pardesoa (Forcarei) pero veciño de Ribela, e por *Esperanza Filloi Trabadela*, natural de Ribela.

Morreu Manuel Lino o 1 de abril de 1981. Tiveron por fillas a:

1.- ***María del Carmen Rodriguez Bértolo*** (*que segue*)

2.- *María Rodríguez Bértolo*, que naceu o 18 de outubro de 1942 e uniuse en matrimonio o 17 de marzo de 1962 con Guillermo Rei Pena, nacido en Parada o 15 de abril de 1940 e falecido o 16 de maio de 2008. Tiveron un fillo, Guillermo que, nacido o 25 de xuño de 1962, finou o 31 de agosto de 1984.

3.- *Inés Rodríguez Bértolo*, naceu o 13 de novembro de 1944 e casou o 20 de decembro de 1964 con Julio Barreiro Somoza, nacido en Ribela o 25 de maio de 1941. Teñen un fillo chamado Miguel. Viven entre Francia e Ribela.

María del Carmen Rodríguez Bértolo, herdeira da *Casa Grande de Parada*, naceu en Parada o 20 de outubro de 1938 e casou o 17 febreiro de 1966 con ***Manuel Silva Gil***, nacido o 5 setembro de 1937, fillo de José e Francisca do lugar de Souto.

Os seus fillos son:

1.- *Manuel Silva Rodríguez*, que viu a luz o 3 de novembro de 1967 e casou en Ferrol o 24 de maio de 1997 con Rosana Tenreiro Merlán, nacida en Neda (A Coruña) o 4 de agosto de 1965, filla de Manuel e Carmen. Ambos son de profesión veterinarios.

2.- *María del Carmen Silva Rodríguez*, nacida en Parada o 17 de outubro de 1976 e é licenciada en Matemáticas.

CASA VARELA EN PEREIRAS. CURANTES

No lugar de Pereiras pertencente á parroquia de San Miguel de Curantes encóntrase situada unha casa que na actualidade é coñecida co sobrenome de "*Casa Varela*" e agora está deshabitada.

Trátase dunha casa de dúas plantas alto e baixo con máis de 200 metros cadrados construídos, en cuxa fachada Oeste destaca o escudo da Inquisición entre dúas ventás.



Casa Varela

No centro, cruz que repousa sobre a cabeza dun anxo, á destra unha palma e á sinistra a espada, armas propias da Santa Inquisición. Rodea o conxunto fermosos lambrequíns vexetais con follas de acanto. Timbrado de coroa de marqués.



Baixo estes símbolos unha pedra de forma rectangular, cunha inscrición que hoxe se atopa ilexible pola erosión, liques e factores atmosféricos, pero que entre o que se pode ver e o que recolle don Manuel Portela na súa obra Estrada rural, quizais poña: AQUI NACIÓ Y SE CRIÓ D. JUAN ANTONIO PEREIRAS SOMOZA JEFE DE LA SANTA INQUISICIÓN, AÑO 1736.

En efecto, este escudo foi posto aí polo comisario do Santo Oficio don Juan Antonio Pereira Somoza, pois era a súa casa natal.

XENEALOXÍA

A casa pertencía a Andrés das Pereiras e a súa muller Mariña Mendoza, que foron os pais de don Domingo das Pereiras Mendoza.

Domingo casou con María Somoza, filla de Pedro da Somoza e de María Godoi. María Somoza, veciña do lugar de Pereiras, fixo testamento verbal sen deixar ningunha fundación e foi enterrada o 26 de agosto de 1749 na capela maior desta parroquia en sepultura de 22 reais, asistindo aos actos doce sacerdotes, incluído o cura párroco.

Deste matrimonio quedaron por seus fillos:

1.- **Juan Antonio Pereiras Somoza**, que naceu no lugar de Pereiras e foi bautizado o 29 de xaneiro de 1703, tendo por padriños a don Alonso Somoza e a súa esposa dona María das Pereiras, veciños de Olives.

No ano 1729 ordenouse de prima tonsura, no ano 1731 de grados e epístola a título de patrimonio, e neste mesmo ano de evanxeo e misa. Estivo desde 1735 como reitor en San Miguel de Valga ata a súa morte e foi comisario do Santo Oficio da Inquisición en Santiago polo menos desde 1757.

O 24 de xullo de 1735, sendo cura de Valga, bautizou un neno en Curantes ao que se chamou tamén Juan Antonio, fillo de Juan das Pereiras e de María Paseiro.

Tivo varios preitos con veciños, sexa por augas, por un souto, por azoutar a dous homes aos que acusou de ladróns, por inxurias ou por lutuosas e unhas misas que non lle pagaran. Así por exemplo mantivo un preito co escribán real don Francisco Antonio García, veciño da freguesía de Santa María de Xanza, por malos tratos e inxurias, sendo condenado o comisario con dúas multas de 6 e 50 ducados e tendo á cidade de Santiago por cárcere, onde permaneceu por mais de tres meses[834].

Nunca estivo sen preitos "*ni dejó de dar muchas veces de palos a los feligreses aún dentro de la iglesia, por cuyos hechos los más de sus feligreses se han aniquilado y están destruidos y pobres, y así por ello como por el temor que le tienen no tienen valor a resistir sus impertinencias, ni oponérsele a cosa que pretenda, aunque sea lícita*"[835].

No ano 1778 firmou a súa última partida de bautismo en Valga onde faleceu e foi enterrado o 2 de abril de 1779, debaixo do altar maior nunha tumba "*de losa entera*", con asistencia de 32 sacerdotes.

Dito don Juan Antonio foi quen *ordenou colocar o escudo da Santa Inquisición e a inscrición na casa de Pereiras*, onde nacera.

Tiña un cuñado chamado José Douteiro.

2.- *Ángeles María*, bautizada o11 de maio de 1705 en Curantes.

3.- *Apolonia Pereira Somoza*, bautizada o día 23 de xullo de 1706, impoñéndoselle o nome da súa madriña e tía Apolonia das Pereiras, e tendo por padriño ao presbítero don Juan Porto.

834 AHN. Inquisición 2150, exp.. 5 (anos 1757-1760).
835 ARG.RA.17571/44

4.- *Dominga Antonia Pereira Somoza*, naceu en Curantes e foi bautizado o 17 de marzo de 1709, sendo os padriños don Domingo Paseiro e a súa esposa dona Mariana Brei.

Continúa a familia en Agar:

Francisco das Pereiras e **María Cortés**, veciños de Agar, tiveron por fillo entre outros a:

Pedro Pereiras Cortés, nacido en Agar sobre 1866, casou con Josefa Varela Nogueira, nacida en Curantes, lugar de Pereiras o 10 novembro de 1866, filla de José Varela e da súa muller María Dolores Nogueira, neta por liña paterna de Domingo Varela Souto, natural de san Miguel de Pereira, e da súa segunda muller *Mª Antonia Requeijo Giadás*[836], natural do lugar de Pereiras, e neta por liña materna de José Nogueira e de Nicolasa Vila Rodríguez, veciños de Rubín.

Faleceu Pedro en Curantes o 14 de maio de 1928. Foron pais de cinco fillos todos nacidos no lugar de Pereiras.

1.- **Jose Pereiras Varela** (*que segue*)
2.- *Manuel Pereiras Varela*, nacido o 3 de setembro de 1897
3.- *Juan Pereiras Varela*, nacido o 12 de xaneiro 1904
4.- *Elvira Pereiras Varela*, nacida o 3 de abril de 1906
5.- *Jesús Pereiras Varela*. Tivo una filla natural, que recoñeceu, chamada Concepción Carmen Avelina Pereiras Varela, que naceu no lugar de Porto na parroquia de Curantes.

Jesús contraeu matrimonio con *María Rosa Pereiras Fernández*, nacida o 10 de xuño de 1919, filla de Joaquín Pereiras Maceiras e de Manuela Fernández Villar, naturais de Curantes.



Escudo na casa Varela en Pereiras

836 Mª Antonia Requeijo Giadás, nacida o 8-10-1796, era filla de Juan Requeijo e de Rosa Giadás, veciños de Pereiras, neta por liña paterna Juan Requeijo de de Francisca Barcala, casados o 21 de xullo de 1760, e bisneta por liña paterna de Carlos Requeijo Villanueva e de Francisca Giadás Brei, veciños de Pereira que casaran o 24 de decembro de 1710.

Jose Maria Pereiras Varela, nacido o 11 de agosto de 1895 en Curantes, casou en Rubín o 1 de setembro de 1923 con *Filomena Pérez Nogueira*, filla de Antonio Pérez Álvarez, natural de Nogueira de Ramuín, (Ourense), e de Dolores Nogueira Vinseiro, nacida en Rubín o 25 de setembro de 1901.

Faleceu José María en Curantes o 14 de xaneiro de 1980 e a súa esposa o 9 de xuño de 1990. Tiveron por fillos a:

1.- *Juan Pereiras Pérez*, nacido en Pereiras o 8 de maio de 1929.
2.- *Dolores Pereiras Pérez*, nacida no lugar de Pereiras o 14 de xullo de 1933.
3.- **Elvira** (*que segue*)

Elvira Pereiras Pérez, nacida en Pereiras o 24 de xaneiro de 1938, celebrou o seu matrimonio na igrexa parroquial de san Miguel de Curantes o 19 de setembro de 1957 con *Manuel Eugenio Rey Asorey*, nacido en Agar o 14 de xuño de 1933, fillo de Rogelio Rey Blanco e de María Rosa Asorey Bernárdez. Faleceu Manuel o 30 xullo de 1998 en Castrovite-Orazo. Deste matrimonio quedan dous fillos:

1.- *Jose Manuel Rey Pereiras*, nacido en Pereiras o 28 xuño de 1958.
2.- *Miguel Ángel Rey Pereiras*, nacido en Pereiras o 3 de xuño 1964, casou na capela do pazo de Oca o 23 de setembro de 1995 con *Maria del Rosario Fernández Fuentes*, filla de Manuel e María Pilar, nacida en Oca o 22 de setembro de 1958.

CASA DO PIÑEIRO OU DA CONDESA EN STA. MARIÑA DE RIBEIRA

1.- O CONDADO DE PALLARES

O lugar de Pallares encóntrase na parroquia de Baamorto no concello de Monforte de Lemos. Este lugar deu o nome ao condado Pallarensis que no século VI era un dos once en que se dividía a diocese de Lugo.


Ao igual que noutros casos, como o de Bolaño, creouse unha lenda para explicar a orixe do apelido Pallares. Dise que en tempos do rei Alfonso II o Casto (c.760-842) un cabaleiro fixo unha fazaña que salvou a cidade de Lugo, asediada polos mouros e que trataban rendila por fame. O cabaleiro aproveitou a escuridade da noite para saír da cidade e recoller unha manchea de espigas que nese momento estaban en sazón. Pola mañá e ante a presenza do rei mouro o cabaleiro arroxou ante os os seus pés as espigas recollidas. O rei mouro, crendo que os da cidade recibiran reforzos, desistiu no seu empeño. Por iso no escudo dos Pallares aparece un brazo armado cun feixe de espigas.

2.- A CASA DA CONDESA DE PALLARES EN STA. MARIÑA DE RIBEIRA

Na parroquia de Santa Mariña de Ribeira atopamos unha casa coñecida hoxe "casa da condesa", e que pertenceu ao conde de Pallares e á súa dona.

Nesta casa atopábase pintado sobre o lintel da porta do salón na súa parte interior un escudo do que agora só se conserva unha foto.

Trátase dun escudo posto sobre unha cartela, cuartelado e rematado en punta. Primeiro en campo de prata, unha torre da súa cor, flanqueada na súa parte sinistra por un río de azur. Segundo en campo de gules brazo vestido de azur, nacente do franco sinistro, con espigas de trigo de ouro na man. Terceiro en campo de gules muralla de prata, ameada, con cinco ventás e unha porta abertas, no centro unha árbore de sinople. Cuarto en campo de sinople tizona de sable, posta en barra. Ao timbre coroa superada dun helmo empenachado con fermosos lambrequíns que adornan o conxunto.



Escudo da casa da condesa

3- A IGREXA DE SANTA MARIÑA DE RIBEIRA

Pertencentes aos condes de Pallares hai tamén nesta parroquia outros escudos heráldicos como o que, bastante deteriorado, adorna a fachada da igrexa de Santa Mariña de Ribeira, unha das máis belas igrexas de estilo neoclásico en Galicia, se ben unha descoñecida até polos amantes da arte, quizás por atoparse no rural. Esta igrexa atópase catalogada no Diario Oficial de Galicia (16/7/1991) en Inventario Patrimonio Cultural da Provincia de Pontevedra, Monumentos Histórico-Artísticos Declarados no Concello da Estrada.

Seguindo as orientacións da Academia de Belas Artes de San Fernando, esta igrexa está feita imitando a arquitectura clásica grega, de aí a importancia das columnas, o frontón e o respecto ás proporcións. Podemos comparala co *templo de Isis* en Delos ou con outros semellantes, dos que en canto á súa portada parece unha simple copia.

Na fachada principal impresionan as dúas enormes columnas, de estilo dórico aínda que sen acanaladuras, flanqueadas por dúas pilastras, e todo elo rematado en frontón triangular onde, a falta de estatuas que o adornen, está situado o escudo timbrado de coronel (parte da coroa rota) do construtor da igrexa don Felipe de la Vega e Calo Vallo de Porras.



Igrexa de Sta. Mariña de Ribeira



Templo de Isis. Delos

No interior da igrexa destaca a cúpula enmarcada en tambor octogonal, rematada por unha lanterna que inunda de luz a ábsida, mentres que a nave está cuberta por bóveda de canón corrida, que descarga directamente sobre os muros nos que se abren varias xanelas que introducen a luz lateralmente. O retablo do altar maior fíxose posteriormente á igrexa coa contribución pecuniaria dos veciños e coa axuda importante do conde e da súa muller para a pintura de dito retablo, de aí que se teña pintado nel un escudo dos condes. Coroa a igrexa un campanario dun só corpo con dúas campás, das cales a máis pequena se fixo en 1778 segundo as súas inscricións, data en que se terminou a construción da igrexa.

Segundo o libro de Fábrica desta parroquia, no ano 1768 estase construíndo a nova igrexa que costea toda ela don Felipe de la Vega e Calo Vallo de Porras[837], "*cóengo cardeal desta santa e apostólica igrexa do señor Santiago e Patrón da capela de Alba*". Don Felipe era irmán de Isabel, que estaba casada co conde de San Juan don Vicente Félix Calderón e Valdés[838], e sobriño de Juan Francisco Vallo de Porras, que foi cóengo, patrón da capela de Alba da catedral compostelá e cura desta freguesía de Ribeira desde 1737 ata o 9 de setembro de 1753, data en que ten lugar a súa defunción.

Non sabemos a quen pertence o seu deseño tan novo neste momento, posiblemente a algún arquitecto foráneo que traballaría nese momento en Santiago. Neses anos estábase traballando na fachada de Acibecharía da catedral de Santiago e xa se fixera diversas obras civís no novo estilo como Capitanía na Coruña, sen embargo ningunha obra segue tan fiel os postulados clásicos como esta. Segundo Bouza Brey, que cita uns apuntes do libro de Fábrica, o seu deseño pertence a un freire dominico, Manuel dos Mártires, pero en realidade en dito libro non aparece actualmente ese dato, aínda que dito arquitecto si podería ser o supervisor autorizado da obra.

837 Naceu na parroquia de Sar en Santiago o 4 de maio de 1706, fillo de Ignacio de la Vega e Calo (fillo de Martín de la Vega e de María Calo e Temes) e Mª Gertrudis Vallo de Porras, bautizada en Santa Eulalia de Araño. Morreu en xaneiro de 1787 sendo sepultado na capela de Alba da catedral compostelá, segundo vemos na inscrición que hai nela. Outra inscrición nesta capela, da que eran patróns os *Vallo de Porras*, mostra que seu tío Juan Francisco tamén está enterrado nela.

838 AHN,Inquisición,4555,Exp.2. Tamén AHUS Protocolos de Domingo Antonio Sánchez, S-3802

Terminouse a construción da igrexa en 1778, data na que se pon a campá máis pequena, e así na visita do bispo de 1780, segundo consta no libro de Fábrica, dise que a igrexa é "*hermosa y fabricada de nuevo con su pórtico y sus columnas y toda ella a expensas de don Filipe de la Vega y Calo*".

Ao penetrar no recinto do adro da igrexa onde se sitúa o cemiterio, unha tumba que se acha en lugar moi principal, diante da porta da igrexa chama poderosamente a atención. Ao comezar a lectura da lápida, pódese observar que pertence ao conde de Pallares.

4.- ESCUDO DA FACHADA DA IGREXA

O escudo exterior fai referencia a don "Filipe de la Vega y Calo Vallo de Porras", promotor da igrexa e patrono da capela de Alba, onde está enterrado e onde podemos ver outro escudo coas mesmas armas.



Escudo no frontón da igrexa



Escudo na capela de Alba. Santiago


O escudo tallado en pedra que se encontra situado no frontón triangular na fachada da igrexa, ten a coroa rota, e atópase moi desgastado na zona por onde pasaban dúas cordas para tocar as campás, xa que rozaban parte do escudo.

Trátase dun escudo cuartelado, rematado en punta. Primeiro cuartel partido; 1º moi desgastado, sen poder apreciar as armas. 2º dúas lanzas postas en aspa levando en cada flanco unha flor de lis. Segundo cuartel unha torre acompañada a cada lado de dúas figuras humanas cun brazo sobre a cadeira e outro apoiado na torre, a da destra un cabaleiro e a sinistra una dama. Terceiro cuartel partido e medio cortado; 1º tres mesas e postas en orla sete caldeiras; 2º un león rampante; 3º dous animais cuadrúpedes enfrontados, superados dunha torre; Cuarto cuartel, saínte do flanco sinistro brazo vestido que sostén o que parece ser unha maza, dos *Porras*. Lambrequíns vexetais rodean o conxunto.

5.- ESCUDO DO RETABLO DA IGREXA

O escudo que hai pintado no retablo fai referencia ao conde de Pallares. Tivo que ser realizado a mediados do século XIX, máis de setenta anos despois da construción da igrexa, pois foi no ano 1852 cando o señor conde de Pallares entregou 320 reais para pintar o retablo maior e a súa

esposa 40 reais para o mesmo fin. Ademais o escudo ten coroa condal e o conde obtivo o título moi poucos anos antes desa data, ao herdalo da súa nai que morreu en 1843.



Retablo

É un escudo policromado, cuartelado en cruz e rematado en punta. *Primeiro cuartel* partido, 1º en campo de gules, seis roeis da mesma cor, postos en pau tres e tres. 2º en campo de prata dúas lanzas postas en aspa, flanqueadas de dúas flores de lis de gules. *Segundo cuartel* en campo de gules, unha torre de prata, acompañada a cada lado de dúas figuras humanas, á destra un nobre e á sinistra unha dama apoiando ambos unha man na torre e a outra sobre a cintura. *Terceiro cuartel* partido e medio cortado, 1º de azur tres mesas de prata, e postas en orla sete caldeiras de sable, pertencentes á liñaxe **Taboada**. 2º en campo de gules, un león de oro. 3º de prata, dous animais cuadrúpedes empinados e enfrontados (posiblemente dúas cabras), superadas dunha torre, ¿**Santiso**?. *Cuarto cuartel* de ouro, saínte do flanco sinistro un brazo vestido de azur, cunha espiga na man, **Pallares**. Ao timbre coroa condal.

¿Pero cómo un conde Pallares, pertencente ás terras de Lugo, xace enterrado en Santa Mariña de Ribeira?


6.- XENEALOXÍA DOS CONDES DE PALLARES

Froilán Pallares Somoza naceu o 10 de outubro de 1685 e foi bautizado o 21 na parroquia de san Pedro da cidade de Lugo, fillo de Jacobo Pallares Somoza, rexedor perpetuo da cidade de Lugo, señor da casa de Veiga na freguesía de Santo Tomé de Castelo (ao sur de Sarria), e de Catalina Pardo Ribadeneira e Gaioso, señora das xurisdicións de Goián e Frades en terras do Páramo (ao norte de Sarria) entre outras, neto por liña paterna de Antonio González Pallares, veciño de Veiga en Santo Tomé de Castelo e Isabel Balboa Somoza. E neto por liña materna de Rodrigo Varela e Lucía Pardo Ribadeneira e Ulloa, veciños da freguesía de San Miguel de Goián.

Froilán, que tamén foi rexedor perpetuo da cidade de Lugo, estivo casado con **María Ignacia Pallares Alfeirán**, filla de Diego Sarmiento e Antonia Alfeirán e Pallares, donos das casas principais da val de Lorenzana (ao norte de Mondoñedo), e neta por vía materna de Pedro Posada Alfeirán, alguacil de millóns e veciño de Viveiro, e de Mª Pallares Somoza, natural do Bierzo, a cal con poder do seu marido fundou[839] un vínculo e morgado o 26 de setembro de 1660 ante Pedro Toxeiro, e que herdaría a irmá maior, Felipa Somoza Alfeirán por morte do seu irmán Antonio aos poucos días da do seu pai (o morgado comprendía moitos bens, como as "casas da Misericordia" en Viveiro e o padroado da capela que estaba ao lado). Quedou viúvo no ano 1726 e non tivo descendencia.

Contraeu novas nupcias no lugar de Mosteiro da freguesía de Ribas de Miño (a 13 km ao sur de Lugo), o 27 de marzo de 1729 con María Josefa Gaioso Sanxurxo e Ulloa, que nacera na casa de Mosteiro o 8 de novembro de 1708 e bautizada o 19 en San Mamede de Ribas de Miño, filla de Juan López Gaioso, señor da casa de Fonteboa e natural da freguesía en Soñar (cerca de Ribas de Miño) e de Ana Gregoria Sanxurxo e Zapata (ou Ulloa), dona da casa de Mosteiro en Santa Magdalena de Coeses (Ribas de Miño). Dotouna o cura de San Xoán de Barán, Paradela (ao este de Sarria), don Francisco Teixeiro Ulloa con 3.000 ducados de vellón "por el mucho cariño que le tengo".

839 ARG.RA. 9109/12



Casas do conde de Pallares

Froilán morreu o 27 de novembro de 1762, segundo consta na parroquia de san Pedro de Lugo, e recibiu sepultura na capela de san Antonio do convento de san Francisco. Tiveron varios fillos, bautizados a maioría na parroquia de san Pedro de Lugo:

1.- *María Antonia Pallares Gaioso*, que naceu en Lugo o 16 de abril de 1730, casou en Lugo con José Melo Soto, para o cal foi dotada con 2.500 ducados. Tiveron dous fillos, dos cales unha foi *Nicolasa Melo Pallares*, que casada con Vicente Cadórniga tivo por fillos: a Francisco Javier Cadórniga Melo -que herdou da súa prima María Taboada Pallares-, a Blas e a Ángela, quen casou con Manuel Pardo Varela, veciño de Santiago de Barbantes na parroquia de Maside (Ourense).

2.- *María Bernarda Pallares Gaioso*, que naceu o 20 abril de 1733 en Lugo, onde celebrou o seu matrimonio o 7 de outubro de 1750 con *José Neira Saco e Armesto*, dono da casa e xurisdición de Pacios en Pedrafita do Cebreiro, cuxa propiedade aínda sigue en mans dos seus descendentes. Mª Bernarda morreu o 19 de xaneiro de 1769 en san Lorenzo de Pacios. Tiveron varios fillos: Rita, María, Antonia, Manuela, Carlos (que morreu axiña), José, Juana e Francisco. Logo José Neira casou outra vez e morreu en Lugo o 8 de outubro de 1788.

O seu fillo e sucesor, José Neira Pallares, casou con María Lolo Rivera. Posteriormente un dos seus descendentes, Manuel Uxío Neira Pol, o 5 de febreiro de 1999 reclamará o ser nomeado conde, se ben se lle denegará.

Outro descendente de Bernarda foi o poeta Uxío Novoneira, morto o 30 de novembro de1999 e protagonista do *Día das Letras Galegas* 2010.

3.- *Nicolás Pallares Somoza*, que naceu en Lugo o 6 de decembro de 1734 e morreu neonato.

4.- **Nicolás Francisco Pallares Somoza** (*que segue*)

5.- *Vicenta Pallares Gaioso*, que naceu en Lugo o 19 de abril de 1741 e se uniu en matrimonio nesa cidade o 11 de agosto de 1764 con *Juan Francisco Somoza Saavedra*, fillo de Bartolomé Somoza e de Juana Francisca Saavedra, veciños de san Martiño de Laiosa, Rendar (Sarria). Viviron en Laiosa onde tiveron unha filla, *Ángela Rosa Somoza Pallares*, nacida o 11 de outubro de 1770, quen casou o 30 de marzo de 1795 en santa Mariña de Sarria con Francisco Somoza Somoza, fillo de Manuel Filipe e de Isabel, veciños de Ribas Pequenas. Francisco e Ángela Rosa tiveron o 21 de febreiro de 1796 unha filla, *Manuela Somoza Pallares*, que será a nai do IV conde de Pallares.

6.- *Alonso Pallares Somoza*, que viu a luz en Lugo entre 1742 e 1762, foi sacerdote, e faleceu na súa cidade natal o 21 de decembro de 1771.

7.- *José Benito Pallares e Somoza*, que naceu antes de 1762, e foi sacerdote.

Nicolás Francisco Pallares Somoza, naceu o 29 de xaneiro de 1735 e recibiu o bautismo o 4 de febreiro na parroquia luguesa de san Pedro. Chegou a ser rexedor perpetuo da súa cidade natal, señor de Goián, Frades, Calleiros e Pacios entre outras. O seu matrimonio tivo lugar en santa Eulalia de Tuiriz (Lugo) o 10 de novembro de 1753 con María Ignacia Correa Somoza, filla de Manuel Correa Soutomaior, dono da casa do Tellado (casado primeiro con Francisca Ozores[840]), e de Beatriz Somoza, señora do pazo de Ferreiroá en Eire (Pantón) -quizais foi este matrimonio o que construíu o pazo de Ferreiroá-, e era neta por liña paterna de Diego Correa Ozores e Soutomaior, dono da casa do Tellado, natural da casa de Pegullal en Salcedo (Pontevedra), e de Inés de Ulloa e Prado, natural da casa de Sanfiz de Asma (Lugo); e por liña materna de Diego Quiroga, señor da xurisdición de Buxán e da casa de Goián de santa María de Ferreira (Lugo) e de Isabel de Andrade, señora de Marzán e da casa de Ferreiroá, de onde era natural. María Ignacia nacera no mencionado pazo o 24 de agosto de 1722, onde lle sorprendería a morte o 2 de outubro de 1793, e foi sepultada en San Miguel de Eire. Tiveron por fillos a:

1.- *Manuela Ignacia Pallares Correa*, relixiosa no convento de San Salvador de Ferreira (Pantón).
2.- **María Manuela Pallares Correa** que será a II Condesa de Pallares
3.- **Manuel Pallares Correa, I Conde de Pallares** (*que segue*)

I CONDE DE PALLARES, Manuel José Jacobo Francisco Nicolás Pallares Correa.

Naceu Manuel na casa do Tellado o 11 de maio de 1762 e foi bautizado na freguesía de Toiriz. Dono do palacio de Ferreiroá e outros, casou o 13 de agosto de 1789 en Santa María de Sar (Santiago) con **Nicolasa Varela Suárez**, filla de Gregorio Varela e Manuela Suárez, de Santa María de Segán en Saviñao.

Manuel foi rexedor perpetuo de Lugo ao igual que moitos dos seus ascendentes. Tamén foi comisionado pola Xustiza e Rexemento de dita cidade para diversas xestións, por exemplo, investigou en Sarria certos desordes cometidos pola tropa, se ben de volta a Lugo *saíronlle ao camiño seis soldados de a cabalo da compañía de D. Julio Cachada, e con pistola en man quitáronlle os autos obrados, pasándolle a facer outros agravios* (Actas das Xuntas de Galicia).

Foi deputado por millóns do Reino de Galicia en 1793 e dous anos máis tarde ingresou como cabaleiro pensionado na Orde de Carlos III. Foi distinguido co título de conde de Pallares por Real despacho librado polo rei don Fernando VII o 10 de febreiro de 1816, como descendente dun dos once condes antigos de Lugo.

Nicolasa, condesa de Pallares, dona das casas de Guimil, Paredes, Ons, e Vilanova de Arousa entre outras cos seus vínculos e morgados, outorgou testamento en Lugo, deixando como herdeira universal de todos os seus vínculos e morgados á súa irmá María Vicenta Varela Suárez, relixiosa no convento de Nosa Señora do Vulgo da Ensinanza en Santiago de Compostela. Nicolasa faleceu en Lugo o 4 de abril de 1830 sen descendencia. A súa irmá e relixiosa Mª Vicenta, ao sucederlle no vínculo, mantivo varios preitos por motivos de herdanza co seu cuñado o Conde de Pallares.

Faleceu o conde de Pallares o 30 de novembro de 1832 na cidade de Lugo, recaendo o título na súa irmá María Lourenza Manuela.

II CONDESA DE PALLARES María Lourenza Manuela Josefa Pallares e Correa.

840 Francisca, era a cuarta filla de Juana Ozores Acuña e Lemos, condesa de Amarante, e de Sancho Arias Conde Ulloa e Taboada, señor de San Miguel Das Penas, A Mota e Moreira.

Naceu en Santa Eulalia de Toiriz (Pantón) o 10 de agosto de 1756 e contraeu matrimonio en San Xiao de Eire (Pantón) o 8 de xullo de 1778, con **José María Taboada Santiso**, fillo de Pedro José Taboada Tabares e de María Santiso, señor das casa de Relás pertencente á freguesía de Santo Tomé de Carballo (Taboada), de Laia (Palas de Rei) e de Moas sita na freguesía de San Lourenzo de Brántega (A Golada), onde foi veciño.

Ao falecer o I Conde de Pallares, María Lourenza Manuela herdou título, vínculos e morgado así como toda a herdanza libre, a casa de Lugo, as casas de Ferreiroá sitas na parroquia de San Xiao de Eire, a do Tellado en Santa Eulalia de Tuiriz, a de Saián e a da Veiga na parroquia de Santo Tomé de Castelo xurisdición de Somoza maior de Lemos.

María Manuela Pallares Correa xunto co seu marido viviu na casa de Laia na xurisdición da Ulloa (Palas de Rei). O seu marido, José María, morreu o 24 de abril de 1824 en Laia, e ela faleceu na súa casa de Ferreiroá, na freguesía de San Xiao de Eire o 5 de maio de 1843.

Tiveron por fillos a:

1.- **Manuel María Taboada Pallares** (*que segue*)

2.- *Ramón Taboada Pallares*. Naceu en San Xoán de Laia onde foi bautizado o 14 de maio de 1785. Estudou na universidade de Santiago onde adquiriu os graos de Bacharel en Filosofía o 13 de maio de 1800 e o de Leis o 28 de xaneiro de 1801 disertando sobre *De hominis imaginatione*. O 26 de febreiro de 1806 recibiu o novo grao de Bachiller de Cánones. En 1807 foi elixido como Secretario de Capelas.

3.- *María Taboada Pallares*, nacida en Tuiriz, faleceu no pazo de Ferreiroá o 20 de outubro de 1854. Outorgou testamento ante Juan Martín, escribán de Castillón, deixando como universal herdeiro a seu primo Francisco Javier Cadórniga e Melo, militar retirado e administrador dos seus bens, neto de Mª Antonia Pallares e Gayoso, e polo tanto bisneto de Froilán Pallares e Somoza.

4.- *Vicente Taboada Pallares*.

5.- Joaquina Taboada Pallares

III CONDE DE PALLARES, MANUEL MARÍA DEL CARMEN BERNARDO BENITO FRANCISCO JAVIER RAMÓN PEDRO ANTONIO DE TABOADA E PALLARES.

Señor das casas e cotos de Goián, Frades, Ferreiroá, Moas, Relás (dos Taboada) entre outras e posesor da metade reservable dos morgados da súa casa, que trala súa morte se converteron en bens libres, naceu na casa de Relás (Taboada) o 16 de abril de 1779, recibindo as augas bautismais na súa parroquia de Santo Tomé de Carballo o día 23.

Como tiña por herdanza moitas posesións, viviu nos seus distintos pazos, polo que en 1824 é considerado veciño no lugar de Moas, en Brantega, en 1832 veciño e dono do pazo de Laia, na Ulloa, e máis tarde aparece vivindo en Ribeira.

Estaba casado este conde con **Luisa Fontán e Lomba**, que nacera o 6 de decembro de 1786 na Pobra do Deán (Pobra do Caramiñal), filla de José Fontán e de Mª Josefa Lomba e Pillado, e faleceu na casa do Piñeiro en Santa Mariña de Ribeira (A Estrada) o 16 de marzo de 1869.

A relación entre ambas familias comezou en 1783, cando José María Taboada Santiso, pai do III conde de Pallares, aforou por 600 reais anuais unhas casas coas súas terras e hórreo na Pobra do Deán ao novo cura párroco D. Juan Antonio de Lomba Pillado, tío de Luísa. Ademais de párroco

de Santiago da Pobra do Deán e do seu anexo Santa Cruz de Lesón, don Juan Antonio foi logo cóengo Cardeal Maior na Catedral de Santiago e morreu o 29 de novembro de 1828, deixando a seu sobriño político, o conde, como albacea. As casas e terras da Poboa do Deán pertencían a José María Taboada Santiso, como herdanza da súa avoa paterna María Josefa Tabares Barueta e Caamaño, por ser esta herdeira do vínculo e morgado de Antonio Barueta e Caamaño[841].



Lápida do III conde de Pallares

Manuel María outorgou un testamento o 9 de outubro de 1845, que modificou nalgunhas cousas o 9 de outubro de 1852 e un último testamento[842] o 15 de maio de 1855 ante o escribán Francisco de Oca, de Tabeirós, onde di que se encontra *casado coa Señora Dona Loisa Fontán e Lomba, de cuxo matrimonio non tivemos fillos algúns, nin temos esperanzas por nosa idade e en atención a elo e ao amor que profeso a dita miña muller e que tampouco teño ascendentes nin aínda irmáns, institúoa por a miña única e universal herdeira de todos os meus bens, dereitos e accións e pídolle me encomende a Deus. Engado que non coñecendo nin podendo fixar as persoas que teñan dereito a herdar a metade reservable de algúns morgados que posúo, lego a don Francisco Javier Cadórniga e Melo, a casa que teño na Porta Miña de Lugo, a casa de Otero de Goián e rendas forais, e non poderá tomar posesión delas ata o falecemento da miña muller*. Outro dato curioso do testamento do III Conde de Pallares, é que se digan mil misas pola súa alma, cincocentas de catro reais e as outras cincocentas de a tres.

O conde faleceu na súa casa do Piñeiro, coñecida hoxe por *casa da condesa* o 19 de xullo de 1855, e foi enterrado diante da porta principal da igrexa parroquial, coa asistencia de 40 sacerdotes.

A casa do Piñeiro na que se podía ver unha variante do escudo dos Pallares seguiu en mans da súa esposa e familia da maneira seguinte:

Luísa Fontán Lomba, que faleceu o 16 de marzo de 1869, mediante testamento ante Andrés López escribán na xurisdición de Deza (ou ante Manuel Santamarina, dise noutro documento) deixou en usufruto a parte da herdanza do Conde que non pertencía aos morgados e outros vínculos á súa irmá *Rosa*, veciña de Abanqueiro (A Coruña), pero deixaba como herdeiros aos fillos da súa irmá Juana, a saber:

- *Manuel Santos Fontán*, escribán e notario na Pobra do Caramiñal, nacido sobre 1816.
- *José*, comerciante e veciño tamén da Pobra, casado con *Josefa Hermo Lago*, nacida sobre 1839. Pais de *Luis Lorenzo*, nacido en 1860, *Emerenciana* nacida en 1861, *Ascensión, Josefa, Antonio, Francisco, Victorina e Manuela*.
- *Juan* que nacido en 1825 era médico, e veciño e administrador das posesións do conde en San Xoán de Laia (Palas de Rei) onde casou.
- *Manuela*, nacida sobre 1825 e esposa do farmacéutico Francisco Pereira García (10 anos máis novo), veciños de San Lourenzo de Ouzande. Manuela xa fora dotada por Luísa en Ribeira o 8 de agosto de 1862 ante Manuel Santamarina con 60.000 reais e os bens e rendas que tiña no Rosal, Goián, Areas, Porriño e Tui.

A herdanza da condesa comprendía casas (dúas en Piñeiro, o pazo de Relás, o de Laia, o de Mosteiro, o de Fonteboa, o de Moás,…), terras e rendas (en gran, viño e diñeiro) nos partidos

841 ARG.RA. 10.117/34
842 AHPPo. Protocolos de Francisco de Oca.

de Tabeirós, Santiago, Cambados, Caldas de Reis, Noia, Castropol, Lugo, Chantada, Sarria, Monforte, Arzúa e Lalín, todo elo valorado a efectos de transmisión trala morte da condesa en 43.887 escudos no ano 1869. En concreto, en Ribeira tiñan:

- casa principal de sete áreas con curral, lagar, alpendre, forno e unha horta adxacente de 125 áreas, valorado todo en 1.000 escudos (Esta referencia sérvenos para valorar o conxunto da herdanza, xa que equivalería a máis de 43 posesións como esta).
- casa con eira, curral, cuberto e pequeno horto, valorado en 200 escudos.
- fincas rústicas en Monte de Fóra ou da Bouza, Cerrada do Monte, Carballeira, dúas leiras en Pes do Muíño, Carballeira do Raposo, Herbal da Bouza, Monte cerrado da Bouza, Cerrada da Portela, Saídos, Souto do Agrelo, Agrelo, Souto Grande de Agrelo, Prado do Vilar, Tras das Hortas, Vincular, Besada, Cacharela y 84 horas semanais de moenda no muíño da Bouza.

Luísa Fontán deixou repartida a herdanza da seguinte maneira:

1.- As casas e bens de Ribeira e rendas en Santiago, para Manuela.
2.- Os bens de Puebla do Deán, Vilanova de Arosa e Caldas de Reis, a repartir entre Manuel e José.
3.- Os bens de Laia, Quindimil, Cuiña, San Vidente de Ulloa, Maceda, Fuente cubierta, Meixide, Frameán, Golán, Grobas, etc. cuxas rendas se cobraban en Laia para Juan.

Pero como había algúns bens en Lugo, Lalín e Relás que había que repartir, fixéronse catro lotes que entraron a sorteo o 13 de agosto de 1875 ante Francisco Javier Silva. Nesa escritura detállase o que lle tocou a cada un dos catro irmáns (José xa morrera polo que entraban no reparto os seus fillos).

As casas e terras da parroquia de Ribeira herdounas a súa sobriña **Manuela Santos Fontán** pero ao non ter descendencia pasou a herdanza a seu irmán **José Santos Fontán**, veciño da Pobra do Caramiñal, casado con **Josefa Hermo**.



Casa da condesa co Pico Sacro no horizonte

Sucedeulle a súa filla **Emerenciana Santos Hermo**, natural da Pobra do Caramiñal, casada con **Leoncio Puente**, natural de Ferrol, aos que lle sucedeu o seu fillo **Ricardo Puente Santos**, que nacera na Pobra do Caramiñal no ano 1892 e casado en Ribeira sobre 1927 con **Leonor Fernández Soler**, nacida na illa de Arousa en 1894.

Faleceu Ricardo na Pobra do Caramiñal en 1940 e a súa esposa en 1980, polo que pasa a herdanza da casa do Piñeiro, entre outros bens, á súa filla dona **Mª. Teresa Puente Fernández**, actual propietaria, que naceu o 22 de abril de 1930, casada en Montreal (Canadá) o 23 de decembro de 1955 con *Anatole Lanevschi*, nacido en 1921 en Cocorozene (Rumanía), e falecido en Teo (A Coruña) o 11 de setembro de 2006.

A súa filla doña Ana Lanevschi Puente naceu en Canadá o 23 de agosto de 1968, contraeu matrimonio en Victoria (Canadá) o 11 de xuño de 1994 con Diederik Pietersma, nacido en Holanda o 25 de abril de 1967, e será a sucesora na *casa de Piñeiro* en Santa Mariña de Ribeira.

Ao III Conde de Pallares, por non ter descendentes directos, sucedeulle no condado Manuel Vázquez de Parga, Somoza e Pallares, xa que era o parente máis achegado "*por muerte sin sucesión, en 19 de julio de 1855, del Conde don Manuel Taboada y Pallares, de quien es pariente por línea femenina, como desdendientes ambos de un abuelo común, don Froilán Pallares*", segundo a Real carta de sucesión no título de Conde de Pallares

IV CONDE DE PALLARES, MANUEL MARÍA ANTONIO FRANCISCO VICENTE RAMÓN VÁZQUEZ DE PARGA, SOMOZA E PALLARES.

Manuel naceu na casa de Penas Corveiras, parroquia de Santiago de Sancovade, o 13 de xuño 1828. Era fillo de Antonio Vázquez de Parga e Baamonde, que foi avogado, deputado nas Cortes de Cádiz, alcalde de Lugo e dono do pazo de Penas Corveiras, e da súa esposa Manuela Somoza e Pallares, que casaran o 28 de xaneiro de 1818 en Ribas Pequenas, sendo o seu padriño o conde Manuel Pallares, de Ferreiroá. E os seus avós paternos eran Ramón Vázquez de Parga e María Pascuala Varela, señores da casa de Penas Corveiras, na parroquia de Santiago de Sancovade (Vilalba) mentres que os seus avós maternos eran Francisco Somoza Vizcaíno e Ánxela Rosa Somoza Pallares, señores da casa de Rivas Pequenas e de quen xa temos falado.



Vazquez de Parga

Manuel, que aportou 160.000 reais de dote, contraeu matrimonio na Coruña na parroquia de Santiago o 20 de abril de 1851 con **María de la Paz de la Riva Estévez**, filla do doutor Nicolás de la Riva Moreno e Barros, maxistrado da Real Audiencia, e de Antonia Estévez, natural de Santiago, e veciños da Coruña. Acudiu á celebración do matrimonio en calidade de testemuña D. José Pardo Bazán.

Foille concedido o título de Conde de Pallares por Isabel II, mediante Real Carta de Sucesión de data de 11 de maio de 1857, sendo o custo do mencionado título por liña transversal de 32.000 reais, máis 29.704,12 que adebedaba por lanzas e medias anatas.

Estaba en posesión das Grandes Cruces de Carlos III e de Isabel a Católica, Xentilhome de Cámara con exercicio e servidume dos Reis dona Isabel II, don Alfonso XII e don Alfonso XIII, Senador Vitalicio do Reino e Conselleiro de Estado, Ministro do Tribunal Contencioso Administrativo, Membro de Número da Real Academia da Historia, Licenciado en Dereito Civil e Canónico, Maestrante de Ronda e Vicepresidente do Congreso na lexislatura 1900-01. Vivía en Madrid na rúa Jorge Juan.

O labor do conde destacou noutras moitas actividades tanto políticas como literarias. Tivo unha controversia epistolar con Concepción Arenal, mediando nela Juana de Vega, a causa dun escrito dela contra o

goberno. A causa das xeadas e tempestades que destruíron as colleitas en 1868 houbo entre os agricultores casteláns un período de enfermidades e fame, polo que o conde dicía que o goberno debía dar axudas directas aos agricultores, mentres que Concepción Arenal dicía que se debía investir en infraestruturas.

Tamén escribiu "*Memoria de José Pardo Bazán y del conde de Pallares sobre la necesidad de establecer escuelas de agricultura en Galicia*", que se pode ler na Revista da Real Academia Galega.

Outorgou testamento hológrafo en Madrid o 12 de outubro de 1902, falecendo na capital do Reino o 12 de novembro de 1908. Polo seu labor político e literario dedicóuselle unha rúa tanto en Lugo como en Vilalba.

Do seu matrimonio tivo doce fillos, dos cales seis morreron sen sucesión en diversas idades, quedando:

1.- *Germán Vázquez de Parga de la Riva*, que naceu o 28 de maio de 1856 en Lugo, onde faleceu o 10 de abril de 1909. Foi presidente da Deputación de Lugo e vivía na rúa Conde de Pallares, 10. Contraeu matrimonio en Madrid en 1897 con Carolina Campuzano e Aguirre, filla de Carlos Campuzano Wathins e de Amanda Aguirre e López. Non tiveron sucesión.

2.- *María Paz Vázquez de Parga de la Riva*, nacida en Lugo o 7 de abril 1861.

3.- **Ramón Vázquez de Parga de la Riva** (*que segue*)

4.- *Luís Vázquez de Parga de la Riva*, que naceu en Penas Corveiras e foi bautizado na parroquia de Santiago de Sancovade o 6 de decembro 1864. Casou en Lugo o 21 de agosto de 1905 con María Iglesias Fariña, viúva, que nacera en Lugo en 1869, filla de Manuel Iglesias, de Santiago, e de Mauricia Fariña, de Monforte de Lemos.
Luís morreu en Madrid o 4 de xaneiro de 1927 e María faleceu en Vigo o 7 de setembro de 1939. Tiveron tres fillos, *María Luísa, Luís*, que será o VI conde Pallares, e *Mª de los Ángeles.*

5.- *Nicolás Vázquez de Parga de la Riva*, que naceu en Santiago de Sancovade o 16 de outubro 1865, foi deputado nacional e director xeral. Casou o 20 de abril de 1900 en Madrid con María da Asunción Valenzuela e Samaniego, nacida en Madrid o 22 de agosto de 1871, filla de Rafael de Valenzuela e González de Andújar, senador do Reino, e de Joaquina de Samaniego e Lassús, IX marquesa de Caracena del Valle e filla dos XI condes de Torrejón. Tiveron tres fillos, Nicolás, Manuel e María de la Paz.
Nicolás morreu en Madrid o 23 de febreiro de 1914 e a súa muller o 30 marzo de 1963 tamén en Madrid.

6.- *Antonio Vázquez de Parga*, nacido en Lugo o 26 novembro de 1867.

V CONDE DE PALLARES, RAMÓN MARÍA MANUEL ANTONIO CEFERINO NICOLÁS VÁZQUEZ DE PARGA E DE LA RIVA.

Naceu en Lugo o 26 de agosto de 1862. Como morrera o seu irmán Germán, solicitou o título de Conde de Pallares con data 6 de maio de 1909 e o rei Afonso XIII expediu en San Ildefonso a Real Carta de Sucesión no título de Conde de Pallares a 29 de xullo de 1.909. O seu importe ascendeu a 6.000 pesetas. Faleceu sen sucesión en Madrid o 11 de xullo de 1936, polo que herdou o título seu sobriño:

VI CONDE DE PALLARES, LUÍS MARÍA MANUEL FÉLIX RAMÓN VÁZQUEZ DE PARGA IGLESIAS.

Naceu en Madrid o 21 de febreiro de 1908. Seu pai Luís Vázquez de Parga e de la Riva nacera na casa de Penas Corveiras o 5 de decembro de 1864 e falecido en Madrid o 4 de xaneiro de 1927, mentres que a súa nai María Iglesias Fariña finou en Vigo o 7 de setembro de 1939.

No seu curriculum figura o ser Doutor en Filosofía e Letras, académico da Real Academia da Historia, Vicedirector e Director en funcións do Museo Arqueolóxico Nacional e Vicerreitor da Escola de Estudios Medievais pertencente ao Centro Superior Investigacións Científicas.

Peregrinou a Santiago con José Mª Lacarra facendo o itinerario francés desde Roncesvalles en menos dun mes. Levaba unha pequeña máquina fotográfica coa que sacou fotos que serviron para ilustar o seu libro "*Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*" que escribiu en colaboración con Lacarra e Uría e se editou en 1948-9 en tres volumes. Ultimamente fixéronse dúas reedicións, pois polo seu interese histórico, cultural e científico foi posto en valor tanto polo goberno navarro como pola Xunta de Galicia.

Veciño de Madrid, na rúa Jarama, solicitou o título o 13 de marzo de 1989. A Casa de S.M. El Rei, emitiu o seguinte informe de data 7 de xuño de 1991:

> *Rehabilitación do título de Conde de Pallares.- S.M. tendo en conta os informes favorables do Consello de Estado, Deputación da Grandeza e o propio Departamento, dispuxo acceder á rehabilitación da dignidade reseñada a favor de don Luís Vázquez de Parga Iglesias.*

Foille concedido por Real Decreto do 22/1/1993 e por ser sobriño carnal do último posesor tivo que pagar a cantidade de 506.400 pesetas, se ben o título nunca foi retirado polo interesado.

Faleceu este conde de Pallares en Madrid a 26 de outubro de 1994.

Casado con dona **Consuelo Gutiérrez del Arroyo e González** tiveron por fillos:

1.- *Marieta Vázquez de Parga e Gutiérrez del Arroyo*
2.- *Ana Vázquez de Parga e Gutiérrez del Arroyo*
3.- *Margarita Vázquez de Parga e Gutiérrez del Arroyo*, Directora dos Arquivos Nacionais, que casou co doutor Rafael Nájera.
4.- **Luís Vázquez de Parga e Gutiérrez del Arroyo** (*que segue*)

VII CONDE DE PALLARES. LUÍS VÁZQUEZ DE PARGA E GUTIÉRREZ DEL ARROYO.

Enxeñeiro de profesión casou con Dª Carme de Juan, nacida na Coruña.

Trala morte do seu pai, foi solicitado o título polo seu parente Manuel Uxío Neira e Pol, pero foille desestimado.

Por Real Decreto 204/2004 de 2 de febreiro rehabilitouse, sen prexuízo de terceiro de mellor dereito, o título de Conde de Pallares a favor de don Luís Vázquez de Parga e Gutiérrez del Arroyo. "*De conformidad con lo previsto en la Ley de 4 de mayo de 1948 y Real Decreto de 8 de julio de 1922, en su redacción dada por el Real Decreto 222/1988, de 11 de marzo, de acuerdo con la Diputación Permanente de la Grandeza de España y el Consejo de Estado, vengo a rehabilitar, sin perjuicio de tercero de mejor derecho, a favor de don Luís Vázquez de Parga y Gutiérrez del Arroyo, para si, sus hijos y sucesores, el título de Conde de Pallares, previo pago del impuesto correspondiente. Dada en Madrid, a 2 de febrero de 2004*" (B.O.E. núm. 33 de 7 de febreiro de 2004)


CASA DOS "REIMÓNDEZ FIGUEROA". CASTROTIÓN

Ata non hai moito había en Castrotión unha casa e unha capela que pertencía á unha familia de escribáns que levaban o apelido *Reimóndez Figueroa*. Estivo ligada a diversas familias importantes da contorna, pero, como tantas outras, coa abolición dos morgados foron esmorecendo económica e socialmente ata desaparecer. Da casa e da súa capela apenas quedan vestixios, como imos ver.

1.- CAPELA DE CASTROTIÓN

Bartolomé Reimóndez Figueroa, veciño de Santiago pero con negocios na entorna da Estrada e con casa en Castrotión a partir de 1572, foi o fundador da capela en advocación de Nosa Señora de Castrotión.

O 13 de xuño de 1574 ante o escribán Juan de Castro e Verde, "*mediante carta de dotación fundación donacion [...] por quanto yo he hecho y edificado en la aldea de Castrotion [...]en mi propio territorio una ermita y capilla dedicada a la abocacion de la* ***Anunciacion de la Virgen Santa Maria Nra Ssra*** *y por que dende aqui adelante y por todo tiempo de siempre jamas la dha hermita no se pueda desacer ni hir a yermo y en ella se puedan celebrar los oficios divinos[...] y porque yo no tengo hijos legitimos descendientes y forzosamente ereden mis bienes y hacienda [...] es mi voluntad que los bienes que asi tengo y poseo [...] que anden siempre juntos.*"[843]



Reconstrrución da capela, por Juan Andrés Fernández C.

Os bens que deixa vinculados Bartolomé para dita fundación, dos que se reserva o usufruto, a maioría son bens propios e algúns de foro do mosteiro de Sar ou doutros mosteiros. Trátase de:

- A casa torre e pombal chamada de *Quiñones* coa súa viña e arboredo e o territorio que esta arredor da dita casa.
- Varios lugares e casares de Castrotión, que tiña arrendados ou en foro a diversas persoas.

843 ARG. RA. 13820/1

- O souto de Sequeiro e o da Rigueira do Mourozo.
- E diversas herdades na freguesía de Loimil, en Vendexa (Ourazo), en Riobó, en San Miguel de Castro, en Arnois e en Sta. Mª Madalena de Ponteulla.

Nomea como patrón a San Juan Reimóndez, seu fillo natural que tivo de solteiro de María Touceda, tamén daquela solteira, e como seguinte patrón a seu neto Bartolomé Reimóndez, fillo de San Juan Reimóndez e de Inés Vázquez, a súa muller, e no seu defecto ao fillo segundo de dito San Juan e logo os demais fillos ou fillas que tivese. E de non ter descendencia debían herdar os fillos e fillas de Marina Carballa, a súa filla natural, que estaba casada con Gregorio Carballo, e en seu defecto os fillos ou fillas da súa irmá defunta Catalina Reimóndez.

De acordo coa escritura de fundación, na capela debía haber vestimentas, ornamentos, cálices e patenas e as imaxes de *Nosa Señora*, de San Xoán Bautista, de San Bartolomeu e de San Amaro, ben pintadas, e toda a cera e demais necesario para a limpeza e servizo da ermida. Na capela tamén debían dicirse doce misas rezadas, "l*as quatro en día de la Anunciación de Nuestra Señora, que hes a veynte y cinco días del mes de marzo y las otras quatro en día de San Juan Bautista, que hes a veynte y quatro dias del mes de junio. Y las otras dos en día de San Bartolome, que hes en el mes de agosto. Y las otras dos restantes en día de santo Amaro que hes en el mes de Henero [...]se digan por nuestras animas y de nuestros padres y antepasados*". As misas debían dicirse a cargo dos patróns da fundación e se non as mandaran dicir, debían ser privados do padroado. Ademais puxo a condición de que os patróns da fundación debían levar o apelido Reimóndez.

Pouco despois en 1607 o cardeal del Hoyo[844] confírmanos a existencia desta capela: "*Hay en esta felegresia una hermita que llaman de Nuestra Señora de Quiñons o de Castro y la qual edificó Bartolomé Reimonde. Tiene de dotación una carga que cobra el mayordomo de la parrochia con cargo de que se digan catorce misas, las dos en el altar previlegiado de Sanctiago y las doce en esta hermita, quatro el dia de San Juan Baptista y otras quatro de San Bartholomé y dos el dia de la vocación, una en el dia de San Amaro y otra el dia de San Roque*".



Imaxe de Nosa Señora. Tomada do artigo de Juan Andrés Fernandez que logo se cita.

844 DEL HOYO, J. *Memorias del Arzobispo de Santiago*, Porto y Cía. Editores. Santiago de Compostela.

Xa no ano 1703, sendo padroeiro Antonio Reimóndez, o visitador advírteo de que cumprira as misas dela, baixo pena de excomuñón maior, e ademais manda que se repare a capela a cargo dos fondos parroquiais: "*Y prosiguiendo su merced la Visita hizo de la Capilla de Nuestra Señora de Monte Tión [...] halló su merced que la dicha Capilla se halla muy indecente y menesterosa de muchos reparos como es el rebocarla y calearla por la parte de adentro, fayarla, ponerle Puertas, Bidrieras en la ventanilla de la Capillanía*"[845].

E na visita de 1714, sendo capelán o licenciado Andrés Reimóndez, irmán de dito Antonio, a porta seguía sen reparar, sen chave e con pouca seguridade, e as paredes sen revocar; "*el Misal viexo y muy antiguo y el techo mal seguro del Agua*".

A comezos do século XX a ermida de Castrotión aínda permanecía en pé á beira da escola parroquial. Non tardou en derrubarse e en disgregarse as súas pedras.

O solar da ermida foi escavado nos anos oitenta, accedendo os arqueólogos á lauda sepulcral do fundador e poida que a do seu fillo –non tiña inscrición-, e mesmo comprobando a presenza de restos humanos alí soterrados. Juan Andrés Fernández Castro, hoxe director do Museo Reimóndez Portela, foi un dos artífices da prospección e posterior publicación dos achados[846]. Nesa publicación presenta tamén a foto da imaxe de Nosa Señora que pertencía á capela derrubada e que un veciño recolleu.

2.- ESCUDOS DE CASTROTIÓN

Na casa dos Reimóndez en Castrotión había dous escudos, recollidos por José Luís Reimóndez, dos que temos noticias desde o século XVII. No expediente de fidalguía de Santiago Constantino Reimóndez, fillo de Juan Reimóndez e de Antonia Losada Villaverde, e neto por parte paterna de Esteban Reimóndez Figueroa e da súa primeira muller Francisca Rodríguez de Leira, unha testemuña en 1704 di que "*les ha visto a los Abuelos Paternos del dho Santiago Constantino tener escudos de Armas de su genologia y linage en sus casas de las feligresías de Oca, y Correáns, y capillas deque son Patronos todo lo cual lo save el tº por lo hansi haver visto ser y pasar desde el tiempo de su acordanza a esta parte yoido decir a otros*"[847].



Escudo dos Reimóndez. Foto cedida por José Manuel Salgado.- Hércules Edicciones

O escudo da casa de Oca ao que fai referencia debe ser quizais o de *Reimóndez*, que representa un dragón, aínda que no noso caso a impericia do canteiro fai que pareza un lagarto esmagado. En efecto, soe representarse como un escudo de prata con dragón verde: "*En sinal de ter limpado a aspereza do seu solar das feras que se comían e mataban a seus moradores*".

845 PORTO RICO, D. *Inventario de ermidas, capelanías e obras pías da Estrada (1567-1959)*, Rev. A Estrada, Miscelánea histórico e cultural. 2007.
846 FERNANDEZ CASTRO, J.A. *La capilla y el círculo lítico de Castrotión-Oca*, Rev. Museo de Pontevedra, 1982.
847 ARG. RA. 13820/1




Escudo. Foto cedida por José Manuel Salgado.- Hércules de Edicciones

O segundo escudo, segundo Vicente de Cadenas,[848] pertence tamén aos Reimóndez, en concreto a don José Gayoso Reimóndez, fillo do dono do pazo de Oca, don Juan Gayoso Mendoza, e de Ángela Reimóndez, moza solteira da casa dos Reimóndez, O escudo, moi desgastado, foi descrito por este investigador deste xeito: 1º cuartel, cinco estrelas; 2º , unha torre cunha bandeira saíndo dunha ventá; 3º, cinco lanzas e 4º, un fouciño.

Sen embargo, iso parece ser unha suposición por ver dito escudo nesa casa, xa que sen dúbida o señor Cadenas y Vincent ou algún colaborador estivo en Castrotión e na casa parroquial de Oca para consultar os libros sacramentais. Pero se pertencese a José Gayoso tería que ter algún dos emblemas dos apelidos do seu pai: *Gaioso Noguerol Prado Montenegro e Mendoza* ou da súa nai: *Reimóndez de Silva*. Por iso, coido máis ben que pertence a outra familia e a outro lugar, quizais traído polos Neira Infanzón Riomol e *Quiroga* (século XVIII-XIX). Ademais a lectura que fai do escudo parece dubidosa no primeiro cuartel, pois hai un espazo baleiro no que habería algún emblema máis, e no segundo cuartel actualmente non se ven pegadas da bandeira. Canto ao terceiro cuartel as cinco lanzas poderían corresponder aos **Quiroga**, e a fouce ou fouciño do cuarto podería corresponder aos **Prado, Fouce** ou **Fociños**.

3.- XENEALOXÍA

Bartolomé Reimóndez Figueroa ou de **Quiñones** –pola súa casa en Castrotión chamada de Quiñones e máis adiante, a partir do século XVIII, de Piñeiro- aparece normalmente como veciño de Santiago. Nos documentos aparece como Bartolomé, se ben cando asina o fai como "*Bertolome*", e algunha vez aparece citado co nome apocopado, usual en galego, "*Bértolo*"[849].



Sinatura de Bartolomé Reimóndez. 1584

Non sabemos se era parente dos seus contemporáneos e tamén veciños de Santiago o racioneiro Jácome Reimóndez Figueroa, fillo de Teresa Pérez Reimóndez e de Rodrigo Colmelo "veciños das Mariñas de Betanzos"[850], e a súa irmá dona María Reimóndez Figueroa quen, casada en

848 CADENAS Y VINCENT, V., *Caballeros de la orden de Calatrava*…(t.2). Ed. Hidalguía, 1987.
849 ARG. RA 25932/37
850 ARG.RA. 736/7

1578 con Diego Galos Feixoo, outorgou testamento o 16 de setembro de 1580 e faleceu o 23 de febreiro de 1585[851].

Aínda que veciño de Santiago, xa en 1556 era dono de diversos lugares na zona de Ribadulla e Oca, cando en outubro dese ano se fixo apeo dos bens dos Bugallo pola xustiza de Cira, sendo Gil de Valenzuela alcaide da fortaleza de Cira. Pero seguramente estaba presente na zona moito antes, xa que sobre 1540 tivo dous fillos de *María Touceda* que era seguramente de Santeles, onde anos máis tarde vivían os seus sobriños Juan e Alberte Touceda.

Finalmente asentouse en Oca, xa que o 21 de decembro de 1571 acordou co pedreiro Lorenzo de Pazo, veciño de san Miguel de Moreira, que lle fixera unha casa en Castrotión por 46 ducados, unha carga de centeo (uns 6 ducados) e unha rapada de millo. A casa debía ter as paredes feitas "*el día de pascua de flores primera que viene del año mil quinientos setenta y dos*" e Bartolomé aportaría a pedra, madeira, area e cal necesarios, así como facilitaría casa aos obreiros[852].

O 12 de outubro de 1574 foi nomeado alcaide da fortaleza da Barreira polo deán da catedral compostelá e comendador de dita fortaleza e meirindade don Baltasar López Gallo[853].

Nese mesmo ano rematáronlle as rendas arcebispais da meirindade de terra de Vea dos anos 1574, 75 e 76, que supuñan uns 200 ducados anuais, a Pedro de San Martiño, labrego veciño de Oca, tendo por fiador a Bartolomé Reimóndez, que segundo Reimóndez Portela[854] sería o seu cuñado[855]. Pero como Pedro non presentou a fianza nin o requirimento, o tesoureiro Pedro de Robles deulle poder a Bartolomé para cobrar as rendas, se ben Bartolomé só cobrou as rendas do ano 74, pois no 75 foi metido no cárcere e desterrado os cinco anos seguintes. Porén o ano 75 cobrouno *San Juan Touceda alias Reimóndez*, o fillo natural de Bartolomé, e o 76 cobrouno Juan e Gonzalo Carballo, que non pagaron ao tesoureiro, quen denunciou a Bartolomé Reimóndez por ser o fiador. Bartolomé foi condenado pero recorreu á Real Audiencia que en 1583 lle deu a razón en parte, pois tivo que pagar os anos 75 e 76 pero facendo as contas de novo e non aceptando as que facía Pedro de San Martiño[856].

Noutro xuízo paralelo e pola mesma causa, dise que Pedro de San Martiño foi embargado con doce bois e vacas e outros bens, pero logo o tenente de alguacil a instancias de María de Neira, a señora do coto de Oca, embargou tamén a Bartolomé unhas leiras polo que este, que aínda estaba preso alegou[857] e gañou. Neste preito aparece unha escritura de ***María Rodríguez de Luaces*** na que pide poder e facultade a Bartolomé Reimóndez para nomear procuradores, pois el está preso. Trátase seguramente da súa muller, aínda que non se di claramente que o sexa. Pero pouco antes noutro preito[858] dise claramente que a súa muller se chama "*Mariña Rodríguez*", que aparece outorgando un censo en 1561 para a compra dun foro en Muimenta e Albarguería, de cuxo foro toma o matrimonio posesión tres anos máis tarde ao non facerse o pago do censo[859].

851 ACS P 093. 67-70.
852 ACS P 057
853 ACS P 047
854 REIMONDEZ PORTELA, M. *A Estrada rural*. Deputación de Pontevedra.
855 Pedro de San Martiño estaba casado con Teresa Pérez Reimóndez, pais de Marquesa Sanmartiño que casou con Benito Remesar, pais de Pedro Remesar e Inés de Remesar, quen casou con Juan de Silva (cfr. *Casa de Silva. Arnois*). O 24 de febrero de 1584 Benito de Remesar e Marquesa de San Martiño, vecinos de Santo Estevo de Oca, mercaron a terceira parte do lugar de Castrotión, por trinta ducados (ACS P098 fol 39r-40r)
856 ARG. RA 3081/47
857 ARG. RA 16595/6
858 ARG.RA 25932/37
859 Xa vimos que en diversos documentos o nome de María Carballa tamén alternaba co de Mariña.

En 1577 Bartolomé e o seu fillo San Juan foron apoiados por María Neira, dona da xurisdición e *pazo de Oca*, na compra dun censo[860]. Sen embargo, poucos anos despois denunciárona polo pago dunhas rendas arcebispais[861].

Outorgou testamento nas casas de Quiñones en Oca a 6 de marzo de 1597 ante o escribán Juan do Santo Martiño, veciño de San Mamede de Ribadulla[862]. Nel di que era "*vº(ecino) de la Ciudad de Santiago e residente en la feligresia de San Estebo de Oca [...] mis carnes pecadoras sean sepultadas en el coro de la ermita de Santa María de Castrotion que yo hize y sobre la qual pongan mi nombre y como la hize y funde a mi costa. [...]*. E así se fixo, pois foi atopada por Juan Andrés Fernández na escavación que fixo en 1982, identificada pola inscrición:

"(A)QUI IAZ VERTOLAME REIMON(DEZ) FUNDADOR".

[...] Yten digo que por quanto soi casado con ***María Corda*** *y le tengo en mi poder y por ser* ***donzella*** *le mando quatro bacas de las que tengo y dos uchas [...] y la cama de ropa que tengo en Santiago lo qual le mando para siempre con que de mis bienes no pueda llebar ni llebe otra cosa alguna y más dos cargas de pan cada un año entretanto no se casare.Yten digo por quanto yo crie a* ***Marina Carballa*** *dende niña, y dizen es mi hija, por bia de herencia como por qualquiera bia que este obligado a partir y ella deba de heredar mis vienes, le mando para siempre el mi lugar de Riomao [...] sito en santa María de Loimil, con el qual lugar la aparto de todos mis bienes muebles y raizes que más no pueda llebar ni heredar dellos [...] por que confieso no ser mi hija ni la tengo por tal.*

Yten digo que por quanto la dicha María Corda al presente anda preñada[863] si el parto que pariere beniere a lumbre siendo hembra mando y encargo a ***San Juan Reimóndez*** *escrivano* mi pariente *la crie y alimente y sustente y siendo de la edad la case con persona honrada conforme a su calidad y la mia dandole la dote necesaria y si fuere barón lo crie y enseñe a ler y escribir de suerte que si quisiere ser clérigo o escrivano lo pueda ser y para el tal ofiçio le de quarenta ducados por que lo pueda alcançar lo qual le encargo lo aga so pena de mi bendición y maldición = Con que mando que el tal hijo o hija que la dcha María Corda pariere no pueda llebar ni llebe de mis vienes muebles ni raices otra cosa alguna [...].*

Yten digo que yo crio a ***Bertolamé de Castro*** *y por causas que a ello me mueben mando que el dicho San Juan Reimóndez escribano a costa del usufructo de mis vienes le crie y alimente y enseñe a ler y escribir asta que sea para tomar oficio de sastre escrivano o clérigo y tomando el de clerigo lo sustente hasta que sea de beinte y çinco años [...].*

Yten digo que por quanto yo hize y hedifique en mi propio territorio y a mi costa y mención la capilla y ermita de Santa María de Castrotión y en ella puse las ymágines de Nuestra Señora y San Juan Baptista y San Bertolame y otras imagines y la hize (con)sagrar por mano de obispo y en el altar mayor se pusieron y están unas reliquias de Santana y mi intençión fue y es de unir y encorporar a ella y poner en un cuerpo y masa todos mis bienes y que anden siempre juntos en una persona de mi xeneración, sin se partir [...] los bienes siguientes, ***la Casa de Quiñones en que yo bibo y moro que yo y San Juan Reimóndez*** *abemos echo con su biña y arboleda que está junto de ella con el palomar [...]el agro que está entre la viña y la congostra que va desde Castrotión para Loureiro [...] con toda la mas propiedad que tengo en la aldea de Castrotión [...] con mas los lugares de Outeiro y Abeleira[...] con todos los mas bienes raices que tengo y me pertenecen [...] en San Estevo de Oca, San Giao de Arnois, San Miguel de Castro, San Martiño de Riobó, San Vicente de Berres, Santa María Madalena de la Puente Ulla, Santa María de Loimil, San Pedro de Orazo con sus casas heredades montes cortiñas, heredades labradías y montesías, soutos devessas*

860 ACS 69/2

861 ARG.RA. 16595/6

862 ARG.RA 10398/40, 25932/37, e outros.

863 Bartolomé Reimóndez tiña que ter nese momento máis de 70 anos. É curioso que se ía ter un fillo lexítimo, non o deixase como sucesor e só lle deixase a metade dos bens libres. ¿Dubidaría da súa paternidade?.

y sus presas regas y lo mas a ello anexo. [...] ***y nombro por señor y usufrutuario dellos a San Juan Reimondez escribano y al patrón que en su vida nombrare*** *el qual a quien el nombrare pueda nombrar el que a de suceder y asi de grado en grado [...]con que siempre el que a de subceder sea de mi generación tanto barones como hembras [...] con las condiciones siguientes".*

As condicións eran:

- que non se podían nin hipotecar, nin dar en dote, nin arrendar máis de nove años.
- que os sucesores fosen bos cristiáns.
- que nin S.S, nin bispo, nin clérigo puidese entrar baixo ningún título na ermida nin nos seus bens.
- que se dixesen dúas misas o día de Nª. Sra. de marzo, e catro o día de san Bartolomeu, outras catro o día de san Xoán Bautista e outras dúas tanto o día de S. Amaro como o de S. Roque, e se dixesen baixo a supervisión do arcebispo ou visitador.

Alega despois non ter fillos nin lexítimos nin ilexítimos, que non casou con María Touceda aínda que se diga iso, e que nin Sanjuan Reimóndez nin Marina Carballa nin a súa irmá Catalina son seus fillos nin por tais os ten, aínda que criou a Catalina que "*se me desmandó y le pribo de mis vienes*". Sen embargo, vimos que na escritura da fundación da capela afirmaba que San Juan era seu fillo natural así como Marina Carballo, polo que parece que tivo polo menos catro fillos naturais.

E nos demais bens despois de cumprir os legados deixa como herdeiros a San Juan Reimondez escribán "*en pago y remuneración de los buenos seviçios que me a hecho y deudas que por mi pago y gasto que montan mas de doscientos ducados, y al parto que Maria Corda pariere teniendo agua de bautismo*".

Fillos de Bartolomé Reimondez foron:

1.- **San Juan Reimóndez** (*que segue*)

2.- *María ou Marina Reimondez Figueroa* (ou *Carballa* ou *María Touceda*, segundo os diversos documentos, pois era filla de María Touceda) que casou con Gregorio Carballo. Veciños de Santiago, tiveron por fillos a:

a.- *Miguel Carballo Figueroa*. O 24 de abril de 1606 Miguel pide os bens do seu avó Bartolomé[864].

b.- *María Carballo*, muller de Pedro Alfeirán, veciña de Arnois.

3.- *Catalina*. Semella que tamén era filla súa e de María Touceda.


4.- *Bartolomé de Castro*, a quen -de acordo co testamento de seu pai- seu irmán San Juan debe atender en alimentos e educación e querendo ser clérigo axudalo ata os 25 anos e logo darlle 40 ducados, para alcanzar un oficio, e unha carga de pan en Golmados, pero renunciando á lexítima paterna que lle poida pertencer.

San Juan Reimóndez, escribán compostelán, di que é fillo de Bartolomé Reimóndez e da súa muller María Corda, polo que sería lexítimo, aínda que, como vimos na escritura de fundación, seu pai dicía que era fillo de María Touceda, e que tiña unha irmá. En efecto, en 1574 era coñecido como "*San Juan Touceda alias Reimóndez*"[865] e dise que era escribán e que levaba once anos casado e independizado de seu pai, polo que podemos pensar que naceu sobre 1540. Ademais

864 ACS P. 130
865 ARG. RA. 3081/47

os fillos de San Juan puxeron preito contra seus curmáns e veciños de Santeles Alberte e Pedro Touceda netos de Juan Touceda o vello, o pai de María Touceda, polos bens que deixou este[866].

Seu pai, aínda que na escritura da fundación di que é seu fillo, no testamento négao. Como xa vimos, négao como fillo, pero noméao sucesor, e iso que di que a súa muller espera un fillo, polo tanto, lexítimo. Pola súa parte, vemos que el asina como San Juan Reimóndez.



Sinatura de San Juan Reimóndez. 1584

Faleceu en febreiro de 1601. Outorgou testamento[867] o 10 de xuño de 1598 ante Sebastián de Torres Patiño no que pide ser enterrado no coro da capela de Santa María de Castrotión "*donde jaz Bartolome Reimondez mi padre siendo gastado y no lo estando junto a su sepultura*" (polo que posiblemente a lápida que se atopou ao lado da de Bartolomé, sexa a súa e non a de María Corda). Ademais nomea patrón da fundación da capela de Castrotión a seu fillo segundo Juan Vázquez Paseiro, coa condición de que case coa súa licenza e sexa obediente á súa nai, pois de non selo deixa o padroado a seu irmán Bartolomé.

Incorporou á fundación da capela de Castrotión en forma de vínculo a metade do prado de Nogueira, o muíño dos Besteiros, a casa e cortiña do Pereiro, a herdade do Corgo, algúns lugares de Castrotión e o prado das Paizás, engadindo a obriga de catro misas pola súa alma e a da súa muller, ***Inés Vázquez***, a quen deixa usufrutuaria dos seus bens raíces. E pide que seu fillo Juan, sucesor no padroado, se casa con muller "*principal*", engada catro cargas de pan aos bens do padroado. E nos bens que non sexan do padroado nomea como universais herdeiros a seus dous fillos lexítimos, a saber:

1.- ***Bartolomé Reimondez***, estudante en 1589 pero seguramente xa con 25 anos cumpridos xa que aparece con poder do seu avó nun preito[868], logo foi escribán en Ponteulla. En 1598 estaba solteiro, veciño de Santiago pero residente en Ponteulla onde edificou de novo unha casa con horta e xardín onde había limóns, laranxas e mazás, e onde tiña diversos bens que lle deixou seu pai. Nese mesmo ano tamén hipotecou eses bens por un censo de 200 ducados de principal e 14 de réditos que lle fixeron os tres testamentarios de María Méndez entre os cales estaba o cóengo Diego Suárez de Tanxil, dono da torre de Guimarei. Ao morrer dous dos testamentarios e marchar o outro para Asturias, quixo deixar de pagar pois a escritura dicía de pagarlle a eles, pero non se dicía que no seu caso aos herdeiros. Houbo preito por iso en 1618, polo que o meteron preso e o condenaron a pagar, e despois dunha nova alegación rematou en 1634.

866 ARG. RA. 4672/18
867 ARG. RA. 5621/1, 5652/1, 10398/40
868 ARG. RA. 613/58

Cando morreu seu pai en 1601, Bartolomé tratou de coller na casa paterna as escrituras notariais de seu pai, pois dicía que tiña dereito polo menos a unha cuarta parte. Sen embargo o dono do coto de Oca, Juan de Neira Luaces, a instancias do xuíz de dito coto mandou recoller as escrituras, que posteriormente entregou ao irmán de Bartolomé, Juan Vázquez Paseiro, escribán e residente en Oca, pois dicía que non se lle podían entregar a Bartolomé por vivir fóra do coto, o que representaría un inconveniente para os veciños[869].

Aparece en varios preitos da Real Audiencia como imputado, así por exemplo por mor da casa en que vivía e que tiña arrendada en Ponteulla, pois estivo sen pagar uns anos dito arrendamento, así que foi denunciado e chegou a estar no cárcere. E tamén como demandante, como cando pediu os bens de súa avoa María Touceda, filla de Juan Touceda o vello e irmá de Juan Touceda o mozo en contra dos fillos deste chamados Pedro e Alberte Touceda.

2.- **Juan Vázquez Paseiro**. (*que segue*)

Juan Vázquez Paseiro ou ***Reimóndez Figueroa***, xa que, como seu pai lle deixou o padroado de Castrotión, debía utilizar o apelido Reimóndez, de acordo coa vontade do fundador.

Foi tamén escribán e casou en novembro ou decembro de 1601 con **Catalina Méndez Paseiro**, filla de Juan Méndez de Castro Landín (falecido en 1627) e de Juana Paseiro, filla esta do mercador Gregorio Paseiro e de Marquesa Paseiro, veciños de Lagartóns[870].

Ao casar foron vivir a Castrotión, pero Catalina non se entendía coa súa sogra Inés Vázquez, polo que as liortas comezaron deseguida. Así que aos tres meses de casar pediulle a seu marido que a votase fóra da casa. E Juan chegou a insultar á súa nai chamándolle "borracha" e ameazouna de morte cunha fouce e ata lle quitou unha escada cando ela estaba no sobrado deixándoa alí toda unha noite. Finalmente votouna fóra da casa e quitoulle o usufruto dos bens vinculares polo que Inés marchou a vivir a unha casiña chamada "do forno" e, axudada polo seu fillo Bartolomé, demandou a Juan[871].

Catalina tiña tamén unha irmá, María, que foi dotada o 28 de decembro de 1625 para casar en San Andrés de Vea con Juan da Ribeira, e un irmán clérigo chamado Gregorio. Precisamente Gregorio xunto cos seus pais fixeron un censo o 15 de abril de 1615 ante Pedro Díaz de Valdivieso por valor de cinco ducados e un principal de 100 ducados, que lles cedeu Melchor Mosquera Pimentel, dono da *torre e casa de Guimarei*, polo que hipotecaban diversos bens situados en Ousande, Curantes, Tabeirós, Cereixo, Pardemarín, etc., e mesmo en Sta Cristina de Lamas na xurisdición de Penaflor. Cando morreron os pais de Catalina, fixeron as partillas Juan e o seu cuñado Juan da Ribeira, chegando a unha concordia o 19 de outubro de 1635 ante Juan Rodríguez de Leira. Tamén participaba Esteban, fillo de Catalina, pois fora mellorado polos seus avós, polo que este levou 33 ferrados de pan en Pousada (Curantes)[872].

Juan Vázquez Paseiro vendeulle a Blas de Otero[873], fundador da capela de Nª Sra. da Presentación en Oca, o lugar de Golmados e o de Aveleda, polos que posteriormente haberá un preito entre os seus sucesores.

Dito Juan outorgou testamento o 5 de decembro de 1645 ante diversas testemuñas como Miguel Outeiro, reitor de Oca, e varios veciños, pero non ante escribán pois "*no pudo ser avido*"[874].

869 ARG. RA. 19760/28
870 ARG. RA. 9899/50, 10915/40, 14568/21
871 ARG. RA. 17820/7
872 ARG. RA. 11118/18, 10915/40
873 Cfr. Páx. 463
874 ARG. RA. 25932/37, 3409/22, …

Elixiu e nomeou como sucesor a seu neto *Antonio*, fillo de *Esteban*, aínda que tamén fixera unha escritura de dote do seu fillo Esteban, na que nomeaba como sucesor ao primoxénito da segunda muller de dito Esteban. Isto vai xerar un conflito como vemos máis adiante.

Juan Vázquez Paseiro no seu testamento di que quería ser enterrado na capela de Castrotión e funda dúas misas rezadas a dicir a véspera ou ao día seguinte de San Bartolomeu sobre os melloramentos do lugar e casa de Santa Cruz da Agra e outros bens libres. Di que seu avó Bartolomé Reimóndez ao facer o vínculo puxo como condición que non se puidese dalo como dote, e recoñece que el cando o seu fillo Esteban casou con Ana Fernández nomeou sucesor, sen pódelo facer, polo que revoca e anula tal escritura canto a ese feito, escritura que pasou ante Antonio da Silva, e nomea a seu neto Antonio Vázquez Reimóndez de Castro, fillo de Esteban e da súa primeira muller Juana Rodríguez Daleira, deixando a Esteban como titor e administrador dos bens do vínculo pero dando fianzas, pois se non as dá, entón nomea como titor de Antonio e dos seus irmáns a Clemente Rodríguez da Leira, tío dos menores. E que se o seu fillo Esteban tomase posesión do vínculo en virtude do nomeamento que ten revocado, Clemente saia ao punto e o defenda. Á súa muller, "Catalina Paseira" déixalle a casa e bens da Cruz da Agra coa carga das dúas misas referidas. Tamén fixo algúns legados a favor do seu neto Antonio e seus irmáns.

Faleceu o día 27-28 de decembro e Clemente Rodríguez de Leira pediu ás testemuñas que referendaran o testamento ante o escribán o 1 de xaneiro de 1646 e presentouno[875] ante o xuíz o día 21. Logo o escribán Jácome de Rendo acudiu a primeiros de abril a Oca para confirmar o testamento ante Ana Fernández, o seu irmán Juan Fernández, Bartolomé Reimóndez (neto do testador) *–os cales se opoñen dicindo que é simulado-* e por outra banda ante Antonio Reimóndez, Clemente Leira, etc. Varias testemuñas, que estiveran presentes cando se outorgou o testamento como Domingo Besteiro e Domingo Bravo confirmano, se ben o cura de Oca non o puido facer pois morreu neste tempo. E unha testemuña di que pouco despois e a instancias de Esteban Reimóndez algunhas persoas como Gonzalo de Neira Luaces foron xunto Juan Vázquez para que revocase o testamento, pero non o quixo facer.

Catalina, que finou sobre 1666, e Juan foron os pais de:

Esteban Reimóndez Méndez e Figueroa, se ben tanto el como moitos descendentes utilizan só os apelidos "*Reimóndez Figueroa*". Era veciño de Oca, avogado da Real Audiencia e patrón da capela de Nª Sra. de Castrotión.

En 1626 estaba prometido e seguramente casado con ***Juana María Rodríguez Daleira***, que aportou un dote de 1.000 ducados, filla de Pedro Docasal Daleira e de María Rodríguez de Castro e Sotomayor, fundadores do *pazo de Correáns*[876].

Esteban recibiu una mellora por parte dos seus avós maternos dos que tomou posesión o 31 de decembro de 1625 ante Juan Daleira. A mellora sinalouse no lugar de Batalla en Lagartóns coas súas casas e anexos onde eles vivían, e que logo o 1 de febreiro de 1626 aforou a Alberte Maceira ante o escribán e tío seu Bartolomé Reimóndez. Pero trala morte dos seus avós e realizadas as partillas, os foreiros no quixeron pagar máis e iniciouse un preito que en 1642 saíu a favor de ditos foreiros pero que máis adiante en 1672 Juan Reimóndez, fillo de Esteban, retomou de novo[877].

Coñecía a Blas de Outeiro[878], cura de Oca e fundador da capela de Nosa Señora da Presentación, que lle prestou 32 ducados e lle deixou en prenda tres telas.

875 ARG. RA. 25932/37
876 Cfr. Páx. 88
877 ARG. RA. 10915/40
878 Cfr. Páx. 463

O 26 de maio de 1649 fíxolle foro[879] dunha casa e leiras anexas en Golmados (Arnois) a Sebastian da Silva e a súa muller María Fernández de la Iglesia, da *casa de Silva* en Arnois. Precisamente cando Esteban Reimóndez casou de novo, fíxoo cunha irmá de dita María, ***Ana Fernández de la Iglesia***, natural de Escuadro, e tamén irmá de Juan, veciño de Moalde.

Tomou posesión do vínculo de Oca como patrón segundo algunhas testemuñas, como Francisco de Cortes veciño de Loimil, ou como titor do fillo, segundo Clemente de Leira. E chegou a facer testamento o 28 de xaneiro de 1655 ante testemuñas e en man do vicerreitor de Oca, Juan de Castro e Arce, aínda que era a súa intención facelo ante escribán. Logo o 21 de febreiro *Ana Fernández de la Iglesia*, a súa segunda muller, e seu irmán Juan xunto con algunhas testemuñas levaron a escritura ante o xuíz e ante o escribán Lucas Casal.

No testamento[880] deixou como cumpridores a Sebastián da Silva e Juan Fernández de la Iglesia. Manda ser enterrado na súa capela de Castrotión e despois dos legados píos pola súa alma, recoñece diversas débedas e deixa como herdeiros aos seus sete fillos que nomea. "*Y por quanto mi padre me ha nombrado patron de la dicha capilla por delante Rodrigo Dasilva hescribano defunto que fue, de la qual hasta ahora fui el patron,* ***nombro a Bartolome mi ijo de la segunda mujer*** *que agora tengo* ***por tal patron*** *por su vida o cuando fuere su voluntad a de nombrar otro. Iten mando a Antonio Reimondez mi ijo el lugar de Lagartones...".*

Morreu o 30 de xaneiro de 1655. Trala súa morte, Ana como titora de Bartolomé, chegou a tomar posesión do vínculo o 20 de marzo de 1655, pero Antonio, o primoxénito do primeiro matrimonio de Esteban, preiteou con ela por isto. E aínda que na escritura da fundación se dicía que o patrón tiña facultade para nomear a seu sucesor, finalmente quedou en mans de Antonio, pois este fixo desaparecer do preito[881] a escritura de dote do seu pai. Esa escritura ante Rodrigo Dasilva contiña unha cláusula pola que Juan Vázquez Paseiro, cando ía casar de segundas seu fillo Esteban, nomeaba como patrón ao primeiro fillo que nacera dese matrimonio. O orixinal da escritura estaba en mans de Clemente Rodríguez Daleira, pois quedara con todas as escrituras de Rodrigo Dasilva, pero cando morreu, un fillo de Clemente, chamado Francisco, colleuna e deulla a seu curmán Antonio Reimóndez que a fixo desaparecer.

Dita Ana Fernández cando quedou viúva casou co veciño de Loimil *Tomás de Arce* e faleceu sobre 1682.

Froito de Esteban e Juana Rodríguez Daleira, a súa primeira muller, foron:

1.- **Antonio Reimóndez Figueroa**, (*que segue*)

2.- *Juan Reimóndez Figueroa e Castro*, a quen a súa avoa María deixou no testamento rendas que tiña que pagar un veciño de San Estevo de Lagartóns.

Foi avogado da Real Audiencia da Coruña, onde residía, e casou con *Antonia Losada Villaverde*, filla do avogado Andrés Gómez Villaverde e de Jacinta Losada e Fraga, neta por vía paterna de Bartolomé Gómez Villaverde e de María Rodríguez (ou García) Paseiro[882], veciños de Elviña (A Coruña) e por vía materna de Diego García e de María Rodríguez Losada, veciños de Almeiras (A Coruña).

879 ACS P 191 fols. 300r-301v

880 ARG. RA. 3409/22

881 ARG. RA. 3409/10. No preito vese que faltan dúas páxinas xa que están numeradas.

882 María García Paseiro tivo tamén una filla chamada María que casou co capitán Pose Bermúdez, irmán de Manuela, fundadora da capela de Nª Sra. da Estrela. Por outra banda dita María García Paseiro casou de segundas con Pedro Sánchez Pulleiro, tendo por filla a *María* que casou con Alonso Rodríguez, os pais de *Juan Antonio Sánchez Pulleiro*, cura de Paleo e Crendes, fundador dun vínculo en 1708 nomeando como patrón en primeiro lugar a Rosalía Álvarez de Neira, neta de Juan Reimóndez Figueroa.

Melloraron a seu fillo Jacinto o 17 de xuño de 1696 con quince propiedades en Almeiras, Fonteculler, "Azeñas Dama" (sic) e Alvedro, e outorgaron testamento o 10 de setembro de 1704 ante Bernardo García Cortés[883]. Vivían na Coruña na rúa Príncipe, sen embargo como tiñan casa e posesións en Almeiras non lles importaba ser enterrados nesta parroquia. De feito, deixan fundado un vínculo a favor de seus fillos solteiros Mateo e Juana, con gravame de doce misas a dicir en Almeiras e coa obriga de que os sucesores engadisen a dito vínculo as lexítimas e un terzo dos seus bens.

Juan foi sepultado na Coruña o 8 de xullo de 1705 e Antonia, se ben finou en Almeiras, foi sepultada na capela da Orde Terceira de San Francisco na Coruña o 12 de xullo de 1710. En 1732 fíxose a partilla dos seus bens entre os fillos.


Foron pais de varios fillos, algúns bautizados na parroquia coruñesa de Santiago:

A.- *Jacinto Antonio Reimóndez Losada*, bautizado 6 de abril de 1662, estudou no colexio de Sanclemente en Santiago e despois no de Santiago o Maior en Salamanca. Fixo oposicións a diversas prebendas e chegou a ser cóengo lectoral en Burgos.

B.- *Andrea Antonia Reimóndez Losada*, bautizada o 4 de xuño de 1663, estivo no convento compostelán de Belvís e casou con *Andrés Álvarez de Neira*, avogado, fillo de Pedro Álvarez de Neira e de Antonia de Neira Vaamonde, veciños de Lugo, tras ser sido dotada o 5 de xullo de 1688 con 1.500 ducados en bens raíces e tendo por testemuña a seu irmán Jacinto Antonio Reimóndez, cóengo doutoral de Burgos. Foron veciños de Lugo. En 1689 tomaron un censo de 200 ducados de Juan Bermúdez de Castro, cabaleiro da orde de Santiago, da casa de San Paio de Figueroa. Cando quedou viúva, o seu tío Francisco, cura de Vinseiro, en outubro de 1703 prometeulle pagar os réditos, que levaba varios anos sen pagar, e o principal. Ao morrer Francisco debían ser os seus sucesores quen debían facerse cargo desa débeda, pero seu tío Bartolomé e o seu curmán Francisco dixeron que a escritura que presentaba era dubidosa e negáronse a pagar. De aí o preito contra eles que moveu Andrea[884]. En 1704 estaba como monxa no convento de Belvís. Fixo testamento ante Francisco Martínez o 4 de xullo de 1733 na súa casa de Pescadería na Coruña.

Tiveron a:

a.- *José Jacinto Álvarez de Neira e Reimondez*, que foi notario actuando como tal, por exemplo, cando se bendiciu a capela de Nosa Señora da Paz en Pousada (Curantes).



Sinatura de Jose Jacinto Alvarez de Neira e Reimóndez

Foi mellorado pola súa nai ante Pedro López de Neira cuns bens vinculados –entre eles os da fundación de capela Nª Sra. da Estrela na colexiata coruñesa realizada por Manuela Pose Bermúdez de Castro- coa condición de que vivise en Lugo. Casou con *Rosa Rubio Correa* ou *de la Calle* –filla seguramente do rexedor de Padrón Sebastián Rubio- e foron os pais de:

883 Arquivo Notarial da Coruña e ARG.RA. 20620/17
884 ARG. RA. 22289/6

- *José Bernardo Álvarez de Neira*, clérigo de menores e capelán da colexiata coruñesa en 1752 e que en 1754 litigou en nome do seu pai polo vínculo deixado por Juan Antonio Sánchez Pulleiro. En 1775 pediu ser o sucesor da fundación de Castrotión, alegando que era varón e polo tanto que non debía corresponderlle a Mª Manuela, a súa curmá.
En 1769 vendeu un muiño en Herbón, que tiña por herdanza materna e en 1772 era o patrono de dúas capelanías na colexiata coruñesa, a de Nª Sra da Estrela e a de san José, que foran fundadas por Mª Manuela Pose Bermúdez de Castro, que herdou de seu pai e que supuñan 1500 reais anuais[885].

- *Manuel*, nacido sobre 1727, viviu en Calvelos na parroquia de Saiar. Trala morte do seu irmán José, herdou o vínculo fundado polo seu parente Juan Antonio Sánchez Pulleiro, con bens na Coruña, Bergantiños, Lubre e outras partes. Fixo testamento 18 de maio de 1805 ante Rafael Abal e Pita, escribán de Vilagarcía, e faleceu en Saiar o 28 de xullo de 1809. Deixoulle o vínculo á súa parente Mª Manuela Neira Infanzón, aínda que seu irmán Juan lle puxo un preito[886] porque dicía que lle correspondía a el por ser varón e porque Manuel llo deixara por doazón entre vivos ante Francisco A. González Abal o 20 de xuño de 1789. O preito (1807-1810) absolveu a Juan.

b.- *Rosalía Figueroa*, que casou co procurador Juan Varela Figueroa, veciño de Santiago, sen sucesión, e tamén –antes ou despois- con Tomás Andiano.
Como primeira chamada ao vínculo fundado en 1698 por Juan Antonio Sánchez Pulleiro, tomou posesión del en 1719. Logo ao morrer pasou a mans doutros parentes e logo en mans do seu irmán José Jacinto, e trala súa morte no seu fillo José Bernardo e ao morrer este a seu irmán Manuel, veciño de Saiar.

C.- *Antonio Jacinto Reimóndez Losada*, bautizado o 22 de xuño de 1664, tendo por padriños a Francisco Moscoso e Mª Jacinta Losada, a súa muller.

D.- *Esteban Francisco Reimóndez Losada*, bautizado o 27 de maio de 1665, foi relixioso agostiño e renunciou ante o escribán Juan Abad ás lexítimas a favor da súa irmá Juana.

E. *María Paula Reimóndez Losada*, bautizada o 8 de setembro de 1677. Debeu morrer nova xa que posteriormente non figura.

F.- *Mateo Antonio Reimóndez Losada*, bautizado o 29 de setembro de 1669, avogado da Real Audiencia. Seus pais deixáronlle dúas casas na Coruña, unha viña en Riazor e outros bens, pero trala morte de seus pais xunto coa súa irmá Juana fixo partilla dos bens dos seus pais en 1732 sen ter en conta que moitos estaban vinculados e vendendo moitos deles en 1733. De aí que a partir de 1768 se iniciou un preito[887] para que se declarasen nulas tais partillas e en 1774 mandouse facer unhas dilixencias que non se levaron a cabo e en 1805 pediuse a súa prosecución. Como faleceu solteiro e ab intestato herdaron seus irmáns. De aí que en 1753 os seus sobriños José Jacinto Álvarez e Manuela Reimóndez venderon unha casa en Paleo, que lle pertencera[888]. Fixo testamento[889] o 2 de xaneiro de 1742 no que nomea herdeiro a seu sobriño Felipe, fillo de Santiago Reimóndez, veciño de Tui. Tamén deixa algúns bens para o Hospital de Nª Sra. do Bo Suceso, no que se atopaba. Menciona tamén os preitos que tiña coas súas sobriñas Rosalía e Catalina.

G.- *Juana Reimóndez Losada*, que faleceu celibata. Mellorada polos seus pais con diversos bens como unha casa na Coruña e outra en Ombre (Almeiras), tamén lle deixaron diversas imaxes relixiosas que había na casa.

H.- *María Lorenza Reimóndez Losada*, bautizada o 16 de agosto de 1672. Debeu morrer nova xa que posteriormente non figura.


I.- O capitán *Constantino Jacobo Diego Reimóndez Figueroa*, bautizado o 1 de outubro de 1675, quen para aprobar a súa fidalguía e sendo soldado na Compañía de D. Ignacio Vázquez Torreiro no presidio da Coruña aportou informacións xenealóxicas[890] o 25 de agosto de 1704.

885 Protocolos de Juan Ignacio Neira.
886 ARG, RA 12736/32
887 ARG. RA 20620/17
888 ANC. Protocolos de Francisco Pardo de Ponte e Andrade.
889 ANC Protocolos de Sánchez Baamonde
890 Arquivo Municipal da Coruña e ARG. RA. 13820/1

Casou en Tui con *Catalina de la Barrera Castrillón e Navia*, filla de Andrés de la Barrera, natural da provincia de Mondoñedo, e foron veciños de Tui. Tiveron a:

a.- *Mª Manuela Reimóndez de la Barrera*, que viviu na rúa compostelá do Pombal e tamén na Coruña. Demandou o morgado da fundación de Castrotión en 1758 e o 3 de abril de 1772 unha compensación por alimentos a Benito González, que foi quen o herdou. Pero trala morte de Benito ao ano seguinte e a pesar dos moitos que optaban á sucesión, foi ela quen conseguiu quedar cos bens de vínculo dos que toma posesión en 1781.
Claro que Mª Manuela na escritura de dote da súa irmá Catalina ante o escribán compostelán Andrés Antonio de Cernadas fixera doazón de todos os seus bens e dereitos reservándose o usufruto, que logo referendou en Betanzos o 18 de xuño de 1759 ante Francisco Antonio de Fraga[891]. Os vínculos aos que tiña dereito eran: o vínculo e morgado fundado polo seu tío e presbítero Juan Antonio Sánchez Pulleiro, o padroado na colexiata coruñesa fundado pola súa tía Manuela Pose Bermúdez de Castro, o vínculo e morgado fundado pola súa tía-avoa Josefa Losada Villaverde, a mellora vinculada coas agregacións feitas polos seus avós o licenciado Juan Reimóndez de Figueroa e a súa muller Antonia Losada, os bens que lle correspondían en Tui pola súa nai e en Mondoñedo (casa dos Barreras) polo seu avó materno Andrés de la Barrera, así como o morgado e vínculo fundado en Castrotión por Bartolomé Reimóndez, que nese momento tiña o seu curmán Benito Gómez Reimóndez.

b.- ***Catalina Reimóndez de la Barrera***, a quen a súa irmá Manuela cedeu os seus bens e dereitos, e que casou en 1754 con *José de Neira Infanzón e Riomol*, oficial provincial do rexemento de Infantería de Betanzos, que faleceu en 1772-73.
Bautizaron en San Xurxo da Coruña a seu fillo primoxénito o 15 de abril de 1765, tendo por padriños a Juan Antonio Ozores, conde de Priegue, e a súa filla primoxénita Juana Ozores Ponce de León. Puxéronlle por nome **Juan Antonio de Neira Infanzón e Reimóndez**, e será o sucesor no *vínculo de Castrotión*. Tiveron cinco fillas máis (como veremos máis adiante).



Sinatura de José Neira Infanzón

c. d. e.- *Andrés, Felipe* e *Jacinto*. Morreron antes de 1758.

3.- *Francisco Reimóndez Figueroa*, o terceiro dos fillos de Esteban e Juana Rodríguez de Leira, foi bautizado o 15 de febreiro de 1635. Foi ordeado de presbítero en 1657 e estivo de cura en Lagartóns e en Santa Cristina de Vinseiro. O 29 de xullo de 1662 os tres irmáns Juan, Antonio e Francisco chegaron a unha concordia para repartir os bens dotais da súa nai e polos bens da súa avoa Catalina Méndez.
En 1693 redimiu un censo que fixera a seus bisavós don Melchor Mosquera. Cando os seus irmáns Antonio e Bartolomé tiveron o preito polo vínculo, Francisco recoñeceu que o seu avó

891 ARG.RA. 20620/17


fixera unha escritura a favor do primeiro neto que tivera Esteban do seu matrimonio con Ana Fernández.
Outorgou testamento o 10 de setembro de 1707 ante Pedro Rodríguez da Fraga[892]. Deixaba como herdeiros a seu medio irmán Bartolomé e a seus sobriños Francisco e Pedro, fillos de Bartolomé, do xeito seguinte: a Bartolomé déixalle a lexítima e 2/3 partes dos seus bens, e a seu sobriño Francisco a outra terceira parte a condición de que lle han de dar 300 ducados a seu outro sobriño Pedro, para que se faga escribán ou tome o estado que lle pareza. Pero que tras a morte de Bartolomé os seus bens raíces han de andar todos xuntos facendo vínculo dos seus bens e deixándolle a seu irmán Bartolomé con facultade para elixir sucesor -que o fixo no seu propio fillo Bernardo-. Tamén lle deixou un legado de 50 ducados ás súas sobriñas Silvestra e Francisca, fillas do seu irmán Antonio, e á súa irmá Estéfana outros 50 ducados. E di que lle prestou 200 reais a D. Tomás Andiano, marido da súa sobriña Rosalía Reimóndez, pero que llos perdoa. Pediu ser enterrado na igrexa de Vinseiro.

4.- *Estéfana ou Esteva Reimóndez Figueroa*, muller de *Silvestre da Torre*, veciños de Lagartóns, onde tiveron varios fillos:

a.- *María Andrea*, bautizada o 10 de febreiro de 1680.
b.- *Bartolomé*, bautizado o 26 de maio de 1684.
c.- *Alexos*, bautizado o 17 de xullo de 1685.
d.- *María Josefa*, bautizada o 25 de marzo de 1688 tendo por padriños a seus tíos Bartolomé e María de Lis. Seguramente é ela a que aparece como María cando casou o 19 de febreiro de 1708 con Pascual Coto das Penas.

Fillo de Esteban e *Ana Fernández de la Iglesia*, a súa segunda muller, foron:

5.- *Bartolomé Reimóndez Figueroa*. Naceu[893] en Oca sobre 1646. Trala morte de seu pai, confesa que estaba servindo en Santiago na casa dun cóengo e na casa dun doutor, para dicir que era pobre, ao non poder acceder ao morgado que lle correspondía. Por este motivo tivo un preito[894] contra seu irmán Antonio. O preito comezou en 1655 pero logo estivo parado entre 1662-68, e nese tempo o seu irmán Antonio fixo desaparecer a escritura do seu avó en que nomeaba patrón a Bartolomé, polo que este pediu ao arcebispado en 1669 unha pauliña para que se tomase declaración sobre dita escritura. E aínda que as testemuñas falaron a favor de Bartolomé, non conseguiu nada. E así o 20 de abril de 1670 vendo que o resultado era incerto chegou a unha concordia[895] con Antonio ante o escribán Alberto Martínez de la Gándara, polo que Antonio quedaba co vínculo e el, ademais da lexítima, quedaba cos diversos bens libres, como unha casa xunto a fonte de Castrotión, uns prados, rendas en Cernadela e Moreira por 6,5 fanegas de pan e 200 ducados en diñeiro, aínda que coa obriga de pagar oito misas na parroquia.



Escudo dos Reimondez. Debuxo de Javier García Gómez

Herdou do seu irmán Francisco, pois este estaba a mal co seu irmán Antonio, por mor dunhas rendas e porque a súa cuñada Catalina mallou a paus á criada de Francisco.

Bartolomé era escribán en Vinseiro –consérvanse algúns dos seus protocolos no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra- pero veciño de Lagartóns e patrón da capela do Santo Nome

892 ARG. RA. 20107/30
893 ARG. RA 3855/97
894 ARG. RA. 3409/22
895 ARG. RA 13820/1

de Xesús dentro da igrexa de Cereixo (¿Fundada polo seu irmán Francisco?). Casou con ***María de Lis Castroverde***, filla do capitán Carlos de Lis e de Micaela de Castroverde[896], e irmán do capitán e presbítero Carlos de Lis, veciños de Santa Susana en Santiago.

O matrimonio fixo testamento conxunto ante Juan Ambrosio Montenegro, escribán de S.M. e veciño de San Paio de Figueroa.

As honras fúnebres de Bartolomé celebráronse o 9 de xullo de 1723 asistindo 26 sacerdotes e aportándose a ofrenda habitual nestes casos, é dicir, unha fanega de pan e un canado de viño. A súa muller María de Lis foi sepultada no coro da igrexa o 30 de xuño de 1725 cunha idade aproximada, segundo o párroco, de 70 anos. Tiveron unha prole numerosa pero dada a grande mortalidade que había entón, cando morreu María quedaban nove dos seus fillos:

a.- *María Jacinta Reimóndez Figueroa*, que foi confirmada o 19 de novembro de 1688 e que casou o 7 de febreiro de 1706 con *Antonio Bermúdez de la Peña*, fillo de Blas de la Peña e Inés Bermúdez, e viúvo de Mariana Pulleiro Rodríguez de Leira[897]. Foron pais de:

- *Domingo Bermúdez Reimóndez*.
- *Bartolomé Bermudez de la Peña*, bautizado o 4 de febreiro de 1711 tendo por madriña á súa avoa materna. Foi veciño de Vis de Baixetes (Vinseiro) e fixo as velacións matrimoniais o 11 de febreiro de 1725 con *Feliciana Martinez de Barcia*, veciña de San Xiao de Guimarei. Foron pais de *Andrés* e de *Carlos Bermúdez de la Peña*, natural de Vinseiro, que casou con María Rodríguez, de San Felix de Solovio. Estes tiveron a *Alberto, José* e *Andrés*, bautizados en Sar. Tanto José como Carlos combateron con motivo da guerra de Gran Bretaña en 1762 alistándose como fidalgos ao mando de D. Teodoro Llorente, marqués de Astariz.

b.- *Juan Antonio Bernardo*, bautizado o 14 de novembro de 1680 tendo por padriños a Juan Bermúdez de Castro (casa grande dos Bermúdez de Castro) e a Catalina de la Puebla Susabila (pazo de Correáns). Morreu de neno.

c.- *Juan Antonio Bernardo*, bautizado 21 de setembro de 1682, tendo como padriños aos mesmos que seu irmán. Confirmado en 1688, faleceu pouco despois.

d.- *Carlos Isidro*, bautizado o 17 de outubro de 1684 tendo por padriños ao presbítero Carlos de Lis e a María Núñez de Castro, a muller de Antonio Castrigo.

e.- *Juana Antonia Reimóndez*, bautizada polo seu tío e abade de Vinseiro Francisco Reimóndez o 27 de xuño de 1686. Casou con *Antonio Arias Somoza*, e foron veciños do lugar da Corruxeira en Callobre.

Logo Antonio, viúvo de Juana, recibiu as bendicións da Igrexa o 10 de xullo de 1737 para casar con Ana María Paseiro, filla de Santiago Paseiro e de Ignacia de Cortes, todos veciños de Callobre. Foron dispensados das proclamas pois un irmán da noiva, don Ambrosio Paseiro, era cóengo na colexiata de Iria. E o dous de abril de 1740 Ana María Paseiro, que xa estaba viúva, casou con Juan González Crespo, veciño do bispado de Lugo.

f.- *José Pelayo Tomás*, bautizado o 6 de xullo de 1689, tendo por padriños ao cura de Vinseiro Teodoro Rodríguez de Leira (*pazo de Correáns*) e a Tomasa Sangro Armesto (*casa grande dos Bermúdez de Castro*). Morreu de neno.

g.- *Tomasa Reimóndez Lis*, bautizada o 6 de xaneiro de 1692 tendo por padriños ao presbítero Juan de Ribera e a Tomasa Sangro, casou o 26 de febreiro de 1713 con Andrés Fernández de Espinosa –ou *Espinosa Varela Taboada* que é como asina el- veciño do lugar de Negreiros en San Mamede de Castro e fillo de Andrés Fernández Espinosa e de Catalina Varela Taboada. O seu

896 AHUS Outorgou testamento en 5 de agosto de 1692 ante Pedro Vázquez.
897 AHUS Francisco Nodar, 1723

fillo *Francisco Antonio* casou en Cora o 10 de agosto de 1750 con *Ana María*, filla de Rosendo Mariño Bautis e de Rosa Piñeiro Reigosa (irmá de Alonso, do que se fala a continuación)

h.- *Mª Manuela Antonia Reimondez Lis*, bautizada o 28 de outubro de 1693 tendo por padriño a Antonio Mariño de Lobera, cura de Guimarei, foi unida en matrimonio en Lagartóns por Francisco Reimóndez, cura de Vieite, o 7 de setembro de 1716 con *Alonso Piñeiro Reigosa*[898], fillo de Manuel Piñeiro e de Ana Eugenia de Reigosa (natural de Garellas. Forcarei), veciños de Piñeiro en Santa Mariña de Ribeira. Tiveron numerosa prole pero morreron de nenos: *Juan Antonio Baltasar* (bautizado o 8/1/1718), *Juan* (29/12/1718), *Juana Isabel* (21/11/1721), *Juan Antonio Micael* (8/5/1722) e *Francisca María* (26/9/1723). Os que chegaron á idade adulta foron:

- *Manuel Antonio Piñeiro Reimóndez*, o vinculeiro, bautizado 4 de febreiro de 1726 e que casou o 24 de xuño de 1747 con Jacinta Gómez de Castro, do pazo de Xerlís. En 1756 tivo un preito coa súa nai polos bens do morgado. Foi acusado de maltratala e de votala da casa[899].
- *Andrea Piñeiro Reimóndez*.
- *María Antonia Piñeiro Reimóndez*, bautizada o 18 de decembro de 1729, que xunto con Clara e Eugenia traballaban de criadas en casa do avogado Francisco Santiso, veciño de Ribeira.
- *Clara Piñeiro Reimóndez*.
- *Eugenia Antonia Piñeiro Reimóndez*, bautizada o 10 de decembro de 1731 tendo por padriño a Francisco Reimóndez, vicario de Santeles. Foi dotada[900] o 9 de outubro de 1764 para casar con Pedro Andrade Freire, viúvo de Mª Antonia Martínez.
- *Rosendo Piñeiro Reimóndez*, bautizado un día de outubro de 1736 e que de rapaz marchou a Santiago onde traballaba de paxe para pagarse os estudos.

i.- *Rafaela Francisca María Reimóndez* Lis, bautizada o 6 de xuño de 1695, tendo por padriño ao abade de Vinseiro Francisco Reimóndez Figueroa.

j.- *María Antonia Ángela Josefa Reimóndez Lis*, que naceu en 1697 e casou en Lagartóns o 9 de febreiro de 1722 con Antonio Louzao Otero, veciño de San Miguel de Castro e fillo de Francisco e Dominga. Viviron no lugar de Prado en San Miguel de Castro, tendo a:

- *Francisco Louzao Reimóndez*, bautizado o 23 de marzo de 1722.
- *Jacinta Mª Luisa Louzao Reimóndez*, bautizada o 6 de abril de 1723.
- *Juliana Dominga María*, bautizada o 9 e xaneiro de 1725.
- *Ignacio Antonio Louzao Reimóndez*, bautizado o 6 de xuño de 1727, casou con Josefa Castro e tivo por fillo a Juan José, bautizado en S. Miguel de Castro o 20 de abril de 1755.
- *Juana Louzao Reimóndez*, bautizada o 7 de decembro de 1729, tendo por padriños a seus tíos Antonio Arias Somoza e a Juana Reimóndez..
- *Juan Antonio Louzao Reimóndez*, bautizado o 9 de marzo de 1732.
- *Mª Manuela Louzao Reimóndez*, bautizada o 27 de agosto de 1735.
- *Andrés Antonio Louzao Reimóndez*, bautizado o 23 de marzo de 1739.

k.- *Francisco Antonio Reimónde Lis*, presbítero e veciño de Callobre en 1713, foi cura de Santeles e en 1725 era vicario de Lagartóns.

l.- *Micaela Reimóndez*, casou con Juan Álvarez de la Cruz e Rivera, viúvo de Rosa Méndez Araújo, veciño de San Adrián de Vieite (Leiro. Ourense), fillo de Blas e Helena Mosquera. Foi veciña de Vieite, como seu irmán Bernardo.

m.- *Bernardo Reimóndez Lis*, que en 1713 era o xuíz do coto de Viso. Tivo preito co seu sobriño Pedro, fillo de Pedro Francisco Reimóndez por unhas rendas que pertencían a dito vínculo, pois seu pai llas dera en dote –sen poder facelo por ser de vínculo- a seu irmán Pedro[901].

898 Ver a súa xenealoxía en " pazo de Xerlís" Páx, 194 ss
899 ARG.RA. 14283/34
900 ARG. Protocolos de Plácido Vallexo Castro.
901 ARG. RA. 3067/99

De solteiro tivo en Lagartóns unha filla de Juana Martiza á que chamaron *Manuela* e que casou o 28 de setembro de 1744 con Antonio Moreiras Ribera. Foi dotado o 13 de marzo de 1717 ante o escribán Miguel Salgado Araújo[902] polo seu pai cos bens do vínculo que fixera seu irmán cura Francisco ademais da casa de Batalla en Lagartóns e outros bens para casar con *Juana de Prado e Ulloa*, sobriña de don Toribio Francisco de Prado e Ulloa, cura de San Adrián de Vieite, que a dotou con 1.000 ducados e outros bens, tomando posesión de ditos bens en agosto de 1729 ante o escribán Andrés de Soto, trala morte de seu pai. Os bens estaban en Vieite, Vinseiro, Cereixo, San Miguel de Cora e rendas en Lagartóns, Morreira, Olives, etc. Viviu en Erbedo (Vieite) e tivo descendencia lexítima. En Lagartóns naceron dous dos seus fillos:

- *Bartolomé Antonio Reimóndez*, bautizado o 6 de novembro de 1718.
- *María Francisca Reimóndez*, bautizada o 26 de xuño de 1726.

n.- *Pedro Francisco Reimóndez Lis*, que estando solteiro tivo de María de Castro, tamén solteira, a Pascua Reimóndez, que casou o 2 de novembro de 1732 con Isidro de Barro. Foi dotado o 29 de outubro de 1708 para casar con *Dominga Rozados*, filla de Francisco e de Dominga Tato de Abollo, veciños de Dúasigrexas (Forcarei) ante o escribán Simón de Rozados, veciño de Acibeiro. Pedro recibiu en dote vestidos, unha cama e todo o anexo, unhas rendas de 6 fanegas de centeo en Escuadro, Siador, Moalde e Godoi (Vinseiro) e 13 moios de viño tinto e dous de branco no lugar de Vieite (Leiro). Logo, viúvo, casou outra vez.

Do primeiro matrimonio tivo a *Pedro Reimóndez* que casou en Escuadro o 8 de decembro de 1732 con María Pereiras Fernández, filla de Domingo e Alberta, sendo cura de Escuadro o irmán de María don Antonio Pereiras Fernández. Dito Pedro preiteou[903] co seu tío Bernardo por unhas rendas.

Un descendente chamado Ramón Otero Reimóndez foi cura e capelán na colexiata coruñesa das capelas de Nª Sra da Estrela e San Xosé, fundadas pola súa parente Manuela Pose Bermúdez, ata que ascendeu en 1804 a un beneficio "*que le condonó el caballero de España de esta ciudad*".

ñ.- *Antonio Reimóndez Lis*, veciño de Godoi, casado con Manuela Vasadre, e pai de Leonarda.


6.- *Andrés Reimóndez Figueroa e Fernández de la Iglesia*, ordenouse clérigo a título da capela de Castrotión. En 1725 como era vello designou ante Francisco Nodar a seu sobriño Ignacio para cumprir as misas.

7.- *Estevo Reimóndez Figueroa*.

8.- *Domingo Reimóndez Figueroa*. Era soldado de infantería en 1707 (segundo o testamento do seu medio-irmán Francisco) e casou con *Inés de Borraxeiros*, sendo veciños de Vinseiro, no lugar de Godoi, nunha casa e terras anexas que lle deixou como usufrutuario o seu medio irmán Francisco. Logo aparecen en Escuadro, onde casou o seu fillo *Antonio Reimóndez* o 11 de marzo de 1728 con Ana Gómez Outeiro, filla de Benito e María. Tamén tiveron por fillos a *Juliana*, que faleceu en 1772, outra que casou con Francisco Rei, e *José*.

Antonio Reimóndez Figueroa. Era o primoxénito e cando morreu seu pai disputou contra seu irmán Bartolomé polo morgado e vínculo de Castrotión. En Xuño de 1655 Clemente Leira presentou a filiación de Antonio e os papeis do morgado (testamento de Bartolomé Reimóndez). Finalmente, tralo preito e concordia á que chegaron, o 16 de abril de 1670 Antonio pediu tomar posesión de todos os bens vinculados, cousa que fixo o 16 de maio de 1671.

902 ARG. RA. 20107/30
903 ARG.RA. 3067/99



Escudo de Castrotión. Debuxo de Javier García Gómez

Poucos meses despois entraron en disputa varios veciños por diversas herdades. Así por exemplo, Gabriel de Brey, que pagaba de rendas trinta e tres fanegas de centeo aos irmáns Benito Vázquez, Fernando e Antonio Cancela, presbítero, polos lugares de Outeiro e Aveleira, que eran de directo dominio de Bartolomé Reimóndez o vello e que o seu neto Juan Vázquez llas vendera a Blas de Otero, polo que xa non pertencían á capela de Castrotión, senón á de N.Sra da Presentación. Agora ben, se eran de vínculo a súa venda sería nula en dereito. Preséntase entón a escritura de foro feita ante Andrés López que Juan Vázquez Reimóndez lle fixo a Blas de Outeiro en setembro de 1611 da metade de ditos lugares que ata entón foran aforados por Bartolomé Reimóndez, o seu avó, en 1575 a Juan Martínez Douteiro, veciño de Loimil. Pola metade do lugar de Outeiro debía pagar doce fanegas de pan e un par de capóns, e recibiríase vinte e catro ducados polo traspaso. Pero en maio do mesmo ano xa fixeran os mesmos suxeitos outro traspaso dun muíño "*que ba debaxo del lugar de Outeiro para la fortaleza de la Barrera*", xunto con outros muíños e herdades. E tamén se presentan outras escrituras de foro que completan o conxunto que se reclama. E aínda que saíu a favor de Antonio Reimóndez, o preito continuaba en 1826, agora entre os seus sucesores, Ambrosio Cancela e Juan de Neira Infanzón, que di que esas propiedades son súas de directo dominio, polo que se lle deben restituír.

Casou con ***Catalina de Silva***, da *casa de Silva*[904] en Arnois, bautizada 7 de outubro de 1637, filla de Sebastián de Silva e de María Fernández de la Iglesia.

Antonio fixo testamento o 23 de decembro de 1710 ante Antonio de Casal aos 85 anos. Nel nomeou a seu fillo Ignacio como administrador dos bens pois el estaba vello e seu fillo primoxénito Sebastián estaba falto de ouvido e tiña outras enfermidades, e como sucesor a dito Sebastián. Nomeou como testamentario a Francisco Fernández de Silva, secretario do Santo Oficio, e a seu irmán Andrés da casa de Silva en Arnois, así como a Ignacio Antonio Reimóndez, seu fillo. Enumera a seus fillos, que deixa como herdeiros, Sebastián, Ignacio Antonio, Bartolomé, Silvestra e Francisca, sen embargo tiña dous fillos máis, de aí que máis adiante nun preito para facer as partillas alegouse isto. Tamén cita a Mª Antonia a quen manda que devolva os bens que levara de máis e os sume ao montón para repartir.

Tiveron por fillos a:

1.- **Sebastián Reimóndez Figueroa**, (*que segue*)

2.- *Ángela María Reimóndez Figueroa e Silva*, que nacida en Quiñones, tivo un fillo de solteira con *Juan de Gayoso Mendoza*, do *pazo de Oca*, nacido en Ourense o 16 de maio de 1633, que estaba casado e daquela con tes fillos, un deles nacido un mes antes. Ángela foi enterrada o 30 de agosto de 1673 na capela de Castrotión, que era dos seus pais. O neno foi bautizado en San Estevo de Oca co nome de José o 16 de agosto de 1673 e chegou a ser cabaleiro de Calatrava[905] en xaneiro de 1718 trala lexitimación do papa Pío XI. A José Gayoso Reimóndez é atribuído un dos escudos que se atopaban na casa de Castrotión, como xa dixemos.

3.- *Mª Antonia Reimóndez Figueroa e Silva*, bautizada en Oca o 20 de xaneiro de 1669 polo abade don Francisco Reimóndez e sendo padriño o seu avó Sebastián e a súa irmá Ángela María. Foi dotada en 1691 ante Andrés de Nodar[906] para casar con *Diego González de Villar*, fillo de Ciprián González, veciño de Sar (Santiago). Ciprián prestoulle a seu consogro unhas

904 Páx. 480.
905 AHN. OM-Cabaleiros Calatrava, Exp.1042
906 AHPPo. 1734 bis

cantidades de diñeiro, que logo Diego reclamou a seu sogro, pero este se ben recoñeceu a débeda e pagou, logo demandou a seu xenro[907].

Foron pais de ***Benito González Reimóndez***, que foi bautizado o 8 de febreiro de 1701 en San Miguel dos Agros de Santiago de Compostela Foi padriño o doutor don Bieito de Leira Monteagudo. Recibiu os grados menores en 1732.

Herdou o morgado de Castrotión despois dos seus tíos Sebastián e Ignacio, pois os demais tíos e tías morreran antes e sen sucesión.

4.- *Silvestra Reimóndez Figueroa e Silva*, bautizada o 16 de novembro de 1670, Vivía solteira en Castrotión co seu irmán Sebastián. Sen sucesión.

5.- *Ignacio Antonio Reimóndez Figueroa e Silva*, bautizado o 6 de febreiro de 1675. Foi avogado e logo cura. O seu tío cura Andrés Reimóndez, ordenado a título de Castrotión, como estaba vello deixoulle o posto en 1725.

Seu pai di no estamento que estivo dez anos co seu tío Francisco Fernández de Silva, de quen herdou unha arca, vestidos, libros e dous becerros.

Preiteou contra seu irmán Sebastián polo morgado e aínda que perdeu, Sebastián nomeouno sucesor seu. Por iso foi patrón do morgado desde 1734, cando morreu Sebastián, ata a súa morte o 10 de maio de 1758. Outorgou testamento ante Pedro Antonio Barreiro, veciño de Camanzo, o 18 de febreiro de 1758 e un codicilo o 16 de abril de dito ano que non firma por estar "*faltoso de vista*"[908].

6.- *Francisca Reimóndez Figueroa e Silva*, bautizada o 1 de agosto de 1677, casou co procurador compostelán das Audiencias Arcebispais Manuel López Pacheco, a quen seu cuñado Sebastián deixa como testamentario. Non tiveron descendencia.

7.- *Bartolomé Reimóndez Figueroa e Silva*. Veciño de Oca. Sen sucesión

8.- *Juan Reimóndez Figueroa e Silva*. Faleceu sen sucesión.

Sebastián Reimóndez Figueroa e Silva, que era bastante xordo e, segundo o seu irmán Ignacio, un pouco torpe. Foi por iso que Ignacio, que estaba administrando os bens do morgado, quixo quedar como sucesor, pero Sebastián demandouno e gañou o preito.

Tiña unha criada chamada Francisca Fernández, solteira, da que tivo por filla a Andrea, nacida seguramente en San Martiño de Dornelas ou en Gres, que era coñecida pola alcuña de *Andrea Loureiro* (por ter un loureiro á porta da casa) e logo se facía chamar *Andrea Reimóndez*. Cando morreu a súa nai, tiña doce anos e foi acollida na casa de Sebastián onde estivo uns 15 anos ata que casou en Oca o 20 de xullo de 1725 co escribán *Juan Vázquez de Verea*, veciño de Santiago, fillo de Domingo Vázquez (parroquia de San Miguel) e Rufina Verea (Sta. Mª do Camiño), e viúvo de Mª Antonia Vidal, sendo testemuña o seu tío Ignacio. Tiveron un fillo chamado *Bartolomé*, bautizado en Oca o 21 de abril de 1726.


Logo de viúva casou con *Juan Antonio Freire e Andrade*, veciño de San Mamede de Ribadulla, con quen tivo a *Andrés José*, nacido en Santa Mariña de Ribeira o 6 de marzo de 1735. Cando casou Andrea o cura escribiu que era filla natural de Sebastián e unha das testemuñas que asinou a escritura foi o seu tío Ignacio. Por iso a partir da morte de seu pai Sebastián, Andrea vai poñer

907 ARG.RA. 5741/38
908 ARG.RA. 13820/1

preito para herdar os bens de vínculo, primeiro contra o seu tío Ignacio e logo, trala morte deste, contra Benito González e os demais pretendentes, pero sen resultado[909].

Con mais de 70 anos Sebastián finou o 1 de marzo de 1734 en Oca, sen deixar outros fillos lexítimos ou naturais. No seu testamento[910] outorgado en Santiago o 5 de xullo de 1730 ante Bartolomé Fandiño pedía ser enterrado na capela de Castrotión e deixaba a seu irmán Ignacio como sucesor e despois deste a seu sobriño ***Benito González Reimóndez*** (*que segue*), fillo da súa irmá Antonia, incluídos os bens de Arnois que lle pertencían pola súa lexítima materna, e que trala morte de Benito debían agregarse aos bens da fundación. E deixa os seus bens mobles e alfaias á súa irmá Silvestra.

Benito González Reimóndez, cura de Feás (Aranga) no partido de Betanzos, era fillo de Diego González e de Mª Antonia Reimóndez, irmá de Bartolomé.



Sinatura de Benito González Reimóndez

Trala morte de Ignacio Reimóndez en 1758 tivo un preito pola sucesión na fundación de Castrotión que se resolveu no seu favor. E pouco despois, en 1759, Benito demandou contra os bens libres que puidera deixar o seu tío Ignacio por mor dos estragos nos bens de vínculo, imputables á súa mala administración[911].

Benito faleceu o 28 de marzo de 1773, e iniciouse un novo preito, pois os que optaban á herdanza eran moitos, se ben quen gañou e tomou posesión dos bens do morgado o 18 de decembro de 1776 foi **Mª Manuela Reimóndez de la Barrera Castrillón** (ou *De la Barrera Reimóndez*, que é como normalmente aparece).

Claro que, como xa vimos, Mª Manuela lle tiña cedido os dereitos ao morgado á súa irmá Catalina, cando casou con José Neira Infanzón, polo que o morgado pasou a *Catalina de la Barrera*, que xa estaba viúva.

Catalina de la Barrera[912] faleceu sobre 1789 en Santiago. Os gastos do seu enterro foron de 651 reais, distribuídos deste xeito: 77 polo hábito de S. Francisco, 44 pola sepultura na Quintana, 22 do enterrador, 78 de estandarte, cera e outros, 20 de campaniña pola rúa, 36 dos mozos que a levaron, 8 da señora que a vestiu, 77 da comunidade de San Agustín e campá, outros 77 da comunidade de San Francisco, 160 dos 24 sacerdotes e 34 reais do sancristán de Sar e campá.

Os fillos de *José Neira Infanzón* e *Catalina de la Barrera Reimóndez* foron:

1.- *Bárbara Neira Infanzón*, que morreu pouco despois do seu pai, polo que a súa lexítima, situada nunhas herdades en Batalla (Lagartóns) pasou á súa nai Catalina, que a vendeu a Juan Barcala.

909 ARG. RA. 13820/1
910 ARG. RA 13820/1
911 ARG. RA. 23286/65
912 Cfr. Páx. 424

2.- **Juan Antonio Neira Infanzón** (*que segue*)

3.- *Manuela Neira Infanzón*, que casou co avogado da Real Audiencia Diego Blanco de Salinas, e foron os pais de Mª Manuela Blanco.

Disputou[913] en 1807 contra seu irmán Juanpolo vínculo fundado por Juan Antonio Sánchez Pulleiro, pois dicía que seu parente Manuel Álvarez Reimóndez llo deixara a ela en testamento. Faleceu viúva o 1 de maio de 1833.

4.- *Josefa Manuela Neira Infanzón*. Sobre 1786 a súa tía Manuela e a súa nai Catalina deixáronlle unhas rendas de 36 ferrados de pan sinalándoas no lugar de Outeiro (Oca) ante Gregorio Salgado, pero cando o seu irmán Juan Antonio posuíu o vínculo demandou a Josefa Manuela, ata chegar a unha concordia en 1790 pola que Juan A. lle daría 12 ferrados anuais de centeo por razón de alimentos. Porén en 1792 o marido de Josefa Manuela, o escribán *Domingo Antonio Piñeiro*, pediu prestados a seu cuñado José Antonio 2.310 reais sinalando para o pago ditas rendas. En 1795 sen embargo Domingo Eusebio reclamou ante ao tribunal as rendas sen facer mención á débeda. Finalmente fixeron contas e Domingo Eusebio para saldar a súa débeda vendeulle a Juan Antonio os dereitos á dita renda o 30 de decembro de 1806 ante Pedro Antonio Bermúdez de Soto e Cisneros. Pouco despois Josefa queda viúva e inicia varios preitos[914] para cobrar esas rendas e dáselle a razón en 1820, aínda que continuaron preiteando ata 1833 pois Juan Antonio negábase a pagar.

Josefa e o seu marido foron veciños de Santa Mariña de Ribeira, sendo os proxenitores de *Josefa Piñeiro Neira*, que se uniu en matrimonio co licenciado Manuel Abad Saavedra. Josefa Piñeiro tivo un preito contra seu curmán Juan Ribas, que pretendía que os bens de Curantes fosen declarados bens vinculares[915].

5.-*Margarita Neira Infanzón*, celibata, vivía coa súa nai en Santiago e logo co seu irmán en Oca. Finou en Santiago (parroquia de San Fiz) "accidentalmente" o 16 de maio de 1833.

6.- *Josefa Antonia Neira Infanzón*, que casou con Pedro Carballo. Pedro estaba destinado en Cádiz en 1801.

Juan Antonio Neira Infantón naceu o 14 de abril de 1765 e foi bautizado ao día seguinte na parroquia coruñesa de San Xurxo, tendo por padriños a Juan Antonio Ozores, conde de Priegue, e a súa filla primoxénita Juana Ozores Ponce de Leon.

Herdou os bens de vínculo e foi o patrón non só da capela de Castrotión senón tamén da capela de Nª Sra. da Estrela na colexiata coruñesa, fundada por Manuela Pose Bermúdez de Castro.

Como seu pai faleceu sobre 1770 e seus fillos non estaban de acordo como a súa nai rexentaba os bens da familia, en 1800 Juan Antonio e as súas irmás pediron facer a partilla dos bens paternos. Ao facer as partillas chamouse a Juan Barcala, pois Catalina de la Barrera lle vendera os bens pertencentes á súa filla Bárbara defunta, pero non quixo colaborar polo que houbo un preito. Tamén se veu envolto neste preito os irmáns Otero, fillos de Vicente Otero da *casa da Mota*, pois este comprara a Juan Antonio uns ben que non eran vinculares en Curantes, e que logo intercambiara con José Recarei, da casa da Nugalla. A disputa continuouna xudicialmente[916] o seu fillo en 1863.

En 1788 fíxose cargo[917], como mestre de postas, de levar o correo desde Castrovite a Xesta (Lalín). O correo levábao directamente un mozo maior de 16 anos, o postillón.

En 1801 Juan Antonio preiteou co seu veciño Julian Vilar sobre serventía dun camiño do prado da Besada e uso das augas.

913 ARG. RA. 12736/32
914 ARG. RA 12721/6, 13728/32
915 ARG. AT. Preitos civís, 47/3
916 ARG. RA. 5979/44
917 AHUS Protocolos de Doldán Abad, 1788 páx. 52 ss.

Juan mercou en Loimil un anaco de brañal en monte aberto dun dez ou once ferrados de extensión por 1077 reais, co obxecto de construír unha *telleira*, e que fixo a principios de 1820. Pouco despois tivo problemas con algúns veciños que se opoñían.

Juan casou o 16 de decembro de 1784 con **Rosa Otero do Couto**, filla de Alonso e María Antonia, e viviron en Piñeiro. Rosa faleceu de accidente o 24 de decembro de 1841 e Juan, que outorgou testamento ante Manuel Vázquez Taboada, escribán de Ponteulla, foi sepultado o 13 de xaneiro de 1842.

Deles descenderon:

1.- *Josefa Andrea de Neira Otero*, nacida en Oca 22 de setembro de 1785, celebrou os seus esponsais o 4 de xaneiro de 1813 con *Manuel Freire Romero*, fillo de Manuel e de Josefa, veciños de Santiago (parroquia de Salomé). En Oca bautizaron a seu fillo *Manuel Freire Neira* o 3 de setembro de 1815.
Josefa, estando viúva de Manuel, foi sepultada o 4 de xullo de 1836 sen outorgar testamento xa que di o cura que "nada deja dispuesto ni tenia de que".

2.- **Clara Margarita Neira Otero**, (*que segue*)

Clara Margarita Neira Otero, bautizada o 12 de agosto de 1795, tivo por padriño ao cura de San Miguel de Castro don Andrés Canicova. Foi dotada ante Francisco José Piñeiro o 28 de decembro de 1812 con 3.000 ducados "*se era filla de bendición*" (é dicir, se se portaba ben cos pais) para casar con ***Carlos Rivas Ogando***, fillo de Pedro Rivas da Lama e de Rosa Ogando Ribera e Cadavid[918], veciño de Beariz e meiriño do mosteiro de Acibeiro en 1804. Casaron o 29 de setembro de 1815.

Viviron en Oca na casa petrucia uns meses pero logo Carlos puxo preito contra seu sogro para cobrar o dote[919]. Por iso o 7 de decembro de 1816 chegaron a unha concordia ante Antonio José Suárez pola que revocaban a primeira escritura e subscribían unha cláusula pola que os 3.000 ducados llelos darían a partir da morte de Juan Antonio Neira en oito prazos anuais, e de momento se lles daba 100 ferrados de pan de renda anual e o usufruto de seis ferrados de terra, pero coa obriga de saíren da casa paterna. E así o fixeron e foron para Arnois e logo para Oca, levando con eles en metálico a parte dos froitos que lles correspondía. Juan Antonio tamén lle fixo doazón dunhas herdades que recibira en pago dunha débeda poñendo a escritura en cabeza de Carlos como se fose comprada por el.

Pero como os veciños de Oca tratasen de "*comprender a D. Carlos en la contribución de bagajes y a la mujer en la lactancia de expósitos se vinieron a abrigar a mi asilo y de caridad consentí viniesen para mi casa y lo han hecho en marzo del 18 sin que trajesen*" cousa algunha, excepto algúns mobles. Pero a pesar de tais dádivas "*se han hecho marido y mujer a lo soberbio, procurando que yo le cediese la administración de todos mis efectos, de aqui que se originaron varias discordias en terminos tales que se dieron a la holgazanería sin querer trabajar y dexarse estar en la cama desde media noche hasta medio día y desde esta hora hasta la noche siguiente*" mentres Juan Antonio e os criados se ocupan de traballar de atender aos nenos e Carlos e Margarita se facían amos e trataban aos pais como criados, ata que un día chegaron a pelexar. Ante isto D. Juan acudiu ao xuíz pero este non fixo caso e xunto co escribán local coaccionárono para asinar un convenio que non firmou. A cousa foi a peor e a filla pretendeu afogar á nai e o xenro deulle de labazadas e arrastrou polos pelos ao sogro cando este pretendeu axudar á súa muller. Menos mal que apareceron uns criados. Carlos entón, que dicía que eran disensións domésticas, aceptou marchar da casa sempre que se lle asegurase o pago dos cen ferrados de renda e se lle devolvesen todos os bens que aportou á casa, que segundo el eran moitos. E así continuou ata chegar a 1831 en que Carlos se retirou do preito e aceptou devolver o cobrado indebidamente.

---

918 BÉRTOLO BALLESTEROS, J.M. *Casas fidalgas do concello de Forcarei*, Rev. Metacios, 2012.
919 ARG. RA 23943/37

Margarita faleceu o 7 de xaneiro de 1834 sen facer disposición e Carlos que, como "*estaba miserable, solo se le pudo administrar la santa extremaunción*", foi enterrado o 27 de xaneiro de 1855.

Foron os pais de:

1.- **Juan María Rivas Neira** (*que segue*)
2.- *María Rivas Neira*, que casou o 22 de marzo de 1841con *José Lorenzo Canicova*, fillo natural de Andrea Canicova, veciña de San Miguel de Castro. Pais de:

a.- *Mª del Carmen Canicova Rivas,* bautizada o 13 de abril de 1841.
b.- *Ramón Juan Andrés Canicova*, bautizado o 16 de xaneiro de 1843.
c.- *Mª Andrea Canicova Rivas*, bautizada 11 de maio e 1845.
d.- *Andrés María Canicova Rivas*, bautizado o 26 de febreiro de 1848.
e.- *Rita Margarita Canicova*, bautizada o 26 de decembro de 1850.

3.- *Juana Rivas Neira*, bautizada o 15 de febreiro de 1818.
4.- *Pedro Rivas*, nacido o 21 de outubro de 1819 e faleceu o 22 de setembro do ano seguinte.
5.- *Manuela Josefa Rivas*, bautizada o 26 de decembro de 1820. Casou o 31 de xullo de 1844 con *Antonio Pereira de la Torre*, fillo Juan e María, veciños de Orazo.
6.- *Engracia Rivas*, viviu desde o 30 de outubro de 1822 até o 19 de setembro de 1823.
7.- *Josefa Rivas*, bautizada o 29 de abril de 1826. Casou o 25 de decembro de 1844 con *Antonio Requejo da Pena*, fillo de Domingo Antonio e Andrea, veciños de Cervaña. Velaron o 1 de febreiro de 1845.
8.- *Jacinto Pascasio Rivas Neira*, bautizado o 23 de febreiro de 1828.
9.- *Rosa Juana Rivas Neira*, bautizado o de agosto de 1829.
10.- *Antonia Rivas Neira*. Casou con *Jacobo Froilán Domínguez Pena*, veciño de Cervaña, fillo de José Domingo e María. Pais de *Manuel*, bautizado o 15 de decembro de 1851, e de *Juan Manuel*, bautizado o 6 de marzo de 1849.
11.- *Mª de la Estrella Rivas Neira*, bautizada o 29 de outubro de 1831. Casou con *Manuel Batallán Brey*, natural e veciño de Sta. Mª Madalena de Ulla, pero separouse del e tivo dúas fillas adulterinas:

a.- *Mª Generosa Batallán Rivas*, bautizada o 5 de xuño de 1864
b.- *Joaquina Josefa Batallán Rivas*, bautizada o 16 de abril de 1867.

Juan Maria Rivas Neira, nacido o 7 e bautizado 8 de setembro de 1816, quen en 1863 iniciou un preito polos as herdades de Pousada en Curantes, que dicía eran vinculares. A orixe desta disputa comeza en 1719 e xa orixinara diversos preitos dos que se fai relación neste preito[920] pero sae en contra dos intereses de Juan María e ten que pagar 2.611 reais das costas.

Casou en Asturias con *Gabina Puente García*. Juan faleceu aos case 48 anos o 8 de maio de 1865, mentres que a súa muller faleceu o 9 de novembro de 1889.

Neste tempo desapareceron por decreto os morgados e os foros fóronse redimindo, polo que a situación económica da familia chegou a ser moi mala, xa que en novembro de 1849 unhas 252 das súas propiedades foron adxudicadas en venda xudicial a Ramón María Cobián por 10.100 reais[921]. Logo este vendeullas a Ramón María Otero, do pazo de A Mota, quen en 1856 llas vendeu a seu irmán Francisco por 33.673 reais[922]. Ante esta situación precaria varios dos seus descendentes emigraron á América.

920 ARG.AT. Preitos Civís 47/3
921 AHUS. Protocolos de Francisco de Oca
922 AHPPo. Protocolos de José Ribadavia

Foron pais de:

1.- *Generosa Rivas Puente* casou o 30 de maio de 1868 con *Francisco Araújo Batallán*, fillo de Juan e Mª Juana, veciños de Sta. Mª Madalena de Ponteulla. Viviron no lugar de **Piñeiro**. A súa prole foi bastante numerosa:

a.- *Mª del Pilar Concepción Ángela*, bautizada o 2 de abril de 1871.
b.- *Mª del Pilar Araújo Rivas*, bautizada o 20 de xullo de 1872.
c.- *Manuel Araújo Rivas*, bautizado o 7 de xullo de 1876. Morreu na Habana.
d.- *Fidel Mª Araújo Rivas*, bautizado o 15 de marzo de 1879.
e.- María, bautizada o 28 de febreiro de 1881. Ao lado do apuntamento hai unha nota que di: "*no existe ni existió esta niña*".
f.- *Ana Mª Araújo Rivas*, bautizada o 19 de novembro de 1882, casou na parroquia compostelá de San Xoán o 1 de decembro de 1913 con *Joaquín José Reimóndez Maceira*, fillo de Timoteo e Juana, naturais e veciños de Oca.
g.- *Mª Aurora Araújo Rivas*, bautizada o 5 de marzo de 1884.
h.- *Emilia Araújo Rivas*, bautizada o 5 de maio de 1886.
i.- *Juan Araújo Rivas*, bautizado o 26 de febreiro de 1889.

2.- *Socorro Rivas Puente*. Casou o 20 de setembro de 1873 con *Serafín Gómez Maceira*, fillo de José e Manuela, veciños de Arnois. Viviron en Piñeiro e foron pais de:

a.- *Generosa Bernarda Gómez Rivas*, bautizada o 20 de agosto de 1874 tendo por madriña á súa tía Generosa Rivas. Casou o 16 de setembro de 1893 con *José Pereiras Isla*, fillo de Juan Pereiras Barcala e Juana Isla Servide, vivindo no lugar de **Piñeiro**, e foron pais de:


- *Mª de la Merced Pereiras Gómez*, bautizada 3 de maio de 1894.
- *Víctor Pereiras Gómez*, bautizado 16 de xuño de 1898.
- *Concepción Pereiras*, bautizada o 17 de febreiro de 1900.
- *José Pereiras Gómez*, bautizado o 7 de xullo de 1902. Casou en Bos Aires o 28 de novembro de 1966 con Ana Cervantes.
- *Leonor Pereiras Gómez*, bautizada o 29 de novembro de 1910.

b.- *Jesús Ramón José Gómez Rivas*.bautizado o 5 de marzo de 1876
c- *Jose Maria Generoso Gómez Rivas*. bautizado o 15 de maio de 1882
d.- *Serafin Gómez Rivas*, bautizado o 7 de xullo de 1886.
e.- *Mª Luisa*, bautizada o 25 de agosto de 1888. Casou o 2 de febreiro de 1902, con fulano Moure vivindo no lugar de Plaza. Tiveron por fillos a:

- *Benilda Moure Gómez*, bautizada o 15 de xuño de 1910 e falecida o 31 de maio de 1915.
- *Mª de la Concepción Moure Gómez*, bautizada o o 8 de decembro de 1914 e falecida o 27 de xullo de 1918.

f.- *Mª Dolores Gómez Rivas*, bautizada o 20 de outubro de 1973 e falecida o 14 de marzo de 1991.
g.- *Carmen Gómez Rivas*, que casou con *Eduardo Míguez*, vivindo no lugar de Plaza, e foron pais de:

- *Ramón Míguez Gómez*, bautizado o 6 de xuño de 1916.


Patrón da capela
casado
1 Bartolomé Reimóndez Figueroa
2 San Juan Touceda alias Reimóndez
Inés Vazquez
3 Juan Vázquez Paseiro ou Reimóndez F.
Catalina Méndez Paseiro
4 Esteban Reimóndez F.
Ana Fdez de la Iglesia
Bartolomé Reimóndez F.
Casado con María de Lis,
pais de 15 fillos
Outros: Andrés,
Estevo, Domingo.
Juana Rdez de Leira.
5 Antonio Reimóndez F.
Catalina de Silva
6 Sebastián R.
7 Ignacio
8 Benito González R.
Mª Antonia .
Juan Reimóndez F.
Outros: Francisco
(cura), Esteva
Constantino Reimóndez F.
9 Manuela de la Barrera R.
Catalina de la Barrera Reimóndez 10
Juan A. Neira Infanzón Reimóndez 11
Clara Margarita Neira Otero 12
Juan María Rivas Neira 13

CASA DE RECAREI OU A NUGALLA EN POUSADA. CURANTES

A casa da *Nugalla* tamén coñecido como a *casa de Recarei* ou *casa dos Suárez* porque estivo en mans da familia Recarei ata finais do s. XIX e logo polos Suárez Troitiño, foi levantada no lugar de Pousada (Curantes) polo cóengo compostelán *Juan Antonio Valladares Louzao e Somoza*, (Curantes, 1704 - Santiago, 1768).



Casa da Nugalla

En 1751 mandou fabricar unha capela en advocación de Nª. Sra. da Paz, onde tiña "*una casa inmediato a ella con su sala, antesala, cocina, bodega, despensa, caballerizas, corral y portadas, todo sito en dicho lugar y feligresía fabricado* **a cimentis** *a sus expensas en territorio propio suyo*". Na sancristía desta capela podemos observar unha ménsula gallonada utilizada para poñer enriba as vigas de madeira que aguantarán a armazón do tellado. Ditas ménsulas empezaron a empregarse no Císter e durante o barroco tiveron unha gran importancia como sistema de soporte de elementos sobresaíntes, como o balcón do pazo. A capela aínda a cita Madoz no século XIX, pero o 6 de febreiro de 1888 o arcebispado concedeu que se redimise a carga de misas que había sobre uns bens vinculados, polo que actualmente xa sen retablo e sen uso cultual foi reconvertida na biblioteca da casa.

Moitos dos bens de Juan Antonio Valladares foron incorporados ante o escribán santiagués Domingo Antonio Diéguez a un vínculo, que administraría o patrón de dita capela de Nª Sra. da Paz. Deixou á súa irmá Rosa como usufrutuaria e como beneficiaría á súa sobriña Benita Pazos Valladares, casada en 1762 con José *Recarei* Bermúdez, cuxo primeiro apelido vai dar nome á casa.

O resto dos bens que tiña en Pousada e na xurisdición de Viso tamén os vinculou, sen que se puideran agregar á capela, deixando como sucesora a Benita Pazos sempre e cando casara con José Recarei e coa obriga de atender á súa irmá Alexandra, que estaba imposibilitada, mandar dicir unas misas e levar o apelido **Valladares**.

O pazo, levantado case todo con bos perpiaños, é de planta rectangular con baixo e piso, con ventás rectangulares con doselete e unha solaina que mira cara ao patio interior ou antigo curral. Na banda norte ten un balcón de ferro sobre unha peaña suxeitada por unhas ménsulas de granito. Sobre o cumio do tellado unha imaxe en pedra que chama a atención. Trátase do busto dun home barbado con longa cabeleira (que máis ben parece un casco) coas mans sobre a cabeza, na que esta cravada unha cruz

de ferro[923]. "*Din os veciños que o Sr. Recarei, home podente sentaba alí no balcón os días de forte calor de verán á sombra mentres os veciños ardían e calor todos suados sachando no millo... cousa que a eles lles parecía unha burla. Miraban de esguello para o señor descansando e para a pedra de arriba, sempre alí queda, man sobre man da cabeza... por iso é moi coñecida entre os veciños, que o bautizaron como "A Nugalla de Recarei*"[924]. Por iso a casa é coñecida tamén como "*Pazo da Nugalla*".




Nugalla



Chimenea

O pazo xunto coa capela e *outra casa* más antiga pechan un espazo en forma de trapecio. Nesta casa máis antiga foi onde naceu dito cóengo, pois seu pai Alonso Valladares Somoza foi vivir a Curantes cando casou en 1695 con Inés Louzao, que era veciña desta parroquia. A casa, construída en cachotería, sufriu diversos aditamentos en distintas épocas ata chegar a enlazar coa capela. Destaca pola súa cheminea en cantería e decorada con *placas*[925] circulares superpostas e rematada con pequenos pináculos (e sobre un deles, un paxaro), que poderiamos relacionar con Fernández Sarela ou un discípulo. Recorda outras chemineas da contorna e podémola situar a mediados do século XVIII, é dicir, cando máis ou menos se fixo o pazo e capela. E dado que esta cheminea está claramente levantada sobre unha edificación bastante máis antiga, que xa sufrira aditamentos como se ve claramente ao mirar as paredes, temos que dicir que esta casa foi levantada no século XVII ou antes.



Vista aerea casa A Nugalla

Porén a solaina desta casa adxacente cremos que é da primeira metade do século XX. A columna, que aparece na parte inferior desta solaina xunto a un van, seguramente pertencía á antiga lareira

923 Poderíase pensar que fose un Atlas (como na casa reitoral de Barcia de Mera ou no pazo de Bendaña da praza compostelá do Toural) ao que lle quitaron a esfera terrestre para colocarlle a cruz para deste modo cristianizalo. Porén, vendo de preto a escultura, parece que xa foi concibida así.

924 REIMONDEZ PORTELA, M. *Estrada rural*, S.P. Deputación de Pontevedra, 2007 (2ª ed.)

925 As placas son remates que se utilizan no barroco compostelán do século XVIII, introducidos por Simón Rodríguez, a quen segue Fernández Sarela..

que se fixo cando se fabricou a citada e sobranceira cheminea, e foi aproveitada para suxeitar e reforzar a solaina, de aí que tiveran que aumentar a súa altura, mediante o pedestal.

Por iso, aínda que se di en dous documentos distintos que o pazo se fixo *a cimentis*, é dicir, que anteriormente non había outra edificación, esta afirmación non rexeita que houbese enfronte unha casa máis antiga.

Hai quen di (aínda que non hai documentación que avale esta teoría pouco probable) que esa casa pertenceu nalgún tempo á Orde de san Xoán de Xerusalén, xa que nunha parede apareceu unha cruz que identifica coa cruz de Malta. A encomenda da Orde de san Xoán tiña o seu centro máis próximo en Pazos de Arenteiro, coidando dos peregrinos que facían o *camiño portugués* cara a Santiago. Este camiño, que agora chaman "*Camiño da Geira Romana e dos Arrieiros*", ten unha variante que pasa por Pardemarín, Lamas, Rubín, Callobre, Moreira e Santa Mariña de Ribeira para penetrar na provincia da Coruña pola Ponte Sarandón. De aí que se poida pensar que alí tivesen unha *pousada*, que co tempo lle daría nome ao lugar.



Columna debaixo da solaina



Columna da solaina

A Orde de San Xoán non era algo alleo a estas terras. Vemos outra cruz, tamén identificada coa de Malta, na igrexa de Ouzande e por outra banda don Pedro Mosquera Pimentel Sarmiento e Soto-maior, bautizado en Guimarei o 14 de setembro de 1642, entrou como cabaleiro na Orde de san Xoán en 1667 e chegou a ser o Gran Prior de Castela en dita Orde. Foi el quen en 1716 recibiu o título de *Marqués de Guimarei*, que deu a seu sobriño Antonio Micael Mosquera Villar e Sanvítores.



Cruz de Malta

En 1995-97 o pazo e construcións anexas foi rehabilitado da man do arquitecto Pedro de Llano Cabado respectando os seus elementos arquitectónicos característicos e pondo en relevo a paisaxe que rodea a casa.

Actualmente está destinada a aloxamento de turismo rural, baixo o nome de "Pazo A Nugalla", dispoñendo de oito habitacións dobres e unha individual, ademais de tres salas de estar, biblioteca e fonoteca, comedor, piscina, xardíns, hórreo, etc.

Moi preto do pazo pasa o río Curantes, que forma dúas fervenzas, antigamente aproveitadas para a instalación de muíños, chamadas ***"Picho da Fervenza"*** e ***"Poza de Maimón"***, onde é posible bañarse. O pazo queda tamén próximo (a unha hora á pé e a uns minutos en coche) das *Brañas de Xestoso* e da *Lagoa Sacra*, zonas húmidas protexidas de media montaña, que forman parte da Rede Natura, que combinan natureza e biodiversidade, ideal para os amantes da natureza, pois alí poden observar grande diversidade de réptiles, anfibios, plantas, paxaros[926] e animais como o lobo ou o raposo. As vistas e paisaxes son fermosos e relaxantes. Desde o punto máis alto (700 m.) pode divisarse Santiago, A Estrada e todo o Val de Trasdeza.



Lagoa sacra xeada. Foto de Damián Porto.

1.- APELIDOS

Varios dos apelidos dos habitantes desta casa teñen a súa orixe na toponimia. O apelido **Recarei** ten a súa orixe no lugar de Recarei na parroquia de Vilarmaior (Santa Comba), **Valladares** (ás veces aparece como *Valadares*) no lugar de mesmo nome na parroquia forcaricense de Meabía, **Somoza** no lugar de Somoza en Olives, mentres que outros como *Pazos*, *Amil* ou *Valmaior*, aínda que teñen orixe toponímica é difícil precisar o lugar de orixe.

2.- XENEALOXÍA

O casa de Recarei foi levantada a mediados do século XVIII por *Juan Antonio Valladares Louzao e Somoza*, fillo de Inés Louzao, de Curantes, e de Alonso Valladares Somoza, do lugar de Somoza (Olives).

A familia de Alonso Valladares podémola retrotraer ata finais do XVI en que viven no lugar de Somoza (Olives) **Alonso da Somoza** que estaba casado con *Isabel da Somoza*. Esta deixoulle a mellora a seu fillo Esteban ante o escribán Diego de Castro. Foron os pais de *Juan*, **Fernando da Somoza** (*que segue*), *Esteban* cura reitor de san Pedro de Quintillán, *Gonzalo, Juana* e *Bartolomé*.

926 Entre outras aves, son moi frecuentes as avetardas e sisóns, pero en setembro de 2016 Damián Porto divisou un voitre negro (*Aegypius monachus*), excepcional nestas latitudes.

Fernando Somoza casou con **Eufemia Resemil**.

Veciños do lugar de Somoza, fixeron testamento ante Pedro Rodríguez Daleira o 4 de febreiro de 1653 mellorando a seus fillos **Inés** e Pedro e deixando como cumpridores a seu fillo Pedro e a Alonso da Reigosa, cura de san Bartolomeu da Pereira e de san Pedro de Quintillán o seu anexo. Aos demais irmáns deixáronlles seis cargas de pan anuais, ademais de vinte e catro anos atrasados a cobrar en Santa María de Grava de Dominga da Somoza e de Juan de Filloy por ter levado estes un gran dote e apropiarse do lugar de Fontefría.

Os seus fillos foron:

Dominga, Juan, Alonso, Domingo, María, Eulalia Isabel, Lucía (que casou con *Juan Valladares* "a troco"coa súa irmá Inés), *Pedro* e ***Inés*** (que segue).

Inés Somoza casou con **Jácome Valladares**, fillo de *Andrés Valladares*, natural de Meabía. Jácome casou "a troco", é dicir, quedaba coa lexítima do seu irmán Juan e a cambio renunciaba á lexítima que lle podía corresponder á súa muller. Porén esperaba recibir do seu cuñado Pedro certa compensación por vía de legado, pois este fora mellorado e o importe superaba os 500 áureos. De aí que finalmente chegaron a unha concordia en 1653. Seus fillos:

1.- *Pablo Valladares Somoza*, bautizado o 15 de maio de 1672 tendo por padriños a Lopo de Cortes e Catalina Fernández. Obtivo a tonsura en 1698 e fixo unha fundación a 9 de marzo de 1699 dunha capelanía na parroquia de Grava cos bens dos seus pais situados no lugar de Fontefría (Grava) sendo el o primeiro capelán. O primeiro patrón foi o seu irmán Fernando e logo os seus sucesores, que son os encargados de nomear capelán.

Vivía en Santiago na rúa de Villar, esquina con Rega da Auga. Como tiña a tenencia de Arines, en 1723 permutouna[927] por outra de Santiago co racioneiro compostelán Andrés de Porras Figueroa Gayoso (fillo de Antonia María Gayoso, do pazo de Oca, e de Juan de Porras, do pazo de Raíndo), sendo ambas tenencias propiedade do cabido de Santiago.

En 1725 mercoulle unhas rendas en Pousada (Curantes) a Santiago Paseiro e a súa muller Ignacia Cortés, a quen seus pais Lope Cortes e Catalina Fernández de Senra lle deran o 12 de xaneiro de 1700 como dote[928].

2.- *Isabel Valladares*, quen, casada con *Francisco Louzao*, tiveron por fillos a María Rosa (9/9/1699), Antonia (2/5/1701), Fernando, (14/6/1704) e outro Fernando (Curantes, 28/5/1706). Isabel Valladares morreu pouco despois deste parto, o 5 de xuño de 1706.

3.- **Alonso Valladares Somoza** (*que segue*)

4.- *Fernando Valladares*, uniuse en matrimonio con *Froilana del Río e Rozas*, filla de Pedro de Rozas del Río e de Inés Fernández Sanjurjo, e neta de Bartolomé de Rozas e de Inés del Rio, pertencentes á casa de Cela e Tirabá en terras de Lugo. Froilana tiña un tío cura, chamado Juan, que exercía en Graba, unha tía casou en Cascaxide e unha irmá, Águeda, que casou en San Tirso de Deza. Eles vivían en Olives.

Fernando finou en Olives o 19 de xuño de 1709 ofrecendo no seu enterro seis ferrados de pan, un canado de viño e un carneiro. Foron pais de:

927 AHUS. Protocolos de Simón Rodríguez.

928 AHUS. Protocolos de Simón Rodríguez, Ver a xenealoxía de Ignacia Cortés en: https://www.xenealoxia.org/historia/18-novas/pontevedra/2130-casas-fidalgas-forcarei-v-casa-senra-escuadro

a) *Alejandra Valladares*, que casou co escribán Peñalta.

b) *Constantino Micael*, bautizado en Olives o 21 de xullo de 1698, tendo por padriños a Alonso Valladares e Inés Louzao, veciños de Curantes. Foi presbítero.

c) *Juan Valladares,* presbítero.

d) *Pascual Valladares*, que casou en Olives o 24 de novembro de 1732 con *Manuela Gómez*, filla de Baltasar Gómez de Castro e de Teresa Jacinta Torrente e Torres, donos do *pazo de Xerlís*[929]. Manuela estando xa viúva vendeu unha casa en Mollarrabo a seu irmán Manuel por tan só 130 ducados, polo que os seus fillos puxeron preito contra o seu posesor José Otero, ata que o 5 de setembro de 1788 ante Gonzalo Arén o señor José Otero deixou libres ese bens, sendo compensado polos gastos con 2.000 reais por Bernardo e irmáns.

Foron os pais de *Pascual* que casou con Micaela Fernández, de *Alonso* que foi presbítero, de *Antonio*, de *Josefa*, casada con Andrés González, de *Rosa* e de ***Bernardo Valladares Gómez***. *Bernardo Valladares* casou con *María Gómez Fernández*, filla de José e Dominga con raíces en Deza e en Trasdeza e foron os pais de *Benita*, *Josefa*, *Ángela* e ***José Dionisio Valladares Gómez*** que foi o pai do escritor ***Marcial Valladares Núñez***[930].

Alonso Valladares Somoza casou en Curantes o 26 de xaneiro de 1695 con **Inés Louzao**, filla de *Gregorio Louzao* (finado 20/4/1687) e de *Clara de Sanlouzans*, labregos e veciños de **San Miguel de Curantes**. Inés tiña dous irmáns Antonio, bautizado o 15 de setembro de 1653, e Francisco o 14 de xaneiro de 1656, o que nos suxire que Inés xa debía ter vinte e tantos anos cando casou, pois ademais Inés aparece como madriña nun bautizo en 1687.

En 1704 Alonso era alférez e en 1716 era xuíz ordinario de Tabeirós. En 1716 estando a sede arcebispal vacante, reclamou[931] xudicialmente ante autoridades que se fixera o cárcere á costa do arcebispo.

Alonso, que fixo testamento, finou o 11 de abril de 1728 sendo enterrado no coro maior da parroquia coa asistencia de 18 sacerdotes. Faleceu Inés o 2 de marzo de 1740. Os seus bens foron repartidos en 1757 entre os seus fillos Juan Antonio e Rosa, participando tamén as fillas de Rosa como herdeiras do seu tío Bernardo.

Os seus fillos naceron en Curantes:

1.-*Beatriz Valladares Louzao*, que foi bautizada na igrexa parroquial o 22 de novembro de 1695 tendo por padriños a seus tíos Fernando Valladares e a súa muller Froilana del Río e Rozas, veciños de Olives. Morreu o 3 de setembro de 1700.

2.- **Rosa Valladares Louzao e Somoza**. (*que segue*)

3.- *Bernardo Valladares Louzao*, nacido o 2 de setembro de 1701 tendo por padriños a Francisco de la Vega Cruu e a súa filla Bernarda de la Vega e Cortés, veciños de San Breixo de Lamas.

O 22 de setembro de 1729, sendo presbítero, subscribiu unha obriga[932] para co seu tío Pablo por valor de 90.000 reais por unhas bulas que se fixo traer de Roma, hipotecando a súa lexítima paterna e materna, pois di que lle pagará se chega a cóengo. Pola súa banda, Pablo deulle a Bernardo a coadxutoría do seu canonicato. En efecto, en 1740, cando faleceu a súa nai, xa era cóengo en Santiago. En Santiago tiña dúas casas na rúa de Villar, alugando unha a un racioneiro da catedral. Deixou as súas lexítimas ás fillas da súa irmá Rosa.

929 Cfr. Páx. 192
930 Cfr. *Casa de Vilancosta*. páx. 498 ss
931 AHUS. Protocolos de Francisco Nodar Blanco
932 AHUS. Protocolos de Simón Rodríguez

A el se debe o cruceiro que está diante do pazo e levantado en 1749, segundo a inscrición: *Este crucero lo mandó hacer D. Bernardo Balladares…* Trátase dun cruceiro excepcional pois ademais de representar a crucifixión, no reverso preséntase ao mesmo tempo a Asunción e a Coroación da Virxe María. Foi a escola de Romay quen unificou ambos temas, aparecendo como aquí a Virxe cos anxiños aos pés que a ascenden e dous máis de corpo enteiro na parte superior que a coroan.



Ascensión e Coroación da Virxe



Inscrición do cruceiro

O cruceiro, con fuste octogonal se ben comeza cuadrangular, de fermoso capitel cun anxo entre voluta e voluta, ten esnaquizada a man dereita do Cristo e a esquina da cruz.

4.- ***Juan Antonio Valladares Louzao e Somoza***, nacido o 2 de maio de 1704. Cando morreu seu pai aínda era estudante, despois estivo de cura en Santa Cruz de Lebozán (Beariz, pertencente daquela á diocese de Santiago) e logo foi cóengo de Santiago. En efecto, o 19 de febreiro de 1745 obrigouse a pagar os gastos das bulas que lle habían de traer o seu irmán Bernardo e o racioneiro Antonio Ponte e Andrade para conseguir a coenxía[933].


Mercou moitos bens na bisbarra, así por exemplo mercou en puxa os que deixou en Ribeira e en Curantes o seu tío Pablo, pois este deixara a súa herdanza para os pobres.

Como Manuel Gómez de Castro e Quiñones, dono do pazo de Xerlís, tivo moitos problemas económicos -entre outras causas por ser avalista do seu criado- , Juan Antonio Valladares, que xa tiña en Curantes o pazo, comproulle ao longo do ano 1757, de 1758 e mesmo en 1760 distintas propiedades e rendas. Con todo don Manuel veuse obrigado a facer concurso de acredores o 4 de febreiro de 1758, ano en que tamén o fixo Baltasar de Leira e Castro, dono da casa dos Muros en Parada. Entre os acredores estaba Juan Antonio Valladares, a quen debía 18.000 reais.

O 15 de xaneiro de 1751 solicitou permiso ao arcebispo para facer en Pousada *unha capela* en advocación de Nª. Sra. da Paz. Con este fin o 16 de febreiro ante o escribán Antonio Cornejo fixo unha escritura na que "*dota, dona, cede y consigna la tercia parte enteramente de la legítima porción y herencia de D. Alonso Valladares su padre que le toca y corresponde en el lugar de Somoza...*" da parroquia de Olives. Dous días máis tarde recibiu a licenza arcebispal para a súa construción e en agosto xa estaba rematada polo que pediu licenza para ser consagrada e poder dicir misa, cousa que se lle concede o 15 de agosto, se ben como era día de festa a bendición ten lugar o día 16, como así certifica o notario D. José Jacinto Álvarez de Neira e Reimóndez.

933 AHUS. Protocolos de Domingo Antonio Sánchez.

O 2 de outubro de 1764 ante o escribán Domingo Sánchez de la Vega deulle á súa sobriña Benita, casada con José Recarei Bermúdez, o seguinte[934]: todos os bens raíces e rendas que tiña na parroquia de San Miguel de Sarandón e de San Mamede de Ribadulla, a excepción dos mobles e semoventes da casa e granxa da Costa, que tiña como tenencieiro. Todo iso o incorporou ao vínculo que fixera ante o escribán santiagués Domingo Antonio Sánchez e que administraría o patrón da capela de Nª Sra. da Paz desta freguesía. Dito patrón había de levar o apelido Valladares e manter en bo estado ditas casa e capela. Pero deixa como usufrutuaria mentres viva a Rosa Valladares, a súa irmá e nai de Benita. Entre as alfaias que lle deixa a Benita cítanse unha bandexa de prata con flores, unhas "mazarinas" para tomar chocolate tamén en prata, 12 cubertos en prata, dous cálices e patenas de prata, dous candeeiros en prata, o que supón un total de máis de 200 onzas en prata. Tamén deixaba os ornamentos sagrados para dicir misa e os bens semoventes que tiña *na súa casa nova, que fixo "a cimentis"* entre os que se destaca uns bufetes, un cadro coa Dolorosa, dúas camas de madeira torneada, manteis, cobertores, cortinas, etc.



Sinatura de Juan Antonio Valladares

Sen embargo, o 4 de novembro de 1767 con cartos obtidos como cura deulle[935] ás súas sobriñas, fillas de Rosa Valladares, 36.684,20 reais, que quedara debendo a Rosa á conta da herdanza de seu irmán Bernardo.

Outorgou testamento[936] o 20 de decembro de 1767 e un codicilo o 26 do mes seguinte. No testamento deixou cartos para a fábrica das parroquias de Curantes, Olives e Lamas, e tamén para o hospicio, pobres, etc. Aos dous testamentarios deixoulles cincuenta libras de chocolate a cada un e alfaias, e para a catedral de Santiago os bens mobles. Déuselle sepultura en Santiago o 14 de marzo de 1768.

Rosa Micaela Valladares Louzao foi bautizada cos nomes de *Rosa Micaela Alejandra* o 18 de xullo de 1697. Casou o 3 de marzo de 1710 con **Pedro de Pazos Bibián**, fillo de *Sebastián* e *Antonia*, veciños de Santa María de Grava, e neto por parte paterna de Benito Pazos e Antonia García. Testemuña da cerimonia foi Juan Antonio Gómez de Castro cura de Olives e da familia do pazo de Xerlís.

O 13 de outubro de 1755 pediu a partilla dos bens dos seus pais que se habían de repartir en tres partes, unha para seu irmán Juan Antonio, outra para súas fillas por ser as herdeiras de Bernardo e outra para ela, por ser tres os herdeiros dos seus pais.

Pedro Pazos foi sepultado o 13 de abril de 1958. Rosa outorgou testamento ante Jorge Antonio Nogueira escribán de Rubín o 15 de decembro de 1765 no lugar de Pousada, no que deixa mellorada á súa filla Benita que vivía na súa compañía. Morreu poucos días despois sendo enterrada o día 22.

Deixaron como descendencia a:

1.- *Alexandra Pazos Valladares*, a maior das irmás, pero como estaba solteira e imposibilitada "*sin siquiera poder comer por su mano*", seu tío non a nomea como herdeira. Morreu o 22 de novembro de 1764.

934 ARG.RA. 26041/27
935 AHUS. Protocolos de Domingo Antonio Sánchez.
936 AHUS. Protocolos de Domingo Antonio Sánchez., 1762-71, páx. 88 ss.

2.- *María Juana Micaela Pazos Valladares*, bautizada o 11 de xullo de 1731, casou nos primeiros meses de 1756 con *José Bernardo de Valmaior*, veciños de San Martiño de Cameixa. Seu tío Juan Antonio Valladares deulle en dote[937] 22.000 reais o 4 de xaneiro de 1756 e, unha vez casados, José Bernardo deulle carta de pago do primeiro prazo (8.000 reais) o 18 de abril dese ano e ante o mesmo escribán. Mª Juana en 1767 xa estaba viúva.

3.- **Benita Pazos Valladares** (*que segue*).

4.- *Juana Paula Pazos Valladares*, que para casar con *Juan Antonio de Amil e España*, veciño de Santiago de Compostela, foi dotada o 2 de xuño de 1762 polo seu tío o cóengo Juan A. Valladares con 3.000 ducados ante o escribán Gregorio Salgado, veciño de Santiago, debendo entregar 1.500 ao casar e o resto en tres prazos, 500 ducados cada ano. Juan Antonio de Amil asinou a carta de pago o 22 de xullo de 1765 ante Manuel Antonio Colmelo. Pero tanto Juana Paula como Mª Juana ao recibir o dote renunciaban á lexitima que podía corresponderlles pola herdanza de seu tío-avó Pablo e de seu tío Bernardo, e por outra banda en caso de non ter lexítimos descendentes o dote tornaría á familia dos Valladares.

Juan Antonio de Amil outorgou testamento[938] o 11 de outubro onde declara herdeiros ao seus sete fillos: *Benito, Juan, Ramón, María, Juana, Antonia* e *Manuela de Amil Pazos*. Tamén tiveron un fillo, Andrés Justo, bautizado o 28 de maio de 1768 en San Fiz de Solovio, pero nesta data xa morrera.



Solaina da casa adxacente

Benita Pazos Valladares, nacida o dia 12 de outubro de 1733 recibiu as augas bautismais ao día seguinte co nome de *Benita Antonia* e tendo por padriño a Benito Antonio Louzao, presbítero de Santa Mariña de Ribela.

Uniuse en matrimonio o 24 de marzo de 1762, con dispensa das tres proclamas, con **José Recarei Bermúdez**, veciño de Santa María de Beán, fillo lexítimo de don Pedro Pablo Recarei e dona Ánxela Bermúdez, defuntos e veciños que foron de San Vicenzo de Mercurín (Ordes), onde fora bautizado dito José o 21 de xuño de 1729. José Recarei aparece nos padróns do ano 1762 e de 1775 como nobre fidalgo.

(Ver ascendencia de José Recarei en Apéndice I)

Andrés Gómez de Castro, dono do pazo e Xerlís, sendo moi novo, iniciou un preito[939] en 1771 contra José Recarei, como marido de Benita de Pazos sobriña e herdeira do citado cóengo Juan Antonio Valladares. Este, que xa morrera tres anos antes, mercara moitos bens ao pai de Andrés e mesmo a seu avó en Santa María de Olives, en Xerlís, en Pardemarín, etc., pero que como bens vinculares non eran susceptibles de venta. E gañou o preito Andrés.

José foi enterrado en Curantes o 22 de xuño de 1797.

Os fillos de Benita e José foron:

1.- **Andrés José Recarei Pazos** (*que segue*)

937 AHUS. Protocolos de Domingo Antonio Sánchez
938 AHUS. Protocolos de Antonio Domingo Sánchez Vaamonde, 1772-77, Páx. 17
939 ARG. RA. 2169/1

2.- *Juan Antonio* nacido o 1 de xullo de 1765 e bautizado dous días despois, sendo o padriño o seu tío o cóengo Juan Antonio Valladares. Faleceu pouco despois.

3.- *Juana Francisca*, bautizada o 28 de xuño de 1767.

4.- *Francisco Miguel*, bautizado o 1 de xuño de 1769. Finou de neno.

5. e 6. *Vicente* e *Alonso Recarei Pazos*, bautizados o 22 de xaneiro de 1771, faleceron de nenos.

7.- *Jorge Marcos Recarei Pazos*, bautizado o 25 de abril de 1773. Foi sacerdote recibindo todas as ordes entre 1789 e 1807.

8.- *Andrea Juliana*, bautizada o 7 de xaneiro de 1775. Morreu de nena.

Andrés José Recarei Pazos e Ortiz, recibiu as augas bautismais o 5 de agosto de 1763, levando como madriña á súa avoa Rosa Valladares. Celebrou o seu matrimonio con ***Mª Josefa Salgado González***, coñecida como "*Maripepa*" e que foi dotada o 18 novembro de 1792 con 17.000 reais en cartos e grande cantidade de bens ante José Antonio do Campo de San Martín de Lalín.

María Josefa[940] era filla de *José Antonio Salgado Guntín* e de *María González López*, veciños de Soutolongo, e polo tanto irmá de Benito Antonio Salgado, que estaba de cura en Curantes onde finou o 2 de maio de 1802.

Andrés adquiriu uns bens en Riobó de Juan Neira Infanzón[941], veciño de Castrotión (Oca), que pouco despois trocou con Jacobo Otero, do *pazo da Mota*, por outros en Curantes. As escrituras fixéronse como se cada un lle fixera un foro ao outro. Pero en 1834 os sucesores do Neira Infanzón reclamaron as terras por ser vinculadas, o que motivou un preito[942] entre os sucesores de ambas familias. En Tabeirós déronlle a razón aos Recarei, pero a Real Audiencia fallou a favor dos Otero.

Andrés tamén vendeu o 9 de marzo de 1816 varias herdades chamadas "Fonte Sollán" e "Rigueira de Abaixo" no lugar de Pousada, a Juan Otero da casa de A Mota en Riobó por 10.000 reais. Non debeu gustar isto á súa nai, que estaba viúva, pois esta o 13 de marzo de 1816 e ante o escribán Felipe Pena retiroulle a seu fillo Andrés o poder que lle outorgara ante o escribán Caetano Vidal para administrar os bens libres e do morgado da casa de Pousada, reservando para ela a administración de ditos bens.

Entre as moitas propiedades que tiña Andrés están os muíños xunto ao río de Pousada, en Curantes, entre eles o "muíño da Carballeira".

---

940 *A ascendencia da nai de María Josefa Salgado González podémola retrotraer ata Inés Pasaro Busto, irmá de Andrés Mosquera Busto quen fundou un vínculo e morgado en San Facundo de Busto, a favor dun fillo de Inés, chamado* **Froilán López Douteiro**, *veciño de San Martiño de Lalín.*
Froilán casou con Bárbara Portela e tiveron tres fillos: **Alberto**, *Antonio e Pedro.*
Alberto López Douteiro, *o sucesor do morgado, casou con Juana Gutiérrez e foron os pais de Gertrudis López Gutiérrez.*
Gertrudis López Gutiérrez *casou primeiro con José Núñez, tendo a Josefa Núñez, que casou con Miguel José Saco, veciño de Bendoiro de Abaixo, e outorgou testamento o 14 de maio de 1797 ante Fernando González Taboada (ARG.RA 26304/18) falecendo o 27 de decembro dese ano. Segundo o seu testamento o lugar de Outeiro pasaría á súa media-irmá María González e a Mª Josefa, filla desta, mentres que o morgado pasaría a José Feijó. Logo houbo moitas disputas xudiciais entre ambos por mor do lugar de Outeiro que chegaron a 1828 (AHN. Chanc. Valladolid, Executorias, 3736-22)*
Gertrudis casou de segundas con ***Pedro González Cacheda****, sendo pais de* **María González López** *e de Francisca.*
María González López *casou con José Salgado Guntín, de Soutolongo, e foron donos do coto de San Vicenzo. Tiveron por filla a* **Mª Josefa Salgado** (obxecto desta digresión), *a Benito Antonio Salgado, que estaba de cura en Curantes, a Teresa, veciña de Soutolongo e a Benito Salgado que casou con Juana Vaamonde, que tiveron por filla a Mª Benita Salgado que casou con Benito Espinosa Varela, dando lugar aos numerosos irmáns* ***Espinosa Salgado****, que casaron en Arnois, Riobó, etc.*

941 Cfr. *Casa de Quiñones ou dos "Reimóndez Figueroa". Castrotión*. Páx. 432

942 ARG. RA 24018/22

Andrés outorgou testamento[943] o 26 de outubro de 1822 e morreu en 1823. A súa muller xa falecera en 1813.Tiveron por fillos en Pousada:

1.- *Benito José Andrés Recarei Pazos*, naceu o 27 de abril e bautizado o 2 de maio de 1795 en Soutolongo, sendo os padriños os seus tíos maternos Benito, cura de Curantes, e Teresa veciña de Soutolongo.

Como seu pai levaba enfermo moitos anos e incapaz de atender á súa facenda pois non podía andar nin a pé nin a cabalo, foi nomeado pola Xustiza –era menor- como sucesor de seu pai o 25 de setembro de 1816 coa obriga de atender a seu pai e demais membros da familia, mesmo de dotar a seus irmáns se querían casar, así como darlle a seu pai "*tabaco de hoja*" e un real diario para "*recreacións honestas*". Outra condición era que se Benito casase e Andrés non estivese ben tratado, entón este podería escoller unha das dúas casas que tiña no pobo para ir vivir a ela dándoselle unha suma para cubrir os gastos. Todo isto foi subscrito ante o escribán Felipe Pena.

Durante varios anos foi o arrendador dos dezmos e primicias do Estado en diversas parroquias da entorna, igual que seu irmán Manuel o fará na súa parroquia de Curantes. Morreu solteiro o 10 de xullo de 1836, facéndose ese mesmo día inventario dos bens que deixaba a fin de repartilos entre seus irmáns Manuela, Manuel e Vicenta, excepto os do morgado que pasarían a seu irmán Manuel, como sucesor.



Solaina da casa principal

2.- *María Benita Teresa de Jesús Recarei Salgado*, bautizada o 10 de xaneiro de 1799 tendo por padriños a seu tío Jorge Recarei e a Benita Pazos a súa avoa. Foi monxa franciscana descalza de Santa Clara en Monforte, que cambiou de nome ao profesar chamándose sor María de la Esclavitud. O 10 de maio de 1820 renunciou á súa lexitima en favor dos seus catro irmáns a cambio de 200 reais anuais.

3.- *Mª Manuela Recarei Salgado*, bautizada en Curantes o 2 de febreiro de 1809, tendo por madriña a María González, muller de José Salgado, avós da bautizada e veciños de Soutolongo. Casou en Curantes o 29 de marzo de 1841 con *Diego Pena Germade*, fillo de Felipe de la Peña Leira e Belén, veciños de Rubín.

Diego de viúvo casou en Curantes o 13 de agosto de 1859 con *Socorro Villaverde Guntín*, viúva de Manuel Recarei Salgado, o irmán de Manuela, a quen conferiu amplo poder para mellorar

943 AHPPo. Protocolos de Felipe Pena Leira

en terzo e quinto dos seus bens, polo que mellorou á súa filla Felisa coa casa onde vivían co seu hórreo e terreos próximos.

Diego Pena finou na rúa do Hórreo de Santiago o 9 de outubro de 1865, tendo outorgado testamento o 28 de novembro 1864 ante o notario da Estrada don Manuel Santamarina, no que deixaba á viúva un quinto de todos os seus bens e dereitos. Pero ela en 1869 renunciou a ese quinto e a cambio pediu aos fillos de Diego que lle pagaran todos os gastos que tivo coidando durante meses a seu marido (medicamentos, traslado a Santiago, leite dunha burra, etc.) e os gastos de enterro e honras.

Mª Manuela e Diego tiveron por fillos a:

a) *Manuel Antonino María Pena Recarei* bautizado en Rubín o 9 de maio de 1841, emigrou a Habana onde morreu de "febre comatosa", solteiro, o 27 de abril de 1878 "*en la parroquia de la Trinidad en Santiago de Cuba, haciendo el entierro de cruz alta, capa, clamor y cuatro*".

b) *Antonio María Pena Recarei*, bautizado en Callobre o 2 de novembro de 1845, tendo de madriña á súa tía Mª Socorro. "*Freidor de pescado*" en Cádiz e logo encadrado nas filas do exército de Ultramar, faleceu solteiro o 24 de setembro 1874 na parroquia do Cristo en Santiago de Cuba.

c) *Felisa Pena Recarei*, que naceu en Callobre o 11 de setembro de 1843[944].

Recibiu a 3 de febreiro de 1881 por orde do fiscal a herdanza dos seus irmáns Manuel e Antonio, que morreron ab intestato sen descendencia nin ascendencia, pois seus pais xa morreran tamén. En 1888 recaía sobre ela e sobre os seus curmáns *Suárez Recarei* a obriga de ter as misas tanto na capela do pazo da Nugalla como nunha capela da igrexa parroquial, polo que o 6 de febreiro dese ano conseguiron autorización do arcebispado para redimir esa carga, previo pago de 875'50 reais. As misas estaban cargadas sobre uns bens vinculados, pero as leis desvinculadoras facían ilóxica esta carga.

Casou con *Andrés Pereiras Fernández*, fillo de Juan e María Antonia, veciños de Curantes. Vivían en Rubín, onde Andrés morreu o 14 de abril de 1887 sen descendencia, polo que deixou os seus bens en usufruto a seus irmáns Francisco, Manuela e Manuel Pereiras.

Logo o 10 de outubro de 1904 con 61 anos (aínda que confesa ter nese momento 50 anos) Felisa uniuse en matrimonio na capela do Pilar da catedral con **Manuel Torres Agrelo**, natural de Rubín, que entón tiña 44 anos e que será o seu herdeiro. Manuel estaba viúvo (a súa muller Dora Emmons Plat morrera en Nova York o 24 de maio de 1903) e era fillo de *André Torres González* veciño de Callobre e de *Manuela Agrelo Porto*, veciña de Rubín.

Manuel fixo moitos trocos e compravendas, para ter unhas leiras máis grandes e axeitadas, e camiños que deran servizo ás súas propiedades tanto en Rubín como en Callobre. Tamén fixo en 1907 unha presa no río Fervenza xunto a uns muíños.

En 1908 Manuel, que formaba parte do grupo de emigrados chamados "*americanos*", sumouse á sociedade agraria "*Solidariedad Gallega*" como lugartenente de Losada Diéguez, desempeñando a través do periódico *El Estradense* un importante papel na modernización do sindicalismo agrario de inspiración social católica na zona. E en decembro dese ano e baixo a súa presidencia constituíuse unha potente federación de sindicatos agrarios estradenses que logo se estendeu ata formar en 1913 a Federación Agrícola de Estrada, Silleda, Forcarei e Cerdedo.

En 1924 Manuel uniuse ao proxecto de Mancomunidade Galega aceptando a oferta do director xeral da Administración Local o tudense José Calvo Sotelo. Manuel e os seus pediron a supresión

944 Nos libros parroquiais de Callobre, Rubín e Curantes non aparece rexistrado o seu bautizo. Segundo o certificado do xuíz municipal de Santiago da súa voda con Manuel Torres Agrelo en 1903, naceu en Callobre o 11 de setembro de 1843. A data de 1.843 confírmana outros documentos. A. 264(1), 298(1)

das Deputacións provinciais e a súa substitución por unha Deputación rexional única, dotada de plena autonomía administrativa. Torres seguirá estando a favor do réxime de Primo de Rivera e opinando que a autonomía municipal era un bo instrumento para rematar co caciquismo.

Felisa outorgou testamento ante Jesús Fernández Suárez o 10 de abril de 1905, que modificou o 2 de novembro de 1912 ante Miguel Losada na parte en que deixaba un legado á súa sobriña Felisa Brea Porto e deixando a Felisa González Alvela a parte de propiedade que lle podía corresponder en San Mamede de Sarandón.



Exterior do Pazo da Nugalla

En 1926 fíxose inventario dos bens de Felisa na que se incluía "*una casa sita en el lugar de la Pena de Abajo parroquia citada de Rubín, compuesta de varios departamentos, ocupando su fundo, corral, era de majar y más terreno unido dedicado a huerta con frutales, campo con viñedo. 18 áreas y 86 centiáreas.* Engádense ata 29 leiras ou montes (chamados Outeiro da Pena, Silveira, Nogueira, Cachafonso, Besada, Chopiño, Bemposta, etc) cun valor total de 6.457 pts.

Manuel Torres do primeiro matrimonio tivo unha filla chamada **Manuela Torres Emmons**, que naceu en Nova Iorke o 23 agosto 1895. Aos 18 anos casou na igrexa de Rubín o 23 de xullo de 1914 con *Marcelino Maceira Torres*, nacido o 17 de agosto de 1887, fillo de Francisco Maceira Fondevila e de Josefa Torres Agrelo, neto por vía paterna de José e Francisca, e por vía materna de Marcos e Manuela, todos veciños de Rubín.

Manuela e Marcelino vivían na súa casa de Rubín, onde tamén residiu María Puentes Bascuas, que en 1940 e con máis de sesenta anos deixounos por herdeiros ante o notario Balbino López a cambio de a coidasen mentres vivise.


Ambos faleceron en Rubín, Marcelino o 27 de setembro de 1962 e Manuela o 12 de maio de 1988.

4.- *Manuel María Ramón Recarei Salgado*, bautizado o 23 de decembro de 1800 e casado o 14 de xuño de 1837 con *Mª do Socorro Villaverde Gundín*, filla de Juan BenitoVillaverde Rodriguez e Vicenta Tomasa Gundín e Gundín Varela Taboada, naturais de Santiago el de S. Froitoso e ela de Sar.

Xunto cos seus irmáns iniciou un preito[945] en 1831contra José Feixoo, coronel do Rexemento Provincial de Lugo, por terse metido nas súas propiedades que tiñan en Deza.

Herdou de seu irmán Benito o vínculo e chegou a alcalde da Estrada : "*El día 19 de abril de 1831, don Eduardo Otero, alcalde y justicia ordinaria, nombra a don MANUEL RECAREY SALGADO, para sucederle en el empleo, estando presente el Síndico Procurador General, le puso en sus manos pluma, tintero, papel y una de las llaves de la cárcel*"[946].

Tivo tamén un preito[947] en 1844 contra os herdeiros de Jacobo Otero, do pazo da Mota, pois, como xa vimos, este no ano 1800 fixera un troco de terras con José Andrés Recarei, e agora Manuel pedía a evicción e saneamento deses bens. No preito se ben lle deron a razón en Tabeirós, logo na Real Audiencia saíu a favor de Hipólito Otero e demais afectados. No preito tamén se viron involucrados a familia Neira Infanzón, sucesores dos Reimóndez Figueroa.



Sinaturas de Eduardo Otero e de Manuel Recarei Salgado, na toma de posesión como alcalde de Manuel

Morreu antes de 1859. A viúva, Mª Socorro, viviu despois en Vedra pois casou o 13 de agosto de 1859 con *Diego Pena Xermade*, viúvo da súa irmá Manuela, tendo que pedir dispensa porque Mª del Socorro fora madriña de dous fillos de Diego.

Diego finaron ambos na rúa compostelana do Hórreo, pertencente á parroquia de Sar, o 10 de outubro de 1865 e Mª Socorro aos 65 anos o 1 de xullo de 1873 tendo outorgado testamento ante Manuel Santamarina, veciño da Estrada.

5.- ***Mª Vicenta Josefa Recarei Salgado*** (*que segue*)

Mª Vicenta Josefa Recarei Salgado, bautizada o 28 de agosto de 1803 tendo por madriña á súa avoa materna María González, veciña de Soutolongo, e casada o 26 de maio de 1825 con *José Suárez Paseiro*, nacido en Rubín o 22 de marzo de 1797, fillo de Bernardo Suárez de la Iglesia e de Rosa Paseiro Gañete, veciños de Rubín.

José finou aos 78 anos en Rubín o 3 de marzo de 1876, tendo feito testamento ante Manuel Santamarina e Mª Vicenta morreu en Rubín aos 84 anos o 19 de novembro de 1887 tendo outorgado testamento ante o notario don José Ribadavía.

Tiveron dez fillos en Rubín, dos que catro foron lonxevos:

945 AHPPo. Protocolos de Mariano Paseiro
946 Actas do Concello da Estrada.
947 ARG.RA 24018/22

1.- *Francisco María Suarez Recarei*, bautizado o 4 de marzo de 1826. Finou o 18 de abril dese ano.

2.- *Benita Suarez Recarei*, bautizada o 14 de xuño de 1827.

3.- *Mª del Carmen Suarez Recarei*, bautizada o 14 de xuño de 1829.

4.- *Mª Manuela Suarez Recarei*, bautizada o 28 de febreiro de 1831 tendo por madriña á súa tía Manuela Recarei.

5.- *Vicenta Suárez Recarei*, bautizada o19 de xullo de 1832.

6.- *Manuel Suárez Recarei*, bautizado o 10 de xaneiro de 1835 e finou o 9 de decembro de 1847.

7.- *José María Suárez Recarei*, bautizado o 24 de febreiro de 1837. Foi cura.

8.- *Mª Socorro Suárez Recarei*, bautizada o 22 de maio de 1839 tendo por padriños a Manuel e Recarei e Socorro Villaverde. Vivía no lugar de Pena de Arriba, parroquia de Rubín e faleceu o 23 de xullo de 1928 aos 89 anos, sendo viúva de Juan Moreira, deixando catro fillos : *José, Manuel, María* e *Teresa Moreira Suárez*.

9.- *Juan Francisco María Suárez Recarei*, nacido o 4 de outubro de 1841, recibiu as sagradas ordes entre 1856 e 1865 a título de patrimonio e foi cura de Rubín, onde faleceu no lugar de Pena de Arriba o 30 de marzo 1933 aos case 92 anos de idade.

10.- ***José Ricardo Suárez Recarei*** (*que segue*).

José Ricardo Suárez Recarei, bautizado en Rubín o 2 de decembro de 1847. Vivía en Pousada, onde casou con ***Josefa Troitiño Souto***, filla de Francisco Troitiño Paz e María Souto Souto, naturais de Rubín.

Ao morrer seu tío Manuel Recarei *Salgado* sen sucesión e por outra banda ao desaparecer por lei os morgados, o pazo da Nugalla seguramente pasou a José Ricardo, pois os seus irmán maiores ou ben morreran ou eran curas. E como a partir de agora os donos do pazo da Nugalla se apelidan Suárez, tamén vai ser coñecido como *casa dos Suárez*.

Josefa finou en Pousada o 18 de novembro de 1914 e el aos 90 anos o 14 de abril 1937, deixando sete fillos, pois dous xa morreran: *Socorro, Vicenta, Josefa, Dorinda, Florentina, Juan Antonio* e *Manuel*.

1.- *María Suárez Troitiño*, que casou aos 22 anos o 22 de setembro de 1898 con José María Abades Calveiro, de 28 anos, fillo de Bernardo e Josefa, veciños de San Miguel de Lamas.

2.- *Dolores Florinda Suárez Troitiño*, confirmada o 21 de agosto de 1898.

3.- *Vicenta Suárez Troitiño*, confirmada o 21 de agosto de 1898.

4.- *María Socorro Suárez Troitiño*, bautizada o 21 de outubro de 1880. Casou o 29 de setembro de 1904 con *José Álvarez Bascuas*, fillo de Benito e Rosa, e tiveron dous fillos xemelgos o 15 de xuño de 1905 aos que chamaron José María e Manuel Álvarez Suárez.

5.- *Manuel María Suárez Troitiño*, bautizado o 12 de setembro de 1883.

6.- *Juan Antonio Suárez Troitiño*, bautizado o 22 de marzo de 1886. En 1940 foi testemuña na voda de Daniel Louzao Goris e de Leonilda Suárez, os sogros de Paco García, que como vemos más adiante, herdou o pazo da Nugalla.

7.- *Josefa Suárez Troitiño*, bautizada o 18 de febreiro de 1889. Vivía no pazo da Nugalla ata que finou solteira en Pousada o 26 de outubro de 1952 de colapso cardíaco, aínda parece que antes tivera un accidente xunto a unha ponte. A herdanza deixoulla a un veciño de Pousada.

8.- ***Pura Florentina Suárez Troitiño*** (*que segue*)

9.- *Dorinda María Suárez Troitiño*, bautizada o 25 de outubro de 1991.



Labor realizado por Josefa Suárez aos 14 anos.

Pura Florentina Suárez Troitiño, bautizada o 11 de maio de 1894. Casou o 25 de marzo de 1933 con *Jesús María García Ares*, nacido o 7 de xullo de 1903, fillo de José García Salgado e de Ramona Ares Otero, naturais de Dormeá (Boimorto) e veciños de Vinseiro. Tiña, pois, Jesús 29 anos de idade e Pura 38, quizais por iso xa non tiveron descendencia.



Pura Florentina, Jesús García e Josefa Suarez Troitiño

Vivían no pazo da Nugalla xunto coa súa irmá Josefa que estaba solteira.

Jesús finou o 16 de abril de 1967 e Pura Florentina o 14 de outubro de 1970. Como non tiveron descendencia, o pazo pasou a un sobriño de Jesús chamado *Francisco (Paco) García Quesada*. (que segue)

Francisco (Paco) García Quesada, naceu en Lamas o 7 de setembro de 1936, fillo de José e Carmen. De profesión canteiro, casou en Curantes o 11 de febreiro de 1965 con *Carmen Louzao Suarez*, nacida en Curantes o 24 de xullo de 1942, filla de Daniel Louzao Goris e de Leonilda Suárez.

Viviron en Pamplona, onde Carme finou o 16 de xaneiro de 1993. Precisamente foi Francisco quen, estando viúvo, vendeu en 1994, xunto coa súa filla Milagros, o pazo, que levaba abandonado moitos anos, a **Antón Rozas Caeiro** e **Marisa Gil Nieto**, a súa muller.

Antón Rozas Caeiro e **Marisa Gil Nieto**, mestres de profesión, sempre estiveron moi comprometidos coa cultura galega. Antón en 1978 foi cofundador da empresa cultural *Escola aberta* e é autor ou coautor de numerosas publicacións, como *Galicia en imáxenes* (4 vol.), *Galicia a Nosa Terra, Galicia en mapas, O patrimonio arqueolóxico e artístico, A pesca en Galicia*, etc., etc.. En 1986 foi candidato ao Senado polo Partido Socialista de Galicia-Esquerda Galega e en 1991 foi representante dos socios da provincia de Pontevedra no padroado do Museo de Pobo Galego. Pola súa parte, Marisa tamén ten publicacións didácticas sobre etnografía galega e sobre Luís Seoane.

Tras mercar o pazo da Nugalla en 1994, levaron a cabo obras de restauración duraron dous anos, para ofrecelo ao público como casa de turismo rural. Foi mester investir uns 70 millóns de pesetas na súa rehabilitación, para o que contaron coa axuda dunha subvención. Foi inaugurada o

2 de xullo de 1997 polo director xeral de turismo, contando coa presencia do arquitecto Pedro de Llano[948], autor do proxecto de rehabilitación.

Desde o primeiro momento o pazo estivo a servir de centro e motor de actividades culturais, deportivas, científicas e gastronómicas, como mostras de escultura e pintura contemporánea (as dos escultores *Francisco Pazos e José Francisco López Noia «Francés»*, e pintores como *Beatriz Graña, Miguel Docampo, Sebas Anxo, Suso Noya*, etc.), xornadas de Alta Decoración, rutas de sendeirismo, pesca de salmón, etc. Tamén algún ano tivo lugar no pazo da Nugalla o fallo do xurado do *Pedrón de Ouro*, que ten como obxectivo sobrancear aquela personalidade ou entidade, residente en Galicia, que máis se teña destacado na defensa e promoción das diversas facetas da cultura nacional, así como o da *Fundación San Martiño* da Estrada, que outorga os seus galardóns para recoñecer a obra de persoas ou entidades no seu labor de defensa e uso da lingua galega.



Brañas de Xestoso en inverno. Foto Damían Porto

Porén tiveron que loitar para que os granxeiros de Silleda non anegasen de zurros as *Brañas de Xestoso*, e para que non se fixesen unhas macro-granxas de porcos na Rocha e para que *Minas de Riotinto* non colocasen un almacén de explosivos en Pardemarín. Grazas aos veciños de Curantes, Olives e demais parroquias próximas conseguiuse parar esas actuacións e que as *Brañas de Xestoso* fosen incluídas dentro da Rede Natura 2001 como zona de especial conservación.

De todos modos Antón e Marisa seguiron a sufrir outros moitos atrancos que lle puxeron as distintas administracións, como unha auditoría que os levou a un contencioso administrativo no que catro anos máis tarde o xuíz declarou que a actuación da Administración só se explicaba como unha actuación desde a mala fe, pois a súa xestión dos fondos públicos e o posterior desempeño do seu traballo era impecable.

Por iso, aínda que estaban encantados de vivir en Pousada, que consideran un auténtico paraíso, acabaron por vender o pazo en 2004 moi a seu pesar, pois segundo din "*levan no corazón a toda a xente que coñeceron en Curantes en especial aos de Pousada, e máis especialmente a Lidia Criado e Pepe da Silva*".

Os novos e actuais donos do pazo A Nugalla son **Fernando Varela** e **María Sol Lorenzo**, orixinarios de Ourense e ámbolos dous economistas, que o mercaron en 2004. María Sol Lorenzo continuou as actividades de turismo rural e promoción cultural no pazo e foi presidenta de Fegatur (Federación Galega de Turismo Rural) e secretaria da Asociación de Turismo Rural da

948 Pedro del Llano é profesor da Escola de Arquitectura da Coruña e autor de diversas publicacións

comarca de Tabeirós-Terra de Montes. A casa está recomendada por numerosas guías e libros de turismo rural, como Gourmetour, Tryp Advisor e a Guía Campsa.



Ménsula da sancristía

APÉNDICE

OS RECAREI

No arquivo desta casa (colección Ramos Vázquez) depositado no Museo Reimóndez Portela, existe unha árbore xenealóxica da familia de José Recarei pero que está anegada de erros, polo que non imos a expoñela aquí.

Segundo a Proba de limpeza de sangue de Cayetano Recarei (AHUS), diversos preitos do Arquivo do Reino de Galicia e os libros sacramentais do Arquivo Diocesano de Santiago, os Recarei descenden de ***García Recarei*** *e* ***María de Recarei****, da casa de Frieiro en Xallas. Pais de:*

Bernardo de Recarei*, que casou con* ***María García****, descendente da casa de Estévez e veciña de San Pedro de Xallas. Pais de:*

Juan Recarei*, veciño de Seavia, que casou con outra* ***María García****. Pais entre outros de* ***Sebastián Recarei****:*

Sebastián Recarei *casou con* ***María de Pastoriza Riobó e Casas****, descendente da casa de Carracedo, Cotaro e outras, veciños da parroquia de Seavia (Coristanco) moi preto de Recarei. Corenta anos despois da morte de Sebastián e vinte e catro do pasamento de María, o seu fillo Pedro, cesionario dos seus irmáns falecidos Juan, Susana e Dominga, pediu facer as partillas*[949]*, que se fixeron o 8 de xuño de 1678 ante Paio Rodríguez Figueroa*[950]*.*


949 ARG.RA 21381/35
950 ARG.RA 18223/85

*Sebastián e María de Pastoriza foron pais de sete fillos, entre eles **Alberte**:*

***Alberte de Recarei** casou tres veces. A primeira con Inés Cancela, a segunda con Ines de Abelenda e a terceira con María Pérez. Tanto Inés como Alberte consta que morreran antes de 1675. Tiveron polo menos seis fillos, sendo o maior **Domingo**:*

***Domingo de Recarei Dabelenda** foi bautizado en novembro de 1647, tendo por padriños a Pedro Cancela e a María da Grela, segundo unha certificación que se fixo en 1675 a petición súa.*

*Domingo Recarei, que foi inquisidor, notario e familiar do Santo Oficio, casou en Santiago, onde vivía desde había 22 anos, na parroquia de san Miguel dos Agros o 10 de agosto de 1679 con **Antonia María López de Marcos e de Cancio Villar**,[951] nacida en 1657, filla do prateiro compostelán Francisco López de Marcos (con bens en Beán) e de Teresa de Cancio e Villar, veciños da parroquia compostelá de Salomé, sendo dotada polo racioneiro Andrés de Cancio e por D. Carlos Luaces Montenegro[952].*



Sinatura de Domingo Recarey

Domingo de Recarei en 1696 pagou ao arcebispado 7.050 reais e 4.000 da terza polas rendas da xurisdición da Barreira e mordomía de Tabeirós[953].

*O 3 de xaneiro de 1676, estando en Ourense como residente, o cóengo desta cidade don Jorge Arias Gayoso nomeouno o seu representante ante a Chancelería de Valladolid onde tiña un preito a causa dos cotos de San Pedro de Meixide e de San Andrés de Oroso, que tiña en foro do bispo de Lugo, onde os pais de don Jorge, don Juan Gayoso Noguerol e Prado e a súa esposa Catalina de Mendoza, fixeran unha casa. Uns meses máis tarde saíu a executoria no seu favor. E así pouco despois, en 1681, era "*mayordomo y factor de don Juan de Gaioso Neira y Mendoza, residente en los palacios de Oca*", irmán de don Jorge. E o 13 de xuño de 1682, aínda que aparece como veciño de Santiago, apuntouse el e a súa muller como socios da confraría de san Antonio, que catro días antes fundou en Oca don Juan Gayoso.*

Anos máis tarde a relación co pazo de Oca seguía. Andrés Gaioso, uns días antes da morte do seu cuñado Pedro Arias, fixo un poder[954] o 22 de xuño de 1718 para que Domingo fose á Coruña co fin de, se era o caso, facer o enterro de Pedro "marqués de San Miguel", asistir a abertura do testamento, aceptar a herdanza con beneficio de inventario e mandar facer, se fose necesario, o inventario xudicial dos seus bens.

951 Tiña unha irmá chamada Juana Benita. Protocolos de Pedro Vázquez, 1679, páx. 115. (AHUS). Orfa de pai e a nai casada outra vez, tivo como curador a seu tío o cóengo Andrés de Cancio e Villar.

952 ARG.RA 16331/37, 27283/50

953 AHUS. Protocolos de Domingo Caamaño.

954 AHUS. Protocolos de Simón Rodríguez

Domingo, da parroquia de san Miguel dos Agros, foi sepultado na capela de D. Lope na catedral de Santiago o 8 de maio de 1727.

Domingo Recarei e Antonia María bautizaron a seus fillos na parroquia compostelá de san Miguel dos Agros: María Josefa Rosa (1/3/1682), ***Pedro Pablo*** *(*que segue*), José Alfonso (14/9/1685), Domingo Antonio Benito (20/10/1686), Jacobo Antonio (26/11/1687, tendo por padriño ao racioneiro Andrés Cancio), Francisco Antonio (27/1/1689), Mª Juana (28/7/1690, e como madriña a súa tía Juana de Cancio) e Juan Antonio (31/3/1693). Herdou o vínculo o seu fillo primoxénito Pedro Pablo.*

Pedro Pablo Recarei*, bautizado en San Miguel dos Agros (Santiago) o 3 de xullo de 1684, casou con* Ángela Bermúdez de Castro e Figueroa*, e foron veciños de Santiago e logo de San Clemente de Mercurín. Ángela era filla de Francisco Bermúdez de Castro e de Juana Bermúdez de Figueroa, veciños de Mercurín, os cales tiveron por fillos tamén a Pedro, Josefa e Jacoba, casada co escultor Tomás Villarino.*

Cando Ángela ía casar con Pedro Pablo Recarei, o cura de Coiro e tío de Ángela, Antonio Bermúdez de Castro -que era fillo de Francisco Bérmudez de Castro e de Dominga Fernández, veciños de Paderne-, prometeulle[955] *deixar a súa herdanza para ela, pero non chegou a facelo en debida forma, polo que cando morreu a finais de abril de 1728 houbo un preito, xa que os irmáns de Ángela así como un medio irmán do cura pretendían herdalo.*

Pedro e Ángela bautizaron en Mercurín ao seus fillos:

1.- Antonia Vicenta, bautizada o 6 de agosto de 1723, casou con José Bobiller. Antonia recibiu de seu pai unha casa na rúa Algalia de Arriba, que era de vínculo[956]*.*

2.- Andrés Melchor Baltasar, recibiu as augas bautismais o 9 de xaneiro de 1725, recibiu a tonsura en 1749 e foi cura de Grou.

3.- Ángela Antonia Vicenta, bautizada o 9 de abril de 1727 (foi seu padriño o señor de Londoño, don Juan Bermúdez Figueroa e Soutomaior).

4.- ***José Recarei*** (obxecto da digresión)

5.- Pedro Ventura Xiao, bautizado o 30 de xuño de 1734.

6.- Juan, cura de Mercurín.

7.- Salvador, que casou con María Romero.



Capela de Nosa Señora da Paz

955 ARG. RA 22435/23, 3014/61
956 ACS. 213/4

CASA E CAPELA DE S. ILDEFONSO. ALGALIA- GUIMAREI

A casa e capela de San Ildefonso do lugar da Algalia na parroquia de Guimarei forma parte do patrimonio cultural do concello da Estrada no apartado de arquitectura civil (D.O.G. 16-7-1991).

A casa señorial de planta rectangular con planta baixa e piso ten unha superficie construída duns 443 metros cadrados. Portalón de entrada con vano alintelado coroado con dúas ameas e unha cruz (hoxe tan só o pedestal) que da acceso a un patio interior. Actualmente a casa está completamente arruinada.



Retablo de san Ildefonso

Xunto á entrada da casa está tamén a capela, de 34 metros cadrados, con portada alintelada e ventá de arco semicircular, a xeito de fornela, na que antes había unha talla pétrea de san Ildefonso. A capela ten como retablo un relevo en madeira coa representación da lenda de San Ildefonso, arcebispo de Toledo entre os anos 657-667, quen pola defensa da virxindade de María foi recompensado por esta descendendo do ceo e impoñéndolle unha casula. No relevo vemos a Virxe sobre o altar (da catedral de Toledo) rodeada de anxos e axudada por un destes para entregarlle unha casula a Ildefonso, que a recibe axeonllado e as mans xuntas cunha mitra a seu carón como símbolo do seu cargo de arcebispo.

O retablo parece ser unha das primeiras obras de Francisco Lens, o cuñado e colaborador de José Gambino, escultor moi coñecido nas terras estradenses. O relevo ocupa a maior parte do retablo, pois deste xeito abaratábase o conxunto xa que só levaría dúas tallas de vulto redon-

do, unha a cada lado. O relevo é dunha grande calidade artística que se amosa sobre todo na figura de san Ildefonso.

A capela da Algalia en advocación de *san Ildefonso* foi fundada polo cóengo racioneiro de Sancti Spíritus de Santiago de Compostela, don **Alonso Martínez de Barcia**, bautizado en Santa María dos Baños, onde vivían daquela os seus pais, e tendo por padriño ao licenciado Alonso García, reitor de san Fiz de Estacas. Alonso ordenouse ordes menores en 1706 e de presbítero en 1714, chegando despois a racioneiro de Colexio de Sancti Spiritus de Santiago.

Na parroquia de Santa María Salomé de Santiago, o 20 de xullo de 1760, pola última vontade que fixo ante escribán, deixou os bens á súa irmá dona *Catalina Martínez de Barcia*, casada con don *Diego López de Neira* e veciña de Santiago, coa obriga de facer dicir certas misas anuais mentres vivise, e por outra banda dotou a capela da Algalia con bens suficientes para a congrua do capelán.



Cruceiro e capela de san Ildefonso. Algalia

Á súa morte quixo o testador que o primeiro capelán fose o seu sobriño don *Juan Bautista Rodríguez Martínez*, presbítero e racioneiro do Colexio do Sancti Spíritus "*a quien dio por libre de residir esta capellanía y de la obligación de las misas*". Tamén lle daba facultade ao seu sobriño para nomear padroeiro e capelán no caso de que el morrese sen facelo.

Na visita pastoral do arcebispo en 1768, que fixo á capela de San Ildefonso no lugar da "Algaria" (sic), dise que a fundou "*Don Alonso Martínez de Barcia Racionero que ha sido en el Colegio de sanctis Prittus de la Ciudad de Santiago con la adbocacion [de] San Yldefonso, ha que ypotecó diferentes vienes haun no se experitualizaron, y la Capilla se alla muy decente (...) encarga al cura cele el cumplimiento de sus cargas*".

Logo enumérase prolixamente os bens da casa da Algalia e dise que tiña ademais rendas na Somoza, Vinseiro (foros de gran, galiñas e polas), Guimarei, Lagartóns, Cereixo, etc.

XENEALOXÍA

Juan Bautista Rodríguez Martínez, natural de Guimarei, era fillo de *Marcos Rodríguez* e *María Antonia Martínez de Barcia*, aínda que unicamente o seu avó paterno, *Diego Rodríguez de Soto*, era dunhas das parroquias do actual concello da Estrada, de Codeseda. Tivo por padriños de bautismo a Luís e Ignacia Fernández de Boán, veciños de Guimarei.

Antes dos seis anos pasou a vivir na casa do Racioneiro do Colexio de Sancti Spiritus don Alonso Martínez de Barcia, o seu tío.

Recibiu a tonsura en 1734 e o presbiterado en 1747 pois tiña que ordenarse de presbítero para desfrutar dunha das seis capelanías de don Lope de Mendoza incluídas na igrexa de Santiago. Logo no ano 1770 tomou posesión como capelán da Algalia e foi racioneiro no Colexio de Sancti Spiritus.

Na Algalia tiña como caseiro a medias a Jacobo Rey, fillo de Simón Rey e de María de Porto, que lle debía a Juan Bautista no momento da súa morte 705 reais por froitos, gando vacún e ovino e por ferramentas que lle anticipou. Jacobo tiña unha filla chamada Juana, da que Juan Bautista foi o seu padriño, polo que lle deixou un legado de 200 reais.



Casa da Algalia, considerada patrimonio civil da Estrada

Menciona a uns tíos, Alonso e Catalina e a Feliciana Martínez. Tamén tiña dúas irmás: unha *Feliciana Rodríguez Martínez*, casada con Antonio Fernández e pais de Mª del Socorro; outra irmá era *Francisca*, que estaba casada con Manuel Gómez de Castro e Quiñones, do *pazo de Xerlís*[957]. Pero tiña máis, pois tiña como sobriños a *Juan Francisco Omaña Rodríguez*, a *Josefa Moldes*, casada con Antonio Rodríguez con descendencia, etc.

957 Páx. 195 ss

A seu sobriño Juan Francisco Omaña[958] nomeouno capelán da súa fundación de Santiago, pero en 1784 como este era vicario de Cela deixoulle no codicilo unha caixa de prata, os seus breviarios e 2/5 das casas grande e pequena do lugar de Ouzamerxe sitas na parroquia de Guimarei.

Juan Bautista fundou unha capelanía no Colexio do Sancti Spiritus en honor de San Xoán e san Brais. E para a capelanía de San Ildefonso na Algalia elixiu por sucesor a don *Felipe Antonio Bermúdez Martínez*, sen obriga de ordearse, aínda que para os seguintes sucesores impuxo a obriga de ser polo menos subdiáconos aos 21 anos e presbíteros aos 24.

Fixo testamento pechado[959] o 14 de agosto de 1778 ante Florencio de Barcia escribán de número e do Cabido deixando como testamentarios a outros racioneiros aos que deixaba en compensación "*todo el chocolate y tabaco que tenga y se hallare a mi fallecimiento para que entre ellos lo repartan*". Menciona a casa da Algalia de pasada, pois di que alí lle entregaban uns ferrados de trigo de rendas que tiña en San Paio de Figueroa. Deixou unha casa que tiña na rúa del Villar, nº 1, fronte á casa do conde de Maceda, á súa criada e algunhas cousas a seus sobriños. Juan Bautista elixiu por sucesor da capela da Algalia a don ***Felipe Antonio Bermúdez Martínez***, (*que segue*)

Logo fixo un codicilo o 1 de febreiro de 1784. Morreu na súa casa "detrás de San Paio" en Santiago o 21 de decembro de 1785.

Felipe Antonio Bermúdez Martínez non tiña a obriga de ordenarse, cousa que tiñan os demais patróns, polo que Felipe Antón só tiña obriga de mandar dicir as misas, pero "*en principios del mes de junio de año de mil setecientos noventa y tres sufrió por espacio de tres meses continuos, una fiebre mui complicada que ha llegado a dejarle quasi sin movimiento todos los miembros por tiempo considerable y de resultas por espacio de quatro años padeció continuos vaídos de cabeza y cortedad de vista hasta el año de mil setecientos noventa y siete, que viéndose algo mejorado y con vocación de ordenarse hasta de presbítero se dedicó a la lectura y ha conseguido ordenarse de subdiácono en el año de noventa y nueve. Mas en breve tiempo se ha renovado la cortedad de su vista, le han repetido con más frecuencia e intención los vaídos de cabeza, y ha perdido en tal extremo el uso de la Memoria que ni se acuerda de lo que sabía cuando se ha ordenado de subdiácono, ni puede retener periodo ni propusición alguna que oía leer. En este estado sobrevinieron a mi parte los gastos ocasionados en defender los bienes de la Capellanía por no comprendidos en la venta de obras pías: En seguida se ha saqueado su casa por las tropas enemigas*".

Tras este cúmulo de desgrazas, no ano 1816 sendo subdiácono e aveciñado en Guimarei, presentou no Provisorato demanda para que os bens da capelanía fosen reducidos a legado pío: "*se sirva declarar a mi parte exento de la obligación de recibir los órdenes sagrados que le faltan, y de la del pago de limosna de dichas misas por los insinuados casos fortuitos y vicisitudes ocurridas; declarando [...] y convirtiendo en legato pío los reducidos bienes restantes de la Capellanía [...] con sola obligación de satisfacer la limosna de misas.*

958 Juan Francisco Omaña Rodríguez, natural de Santo Estevo de Barcia (Lalín, diocese de Lugo). Era fillo de dona Juana Antonia Rodríguez Martínez de Camba, solteira, e don Ignacio Carlos Osorio e Omaña, presbítero e cóengo que foi en Compostela. Criouse até os cinco anos en Requián (San Xurxo de Vea). Ordenado de prima tonsura en 1767 e de diácono en 1776, ordenouse con congrua do colexio de Sancti Spiritus de Santiago, do que o seu tío era racioneiro. Tamén foi capelán da de Nosa Señora na parroquial de Santa María de Viladabade. Sendo reitor de Santa Marta de Cela deulles en 1823 a Bernardino Gómez de Castro e á súa muller, donos do pazo de Xerliz, unas rendas en Xavestre e en Arines (preto de Santiago) e as dunha casa na Piolla, así como diversos obxectos de prata, ornamentos sagrados e outros bens mobles.

959 ARG.RA.10471/51

Sucedeulle dona ***Vicenta Bermúdez*** (*que segue*) nos bens da Algalia se ben o novo capelán foi don *Juan Rodríguez*, presbítero, que se presentou o 23 de febreiro de 1853 para empadronarse por veciño de Guimarei, residindo desde entón na casa da capela da Algaria, "*cuxas misas de fundacion descarga el alli por disposicion de su dueño Dn Gregorio Fraga vecino de (...) Santiago*".

Houbo despois outro capellán chamado D. Ramón Llanos, que cando finou se atopaba na Habana. No seu patrimonio particular non había libros, pero sí no da Capela, onde existían, entre outras cousas, "*Un Misal en buen uso*" e un "*libro en pergamino de las Constituciones Sinodales*".

Vicenta Bermúdez casada con *Gregorio Fraga* era a dona dos bens da casa e capela da Algalia, onde residían en temporadas de verán. O 22 de setembro de 1860 faleceu nesta casa de Algalia don Gregorio aos 80 anos de idade. Foi sepultado en Santiago, segundo os datos extraídos da partida de defunción que firma o cura párroco Domingo Antonio Núñez.

A continuación aparece vivindo nesta casa da Algalia don **Francisco Varela Maceiras**, que celebrou os esponsais con **Ramona Puente Ferro**, residindo na Algalia onde foron pais entre outros de:

Manuel Varela Puente, que naceu o 20 de xuño 1871 en Guimarei e foi sastre de profesión. Faleceu Manuel na súa casa da Algalia o 5 de xaneiro de 1939. Uniuse maritalmente con **Manuela Agrelo Barcala**, filla de Andrés Agrelo e de Carmen Barcala, natural de Curantes, de cuxo matrimonio quedan catro fillos:

1.- **José Varela Agrelo**, (*que segue*)
2.- *José Alfonso Manuel Varela Agrelo*, naceu en Guimarei o 10 de decembre de 1901 e faleceu o 16 de decembre de 1989.
3.- *Inés Varela Agrelo*.
4.- *Matilde*, nacida o 28 de novembro de 1896 e finou o 16 de maio de 1907.

Manuel Varela Puente, una vez viúvo contraeu segundas nupcias coa súa cuñada Aurora Agrelo Barcala, e deste enlace quedan dous fillos máis cos mesmos apelidos:

5.- *María Hortensia Varela Agrelo*, nacida o 25 de outubro de 1910.
6.- *Gonzalo Varela Agrelo*.



Forno da casa

José Varela Agrelo, naceu en Guimarei, o 3 de decembro de 1898, de profesión sastre, uniuse en matrimonio con **Manuela Durán Junquera**, filla de Francisco Durán Coto, garda municipal, e de María Junquera Tosar, naturais de Tabeirós e veciños da Estrada. Faleceu José na rúa Serafín Pazo da Estrada o 16 de xullo de 1987. Foron pais de:

1.- *Alfonso Manuel Varela Durán*, nacido na rúa Serafín Pazo da Estrada, o 9 de xullo de 1926. Médico de profesión don Alfonso Manuel é fundador da *Asociación Fillos e Amigos da Estrada*, que preside desde 1984. Foi Vicepresidente da *Sociedad Gallega de Patología Digestiva e da Academia Médico Quirúrgica* de Santiago, e vocal da *Sociedad*

Española de Hepatología. Está en posesión da medalla de honra da *Real Academia de Galega de Medicina*.

2.- *José Varela Durán*, nacido na rúa Ramiro Ciorraga da Estrada o 1 de outubro de 1928, celebrou matrimonio canónico celebrado na igrexa parroquial da Estrada o 10 de xuño de 1962 con *María Jesús Muñiz Martínez*, nacida na Estrada o 3 de outubro de 1940, filla de José Múñiz e de Carmen Martínez. Finou José o 20 de marzo de 1981.

A familia Varela, solicitou con data de 26 de xullo de 1960 a través do cura de Guimarei autorización ao Ilustrísimo Señor Arcebispo para a celebración da voda do fillo do seu caseiro na capela do pazo, o que foi autorizado a 28 de xullo de 1960. Tratábase da voda de *Pedro Arcay Boquete* e *Esther Docampo Ribadulla*.

CASA DA SILVA. BENDEXA

No lugar de Bendexa da parroquia de san Pedro de Orazo áchase unha casa nobre denominada *Casa da Silva*, que consta de planta baixa e un andar, ao que se accedía mediante unhas escaleiras e patín. Na súa fachada principal entre a porta e unha fiestra atópase no alto unha pedra armeira.



Escudo. Casa da Silva

Sobre unha cartela destaca un escudo cuartelado por unha cruz flordelisada, armas que representan ao Santo Oficio da Inquisición á que pertencía o seu propietario. Primeiro cuartel, cinco roeis postos dous e dous e un en punta, **Vázquez**; segundo cuartel, león coroado que mira á sinistra, **Valenzuela**; terceiro cuartel, piñeiro con dúas cabras empinadas ao tronco, **Sotelo**; e cuarto, ondas superadas dunha mufle de lobo, **Mariño de Lobeira**.

XENEALOXÍA

Bartolomé Vázquez Sotelo foi o fundador do vínculo e morgado da casa da Silva. Era fillo de Gaspar Vázquez Sotelo, natural das Maus de Salas en Muiños (OU) e de Isabel de Rivas, natural de S. Miguel de Feás (Calvos de Randín), pero veciños de Santa Baia do Montes en Cualedro (OU). Veciño de Cualedro, era reitor das parroquias de San Vicenzo de Berres, de San Pedro de Orazo e de Sta. Mª de Loimil, foi veciño do lugar de Cualedro, confrade dos sacerdotes de Tabeirós e de Nª Sra. da Concepción dos Clérigos do Coro da Sta. Igrexa de Santiago, e primeiro patrón da capela de Nª Sra. da Presentación en San Estevo de Oca, que lle deixou e mandou facer o licenciado **Blas de Outeiro**, natural de Lérez e reitor de dita igrexa, no seu testamento feito o 26 de xaneiro de 1628 e entregado ao día seguinte ao escribán Andrés López[960]. O 17 de febreiro Blas fixo un codicilo pechado no que nomeaba como único administrador da capela a Bartolomé Vázquez Sotelo e o 6 de marzo de dito ano faleceu.

960 En 1659 os seus protocolos estaban en mans de Juan Martínez de Cea, que dá una copia. Blas déixalle para dote 40 ducados a María e Benita, fillas do seu irmán Pedro Outeiro, veciño de Lérez. E deixa como herdeira de todos os seus bens á capela que fundou, nomeando como administradores a Bartolomé Vázquez Sotelo e a Jorge de Somoza, reitor de Remesar.

Bartolomé testou o 1 de xullo de 1638 ante o escribán Fernán Alonso de Castro, que era o dono del pazo de Xerlís. No seu testamento pedía ser sepultado na igrexa de Berres co hábito sacerdotal e, ademais de deixar diversas cantidades de bens e de diñeiro para diversas persoas, fixo vínculo dos demais bens nos que entraba o que lle deixou o licenciado Blas de Outeiro deixando como beneficiario a seu irmán Baltasar, coa obrigación de mandar dicir diversas misas tanto pola súa alma como pola do dito Blas. O lugar da Silva en Orazo deixouno como usufruto durante 14 anos a Ana e a Antonia de Souto, pero ao cabo dese tempo pasaría a mans de Baltasar. E deixou como supervisor e testamentario a Juan Rodríguez Daleira, dono da *casa dos Muros* (Parada) e escribán de número de Tabeirós.

Ao día seguinte, o 2 de xullo, engadiu como testamentario ao licenciado Francisco Rodríguez Araúxo, reitor de Sta. Mª de Paradela, e precisou algunhas outras cousas. E mesmo o 5 volveu a engadir algunha outra cousa. Morreu amañecendo para o 8 de xullo de 1638, abríndose o testamento ante o xuíz ordinario de Tabeirós o capitán Diego de Valenzuela a petición do testamentario Francisco Rodríguez, sendo testemuñas os irmáns Pedro, que era sacerdote, e Agustín do Campo Magán, cuñados de Juan Rodríguez Daleira.

A Bartolomé sucedeulle o seu irmán:

Baltasar Vázquez Sotelo, sucesor no padroado da capela de Oca e veciño de Cualedro, casou con Isabel González. Foi fillo seu:

Benito Vázquez Sotelo, familiar do Santo Oficio da Inquisición neste Reino no ano 1654, soldado de a cabalo da compañía de Juan Buendía no Reino de Galicia, en 1650 da compañía de Vasco Somoza, e en 1659 estaba na fronteira de Portugal no campamento de Badaxoz. Foi o sucesor do vínculo da Silva en Bendexa.

Sobre os bens que pertencían ao padroado da capela de Nª Sra. da Presentación en San Estevo de Oca en 1656 gañaron un xuízo en Valladolid[961] contra Isabel do Campo como titora dos seus fillos, viúva de Juan Rodríguez de Leira, fundador da *Casa de Leira nos Muros*.

Casou con ***Marta Sánchez*** da que tivo por fillo a:

Bartolomé Vázquez Sotelo, señor da casa da Silva, que casou con ***María Antonia Mariño de Lobera e Valenzuela***, sucesora do vínculo e morgado de Ribas de Escuadro.

María Antonia era filla de Pedro Mariño Valenzuela (quen se comprometeu en 1671 con Ángela do Campo Soto, filla de Lourenzo do Campo e de Francisca de Soto, pero non chegou a casar[962]) e de Inés de Quintela, veciños de San Miguel de Brandarís, neta de Juan Mariño de Lobera –veciño da parroquia de Santiago de Meixome e fundador da capela de San Andrés na igrexa de San Salvador de Escuadro- e de María Valenzuela Miranda, viúva de Simón Núñez (e cuñada de Diego Ribera Soutomaior, da casa de Preguecido), e bisneta do capitán Juan de Prado Mariño de Lobeira e de Catalina de Rosende, fundadores do vínculo e morgado do pazo de Ribas de Escuadro (Silleda)[963], e por parte materna bisneta de Rodrigo López de Miranda e de Antonia de Valenzuela, veciños de Frades.

961 AHN Chandelería de Valaldolid, Rex. Executorias,Caixa 2792,20

962 DE LA PEÑA VIDAL,C. "Os González de Soto e os González do Campo", Boletín de *Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia*, nº 6.

963 LEYES BORRAJO, I.-ACUÑA RUBIO, C. "Genealogía de los señores del Pazo de Ribas de Escuadro –Silleda", en *Boletín de Estudios de Genealogía Heráldica y Nobiliaria de Galicia*, nº 9.

Bartolomé e María Antonia eran veciños de San Pedro de Orazo, onde tiñan xunto á súa casa o "prado de Aira", situado nun plano inferior ao terreo chamado A Greleira, propiedade de Baltasar Martínez Rozas e da súa muller Marta Rafaela Jiménez. En 1732-7 tiveron un preito[964] porque Baltasar deixou a prado dito terreo regándoo en todo tempo, convertendo o terreo de Bartolomé nun brañal, polo que non podía cultivar o acostumado.Tiveron por fillos a:

1.- ***Francisco Antonio Vázquez Sotelo de Mariño*** (*que segue*)
2.- *Antonio Vázquez Sotelo de Mariño*, bautizado o 23 de outubro de 1690. Foi ordenado como presbitero en 1722.
3.- *María Inés Vázquez Sotelo de Mariño*, bautizada en 1697.
4.- *Micaela Vázquez Sotelo de Mariño*, que casou o 19 de outubro de 1732 con Ignacio Bermúdez Pardiñas, viúvo e veciño de Santa María de Sar.
5.- *Juan Antonio Vázquez Sotelo de Mariño*, bautizado o 10 de xullo de 1701.

Francisco Antonio Vázquez Sotelo De Mariño, herdeiro dos vínculos e pazos da Silva e de Ribas, contraeu esponsais con ***Isabel María López Carbajal***, o 3 de xullo 1713 na capela do Real Hospital de Santiago. Foron veciños de San Salvador de Escuadro (Silleda).

Francisco o 10 de febreiro de 1756 tomou a censo do Real Colexio do Sancti Espiritus de Santiago trescentos ducados obrigándose a pagar nove ducados anuais, sendo o seu fiador Pedro de Villa Salgueiro e hipotecando gran parte dos seus bens, que lle tocaban en herdanza, situados en Cervaña, Moalde, Escuadro, Albela e Pazos (Sta. Cruz de Ribadulla). Logo o 7 de novembro de 1761 xunto co seu xenro Benito Francisco Sobrino, veciño de san Martín de Fiestras en Trasdeza, tomou outros trescentos ducados (100 para el y 200 para o seu xenro) hipotecando ambos outros bens, nos que Francisco incluíu o lugar de Rivas, onde vivía, e outro en San Pedro de Loureda, así como en Balántega, Pazos e Rañadoiro en Escuadro. Ao non pagar, pois Francisco morreu sobre 1766, o Colexio demandou[965] ao seu fillo Antonio Michael, que se negou a pagar, alegando que os bens de vínculo non se podían hipotecar. E trala demostración de que eran de vínculo ditouse sentenza o 3 de marzo de 1779 dándolle a razón. Só os fiadores tiveron que pagar, se ben Francisco Borxa de Ulloa, neto e sucesor de Pedro Villa Salgueiro, dilatou o preito ata que o 16 de abril de 1788 saíu sentenza na súa contra.



Casa da Silva, 2007

Trala morte de Francisco Antonio, fíxose reconto dos seus bens ante o escribán de Santiago Bernardo García Taboada. Logo os seus seis fillos reuníronse e discutiron, pero ao final firmaron

964 ARG. RA. 19549/72
965 ARG. RA. 16341/37

amigablemente unha escritura, tomando cada un a súa lexítima, a partir do que deixara a súa nai Isabel, xa que o demais era vincular. Foron pais de:

1.- ***Antonio Miguel Vázquez Sotelo e Mariño de Lobera*** (*que segue*)

2.- *Tiburcio Vázquez Sotelo*, cumpridor testamentario de seu irmán Antonio xunto co seu irmán Andrés. Foi xuíz da xurisdición de Tabeirós, logo sobre 1794 da de Camba, vivindo en Outeiro de Camba na freguesía de Santiago de Fafián, e logo sobre 1800 en Sanxenxo.

3.- *Andrés Antonio Vázquez Sotelo*, presbítero, confesor residente en San Pedro de Orazo e capelán e veciño de San Salvador de Escuadro.

4.- *Alexandro Vázquez Sotelo*.

5.- Unha, casada con Benito Sobrino Taboada.

6.- Unha, casada con Ignacio de Agrelo, que en 1745-7 fora profesor de dous fillos de Francisco, o seu sogro, que se opoñía a tal casamento.

Antonio Miguel Vázquez Sotelo e Mariño de Lobera, señor dos morgados e vínculos das casas e pazos da Silva e de Ribas. Tralas partillas feitas trala morte do seu pai, adxudicáronlle os bens pertencentes ao vínculo e agregacións que a el como primoxénito lle correspondían. Polo quiñón de mellora adxudicóuselle: dúas casas sitas en Santiago, unha delas no barrio da Senra xunto á Porta Faxeira e 192 ferrados de pan de renda nos lugares de S. Pedro de Loureda, Sta. Cruz de Ribadulla, Cervaña, Moalde e outros. E pola súa lexítima adxudicóuselle 109 ferrados de pan de renda en Moalde, Bolántega, Escuadro, San Miguel de Sarandón e noutros lugares, así como nove canados e medio de viño en Santa Cruz de Ribadulla.

Casou en primeiras nupcias con ***Leonor Núñez de la Fuente***, filla de Antonio Núñez de la Fuente, "*secretario de Baños de Cuntis*" e da súa esposa María Bernarda Rivas e Montaos. Leonor tralas partillas dos bens dos seus pais tiña unhas rendas en Xavestre (Trazo. A Coruña) na xurisdición de Montaos, que xa casada vendeu en 1764 por estar moi lonxe para cobralas[966]. Sen fillos fixo doazón dos seus bens mobles e dote o 26 de xuño de 1770 en favor de seu marido a quen deixa como usufrutuario, e pouco despois, o 15 de setembro dese ano outorgou testamento ante o escribán Pedro Antonio Domínguez deixando vinculados os seus bens a favor do seu sobriño José Taboada Mosquera, veciño de Caldas, e logo á filla de José dona Teresa Taboada Mosquera Núñez de la Fuente e sucesores, e "*a falta de sucesión se incorporen a la casa de los Baños en que nací*".

Unha vez viúvo desposouse en segundas nupcias en San Fiz de Lois (Ribadumia) o 31 de xullo de 1774 con ***Manuela Antonia Jacoba Losada Navia***, nacida en Lantaño o 6 de maio de 1742, filla de José Patricio Losada e Navia (1696-1762) e de Micaela de la Peña Parada (finada en 1768), señores do pazo de Outeiro en San Pedro de Lantaño (Portas) e do pazo de Fontáns en San Fiz de Lois. Manuela morreu sen testamento deixando bens en San Fiz de Lois e noutros sitios da comarca do Salnés e que o seu marido no testamento deixou a repartir entre os seus fillos en partes iguais.

Antonio Miguel, que mantivo o morgado da Silva e de Ribas de Escuadro, fixo testamento na súa casa de Ribas o 15 de abril de 1793 ante o escribán Pedro Antonio Gómez. Morreu pouco despois xa que en 1794 o seu irmán Tiburcio, como curador e titor dos seus sobriños menores, iniciou un preito[967] contra diversas persoas. As débedas que se reclamaban eran de rendas (algunhas de directo dominio do mosteiro de Acibeiro) en Balántega, Moalde, Cervaña, Sta. Cruz de Ribadulla, Escuadro, Oca, Orazo e Loimil. Entre estes debedores estaban os caseiros da Silva, chamados Francisco Bibián e Benito Cuíña. Había tamén outros debedores por obrigas, como Juan Antonio Montenegro e Puga, veciño de Pontevedra, e o escribán de Trasdeza D. Pedro Gómez. Tamén se cita un debedor que tiña en parcería tres vacas.

966 ARG. Protocolos de Pedro Antonio Domínguez.
967 ARG. Protocolos de Pedro Antonio Domínguez.

Tiveron por fillos, todos nacidos en Orazo, a:

1.- *Cayetano José Antonio Vázquez Sotelo Losada*, que naceu o 29 de abril de 1775, bautizándose ao día seguinte. Foi escribán de S.M. e señor da casa e pazo, vínculos e morgados, de Ribas de Escuadro e da Silva, señor da casa e lugar de Pazos en Santa Cruz de Ribadulla, residente na Silva en 1807. Foi nomeado alcalde de Oca en 1814 e procurador síndico do concello de Oca en 1836.

Casou primeiro con *Benita Bueno Quindós*, que testou en 1801, filla de José Bueno alcalde maior da xustiza ordinaria de San Clodio (Leiro) e de María Bernarda Salgado. Logo casou con *Joaquina Carlota de Neira e Arellano*, veciña de Leiro, tras facer a escritura de compromiso o 31 de xullo de 1805 ante Jacinto Varela Gundín, escribán de Ledesma. Nela a nai da noiva, Mª Juana Sanjurjo Sanmillán e Arellano, viúva de Rafael de Neira, xunto cos seus fillos Baltasar Vicente, o primoxénito, e Juan, cura de Breixa e Manduas, ofreceron como dote 6.000 ducados a conta das lexítimas paterna e materna. E morto Baltasar, como en marzo de 1817 morreu a nai e catro meses antes Juan, recaeu o morgado en seu irmán Francisco ausente en América e do que había tempo que non tiñan noticias. Por iso Cayetano pide[968] en 1817 que o marido da irmá maior, seguinte sucesora, chamado Felipe Sobrino Taboada se faga cargo da administración do morgado e proceda a pagar o que se lle debe. Faleceu D. Cayetano en 1850 sen sucesión.

2.- *José Tiburcio Esteban Vázquez Sotelo Losada*, naceu o 9 de setembro de 1776, bautizado ao día seguinte.

3.- *Manuel Antonio José Bruno Vázquez Sotelo Losada*, naceu o 6 de outubro de 1777, sendo bautizado o 8. Foron os seus padriños Manuel Fondevila, cura de Santiago de Taboada e dona Josefa Bermúdez de Castro, veciña da cidade de Santiago. Faleceu o 28 de abril de 1779.

4.- *José Andrés Cosme Damián Vázquez Sotelo Losada*, nacido e bautizado o 6 de setembro de 1779. Padriños Andrés Vázquez Sotelo e Isabel Agrelo, veciños de Orazo. Foi presbítero, veciño da parroquia de san Pedro de Orazo en 1779 e capelán de San Salvador de Escuadro.

5.- *Alejo Andrés Benito Antonio Vázquez Sotelo Losada*, naceu o 29 de marzo de 1781 e bautizado ao día seguinte. Foi cura párroco de Santiago de Gres (Vila de Cruces) e cóengo de Santiago en 1807. Testou en 1840 deixando como herdeira á súa irmá Manuela e faleceu en Santiago de Gres o 28 de novembro de 1847.

6.- ***Mª Antonia Joaquina Vázquez Sotelo Losada*** (*que segue*)

7.- Manuela Vázquez Sotelo Losada. Foi bautizada o 23 de agosto de 1803 en San Salvador de Escuadro sendo os padriños os seus tíos paternos Tiburcio e Teresa Vázquez Sotelo, esta veciña de Fiestras. Seu pai deixoulle un dote de 1.000 ducados e casou en Gres o 4 de novembro de 1829 con *Ramón Arias*, fillo de Ignacio Arias Saavedra, viúvo de Antonia Álvarez Cisneros.

María Antonia Joaquina Vázquez Sotelo Losada, naceu na casa da Silva en Vendexa o 14 de maio de 1782 e bautizada dous días máis tarde. De moza viviu en Gres na casa do seu tío cura Don Alejo Andrés.

Casou en Orazo o 18 de maio de 1808 con ***Luís Taboada Baamonde***, escribán de S.M., bautizado en Bendoiro (Lalín) en 1771, fillo de Pedro Antonio Taboada, posesor do vínculo e morgado dos Taboada en San Martiño de Prado (Lalín) e de Ana María Baamonde, da casa de Codeseda, e neto por vía paterna de Bernardo Taboada e Francisca Arias de Ulloa, e por vía materna neto de José Vázquez Vaamonde Montenegro[969] e Josefa Cortes, veciños de Codeseda.

María Antonia, ao igual que a súa irmá Manuela, herdou de seu pai a metade das alfaias da súa nai, así como un dote de 1.000 ducados. E tamén foi a sucesora do seu irmán Cayetano.

968 AHPPo. Protocolos de Francisco de Oca.

969 Foi o primeiro sucesor ao vínculo e morgado e casa de Codeseda, fundado en 1721 por Domingo Vázquez Vaamonde, escribán, casado con Ana María de Vallejo Castro e Montenegro.

Froito do matrimonio foron:

1.- *José Manuel Taboada Sotelo*, Foron os seus padriños José Taboada Baamonde e María Vázquez Sotelo, esta de San Pedro de Orazo e el da de Codeseda.

2.- *Joaquina Manuela Cayetana Taboada Sotelo*, nacida o 11 e bautizada o 13 de marzo de 1811, foron os seus padriños Manuel Morgade provisor de santa María de Acibeiro e Joaquina de Neira, muller de Cayetano Vázquez Sotelo, veciños de San Pedro de Orazo. Casou con *Manuel Porto*, sendo os pais de *Ramona*, que viviu na casa da Silva.

3.- *Ramona Taboada Sotelo*, naceu e bautizouse o 18 de xuño de 1813. Foi o seu único padriño o señor Saburido, presbítero desta freguesía.

4.- *María del Carmen Taboada Sotelo*, nacida e bautizada o 18 de abril de 1815. Único padriño don Alejo Vázquez Sotelo, cura de Santiago de Gres.


5.- ***Cayetano Manuel Taboada Sotelo*** (*que segue*)

6.- *María Josefa Juana Taboada Sotelo*, naceu o 10 de outubro de 1820 e foi bautizada o 21, tendo por padriños ao licenciado Fernando Pérez e á súa muller Juana Benita Valderrama.

7.- *Darío Taboada Sotelo*, naceu e foi bautizado o 2 de novembro de 1823, sendo os seus padriños o cura de Codeseda Domingo Antonio Bouzas e a súa sobriña Juana Bouzas e Valcárcel.

Cayetano Manuel Taboada Sotelo, naceu o 18 de febreiro de 1817 e foi bautizado ao día seguinte en Codeseda, sendo os padriños os seus tíos Cayetano e Manuela Vázquez Sotelo. Foi avogado pola Universidade de Santiago e concelleiro e tenente alcalde da Estrada desde 1846, procurador síndico e rexedor do concello en 1848, deputado a Cortes en 1872 e 1874.

Herdou diversos bens do pazo de Ribas de Escuadro, a metade dos da Silva e o vínculo coa casa e casona dos Taboada en San Martiño de Prado (Lalín) tras facer a partilla o 17 de novembro de 1862 coas súas irmás Joaquina e María Josefa. Mediante esta partilla Cayetano quedouse coa metade da casa, das terras e das rendas da Silva, repartíndose a outra metade as dúas irmás, se ben coa condición de que na Silva seguira vivindo na casa Ramona Porto, filla de Joaquina, sempre e cando permanecese solteira.



Ponte de Souto 1847

Sendo tenente-alcalde da Estrada mandou facer a ponte da parroquia de Souto (A Estrada), tal e como aparece no centro de dita ponte unha inscrición que di: "*este puente se construió por disposición del alcalde lic. D.Caietano Taboada Sotelo ano 1847*".

Casou o 9 de xullo de 1855 na Colexiata de Sar con Magdalena Rivas Martínez, bautizada o 22 de xullo de 1834 en Santa Baia de Silleda, natural da parroquia de san Miguel de Siador do concello de Silleda, filla de Francisco Ribas, señor do pazo de Sestelo de Siador, e da súa segunda muller Mª del Carmen Martínez, do pazo de Vista Alegre en San Fiz de Margaride, en Silleda. Faleceu Magdalena en 1880 e Cayetano en Codeseda o 19 de marzo de 1892.

Tiveron por fillas a:

1.- ***Socorro Taboada Rivas*** (*que segue*)

2.- *Dolores Taboada Rivas*. Contraeu matrimonio na Colexiata de Sar con *Manuel Leyes Pose*, médico forense da Estrada. Faleceu Dolores o 12 de maio de 1919 e Manuel o 27 de decembro de 1946, tendo feito testamento. Tiveron por fillos:

a) *Cayetano Leyes Taboada*, que morreu novo.

b) *Ramón Leyes Taboada*, médico forense na Estrada, e que en calidade de médico atendeu no parto á muller de Castelao. Herdou de seus pais e foi propietario de boa parte dos bens das casa da Silva, Ribas de Escuadro, San Martín de Prado, Zacande en Meis, Parada de Cameixa en Boborás e Rellas en Silleda.

Socorro Taboada Rivas, natural da cidade de Santiago, naceu sobre 1864. Contraeu matrimonio sobre 1897 con ***Albino Rodríguez Porto***, natural de Parada, nacido sobre 1865, fillo de José Rodríguez Arias, natural de San Cosme de Abeancos, concello de Melide, e de Dolores Porto Leira, natural de Parada e señora da *casa grande de Parada* (A Estrada). Propietarios e veciños de Codeseda, faleceron nesta parroquia ela o 18 de xuño de 1918 e o seu esposo o 17 de decembro de 1922. Os seus fillos foron:

1.- ***Luis Ignacio Francisco Rodríguez Taboada*** (*que segue*)

2.- *María Dolores*, naceu en Codeseda o 19 de novembro de 1898 e casou con José Enríquez Parrondo, tendo por fillos a Antonio, Regina, Josefina, Dolores, Albino e Purificación. Faleceu na Estrada o 4 de xuño de 1977.

3.- *María Inocencia Magdalena*, naceu en Codeseda o 31 de marzo de 1900 e faleceu en Silleda o 29 de novembro de 1983.

4.- María Rodríguez Taboada, que casou na igrexa de San Paio da Estrada en 1931 co seu primo *Antonio Rivas Martínez*, nacido o 11 de marzo de 1887 en Santiago, que era médico forense e dono do pazo de Siador en Silleda, onde faleceu o 1 de febreiro de 1976. Con descendencia.



Casa da Silva, 2011

Luís Ignacio Francisco Rodríguez Taboada, naceu en Codeseda o 3 de decembro de 1897. Foi propietario con bens na Silva (Orazo) e no Ribeiro e no ano 1928 era tesoureiro da Asociación Amigos da Montaña e tamén foi concelleiro do concello da Estrada.

Contraeu esponsais na igrexa de San Xurxo de Codeseda o 25 de outubro de 1924 con ***Generosa Regina Cortes Otero***, propietaria e señora dunha casa e facenda no lugar de Quintas en Codeseda. (Cfr. APÉNDICE)

Luis Ignacio Rodríguez Taboada e Generosa Regina Cortes Otero faleceron ambos en Codeseda, Rexina o 20 de xaneiro de 1958 e Luís o 29 de setembro de 1969. Tiveron por fillas, nacidas en Codeseda, a:

1.- *María del Socorro Rodríguez Cortés*, que naceu o 13 de agosto de 1925 e faleceu célibe na mesma o 22 de setembro de 1939.
2.- *María Luisa Rodríguez Cortés*, naceu o 17 de novembro de 1926.
3.- *Manuela Rodríguez Cortés*, naceu o 4 de xullo de 1928.

As irmás María Luisa e Manuela Rodríguez Cortes, solteiras e veciñas da casa de Quintas (Codeseda) venderon a casa da Silva, sendo adquirida por compravenda en virtude de escritura pública outorgada na Estrada o 19 de xaneiro de 2005, ante a notaria Carme Alicia Calaza López, por **Manuel Otero García**, quen a recuperou do abandono e estado de ruínas en que se atopaba, realizando unha rehabilitación desta casa fidalga, respectando totalmente o edificio orixinal. Componse de planta baixa e alta, cunha superficie construída de douscentos cincuenta e dous metros cadrados. O baixo dedicado para gardar os apeiros de labranza e a planta alta a vivenda, na actualidade toda a edificación está dedicada a vivenda familiar. Na súa rehabilitación retiráronse as uralitas que cubrían o tellado e os bloques de formigón que na súa fachada principal facían de cornixa para ganar altura, quedando integrada no medio natural sen romper o equilibrio e finalizando as obras no ano 2011.

APÉNDICE

A xenealoxía de Generosa podemos retrotraela ata:

***María Antonia Barreiro Magariños**, nacida sobre 1714 e falecida sobre 1798; contraeu matrimonio sobre 1742 en primeira nupcias con **Santiago Antonio de Cortes Ares**, fillo de Antonio Sancho de Cortes e de Catalina Ares, veciños de San Cristovo de Muniferral, no concello de Aranga (A Coruña). Santiago faleceu sobre 1773 sen sucesión.*

Logo casou co seu cuñado Domingo de Cortes Ares, escribán. Tivo todos os seus fillos do segundo matrimonio:

1.- Ignacio Antonio de Cortes Barreiro, naceu o 10 de xaneiro de 1744.
*2.- **Placido Cortes Barreiro** (que segue).*
3.- José Antonio de Cortes Barreiro, naceu o 26 de xaneiro de 1747 e foi cura de Codeseda.
4.- José de Cortes Barreiro, nacido o 11 de setembro de 1750, faleceu sobre 1808 sendo cura de Codeseda.

***Placido de Cortes Barreiro** contraeu matrimonio o 3 de setembro de 1787 en Santa Cristina de Vinseiro con **María Victoria Núñez Sánchez**. Foron pais de:*

1.- Manuel María de Cortes Núñez, nacido o 31 de decembro de 1788, bautizado o 1 de xaneiro de 1789, cura de Vinseiro.
2.- José Antonio Cortes Núñez nacido o 1 de xuño de 1790, bautizado ao día seguinte sendo os seus padriños José Antonio de Cortes, presbítero, e Bernarda da Riba. Contraeu matrimonio con Juana Carballo, natural da parroquia de Arca, e foron pais de:

- Juan Cortes Carballo, casado con Juana Graña Ameixeiras. Deste matrimonio quedaron dous fillos: a) Francisco Cortes Graña*, nacido o 11 de novembro de 1873, casado con María Josefa Canabal Constenla. No momento do seu falecemento no lugar de Goleta (Arca) o 31 de xullo de 1933 deixaba oito fillos: Águeda, Argelia, Manuel, Dolores, Hernán, Carmen, Divina e Sabino.* b) Dolores Cortes Graña *que naceu en 1877.*

- José Cortes Carballo, contraeu matrimonio con María Cerviño Eiras, ambos veciños de Arca, foron pais de: a) Genaro Cortes Cerviño que naceu o 22 de agosto de 1871. b) Juana Cortes Cerviño, naceu ol 6 de abril de 1877 faleceu célibe o 24 de maio de 1961. c) Josefa Cortes Cerviño que naceu o 14 de decembro de 1882 e faleceu solteira o 5 de xullo de 1966.

3.- Rosa Cortes Núñez, nacida en 1792, contraeu matrimonio en 1817 con José Rodríguez, natural e veciños de Santa Cristina de Vinseiro, tendo dez fillos, Manuel, Manuela Juana, José, Cándida, Pascua, Enrique, Dolores, Rosendo e Xacobo, e falecendo os catro primeiros antes que a súa nai. Esta faleceu viúva en Santa Cristina de Vinseiro o 26 de xullo de 1871.

4.- Francisco Cortes Núñez, nacido o 6 de setembro de 1794 e casado o 11 de abril de 1824 con Francisca Gómez Picallo veciña de Xubrei (Codeseda)

5.- ***Jacobo Cortes Núñez****, (que segue)*

6.- Cándida Cortes Núñez, naceu o 9 de setembro de 1804 e contraeu matrimonio o 30 de marzo de 1819 con Francisco Castro Vallejo.

Jacobo de Cortes Núñez*, naceu o 1 de xuño de 1797 e foi bautizado ao día seguinte sendo os seus padriños Jacobo Míguez Cortes, cura de santa Mariña de Tomonde e Josefa Castro. Casou o 13 de marzo de 1819 con Rosa Castro e Vallejo, filla de José de Castro Balboa e de Bernarda de Castro e Vallejo, veciños de Quintas-Codeseda. Rosa faleceu en Tenorio (Cotobade), onde vivía o seu fillo Manuel, o 26 de outubro de 1873. Foron pais de:*

1.- Josefa Cortes Castro, nacida o 30 de xullo de 1820, foron os seus padriños seus tíos don Xosé Cortes presbítero e Rosa Cortes. Contraeu matrimonio con José Garrido Carballeira, veciños de Codeseda, de cuxo matrimonio quedaron tres fillos, Teresa, José e Filomena. Faleceu viúva no lugar de Quintas o 25 de maio de 1904.

2.- Manuel de Cortes Castro, nacido o 2 de setembro de 1822, bautizado ao día seguinte, foron os seus padriños don José de Cortes e Juana Carballo seus tíos e veciños de Arca (A Estrada). Exerceu como cura párroco de San Pedro de Tenorio (Cotobade).

3.- Juana Baltasara Cortes Castro, naceu o 6 de marzo de 1833, tendo por padriños a Baltasar de Camba e á súa muller Juana Estremadoiro. Vivía en Sanxenxo en 1873.

4.- ***Modesto Cortes Castro*** *(que segue)*

5.- Concepción Cortes Castro.

6.- Albino Jacobo Cortes Castro, naceu o 10 de febreiro de 1830, sendo os seus padriños Francisco de Castro Balboa e Rosa de Cortes, os seus tíos. Foi cura de Cerdedo.

Modesto de Cortes Castro*, naceu en Codeseda o 10 de xuño 1827, bautizado ao día seguinte, foron os seus padriños don Manuel de Castro, presbítero, e Cándida Cortes, os seus tíos. Contraeu matrimonio con Generosa García Baamonde,e foron pais de:*

1.- Dionisio de Cortes García, nacido e bautizado o 7 de xullo de 1869, tendo como madriña a Manuela García, a súa tía. Contraeu matrimonio con Teresa Quiveo Morgade, sendo veciños de Campos (Codeseda), onde naceron os seus fillos:

a) María, naceu o 15 de abril de 1900 e faleceu o 30 do mesmo mes e ano.

b) Benigno, nacido o 29 de xuño de 1901.

c) María Dolores nacida o 29 de xuño de 1903, casada con Ramiro Portela Quiveo, deste matrimonio houbo dúas fillas, Teresa e María.

d) José María naceu o 7 de agosto de 1905 e faleceu dous días despois.

e) María del Carmen, naceu o 7 de agosto de 1905 e faleceu unha semana despois.

f) Miguel Cortes García, nacido o 16 de maio de 1907, casou con Dolores Picallo Silva o 25 de xuño de 1938, faleceu o 1 de novembro de 1970 e a súa esposa o 20 de setembro de 2006. Foron pais de dúas fillas:

- Teresa,nacida en Souto o 23 de maio de 1939, casada con Manuel Ventín Gutiérrez o 12 de xaneiro de 1961, tendo tres fillos Perfecto, Erundino e Mª Dolores.

- Delmira que naceu en Campos (Codeseda) o 10 de marzo de 1943, matrimonio con José Lagares Touriño o 26 de agosto de 1978, tiveron catro fillos, Ana María, José, Beatriz e Rafael.

g) José, naceu o 9 de febreiro de 1909, faleceu unha hora despois de ter nacido.

2.- Manuel María de Jesús, naceu o 12 de maio de 1864 e foi bautizado o 15, sendo os seus padriños seu tío don Manuel de Cortes e a súa avoa materna Margarita Baamonde.

3.- ***Manuel de Cortes García*** *(que segue)*

4.- Benigno, presbítero en Razo (Bergantiños). Amante da arqueoloxía descubriu nesa comarca capiteis do século VIII, na igrexa de santa Mariña de Lemaio e unha ara romana na capela de san Roque, próxima á torre de Nogueira en Seavia. Era experto en heráldica e un namorado da poesía.

Manuel de Cortes Garcia*, nacido en Codeseda o 22 de marzo de 1867, bautizado o 25, foi o seu único padriño seu tío don Manuel Cortes, cura de san Pedro de Tenorio. Contraeu matrimonio en Cebreiro, O Pino (A Coruña) o 9 de xaneiro de 1895 con Elvira Otero Barreiro, nacida en Cebreiro o 4 de xullo de 1872. Faleceu Manuel o 11 de decembro de 1897 á idade de 30 anos e a súa esposa o 27 de setembro de 1961 ambos en Codeseda. Deixaron dúas fillas:*

1.- ***Generosa Regina****, (obxecto desta digresión)*

2.- María Generosa Cortes Otero, nacida en Codeseda o 2 de outubro de 1897, contraeu matrimonio o 11 de setembro de 1919 con José Esteban Ferro Cerviño, mestre, nacido en Bos Aires o 3 de agosto de 1893. Faleceron ambos esposos en Pontevedra, José o 20 de agosto de 1982 e a súa esposa o 20 de maio de 1994. Deste matrimonio quedaron sete fillos todos nacidos en Codeseda.

a) María de la Trinidad Ferro Cortes, naceu 11 de maio de 1921. Faleceu célibe o 27 abril de 1943.

b) José, naceu o 22 de xullo de 1923, casou o 16 de xullo de 1955 en Oviñana, Cudillero (Asturias) con Alicia López Álvarez, sendo pais de cinco fillos; Luisa María, Alicia, Elvira, José Fernando e Juan Diego.

c) Luis Manuel Ferro Cortes, naceu 19 de decembro de 1925, contraeu matrimonio en Codeseda o 5 outubro 1950 con Manuela Pego Gómez, quedando sete fillos: María da Trinidade,María Cristina, Luis Manuel, Rafael Gonzalo, Jorge José, María de las Mercedes e Francisco Javier.

d) Manuel, naceu o 18 de agosto de 1928, casándose na capela de A Casela-Lamela (Silleda) o 20 de decembro de 1976 con María do Pilar Ubaldina Blanco Penide. Sen descendencia.

e) María da Concepción, naceu o 11 de setembro de 1930, tivo por esposo a Luis Ramón José Avelino Rubianes Buján casándose o 22 de setembro de 1959 en Paradela de Meis. Tiveron un fillo chamado José Luis.

f) Elvira, naceu o 21 de febreiro de 1933, contraeu matrimonio na igrexa de Santa María a Maior de Pontevedra o 27 de setembro de 1957 con Juan Carlos Ameijeiras Blanco. Tiveron tres fillos, Juan Carlos, Emilia Susana e Mónica Patricia.

g) Rafael Gonzalo, naceu o 21 outubro de 1938, celebrou o matrimonio o 20 de xuño de 1964 no Mosteiro de Poio con Florinda Soto del Rio. Deste matrimonio quedaron tres fillos, María del Mar, Beatriz e Rafael.

A CASA DE SILVA. RIBADULLA (ARNOIS)

A "*Casa e Torre de Ribadulla dos Cabaleiros*"[970], segundo denominación durante os séculos XVIII-XIX, situada no lugar de Ribadulla da parroquia estradense de Arnois, é agora coñecida co nome dos seus históricos propietarios, *casa de Silva*, como vemos no Inventario do Patrimonio Cultural do concello da Estrada (DOG 16/7/1991).



Casa de Silva

A casa de Silva, circundada por un muro e protexida por un portalón, levántase ao fondo dun patio interior. A edificación está composta de varios corpos, por irse ampliando a casa en distintas momentos, de aí que teña varias portas de acceso. Sobre o lintel dalgunha destas portas hai gravados moi erosionados, como a representación de dúas figuras baixo unha pequena cruz de Malta. Unha escaleira exterior pegada á parede leva á primeira planta. Destaca unha parte da edificación chamada a torre, que está adornada cunhas ameas e ten un balcón de madeira sostido por unhas ménsulas de pedra e orientado ao mediodía cara ás terras anexas.

Parte da casa foi feita por Juan de Silva, falecido en 1643, e a súa muller Inés de Remesar, continuando as obras o seu fillo Sebastián da Silva, falecido en 1671, que estaba casado con María Fernández de la Iglesia[971].

Sobre o lintel de dúas portas ábrense unas fendeduras horizontais, que os actuais propietarios interpretan como seteiras para defensa da casa, pero que recordan as que servían para favorecer a saída do fume, cando había lareiras, e que se poden ver en moitas casas.

Acompañan a casa principal outras edificacións secundarias, así como un pombal (agora desaparecido) e un hórreo de oito claros.

970 En 1527 o lugar denominábase *Ribadulla de los Ballesteros*, segundo a arbritaxe Fonseca-Tabora. Cfr. en RODRIGUEZ GONZALEZ, A., *Las fortalezas de la mitra compostelana y los "irmandiños",* ed. Fundación "Pedro Barrié de la Maza conde de Fenosa", 1984

971 ARG. RA. 2865/71

1.- CAPELA



Capela da Virxe da Granada

A carón da casa está a capela, que exteriormente presenta un bo aspecto pero que interiormente está fóra de uso. Don Francisco Fernández de Silva, secretario del Tribunal do Santo Oficio en Llerena (Badaxoz), fixo una fundación baixo a advocación de Nosa Señora da Granada en 1716. Sen embargo, ata 1785 só había un oratorio dentro da casa principal, no que había varias imaxes, a da *Virxe da Granada* con coroa de prata e o neno Xesús nos brazos, un *Santo André*, unha *Santa Ana* e unha pequena *Virxe da Concepción* todas en madeira, así como dous relicarios grandes de prata, unha cruz de bronce e todos os demais ornamentos necesarios para celebrar misa, como cáliz e patena de prata, unha ara, atril, corporais, alba, etc.[972]

Alí dixéronse durante moitos anos as misas que a fundación mandaba e coa aprobación do arcebispado que se lle concedeu a Andrés de Silva. Pero sobre 1784 "*habiendo venido de visita el arzobispo y visitado el oratorio que hay en casa de D. Ramón, y como reconociese la fundación y que faltaba por cumplir lo que en ella se disponía, previno a D. Ramón que hasta en tanto no se cumpliese con lo prevenido en aquella no se celebrase en el lo propio que tiene entendido ha puesto en el Libro de Visita, con cuia novedad el insinuado D. Ramón inmediatamente dio principio a juntar y labrar la piedra, para construir la capilla*"[973].

Pediu entón permiso para facer a obra a nai de dito don Ramón, chamada Bernarda Morales. E así pouco despois Ramón axustou a obra da capela a Vicente do Campo, veciño de Santo André de Somoza, comezando a principios de 1787. Pero nese mesmo ano quedou paralizada a construción, pois D. Ramón tivo que entregar á súa nai a administración dos morgados. Logo a comezos de 1788 morreu Mª Bernarda e a obra por fin puido levarse a cabo.

Un tempo despois de levantar a capela tamén se mandou facer un cruceiro que leva unha inscrición co ano da súa feitura, 1805, e o nome de quen o mandou facer, o capitán Ramón Silva. Chama a atención no pedestal o relevo dun dragón.

O 17 de febreiro de 1850 D. Bonifacio Silva, dono e patrón da capela, dirixiu unha carta ao Arcebispo, polo que sabemos que nela se celebraba misa os días de precepto:

> *[...] Cuya Capilla no tiene mas carga que veinte y quatro misas por el estipendio de dos rrs cada una, dichas por el sacerdote de su elección, por lo que tiene el que expone que suplir hasta los quatro reales por la falta de sacerdotes [...]; mas teniendo que cumplir, o mandar decir en la parroquia, una cantada por la limosna de cinco reales, cinco rezadas por la de dos, y otras cinco por la de dos reales y medio. Suplica se digne mandar que las referidas misas se cumplan en la referida Capilla [...] principalmente en tiempo de aguas, y distancia a la parroquial.*

972 ARG.RA. 12884/16
973 ARG.RA. 12884/16



Relevo de Sta Bárbara


No século XX un incendio arrasou a capela, de aí que desapareceran as imaxes do retablo e tan só se conserva bastante danado un relevo de Santa Bárbara, na que aparece axeonllada presta para recibir o golpe de espada que lle vai dar o soldado, mentres un anxo se prepara para poñerlle unha coroa de flores tralo seu martirio. O relevo coincide polas súas características estilísticas co tempo en que se fixo a capela.

2.- ESCUDO

Sobre o lintel da portada da capela hai un escudo labrado nun bloque de granito de 112x80 cm nunha cartela de forma elíptica coa superficie lixeiramente convexa.

Unha cruz flordelisada fai de partición, estando os diferentes mobles cantonando a cruz, en alusión ao Santo Oficio ao que pertencía ao titular de escudo.

Primeiro cuartel: cruz adestrada dunha palma e sinistrada dunha espada, armas do *Santo Oficio*. Segundo e cuarto: Unha torre cuberta e unhas figuras vexetais iguais afrontadas, relacionadas coa *orde de san Bieito*. Terceiro: Cruz flordelisada, armas do *Santo Oficio da Inquisición*. Ornamentación exterior vexetal de considerable volume, con enrolamentos en xefe e punta, que recordan a pel apergamiñada. Ao timbre, helmo adestrado empenachado coa viseira pechada e con catro grilletas. A gola algo desproporcionada, nun intento de cubrir a maior parte da cartela armoriada.



Escudo da capela. Debuxo de Javier García

Os atributos do Santo Oficio remítenos ao que mandou facer a capela, que foi don Juan Francisco Fernández de Silva, Secretario do Santo Oficio da Inquisición, casado con Josefa Meneses, aínda que fora Ramón Mª de Silva Morales o que levantou a capela.

3.- FÁBRICA DE PAPEL DA BARREIRA

D. Andrés de Silva (Arnois, 1673-1755?) herdou do seu irmán Vicente, do seu tío Andrés de Nodar e do seu cuñado Andrés Jacinto Núñez Castrigo, polo que ao ser dono "*dun solar de casa contigua al Rio de la Barreyra*" pensou instalar nestes terreos unha fábrica de papel. Foi en setembro de 1729 cando Andrés deu poder para presentar ante a Real Xunta de Comercio e demais organismos a solicitude de crear unha fábrica de papel e ao mesmo tempo demandar as exencións fiscais que a Coroa outorgaba co fin de promover a industrialización. Trala oportuna autorización, aínda que coa

oposición de Bartolomé Piombino o propietario da fábrica de papel de Francos (Faramello. Rois), contratou en 1738 a Jacobo Gambino[974], de orixe xenovesa, duns 47 anos e que traballaba na fábrica de Francos (que en 1751 levaba Cristóbal José Bernequé), para facer unha fábrica semellante.

Levantouse a fábrica tras uns dous anos continuos de traballo a excepción de tres meses de inverno en cada ano, empregando diariamente a 40 oficiais de cachotaría. Polas marcas das pedras, parece que moitas delas foron sacadas da antiga torre da Barreira[975]. Fíxose unha fábrica con dúas rodas, oito pías e unha tina (a de Faramello en 1763 tiña 6 rodas e 22 pías). A fábrica constaba de "*tres piezas divididas con pared maestra de cantería labrada y lo mismo la que le circunda, que la primera tiene de largo 16 codos por 17, la segunda 16 por 18 y la tercera...*"[976]. Tamén había una casa próxima onde estaba a cola para o papel e unha caseta para o mazo principal.



Fábrica de papel. Arnois

Comezou a fabricación de papel en 1740-41 coa axuda de dous oficiais, Andrés Conde natural de Dimo (Cordeiro) e Domingo Rarís, traídos tamén da fábrica de Francos. Jacobo, o mestre principal, cobraba 4 reais diarios e os oficiais 3 reais. No primeiro ano fabricábanse 10 resmas diarias que vendían un pouco máis baratas que as de Faramello "*pero al no tener venta a causa de haberse privado la boletería de tabaco y el salario ser corto se marcharon los oficiales*". Buscáronse entón dous homes do país: Domingo do Porto e Benito Batallán a quen se ensinou a fabricar papel e permaneceron durante un ano "*haciendo papel de extraza de marca mayor y menor y algunas resmas para escribir*" pagándolles un real e maila comida. Logo contratou a dous aprendices un chamado Diego e o outro coñecido por "O ardilleiro" a quen se lle pagaba 8 ducados ao ano ademais de comida e cama. Despois veu un fabricante francés e Andrés de Silva despediu a Jacobo Gambino a quen xa só pagaba 2,50 reais. O francés traballou durante un ano e logo ausentouse roubando 60 resmas de papel e vendendo a mercancía na feira do Carballiño. Como quedara algún material amasado D. Andrés chamou a Jacobo para que o traballase e logo a partir de novembro de 1750 a fábrica quedou parada.

A fabrica non chegou nunca a achegarse á meta que Andrés se propuxera, pois pensaba producir ata 30 ou 40 resmas diarias e dar traballo a 20 operarios. Xa sobre o ano 1747 D. Andrés de Silva vendo que a fábrica non daba rendemento, "*brindó al que declara (Jacobo Gambino) para que se la arrendase, que se la dejaría en 400 ducados cada año dándole fianzas suficientes, a lo que le dijo que si tuviera caudal le daría 200, a lo que don Andrés le respondió que si le daba las referidas fianzas le pondría en caudal, sin que despues hubiesen tratado más de la materia...*"[977].

En 1752 e segundo o Catastro do Marqués de Ensenada a fábrica pertencía a seu fillo Andrés Antonio de Silva, que lla tiña arrendado a Tomás Ruxido por 1.400 reais e 12 resmas en papel florete anuais.

Pouco despois, en 1753, quedou sen uso e foi deteriorándose[978] ata que en 1793 foi retomada a actividade da fábrica, máis perfeccionada, polo seu fillo D. Ramón María de Silva, que

974 Jacobo naceu sobre 1691, fillo de Juan Gambino e Sebastiana Gambino, veciños de Voltri (Xénova). Casado en Santa Mariña de Ribasar con María Domínguez, foi o pai de José Gambino, o famoso escultor que fixo as imaxes da capela do pazo de Oca e que trunfou en Compostela, e tamén, entre outros, de Nicolás e Fernando, que se asentaron en Arnois dando lugar a que o apelido Gambino estea hoxe estendido nesta bisbarra.

975 Cfr. *Torre da Barreira*, páx. 21 ss

976 RAG.RA. 14606/7

977 ARG.RA. 14606/7

978 ARG.RA. 12884/16

se proclamaba "*dueño y empresario de la fábrica de papel fino y todas las clases única en este reino*".



Sinatura de Jacobo Gambino, a 22-8-1751

En 1806 figura retirado e por indisposición firma como apoderado o seu fillo D. Vicente María Silva Ozores, herdeiro do morgado, quen a arrendou o 18 de agosto de 1813 a Manuel Porto. Logo pasou a mans do seu fillo Bonifacio Silva Paseiro en 1830 ata que foi mercada sobre 1841 por Ramón Otero Estévez, que vivía na *casa da Mota* en Riobó[979]. Hoxe en día aínda podemos ver o edificio da fábrica en ruínas.

3.- MUÍÑO E PESQUEIRA

En Arnois sobre o Ulla había un muíño e pesqueira que pertencía á casa de Silva de Ribadulla. En 1797 o dono da casa de Silva, Ramón Mª de Silva Morales, tivo un preito[980], porque uns veciños aproveitando que el estaba na guerra en Navarra fixeron un muíño e unha presa, que provocaba a inundación das súas terras e lle impedía a pesca na súa canle. Segundo se declara neste preito, daquela había 20 muíños nun cuarto de legua.

Actualmente está arruinada pero Alfredo Vicenti, refuxiado en Castrotión, deunos a descrición desta pesqueira:

"Este dique, bastante espacioso para que dos hombres puedan recorrerlo de frente y punto menos que a pie enjuto, está destinado a encauzar todo el caudal del río hacia la pesquera de un hidalgo, y es como un puente, a decir verdad, sobrado peligroso, que pone en comunicación entrambas orillas".

4.- XENEALOXÍA

A saga dos Silva podémola retrotraer até ***Gonzalo de Silva Neira*** e a súa muller ***María Canicova***, filla de *Francisco de Canicova* e *Marquesa de Canicova*, veciños do lugar de Casansula en Sarandón[981]. Gonzalo e María eran veciños de san Mamede de Ribadulla, se ben María estando viúva vivía en Ponteulla.

O 8 de agosto de 1587 a Gonzalo arrendáronlles unhas terras na aldea de Silva na freguesía de Sarandón por parte de Gregorio da Silva e Juan da Silva, notario de Santiago, fillos de Juan da Silva e de Francisca do Rego, e sobriños de Marcos de Silva e da súa muller Bibiana de Prol, que eran de familia fidalga.

Gonzalo e María, que eran labradores e non sabían asinar, ademais das terras de Sarandón, tiñan outras en Arnois e en Oca, que mediante testamento[982] llelas deixaron en herdanza a partes iguais a

979 A historia posterior da fábrica pódese ver en: FERNANDEZ CASAL,J., *Fábrica de papel de Riobó*. A Estrada. Miscelánea Histórica e cultural 2004.
980 ARG. RA 11743/12
981 ARG. RA. 20271/82, 2865/71
982 ARG. RA. 20271/82

seus fillos Domingo, Bartolomé e Juan, (pois Bastián, xa morrera), se ben logo estes fixeron algún troco. E así Domingo viviu en Oca, Bartolomé en Sarandón e *Juan* no lugar de *Ribadulla en Arnois*.

Así, pois, Gonzalo de Silva e María Canicova foron pais de:

1.- *Domingo*, pai doutro Domingo, veciño de Oca, que en 1646 chegou a unha concordia co seu curmán Sebastián de Silva, fillo de Juan.
2.- *Bartolomé*, veciño de Sarandón, que o 12 de marzo de 1619 vendeu a seu irmán Juan os bens que herdara en Arnois por corenta e catro ducados ante o escribán Nuño Álvarez de Vaamonde.
3.- *María*, que casou con Juan de Oros.
4.- *Bastián*.
5.- ***Juan*** (*que segue*).



Lareira e forno da casa de Silva

Juan da Silva, que era labrador, estaba casado antes de outubro de 1609 con **Inés de Remesar**, pois nesa data o matrimonio fai unha compra ante o escribán de Oca Juan Vázquez Paseiro. Inés era filla de *Marquesa Sanmartiño* e de *Benito Remesar*, e neta de *Pedro de San Martiño* de Abelao e de *Teresa Pérez Reimóndez*, posiblemente irmá de Bartolomé Reimóndez Figueroa, fundador da capela de Castrotión[983].

Inés, que ao parecer non aportou propiedades ao matrimonio, era natural de Castrotión, irmá de *Pedro de Remesar* e de *María de Remesar* que estaba casada e cun fillo chamado Benito de Pazos. Dito Pedro, que era cura na cidade de Santiago, tiña rendas en Remesar, Oca e Riobó entre outras, e vendeu por 100 ducados toda a súa herdanza recibida por parte de seus pais e avós a seu cuñado Juan de Silva o 20 de maio de 1612 ante Bartolomé Reimóndez, escribán de Ponteulla. Pedro outorgou testamento ante o escribán Andrés González Villamoure o 28 de decembro de 1648, deixando como usufrutuarias mentres vivisen a *María de Silva*, casada con Marcos Fundado, e á súa filla María Fundada, pero como herdeiro a *Bastián de Silva*, o seu sobriño, e á súa descendencia coa obriga de dúas misas na igrexa de Oca[984].

Juan da Silva mercou varias leiras, a chousa da Besada do Valo, as leiras de Filgueiras e a de Lamas, das que tomou posesión o 17 de marzo de 1610 ante o escribán don Bartolomé Reimóndez. E o 18 de febreiro de 1610 mercou a un xastre compostelán unha casa por 24 ducados no lugar de Moimenta (Arnois), de onde eran veciños. Tamén traballaba terras que eran propias da "*tenencia de la Vega*" durante os anos 1608 a 1613 e seguramente continuou[985].

Logo Juan casou outra vez, pero non menciona o nome da muller na escritura de testamento[986], que outorgou o 25 de outubro de 1636 ante o escribán Pedro Núñez de Ventosa deixando vinculados os seus bens en favor do seu fillo Bastián, pois levaba "*dieciseis años trabajando con el en casa, excusándole mozos de soldada, el cual no objetó cuando dotó a sus hijas*". Por iso xa lle deixa en vida a metade do lugar en que vive en Arnois, a metade do lugar que tiña en Moimenta, en San Miguel de Castro e en Oca, baixo a condición de dicir seis misas anuais en Arnois ou en Sarandón. Entre as testemuñas da escritura están Andrés Fernández de Deza, patrón de Cervaña,

983 Cfr. *Casa de Quiñones ou dos Reimóndez Figueroa*, páx. 411 ss
984 ARG. RA. 2865/71
985 ACS. P. 152 fols. 169r-170r
986 ARG. RA. 11743/12

e o escribán Rodrigo de Silva. Os fillos non se opuxeron, pero cando morreron chegaron a un preito para facer as partillas[987]. Juan morreu o 14 de outubro de 1643.

Juan e Inés de Remesar foron os pais de:

1.- *María*, que casou o 7 de agosto de 1627 con Gregorio Caldelas, fillo de Juan Fernández de Caldelas e Madalena de Caldelas, veciños de Ponteulla, estando de testemuña o comisario Silva reitor de Sta. Mariña de Ribeira. Fixeron as velacións o 7 de agosto de 1631. Gregorio de viúvo casou con Ana Nicos, filla de Alonso e Florencia de Nicos.

2.- **Sebastián de Silva** (*que segue*)

3.- *Jacinta*, bautizada polo cura Alonso de Silva o 3 de xuño de 1613, tivo por padriños a Juan do Porto, veciño de Curantes, e María de Remesar, veciña de Riobó. Casou con *Juan de Vieiro*, veciño de Sar, e tiveron catro fillos: *Inés Vieiro* que casou con Gabriel Munín, con descendencia, *Juan Vieiro* "o mozo" que casou con María Álvarez, *Ángela Vieiro* que casou con Jácome Álvarez e *Marina Vieiro* que casou con Pedro Torrente.

4.- *Inés*, foi bautizada o 8 de marzo de 1619, sendo os padriños o escribán de Ponteulla don Nuno Álvarez e María Nicos, veciña de S. Miguel de Castro. O 4 de agosto de 1836 foi dotada ante Domingo Abad para casar con Bértolo Gordo Gómez, fillo de Bartolomé e de Antonia Gómez do Fontao. O dote da noiva consistiu en vestidos, roupa e diversos mobles e utensilios para a casa, 24 ducados en cartos, 2 bois e 6 vacas, 3 ducias de cabras e ovellas e unhas rendas duns 60 ferrados de centeo e algún de millo e trigo. A partida de casamento e velacións dinos que a voda foi realizada o 27 de xaneiro de 1637. Foron veciños de Sar. Inés chegou a unha concordia pola herdanza de seus pais co seu irmán Sebastián ante o escribán Amaro de Casteleiros, veciño de San Pedro de Salgueiros. Inés outorgou testamento ante o escribán compostelán Juan Martínez de Sea.

5,6.7.- *Juan, Jacinto* e *María Juana*. Nacidos nun só parto, foron bautizados o 27 de xaneiro de 1623, sendo os padriños dos nenos Benito de Orosa e Catalina do Couto, e os da nena Alonso Nicos e Dominga Besteira, pero só Juana chegou á idade adulta. Casou esta co alférez Agustín Lareo, veciño de Piloño, que o 27 de xuño de 1651 pediu a quinta parte dos bens dos seus sogros, por ser Juana unha dos cinco fillos de Juan e Inés Remesar. Agustín chegou a unha concordia ante Andrés González de Soto co seu cuñado Sebastián, quen lle deu diversas rendas.

Sebastián de Silva, foi bautizado en Arnois o 22 de xaneiro de 1610, tendo por padriños a Alonso Gómez e Catalina do Couto.

Sebastián, chamado habitualmente Bastián, en 1636 aceptou mediante escritura o vínculo fundado polo seu pai, onde se di que traballaba como labrego e non a firmou por non saber.

Casou sobre 1636 con *María Fernández de la Iglesia*, da casa da Senra en Escuadro, que era irmá de Ana, a segunda muller de Esteban Reimóndez Figueroa, patrón da capela de Santa María de Castrotión[988]. Logo casou con *Dominga Cereixa*, da que non tivo fillos.

Foron Sebastián e María os que fabricaron o cuarto da casa chamado a torre e un lagar que estaba pegado ao de pedra pola parte da eira. En Bruñido tamén construíron unha casa. Tiñan varios criados, como Juan de Rendo ou María Ana, que morreron o primeiro en 1661 e a segunda en 1668.

En 1649 fixeron foro de herdades pertencentes á tenencia "*de la Vega*" e dunha casa no lugar dos Golmados (Arnois) que pertencía a Esteban Reimóndez Figueroa, o cuñado de María[989].

987 ARG. RA. 9527/64

988 *Cfr. Casa de Quiñones ou dos Reimóndez Figueroa*. Páx. 420 ss.

989 ACS P 191 fols. 300r-301v

Déronlles ás súas fillas un dote equivalente, que consistiu en tres ou catro vacas, unha porca, algunha cabra, un caldeiro de cobre, 4 mantas, 4 sabas e almofadas, 4 manteis e 4 "*servilletas de tripa de vaca*" e algunhas rendas, sexa ferrados de centeo ou canados de viño, e por último unha taza de prata por valor de 100 reais[990].

María finou en 1671 e Sebastián faleceu "*de repente de hipoplexía*" o 14 de xullo de 1679. Dous meses despois comezou un preito[991] entre os seus fillos polas partillas xa que o fillo maior Juan reclamaba diversos bens como vinculares. Do primeiro matrimonio naceron dez fillos:

1.- *Inés de Silva*, nacida o 4 de agosto de 1636, casou con *Gregorio Collazo* e foron veciños de Oca. Foron fillos seus *Pedro, Tomé, Benita* que casou con Antonio de Remesar (pais de Alberto) e *María Collazo* que casou con Domingo Gómez.

2.- *Catalina de Silva*, que foi bautizada 7 de outubro de 1637, tendo por padriños a Andrés Fernández de Deza, patrón de Cervaña, e a Catalina de la Iglesia aos que "*examiné en la doctrina y la sabían*" di o cura.

Uniuse en matrimonio con *Antonio Reimóndez Figueroa*, fillo do citado Esteban Reimóndez, patrón da fundación de Castrotión. Tiveron oito fillos en Oca chamados Sebastián –o vinculeiro-, Ángela (que tivo un fillo de solteira con Juan Gayoso[992], dono do *pazo de Oca*), Mª Antonia, Silvestra, Ignacio Antonio, Francisca, Bartolomé e Juan.

3.- **Juan de Silva** (*que segue*)

4.- *Juana*, bautizada o 4 de febreiro de 1643 tendo por padriño a Bartolomé de Silva, veciño de Oca. Casou o 20 de febreiro de 1667 con *Gregorio Brey*, fillo de Pedro e Inés de Festa, veciños de Ancorados, onde viviu o novo matrimonio. Tiveron por fillos a *María, Antonia, Isabel, Andresa* e *Tomás de Brei*.

5.- *María*, bautizada o 20 de marzo de 1648. Seguramente morreu de nena, pois máis adiante só se fala de nove irmáns.

6.- *Andrés*, bautizado o 12 de febreiro de 1653, tendo por padriños a Andrés López de Neira e Rosa das Seixas, veciños de Ponteulla. Casou con *Dominga Bibián*, filla de Pedro, veciño de Moalde, e tiveron por fillas a *María, Dominga* e *Rosa da Silva*. Morreu antes que seus pais.

7.- *Domingos*, bautizado en 1654 pero o cura non o asentou. Os padriños foran Alonso Nicos, desta freguesía, e Antonia Masía, veciña de Oca. Casou con *Elena López*, e foron veciños de Piloño onde tiveron varios fillos: *Aniceto* (17/4/1689), *Gregorio* (25/10/1690), *José, Juliana* casada con Francisco Rey (finado en 1772), *Juana* e *Josefa*.

8.- *Francisco de Silva Fernández* (ou Fernández de Silva), foi bautizado o 27 de xaneiro de 1656 tendo por padriños a Pedro Fernández de Senra, familiar do Santo Oficio, e a Catalina Fernández de la Iglesia, a súa muller, veciños de Escuadro onde fundaron o morgado da *casa da Senra*.

En 1678 foi ordenado de prima e grado. En 1684 era porteiro e axudante dos cárceres da Santa Inquisición de Toledo. E como tiña preitos polos bens dos seus pais, deu poder ao cura de Oca o 12 de setembro ante Andrés de Nodar, para que o representase.

O 29 de outubro de 1699 Francisco, "*secretario del secreto de la Santa Inquisición*" de Llerena e veciño de Llerena, como non tiña sucesores se ben estaba casado con *Josefa Meneses*, fixo doazón[993] a seu irmán maior Juan Fernández de Silva da súa lexítima que lle pertencía polos seus pais Bastián de Silva e María Fernández, como un dos seus nove fillos, e déixalla en forma de vínculo agregándoa ao morgado feito por Juan de Silva "o vello", seu avó, reservándose o usufruto.

O 23 de abril de 1711 cedeu ante Simón Rodríguez unhas terras de 54 fanegas de cebada á confraría da Nª Sra. da Granada en Llerena a cambio de que rezasen por el un responso cantado o último día da oitava e que o anotasen no libro de benfeitores. E trala súa morte deuse copia o 28 de decembro de 1716 a seu sobriño Andrés de Silva.

990 ARG.RA. 2865/71
991 ARG.RA. 2865/71
992 Cfr. *Pazo de Oca*. Páx. 130 ss
993 AHPPo Protocolos de Andrés de Nodar

Francisco fixo testamento en Santiago o 11 de decembro de 1716 ante Pedro Rodríguez. Deixaba un "cortijo" chamado *Casas Blancas* nas aforas de Llerena e unha casa na rúa Santa Ana.

9.- *Jacinta*, casou o 2 de xullo de 1673 con *Alonso Peiteado*, escribán de S.M., fillo de Juan e María Nicos, veciños de Santa Cruz de Ribadulla. Tiveron unha filla, *María*, bautizada en Arnois o 12 de febreiro de 1678. Logo casou con *Pedro de Caldelas*.

10.- *Antonia de Silva*, casou o 13 de febreiro de 1669 con *Blas Munín*, fillo de Roque e Catalina Calva. Tiveron por fillos a *Juan, Domingo, Ignacio* –veciños de Sar-, *Antonio* -carpinteiro e veciño de Santiago- e a *María*, que casou con Domingo de Rozas, veciños de Sar. Blas, viúvo, casou 11 de outubro de 1679 con María Pérez Nodar, filla de Roque e María.

Juan de Silva casou o 19 de novembro de 1669 con **María de Nodar**, viúva, pois xa casara con Roque Pérez de quen tivera por filla a *María*. María de Nodar era filla de *Domingo de Nodar* e de *Marina de Nodar*, e neta de Juan de Nodar e de Mª Inés Darriba, veciños de Santa Mariña de Ribela e ela natural de Millerada[994].

María tiña como irmán ao escribán *Andrés de Nodar*, nacido o 19 de marzo de 1642, quen o 9 de agosto de 1717 outorgou testamento en favor do seu sobriño Andrés ante o escribán Santiago Silva Piñeiro, facendo vínculo dos seus bens que comprendían a casa en que vivía en Ribadulla (Arnois), outras en Oca e A Mota e rendas en diversos lugares como Tarrío e Ancorados.

En 1670 Juan era familiar e notario do Santo Oficio e veciño de San Xiao de Arnois. Ampliou as súas propiedades mediante foros e subforos[995]. Así o 9 de agosto de 1670 Juan Gayoso Mendoza, señor de Oca, aforou a Juan de Silva o lugar de Rosendo en San Cristovo de Merín no Ulla por seis ferrados de centeo (é dicir, unha fanega) a pagar na súa casa de Santiago.



Cama do s.XVII. Casa de Silva

O 2 de abril de 1691 Juan fixo unha agregación[996] ao vínculo do **seu avó Juan de Silva**. O seu avó fixera vínculo da metade do lugar de Silva (Arnois), onde vivía, con gravame dunhas misas. El agrega as casas e cortes e as súas torres, os agros, a devesa de Altamira, un muíño e os bens da súa muller María de Nodar quen lle da licenza e agrega a mellora de seus bens mobles e raíces e coa condición que todos os patróns que sucedesen agreguen a terceira parte dos seus bens. Tamén di que os bens de Ribadulla son propios "*diezmo a Dios*" e nomea como primeiro patrón á súa muller María Nodar e logo a seu fillo **José da Silva**, o seu fillo maior, e logo de grado en grado aos demais preferindo o varón...

994 ARG.RA. 9527/64, 4117/17
995 AHPPo Protocolos de Andrés de Nodar
996 AHPPo Protocolos de Andrés de Nodar.

María Nodar fixo testamento[997] o 5 de xaneiro de 1715 ante o escribán Antonio Suárez, no que di que os bens quedan a repartir entre os seus fillos, excepto a casa principal con todo o anexo que deixa a seu fillo Andrés en forma de vínculo e agregándoo ao vínculo que deixara o seu irmán Andrés de Nodar e ao que fundara Juan de Silva "o vello", bisavó dos seus fillos. María morreu tres días despois.

Froito do matrimonio foron:

1.- *José de Silva*, bautizado en Arnois o 20 de maio de 1665 tendo por padriños aos avós paternos. Casou con *Lorenza*, e viviron en Arnois onde tiveron a *Mª Andresa* o 15 de xaneiro de 1711, que tivo por padriños a Andrés e María de Nodar.
En 1710 foi denunciado polo seu curmán Ignacio Reimóndez Figueroa por unha liorta que tiveron ao ver que molestaba a seu tío Andrés de Nodar. José morreu o 30 de marzo de 1711, pasando o vínculo a seu irmán Andrés, pois Vicente era clérigo.

2.- *Vicente*, bautizado o 23 de marzo de 1667 tendo por padriños a Amaro de Rendo, veciño de Berres, e a Susana Pazos, veciña de Sta. Cruz de Ribadulla. En 1715 estaba de cóengo na colexiata de Sar.

3.- *Roque*, bautizado o 21 de agosto de 1669. Seguramente morreu de neno.

4.- *Francisca*, bautizada o 9 de marzo de 1671 sendo o seu padriño Gregorio de Parada, veciño de San Mamed de Ribadulla.

5.- *Andrés Antonio* bautizado o 11 de maio de 1673, sendo os padriños os seus tíos Andrés de Nodar e Juana de Silva. Debeu morrer pouco despois.

6.- *Andrés*, bautizado o 10 de setembro de 1674. Á marxe pon: "*murió luego*".

7.- *Jacinta*, bautizado o 2 de xaneiro de 1676 tendo por padriños don Bartolomé Sánchez Baamonde e Jacinta de Silva. Casou con *Pedro Caldelas* e tiveron unha filla, *Rafaela*, o 24 de outubro de 1688 tendo por padriños a Andrés de Nodar e Juana de Silva, tía da nai da bautizada e veciña de Ancorados. Puxo demanda de estupro contra o cura de Arnois don Diego de Novoa e Araujo, se ben, xa casada de novo, apartouse do preito[998]. Logo casou con *Juan Miguez*, estañador, veciño de san Bieito do Campo, viúvo de Dominga de Carregal con quen tivo por fillos a *Manuel* e a *Juan*.

8.- *Sebastián Antonio*, bautizado o 4 de maio de 1678 tendo por padriños a seu avó Bastián Silva e a Dominga Cereixa, a segunda muller de Bastián.

9.- *María Antonia*.

10.- **Andrés Antonio** (*que segue*)

11, 12.- *Andrés* e *Agostiño*, xemelgos, bautizados o 7 de xaneiro de 1683, morreron logo.

13.- *Rosendo*, bautizado o 29 de febreiro de 1684.

Andrés Antonio de Silva foi bautizado o 6 e marzo de 1681, tendo por padriños a Andrés de Nodar e a Mª Gómez de Nodar, curmá do bautizado.

Antes de casar tivo catro fillas de Isabel Gómez, moza solteira e veciña de Arnois, a quen lle dera palabra de casamento. As tres primeiras morreron pronto pero non así a última, *Juana Andrea*, que foi bautizada o 7 de maio de 1715 na parroquia de Nª Sra. Virxe do Camiño en Santiago. Andrés déralle a Isabel unha cantidade por alimentos para as fillas mediante escritura pública o 3 de setembro de 1714 ante Antonio García de Camaño, antes de ter a última filla, pero logo Isabel pediulle máis cartos e el ofreceulle 8 ducados máis, pero ao pouco ela pedía 500 reais máis para alimentos e por terlle arruinado o creto, e acabou denunciándoo[999].

Juana Andrea, a filla que sobreviviu, casou con Ventura Loureiro, e en 1758 participou nas partillas dos bens do seu pai e logo, tralo preito e como non tiña descendencia, o 26 de xuño de 1784 ante o

997 ARG.RA. 11743/12
998 AHUS Protocolos de Pedro Vázquez, 1702, pax. 295.
999 ARG.RA 2921/21

escribán Jacobo Ferro cedeulle todos os seus dereitos sobre a herdanza a seu sobriño Ramón Mª Silva Morales a cambio de 200 reais mentres vivisen ela ou o seu marido, e pedíndolle por adiantado os cartos de cinco anos e que, se eles morresen antes, Ramón Mª non llelos podería reclamar aos herdeiros.

Andrés en 1713 comproulle á súa irmá Jacinta a lexítima paterna por 1.100 reais, e outras herdades que tiña en Ribadulla e no Bruñido por 8.500 reais[1000].

Casou con ***Mariana Núñez de Castrigo Sanmamed***, nacida en 1692, natural de Santiago, filla do "prateiro de ouro" *Antonio de Castrigo Sanmamed*[1001], veciño da parroquia compostelá de santo André, natural do lugar de Castrigo en Ortoño, e da súa terceira muller *María Núñez (de Castro) Varela*, de San Miguel de Cora, e neta por liña paterna de Gregorio Castrigo Sanmamed e de María Gómez Ortiz, oriunda de San Vicente de Aro (Negreira), e neta por liña materna do escribán de Cora don *Jacobo Núñez de Castro* e de *Isabel García Varela*, da *casa de Barcia*[1002] en Cora. Mariana, ou máis ben o seu avó Gregorio, era parente bastante próxima do bispo de Quito Ilmo. Alonso de la Peña Montenegro.

Mariana foi dotada[1003] o 19 de agosto de 1714 polo seu medio-irmán Andrés Jacinto Castrigo Moscoso, cura de Ames e san Cristovo de Papia, e pola súa irmá Rosa que estaba casada[1004] co doutor Ignacio Pereira e Moscoso, catedrático de Univesidade e avogado da Real Audiencia, fillo de Alvaro Pereira de Moscoso e de Gregoria Josefa de Puga, veciños de Critiñán (diocese de Tui). Ofreceron de dote 33.000 reais, ademais dos 300 ducados que lle deixara seu pai o 17 de maio de 1700 ante o escribán Pedro Vázquez e de roupa por valor de 4.000 reais que ofreceu Andrés Jacinto.

Andrés Antonio de Silva morreu sobre 1755 e tivo por fillos lexítimos a:

1.- *Mariana Agustina*, bautizada o 28 de agosto de 1716, tivo por padriño a Andrés de Nodar.
2.- **Andrés Antonio de Silva** (*que segue*)
3.- *Ramón Antonio Vicente*, naceu o 4 e bautizouse o 6 de xullo de 1722.
4.- *Bernardina de Silva*, foi bautizada o 19 de xuño de 1723. Ingresou o 4 de febreiro de 1750 no convento de Santa Clara en Santiago, do que chegou a ser abadesa. Un ano despois o 25 de xuño de 1751 ante o escribán Domingo Antonio Cernadas renunciou á súa lexitima a favor de seus pais e despois en súa irmá Isabel Rosalía a cambio dunha renda vitalicia de 200 reais anuais e un touciño[1005].
5.- *Juan Manuel de Silva*, nacido o 17 de decembro de 1724 e bautizado o 20. En 1775 Juan de Silva xunto co seu irmán Julián e outros membros da familia pediu certos bens libres dos Reimóndez Figueroa por ser da liña de Catalina Silva, chegando a unha concordia con Mª Manuela Reimóndez de la Barrera, herdeira de Benito Gonzalez, cura de Feás no padroado da capela de Castrotión[1006].
Casou con *Rosa Martínez Sindín*, filla de Antonio e de Dominga. Finou o 15 de novembro de 1786, outorgando testamento ante Jorge Antonio Nogueira.
Tiveron un fillo, *Juan Manuel*, nacido o 27 de abril de 1784 e que casou con Mª Benita Castroverde, natural de Vedra, se ben foron veciños de Oca, onde morreu Juan Manuel o 25 de febreiro de 1862 tendo outorgado testamento[1007] o 2 de decembro de 1861.
6.- *Jacinto Faustino*, que foi bautizado o 15 de febreiro de 1726, sendo o padriño Jacinto Castrigo, cura de Ames. Xesuita, foi desterrado por Carlos III en Bolonia o 13 de xaneiro de 1777.

1000 AHUS. Protocolos de Simón Rodríguez .
1001 AHUS. Testamento ante Pedro Vázquez, 17-5-1700, páx. 117, A Mariana deixoulle 300 ducados ademáis da lexítima. *Antonio de Castrigo* casou primeiro con María García, sen sucesión, de segundas nupcias con Ana de Moscoso e Sotomayor, con fillos: José Antonio, o vinculeiro e veciño de Brión, e a Andrés Jacinto, que emigrou a Valencia.
1002 Cfr. Páx. 244
1003 AHUS. Protocolos de Simón Rodríguez
1004 AHUS, Nacida en 1684, os seus exponsais o 14/7/1701 ante Pedro Vázquez, páx. 285.
1005 ARG. RA 24878/14
1006 Cfr.: *Casa de Quiñones ou dos Reimóndez Figueroa*, páx. 430 ss
1007 AHPPo. Protocolos de Manuel Santamarina.

7.- *Julián de Silva*, nacido o 9 de xaneiro de 1731, foi bautizado dous días despois. Morreu o 15 de outubro de 1782, tendo feito outro testamento ante Francisco Antonio Clemente, escribán de San Mamede de Ribadulla.

8.- *Mª Andrea Micaela*, bautizada o 15 de febreiro de 1732. Finou pronto.

9.- *Isabel Rosalía de Silva*. Cando o 25 de febreiro de 1758 se fixeron as partillas da herdanza dos seus pais, a ela asignóuselle 4.000 ducados co seu consentimento. Celebrou os esponsais en 1763 con *Pedro Gil de Ribera*, fillo de Bernardo Gil de Araújo e de Josefa Ribera, veciños de Freixo (Crecente). Fixeron as capitulacións matrimoniais o 27 de maio de 1763 polas que ela aportaba 44.000 reais (4.000 ducados) que servirían para que Pedro pagara a débeda que tiña e así liberar os bens que estaban hipotecados, herdanza do seu irmán Fernando maxistral da colexiata de Iria Flavia. Por iso Pedro ofrecía a Isabel a décima parte deses bens que estaban situados en Caldas de Reis[1008].

Sen descendencia, outorgou testamento o 18 de setembro de 1784 ante Miguel de Cruces deixando como usufrutuario a seu marido e unindo os seus bens ao morgado fundado por Juan Silva o maior, e que agora tiña Ramón María de Silva e en caso que este non tivese descendencia quería quen herdase o seu irmán Juan Manuel ou os seus herdeiros, e se non, na liña dos Barreiros os seus parentes.

Andrés Antonio de Silva. Naceu o 10 de abril de 1720 e foi bautizado ao día seguinte en Arnois, tendo por padriños a Andrés de Nodar e Rosa Castrigo, veciña de Santiago e muller do doutor Ignacio Pereira, asistente e Xustiza maior de Santiago.

Xunto cos seus irmáns Juan Manuel e Julián en 1764 negouse a pagar os tributos e gabelas que lle pedían, alegando que era fidalgo. Finalmente para non meterse en preitos e por consello do xuíz de Tabeirós acordaron pagar 12 reais anualmente[1009]. Foron testemuñas deste acordo os irmáns Nicolás e Fernando Gambino.

Seu pai tratou o casamento de Andrés Antonio estudando as diversas ofertas. Tratou con Pedro Sánchez de Ardeleiros, dono da casa e torres de Road, que ofrecía 6.000 ducados de dote para casar a súa irmá. Tamén tratou co Bernardino Núñez de la Fuente, cura de San Fiz de Estacas no Salnés, que tiña unha irmá sucesora no vínculo e un dote de 6.000 ducados, pero non o fixo porque Andrés estaba pendente de dotar as súas fillas para profesar como monxas. Tamén lle ofreceron casar cunha moza de Padrón sobriña do bispo de Quito Alonso de la Peña Montenegro, que tiña 4.000 ducados de dote, pero Andrés pedía 8.000. Por iso, aceptou outra oferta que lle deu a coñecer un franciscano de Santiago pero natural de Arnois, quen lle informou que a sobriña do cura de Calo ía ser sucesora dun vínculo en Bouzas que importaba máis de 500 ducados e tiña un dote de 6.000 ducados, ademais o matrimonio quedaría a vivir na casa do cura quen tamén lle ofrecía 1.500 ducados para o dote das súas fillas Bernardina e Rosalía. Andrés aceptou esta oferta en contra da opinión da súa muller.

Andrés Antonio casou, pois, en Calo o 30 de novembro de 1748 con **Mª Bernarda Morales Sequeiros e Araújo Cornide**, filla de José Benito Morales e Sequeiros[1010] e Bernarda Antonia Araujo e Salgado, e neta do capitán da Real Armada Francisco Morales e Josefa Sequeiros Sotomayor e Sequeiros. Mª Bernarda tiña un tío, chamado Manuel Morales, que era mordomo do Real Hospital de Santiago.

1008 ARG.RA. 24878/14

1009 ARG. Protocolos 3456

1010 Avós: Francisco Morales e Josefa Sequeiros. Segundos avós: Rodrigo Sequeiros Sotomayor e María Sequeiros. Terceiros: Rodrigo de Sequeiros de Benavides e María Veloso de Sotomayor. Cuartos: Bartolomé de Sequeiros Pereira e Silva, irmán do I Conde de Priegue. Quintos: Rodrigo de Sequeiros, señor da casa de Silva en Portugal e Magdalena de Faria e Acevedo (ARG.RA 24498/1, 20409/37).

Mª Bernarda dicía que recibiu un dote de 6.000 ducados, se ben o seu fillo rebaixaba a cifra a 2.500, é máis, di que 1.000 ducados non foron entregados. A realidade é que o día da voda foi dotada polo seu tío cura de San Xoán de Calo, pois seu pai xa morrera e a súa nai vivía na casa do cura. Na escritura de dote feita ante Simón Framil don Andrés de Silva ofrecía 3.320 reais por arras a entregar a Mª Bernarda e 1.000 reais anuais vitalicios por alimentos a pagar a partir de xuño de 1749. E se querían independizarse ofrecíalle os bens do morgado, a condición de ter acomodadas a Bernardina e Rosalía, que tiñan a intención de ser monxas, e de cesar na obriga de darlle os 1000 reais. Por parte do cura, Ramón Morales Sequeiros, ofrecía 2.500 ducados, 1.000 ao casar, e 750 ao tomar estado Bernardina e outros tantos ao tomar estado Rosalía.

Poucos meses despois, en marzo de 1749 morreu o seu tío cura e Mª Bernarda herdou o vínculo de Bouzas (Vigo), fundado polo seu tío-avó Benito Sequeiros e a súa muller Ana Mariño, e en novembro dese ano xa cun fillo demandou a seus sogros por non cumprir co dote prometido, pois dicía que non tiña medios para vivir segundo a súa condición. Ao non acceder estes pois aínda non tomaran estado as fillas, Andrés Antonio o 5 de febreiro de 1750 gañou despacho para embargar as rendas do pai. Andrés accedeu a pagarlle os 1.000 reais, aínda que esixía que se lle pagase o dote para as súas fillas monxas, pero o fillo entón pedía 2.000 reais anuais. Ao mes seguinte a nora, Mª Bernarda, que era unha argallante, ofreceulle ao sogro darlle 700 ducados anuais a cambio de que lle cedera todos os bens. Pero Andrés non quería cederlle os bens "*que me costaron mucho desvelo*" pois tiña medo que os desbarataran e descoidaran como os que tiñan en Bouzas.



Escudo capela da Granada

E cando morreron seus sogros, repartiron os bens entre os irmáns, pero houbo un preito que Mª Bernarda a muller de Andrés se empeñou en alongar. E así tivo durante a súa vida cantidade de preitos, pois era ela quen mandaba na casa[1011]. Ademais seu fillo acusouna de non coidar os seus bens, de deixar arruinar a fábrica de papel, de favorecer a dubidosas amizades, como uns veciños aos que trataba como se fosen fillos, pagándolles os gastos e *dándolle chocolate a pesar de que eran xente vulgar*, e ademais eles vendíanlle os froitos (millo, viño, queixo,etc.) no seu proveito.

Por outra banda Mª Bernarda herdou do seu tío Francisco Morales Sequeiros que era cura en San Xoán de Calo e que fixo unha fundación cando outorgou testamento ante Simón Framil o 2 de outubro de 1748. Tamén herdou os vínculos e morgados da familia que fundaron en Bouzas don Rodrigo Benavides o 29 de xuño de 1631, e os dos irmáns Benita e Josefa Sequeiros ante Pedro de Mandaio Figueroa.

Viviron compartindo residencia tanto en Ribadulla como na bisbarra de Vigo, onde Mª Bernarda tiña os bens herdados da súa familia.

En 1767 Andrés e os seus irmáns disputaron cos netos de María Pérez – filla do primeiro matrimonio da súa bisavoa María Nodar-, entre eles, Marina Pazos Callobre que estaba casada con Jacobo Otero, da casa da Mota, pois non estaban de acordo co troco que fixeran Andrés de Silva "o vello" e Francisco de Pazos xunto coa súa muller Mariana Callobre.

En 1785 Bernarda, xa viúva, tiña unhas rendas líquidas en Ribadulla de 4.136 reais. A maior parte das rendas eran forais, se ben tamén tiña outras por arrendamento. Cobraba 34 ferrados de trigo, 244 de

1011 ARG.RA 14606/7, 12305/9, 12884/16, 13897/41

centeo, así como algunhas cantidades menores en viño, capóns e en metálico. Entre os foreiros estaba Jacobo Otero, dono da casa da Mota (Riobó) quen lle pagaba nove ferrados de centeo e dous capóns.

Andrés foi sepultado o 1 de decembro de 1778. A continuación comezou un preito entre o fillo e a súa nai pola administración dos morgados, polo que Bernarda en 1784 marchou a vivir a Riamonde deixando os seus bens mobles, que logo solicitou por vía xudicial[1012]. A xustiza privoulle a ela da administración dos seus bens, pero logo conseguiu recuperala, se ben a cambio tivo que dar fianzas o 16 de marzo de 1787 ante Bonifacio Paseiro para darlle a seu fillo 300 ducados por alimentos. E tres meses máis tarde, o 14 de xuño e ante o mesmo escribán, outorgou testamento. Nel di que consta en 1773 ante Pedro Arén e en 1781 ante P. Antonio Carbón os moitos bens que ela aportou ao matrimonio. Por outra banda deixa encargadas numerosas misas, esmolas, pago de débedas, diversas doazóns, e o sobrante déixallo ao fillo.

María fixo o seu úñtimo testamento o 7 de xaneiro de 1788 ante José Antonio Mallo e foi sepultada dous días despois.

Tiveron un único fillo, **Ramón María** (*que segue*).

Ramón María de Silva Morales. Naceu o 8 de setembro de 1749 e foi bautizado dous días máis tarde na parroquia de Salomé en Santiago cos nomes de *Ramón María Andrés Bernardo* tendo por padriños a seu avó Andrés Silva e á súa avoa Bernarda Araújo, veciña desta parroquia.

De rapaciño estivo oito meses en Santiago aprendendo a tocar o violín, pero logo a nai levouno para Arnois. Foi capitán de granadeiros do Rexemento provincial de Santiago, patrón in solidum da Capela de Nosa Señora de la Granada, dono e director da Real Fábrica da Barreira, "*Secretario de Millones e Notario de Reynos y señoríos de España*", sendo esta fábrica…*única de papel fino cartones y todas clases en este Reyno*… considerada Real e polo tanto os seus operarios exentos de servir no Exército e Milicias e de cargas do concello. Tamén loitou no exército en Navarra desde 1794 a 1800.

Con motivo da invasión francesa fixo donativo de más de 56.000 reais en efectivo e crecida partida de papel e tamén cedeu unha casa sita na Porta da Mámoa en Santiago (hoxe Orfas, esquina a Entremurallas) para hospedaxe de tropas.

Tratou de casar con María Aurora Ozores, filla segunda do conde de Priegue, se ben logo casou coa súa irmá Francisca de Borja de Ozores Ponce de León, filla de *Juan Antonio Ozores e Verea de Aguiar*, VI conde de Priegue, e da súa primeira muller Manuela Ponce de León. Francisca fora bautizada en Sta Mª do Camiño (Santiago) o 10 de setembro de 1760 co nome de *Francisca Faustina María de la Aurora*, tendo por padriños ao abade de Salcidos don Juan Ponce de León e á súa avoa materna Micaela Francisca.

Xunto coa súa irmá Manuela, Francisca recibiu formación no convento da Ensinanza en Santiago desde o 12 de xaneiro de 1776 até o 23 de setembro de 1780. Aportou como dote a cantidade de cinco mil ducados, 4.000 que lle entregou seu pai e seu irmán, e os outros mil ducados restantes dona Juana Ozores Ponce de León (casada con Ventura Diego Naharro), a súa irmá primoxénita e que herdara uns morgados por parte da súa nai. Pero pouco despois en 1783 Ramón María púxolle un preito á súa cuñada Jacoba pois pretendía que lle dera un dote a Francisca.

A razón era que cando se fixeron o 18 de setembro de 1773 as capitulacións matrimoniais entre Jacoba e José Quiroga Cedrón asinouse o compromiso de dotar ás súas irmás solteiras se seu pai conseguía para ela os morgados de Oza e Bértoa que fundaran o 25 de abril de 1526 Teresa de Castro e o seu marido García Prego de Montaos. Como en efecto en setembro de 1772 tomou

1012 ARG.RA 12884/16

posesión dese morgado, debía dotar ás súas irmás. Alegou en contra que ela tiña 17 anos (aínda non os cumprira) e que era deber do pai dotar ás fillas. O conde de Priegue en realidade tiña unha facenda en precario pois tiña que pagar por mandato xudicial á súa irmá Jacoba 3.000 ducados anuais, 1.000 ao cabido de Santiago por un préstamo que pediu para pagar o preito do morgado de Oza e Bértoa así como os colexios das fillas, 400 ducados a seu fillo natural e ademais tiña catro fillos do novo matrimonio e outro en camiño. De aí a singular escritura de dote e o compromiso de Antonio Pardiñas, cando pediu casar cunha das fillas do conde, de dar 10.000 ducados de dote ás demais fillas (pero lamentablemente Antonio, que era moi rico, morreu antes de casar)[1013].

Tamén disputou co seu tío Pedro Gil de Ribera trala morte de Isabel Rosalía de Silva. Pedro era usufrutuario e Ramón María o sucesor, polo que pediu que asegurara os bens aos que tiña dereito, cando Pedro volveu a casar. Pero o 10 de xuño de 1801 chegaron a un acordo valorando a herdanza en 35.000 reais, tralos gastos de enterro e funerais de Isabel Rosalía.

D. Ramón tivo unha filla natural de solteiro con Rosa Gómez chamada *Josefa da Silva*, que casou o 11 de abril de 1801 con Juan García do Curro, estando como testemuña Vicente de Silva, o seu medio-irmán.

Recibiu o 26 de xuño de 1784 unha doazón de Benito Loureiro e a súa muller, veciños de Santiago, con gravame de 200 reais anuais por alimentos ante o escribán de Santiago don Jacobo Ferro.

Francisca de Borja faleceu en Santiago en novembro de 1794 e Ramón o 21 de xaneiro de 1810, segundo a partida de defunción que textualmente di:

> *En 22 de enero de 1810, el cura párroco de S. Julián de Arnois D. Francisco Piñeyro y Solbeira, acompañado de veintitrés señores sacerdotes, asistió a las funciones fúnebres de entierro de Don Ramón María Silva, Capitán del Regimiento provincial de Compostela y vecino de la misma feligresía. Recibió los Santos Sacramentos, e hizo disposición sin fundación alguna; y fue sepultado su cadáver en una de las dos del coro de la misma iglesia parroquial, precio cuarenta y cuatro reales...*

No adro da igrexa de Bouzas (Vigo) pode verse un escudo de pedra, en bastante mal estado pola erosión, que ata os anos corenta do pasado século se atopaba no interior da igrexa formando parte da lousa sepulcral mal atribuída a don D. Ramón María Silva.



Escudo en Bouzas

O campo deste escudo é cuartelado cos seus dous primeiros cuarteis practicamente ilexibles, que corresponderían ás armas dos Pereira (unha cruz) e dos Troncoso (un tronco de árbore. O terceiro cuartel, xaquelado pertencente aos Valladares e o cuarto cinco veneras, das armas dos Sequeiros. O helmo está mirando cara á esquerda (dereita para o observador), o que nos vén a indicar a súa orixe bastarda ou que é unha copia que o canteiro non soubo copiar ben.

Vicente María Silva e Ozores, herdeiro do morgado, naceu en 1794 cando seu pai marchara á guerra. A súa nai no codicilo outorgado o 19 de novembro de 1794, di que se entregue "*otra tanta cantidad (330 reales de vellón) a Francisca Peiteado que en calidad de ama está criando el niño que ahora de próximo he dado a luz[…] único y universal heredero, D. Vicente María de las Mercedes Silva y Ozores, su hijo único*".

Tras pedir dispensa das amonestacións casou en Barbude o 29 de maio de 1810 con **Mª Teresa Paseiro Cadavid**, filla de Bonifacio Antón Paseiro Andújar e de Mª Ignacia Cadavid Nieves,

1013 ARG.RA. 22032/10, 18783/51

neta por liña paterna de Alberte Paseiro Cortes e de Mariana Vilariño, e por liña materna neta de José Cadavid, veciño de San Paio de Figueroa, e de Josefa de Nieves[1014].

Director da Real Fábrica de papel, arrendouna o 30 de outubro de 1813 a Manuel Porto ante o escribán Felipe Pena Leira.

Foi acusado de matar a Francisco de Pazos polo que se evadiu e foi declarado en rebeldía. A viúva, Juana de la Puente, o 30 de xaneiro de 1817 fixo un escrito[1015] dicindo que non sabía se era culpable, pero que en todo caso lle perdoaba e pedía ás autoridades o seu indulto. En efecto o 18 de febreiro de 1818 foi indultado e o 16 de marzo ante dito escribán comprometeuse a pagar as costas, presentando un fiador, para así conseguir que se desembargasen os bens.

Solicitou ao Municipio de Santiago que lle fose devolta a casa de súa propiedade sita na Porta da Mámoa que seu pai cedera con motivo da invasión francesa.

Morreu Vicente o 2 de xullo de 1818 en Arnois sen ter outorgado testamento.

Teresa Paseiro casou en segundas nupcias con *Mariano Paseiro Taibo*, fillo de José Paseiro e María Concepción Taibo, naturais da Estrada. Tiveron un fillo o 14 de maio de 1822 e outro o 22 de decembro de 1823 que morreron ao nacer. Tiveron tamén unha filla, *Carmen*, e un fillo *Eugenio Paseiro Paseiro*, nacido o 17 de setembro de 1833 en Arnois, e que casou o 14 de decembro de 1871 con María del Carmen Josefa Margarita Badía Paseiro, da *casa de Badía* en Xerlís.

Carmen e Eugenio Paseiro Paseiro xunto con Bonifacio e Josefa Silva Paseiro fixeron as partillas dos bens da súa nai común, Teresa Paseiro Cadavid, en 1871 ante o notario estradense Manuel Santamarina.

Vicente de Silva e Teresa Paseiro tiveron por fillos a:

1.- **Bonifacio Vicente Silva Paseiro** (*que segue*)

2.- *Josefa Silva Paseiro*. O 22 de outubro de 1842 fixéronse as capitulacións ante Antonio Montenegro para que Josefa casase con *Ramón Collía Goyburu*, fillo de José e Concepción. O seu irmán Bonifacio "*a pesar de las muchas cargas que gravitan sobre los mayorazgos, de seren pocos los bienes libres que por su difunto padre posee, de estar sujetos al reintegro que su madre aportó al matrimonio, de que las utilidades de la fábrica de papel en el día son insignificantes, teniendo en cuenta el mucho cariño...*" outórgalle por razón de dote e lexítimas 3.000 ducados de capital, pero como non ten metálico ofrécelle 400 reais anuais e 99 ferrados de centeo, 8 de trigo, 4 de millo groso, 1,5 de millo miúdo e tres capóns que se lle pagará a partir do ano 1843.

Bonifacio Vicente Silva Paseiro, foi bautizado o 18 de xuño de 1811, sendo o padriño o seu avó materno. Dono da Real fábrica en 1830, casou con **Manuela Espinosa Salgado**, natural de San Salvador de Escuadro, filla de Benito Fernández Espinosa Varela e de María Salgado Vaamonde[1016], neta por vía paterna de José Fernández Espinosa e Josefa Varela e Verea de Aguiar (dos Varela do pazo de Buzaca) e por vía materna neta de Benito Salgado, veciño de Soutolongo, e Juana Vaamonde, de Brántega, que casou en segundas nupcias con José Mª Rivas Taboada, veciño de Siador.

1014 Cfr. *Pazo de Xerlís*, páx. 197

1015 AHPPo Protocolos de Francisco de Oca.

1016 Os demais fillos de Benito Espinosa e de María Salgado foron: Josefa *Juana Ramona* (Escuadro, 20/2/1816), *Justa Cándida Francisca* (17/6/17), *Ramona Mª Benita* (20/4/19), *José Mª Ramón Francisco* (22/11/21), *Ramón* (17/5/23), *Mª Dolores* (12/6/24), *Jesusa* (9/7/25) que casou con José García Centeno, de Breixa, *Vicente Ferrer* (29/5/27), *Bernardo Prudencio* (28/4/29) que casou con Luisa Valladares Núñez, de Vilancosta, *Fermina* (23/6/30), *Luís* (4/2/32), *Pío* (9/7/33) e *Mª Dolores* (25/5/36).

O 13 de setembro de 1843 fíxolle a liquidación ao administrador da casa Antonio Temprano e tomou el o control da casa facendo diversos foros nese mesmo día de herdades que tiña en Oca, Ribadulla e Riamonde[1017]. Nese día tamén agradeceu á súa nai o seu traballo como titora e recoñeceu que Teresa (casada xa de novo) aportara ao matrimonio 24.000 reais, que recoñece que ten que devolver e que lle entregará cando ela o solicite. Faleceu no lugar de Ribadulla en 1889. Os seus fillos:

1.- **Eliseo de Silva Espinosa** (*que segue*)
2.- *Mariana*, bautizada o 25 de decembro de 1845.
3.- *Ramona Silva Espinosa*, que naceu o 23 de febreiro de 1849 e bautizada ao día seguinte. Faleceu solteira no lugar de Ribadulla en 1910 aos 60 anos.
4.- *Germano Roberto Silva Espinosa*, nacido o 19 de marzo de 1852.
5.- *Mª Consolación Silva Espinosa*, nacida e bautizada o 17/11/1853.
6.- *Soledad Silva Espinosa*, nacida e bautizada o 3 de setembro de 1855.

Eliseo de Silva Espinosa, bautizado o 18 de outubro de 1844, casou aos 25 anos no convento de Belvís o 16 de febreiro de 1870 con **Carolina Gómez Cedeira**, de 30 anos, natural de Santiago onde vivía na r/ Mercado, 10, filla de Joaquín Gómez, do *pazo de Xerlís*, e de Carmen Cedeira de Penas (Ferrol, 1816) e neta por liña materna de Juan Antonio Cedeira e Andrade e de Mª Juana Dolores de Penas Santalla.



Hórreo da casa de Silva

Vivía en Arnois e logo na Estrada, onde exercía como tenente alcalde e logo como alcalde desde 1 de xullo de 1881 até o 13 de xuño de 1884 en que é cesado polo xulgado tras un procesamento. Logo tamén o foi desde o 17 de marzo do 86 até setembro, e logo desde o 25 de maio do 87 por renuncia de don Gumersindo Otero até xuño do 88. Aparece como Secretario de Goberno no Xulgado de primeira instancia da Estrada en 1905, e tamén figura como "*escribano de actuaciones*" na Consolación onde tiña o seu despacho. En 1896 foi presidente do Casino. Tiveron por fillos a:

1.- *Brígida Emilia de Silva Gómez*, nacida o 22 de decembro de 1870.
2.- ***Abelina Concepción Mariana Andrea Manuela*** (*que segue*)
3.- *Amparo de Silva Gómez*, nacida o 10 de decembro de 1873. Casou co notario público *Miguel Losada Losada*, fillo de Joaquín Losada Pimentel, natural de Santiago, e de Joaquina Losada Segade, natural de Xirazga en Beariz (Ourense). Foron pais de:
a.- *María Amparo Losada Silva*, 22/4/1898 a 11/5/1979.
b.- *Josefa Mª Mercedes Antonia*, 30/6/1899 a 11/1/1929.
c.- *Joaquina Consuelo Losada Silva*, 1/6/1902 a 17/1/1977

1017 AHPPo Protocolos de Antonio Montenegro.

d.- *Miguel Antonio Eliseo*, nacido o 7 de novembro de 1905, o seu pasamento tivo lugar pouco despois.

e.- *Mª de la Soledad Carmen Ramona Teresa*, xemelga do anterior, faleceu o 21 de agosto de 1906.

f.- *Mª Concepción Carmen Ramona*, nacida o 9/6/1907 finou en1910.

g.- *Jaime Miguel Eliseo Francisco Javier Eseban Alonso José*, nacida o 8 de xuño de 1911, morreu o 22 de abril de 1966.

h.- *Concepción Ramona Carmela Teresa Rosa Carolina*, xemelga do anterior.

Faleceu Mª Amparo o 2 de xaneiro de 1954. **Era a dona da casa e capela do lugar de Ribadulla en Arnois**, que herdaron os fillos.

4.- *José Pedro Mario de Silva Gómez*, naceu no lugar de Ribadulla o 9 de marzo de 1875 e bautizado o 19. Morreu solteiro na Estrada o 18 de febreiro de 1960.

5.- *María Silva Gómez*, naceu no lugar de Ribadulla o 27 de xuño de 1876.

6.- *Mª de los Dolores Ramona de Silva Gómez*, foi bautizada o 18 de setembro de 1877, tendo por padriños a Gumersindo Otero e Dolores García, veciños de Riobó.

7.- *Carlos Felipe de Silva Gómez*, naceu no lugar de Ribadulla o 2 de novembro de 1881. Morreu o 15 de Agosto de 1891.

Mª Concepcion de Silva Gómez, naceu en Arnois o 30 de outubro de 1872 e foi bautizada o 3 de novembro cos nomes de *Abelina* ***Concepción*** *Mariana Andrea Manuela*. Casou na capela familiar de Arnois o 3 de novembro de 1904 con D. **César Brey Guerra**, médico, profesor no hospital civil da Caridade en Bilbao, fillo de *Manuel Brey Barcala*, natural e veciño de Oca, e de *Juana Guerra Fernández*, natural de Santiago. Pasaron un tempo en Bilbao, viviron en Arnois e logo na Estrada na rúa Serafín Pazo. Finou Mª Concepción na Estrada na rúa Calvo Sotelo o 21 de febreiro de 1955. Procrearon entre outros fillos a:

1.- *Mª de la Concepción Juana Genoveva Consuelo Brey de Silva*, naceu na Estrada o 15 de decembro de 1905, mestra en Aguións. Casou con Miguel Losada de Silva. Foi moi lonxeva pois finou aos case 100 anos o 24 de febreiro de 2015.

2.- *Mª del Rosario Brey de Silva*, finada o 2 de marzo de 1977.

3.- **Mª del Amparo Vicenta Berta Brey de Silva** (*que segue*)

4.- *Mª de los Angeles Brey de Silva*, nacida en Arnois o 15 de agosto de 1911 e bautizada o 19. Finou o 20 de xullo de 1998.

Mª del Amparo Vicenta Berta Brey de Silva, nacida o 23 de xaneiro de 1909 e finada na Estrada o 6 de abril de 1996. Casou con don **Gonzalo Sanmartín Rey**, que faleceu o 8 de agosto de 1889. Deles descenden:

1.- ***María de la Concepción Sanmartín Brey*** ("Maricha"), actual copropietaria, casada con **Ignacio Diéguez Añino**, fillo de Luis Diéguez Carles e de Ana María Añino Casas, de Pontecesures.

2.- *María de los Ángeles Sanmartín Brey* ("Mirián").

3.- *Gonzalo Sanmartín Brey*, casado coa profesora Gisèle Maïssa Rodrigo, filla de Mauricio e Margarita. Era biólogo e traballou no Centro Oceanográfico da Coruña e logo como profesor de Instituto de Secundaria, sendo o seu último destino o IES Antonio Fraguas de Fontiñas, pois finou aos 67 anos o 24 de xuño de 2018. Os seus fillos: Gonzalo, Jorge e Gisèle.

4.- *María Isabel Sanmartín Brey*.

CASAL DE VILANCOSTA OU DOS VALLADARES

A 13 km da Estrada no lugar de Vilancosta (Berres) atópase a casa señorial que foi morada de Marcial Valladares Núñez. A actual casa, construída en 1751 con perpiaños e cachotería, foi mellorada a mediados do XIX por José Dioniso Valladares facendo unha galería da solaina e construíndo un hórreo de catro claros entre outras cousas. A casa actualmente consta de 545 m2 construídos nun semisoto e dúas plantas, e ten unha parcela contigua de 10.000 m2 con árbores ornamentais, viñas e froiteiros, e entre outras cousas ten ademais piscina, hórreo e un estanque rodeado de buxos. Atópase en perfecto estado de habitabilidade.



Vilancosta

A casa primitiva pertencía a finais do século XVII aos **Gómez Ribadulla**, en concreto ao avogado Francisco Gómez Ribadulla (finado o 27 de xullo de 1729) e á súa esposa Ana Besteiro[1018] (sepultada o 17 de decembro de 1728), *señores da casa de Vilancosta en Berres*. Porén a casa actual foi construída en 1751 por unha neta de dito Francisco Gómez Ribadulla, chamada *María Gómez Besteiro*, casada en 1734 con Manuel Jacinto Núñez Miranda.



Escudo dos Gómez de Ribadulla

Na información de fidalguía, realizada en 1725, de Ignacio Besteiro de Castro e Pión Gómez de Ribadulla, bautizado en Berres o 31 de xullo de 1696 e que marchou solteiro no ano 1720 para Granada, dise que os Gómez de Ribadulla eran de familia fidalga castelá[1019] e tiñan por armas: 1º, unha cruz da encomenda de San Xoán, 2º, tres flores de lis postas en pau e 3º, cinco cabezas de lobos negros sobre campo de prata.

1018 O que usa ou fabrica bestas ou "ballestas" chámase besteiro, e en castelán Ballestero. Así se afirma nun documento de 1725 de Francisco Besteiro de Castro, no que se di que o apelido Besteiro e Ballesteros son o mesmo. Nos documentos da arbitraxe dos arcebispos Tavora e Fonseca dos anos 1526-27 aparece unha testemuña chamada Juan Besteiro de máis de 70 anos e natural de Arnois do lugar de *Ribadulla de los Ballesteros*. Se temos en conta que é a partir dos Reis Católicos cando os documentos se escriben en castelán e se castelanizan moitos nomes, é posible que ese lugar, que no século XVIII aparece como *Ribadulla de los Caballeros* fose coñecido como *Ribadulla dos Besteiros,* berce do apelido Besteiro.

1019 Hai que tomar isto con cautela. Consta que en 1592 xa vivía en Arnois *Domingo Gómez Ribadulla*, pai de Pedro, que de neno foi estudar a Santiago para facerse zapateiro. (ACS) P 110, fol 371r-371v.

Porén os donos de Vilancosta foi mudando de apelidos a través dos tempos. Ese transcurso é o que se presenta a continuación. Veremos pois como tanto os Valladares como os Núñez son familias con fondas raíces en terras de Tabeirós e mesmo ligadas ao lugar de Vilancosta.

OS VALLADARES

Os Valladares arrancan do lugar de Valadares na parroquia forcaricense de Meabía. Desde alí na primeira metade do século XVII pasou á casa da Somoza de Olives, onde **Jácome Valladares**, fillo de *Andrés de Valladares* veciño de Meabía, casou "a troco" con *Inés da Somoza*[1020]. Tiveron varios fillos:

1.- *Pablo Valladares*, que foi cura.
2.- *Isabel Valladares*, que casou con *Francisco Louzao*.
3.- *Alonso Valladares*, señor da *casa da Nugalla* ou de *Recarei* en Curantes, pois foi o avó de Benita Pazos Valladares, que casou con *José Recarei Bérmudez*.
4.- ***Fernando Valladares*** (*que segue*)

Fernando Valladares, uniuse en matrimonio con *Froilana del Río e Rozas*, filla de Pedro de Rozas del Río e de Inés Fernández Sanjurjo, e neta de Bartolomé de Rozas e de Inés del Rio, pertencentes á casa de Cela e Tirabá en terras de Lugo.

Froilana tiña un tío cura, chamado Juan, que exercía en Graba, unha tía casada en Cascaxide e unha irmá, Águeda, que casou en San Tirso de Deza. Eles viviron en Olives, onde finou Fernando o 19 de xuño de 1709, ofrecendo no seu enterro seis ferrados de pan, un canado de viño e un carneiro. Foron pais de:

a) *Alejandra Valladares*, que casou co escribán Peñalta.
b) *Constantino Micael*, bautizado en Olives o 21 de xullo de 1698, tendo por padriños a Alonso Valladares e Inés Louzao, veciños de Curantes. Foi presbítero.
c) *Juan Valladares*, presbítero.
d) ***Pascual Valladares*** (*que segue*)

Pascual Valladares casou en Olives o 24 de novembro de 1732 con *Manuela Gómez*, filla de Baltasar Gómez de Castro e de Teresa Jacinta Torrente e Torres, donos do pazo de Xerliz.

Foron os pais de *Pascual* que casou con Micaela Fernández, de *Alonso* que foi presbítero, de *Antonio*, de *Josefa*, casada con Andrés González, de *Rosa* e de ***Bernardo Valladares Gómez*** (*que segue*)

Bernardo Valladares casou o 7 de outubro de 1748 con *María Gómez Fernández* (ou *Gil*, nalgún documento), filla de José e Dominga Fernández Quinteiro e Gil, con raíces en Deza e en Trasdeza.

Foron os pais de *Benita*, que casou con Juan Costoya, de *Josefa*, que casou con José Troitiño, de *Ángela*, que casou con Manuel Ramos, e de ***José Dionisio Valladares Gómez*** que foi o pai do escritor *Marcial Valladares Núñez*.

1020 Cfr. *Casa de Recarei ou da Nugalla,* páx. 441 ss

OS NÚÑEZ

Na primeira metade do século XVI vivía en Santiago un escribán chamado **García Núñez**, que casou primeiro con *María Núñez*. Nos anos 1530 este matrimonio mercou diversos terras e rendas nas parroquias de santa Mariña de Ribeira, Santeles, Ribadulla, Teo, Vedra, Riobó e Berres.

Logo casou con *Constanza Gómez*, coa que mercou en 1544-5 bens en Vedra, Frades, Ribeira, Carcacia e Ribadulla, e o 6 de outubro de 1545 mercaron a cuarta parte do lugar e aldea de **Vilancosta** por 50 reais de prata[1021].

En 1558 estaba casado en terceiras nupcias con *Beatriz Núñez*. García e Beatriz, veciños de Santiago, fixeron un **vínculo**[1022] cos seus bens que tiñan en Sarandón, Crujeira, Constela, Sestelo, Vilancosta, Mouteira e outros, que lle deixaron ao seu fillo primoxénito. Fixo testamento en 1563.


En 1566 xa estaba casado, por cuarta vez, con *María Siso Bermúdez de Castro*, filla de Juan González Figueroa e de Inés Álvarez Bermúdez, señores da *casa grande dos Bermudez de Castro*[1023] en san Paio de Figueroa, da que tivo dous fillos: *Inés*, que casou en 1593 con Feliciano Salgado e Novoa, capitán da terra de Ribadulla e alcalde ordinario de Santiago, e *Diego*, que foi cardeal.

Pero García Núñez, que finou en 1567-68, tivo outros fillos:

1- ***Jácome Núñez*** (*que segue*)

2.- *Pedro Núñez*, fillo de García Núñez e de María Núñez, casou con *Isabel Rodríguez*, que foi dotada[1024] con varias casas en Santiago o 31 de decembro de 1558, polos seus pais, o escribán Pedro de Prado e María Criada, se ben parece que en realidade Isabel era filla do cóengo de Lugo don Gabriel Rodríguez de Casal de Razo, do pazo de Preguecido.

Pedro e Isabel Rodríguez tiveron por fillos a *Juana Rodríguez* e a *García Núñez Monteagudo*.



Sinatura de Garcia Núñez, 1598

Pedro logo casou sobre 1579 con *Julia de Castro* viúva do escribán de Terra de Quinta don Bartolomé de Rivas, posiblemente filla do cóengo Tomás de Castro, de quen toma o apelido[1025], aínda que figura como filla de Juan Ballesteros del Mazo.

1021 ACS P 20/1 fol 266r-266v.
1022 ARG. RA 2879/94
1023 Cfr. Páx. 259 ss
1024 ACS P 026 fol 242.
1025 Descendente de Julia é a poetisa Rosalía de Castro, que aínda conserva dito apelido.

Pedro e Julia tiveron tres fillos[1026]: Ana de Castro, Andrés e María. Pedro Núñez faleceu en Santiago a finais do verán de 1584, tendo nomeado testamentario ao cóengo Juan de Castro, parente, quizais sobriño, do xa citado cóengo Tomás de Castro.

2.- *María*, filla de María Núñez, que foi dotada o 30 de decembro de 1561 para casar con Alonso Varela. En 1574 xa estaba viúva[1027]. Tiveron unha filla chamada Catalina Varela, que se opuxo a que Ana de Castro, filla de seu irmán Pedro, herdase os bens de seus tíos, pero logo apartouse xa que as débedas eran tantas como os bens que deixaba.

3.- *Diego*. Sen descendencia.

4.- *Frutuoso*. Sen descendencia.

5.- *Catalina*, que vivía na rúa do Villar. Como sobreviviu aos seus irmáns *Diego* e *Frutuoso*, foi a herdeira destes e logo fixo testamento en 1603 a favor de Ana de Castro, a súa sobriña.

6.- *Bartolomé*, que tivo como titor a seu irmán Pedro, quen vendeu diversos bens en 1573. Se era menor de idade en 1573, quere dicir que non era fillo de María Núñez, senón de Constanza Gómez.


Tendo herdado de seu pai uns terreos no lugar de Barcia en san Martiño de Riobó, en 1602 vendeunos por 38 ducados ante o escribán Juan Rodríguez da Costa a Gonzalo de Neira e Luaces e a María Mendoza, os donos do *pazo de Oca*[1028]. Os nomes das herdades eran: Badoucos, Viñavella, Suacasa, Cardeña, Revolta, Barcia de Cima, Cerdeira, Cañoteiro, Amoreira, Suafonte e o monte Malpique.

Jácome Núñez, que foi o sucesor no vínculo e que, casado con Juana Rodríguez, foi pai de:

Juan Núñez Monteagudo, o fillo maior e polo tanto sucesor no vínculo e morgado, casou con **María da Rigueira Maceda** e eran veciños de Sarandón.

Foi escribán, como os seus ascendentes, pero litigou pola escribanía de Ribadulla contra Miguel de Latorre Neira.

En 1617 arrendaron a Domingo González de Trabada, prateiro, veciño de Santiago, e á súa muller, María de Castro (outra das fillas de Julia de Castro e Pedro Núñez, o seu bisavó), unha casa e outros bens sitos en Santa Mariña de Ribeira, durante trinta años por nove ferrados de centeo[1029].



Firma de Juan Nuñez e Domingo Glez de Trabada, 1617

Precisamente foi María da Rigueira, estando viúva, quen en 1634 puxo no cuberto da súa casa e durante seis anos unha escola para nenos que dirixía un mestre chamado Domingo Rodríguez, que cando comezou a dar clase tiña 16 anos e que en 1670 seguía exercendo nesta parroquia, e que pola súa sinatura podemos ver que estaba ben preparado. Nestes momentos e nesta zona calcúlase que só un sete por cento dos homes sabían ler ou polo menos asinar. No documento de

1026 Cfr. *Casa de Araúxo*, páx.209 ss
1027 ARG.RA 11428/79
1028 ARG. RA 1285/47
1029 ACS P 154 fols 222r-223v

onde se sacaron os datos sobre esta escola, que data de 1670, aparecen 12 testemuñas, a maioría duns cincuenta anos, que son veciños de santa Mariña de Ribeira, e tamén algún de Ribadulla ou Barbude, dos que só sabe asinar malamente un deles, ademais do mestre. Entre as mulleres, nestes tempos, só algunha de familia nobre ou monxa sabía ler e escribir, e así, María da Rigueira, aínda que muller de escribán, non sabía nin asinar.

Juan, falecido sobre 1625, e María, que finou sobre 1648, tiveron entre outros a:

1.- *Magdalena*, que casou con Santiago Núñez no lugar de Antequera, xurisdición de Quintas (xunto a Padrón).
2.- **Francisco Núñez Monteagudo** (*que segue*)

Francisco Núñez Monteagudo, escribán, que casou primeiro con **María Núñez Vallo** (ou Bermúdez[1030]), de Padrón e tamén de familia de escribáns, e logo con ***Isabel Nieto Sanjurjo***[1031], que recibiu o 19 de agosto de 1673 un dote de 42 ducados da memoria e obra pía do cardeal Tavera[1032].

Francisco tiña bens en Sarandón, Cruxeira, Constela, Sestelo, Vilancosta, Mouteira e outros, que eran do vínculo fundado polos seus bisavós. Ao parecer non tiña bens libres e desfíxose dalgúns bens que eran de vínculo.

En 1670 preiteou[1033] contra seus parentes e veciños Jacinto Campelo e Mariana Ballesteros del Mazo por mor dunha solaina en Ponte Sarandón, que servía de entrada e serventía ás dúas casas, así como pola auga que viña de Curuxeira ata Ponte Sarandón e que Jacinto non lla deixaba recoller. A auga pasaba polas herdades de Jacinto por haber no medio o camiño francés que vai desde Ponte Sarandón ata Soutelo de Montes e saía canalizada por unha cana de carballo e agora de pedra e Francisco regaba as súas herdades excepto os sábados e domingos.

Faleceu sobre 1684 e foi o pai xunto coa súa primeira muller de:

1.- ***Benito Núñez*** (*que segue*)
2.- *Juan Núñez Monteagudo*, veciño de Santa Baia de Vedra.
3.- *Lucía*, que vivía co seu pai en 1670.

Benito Núñez o herdeiro do morgado e veciño de Ribeira, disputou co seu irmán Juan en 1686 polos bens libres que puido deixar seu pai. Casou con **María Arias Varela das Seixas**, e tiveron por descendencia a:

Benito Andrés Núñez Monteagudo que casou o 4 de xaneiro de 1712 con **Benita Rosalía Miranda Campelo**, filla de Ana María Jacoba Campelo de Castro e de Pedro Salvador Miranda Valcarce[1034].

Foron pais de **Manuel Jacinto** (*que segue*) e de outros oito fillos.

Manuel Jacinto Núñez Miranda casou en Barbude o 7 de febreiro de 1734 con *Manuela Gómez de Pazos*, que como xa vimos era filla de *Tomás de Pazos* e de ***María Gómez Besteiro***, neta por liña materna do avogado Francisco Gómez Ribadulla e de Ana Besteiro, s***eñores da casa de Vilancosta en Berres***.

1030 ARG. RA 2879/94
1031 ARG. RA 2879/94
1032 ACS P 210 fols. 375r-376r
1033 ARG. RA 24078/63 e 24831/79
1034 *Casa dos Araújo*, páx. 217 ss.



Lintel da casa de Vilancosta

Foron eles quen refixeron a casa de Vilancosta en 1751, segundo consta nunha inscrición da porta de entrada: "ESTA CASA LA MANDO HAZER DON MANUEL JAZINTO NUÑEZ BALCARCER I MIRANDA I SU MUGER DA. MANUELA DE PAZOS AÑO DE 1751".

Pouco despois Manuel, xa viúvo, tivo de Josefa Porto, solteira, unha filla que recoñeceu, bautizada co nome de Manuela Francisca o 26 de xaneiro de 1754.

Casou de segundas o 27 de decembro de 1756 con *Eufemia Arén*, veciña de Castrelo, filla de José Arén Losada[1035] e Mariana Gómez Gundín.

Manuel, como herdeiro do vínculo fundado por García Núñez e a súa esposa Beatriz Núñez, en 1762 aforou[1036] a *Manuel Piñeiro Reimóndez*, veciño de Ribeira, unhas terras situadas en Vilancosta.

Cando era "*de crecida edad y con sordera que le imposibilita el trato con las gentes*", cedeulle en vida a seu fillo *Miguel* ante Ángel de la Fuente as rendas que tiña en Sestelo, San Miguel de Moreira, Santeles, Ribela e outras, así como a casa de Ponte Sarandón "*que la mitad es de mayorazgo, se lo cede por razón de alimentos como su hijo mayor y sucesor*". Unha das testemuñas era o seu cuñado Pedro Arén e Losada, veciño de Barbude, casado con Agustina Gómez de Castro, do *pazo de Xerlís*. Advírtelle ademais que estea atento pois Pedro Miranda, do pazo de San Bieito ou *casa de Araúxo*, "*se intrusó en un prado que se nombra Trasdafonte... con el agua de dicha fuente*".

Manuel morreu o 3 de maio e 1783 en Berres. Manuel e Manuela foron pais de:

1.- **Miguel Núñez Pazos**. (*que segue*)
2.- *Nicolasa Núñez Pazos*.
3.- *Cristóbal Núñez Pazos*, que faleceu en Berres 4 de setembro de 1813 tendo feito testamento ante Bonifacio Paseiro.

1035 José era fillo de Pedro de Arén. Cfr. BÉRTOLO,J.M. *Pedro de Arén, arquitecto de Terra de Montes (C.1635-1699), e a súa descendencia*, A Estrada. Miscelánea H.C., 2016.
1036 ARG. Protocolos de Pedro Antonio Domínguez.



Lareira da casa de Vilancosta

Miguel Núñez Miranda e Pazos casou o 27 de decembro de 1756 con ***Francisca Arén e Losada e Cadórniga*** (irmá da súa madrasta), bautizada o 7 de agosto de 1720, filla de José Arén e Mariana Gómez Gundín, da casa de Castrelos en Terra de Montes, neta por liña paterna do *mestre Pedro de Arén* e de *Manuela Losada Cadórniga*, e por liña materna de *Francisco Gómez Gundin*, un dos dous escribáns da xurisdición de Montes, casado con *Jacinta Reigosa*.

Francisca Arén faleceu sen testamento en Berres o 28 de marzo de 1798. Miguel, que foi sepultado o 7 de outubro de 1820, e Francisca foron os pais de ***José Núñez*** (*que segue*)

José Diego Manuel Núñez Arén, foi bautizado en Castrelo (Forcarei) o 22 de xuño de 1761, tendo por padriños a Diego de Castro, veciño de Castrelo e a Bernarda Arén Losada, veciña de Folgoso.

Casou o 8 de decembro de 1783 con *Teresa Ignacia Morciego Población*[1037], bautizada en Berres o 1 de agosto de 1757 filla de José Morciego e de Teresa Población[1038].

Teresa foi sepultada o 30 de decembro de 1834 e José aos 85 anos o 9 de xaneiro de 1846. Ambos vivían no lugar da Igrexa onde tiveron a seus fillos:

1.- ***Mª Concepción Núñez Morciego*** (*que segue*)

2.- *Vicenta María Ignacia Núñez Morciego*, bautizada o 29 de febreiro de 1788, tendo por padriño a seu tío-avó cura Ignacio Arén. Casou co escribán Lázaro Noya. Finou en Vilancosta o 22 de agosto de 1869.

3.- *Gabriela Antonia María Ramona Núñez Morciego*, bautizada por Gabriel Población, cura de Berres, o 28 de abril de 1789, tendo por padriño a Gabriel Morciego capelán en Santiago. Solteira e xunto coa súa irmá Manuela outorgou testamento ante Francisco de Oca o 2 de outubro de 1853. Finou en Vilancosta o 2 de setembro de 1868.

4.- *Josefa Ignacia María Núñez Morciego*, bautizada 5 de xaneiro de 1791, que casou co médico Juan López.

1037 Teresa Morciego era a terceira de varios irmáns nacidos en Berres: Manuel Joaquín (13-12-1753) que foi capelán e administrador do pazo de Oca, Gabriel Ambrosio (13-3-55), Mª Vicenta (4-1-60), Joaquín Vicente (28-11-63), Pedro, que foi cura de San Cristovo de Merín e de san Mamede de Ribadulla, e Francisco que foi avogado e casou o 13 de setembro de 1779 con María Pazos, viúva de Gregorio Gómez.

1038 Teresa Población, falecida o 4/10/74, era irmá do cura de Berres don Gabriel Población, que foi sepultado o 19/9/1790 con testamento ante Pedro Antonio Carbón, escribán de Tabeirós.

5.- *Vicente María Pedro Ramón Antonio Núñez Morciego*, bautizado o 19 de xuño de 1792 e falecido o 5 de agosto dese mesmo ano.

6.- *Manuela Juana Núñez Morciego*, bautizada o 19 de xaneiro de 1794, solteira.

7.- *Juana Neopomucena Núñez*, con bautismo o 20 de xaneiro de 1796.

Mª Concepción Núñez Morciego, bautizada en Berres o 21 de marzo de 1786 tivo por padriños a seu tío-avó Gabriel Población e á súa avoa Francisca Arén.

Casou con ***José Dionisio Valladares Gómez*** en Sarandón na capela de don Pedro María Cisneros, conde de Ximonde, o 14 de outubro de 1817 oficiando a cerimonia don Pedro Morciego Población, tío da noiva. José Dionisio, de quen xa vimos a súa ascendencia, nacera o 23 de xuño de 1787 en Santa María de Graba (Silleda).

José Dionisio distinguiuse na guerra da Independencia chegando a ser capitán e conseguindo nove medallas. Foi avogado e ao casar asentouse en Vilancosta. Foi membro da Comisión de Estadística de Galicia a partir de 1818, xuíz de 1ª Instancia en Barco de Valdeorras en 1820-23, tamén foi comisionado pola Deputación Provincial de Galicia e a Audiencia para o arranxo dos partidos xudiciais. Foi o correspondente de Pascual Madoz en Lalín e Tabeirós para a elaboración do *Diccionario Geográfico-Histórico-Estadístico de España* (coñecido como *Diccionario de Madoz*). Logo foi deputado a Cortes por dúas veces e mesmo chegou a ser gobernador de Ourense.

Mª Concepción Núñez xunto coas súas irmás solteiras *Gabriela* e *Manuela* e o seu marido *José Dionisio* outorgaron testamento[1039] o 2 de outubro de 1853. As irmás deixáronlle a seu sobriño Marcial a metade vincular[1040] que lle correspondía por vínculo fundado polo licenciado Juan del Río y Rozas e do padroado fundado en Vilancosta, ademais da casa principal de Vilancosta cos seus anexos, gandos, etc. A cambio Marcial debía auxiliar ás súas tías e irmás mentres estivesen solteiras ou viúvas, debía pagar os enterros dos membros da casa e as misas fundadas na parroquia compostelá de Santo André por García Núñez.

Porén o 13 de maio de 1861, José Dionisio quixo deixar feitas as partillas dos seus bens, os da súa muller que xa finara e os das súas cuñadas Gabriela e Manuela Núñez entre seus fillos para que non houbese problemas entre eles e ademais quedase reunida a casa e bens do lugar de Vilancosta, que había de quedar para o primoxénito Marcial. Estaban presentes todos os interesados, é dicir, os fillos de José Dionisio e as fillas de Jacoba, Socorro e Mª del Carmen xunto co seu tío e curador Francisco Javier Blanco, cura de Sarandón. Xuntáronse todos os bens, que foron avaliados por un taxador e logo repartidos en quiñóns, tendo en conta a mellora de Marcial, que José Dioniso herdara os bens do seu neto Cándido José, e que as netas non entraban na parte das súas tías, pois non tiñan dereito. Os bens estaban taxados en 541.414 reais, dos que 70.595 correspondían a Socorro e Mª del Carmen. E aínda que todos asinaron conformes, despois en 1870 estas irmás pediron a anulación das partillas, cousa que conseguiron na Audiencia de A Coruña por sentenza[1041] o 15 de outubro de 1870.

O deceso de Mª Concepción tivo lugar o 27 de maio de 1854 e o de José Dionisio o 24 de marzo de 1864.

Os seus fillos foron:


1039 AHPPo. Protocolos de Francisco de Oca.
1040 De acordo coas leis desvinculadoras que databan de 1839.
1041 ARG. A.T 47/5

1.- *Petra Agustina Jacoba María Valladares Núñez*, bautizada en Berres polo seu tío-avó Pedro Morciego Población o 17 de setembro de 1818, sendo a madriña dona Agustina de Puga, esposa do conde de Ximonde Pedro María Cisneros. Finou o 2 de xaneiro de 1821.

2.- *Jacoba Valladares Núñez*, nacida seguramente en 1819. De súas tías Gabriela e Manuela recibiu 6.000 reais, que tamén lle deixaron en herdanza o foro de Teo e os tres de Santeles. Casou en Berres o 2 de xaneiro de 1837 con *Antonio Blanco Vázquez*, fillo de Pedro Blanco Peiteado e de Mª Josefa Vázquez, veciños de Santa Cruz de Ribadulla, e tendo por testemuña ao presbítero Francisco Blanco.
Jacoba finou o 4 de novembro de 1853 e o seu marido, que era alcalde Vedra, poucos días despois. Foron veciños de Santa Cruz de Ribadulla, sendo pais de :

a.- *María Esperanza Blanco Valladares*, bautizada en Berres o 28 de outubro de 1837, sendo os padriños Francisco Javier Blanco e Gabriela Núñez. Morreu de nena.

b.- *Socorro Blanco Valladares*, bautizada o 22 de febreiro de 1839, casou con *Ricardo Luces Miranda*, enlazando así outra vez coa *casa de Araúxo* en Ribeira. Tiveron numerosa prole: Herminia, Jaime cura de Paradela, Laura, Isaac, Ricardo, Francisco Javier que casou con Ceferina Gil Bañas (pais de Javier, que casou con Paulina Velasco, con descendencia), Mª Nieves, Mª Carmen, José e Victorino.



Defunción de Socorro Blanco V.

Socorro faleceu o 12 de xuño de 1880 en Folgoso (Cerdedo), onde estaba o seu marido como escribán.

c.- *Cándido José Blanco Valladares*, nacido o 16 de xuño de 1842, finou en xuño de 1855 en Santiago e foi enterrado en Santa Cruz de Ribadulla.

d.- *María del Carmen Blanco Valladares*, bautizada o 3 de abril de 1844, casou primeiro con Jacobo Freire Abad, e despois co seu cuñado Ricardo Luces Miranda.

As irmás Socorro e Mª del Carmen, ao quedar orfas viviron en Sarandón co seu tío cura Francisco Javier Blanco. En 1870 alentadas polo seu tío impugnaron[1042] as partillas feitas polo seu avó José Dioniso e os seus tíos o 15 de xuño de 1861, alegando entre outras cousas, que eran menores de idade e que non tiñan curador cando se fixeron -aínda que nas escrituras figuraba como curador o seu tío cura, este logo negábao-. A Audiencia da Coruña deulles a razón e as partillas foron declaradas nulas.

3.- *Marcial Valladares Núñez*, nacido e bautizado en Berres o 14 de xuño de 1821 cos nomes de *Marcial Ramón José Mª del Pilar*, tendo por padriños aos seus avós maternos. Foi licenciado en Dereito en Santiago, exerceu en moitos cargos públicos (Vicepresidente do Consello Administrativo de Pontevedra, gobernador civil interino de Pontevedra ata en oito ocasións, etc.), pero sobre todo foi poeta, novelista e lexicógrafo, un dos precursores do Rexurdimento da literatura galega. Escribiu poesía en castelán a partir de 1839 e en galego a partir de 1843. Foi autor dun *Diccionario Galle-*

1042 ARG. A.T. 47/5

go-Castellano, dun *Cantigueiro popular* e da primeira novela moderna en galego, *Maxina*, *ou a filla espúrea*. Outras novelas: *Páginas contemporáneas. Flora, Ánxela*. As súas poesías apareceron na *Gramática Gallega* de Saco y Arce, nas revistas *El eco de Galicia*, *La ilustracción Gallega y Asturiana*, e *Galicia*. Escribiu tamén "*Memorias de Familia*", que están fotocopiadas no Museo da Estrada. Todo isto levou a que fose nomeado correspondente da Real Academia Española en 1880.



Marcial Valladares

O seu pasamento tivo lugar o 19 de maio de 1903.

4.- *Sergio Valladares Núñez*, nacido no Barco de Valdeorras o 15 de outubro de 1823. Foi avogado e conselleiro provincial de Pontevedra. Escribiu poesía, a comedia "*El reverso de don Frutos*", relatos curtos, e sobre socio-política e xurisprudencia. Recibiu en herdanza a casa e gandos de Mollarrabo, ademais da casa e horta de Sarandón.
Casou con *Manuela Santos Fontán*, sobriña da condesa de Pallares. En Sta. Mariña de Ribeira tiveron unha filla o 25 de marzo de 1853, pero finou o mesmo día de nacer recibindo as augas bautismais de necesidade de José Seijas, veciño de Santiago.
Sergio faleceu o 21 (sepultado o día 24) de marzo de 1855 en San Xoán de Laia (Palas de Rei), onde se atopaba por cuestións da administración do conde de Pallares.
Manuela logo casou en 1862 co farmacéutico Francisco Pereira García (10 anos máis novo), e foron veciños de San Lourenzo de Ouzande. Tamén sen sucesión.

5.- *Andrea Avelina María Teresa Gabriela Valladares Núñez*, nacida o 23 de outubro de 1825 e bautizada ao día seguinte, tendo por padriños a seu avó materno José e á súa tía materna Gabriela. Viviu sempre en Vilancosta, excepto entre os 19 e 25 anos que vivía en Zamora cos seus pais. Ao regresar fíxose cargo do goberno da casa por mor da enfermidade da súa nai e posterior morte. Puido casar pero declinou polo que foi sempre a "tía Avelina" non só para seus sobriños, senón para todos os que a coñecían[1043].
Aínda que por ser muller case non tivo escola, formouse nun fogar ilustrado, polo que que pronto comezou a escribir poesía. Foi unha inspirada poetisa en castelán e galego e unha das primeiras mulleres que publicou artigos de opinión na prensa escrita. Tamén escribiu algún relato como "*Diálogo entre un peregrino que se dirige a Santiago y un labriego*", onde combina castelán e galego.
Fixo testamento en 1876 a favor do seu afillado Laurentino e deixando unhas mandas para as súas afilladas Amparo Velón (que morreu antes que ela) e Avelina Velón. Faleceu o 17 de marzo de 1902.

6.- ***Luisa Victoria Juana Benita*** (*que segue*)

1043 Era normal, ata tempos recentes, chamar de "tía", "tío", á xente maior e respetable. En Francia había un uso semellante, como vemos no título da novela "Le père Goriot".

7.- *Prima María de Las Mercedes*, xemela nacida primeira, que foi bautizada o 24 de setembro de 1830. Padriños o avó materno e Jacoba, irmá da bautizada.

8.- *Gregoria Segunda Mercedes*, segunda xemela, bautizada cando a súa irmá, sendo os padriños o seu irmán Marcial e a súa tía Manuela Núñez. Foi monxa ingresando na Ensinanza de Santiago en 1864, pero o ano seguinte pediu que a sacaran de alí, retirándose a Vilancosta onde viviu practicamente o resto da súa vida.

9.- *Isabel Vicenta Andrea*, que foi bautizada en Berres o 11 de novembro de 1831, tendo por madriña a Vicenta Núñez, casada con Lázaro de Noya e veciña de Santa Cristina de Vea.
O 26 de xullo de 1864 recibiu autorización eclesiástica para casar sen proclamas con *Ángel Velón Taboada*[1044], do pazo de Santiso (Lalín), fillo de José María Velón, cabaleiro maestrante da Real de Ronda, e de Manuela Taboada, esta de san Paio de Figueroa. Ángel Velón estaba viúvo de dona Josefa MosqueraVázquez Bazán.
Isabel finou en Santiago o 28 de maio de 1921 na súa casa compostelá na praza da Universidade, nº 3, tendo feito testamento ante Jesús Fernández Suárez, e deixando só tres fillos: Plácido, José e Avelina, pois tivera a:

a.- *Mª Amparo Velón Valladares*, bautizada en Berres o 30 de xullo de 1865 cos nomes de Mª Amparo Florentina Avelina Ángela Isabel Josefa Manuela tendo por padriños a seu tío cura de Moalde don José María Velón e á súa tía Andrea Avelina Valladares. Casou en Santiago (S. Fiz) o 8 de setembro de 1886 con *Vicente Vázquez Rubio*, natural de Ordes, fillo de Manuel Vazquez Acebo e de Isidora Rubio Sanmartín, natural de Madrid. Foi sepultada o 1 de xaneiro de 1893. Vivían na praciña da Universidade onde tiveron por fillos a *Mª de las Mercedes Isabel*, bautizada o 6 de febreiro de 1890 e *Mª Amparo*, que o foi o 19 de marzo de 1891.
Mª Amparo foi sepultada en Santiago o 1 de xaneiro de 1893. Sen testamento.

b.- *Plácido Velón Valladares*.

c.- *José Velón Valladares.*

d.-*Ángel Velón Valladares*. Naceu en San Román de Santiso (Lalín) e sendo un mociño finou en Santiago o 25 de maio de 1889.

e.-*Avelina Velón Valladares*.

f.- *Ramón Velón Valladares*, que, casado con Rita Campa Iglesias, finou aos 34 anos o 11 de xullo de 1911 en Santiago (parroquia de san Fiz). Deixaba dous fillos: Ángel e Avelina.

g.- *Rita Velón Valladares*, que solteira finou o 3 de xuño de 1899 en Santiago.

Luisa Victoria Juana Benita Valladares Núñez, nacida o 29 de decembro de 1827 e bautizada ao día seguinte, tendo por padriños a Juan Costoya e a Benita Valladares, veciña de San Mamede de Moalde, diocese de Lugo.

Casou en Berres o 16 de abril de 1860 con *Bernardo Prudencio Espinosa Salgado*[1045], nacido en Escuadro o 28 de abril de 1829, fillo de Benito Fernández Espinosa do *pazo de Cascaxide* e de María Salgado Vaamonde, do *pazo de Soutolongo* (Lalín), neto por liña paterna de José Fernández Espinosa e Josefa Varela e Verea de Aguiar, e por vía materna de Benito Salgado, veciño de Soutolongo, e Juana Vaamonde, de Brántega, que casou en segundas nupcias con José Mª Rivas Taboada, veciño de Siador. Luisa finou en Vilancosta en outubro de 1911.

Fillo de Luisa e Bernardo foi ***Laurentino Espinosa Valladares*** (*que segue*)

1044 Tiña un irmán, Ramón Matías, que en 1851 foi proposto para o curato de San Miguel de Bendoiro por José Moreno Daíz, coronel retirado da Mariña, e pola súa esposa Sofía Moscoso Taboada de Moreno, veciños da Coruña, pois pertencía aos morgados dela.

1045 Eran trece irmáns, algún citados xa noutras casas como Jesusa, que casou con José García Centeno (Cfr. *Pazo da Mota*, páx. 382)

Laurentino Espinosa Valladares. Bautizado o 5 de febreiro de 1861, pasou os primeiros anos en Vilancosta ao coidado da súa tía e madriña Avelina.

En 1882 graduouse en dereito e ao ano seguinte, o 26 de xullo de 1883, casou en Callobre con *Concepción Cervela Malvar*, do *pazo de Valiñas*, nacida en Santiago o 6 de xaneiro de 1859.

Aos 42 anos herdou o casal de Vilancosta, pois foi o único neto varón de José Dioniso Valladares. Alcalde da Estrada e ademais agrarista, participou en distintos mitins ao igual que o seu xenro Antón Losada Diéguez, impulsando o asociacionismo labrego.

En xaneiro de 1914 pasou a vivir coa súa familia a Domaio, onde tiña a casa de Montealegre por parte da súa esposa. Alí foi nomeado xuíz municipal de Moaña.

Laurentino finou o 7 de febreiro de 1936 e a súa muller Concepción o 4 de xuño de 1937. Laurentino fixera testamento o 31 de xaneiro de 1936 deixando os bens repartidos entre os fillos. A meirande parte dos bens de Vilancosta tralas partillas quedaron para Rafael e José.



Vilancosta

Tiveron sete fillos nacidos en Moalde, excepto o primeiro:

a.- *Avelino Espinosa Cervela*, nacido en Vilancosta o 12 de xullo de 1884, se ben foi bautizado cos nomes de Juan Gualberto Avelino Ramón María Germán. Estudou Dereito en Santiago e foi xuíz en Verín, en Becerreá, Padrón,… e fiscal da Audiencia de Ourense.

b.- *Germán Rafael Álvaro Luis Jesús María Jose Espinosa Cervela*, nacido o 13 de agosto de 1886. Foi perito mecánico-electricista en Vigo. Casou en xuño de 1933 con *Purificación Otero García*, indo vivir á *casa da Mota* en Riobó, onde morreu Rafael. Foron pais de Rafael e de María Dolores, quen casada vivía en Santiago.

c.- *María del Carmen Micaela Felisa de los Sagrados Corazones Espinosa Cervela*, nacida o 11 de xuño de 1888. Casou o 8 de decembro de 1913 co avogado *Manuel* ***Ferreirós*** *Oca*, fillo de Manuel Ferreirós Batallán e de Lucía Oca e Vila.

Manuel publicou en 1908 un folleto titulado Abonos, nos que daba información das distintas clases de fertilizantes aos labregos. En 1917 pediu permiso para plantar tabaco nos seus terreos de Poio, Moaña e Berres. En 1916 foi nomeado decano do Ilustre Colexio de Procuradores.

Manuel morreu o 26 de novembro de 1931 na súa casa de Poio. A viúva tivo que traballar arreo nun estanco de Pontevedra para sacar adiante á súa numerosa prole. Aínda que morreron de nenos dous dos seus fillos, cando morreu seu pai vivían: Manuel, María, Carlos, Luís, Albina, Antonio, Concepción, Mercedes e Jesús (que foi médico e casou en 1960 con Josefina Conde Montero-Ríos). O maior chamado Manuel, avogado, finou durante a Guerra Civil, polo que **Carlos Ferreirós Espinosa** quedou como primoxénito.

d.- *Julián José Severo de los Sagrados Corazones*, nacido en 1892, morreu de neno.

e.- ***José Ramón Valentín Victor Espinosa Cervela*** (*que segue*)

f.- *Albina Mercedes Plácida Sara*, nacida 16 de xaneiro de 1894. Casou en Domaio en 1914 con *Antón Losada Diéguez*, que naceu en Moldes o 7 de xaneiro de 1884, fillo do notario Miguel Losada e Carmen Diéguez Arias. Antón estudou Filosofía e Letras en Deusto cos xesuítas. A partir de 1907 desde o agrarismo defende as súas ideas políticas escribindo en "El Estradense". En 1914 exerce como catedrático en Ourense e casa con Albina, sendo pais de Antón que naceu en Moldes ao ano seguinte. Pero Albina morreu en Ourense, onde exercía o seu marido, o 17 de decembro de 1916 de febre tifoidea, polo que se fillo Antón foi criado pola súa tía Mercedes. Antón ao ano seguinte trasládase a Pontevedra, onde será deputado provincial, logo ingresa no Seminario de Estudos Galegos e en 1928 entra como membro na Real Academia Galega. A súa morte ten lugar o 15 de outubro de 1929.

g.- *María Mercedes Luisa*, nacida o 14 de marzo de 1897. Casou co seu cuñado Antón Losada Diéguez o 20 de decembro de 1920 en Vilancosta. Seus seis fillos chamábanse Antonio, Miguel, Mercedes, Albina, Joaquín e Luís.



Interior da casa

José Ramón Valentín Victor Espinosa Cervela, nacido o 20 de xullo de 1892. De mozo, estando enfermo do pulmón, estivo en Soutelo de Montes facendo unha cura de montaña e sobrealimentado, ata que curou.

En xullo de 1938 prendéronlle lume con líquido inflamable ao portalón de castaño da súa casa de Vilancosta, pero afortunadamente non ardeu a casa. O culpable era un veciño da parroquia de Ribeira. En 1940 o "jefe provincial del Movimiento" nomeouno xefe local da Estrada,

José casou o 14 de decembro de 1946 con *Gumersinda Rial Requeijo*, natural de Cesantes (Redondela). Foi industrial traballando en Domaio, Santiago e A Estrada. Foi nomeado deputado provincial. Recibiu en herdanza a casa de Vilancosta. Finou o 15 de abril de 1971 en A Estrada.

Pero mortos ambos sen sucesión, Gumersinda deixou a casa de Vilancosta ao que lle tocase en sorte entre catro dos seus sobriños José Luis Espinosa, Antón Losada, Carlos Ferreirós e José Luis Rial. A sorte caeu en *Carlos Ferreirós Espinosa*, que tiña daquela 54 anos.

Carlos Ferreirós Espinosa, naceu o 1 de febreiro de 1918 en Poio (Pontevedra). Por mor da Guerra Civil tivo que deixar os seus estudos de medicina ao ser mobilizado en 1937. Trala guerra continuou un tempo no exército chegando a capitán de infantería. Ao pasar á reserva, continuou os estudos e en 1945 xa era médico. Foi catedrático na facultade de medicina en Santiago e xefe do Departamento de Radioloxía do Hospital Clínico Universitario de Santiago.

Casou en Cee o 5 de xullo de 1951 con *Mª del Carmen Dominguez del Campo*, nacida o 18 de xullo de 1926, filla de Joaquín Domínguez Nemiña, natural de Cee, e de Teresa del Campo Martín, natural da provincia de Logroño.

Cando Carlos herdou a casa de Vilancosta, rehabilitouna durante os anos 70, de aí que a casona se conserve en bo estado.

Finou en Vigo o 22 abril de 1996 e repousa en Berres, onde tamén foi enterrada Mª del Carmen, que finou en Santiago o 27 de agosto de 2007.

Os seus fillos naceron entre 1952 e 1964:

1.- *Joaquín María Carlos Manuel Alejandro Ferreirós Domínguez.*

2.- *Carlos Ferreirós Domínguez*, biólogo, casou o 17 de setembro de 1981 en Bayona con Mª Teresa Criado Álvarez, nacida en Vigo, filla de Andrés e Mª Victoria.

3.- *Mª del Carmen Ferreirós Domínguez*, farmacéutica, casou o 7 de agosto de 1982 co médico Moisés Hernández Blanco, nacido en Valladolid, fillo de Moisés e Mª del Carmen.

4.- *José Manuel Ferreirós Domínguez*, casou en Gandía o 14 de marzo de 1992 con Mª Dolores Orihuel Iranzo, nacida en Gandía, filla de Benito e Silvia.



Árbore xenealóxica dos Valladares (detalle)

CASA DE VILANOVA DE REMESAR

A casa de Remesar queda no recordo, pois agora non existe, porque os seus habitantes pasaron a vivir a Meis (Pontevedra). Porén temos algunhas referencias desta familia fidalga.

Gregorio Regueira Freixomil, cura de San Salvador de Barbeito (Vilasantar. A Coruña) foi o fundador dun vínculo en Remesar no que entraba parte da sinecura da freguesía de Fisteus.[1046] Tivo na súa parroquia de *Isabel García* dous fillos, que vivían en Mezonzo no concello de Vilasantar:

1.- ***Gregorio Regueira Freixomil*** (*que segue*)

2.- *Antonio Regueira Freixomil*. Casou en Remesar o 21 de xuño de 1655 con **Luisa Mondragón**, se ben se fixo a escritura de dote dous días máis tarde. En 1675 xa estaba viúva, e o 30 de marzo de 1684 deixou o vínculo e morgado a seu fillo Andrés. Os bens comprendían a *casa do Fachal* e prados, fragas e outros bens en Meis, Cabrui, Abeixón e outros.
Foron pais de:

A) *Andrés Regueira Mondragón* (sen sucesión, pois era fatuo). Estudaba para cura cando a súa nai o nomeou vinculeiro.

B) *María Regueira*, que casou con *Alonso Bermúdez*, nacido sobre 1650, fillo de Blas Daval e de Susana Bermúdez de la Maza e Lobera. Vivían en Gondarei onde tiveron un preito contra seu curmán Lourenzo Regueira por mor dunhas augas de rega. Alonso morreu o 24 de decembro de 1721 e María o 12 de maio de 1733. Foron pais de:

a) *Patricio*.

b) *Benito Bermúdez de Castro*, casou con *Mª Ignacia de Villa*. Os seus fillos foron Diego Antonio, José Antonio, Gaspara Ignacia, Mª Ventura e Mª Manuela Bermúdez de Villa.

c) *Gaspara*.

d) *Baltasar Luís*, presbítero, que nun preito sobre augas aparece como Baltasar Bermúdez de Castro Mondragón.

C) *Luísa Gregoria Regueira*, que casou con *Ramón Patiño*. Tiveron catro fillos: Tomás, Andres, que foi cura, Bernardo e *Jacobo Patiño Regueira*, que casou con Juana Ponce de León e tiveron a Juan Patiño Ponce de León, do coto de Mezonzo e dono da *casa do Fachal*.

Gregorio Regueira Freixomil que casou con *Jerónima Mondragón*, filla de Andrés de Mondragón e Juana Bermúdez de la Maza, o 21 de xuño de 1655, o mesmo día que os seus irmáns.

En Remesar o 23 de xuño de 1655 Andrés e Juana estando como testemuña Gregorio Regueira Freixomil, dixeron que súas fillas Luísa e Jerónima estaban casadas cos irmás Gregorio e Antonio Regueira Freijomil. Gregorio dotou a seus sobriños e eles a súas fillas con casas, terras, roupa, gando, etc. Estaba presente tamén Juan de Mondragón, arcipreste de Montes e cura de San Martiño de Figueroa, que lle dera a súa lexítima a seu irmán Andrés e agora lla deixa ás súas sobriñas.

Eran os donos do lugar de Vilanova en Remesar coa súa casa de catro salas, cociña, cortes para os cabalos, pombal, muíño e un prado arredor de 200 ferrados, ademais de devesas e montes doutros 200 ferrados. Tamén eran donos de parte da sinecura de Santa María de Fisteus (Curtis).

1046 En 1613 hai un procurador en Santiago que se chama Gonzalo da Regueira Freixomil

Gregorio morreu o 26 de novembro de 1676 e Jerónima, que fixo testamento o 7 de setembro de 1678, morreu o 16 de novembro de 1682.

Gregorio e Jerónima foron pais de:

1.- *Rafael*, bautizado en Remesar o 29 de marzo de 1656, que se ausentou e non se volveu saber nada del.
2.- *Isabel*, bautizada o 27 de setembro de 1657, tendo como padriños ao cura de Rubín e a María Mondragón, veciña de San Breixo de Lamas.
3.- *Antonia María*, bautizado o 23 de novembro de 1658 tendo por padriños aos seus avós Andrés e Juana. Tanto Antonia como Isabel antes que seus pais.
4.- ***Lourenzo Reguera*** (*que segue*)

Lourenzo Reguera Freijomil, bautizado o 10 de agosto de 1668 tendo por padriños a Rafael Rigueira, veciño de Remesar, e a súa tía María Mondragón, veciña de Donas. Foi alférez de milicias, casou en San Martiño de Meis con ***Antonia Jacinta Fortío Bermúdez de Torres***, natural de Cambados.

Antonia era filla de *Jacinto Fortío de Torres*, morto sobre 1682, e de *María Bermúdez de la Maza*, que morreu en 1706, e neta de *Pedro Fortío* e *Maior Ares de Torres* e bisneta de *Francisco Fortío* e *María Farta de Lamas*. Este Francisco Fortío e a súa muller foron os que fundaron en 1599 a capela de Santo André no convento de San Francisco de Cambados, agregándolle distintos bens que vincularon. A ese vínculo agregáronse despois tanto por parte de Pedro como de Jacinto Fortío e de seu irmán Francisco Fortío o mozo.

Antonia tivo como irmáns a Pedro (que morreu novo), Jacinto (presbítero en Cambados), Andrés, veciño de Cambados, José, Francisca e Feliciana, que foi monxa no convento de Orfas en Santiago. Andrés e José foron os que levaron os bens do vínculo. Trala morte dos seus pais Antonia tivo un preito cos seus irmáns pedindo facer as partillas, pois deixaran bens como casas e rendas en Sanxenxo, Samieira, Noalla, A Lanzada e en Dorrón.

Lourenzo Reguera e Antonia tiñan propiedades en Agar (casa da Devesa, prado do Figueiral, etc.), no Salnés, casa e granxa en Meis (San Tomé do Mar), unha viña en Santa Cruz de Castrelo (herdanza da súa avoa) e rendas en Curantes, San Breixo de Lamas, Berres, Luou, etc.

Antonia tiña un tío chamado José Bermudez de la Maza, cura de Meis, que fixo unha fundación e agregación a favor de Antonia, se ben no seu testamento deixou 500 ducados a favor da súa sobriña Francisca -que morreu en Remesar o 19 de novembro de 1745-, que logo incorporou á fundación do seu tío, polo que reverteu en Antonia. Ademais José era o dono da **casa de Pumariño** na que vivía o matrimonio, se ben logo Lourenzo lle fixo melloras.

Lourenzo fixo en Vilanova un pombal, muíño e reedificou parte a casa, de xeito que pasou a ter catro salas, cociña, corte para os cabalos e cun prado arredor que traballaban tres caseiros. Tiña tamén devesas con carballos, soutos de castaños e cerradas de monte.

Fundou unha capelanía na igrexa de Remesar o 4 de decembro de 1739 no colateral do lado do Evanxeo, baixo a advocación de Nosa Señora do Portal de Belén. A escritura fundacional foi redactada en San Martiño de Meis, onde residía Lourenzo Regueira "*dono das casas de Villanueva*".

Antonia morreu en Remesar sen testamento o 10 de novembro de 1731.

Tiveron por fillos a:

1.- *Melchora Reguera*, casou en Remesar o 14 de decembro de 1719 con Tomás de Lira Tovar, veciño de Santa María de Marozos, se ben Tomás morreu pouco despois o 28 de outubro de 1720. Sen sucesión, Melchora deixou como usufrutuaria á súa irmá Gaspara e logo como herdeira a súa sobriña Antonia. Morreu en 1759 tendo feito testamento ante Andrés Francisco de la Iglesia, escribán de Santa Eulalia de Senra, xurisdición de Folgoso, e segundo o seu sobriño Antonio en seu favor.

2.- *Jerónima Reguera*, que casou en Remesar o 16 de marzo de 1718 co seu parente en 3º e 4º grao *Juan Antonio de Neira Baamonde e Castro*, fillo de Pedro Neira Baamonde e de Jerónima Bermúdez de Castro, veciños de Donas. Tiveron por fillos:

a.- *Baltasar Lourenzo de Neira*, cura de San Tirso de Mánduas e de Breixa, a quen lle quedou en Remesar a casa dos seus avós Lourenzo e Antonia.

b.- *Rafael*, veciño de San Pedro de Donas.

c.- *Ignacio*, nacido o 14 de xullo de 1709 e bautizado ao día seguinte en Remesar. Foi veciño de San Xiao de Piñeiro.

d.- *Gaspara*, solteira e veciña de Santiago de Brei.

3.- ***Alexos*** (*que segue*)

4.- *Gaspara*, que casou o 25 de setembro de 1729 en Remesar con Gonzalo Sánchez de Villar, fillo de Gonzalo Sánchez e Inés Suárez de Andrade, veciños de Budiño. Pais de Antonia.

Alexos Reguera Fortío. Foi bautizado en Remesar o 18 de abril de 1689 tendo por padriños a Jacinto e Francisca Bermúdez, veciños de Cambados. Mellorado polos seus pais, casou con *Beatriz Mondragón Varela Gil*, bautizada o 15 de maio de 1700 tendo por padriño a Pedro Gil Taboada e Camba, veciño de San Amaro de Barcia, filla de *Leonel Mondragón Gil Taboada*, da **casa de Vilasusán**[1047] en Remesar, e de *María Varela Mariño* (que tivo un irmán, Pedro, colexial de Fonseca e cóengo en Tui). Vivían en Meis na **casa** chamada de **Pumariño.**

Alexos morreu en Meis abintestato o 15 de outubro de 1745. Froito do matrimonio foron:

1.- *Benito Antonio Manuel*, bautizado en Godos o 31 de decembro de 1723, tendo por padriños aIgnacio e Juana Mondragón, tíos do bautizado. Foi militar e morreu na guerra en Italia antes que seu pai.

2.- **José Manuel Antonio** (*que segue*)

3.- *María Juana*, bautizada en Remesar o 9 de decembro de 1728. Trala morte do seu pai estivo vivindo un 18 anos en Vilasusán na casa da súa tía Jacinta Mondragón. E cando José Mondragón o seu sobriño lle quitou a casa foron vivir outros doce anos na casa de Vilanova, que era do seu irmán José Reguera. Ademais José dáballe algúns ferrados de pan por vía de alimentos. Morreu o 14 de abril de 1777 sendo coidada os últimos días por seu irmán Antonio, a quen deixou como sucesor no seu testamento feito neses días ante o escribán Cayetano Nicolás Vidal. O seu irmán José dicía que estaba incapaz cando o fixo.

4.- *Ana Jacoba*, bautizada en Remesar o 26 de xullo de 1730.

5.- *Antonio Bernardo*, bautizado en Remesar o 15 de novembro de 1731.

6.- *Lourenzo*, bautizado en Remesar o 11 de agosto de 1735 sendo os padriños os seus tíos Ramón e Jacinta, veciños de Vilasusán. Ausentouse con 20 anos e non se volveu a saber del.

7.- *Antonia Regueira Mondragón*, bautizada o 13 de maio de 1739 en Remesar. De maior vivía en Meis co seu irmán José pois estaba solteira.

1047 Cfr. Páx. 347 ss

8.- *Antonio Regueira Mondragón*, estudou en Santiago filosofía ata 1752 ano en que casou con Tomasa Leal Gómez, veciña de Santiago. Logo estudou medicina e fíxose médico titular do deán e do cabido da catedral de Santiago. Nos estudios axudoulle o seu tío Ramón Mondragón, racioneiro do colexio do Sancti Spiritus, logo cura de San Miguel de Villar e logo capelán e mordomo do arcebispo Cayetano Gil. Seu tío pagáballe unha pensión e trala morte do arcebispo levouna para súa casa na rúa de San Roque.
Trala morte dos pais fixo en 1755 una concordia co seu irmán José ante Agustín de Porto Vilarello?, escribán da xurisdición de Romai. José deulle 300 ducados, pero pouco despois Antonio demandou a seu irmán dicindo que o enganara, que era menor (tecnicamente si, pois tiña 24 anos) e pediu facer partillas.

9.- *Beatriz*, que morreu o 18 de xaneiro de 1749. Fixo testamento catro días antes ante Domingo Sánchez de la Vega.

José Manuel Antonio Reguera Mondragón, nacido o 17 de xaneiro de 1727 e bautizado en Remesar ao día seguinte tendo por padriños a seu avó Lourenzo e á súa tía Melchora Regueira. Foi capitán da Milicia do Rexemento Provincial de Pontevedra e veciño de Meis.

Casou con *Mª Ignacia Valladares Vilariño Figueroa*, veciña de Pontevedra, filla de Benito Valladares Arango e de Benita Vilariño Figueroa, da casa de Padín en Vilalonga, e neta por vía paterna de Leonardo Valladares, rexedor e alcalde de Pontevedra e de María Arango. O seu irmán Antonio reclamoulle facer as partillas dos bens familiares, dos que José Manuel gozaba como herdeiro do vínculo fundado polos seus ascendentes. Tiveron por fillo en Meis a:

1.- *Andrés Reguera de Mondragón y Valladares*, coronel do Rexemento Provincial de Pontevedra, que casou en 1798 con *Mª Gertrudis Pardiñas*, filla de Ramón Benito Pardiñas Vilardefrancos Feijoo e Sotomayor, señor das xurisdicións de Sabaceda, Ramiscal, Louteiro, Torres de Vilaxoán e de Valea e patrono do Convento de Cambados e de María Antonia Varela e Ulloa, señora das xurisdicións de Goián, Cerdelo, Corbelle, Sisoi e Arcillá e patroa da capela maior do convento Sancti Spiritus de Melide.

2.- **Josefa Reguera Valladares** (*que segue*)

Josefa Reguera Valladares, que casou en Santo André (Santiago) o 19 de agosto de 1785 co coronel graduado de infantería ***Domingo Antonio Loriga e Romero de Caamaño***[1048], nacido o día 24 e bautizado o 26 de abril de 1758 en Sigrás cos nomes de *Domingo Antonio Gregorio Vicente María José Marcelino de las Ánimas*, fillo do capitán de Milicias Juan Vicente Loriga Bermúdez de Castro, dono do pazo de Sobrecarreira (Sigrás), e de Inés Vicenta Romero e Caamaño, do pazo de Follente (Zas. A Coruña). Velaron en Santiago de Sigrás (Cambre) o 22/9/1789.

Domingo tiña subscrito moitos foros, nos que se incluían diversas condicións curiosas en seu favor, como a obriga de vendimar gratuitamente para eles, ou ben cando el (ou sucesores) fose á súa casa da torre en Soandres "*para hacer caza y montería en ella e inmediaciones, le ha de conducir las cuerdas, sea con carro o bien con caballerías sin estipendio alguno*".

Domingo, tenente coronel retirado, fixo testamento o 19 de outubro de 1812 ante Benito Tomás Frade falecendo o 26 de novembro de 1812 e Josefa Reguera finou o 4 de abril de 1842, ambos na parroquia de Santiago na Coruña.

1048 Era irmán de Juan de Loriga y Reguera (Sigrás, 1788- Santiago de Cuba, 9/8/1829), militar, combateu en Chile e Perú, posteriormente pasou a Cuba como gobernador del departamento oriental.

Domingo no testamento manda pagarlle a Josefa Reguera, cando estea viúva, 800 ducados anuais, que sinala en rendas na Coruña. En un codicilo feito catro días máis tarde di que a casa en que vive, na rúa coruñesa de Tabernas, é ganancial, polo que lle deixa a Josefa a outra metade da casa con todos os seus mobles.

Domingo e Josefa foron os pais de:

1.- **Antonio Loriga Reguera** (que segue)

2.- *Juan Loriga Reguera*, bautizado en Sigrás o 3 de abril de 1788 cos nomes de *Juan José Mª de los Dolores Ignacio* tendo por padriños ao tenente coronel José Oreiro e Juana Basadre a súa muller.

Aos 14 anos enrolouse no exército con motivo da invasión francesa, servindo na artillería a cabalo. Nunha ocasión tendo recibido a orde de requisar cabalos para o tiro dos canóns, o primeiro que fixo foi confiscar os de seu pai e as eguas de coche dunha tía súa. Finalizou a guerra co grado de coronel e en 1818 partiu cara América para reforzar aos realistas.

Xunto ao tenente coronel Fausto del Hoyo e algúns restos do segundo batallón de Cantabria desembarcou en Talcahuano, incorporándose ao exército realista acantonado en Valdivia. Aburrido polas pugnas internas dos xefes realistas de Chile separouse deste exército e pasou ao Perú, onde participou na incursión do xeneral José de Canterac sobre Lima en 1821 e na batalla de Ica en 1822, ascendendo seguidamente a brigadier e comandante xeneral de cabalería en 1823. A principios de 1824 foi enviado polo virrei La Serna a España a dar conta da desesperada situación do virreinato. As novas do desastre de Ayacucho sorprendéronlle na metrópole librándose desta maneira dos compromisos políticos e responsabilidades que recaeron sobre os outros xefes realistas. En 1825 foi nomeado mariscal de campo e pasou a servir en Cuba, onde exerceu o cargo de gobernador do departamento oriental ata súa morte.

En 1825 casou en Madrid coa limeña *Juana de la Pezuela*, filla do virrei Joaquín de la Pezuela e de Ángela Ceballos, pero Juana faleceu de parto pouco despois, o 11 de marzo de 1826. Logo estando en Cuba, en 1829 contraeu novo matrimonio con *Mariana Kindelan y Mozo de la Torre*, bautizada en Santiago de Cuba o 4 de abril de 1804, filla do mariscal de campo Sebastián Kindelan O'Regan e de Ana Manuela Mozo de la Torre. Pouco despois contraeu unha mortal enfermidade tropical, falecendo o el 9 de agosto de 1829. Non deixou descendencia.

3.- *Mª Vicenta Francisca Rafaela del Carmen Loriga Reguera* bautizada en Sigrás o 6 de maio de 1789 tendo por madriña a María Valladares, solteira. Vicenta foi sepultada na parroquia coruñesa de Santiago o 2 de abril de 1800.

4.- *María Dolores Loriga Reguera*, que vivía na casa de seu pai e que casou co capitán de Artillería Joaquín Álvarez Maldonado, recibindo 100.000 reais de dote, dos que seu pai confesa no testamento ter pagado 62.000. Por iso quere que o sucesor pague todo, aumentando en 8.000 reais o dote. Joaquín ascendeu a coronel comandante xeneral, sendo nomeado en 1840 cmendador da Orde Isabel a Católica.

(Domingo) Antonio Loriga Reguera, naceu no Grove na casa grande do Sineiro, pazo familiar dos Correa, pois a súa nai era sobriña dos señores de dito pazo, e quizais estaba alí e non na súa casa pois estaba solteira. Foi bautizado na igrexa parroquial de San Martiño do Grove o 27 de outubro de 1782 cos nomes de **Domingo Antonio Vicente Benito**, "*que nació el mismo día, hijo natural de doña Josepha Reguera y Valladares, vezina de San Martín de Meis, cuyo padre del niño dijo la parturiente ser don Domingo Antonio Loriga, vezino de Santa María de Zidrás [...]; fueron sus padrinos el Licenciado don Andrés Valladares y su mujer doña Mª de la Ascensión, vezinos de esta dicha villa*".

Sendo capitán da R. C. Artillería e residente na Coruña casou na igrexa compostelá de santo André o 27 de marzo de 1815 con ***Rosa Taboada Mondragón***, que foi dotada o 16 de xaneiro de 1815 ante Francisco Javier Gándara, escribán de Santiago.

Rosa foi bautizada na parroquia compostelá de santo André (aínda que seus pais pertencían á parroquia de Salomé) o 20 de xaneiro de 1792 cos nomes de *Rosa Sebastiana Ramona Jacoba Benita Antonia Josepha*, filla de *María Nicolasa Mondragón Córdoba Bermúdez e Sangro*, descendente da *casa do Bacelo*, ***de Vilasusán*** e de *Figueroa* que casou en Santa María de Godos o 27 de xuño de 1783 co tenente xeneral e mariscal de campo dos Reais Exércitos *Francisco Taboada e Gil Mosquera*, da casa de Liñares (San Martiño de Prado. Lalín) da de Brenzos, torre da Medoña e outras, señor do castelo de Vilaboa a súa xurisdición de Gandufe civil e criminal, coronel do Rexemento Provincial de Santiago, rexedor perpetuo de Santiago. Por liña paterna era neta do coronel de infantería José Taboada e Mosquera, da casa de Liñares, e de Rosa Gil Teijeiro, da casa de Barcia, e bisneta de Alonso Taboada, da casa de Liñares, e de Mª Andrea Taboada Gil, dona do solar de Brenzos, e de Gregorio Gil, señor da casa de Barcia, e de María de Teijeiro, da casa de Recemil. Eran parentes dos condes de Taboada. Por liña materna era neta **José Benito Mondragón y Córdoba** das **casas de Vilasusán** e Bacelo e de **Tomasa Bermúdez de Sangro y Teijeiro**, da ***casa grande dos Bermúdez de Castro***[1049] en San Paio de Figueroa. "*Bisnieta por la línea materna del Caballero don Pedro Mondragón y de dª Josepha de Córdoba y Castro dueña de la casa solar de Rianjo y de Don Joseph Bermúdez de Sangro señor de la casa de Figueroa y Piñeiro y de Dª Dototea Teyxeyro [...]*".[1050]

En 1825[1051] Rosa foi declarada como herdeira universal por Jacoba Gil Taboada, falecida o 30 de febreiro de 1828 e filla dos *condes de Taboada* Benito Gil de Lemos e de Mª Manuela Gil Teixeiro e pola tanto curmá de seu pai. En 1837 vendeu[1052] algún destes bens herdados e situados en Gonzar (Lugo) por valor de 66.000 reais.

Antonio foi un militar que participou activamente na Guerra da Independencia, na que resultou ferido de gravidade o 14 de xullo de 1802 na batalla de Medina de Rioseco ao ser arrollado por un furgón de artillería. En 1810 estaba no exército en Sevilla[1053]. En 1811 sendo xa capitán asistiu aos combates do Orbigo, Molina Seca e Astorga, e polo seu comportamento foi ascendido a tenente coronel, e en maio de 1812 destinado en Cádiz foi apresado no barco que levaba bombas e outras municións e levado a Francia onde estivo prisioneiro ata a fin da guerra[1054].

A 18 de abril de 1823 aparece como tenente coronel graduado de coronel de Artillería na Coruña, e catro días máis tarde outorga testamento porque vai saír á campaña "*al cuarto de operaciones*" e di que é coronel de "infantería" (por error do notario) e axudante xeneral do Estado Maior. E cando fai un codicilo en 1837 faino como coronel de artillería e director da Maestranza da Coruña.

Foi profesor do Colexio de Artillería e Compañía de Cabaleiros Cadetes de Valladolid, Subinspector do 4º Departamento militar con sede na Coruña, Director da Escola de Artillería de Segovia (8/10/1843 a 25/1/1846), Gobernador Civil da Coruña, Deputado a Cortes pola Coruña nas eleccións de 10 de xaneiro de 1840 e 22 de Setembro de 1843.

O 27 de xaneiro de 1822 as Cortes extraordinarias dividen Galicia en catro Provincias: A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo, e en consecuencia a Deputación Provincial de Galicia con sede en Coruña disólvese para crear o 16 de Marzo de 1822 a Deputación Provincial de Coruña. O 10 de abril Antonio Loriga publica un bando dirixido aos "*Habitantes de Galicia*", no que di que estivo dous meses como Presidente da extinguida Deputación Provincial de Galicia, pero que agora pasa a ocupar a presidencia da nova Deputación Provincial da Coruña, "*Aunque mi mando*

1049 Cfr. *Casa grande dos Bérmudez de Castro*, páx. 274 ss.
1050 Libros sacramentales da parroquia compostelá de Santo André.
1051 Protocolos de Agustín Rey Bermúdez de España, 25 de decembro de 1825
1052 ANC, Protocolos de Pelayo Iglesias Carvajal. a 12/7/1837.
1053 AHN, Estado,47,D
1054 VV.AA. *Enciclopedia Universal Ilustrada Europea Americana*, tomo XXXI, Espasa, Barcelona

interino está reducido en el día á la provincia de la Coruña, quedo sin embargo entre vosotros. Con conexiones muy estrechas, y antiguas en Galicia, no podré olvidar jamás que vuestra dicha es la mía, y la de mi familia. ***Trabajando en vuestro obsequio, sirvo á mis intereses***"[1055]. Neste cargo é denominado como "Jefe Político" (Ley de 3/2/1823) e estivo no cargo ata 1835. Máis tarde o xefe político será denominado "Gobernador Civil" (Real Decreto de 28/12/1849)



Antonio Loriga

A Deputación Provincial comezou as súas sesións o 1 de xuño de 1822, co discurso inaugural pronunciado Antonio Loriga como presidente. No Arquivo da Deputación consérvase un único libro de actas que recolle as cincuenta e dúas sesións celebradas desde ese día.

No ano 1834 "*Don Antonio Loriga, jefe político de la provincia, inserta la siguiente orden en la gaceta: 'Necesitando esta Jefatura política de mi cargo saber si existen en esta provincia vacas con viruelas, para propagar el virus vacuno que tanto interesa a la humanidad, he creido conveninete excitar el celo de las justicias, y de los que posean vacas con la expresada viruela, esperando que me den conocimineto de ello para los fines consiguientes*".[1056]

Na capela do cemiterio coruñés de San Amaro, construída polo enxeñeiro militar Alejo Andrade Yañez, hai unha placa que di "*Esta capilla se edificó a expensas del Excmo. Sr. D. Fernando Queipo de Llano, Siendo Capitán General el Excmo. Sr. Conde de Cartagena, y Gobernador Civil el Sr. D. Antonio Loriga. Año 1834*".

Antonio "*En 1846 aparece como Mariscal de Campo en una reunión convocada por las autoridades militares, a los que asistieron los militares retirados, para oponerse a la Revolución gallega de abril de 1846, que acababa de estallar en Lugo*"[1057].

O 21 de xullo de 1846 concedéuselle a Gran Cruz de Isabel a Católica "*en atención a los servicios prestados durante las últimas ocurrencias de Galicia*"[1058].

Dono da casa de Sobrecarreira en Sigrás e do pazo de Follente (Zas. A Coruña) e outras moitas anexas aos seus morgados, en 1837 contribuíu con 800 reais a un fondo do concello para mercar

1055 Arquivo Municipal da Coruña. Documento aportado pola súa arquiveira María de la O Suárez.
1056 GARCIA BARROS, J. *Medio siglo de vida coruñesa*. 1834-1886. A Coruña, 1970
1057 GONZÁLEZ LÓPEZ, E. *El reinado de Isabel II en Galicia*, Ed. do Castro, Sada, 1984.
1058 AHN, Estado, 6333, Exp.17

a casa nº 53 da rúa Nova que había que derrubar por razóns de urbanización, valorada en 18.000 reais.

Cabaleiro de San Fernando e San Hermenegildo, 1º Presidente da Academia Galega das Artes desde o 9 de agosto de 1850 até á súa morte, participou co fundador do Consulado da Coruña en varias empresas.

Antonio morreu na Coruña o 9 de novembro de 1855 aos 73 anos por mor dunha enfermidade pulmonar no seu domicilio de Praza dos Anxos, nº 2, pertencente á parroquia de Santiago, e foi sepultado no cemiterio de San Amaro[1059]. Tiña outorgado testamento[1060] o 22 de abril de 1823, ademais dun codicilo o 12 de decembro de 1837 ante Pelayo Iglesias Carvajal, e outro codicilo militar datado o 10 de novembro de 1853. No seu testamento pide que non se faga convite e que os cartos se entreguen aos pobres ou aos caseiros. Mellora en terzo e quinto a seu fillo Santiago.

O 2 de maio de 1857 fixéronse as partillas de seus bens[1061], que consistían en casas e rendas en Sigrás, A Coruña (tres casas na rúa dos Olmos), Almeiras, Burgo, Oza, Soandres, Follente, Zas, etc. Están presentes a viúva, dona Rosa, e os seus fillos: Santiago e Eliseo coroneis graduados de Infantería e primeiros comandantes de Artillería, Josefa casada con Ricardo Durán (ausente na Habana), Juana solteira, Joaquín comandante graduado de Infantería e capitán de Artillería, e Jacoba solteira, todos maiores de idade, mentres que Francisco, tenente fiscal da Real Audiencia na Habana, foi representado pola súa nai. Rosa renunciou a favor dos seus fillos ao dote que aportou e eles déixaronlle as xoias, prata e mobles da casa familiar, ademais cada fillo había de darlle por viúva 701 reais, se ben Santiago como era o sucesor nos morgados debía darlle 5.714 reais. Os fillos recibiron rendas e herdades por valor de 31.482 reais, excepto Santiago, que a maiores recibiu a metade do valor dos morgados por valor de 244.984 reais.

A súa muller, que vivía na rúa coruñesa Mendizábal, 20, a 12 de novembro de 1870 ante Rosendo Carballo declara que debe a diversas persoas, entre eles os seus netos Durán Loriga e a seu fillo Santiago, cantidades por valor de 74.145 pts., polo que autoriza á su fillo Santiago a vender ou hipotecar os bens precisos para pagar tais créditos. E o 7 de decembro dese mesmo ano e ante o mesmo notario outorga testamento. Declara ser nai de *Santiago, Eliseo* (falecido), *Francisco, Josefa* (difunta), *Juana*, *Joaquín* e *Jacoba*. A Jacoba como está solteira déixalle a mellora de 1/3 e 1/5 dos seus bens, e o resto a repartir entre os seus sete fillos a partes iguais. Deixa tamén na súa casa un escrito de como deben ser as súas honras fúnebres e algunha outra disposición.

Rosa foi sepultada o 27 de decembro de 1873, deixando nese momento catro fillos: Francisco, Juana, Joaquín e Jacoba.

Os descendentes de **Josefa Reguera Valladares** e de Antonio Loriga continúan a saga[1062], pero xa sen o apelido Reguera da casa de Vilanova de Remesar. A partir deste momento destacará o apelido Loriga, chegando algún dos descendentes a ser *conde do Grove*[1063], e outros chegaron a levar a súa fama por todo o mundo, como o malogrado aviador Joaquín Loriga.

1059 Arquivo Municipal da Coruña, Rexistro Civil.
1060 ANC. Protocolos de Francisco Barral e Castro.
1061 ANC Protocolos de José Rosendo Carballo.
1062 BÉRTOLO, J.M.-FERRO, L. *A saga dos Loriga*, Rev. Nalgures XIV, Asociación C. de Estudios Históricos de Galicia, 2018
1063 Cfr. *Casa de Mondragón en Vilasusán. Remesar.*

FONTES E BIBLIOGRAFÍA

- Arquivo Catedralicio de Santiago de Compostela. (ACS)
- Arquivo da Real Academia Galega. (ARAG)
- Arquivo del Reino de Galicia (Real Audiencia e Audiencia Territorial) (ARG. RA/AT)
- Arquivo Diocesano de Lugo
- Arquivo Histórico Diocesano de Ourense.
- Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela.
- Arquivo Histórico Nacional. (AHN)
- Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. (AHPPo)
- Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela. (AHUS)
- Arquivo Municipal da Coruña.
- Arquivo Municipal da Estrada.
- Arquivo Notarial da Coruña (ANC)
- Arquivo Parroquial de San Bartolomeu de Pontevedra.
- Arquivo Parroquial de San Miguel de Cora.
- Arquivo Parroquial de San Xoán de Cerdedo.
- Arquivo parroquial de Santa María de Folgoso.
- Arquivo da casa do Preguecido. Museo do Pobo Estradense "M. Reimóndez Portela".
- Colección "Ramos Vázquez"
- Arquivos e aportacións particulares: das casas de Maíndo, A Nugalla, Monteagudo, Xerlís, dos Leira e dos Ballesteros.
- Rexistro Civil da Estrada.

- http://miscelanea.aestrada.com/
- http://www.estudioshistoricos.com/?page_id=18
- http://anuariobrigantino.betanzos.net/
- http://arquivo.galiciana.gal
- http://corpus.cirp.gal/codolga
- http://csa.archivo3000.es/jopac/controladorconopac
- http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/search
- http://seda.uji.es/
- http://www.fundacionmedinaceli.org
- https://arquivo.usc.es/ahus2/index
- https://www.lavozdegalicia.es/hemeroteca/

- ACUÑA RUBIO, C., *Casa de Caamaño*, Deputación de Pontevedra, 2016, 2 vol.
- ÁLVARO LÓPEZ, M. *José Gambino* (1719-1772), edit. Galaxia, Vigo, 1997.
- BARCIA SALORIO, D. - BARCIA GOYANES, J. J., "Apunte para una biografía de Barcia Caballero" en *Figuras de la Universidad Compostelana*, do xornal *El Correo Gallego* (17-5-1986).
- BARCIA SALORIO, D., *Prof. Juan José Barcia Goyanes* (1901-2003). *In memorian*. En *www.psiquiatria.com.es/ilustres/GOYANES.pdf* (consultado o 5-7-2010).
- BÉRTOLO BALLESTEROS, J.M. *A botica compostelá de Benito Campelo. Ano 1596*, en http://www.estudioshistoricos.com/?page_id=1264
- BÉRTOLO BALLESTEROS, J.M. *Casas fidalgas do concello de Forcarei*, Rev. Metacios, 2012.

- BÉRTOLO BALLESTEROS, J.M. *Pedro de Arén, arquitecto de Terra de Montes (c. 1635-1699), e a súa descendencia,* A Estrada. Miscelánea Histórica e cultural, ed. Museo do Pobo Estradense M.R.P., 19 (2016)
- BÉRTOLO, J.M.-FERRO, L. *A saga dos Loriga*, Rev. Nalgures, XIV, Asociación Cultural de Estudios Históricos de Galicia, 2018
- BERTOLO,J.M.-FERRO, L., *O apelido "de Castro" de Rosalía*, Rev. Nalgures, nº XII, Asociación Cultural de Estudios Históricos de Galicia, 2016
- CADENAS Y VINCENT, V., *Caballeros de la orden de Calatrava*…(t.2). Ed. Hidalguía, 1987.
- CARDENAS PIERA, E. *Memoriales de títulos nobiliarios e hidalgos para obtener facultad y consignar renta e viudedad*, ed. Hidalguía, Madrid, 1989
- CASTRO PEREZ, F. *A casa de Valladares*, ed. Deputación P. de Pontevedra, 2004
- DE LA GANDARA Y ULLOA, F. *Armas e triunfos hechos heroicos de los hijos de Galicia*. Colección de los Bibliófilos Gallegos, Compostela, 1970.
- DE LA PEÑA VIDAL, C. *Capela da Nosa Señora da piedade, fundación dos Mondragón, unha familia de prebendados*. Rev. Nalgures, nº X. Asociación Estudios Históricos de Galicia, 2014.
- DE LA PEÑA VIDAL, C. *Ozores do Pazo de O Rial*, en "Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia", Boletín nº 9, Pontevedra, 2011.
- DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, Anuario de Estudios *Descubrindo Deza*, 2004.
- DEL HOYO, J. *Memorias del Arzobispo de Santiago*, Porto y Cía. Editores. Santiago..
- FALQUE REY, E. *Historia Compostelana*, ed. Akal, Torrejón de Ardoz, 1994
- FAYA DÍAZ, M.A. *La venta de jurisdicciones eclesiáticas en la Corona de Castilla durante el reinado de Felipe II*. Edit. Parteluz, Madrid.1998
- FERNÁNDEZ BASCUAS, Mª J., *Carlistas e liberais en terras estradenses*, A Estrada. Miscelánea Histórica e cultural, ed. Museo do Pobo Estradense M.R.P., 2006
- FERNÁNDEZ CASTRO, J.A. *A Estrada nos seus documentos antigos*, A Estrada. Miscelánea Histórica e cultural, ed. Museo do Pobo Estradense M.R.P., 1998
- FERNANDEZ CASTRO, J.A. *La capilla y el círculo lítico de Castrotión-Oca*, Rev. Museo de Pontevedra, 1982.
- FERNÁNDEZ-BROULLON, R., *Las hidalguías del Morrazo*, ed. Deputación de Pontevedra, 2000.
- FERNANDEZ-VALDES COSTAS, M. *Familias antiguas de Tuy*, Pontevedra, 1958.
- FERNANDEZ-VILLAMIL ALEGRE, E. *Actas de la Junta del Reino de Galicia*, ed. Instituto de Estudios Políticos, 1962.
- FERNÁNDEZ-VILLAMIL ALEGRE, E. *Actas de la Junta del Reino de Galicia*, ed. Instituto de Estudios Políticos, 1962
- GALLEGO DOMÍNGUEZ, O.- FARIÑA BUSTO, F., *Unha dama e tres liñaxes ourensáns implicados nun homicidio*… Boletín Auriense, nº 30, 2000.
- GOMEZ BUJAN, C.-RUBIA ALEJOS, F., *Pazos y moradas hidalgas del Deza*, Diputación de Pontevedra. 2005
- GOMEZ BUXÁN, C., *Os Taboadas de Deza. A casa de Brenzos*, Cuadernos de Estudios Gallegos, t. 53, nº 119, 2006.
- GONZÁLEZ ÁLVAREZ-MONTERO, M.L. *Genealogía y antroponimia en las doña Guiomar de Tangil*, boletín de Estudios de Genealogía Heráldica y Nobiliaria de Galicia, nº 9, 2011
- GONZALEZ GARCIA-PAZ, S. *O colexio de S. Clemente de Pasantes de Compostela*. Consorcio de Santiago, 1993.
- GULÍAS LAMAS, X.A. *A torre da Barreira*, San Martiño de Riobó, A Estrada, 2007.
- LOPEZ CALDERÓN, M. *Lenguaje, estilo y modo en la escultura de Francisco de Moure y José Gambino*, ed. Facultade de Xeografía e Historia. Santiago, 2009
- LÓPEZ FERREIRO, *A. Galicia histórica: revista bimestral*, Santiago, 1901-1903.

- LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Santiago, 1903
- LOPEZ FERREIRO,A., *D. Rodrigo de Luna*, Santiago, 1884
- LOPEZ POMBO, L. *La familia Lemos Pérez de Ribasaltas en tierras de Monforte de Lemos*, Boletín de Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia, nº 9, 2011.
- LOPEZ POMBO, L., *Pazo de Saa, en la feligresía de Santiago de Cedrón, Láncara*. Boletín del Museo Provincial de Lugo. 2005.
- MARTÍNEZ BARBEITO, *C. en Torres, Pazos y Linajes de la Provincia de La Coruña*, ed. Diputación de A Coruña, 1978.
- NEIRA PEREIRA, H. *Sobre a Torre da Insua de Cora*, A Estrada Miscelánea Histórica e Cultural, nº 10 (2007)
- OTERO PIÑEIRO MASEDA, P.-GARCÍA G.LEDO, X.A. *Apuntes de los Ambía: linaje y parentelas (siglos XII-XVI)*, Cuadernos de Estudios Gallegos, LVI, 2009
- PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, E., *Los señores de Galicia*, Colección "Galicia Histórica", 2 tomos, ed. Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2000
- PARDO DE GUEVARA Y VALDES, E., *Mujeres con poder en la Galicia medieval (s.XI-II-XV)*, Anejos de Cuadernos de Estudios Gallegos, Santiago, 2017.
- PORTELA, C.-PINO, D.- OSORIO, C., *El Pazo de Oca*, Madrid, Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo, 1984.
- PORTO RICO, D. *Catálogo da colección Ramos Vázquez, I. 1538-1743*. A Estrada. Miscelánea Histórica e cultural, ed. Museo do Pobo Estradense M.R.P., nº 11 (2008)
- PORTO RICO, D. *Catálogo da colección Ramos Vázquez, II.1785-1956*. A Estrada. Miscelánea Histórica e cultural, ed. Museo do Pobo Estradense M.R.P., nº 12 (2009)
- PORTO RICO, D., *Catálogo do arquivo da Casa de Preguecido: de morgados e fidalgos medianeiros,* A Estrada. Miscelánea Histórica e cultural, ed. Museo do Pobo Estradense M.R.P 2004
- PORTO RICO, D., *Inventario de ermidas, capelanías e obras pías da Estrada (1567-1959)*, A Estrada. Miscelánea Histórica e cultural, ed. Museo do Pobo Estradense M.R.P. 2007
- REIMÓNDEZ PORTELA, M. *Estrada rural*, Deputación de Pontevedra, 2007 (2ª ed.)
- RIVAS QUINTAS, E. *Notas de Nobiliaria da Alta Arnoia*, en Estudios de Genealogía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia, nº 7.
- RODRÍGUEZ DACAL, C.-IZCO, J. *El jardín de los pazos gallegos*. Universidad de Santiago de Compostela, 1994.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A., *Las fortalezas de la mitra compostelana y los "irmandiños"*, ed. Fundación "Pedro Barrié de la Maza conde de Fenosa", 1984
- RODRÍGUEZ SUÁREZ, Mª P., *La Universidad de Santiago en el siglo XVI*, Fundación Barrié de la Maza. 2 tomos, 1996.
- RUBIA ALEJOS, F. *La solariega Casa da Silva*. A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural, ed. Museo do pobo estradense M.R.P., 2010
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *La Casa de Amarante. Siglos XVI-XIX*, Santiago, 2008
- SAAVEDRA, P., "A Galicia do Antigo Réxime (ca. 1480-ca1835). A Sociedade. Vol. I. Frades, cregos e fidalgos" en *A Gran Historia de Galicia*. Tomo VII. La Voz de Galicia, 2007
- VALGOMA Y DÍAZ VARELA, D., *La condesa doña Emilia pardo-Bazán y sus linajes*, Burgos, 1952
- VALGOMA-FINESTRAT, *Real Compañía de Guardias Marinas y Colegio Naval*, Edit. Instituto Histórico de G. Marina, Madrid, 1945-1956.
- VARELA CASTRO, P., *La Estrada*. El Eco de Santiago, 1923